HISTORIA DE GALIZA

DIRIXIDA POR
RAMON OTERO PEDRAYO



1

© Herederos de Manuel Puente
© Para la presente edición
AKAL EDITOR, 1979
Lorenza Correa, 13 - Madrid-20
Teléfs.: 450 02 17 - 450 02 87
I.S.B.N.: 84-7339-429-1
I.S.B.N.: 84-7339-428-3 (Obra completa)
Depósito Legal: M. 11.177-1979
Impreso en España - Printed in Spain
Imprime: Sedersa.
Carret. Fuenlabrada-Humanes, km. 1,550.

FAC. HUM NIDADES
FER

INTRODUCCIÓN

PRIMEIRA PARTE

A TERRA

O HOME - I

PRÓLOGO

Enxamáis teño collido a pruma cun sentimento de amor a Galiza, un respeto de fillo, un medo case sagrado, como nistes momentos ó teimar o prólogo obrigado e necesario a unha Nova Historia da Nosa Terra. Son os días primeiros do setembre. Aínda gardan os vales e as encostas os ecoares das bombas solenes das festas dos Miragres e da Nosa Señora da Barca. Van caíndo no chan das nabeiras as graves espigas do millo. Son máis fondas e conselleiras as sombras nos soutos e nos craustros, é máis loira e fermosa a luz do serán nos cumios das montanas petrucias, no Obradoiro de Sant-Iago de Compostela, nas badías franqueadas como o esprito galego ás saudosas despedidas do Occidente. Ben logo han resoare nos ribeiros as cántigas da vendima, e nas mañás xa frías han varear os homes da montana as ponlas dos castiñeiros e guiar as aradas nas sementeiras do pan. Ben logo tén de chamar a primeira orballeira do outono nas penedías e nos ermos, nas terras ditosamente cansas da madureza da derradeira colleita, nas cobas dos mortos inesquencibles, nos curazóns e nas lembrazas. O outono chega. A sazón do decorrer cadaneiro da Nosa Terra máis chea da presencia inmorrente do esprito. Boa auguranza pra unha obra como ista, obra do amor e do saber, da amizade e da lembranza. Non moimento funerario, piadosamente ergueito e con arte e amor labourado pra pechar as cinzas benqueridas de séculos mortos. Sí fachón aceso nos antigos lumes. Aquil fogo primeiro da ara e do fogar contra as teebras e a morte mantido polos primeiros homes na i-alba da conciencia da Galiza non foi por ningunha friaxe morto nin por ningunha ingratitude esquencido. Poido semellar consóo de probes lareiras despois de encher ó mundo coa súa luz e quentor. Das pedras do lar da montana volta a guiar os camiños dunha xente peleriña e doncel, teimosa e espranzada cal a xente e raza nosa. Por iso a luz outoniza tén de sere a millor pró comén dunha outa e fidalga empresa como ista en cuia lumeira teño de escribir un prólogo. O medo case sagrado de enxergar o decorrer e latexar, os degoiros e as tristuras, os tempos raiosos e os días de esquecimento do ser podente e vagaroso da Galiza, tempérase en min cun sentimento de ledicia, de legría e de fondo agradecimento a quenes escolmaron a miña pruma pra escribire as primeiras follas dunha obra de arelanza sin parexa na historiografía galega.

Bule no meu peito o desexo de contar ó púbrico como ista nova historia foi náda, e gracias a quen e con que ambiciós se dispón a saír polo mundo. Mais dinantes compre un sinxelo recordo de como na Galiza, terra de viventes lembrares, se tén enxergado o tempo decorrido, con senso his-

tórico, respondendo ó caráiter de cada época, ó clima de cada unha das grandes formas e dimensiós do ser da Nosa Terra no decorrer. Non tén de ser traballo de historiografía compreto sinón o debido agasallo a quenes mantiveron aceso o fachón descontra as sombras de esquecimento. E aínda quixera decrarar o esprito guieiro dos colabouradores dista obra. Esprito cecáis millor decrarado ás veces sin palabras, no ritmo e no acento das páxinas, na forza da evocación, no degoiro que brilará baixo o tecido da esculca das fontes e na severidade do método: un degoiro e unha seguranza no cumprimento dos fitos sinalados a ista Terra Nosa no ámpido e concerto dos pobos da cultura occidental.

Soa nos autores clásicos o nome de Galiza como dunha terra lonxana, criadora de homes rexos, de ouro, de liño e fortes cabalos. Poderíase teimar un ensaio sobre de que xeitos difrentes foi o medo de Roma didiante da Celtiberia e da Galiza. Roma forteceuse domeando medos e a historia dos terrores do senado e das lexiós poidera ser o guieiro dunha historia de grandeza román. O medo inspirado pola Celtiberia e Numancia —"robur Hispaniae" na frase dun historiador latino— foi humán, un desacougo militar e político. O inspirado pola Galiza foi un medo sagro; unha inquedanza do alén, un terror relixioso. Deiquí a singolaridade do trunfo de Décimo Junio Bruto: un trunfo envolveito en todalas formas e ritos acostumados mais, en esencia, a festa dun vencimento da morte. Un trunfo espallador dos marcos do vivir millor do que das fronteiras do imperio.

Os antigos amaban a vida e tiñan medo do morrer en xeitos e porciós non ben doados de establecere nos tempos nosos... Pérdese ou enfeblece deica ser apenas do grosor dun cabelo a memoria, o eixe do vivir espritoal, o fortecemento e conciencia do ser, mais aló das augas do Letheo. Asín pensaban os antigos e hai nos modernos moi requintadas páxinas sobre aquil sentimento. Cando, traspoñendo o río do esquecimento, demostróu o xeneral lembrarse dos nomes dos seus compañeiros de armas, quedaba conquerida a Galiza e recuaba nas beiras ou ós hourizontes do océano occidental a demarcación misteriosa. Non pesan moito as guerras de despóis, nin xiquer o ardente solpor do Medulio, acaroadas coaquila primeira vitoria.

Terra do esquecimento, diu a lonxana Galiza no decrebar da cultura clásica o primeiro filósofo da historia, o esprito anunciador do románico e dun senso —o soio vidal— da Europa e do mundo cristián. A Paulo Orosio é debidora a Idade Media dunha rexa conciencia forte e espranzada por ter nado entre roínas e doores. Sábese do Medulio por Paulo Orosio. ¿Qué pensaría da siñificanza epilogal do feito? Cecáis o enxergara como un derradeiro coro tráxico onde o protagonista sin nome fora a Céltiga, con aquela calada veneración de César, de Tácito, diante o misterio do Occidente... No limiar dunha historia da Galiza o nome de Paulo Orosio, noso primeiro historiador, siñifica un senso de universalidade na Nosa Terra pois foi un bracarense ou un lucense quen primeiro alentóu no de-

correr do tempo histórico do xénero humán. E co alumno do Santo Agostiño, outro nome tamén cinguido ó latexar do mundo, o bispo Idacio.

Semellan grandes as difrencias de fito, método e ouxeto. Paulo Orosio, filósofo, desexa fortecer o senso da cidá de Deus, superior ó tempo, contando as doores dos homes e das naciós, de todalas xentes, no tempo. Manexa con arte as grandes épocas como un mestre de capela da sinfonía heroica e doorosa das idades, e non esdeña a técnica literaria pra ferir as maxinaciós. O bispo aquiflaviense Idacio rexistra un a un os feitos do seu tempo. Poderáselle chamar o cronista primeiro de longos renques de cronistas ou cecáis o primeiro "diarista" pra non empregar o tídoo de xornalista. Quer continuare os anales do Imperio cuia órbita, lindeiro e forma da historia están viventes como arquetipos na súa mente apesares de todolos derrubamentos da invasión dos bárbaros. A falencia de estilo literario é o estilo do Cronicón de Idacio. Os feitos e as datas rexistradas, sin comentario, semellan ecoares direitos do pasado. Idacio alenta na actualidade, e nas súas páxinas o pobo galego aparés como unha latexante persoalidade.

Entramos levan en sí, cada un ó seu xeito, en tempos de incertidume aquel espranzado e non demarcable sentimento que tén de madurecer nos grandes séculos creadores da Galiza románica. De antigo foi a nosa, terra de caraiteres rematados, de rexas persoalidás. Lembremos a forza da simpatía en Priscilián, da simpatía frol da persoalidade. Non fallan arestora —non había de estar soio o crego de Fruime— quenes dubiden do berce galego do home dono dunha podente e xenial suxestión e palabra, valente pra levar dun cón ó outro de Occidente a inquedanza e degoirar dunha doutrina ou un saber da simpatía das almas acollido con amor e espranza pola sensibilidade femenina e nos espritos maxinativos moi envolveitos no feitizo decorrente do mundo... Soio quixera lembrar a orixinalidade do caráiter de Priscilián. O arelar da singolaridade parés calidá da xente e cecáis tamén das composiciós paisaxísticas da Galiza, terra de xente forte, maxinativa, boa de levar co engado da palabra, fondamente saudosa. Mais a historia, a oficial, a científica ó servicio de precisados fitares, a xenealógica, egoísta e espiñenta, poucas veces, deica o rexurdir do esprito galego no dazanove, sóupose achegar ós eixes verdadeiros e á corrente centrosa do devenir íntemo da Galiza. Millor na Poesía e na Arte dos séculos criadores ou daquiles lembradoiros somentes, móstrase a historia da nosa xinea forte, peleriña, maxinativa, saudosa.

Na historiografía conxunta do medievo nas súas primeiras estaxes alentan feitos da historia galega, no tempo románico e na súa longa preparación. Tense dito ser a románica —xa non sería doado trocar o nome imperfeito— a idade da meirande espresividade do esprito galego en todalas esferas. Brilan compretas e verdecentes paisaxes de historia, como vales ou badías no chover doncel do abril nas historias de santos, nas leendas haxiográficas. Nos pobos de grande e cotián senso e comercio co

alén do mundo sempre os libros pensados drento dos marcos do tempo histórico son os máis demostrativos da súa decorrida realidade. Enxérgase un latexar crítico do indefinibre ser da Nosa Terra nos variados escritos que relacioados enteiran a vida e miragres do Santo Martiño Dumiense... Outros séculos alentan por tras do chover de roseiras a granicios da carreira do San Rosendo... Asegún a historia millora e afía seus métodos crecen as fontes informativas e en diplomas xa considerados como sin novidades por terlles a crítica sugado os miolos, a nova crítica descobre refrexos doutras realidás.

O tempo románico foi galego e moi cheo de infruencias de Francia e Borgoña na mesma Galiza. Chamóu entón o Fisterra noso ca meirande forza e alentos e o máis gracioso sorrir. Os homes, duros cabalgadores nas guerras e cazatas, bravos destouzadores dos ermos, peleriños dos santuarios raeirosos, burgueses onceneiros e agudos no circo das murallas dos concellos, alentaban na vivencia rexamente bárbara do instinto ou no agardar ledicioso ou tremadoiro da inmortalidade, e nun universo pasaxeiro, cuia perfeición e sentido tiña de se producir mais aló da morte, non tiñan mentes de rexistrar os feitos dista vida, ilusión gandideira de sombras, e se vivían apaixoadamente o istante confiaban seu recordo ó verso, ó capitel, ás lingoaxes dotadas dunha armuñía. Non cavilaban na espreita historia. Pra se decatar cun pouco de solideza e sufincárense nunha referencia tiñan os rexistros dos anos imperiás, as idades de Paulo Orosio, tempos mensurados como duras consecuencias do pecado e a traballosa liberación. No decorrer das sazós e dos tempos hai na Galiza e fora da Galiza sobre ela, o tesouro, como de estaxes de vexetación, dos diplomas, os riscos das Crónicas ás veces como sinales de camiño — as admirabres crónicas cheas de latexares de medos e espranzas —, nos fallan as composiciós históricas ó estilo das insines de Alfonso o Sabio. Soio quixera levar ó leedor á familiaridade de tres libros galegos ou cheos do esprito galego da nosa Idade Meia, pra nós centrosa e creadora. Dous son do Románico. Galegos e universás, como o Pórtico de Matéu e a xermoladoira poesía romance. Son a chamada "Historia Compostelán", dos feitos e xestas de Xelmírez, o grande home e vontade que cecáis desparte en dous o medievo galego, e o "Códice Calixtino" onde se queiman en variados tons e estilos, relixioso, lexendario, histórico, grandes oferendas en honras do Apóstolo Sant-Iago e da súa Eirexa, metropolitana do Occidente. Toda a Cristiandade do XI, do XII, na fronteira, e no Camiño de Sant-Iago, nas vilas, nas cortes, nos mosteiros, loce nises libros inda sobretudo adicados á groria compostelán pois broslan seus temas e recordos arredor do eixe de Europa... O terceiro libro, a "Relación" de Vasco da Ponte, obra dun rude home de armas, cal escrito, en bronco e confuso lenguaxe, á luz das fogueiras dos acampamentos, garda as horas e os días, violentos e de bárbaros humorismos, da Galiza feudal dos tempos de Pedro Madruga e dos Fonseca.

Murguía, no prólogo da súa "Historia", trata lixeiramente, pro con

xuicio e boa información, dos historiadores galegos e dos que se adicaron ó pasado de Galiza. Por primeira vegada soa nistas páxinas o nome benquerido do petrucio das Letras Galegas. Non pode ser a derradeira. Pois en Murguía xurde o novo conceito e sentimento do noso ser histórico ou polo menos adequire forma e orgaización, enxergando con seguranza o decorrer dos tempos. O mestre sinala Idacio e a "Compostelán", a Crónica de Don Berenguel de Landora, a Historia Iriense, o Nobiliario de Vasco da Ponte e outros ilustres moimentos. Lembra e sinala como o bispo aqueflaviense foi testigo da invasión dos bárbaros no tempo de botárense os fondamentos "de nuestra nacionalidad". Da "Compostelán" xusga ter sido "el monumento más complejo y notable de nuestra historia". Descobre no inicio da apoloxía de Xelmírez como se fortece o esprito burgués, engadindo unha decraración cecáis un pouco sorprendente de non coñecer a xenerosa e aberta disposición de Murguía pra sentir na historia o latexar da obra de arte e paixón. De habere moimentos semellantes á "Compostelán" o escribir a historia da Galiza, dí Murguía, "sería no sólo fácil y hacedera sino también agradable ocupación". Sinala a Amaro González de Vilanova que apuntóu os sucesos do 1552 a 95, a Castellá Ferrer, ós irmáus Boán e súa misteriosa obra. "Sólo la posee (que sepamos) un particular que la guarda para su uso". Non lembra Murguía a Cadavalo Gravio, ó P. Fernando Oxea nin ó sonado Conde de Gondomar.

As ideas de Gondomar son de grande valencia sobre as condiciós do historiador e os fitos da historia. Lévanos deica un senso universal e filosófico de todolos mundos criados, "...nos enseña [la historia] los grados y misterios con que Dios creó los ángeles, los cielos, los signos y planetas, aun el hombre mismo en quien está abreviada la comparación del mundo, consta y es más o menos en fuerzas, en personas, en ingenio e inclinación y lo mismo pasa en las aves, animales, plantas y piedras. Sólo la historia carece de grados en cuanto necesaria y así es amada y reverenciada, en general y en particular como señor superior del aparato todo de las cosas divinas y humanas pues en ella se ven las edades y siglos pasados, las paces, guerras, triunfos, premios, castigos y afrentas: el valor de las armas, el resplandor de las letras, la perfección de las artes y la excelencia de todas las virtudes". Con amor e respeto a unha fermosa conceición do mundo e da historia copiamos as palabras da carta do 1606 do conde ó duque de Lerma sobre o nomeamento de cronistas.

Gondomar, non pouco un bon Montaigne galego e européu dado ós negocios, tiña correspondencia con Frai Fernando Oxea, Frai Prudencio de Sandoval, o historiador da Eirexa de Tui, con Gil González Dávila, escribe en gabanza de Paulo Orosio, de Idacio "obispo de Galicia", da "Corónica general" de Alfonso o Sabio, o rei que sinalóu "número de historiadores y las provincias de quien cada uno había de escribir. A Don Suero Pérez, obispo de Zamora, tocó escribir las cosas de Galicia y León".

Tivo relación Gondomar cun bó historiador de cousas galegas tratando

do Apóstolo Sant-Iago, o ilustre celanovense D. Mauro Castellá Ferrer. Foi o conde fiador do historiador e depositóu 200 exemprares da obra de Castellá pra respondere dos tres mil e pico de reás que debía a Matías Bazán de Larralde, en Madride, en agosto de 1610, según conta Pérez Pastor na sua "Bibliografía madrileña" fondado en documentos notariás. Nobre e fermosa amizade do diplomático e o historiador. Daquila Castellá Ferrer, ouvinte na cátedra de Frai Luis de León e soldado na Armada "Invencible", era veciño de Ourens.

Cornide, en nota do seu precioso estudo sobre as Cassiterides, sinala unha historia de Galiza escrita polo cabaleiro D. Antonio Rodríguez de Nóboa, por ordre do arcebispo Andrade, orixinal gardado en Tui por un descendente do autor. Iste no seu traballo chega ó século XII e levado do seu xustificado amor pola nosa paisaxe pón nas riveiras atránticas da Galiza os Campos Elíseos. Fálase de abondo do P. Xosé Bugarín —por algúns chamado Bugariños— da Ordre de Pregadores, nado en Baiona de Miñor, estudante do Colexio de San Gregorio de Valladolide, fillo na súa Relixión do convento de Atocha de Madride. Tivo en ocasión solene e piadosa seu pasamento na pelerinaxe a Sant-Iago onde foi dende seu convento de Lugo pró xubiléu do Ano Santo do 1666. Escribe no seu libro, gardado manescrito na Academia da Historia e tidoado "Historia del Apóstol Santiago", ter traballado quince anos na historia xeneral de Galiza, ou "Anales del Reino de Galicia. Historia Eclesiástica y profana", catro volumes, dos que os tres gárdanse no arquivo da catedral de Sant-Iago. Non foi endexamáis impresa.

Murguía gaba ó P. Gándara, polas "noticias curiosas" que contén. Villa-Amil y Castro, referíndose a "El Cisne occidental..." sostén ser dina do eloxio que se lle nega a crítica do P. Gándara sobre algús probremas históricos. O P. Gándara, xenealoxista, historiador, xeógrafo, manexóu inormes masas de documentos, informaciós, e sin dúbida recolléu da tradición falada, de labros de vellos, algunhas das cousas que xurden cando se non pensa na entullada canteiría das súas costruciós que teñen moito da oratoria barroca, da arte das solainas dos pazos cos seus balustres e pedras de armas, do senso do pasado aloumiado por unha luz panexírica... Deixa a leitura dalgunhas páxinas de Gándara unha lembranza de conto escuitado a un cabaleiro vello á beira dun "lume de chimeneia que con seus estralos e língoas e fantasías poña un retoricismo, sin chegar a unha simbólica, na historia". Sospeita dalgús dos "Pseudo-Cronicós". Istas fantasías de vaidade non deixan de ter unha siñificanza —e non a procurada por iles e seus autores— na historia. Non é doado entendere un pouco a psicoloxía dun prioiro, cabaleiro, lexista ou abade dos tempos barrocos si o afastamos dos Pseudo-Cronicós, no enxergar a historia e, máis que nada, a posición do home no seu tempo, sofincada na historia.

Unha época de maxinada historia tiveron todolos pobos e, sin moito apurar, aínda se podería soster cómo, en moitos respeitos, non foi soio

doutras idades aquela fantasía seria e grave, ás vegadas tamén graciosa. A door pra Galiza foi o non ter sido o mito e a poesía os donos dalgunhas horas de folganza das xentes dos pazos, cabídoos e mosteiros. Compre o estudo dos "Pseudo-Cronicós" como faitores de opinión, como forzas operativas infruíntes nos caraiteres, nos costumes, no vivir relixioso... Sendo a Haxiografía outro senso de vida, outra forma do tempo aitualizado... Algunha parte nos Cronicós supostos parés tocare a Galiza. Dise que o Lupian Zapata, inventor do Cronicón de Auberto Hispalense pubricado polo P. Argaiz, chamouse, en verdade, Antonio de Nobis, e foi nado en Tui, e non en Segorbe como tivo intrés en decrarar.

O XVIII foi tempo de sosegados e rexos estudos. Houbo incruso o regosto apaixoado da erudición sin faltaren as costrucciós cos alicerces ó ar. O século dos dous grandes mestres da simpatía galega e benedictina, os PP. Feixóo e Sarmiento, comenza na historia con Frai Xoán Pacheco e Troncoso e remata con Cornide.

O pregador Fr. Pacheco foi, como o P. Gándara, cronista de Galiza e teimaba escribire unha obra histórica en tres volumes. Soio redaitóu o primeiro. Coñécese iste autor por ter ordeado o libro das "Fiestas Compostelanas", conxunto barroco, ledicioso, cheo de brilos de retóricos espellos oratorios.

E por unha "Declamación Sacro-Historial gratulatoria" a Nosa Señora do Rosario de Sant-Iago... Polo mesmo tempo o crego D. Antonio Paredes Ponte e Andrade propuxo escribire, si lle concedían axuda e o cárrego de cronista, a historia do Reino en catro anos. O concello da Cruña xusgóu ser de abondo os catro anos "para averiguar y escribir lo pretérito". Non se fixo ren, e soio lembramos iste e outros nomes en agarda dos eruditos entranados no esprito do século dos graves estudos. Nalgún sentido foi semellante o clima erudito do XVIII ó romántico do XIX e sería xusto ensaiare comparanzas e relaciós. Entre outras declararíase nun bon estudo a vaguedade dos marcos cronolóxicos. Pois chegan a ben entrado o XIX as formas do XVIII. Os derradeiros artistas barrocos pararon dinantes, pouco dinantes, dos derradeiros eruditos do XVIII. Cecáis a poesía do barroco sexa a arquitectura... Na Nosa Terra con meirande realidade.

Huerta, Riobóo, Seguín, Sobreira, Sarmiento, Cornide, os dous derradeiros moi ergueitos en arelanza e dura sobre os máis, viven dun xeito repousado a historia, procuran boas canteiras, as encetan con tino, menos ditosos do que os arquitectos non chegan nin a coroar un frontispicio, canto menos a pechar unha bóveda. Todos, agás Cornide, son relixiosos. Ningún escribe ben, soio o P. Sarmiento rube un outo cumio da intelixencia do senso vidal da historia e alenta seus temas, sin decatárese cecáis delo, cando enxerga e decrara a paisaxe. Escribe do grande bieito, con razón, Murguía que soio il, co seu imenso saber, poidera facel-a historia da Galiza pro padecéu de falencia compreta de método.

Foi grande a sona de Riobóo e Seixas, de quen escribe o P. Seguín:

"se emplea en utilizar al público no sólo desde la cathedra del Púlpito con sus palabras si no desde la de su retiro quando es necesario dexar aquel con sus eruditissimos escritos... en que a competencia brilla la viveza de sus conceptos y la solidez de sus noticias, aquella en la Poësía ...y ésta en la Galicia Ilustrada y en la Fundación de la Apostólica Iglesia de Santiago".

O libro do P. Seguín S. J. "Galicia Reyno de Christo Sacramentado y Primogénito de la Iglesia entre las gentes...." con todo o desenrolo do tídoo poidera ser estimado no roteiro pensado polo conde de Gondomar de non se demarcar en renque de panexíricos labrados e dourados como grandes taboleiros de retábulos. Pra Murguía o P. Seguín sabía ben o asunto, mais non se propuxo historia. Pra min é outamente simpático iste desterrado. Debe selo pros nosos irmáns de América. Entrado na Compañía no 1736, vivíu en México, e nas Filipinas estivo vinte anos evanxelizando ós tagalos. No exprendente México, no ano chave e cumio do século, o 1750, pubricóu seus dous volumes inzados de fondas resoanzas, de temática musical. Cun pouco máis de arte, houber chegado a unha interpretación contrapuntística do ser e da historia galegas. Pro apesares de ter aplausado seu estilo Murguía, non dispuña o xesuíta alaricano, e paisano do P. Gándara, do senso e técnica da caraiterioloxía en que no século seguinte foi mestre, tamén sin método, demasiado prisoeiro do engado da intuición, Vicetto. Pasan os homes polos cadros do P. Seguín en renques, lonxe do tempo de cada un, soio animados pola follateira dunha retórica cuias froles non botan raíces nos curazós e son brosladas polo entusiasmo do escritor. Poido ter infruido nil a natureza e quente luz dos trópicos. Maxina a historia humán como episodio, contraste, ou millor proba pra merecer un nome na historia eterna e nista maneira de enxergar, dina dos tempos de Alcuino ou do Venerable Beda, a Galiza do P. Seguín tén seu papel na historia sin tempo, na Idea divina. Sin moita sotileza descobriríase unha fontela común co Portugal de Teixeira de Pascoaes intuído como Xudea occidental ou cas Hélades dalgús senlleiros humanistas e poetas de tempo en tempo xurdidos no decorrer das culturas, apreixados no fermoso pesadelo do miragre helénico.

Tivo nome de crítico, polemista e xornalista o doutor complutense, cronista de Galiza e párroco de Salomé de Sant-Iago, D. Francisco Xosé Manuel de la Huerta y Vega, cuios Anales, de feitura de rexa cantería queren, como as obras da erudición dos Tillemont e dos PP. do Oratorio, ser merecentes dunha dinidade román, casi arquitectónica, erguendo arcos trunfás pros héroes e pros linaxes, procurando nos epigramas latinos acentos e nomes precursores dos días feudás e modernos. Solene, de frase volgarmente lapidaria ben logo fadigosa pro leente, o Dr. Huerta é ben acedo cos seus devanceiros ("Un erudito hubo en el Siglo passado que quiso emprehender la Historia de Galicia; pero la manchó tanto con las fabulosas noticias de éstas Fuentes —los Pseudos-Cronicones— que a querer apli-

carle la debida esponja quedaría blanco casi todo el atán de sus Prensas", escribe Huerta referíndose sin duda ó P. Gándara). Foi xusgado por Murguía como "pesado, fastidioso, provechosísimo si hubiese avanzado", por Villa-Amil y Castro como autor de obra de "excelente método con mucha claridad en el estilo", dina de gabanza polos documentos que pubrica. Os "Anales", en dous rexos volumes, chegan á procramación de Alfonso III.

O P. Sobreira Salgado, bieito, nativo de Beade, deixóu moreas de papeletas pra unha xeografía, e unhas vagas e atraentes historias da Galiza eclesiástica e civil, sin dúbida caras ós seus curazón e mente... Mailo tema xeográfico fuxía malicioso dos eruditos do XVIII. Soio o P. Sarmiento foi regalado ca arte de interpretar a paisaxe e descobrir fíos leviás e rexos de historia nun hourizonte, seguindo un camiño... Chatado de non saber ordear en libros seu saber titánico, cecáis un pouco dooroso, o P. Sarmiento deixóu descobertas preciosas vetas de ouro no ermo das apariencias, díu figuranza a persoas e comarcas con fermosos traballos monográficos de toponimia e xeografía histórica —etimoloxía de Valdeorras, o río Miño e o municipio de Lais, vías románs, casteláns de Ourense...— e na pecha carballeira perigosa e armoñosa da historia literaria —ou, millor, do sentimento estético do mundo— atopóu ledo e fondo camiño ca súa Carta ó P. Terreros, famoso paleógrafo, pubricada por Murguía, e cas "Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles". Foi ca "Ylustración Apologética" dos dous primeiros tomos do Teatro Crítico, o que enxergóu impreso do seu mesto traballo. Santillana e Amador de los Ríos e Milá y Fontanals —e coeles as brilantes escolas da filoloxía medieval dos pobos hispánicos— poden saudar, no bieito de Lérez e do San Martiño de Madride, ó marqués das mañás de cabalgadas, un amador das formas inxenuas de Poesía xurdindo como os gromos do abril e o acento das fontes, e os romanistas modernos un fino devanceiro. No ponto dos orixes da poesía o P. Martiño Sarmiento soupo choutar por riba das sebes de libros da súa inorme erudición.

Ningunha gabanza tan remanecida do curazón como a do P. Mestre Feixóo. O fino doutor das paradoxas, o que teimóu unha historia universal da Teoloxía —de todalas teoloxías— non cangado de libros con saber de moitos e chegar de abondo ó impeitizo dos autores, non foi amigo da historia. Chega en ocasiós a un verdadeiro pirronismo. Nisto o P. Feixóo vai de par co poeta Valéry. Pois quen adicóu o millor do seu esprito a eisaltar e devolvere ó seu posto a dinidade da natureza humán lixada polas moitas e gandideiras artes da mentira, soupo escribir ademirabres caracterizaciós de persoaxes, e capídoos curtos, ouxetivos, agudos, modernos da historia da ciencia e da filosofía.

Os bos e tesoneiros copiadores de epígrafes, de foros, diplomas e todo xénero de "instrumentos antiguos" son moitos en séculos de preitos por honra, de duro pelexar polo señorío da terra, de senso ornamental no vivir e nas artes. En Sahagún, no 1803, finóu o P. Paulos Rodrígues, nado en

Paraños, do que escribía o "Mercurio" do marzal do ano dito que se podía formare unha bibrioteca dipromática cas copias que deixóu, moitas delas á Catedral de Sant-Iago. O coengo doutoral de Lugo e de Compostela D. Xosé Vicente Piñeiro e Canizo compuxo cinco tomos de Memorias prá historia da eirexa e cidades de Lugo. Non teimo nin lembrar a polémica xigantesca sobre os dereitos da Eirexa do Apóstolo. Viña de lonxe, foi nos XVII e XVIII de aitualidade en toda Hespaña polo preito dos Votos, no XIX segue como arestora refrexando a coor espritoal e os afanosos degoiros de cada época... Sería fermoso e exemprar o libriño —tiña de ser pequeneiro e agudo pra castigo de tanto espiñento infolio— adicado a mostrar o eixe e variaciós de clima histórico dunha polémica en cuio cerne, lonxao, ou de ben perto, loce o sorrir de vivente pedra petrucia da imaxe do Apóstolo.

O século se non entende sin a laboura do P. Enrique Flórez. Non foi na historiografía hispánica parexa ningunha empresa da "España Sagrada" do grande agostiño do xuicio craro de sol en mañá de xiada, de método sinxelo e seguro. Moito debe a nosa Terra ós volumes —seis, e a edición da "Crónica Compostelán"— adicados polo Mestre Flórez a Galiza, terra dil pola grandeza e antiguidade da Relixión amada e onde tivo bos corresponsales e informadores.

Escribíronse historias de eirexas, de mosteiros, de ermidas. Moitas delas locen debaixo dos dourados e da retórica ou a limpa fontela, ás veces de apaixoante beleza, dun documento ou a sinxeleza dun voar de labercas na mañán piadosa do pobo. Son dinos de respeito istes libros, traballos arredor dunha fermosa leenda, sin seus autores moi graves decatárense de ser millor verdade a poesía do que o comentario... O P. da Compañía, mestre nos Colexios de Ourense e no de Monterrei, Alvarez Sotelo, deixóu cinco libros da Historia galega que chegan deica a invasión dos árabes. Vai no frente unha boa xeografía informativa da Galiza enxergada polo autor como "principio, frente y cabeza del Orbe".

Desexa chegar o leente ó XIX cando esperta o sentido, descóbrese o fito, e se non nega a saudade da historia... Vicetto e Murguía van —primeiro o petrucio Murguía sin merma prá xenial adicación de Vicetto— moi cinguidos no espertar da Galiza no XIX, o Rexurdimento. Pro houber sido inxusticia e tamén descurtesía o non nomear niste prólogo ó bon fidalgo e grande estudioso de sona europea, Cornide, pra Murguía por baixo de Sarmiento pro ca ventaxe dun bó método e, en conxunto, "el escritor a quien más debe seguramente la historia gallega". Cecáis cando Murguía compuña o prólogo á súa Historia semellaba máis chea de xustificación aquila sentencia polo menos perigosa... Do fidalgo siñor de Maariz que soupo moito dos camiños antigos de Hespaña e Portugal, de liños, minas e temas de economía política, entón aínda envolveita nun xénero e aura libertadora e case dun romantismo que engaiolaba ó coengo Sánchez de Compostela tamén amigo da historia, do moi coltivado Páramo y Somoza, nomeado bispo de Lugo, de toda a "élite" eclesiástica e fidalga

das Sociedás Económicas e os Consulados e cuio derradeiro gromo medrado en sona no XIX, sin saír dos marcos da centuria de Sarmiento e Feixóo, foi un home de curtesía, ópera, oratoria e diplomacia áulica, D. Manuel González Varela... De Cornide quixera lembrare somentes, como precursor dos belidos traballos de D. Federico Maciñeira e de F. L. Cuevillas, o fermoso estudo sobre as Cassiterides ("Las Cassiterides o islas del estaño, restituidas a los mares de Galicia..." publicado en 1790) perfeito exempro de erudición ben peneirada e disputa curtés co inglés Camden, con bo manexo dos clásicos, gabanzas e citas de autores inéditos como H. de Noboa, Riobóo, e de mestres de nome como Abraham Ortelio, e un acatamento decrarado ás ideas e ó autor das Memorias históricas de Braga, o ilustre D. Gerónimo Contador de Argote...

Tamen sin o brilo do Comisario de Cruzada González Varela chegaron máis adiante dil no XIX, sin lles amingoar a tónica do XVIII, outros como o douto Caravelos e Piñeiro reitor do Colexio de Fonseca e seu historiador... Pro o acento do século chamaba por outras realidás. O mesmo saber dos colexiás, bieitos e fidalgos non chega a dibuxar unha resposta. No clima de arelanzas era xeneral a queixa que escolmamos en calquer labro elexíaco pra demostrar o anceio dunha verdadeira historia do pobo galego. No "Canto a Galicia", non pouco tópico, de Benigno de la Iglesia, pubricado no "Album de la Caridad", o poeta dille a Galiza:

> Ni historia tienes: tus más bellos hechos
> las de otras tierras falsamente adornan.

Verea y Aguiar, Murguía, Vicetto responden, cada un co seu ton, ó chamamento. Un estudo fondo levaríanos á ditosa certidume de seren, no impeitizo e na arelanza, os tres atal desemellantes, profesos na mesma cabaleiresca dedicación... A pregunta de si fora posibel sin os poetas o novo senso histórico levaría ás raíces do sentimento e do pensamento románticos na Nosa Terra. Hai unha teorética, unha escola e profesión de principios nas formas do romanticismo... Abonda pensar, gostosamente, un momento, na legría creadora daquiles homes ispirados, no meio das loitas e das cegueiras do tempo non embargantes asucado por brilantes lóstregos de nobre paixón...

1832, 1865, 1873, son datas pra nós xa fai anos tinxidas dunha doce e ardente luz de outono adolescente. De nenos — e quixera falar dos do meu tempo e xeneración — chegábamos con amor a respeito á soleira das historias de Verea, de Murguía, de Vicetto. Cada nome corresponde pouco máis ou menos a unha daquilas datas. Pra min é gostoso lembrare no proemio a ista nova historia da Galiza que se rematará, ca axuda de Deus, por quen sexa e sin moita tardanza, os tídoos, a doutrina, ergueita e ás vegadas xenial, daquiles autores cuias fábricas históricas non foron coroadas polo ramo da canteiría perfeita.

Poderíanse engadir un nome, Martínez Padín, e unha data, 1849, co

tidoo dunha "Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia". Seu método e maneira de enxergar a aitualidade e de periodizar os tempos son merecentes das gabanzas de Villa-Amil y Castro. Mais escollemos a teoría ousada, moitas veces premiada despóis pola descoberta arqueolóxica, o alentar no suco materno das colleitas da historia, a elegancia de Verea, a xenerosidade e fartura de Murguía, a mesma poética e fouleante intuición de Vicetto.

A "Historia de Galicia" do Comisario de Guerra honorario e Interventor de Correos de Sant-Iago, Verea y Aguiar, foi anunciada nos Boletíns Oficiás de Galiza no mes de Marzal do 1836. En Ourense habíase despachare na botica de Sánchez Toca, de sonada historia, na rúa dos Zapateiros. O autor daba, de cando en cando, escritos de economía, como un "arbitrista", pra ceibar o país da pobreza e abandóo. No prólogo ou "Discurso preliminar" da obra — que foi aprobada no 36 pola Academia da Historia, pro soio anos despóis saíu das sonadas prensas de Taxonera no Ferrol — mostra un estilo grave, "filosófico", pro cheo dunha oposición ás formas clásicas. O ton romántico semella temperado por unha lembranza antiga das idades de ouro. Cecáis un presocratismo o ispira. Verea dóese do poder de Roma. Foi crueldades, roubo e mentira o poder román. Máis valía a cultura dos pobos suxeitos. Livio, César, Tácito son, por tanto, a negación da historia o mesmo que os autores como Ocampo e Mariana por iles alumiados na escolma e na cláusula. Pénsase, leendo iste fermoso discurso, na tesis de C. Jullien. Lémbrase a cativa simpatía do P. Feixóo por Roma. Si se opón como un heroi pondalián ó "escuro román", Verea combate a Pellicer e a Ferreras por teren negado a colonización helénica na nosa Terra. "Pero aun en el día están hablando de griegos las piedras y los montes de este país para confusión de tan vanos historiadores".

Verea tiña pensado unha historia xeneral de Hespaña ou a posibilidade dela. Escolmóu a da Galiza por ser terra mal xusgada e por brilar entre as outras e compuxo unha figura alegórica da Galiza que dibuxóu J. M. Velasco, con elementos dos indumentos celtas asegún os autores latinos, co recordo do amor dos galaicos e lusitáns ás cousas gregas, con datos arqueolóxicos, e co verso de Silio Itálico: "Missit dives Gallecia pubem".

Como é sabido, somentes se pubricóu o tomo primeiro de contido expresado —agás dun traballo en apéndice— no tídoo: "Historia de Galicia. Primera parte que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de España antes de su conquista por los romanos".

Firmado en Madride a 22 de outono do 1856, saíu o prospeito dunha obra de Murguía co tídoo seguinte: "Ensayo de una Historia Literaria de Galicia con algunas reflexiones acerca del arte en Galicia y seguida de una escogida colección de las poesías de nuestros mejores poetas". Na "Iberia" escribe aquil ano Murguía sobre as causas do pequeno desenrolo literario da Galiza. Non podo deixar de recoller ista pasaxe, moi do tempo

e do autor: "...es nebuloso nuestro clima y nuestras costumbres dan la preferencia a todo lo que es sentimiento, a todo lo que es vago, ideal, melancólico... Cuando el sol traspone las aguas, un ejército de vapores violados les envuelven [ós galegos] como otros tantos espíritus amigos".

No número 57 do sonado xornal "La Oliva" de Vigo, no 1856, Murguía trata "De la historia de Galicia". Xa está determiñado a compoñela. Lampexa un entusiasmo envolveito en amizades e degoiros cando nomea como posibres colabouradores a Verea y Aguiar, Puente y Brañas (Xosé), Neira de Mosquera, Taboada Leal, Teijeiro, "el joven novelista Sr. Vicetto"... Foron doorosas as relaciós de Murguía e Vicetto, máis adiante.

Pro cheguemos ó outo e gasalleiro portal, como de fidalgo e campesío pazo das millores lembranzas, do prólogo á Historia de Murguía.

Somentes me deteréi en catro pasaxes: a posibilidade da historia da Galiza, os guieiros e inspiradores da obra, a valencia dos historiadores galegos do XIX, e o senso e valor do pobo como eixe e tema da historia e protagonista nela.

Na Galiza foron destroídos ou esparexidos os arquivos. É dificile traballar. Un eco dos terrores e dúbidas do tempo crítico do XIX alóngase niste párrafo: "Hemos soplado las cenizas y destruido el viejo sarcófago sin comprender que tan impía profanación equivalía a esparcir los restos de nuestros antepasados y destruir el sepulcro en que dormían el sueño de paz aquellos que enseñaban a sus hijos la veneración de las tumbas". Ademirador de A. Thierry, mestre da nova escola coroada de groria ca "Historia da conquista de Inglaterra polos normandos" pregúntase Murguía: "¿Podremos dar vida y movimiento al pasado y sacar de él verdades y saludables ejemplos para el presente y para el porvenir?" Non esquenzamos a novidade da teima, en canto empresa chea dun esprito novo, nin a luz e doce neboeira de adolescencia dos escritores daquila novos. Coida, seguindo a Thierry, ser ouxeto da historia: "Presentar en su pintoresca variedad... los sucesos, darnos a conocer las costumbres y relaciones sociales, hacer que los personajes que tomaron parte en las olvidadas contiendas se presenten a nuestra vista obedeciendo a los intereses y pasiones que los guiaron durante su existencia, deducir de los hechos las leyes superiores... notar sus consecuencias y referir las verdades de que le seamos deudores en el orden moral y filosófico, nos parece la tarea digna de un verdadero historiador. A esto aspiramos".

Pra elo non ha deixar da man os dous grandes guías nistes estudos: Masdéu e Flórez. Parés nestora un pouco estrana a dinidade cometida ó sabio e acedo xesuita catalán. Logo se tratará un pouco das relaciós, ou algunhas relaciós, de Masdéu con Galiza... Murguía lembra e saúda a algús mestres como Humboldt e outros sobre os primitivos, a De Saulcy e Grotefend nos fenicios e nas moedas autónomas celtíberas, sobre os celtas a Amadeo Thierry... E non esquence a Savigny, Guizot, Dozy e sobre todo o "notable Herculano, dulce orgullo de Portugal" no tocantes á or-

gaización das sociedades... Pro o máis fermoso e baril do prólogo é a salutación derradeira, rexa e conmovida como unha pondalián estrofa: "Y vosotros, humildes tribus de labradores y marineros cuyas pobres viviendas acabamos de visitar, vosotros entre quienes nacimos y para quienes escribimos este libro que tanto tiempo tardaréis en leer, si por ventura sale de entre vosotros el bardo misterioso que debe celebrar vuestras sencillas epopeyas que nuestro nombre resuene en el primer verso por el amor y compasión que os tenemos, porque somos de los que más esperan de vosotros y porque os anunciamos que siendo verdad que Dios reparte sus dones con admirable equidad a vosotros toca imprimir un movimiento de vigor y actividad a estos pueblos decrépitos".

Dos historiadores do XIX celebra primeiramente a Verea y Aguiar: "...tiene la honra de haber sido el que antes que nadie habló en Galicia con alguna extensión y criterio de los celtas... devolviendo a su patria... glorias hasta entonces desconocidas".

Parés xusto o sentir sobre Padín. De Vicetto non quer falar. Pubricábanse as dúas obras ó mesmo tempo. Non sería do ton distas páxinas lembrar aquilas fermosas, bariles, e o remate amarguradas, dos "Precursores" sobre as relaciós de entrambos mestres da historia romántica na Galiza.

Vicetto... Teño viva a impresión primeira do seu retrato na "Ilustración Gallega y Asturiana" do 28 do mayo de 1878, dous anos despóis do pasamento do autor dos "Fidalgos de Monforte" e o artigo lembradoiro: "...sus ojos vivos e inquietos, cuya negra pupila parecía reflejar fielmente el estado de aquel ánimo tan susceptible a todas las impresiones..." O escritor recorda a "entonada voz lanzando imprecaciones o haciendo discursos sobre la más pequeña cosa o bien refiriendo inagotables aventuras inventadas en el momento".

E non embargantes animóu sempre a Vicetto aquil xenio da soedade, seu compañeiro dende as tristes mañáns de guerra civil nos ermos da Galiza esquencida e esgarrafizada que il andivo, procurando na maxia dos nomes espertar as antigas grandezas. Dise si Vicetto non podía demarcar a novela da historia e dubidase onde crasificare seus "Reyes Suevos de Galicia". De certo a historia foille ditada viaxando e ensoando por unha visión á súa maneira hegeliana ou cecáis ó estilo de Michelet —Michelet vén en moito dos grandes e soantes bronces de Vico— dos tempos dunha historia da Galiza que tén no tecido de interpretaciós individualistas, de sistemático dramatismo, de información non ben alicerzada, o engado de vivir a presencia dun pobo, non soio de esceario de ópera ou de "Nosa Señora de París", e de teimar a orgaización dende o cerne, e non dende fora, dunha historia da Galiza. Si cada patria demanda unha visión histórica pra cada época —poila historia proba e asegura, dá confianza e fortece o sentimento da aitualidade— a de Vicetto, sendo romántica —tamén a foi a de Murguía— remanece da poética realidade inicial posta polo autor,

poeta non mestre no arte da forma, ó comén dos tempos históricos. Un río descendendo dooroso dunha outa e pura fontela, Vicetto, cuia obra fixo no seu tempo e bon tempo con arelanza de chegar a un mar de xusticia serea, poidera ser o simil achegadoiro á ideia de despóis, unha impresión de galeguidade máis rexa e duradeira do xeneralmente dito sobre aquil caráiter de chama que no prólogo ó seu terceiro tomo, datado no Ferrol o 22 do maio de 1867, defendéndose dos ataques dos xornás tradicioalistas de Madride, puña súa confianza como un tribuno no pobo galego, e sobre todo no Ferrol súa patria, a cal, di Vicetto "a los 18 años ya colocaba una corona de plata sobre mi cabeza".

Vanse esvaecendo nista lembranza, de ningún xeito ensaio, de historiografía, os nomes de longos resoares. Outros se dispuñan á laboura das ciencias formativas, nas monografías como calicatas fondas á procura das augas escuras... Mais dinantes deles, tamén nomes amados, dos que os máis chegaron, como Murguía ó noso século, lembraréi o prometido sobre Masdéu, o acedo e leial catalá que queimado e abourado na defensa dunha Eirexa hespañola —e non no senso dos canonistas asesores de Roda, de Urquijo, doutros políticos cavilosos da toga sin chata— ordenóu contra Xelmírez os máis firentes capídoos de acusación que se teñan disposto contra il nin xiquer polos subrevados burgueses composteláns... Masdéu, nemigo do Voto de Sant-Iago, non "per se" sinón polo suposto vicio orixinario, gabóu un escrito dun capitolar de Compostela, nemigo moi curtés, e tivo en troques ben pouca finura co nomeado Dr. Valle Inclán en discusión sobre a língoa galega.

Arredor do 1873, o dilixente editor Soto Freire pensaba nunha serie de monografías históricas de Galiza feitas por Villa-Amil y Castro. Soto Freire, editor da "Historia" de Murguía, tiña publicado cousas importantes de Villa-Amil, delas a boa "Descripción de la Catedral de Santiago"; mais das monografías pensadas soio unha foi dada ó público, as "Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia".

Pechóuse o tempo xeneroso e impacente das historias xenerás. Veñen, e non fallaron dinantes, libros e monografías, sin orgaización en escolas nin fitos, como si soio podentes e pechadas individoalidás tiveran o secreto dos arquivos e da arte de facer rexurdir persoaxes e tempos... Entre gabanzas e acedas críticas non amingoaba a aitualidade da historia incompreta de Murguía cuio saber rexo e conteste en moitos campos da historiografía maduraba de cando en cando algún fermoso libro. Polo raiolar do esprito e do exempro Murguía fixo escola de fitos e degoiros... Outros mestres traballaban de cotío. Os dous meirandes, ben desemellantes no método, irmáns na limpa profesión de honradeza, D. Antonio López Ferreiro e D. Castro Sampedro y Folgar abondan pra encher unha época.

Outros nomes bulen na mente e na pruma. No ámpido ourensán, con simpatía xeral da Galiza, pasa a figura de D. Marcelo Macías, o Bossuet hespañol, augusto caráiter, o millor epigrafista do seu tempo e historiador

non aventaxado aínda do tempo suevo da Galiza. Sin o esforzo de investigador de D. Andrés Martínez Salazar se non poden entender algúns períodos e nomes da nosa historia como sin a súa xenerosa vocación de editor non se pode maxinar un tempo no desenrolo das Letras Galegas.

O coengo compostelán e o erudito pontevedrés, apaixoados amadores das súas cidades, siñifican e esgotan os dous tipos e maneiras do historiador: o teimoso perante o vivir enteiro dunha grande idea ou presencia espritual comprida na historia, e o entregado sin orde ás chamadas dunha cidade, dunha terra. Non houbo tema, nin costume, figura, istitución, feito nin testemuña do pasado de Pontevedra e súas terras achegadas que non fora estudado por D. Castro Sampedro ca mestría superior que lle daba o saber case surprendente das máis das técnicas da historia. E non compuxo ninguha historia. Non houbo camiño, nin feito, político ou cultural relacioado ca historia dende os orixes miragreiros da eirexa e cidade de Sant-Iago que López Ferreiro non estudara en grande arqueólogo e dipromático. Compuxo un grande libro, e moitos estudos que son cada un un libro ou o miolo e sustancia dun libro. Pro todos, dende as feiticeiras novelas históricas deica os "Fueros de Santiago y su tierra" ou os estudos fondos e seguros de pouco volume, son contrafortes, ornamentos, engados, do grande edificio centroso da historia da Eirexa Apostólica que abrangue os grandes temas galegos e vai cinguida dende o primeiro tomo de ardente apoloxía co ser e desenrolo da Europa.

Veñen á lembranza outros nomes e non pode ser esquencido o de D. Bernardo Barreiro, entusiasta e sabio, alentando nun pasado compostelán non esaitamente o amado polo Sr. López Ferreiro... Pro teño de chegar ó tempo noso de prehistoriadores, etnógrafos, artistas e poetas —e non van os poetas os derradeiros, sinón, como Pondal, acaroado con Murguía, os primeiros— a segunda renacencia do ser e esprito da Galiza fortecida polo uso apaixoado e cotián da Língoa... O tempo cuio nome e tídoo non pode ser outro do que soa, como un salaio volto agarimo e seguranza, de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao.

Houbo unha dúbida, un desfalecimento, ó comén e nos primeiros tempos do século vinte. Ían caíndo os outos carballos aínda en prena frolesta das grandes xeraciós románticas. No silencio e na indefrencia da Galiza das praias de moda e a imitanza de Madride, a falseira sociedá iñorante do ser fondo da tradición e da enerxía labrega e mariñeira considerada soio como faitor do pintoresquismo, criábase a nova xeración de poetas e inqueridores apaixoadamente metódicos do pasado. Ben logo brilóu como unha alborada nas rías e nos curutos dos montes. Pasábase do testamento do XIX en novela a través da prosa intelixente da Pardo Bazán ó tratamento novo dos temas da estética e da crebada traxedia das vidas e das estirpes na prosa requintada de Valle-Inclán. Pro a verdadeira Galiza non estaba neles. Xermolaba volta a Rosalía, a Pondal, ó tema do románico, ó devalar das formas no mito, nos mozos da Irmandade da Fala, nos poetas

e artistas devoltos ó engado da fala esencial e anterga. Si dous insines cregos —os Sres. López Ferreiro e Amor Ruibal— mantiñan e acrecentaban o prestixio do fogar compostelán, entre os mozos o poema de novos recenderes de Cabanillas soaba en todolos circos galegos e a mau de Castelao, taumatúrxica mau, franquexaba as portas da verdadeira e inmorrente Galeguidade.

Houbo daquila, e viven con nosco os que non pisaron a soleira do alén, moitos espritos "bos e xenerosos". Foi, é aínda, e tén de ser, a época e a xente de Castelao. Soio seu nome pode abranguer a todolos irmáns entre os cales xamáis houbo xenreira nin retesía, pois un amor os axuntóu na vida e no morrer. Entón madurecéu o novo senso da Historia. Era un pobo, unha cultura, unha Patria quen a recramaba. Foi a laboura brava e leda. Enxamáis fallóu a canción. Fundóu Cuevillas a nosa Prehistoria. O Seminario de Estudos Galegos avencellóu ós investigadores.

Cada outono medraba a colleita de estudos monográficos. Ca Prehistoria fortecéuse a Arqueoloxía, ordeóuse a Etnografía, procuróu seu método a historia literaria. Homes illados na apariencia correspondíanse cos grupos de Sant-Iago, de Pontevedra, de Ourense. Acarón de vedraios investigadores traballaban os mociños e foi un clima de calmo entusiasmo, de sazós delicadas, a frol da descoberta dunha frolida eirexa románica, dunha grave asambrea de castros, da resoancia de fontela no ermo dunha cántiga, da volta á luz das paixós e intreses encobertos na poeira dos manuscritos.

E outro consóo e espranza trouxo aquil rexurdir. Dende os primeiros momentos a Galiza emigrada, a da Arxentina especialmente, vivíu os degoiros e as ledicias da Galiza metropolitán. Nos días do tempo novo que temos de chamar Castelao, axuntáronse os corazós e as espranzas dos "bos e xenerosos" de entramas beiras do Atlántico. Os "bos e xenerosos". Eles teñen de salvar ós máis.

E do tempo e baixo o signo e ca benzón de Castelao, sai á luz ista Historia, cuio prólogo vou escribindo con verdade, emoción e saudade. A idea, vella en todos nós, xurdíu nova na mente, e pode ser feita esprendente e mañífica realidade, dun galego fai moitos anos emigrado e cada día máis cinguido á ledicia e amor da Terra Nai.

Sei como D. Manuel Puente non gosta de gabanzas. Seu nome outo e limpo, seu rexo esprito e aquila súa finura que sabe coñecer os homes na primeira conversa e a crecedeira saudade dunha Galiza ditosa que o anima, teñen de figurar na lumieira dista obra por xusticia e co agradecimento de quenes nela colabouramos. Noso editor D. Manuel Puente é máis do que un editor. Ama ista obra. Enxerga nela como home que sabe casare ilusión e realidade, súas arelanzas máis caras... Aquilas de que a cotío fala con D. Rodolfo Prada, con D. Antonio Alonso Ríos, cos outros rexos sufincos do ideal que, no nome e lembranza de Castelao, tén figura entranabre.

Cando despoixa de coñecer a D. Manuel Puente en Bos Aires no 1947

recibín a súa carta encomendándome a orgaización e direición dunha grande Historia da Nosa Terra, non dubidéi un intre, non iñorando a febreza das miñas forzas diante a obra xurdia. Non podía temer. Estaban non lonxe os homes do "tempo Castelao" precisos pra erguer dende os alicerces a máis fermosa arquitectura histórica que con saber e amor se poidera adicar ó esprito inmorrente dunha Patria. Se non estaban todos, os guindados pola morte obra viva e exemprar deixaron. A eles, ós colabouradoures, a honra e groria dunha Historia dinantes endexamáis ensoada, sentida e vivida dende o impeitizo e cerne galego, non feita con retrincos e esmolas, escrita na língoa fermosa, fidalga e labrega língoa dos Cancioeiros, de Pondal, de Rosalía e Castelao... a língoa nai, dos cóns e das espranzas da Europa.

Unha forte obra medra cotián arredor dos mestres meus e compañeiros nista Historia. Decir seus nomes, ben coñecidos do púbrico ilustrado, será unha nova honra pra min. Escribo pensando particolarmente nos galegos das Américas. Tamén ista "grande e xeneral historia", como a chama algún colabourador, é obra e recompensa de amizade. Enxergando o sucedérense dos traballos ó compás dos tempos históricos, medra a nobreza da evocación dos nomes amigos. Isidro Parga Pondal, xeólogo, mestre novo dun senso da xeoloxía da Galiza sin par dende Schulz, Lois Iglesias Iglesias, un tempo presidente do Seminario de Estudos Galegos, biólogo insine, exemprar mestre da Universidade Galega, Vicente Risco, orgaizador do inorme tesouro etnográfico, nome fai décadas cinguido ás inquedanzas e ós novos roteiros, Xaquín Lorenzo Fernández, arqueólogo e etnógrafo de severa metódica e colleitas cadaneiras, Aquilino Iglesia Alvariño, o poeta do grave espertar saudoso das esencias contidas nas cousas, e dono da arte de chamar na porta do misterio das verbas, Fermín Bouza Brey, señor de moitos e finos saberes non desamparados pola Poesía, Pauliños Pedret Casado, sacerdote e catedrático compostelán, alma enxebre e branca, concencia vivente arredor do orixen da verdade e emoción cristián na nosa Terra, Florentino L. Cuevillas, patricio da nosa Prehistoria, chama entusiasta e calma na adicación, Xesús Ferro Couselo, formidable erudito, esprito agudo que ben armado de saber chega ó fondo e concencia de homes e tempos decorridos, Xesús Carro García, sacerdote cuia palabra e traballo anima as horas de Compostela, mestre de sona universal nos problemas do tempo románico, Xosé Fernando Filgueira Valverde, en quen a herdanza de Sampedro y Folgar medra, xoven mestre capás de erguer libros como arquitecturas sin perder o senso do tempo de hoxe, Antonio Fraguas Fraguas, dos bos do Seminario de Estudos Galegos, fino etnógrafo, historiador do Colexio de Fonseca... Calquera ca amizade de tales homes pode dirixir unha obra que por eles será feita ca gravidade e forza con que as carballeiras frondecen no Maio.

E algo da comparanza tén a nosa laboura. Han verdecer os troncos espidos. Cecáis o desenrolo do traballo demande outros nomes máis. O

prólogo a cada un dos volumes dará conta do camiñar. Teimamos en poucos anos darlle remate á obra. Şi nós non estamos, outros lle han pór o verde ramallo. A mocidade galega, eiquí e nas Américas, agarda por ela. Tamén a esperan os circos coltivados de fora de Galiza. Tén de ser discutida e criticada. Eu, xa que teño a honra de escribir o prólogo e orgaizar dende fora o traballo, aseguro que non han fallar nin o saber nin a vontade pra facer moimento "aere perennius", dino da adicación de Manuel Puente, da espranza de Galiza, da ilusión posta nista empresa por Castelao. Nas súas derradeiras cartas falaba con amor dista Historia, inda non náda, que co guieiro do seu bondoso e xenial esprito e lembranza, bota hoxe ó mar do mundo seu primeiro volume, rexo e ledo barco cas velas finchadas polo vento, ventiño, amante da Terra Nai.

Ramón Otero Pedrayo

Xeografía

POR RAMÓN OTERO PEDRAYO

I

1. POSICIÓN E RELACIÓS XEOGRÁFICAS

Terra occidental e atlántica, temática ibérica con solución de senlleiras caraiterísticas, por lei de orixes e formas cinguida a outras terras atlánticas, poidera ser a Galiza interpretada no seu conxunto xeográfico funcional como procura e arelanza dunha feitura peninsuar non cheamente conquerida. Veñen ás mentes os dibuxos de Bretaña, de Gales, de Cornualles. Son outra feitura os da Normandía. Non somentes igual e podente vibración mariña bate nos cóns dos Artabros e Grovios na nosa Terra, nos promontoiros armoricáns, nos alicerces acariñados polas foulas dos castelos do Rei Artús. Tamén as máis patrias céltigas teñen de semellanza ca galega o se enteirar polo nacente con rexos conxuntos de terras. Inglaterra sufinca seu ser e esprito na insularidade, mais con respeito ás terras céltigas siñifica a mesma gravidade e balume continental do que a Francia e Hespaña. Case paralelamente desenrólase a lei histórica na operación do xenio mariñán, migradoiro, lírico, nas culturas... Por iste vieiro de pensamentos logo chegaríamos a enxergar no fino e levián das formas armoricáns, galegas, outros comprimentos da mesma lei. Poidera ser chamada de "élan", de arelanza peninsuar. Non inspira istes nosos conceptos un desexo de singolarizare feituras de terras asegún determiñadas teleoloxías históricas ou cavilando na saudade de non ben compridos destiños. Impóñense as formas e o senso das formas. A Galiza pódese defiñir con inteira verdade niste respeito morfolóxico como enteirada no sistema de terras occidentales da Europa central caraiterizadas nas formas grandes e menores pola tendencia peninsuar e polo artellamento de val e ría obedecendo dun xeito seu á chamada do Océano.

Imponse asentar algús termos e relaciós. Non lembremos arestora viventes realidás de paisaxe. Un hourizonte, unha paisaxe, conteñen e decraran a quen os seipa interrogare a verdadeira razón xeográfica das unidades meirandes en que se artellan. Tampouco é diste logar o fondamento remanecido das fontes do saber popular e da inspiración étnica. Pensamos feitos e conxuntos xeográficos. O mundo céltigo tén un escenario seu. Vai

dende as illas Orcadas deica a foz do Douro, espállase ó W. do meridián 1 de Greenwich, chámase mar céltigo á rexión do Atlántico caraiterizada e cinguidora dos litorás céltigos. Non ademiten precisión matemática os feitos xeográficos.

Procura a xeografía, ciencia de procesos e formas ca aitualidade ou lembranza do home, un xénero seu de precisiós. Si na morfoxenética escocesa se pode considerar a operación dos lazos do período glacial, o estilo xeneral de escultura das rocas nos escudos arcaicos do hemisferio norde xa non domiña coaquila "inhumanidade" xeolóxica dos glaciarismos noruegos nas súas variadas formas, singolarmente nos "fiords", clásicas, podemos decir tamén tráxicas, conxunciós de mar e pedra onde a historia soio consigue marxiñás liñas de asentamento.

Escocia ven sendo o marco nórdico do mundo céltigo — seguimos no orde xeográfico — como o sul da Galiza histórica, a bracarense, considerándoa en espallado senso, representa o marco meridional. Eiquí as formas son de soave tránsito. Nista primeira visión de conxuntos xurde doadamente a idea de igualar o escenario céltigo co mundo xenuino das rías. Recoñecemos o perigo das fórmulas ambiciosas. Ben pensado, son as máis veces donas polo menos dunha boa porción verdadeira e — o máis intresante pró noso ouxeto — expresiva. O mestre do fino senso do decorrer das formas xeográficas, Richthofen, diu ciudadanía universal ó nome galego e ó proceso e temática das rías. Non podemos nin sinalar o problema, de intrés apaixoante pros amantes da escultórica xeográfica, do orixe das rías. Hoxe seméllase impor outra teoría relacioada ca xeneral de Wegener en troques da que enxerga nas rías vales inferiores alagados. O termo ben pouco doado pro equívoco emprégase ás veces con lixeiras diferencias. Asín Le Danois, en ben coñecido libro, tratando das variaciós da topografía litoral no Atlántico norde sinala nas "liñas de antigas ribeiras sinales de esteiros de curtos ríos semellantes ós de Bretaña e Galiza", engadindo: "chámanse rías istas formaciós litorás, usando un término galego". Sexa cal for a xénesis delas, as rías figuran como domiñantes e case como enxebre forma nos litorás céltigos. No mar do norde dibúxanse grandes e fondos esteiros. As rías na Mancha empezan no logar máxico, polo trocamento de formas, da badía do Mont Saint Michel, é decir comezan ca Bretaña e chegan ó seu meirande espallamento onde a Bretaña se franquexa máis xenerosamente ó mar, na "Bretagne bretonnante" da que fai Michelet máis dun ademirable augaforte: "Sentémonos nista formidable punta do Raz, iste penedo aburatado, a trescentos pés de outura, de onde se enxergan sete légoas de costa: é, en certa maneira, o santuario do mundo celta". Íste, polo sul, na costa francesa remata no esteiro de Nantes. Alí, entre xunqueiras, alentan formas viventes do mundo céltigo estudadas por Alfonso de Chateaubriant en "La Brière". Podía ser comparado en función do mundo céltigo o esteiro de Nantes co do Porto e tampouco carecería de valor unha relación entre os dous grandes ríos continentás que niles compren seus ciclos.

Toda Irlanda mañiféstase en costa labourada de rías. Nas Sagas e no extrano e podente libro de Joyce "Ulysses" os refrexos das rías brilan entre os verdes. O mar de Irlanda, a costa de Gales e Cornualles, alternan rías e tramos de dura penedía. Pola Mancha inglesa, entre Dorset e Devon, aparecen as primeiras rías.

O termo de "mar céltigo" empregado dende E. W. L. Holt, pódese levar deica Galiza inda téndose perdido os falares celtas nas orelas galegas. Unha nota de grande valencia no dinamismo do Atlántico vén en nosa axuda: a regresión das augas quentes invernás deica o enteiro litoral galego envolveito nas augas frías.

Os xeólogos, algúns xeólogos modernos, gostan chamaren "foxa de Feixó" á dibuxada deica frente da Xironda ó correr do litoral cántabro. Tamén as rías ínzano. Non son as artelladas rías galegas. Precísanse os termos, ben espallados nos libros de xeografía, de rías de "tipo asturián", entendendo nelas as galegas cantábricas deica o Barqueiro. Non sería de compreto senso xeográfico reducir a un soio xénero de feitos o caráiter dunha unidade. E tampouco drento da xeografía na interpretación de superior ecoloxía se debe manexar un feito coma si non foran todos comprexos. A ría, o feito e tipo "ría", son comprexos. Remanecen da arquitectura e proceso xeneral dun país, son amadas e escolleitas polos homes. Redocido a formas esquemáticas, o feito xeográfico perde vida e coela súa realidade. Outros elementos da paisaxe impóñense a calquer viaxeiro sinalando o comén de Galiza polo litoral cantábrico. Perto de Luarca, vila e paisaxe cheamente asturián no amestamento dos piñeiros, na xeometría dos logares e no seu rubir polas costas, sábese estar nas portas da Galiza inda non percibíndose ben o senlleiro caráiter galego de obedencia á chamada e lei de base do Atlántico.

No cabo Silleiro, pé da imaxe de Nosa Señora da Roca, portas esgrevias de Baiona, péchase a comba ricaz das rías galegas do sul. O Miño, nosa vea mestra e romorosa canle, non finda en ría. Cecáis o foi noutrora o farturento val dende as soleiras de Arbo e Salvaterra, unha ría rechea, colmada. Maila xeografía traballa no "nunc". Os ríos bracarenses rematan en esteiros. Outros elementos de paisaxe conxugan os tipos galegos cos durienses. Houber sido fermoso seguir as matizaciós entre Douro e Miño. Tema ben merecente dun estudo e máis en terra onde se tén comprido a xénesis da nación portuguesa en cuia fundamentación e desenrolo non tiveron os esteiros moita menos importancia que nas grandes formas urbáns e estatales das riveiras do mar do Norde.

Identificare o "border" centroeuropéu dos países céltigos cas costas de rías do Atlántico na rexión chamada mar Céltigo non deixa de ter abondosas razós. Outras costas tipolóxicas hai de rías. Tamén os ovoides de granito compoñen a singolar e podente arquitectura da paisaxe de Río de Janeiro. As formas semellantes nas terras céltigas chaman sin deixar súa valencia no releve noutras direiciós.

Na poesía e na novela escocesa, galega, irlandesa, bretona, un ar ou luz ou recendo de landa pasa por inmorrentes, ou soio lembradoiras, páxinas. Dende a landa escocesa das bruxas de Macbeth ós "Outos onde brúa o vento", forma que nos parés boa traducción do tídoo "Wuthering Heights" da sonada novela de Emily Brontë. Con respeito diante a vella, fidalga e sabia poesía antiga de Irlanda e Bretaña cas ispiradas caraiterizaciós de acento homerida, pensamos en Yeats, en Synge, e naquilas soedades de Chateaubriand nalgús capídoos das "Lembranzas de alén-coba". A landa é, de seu, forma de paisaxe —coor, recendo, contrastes sazoeiros— moi espallada no Centro-Europa. Tense dito sel-o linde da infruencia do am-

Fig. 1. - As Picotas, formaciós rocosas nas montanas de Galiza.

bente oceanido o mesmo linde da xesta. "Plantagenet" entrana unha intención de forma política sufincada nun xénero de atlantismo... Poila gándara, iguálase ca landa... Millor dentro da teoría xeofísica descobrimos unha doada semellanza no tipo de "pénéplaine" ou penichao xeneral ós releves da Céltiga.

Son moitas as difrencias de rocas e ben se sabe de que xeito seu e particular responde cada unha ó faitor modelador. Máis ou menos adiantado o proceso, figura sel-o mesmo na Montagne d'Arrée, nas paisaxes irlandesas ordeadas no hourizonte do coto de Ushna de outa dedicación

tradicioal e relixiosa, no grande e esteso vagantío da Galiza do centro-norde. Teremos logar pra estudar o valor e siñificanza dista forma entre nós. Adiantando conceptos, podia que outra das notas da xeografía galega drento das relaciós céltigas sexa a forza con que o noso macizo galaico-duriense refrexa as formas alpinas.

Escribimos dun senso e figura de atlantismo. O atlantismo non se demarca ó cadabullo ou roleiro da costa. Mais poderíase supoñer un esquecimento das conxuncións ibéricas da Galiza. Quixemos dinantes sinalar en xeografía funcional unha temática defiñidora. E dinantes do problema e realidade das conxunciós ibéricas debemos xustificar noso punto de vista de demarcar o conxunto céltigo polo sul. Elo non creba a forte comprexidade da peninsua ibérica. Pola tectónica, a climatoloxía, e por tanto a xeobotánica, ninguén dúbida xa da presenza dunha Hespaña húmida, inda tratada con demasiado esquematismo, en correspondenza ca Hespaña seca. Certamente — e todos gardamos na memoria estupendas paisaxes de trocamento de ritmos— hai espacios de duro e pronto cambio, ás veces en poucos kilómetros. Galiza, xa perto da "orla portuguesa", a máis atlántica das terras hispanas —non esquenzamos como o atlantismo do golfo ou mar de Hércules aparés fortemente tinxido de africanismo — vai no pensamento dos xeobotánicos ca Europa central na Hispania mollada. E non temos de apelar a tesis desenvoltas polas ciencias do esprito pra novamente xustificar unha realidade e un sentimento de sempre.

Os pobos céltigos — digamos millor, de orixen, de caraiterización céltiga — non presentan continuidade arestora e soio ecos leviás e fondos quedan da sazón histórica en que disfroitaron dela. Son "disiecta membra". O ollar recréiase considerando no mapa a unidade xeográfica da peninsua ibérica. Hai, sin dúbida e sin saír da realidade natural, unha unidade polo menos de forma e proporción con outras grandes unidás europeas. Desenvolvéndose a xeografía e seu senso dunha maneira non lonxana ás propias da etnografía primeiro e da lingüística despoixa, descóbrese a fartura e variedade de terras e de historia. Os progresos da cartografía dende os grandes mapas do tipo do inspirado na Francia por Elías de Beaumont foron mañifestando a fartura e difrenciación das terras. Igual acontece co estudo xeográfico das falas. Noutrora, en saber dun tipo clásico, ó seu modo inda vixente en moitos espritos, as terras eran, como os falares, unidás macizadas, comprimento de tipos políticos ou idiomáticos, podentes, abranguidos por fronteiras ben defiñidas. Era vaidosamente probe, con orgolosa suficiencia de lexistas e homes de gabinete, a realidade e a terminoloxía. Pensábase unha chaúra igual a outra, un tipo de badía, de coltivo ou de dialecto repetido en grandes larganzas. Semellante monotonía refrexaba o estilo dos códigos, as escalas de rexistro xurídico e tipos de coltivo, o sentimento da cidade que soio difrenciaba o monte do chao, o húmido do enxoito, e no tocantes ó idioma gostaba de obedecer modelos. No mapa xeográfico e no lingüístico podíase, drento dunha provincia, supoñer un

val igual a outro, unha aldea calcada riba doutra. O adianto da topografía fixo enxergar as variedades de forma. Según os métodos se ían afiñando, mirouse a grande fartura dos releves e súas caraiterizaciós e xa non foi lexítimo calcar unha chaira da terra de Campos sobre unha da Mancha ou da Sagra. O folklore e a etnografía demostraron as singolaridás e os acentos de cada terraxe. Logo os mapas fonéticos, traballo moderno — na Francia representado polos ademirabres estudos de J. Gilliéron e súa escola do "Atlas linguistique de la France"; na Germania primeiro por Fr. Wrede — enteiraron a verdadeira e humán verdade do ricaz inzamento e espallada variedade e rexa forza dos dialectos. O sentido da "rexión natural", guieiro e método asisado e certeiro na xeografía, remaneceu en grande parte do estudo da Carta topográfica francesa, a obra respeitable do clasicismo na representación das formas do releve. Elías de Beaumont, o namorado dun arquetipo cristalográfico pró "expresionismo" da tona da terra, descobría na representación topográfica da Illa de Francia o tremor vidal das comarcas. Os historiadores modernos das ideas xeográficas deténense na lembranza... Calquer viaxeiro da Galiza pescuda sin traballo a coor e tónica das rexiós na "Carta Geométrica" de Fontán.

Occidente da Hespaña húmida e sul do mundo céltigo, por dous conceptos e realidades "marca", a nosa Galiza non xurde de sutaque no esquinal ibérico. Os marcos adeministrativos das catro provincias, como dinantes das sete, se non acompasan a lindeiros xeográficos. Non pode estranar o feito. En puridade ningunha fronteira política é natural. As terras e rexiós esváense unhas noutras por roleiros máis ou menos dibuxados. En xeneral, pois hai casos de verdadeiras fallas como as xeolóxicas; e tampouco se pode esquencer o valor de discipliña, de imposición que se vai trocando en costume da lei xeográfica, económica e sentimental siñificada pola fronteira ou polo marco provincial. Hai de notare como, según se fortece o Estado e medran e afillan súas relaciós co intervencionismo crecedeiro, vaise fortecendo e afondando a raia do lindeiro provincial entre nós. No cerne psicolóxico galego a provincia vai tendo unha realidade imposta polo costume.

As terras dubidosas entre a Galiza e Asturias e León non deben ser enxergadas e discutidas a fondo nun estudo prologal. Os conceptos remanecidos do coñecimento máis fondo da vivente e devalante realidade non dan licencia pra determiñar somentes polo decorrer das augas as grandes unidades xeográficas. Non é o mesmo o xogo de argomentos nin xiquer a mesma rixideza das premisas como cando se discutia nas Cortes liberás de 1822 a división provincial de Hespaña. Entón tivo realidade adeministrativa o Bierzo como provincia. Hoxe a medra do centro industrial de Ponferrada fai refrolecer anceios nunca por enteiro apagados. No Bierzo non son poucos quenes chaman ás portas da concencia galega, e os que se sinten galegos. Val moito e soa moi fondo nos espritos a vella e fidalga cantata do Sil. A unidade da "Hispania nova citerior Antoniana",

a provincia román galega, queda suxeita no mapa do mundo latino con cravos do ouro do Sil. Chega deica os montes de León a lei do Atlántico e do Miño. As falas galegas cobren —non se dispón de estudos precisos, dunha carta lingüística— polo menos a metade do Bierzo. O problema dos lindeiros do galego vai cinguido cos máis fondos e apaixoantes do outo medioevo e da íntima realidade, engado hoxe dos filólogos. Tocando o rexo, culto e arcaico macizo idiomático noso, alentan as falas leonesas e asturiáns. Menéndez Pidal presenta en páxinas vivas —como no prólogo ás "Estampas de la vida en León en el siglo X" de Sánchez Albornoz— a vaguedá de formas do falar leonés. O lenguaxe de Tedon, home de behetría rexurdido nas ditas "Estampas", aínda soa con pouca variación nos vales do Sil berciano, dí o mestre da filoloxía hispánica, e engade: "el lenguaje que el vulgo hablaba en la ciudad de León a raíz de ser hecha corte se parecía más al gallego que al castellano..." No bispado de Astorga as formas galegas van debecendo entre as leonesas pró ourente como os ecos e latexos dun mar cada paso máis lonxano.

Na precisa visión fisiognómica da paisaxe teríamos de pescudar no Bierzo formas de tránsito, decorrentes acentuaciós do tema galego en senso contrario ás augas pois os montes chamados de León semellan ben abranguidos na lei da meseta. Cecáis millor do que nos conxuntos, a verdade expresiva resida nas pequenas ordeaciós das cousas.

Non fallan axeitadas impresiós bercianas. Poderíanse citar ó P. Flórez, a Enrique Gil, a Borrow. Nos tres domiñan impresiós da sustantividade do Bierzo e do seu oficio de pasaxe. En realidade, Galiza chama con meirande forza e impón unha serventía de camiño. Un ilustre galego, erudito abade de Meira, inspira as páxinas do P. Flórez sobre o Bierzo tratando da eirexa de Astorga. Cecáis poidéramos hachar un antecedente moi arredado no tempo, sinón no esprito, en San Valerio. Na fermosura "hortense", do paraíso traslúcese unha sublimación do Bierzo e súa "benignidad de cielo y suelo". Domina en "Don Jorgito el Inglés" o sentimento dunha beleza de estampa de escolar da boa época neoclásica oxfordiana, de soaves arranxamentos de Teócrito e Virxilio e os románticos. En Borrow, como nas lembranzas de Torres Villarroel, gárdase moi rexa a sensación dos portos divisorios polo Cebreiro, con fina interpretación, no inglés, da grave beleza dos Nogales, primeira estaxe súa en Galiza.

Enrique Gil insiste no caráiter de tránsito do Bierzo "como frontera de los indomables astures, como punto de comunicación con Galicia", e no mesmo escrito ("Bosquejo de un viaje a una provincia del interior", publicado primeiramente o 1843) descobre dende a ermida de Nta. Señora de Aguiana o panorama do país, ben determiñado, por Manzanal, os Ancares, cos "tres grandes estanques" que o dividiron noutra época e as estreitas "gargantas que dan paso a las aguas".

No Bierzo as proporciós dunha grande roína xeolóxica encobriron cecáis formas que, de vivas, non parecerían desemellantes ás galegas. Nunha

dureza, podia ser que soio remanecente da meirande continentalidade, na chaira á dreita do Sil, entre o Sil e o Cúa, chaira de aspeito vello, onde os pobos ruben os outos, na grave luz do outono semella no ámpido, na intimidade das cousas ben lonxana a paisaxe galega. Hai fondas valencias intuitivas. O artellamento de estudos miudos, ben concertados, chega case sempre a fortecer aquelas intuiciós.

A lei das Tebaidas cingue o Bierzo ca Rivoira Sacrata. Pro as formas dos montes aínda non refrexan a chamada do Atlántico. Saben as correntes, nádas en fontelas lonxanas, seu destiño. Pode a historia enteirar nun senso galego unha forte premisa xeográfica. Non debemos esquencer a natureza dos feitos ecolóxicos e da historia. A vontade crarexa e afita as leis do fadalismo das cousas. Fixándonos na paisaxe de entre Sil e Cúa, dinantes de Ponferrada, polos 540 m. de outura, descóbrense sobre o chan senil os pobos (Cabañas Raras, Camponaraya, Arganza, Fuentesnuevas) que procuran estabrecérense nos outos e as encostas rexas, despoixa de Ponferrada as beiras do Sil espállanse en terreos de inundación. Os elementos da paisaxe inda non devalan uns noutros, inda o enxoito do torrón non amolece ca tona verde ou a lembranza dela. O sentimento de ruíña xeolóxica percébese na meseta, de seguro abrangue os montes de León e téndese polo Bierzo. Hai —¿quen poidera determiñala?— unha orla vivente, sensitiva. Cecáis se tenda diagonalmente a través do Bierzo como a banda dun escudo.

É fermoso e triste seguir nos montes cómo o "clima" galego vai enrarecendo no rumbo das Cabreras, no mundo zamorán. Eiquí vén de seu unha difrencia. Namentral-a terra sanabresa, do arredor da vila torreada e da ponte pasaxeira, siñifica un craro folgo da chaúra, nas cromáticas e nas formas, no xeito de ordeárense os arboredos, un adiantarse leonés, nos montes e serras mantense e alóngase un caráiter galego, cada intre máis levián como o borde dunha néboa na fala, e nas valgadas dos montes esgrevios calquer fato de arboredos garda un ecoar galego. Eiquí, tratando dos montes, non debemos esquencer un certo estilo de montana "cantábrica" nas que envolven o Bierzo. Nas centradas pola Pena Trevinca a maor parte das augas turra pra Galiza e os aspeitos galegos (paisaxe vexetal, habitaciós) ruben polos vales.

As composiciós "estilísticas" dos hourizontes poderíanse cecáis caraiterizar viaxando a modo e con pousas da Galiza ó Portugal pola meirande unidade e balume dun mundo montesío onde os vales crecedeiramente inzados de vexetación meridional asegúranse en unidás enteiradas e arrondeadas en óvalo, con pouco desenrolo das bocarribeiras, unha luz máis forte e pousada, un litoral de formas maduras, de praias e roquedos en dentes de serra con desenrolo perfeito, normal dos esteiros. O val de Braga, ca fonda armuñía entre seu chan de ricas videiras cinguidoras dos arboredos, e os montes presididos por ilustres citanias, a paisaxe de Ponte do Lima e de Viana en comparanza co val de Moraña ou do Mi-

ño ourensán, e cos esteiros de Pontevedra, ben estudados, nas matizaciós do vivir histórico, das cromáticas sazoeiras, levaríanos cecáis ó comén dunha definición xeográfica do Portugal do norde co seu Marão equivalente ás Medas, seu Támega en tempos semellantes ós do Miño... O Douro como estrano ás formas no seu derradeiro tramo determiña a lei dun meridionalismo atlántico, asegurando o esprito orixinal da terra en conxunto —sempre autorizan e confortan os nomes románs— Bracarense.

2. DÚAS LEIS DE ESENCIAL VALOR NA TEMÁTICA DAS FORMAS

Teimamos un estudo cheo de perigos e atraente como unha serán de outono rica en aspeitos, lembranzas, evocaciós, en hourizonte devaladoiro de eirexas e pazos, parroquias antergas, vellos camiños e labramios. Vai no tídoo a palabra "lei". Elo quer dicir a meirande empresa dunha ciencia. Lonxe dos feitos e as cousas medidas, o coñecer vaga e alenta en esfera provisoria. Soio sufincadas en medida pódense formulare as leis. A xeografía inda pros máis é un saber de "cousas", cecáis de procesos, millor de "superficie das cousas", e si manexando cifras —entre nós podemos dicir que desmasiadas cifras— non dono de metro nin lei, nin polo tanto saber de seu. Temos chea confianza na integración vidal dunha xeografía nistes anos en canto un xenio orgaizador do cerne de Humboldt enxergue, baixo a luz dos filósofos clásicos e da vivencia do tempo no pensar moderno, os progresos da xeografía humán e das ciencias do ambente e da sociedade, ordeándoos arredor do eixe conceptual da paisaxe ou senso de interpretación do mundo sensible do home... Non queremos gabarnos de profetas. Os vieiros dos difrentes saberes artellados ou tanxentes á Xeografía procuran, cada un co seu ritmo, chegar a unha síntesis creadora. Cecáis se non decaten do que tén de acontecer. Millor pros xeógrafos apaixoados. O saber técnico e popular máis vello xurdirá dono dun método no século XX como o máis novo.

Niste senso ensaiamos a decraración e xustificación de dúas leises ó noso parecer crara, nidiamente remanecidas do estudo, tamén da vivencia xornaleira, da realidade galega. Si se non poden, e cecáis si se non deben, estampare en rigorosos termos, pensemos na comprexidade do feito xeográfico máis pequeno, e no recente dun ceibe e compreto enxergamento do problema. Si empregamos o termo ambicioso de lei é pensando nos futuros estudos e comprobaciós que teñen de enteirar as intuiciós, as esprencias, o vivente saber e alentar nunha Terra fondamente inzada de homes, de historia, e suxeita á forza da chamada occidental do Atlántico.

Referímonos primeiramente á lei da atracción occidental. Lei morfoxénica, plástica, de valencia histórica e psicolóxica drento da psicosocioloxía. Descóbrese igoal no tecido de labramios dun val comparado con outro, no degráu de asucamento dunha serra, nas formas de vida. Podería defiñire baixo algúns ángulos de visión a individoalidade xeográfica da Galiza. De feito o "élan" das formas cara unha peninsuar liberdade mañiféstase como respondendo á chamada do Atlántico.

Coíl relacióase incruso a tectónica e un pasado de ciclos oroxénicos case infindos pró tempo histórico, pequenos e demarcados pró tempo do esprito, esperta pra quen apalpando ca man e enxergando co ollar unha rocha e unha serra das Ancáridas estabreza a comparanza co taito dos granitos, ca graciosa ordeación dos montes occidentás e as podentes formas

batidas polo mar. Na Galiza ourental e na occidental domiñan os ecos de difrentes pulsaciós oroxénicas. O tempo e a forma son outros. Distas esprencias derívase a lóxica división de Galiza en tramos ou en "tempos", e a ela se debe suxeitar a laboura expositiva das rexiós e comarcas. Enteirar no mesmo sentido tempo e tramo, enxergando na realidade das grandes rexiós tempos coallados, non houber sido tarefa ingrata e sí fermosa pra un xeógrafo poeta, dono do análisis e da síntesis, non esquencido en ningún dos intres da presencia da historia humán.

En todolos países hai de sempre o sentimento e a vivencia do norde e do sul. Alenta en primeiro ou en derradeiro termo na literatura, manda no saber popular, é sentimento vivido na forma do aire, no recender noiturno das paisaxes, no mecanismo das sazós, nas formas e nos aspeitos da vida... Noutras páxinas discutirase a primicia dunha Galiza do norde e outra do sul, fortemente apreciada e con marcos atal senlleiros como son os sucos labrados polos vales do Sil e do Ulla. En Portugal impera o trocamento no senso norde e sul sobre o contraste real pro de menores rexistros de ourente e occidente. No Portugal a chamada atlántica ordéase doadamente obrando sobre "un norde" e "un sul". Son feitos e realidás comprobados e recoñecidos incruso pola Adeministración. A mesma onda devala nas praias da door infinda de Antonio Nobre, e na costa das longas e espaciosas terraxes refrexadas nos contos e nas novelas cheas de abraiante sol meridional de Fialho de Almeida. Entramos son mariñeiros. A liña dos portos, ou cecáis millor dos estuarios, en litoral non dibuxado en rías, tén función esencial en todo tempo. Maila cooración variada do tema portugués máis do que da fronteira cos charros de Salamanca ós tipos e aspeitos da beiramar, decorre e procede do Miño e súas formas arcaicas e rexas, torgueira da nación e seu sentimento, deica o quente Algarbe, con tramos e tempos mainos gardando os pulares da Reconquista. Apesares da cromática quente, do antigo arabismo lisboano, a tesis do sentido centroso e sintetizador de Lisboa podería ser defendida. E sempre o xogo e valencia de Lisboa e Porto con súas esferas de raiolamento siñifica unha armuñía —ou disonancia— do norde e o sul.

Motivo fondo de ensaio ou novela pode ser a vivencia do contraste norde-sul, en moitos países. Responde a condición e determiñante cósmica. Sotil, fuxitiva, unhas veces, outras imperante na forza do sol, na coor da paisaxe, vive na Galiza e temos de a considerar no noso traballo.

Mailas caraiterísticas e difrencias propias dun logar de labregos do Tambre, verdecente, ventoso, brumento, gandreiro, en comparanza cun do baixo Miño, de doces invernías, mestas xeórxicas regoadas por sazós devaladoiras longamente unhas noutras, ceden diante a unidade de formas naturás e humáns —cinguidas, ou millor asociadas, no feito xeográfico— da terra de Fonsagrada ou da orla das Medas ourensáns en relación cas gandras do Tambre e as ribeiras e montanas do baixo Miño. Non é somentes a lei da erosión esculpindo a Galiza dende o nivel de base esta-

brecido polo Atlántico. Todo o ser podente e infindamente variado da Galiza semella en tempos regoados, con paradas e contradiciós que pausan e ó remate demostran a lei esencial, decorrer do ourente ó poente, dunha sinxeleza a unha fartura, dun arcaísmo a unha modernidade. Decorrer. Cecáis non sexa a verba precisa. Descer non o sería máis. Hipsométricamente, a Galiza "desce" no senso dos vales. Pro non val falar de un "piedmont". Un descer envolveito en ricaz ordeación de troques e refrexos doutros movimentos que semella ás veces imposibre.

A lei que teimamos precisar envolve a relación norde-sul. Trunfan os grados de paralelo en valencia xeográfica e humán e baixa, sin perdérese, a siñificanza dos grados de meridiano. En calquera paisaxe, e nos intres de espallada ou cativa resoanza da historia, descóbrese a mistura de entramos sentidos. Consideramos historia igualmente "per se" as murradas dos labregos pra sementar o pan nos lombos montesíos e a vida intensa de homes, paixóns, intreses, da Pontevedra do século XV coa súa ricaz economía.

Non houber sido pequena a gabanza en xusticia merecida polo escritor capás de refrexar en trama viva no esceario dun logar e tempo galego as armuñías ou disoancias de N.S. e o L.W. Teñen parte no vivir cotián as coordenadas xeográficas. Se nos mapas son arcos esquemáticos, na realidade os grados, non poucas ocasiós os minutos, decráranse con variaciós de temas de paisaxe, é dicir de historia.

Formas e procesos madurecen, améstanse, no rumbo ourente-occidente. O feito xeográfico vivo non permite afastar do proceso a forma. Soio nun xénero de feitos acontece: nas ruíñas. A ruíña pódese definir como o estadio dos feitos en que se detén o proceso e queda a forma, un estadio, é dicir un tempo, o necesario pra que outro proceso envolva e trasforme, cambeándoa, a forma antiga. O proceso do traballo labrego cría nas abas dos releves encostados sobre o río —Sil, Navea, Miño, Bibéi— as formas das terrazas ou sucalcos. Iste proceso imponse e domiña ó proceso natural do decorrer das augas. De parar o traballo labrego, os sucalcos, forma xa non mantida, medrada e defendida, quedan na condición de ruíñas, pouco a pouco envolveitas no proceso de erosión das augas; voltas ó bravo as canles van orixinando outra forma que encobre a vella sin destroíla do todo ou obedecendo nalgunha cantidade á lei antiga. Hai memorias e resoancias nas paisaxes. Teñen un valor xeográfico e non soio sentimental e literario.

O exempro dunha ruíña sinxela sírvenos pra determiñar a natureza do feito xeográfico e a función do proceso e da forma. O val como unidade, a casa, o eido, a carballeira, a vila, siñifican procesos criadores e gardadores de formas. Na paisaxe ordeada no circo dun hourizonte os feitos xeográficos son sempre moitos, misturados, embercellados, ó primeiro espreitar. Condiciós esenciás do xeógrafo e da xeografía son discriminalos ordeándoos en renques e series, sempre teimando descobrir o desen-

rolo evolutivo no tempo, e coísta periodización, ou dinantes dela, estabrecer os circos ou tipos de feitos según seu balume, dura, transcendencia, é dicir, seu valor.

Unha gándara ofrece en xeneral evolución sinxela de formas asegún un proceso maino con preferenza do clima e faitores físicos sobre dos humáns. Na vila e na cidade semellan moi lonxe os elementos físicos. Os mesmos cósmicos perden un pouco do seu imperio ou da súa forza. Pra estudiar un val que senlleiro forma un pequeno orgaísmo entre montes dubidosos, teremos de distinguire o proceso e formas do río, os ritmos rápidos, os amestamentos, e interpenetración de procesos, uns conquerido seu equilibrio, outros fracasados, algús soio lembranza. Compre fixar a asociación do faitor natural e humán (histórico) en cada feito que, si non presenta realidades ou memoria de historia, non será feito xeográfico. O proceso físico e o humán pódense mañifestare en moi variadas maneiras e relaciós. Sentido e arte do xeógrafo ha ser desentranalos con apricación das metódicas de proceso e forma traducidos en ritmos e tempos, cuias leis e sistemática remanecidas da ouservación non pertencen ó tema distas páxinas.

Coidamos non estar fora de logar o dito como caráiter da interpretación xeográfica. No decorrer do noso esquema de Galiza teremos ocasión de presentar ca metódica sinalada os feitos. Sin teimar riguroso estudo científico.

Os vales do ourente galego son estreitos, afundidos na masa podente, rascadelas ou rañas nos erguementos rexos de materiás en xeneral esquistosos baixo a laboura de cicros de erosión xóvenes, con grande desenrolo do vivir pastoral, historia sometida, e ás veces tiránicamente, pola montana. Poboación cativa, poucas vilas, arcaísmo obrigado máis pola lonxanía do que polo releve. Soio Fonsagrada e Viana do Bolo chegan a unha categoría de capitás de comarcas, ou cecáis máis ben de rexiós, unha ó norde outra ó sul do val do Sil, feito xeográfico de primeiro interés, demarcadoiro e dono de senlleiros caraiteres onde se concertan as notas da mesta xeórxica cas do camiño e xuntoiro.

Os vales de occidente artéllanse en formas maduras, traducindo o ritmo dos procesos, e responden a un tempo á chamada do nivel de base e ó circo de espallamento e madureza propios de todo decorrer valeco. Referíndonos ós vales, queremos sinalar toda a fartura, a temática expresiva das Mariñas e Bergantiños, dos países cheamente cinguidos ós seos das Rías. Ténse dito sel-o vieiro dos esteiros e o xuntoiro por Compostela ca Cruña o eixe vidal da Galiza. Recorrendo dende o punto de inxerírese a cidá da Cruña na antiga Pescadeiría, deica Sant-Iago polas vías composteláns que cinguen os castros xerminadoiros da urbe e despoixa polos esteiros deica Tui, pódense maxinar devalares e decorreres das formas chegando a un perfil de equilibrio endexamáis conseguido.

Opoñer unha Galiza esquistosa a outra granítica seguindo e acompasando os conceptos de xuventude, arcaísmo, cativa historia, cos de madureza, aitualidade, mestura histórica, sería unha porción da realidade. Mailas cousas non se suxeitan na realidade á simpricidade teórica. O tempo e os procesos de ourente a occidente modifícanse pola presencia no cerne galego do feito sinxelo e podente do Miño artellado co Sil. Os tres tempos decorrentes do val do Miño poñen na lei da atracción do Atlántico un "intermezzo" propio e os tempos, matizándoa, nona creban, pois no sucedérense dos procesos e formas —seguimos falando en senso xeográfico

Fig. 2. - Paisaxe de montana. Ourense.

compreto con conciencia das formas e seus comprexos— do Miño combínanse as do decorrer de L. ó W. Abondarían algunhas sinxelas comparanzas. E non esquenzamos de que xeito o Miño galaico-portugués demostra, cos grandes afluentes ourensáns que se xuntan ó Miño na paisaxe de Ribadavia con fermosura e grandeza, a verdade do chamamento atlántico.

Nono demudan os Fachos ergueitos, os penedos de Traba co seu esgrevio releve, a testa xupiteriana do Pindo, a Barbanza tallada con forza polos regueiros cara o mar. Son as ditas, e outras, graves formas, probas do sometimento á lei occidental. O comprexo inteiro da Galiza gobérnase

por enerxías impostas polo Atlántico e na beiramar e nos baixos vales conquire as formas máis cheas.

Elo semella máis impresoante no proceso histórico se fora doado pensalo con afastamento do proceso xeográfico. En presencia do amestamento en renques, en raiolantes e crecedeiros circos, en sistemas metódicamente axuntados e inxeridos dos pobos e vilas da beiramar e dos vales e bocarribeiras occidentás e centrosas, semella case doutro ritmo a cativeza dos pobos rareados nos lombos e chairas do nacente. E máis, sen dúbida, a sinxeleza e arcaísmo das obras da historia. Mais compre non esquecer cómo sendo os mesmos os temas soio o comprimento deles se mañifesta en difrencias de grado. E remanece unha grandeza de caráiter estético do enxergar, en síntesis ou en miuda consideración, de qué xeito as xeórxicas, os camiños, as proporciós dos logares fanse do ourente ó occidente máis comprexas, fondas, enteiradas na forma natural deica chegar a composiciós de nivel de equilibrio case perfeito.

Vai xa dita e envolta na tesis da chamada do océano a lei cecáis máis fonda do ser histórico da Galiza, por todolos galegos en calquer tempo e logar vivida, dura ou ledamente, como arelanza, ó menos no longo e baixo ecoar da memoria étnica. Por variados camiños e métodos pódese chantar e decrarar. Hai tamén unha elegancia nas demostraciós matemáticas, no sinxelo espreitar dos problemas. O xenio galego, saudoso, namorado do anaco de terra herdado ou conquerido, gostoso das mestas, cooridas e ricas ornamentaciós, do arte e oficio da pedra, destemido pró mar e pros viaxes, alenta fondamente inxerido no seu chan histórico deica conxugárese coíl e trocalo asegún inclinaciós súas, sendo unha a forma natural e humán nos procesos ben compridos, sin sofrire sin door desartellamento. A luz de moitos soles, no vieiro de fondas arelanzas, descóbrese a lei que chamaremos, con palabras desmasiado usadas, da humanización da terra namentras se non descobran noutras máis direita siñificanza.

Moito se tén na Galiza loitado. O dramatismo das loitas feudás soio parés exemprar de caraiterioloxías en comparanza cas invasiós román e xermánica, e os tempos da Reconquista. Pasan cabalgantes ou da pé como peleriñas figuras senlleiras ou moitedumes. Mailo eixe da historia galega está na polémica escura e legalista ou aberta en loita pola posesión da terra. Hai pobos semellantes anque teñan séculos na mesma patria os pobos acampados nas estepas. O galego ama, sinte a terra. Disfroita e sofre coela. Pode ser comerciante ou mariñeiro. Cada día os mariños galegos chegan máis adiante no océano e se non fadigan os galegos de viaxar e emigrar. Descontando o que pode ter de chamamento atlántico, o esprito migradoiro leva en si a presencia da terra, da terra labrega, xeórxica, e teima voltala a disfroitar. Fálase do esdén mariñeiro pola terra, polo traballo da terra. Eles van ó mar ca espranza posta no porto nativo e non sería sin valor o fino e rematado ensaio psicolóxico do sentimento do mar como eido e propiedade nos mariñeiros galegos, no mar como outro infindo chan galego

cuias formas compretas, enteiradas foran as rías. O ideal mariñán da ría vai no sentir e na historia cinguido co ideal labrego da parroquia ou da comarca. Os estilos de meirande inzamento, popular e culto, na Galiza, o romániço e o barroco, pódense interpretar como tempos e variantes dun mesmo e soio estilo remanecido das formas e composiciós da paisaxe finamente cinguidas á sensibilidade e gosto da expresión. Teremos a oportunidade de voltar arredor dista temática no ensaio sobre a estética — cecáis unha estética — da paisaxe galega envolta no prólogo xeográfico da presente obra.

Paisaxe fondamente humanizada. Humus, humán. A sinxela relación gramatical dos vellos glosadores e escoliastas colle entre nós unha impresoante gravidade. E xurde unha figura e realidade, cecáis de superior valencia, da Galiza se a enxergamos na dimensión dunha pele fina, delgada, unha película de vida xeórxica, pastoral, vilega, sobre esgrevias e duras formaciós xeolóxicas. Poila humanización do chan galego non pode ser espreitado nin medido cos criteiros propios do estudio das terraxes labregas fondas, ricaces, dende a luzada da historia eleitas polo xénero humán, como o Exipto, os deltas asiáticos, as mesopotamias, os hortos e verxeles propios do clima humán e histórico do Mediterráneo.

O galego — o grupo, as xeneraciós, a tradición — ama súa terra como espallamento necesario que enteira a persoalidade do home e da caste. Non soio é o avencellamento económico. A economía enxebre do agro noso podería ser codificada polo fino e metódico Xenofonte, polo grave e petrucio Varrón, entramos tamén dilixentes oficiantes no culto dos Lares. Pro a xeórxica galega pide millor o saudoso saber de Virxilio, do Mantuano, un celta. E como eixe, e por baixo e por riba do económico, siñifica na Galiza a terra un elemento necesario prá inserción do home —da historia — no mundo. Non por farturenta como a aman os pachás de Exipto, ou os fellahs dos deltas, ou os colonos das hortas, quer o galego súa terra. Por riba da fartura, ou do "pasar" e o "vámola andando", eixes da vida, está a concencia e forma da persoalidade. Perante séculos rouca e ri sobre os galegos a sona firente ou bulreira de sermos afeizoados ós preitos, de afitar lonxe e fino calquer paisano no tema xurídico dunha serventía, un camiño, os lindeiros dun foro... Será certo; mais aínda é máis certo ser as fontes de tal paixón e sentido as mesmas fontes da persoalidade. O galego sin terra, ou sin lembranza ou espranza dela, considérase amingoado como na lei latina e na política clásica o desterrado.

O feito da psicoloxía xurídica, calquer feito revelador, exemprar, non houber desentoado nun enxergar conxunto da verdade xeográfica galega. Remanece da forma da paisaxe.

As proporciós da Galiza pastoral e labrega cambiaron moito na historia. Considerado o probrema dende o impeitizo do ser galego non se precisa difrencia nin xiquer de estaxe. O mesmo sentimento da terra loce fondo no pastor e no labrego inda siñificando no labrego unha chea ma-

PLANOS E MAPAS

Sinos convencionales.

ESTRADAS NACIONALES.
ID SEGUNDEIRAS.
ID LOCALES.
FERROCARRILES.
RIOS E ARROIOS.
ESTREMADELA DE PROVINCIAS.
ID. ESTADO.
POVOACIÓN.
POIO CONCELLO.
LOBI PARROQUIA.
EIREXA.
ERMIDA.
CAPELA.
CRUCEIRO.
CASTELO.
FONTE.
FARO.
AERODROMO.
201 ALTITUDE.
ARREDAMENTO ANTRE CURVAS DE NIVEL 100 MTS.
ESCADA DOS MAPAS REXIONALES 1:100.000

PLANOS

A CRUÑA
LUGO
OURENSE
PONTEVEDRA
VIGO
SANT-IAGO DE COMPOSTELA
O FERROL
MONFORTE DE LEMOS
BETANZOS
CAMBADOS
CARBALLIÑO
CELANOVA
MONDOÑEDO
MUROS
NOIA
PADRON
PONTESDEUME
REDONDELA
RIVADAVIA
SANTA MARTA DE ORTIGUEIRA
TUI
VERIN
VIANA DO BOLO
VILLALBA

MAPAS

MIÑO OUTO
REXION DE LUGO
SARRIA E SAMOS
REXION DE LEMOS
MIÑO CENTRAL
BAIXO MIÑO
REXION DE FONSAGRADA
REXION DE BECERREA
REXION DE VALDEORRAS
AS MEDAS
REXION DE CELANOVA
A LIMIA
VAL VERIN
COSTA DE LUGO
REXION DE MONDOÑEDO
RIA DE VIVEIRO
RIA DE SANTA MARTA
AS MARIÑAS
RIA DA CRUÑA
VAL DE BERGANTIÑOS
RIA DE CORME E LAXE
CABOS TOURIÑAN E FISTERRA
RIA DE MUROS E NOIA
VAL DO ULLA
REXION DE SANT-IAGO
RIA DE AROUSA
O LEREZ
RIA DE VIGO

A CRUÑA
OCEANO
ATLANTICO
TORRE D'HERCULES
PONTA PRADEIRAS
Enseada da Lagoa
FORTE
Enseada das Dormideiras
PARQUE D'ARTILLERIA
CAMPOSANTO
HOSPITAL
Enseada do Orzán
MIRAMAR
ESPORON
PRAIA DE RIAZOR
PRAIA DO ORZÁN
ENSANCHE
ISTITUTO
PRAZA DE TOUROS
Estrada de Fisterra
CANTÓNS
SOCIEDADE OUCEANOGRAFICA
DARSENA
MERCADO
OUSERVATORIO
VARADOIRO
CAES DO LESTE
CASTELO DE SAN ANTÓN
PORTO DA CRUÑA
ESTAZÓN DE SAN CRISTOBO
ESTAZÓN DO NORTE
ENSANCHE
N
F. C. de Madrid
Estrada de Lugo
Estrada de Sant-Iago
Escada
0 50 100 200 300 400 500 600 Mts.

LUGO
Estrada da Cruña
Estrada de Hombreira
CONVENTO DAS SALESAS
ESTAZON DO F.C.
Estrada de Ribadeo
Estrada de Fonsagrada
SAN FROILAN
CUARTEL
ESTITUTO
DEPUTAZON
HOSPITAL
SAN FRANCISCO
SANTO DOMINGO
CORREIOS
MACELO
MERCADO NOVO
DELEGAZON DA FACENDA
PAZO DO BISPO
CONCELLO
GOBERNO CIVIL
CATEDRAL
Estrada de Sant-Iago
SAN ROQUE
CAMPO DA FEIRA
CADEA
Estrada do Portomarín
SEMINARIO
CONVENTO DAS IRMÁS DOS PROBES
N
CAMPOSANTO
Escada
0 50 100 200 300 400 Mts.
Estrada de Ourense
CUARTEL DAS MERCÉDES


N.
PELIQUIN
DEPÓSITO DA CAMPSA
F. C. a Monforte
Estrada de Sant-Iago
O BELLAO
RIO
MIÑO
PONTE NOVO
HOSPITAL
Estrada de Monforte
Estrada de Ponferrada
SAN LÁZARO
GOBERNO CIVIL
DEPÓSITO D' AUGAS
CAMPOSANTO
CUARTEL DE SAN FRANCISCO
HOSPITAL DAS MERCÉS
Praza do Correxidor
CATEDRAL
SANTA EUFEMIA DO NORTE
Praza Maior
CONCELLO
A BARREIRA
Praza de San Marzal
Praza de Saco e Arce
Praza da Ferrería
TRINDADE
Praza da Trindade
ISTITUTO
XARDINS DO POSÍO
ISTITUTO D'HIXIENE
Estrada de Madrid
DEPUTAZÓN
SANTA EUFEMIA DO CENTRO
A BURGA
Praza do Bispo Cesáreo
ALAMEDA
RIO
BARBAÑA
CAPELA DOS REMEDIOS
CAMPO DOS REMEDIOS
VILA VALENZA
RIO
BARBAÑICA
Estrada de Portugal
A GRANXA
Estrada de San Clodio
F. C. a Vigo
Estrada de Vigo
ESTAZÓN D'OURENSE-EMPALME
OURENSE


PONTEVEDRA
N.
Malecón
do
Estrada
F. C.
Estrada de Sant-Iago
CAMPO DE DESPORTES
Estrada da Toxa
PONTE DA BARCA
PONTE DO BURGO
LÉREZ
Estrada de Monte Porreiro
MACELO
SAN BARTOLOMEU
IGREXA DE SANTA MARIA A MAIOR
CORBACEIRAS
CUARTEL DE S. FERNANDO
CONCELLO
MUSEU
CONVENTO DE SANTA CRARA
DELEGAZÓN DA FACENDA
FEIRA DE GANDOS
RUINAS DE SANTO DOMINGO
ALAMEDA
ISTITUTO
GOBERNO CIVIL
DEPUTAZÓN
XARDINS DE VINCENTI
IGREXA DA PELENGRINA
CORREIO
ESCOLA NORMAL
PRAZA DE TOUROS
MALECÓN
DAS
RÍO
DÁRSENA
CAES
Arroio de Valdecorvo
Estrada da Seca
HOSPITAL
Estrada de Ourense
Redonda
ESTAZÓN DO F.C.
Arroio dos Gafos
Estrada de Vigo
Sant-Iago
Estrada de Ponte Caldelas
Estrada de Marín
Estrada de Salcedo
Escada
0 50 100 200 300 400 500 Mts.



VIGO
BADÍA DE VIGO
CAES DE TRANSATLANTICOS
LONXA DO PEIXE
IGREXA DE SAN FRANCISCO
CONCELLO
PORTA DO SOL
ALAMEDA
CAES TRANSVERSAL
CAES RIBEIRA DO AREAL
TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
COMANDANCIA DE MARIÑA
PAZO DE XUSTICIA
CASTELO DO CASTRO
DEPÓSITO D' AUGAS
ESTAZÓN DO F.C.
CONVENTO DE CAPUCHINOS
BAIRRO DE SAN XOÁN
Estrada de Castela
O CALVARIO
BAIRRO SOBREIRO
BAIRRO RAGUNDA
VALEIRA
RÍO
Estrada de San Paio
CAMPOSANTO DE BOUZAS
F.C. da Ramallosa
Estrada de Baiona
A FROLIDA
ESTADIO
Estrada de Vincios
RÍO FOR

Estrada de Lugo
Estrada da Cruña
EIREXA DAS ANGUSTIAS
CONVENTO DE BELVIS
COLEXIATA DO SAR
N.
Ferrocarril da Cruña
ASILO
IREXA DE SANTO DOMINGO
MACELO
CONVENTO DE SANTA CRARA
HOSPITAL DE SAN ROQUE
CONVENTO DO CARMO
CONVENTO DE SAN AGUSTIN
CONVENTO DO ENSINO
ISTITUTO
CONVENTO DA MERCE
CAPELA DAS ANIMAS
CONVENTO DE SAN PAIO
CONVENTO DAS ORFAS
Praza de San Martiño
SEMINARIO
CATEDRAL
FACULTADE DE VETERINARIA
ESTAZÓN DE F.C.
Estrada da Coruña
CONVENTO DE SAN FRANCISCO
FACULTADE DE MEDICIÑA
HOSPITAL
CONCELLO
SAN CREMENTE
CAMPO DA ESTRELA
TRINDADE
CUARTEL
A FERRADURA
O PILAR
ALAMEDA
SANTA SUSANA
RIO SARELA
Estrada de Pontevedra
Estrada de Ourense
CIDADE UNIVERSIDARIA
Escada
0 50 100 200 300 400 500 600 700 800 900 1.000 Mts.
SANT-IAGO DE COMPOSTELA

Escada
0 50 100 200 300 400 500 Mts.
PORTA DE CANIDO
CAMPOSANTO
ASILO DOS VELLOS
HOSPITAL
CUARTEL
ESTAZÓN DE F.C.
Estrada de Castela
Estrada de Teixeiros
PORTA NOVA
CONCELLO
Praza do Marqués de Amboage
IGREXA DE SAN XIAO
MERCADO
DIQUE DE SANTIAGO
DIQUE RAÍÑA VICTORIA
CAPITANIA XERAL
LONXA DO PEIXE
PORTO
CAMPO DE CARANZA
(CAMPO DE DESPORTES)
HOSPITAL MILITAR
CAMPO DOS BATALLÓS
MATADOIRO CONCELLAR
CADRO DO ESTEIRO
CAES DE SAN FERNANDO
D Á R S E N A
N
RÍA DO FERROL
O FERROL

FOR MONS TES.

MONFORTE DE LEMOS

BETANZOS



CAMBADOS

CARBALLIÑO



CELANOVA





Escada
0 50 100 200 300 400 Mts.
N.
Estrada de Ribadeo
CAMPOSANTO
EIREXA DA NOSA SRA. DOS REMEDIOS
CAMPO DA FEIRA
ALAMEDA
EIREXA DE SANT-IAGO
CONVENTO
CONCELLO
CATEDRAL
PAZO DO BISPO
D'ARES
VALIÑA
RIO
MONDOÑEDO

Escada
MUROS
RÍA DE MUROS
CAPELA DE SANTA ISABEL
CAES DO NORTE
DÁRSENA
CORREO
ESCOLA
ALFANDEGA
CAPELA DO CARMO
HOSPITAL DOS PROBES
CONCELLO
CADEA
Estrada de Corcubión
N
CAPELA DE SAN XOSE
EIREXA
CAPELA DE SAN ROQUE


NOIA
Escada
0 50 100 200 300 400 Mts.
Estrada de Muros
Estrada de Santiago
CAPELA DE SAN BERNARDO
PONTE
Estrada de Padrón
TRABA
CAMPO DE SAN FRANCISCO
EIREXA DE SAN FRANCISCO
XARDINS
CONCELLO
ESCOLA
CASINO
EIREXA DE SANTA MARIA A NOVA
MACELO CONCELLAR
HOSPICIO VELLO
RÍA DE MUROS E NOIA
RÍO
CAPELA DE SAN LAZARO
PONTE
Estrada de Son
Estrada da Pobra
N


PADRON
Estrada de Noia
Estrada de Santiago
RÍO SAR
HOSPITAL
PONTE
Estrada de Boimorto
FONTE DE SANT-IAGO
Praza do Espolón
CAPELA DA V.O.T.
Praza de Macías
Estrada da Pobra do Caramiñal
Estrada de Pontevedra
N.
Escada
0 50 100 200 300 Mts.

PONTESDEUME
RÍO
EUME
Estrada da Estazón
Estrada do Ferrol
Estrada de Betanzos
Camiño do Camposanto
XARDINS PÚBRICOS
CAES
Prazo do Conde
PAZO DO CONDE
CANTÓN
Praza do Convento
ALAMEDA DE RAXOI
EIREXA
Praza de San Roque
ASILO
Camiño da Fonte Nova
N
Escada
0
50
100
200
300 Mts.


Escada
0
50
100
200
300
400 Mts.
RÍA DE REDONDELA
Estrada de Praia de Cesantes
Estrada do Pontevedra
CAPELA DAS ANGURIAS
AREDOUSAS
F. C. a Pontevedra
ESTAZÓN DE F.C.
VIADUCTO
Estrada de Vigo
CAMPO DA REDE
MERCADO
CAMPO DA XUNQUEIRA
RÍO
EIREXA
CAMPOSANTO
VIADUCTO
CONCELLO
Estrada de Fornelos
Estrada de Galicia
F. C. a Ourense
Estrada da Guardia
CONVENTO
N
R
REDONDELA


RIVADAVIA
Escada
AVIA
RIO
IGREXA DE SAN FRANCISCO
FONTE
PRAZA DE ABASTOS
Praza Maior
Praza de Buxán
CAMPO DA FEIRA
ESCOLA
CONVENTO DE SANTO DOMINGO
Estrada de Vigo
CASTELO

SANTA MARTA
DE ORTIGUEIRA
Escada
ASILO DOLORES DIAZ DE DAVILA
N.
ESCOLA
ESTAZÓN
FONTE DA PENELA
CONCELLO
CAMPO DA TORRE
IGREXA
Praza de Isabel II
Cantón
CAMPOSANTO
HOSPITAL
ALAMEDA
CAES
RÍA DE SANTA MARTA
MACELO
BICO DAS PEDRAS
CAPELA DA MAGDALENA
Estrada do Ferrol
FONTE DA MAGDALENA
Estrada a Ferrol
F.C.


TUI
Estrada de Ramallosa
Estrada de Redondela
Valenza
CAMPO DE FUTBOL
HOSPITAL
CAMPOSANTO
CAMPO DA FEIRA
CUARTEL DE CARABINEROS
MERCADO
XARDINS
ISTITUTO
EIREXA DE SANTO DOMINGO
CUARTEL DE MARIÑEROS
EMBARCADOIRO DE SANTO DOMINGO
Estrada de Randufe
MACELO CONCELLAR
EIREXA DOS FRANCISCANS
CONCELLO
CATEDRAL
EIREXA DE SAN TELMO
TEATRO
RÍO MIÑO
RÍO MUIÑOS
N.
Escada
0
50
100
200
300 Mts.


N.
Camiño de Castrelo do Val
Camiño de Monterrei
Estrada de Vences
Estrada de Vigo
SAN LÁZARO
RÍO TAMEGA
Praza da Estrela
EIREXA PARROQUIAL
CORREIO
TELEGRAFO
EIREXA DA MERCÉ
CONCELLO
ASILO
Estrada de Laza
Estrada de Villacastín
Estrada de Chaves
Camiño do Balneario
VERIN
Escada
0
50
100
200
300
400 Mts.


Escada
0
50
100
200
300
400 Mts.
N.
EIPEXA PARROQUIAL
CAMPOSANTO
CASTELO
CONCELLO
ESCOLA
FONTE
Praza Maior
CENTRAL ELEITRICA
Estrada de Petín
Camiño do Terroso
Estrada de Gudiña
VIANA DO BOLO


Escada
0
50
100
200 Mts.
N.
BAIRRO DO PONTIGO
Estrada do Ferrol
HOSPITAL
Praza Maior
CASTELO
CAMPO DO CASTELO
ALAMEDA E CAMPO DA FEIRA
CAMPO DE SAN XOAN
CAPELA SAN ROQUE
Camiño do Camposanto
Estrada de Baamonde
VILLALBA


MIÑO OUTO
Concello de Abadín
Concello de Villalba
Concello de Castro de Rei
Concello de Outeiro de Rei
PROVINCIA DE LUGO
VILARENTE
Porto Bouza
Coto dos Freires
O Castro
PASTORIZA
Monte Cacharela
Pedralba
MONCELOS
GRAÑA
Rozas dos Trocos
Fraga de Barduedo
CORVELLE
REIGOSA
Coto das Penas Grandes
O Picouto
RIOAVESO
Marco do Forneiro
Roza do Preito
Porto do Marco
SALDANXE
A Croa
As Curras
Chao da Fraxaca
A Espiñeira
GOA
Vila dos Vilares
PACIOS
CRECENTE
A Rega
A Coste
Medorra d'Ouro
O Arneiro
MOIMENTA
Agro da Taberna
SISTALLO
Emisora
OUTEIRO
As Barreiras
BALTAR
SANTA CRISTIÑA
Os Birelos
SEIXAS
VILAPENE
LAGOA DE COSPEITO
COSPEITO
Lama Mariña
A Veiga
Abriota
POUSADA
A Pena
Penas Brancas
Veiga do Toxeiro
BAZAR
Coto de Cubelo
Coto de Grandela
Veiga da Lama
Pena Corbeira
PINO
A Fonte
Agro Vello
SANTA LEOCADIA
CASTRO DE REI
PREVESOS
Pedra Albar
Agro das Pradeiras
Veiga da Lama
A Medorra
A Fraga
XERMAR
Lagoa da Forca
QUINTELA
Coto de Courras
Coto de Ver
TAMOGA
Outeiros de Pomares
O Caseto
FERREIROS
BEXAN
Monte Oucido
LAMAS
O Espiñeiro
GOBERNO
Coto de Fondoi
AZUMARA
TRIABA
Cancilla do Cádabo
COSTAS
TORNEIROS
BESTAR
ANSEMAR
RAMIL
ARCILLA
Lagoa de Bardancos
BALMONTE
SISOI
BENDIA
Monte da Costa Moura
Monte das Rozas de Cruceiro
MOS
Coto de Vilariño
Coto de VILADONGA
CELA
TABOI
RIBEIRAS DE LEA
Manicomio
O Forestal
Chouqueiro
Coto de Rodas
Monte do Forno
SILVA

REXION DE LUGO
Agro de Cabra
OUTEIRO DE REI
BONXE
Emisora
Monte Vello
Pena Maior
Monte Francos
DUANCOS
ORIZON
CARAZO
Monte Revolta
Monte das Rozas Novas
MOSTEIRO
Monte Queimado
PAZ
Monte do Marco
ASPAI
BORRA
MARTUL
AGUIAR
Pena do Bico
TEIXEIRO
Concello de Castro de Rei
SILVARREI
Monte da Cabana
Central Eléctrica
GUILLAR
Monte Queimado
Pena dos Corvos
Coto de Provincia
Coto do Freixido
Pena do Millo
Monte Mourelle
Monte Traspenalba
Porto do Pé de Boi
Monte das Pezas
MAZOI
BENADE
RUBIAS
PARADA
PIAS
MEDA
TIRIMOL
Montes do Castelo
Monte Pañaos
Medorra da Requeira
Coto de Bagueixos
Monte das Gándaras de Piñeiro
MUXA
Monte Reconco
LABIO
Outeiro Maior
Outeiro do Can
HOMBREIRO
BOCAMAOS
Monte da Medorra
OUTEIRO
Chao de Bocamaos
Monte das Costas Vellas
BARREDO
Coto dos Ferreiros
PEDREDA
Monte dos Outeiros
MEILAN
ALBEIROS
DE
Monte do Agro
Monte Ladride
PROVINCIA
Pena da Greta
ADAI
Monte Fariña
LUGO
GONDAR
SOTOMERILLE
Monte da Pena de Rei
Monte de San Cibrao
Monte do Outeiro Longo
BASCUAS
Pena Furada
LUGO
CARBALLIDO
ROMEAN
Coto de Marcoi
Coto da Pena Loira
Monte Porriño
Monte de Santa Locaia
SAAMASAS
OBRAZAI
PADERNE
OUTA
VERAL
BOVEDA
PONTE
MUXA
Ponte de Gude
VILADRA DE MERA
VILACHA
PIÑEIRO
Monte das Verrugas
SEGOVIA
Monte da Pena do Ladiveiro
PROGALO
Monte da Revolta
CHIÑA
CASTRO
ANXOS
RECIMIL
Agro do Outeiro
PIUGOS
COEO
ADAI
BURGO
Pena do Couso
ESPERANTE
Agro de Requeixos
ARXEMIL
SOÑAR
PENA
CHAMOSO
POUTOMILLOS
As Canteiras
Ermida de San Xosé
PEDRAFITA
CALDE
Cruceiro de Fontenova
SANTA COMBA
CHAMOSO
BERGAZO
CAMPELO
Pena da Alacha
LAXOSA
Agro das Pataqueiras
Concello de Castroverde
Concello de Pol
MIÑO


SARRIA E SAMOS
SARRIA
PROVINCIA
LUGO


REXION DE LEMOS
MONFORTE DE LEMOS
PROVINCIA
LUGO


MIÑO CENTRAL
PROVINCIA DE OURENSE
OURENSE
Concello de Taboadela
Concello de Castrelo do Miño
Concello e Esgos
AMOEIRO
ABRUCIÑOS
BOVEDA
Pena Vidueira
COLES
A PEROXA
O Cabale
Coto de Liñares
NOGUEIRA DE RAMUIN
MELIAS
As Peneguizas
Chao do Monte
FARAMONTAOS
Coto de Vilerma
AMESES
PARADA
FONTEFRIA
Taberna de Cach
As Telleiras
BEIRO
San Bento
BUSTEI
O Cousu
RIVELA
VILAMOURE
Monteagudo
Coto de Carballeira de Maside
A Silveiriña
Cima da Costa
A Canda
Coto de Paradela
O Tumbo
CAMPO
FREAS
PUNXIN
A Portela
TRASALBA
O CASTRO
VILAR
VILARIÑO
Coto de Parada
PALMES
Coto da Torre
Lodeiros
CUDEIRO
Ermida de Garpazal
BARBANTES
Coto d'Abaixo
Outariz
CANEDO
VELLE
SABADELLE
Coto de Seoane
Valverde
O Lombo
Tapada de Bouza
TRIÓS
ARRABALDO
A Carboeira
UNTES
REZA
SANTA EUFEMIA DO NORTE D'AFORA
TIBIÁS
PEREIRO D'AGUIAR
Fonte das Cerdeiras
Coto de Cebreiros
COVAS
FEA
A Rexa
PIÑOR
SANTA EUFEMIA DO CENTRO D'AFORA
CEBOLIÑO
Lomba do Cruceiro
Lourido
MUGARES
Monte Seixo
Monte alegre
Ermida de Granza
A Chaira
MOREIRAS (Santa Marta)
CHAO DE ARCAS
PUGA
ALONGOS
Coto da Fonte
TOEN
O Malladoiro
VALENZA
Outeiro de Rairo
O MONTE
Presa Vella
MOREIRAS (San Xoan)
Coto Puga
Coto de Larelle
O Pineiral
Coto de Samiz
Os Campos
Ermida de San Xoan
Cortoira
BARBADÁS
SEIXALBO
Ermida de Santa Agueda
O Cumial
Coto de San Xoan
O Grubial
CALVELLE
Os Eucalitos
XESTOSA
MOREIRAS
Chao da Medorra
Coto de Villarchao
A Medorra
SAN CIBRAN DAS VIÑAS
Outeiro de Santa Cruz
RABEDA (Santa Cruz)
Outeiro da Vacariza
Coto de Xestosa
TRELLE
SOBRADO DO BISPO
A Popeira
Rodeiro
NOALLA
SOLVEIRA
SIABAL
Ermida de San Roque
Airiñas dos Mouros
Coto de Vilanova
SANTE
FIGUEIREDO
O Castro da Pereira
Mamoeiral
LOIRO
Outeiro da Egrexa
Outeiro de Calvos
PADERNE DE ALLARIZ
SOUTOPENEDO
O Pandeiro
A Debesa
GOLPELLAS
O Penedo
Monte Longo
TOUZA
RABEDA (Santiago)
COUCIEIRO
CANTOÑA


BAIXO MIÑO
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
PORTUGAL
SERRA DO ARGATO
Porto Canela
PERDONES
Corrubelo
Lousada
As Margaridas
Fábrica d'Electricidade
TEBRA (Santa María)
TEBRA (San Salvador)
O Castro
PESEGUEIRO
RANDUFE
Seixos Albos
TUI
O Castelo
Coto de Cristelos
O Foxo
Monte Outo
Porto de Ribasalta
As Fiaras
Vilachán
VILAMEAN
Ponte Internacional
Porto de Sta. Maria de Oia
BURGUEIRA
BARRANTES
O Cabaz
O Chan
AREAS
SOBRADA
O Marco
A Pedreira
Mosteiro
TABORDA
PIÑEIRO
Porto da Fonte das Mañas
A Valga
Coto de Pazos
A Presa
As Talleiras
LOUREZA
As Vileiras
Couto de Vilacha
Pena Axoeira
Puza dos Corvos
Ermida de Santa Comba
TOMIÑO
FORCADELA
Ermida de San Bento
Monte Redondo
ESTAS
O Picouto
As Medas
Campo do Couto
Central Eléctrica
Portocelo
Porto d'Amiadelo
Os Muiños
Monte Lousado
FIGUEIRO
Casiña de Carabineiros
A Valga
A Cal
Niño do Corvo
Cruceiro da Portela
Porto da Escuma
Illa Vacariza
O Bazar
Cabezo Gordo
GOIAN
Pazo de Torres
ROSAL
Outeiro da Portela
Castelo
Torroso
As Bornas
TABAGON (San Xoan)
EIRAS
Illa Monteira
O Castro
TABAGON (San Miguel)
Casiña de Carabineiros
Illa Boeda
A GUARDIA
Eiras e Camposanto
Embarcadoiro de San Miguel
SALCIDOS
O Torreiro
Campo d'Aterrizaxe
Illa Cotexos
Porto
Illa Canosa
O Facho
Santa Trega
CAMPOSANCOS
Areiña do Pasaxe
Praia de Camposancos
Secos da Nosa Sra. d'Agonia
N


REXION DE
BECERREA


REXION DE FONSAGRADA


REXION DE VALDEORRAS
PROVINCIA DE LUGO
PROVINCIA DE OURENSE
O BARCO
A RUA
VILLAMARTIN DE VALDEORRAS
PETIN
LAROUCO
O BOLO
Concello de Manzaneda
Concello de Carballeda
Concello da Veiga
Quiroga

AS MEDAS
PROVINCIA DE LUGO
PROVINCIA DE OURENSE
Concello de Pantón
Concello Monte Nogueira
Concello de Nogueira de Ramuín
PARADA DO SIL
A TEIXEIRA
XUNQUEIRA D'ESPADAÑEDO
Concello de Paderne de Allariz
Concello Coto de Vilarellos de Maceda
MONTEDERRAMO
Concello de Chandrexa de Queixa
Sober
Concello de Monforte
Castro Caldelas


REXION DE CELANOVA


A LIMIA


VAL DE VERIN
PROVINCIA DE OURENSE
PORTUGAL
VERIN
CASTRELO DO VAL
MONTERREI
ALBARELLOS
VILLAZA
OIMBRA
SAN CIPRIAN
TAMAGUELOS
RABAL
MANDIN
VILARDEVOS
TINTORES
VILAMAIOR
QUEIROGAS
ABEDES
OSOÑO
PAZOS
VENCES
ESTEVESIÑOS
INFESTA
MONTES
FLARIZ
MEDEIROS
SAN CRISTOBO
CHAS
A GRANXA
VIDEFERRE
BOUSÉS
CABREIROÁ
TAMAGOS
MOURAZOS
VILARDECERVOS
ENSAMES
ARZÁDIGOS
VILARELLO
RIO TÁMEGA
Os Castelos
Coto da Cota
Cruz da Portela de Wamba

COSTA DE LUGO
MAR CANTABRICO
PROVINCIA DE LUGO
PROVINCIA DE OVIEDO
FOZ
RÍA DE FOZ
RIBADEO
RÍA DE RIBADEO
CASTROPOL
BARREIROS
REINANTE
BENQUERENCIA
RINLO
PIÑEIRA
VILASELÁN
VILAFRAMIL
DEVESA
FIGUEIRAS
BARRES
MOLDES
SEARES
PIANTÓN
CELEIRO
CABARCOS
CUBELAS
ARANTE
CEDOFEITA
VILAOSENDE
FORNEA
VIDAL
BALBOA
COUXELA
Ponta do Corno
Ponta do Mosteiro
Ponta da Cruz
Ponta das Peñas Brancas
Ponta do Niño Corvo
Ponta dos Feleiros
Ponta de Corza Mariña
Enseada de Liñares
Porto de Rinlo
Pena dos Corvos
Praia Cegoñas
Praia do Esteiro
Praia de Balea
Ponta do Castro
Ponta Corbeira
Ponta de San Bartolomé
Ponta do Cabo
Enseada da Ronqueira
Praia de Paixás
Golfo da Masma
Enseada de Arnao
Illa Pancha
Monte de Folla
Mondigo


REXION DE MONDOÑEDO
Concello de Alfoz
Concello de Val de Ouro
Concello de Muras
Concello de Vilalba
Concello de Lourenzá
Concello de Riotorto
Concello de Pastoriza
PROVINCIA DE LUGO
SERRA DA CARBA
CORDAL DE NEDA
MONDOÑEDO
Pena Capelada
Coto Vinin
Coto Rombeiro
Marquide
Chao da Cabana
LOURENZA
VILANOVA
MASMA
VILAMOR
VILALBAE
Monte Camba
Coto dos Galos
Touriza
Curro do Bispo
Coto de Lagoa
Coto Cal
Padorpelo
Chao da Campa
Pena da Rouca
Picouto
Montemaiot
Laboreiro
FIGUEIRAS
OIRAS
PEREIRA
CADRAMON
Pena do Boi
Seixo Branco
Lombo Pequeno
Lombo Longo
Pena Vella
Eira Vella
Chao de Coto Vello
MONTOUTO
Pena Cadeira
Penas Mouras
Veiga do Samargo
Chao da Fouce
Pena da Crus
Pena d'Anga
LABRADA
ROMARIZ
FANOI
SAMARUGO
CORVELLE
CASTROMAIOR
CANDIA
ABADIN
Abelleira
FRAIAS
QUENDE
GALDAO
CABANEIRO
Neda
SASDONIGAS
ABRUMEIRO
LINDIN
MAIOR
Capela Boa
Coto do Seixo
A Revolta
Carracedo
Pena da Veiga
CABAREDO
Forneiros
Cruceiro do Cristo de Arandal
Cruceiro do Cristo de Lanzas
Cruceiro do Cristo de Fiego
BRETOÑA


RIA DE VIVEIRO
Ponta dos Colos
Illa Coelleira
Ponta Camero
Monte Cagho
Ponta Penalleta
Ponta Forcada
VAL (San Esteba)
Ponta Famenta
Ponta Penaschás
Ponta Merceira
Illa Fados
Enseada da Pereira
Ponta Fociño de Porco
Ponta do Faro
Illa Gaveira
Porto de Vale
Ponta da Insua
Illa d'Area
RÍA DE VIVEIRO
Cargadoiro de Mineral
Ponta Manseliña
Ponta de Meitón
Ponta de Canido
Os Netos
Enseada do Coido
Ponta Roncadoira
Illa de Cal
Enseada Salseira
Illa de Sarón
Ponta d'Arxente
PORTOCELO
A Canteira
A Picaraña
MORAS
A Vela
Monte Piniche
Coto de Cabandela
A Granda
Monte Gonzalvo
Monte de Golán
XUANCES
FARO
Campo da Lagoa
Ponta Morás
A Sombriza
Ponta Galiño
A Baixa
Ponta dos Altares
I. Besugueira
Os Farallóns
O Pé
Cabo de San Ciprián
Ponta da Fontiña
Ponta Barrosa
As Irmans
Ponta de Fontemar
Furada Vella
LIEIRO
A Roela
O Texeiro
As Toxeiras
XOVE
LAGO
Costa do Oso
Coto da Venta
CERVO
Pena Roma
SARGADELOS
LUGO
A Medela
Medela Pequena
CASTELO
A Piquiña
Chao das Pazas
Coto Randea
Coto de San Vicenso
A Corveira
Forca da Loba
Monte da Lomba
Monte do Chao
CELEIRO
COVAS
VIVEIRO
Penedo das Augas
Pena de Mexoa
Penedo da Cruz
Monte Maior
REGUEIRA
Coto de Marrube
VILASTROFE
Salto da Can
Coto Vilariño
O Cabaleiro
Coto de Cavanelo
Outeiros das Penas Agudas
Pasadoiro da Ponta do Crego
Penedo dos Santos
A Redonda
MONTE
Pelobrinco
Concello de Foz
RUA
VALCARRIA
O Clavadoiro
Pena da Leña
Coto de Galdiño
Pena Edrada
Outiño da Cruz
MAGAZOS
VIEIRO
GALDO
LANDROVE
A Fraga
O Vilillo
Fontañas
O Padró
Silvarosa
PROVINCIA
Ponta da Leira
Lombo de Martiño
Pico de Castrodo
Cova do Ferro
MOSENDE
Monte Merán
Monte Faro
VAL
SUEGOS
O Facho
O Prantío

RIA DE SANTA MARTA
OCEANO
ATLANTICO
Illa Cabalo Xoan
Illa Maior
Ponta dos Aguillós
Ponta do Limo
Cabo Ortabade
Ponta do Seixo
Ponta Tiñosa
Cabo Ortegal
CARIÑO
Ponta do Castro
Rada de Cariño
PEDRA
Outeiro Miranda
PROVINCIA
Monte da Herbeira
SISMUNDI
LANDOI
A Cruz
FEAS
VEIGA
RÍA DE ORTIGUEIRA
Ponta do Freire
Ponta Cabalar
Ponta Promontoiro
Ponta Leixa
Outeiro do Foxo
SANT-IAGO DE MERA
Outeiro de Moura
SAN CLODIO
Outeiro Panxás
SANTA MARÍA DE MERA
Ponta Castro de Moura
Praia de Fornos
Illa de S.Vicenzo
Ponta Tallo
Praia de Santa Olaia
ESPASANTE
Ponta dos Prados
Ponta da Bandeixa
Illa Pedra Meá
As Tres Marías
CELTIGOS
LUIDA
RÍA DE LADRIDO
LADRIDO
LUHÍA
ORTIGUEIRA (Sta. Marta)
CUIÑA
FREIRES
Callobre
DA
CRUÑA
Coto Vilariño
COUZADOIRO
Coto Roca
SERRA DA CORISCADA
MAÑÓN (Sta. María)
Lomba de Freitido
Concello de Riobarba
Ponta Herbosa
Illa de Rudicio
Praia de Picón
Ponta Maeda
Cabo Mogor
MOGOR
Facho Maeda
Ponta Estaca de Bares
Faro da Estaca
Cabo Bares
VILA DE BARES
Porto de Bares
Praia de Bares
Praia de Vilela
Ponta da Cova
RÍA DO BARQUEIRO
LUGO
VAL
Pena das Plas
NEGRADAS
Pena Moura
RIBEIRAS DO SOR
MOSENDE
Coto Vilar
RIOBARBA
DE
PROVINCIA

AS MARIÑAS
ATLANTICO
OCEANO
C. Prioiro
Os Cabalos
Ponta Garrido
Ponta Soforno
P. de Sta. Comba
O Pedrouzo
O Crebadoiro
Ponta Castelo
Ponta Corveiro
P. de Pousos
P. da Hortiña
MONTES DA LAGOA
A Cova O Petón
Ponta Cela
Pena Branca
Illa Herbosa
Praia de San Xurxo
COVAS
Sabugueiro
Painceira
MARMANCÓN
MANDIÁ
ESMELLE
A MARIÑA
Pedrouzo
Campuiñas
SERANTES
Ponta Lavandeira
Illas Gabeiras
Ponta do Castro
Praia de Doniños
PROVINCIA
Lagoa de Doniños
Ponta Penedia
BRIÓN
A GRAÑA
Outeiro das Pedras Boas
Ponta Tiraces
Pta. Bardeiro
Pta. de San Carlos
C. Prioiriño
Faro de Prioriño
Ponta do Segaño
Ponta Coitelada
Enseada do Areoso
Ponta Avarenta
CERVAS
RÍA
ARES
Illa de Miranda
Ea. de Ares
Ponta do Castelo
P. de Raso
RIA DE ARES
MUGARDOS
MEHA
Ea. do Baño
Ponta Leiras
Ponta Camposanto
O FERROL
DO
Ponta Promontoiro
MARIÑOS
Ponta da Pena do Ramo
Ea. da Caranza
Enseada da Gándara
Pta. Cateira
FERROL
DA
VILAR
TRASANCOS (Sta. Cecilia)
LEIXA
TRASANCOS (San Mateo)
VAL
Concello de Valdoviño
SEQUEIRO
CASTRO
NARÓN
Enseada do Coto
A XUBIA
NEDA
FENE
PERLÍO
BARALLOBRE
MAGALOFES
FRANZA
PIÑEIRO
LIMODRE
CAAMOUCO
PORTO
CABANAS
ERINES
SALTO
LARAXE
Monte do Cagabal
Coto das Nodias
REGÜELA
Serra
Monte do Lobo
Fonte dos Bebedoiros
NEDA
Coto do Rei
VILADONELLE
SILLOBRE
Monte do Marraxón
CRUÑA
ANCA
MARAÑO
Anco
Piñeiro Outo
DOSO
PEDROUZO
XUBIA
Porto Novo
A Roxa
SEDES
O Belo
MONTE
Concello de San Saturniño
Concello de Pontesdeume
SOASEIRA


RIA DA CRUÑA
OCEANO
ATLANTICO
Ponta Roza
Ponta Torreira
Ponta Pedrido
Ponta Rasa
Ponta do Seixo Branco
Enseada do Canaval
Enseada da Fontenla
Enseada de S.Amaro
PORTO
A CRUÑA
DA CRUÑA
Porto da Santa Cruz
Illa Santa Cristiña
Caes do Leste
Cabalo da Pradeira
Ponta Herminia
Ponta do Orzán
O Boi Grande
O Boi Pequeno
Enseada do Orzán
Ponta Mexillosa
Ponta Penaboa
Illas de San Pedro
Porto de San Pedro
Illa Redonda
Ponta do Burro
Pedra da Barca
Ventorrillo
San Xosé
Monticaño
PROVINCIA
DA
CRUÑA
Ponta da Pedra Cernada
Monte Suevos
Coto da Arca
Ponta Rabadela
Praia de Portela
Pena Roxa
RÍA
DE
BETANZOS
Ponta Camoureda
Ponta Carboeira
Illa Carboeira
Ponta de San Anton
Enseada de Lourido
I. do Carbon
Ponta da Herba
Ponta de Fontan
Ponta Corbeira
Ponta Xurelos
OLEIROS
CAMBRE
CULLEREDO
BERGONDO
BETANZOS
MIÑO
SADA
ELVIÑA
OZA
PERILLO
LIANS
O BURGO
ALMEIRA
O TEMPLE
PRAVIO
CELA
CECEBRE
SIGRAS
ANCEIS
A Rocha
SÉSAMO
SUEIRO
BREXO
BRIBES
GUISAMO
GRENDES
A Lapa
Concello de Oza Dos Rios
Concello de Arteixo


VAL DE BERGANTIÑOS
OCEANO
ATLANTICO
Ponta do Boi
Ponta Muiños
Illa Pepino
Ponta Falcoeira
Illa de San Bartolomé
Praia de S. Miro
Ponta dos Guichos
Ponta Chan de Razo
Porto de Razo
Praia de Rias
Illa da Pedra da Sal
Praia de Baldaio
Enseada do Xunco
Ponta Saleiro
Ponta Das Ondas
Ponta da Atalaia
Ponta da Torre
Ponta Redonda
Ponta Xaldrama
Concello de Malpica
Concello de Bergantiños
Concello de Ponteceso
PROVINCIA
DA
CRUÑA
Coto do Cuco
Coto Lentoño
Os Seixos
Coto de Cambre
Monte Nemo
Montes de San Amaro
Monte Cean
Monte Cercedo
Coto de Bas
A Costoia
Os Pedrouzos
Coto de Oza Vella
Castro da Condesa
Monte do Vixia
Monte de Vilela
Coto de Cortiño
Coto de Lendo
Coto do Freixal
Coto de Fereón
Coto de Larín
Coto do Galo
Coto Barbeito
Coto de Godor
Coto de Montesclaros
Coto de Fragundo
Coto de Xesta
Coto do Paradiso
Coto do Seixo
Coto de Taveira
A Cachopa
Os Pelouros
A Meda
Coto de Lorteiro
Poza dos Feios
Pedra d'Aguila
Coto de Canedo
Coto de Calvelo
Coto da Pena
Chan de San Mamede
CARBALLO
LARACHA
Concello de Arteixo
Concello de Cerceda

RIA DE CORME E LAXE
OCEANO ATLANTICO
PROVINCIA DA CRUÑA
RÍA DE CORME E LAXE
Illas Sisargas
Sisarga Grande
Sisarga Pequena
Illa Malante
Cabo de San Adrián
Enseada e Praia de Esteiro
Enseada e Porto de Barizo
MALPICA DE BERGANTIÑOS
PONTECESO
LAXE
CORME - PORTO
Ponta Roncudo
Ponta Nariga
Ponta do Seixoso
Ponta Carboeira
Monte Carboeiro
Ponta de Fontiña
Enseada de Portanova
Ponta do Aguillón
Ponta Insua
Ponta Carreiro
Ponta Catasol
Illa do Alain
Enseada de Baleira
Couto do Petiño
Concello de Coristanco

CABOS TOURIÑAN E FISTERRA
ATLANTICO
OCEANO
PROVINCIA DA CRUÑA
Ponta Buxeiradas
Cabo Touriñan
Enseada do Cuño
Ponta Moreira
Ponta Insua
Monte Pedrosa
Coto de Vilamaior
MORQUINTIAN
Coto de Vilachán
Coto do Prado
TOURIÑAN
BARDULLAS
Coto de Bounzas
COUCIEIRO
Coto d'Agar
Monte Gordo
Coto de Loalo
NEMIÑA
Monte Nemiña
Coto de San Tirso
FRIXE
BUITURON
SALGUEIROS
Petón dos Muiños
VILASTOSA
Agranzón
Concello de Vimianzo
Coto das Marañas
BERDEOGAS
Pedrosos
DUMBRIA
Coldo das Negras
Olladal das Cadeas
Ponta Montegordo
Ponta Cusiñadoiro
PEREIRIÑA
Os Muiños de Trofín
Pedra do Conde
Coldo de Calboa
LIRES
Ponta da Lagoa
A Cruz
Coto de Cantorna
A Vela
Coto da Lagoa
Ponta Besugueira
Coto das Meas
Pedras Louras
Pedras Canteiras
Coto de Cheda
BUXANTES
Prado de Rei
Praia do Rostro
Setegrises
TOBA
Petón d'Armada
Ponta das Pardas
Campo Redondo
Monte Sembra
Petón Branco
Fontefría
Ponta do Castelo
Coto do Cruceiro
CEE
Penazón
Monte Pedriña
Praia d'Arnela
Cruz da Rapadoira
SARDIÑEIRO D'ENRIBA
Coto de San Andrés
BRENS
Marco Lobeiro
Petón da Meixoneira
P. d'Arnela
Monte Seoane
Couto do Dente
SARDIÑEIRO DE BAIXO
CORCUBION
Praia de Brens
Monte d'Ameixenda
Coto de Campo Grande
Coto de Montemaior
P. do Sur
O Castro
P. d'Arnela
Petón d'Espiñeiros
RÍA DE CORCUBIÓN
AMEIXENDA
Coto de Carballeda
Coto de Mallás
A Bolela
Monte de Quenlle
Cabo de Nave
Veladoiro
Praia de Lagosteira
Ponta de Sardiñeiro
Ponta Pía
REDONDA
Petón das Cabanas
EZARO
Coto de Carreiroa
P. Gaivoteira
Cabo da Naza
Ponta do Salto
Cabo de Cee
Concello de Mazaricos
Praia do Mar de Fora
FISTERRA
P. Galera
Ponta de Gures
Ponta Fusín
Ponta d'Ouvidos
Monte do Facho
Ponta Bardullas
Carromeiro Pequeno
Enseada de Ezaro
Ponta da Sinal
O Barquiño
Ponta do Fornelo
CARNOTA
Carromoeiro Grande
Ponta Ravela
Praia de S. Pedro
Ponta do Carallete
A Centola de Fisterra
Ponta Saudade
Ponta do Porto Quilmas
A Moa
O Foxo
Cabo de Fisterra
Lobeira Grande
Praia do Pedregullo
Concello de Carnota


RIA DE MUROS
E NOIA
OCEANO ATLANTICO
RÍA DE MUROS E NOIA
PROVINCIA DA CRUÑA
Concello de Outes
Concello de Lousame
Concello de Boiro
CARNOTA
MUROS
NOIA
Praia de Carnota
Enseada de San Francisco
Enseada de Muros
Enseada de Bornalle
Ponta Carreira
Pedra de Con
Ponta do Burro
Rochas do Neixón
Ponta Roxa
Ponta do Outeiriño
Ponta Insua
Porto dos Botes
Praia de Susiños
Porto Ardileiro
Porto do Crego
Ponta dos Penedos
A Gaviota
Porto Cubelo
O Queixido
Ponta Abelleira
Porto do Salto
Illa de Santa Catarina
Illa de Quebra
Illa Aigueira
Ponta do Martelo
Ponta Portosín
Ponta Hornanda
Praia das Vellas
Pena Afixeira
Praia de Son
Ponta Sagrada
Atalaia
Balcón de Pilatos
Praia d'Amela
Ponta Inchide
Ponta Safocho
Ponta Bombal
Praia Rexa
BARBANZA
MONTES

VAL DO ULLA
PROVINCIA DA CRUÑA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
RIO ULLA
PADRON
PONTECESURES
A ESTRADA
TEO
CATOIRA
VALGA
Concello de Caldas de Reis
Concello de Cuntis
Barca da Dorna
Monte Lapido
A Meda
Debesa de Barcala
Monte do Castro
Coto d'Azoreiros
Cruz de Pau
Chan da Quenlle
Coto da Cruz


REXION DE SANT-IAGO
SANT-IAGO DE COMPOSTELA
PROVINCIA
DA
CRUÑA
Concello de Vedra
Concello de Rois
Concello da Baña
AMES
BRION
TEO
CALO
BOQUEIXON
LESTEDO
SABUGUEIRA
LOUREDA
ENFESTA
CARBALLAL
SAN MIGUEL
ORIXOA
FIGUEIRAS
VILESTRO
MARROZOS
SANTA MARIA DO SAR
ARINES
BUGALLIDO
BASTAVALES
ORTOÑO
COVAS
CACHEIRAS
RECESENDE
GASTRAR
VIGO
LAMAS
Monte da Pedreira
Pico Sacro
Monte da Medorra
Monte do Pedroso
Pena Redonda
Agro dos Monteiros
Monte Areal
Pedra Gallada
Os Penedos de Vigo
Coto Devesa
Pena Deitada
A Peleda
Monte da Velha
Fonte Carballo
Rio Sar
Rio Tambre


RIA DE AROUSA
PROVINCIA DA CRUÑA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
AROUSA
POBRA DO CARAMIÑAL
BOIRO
RIANXO
VILAGARCIA DE AROUSA
VILANOVA DE AROUSA
ILLA DE AROUSA
CAMBADOS
O GROVE
CARRIL
CAMPON
CASTRO
ABANQUEIRO
LEIRO
LESON
XOBRE
POSTMARCOS
SOBRADELO
FONTECARMOA
CORNAZO
RUBIANS
CALEIRO
DEIRO
TREMOEDO
CORBILLON
VILARIÑO
DUBIÑA
RIBADUMIA
BARRANTES
MEIS
SISAN
CASTRELO
ANDRAS
SOLOVEIRA
AREALONGA
BAMIO
QUINTANS
ASADOS
Illa Aroña
Illa Benencia
Illa Braña Grande
Illa Con Branco
Illa Cortegada
Illas Malveira
Illas Sinas
Illa Gorma
Illa Xidoiro
Illa Abelleira
Illa Galiñeiro
Illa Rous
Illa Toxa
Illa Beiro
Illa Marma
Enseada da Mercé
Enseada da Pambina
Enseada da Brava
Enseada de Carballeira
Enseada da Eirexa
Enseada das Cónchegas
Ponta Costadal
Ponta Piqueta
Ponta Ostreira
Ponta do Cabio
Ponta da Cova
Ponta Barbafeita
Ponta da Cruz
Ponta Banqueira
Ponta Arnelas
Ponta do Cantodorxo
Ponta Cabeza do Mouro
Ponta da Moreira
Ponta Fincheira
Ponta do Capitán
Ponta Angados
Praia de San Lázaro
Praia do Caramiñal
Torre de Seixas
Torre de Ortoira
Lus Fixa
Monte Lois
Coto de Paradela
Concello de Catoira
Concello de Meaño
A Xarda


O LEREZ
Concello de Portas
Concello de Moraña
Concello de Cerdedo
Concello de Lama
Concello de Ponte Caldelas
Concello de Meis
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA
RIA DE PONTEVEDRA
Enseada de Campelo
COTOBADE
CAMPO LAMEIRO
SERRA CASTRADA


RIA DE VIGO
OC. ATLANTICO
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
VIGO
REDONDELA
CANGAS
MOAÑA
BUEU
Enseada de Bueu
Ilha do Santo do Mar
Illa de San Simón
Estreito de Rande
Ilha Toralla
Cabo Udra
Ponta Promontoiro
Ilha Borneira

dureza. Sobre delo temos de voltar. Un ensaio, xiquer non pase de índice temático, de historia da paisaxe galega, débese teimar nistas páxinas... Adiantamos, respondendo cecáis a unha pregunta, a un argumentar do leitor, unha terceira forma, ou millor "figura", de vida ou de vivencia: a cidadán, chamémoslle "vilega". A rúa xa se non demarca no aspeito material nos lindeiros da cidade. Sistemas en renque, en circos crecedeiros, en estaxes, de casas de tipo vilego cobren tramos de costa, de bocarribeira, de montana, e non somentes como espallamento da figura cidadán.

A paisaxe amestada de casas debe ser, emporiso, xusgada nos seus verdadeiros termos. Soio dá un aspeito de tona vilega pois non hai o esprito, nin o proceso e función da rúa. E ben sabemos de que xeito a rúa siñifica a condición e o froito da cidade. Son camiños, son grupos aldeás, con outra disposición imitando á cidadán nas formas das casas, tradución de formas de vida novas mais non desartelladas do mundo labrego. Poderíase afirmar ser as pseudo-paisaxes urbás máis siñificativas do vivir labrego si pensamos cómo a vella aldea inza moitalas máis veces en terras suxeitas a foro e a nova, ou anovada, en chan ceibe, ou liberdado.

3. UN PRIMEIRO ENXERGAR DA FISIOGNÓMICA XEOGRÁFICA DA GALIZA

Poderíamos enxergar a Galiza enteira, podente e doce unidade, espallando en rodopío a lembranza dende unha paisaxe calquera, ilustre e soada, ou humilde, ou maxinándoa, enteirándoa, no dibuxo valente, apaixoado do seu litoral cas lembranzas e esprencias de rexiós e paisaxes. Ilustre ou iñorado logar, dixemos, pois todos se enteiran na fonda unidade galega. Dende o coto castrexo de Santa Susana de Sant-Iago de Compostela, máxico espacio entre o chamamento levián do mar de Arousa e o alteiroso do ermo, dende un cruce de vieiros nas terraxes centrosas de Deza, de Friol, ás veces sin outra beleza do que as do vento puindo as serras, dende o cerne dunha praza ou craustro, iríanse ordeando as terras e os hourizontes. deica o enfebrecer e fuxir do tema e ritmo galegos nas serras demarcadoiras do ourente ou perdérense en ronseles no mar. Un pular e choutar de lindes de hourizonte aconsella a poetas e meditativos ise sistema. Os enxergares dos homes procuran, queira non queira, infindas veces ó día os marcos brilantes ou brumentos, sempre novos e inquedantes, do hourizonte.

O estudo conxunto dun espazo no mapa da Hespaña e do mundo supoñendo un cadro, enchéndoo metódicamente, aloumeando nomes e formas deica chegar a un refrexo da realidade, acostuma ser o procedimento clásico. Pra Galiza e pra todalas terras. Nós pedimos consello e inspiración ás formas da campía de searas, nabeiras e herdades, entromedio de cotos, descendo en costas ordeadas no primeiro termo na paisaxe abranguida polas fiestras da sala en que traballamos. Máis lonxe esmáltase o gaio e barroco tendérese dalgunhas parroquias da bocarribeira de por frente e xa no debecer das horas raiolantes da serán do agosto vanse tinxindo doutro azul as graves serras do hourizonte por onde se enterra o sol.

Supricámoslle consello tamén, enxergando pró norde a Martiñá, vella e sempre leda madriña. E seu consello vólvese mandado. As formas, os ritmos, das paisaxes cinguidas polo noso hourizonte obedecen á lei do Miño. No comprimento da chamada do mar, a que o Miño obedecer, impón o grande río unha condición, unha súa lei de contrapunto, de pausa, en moita latitude criadora da fisiognómica galega. No enxergar de conxunto houber sido hastra impío desartellar o mundo e sistema das cousas. Guiados por lei de procesos e formas iremos ben. Lévanos da mau a paisaxe. Unha rítmica fai levián a descriptiva. Se non pode ir a repelo dos movimentos criadores. O val pode fluire a traveso de erguementos de rocas ergueitas contra o decorrer. Pensamos un tempo anterior no que o río ía en concordancia cas rochas. O describire, pra ser valente, pra ter valencia e vida, non se pode afastar do camiño das formas. Un estudo, ou millor lembranza, das feituras esenciás da fisiognómica da Galiza irá ben confiándose ó decorrer do río centroso, gran petrucio de formas, ritmos e paisaxes, o Miño.

O val do Miño ordéase no senso da chamada criadora de formas do río en tres tempos, tres longos espacios, cada un de senlleira temática, cada un presidido na relación histórica por unha cidade episcopal que lle dá nome. Son o Miño lucense ou outo Miño; o Miño ourensán, ou Miño central; o Miño tudense ou galaico-portugués, coma os cancioeiros.

O Miño lucense artéllase co Sil entre as esporentes ribeiras dos Peares. Na paisaxe vívese o tema sintetizador de forzas, de destiños, de traballos. Se non pode enxergar ó Sil como un afluente calquera. Chega con augas de moi lonxanas fontelas e moi outas neves o crían e alimentan. Tentados estaríamos a pensar nas dúas ponlas, ou nas dúas raíces do Miño dende os Peares. A historia xeolóxica impón eiquí seus dereitos. Dúas ponlas, unha alumna da Terra Cha, outo espallamento grandeiro, outra de variados e sotís artellamentos cos montes cantábricos e cos leoneses, ca Pena Trevinca e as Medas. Son difrentes os tempos e medidas —e por iso as formas— en entramos. Xúntanse en intre "heroico" prós dous. Como suxetos á lei atraente occidental se non poden afastar e no fino e rexo orgaísmo a sinxeleza do Miño, a elegancia das súas formas, dalle a mestría.

Miño lucense. A feitura do val amostra a sinxeleza en grande escala dun torrente de serra ou de montana: conca de abranguimento das augas, unha estaxe chaira, e pouco a pouco o desenrolárese de novas enerxías afondando o río súa canle deica transformárense as pratenses orelas en outas ribeiras e o ritmo maino en atreboado, en loita cas rochas. A lonxanía dos hourizontes, demarcados pola Corda, a Loba, os Ancares, a gravidade da Terra Cha xenuina cruzada polo Anillo priguizosamente en xuntanza co xoven Miño, a mol difrenciación das terraxes envolveitas no decorrer das longas e brumentas invernías e os curtos veráns de pimpantes verdeceres van quedando atrás, como a ponte de Rábade, a paisaxe presidida polo coto torreado de Lugo. Máis ó sul, as terras que deitan súas ribeiras no Miño van collendo figura senlleira, persoalidade de rexiós históricas. Son as terras de Neira e a Somoza maior, é a unidade de Lemos ergueita en formas chairentas sobre os dous foxos do Miño e do Sil. Pola beira da dreita vanse ordeando despoixa das de Friol e Guntín pouco dibuxadas, as de Taboada e Chantada. Si a serra da Loba semella case illada nas chairentas formas estesas desenvoltas dende a Terra Cha, e polas de Parga, as de Curtis, deica caír ós esteiros nas encostas das Mariñas, pró sul as serras demarcadoiras decorren en rexo releve co Montouto e o Faro, cumes graves, demarcadoiras e petrucias no cerne galego.

O Miño ourensán siñifica unha estaxe de val carregado de historia. Decorre o río en fermosos relanzos polo val quente e afonda entre terrazas edificadas por il. As comarcas obedentes ó chamamento do Miño ourensán son moitas, mestas de historia, de soaves matizaciós. Son as do Ribeiro ourensán, os penichaos da Peroxa, as bocarribeiras cinguidas por degráus sinxelos de caraiteres paisaxísticos co pé das serras —terraxes de Vilamarín, Cea, Carballiño—, os chaos de Amoeiro, clásicos no sentir popu-

lar como lograda forma, a asucadela do val do Barbantiño, esquema e como prólogo, camiñando no senso das formas e do río, do ricaz, matizado e armoñoso conxunto de soleiras de montanas, outos vales gandreiros, costas e bocarribeiras, fondos vales labourados, madurecidos dos Ribeiros do Avia, ou "da Avia" no lingoaxe dos labregos antergos que gosta de dar ós ríos criadores xénero femenino considerándoos como antigas nais da terra.

As formas da ezquerda do Miño obedecen doutro xeito e sistema á lei do gran río. Imponse unha simpricidade podente. En troques do crecedeiro artellamento dos vales asucando e dibuxando as bocarribeiras dende a Peroxa ós releves pechadores con grandeza do Ribeiro da Avia, un longo val adaitado con chea espresividade ás comarcas, máis outo do que o val mestro do Miño e no mesmo senso, decorre con frondas ponlas nas terraxes montesías deica xuntárese co do Miño na mesma podente, fina e lembradoira composición de paisaxe onde remata a Avia. O val do Arnoia vai en tempos xuntando sucesivas rexiós, reproduz estaxes e degráus semellantes ós do Miño. Das chairas estesas e abombeadas de Maceda, cinguidas polas costas do Rodicio, aba espallada da Cabeza da Meda, polos alicerces e cúpulas do San Mamede, o río criado por fíos de montana, un espello repousado en gandreiras lamestras, afonda seu suco nas paisaxes graves, non pouco adustas, de Allariz, baixo a lei do Penamá e costas demarcadoiras ca máis outa Limia —outra terra e outros ritmos—. Atrái as augas de fontes que remontan a entrana das serras de Bande, dos vales verdecentes, de cotos e fondales ben dibuxados, das terras de Celanova, e remata nun tramo derradeiro de afundimento, en clima de val do sul, na caraiterística "Arnoia" unha réplica máis sinxela da Avia.

Os fartos meandros folgados, entre as terrazas de barro e pelouros, pé das costas graníticas das bocarribeiras, fan a beleza do Miño ourensán. Folgadas voltas de Ourense a Reza, de Barbantes, veigas mestas onde as formas vellas combíñanse cas novas e os coiñales brancos anovan a estroitura das terrazas envolveitas na escura vexetación, valencia das crebadas afluentes, unhas estreitas, case leitos de torrentes e cachóns, outras orgaizadas, figuran entre os caraiteres do Miño ourensán. Eles madurecen na veiga e meandros de Ventosela.

Entre Arnoia e Miño ínzanse, espállanse, algunas rexiós senlleiras. Pé da Cabeza da Meda e seus encostados aliceres o ritmo pousa en Cobas e berce do Loña en formas chairas que se artellan cas da Rabeda e esvaecen nas máis prolixas de cotos da terra chamada, pola Merca e Sabucedo, de "Montes". Istas chairas, ben abastadas e mestas de pobos dende as do outo Loña ás de Piñor, agariman as encostas labradas en cotos, cinguidoiras da paisaxe de Ourense, a onde, curtando as costas, acoden as augas. De vello tivo de ser logar pasaxeiro o solar ourensán, fondo e abrigoso entre as encostas envolveitas en vides e froumas, xuntanza de ledas augas e longos camiños, bao e ponte, de antigo sinalado foco da Galiza

do S.L. de vales xeitosos e espalladas comarcas dispostas armoñosamente en diversos estaxes de individoalidade no rodopío das Medas centrosas.

Temos sinalado a beleza e fartura da veiga de Ventosela, repouso do Miño ourensán dinantes de voltar á proba dun novo curso "heroico". Non lonxe, a Avia pousa tamén na fermosa chaira "tempo" maino de Regodeigón, Esposende e Leiro. Presiden polo S. a testa ben labrada do coto de Novelle, sobre a vila de Ribadavia o coto Franqueirán. Poucos montes chegan entre os galegos á expresividade do Novelle. Cas cumes veciñas compón un circo cuias abas estreitan os vales do Avia e do Arnoia e descen sobre o Miño. Un trocamento de ritmo. O río volve a loitare franquexando as soleiras das serras ordeadas cas senlleiras do Faro, da Martiñá e da Penagache. O arco deitado en pulares valentes dende a Martiñá xúntase co erguemento das montanas demarcadoiras de Portugal. Chamemos "avionidas" ás primeiras, "leboreiridas" ás segundas. O Miño entra no terceiro tramo do seu decorrer.

Moitas comarcas artéllanse polas súas formas, polas veas de auga, co Miño galaico-portugués. Son terraxes de montana como as de Parapanda e A Cañiza, colos e abas de serras, costas ó Miño rachadas por ríos torrenciás como o Deba da ponte Mouretán, ou vales baixos, esculturados entre formas montesías onde os granitos alcanzan a chea siñificanza dos grandes ovoides que forman familias podentes ou renques de vales cinguidos polo correr dun río. As terras do Condado, as grandeiras de Budiño, siñifican contrapostas realidás xeográficas. As do Condado renden ó Miño en Salvaterra o decorrer de formas de vales maduros enlazados polas ponlas mestras do Tea. Os mantos de piñeiros envolven os releves, no terrón mol os verdes lameiros combínanse co ledo contrapunto dos millos e as parreiras. Son as terras de Mondariz, de Ponteareas, as paisaxes de Xinzo, do convento de Canedo, de Ribarteme e as Neves. Outra facies siñifican as grandeiras soedades envolveitas en crecedeira meia luz de xeórxicas de Budiño. Pé do Faro, grande e solene composición de outeiros de pedra de gra, a gandra non perdéu a tona de lamestra moi sensitiva ás variaciós do tempo e da luz. Unha pequena Limia, case deshidratada, ista rexión de Porriño, cinguida á atraición miñota no propio estaxe tudense do gran río.

Primeiro os meandros afundidos entre polidas e redondas márxenes de penedo ou encostas rachadas por fervenzas e riachos, as augas voltando á función de fío de serra, de barreno, en decorrer erosivo de enlazadas puzas no penedoso leito, traballo propio dos ríos de ímpedos novos; despoixa, dende a outura de Valladares e Arbo, o val espallándose en crecedeiras formas vai sendo veiga de priguizas e repousos de meandros. Terra fonda, maquiada longamente, ou terrazas de croios. Percíbese con grandeza e armuñía o valor do tempo xeolóxico moderno do val, as formas anovadas, en comparanza cos montes, que se alonxan ventándose no dibuxárese das cumes a morfoloxía propia do ambente mariño. Unha mesta

poboación matiza o val, as parroquias vellas, os pobos novos, o ar ledo das xeórxicas do Miño cingue o coto de Tui. Os outos montes, o San Xiao, ou Xullán, o primeiro, érguense en rexa individualidade. Perto do mar, e nos vales baixos e madurecidos, os montes semellan afirmárense con meirande enerxía.

O mar impón os tempos da marea. Se as costas volven a chegárense ó río, nas pequenas deltas dos riachos, no decorrer do balume das augas, nos bancos de areás, de figuras de semilúas, refréxase a presenza doutra enerxía cósmica. Pé do Facho de Santa Tegra, despoixa das abas de pechados montes e vales dos que o Rosal dibuxa un derradeiro tema, tén o Miño seu remate. A foz do grande río galego, as formas e procesos do derradeiro "tempo" do seu val, demostran unha estaxe de podentes síntesis, dunha topografía madura. Comezan as folgadas praias lusitáns, remataron as rías. Na unidade xeográfica do macizo galaico-duriense, o derradeiro estaxe e o solene findar do Miño siñifican, cecáis, a chave dunha interpretación conxunta en función dos tempos das formas xeolóxicas.

Soio por contraste se pode con verdade sinalar prás comarcas galegas espalladas á esquerda do val do Miño lucense e ourensán unha lei de formas. Queda indicado en páxinas anteriores. Unha Galiza montesa con inzamento das illas de serra cinguidas en arquipiélagos de diferentes estilos, obedente ás determiñaciós criadoras da paisaxe na mensura e ca resposta propias das formas menos traballadas, en difrentes estaxes de procesos formativos, en comparanza cas caraiterísticas da Galiza occidental. Pro a variedade imponse e, por riba dela, o ouservador descobre axiña dous tipos, conqueridos ou non, pro iniciados e desenvoltos, un nas terras do norde, outro nas do sul do val galego do río Sil cuios tramos, alternadamente breves e mainos, con arsis e tesis como o verso antigo, compoñen un renque de comarcas unidas polo decorrer e as formas por il criadas.

A difrencia norde-sul, lexítima no conxunto galego, parés de meirande craridade entre os feixes de serras dibuxadas por vales estreitos, co mandado do asucamento e erguemento paralelo das formas ó norde do Sil e os conxuntos de montanas cupulares ou alombadas con desenrolo de outas chairas e de costas dispostas en aureola, en rodopío de centrosos erguementos de rematada escultura. Pódense descobrir nós de espallamento raiolante de ríos nas serras do norde e non foi somentes o Ldo. Molina quen sinalóu, guiado polas correspondencias naturás, que no seu tempo surprendía a disposición dos vales dos ríos Lor, Neira e seus irradiantes veciños. Pro domiñan os releves do tipo das serras de Meira, das Pedras Apañadas, as outas chairas alongadas, a xuventude nos procesos. Son as comarcas da Galiza rica en ferros, e tamén de antiga economía pastoral e silvícola. Os feixes de podentes serras cuio nome, esteso ás súas descendencias, podía ben ser o de ancáridas, inda gardan bosques pechos revestindo as feituras de enérxica laboura polas augas torrenciás. Pensemos nos vales alongados dispostos en tramos de difrente caráiter do Eu,

do Navia, do Lor. No Navia os espacios abrigosos, decorados pola vide, mestos de aldeas ricas do esprito tradicioal, un dos engados das ben alicerzadas comarcas lucenses, enfíanse con outros bravos e sombrosos, case desertos. Os pobos da terra de Cervantes, afeitos ás longas invernías, xúntanse periódicamente en feiras que locen o caráiter de grandes asambreas, no Cebreiro, indefrente ó pasar da historia pola carretera xeneral da Galiza, non se teñen demudado algunas formas de vida dende lonxás idades... Asegúranse nas paisaxes da lembranza nun enxergar xeneral as feituras da serra do Caurel pola súa infruencia nas estesas comarcas montesías e nas ribeiras de Quiroga e a terra de Brollón pasaxe ás formas de Lemos.

Agás das vilas de arredor, xuntanza dos vieiros da montana, obedentes á chamada doutras terras como o val do Miño, soio unha vila, polo centrosa e expresiva, pode ser enxergada como o foco do vivir e da paisaxe: Fonsagrada. O hourizonte do Muradal, os estesos lombos xostreados polo vento, o poder do rochedo, a economía, fan da vila da terra de Burón o equivalente do que na Galiza do sul ó ourente das Medas ourensáns siñifica Viana do Bolo. Poilo Castro de Caldelas, Trives e Maceda, inda envolveitas na lei das serras, franquéxanse á vida e chamada das bocarribeiras e dos ampros vales orgaizados.

Non se pode entender sin os montes o val cheamente galego do Sil. Rube e fura polas fontes dos ríos seus afillados deica o cerne das serras demarcadoiras, e il mesmo, o val mestre, obra nalgús tramos de perfeita madureza, decorre noutros na propia encosta e aba dos montes. Dende o efeitismo e a dramática das formas na ponte de Domingo Flórez deica os Tres Ríos, o Sil, que chega do Bierzo cunha longa esprencia, traballa, entre as serras da Enciña da Lastra, o Montouto, as cinguidas co Caurel e a costa da Terra de Lemos a dreita e o conxunto e podente erguemento das Medas a ezquerda, seu val, ás veces soio súa canle, con dous intres de ademirable e ricaz espallamento das formas propiamente valecas nas terras de Valdeorras e de Quiroga. Amestan e fan ricaz a Valdeorras as matizaciós no senso do decorrer e nos estaxes en outras. Pé das encostas bravas de fortes alicerces roqueños traballados por canles torrenciás criadores de fermosos conos de acugulamento, o val espalla súas arxilas e terrazas cuio cromatismo influi no das mestas xeórxicas e os arboredos máis en renque do que en roda. Seguen os pobos a lei do río, do camiño, da historia. As mestas parroquias, moitas delas reforzadas pola economía montesía das encostas, teñen seus foros centrosos nos nós de camiños: o Barco, Vilamartín, a Rúa, orgaizaciós en maina historia de acrópolis fidalgas e mercados viventes. Quiroga reproduz en meirande pouquidade de formas, na veciñanza das abas do Caurel, as formas da paisaxe valdeorresa. Os tramos de enérxico loitar do Sil esculpen nas pizarras pre-valdeorresas e afondan nas grandes composiciós de encostas rachadas polos

torrentes, afondidos meandros en ensaios de ribeiras, da afluencia do Sor, do Montefurado, do pé da serra da Moá.

As esporentes estaxes das frieiras deixan ás veces que compoñan na fisonomía do val algunhas graves e outas presencias de serras. Figuran erguérense noutro mundo e luz, nelas acordan as fontes de fermosos ríos de variados destiños xeolóxicos obedentes en difrentes ritmos ó chamamento do Sil. Son as "Medas" ou os macizos centrosos de Ourense. A cabeza da Meda, a serra do S. Mamede, a de Queixa, a Cabeza de Manzaneda enteiran unha solene asambreia de montanas cinguidas polo N. e W. polo suco arcado do Sil, axuntadas por espallamentos monteses pouco difrenciados cas serras demarcadoiras con León e Portugal, amparadoras de rexiós de tipo máis ou menos valeco das que confiren precisa e orixinal fisiognómica á terra de Valdeorras, xa sinalada, ás de Trives, Caldelas, a Limia, Monterrei e o Bolo.

Trives e Caldelas, no outo asoellado das encostas, compoñen doados mundos de economía pastoral ou bucólica e montesía e de fondas, artelladas e ricaces ribeiras labregas onde non fallan as videiras nin os hortos. Na serra, os gados coroan no vran as estesas brañas deixadas pola neve, e as herdades de centeo, ás veces en armuñía cos soutos de castiñeiros, son doas e gala dos pobos afastados, poucos e rexos. Na encosta calquer abrigo de boa esposición fai nacer os aspeitos da ribeira cecáis demarcada en fita obedente ó seguir do fondo val ou decorando en sucalcos as abas. Son gabados os prodoitos e coñecida a fartura do vivir nos vales do Navea, e no mesto pasaxe so Sil, pé de Lemos, baixo as torres do Castro de Caldelas, ribeiras de Lumeares, Abeleda e outras sonadas parroquias.

Da terra da Maceda temos lembrado o senso da paisaxe decorrente ó val do Arnoia. Foi chamada "Limia Alta", non rexa soleira despártea da Limia. Outros chaos lamigosos, de verdeceres fondos e xóvenes na forza do vran pola lentura da terra, espellos de augas mortas esmaltadas de vida palustre, os graves ouros dos centeos, os cotos erguendo ruíñas de torres, largas e dereitas calzadas, farta economía pastoral e labrega de ton invernizo, forman en hourizonte de grandes serras os elementos pra unha interpretación da Limia. Seu pobo centroso, Xinzo, alédase ca feira máis valente da Galiza. Súas colleitas de patacas, de centeo, súa fartura gandeira, demostran un alicerce e fonte esencial na economía. Cavilando no ritmo das paisaxes, a Limia ca súa lagoa en figura de folla estesa e dibuxada cuio capio fora o río Limia siñifica o estaxe antigo, indo no deshidratado por regolar floíre das augas dunha paisaxe de formas máis adiantadas na Terra Cha, nas gándaras de Budiño, en tesis xeral en todo espacio montesío e serrán de dubidoso movimiento das augas. Polo val e o encadeárese das mañifestaciós da vida débese acoller o nome de "Limia Baixa" dado ó val do río criado na lagoa. Terras de Cabaleiros, pé das serras de Bande, artellamento cas de Lobeira e Entrimo, a Limia Bai-

xa orixínase no espacio curto e no momento de saír o río da priguiza da chaira pra criárese seu val en afondados meandros —as fouces ou "Conchas"— deica conquerir xa en hourizontes portugueses seu soave equilibrio. Na paisaxe da Ponte Liñares ou da Feira Nova pódese pescudar, con emoción, o trocamento do ritmo das augas, do val, das formas. A terra de Calbos de Randín, vixiada polo pico da Aguioncha, senlleiro nos hourizontes da Galiza do sul, vén sendo unha Limia máis ben pequena e outa, e seu río, o Salas, cínguese ás mesmas formas e procesos do Limia seu río mestre.

Descendo da Limia, o val de Monterrei espállase longo, fino, rematado, sin dúbida, como comprindo a idea clásica do val chairo, co río deitado en voltas pousadas, entre costas espidas, balumes de montanas que figuran case despoboadas en comparanza da fartura e a urdime de tapís, broslado pola historia, do val. Súa cabeceira de Laza, rica de soutos, rube moito no amparo das serras, súa feitura en oito presenta notabres variaciós, maila unidade do val conséguese cheamente e desenrola, en Portugal, unha parte da súa fartura. Os ríos da Limia e de Monterrei compren en Portugal seus procesos, madurecen o seu ser de ríos. Pousa o Limia nos sedantes esteiros de Ponte do Lima e de Viana do Castelo, feiticeiras marxes de ancoramento da nau da saudade lusitán. Dibuxa o Támega, ó pé do erguemento podente do Marão, o val de Amarante pra ser o meirande foreiro portugués do Douro.

Ourense, Allariz, Xinzo, Verín, A Gudiña, sinalan as estaciós e relanzos principás do vieiro que dende as terras zamorás chega a Galiza polas sonadas "Portillas". Queno percorra vai seguindo e como escuitando a sinfonía do releve. As terras outas envolven o val de Monterrei, apenas asucadas por vales de cativo artellamento do Douro. Son as serras da Pena Nofre, a Seca, a Calba, o mesmo tema das Medas cinguíndose cos das montanas de Sanabria. Mais si nas Medas a lei da forma arredondea en cúpulas madurecidas, de ricaces vales, as serras da banda ourental espállanse máis dispaciosas, menos caraiterizadas, como si elas foran un preludio xeoxénico prá feitura da serra do Eixe e da Pena Trevinca. Eiquí xurden á luz e á historia cinco fermosos ríos. A Pena Trevinca é dona dunha beleza de maternidade. O Casaio, o Xares, o Cabrera, o Tera, o Bibei son fillos dela e levan en difrentes tons e ritmos de vales súas correntes ó Sil agás do Tera foreiro do sistema do Douro. A Pena Trevinca, tídoo da sociedade deportiva que descobríu pra Galiza a fermosura da neve e do squi, representa a maor espresividade do mundo montesío da Galiza do sul.

As comarcas de montana e de serra —na topografía e na historia téñense de sentir ben as difrencias dunha e outra— do Bolo e Viana xuntan ricas parroquias e afóndanse en estreitas ribeiras. En grado menor cómprense as leis da forma: no Xares, no Bibei, no Consoque, no Sil e no Miño chegan a meirande comprimento. Viana érguese en piña sobor da xuntanza do Bibei e o Camba. O Bibei cruza novo a intresante terra

de Porto, galega enmarcada na provincia zamorán, rica en formas etnográficas de acomodamento ó ambente da serra. O Camba recolle torrentes e frieiras das serras de Queixa e dos escuros e augustos bosques do Imbernadeiro. Nos hourizontes das comarcas de Viana e do coto sufincadoiro da torre do Bolo sinálase a feitura do pico do San Bernabéu, senlleiro no vagantío de formas escuras e podentes, como nos recantados vales leva a palma, na grandeza das formas, a paisaxe dos Codos de Larouco, solene composición en costas e meandros encaixados do Bibei na súa xuntanza co Xares. A laboura dos homes traballando a gracia mediterrán dos sucalcos de viñedos acrecenta a temática das abas serras descendo en longos e despaciosos tempos. O val do Sil acolle case sempre ós vales tributarios en paisaxes de grandeza illada. Deixando as graves serras temos de voltar ás rexiós direitamente acariñadas polo mar, envolveitas, inda que fortecidas por esgrevios cotos, por seu ambente, infindamente expresivas nas formas ricas, devalantes unhas noutras da mariña. O litoral galego pódese considerar ordeado en arcos de armoñoso sucedérese dende o Eu deica o Miño: o arco cantábrico, o ártabro, o fistérrico, o das rías baixas onde non deslociría o nome de vaidades helénicas dos Grovios. Rexiós enteiras, vales nados en lonxanas gandras e recantos, penínsuas dibuxadas con fina laboura que fai pensare no comprimento gostoso da lei do atlantismo galego, compoñen as temáticas ricaces do noso litoral, do noso "mar". Na lingoaxe da costa soa o mar de Niñóns, o mar de Corrubedo, o mar de Vigo... Sinalan o grado intenso de xuntanza das maneiras da terra e do mar, feito compañeiro, condición a un tempo gasalleira e temerosa, e as eras de vivir humán, da forte e rexa historia de antigo inzada nas mariñas, máis fortemente nos espacios de doce conxugárense dos vales cas formas cheamente mariñáns.

A ría de Ribadéu, a pequeneira e graciosa de Foz, o esteiro do Valouro, combinadas con anacos de costa dibuxada en forza de puntas penedosas e folgo de curtas praias, anuncian a ría ben artellada, de módulo e proporciós xa cheamente galegas, de Viveiro. Pro os ollos no mapa e na realidade pousan con intrés na rexión chaira, broslada de xeórxica, estesa, dende a ría do Eu á de Foz, pé dos montes que sinalan cecáis unha costa vella e afastada das ondas. É a denominada "chaira" ou prataforma de abrasión de Barreiros e Reinante, do nome das parroquias caraiterísticas. A rexión cantábrica galega, esculturada nos montes afillados no outo lindeiro das terras do Miño, afondada en vales ben entranados por súas raíces nos montes, preséntase verdecente, fresqueira, trunfo dos lameiros e dos bosques antigos, cada día máis inzada de piñeirás. Pasa dos xéneros de vida e economía gandeira e centeneira da Corda e do Cadramón deica a misturanza xeórxica e mariñán de Viveiro, do Barqueiro. Na ría de Foz rematan os vales axuntados en tres tempos no do Masma. Son as paisaxes mestas e fondas, abranguidas por costas, de Mondoñedo, as máis doces de Lourenzá. O Valadouro ensaia unha chaira de boas te-

rras labregas pé do coto ilustre pola historia e leenda da Frouseira e labra seu río un val sin feitura rematadoira de ría. En troques o do Landrove, estreitado por ergueitas costas, decorre en tempos soaves deica a paisaxe de esteiro de Valdeflores, a ponte da Misericordia, os peiraos de Viveiro, o areal dos Castelos, conxunto disposto en mestas labranzas e paisaxes de ría pé do Penedo do Galo. Viveiro entéirase en aitividades e conxugación de enerxías co porto de Celeiro. O val encostado do Sor remata na ría do Barqueiro dibuxada en feituras de elegancia de norde, veciña ó erguemento da serra Faladoira de moitos ecos e a levián e sen-lleira Estaca de Bares. Bares e Cariño son portos viventes, pequeneiros, o primeiro de nome soante ás prehistóricas roitas e navigaciós do Atlántico céltigo, o segundo na súa descoberta praia, veciño do forte cabo Ortegal, forma parexa ca vila de ría, cinguida de vivir labrego, de Santa Marta, terra do antigo Condado de Ortigueira.

A ría de Ortigueira cinguida polo canal de S. Vicente ó seo de Cariño, remate do val de variadas estaxes do Mero, vai caíndo no esquecemento das vivencias mariñas e soio na cheamar recobra súa presencia de ría, fermosa, entre ribeiras inzadas de pobos. As serras ortigueirenses non outas son bravas, como a Faladoira, o Caxado feitura básica na paisaxe, e a Capelada de esporentes descesos á costa pechada e outa, e sonada polo santuario do San Andrés de Teixido, ou de "Lonxe", antiga pelerinaxe chea de siñificanza.

Todo un conxunto de outas terras de "facies" de penichao, agurradas por familias de cotos usados, desce en tempos de morfoloxía variada, en estaxes de ritmos determiñados por variantes da forza da erosión, ás beiras do seo mariñán, do "magnus sinus artabrorum" pra voltar a ilustre e antigo rubro. Quixéramos un nome axeitado por igual ás paisaxes chairentas, esmaltadas de tempo en tempo por ecos e lembranzas de ondulaciós de Curtis e Mesonzo, as dibuxadas por vellos meandros encaixados en soleiras de roca non agardadas postas ó día polas correntes dos ríos, os hourizontes con craro movemento de tona sin maquiamento da lei topográfica xeneral das terras de Ordes. Tén nos hourizontes grande espallamento, dominio de nota enteirada nos faitores telúricos, a coor, a forma variables asegún a luz e as nubes do ceo, as augas dubidan e paran en illós, os problemas da forma semellan lonxanos cando están cecaives máis perto nistas terras ou moi vellas e cansas ou na agarda dunha nova xuventude e pular morfoxénico. Descen da Loba e da Coba da Serpe ou, máis ben, istas illadas serras soio demostran a liña de equilibrio entre dúas chamadas e procesos contrarios da erosión. Entre as augas seguras cada ves máis a cada paso do seu decorrer pró golfo das Mariñas e as obedentes á chamada do Tambre, as comarcas lembradas poideran ser as estaxes maduras dos penichaos e siñifican, na mesma familia de paisaxes das rexiós orgaizadas polo outo Miño, un feito e lei xeográfica da Galiza nordesía.

O "magnus portus artabrorum" franquéxase entre a testa podente do cabo Prioiro e a penedía coroada pola torre de Hércules —millor chamada de Breogán con todo respeito ó debelador dos centauros e destemido heroi errante nas teebras do Occidente— atlántico faro de espranzas, duro e atraente findar do mundo antigo. Os vales acoden ás Mariñas traspostos en esteiros docemente conxugados cas rías, todo o releve dende o labro das terras outas e chairas desce en tempos rexos ou doces, case sempre en tres tempos doadamente enxergables na feitura das costas, nas estaxes da vexetación, no inzamento dos pobos. Un ambente oceánico, un aire e sentido de froumas e monte baixo, unha farturanza de xeórxicas pasando dos trigás á dozura e prolixidade das hortas e do traballo fino desenvolto nos fondales, vellos esteiros e anacos de costa outa, esculpida en formas duras polo mar. A historia encobre en verdadeiro humus a paisaxe xeolóxica, os camiños cinguidoiros dos esteiros, os conxugados polas derradeiras pontes dos ríos chegan doadamente a rúas.

Na ría ben fechada de augas fondas e tranquías do Ferrol, a cidade dibuxada ca intención xeométrica e administrativa do despotismo ilustrado preside ó circo de vilas enérxicas, ben feitas, ordeadas nas orelas de tal xeito cinguidas que a ría compre a función de praza centrosa delas. O Eume, cuias fontes ruben deica a entrana das serras do norde, chega á vila das Pontes de García Rodríguez refrexando pinales, semella pousar en formas maduras e volve a se afondar ó pé do coto de Caabeiro pra chegar por gorxas de apariencia montesía ó seu esteiro de Pontesdeume, vila ilustrada por excelencias de paisaxe colmada como Ares, como Sada e Miño, postos en entramas beiras do esteiro do Mandéu, o río do longo repouso epilogal das Xunqueiras e do coto ordeado como un rico froito de historia e lembranzas da cidade de Betanzos. O Mandéu, fillo dos ermos, río dos penichaos, nado no logar de siñificanza case máxica nas relaciós da xeografía, de Nosa Señora das Pías como outros regueiros voltos ríos, desce ás Mariñas pé do promontoiro da Espenuca e, millor do que ningún outro río, sinala as formas e as demostra no seu curso.

Defíñese a Cruña coma un "tómbolo". A Cruña, náda no recanto da badía, ó amparo da peninsua penedosa, en relación co baixo val do Mero, doces e matizados Mariñas, ca chaira peninsua de Sada e Meirás, cos camiños da terra e os vieiros atlánticos. A temática da Cruña, a historia da rúa cruñesa cobra singolar expresividade nun paseo dende a cidá vella deica Monelos ou Elviña. Son tres intres de desenrolo. Súa dimensión temporal e histórica. Non mensurables os tempos cósmico e humán. Si pode coller no segundo o recheo polas areas e o dibuxo rematado da badía e do Orzán, os cotos de pedra de gra, as entranas da peninsua, o monte de S. Pedro son cosmicidade presente no conxugárense das formas históricas na cidade. Loitaron pola primacía o Burgo do Esteiro e a vila de Santa María —notemos os tídoos do "Campo" e "Do Mar" pertecentes á Colexiata ilustre— de Sant-Iago, cernes parroquias e da torre, a "Co-

lumna", eixe e autoridade román que, como as cercas de Lugo, concede eixe de autoridade, clásica sentencia e o lampo de leenda preciso pra fortecer a primacía nos séculos atreboados cheos de priguizas e de surpresas do medioevo. Asín brila na "Compostelán" e nos diplomas. Son elementos xeográficos da cidade a luz e o vento oceánico, o casamento de Orzán e badía, as terras fondas de labramios, de esteiros e ribeiras. As tres estaxes da Cruña, sendo de difrentes cristaizares urbáns, acóllense con gracia e expresividade á lei de cuncha, de onda, de vela ó vento de badía. Nas cidades galegas chama con particolar forza o estudo de como os faitores cósmicos se ordean e combiñan cos históricos. Arestora non debemos encetalo. Pensemos somentes na valencia ó longo do nictémero da rúa cruñesa dona dunha mestura cidadán difrente da viguesa e de signo ben difrente ó de Sant-Iago.

Bergantiños, Soñeira, Xallas, soan como rexiós de seu entre as cernes de Trastamara. Non afillóu demáis o tídoo de señorío, mais na realidade xeográfica non son de abondo os rubros oficiás pra encobrir a vivencia dun país de Trastamara. Fortécese o arco ártabro voltándose fistérrico en saínte de céltigos perfís e alicerces descontra o Atlántico. Semella sociedade de terra e mar. As formas correspóndense en coloquio de xigantes. A paisaxe cruñesa chega pola Pastoriza deica Arteixo pra ir cedendo didiante da fisiognómica de Bergantiños o val chairento mesto de piñeirás, esmaltado de trigás o de pobos asegún o decorrer das augas axuntadas no Anllóns que rinde no esteiro da Ponteceso, pé do Monte Blanco, na ría franquexada entre o Roncudo e o cabo da Insua de Laxe, de enerxía humán equilibrada entre o vivente e antigo porto mariñeiro de Corme e o das brancas praias e os pazos vedraios, Laxe. Mais dinantes da volta da costa no cabo do S. Adriao e illa Sisarga, ó norde, perto das románticas torres de Mens, aniña e desenrola enerxías mariñeiras o duro e exemplar porto de Malpica, un dos máis prodoitivos do litoral galego. Á gravidade doce de Bergantiños, cos seus fortes e craros pobos, seus ordes de cotos aveciñados co mar, súas espalladas labranzas, sucede pola terra máis outa de Xallas, e na de Soñeira, un acento montesío. O val do río do Porto madurece ledicioso a curtos tramos, e Camariñas, na comparanza de Muxía, loce cromáticas e composición anunciadoras de lonxe das Rías Baixas e máis aquecedoras despoixa da rexa costa e titánica ribeira duramente rachada no porto de Camelle baixo o imperio dos estranos penedos de Traba. Entre o Vilán —chamado en lingoaxe pondalián Ougal— e a Buitra, o seo de Camariñas relacioado terra drento co abastado val de Vimianzo, loce a xoia esculturada en penedía e escuma de Muxía co seu soado tempro e Santuario da Virxe da Barca. Non lonxe arquéxase a mariña e nun derradeiro "tempo", dinantes de rematar no acorde do cabo Fisterra, proiecta o forte Touriñán, a Nave, folga nos estesos areás. As xentes de Mazaricos, de Olveiroa, as que fan a sona da feira de Baíñas son chamadas pola mariña de Corcubión

e a de Muros, con máis forteza por Muros e Noia. O Fisterra expresa un cheo, un ledo trocamento de signo xeográfico: dá o sinal das Rías.

Correspóndese o Fisterra —seu mundo de vila mariñeira, de aldeas labregas, de cabo— ca figura xupiterina, rexidora de hourizontes do monte Pindo. A curta e feituca ría de Corcubión e Cee amesta un cheo vivir humán. Ensaia en ledicioso estilo o tema das Rías sin abandoar unha grandeza do norde siñificada na frieira e fouce do Xallas ou Ezaro, nos estesos areás de Carnota locentes en anfiteatro de cumes e de mar.

No arco das Rías Baixas, ditosa perfeición de forma e acento, os consorcios, orgaísmos, de val e ría, ofrécense en grande estilo cinco veces, e moltiprícanse en pequenas formas e escearios non menos expresivos. Case quixéramos escribire dos armoñosos e socegados tempos: val, esteiro, ría. Nas grandes rías faise o mar galego, familiar, e o ímpedo das penínsuas, algunhas belidamente enteiradas, nonas afasta, dinantes as entrana millor no ser e destiño atlántico da Galiza. Cas illas ergueitas, como as Cíes, en valente escultura titánica ou labouradas en feituras pasivas como tributo e rendemento da terra, os capios das penínsuas e camiño de mesto afillamento histórico dos esteiros, xunguidor das derradeiras pontes dos ríos, o findar dos vales e os últimos erguementos por contraste ca mariña, rudes e solenes, componse o mundo das Rías Baixas, ricaz, vivente, inzado de ecoares de formas antigas, conxugación perfeita en ocasiós das xeórxicas e do mar —a cheamar invadindo o torrón das viñas do espadeiro, as velas remontando entre milleirales— frolación colmada dos temas e arelanzas, de case todalas arelanzas e temas da Galiza.

No val do Tambre non son lonxaas, polo contrario estesas e frecuentes, as soedades grandeiras, o pardomonte viste os ermos, mais algunhas terras afluentes orgaízanse en dondas xeórxicas como Dubra e Barcala e as madeixas dos regueiros afluentes gardan o verdecer nos lameiros e xunqueiras, o pardo nas ermanzas caraiterísticas do Tambre, cuio recendo e chuvia e vento —corpos de aire tamáricos— percébense no ámbito compostelán. Entre o monte Bocelo, fondo de moitas narraciós románticas vicettescas, e o mosteiro de Sobrado, berce na lagoa dos monxes do Tambre e o findar do río na ponte Nafonso, a lei das formas seméllase acompasare á lei e xurdimento das lembranzas. Na ría entramos tempos e estaxes fadás ordéanse nas mesmas guirlandas de ribeiras. Cada unha das dúas vilas oxivás disfroita do seu espello. Augas vivas en Muros a asucalcada e repousada en pórticos, augas leviás, delgada tona, en Noia a das eirexas e adrales, e as mansiós fortes e finas como facendo torneo nas rúas.

En troques na Ulla os ermos quedan lonxe e a enerxía das encostas, os ritmos, ás veces bravos, do grande río centroso e occidental que leva súas fontes deica o curazón da terra lucense de Monterroso, déixanse agarimar e envolvere pola gracia e fondura dos labramios e os xardíns, pola historia, recantada e escollida. Queda sinalada a función do río na conxunta economía galega, súa determiñante, e imposto contraste dun norde e un

sul. Labrado en rexos granitos, cun ambente e vivencia propios, o Ulla chama por estesas comarcas ás que presta moita da súa orixinalidade. Polo Furelos chegan resoanzas do Ulla, inda novo e montés, da ponte Arcidiago deica as gandras de Melide, e de Rioseco, de branca luz pousada, como polo Iso as terras arzuáns de graves roldas de castiñeiros e vivente impeitizo aldeán. Camba, Deza e Trasdeza soan a herba de montana, longas invernías de lumes de carballos cerqueiros nas lareiras. Os cercos de montes —o Faro, o Coco, o Candán, e demáis testas da asambreia da Terra de Montes— acrecentan os tons arcaizantes distas comarcas de segura economía, cuios centros, Rodeiro, Lalín e Silleda respeitivamente, ordean as relaciós das parroquias. O val do Deza leva seu comén deica o cerne dos montes da terra esgrevia de Dozón. Nado nos ermos de Nosa Señora da Pena de Francia, recolle en val afondado en penichaos augas da Terra de Montes e procura o val ullán ó que se conxunta o dezán en paraxes de xurdia beleza. Manda nos hourizontes a figura xentil do Pico Sagro, os pazos, prioratos, fartas parroquias, sonadas pontes améstanse co decorrer das formas, a vila de forte valencia de comercio e importante xuntoiro de camiños, da Estrada, capidal da terra de Tabeirós, conxuga moitas relaciós ulláns.

Ó se trocaren mainamentes as formas do val nas da ría de Arousa cómprense algunhas das composiciós de paisaxe de meirande beleza e fonda siñificanza da nosa Terra. Pro se non entenden sin considerar como no Padrón conxúgase co Ulla xa comovido pola marea o val do Sar. Tén case seu orixen en paisaxe de montana de marco ou lindeiro no solar de Sant-Iago de Compostela, orgaíza as correntes da fermosa Mahía, a comarca ondeada en chairas onde os piñeirás teñen vagos refrexos azús e as campanas da outa eirexa de Bastabales soan graves e ledas entre as outras torres. A veiga do Sar tén sido chamada o val dos adeuses. Con verdade poética e realidade xeográfica pois nela, en dispaciosos tramos, na terra fonda e ricaz inzada de fermosas colleitas, os temas propios, os do estilo compostelán agasallado polo pneuma e chamamento do mar, vanse esvaecendo mainamente, conxugándose cos do Ulla en esteiro longo alternado de mestas e antigas obras dos homes e de estaxes abandoadas e soias. O seo de Arousa chama pola vea mestra doutras terras. O Umia, máis novo ó saír dos montes do que o Ulla, sabe deseguida da madureza dunha terra histórica de antiga nombradía. O Salnés. Poden ser discutidos os seus lindeiros, a esfera do seu chamamento. Ninguén ha negar nin negóu a orixinalidade das súas veigas en rodopío, dos seus fatos de cotos de rexa entrana e soaves aspeitos. Mandan na Ulla os ritmos no senso do decorrer. O río impón súa forma e senso. O val camiña. O Umia déixase abranguer por ritmos circolares. Abóndalle con xuntar os regos e darlle ás augas un sistema. A figura dos fermosos outeiros, entrana e coroa dos cotos do Salnés, semella gardar a lei xeral da comarca. E se o Ulla vai pasando polas

"facies" e estaxes de esteiro, o Umia, na paisaxe madurecida de Cambados, chega á ría ensoando mainas feituras de val.

No seo de Arousa concértanse os tempos, ou procesos e as formas con fartura e prolixidade. A grande esmeralda, ás veces nube pousada, impón súa grandeza e luz a un primeiro enxergar. Pouco a pouco, ademíranse seos de severa e afeitosa beleza, moi de seu coma o de Rianxo, coroas e guirlandas de praias albas, illas como a de Arousa acariñádas polo mar e a terra, rexiós de dunas, areás, e tómbolos —do Grove, da Toxa— estesa deica o frente da Lanzada, bravo mar en beira de penedos e areás por onde, sin o querer, diante da forza ceibe da illa de Ons, a volta da costa leva á entrada da ría máis pequena, graciosa e azul de Pontevedra.

Conxúntase coela polos espellos do sosegado esteiro espaciado nos sonados "salóns" o val ben remontado nos montes do Lérez, tanxente á comarca de Cotobade, relacioado cas outras enxebremente pontevedresas, traballado en fidalgo e antigo granito. Pé do mosteiro do San Benitiño, das frondas da Caeira e da fachada de Santa María, no concertárese en paisaxes gravemente, finamente ispirados pola marea cas dos pequenos e matizados ríos Tomeza e Alba, figura soavemente colmada a paisaxe do val do Lérez. Tén o fermoso río ben merecido seu descanso e ensoadora priguiza pois seu val, case dende Cerdedo, mañifesta unha longa e dura loita de afondimentos en voltas de figuras case simétricas entre antigas orelas ergueitas de menos sorprendente escultura. Poidera sinalar como un sucedérese de remoíños cuia laboura queda impresa no penedo. Coalgús soles xurde a grandeza das formas de roca gris, as mancholas de antigas carballeiras, o maino inzamento dos pinales, a xuventude dos sucos traballosos dos regueiros afluentes, a posición escolleita polos castros e parroquias nos cotos ben sinalados encol dos meandros. Soio chega o val despoixa de S. Xurxo de Sacos á feitura de veigas semellantes ás do Sar e ás do Salnés.

Chega o Morrazo á feitura de peninsua máis puramente estilizada da costa galega. Semella na súa comparanza case continental e amacizado o bloque barbanzán. Afíase como unha soá en tramos, e chega a ser cume de treito sometido ás súas opostas augas o eixe dos montes. Enxérgase nos releves, en calquer forma xeográfica —ou comén ou recordo dela— a retesía dos dous nivés de base, as dúas rías meridionás, cuio equilibrio siñifica a figura do Morrazo, nome de indiscutida valencia histórica e documental mais que houbéramos desexado esquencido polo máis armoñoso e simbólico de Domaio.

Apesares dalgunhas cumes protagonistas como o Castrove, nas paisaxes da ría pontevedresa —a dozura vella de canción moi ouvida, de Combarro, as estaxes en ledos arcos de sucalcos e hourizontes de Poio, o mesmo Sanxenxo co mesto e feituco agromar de Portonovo, o seo de Marín, as praias estesas de Bueu...— a composición axeitada e miuda, o acento e o ritmo en pequenas escalas fai a lei e somentes algunhas formas como a

ría, perfeita como unha defiñición, de Aldán, difréncianse no belido sucedérese temático.

No mesmo Morrazo algús montes e refrexos sinalan a luz da ría viguesa. Hai, sin dúbida, un novo refrexar no espello do océano, no pular das Cíes, nos montes esculturados con gracia singolar dos hourizontes de Vigo. Informarían, nun estudo miudo e ben levado, a latitude, as formas, o balume e entroncamento dos seos vigués e redondeián, a cras e composición das vivendas dos homes, a mestura e proporción dos coltivos. Cecáis infruia no ambente de Vigo algo do que se tén chamado o clima portugués. Cavilemos en ser a de Vigo —millor a do Miñor en Baiona— a derradeira das rías, e na valencia non somentes histórica, lírica e de relación da Galiza do sul.

Os vales dos ríos Oitabén e Berdugo non madurecen como outros, asucan deica moi lonxe as terraxes montesías, moi labradas en cotos que se cinguen cos erguementos das serras da Lama e do Seixo e o Suido, súa feitura de torrentes non espresa un senso centroso e direitor no orgaísmo das augas. Semellan donas de perfeición fisiognómica as cumes da Peneda sobor dos paisaxes redondeláns, e outras de cotos ergueitos por Ponte Caldelas que teñen na Peneda súa clásica forma. Cotobade esmiúzase en pequenas rexiós difrentes e concordes e elas macizan a unidade do país. As montanas do Budiño, do Galleiro, ordean solenes amontoamentos de penedos e algunhas como o Faro amostran as podentes formas ovoides do granito aínda novas, como batolitos de ademirable beleza con certos soles, indefrentes ou pouco rilladas pola erosión cuias enerxías parecen tantear a resistencia, cinguir, exprorar.

Lembremos o castelo de Soutomaior, os locentes caseríos de Fornelos, os trocamentos de ritmo entre a gándara de Budiño e os fermosos montes de Confurco cos seus vivos torrentes albela laboura, en Mos as fartas parroquias xa ben agasalladas polo sopro da podente ría cinguida de montes, ningún vulgar no lingoaxe das formas. Os seos de Redondela e Vigo cos seus eixes dispares forman o "dual" máis perfeito na gramática das formas xeográficas. A ordeación en escada do releve e das formas históricas chega a semellar artística nas beiras de Arcade, de Cesantes, de Redondela. Abonda unha carballeira na encosta, ou os logares dunha parroquia en estaxes, pra demostrare a valencia dunha lei de instromentación —millor do que "adaitación"— da paisaxe.

Será o curuto de finas curvas, como de vaso votivo do azul, da ermida de Alba, ou será o Faro de Domaio, o monte máis expresivo dos hourizontes da grande ría que acolle en tempos mainos, concedéndolle a priguiza das dunas, o val de Fragoso, lenturenta xeórxica cinguida sin botar a perder súa esencial beleza e siñificanza co desenrolo e grave mestura de Vigo. A madureza das praias, o vivir das pequenas crebadas, non chega á fartura de Arousa. Loce a badía de Vigo un estilo de unidade, de equi-

librio conquerido, de caráiter oceánico, difrente da composición máis frouxa e solta das paisaxes arousáns.

O derradeiro sorrir das Rías Baixas tremeloce no seo de Baiona, e no findar en repousado esteiro do val de Miñor. Sin o maino vagantío do Salnés, en mensura máis cativa e lediciosa, o Miñor ofrece unha composición de formas deseguida envolveita cara o monte e o mar pola rexa unidade montesía, que tén por plinto e soleira o segmento de seis légoas de costa dura, penedosa, isocronamente batida pola marea, preludio dos longos arcos abertos portugueses, entre o cabo Silleiro e o facho de Santa Tegra.

Frolece o vivir histórico en estaxes, en renques, en estrela, en sucalco, dende os castros do norde de Compostela deica o Miñor, seguindo e millorando a lei de forma das Rías Baixas. Poderíase escribir encol do tema, fondo e atraitivo, un belido ensaio de xeurxia. De noite as luces fan historia e dibuxan un apaixoante perfil de aitualidade sobor do enigma do mañán. As feituras de aldeas e vilas, polo mesmo de achegárense e combiñárense, gárdanse independentes. Cecailos contrastes, a fartura e veciñanza, sexan a millor garantía de conservación dos tipos, das individualidás sustantivas. Vilas e aldeas esmaltan as beiras de Arousa. Sempre a Póboa do Deán —inda que teña perdido oficialmente iste nome— ha ser unha realidade, e sempre os nós de Sto. Tomé, Cambados e Fefiñáns han ter seu poder de cristaización, como no seu rango Pontevedra e Vigo. Os temas xeográficos das cidades das Rías Baixas orgaízanse asegún dúas formas esenciás, ó noso sentir: o esteiro e a ponte, ou a ponta e a praia.

A Ponte Cesures, a Pontesampaio, Redondela, a Ramallosa, son vilas de ponte e esteiro, como Pontevedra. Case chega a selo Cambados respeito do Umia. Pro as máis das vilas mañifestan o segundo tema, o vigués, ás veces combiñado co primeiro, como acontece en Marín, e na Póboa do Caramiñal.

Pontevedra, vila e cidade de ponte, esteiro e camiño, siñifica a máis perfeita e conquerida forma. Noutro tempo xurdía en fermosa piña de belidas arquitecturas sobre as augas dos tres conxugados esteiros, augas hoxe case domiñadas. Fuxéu o senso do peirao e do porto e afirmóuse o da cidade. Si non como figura de orden adeministrativo —soio o concello de Xeve foi incorporado a Pontevedra— a cidade enteira constelación de luces na noite sinalando vivir concorde con Marín e os logares d camiño, e as rúas centrosas da cidade séguense ó longo do vieiro litor orgaizando vilas e aldeas.

Na historia de Vigo dende o comenzo do XIX pódense sinalar, e con doblado e criador imperio no XX, tres estadios ou momentos de conteste e brilante desenrolo, ben enxergables na topografía: o dos seos entre as pontas da Guía e de Bouzas, o da encosta, o do Castro e o chairo lombo dominador do Fragoso. Non foron sucesivas e sí combinadas estaxes.

Inda o cerne vidal, alongado en rúas de terraza, cobre a costa, mais xa a Gran Vía compón noutros hourizontes. A seiva da cidade polas raíces do porto frolece no outo. Pra elo amestóuse primeiro a poboazón no val e nos outos e tamén foi condición a enerxía labrega.

En Vigo entéiranse direitamente, en orlas crebadas ás veces, mais crecedoiras, siñificando a realidade dunha chamada, variadas rexiós e vilas. Non xa as dos seos da badía onde Cangas tivo espranzas de ser máis.

Baiona, presidindo a derradeira ría do máxico circo das Baixas, ca dozura do val Miñor é veciña, como pola saudosa grandeza de Monterreal, das paisaxes epilogás, de calmos adeuses, do val do Miño.

II

1. TERRAS DO OUTO MIÑO OU MIÑO LUCENSE

O río formado nas chairas lamiguentas, de rexo e fino verdecer, perto da sinxeleza estroitoral da serra de Meira, chega ben logo a ordear os procesos formativos de estesas terraxes, outas, de ritmos febres, ceus grises e craros, economía labrega de tipo antigo. Chama por augas non pouco dubidosas e criando formas de val de superficie na ponte de Rábade xa ben mañifesto cas raíces de coto ou promontoiro adiantado de penichao asentamento de Lugo, e vai afondando e labrando en ritmos crecedeiros, en tempos longos, con meirande forza canto máis ó sul deica xuntárese co Sil no escerario de fondas canles e outas costas esporentes e labouradas dos Peares.

Outo Miño polas condiciós de nacenza, a priguiza e vaguedade das formas nas estesas chairas onde se orixina, río aínda xoven cando bruante dibuxa os variados meandros encaixados pé das ribeiras de Ribas de Miño. Río ainda mozo, mantido ou de augas mainas de chaira ou de ríos de sinxelo artellamento fillos do deitar das serras. A madureza dos ríos determíñase tamén en visión de conxunto pola fartura e riqueza morfolóxica dos vales afloentes. E nin as augas mainas decorrendo entre lameiros da Terra Cha, nin os ríos que levan súas fontes á entrana das montanas do ourente —como o Neira de longa resoanza histórica— teñen comparanza co Avia, co Arnoia, no tocantes á ricaz individualidade dos seus vales.

Moi difrentes comarcas enteiran o conxunto obedente á lei do outo Miño. Hai grandes variaciós entre elas no ritmo dos feitos xeográficos. Os hourizontes vagantíos da Terra Cha, pechados por graves conxuntos de serras, envolveitos no longo devalar dos invernos húmidos e fríos, semellan dun nórdico mundo lonxano en Diamonde ou nos Codos de Belesar onde o val baixo e ricamente dibuxado pola erosión e o traballo humán, co ambente quente dos vráns, compoñen aspeitos da Galiza do sul. As rexiós ondeadas de Lemos sometidas ó chamado do Sil, cos seus castros persoalizados e descobertos hourizontes presididos a un tempo e no mesmo circo polas cumes de Caurel e polas Medas, difréncianse ben do val pechado, cerne de silencios montesíos de Samos, da Terra negra de Friol, da nudeza de pardos fondos de abenzas pouco dibuxados polo río Ferreira nas pontes Meixaboi. Son aspeitos da mesma realidade. En poucas verbas pódese caraiterizar asín: a orgaización crecedeira do proceso xeográfico de outas chairas encadradas en serras demarcadoiras do ámpido doutros niveles de base (Cantábrico, seo mariñán, Rías Baixas) por unha corrente mestra que chama cada intre do seu decorrer con meirande forza e vai atraendo rexiós cada ves millor persoalizadas.

É, por tanto, necesario considerar os berces montesíos e serráns co seu desenrolo, ás veces de abondo importante, de "piedmont", os "tempos" dunha dimensión na paisaxe en que manda a torre de Villalba, e outras no torrón rexo, carbailleirento, de Sarria, ou nos ledos conxuntos de cotos de Búbal ou Ousende. As cromáticas frías vanse quentando pró sul. Cecáis os montes do San Fitoiro e do Cordal de Ousá no hourizonte das murallas de Lugo e de Outeiro de Rei poideran siñificar un trocamento no decorrer dos feitos de abondo pra fortecer a idea dunha categoría de formas chairas en borde de serras desviadas ó norde, e outra de comarcas de máis rematado dibuxo e perfecciós de val, con serras e montanas máis achegadas ó sul.

Coidamos ser a lexítima a ordeación proposta. O Sil fai madurecer o Miño. Dúas correntes de forma, de caráiter, se xuntan nos Peares e crían o Miño enteirado, maestoso. O conxunto do Miño lucense mañifesta en ampras dimensiós un feito morfolóxico ben claro noutras rexiós de gandras, de chairas, aspeitos propios de terraxes vellas, de longos tempos de eisistir xeolóxico. Levadol-os feitos a unha sinxeleza esquemática, o dinamismo conxunto do Outo Miño exprícase pola mesma lei do Limia, do Arnoia, do Loña, de tantos outros ríos e comarcas. Chamemos "Limias" a istas formas. Semellantes ás concas de formación dos torrentes, chegan na Galiza centrosa do norde a grande desenrolo. Tampouco fallan noutras terras pois xurden no arredor ou no centro de rexiós de ritmo rápido como terraxes de ritmos folgados.

Hastra as serras en conxunto chamadas da Carba, ó norde, morde a atraición cantábrica que case se mistura ca das Mariñas no outo curso de grande interés xeográfico do Eume. Meirande a chamada do mar de Arousa leva deica o cerne da Ulloa as fontes do Ulla. Mais a temática das Fáridas recroba súa forza e sentido e dende o Faro de Chantada érguese deica somellar a soá ou espiñazo dunha Galiza centrosa.

Enxergando o lombo do Faro, comparándoo cos erguementos ourentás, os lonxaos e decisivos dos Ancares, ou, máis de perto, de Oribio, do Caurel, o mesmo ollar aduviña a distinción no Faro dun releve como esguío perfil de equilibrio entre dúas forzas, nos Ancáridas a presencia dun mollo oután de serras a un tempo apreixadas polo choque do ímpedo alpino, agurradas contra a terra máis vella e rexa da Galiza, e donas dun sistema de vales nados e ordeados asegún o chamamento do Cantábrico. Si algúns vales se enlazan co outo Miño é de gran valor seguir neles cómo van trocando na "facies" de chaira o rexo labourar das augas na entrana esquistosa. Si devalan con dozura as formas da serra da Loba e súas chairas afundíndose por degráus nas Mariñas, os montes Ancáridos puxan, gurran, millor do que un aspeito de orgaísmo labourado conforme ás leis dun tempo maino presentan o dun erguemento de pular desaparellado ás condiciós da atmósfera de hoxe. Dun "hoxe" de historia xeolóxica.

No senso do decorrer, a lei do río exprésase grandiosamente na arquitectura das rexiós. Lemos loce súa ricaz e artellada feitura, unha individualidade ben ergueita sobre das comarcas polo vivir sinaladas na Terra Cha ou nas de Chamoso e a mesmo de Sarria. Da outra banda do Miño ostenta caraiteres de regoadas costas, ben dibuxadas, a terra de Chantada. Na súa comparanza, Friol ou Guntín, a mesma de Taboada, semellan un pouco desprendidas da tónica de outas chairas de neboenta fisiognómica.

O val, a forma do propio val, preside e súas meirandes farturas refréxanse nas terras afloentes. Non se poden esquencer, tratando en conxunto visiós do Outo Miño, os datos de altitude e a correspondencia cun tipo de paisaxe —consideraremos en que senso do concepto de paisaxe— cuia presencia domiña na Galiza, polo menos a centrosa, do norde.

Fig. 3. - Montanas de Lugo.

Son terras outas. Entran de cheo na categoría de vivencia de montana. Na estética teimaremos fixar ben os conceptos e xuntoiros das estaxes en outura. Montana, tamén ás veces serra pró mariñán, e pró valeco do sul ou do oeste. Son de abondo unhas poucas cifras. Os outos da Carballosa, entre Gaibor e Fígara, andan polos 540, Villalba está ós 472. Nas chairas sinálanse, apesares do grande radio, os pequenos erguementos sobre dos 400. Lagoa de Cospeito, 402; Miño en Xermar, 408. Lugo, que nalgunhas relaciós siñifica un troque de formas, está ós 454. Por semellantes nivés decorren as terras de Chamoso onde tén siñificanza de monte un outo de 600 metros. Monforte tén 363 no castro axexador de estesa comarca. No baixo non chega ós 290. Na terra de Lemos, en posiciós

doadas, as vides coltívanse hastra os 300 metros. Chantada, case no labro da encosta sobre o río, está ós 483.

Terras outas, sin a forte individualidade das orlas das Medas, centrosas, o máis continental, poidéramos afirmar, da Galiza. Pola coor do ceo, os despazasos invernos, o espallamento das formaciós húmidas e verdes, o bosque nativo de follas caducas, a feitura dos pobos e da rede itineraria, a economía do pan e do gando, a difrencia é moi grande cas rexiós de arredor pro somentes o tránsito se fai rápido, case de sutaque, descendo ós vales e riveiras cántabras polo norde, ós ribeiros ourensáns por o sul.

Lucense, pola siñificanza, é rubro e término sin parexo. Tendo a forza román, corrobórase pola historia e polo tipo dos feitos xeográficos. Siñifica grande, rexa e centrosa unidade, unha especie de Castela a Vella ou de Pamir, "teito do mundo" nas relaciós galegas. Non podemos gostar nistas páxinas do gostoso licor de requintados paladares das etimoloxías. Lucus ou Lugo, o arboredo sagrado das hamadryadas ou das evocaciós druídicas, e numen cuia lembranza latexa no nome Lugdunun-Lyon... Un tremar de abedoeiras sobre augas encoradas, a rexa e crara ordeación dos carballos cerqueiros, os alongados vagantíos lameirentos, os vales limpamente dibuxados e verdes nas encostas, os pobos teiteados de laxes de pizarra, as sebes agasalladas polas grandes follaxes nas que para longamente a neve dos loureiros románs celebrados por Noriega, os ermos ou as xeórxicas, co hourizonte de serras ó lonxe, son espallamentos das formas e cromatismos da paisaxe de Lugo e da sua luz... Cecáis ista luz cupular, gris de ceo dinantes da neve, tan ben refrexada nas pizarras e nos canles, nos mesmos ermos, unha luz batida polo vento o máis enxebremente lucense. Algúns autores do tempo barroco quixeron traguer do leukos grego —polo candor das grandes fiestras das torres, espellos da luz— o nome da cidade. Un brancor cinza do chover, co ceo aborrallado. Dende logo cousa moi difrente do ambente mollado e verde do Tambre, dos azús da costa, das quentes cromáticas ourensáns. Si a luz de Lemos e Chantada vaise trocando como as formas inda non é a do Miño ourensán.

No Romanismo e súa longa presencia, Lugo, contrapoñéndose a Braga, queren sel-os dous focos dunha elipse nunca co tempo arredondeada en circunferencia e dende a falla tectónica da historia no Miño baixo máis defiñida como "élan" peninsuar. Si o ourensanismo tén ricaces terras en rodopío dos montes centrosos do S.L., as Médidas, e unha capital de ponte e camiño, e percibe o chamamento do sul, o país lucense, en outa e rexa posición, manda nos grandes camiños que dos montes divisorios procuran os portos. E ises camiños pasan por Lugo, que tén rondas de Castela e Sant-Iago e fai ós camiños obedecer dibuxando unha curva ó seu señorío. Foron as vías románs, foron os camiños borbónicos. O da Cruña e o de Sant-Iago. Os arcebispos, pra entrar cas etiquetas doutro tempo pola rúa dos Concheiros e San Pedro, facían xornada de Lugo a Sobrado dos

Monxes. Os grandes movimentos de tropas da Independencia e todo o fío de relaciós, marchas, correos da guerra dos Sete Anos, sucedían pola estrada borbónica das postas e dilixencias. Ó longo dos Sete Anos, Lugo foi a verdadeira capital militar da Galiza e namentres poideran gardar o camiño libre e a cidade disposta pra acodir onde fora, os Capitás Xenerás de Galiza considerábanse sadisfeitos.

A diócesis e seu ilustre e antigo metropolitanismo garda impronta latina. Si a sede de San Rosendo goberna a Terra Villalbesa e as fontes do Miño, o esprito lucense disas terras non pode ser discutido. O val de Mondoñedo exercéu unha autoridade en países de orla. Se non podía contentárese cos arcos vivarienses, ortigariense e un anaco do ártabro da costa. Precisaba terras de pan. A chaira outa dalle forza e autoridade á mariña. Lugo foi co Miño deica os Peares, abranguéu os montes, choutando a divisoria, goberna Deza e Dozón no cerne das terraxes foreiras polas augas de Arousa.

Trataremos das rexiós do Outo Miño. Unhas senlleiras e individualizadas de abondo, outras de pasaxe, indeterminadas, sin o xenio expresivo e conquerida fisiognónica do val de Sarria, da Terra Cha, das Somozas, de Lemos.

A TERRA CHA E A COMARCA VILLALBESA

Dende a serra de Meira deica a depresión de Aperral e Roupar, cuia importanza foi notada por Schulz, o tema xeográfico non presenta grandes variaciós e si non fora polo predomiñante valor do camiño, as terras de Parga co seu río debían entrar na grande unidade de paisaxe das chairas onde decorren en curvas finas como nervos de follas o primeiro Miño cas correntes nadas na Carba. Mailo ritmo colle outra forza por Baamonde e Parga e asín un feito de relación concede expresividade a unha paisaxe.

As serras marcan con releves en arcos o beizo ergueito da baixada ó Cantábrico. Un "piedmont" se non desenrola —dita forma necesita do acento humán dun camiño que siga as voltas da montana— ó pé distes lombos e Labrada, Romariz e outros logares clásicos na poesía están xa nos relanzos da encosta e case na paisaxe de Mondoñedo cuias augas, ambente e formas encadran na lei dos vales cantábricos. No ritmo do outo Miño, e apesares do pular do releve —ise pular baixo a tona do chan que se adivirte perto dos montes como si na chaira nacera unha onda, unha vibración muscular— alentan Abadín, entramos Corbelle... Os armentíos procuran as larganzas da Carba. Veñen, amodiño, como as abenzas e as néboas falando da serra os versos de Aquilino Iglesia Alvariño.

A Carba siñifica o primeiro dobrárese da outa chaira, e por tanto seu remate e o comén dun feixe de arcos de serras descendo ó mar. O Monseibane, cas súas arelanzas de forma ceibada, as ermidas do San Salvador e o S. Xillán das que as augas novas son devotiñas, avecíñanse co primeiro

asucamento xa valente do Eume. A forza atraente do seo mariñán leva súa forma deica o Cadramón e o Xistral. Un primeiro "tempo" vivo do curso do Eume dinantes da pousa espaciada das Pontes de García Rodríguez.

O país villalbés creba con pouquidade de erguementos o tema sinxelo e grave como da arca ben rapada por fiel rebolo, a arca petrucia do centeo da Terra Cha. Os lombos doces, alongados, "côtes" como as de Lorena, da terra de Villalba, locen co sol do serán e do outono, amostrando a obra dos ríos, sinalando as lamas polas abedoeiras en moutelas bravas, as pequenas e expresivas costas dos camiños. En ningures se xustifica o tídoo de "ribeira". O chao esteso tén, ás veces, menos agasallos do que as serras. Sobre o río Labrada baixan as abas dispaciosas do Penedo da Vexiga, o Atadoiro, e Pena Redonda que andan polos 600 metros. Os nomes de "Castro" e "Pena" son moitos combinados cos de "Rozas", "Porto", "Lamas", "Insoa", "Moíños"... Algunhas correntes comenzan e non seguen o dibuxo dun val como o Magdalena ó pé de Villalba por Portocarreiro.

O cerne da Terra Cha anda polo Anllo nas Lamas de Xermar e no primeiro arco do Miño, verde de herbales, con auga moza de fontes. Chantando marcos por Castro de Rei, terra de Azúmara ó nacente, Corbelle e Moncelos ó norde, polo río Támboga co seu beizo dereito de abondo sinalado, Cospeito e seu feitiño castro axexante e como abraiado de chaúras, parexo co coto da Virxe do Monte ó poente, e polo mediodía o correr do gracioso río Lea, teríamos demarcado o curazón da Terra Cha mais non a rexión xeográfica. Soan o nome de Ponte Otero, de Xermar, Momán, Moimenta. Chaman os de Loencia e Duarría, e Castro de Rei e Meira mesmo no mesmo torrón apesares de seus alicerces de cotos, avanzadas da serra que teñen ás espaldas.

O valor e ledicia da Terra Cha repousa no ser berce do Miño, cuias fontes aparentes non deitan en abas de serra nin botan costa abaixo rachadoras augas. No xogo de formas e de forzas que labra o macizado erguemento galego unha podente fonte en outa chaira había ser procurada pola erosión como principios da máis rexa enerxía liñal e en remoíños deica obrigar a seguila tantas augas e formas. Pois nun val síntese decorrer, cas augas, as feituras do releve e a historia. E no Miño bate un sinxelo arco de bimbio nas chairas, a primeira mensura dun devalar de tempos, dun decorrer de historia. O nacente da Terra Cha ergue en clásica simpricidade, pseudoxurásica, a serra de Meira seu lombo de regoadas formas, as máis outas (Meira, Teixo) ós 893, ós 860, un pouco menos de 500 sobre as cotas mais baixas da rexión. A serra desce en encosta soave prá Terra Cha non sin adiantar como promontoiros os cotos da comarca de S. Cosme de Piñeiro, e perto de Meira a Pértega de alongada figura. Pró val do Eu, no derrame oposto máis asucado pola erosión, as costas son esporentes sobre a ribeira do Eu augas abaixo do Monte Furado, Piquín e Acebo.

Meira, serra de demarcación, remate dun pular oroxénico conforme ás ideas máis polo de agora vixentes e de acordo co estudo dos feitos par-

ticolares, tén como feito xeográfico un nidio caráiter. Son ás veces necesarias as metáforas. Percorrendo a Galiza, ou os primeiros tatexos expresivos da cordilleira cantábrica, fórmase na mente a imaxen da onda. Tamén as rocas, como as ondas, cabalgan sobre praias e costas. Eiquí unha paisaxe sucede á outra. A das serras de afeixado cóbado cántabro acaba na crara serra, onda fixada nun intre cheo e armoñoso do seu devalar descontra a rixideza do pranouto... Eiquí, apelando á evolución das formas, é a estaxe do casechao, ou penichán.

Estaría xustificado un análisis máis completo de tempos e procesos. Abonda co sentimento dunha grandeza que descobrimos noutras paisaxes críticas galegas do trocárese o ritmo xoven, de duros latexos, das serras do rumbo asturián na chea gravidade dos outos países chairos decorrentes, como temos lembrado deica outro trocamento de medida, no beizo das Mariñas.

Cheo, maduro, sinxelo, o outo Miño dos termos espallados fai pensar na nova mocidade dos vellos releves. Na fisiognómica morfolóxica, a Terra Cha iniciática e a veiga de Tui derradeira son findares de procesos, estaxes vellos e colmados. Terra, torrón, mol, labrego, lonxano á dureza e violencia da roca, augas podentes e tranquías nas lamas de Xermar e nos primeiros pontes do Miño ca forza tranquía das fontes, dos regueiros fillos da neve, e o sorrir no abril dos lameiros verdecidos que gardan todo o vran súa primaveiral e aceda xuventude. Nas veigas de Tui, baixo nivel, fondo val ateigado, terra carrexada de moitas abas e vales, derradeira forma xa domeada da dureza e fíos das pizarras do val do Sil e seus artellamentos, da grave pasividade dos granitos, da rexa fábrica das terrazas, das lixeiras areas, do torrón labourado longas idades polas xeneraciós labregas. En entramos, máis na terra crara e outa, os mainos tempos xeolóxicos semellan voltar a unha xuventude no seu dinamismo.

Verdes rexos, ás veces craros, das herbas priguizosas, vexetar podente en coores e feituras de montana escolleita pola invernía, lamas, lameiros, lamestras, en tempos estesas e recheas, noutras sazós esmaltadas polo vivir xubilosamente fisiolóxico das especies pratenses. Abondo de espacio, larganzas comunás, estratexia contra a auga e, ó tempo, sociedade con ela. Non son as medras e cheas dos ríos orgaizados. Son silenciosos espellos crecedeiros, moles, que dubidosos van embebendo a terra que, aínda enxoita, conserva a forma do inverno. Os castiñeiros de roda, algús fatos de carballos, sobre todo os abedoeiros e os salgueiros, amigos das augas, forman rodales e curtinas, sebes e renques, e súas figuras sinxelas e súas ordeaciós claras refrexan ben a luz griseira, embazada, dos crebados e lameirentos eidos e montes baixos. Non inzan os piñeiros sempre verdes. Pagan os arboredos foros de páledos ouros no outono. O veciño das bocarribeiras en estaxes ricamente asoelladas, os dos vales de mestos pobos e quentes ambentes criadores de vides e resoantes de outos milleiros, teñen por probe dos montes, dos ermos, das agras raras, ista Terra Cha que, pola sinxeleza e arcaís-

mo das formas, tén un xénero de beleza silente, rexamente homilde, petrucia e nena.

Deica o xuntoiro co Parga as ponlas do Miño dibuxan o esquema dun castiñeiro de longos renovos espallados cuio tronco e pé fora o tramo entre Rábade e Lugo. Rábade, Outeiro de Rei, a afluencia do Parga, šinalan unha mutación no orgaísmo e dibuxo do sistema das correntes si non na morfoloxía do val. Estase tentado a enxergare no Anllo, no Támboga, no Luaces, non tanto no Parga, outros tantos Miños xóvenes. Emporiso, no deitar ricaz e comprexo con fonte de seu e nutrimento da serra, nos alternados arcos da súa carreira inda mol, parés brilar no río de Meira unha seguranza de estesos vales.

Dous fortes regueiros da serra, o do Porto da Pena ou de Meira e o de Feás, xuntándose pouco dinantes de Meira, entre herbás e agras e cas augas da abondosa Fomiñá tres kilómetros abaixo da vila, crían o Miño cuio primeiro arco maino dibúxase ca convexidade por N. W. Dinantes do soado nacente tén pular de río. O riacho do Porto da Pena leva súa fonte deica Pedralba por 750 metros, acolle as da Pértiga, racha ó comén costas esporentes. O de Feás desce polas gandras de Irimía. Baixo dúas pontes ó pé de Meira, o río, entre doces costiñas, a un nivel de 450 na vila, fai seu primeiro tramo hastra recoller as augas seguras, deitar solene e rico entre fartura de salgueiros, da Fomiñá, nome de logar de non moitas casas, perto de Gruñedo, Goritos, e outros logares relacioados con Meira, en paraxe de agras e herbás, chairas soio lixeiramente abombeadas no Monte Redondo, Casanova, Carricei, apenas ergueitos dun cento de metros sobre un chan farto de regos que o Miño vai chamando: o Madanela, nomeado tamén Miñotelo, o de Rigueira, o Pequeno, despoixa o Anllo, pola beira dereita. As augas do Miñotelo, nome dunha verde e levián trasparenza de follas novamente agromadas, vén de terras de Mourelle e Pastoriza, como o Rigueira de Ubeda e o Pequeno, iste un longo treito decorrendo ó par do Miño por eidos de Moimenta e Bazar deica xuntáreselle en Ribapena, vén por Loboso e Corbelle. Pola ezquerda o primeiro afloente dalgún porqué vén sendo o río de Azúmara e Castro de Rei. O nome de Miño aparés ben aixiña, o primeiro Riba do Miño, lugariño de Santa María de Otero.

O Miñotelo fórmase na recantada Bretoña, terraxe orixinaria cecáis da sede mindoniense. O Pequeno vén do Cordal de Neda, as fontes do Anllo ruben moito nas entranas dos montes, enriba de Abadín, vales de Labrada e Romariz, xa veciños da Carba, e o Anllo na Terra Cha, entre tantos ríos e regueiros deitados en lamas, espalla a meirande e siñificativa, a de Xermar, entre Momán e Roar, non lonxe de Cospeito, logar centroso de camiños, paisaxe de augas dubidosas, río o Anllo dende o puzo de As Extremas conxugado por unha ponla co Támega. Un intre o Miño, ó xuntáreselle o Anllo, adoita formas de paludes nas pontes de Triabá. Os feitos amostran unha Antela en sazós de invernía. Son de arcaicas resoanzas os nomes das pontes vedraias da Terra Cha —Liñares, das Aceñas, no Miño; Faladoiro,

Somo, no Anllo—. Si non xeográfico, o corazón relixioso da comarca latexa na Virxe do Monte, devota ermida, padroazgo antigo da rexión.

O Támboga, nado por Aldixe, empriguízase tamén en lagoas e lamas por Cospeito que as invernías fan unha ca de Xermar, e xúntase ó Miño, despoixa da lagoa das Seixas, en Damil.

Pola terra de Azúmara e Castro de Rei os nomes de Pol, Luaces, Montecubeiro inzan xa non lonxe da serra —Penas da Ferradura— e as augas van co río de Azúmara ou Luaces. Un curto troque do ritmo chairo en lombos baixos determiña outra matización da Terra Cha: a comarca do Lea, río enteirado por dúas ramas non lonxe da ermida e feira do Castro, e de Ribeiras de Lea; unha delas leva ó Miño unha parte das augas do monte San Fitoiro no hourizonte de Lugo.

Nas dúas pontes de Rábade, o Miño despártese entre illas alongadas e baixas, collendo xa un comén de facies de val orgaizado, entre podentes carballeiras, e pouco máis abaixo acolle o Ladra, pé de Outeiro de Rei e da ermida de Santa Isabel. O Ladra, xuntoiro dos ríos case consecuentes da terra villalbesa e do Parga. Non falla moito pra Lugo, mais aínda non se orgaiza a xentil gravidade das augas e lonxanías lucenses.

O río Trumaz ou Trimaz ou tamén S. Martiño conxugándose en Portovixil ó sul de Villalba co Magdalena forman o Ladra. Iste por S. Martiño de Noche, S. Salvador de Ladra e S. Xiao de Alba, xunto co Liñares e outros pequenos, recibe nos términos de Insua ó Labrada e, despoixa de decorrer por Pigara, colle o Parga en Pacios.

O Ladra vén sendo a canle dos ríos villalbeses e do Parga xa doutros oríxens. Son correntes que repeten a mesma temática de regueiros montesíos —o Magdalena e o Trumaz da Carba, o Labrada da Loba— aixiña de chao, deitados en armoñosos arcos pola chamada do Miño. Riba de Lanzós, polo castro Vieiro deixa o Magdalena os montes. O Trumaz forma un val de tránsito de grande valencia na historia, ó Eume e Pontes de García Rodríguez, obedecendo a un chamamento das Mariñas. Ista depresión de Roupar, cos castros de Aperral, tén sido notada por Schulz. Cecáis sexa baixo gandideiros mantelos de formaciós modernas unha chave morfolóxica.

O fermoso arco do Labrada polos termos de Belesar tén seu arrinque pé do cruceiro da Loba, nome ben expresivo do grave consello de cumes (a Loba, o Montouto, o pico de Vales, o de Suatorre) de onde os outos chairos chegan a Monfero, xa riba das costas mariñáns e se confonden cos largasíos lombos de Irixoa e Aranga, terras de augas ó Mandéu. Entre as chamadas do Miño, Eume e Mandéu, a formación dos montes ditos, lonxe da súa función de lombos demarcadoiros, semella unha raiolante "meda", moi comesta polos variados ritmos erosivos, esmiuzada en cumes illadas no devalar monótono das outas chairas.

Os camiños, as estradas modernas, demarcan e orgaízan o tranquío ritmo das terras do Miño xoven, en espaciosos termos de vellas xeórxicas, centeeiras, fatelos carballeiros, larganzas cheas de invernía, de vento, de au-

gas, de verdore e luz, nas que os cotos das ermidas e as costas adequiren valores centrosos e de referencia. Un fume ós lonxes, un castro, uns outos arboredos, fanse doadamente focos de paisaxes igualadas con hourizontes.

Meira, Villalba, Castro de Rei, un claustro e torres, loita dos grandes donos das Mariñas, polo ser das chaúras cereales, lameirentas e sans de ares e xentes. As feiras e os pobos novos compren ca súa función e van traballando en rexas formas vilegas a materia labrega de máis frouxa e mol figuranza. Non pode ceibárese Meira —incruso na estroitura urbán— da lei das proporciós monásticas. Villalba poidérase definir poéticamente como a maduración dos albos, o froito dos brancos e grises das abedoeiras, da terra ben regada.

Si o Miño novicio compón ben en Meira —gostaron os mosteiros da pureza e forza dos oríxens fluviales— en Villalba a torre gárdase como lembranza do que foi o camiño servo e o camiño libre. De abondo máis do que vila itineraria, cruceiro de camiños, pousa diante pasos dificuldosos, Villalba mostra rúas e prazas de seu. Loca farturanza urbán. Centrosa dun val aberto e espallado vén sendo na proporción de pequenas capitás lucenses o equivalente prás chairas do que Fonsagrada prás serras. Chama por Candamil e Aperral o camiño das Pontes, o da ría do Ferrol a máis outa do seo mariñán. O "clasicismo" de Lugo mañiféstase tamén nisa conteste posición das vilas centrosas. Semella cada unha presidire o cuartel dun escudo. O símbolo da craridade villalbesa, como o dos verdeceres mociños de Meira, son promesa da luz esencial ó coto céltigo e augusto de Lugo.

TERRAS ENTRE O CAMIÑO DAS MARIÑAS (PARGA, FRIOL, GUNTÍN, CHAMOSO) E O CAMIÑO DE SANT-IAGO. TEMAS XEOGRÁFICOS DE LUGO

Dende as pontes de Rábade á de Porto-Marín, o Miño, afacéndose con saudade de mozo das terras chairas a traballar sin moita presa súas beiras, recolle pola banda dereita tres ríos de tres comarcas máis persoalizadas pola sona dalgús nomes do que polo degráu de individualidade atinxido no conxunto descer do releve dende o "divortio aquarum" cas Mariñas e as Rías Baixas: o Parga, o Narla e máis o Ferreira. Dos montes ordeados cas serras do ourente descen ó Miño pola banda ezquerda correntes e formas de Castroverde e Adái. Mais por riba das outras imponse o sistema do Neira, eixe de vales e terraxes que en outo estilo alongan dun senso o tema das serras nas que os primeiros e outos vales furan e ruben deica seren veciñas súas cabeceiras das do Eu e o Navia, floentes ó Cantábrico, e do Lor do ámpido do Sil. Entre o camiño dos esteiros de Betanzos e da ría cruñesa, remontando co Parga e baixando co Mandéu e a "vía Francigena" dos peleriños de Sant-Iago que tiña en Porto Marín santuario, hospital e ponte pasaxeira, o Miño está presidido pola primeira e, no tempo antigo, a máis

ilustre das súas cidades bispales, Lugo. Si afastamol-as terras sinaladas da villalbesa e Cha ó norde e das de Chantada e Lemos ó sul, concedéndolles un caráiter máis enxebremente lugués, a xustificación é ben doada e remanece das formas xeográficas, e dos degráus de individualización das comarcas. O cordal de Ousá e o San Fitoiro sin enteirar sebe sinalan ben o trocamento das chairas estesas en releves espaciados en vales de grande radio á dereita do Miño e na ezquerda en individoalidás crecedeiras no senso sul. Pénsese na xinea e familia dos vales do Neira. Segue o Miño impoñendo súa lei. Asegún afonda o val xoven, rematan nos seus outos beizos comarcas de chea persoalidade. Ben lucense, pra algús a frol do lucense, o val de Sarria pide ser considerado cas terras de Chamoso e Gaioso, millor que con Lemos, terra nalgún respeito esencial de síntesis derradeira dun mundo de procesos e formas drento da lei do Miño e do caráiter xeográfico galego.

A constelación de parroquias e pobos do nome de Parga (Sta. Cruz, S. Salvador, S. Beixo, Trasparga) cobre cos seus derivados e relaciós o espacio centroso entre a Coba da Serpe, o Montouto e o Cordal de Ousá, terra abombeada en conxunto onde o río, describindo un "ese" de fermoso dibuxo, semella por Baamonde e Bóveda descobrir e cinguírese as raíces penedosas de cotos que amingoan o desenrolo do val. Os caraiteres de chaira, si aínda compoñen, agás dos erguementos dos montes, o dibuxo dos hourizontes estesos, ceden diante unha paisaxe de cotos apenas sinalados, costas con rodales de carballeiras e un orgaizado floíre. En Ponte da Roca, polos 450 m. de outura, súmaselle o Requeixo, ou tamén Roca, descendo de Buriz, e non lonxe o Blanqueño de Sant-Iago de Trasparga.

Ista terra vai sendo clásico lombo demarcadoiro entre chamamentos fluviás sin escultura de serra. Cecáis presente un dos grandes problemas da historia xeomorfolóxica da nosa Terra. Os lombos soaves preludian as larganzas de Curtis e Irixoa. Por Guitiriz as carballeiras alentan no chan lamigoso, as gandras de terra roxa, lixeiramente abombeadas, déixanse escasamente asucar polos regos. A Ponte Vella, os largasíos ermos arredor da ermida da Paradela, dan paisaxes no vran de grande lumiosidade de outura e un proceso chegando á estabilidade da madureza nas formas. Os ríos, como o Mandéu na famosa "Ponte Castellana", chegan nos meandros a descobrir, baixo a tona gandreira, o alicerce do rochedo. Os camiños impoñen seu ritmo liñal, de grande intensidade, criando unha fita de vida no vagantío esteso de raros pobos. A estrada xeral de Galiza e o ferrocarril, dende Lugo, conceden á terra de Parga unha función senlleira co desenrolo do centro balneario de Guitiriz.

O Cordal de Ousá chega ós 736 metros, e dil descen regos ó Parga —Lavandeiro, Porto Carro, Ameneiro— que non lonxe de Santa Baia de Bóveda recolle no Ladra o sistema dos ríos villalbeses. Aínda o Parga obedece á lei das dispaciosas curvas chairas, mais xa figura doutro empuxe e resistencia á loita e traballo da erosión. A xuntanza co Miño faise ós ca-

tro kilómetros de Rábade, pé do pequeno monte Chinto, parroquia de Martul, non lonxe da Robra. As correntes de tona aínda decorren unhas noutras ca sinxeleza das chaúras de Francia. Din os xeólogos terras vellas de forma. Dan a impresión dunha grande e estesa cúpula moi rebaixada.

As comarcas en roda co Cordal de Ousá poderíanse chamar, seguindo apelido ilustre, de Gaioso. Gaioso, Candai, Ousá, Trasmonde, Pena, Cerdeiras, pobos gandeiros, esmaltan os releves de arredor do Cordal chamados Roza do Cordal, Chao de Mazós, Seixos, nomes ben trasparentes, dos que dibuxan fonéticamente o ser da economía, o ton da paisaxe. Refréxase no Castro, Chao e Gandra o nome do río Narla, propio de Friol. Regueiros da terra de Silvela formando o Narla entranan iste río no maino lombo criador de augas diverxentes que chamamos a "coroa" das Pías. Outros véñenlle do Cordal ou polo sul da Pena de Gonce e Guimarei. Polas parroquias de Vicinte e Vilalbite vai a Hombreiro a entrar no Miño perto das illas de Porto Seibane.

Ista terra de Friol desce docemente na lei de graves aspeitos da montana a se enteirar na paisaxe luguesa. Non se afasta moito a de Guntín, onde formas enteiras de montes míranse abranguidas na larganza dos ermos. Friol máis verde. Guntín máis gris. O nome de Pallares soa millor a torgueiras fidalgas de dispaciosos afillamentos e renovos e Ferreira de Pallares, non lonxe de Guntín, con augas descidas do monte Ladairo, leva o nome do río e da comarca, no tramo de afondimento e dibuxo mais enérxico do suco do Ferreira.

Pé de Lugo, comenza por Piugos, ben perto dos arrabaldos da cidade, a estesa formación de gandras, touzas e devesas que cruza a estrada de Ourense case deica a variación de paisaxe de Guntín e os pontes Meixaboi. Os pobos chamados Monte Meda, no centro distas chairas ricas e xenerosas, teñen o nome de castros e cotos que, como outros de terraxes semellantes de Galiza, poden ser feituras rexas dunha devanceira topografía. Tén valencia fisiognómica o renque de parroquias enfiadas no vello camiño (despóis de Piugos, Soñar, Lousada) que case vai seguindo o labro da costa dos chaos sobre o Miño, sin se determinaren formas de abondo ricas e de seu pra levar o nome de bocarribeiras. É o camiño de Porto Marín, hoxe seguido por estrada moderna.

O Ferreira tén seus principios en Bistulfe, pertiño do logar de Corno de Boi, nome da serra, e no monte Oroso. Son terras de pregación. Por Bacurín e Vilamaior de Negral o releve anda polos 500 m. e rube diles. Os montes de Mirio (590), a Pena da Culpa, a dos Fornos e a Crespa érguense, severas e tristeiras, ós 700 por Portomillos. Mais como forma caraiterística dista rexión de Pallares tense de recordare o Cotoroso ca costa de Gondarén sobre Guntín. As rodas de castiñeiros das baixadas, os finos verdes pratenses, amedran a soedade de ermanzas do Cotoroso, cuio nome temos lembrado nas fontes do Ferreira. O de Negral relacióase ca costa da

Terranegra, e Terranegra chámanse as parroquias de Retorta que son dúas, Hespital e Bacurín.

Nas pontes Meixaboi, de grande valor itinerario, deita no Ferreira o río Irixe que vén dende os vagos e ermos lombos da serra de Ligonde (790 mts) unha das outuras enteiradas nos marcos xeográficos da Ulloa. Friol, como Pallares ou Guntín e outras terras centrosas galegas, e máis particolarmente luguesas, garda as marcas dos herdamentos fidalgos e petrucios doutro tempo, e lugares acaseirados e patrimoños compretos arredondéanse con todolos seus elementos nas paisaxes en contraste cas ermanzas de pastos, terras de fría tona, de augas quietas e moi batidas polo vento.

Por Vilar das Donas e Foncuberta o releve vai sinalando as sebes da Ulloa. Ista rexión, respondendo á chamada do mar de Arousa, ha ser estudiada cas formas decorrentes que nacen nela inda ó comén adurmiñadas. Por Narón, e Hespital da Cruz, as terras en graves chairas apenas deixan percibire o trocamento de ritmo determiñado polas augas obedentes á pulsación ullán. Mailas penas de Ambarría xurden de sutaque pra quen demarque en mortas categorías os feitos xeográficos, e como indicio dun pulo novo, ou dunha falla no decorrer do tempo xeolóxico pra quen viva no senso do proceso das formas. As penas de Ambarría, deitadas en paquetes pizarreños, lonxe da podente seguridade doutros montes e cotos, falan do ímpedo da atraición ullán e da loita entre dous sistemas de forzas. Escuras, de tráxicos e dooridos perfís, seu logar está na estética da paisaxe no noso sentir. Impoñen de perto seu rude erguemento as terras de Meixonfrío, Soengas e outras asucadas por regos axuntados no do Porto da Vila e cinguidas á comarca de tipo semellante ó de Chantada que tén por centro a vila de Taboada entre antigas aldeas (Bembibre, Toiriz, Moreda) en raioso chan domiñando os lameiros e ribeiras do río da Barrela.

Non somos amigos de desartellar os conxuntos xeográficos pola nimia cavilación xeométrica e as demarcaciós, non poucas veces gandideiras, sinaladas polas serras. Pro nas comarcas de Chamoso e Adái, o baixo Neira e as beiras de Sarria, os montes San Fitoiro e Páramo, aquil no hourizonte de Lugo, sinalan os trocamentos de formas, un meirande espallamento de chairas e cotos ceibados do podente sistema das serras do nacente. Si Castroverde e Adá non poden ser enxergados sin a veciñanza dos montes do Cadebo e o val de Neira de Xusá desartellado dos releves onde inza súas mestas parroquias, as terras de Chamoso e Corgo, Neira dos Cabaleiros —e outras Neiras— e a Póboa de San Xullán figuran cinguidas e obedentes á lei do Miño, e son obedentes a outro ritmo da paisaxe. Non queremos privar ó Neira do seu poder de conxugar vales e montanas, pro non chegando seu conxunto val ou renque de formas valecas á madureza e chea fisiognómica do do Sil, impóñense os montes sobre o río pra defiñir e caraiterizar as terras. Da Galiza montesía do ourente somentes o Sil chega a se impor por si, a facer esquencer as feituras montesías ou deixalas nun

segundo termo. Non pode o decorrer do Neira deixar siñificare no mundo das formas como figura, eixe e condición rexional.

As terras de Chamoso andan chegando ós 500 metros. Sinálanse outuras —como o monte do Forno da Vella, das Vidueiras— de 620 m. por Queizán e Goi. Son parroquias de Santa María de Bóveda, Báscoas, Adái, S. Bartolomeu de Chamoso. En Arxemil a xuntanza de varios regos —o de Romeán, o do Outeiro, co mais longo de San Paio que desce de Castroverde por Queizán e Adái —forma o río de Chamoso que, pola ponte do Bao, a Areosa e Laxosa, vai ó Miño en Paradela, na raís do monte dos Castros. Son as ditas terras ordeadas no hourizonte nidiamente lugués.

Máis ó sul, o Neira, por Láncara e a Póboa de San Xullán, dinantes de se xuntar co Miño, atrai as augas das terras de Franqueán, Castrillón, Gándara vella, polos ríos Tordea e Mazandán, pola ezquerda as axuntadas no río Sarria. Iste corresponde a unha rexión xeográfica —na madureza das formas non é preciso afastar do senso natural o senso histórico— ben coñecida, por leis de forma e ritmos perteñecentes á familia de terras cheamente individualizadas como Chantada, como Lemos, do Miño Lugués. Pola chaúra, a ordeación dos logares, a valencia e poder dos camiños reitores, as parroquias cruzadas polo Tordea e o Mazandán entran de cheo na rexión de Chamoso, na paisaxe lucense.

Uriz, Franqueán, Castrillón, Maréi, son nomes relacioados co Tordea. Os releves son pequenos. Sinálanse sin chegar ós 550 m. o Castro de Uriz, o monte Groba, o Alboiro, en Franqueán, e as gandras estesas de Maréi. O río Mazandán, de suco menos orgaizado, por Bergazo e Corgo, chámase tamén de Maceda. No termo de Escouredo xúntase co Tordea e a pouco, a cousa dun kilómetro, entran no Neira moi perto da súa xuntanza co Sarria, en paisaxe de maduros cotos, moi ben detremiñados, craro, verdecente, de augas novas, poilo Neira, de longo curso e trunfos, chega con aire mozo ó Miño tamén mozo. Son terras chairentas dende Láncara ás do derradeiro tramo do Neira. A Serra de Láncara (600) na dereita tén case o mesmo releve da Illoa na outra beira. Despoixa de Láncara e de Vilaleo, por Bande, Póboa de S. Xullán e Moscán, o nome de Neira moltiplícase: Neira de Rapados, S. Martiño de Neira, Castro de Neira, non lonxe da ponte Neira, e perto de Vilarmosteiro a Sta. Madanela de Neira. O río deita entre Ferroi e Ribeira, nun tramo de ensaios de meandros encaixados e pequenas illas sinalando o comén dun novo ritmo no decorrer do Miño lucense.

Defíñese a cidade de Lugo doadamente como centrosa, ergueita, millor do que coto antigo e ilustre fortecido por cercas, adoutriñado e decrarado por torres, como promontoiro rexo sobor do río e da ponte. Adianta en valente proa, é unha forma rematadoira, e o fondo suco do río Fervedoira, baixo a ponte da Chança, dalle máis singolaridade e valencia. Saamasas, S. Lázaro, máis lonxe Adaia, Orbazái, Albeiros co regueiro que vai ó Fervedoira, son nomes soantes nos arrabaldos de Lugo.

Inda que poideran desaparecere as cercas non perdería Lugo seu caráiter de cidade de outura, ben asoellada, ben trabada en albos e grises, trunfo dos tons da pizarra, da siñificanza dos brancos decorativos sobre a ponte, o río aínda verde e craro, de finas e sensitivas márxenes, o barrio do S. Lázaro, un comén de ribeira.

Os camiños non chegan a Lugo nin se trocan en rúas do mesmo xeito do que en Ourense ou en Pontevedra. No coto lucense os camiños chegan rubindo, cíngueno según a lei das cercas, entran suxeitos a un noviciado, exprimentan a autoridade das portas. A rúa pode ser maxinada en Lugo como primeiro do que o camiño. Manda de lonxe os grandes tramos de camiños —vía, estrada, camiño de ferro—. Percíbese a valencia da posición



Fig. 4. - Lugo. Ponte sobre o Miño.

centrosa o mesmo na provincia román e na axitada provincia da guerra dos Sete Anos. Centrosa de rexas terras xeórxicas e gandeiras, e do eixe Bierzo-Coruña, é decir Madride-Coruña no tramo galego. Na guerra civil o trunfo había ser do poder que fora dono de Lugo, como na guerra xeneral sempre calculable na enteireza da Hespaña do poder señor da meseta do Duero e da cordilleira central.

As "rondas" forman arredor e obedentes ós muros unha orla sensitiva, vibradoira. Nela pousa e se fai cidadán a marea verde do agro. Os glaucos da campía son ben variados e chegan deica as rondas —verdes afillamentos do clima nos lameiros, luz apreixada na mestura das carballeiras, levián e podente latexar das agras de centeo— onde o verde trócase en gris e

branco. O esquema esencial román gárdase no sistema das rúas. Como pechadas polas murallas, con vivire e decorrer fixadas polas portas, as rúas volven sobre si, compren en curto tempo seu oficio, xuntando prazas. Pensemos na praza da catedral e na Maior. Hai a do Mercado, onde os frades ergueron seus conventos e os ousos góticos siñificativos dunha época



Fig. 5. - Lugo. Porta na muralla romá.

nova. Entre as dúas prazas, o liberalismo, franquexando unha rúa dreita, espaciosa, dándolle o nome de "calle de la Reina", facéndoa inaugurar pola mesma soberana, dibuxóu un programa e compríu un mañifesto. Era a consecuencia da provincia formada nas discusiós das Cortes do 1822 millor do que no decreto de dez anos despoixa. Xa non a provincia, unha das Sete do Reino. A rúa da "Reina" siñifica, sen querelo, o vencimento

da rúa mindoniense, a enteireza da provincia deica o mar co seu eixe, o camiño. O camiño pasaxeiro e domiñado. Enxamáis entre o barrio da ponte e a cidade de Lugo póidose chegar á relación da ponte ourensán con Ourense. Lugo defendéu moito tempo a dinidade de fidalguía de raíces labregas do seu castro e coto.

Considerando como dun xeito sai o camiño vello da Cruña e súa paralela a estrada nova polo barrio do Páxaro e os outros camiños do nacente, mediodía e poente, xurde crara a figura do promontoiro lucense. Tamén o Miño tén en Lugo seu bateo de formas. Deica Lugo non tiña refrexado costas.

Fig. 6. - Lugo. Praza.

Do Lugo de ordeación de "castra" román ha quedar sempre o esencial da forma. Foi Lugo, e segue sendo, na Galiza céltiga, o trunfo da xeometría: Agripa, o Imperio, o edicto pretorián. As rondas son obra, en maor parte, do XIX na segunda metade. Obedecen á lei da cerca. Foron axuntando os arrabaldos (Flores, S. Roque, Recatelo, Carmo) confirmando o senso antigo e sinxelo. Como íntema competencia entre rexiós da cidade é importante a comparanza entre a porta de Sant-Iago e a do San Pedro. Ista artellóuse no grande arrabaldo do San Roque ca súa capela, xa no XVIII parte valente da cidade fora das murallas. Deixamos, con sentimento, a cidade do Sacramento, mais non sin facer lembrar cómo a beleza do outo

Miño chega na paisaxe lucense a compoñer as paisaxes de fondo sintetismo e donceleza de temas da ribeira de Saamasas, de Orbazái.

TERRAS DE CHANTADA, SARRIA, LEMOS E SUCO DO MIÑO

Taboada, vila branca e leda, bo país de crianza de gado, sonada polos seus xatos, chámase "de Carballo" ou "en Carballo" por seu nó antigo, labrego e fidalgo, a parroquia de Sto. Tomé de Carballo, nomeada espallada na nosa Terra. Taboada é debidora do seu trafego vilego ó seu logar no vieiro decorrente entre o renque e unidade dos outos lombos serráns e o labro do val, cada paso máis afundido, do Miño. Vieiro histórico, seguido pola estrada xuntadoira, por Chantada, das dúas cidás que no senso ourente-occidente, o senso do decorrer galego, xuntan a Sant-Iago de Compostela as dúas capidás do Miño, centrosas, Lugo e Ourense.

Outra Taboada, vila aldeán, apelidada "dos Freires" achégase máis á serra, ó seu "piedmont". Pro milIor na terra e vila de Chantada demóstranse as condiciós morfolóxicas sinxelas e podentes co descer en tempos da serra ó val xa encaixado. O estudoso das formas está tentado a propoñer sobre os tres "tempos" da costa unha teoría de vales ou ríos "consecuentes". De feito, a lei sinxela dun regoado asucamento manda dende as pontes de Rábade.

Descóbrese na terra chantadina unha proporción e repartimento de parroquias moi difrente ó dos Chaos, dos Vales, e das comarcas grandeiras. Iste tipo de encosta mírase con craridade entre os ríos Enviande que vai ó Miño en Castro Condad e o San Mamede de Carballeda. Terra inzada regoadamente de parroquias. Ó norde de Chantada, Merlán, Sabadelle, Pedrafita, Maariz; ó sul, Asma e Pereira; polo nacente, Muradelle, Laxe, Mato.

A vila forma orgaísmo e vén ser praza, foro e mercado de Campo Ramiro, Lincora e dúas Asma, a xa dita, San Salvador, e San Xurxo, poila terceira, Sta. Uxía de Asma, cai desviada polo rumbo de Cartelos.

Chantada —483 m.— soio afastada seis kilómetros da ribeira e do asucamento do val do Miño, semella ben lonxe dos caraiteres ribeiráns. O conceito e sentido de ribeira non chega no Miño lugués á forza e raiolamento propio das terras ourensáns. A ribeira mañiféstase como un afondado asucamento ricaz, dependente, como unha horta ou renque delas. Asín Taboada, Chantada, os nós labregos gardan seus verdes, brancos e grises, seus artellamentos montesíos. A sombra do Faro, súa luz grave e podente, trunfa sobre calquer cromática ribeirán. Os pobos ben alicerzados, as casas de rexos esquinás, os rodás de castiñeiros, as sebes fortes, as quebradas esmaltadas de ben coidados lameiros —polas ribeiras de Ourense cruzan, xa tardeiro, os carros de herba fina, ulente, de Chantada— os espacios gandreiros, sinalan o imperio da lei da montana. Máis ó sul, nos estesos lombos chairentos que sinalan o erguemento da Martiñá demarcadoira, os pobos

son raros entre Ximonde e Beascós maila terra espalla súas largasías agras ben contestes.

Dende o lombo ergueito do Faro descen os ríos en estaxes ben regoadas, afondando seus vales, ou millor crebadas, que fortecen o afrolamento dos cotos arredondados caraiterísticos da paisaxe de arboredos e laméiros. Chegando ó labro do val do Miño, algunhas augas descen en frieiras. A máis fermosa é a do Barrela, de Taboada.

Os regueiros de Argozón e Monte, despoixa dos termos inda montesíos decorados pola torre de Arcos, xúntanse co río da encosta do monte Faro, o de Mouricios e Maariz por Pedrafita e Sabadelle, país de pazos.

As fontes do Asma chegan ben outo deica os montes de Oseira, riba da Martiñá. Por entramas parroquias de Viana, Esmorís e Sta. Cristina de Asma, o río esculpe un comén de val xuntándose pola antiga ponte Viana cos regos nados nas encostas doutras dúas parroquias irmás, as de Requeixo. Chega a forma espallada de val envolveito en costas doces coroadas por formas pouco dibuxadas ó pe de Chantada, topografía que surprende e, ó tempo, acalma pola madureza relativa. O riacho do Couto, descendo de Vilar de Mulleres, por Castro, afonda súa crebada de escasos logares. Máis valencia tén o fermoso Búbal, cuias dúas raíces, na Martiñá, pechan os lombos gandreiros da Agoada, chaman por regos de Lamas da Agoada ó pé do sonado e ilustre castro de Morgade. O Búbal, despoixa dun tramo socegado pola terraxe lameirenta e arborada de Carballedo —capidal do concello—, volve a ser frieirento polas costas de Búbal e Souto, xa envolveitas en mantos de piñeiros pra caír no Miño despoixa de Temes, en hourizontes e paisaxe doutra luz e forma. Cartelos está ós 700 m., Viana e Carballedo case a cen metros menos. Arredondéase ós 700 a figura do Morgadán. Hai cara o Miño un trocamento de ritmo, nos cotos, nas quebradas, nótase nas feituras e amestamento das formas xeórxicas e da poboación. No noso sentir, na faciana da terra de Chantada e Taboada xoga función esencial o "piedimonte" —ou "rente a serra"— ben seguido polo antigo camiño, cinguidor dos vales no tramo en que, nacendo pé do monte, conxugan súas formas en tramo obedente ó desenrolo da serra por Búbal, Buciños, Cartelos, Esmorís, Viana, Mouricios, Arguzón, deica chegar por Olveda ás soleiras doutra terra, a Ulloa, xa ordeada en rodopío, en cerco de montes, berce doutras augas boligadoras ca chamada do mar de Arousa.

Mandan nas paisaxes os bultos da Martiñá e a cúpula do Faro. Iste semella rematar ca súa forma un proceso desenrolado e, ás veces, detido ou fracasado noutros releves. Son espallados e folgados os antigos camiños e dunha graciosa e baril composición os vales no seu comén. Lembramos a mestura do bosque fidalgo de Cartelos, a importancia da feira centrosa das Penas Illás, a verde dozura da paisaxe da Argozón, a finura de arboredos pratenses de Adá.

A estrada de Ourense —ou millor de Cambeo a Ponte Meixaboi— escolle os lombos onde se adivirte o trocamento de ritmo, e colle niste

tramo os vales deica Chantada. Entre os logares máis caraiterísticos figuran a Barrela ca súa forza de chamamento que a fai cecáis nó dunha futura vila, e a ponte Casares. Perto dista, Castro, Carballeda, as dúas Lousadas, forman o primeiro afillamento de boas parroquias lucenses na presencia de cuias vagas ermanzas e costas as augas bulen ca impacencia do Miño centroso ou ourensán.

En dous rumbos de procesos, de resoancias poidéramos cecáis escribire, achéganse as serras do N. L. galego ó val do Miño e responden ó seu chamamento dende o comén do afondimento do gran río: na terra inda moi cinguida ó pular da montana de Sarria, e na terra xa ben de seu esculpida, dona do releve, que pode enxergar de lonxe as composiciós das serras do Caurel, a terra de Lemos. Sobre elas, en particolar encol da de Sarria, temos de voltar no estudo dos montes. Desglósase delas ca gracia e temperán fartura dun val ledo e grave onde, asegún espritos moi escolleitos e espreitadores, o tema lugués da paisaxe consegue suas composiciós máis expresivas.

Despoixa das terras chairentas de Chamoso, o ricaz artellamento de Sarria. Certamente seu río centroso vai ó Neira, pro seu val siñifica o comén doutro sistema de formas. Val ás veces estreitado, afondido na verdecente montana, abrigoso, outras espallado, aberto xenerosamente ó poente cuio rumbo considérase fechado polo decorrer solene das serras demarcadoiras ca cúpula regular do Faro, e o releve dooroso, en erguementos duros, da serra da Martiñá. Escribindo a biografía do P. Feixóo, fixo Murguía unha paisaxe literaria do val de Sarria. "Es difícil", escribe, "que en la misma Galicia se hallen paisajes más bellos". Murguía vai embargado por un sentimento xeórxico. Outra beleza, e non máis pequeno sentido, garda o entrar pouco a pouco dende Sarria a Samos no mundo de formas pechas, non desenroladas, da montana galega.

Poidérase estudar o val de Sarria como unha belida forma "subsecuente", sendo a correspondente rexión "consecuente" a pequena do río Loio que vai en Porto Marín ó Miño. Schulz gaba a fartura da veiga. Súa formación, como a de Lemos, facía cavilar moito ó petrucio da nosa xeoloxía. O val nado como releve afillado nos graves montes Medá e Oribio espállase conforme un eixe N.W.—S.L. Impón o Neira súa chamada xa que non súa forma. O Páramo e o Cibreiró son as cumes perfeitas dos montes pechadoiros de Sarria polo rumbo do Miño. E, con todo, outra terra ben miñoteira é a de Sarria. O Cibreiró e a Pena chamada, con belido nome, Ventureira fan, enteiran unha rexión outa, de marco entre a Somoza maor e Lemos. As augas rachadoras das frieiras traballan ben perto das tranquías do Sarria e os moitos riachos coil artellados. Bo torrón de nabeira e lameiro, nos cotos as redondas carballeiras onde tamén o ar semella verdecer. Esmaltan boas parroquias a terra.

Arxemil, Betote, Corbelle, Toldaos, Albán, Fafián, son nomes de vellas ecoanzas. A vila desenrola pé do coto seu podente barrio novo, de xeome-

trismo imposto polas estradas. Confórmase a lóxica da técnica co senso antigo dos camiños. A vila vella disfroita dun castro menos duro, máis achaido e aberto do que Monforte, e garda a fermosa ordeación de rúas e prazas en estaxes, sin ter perdido o campo da feira. Non tén cedido a vella Sarria seu maorazgo de outura. Láncara, fermosamente posta onde o Neira e o Sarria fan ángulo, semella homóloga en destiño xeográfico a Sarria. Non o quixeron os camiños. O de Sant-Iago folga un intre no val de Sarria —hai o logar do nome de Camiño— pra procurar o cruce do Miño, por Porto Marín non lonxe da "montañuela" plantada de viñas —é dicir "sucalcos"— mentada por Castellá Ferrer tratando de Loio, orixe dos santiaguistas. Dende o curuto torreado do castro de Monforte os propios cotos, duros, pequeneiros, rexos, do ondeado país de Lemos, se encobren pró poente a longa vibración do Faro, deixan enxergar o valente erguemento do Caurel e a solene gravidade doutros montes, os entranados nas outas e centrosas Medas ourensáns e, reitoras delas, a cabeza de Manzaneda, a serra esgrevia do Burgo, e a Cabeza da Meda que de seu de doce encosta figura niste hourizonte millor arredondada e amable como gobernando con severo amor o val do Sil.

Enxérganse entre eles, fanse curtesía, os castelos de Monforte e Caldelas. Siñifican a mesma pedra de armas, e seméllanse no destino histórico. Nos procesos morfolóxicos presiden dous rumbos comprementarios e difrentes. Lemos, terra no seu conxunto e unidade, quer dicir unha madureza e hastra senilidá xeográfica, un froito de podente equilibrio. Dende as outuras moles de Brollón, dende os montes fortes do Incio, a terra de Lemos vai nacendo e vai conquerindo unha "facies" chairenta entre as chamadas dos fondos vales do Sil e o Miño. Déixase encetar, mais gardando seus maxestosos alicerces, erguéndose e enteirándose en feituras de seu. As encostas sobre os ríos ou se deixan rachar nas bravas asucadelas das frieiras, ou se ordean asegún a lei das viñas asucalcadas que a fidalga mestura dos soutos de castiñeiros coroa. Istas encostas e ribeiras afóndanse, escultúranse, noutra luz máis brilante e as chamas dos ardentes outonos as envolven pois por elas ruben os recendores e esmaltánse as cromáticas de vexetación do sul namentras nas outas chairas inda goberna a luz luguesa.

Os sucos do Miño e do Sil apértanse con paixón de ribeiros ourensáns ós alicerces de Lemos como as videiras a bravo agroman arredor dunha valente torgueira de carballa.

Nun senso xeneral, autorizado polo proceso das formas na rexión de Lemos, enteiran co verdadeiro cerne monfortino as terras de Ousende e Escairón, as de Guntín e os montes de San Paio, os releves ergueitos sobre o suco do Sil e de doces costas pró interior de Lemos. Dun xeito demarcado, no propio Lemos non está mal co nomeante de "val" que lle dan escritos e mapas doutro tempo. Pois forma unha chaira de figura estesa dende a ermida das Animas, sobre Pinel deica Ferreira de Pantón, de feitura alongada non boa de demarcar das chairas e cotos de Tor. Chaira esmal-

tada de cumes de forte individualidade, arxilosa, de tempos mainos, onde pousan e encoran os regos e o mesmo Cabe adúrmese entre súas dúas estaxes rexas. Val na idea de atraguel-as augas, non noutra. A idea de val vai cinguida ca de laboura criadora e chamamento esteso de formas, ca idea de liña reitora de procesos. Coidamos sel-a chaira centrosa de Lemos a gandra onde chegan a un equilibrio as enerxías contrapostas. Cecáis ista "facies" de gandra siñifique unha superficie de erosión deixada, esquencida, por causa dun novo pular dos ríos. As barreiras afóndanse ó pé mesmo do coto de Monforte. Iste castro chega ós 360 metros. A 337 na chaira está a soada industria da cerámica. O releve medra ó norde. Por cerca dos 400 andan os montes de Tor e ruben no San Cibrao a máis dos 650. A serra das Penas en Bóveda tén os 700. No trocamento de ritmos pró Miño, Pantón chega a máis outura do que Monforte. Asín a terra centrosa de Lemos entéirase con ricaces gandras espalladas, non escasas en cotos senlleiros, e envolveita en dous xéneros de montes, uns derradeira pulsación do pular dos montes do Incio e do Leste, outros erguementos bariles pra descer ós vales do Sil e o Miño, ou millor labros das encostas. Schulz adica a Lemos unha fermosa e fonda consideración. Sinala as estaxes hourizontás margosas e arxilosas no seu lengoaxe e como doutro tempo xeolóxico os cotos como o de Monforte.

Convén sinalar o valor da serra do Moncai (526 m.) ó nacente de Monforte. Impón un torno o río Cabe e alí se lle xuntan o Mao e máis o Saa. Pódese enxergar o Moncai como feitura senlleira onde se inxiren os ríos e por tanto se combiñan os ritmos e enerxías da terra de Lemos. As encostas do Moncai descen docemente á chaira, cuia outura vai polos 385 ós 400 e piques. Apenas creban a chaúra os cotos do Cornao en Ribas Altas, S. Salvador de Reigada e Santa Mariña do Monte, ricaces de arboredos. A terra chaira xúntase pouco a pouco por Reigada, Bascós, Caneda, ca máis outa de Brollón, non sendo aventurado propoñer a demarcación polos cotos e montes Ixón (430 m.), o Monte Meniño e o Mian.

Ó S. L. o Monsoar, riba de San Pedro de Sindrán, corresponde co Moncai sinalando marco por dito rumbo do Lemos central. Polo norde corresponden as outuras de Santa María de Parte —monte de Valverde— polos 500 metros de outor. O río pertesce caraiterísticamente á terra de Brollón onde temos de o lembrar formado no monte de belida nomeada de Cima das Pías e comprindo no seu decorrere as mesmas estaxes do Cabe.

Hai días en que o Lemos chairo figura a terraxe bercián en San Miguel de Dueñas. Mais dos montes demarcadoiros espállase un socego, unha enteireza. Xa non pulan as ondas xeomórficas como no Ancares.

Na terra de Lemos os castros disfroitan da meirande valencia xeográfica, como acontecer xeneralmente coeles nas terras chairas. Os castros, e con millor razón os cotos. Ás veces, o amparo dun cotarro, súa sombra, seu sentido de gobernar as augas e a mesma luz traslócese nos labramios e nos rueiros. Na chaúra teñen siñificanza un ou poucos illados e de lonxe os ren-

ques de amieiros ó correr das augas mañifestan unha sensibilidade particolar rexistrando os trocamentos das sazós.

En Monforte o esquema do desenrolo tanxente da vila baixa, sendo o xeneral a moitas vilas e máis a moitas aldeas, tén algunhas notas de seu que conviría sinalar. Remanecen da ponte pasaxeira e doutra forma máis podente de pasaxe como é a estación do camiño de ferro.

Ó norde os terraxes de Bóveda e Ousende gardan como Tor formas de meirande releve. Mailo tema "lemavo" imponse apesares dos montes de Ousende.

Chegan os altos de Tor ós 590, cinguidos polo riacho de Barrantes descido das Bouciñas de Morgade. En Baamorto xúntase co río da Veiga enteirándose entón á corrente do Cinsa, que vai ó Cabe entre Distriz e Mañente despoixa de cruzar por Seoane e Vide. Terra de vella nomeada de pazos e castros, Tor. Como Pallares, chan de Baamorto. Ricaces froitas, aspeitos de chairas e cotos, paisaxes difrenciadas, o soficente pra facere máis rica e xustificada unidade de Lemos.

A vida —e xa non a de trafego dos derradeiros trinta anos— améstase en Escairón, nó de camiños, centroso do Saviñao, Vilasante, da terra de Marrube con Rosende, Vilatán, Lincín e mailo norde de Susmil, Rosende, Freán. Escairón abrangue en esteso cerco moita rolda de pobos. Choutan súas relaciós ó Miño. Na topografía está a razón do feito. É unha chaira, parecida á de Monforte, unha estaxe tranquía entre Monforte e a ribeira fonda e encostada do Miño. Xunta os viños e castañas das costas cas madeiras e graus e, sobre todo, ca gandeiría do Chao. Vén sendo a réprica de comercio labrego de Monforte supeditado con independenza local á vila e ó ferrocarril.

Outro "piso" máis outo e bravo de formas acórdase co nome de Vilar de Ortelle, e tamén de luz máis meridional, no cerne dos montes de Ribas do Miño e de San Paio. Ricaz chan o de Sober. O termo de nome caraiterístico de Donsober espállase en Vilar de Ortelle e Abuime. Un refrán aconsella:

Torrón por torrón, vaite a Pantón.
E si dan a escoller, vaite a Sober.

Docemente as formas descen ó Cabe dende Canabal afondido en ribeiras mainas ó comén. No Sober as abas dos pequenos cotos mistúranse cos labramios que xa non espallan as chairas lamiguentas do terraxe monfortino. Como si os cotos formaran circos de boa terra, do norde abrigosa e non amolecida en lamestras.

Moito máis baixo do que Escairón, disfroitando dos circos estesos dos hourizontes sin se apartare do gosto da ribeira, Pantón conxunta en pouco espacio moita diversidade de pobos e rueiros. Os pequenos ríos Carabelos e Ferreira dibuxan seus sucos expresivos. A composición dos edificios do mosteiro das freiras cas súas hortas érguese como testemuña de paisaxes

dun pasado non morto e soio obedente a outro ritmo perto dos fatos de rueiros labregos e das orgaizaciós pseudo-urbáns ó decorrer das estradas. Achéganse con Ferreira o Castro, o Vilar, Cabo de Vila, Outeiro... O castelo feituco de Masid é un dos poucos da Galiza onde aínda se vive, lonxe do senso das roínas. Entre as notas do Lemos lameirento, paneiro, gandreiro, temos feito mención das viñas. Procuran millor do que as terras barrentas as encostas ben asoelladas dos cotos. Algunha cousa do estilo das viñas bercianas descóbrese nos bacelos baixos, na disposición das adegas. Non falamos da podente e enxebre arquiteitura dos sucalcos das encostas. Dunha

Fig. 7. - Monforte de Lemos.

maneira xeneral, as viñas son coltivadas no Lemos meridional e centroso. Pódese demarcar seu ámpido ó norde por Trasulfe e os outos de Tor.

O Cabe ha ser de novo lembrado nistas páxinas. No seu tramo montesío e no seu longo e podente epílogo ribeirán. Pois a Lemos toca a estaxe de madureza, de tempo maino, de floíre tranquío, carregado ás veces de terra barrenta, na compaña das sebes de amieiros e salgueiros nos poentes de chaúra, con algús soles, non lonxanos a composiciós semellantes do Bierzo.

Monforte é o nó da rede galega namentras nono sexa, cas novas vías, Ourense. Foi a vila por variadas razós —delas o prestixio e o amor dos

Condes mantido ó longo das xeneraciós— das de nome máis espallado da Galiza. Non hai pra que lembrar una ves máis a Góngora. Da antoloxía literaria sobre Monforte non podería faltare un pasaxe de Murguía. En poucas palabras sinala o trocamento decimonónico da vida. O camiño de ferro fixo "de una población rural en toda la extensión de la palabra un verdadero centro de contratación". Debemos non esquencer como o agro e súas industrias son o cerne do vivir de Monforte. Atina Murguía sinalando Lemos e seus castros como donos dun poder antigo de fixación de pobos. Polos anos 60 do XIX, do Castro xa ben arroinado —a vida militar e o valor das portas e murallas tiña finado 20 anos antes— e sua aba de antiga edificación soio nacía a rúa do Cardeal, somentes urbán nun dos seus lados, e o barrio da outra beira da ponte de pedra co convento das Clarisas e o xa esmorenado do San Antonio. Era o barrio "mendicante" facendo composición histórica ca vila señoral e concexil cos bieitos no outo e o Colexio da Compañía siñificando outro senso da vida. Pro en Monforte importan pra nós dúas formas de procesos xeográficos. Unha irradiación en renques igual nos arboredos e nas vivendas co abranguemento de espacios de vivir labrego. Unha forma de "pazo" entra doadamente na composición monfortina. Outra o río no seu tempo centroso e calmo, río de chaúra castelán "agraria". A luz non pode ser a de Lugo. Menos outa, como obedecendo á condición das grandes serras do hourizonte. Lemos tén moito de "pousa" no devalar das formas. E mistúrase ca infruencia en fiada, tanxente ou secante, do ferrocarril e do río a propia forma estelar onde se fixa o ser e as relaciós de Monforte en todo tempo.

Afonda o Miño seu suco, atraendo a novas formas as cousas.

2. TERRAS DO MIÑO CENTROSO OU OURENSÁN

A RIBEIRA DO MIÑO

Na espreita xeneral, no estudo demarcado imponse sobre o Miño ourensán un ordre difrente ó fixado de antemán pró Miño lugués. Niste o suco do río atrai e goberna as formas, mais de por sí, e apesares de cinguir as raíces e alicerces do coto lucense e da orixinal paisaxe das encostas entre Chantada e Lemos, non chega a unha madureza e espallamento morfolóxico, soio conquerido dende a xuntanza co Sil. O val, a ribeira ou o ribeiro do Miño, ofrécese como unha soia, podente e alongada rexión mais de tal xeito traballada, expresiva, que houber xustificado despartimentos e rateos drento dun bon e axustado esprito xeográfico. Acostuman iren de par, no lenguaxe do pobo, as denominaciós de "Ribeiro do Miño", "Ribeiro de Avia". A primeira emprégase máis xeneralmente abranguendo beiras e encostas, collendo dende o bon torrón de Alongos ou, millor, dende os meandros arralbaldés e barbantiñán. Son pois Ventosela, e Vide, Barral e Laias, "Ribeiro do Miño". Decátase o ouvinte facérese no cerebro do falante unha ecuación e correspondencia co do Avia, o arquetipo no noso país centrosamente ourensán de todo senso e idea de ribeiras. Na fala e na realidade imponse como comprexo rematado e de seu, como individualidade xeográfica, a ribeira ourensán. E non soio, dende logo, polo labro e categoría dos viños.

Remanece pois un "tempo" dinantes e outro dispóis das pontes de Ourense no decorrer do val. Eiquí a morfoloxía disponse de acordo ca historia e co sentimento. Xa vai vella en nós a opinión de sel-o esceario ourensán e soio no Miño central onde poidera botar raíces e torgueira viva unha cidade. Mais no tocante ás formas sería ouxeto de discusión si a paisaxe ourensán de val —polo vagantío do coiñal, o arrendamento dos cotos— tén seu empezo en Barra de Miño.

Augas enriba das pontes de Ourense as encostas son máis rudes e esporentes. Nos Tres Ríos, o Miño e o Sil —como pousa dinantes o Sil e o Cabe— xuntan vales fondos de abas fortemente esculpidas pola erosión cósmica e histórica. Non se cría chan de val apesares dalgunhas semilúas de praias. O termo de ribeira segue apricado á mesma composición do que en Amandi respeito do Sil ou S. Estebo de Ribas de Miño. Pra enteirar o argomento da paisaxe o Búbal garda seu ton catareiro e baixa dos montes atolado.

Obrigado entre os alicerces da Peroxa e as encostas duras da terra de Nogueira e Luintra, chea das resoancias de formas da Cabeza da Meda, o río, dinantes de Ourense, afonda grave entre beiras de penedo expresando unha estaxe de clásico val meio, con pouco amestárese de releves e formas de acugulamento. Son —de haberen— moi novas, case iniciás, as terrazas. A beira e labro da Peroxa, ben traballado en fondura pola erosión das augas, presenta unha encosta soio artellada por estreitas canles. Un

comenzo de madureza —apesares do pouco desenrolo espacial— na xuntanza do río da Barra sinala o tipo de valgadas ou crebadas sucesivas deica o Avia, deixando a parte o Barbantiño. Son asucadelas na entrana da bocarribeira, confloentes ás veces en conca madurecida e curta ó inxerírese no val. Iste aspeito loce pra nós clásicamente na composición da paisaxe do valciño de Quintela, no logar de Canedo e pontes Tarascón e Ceballos e dil teimamos facer estudo ó falar dos arrabaldos ourensáns.

En xeral as costas orgaízanse en renques de cotos en laboura de alternadas valgadas e releves con máis desenrolo da estaxe de plataforma dende Barra de Miño. Na beira ezquerda son as encostas de Penalba, da Carballeira, de Melias. Poden ser entramas Melias —Santa María e San Miguel, dreita e ezquerda— o prólogo da paisaxe ourensán.

A ribeira propiamente auriense améstase pola xuntanza dos vales do Lonia —ou da Loña— e das Barbañas. Pódese demarcar por Melias e Quintela. No centro as pontes de Ourense presiden un ordre e composición maxestosa de terrazas. Na beira dereita, a grande terraza de Peliquín e o "Vinteún" aquece o descer das encostas brosladas de viñas de Rivela, as máis esporentes e espidas de Vilar das Tres e do Castro. Eiquí as bocarribeiras dos Chaos afírmanse en rexos sufincos. Chegan, ás veces, a fartura e beleza ornamental como na penedía belamente nomeada por Primitivo R. Sanjurjo, o xeógrafo dos trascendentes aspeitos do seu hourizonte ourensán, "agulla granítica de Quintela".

Pola beira ezquerda os rexos fondamentos da podente encosta dibúxanse en sistemas de cotos, da forma caraiterística dos releves graníticos ordeados por crebadas e regos onde se adevirte, de tempo en tempo, o inzamento do rego ou canle subsecuente que, ás veces, afonda con íntima enerxía dibuxando poderosamente regueiros como os que descen a Melias, a Quintela de Velle, a Vilariño. Sinálanse moi ben a outura da Carballeira e as costas domiñadas polo pazo de Celeiros, as formas do riscado da encosta en renques consecuentes. A vida sabe aproveitar moi ben as máis pequenas asucadelas ordeando os terreos cativos e ricos, os arboredos obedentes á lei das augas. Visten os piñeirás as encostas. A bocarribeira non tén a nidia demarcación e craridade enxergable a un primeiro afitar na outra banda. Poilos bordes da conca do Lonia collen unha "facies" menos crara.

Iste río inxire seu val na paisaxe de Ourense, o terceiro tramo do seu val. Os outros dous teremos de relacioalos máis adiante. O Lonia dende os Gozos, polos 250 m. de outura, comenza seu afondírese no rexo labro acotorelado do val do Miño. Non se presenta deica o Arnoia xa doutro tipo e laboura, en toda a marxe ezquerda, unha forma semelJante. No Pereiro de Aguiar, o valciño xa se dibuxa, esgrevio, duro. Alternan con tramos en puzo e as olas de grandes diámetros, as canles afondidas e non fallan, pra choutar soleiras, resoantes frieiras como as de por riba do campo de Mende. Asín o río siñifica, en grande e conquerida composición, o proceso ini-

ciado, soio elementar nas crebadas que raian a encosta dende os Tres Ríos. Pois soio no río da Lonia —a albela e baril corrente que enche de alegría os máis fermosos arrabaldos ourensáns— se xunta a erosión dos riachos das encostas cas augas das gandras e penichaos resultando da combinación un bon río vivente.

Os cotos do val do Lonia ostentan ademirable sistemática de diaclasas. Nalgúns intres —sobre Mende e a Borraxeira— a facies chega a ser de roínas, con moi acusadas formas orixinás. Máis soaves as encostas da beira ezquerda, mostran un tempo de maina forma case chaira que docemente se cingue cas propias da conca ourensán.

Os outos de Montalegre, do Cumial, de Barbadás, do Ervedelo, demárcana en rodopío de abas e de cotos, uns poucos liberdados do conxunto, algúns de cheo. Os camiños das augas orgaízanse en dous sensos madurecidos e converxentes no termo da Pila, nome antergo perto do Posío. Son as dúas ponlas da Barbaña.

A da ezquerda, o verdadeiro Barbaña, desce polas costas do Cumial, como emisario das terraxes da Rabeda, senlleira comarca. Nela temos de o descobrire. Entra nos marcos da paisaxe xeográfica de Ourense entre o antigo e sonado mesón de Calbos e os hortos e viñas de Seixalbo, pé do Cumial, monte demarcadoiro do hourizonte "íntemo" ourensán onde, asegún a tradición, pararon os bois carretadores do corpo de Santa Eufemia, a patronciña, e foi erguida unha capela. Nos cotos do Piñeiral, onde arrinca e vai primeiro por San Cibrao das Viñas e estrada vella pra Celanova, a Barbaña vai entre lameiros e hortas, apretadiña e familiar, xuntárese no sitio da Sila e campo penedoso do Polvorín, ca ponte pequeneira do camiño antigo de Noalla e Allariz, ca outra Barbaña, a que baixa como rego de moitas voltas, cinguindo alicerces de cotos e sinalando cos seus tramos o inzamento da ribeira por Loiro e Barbadás, mais náda nas terras chairentas da Merca.

Tense chamado dos Muíños e doutras maneiras iste riacho. Entre as dúas Barbañas adiantan os cotos e lombos de Noalla e S. Cibrao. A Barbaña dibuxa un suco fondo, soave entre as costas de Montalegre, o solar encostado ourensán, e o coto do Salto do Can. Iste, á sua ves, remata un fondal trazado polo riacho ou millor renque de lameiros de Cabeza de Vaca e Rabo de Galo, docemente coberto pola terraza do Miño deica perto dista derradeira e ourensán aldea.

Maila feitura inferior, propiamente ourensán, do suco do Barbaña se non pode enxergar sin a consideración da grande terraza do Miño. Chamaremos da Ponte e dos Remedios a mesta formación en feitura lenticolar que, abranguendo dende Peliquín e o campo do "Vinteún" na beira dereita, cobre na ezquerda dende perto da embocadura do río da Loña, espállase polas "Lagunas", campo antigo do San Lázaro e do Cruceiro, deica os termos das rúas do Progreso e Santo Domingo no propio Ourense, e seguindo a beira ezquerda miñota hastra os lameiros do Barbaña. Iste río

ó pe de Ourense, entre a encosta de Montalegre asucada pola crebada nativa da cidade onde deitan as Burgas e o cotarro do Salto do Can e de Pousada, afonda estreitado polas "barroncas" da cidade.

A terraza da Ponte chega deica perto dos cotos de Rabo de Galo. Está moi desfeita, destroída en grandes anacos, deixando ó día a peneda



Fig. 8. - Ourense. Praza de Santo Domingo.

do alicerce. Debéu ser dende a súa perfeición ben rexo o traballo de afondimento do Miño hoxe ilustrado polos fermosos coiñales de entre Loña e Reza. Os nomes de "As Lagoas", "Forno Telleiro", e outros sinalan logares ben coñecidos. A arxila e as fermosas estaxes de "croios" ou "pelouros" son caraiterísticas do chan ourensán. Inda duran muros e casoupas de pelouros. Noutro tempo compuñan ben postos a martelo o pavimento da

praza e de moitas rúas. Na coor da paisaxe, nas formas, na vexetación, no clima refréxánse istas formaciós ben mestas encobrindo o chan penedoso hoxe ó descoberto na beira do Miño e chegando ó pe dos cotos e abas deles. O hourizonte de Ourense, coroado nalgús dos seus arcos polas cromáticas das bocarribeiras, entéirase pola banda do Miño co perfil de clásica "penichaura" da Peroxa e as encostas de Cudeiro e Vilar das Tres deica as de Castro de Beiro, e na propia conca ourensán polos cotos que, dende Sabadelle a Piñor, pechan os decorreres inferiores do Loña e entramas correntes da Barbaña. Son as costas do Montealegre con súas feituras desglosadas ou en cerne de costa de pedra de gra, envolveita en ermo e piñeiros por pé de Santa Mariña, Seixalbo (enriba os marcos outos da Rabeda) as encostas de San Cibrao e Moreiras e, máis perto da cidade, pechándolle o enxergar polo poente do inverno e outono os cotos de Piñor ca encostada Santa Ladaíña. Na conca ourensán o traballo das augas dibuxa valgadas e costas moi ricas de aspeito e traballadas pola historia. Os pobos labregos de Noalla, Seixalbo, Barbadás, Santa Mariña do Monte entran de cheo na mesma categoría ourensán de Cabeza de Vaca, a Valenzá ou Rabo de Galo. Xa temos dito como cecáis remata en Quintela a paisaxe ourensán e temos de xustificar máis adiante o aserto.

Temos sinalado as determiñantes da posición de Ourense. As tres cidades —e non outras— do Miño alentan en atmósfera xeográfica de seu, correspondéndose entre elas as condiciós das tres estaxes do val. Tén sona Ourense de antigo de solar baixo, afogueado no vran, neboirento e xiadeiro no inverno. A istas condiciós é debidora a cidá da súa beleza e individualidá. O val do Miño conxuga os de entramas ponlas do Barbaña. Pódese xuntar a estaxe derradeira do bravo decorrer do Loña ou Lonia pois figura na enxebre composición das paisaxes, en "modo minor" pro ricaces, matizadas, sensitivas, de Ourense. Seus aspeitos repétense noutros do Miño. O tipo dende os Peares a Barbantes. Poilos complexos Ventosela—Ribeiro da Avia—Arnoia responden a outras e máis podentes leis morfolóxicas.

Demorados outonos ben inzados de froitos, ulentos a terraxes enxoitas e penedías alapeadas, invernos de calcada neboeira e xiada, de desfiadas chuvias amolecedoras, primaveiras temperás, fermosos meses de maio e San Xoán rematados nos quentes e enxoitos meses centrosos do vran... A paisaxe afóndase entre bocarribeiras e costas. En poucas rexiós galegas se adivirten con crareza semellante os degráus de outura e forma.

Algús teñen pensado gardárese en San Amaro de Oira, pequeno logar da beira dreita do río, o nome dos Auregenses de Idacio. Mailo cerne e torgueira da cidade latexa e vive perto das fontes das Burgas, na fonda crebada inda ben inzada no conxunto urbán. Medróu polo estilo das videiras, en sucalcos amestóuse na encosta asoellada do Montealegre —foi tamén chamado Monte Redondo— pró Barbaña, non lonxe da barca e ponte

do Miño. En realidade, Ourense, materialmente, soio fai poucos anos, co rexo desenrolo urbán, que se estabrece ás beiras do río.

Poucas cidades amostran un atal forte trocamento de ritmos e formas dende os meiados do XIX co inaugurárese da estrada de Villacastín a Vigo. Niste senso, a evolución morfolóxica da cidade non se difrencia da propia de moitas aldeas e pódese formular en poucas palabras: o novo camiño tanxente ó cerne vello enxendra un barrio itinerario, compricado co desenrolo obedente á chamada da estación do camiño de ferro. De xeito que a historia urbán de Ourense pódese abranguer en soio dous grandes períodos.



Fig. 9. - Un aspecto da cidá de Ourense.

No senso xeográfico a cidade, asucalcada, desenrola un sistema de vías paralelas á do Progreso, ou estrada de Villacastín a Vigo, determiñante do pular decimonónico que, alongado no noso século, vai facendo urbáns entramas beiras do río co engado do cerne do antigo municipio de Canedo. Tén unha grande siñificanza histórica iste desenrolo. Podemos escribir nova forma da cidade. Está no camiño de abranguer en formas cidadáns todo o largantío da gran terraza que temos sinalado en entramas beiras e na cal afondando dibuxa o Miño seu fermoso meandro auriense.

Pertescen á estética da paisaxe as vivencias e maneiras da luz particolar a cada conxunto podente e mesto de formas. Non se podería maxinar

hoxe a luz viva dos meses bariles da primaveira e o rexo vran ourensán como noutrora refrexada nos brancos de cal dos pallabarros antigos, e nas vellas parreiras e gruñeiros que de atal perto cinguían noutro tempo a cidade. Hoxe siñifica o trunfo e composición dos craros granitos. As grandes liñas de ataque da erosión seguen en moita latitude tradocidas no dibuxo das rúas. As que como canles de regos asucan a costa chamadas polo Barbaña, e as asucalcadas, de meirande forza e desenrolo, correspondendo ó senso crecedeiro da cidade.

Temos sinalado entre Quintela e Reza o remate da paisaxe ourensán. Alí, nefeuto, nas dúas grandes terrazas en formación —de Quintela relacioada co val afondado de Canedo, forma de madureza da laboura torrencial cando non tamén un meandro ou asa deixada polo Miño; Reza, "coiñales" xa ben ceibados— endréitase o río despoixa das voltas asosegadas, pousas ricaces da paisaxe ourensán.

Vén un trocamento soio relativo de formas. O estreito ou canle do "Puzo Maimón" entre encostas duras, de briladoiras rocas, por Santa Uxía e Barrio de Untes, leva a outro desenrolárese dos meandros que, despoixa do curto e fermoso de Alongos, amóstranse en crecedeira riqueza nos de Arrabaldo, xuntanza do val xenerosamente orgaizado do Barbantiño, nos de Laias e Sanín, pra conquerir a máis enteira e matizada expresión nas veigas de Ventosela, na paisaxe centrada polo histórico coto de Castrelo.

Despoixa de Canedo son Untes e Arrabaldo, Barbantes e Laias, as parroquias da beira dereita, e na outra brila a recantada de Alongos, as de Feá, Puga, Troncoso... Á outura de Razamando e Vide comeza o espallamento das veigas. Os lugares améstanse despoixa do tramo de val estreitado de Santa Uxía e Puzo Maimón, desenrólanse e artéllanse as xeórxicas variadas.

Alongos, de armoñosas formas, semella gardar o estilo dun meandro envolveito en terrazas dende Alongos dispostas pola mesma beira ezquerda e en lombos asucados de xeito isocrono polos canles das augas deica Troncoso e Astariz. Parecen non dubidosas as maneiras lenes e novas de acumulación sobre un fondo de rochedo pizarreño. Coñécese moi ben, no regueiro que baixa de Mugares, o contaito dos granitos dos cotos e penichaos tipo Piñor cas pizarras tipo Castros de Trelle. Se son ou non podentes terrazas ha decilo a xeoloxía. Sospeitámolos terrazas pola mocidade e sinxeleza, a lei das augas. En Troncoso, despoixa do valciño —no caso da hipótesis, franqueado en terrazas— do riacho de Puga, volven os granitos. Na beira dereita, as formaciós do Valdoso e os cotos baixos de Calvelos siñifican un proceso moderno. O río afondido mañifesta a indifrencia do seu traballo. O val do Barbantiño, chegando entre costas de granito, pé do coto do San Trocado, gala das bocarribeiras, que se corresponden ca torre de Macendo, sinala o comén da veiga de Laias. As de Ventosela envólvense en fermosa istromentación de costas e montes. Son grandes, cernudas, de vello agrícolas as costas das terrazas combinadas cos releves antigos. As

barreiras encenden seus roxos no entromedio das viñas verdes, das encostas raiosas, dos cotos "in situ" máis ou menos dibuxados polos Miños doutras idades. Os alicerces do penichao que, polas costas do San Trocado, chegan en Laias deica a mesma beira, voltan a imprimire súa lei podente en Trasariz, despoixa deixan desenrolárense as formaciós moles de Groba e Sanín.

O artellamento da paisaxe de Ventosela vai dende as soleiras dos meandros novos e afondados en dispaciosas curvas, curtados en dúas illas, testemuñas modernas de meandros, ós chaos de acugulo dos entrantes —o esteso propiamente de Ventosela, chan de terraza detida pola emigración do meandro á outra beira— deica as encostas e raíces do coto de Novelle, e o rodopío de cotos duros, penedosos, e de costas, presentando asín no mesmo circo de hourizonte en paisaxe mestamente humán as estaxes madurecidas dun gran río co anovamento cadaneiro das formas mortas, ben perto das mañifestaciós novas, rudes, salvaxes, dos regos torrenciás. O Novelle preside as conxuntas e variadas estaxes e tempos. Dempóis do meandro encoberto, espallado de Castrelo, o río encáixase no torno afondido entre rexas parés graníticas do monte de Santa Marta e do Novelle, e nise grandioso e regolar paisaxe chéganlle os sucos derradeiramente fondos do Avia e do Arnoia.

Non se pode deixar o pensamento dun proceso morfolóxico semellante ó clásico da erosión torrencial, ou sexa encadeamento liñal de foxos e canles. "Marmitas" ou "cazolas" chámanlle as xentes e os xeólogos. Espreitando o sucedérense de paisaxes do Miño ourensán, poidérase demarcar seu maduro val por entramos circos ou arredondados conxuntos dos Tres Ríos e de Ventosela-Ribadavia. Entromedias os tramos van altrenados medrando dende o sistema de meandros e terrazas de Ourense ós conxuntos en rodopío, a tradución á escala de paisaxe das olas ou marmitas torrenciás, sobre os tramos de canle sinxela.

Chamamos de Ventosela-Ribadavia o grandioso conxunto desenrolado e mesto de procesos morfoxénicos presidido polo Novelle e o Franqueirán. Temos mirado seus faitores. Siñifica a derradeira e máis podente estaxe de formas do Miño central, o inxerimento dos dous meirandes afloentes do río, e un trocamento de ritmos, índice, complexo e chave non soio de dous "tempos" do Miño sinón do desenrolo das serras e montanas do eixe Faro-Avión e do sistema Leboreiro. As formas dos vales da Avia e da Arnoia síntense chamadas e difiñidas. Pro a paisaxe de Ventosela-Ribadavia decorre unha grande parte da Galiza centrosa-ourental. Inza a historia fortemente nas bocarribeiras, nas encostas, aproveita de difrentes maneiras o chan do val, cambiando no decorrer dos tempos os sistemas e técnicas.

Considerando as variaciós das formas "históricas" niste inxerírese dos ribeiros da Avia e do Miño, medra o valor e siñificanza das vellas xeórxicas no decorrer. Non están as aldeas fora da historia. Poden gardar formas non sempre "arcaicas", formas sin tempo e de todo tempo por seu axustárese á realidade. Poucas terras atal sensitivas ós cambios como os Ribeiros.

Morréu a cepa vella e trocáronse os aspeitos e coores das viñas. A veiga de Ventosela, inzada ó comén do XIX de milleirales, foi chantada de videiras, ás vegadas inundadas polas cheas. O estaxe crecedeiro, mesto —con seu ton, súas cromáticas e recendos— do piñeiral é proceso de fai pouco menos de cen anos. Hai problemas como a demarcación de entramos ribeiros. Cecáis a estrada e a vía o sinalen. A antiga casa blasoada dos condes de San Román está ben posta. Enxerga os dous "ribeiros". Como aventurada idea pensemos cómo a xuntanza póidose ter feita pola terraza "estructural" do pé de Cenlle.

TERRA DE NOGUEIRA E LUINTRA E O LONIA

Non tén un nome de conxunto, pro vívese como unidade a comarca de boas parroquias, non desemellante nas formas a Rabeda, en grande parte orgaizada polo río da Lonia, do que se fala ó tratar de Ourense, ben demarcada e as costas da Cabeza da Meda e seus afillados os montes penedosos e recurtados de Esgos e Rocas, os de Rebordondo sobre Rubiacós e os beizos dos penichaos pró Sil —Valdeieguas e costa de Castelao pra Nogueira— e pró Miño. O releve baixa dos 800, en Rebordondo, ós 600, e no rumbo da ribeira ourensán sobre Vilariño queda rebaixado ós 450, en chea bocarribeira. No cerne dista terra a das máis soadas parroquias de Triós, Lañoá das Olas, Campo, Faramontaos, é chaira e arxilosa, confirmando á rexión no seu espacio centroso un aspeito de pequena Limia, en parte orgaizada polo Río Loña. As chairas parroquias ditas andan polos 400, 500 metros e menos pola chaira de Cebreiros e Prexigueiro deica a veciñanza do Pereiro de Aguiar. Os montes son apenedados, a terra lixeira e raxeirosa, ollando por frente o penichán da Peroxa, da outra banda do Miño. Nas rexiós chairas domiñan os centeos, presiden os montes de Rocas, vivamente labourados na pedra de gra, envolveitos en antigas carballeiras.

O Prioirato de San Pedro das Rocas está ós 834 metros. Pouco máis outo é o coto da ermida da Virxe do Monte (891) onde ten súa fonte o fermoso río Lonia. Istas chairas seguen fora do chamamento do Barbaña na terra de semellantes calidás de Moreiras e por Calvelle a Rabeda espallando un ampro circo de bocarribeiras deica a Merca e os primeiros erguementos dos montes cumeados nos Castros de Trelle, sobre os ásperos cotos encostados cinguidores do baixo val de Ourense.

TERRAS E PAISAXES AFLOENTES DO MIÑO OURENSÁN POLA BEIRA DEREITA: A PEROXA, OS CHAOS E BOCARRIBEIRAS, OS RIBEIROS DA AVIA

Non temos un nome de abondo ricaz pra abranguere os conxuntos de chaos e bocarribeiras enteirados con grande fartura de tons, latexos da mesma severa e lumiosa corda, dende as demarcaciós da Peroxa e Coles

deica as encostas rexidas polo infruxo remontante, engaiolador, dos Ribeiros da Avia. Son terras de Coles, Vilamarín, Amoeiro, Cea, Maside, Carballiño, Ourantes, Boborás, Irixo... Os concellos alí siñifican realidás xeográficas. Disfroitan de hourizontes semellantes ós da Peroxa, coa mesma meda veciña da Martiñá, as alonxadas do alcázar centroso das Medas, pola banda onde se enterra o sol, o Suido, o Testeiro, Avión. É semellante o afondimento dos vales cara o Miño, e tamén a maneira, resolta por un maxistral axustamento da historia, de trocárense mainamentes os caraiteres de montana nos de chao e do nacer da alegría da bocarribeira nun recantárense de lameiros entre cotos, dunha roda escura de piñeiros.

Son os mesmos montes mais trocan súas correspondencias, súa sociedade, no hourizonte. Dende a Peroxa é veciña a Cabeza da Meda e non a Martiñá. O coto de Novelle soio pró poente colle na composición das paisaxes aquil aire de clave e "quid" xeográfico ou explicativo. Pé dos montes ha ser lexítimo, ó igoal que temos sinalado no Faro de Chantada, determiñar unha banda, roleiro ou cadabullo de piedmont, do tipo Albán, do tipo Irixo. Poucas terras galegas se espallan ca gravedade, variedá e coorido das que falamos. Descendo por Toldavía dende o país lugués de Carballeda ou de Castro Dozón polos cativos fondás lameirentos, índice de "divortio aquarum" da Ulla e do Miño centroso, o maino e podente desenrolo dos chaos e bocarribeiras hastra o beizo dos vales, co riscado dos ríos, a valencia dos duros cotarros, a importanza —na luz, nas formas— dos nós de cotos espidos pola erosión, proclama unha sinxela lei. É fermoso. O comén dunha ridoal muiñeira das formas.

A Peroxa defíñese ben. Son formas macizadas, crebadas fondas, rachadelas deica o cerne feitas polo fío das augas, pro con ben escaso desenrolo dos afloentes. Non están traballadas as costas dos vales sinxelos. O conxunto semella enteirizo e asín se dibuxa e precisa no hourizonte.

Os ollos menos exprimentados comprenderían, deseguida, a forte caraiterización peroxiana. Son rexas as costas sobre o Miño por Beacán, Graíces, deica o coto da Madanela mesmo apesares de se desenrolaren xa os coiñales anunciadores no meandro de Barra de Miño da paisaxe ourensán. Por longo tramo as fermosas encostas gardan a temática dos Tres Ríos. Si diste beizo choutamos á estrema de montana, descobrimos nas parroquias mais outas de Albán —de entramas do nome de Albán— como nas dúas de Armental e nas máis aniñadas nas abas dos outos Toubes, a fisiognomía dun labro de montana. Están perto as terras do Asma, mais xa aquilas parroquias da outa Peroxa, cuios nomes mesmos semellan ecoantes de temas invernizos, montesíos, déixanse apreixar no engado da bocarribeira. E aconséllanos asín un coto ben comprido, o Castro da Santa Agueda ou do Empalme. Nas súas abas estesas, inzadas de piñeiros, comeza no senso do nacente e do sul —e non nos outros— a bocarribeira. E eiquí temos de estampare nosa teoría da Peroxa: unha estesa bocarribeira dibuxada en crebadas drento da conxunta unidá dun casechao. De lonxe domiñan as

formas do penichao. De perto anímanse cas ledas variaciós da bocarribeira. Se non desenrolan os chaos como ó poente do Castro de Santa Agueda. Terra escolleita por señoríos, como os do Bamio, o de Fontefiz, que il soio enteira unha paisaxe, loce por parroquias centrosas as de Villarrubín de ledas xeórxicas, a ergueita e domiñante de Sant-Iago, as de San Xes, a Barra e Graíces.

Entre a Peroxa e Vilamarín e os Chaos de Amoeiro as difrencias amóstranse sotilmente no artellamento e vagantío das formas de submontana, no desenrolo das bocarribeiras. Niste senso as terras de Coles mañifestan crara obedencia ó chamado do val e ribeira. Descen polas movidas paisaxes encostadas en degráus de fermosos cotos e crebadas de Gustei, de Vilarnaz, deica Malvedo e Ribela a se sumir na lei ribeirán do Miño. Ou espállanse en maina e podente bocarribeira como Fontefiz. Os herdamentos ben murados dun pazo decráranse ben por seu balume na paisaxe. Os primores das antefixas e ouso amado polo sol mañanceiro da eirexa de Gustei cecáis sinalen o troque de ritmo: comezan as terras centeeiras, as debesas, as crebadas asucando sin afondar as terras deitadas en espallado rodopío dende as abas da serra Martiñá. Seguindo o sol nas torres, podemos demarcar despoixa de Gustei por Vilar das Tres, por Castro de Beiro, o beizo da encosta no hourizonte ourensán. Segue despoixa polos cotos ben abranguidos no nome de Medelo, das Conchadas de Trasalba, espállase pola ribeira do frío Barbantiño e terra baixa de Punxín, volta polo coto do San Trocado e costas penedosas de Eiras sobre o Ribeiro do Miño pra nos outos de S. Sadurnín e Cenlle informar con novas variaciós c sistema do Avia conxugándose co Miño.

Da serra ó labro da ribeira, as terras de Vilamarín, Cea, Carballiño, Boborás, responden á mesma temática do que as de Bearís e Avión. Paisaxes, abas, submontanas. Pro o descer da "terra de Montes", sobre do asucamento ricaz do Avia, faise en tempos e variaciós moi rexas e variadas, con formas de outos vales e misturanza de temas paisaxísticos ben desemellantes ós desenrolados dende os alicerces das serras da Martiñá e da Madanela.

Son chairas espalladas, abombeadas e mainas onde o traballo dos craros ríos afonda ben logo crebadas sinxelas e verdecentes sinaladas por renques de albres, e ás veces descobre cotos rexos, penedías, que obrigan ós ríos a voltas e fondimentos súpetos co xurdimento de arquipiélagos de cotarros, alternando as chairas gandreiras de augas priguizosas cas sabans areosas dispostas ó pé ou arredor dalgún nó podente de pedra de gra. O tipo e exempro do chan areoso son os Chaos de Amoeiro. Eles chegan deica o beizo da bocarribeira. Compre difrenciar diles os chaos de Vilamarín e Cea, espallamento dos caraiteres sinalados máis enriba. Na aba da Martiñá sinálanse crebadas, cabeceiras de vales como onde alicerza o mosteiro de Oseira. Tén pouco desenrolo a soleira ou piedimonte ó xeito enxergado no Faro de Chantada. Hai como un pregue no manto dos ermos ó pé da serra

e preside nos hourizontes de León, de Río, de Vilamarín unha xenerosa vivencia de montana.

Vilamarín chama polo enxergar e ordea ca súa torre os hourizontes. Mailo sol ledo da mañá gosta do pousadoiro feituco da eirexa de Sta. María de Cobas, a patronciña da terra, no seu gracioso curuto, unha vibración xa maina do tema da Martiñá. Cea preside unha paisaxe de castros. Iles xurden súas testas rexas soio a medias espertas no ensoar dos ermos e das mainas terraxes de lameiros e herdades infindamente crasificadas pola xeometría das pequenas muradellas.



Fig. 10. - Mosteiro de Oseira.

Cea, casas antigas, coor do sonado pan de escuro e saboroso trigo, vila ben nomeada e gabada en grandes larganzas galegas polas madrugueiras mulleres carpazonas e leiales e os mozos ben chantados que o pan espallan deica mais aló do beizo das serras e do fondo decorrer do Miño. Gardaron moito tempo as casas o retrato montesío, de pedra griseira, e coberta de palla. Castrelo de Cea, San Fagundo, Barrán, Ponte Cotelas, alentan no recordo cinguidas a Oseira. Como outro prioirato ou granxa dos bernaldos, Viña. Os vellos camiños laxeados ruben da ribeira do Miño. Un vai polo chao de Amoeiro e por Pereda e Cea. Perto xa ó recanto montesío acougador do xigante montesío como rexo coto labrado en podente arte barroca, os

pobos de Ricovelo e Silvaboa sempre foron estaxes no camiño. A serra déixase labourar arredor de Oseira en penedos afiados cuio esgrevio aspeito fai medrar a impresión de gravidade e fartura das carballeiras e lameiros inzados na quebrada onde asenta o mosteiro. Envolveito en abas penedosas, de serra, ben difrentes das baixadas ós ribeiros, o mosteiro disfroita somentes dunha longa e fermosa fuxida de hourizonte pró poente co lombo de porco bravo da serra de Avión, e algún espallamento das terras do Carballiño.

O río Barbantiño deita súa primeira fonte na parroquia de Río, que ben podemos chamar "martiniana" tamén como as outras aínda abranguidas na soleira da serra. Ós poucos pasos a fonte rega bos trebos de lameiros e ben logo maquía o rodicio duns muiños. Pola ponte Carreira, inda regato de chaira pouco afondado, crúzao a estrada de Sant-Iago. Ista estrada, dende o empalme ca de Lugo, cecáis dinantes, sinala deica o Arenteiro e o fondo de abrigoso solar de Lousado, o lindeiro da montana que queda á dereita rubindo cara Compostela, e un comén, ás veces ledizoso, de bocarribeira.

Logo o Barbantiño asuca e por Mandrás, debaixo da raiosa e doce encosta de Vilaseco, disfroita dun val de seu. Na ponte Mandrás aínda as encostas, os castiñeiros, o logar, falan un pouco o acento da montana. Unha miga máis abaixo, na Ponte do San Fiz e na Martinga, espállanse os recendos e cromáticas ribeiráns. O valciño lábrase entre as terras de A Touza e Maside á dereita, e as de Amoeiro á ezquerda. Nos fondás de Parada, ben perto da Martinga, o río traballa cas axudas dos regos ventureiros das esporentes encostas unha ademirabre paisaxe de cotos, amontoados no primeiro enxergare, de seu ordeados en circos graníticos, amolecidos polo inzamento dos piñeirás; bótanse as augas en frieira por enriba do Viñao, na parroquia de Punxín. Xa é ribeira inxerida na do Miño. A fonda de Punxín, pechada polas costas de Vilela e Ourantes á dereita de valgadas ben afondidas en estaxes polos riachos, de Trasalba á ezquerda, encosta máis brava que o derradeiro tramo do río do Formigueiro ou dos Frades, cos seus encaixados meandros, afasta de Parada.

Á ezquerda do asucamento do valciño barbantiñán espállanse terraxes, de faciana chairenta case chaos, os clásicos de Amoeiro, que si os antigos redocían en larganza ben se poden, en senso xeográfico, acrecentare por respondere as terras veciñas á mesma lei criadora diles.

Rouzós, Abruciños, un pouco de Parada e de Amoeiro, con rexiós de Beiro e Fontefría, son os "chaos" no senso antigo cecáis por seren terras de pan, chairas ó pé do coto onde se ergue a Torre e os máis logares axuntados arredor do campo da feira de Amoeiro. Mais xeográficamente o mesmo Amoeiro, e Rouzós, e Tamallancos, con Bóveda, as parroquias ditas, e tamén Beiro, Castro e Palmés deica o labro penedoso ergueito sobre o val e ribeira do Miño débense enxergare como Chaos de Amoeiro. Son a mesma terra, os mesmos vieiros e resultados da erosión.

Diste xeito os Chaos de Amoeiro son a penichaúra ou casechao, de terras lixeiras, e areosas, propias de centeo, coalgúns cotos rebaixados, vellos soutos de castiñeiros, raras augas, ambente craro e baril, alongadas dende as abas de coto do Empalme ou, con nome máis enxebre, Castro da Sta. Adega, ó castro de San Andrés de Beiro no senso norde é sul. E dende o comén da encosta de Amoeiro e Parada encol do Barbantiño e do piñeiral de Pena Ferreira deica os marcos entre Beiro e o Vilar de Beiro e Cambeo. O monte Rodeiro, penedosos cotos, afastan dos Chaos a parroquia de Trasalba anque garde algún refrexo deles nas súas terraxes outas. Trasalba, gardando señorío de hourizontes, déixase gostosamente abranguere polos afalagos da ribeira que lle ruben en tempos de valgadas e viñas do Miño e do Barbantiño. Os Chaos remátanse de defiñire por seu rego centroso, cuia enruga non colle ó mesmo tempo nome de río dos Frades ou do Formigueiro, o que baixa a xuntárese co Barbantiño no Viñao.

A terra do Carballiño ca outa de Boborás e Brués, espallada, penedosa de cotos e laxes, máis crebada do que a de Cea, rube polas do Irixo e as de Xendibe deica moi drento da serra. A serra eiquí é o outo ermo de Dozón e da Madanela, do Foxo de Cabrito e abas estesas do Testeiro. Algús vales outos de serra chegan a unha chea fisonomía. Asín o de Cusanca, lameirento, apoiado na Madanela. Ista tén belida aparencia de serra longa, de lombo deitado de can de palleiro considerada dende os Chaos e as bocarribeiras, sendo seu lombo un grave avanzamento ou promontoiro de ermo, da vaga e podente serra dibuxada gracias ó traballo das augas. Ó seu pé decorren o Arenteiro e o Arenteiriño descidos de Oseira. O Irixo, enteirado por Sta. María do Campo, Dadín, Froufe e outras parroquias de boas veas de auga e fondás carballeirentos con goberno de leña e pastoreo gracias á serra, xúntase ca terra do Carballiño por Madarnás. As augas do Viñao, de Labiote, cos regos podentes do Testeiro dibuxan o val de Brués no hourizonte de Xurenzás, o val senlleiro e levián onde as augas decorren puras sobre as pedriñas e seixos aínda fresqueiros do cerne da serra. Descen labourando seu val crecedeiro as augas do Testeiro. Longos degráus de meandros traballados con armuñía. Os pobos como Xendibe saben escoller os cotos raeirosos sobor da fouce dos meandros e dispoñen en coroas e sucalcos seus coltivos.

Boborás cas ledas frolaciós de casiñas novas, o Carballiño onde os camiños de meia Galiza chegan cedo, a vila sempre ancorada, ó parecer, na mañá da espranza e do traballo, Arcos, os dous Arcos, como Señorín e Partobia de antiga nomeada, e Piteira e Longoseiro son de terras xa envolveitas na chamada do Ribeiro. E é un dos intres máis reveladores e fermosos do movemento das paisaxes galegas o afondimento, o se entregaren unhas botándose a sulago e outras en mainos tempos das terras facéndose encostas. Manda no outo a Pena Corneira, escultura, case movemento petrificado da foula de roca de gra descontra o erguemento pizarreño das serras, os releves do Suido, e polo sul os conxuntos do Liboreiro e, máis de

perto, raíces no torrón de Ventosela o coto de Novelle. Por Moldes e o descer a Pazos de Arenteiro e Cabanelas adoutrina na fermosa historia xeolóxica e humán e o nacimento dos Ribeiros.

A terra carballinesa, ricaz de xente e pobos, arquipiélago mercantil de nome esteso, surprendente dende vello na Galiza montesía tinxida de bocarribeira, decórase de piñeirás, aproveita as augas, en conxunto non é doada pra unha xeórxica forte. Ben perto xa nas veigas de Dacón e Amarante e nas costas e chairas de Maside que descen en tempos mainos pola bocarribeira cara o Barbantiño loce a longa exprencia e o fino arte do traballo do rego. Istes pobos, de tipo vilego, novo e novísimo, enteiran co Carballiño unha ordeación forte de traballo. Teñen grande siñificanza na fisiognómica urbá algunhas rúas do Carballiño, rúas e rueiros, e máis de Maside, pola maneira e os tempos nos que as formas modernas encobren as aldeas, e as vilegas, algunhas ben desenroladas, propias do século XIX.

Apenas ha ser preciso lembrare ó leitor de que xeito o Ribeiro "da Avia" é o máis forte, espallado, comprexo e o derradeiro dos artellados co Miño centroso pola beira da dereita. O Barbantiñán anuncia o Ribeiro, o "Aviense". Entre os dous, a montana e a bocarribeira outa fan adiantare unha rexión de chaos, como un grande promontoiro demarcado polos tres vales considerado dun xeito. Como aparés no hourizonte, cando rube a noite ou nace a primaveira nos vales. Ise anaco adiantado, "peninsuar" poidérase decire, dos chaos, de outura e releve semellantes ós de Vilamarín ou ós mesmos de Amoeiro pro máis traballados pola forza de erosión que obedece a tres nivés de base —Miño, Barbantiño, Avia— deixando ó descoberto unha valente e penedosa prora, non tén nome propiamente. Esmáltano moitas parroquias. As millores procuran a meia encosta, as cabeceiras dos fondás dibuxados polas augas, unha franxa de boas terras onde a viña e o lameiro se aveciñan. Si Lago, co fermoso estanque de auga encovada en antigas labouras mineiras, Rañestres, Salamonde e outras parroquias son ben "masidás" pola veciñanza e as relaciós, as do San Amaro érguense no curazón do país e Vilela, Freás e Ourantes miran ó nacente, namentras San Fiz de Navio, Osmo, e outras descen cas faldras e abas de súas terras ó Ribeiro. Pódese estabrecer o cerne simbólico no coto da "cidade", acrópolis da edade do Ferro, de moita valencia arqueolóxica, non lonxe do monte ou coto do San Trocado ou Tourcuato, ergueito sobre as costas terminás como unha imaxen sobre súa peana. Correspóndense no linguaxe misterioso dos castros e das ermidas co Novelle, co Franqueirán, a Parapanda e outras cumes.

O Ribeiro da Avia defíñese como un val artellado de chan de fonda terra arxilosa na parte baixa do xuntoiro de súas formaciós cas correspondentes do Miño centroso na paisaxe de Ventosela, franquexado en esgrevia peneda graníteca e sabregosa que adoita obedecere a lei das formas arredondeadas, con encostas diste tipo abombeado ou sufincadas en cotos rexa-

mente diaclasados, disposto en dúas estaxes de outo e baixo Ribeiro, con soleiras de roquedo que os afastan. Domiña a concavidade propia dos granitos nos hourizontes de curto enxergar, os ríos dibuxan meandros na encosta encaixados, na chaira —eiquí é somentes o correre do Avia centroso— mainos, os camiños das augas ventureiras afondan canles esporentes con cativo ou ningún desenrolo de lameiros que soio van en estreita fita na compaña do río. A luz podente polo refrexo nos granitos e, non embargantes, doce pola tona lixeira que os viste e pola mestura dos piñeirás e das viñas. Outro aspeito e composición, outra fondura habían tere istas paisaxes ademirabres e perfeitas de ribeira dinantes do inzamento dos pi-

Fig. 11. - O val do Avia dende o castro de San Paio, Ribadavia.

ñeirás cando os fatos carballeirentos agatuñaban polas crebadas cuio revestimento de toxal é ben floxo pola enxoiteza do chan cristaíño e das areas resultantes da desfeita da penedía de gra. Poucas terras galegas ofrecen os temas de semellante historia xeórxica. A videira noutrotempo domiñaba en outas parreiras nos camiños embovedados de follax ou en abas de baixas parreiras adoitadas a chairas e a encostas. No meio da tona verde no vran, raiosa de variados coores no outono, espida e feita esquemática de palitroques no inverno, emerxían os logares e rueiros ben cinguidos, ben achegados us ós outros, soerguíanse os navíos dos "pazos" envolveitos na gracia dos xardís, sinalados polas agullas dos alciprestes, pola brancura e gra-

cia dos pombeiros alboradeiros, polos pechos hortos de pavieiras de vellas e ilustres xineas. Os prioiratos e reitorás tamén, a porfía cas casas fidalgas, erguían chemineas ben labradas. Os camiños eran de laxes ben trabadas con pontillós nos regos. A pedra —nas casas, nos graves muros ben capeados, nos sufincos e esteos das parreiras, nos penedos ovoides enteirizos ou encetados pola erosión ou polos canteiros, na area— foi e é aínda a presencia domiñante do Ribeiro, sin a tona de chan de herbas, ou céspede, pois nas viñas ben traballadas se non deixa medrar nin a elegancia fina das aveas.

Nos tempos de hoxe os mantelos sinón mantos compaitos de piñeiros fan cerca e envolven o Ribeiro, e as froumas colleron na forma e luz da paisaxe valencia semellante á das follas da cepa. Novas maneiras de pobos desfiados asegún a lei das estradas, con locimento do perpiaño e das galerías na construcción decoran doutro xeito o Ribeiro. Non embargantes, un dos seus engados e feitizos repousa no se conservaren aínda moitas formas antigas da arquitectura e da xeorxia.

O Avia, o Viñao e o Arenteiro, son as tres craras veas de augas escultoras do fondo e matizado val e chamamento obedecido polas correntes perénes ou ventureiras de forza acrecentada polo esporente das encostas. Son os tres ríos fillos da serra. Coíles tense de contare o río de Avión, cuio afondamento orixina impresoantes paisaxes.

O río Avia tén súa outa fonte nos termos de Lebozán, faldras do pico da Constenla, tona de moi descomposto granito, pequenos lameiros nas veigas, ermanzas frías e molladas. Ben logo dibuxa seus tornos e bate súas augas craras. Ista montana loce levián torada de neve, semella gozosa nos calmizos do vran, déixase inzar polos piñeirás. Paisaxe de montana pontevedresa polo Avia ben logo deixada en procura das grandes costas do Barón e Laxas.

O Barón sinala o outo Ribeiro e pecha o hourizonte do Baixo ca gracia forte de seus encostados sucalcos e regueiro. Son outro xénero de arquitectura de "taboleiros" menos exacta, máis froxa do que os sucalcos das encostas ó Sil.

O Avia acolle en ben pouco espacio as correntes do Arenteiro e do Viñao, é decir do río do Carballiño e do de Brués, fillo un dos ermos serráus do Oseira, o outro dos montes de Labiote e Zobra, cas augas da serra Madanela e da conxunta Serra de Dozón. Teñen estas augas unha estaxe de casechao, máis afondidas no chan, descobrindo a peneda fonda, como obedecendo a unha nova estaxe de erosión. Os tres pasan polo intre frieirento da encosta en meandros encaixados, no Viñao e no Arenteiro, nas abas por riba de Pazos de Arenteiro. Laxas sinala niste aspeito un tramo intresante. O Avia, xa enteirado dende a vella ponte de Pazos, aínda tén de descer pola crebada pé de Gomariz —un dos pobos chamados "balcós do Ribeiro"— pra disfroitare, dende a ponte de San Croio ou Clodio e os arboredos fluviás de Leiro e seus arrabaldos, da fermosura chea de

río de val ricaz, dunha beleza e composición que soio ademite unha imaxe expresiva, a de barroca. Ben artellados co Avia están Beariz e Avión. Chámase Beariz de Montes —a soia parroquia que foi da diócesi de Compostela na provincia ourensán— e manda nunha paisaxe e hourizonte de nacimento de vales. Ben perto, Doade inda garda o labro e recendo da serra do Suido. Os ermos alédanse en Beariz co cantigar das augas e a regalía das veigas do millo. Quedan, atráis, as costas, as abas e os cotos da serra, ben perto o Paraño. Mais Beariz enxerga o decorrer de augas engaioladas na espranza do Ribeiro e mira a beleza da Pena Corneira.

Fig. 12. -.O Val de Abelenda das Penas, Ourense. Ó fondo, Pena Corneira. (Zona do Ribeiro de Avia).

Avión laboura nas abas mainas da serra do Suido, relacioada cas do Paraño e Testeiro, un decorrer de meandros afondidos, ca expresión xeneral dunha novidade morfolóxica. O río vén da serra e ben logo afonda seu val que chamamos novidade morfolóxica porque no cerne aínda da montana, nas mesmas abas da serra, espalla formas de ribeira. O tipo xeneral do releve é dun renque ademirabre de voltas, de rexa comba, semellantes ás sonadas "Cunchas" do Limia en Cabaleiros, con encostas ás veces orgaizadas en degráus, as máis esporentes e mestas de piñeirás. Son terra de Avión, de Abelenda das Penas. A chave, cecáis, do releve e dende logo a paisaxe máis emocionante das montanas cinguidoiras da conca do Avia, descóbrese na Pena Corneira e seus arrabaldos de montana erma de Balde e

Liñares, gostosa de aires e froitos, mais atal siñificanza non remanece somentes da rexa e baril escultura da Pena Corneira e seus dentes ou cornos enxergables dende case todo o Ribeiro e as terras chairas floentes ó Miño, sinón de que a Corneira fala da loita das pizarras en feixes apretadas e podentes da serra do Suido e da paisaxe de Doade resistindo o empuxe dos granitos ergueitos nos cornos da Corneira como as foulas botadas ó ataque da costa brava se erguen en escumas. Semella boa metáfora pra expresare o puxar das dúas formaciós de roca. Enxérganse en paisaxes de pouco vagantío as figuras da loita. Ela, ista impresión de grandeza —de sinxeleza cósmica— dispón o disfroite calmo das conqueridas xeórxicas do Ribeiro madurecido do Avia.

Os grande pobos do Ribeiro —a costelación Leiro-San Clodio forma seu cerne e curazón— disfroitan cada un da súa paisaxe. E coidamos ser ista unha das excelencias do Ribeiro determiñada pola riqueza do releve e a mestura da historia labrega: a fartura e variedá das composiciós de paisaxe na curta larganza dos hourizontes do Baixo Ribeiro.

O nome de Pazos de Arenteiro é dos ben postos na Galiza. Enteiran rúa as casas fidalgas. Non lonxe o río ca súa fresqueira sebe de salgueiros e a ponte vella siñifican un folgo e madureza. Ollan pra riba a encosta chantada de viñas.

San Croio ou Clodio loce unha fermosa praza, do millor barroco galego. Son soportás e balcós. A vila semella como as viñas frolecida na pedra. O mosteiro aproveita un descanso na encosta. Enxérgase o descer do releve en Gomariz, e por frente as estaxes que descen da Pena Corneira ca asucadela do riacho da Barbaña. Mais tamén pé de San Clodio cantiga un ledo rego de seu, ben aproveitado prós terreos. Por riba do pobo monástico, Riobóo segue señoreando os bens do lexítimo Ribeiro e, máis enriba, Osmo e San Fiz de Navio vanse esvaecendo nas bocarribeiras do San Amaro.

Toda Galiza, súas xineas fidalgas, os vellos mosteiros sonorosos de historia, os frades mendicantes, os hespidales e obras pías, os bos petrucios de xente paisana, quixeron ter un anaco de terra, aforada ou traballada por eles, no Ribeiro ourensán e sobretodo pola zona dos viños na do Avia de onde saía un camiño polo Carballiño —que foi unha venda cun carballo ó pé— e polo Foxo do Cabrito a Deza, e outro por Carballeda onde eran sonados os mesós do Reino.

Tiñan bes e dereitos no Ribeiro o Cabídoo de Sant-Iago, os monxes de Pinario e Sobrado, os Terceiros franciscáns de Melide, os hespidales de Lugo e Sant-Iago, pra lembrar algún tídoo os condes de San Román, pra falar das castes paisanas os petrucios de Deza e Rodeiro. Todo elo —sin facer mentes arestora dos Cabaleiros de San Xohán ou de Malta cas súas Encomendas de Beade e Pazos— tradocíase no mapa social e económico e non menos na fisonomía xeográfica, nas formas das fincas e dos pobos do val e ribeira.

Voltando ós pobos, temos como Leiro, centroso, desenrola seu locente caseirío a carón da rúa vella, e da antiga e pasaxeira ponte, cerne vivente Leiro de comercio namentras Lebosende vai quedando esquencido cos seus pazos. Na beira ezquerda do val, Esposende e San Andrés de Camporredonde disfroitan dos bos torrós da chaira e da valente encosta tamén de ricas videiras. Da outra banda descen en estaxes os coltivos e pobos: Beiro, Beada, Berán. Outas torres, rexos muros, videiras sonadas, a canle esporente das augas, os hortos e regatas máis fartas das millores pavieiras da Galiza. O horto acarón da viña, da adega de porta coartelada, do rexo esquinal do pazo ou do prioirato, case sempre con impresión farta e barroca, son faitores no tecérense das formas das paisaxes ribeiráns.

Todo elo vai decorrendo a se xuntar co Miño no termo e hourizonte de Ribadavia, a histórica vila, das arquitecturas como belamente cristaizadas leendas. Se non pode entendere a siñificanza máxica da paisaxe de Ribadavia no devalar e no malladoiro das formas xeográficas si non se espalla deica a xuntanza do Avia e do Arnoia co Miño. Armuñía de tres vales cecáis de máis valencia do que a dos Tres Ríos. Dous findan e o do Miño vai coller outra figuranza e obedecer a outros procesos ó cruzare a soleira das Serras.

Non han ser valdeiras algunhas cifras do releve. Os cotos debecentes arredor de Beade ruben dos 200 m., a vila está ós 168. Carballeda de Avia ensaia cos seus bos bacelos unha especie de badía nos encostados cotos que se erguen no soado monte Franqueirán sobre Ribadavia ós 468 m. A Costeira e Novoa quedan ás costas diste fidalgo coto de Franqueirán. O Avia, despoixa do San Cristobo, pasando a ponte de Ribadavia, vai un anaco apartado do Miño polos esgrevios e podentes cotos laxeirentos de A Foz, de 300 metros, de sutaque sobre o Miño estreitado. O Miño aínda ribadaviense é o de Francelos, folgado meandro, edificador de novas terras, pra logo cinguir as costas do monte Bandeiriña.

Manda e sintetiza o conxunto e encontro dos procesos morfolóxicos a xeitosa e grave feitura do coto de Novelle, presente máis ou menos en todalas paisaxes do Ribeiro e expresión rematada de coto ordeador dun tempo de vales e encostas.

TERRAS DA EZQUERDA DO MIÑO CENTROSO OU OURENSÁN: RABEDA, TERRA DE MONTES

Temos sinalado o estaxe de xuntanza do Avia e do Arnoia, na paisaxe rexa e finamente traballada pola natureza e a historia, ergueita nos fermosos cotos do Novelle e do Franqueirán co meandro de Castrelo, o estreitárese do Avia e do Miño co floíre tamén en baixa ribeira do Arnoia como o rodopío de formas cecáis máis valentes pola siñificanza morfolóxica do Miño despoixa dos Tres Ríos. Pra corresponder ó noso método tiña de ser eiquí, despoixa das terras e bocarribeiras afloentes pola dereita

ó Miño ourensán o recordo do val, atal ricaz de formas, do Arnoia. Pois il decorre dende o ergueito chan onde se cría na aba das Medas no senso do Miño, facéndose río de seu, madurecendo seu val, atraguendo súas augas afloentes, en asucada podente, devalando case paralela ó Miño. Pro o releve e o dinamismo das formas e a criación e correspondencias de vales, bocarribeiras e chairas non é do mesmo senso e tipoloxía á dereita e á ezquerda do Miño ourensán. No primeiro senso, as serras demarcadoiras, alongadas, deixan no seu arco un grande desenrolo ás ademirables e case clásicas formas dos chaos que temos enxergado como obedecendo a unha lei de farturanza crecedeira dos vales no senso do decorrer xeneral da paisaxe. Non hai falencia de chairas, nin de bocarribeiras, nos releves, da outra banda de augas correntes ó Miño ourensán. Pro na feitura e no movimento xeneral da vida xeográfica imponse outro xénero de montana. Súas augas e vales raiolan ó redor. Son as Medas. E o val do Arnoia que, despoixa madurecido, cría a rexión clásica da Arnoia. Comeza na aba das Medas, no amparo da Cabeza da Meda e da Serra de San Mamede, e si o río vaise sumare ó Miño, como outras correntes das Medas ó Sil e o mesmo Sil en grande maneira é por elas enteirado, elo nono pode afastare do grande "chateau d'eau", como diría un xeógrafo francés, das Medas. E obedecendo á másima valencia dos feitos temos de estudare o Arnoia co Navea, o Cambal, o Támega, o Limia, os dous derradeiros criadores de rexos e compretos vales de por si, na coroa e espallamento das Medas centrosas ourensáns.

Asina entre as chamadas do Miño e do Arnoia soio se alongan unhas terras en renque, máis obedentes á lei do grande río que o devalar máis baixo impón unha feitura disimétrica a ista banda de terras, comarcas dilas algunhas ben individualizadas, outras apenas soleiras ben demarcadas ou polo contrario rexiós indeterminadas, de dubidosa ou adurmiñada morfoloxía.

Sucédense, no senso do decorrer de entramos ríos e vales, as terras outas e conca do val do Loña, a Rabeda, a terra dos Castros de Trelle, dunha maneira xeneral chamada tamén "de Montes", anque sexa pola emerxencia e poder no releve e na conxunta economía xeográfica galega ben desemellante á Terra de Montes decorrente ás Rías, ó Ulla, ó Miño, a ergueita nas voutas do Candán e do Chamor.

Débense afastar con tino as terras propiamente ribeiráns, as verdadeiras formaciós e chans, dos vales cuia demarcación non é sempre doada. Unha franxa ou roleiro, sinalado polas acugulaciós estructurás, loce ás veces craramente na paisaxe. Pódese escoller por baixo dos vales ou das bocarribeiras no primeiro tramo a encosta. No réxime do inverno do Miño centroso case se poidera descobrir o lindeiro da ribeira no acostumado das néboas, as pechas e brancas neboeiras que maxinan, enxergadas dende enriba, unha longa badía da ribeira dende Os Peares a Filgueira.

A comarca da Lonia ou de Nogueira-Lonia ou cecáis millor de Ramuín e Lonia pódese enxergar no seu centro de Cobas e Triós como unha Limia, na meirande parte con boa circulación das augas que despiden polo ledo río Lonia portador ó arrabaldo ourensán do feitizo das augas ledas rebulindo e boligando e choutando en frieiras entre cotos granítecos. Seus termos están demarcados pola Cabeza de Meda (1.325 m.), seus afillamentos os montes penedosos de Esgos e Rocas cos de Rebordondo sobor de Rubiacós que afastan estas terras das vertentes e devecentes á terra da Arnoia, polos beizos do penichán pró Sil e pró Miño. A chaira segue na Rabeda inda que ista teña outro caráiter.

Os outos de Millán e dos Sete Camiños de máis dos mil metros descendendo da Meda xa enteiran cos montes de Esgos e de Rocas. O monte Outeiro está ós 898, por riba do sonado prioirato dos bieitos cuia outura é de 834. Sobre o Sil descen as costas de Valdeieguas, e a de Castelao perto de Nogueira de Ramuín, de 740 metros. Pró Miño o beizo do penichao anda polos 600 e piques, nas outuras sobre Vilariño e o Chao de Monte sobre Melias. As terraxes máis chairas son as de Triós, Armariz, Faramontaos, S. Miguel do Campo. O río Lonia, nado nos outos da Virxen do Monte, vai por Lonia do Monte, Armariz, Rubiacós, Faramontaos, cruzando polo pobo que se chama Santa Seguiña, por Lañoá do Camiño afondado e descobrindo entre cotos penedosos polos Gozos, sonada ermida, hourizonte chairo en primeiro termo cos releves de Esgos e os de Maceda ó fondo escondendo a perspeitiva das serras, e xa no intre de baixar o val encostado a se enteirar na costa e ribeira ourensán polo Pereiro e Ceboliño.

Son cambeantes, finas, as paisaxes. A terra da que bota cedo o froito. As coores arxilosas e barrentas do Triós e Lañoá amedran polo verdecer das grandes carballas, avecíñanse os cotos ben labrados cos valciños xeórxicos e hourizontes á Peroxa, de Luintra e a fermosura de lameiros, tarreos e carballeiras e soutos xeitosos de Faramontaos e S. Miguel do Campo. O Pereiro xa mostra os cotos duros e as acrópolis e encostas da ribeira. Pro o máis siñificativo polas figuranzas da pedra e os procesos erosivos son os montes de Esgos ca feitura impresoante dos de Rocas, envolveitos en mestura de mato carballeirento. Diles son parroquias de ricaz chan Vilar de Ordelle, boa terra como Corbelle, ventando a fartura de herba e pan de Rabeda.

A Rabeda, cuios pobos de antiga xinea labrega son Santa Cruz, Sant-Iago, Paderne, garda o carís de casechao, coalgunhas rexiós cativas e lameirentas que lembran as paisaxes de gandra, de decorrer de augas ordeada por outro río ourensán, máis ourensán do que o da Lonia, o Barbaña, ou tamén a Barbaña, pois decorre ó pé da cidá e acolle as correntes das Burgas. O Barbaña tén súa fonte entre Mourisco e a Piuca, polos 650 metros, no monte chamado Oureiro e Carboel, ben perto da estrada nova de Ourense a Maceda, ós 19 km. de Ourense. O río pola descoberta terra vai por Paderne, Cantoña, Pousada, a Venta do Río, onde se lle xunta o rego que baixa de

Ousende, antiga cabeza do partido, Pereiras e o Mesón de Calbos, chamado o "balcón da Rabeda", de onde o val se estreita por Noalla pra baixar as penedosas e froumentas encostas do Cumial, demarcación da paisaxe ribeirán de Ourense.

"Fame na Rabeda, fame en toda a terra". Dende logo as tesuras de herba dos seus lameiros son de antigo nomeadas e igoal os centeos. Pechan os hourizontes severas e podentes cumes das Medas, son veciñas as montanas demarcadoiras da Limia como a Penamá, de grave testa sempre nos hourizontes dende os lonxes aparellada co outeiro da Boa Madre, coto

Fig. 13. - Allariz.

graníteco, afusado, como un chanto que dixera por onde vai o roleiro do val do Arnoia, semellante nos hourizontes das bocarribeiras ourensáns a un Pico Sacro.

O degráu do releve da Rabeda ó Arnoia está sinalado polas costas de Taboadela, cuio remate nos montes chamados de Vindeiro anda polos 570, e os 700 m. Son, pois, dende Ourense a 150 m., tres degráus, tres costas, sempre rubindo deica Xinzo de Limia: Allariz está no antigo Castelo ós 568, Xinzo ós 623. As estesas terras chairas e ondeadas asucadas polos grandes vales do Miño e do Arnoia enxérganse en hourizontes crecedeiros, e neles o espreitado considera a valencia centrosa das Medas. Un dos lo-

gares de meirande siñificanza da terra do meio Arnoia e da Rabeda é a parroquia de antigas acrópolis celto-románs e de finas lembranzas haxiográficas da Santa Mariña das Augas Santas, beizo sobre as bocarribeiras, de craro terrón, xenio e fragancia xa ventando a montana nas carballas e soutos.

A Rabeda compón unha bocarribeira de estaxe e desenrolo semellantes ó dos Chaos de Amoeiro, sendo istes máis adiantados na evolución, máis enxoitos. E a terra e composición de paisaxes semellantes segue polas parroquias da Merca, por Urrós, deica xurdir outras terraxes barrentas, de

Fig. 14. - Sta. Mariña das Augas Santas.

rubras coores, mantos podentes aluviás, traballadas en valgadas disimétricas propias da rexión chamada de Montes ou dos castros de Trelle, que se cingue á ergueita no fermoso coto de Novelle.

As terras de Trelle —ou de Toén, e Cartelle— deitan súas correntes ó val de Ourense, polo río Barbadás ou dos Muiños, tamén, no xiro de Ourense, chamado Barbaña pois se xunta co verdadeiro Barbaña, o da Rabeda, no paraxe caraiterístico de arrabaldos e vello Ourense chamado da Sila. Enxérgase, pois, a valencia de atraición do val ourensán, no armoñoso cinguírese dos sucos por onde descen as augas da Rabeda e distas

parroquias do país de Trelle. As encostas son ben difrenciadas. As viñas, o tipo de paisaxe ribeirán ascende deica Pàrderrubias. Na Manchica ou na Merca as chamadas dos nivés de base das forzas erosivas, os do val ourensán e do Arnoia, no tramo de Celanova, figuran contestes, equilibrados. Os cotos de penedo de gra figuran meio envolveitos nos mantos arxilosos, nas formaciós de barro e pequenas terrazas de pelouros. Hai fondales de rico chan de millo, e larganzas gandreiras ordeadas no descer ó Miño entre Deza e Puga en valgadas simétricas. Nun estudo apurado poderíanse difrenciar deica onde chegan as formaciós do Miño.

A paisaxe de Sabucedo ou a da Manchica semellan as millor compostas do país. Un pouco ó poente voltan a se asegurare os alicerces e as formas granítecas na terra de Cartelle. Por unha banda o Arnoia deixa de ser río de tona e val pouco dibuxado e afonda producindo costas mestas de piñeiros, doutra entra o Miño na podente e fermosa estaxe de Castrelo e Francelos. No meio de entramos vales a terra de Cartelle espalla bocarribeiras de farta beleza, vistosas e galanas como a de Macendo que correspóndese de lonxe cas de Amoeiro e Ourantes.

Os castros de Trelle ruben cerca dos 600 m. Por riba de Sabucedo de Montes o castro da Pereira case chega a eles. Cartelle está baixo con relación a istes releves, o Arnoia por Pumar, Rial e Sendín améstase de viñedos nas encostas correspondéndose cos das veigas e encostas do Miño. A terra cartellá soada outrora polo seu gando, e os prodoitos dos lameiros e soutos, siñifica un tipo de bocarribeira crebada, que non chega ó chao, semella máis á montana de Cea do que ós Chaos de Amoeiro. Nos hourizontes largasíos o primeiro sol esculcante das mañás reloce ó mesmo tempo na eirexa de Cobas, terraxe de Cea, e na Torre de Macendo. As outuras e releves de Cartelle ó igual do senso de movemento, forma a rítmica xeomórfica e siñificativa de todalas terras ergueitas no derradeiro tramo do Miño centroso e do Arnoia, e, demarcadas por entramos ríos, adequiren unha expresión chea no fermoso o rexo coto de Novelle, raíces de penedo baixo e meandro de Ventosela, pulo de roca firme, traballada en riscos armoñosos e obedentes polos regos temporeiros, ademirable manto de piñeiros, señorío dos hourizontes do Ribeiro e de lonxe, nos grandes conxuntos montanosos, unha figuranza orixinal como a do coto do San Trocado, sinalando un complexo xeográfico, unha paisaxe senlleira.

3. O BAIXO MIÑO OU MIÑO GALAICO-PORTUGUES

O poder de grandiosa síntesis de formas e procesos mañifesto na paisaxe de Castrelo e Ribadavia co inxerimento fino, de farta elegancia, dos vales da Avia e da Arnoia no val mestre do Miño, non tén pra nós semellanza hastra as veigas de Tui e o findar do Miño, pé do Santa Trega. Coela cínguese a siñificanza estética. No baixo Miño sinálanse variadas crases de ribeiras. Pódense sinalar no senso do decorrer tres tipos: o tipo "Frieira", o de Salvaterra, e o de "Tomiño-Goián" ou cecáis "Tomiño-Gardés". Poilos mainos e podentes aspeitos tudenses enteiran en fartura epilógal a lei de forma do tipo de Salvaterra. Frieira ou "facies frieiresa": meandros afondidos na peneda granítica, na soleira e xuntanza dos rexos erguementos das terras, fita case somentes iniciada de ribeira, e, ás veces, nos tramos de álveo enxebremente penedoso, cheo enteiramente, é unha das formas de ribeira e canle do río. Os afloentes traballan valciños, crebadas, torrentosas frieiras. O longo e dispacioso intre nomeado pola antiga e centrosa vila de Salvaterra mañiféstase no val de novo tranquío, aberto, con seus aspeitos repousados e vedraios. As bocarribeiras ordéanse en gradaciós —si hai xustificación, coidamos non habela, pra levar o conceito e vivencia da xenuina bocarribeira máis abaixo do Miño ourensán—. Afástanse as costas, espállanse mainos vales co tipo do país do Tea, val clásico, cecáis tanto como o de Verín. Pro non dá licencia o máis pequeno senso da morfoloxía pra xuntar os meandros deitados en graves e leviás arcos alternados do Miño polo Condado e na veiga de Tui, cos ourensáns do estilo do barbantiñán, dos propios das pontes de Ourense. Eiquí, nas comarcas arestora lembradas, o val sinala outro xénero de vellez ou senilidade. Non camiña o podente río entre encostas máis ou menos usadas ou labouradas pro de entrana e forza de seu. Eiquí as fermosas curvas afóndanse entre acugulamentos de roínas, entre mestos depósitos de cantos e terras ás veces devoltos a unha mocidade soio de aparencia con algunhas luces e soles. Os montes afastados compoñen non xa familias e fatos consentidores e condición das verdadeiras e orgaizadas estaxes das bocarribeiras. Son graves individualidás. Semellan representare encol das moles veigas tempos e formas lonxanas. O San Xullán rube indefrente ás xeórxicas de Tui. E a grandeza do esceario, remanecendo da lonxanía de dous procesos soio achegados no espacio, non mañifesta comunidade algunha co estilo e composición de Novelle, o Franqueirán, no Miño ribadaviense.

No derradeiro tramo, si as encostas voltan a se achegare ó Miño, o río xa ventado o esteiro e entrando nil ou repousando nil goberna ca súa valencia e seus areás. O ritmo non deixa de mañifestar un eco da lei do enriquecimento progresivo dos vales afloentes. Lembramos dende os Peares: Búbal-Barbantiño-Avia; Deba-Tea-Louro; Piñeiro-Forcadela-Rosal Como o Louro rube deica a entrana das terras de Amoedo e tén seu val un senlleiro espallamento se non creba sinón aparentementes a mensura polo orgaísmo máis ricaz do Tea.

O xogo de aspeitos meridionás e lusitáns envolvendo o val baixo do Miño non deixa de traslocir paisaxes cecáis recuadas no desenrolo das formas, e o clima xa non pouco mariñán siñifica ou axuda a siñificare outras tónicas e un meridionalismo difrente ó asegurado nos fortes vrans e no cromatismo dos outonos no val ourensán.

Chama o baixo Miño con voce xa menos baril. Os ríos a il obedecentes escoitan de tan lonxe como os ascendentes deica a entrana das serras da Vela, das húmidas crebadas ou as neves das Medas. Chama de perto o mar de Vigo. Por Tiela, outo val ben labrado, as fontes do Tea chegan ben perto da soleira do Suido máis a do Faro de Avión. Mañifesta o Montemor un cumio e sebe non escura. Máis cara ó mar en terras de Borbén, Amoedo, Saxamonde, dubidan as augas nadas nos lameiros en pequeno espacio. O clima xeográfico é redondelán, mais algús ríos seguen a lei do Miño. Cecáis soio a fartura de pequenos vieiros moltiplicando o descer das augas e non deixando desenrolare un rexo río impedíu que a forza do seo redondelán atraíra algunhas correntes do outo Louro. A grande composición de montanas da beiramar cas súas fortes individualidás (S. Xullán, Galiñeiro) e súas cúpulas rebaixadas, estreita o vagantío da atraición do Miño no derradeiro tempo do gran río redocido a grande canle de conxuntas augas.

O TRAMO DA FRIEIRA E AS SERRAS FRANQUEIRÁS OU DA CAÑIZA

Dende o Faro de Avión e o monte Pedroso e as formas menos dibuxadas da serra de Fontefría desenrólase en chairas ondeadas e fatos de cotos con encostas esporentes ó Miño a terra montana de Melón e da Cañiza chamada por nós dos "montes da Franqueira" en honra e lembranza do soado santuario. Os montes de Chandemoira, Ourol e a mesma ergueita Paradanta siñifican o beizo da forte baixada, da ribeira de duros asucamentos torrenciás cuia enerxía esgrevia non pouco amolece a vexetación. E tempos de folgo no descer son os estaxes ou recantos de Rebordechán, Crecente e Mourentán.

O Miño, despoixa do ampro e solene conxunto ribadaviense de Francelos e do val afloente da Arnoia, comeza a nova estaxe heroica que chega á súa meirande estroitura en Frieira e en Arbo, canle maquiada en rexa roca de gra. A ordeación dos meandros de ampra feitura vai acompasada polas encostas de abombeados tempos, Non hai ribeira, nin, en senso estreito, bocarribeira. O piñeiral impón súa norma de verticalidade e unidá en formas arredondadas. O clima móstrase nos sobreiros, na inqueda e leda farturanza do monte baixo. Nas orelas sucédense penedos curtados simétricamente e conxuntos ruiniformes de gran beleza no río volto fío de aceiro ou forza rañadora da pedra de grises espellantes. Non edifica o río terrazas e soio pequenas praias de area ben peneirada. Concerta cas notabres feituras alveolares indicadoiras da laboura dos remoíños.

Nos torrentes gárdase, ás veces deica o nivel de base, a esgrevieza dos aluviós levados polas augas. Despoixa dos sucalcos de Filgueira, de Rebordechán e Angudes espállase como unha terra asucalcada a de Crecente, orleada polas gracias da vexetación ribeirán e portuguesa. O antigo "arrabaldo" érguese sobor da vila, o Vilar antigo. O río Ribadil formado nas gandras da Cañiza baixa en suco traballoso e encostado, sobre todo pé da Coutada. Ribeira, Albeos, Cequeliños son os pobos ribeiráns por frente do folgo xa ben dibuxado da terraxe de Melgazo en Portugal.

Segue a crebada tamén rexa, máis encostada, do Deba. O Deba franqueirán chega ó Miño en gorxa estreita de río xoven, a terra de Arbo espalla sucalcos e folgos de releve pé da serra Paradanta de cumes ben esculturadas, grande proa ergueita de traveso pola terra da Franqueira sobor do Miño. Cecáis a laboura das augas chamadas polo Miño e polo Tea tén axudado a sinalar a feitura senlleira da Paradanta, desglosada das formas máis escuras de montana. Xa sobre o Miño non baixan abas esporentes deica o San Xullán. A Paradanta franquexa un novo estaxe e espallamento no devalar miñoto e outros azús e verdes nos montes e nas veigas.

Arbo, como outros pobos, mañifesta a infruencia do camiño de ferro no inzamento do barrio da estación. Perante a estaxe das encostas os dobres pobos siñifican tamén o releve e as direiciós e senso do comercio.

Mourentán colle o remate do suco do Deba dinantes da derradeira grada do baixar do río. O vello Arbo, Sela, Barcela, dispoñen de meirande vagantío namentras na Paradanta ampárase Luneda onde o vivir gandreiro sinala a veciñanza ca montana cañicense ou franqueirán.

Son lombos e chairas gandreiras, un repouso entre as outuras fortes do Pedroso e do Avión, con trunfo e armuñía das diaclasas, e as encostas ó Miño. Os piñeirás dan seu ton uniformista. A "montana" de Melón desce ó Ribeiro por releves penedosos, gloria das formas ovoides que, como no cerne Ribeiro da Avia, se desprenden doadamente da encosta. Pobos como Barcia, ca súa terra en rodopío case xeométricamente ordeada, figuran badías formadas e mantidas finamente polo traballo. Quines e Melón sufincados no Chan de Moira tenden chaos e veigas no fondo armoñoso, arredondado, de augas bulidoiras, do Cobelo e do Chan de Moira. Non son raras as carballeiras asociadas co millo e tenta o conceito de bocarribeira. Mais non son estaxes nin chama o val con variadas modalidás. Millor chaos de montana. Os barudos carballos do mosteiro falan tanto como as fermosas roínas da siñificanza do antigo centro dos monxes brancos. Escolleron soleira de montana, non lonxe de Ribadavia no camiño das Rías, o vieiro de Pedro Madruga e roita das cabalgadas feudás e do comercio.

Petán, Deba, Oroso, Prado de Canda, As Hachas, procuran os cotos abrigosos, as augas novas, en rexión de crara luz, e cecáis tén vencido a Cañiza por ser o primeiro degráu pró val e nacer ós pes dos seus balcós as formas tendentes á ribeira. Como "pousa" no camiño dinantes dos outos de Fontefría, como xuntanza cos vales do outo Tea, desenrólase como vila

de tráfico, no meio de moitas aldeas mestas de logares. Entre a Paradanta e a Fontefría o santuario da Virxe da Franqueira foi parroquia e prioirato dos bernardos de Melón no vello e encostado camiño antigo de Ponteareas. O descenso á eirexa dende Prado de Canda garda o ledicia, sobre todo nos días de romería, das antigas composiciós de paisaxe barroco galego.

A Fontefría, cas pousas de Paraños e A Lamosa, expresa o baril remate dun arco avionido docemente esmiuzado en cotos e valgadas no senso do Tea, gravemente cinguido ás chairas da Cañiza. Recrobe a gándara o máis da serra. No hourizonte persoalízanse os montes e brilan uns refrexos do Miño derradeiro, siñificando pé do Santa Tegra o comprimento e remate dun proceso.

OS VALES DO TEA E O PROPIO MIÑO TUDENSE

No poente da serra Paradanta os cotos inda rexos cumeados na ermida do San Mamede sobor da Teboexa e as outuras cinguidas coiles deica a ribeira por Rubiós e Tortoreos determiñan o pequeno val de Ribarteme co seu ledo riacho paradantés, moi afondado, rendeiro do Miño na veciñanza de Vide e Santa Uxía de Setados. Xa as formas tenden ó vagantío e espallamento do val do Tea. O Miño, domeado o tramo inda duro das antigas pesqueiras de lampreas de Arbo, despoixa do riacho dc Mourentán, desenrólase en canle grave e fermosa onde os estesos coiñales en chea semilúa e os despaciosos meandros seguen de lonxe as curvas dos montes xa afastados deixando logar ás veigas e ás prataformas mestas, de aluviós, unhas labradas en feitura de pequenos cotos, outras sufincadas por penedas antigas. A farturanza dos aluviós, súa variedade, medra polos meandros de Salvaterra de clásica feitura hastra as veigas de Caldelas e Guillarei, estesas chairas onde o traballo labrego encobre ca súa fina e vivente tona xeórxica a feitura do acugulamento fluvial. Non se pode sempre alonxar a fermosa tentación. A coor dos pequenos cotos de croios, a farturanza das areas envolveitas en froumas, a dispaciosidade das augas, o gosto dos logares polos solares domiñantes, levan da man á hipótesis de historia xeolóxica e con gosto pénsase nos mainos tempos dun ateigamento cecáis dunha ría, e no balume de antigos canles e inzamentos dun río máis podente.

Debemos procurare as outas e finas raíces do Tea e cómo as formas valecas se inxiren nas encostas abas do Avión e do Monte Mor e, por outro senso, nos chaos outos de Amoedo e de Borbén. As Pías, non lonxe de Mondariz, son o logar chave do val. O ángulo elegante do decorrer do craro río garda a feitura doce mais se non podería fuxir da idea dun trocamento do floíre das augas, dunha "captura fluvial" si a entrana do chan granítico e o xogo das chamadas dos niveles de atraguimento non afuxentaran a tentación. Por todo o vagantío do Tea os piñeirás van enteirando nunha soia tónica as variedás da paisaxe. Erguense esgrevias, crebadas polas endedelas regulares e miudas da erosión, as costas e os montes. O piñeiral

ascende en pequenas e rexas formaciós polas serras e nos vales moitos labramios son arquipiélagos xeórxicos nun mundo de froumas e graves verdeceres. Ponse a fontela máis ergueita do río pé do Faro de Avión, polos 970 m. Graña, Prado, Maceira, Fofe, Sabaxás, Gargamela, figuran entre os pobos do val chamado de antigo da "Tiela" entre rexas encostas e lombos. O Bustelos, o Monte Mor co sonado coto da Eira gárdano do norde. Vívese a difrencia entre a fondura moi dibuxada polos riachos e as enxoitas encostas rematadas en feituras vivas e graciosas alternando con lombos adispaciosos. Maceira ca súa vella ponte, Barcia de Mera, están en centroso logar cas raiosas ermidas da Guía e da Anunciación. Mais aló das chairas de Bustelos —de nome lembradoiro da economía pastoral— e do Monte Mor as augas bulen á ría da Ponte Sampaio. Pola banda da Cañiza, a serra de Fontefría desfaise cara o Tea en cotos de fina topografía, rexos algús, mais xa entregados e rendidos á gracia e engado dos valciños de lameiros frolidos, das costas finamente brosladas de parreiras, dos pobos xeitosos. Na Picaraña sufíncase o castelo esgrevio de Sobroso. Ledos riachos, como o do Porto, descido de Paraños, e os que baixan de Gargamela, fan un dos engados dos fondos de arboredos sotís, de tenros verdes, entre a gravidade dos piñeiros, dos recantos de Mondariz. Val afondido, limpo, gracioso, de procesos miudos e ben artellados da erosión en Mondariz e nas Pías onde o Tea no seu fermoso "ancos" ou cóbado recolle a corrente e o rumbo do río de Borbén. Non esquenceremos, máis adiante, a lei dos cotos arredondados daquela rexión de montana do tipo Fornelos e Caldelas.

Nas Pías, o val do Tea desenrólase deica Salvaterra e o Miño en crara e fermosa unidade. As aldeas améstanse ricaces de torrón, fermosas na súa comprexidade labrega e vilega, nos termos de Ponteareas e de Salvaterra. O vello camiño do Miño, de Salvaterra e Portugal a Pontesampaio, crúzase na ponte de Areas, o seu eglóxico engado, co vieiro de Ribadavia a Vigo. As estradas, sobretodo a de Ourense, forteceron a Ponteareas. No seu termo son as augas doces, os cotos perderon súa dureza, érguese na leda encosta o pazo e convento franciscán de Canedo, as aldeas e rueiros adóitanse ben ás formas vilegas impostas polos camiños, o caserío burgués do XIX, feito de limpa pedra, brila ben ó sol na acrópolis comercial e máis do que comercial curial e señoril. Ribadetea, Bugarín, Angoares, Guláns, Arcos, Celeiros, soan entre a mestura do piñeiral e a gracia das parreiras e dos eidos. A vila e seus arrabaldos dan a sensación dun ledo equilibrio co val sin miga de pesadume de capitalidade.

Río —ou val— abaixo procuran Olveira, Soutolobre, Meder, os cotos. O riacho de Meder ensaia en pequeno o tema do Tea inferior. Brilan as ermidas como a da Virxe da Ascensión perto de Corzáns. Máis abaixo voltan a se amestare os pobos no termo e antigo "alfoz" de Salvaterra.

Xúntanse os vales en composiciós madurecidas, doces. As augas crecidas maquían areas e unha fermosa illa no Miño sinala un ritmo ás augas do Tea. O nome de Fillaboa é certamente expresivo. No clima humán e

xeórxico hai unha presencia de fronteira e de castelo. Ou millor de praza forte. Foino, e duramente exprimentada en longas e fadigosas loitas, Salvaterra. Hoxe o solar castrense é praza e concello. Arredor, os ensaios de rúas prefiren gardar as feituras aldeás. Beira do meandro cecáis máis armoñoso do Miño, Salvaterra, ó rivés de Ponteareas, quer millor a miudeza e gracia dos rueiros de tipo moderno.

Entre o val do Tea e as gándaras do Porriño o trocamento de ritmo xeomórfico semella unha recompensa pró viaxeiro afeizoado a procurar a lei e siñificanza das cousas. O val do Louro espalla estesos hourizontes gandreiros, de mainas formas e procesos indeterminados pé das graves e fermosas penedías do Galleiro e Monte Saramagoso que cain sobor de Louredo e Mos, do Confurco, da composición impresioante do Faro de Budiño, nun senso, e do beizo ergueito e ben acotelado do val mariñán de Fragoso e o erguemento de serra findoira de longas xuntanzas cos montes litorás do San Xullán e Alhoia. De tal xeito mandan as fortes e abombeadas penedías, e a tona e proceso da gandra que semellan térense de apricar doutro xeito os conceitos e vivencias de montana e val. En troques do artellamento de augas e formas do Tea, non desenrolan as correntes do Louro, nado nas encostas de Cepeda e Nespereira, pé das cumes descidas na outra vertente ó seo de Redondela, unha obra de val, e soio un comezo dil, pé dos montes do W. de formas sinxelas ben logo obedentes e como temerosas do neutro poder, da indiferencia do chao gandreiro, cas súas griseiras cromáticas, seu maquis probe, e a lembranza necesaria no esprito de cada ouservador de vellas estaxes xeomórficas. Como sempre, a gandra produz unha sensación antagónica de tempo xeográfico. Impóñense coores e aspeitos de maina velleza, de tempo acugulado, sin ritmo de seu, ou esperta visiós dun porvir. Inda as augas encoran en termos de Budiño de Arriba o pé de Riba Louro, e as rexas luces do vran como os griseiros desenrólarense dos ceus e dos choveres das invernías refrexan no chan gandreiro ben difrentemente do que nos vales artellados do Tea ou do Rosal. O mesmo acontez nos montes e cotos. A terra do Porriño disfroita doutra luz. Non é a do Tea, nin a mesma do Miño, nin tampouco a do Fragoso e orla da ría viguesa. Remanece da coor da chaira e da rudeza e forma dos cotos. No Faro de Budiño chega á sua meirande expresividade a natureza distes granitos. Dubídase, de non se impoñer o senso de balume e outura, si non sería xusto pra iles o nome de outeirás. Os grandes ovoides, entullados uns nos outros, apenas difrenciados ou na superficie xa ceibes, inda non se someten a tratamento da atmósfera polo sistema e camiño das diaclasas. A forma, xeneral ós montes da Galiza, rendeira de augas ó seo dos Grovios, soio garda eiquí isa podente e hastra medoña e titánica xuventude que concede ó Faro de Budiño unha especie de xeomórfica tristura heroica.

Por termos de Mos, Dornelas, e Tameiga, pé das esgrevias costas, os lugares afástanse nas parroquias de "piedmont" pois non dá licencia o releve e as proporciós pró conceito de bocarribeira. O Porriño está posto

no linde vidal das formaciós grandeiras e da paisaxe de cotos esmiuzado en fermosos ovoides. Valeco e encostado, Mos disfroita nos seus moitos logares do engado das frescas crebadas e lameiros dun clima de montana toda chea de agasallos da beiramar. As augas bravas de ímpedo moceiro dos montes ben logo amolecen na chaira. Están os montes ben individoalizados en rexas e non estesas unidás pra criaren augas de longo alento. En xeneral, no senso dos montes do W., ínzase o vivir humán con meirande forma. Polo sul a gandra devala nun levián trocamento de cromáticas e formas no calmo espallamento da terra tudense, val madurecido e lembradoiro do Miño.



Fig. 15. - Tui.

As augas moceiras, as rexas penedías, fan a tónica do paso do Confurco, histórico, de beleza matizada, conforme a terraxe do Tea dende Ponteareas vai deixando seus aspeitos xeórxicos pra se metere en valgadas de degráus estreitos no monte. Ínzanse de vello os pobos. Unha fita case seguida cingue as dúas vilas. Nomes de vieiro, como a Rúa, o Cruceiro, combíñanse con outros como Poulo. A outura do Porriño amolece o pulo do río Louro. A vila garda a dinidade das antigas rúas de soportás e envolve con mestura urbán as direicións e eixes itinerarios ben sinalados na composición antiga e moderna. Turran as chamadas de Vigo e de Tui con desemellante intensidade. Por Tameiga e Cabral a soleira ca ría de Vigo conxunta fresqueiras paisaxes e o camiño ínzase de novas formaciós itinerarias fortecedoras das antigas.

Os traballos ben levados de colonización van con calcado paso trubando a gandra. Ou millor orgaízándoa e como facendo camiñar máis axiña seus procesos.

Asegún a gandra vaise chegando ó val do Miño medra a grandeza e valencia paisaxística dos alicerces e costas do San Xullán pois seus cumes outos ben de lonxe se adivirten domiñando os circos dos hourizontes. Está moi lonxe distas rexas encostas o senso de bocarribeira.

Unha asucadela maxinada de Malvás ó poente, rais dos montes, a Entenza, cabeza de antigo arciprestádego cecáis sinalar o inxerírese do val do Louro no Miño.

Fig. 16. - A Guardia.

Entramos na paisaxe tudense, de lonxe anunciada. Guillarei, Sobredo, Paramos, esmaltan os derradeiros cotos case envolveitos na calma e leda grandeza do val, terraxe ricaz e lenturento, broslado en bandas finas e sinxelas, ca antiga cerne e inmorredoira beleza da pintura dos vasos polas parreiras combiñadas cas terras de millo.

O coto de Tui cecáis responda a unha terraza estructural do río. Co correspondente de Valenza, cos montes portugueses e respondendo en "humán" á mensura xeomórfica do Alhoia e ó erguemento do Faro do

Budiño, entéirase un circo de outuras que fai meirande a fondura e sinxela unidade do val chairo e ateigado. A vila coroada máis do que de torres de graves muros semella un froito. Baixan esporentes as encostas case de pardiñeiros ó río. Aduvíñase a roína duns peiraos noutrora mais aitivos. As rúas compoñen un cerne e enteiro fogar urbán. É Tui unha cidade rematada, compreta. Os silencios de arestora fan medrar a impresión cecáis angustiosa de cousa perfeita. Os vieiros pró San Bertoloméu, pra Pazos do Rei, gardan algún tramo a feitura de rúas. Cecáis por iso parés máis po-

Fig. 17. - Desembocadura do Miño.

dente a campía. Iníciánse formas vilegas en Guillarei, noutros logares. Soio fan meirande a presencia da aldea. O río, exprimentando o alentar da marea oceánica, déitase na priguiza dun comenzo de esteiro.

O DERRADEIRO TEMPO DO VAL DO MIÑO

Non houber sido perda a do tempo adicado a sinalar a soleira entre as chamadas do derradeiro Miño e do "mar de Vigo". Poidéranse lembrar feituras e tempos do Morrazo, do mesmo Salnés e amedraría o valor da rexa sebe que vai dos outos de Amoedo e Saxamonde ó San Xullán. Rexa

inda que non ergueita por Cabral, ben esculturada dende o Galiñeiro. Son hourizontes de Vigo. O San Xullán enteira cos montes do Sereizo por riba de Tebra e Burgueira, cos da Croba, encol de Mougás cos de Oia, unha unidade encetada e traballada con difrente forza polas augas. Pénsase nunha Barbanza máis arroinada no senso de maor fartura de individoalidades. Soio algús paisaxes gandreiros de Vincios fan relembrare os das graves chairas barbanzás. Dexérgase ben logo a variedade entre as formas dos vales. Xurden ben conqueridas as do Fragoso e o Rosal. Dos inxeridos no do Miño soio o derradeiro, o do Rosal, tén feitura de seu, inda no propio desenrolo cativo, como se o grande río galego houbera no seu tramo findoiro esquencido seu poder creador de resoancias valecas.

Deica Estás e Goián os cotos descen sobor do val deixando un sucalco ou taboeiro ben sinalado sobre as derradeiras terrazas e as primeiras dunas do Miño. Malvás, as dúas Tebras, Vilameán ruben outo. Piñeiro, Taborda, Amorín, Forcadela, Tomiño, dispóñense na gracia ribeirán. Os riachos de Piñeiro e Faio, os de Forcadela, ben remontados nas entranas granítecas dos montes, disfroitan o findar dos mainos tempos do Miño. Goián, dinantes forte logar, xunta as caraiterísticas e belezas dista rexión miniana. Hai unha pousa no pechamento das formas. O Miño espállase en meandro ricaz e priguizoso. Pé das outuras de Santa María Madanela, didiante das formaciós calmas, abertas, das paisaxes lusitáns de Cerveira, encostas e repousos anuncian a derradeira réprica de val rendeiro ó Miño, o do Rosal. Xa na canle se orgaízan as composiciós de ricas coores, de eixes e formas rexidas polas mareas, das illas e bancos de area. Cecáis entre Lira, galega, e o Gondarém, portugués, se poida considerare o capio dunha feitura deltaica. Enxérganse as ermidas, de entramas orelas, unhas a outras como abranguidas no mesmo solene sentimento de adéus do gran río criador de atal regalía e fartura de ribeiras e costas.

4. OS TEMAS XEOGRÁFICOS DA GALIZA OURENTAL

O NORDE DO VAL DO SIL

Dende o mar Cantábrico as cumes do Mondigo galego e as das Bobías asturiáns deixan sospeitar o mundo de serras e outas terraxes que decrara nos hourizontes lugueses a ergueita potencia dos Ancares, o mesmo que os lombos en regoados tempos de vibración morfoxénica do Caurel no ar e ámpido da terra de Lemos, ou as espaciadas encostas rachadas polas frieiras sobor do val, e en tramos sobor da mesma canle, do Sil. Son as serras e outos vales da Galiza ferrífera. Casan e correspóndense ca conca do Miño e seus vales afloentes. A chaúra do Lea, os cotos de Castroverde, os lameirentos fondás de Sarria, os recantos de Samos, as paisaxes do Incio e de Brollón, pró outo e espallado torrón de Lemos, non chegarían a seren expricados lonxe do amparo, ou da ameaza e grave veciñanza dos montes. Procuran as vilas e seguen os camiños os logares e cadabullos onde o val, nacendo da serra, vai adiquirindo e collendo un xenio e caráiter de seu. Polo sul os vales valdeorrés e queirogués non alonxan no hourizonte e o Sil, nos seus tempos de fondo e estreitado decorrer, aveciña e case avencella istes feixes de serras ó longo ou ó traveso dispostas, cas abas fiñchadas e as encostas de lombos regoados das "medas" ourensáns. Outro mundo, istas podentes cúpulas, drento do cerne ser da Nosa Terra. Por elo, pola fisiognómica conquerida polo devalar en tempos sucesivos do val ou dos vales conxugados do Miño, débese obedecer a lei de outura e forma das serras do N. L. galego, onde o ferro espállase podente en vetas ricaces, os esquistos gardan súa esgrevieza e atromentada vontade de forma, os vales, cuáseque todos heroicamente forxados en moceira estaxe, deitan ó Cantábrico, ó Miño, e ó Sil asegún ritmos e leis propias. Ista Galiza de pouca mestura de pobos tén sido escolleita por algús dos millores entre os poucos bos espritos chamados polos problemas morfolóxicos da Galiza. Abondarían os nomes de Schulz e Hernández Sampelayo. O mestre formado en Saxonia soupo moi ben difrenciar as estaxes de chan novo nos fondos vales. O moderno inxenieiro de minas, co microscopio mineralóxico, poido estudar a estroitura, calculare os tempos e unha fórmula ós minerás e ás cras de rocas. Pró xeógrafo han ter valencia sempre as caraiterizacións e razoamentos de Hernández Sampelayo encol das serras lonxitudinás e das serras travesías.

Descóbrense cun xeito de emoción o testemoño, a aitualidade do erguemento e pular alpino considerando os lombos do Caurel ou o renque de cumes labouradas dos Ancares.

Manda unha sinxela división no ordeamento da grave e fonda materia xeográfica que temos de desenrolar arestora. Mandan os vales. Por xóvenes, por arriscados, na súa chea laboura. Enxergándoos en arcos no hourizonte, maxinándoos na leitura dos mapas, semella escuitárese un bruidar de augas nas serras do ourente lugués.

Os montes tamén históricos e simbólicos do Cebreiro ca serra do Oribio sinalan un "divortio aquarum". Polo Padornelo e o Hospital da Crus,

vivenda de pallozas, lombos pouco dibuxados, greas de lombos como montesías abenzas durmidas, pola serra millor asegurada en ergueita figura que desparte Tria-Castela ó norde, e Lózara ó sul, aléntase en terreo onde amolecen e transixen dúas chamadas, ises imperiosos chamamentos dos procesos e as cousas. Decorren, contradicíndose ás veces, con argomentos contrarios e ergueitos, as formas pró Cantábrico e o outo Miño ó norde, pró Sil ó sul. Tén e disfroita isa soleira un senlleiro valor na historia. O camiño de Sant-Iago, das pelerinaxes, do románico, dos troveiros, fermoso, tristeiro e ispirado vieiro por istas serras ventosas, tén de ser o principio reitor no coñecimento da Galicia montesía do N.L.

Ó seu norde decorren os vales do Eu, do Navia, e das ponlas decorrentes ó outo Miño. Fonsagrada e Navia soan como os nomes de vilas máis caraiterísticas. Ó seu sul boligan as augas pró asucamento fondo do Sil. Abondan os nomes do Cabe e do Lózara e Lor pra lembrar a fisiognómica distas terras xa abranguidas nunha certa gracia e luz do sul e das ribeiras.

SERRAS E VALES Ó NORDE DO CEBREIRO

Tres grandes rumbos ou sistemas de procesos e ritmos, millor do que rexiós, pódense enxergar ó norde do Camiño de Sant-Iago: o do Eu, máis defiñido na Baleira e na Miranda; o do Navia, ca rexa caraiterización de Cervantes; o do Neira, obedente á lei do Miño. Entre os dous primeiros estabrécense arredor de Fonsagrada paisaxes cecáis defiñidoras. Polo Neira os ritmos do Miño, do seu sistema, déixanse percibiren no curazón das serras.

Temos escrito demasiado apresa algunha cousa pensando na terra de Cervantes, na que foi coalgunha xusticia nomeada "terra de promisión dos mineraloxistas". En comparanza ca rexión das Medas, ou con calquer tempo do val do Miño, istes feixes de serras van en rumbo e camiño, mais non chegan a madurecere e criare fisiognómicas xeográficas enteiradas.

O Eu, nome soante noutros fermosos ríos galegos —Mandeu, Eume— semella nalgús dos seus temas unha vea contraposta ó Miño, decorrendo entramas en direiciós contrarias, afastados pola serra de Meira seus decorreres outos, un, o do Miño, espallado en chaira de lameiros e illós, outro, o do Eu, ben logo afundido entre ergueitas ribeiras. O nome do Eu comenza pouco dinantes de Piquín pola xuntanza de regos do val de Baleira, do monte Muradal e do monte dos Texos. A raís máis outa vén do logar e comezo da serra soada do Cadebo, dos termos da parroquia do San Pedro da Asperela, de onde, en senso contrario, deitan as fontes primeiras do Neira. Os vales da Baleira e do Neira atestan polas súas cabeceiras co erguemento do Cadebo. O Eu camiña ben fondo por longos tramos desertos. No primeiro acolle perto de Os Baos augas de Fonsagrada, polo Rodil amedrado, polo Fillabal descido da Fonfría na serra de Pedras Apañadas. Po-

FERROL

los termos de Seixosmil, a corrente do Eu afonda non lonxe das fontes do Miño, despoixa de Vilarmide e Vilaboa recolle pola dereita regos dos montes case desertos, noutrora aledados por ferrerías, de Vilarxoane ó pe do soado Couso de Batibrán, pola ezquerda da serra de Meira polo río de Tudán. Logo desenrólanse en formas máis abertas as terras de Miranda, co val afloente, de fondos verdeceres, de Riotorto onde soan os nomes de Recesende e Vilania, veciños de Bretoña e do outo val de Lourenzá, e coa boa terra de Vilaodriz, ergueita en lombos, asucada de quebradas unha delas a de oríxen asturián de Taramundi. Outros dous vales, o de Vilaformán e o máis esteso de Trabada, dibuxado nas abas de Cadeira, xúntanse polos termos de Abres, entramos pobos asturiáns de paisaxe galega, co Eu que ben logo por San Tirso comeza a exprimentar a infroenza da ría.

Dende o coto do San Tirso, sobre un grave e fermoso meandro afundido do río, enxérganse é ordéanse en tempos podentes do decorrere das formas istas terras e hourizontes.

Na dereitura do Cadebo van pró norde, á ezquerda do val do Eu, dúas ben senlleiras serras: a de Meira, cuia enteira lembranza por ser berce do Miño mozo débese facer tratando da Terra Cha, e a Cadeira que atesta polo poente co val de Lourenzá e a propia conca onde frolez de antigo Mondoñedo. En rodopío é a mesma terra outa a descida polas costas de Aldurfe e Pastoriza sobre a valgada do Miñotelo, a abombeada á dereita do Eu nas serrotas de Teixedais, nas podentes outuras de longos ventos do Couso de Batribán e as xunguidas co avencellamento de cumes arredor de Fonsagrada. A rexa serra, de belido nome, das "Pedras Apañadas" adianta deica o castro da Fonfría, e os outos de Silvela e Parada Nova, case deica a vila centrosa do terraxe de pranos e arestas pizarreñas, rachadas polas frieiras, de Burón. Ben pertó tamén asegura o coto de Pedrosa súa figuranza sobre as primeiras correntes do río Suarna, e pró poente da vila escultúrase o Muradal, cecáis a cume millor caraiterizada da montana de Burón. Ista terra tivo por nó a Póboa ou Pobra, disfroita na súa esgrevieza de moitas quebradas e encetan os cernes montes moitas promesas de vales de augas novas. Afonda o Rodil súa curva por Trobo, recolle augas de Robledo e Trapa e máis dos outos de Veiga de Logares.

Outras augas de Burón colle nos Baos, locen os nomes, de mañán dourada, de Invernego e Silvachá, dinantes de entrar no Eu pouco desviado de Piquín e augas embaixo do val de Baleira onde os logares dispóñense en renque ó correr da encosta da serra —Lirbá, Fonteo, Braña, Retizós— e o rego Martiño leva xa o senso de Eu cuio nome e balume remanece do seu xuntárese cas augas baixadas do Hespidal de Montouto por riba de Paradavella no hourizonte en que asegura súas fragas o monte dos Teixos.

O podente Ancares, o Cebreiro, os montes de leda nomeada da Albela, crían os regos enteirados no Navia cuio nome colle o río nas sonadas pontes de Gatín, non desviadas de Becerreá e de San Román de Cervantes. Os fíos rexos de auga moceira dos montes asucan en canles non afon-

dados unha terra de lombelos baixos, de fermosos verdeceres no vran, endexamáis alapeada polo sol. Todo o mundo e os imperios da serra en longasíos espacios chairentos e abombeados. Erguense ó nacente os Ancares. Eles ordean no clima, no vento, e a mesma luz. A neve no chan ou nos outos case sempre fai compaña grave. Son os Penedos Escandelados, a Güiña, a Pena Rubia, envolveitos nos seus espallamentos cara o sul en antigos bosques, serras moi rachadas polas frieiras, asento do galo silvestre. Nos comezos do Navia falan nos logares nomes antergos: o mesón de Chan de Vila, o val de Oselle, Penamaior co seu mosteiro de monxes brancos noutro tempo. As formas labouran na pena do Pico un fino curuto. Becerreá, vila como do camiño de Sant-Iago sempre nomeada, de feitura imposta polo vieiro, desenrolóuse perto do val de Oselle, verdecente, e dos meandros encaixados da ponte do Cruzul.

O río, deica a Pobra de Navia, vai afondando entre costas, ó comén mainas, deixando á dereita a terra de Cervantes, ben semellante á da banda ezquerda, lombos e encostas en moita larganza, ermos ergueitos nos montes do Fonfarón en cuios termos están Vilamane ben oután e, sobre o beizo do novo val, Vilachá, a Veiga e outras parroquias ben rareadas de lugares.

Cervantes cai no ápido do Ancares, chairas e lombos de serra dibuxados en grave estilo polo río Cancelada e polo río Ser criados de vivas augas da Pena Rubia, o Porto de Mustallar e outras outuras ancáridas. Entre os dous ríos o releve sempre rexo tén unha grande panda que desparte en dúas a comarca. Na do sul as augas que enteiran o Cancelada labouran a conca pratense onde están os pobos de Cereixido, Nocedo, Vilarcello, augas adiante Cervantes co sonado logar de Vilapún, tídoo de condado antigo. O río, por Morteiro e Cancelada que lle da nome, chega ás pontes de Gatín. Delas un vello camiño ascende por iste val montesío pra avantar ós Ancares por riba de Ruitelán na baixada a Veiga de Valcárcel. A panda dista rexa serra por Cabanas Antigas espállase por Dorna, Villarber, Pando, Quindós, Ambas Vías, terras dibuxadas polo Ser. Pé dos montes orixinarios en Donis, os pobos xúntanse en cerco. O curazón do illado país é Quindós con sonada feira. S. Román de Cervantes, pé dos outos dos logares de Castro e Castelo está perto do Navia. Un logar augas abaixo chámase Ribeira. O Navia, despoixa de afondar entre cotos moi labourados por Penamil, chega a folgar na xeitosa conca de Pobra de Navia, envolveita nas outas cumes da Cruz do Restelo e as chairas de Montouto deica o Campo de Guleo, pé do coto do Seixo, e co monte Lourente, e os de Silbouta e Acevedo xunguidos por largasia soedá e coto ben rexo de Surcio. A Pobra nace das relaciós de Seoane, Barcia, Pin, Vilarpandín, e outros pobos ordeados en rodopío nas encostas ben raiosas. Moia e outros pobos quedan máis sumidos na unidade da serra.

Pobra de Navia case atesta cos primeiros pobos asturiáns. O val, entrando nos marcos da terra de San Antolín e Cecos, estréitase e forma des-

poixa, entre a Serra das Pedras Apañadas e o Busbeirón, graves e fermosas paisaxes asturiás por Ouviaño e Grandas de Salime, procurando o esteiro aínda lonxano. O derradeiro logar galego chámase Ribeira non lonxe do de expresivo nome de Invernallas e da xuntanza do río de Rao, nado no monte Surcio.

Os vales artellados co Neira espállanse en estesa rexión poila fermosa vea de arelanza miñoteira chama ó norde polo Turdia que con súas raíces chega deica a terra de Castroverde e polo sul atrái, polo río de Samos e Sarria, augas do Oribio e dos lombos da Santa Icia, marcos ca terra outa de Lemos. As costas occidentás do Cadebo, as do sul do monte dos Texos, as occidentás do Fonfarón, os montes de Vilarpunteiro e Pena do Pico, os longos desenrolos da serra nomeada ditosamente da Albela, e polo sul a outura do Oribio e os cotos de Cibreiro, e polo occidente o Páramo, demarcan en senso xeneral o ámpido do Neira. O río, cas súas maiores ponlas o Turdia e o Sarria, mañifesta unha figura de fina armuñía e sinxelo e podente dibuxo, como ordeando en decorrer de cristaíñas augas a mestura dos montes, os cales, no senso do decorrer do Neira, van deixando as feituras mestras de serras alongadas e amoreándose en fatos arredor dos grandes cotos illados —o monte Picato, o monte da Meda, o Paramo— que obrigan a pechar o val xa non lonxe do Miño. Ten, pra nós, valencia, iste individuizárense os montes chegando ó Miño. Elo vai facendo de figuranzas máis cheas e rematadas os vales.

Catro vales renden súas augas ó baixo Neira cuio comezo pódese procurare pola feira e coto do San Pedro de Láncara: os dous primeiros do propio Neira —Neira de Rei, Neira de Xusá—, o do Tordea, ó que non lle aquecería mal o nome e rubro de Franqueán, o de Sarria, o millor desenrolado diles, con seus artellamentos de Triacastela e Samos.

Follosas carballeiras en rodopío, castros podentes, pobos de antiga nomeada de pazos, parroquias vastas, terraxes caraiterísticos de fidalguía, sonadas e vellas fundaciós mosteirás, entéiranse nas comarcas ordeadas nas leises do decorrer do Neira. Houber sido un estudo fondo, de moitos e bós rendimentos, o análisis de cómo as formas do Miño van rubindo en polémica ca serra polas ponlas do Neira. As derradeiras e, ás vegadas, podentes presencias das serras, rexurdindo nos cotos bariles xa sinalados, amedran a beleza rexa, xuvenilmente verde no vran, xa non estrana a unha gracia ribeirán no inverno, distas terras do vello e craro Neira.

Son en entrocamento e veciñanza doutros vales diverxentes, en seo de montes cuias fontelas deitan con variadas arelanzas os oríxes do río. O logar de fermoso nome de Fontaneira frolece como o espiño de albos de mañán do abril en ben illado e ventoso logar. Pertiño deitan augas polo val de Baleira enteiradas no Eu. Outras que polos regos que fan o río das Lamas van criare o Suarna pagador e rendeiro do Navia.

Polo lugar de Cadebo, a parroquia de San Pedro de Asperela, en lombos mestos de arboredo, achéganse moito as cabeceiras do val de Neira de Rei e máis o de Baleira. Neira de Rei tén por cerne a parroquia do San Martiño onde xa o río vai medrado. Segue a parroquia irmá do San Miguel e, na franxa de forte pasaxe da estrada xeneral de Galiza, a terceira de Neira de Rei adicada ó San Pedro con Santa María da Baralla, centroso logar, e o sistema de parroquias e pobos (Vilarpunteiro, Constantín, Ferreiros) dispostos nas encostas verdecentes que o bulto do coto do Picato, co seu logar castrexo de Recesende, domiña. A entrada de augas de Guimaréi, dunha banda, e de Vilarpunteiro, doutra, determiñan, arredor da antiga ponte, o comén do estaxe ou val máis cheo e arredondado de Neira de Xusá cuia larganza pódese levar deica Láncara. Xa se tén dito ó demarcare o principio do baixo Neira. O releve vai amolecendo. Soio agurras doces mañifestan o senso das augas que, por Penamaior, procuran o Cruzul e, por il, o Eu. A pena do Pico correspóndese co Picato nos cabos do eixe do val. Moitos regos van ó Neira. Lembremol-o Pol, nado no Pico, e o de Lebruxo. Os pobos de soantes nomes de Ribadeneira e Vilardefrancos están ben postos no cerne de Xusá.

Segue o Neira deica entrar no Miño, por Carracedo, Neira dos Cabaleiros, a Póboa ou Pobra de San Xullán, Cela e Vilasante. No seu enteiro recorrere cruza por cinco parroquias de nome de Neira. Perto da Pobra de San Xullán, na paisaxe onde se ergue a raiosa outura de Sta. María Madanela de Moscán, decorren ó Neira, pola beira dereita, o Turdia, pola contraria o máis valente río Sarria.

De non contare o Cadebo demarcadoiro e os montes do Picato e do San Fitoiro máis lonxano, predomiñan as chairas de tipo debesa nas terras de Fonteita, Gomeán, Corgo, Escoureda, cruzadas polo Turdia, que chama polo Mazandán, corrente de Corgo e da terra propia de Chamoso, xa ben miñota e luguesa no senso da vila. Soio nos orixes do río por Mirandela e Uriz son máis movidal-as formas, cas quebradas dos riachos descidos do Cadebo como o Cubeiro de Riomel e de Castroverde.

O val do Sarria, máis enredado de feituras, semella acrecentare a sinxeleza dos ríos Turdia, e do San Paio de tipo consecuente.

No monte Meda, de rexa testa que considera ós lonxes as do Faro e da Martiñá, na fonte de Vilares, terra de Toldas, tén o berce o Sarria. Envolven seu primeiro tramo de val os montes da Albela por enriba dos pobos de Toldaos e entramos Alfoz, os de Fonfría e o alongado Cadebo, por terra de Triacastela e Renche. O río cas augas chamadas por il —como os fortes regos de Lamas de Viduedo, e da Queixadoira no Cadebo— labran canles afondados no erguemento conxunto da terra en cuios termos siñálanse de lonxe as diretrices das Serras. Son vales de lameiros pechos, mestas umbras, longo inverno, groriosa e grave primaveira, e unha luz glauca ou griseira. En Sarmos, o río silenzoso, calado, resba pé do mosteiro, e figu-

ran as abas dos montes enteirar na arquitectura. Por iso, e moi xustamente, loce a recollida paisaxe e luz de Samos no fermoso prólogo do P. Feixóo ó III volume do "Teatro Crítico" adicado á casa bieita moderna. Murguía rubíu deica Samos. Seu sentimento do val está en grande parte coberto, na nosa opinión, pola beleza fresqueira do vran nas terras de longo e duro inverno. Murguía fala dun val eglóxico. Son perfeitas súas palabras sobre o boligar das augas. Case en Samos o río, despedindo da montana pecha, entra debaixo dos cotos de Castrocán e Pascáis no propio val de Sarria. Mira ó Norde o erguemento rexo do monte Meda e cara ó Miño ordéanse os lombos lonxaos das Fáridas co seu trocamento clásico de rumbo na serra da Martiñá.

Pechan o val ó sul e ó poente os outos do Oural e o castro da Sta. Icia, rexa soleira da terra de Lemos, e os outos dentre Barbadelo e Paradela —Paradela, perto do Loio— ergueitos no grande Paramo. Iste monte arredondado, podente, cuias abas chegan ó Miño no sonado logar de Portomarín, determiña co Meda o eixe do val de Sarria. O chan de rexos e baixos lombos aparez asucado por quebrados cuios regos, axunta o Sarria nas tres fermosas curvas que fai e que se poden chamar de Fafián, de Sarria e de Betote. As rodas e rodales de carballos e castiñeiros, as debesas ben ordeadas conforme á vella prudencia xeórxica luguesa, encobren non pouco os cotos, mais ístes conceden ó val unha forteza e movemento que lle dá singolaridade en comparanza con moitas chairas larganzas luguesas. Estamos no derradeiro e máis perfeito val da montana niste senso. Perto do grande asucamento do Miño non tén forma miñota. Por Sant-Iago de Veiga, por Roufe e Vilariz, xa o río vai cedendo ó chamado do Neira fora do val.

Drento do propio torrón de Sarria a vila ordéase en perfeitos tempos do seu decorrer xeográfico, dende o castro xerminal onde as sombras da carballeira gardan autoridade e un ar de antiga "intemporalidade" propia das cousas ben enteiradas e desenroladas, deica os camiños feitos rúas. Abonda un pequeno enxergar pra sabere as formas e as esferas atraitivas da vila. Van as aldeas ben ligadas ca súa capidal e mercado da terra de graves carballeiras, de ollares de liños. Dende as fondas augas frías do riacho de Pedrafita do Cebreiro o Camiño de Sant-Iago, decorrido o tramo de Fonfría, vai ledo polo val —por Montán, Lousada— deixando seu nome no logar do "Camiño" perto de Sarria pra descer ó Miño por Ferreiros a Portomarín.

O tema desenrolado con larganzas e móltipres variaciós no val de Sarria compón máis pequenos conxuntos de graciosos cotos e val non esteso e ben dibuxado como na curtiza da carballa pola hedra, do río Loio, enteirado cos regos do Pico Cibreiró e da Pena Ventureira, por termos de Andreade, Vilamaior e Belante. É intresante, polos recordos, a vella ponte dos Ferreiros, entre Francos e San Miguel de Paradela, paisaxe xa case abranguida na do Miño pois non lonxe arredondéase nos cotos —un diles o da

Coroa do Toural— disposto nas encostas de Loio e Portomarín, case por frente das Penas de Ambarria na outra banda e no tramo de se trocaren noutras as formas do val do Miño.

SERRAS E VALES Ó SUL DO CEBREIRO

Nos outos lombos chairentos esmaltados polos logares de emocioadas lembranzas da Pedrafita do Cebreiro, do Hespital, do Mosteiro, e os de Noceda e a casa das Pozas, mírase ceder o pular dos Ancares e nascer o pular do Caurel. Levan o mesmo senso. Entre vellas estroituras que perderon a mocidade baril das formas e se deixan asucar polos regos, o Ancares e o Caurel figuran aínda de ímpedo oroxénico non domeado. O estilo do Caurel adivírtése no decorrer frieirento en cóbados de meandros encaixados do Lor, e tamén no dibuxo do Cabe. Ó sul do Cebreiro, a arquitectura é sinxela e rexa. Manda o Caurel. Chama de perto, afondado, o Sil. As augas van pra il boligadoras. Entre os dous ríos Lor e Cabe as semellanzas son moitas. Pódese dicir que o Lor, na súa choutadora mocidade de torrente, anuncia a relativa perfeición do Cabe. O Lor entra no Sil sin deixar seu ímpedo montés, en Ambas Mestas, pechando o tramo maino e de xeórxico cerne do val de Queiroga polo Caurel amparado. O Cabe na travesía da terra de Lemos chega a unha madureza. Tamén escuita xa noutras terras o mandado do Sil.

Ó sul do Cebreiro as formas non madurecen en vales de seu fartos como algús desenvoltos no senso do camiñar das augas ó norde do Camiño de Sant-Iago. As feituras de val son cabeceiras de afroencias ó val mestre da erosión do Sil. Tampouco locen vilas históricas, centrosas con meirande ou máis pequena forza de comarcas. Chaman de moi perto Lemos e o Sil. As cromáticas de terras griseiras e arxilosas collen grande valencia, os ríos afondan moi de presa, a súa laboura móstrase nas terraxes aixiña edificadas. Apesares da outura conxunta do releve, decátase calquer espreitador doutra luz ó sul do Cebreiro. Os castiñeiros illados nas encostas roxas, os curtos lameiros nos fondás, os pobos perto dos ríos fabricados de cantos, treiteados de pizarra, as rexas feridas das crebadas, son algunhas das notas das paisaxes do Láncara, do Lor. Mailo Caurel de por sí ergue seu mundo illado e alongado sobre os hourizontes de Lemos e do Sil, correspondendo cas arredondeadas Medas da outra banda.

O Caurel téndese en feitura de aspra e oután serra dende o Cebreiro deica sobre Queiroga e chegando á serra, demarcadoira de Lemos, da Augalevada. O Cebreiro semella unha pousa, unha "tesis" baixa entre os dous sostidos erguementos do Ancares e do Caurel. Ista serra conquire curutos senlleiros, en renque impresoante, o Capeloso, o Faro, o Formigueiros e o Pía Páxaro, o máis outo e xentil, asín chamado na terra, non Pico Páxaro

como escriben moitos mapas. As cotas ruben dos 1.400 e dos 1.500. O Formigueiros tén 1.500. O máis ergueito, o Pía Páxaro, tén 1.633. Outros cotos individualízanse na serra. O Cabeza Grande non podía fallar. Xúntase pola Cabeza do Coto co Formigueiros. Hai tamén o Corvos, a Cabra, a Palloza, o Pico Boi, en ringreira dinantes do Pía Páxaro. Pola Cabaluda e a Eira Grande —ista de 1.200— baixa o releve sobre o val de Queiroga. Os nomes teñen nos montes galegos unha grave ou xentil beleza como de antigas adicaciós.

Dibuxan o Caurel augas ó Lor, o Sil, e as ramas outas do Soldón e do Selmo.

Ó surleste a serra xúntase pola chamada serra dos Cabalos cos montes do beizo dereito do Sil valdeorrés. Hai, pé do Caurel, o pequeno espacio de montana do pobo da Seara, ben perto, en Ferramalín, xúntanse os regos do Pía Páxaro e entran no outo vale berciano de Oencia, enteirados no río Selmo que máis adiante dá nome a unha curta e leda ribeira. A parroquia de Sta. María Madanela da Seara inza en termos de mestos bosques. O coto da Coba da Vella fai de marco provincial. Os pobos pequenos e afastados de San Pedro de Hórres teñen por camiños antigos súas relaciós por Vilarubín con Oencia.

Polo norde-noroeste desenrólase a crebada do outo Lor. A il moitos regos do Caurel descen, e sobor dil está Seoane, centro de camiños, inicio de capital montesía. Máis alá do outo Lor os montes de Lóuzara encetados polo río, tamén Lóuzara, semellante ó Lor e seu afroente, cínguense cas serras do Oribio sobre a terra de Samos, rumbo do Miño, e cos releves de Brollón, terraxe de antemontana que anuncia a Lemos chairenta.

O Lor vén do mesmo Cebreiro. Tén súas fontes por Acibo, pé do mesmo prioirato e eirexa miragreira. Nas encostas do Lor afincan pola banda dos montes de Lóuzara, Pacios, Veiga, Lousada, Meiraos. Despoixa as abas móstranse desertas. Pola banda do Caurel, a parroquia de Esperante cos outos de Moreda e Parada, a máis de 1.000 metros.

O río Lóuzara críase tamén perto do camiño de Sant-Iago, ó pé do Padornelo. Afonda por Louzadela e as dúas parroquias de S. Cristobo e San Xohán de Lóuzara. Con voltas afondidas semellantes ás do Lor xúntanse entramos correntes en paraxe illado e fondo nos termos de Folgoso. Deica Barxa de Lor, o río vai lonxe dos pobos. Os pobos tenden as cabeceiras do val de Queiroga e das primeiras formas abertas de Brollón. O río cruza fondás impresoantes en terra de Bustelo e na paisaxe enxergada dende a ermida da Nosa Señora dos Remedios, perto de Barxa de Lor. E asín frieirento entra no Sil.

O río e a forma xeográfica máis coñecida das criadas no Caurel é o Queiroga ou Quiroga.

Seu comén por Pacios de Caurel tén a grandeza da Pía Páxaro ergueito enriba do val. Pro Queiroga cai de cheo no ámpido do Sil. O feitizo da

ribeira rubindo polas bravas encostas non é un dos máis cativos temas de xeografía e estética da paisaxe que agardan na Nosa Terra seren estudiados.

TERRAS DO INCIO E DE BROLLÓN

Apesares da outura e do rexo releve, tamén a terra montesía do Incio pódese enxergar, como a máis baixa de Brollón, como un degráu da serra, en ampra escada, descendendo as chairas de Lemos. Nista relación, non noutras, non deixa de ter súa verdade o tídoo de "val" apricado nalgunhas cartas xeográficas.

Incio vén sendo o espallamento de Lóuzara e as terras do Oribio en abas fortes dibuxadas no monte Agudo e na Pena Redonda, en desceso ó outo Lemos, de decorrer de augas ordeado polo río Cabe. No seu outo val moi aberto, veciño do de Samos, afástanse os pobos, os tres Incio, o Hespidal, o Trascastro, Eirexalba, co campo da feira, deixando valeiras fartas larganzas de ermos pastorás. Outra terraxe de moitos pobos é a do Mao, tamén tres parroquias diste nome. Entramos vales nos tramos outos son paralelos e os pobos neles dispóñense con certa régoa. País de montana carballeirenta, farta de lameiros, de antiga economía de logares, no monte lexos dos pobos con moito "maquis" de toxeira e rodás de carballizo e castiñeiros, montes de antigos carboeiros, moi sonados, como tamén as ferreirías. Entramos ríos xúntanse xa na terra de Lemos pé do Moncai, outura de moita valencia xeográfica (625 m.) e figura senlleira. Un segundo río, o Saa, deita no Cabe o cal enteirado cruza o cerne da terra de Lemos pé do castro e castelo de Monforte. Si o outo Cabe co Mao son os ríos do Incio o Saa é o río centroso de Brollón. Os procesos en entramas comarcas, máis de montana a do Incio, tenden a se resolveren achaéndose as formas na epilogal da Terra de Lemos.

En Brollón amolecen as feituras das serras. Das encostas dos montes do Incio, da Mioteira (870 metros), Outo da Serra, e Outo da Neveira descen os lombos de Couso e Parada dos Montes. Un pouco dos outos rachados polo Lor son xa por Piñeiro e Roda de Castro, Terra de Brollón. Ista caraiterízase polo maino descer e polo río Saa que, nado na Cima das Pías e outo da Serra (o pobo mais achegado leva o fermoso nome de Venera de Roques), vai afondindo por Covaledas e as Forxas, pasa pola Pobra ou Póboa, xa en case chairento terrón. Vai semellando ó Cabe e coil xúntase no Moncai. O releve desce docemente pra Lemos. A Pobra de Brollón está ós 450. Monforte ó pe do coto, ós 300 metros.

Non son doadas, ás veces, de demarcare as terras. As rexiós millor vívense do que se desparten e esmiuzan. Por elo guíanos un senso de clima.

O engadego do Sil ascende polas quebradas. Arestora temos de estudar

o asucamento e ribeiras espalladas ou apreixadas do río de Valdeorras e da Rivoira Sacrata.

O SIL NOS SEUS TEMPOS E CHAMADAS

Dende as Pontes de Domingo Flórez e as formas case espreitás do monte das Médulas, o Sil racha a entrana da Galiza ourental cunha forza e gracia soio semellante, na vella Europa, ás do Rin curtando o macizo esquistoso, e xúntase co Miño na paisaxe de podente sintetismo dos Peares ou os Tres Ríos. As comparanzas co Rin non lle teñen sido releadas ó Sil polos poetas. Augas batidas en pizarras, heroica vontade, leenda e realidade do ouro, vales esculturados con grandeza e ricamente desenvoltos no cerne das serras... Cando espreitamos como o río deixa o folgado val madurecido do Bierzo, vén ó pensamento de deica onde mandarán as formas e procesos galegos. O Bierzo inteiro, como as Cabreras ouzan e atenden a chamada do Miño. Dende o comén dista soleira xeográfica a unha obra de historia, quixemos demarcar noso pensamento e traballo no ámpido da Galiza adeministrativa de arestora ou, pra millor e máis gravemente falar, do Reino de Galiza como era enxergado no XVIII.

Non quixéramos caír na tentación de arriscar xiquer un comén de resposta a ista pregunta: ¿onde teñen valencia as formas e decorreres galegos das formas? É probrema sinxelamente xeográfico. Corresponde tamén á estética da paisaxe. Non abonda a obedencia do río a unha lei e chamamento... Mais fuxindo de fermosas invitaciós, lembremos un solar de outonizos amieiros bercianos na chaúra aluvial nas portas da Galiza, nun hourizonte de apreixadas serras, unhas galegas, outras non.

Cecáis nos montes péchese a resposta millor do que no val soante. Nos montes crebados, de pizarreñas fiadas, de crebadas a cuio pé no chan arxiloso pode inzar a flora meridional.

O Sil —xa o temos lembrado nas primeiras follas— fende as montanas, cría de seu unha ricaz farturanza de val, mais tamén demarca dous mundos de paisaxe. Moi achegadas, xuntando case as súas encostas, non son da mesma natureza e ordéanse asegún difrentes estilos de composición os montes da beira dereita e os da beira ezquerda do Sil. O val entéirase de por sí en caraiteres propios ben madurecidos e non soio nos xenerosos chans valdeorreses e queirogués. Chama o Sil e seu suco de ritmo vivo e creador por fontes de moi lonxe. Veñen da Pena Trevinca e dos ermos e larganzas demarcadoiras da chamada do Douro. Istes ríos, ou os máis deles, semellan moi fideles á serra. Chegan ó Sil entre lombos esporentes. Son as formas as que se xuntan. Algús distes ensaian en pequeno, en belidas e surprendentes formas, o estilo xeográfico do Sil.

ALGUNHAS NOTAS DO BIERZO E DA PAISAXE DAS MÉDULAS

Tén sido o Bierzo ben gabado por seu caráiter de val fondo e xeórxico, ben bardado por esgrevios montes de escultura labourada de serras, horto

monástico, e a podente lembranza de ter sido a California e Eldorado do Imperio román. Mr. Borrow e Enrique Gil compuxeron algunhas páxinas verdadeiras e dun senso de xeografía simpatizante e creadora. Enrique Gil díu a tónica dos fondos verdecentes, dos feros montes co estilo literario "oxivalizante" caraiterístico dos románticos. Saudemos tamén a lembranza dun amigo do P. Flórez, o cisterciense Frai Ambrosio Alonso, na súa grave e tenra evocación do Bierzo monástico, horto das mesmas sazós do esprito das Tebaidas galegas alongadas asegún o decorrer do Sil.

O Sil, torrente astúrico do porto de Cueto Albo, loce no Bierzo formas de vaguedade con gran luxo de coiñales e terrazas. Deiquí unha eleganza nos feitíos remanecida dun longo pasado xeológico e tamén histórico, nos marcos da historia humán. Os xeólogos sosteñen ter sido o Bierzo inferior unha formación lacustre. Inda coalgunhas luces de poente sobretodo manda unha lembranza de conca de lago. Pensamos na Limia. Nas variadas Limias galegas. No Bierzo non se espallan as encostas chamadas na Galiza do Miño centroso "bocarribeiras". As abas dos montes deitan rexas no chan do val.

Villafranca está ós 594 m., Ponferrada ós 594, Cacabelos ós 486. O Burbia xuntado ó Sil en Villafranca tén o caráiter dos ríos ancáridos. Doutro estilo é o Cúa que lle chega en Ponferrada. Vén por fouces e meandros encaixados dos montes de León. O Sil, xa dinantes de Ponferrada, tén tramos de vaguedades con rexiós de hortos como Posadas del Río, mais aínda as encostas son rexas como en Bárcena. Dende Ponferrada, vila de camiño, náda pola atraición da Galiza, o chan amostra unha impresoante monotonía de capas de pelouros e estaxes pousados con ademirabre regolaridade tradocida na vexetación, nos coltivos, chan valeirado, apenas enxoito cuio achaer semella fortecere o erguemento dos montes. O Sil, entre sebes de pobos, enche ás veces as terras dos pobos de Priaranza del Bierzo, de Villalibre de la Jurisdicción. Como primeiros acordes montesíos érguense os outos de Pajariel.

Nas pontes de Domingo Flórez xúntaselle o Cabrera. Vén fendendo a outa masa dos montes Aquilianos e os da Cabrera. Os primeiros, os de La Guiana con outos remates (La Portilleina, Pena de Monte Maurín, e a propia Guiana de 1.850 m.) érguese á dereita dos da Cabrera, tamén de oután e rexo releve con moitos lombos de máis de 1.500 e algús de máis dos 1.800 como Ieguas de 1.894. Por riba de Silván unha cume chámase Sixobranco. Os montes do Carril e Carreirón, de máis de 1.700, entran no erguemento da terra outa e ourensán do Casaio. Na xuntanza do Sil e o Cabrera a cota baixa moito da de Ponferrada, 380 m. O río aveciña entrando nos termos de Galiza o sonado monte das Médulas. Unha forma estrana, chea de pasado xeológico e histórico. No sentir dos xeólogos, releve de acugulamento arxiloso un día crebado polas augas —¿forma e efeito da "erosión remontante" cecáis dun baixo Sil?— valeirado polos iñormes traballos de inxeniería, cuia pintura enche de vida e door, polo esforzo dos servos, unhas páxinas de Plinio o vello, das máis impresoantes

dos clásicos... O brilar do ouro galego reloce no latín dos poetas e dos historiadores. Todo o río, por ourífero, por entrada e camiño da Galiza, foi coidado polos románs. A roína dobremente xeolóxica e histórica das Médulas érguese ca figuranza de vermellas torres de pé e sobre o fondo do monte Placías, perto dos pobos de Orellán e Balouta. Son intresantes nomes de arredor os de "Barranco de Furnias" e "Lago Sumido". As Médulas presiden a nacencia, entre rexos roquedos, do val de Valdeorras.

TERRA DE VALDEORRAS

Poucas ordeaciós galegas de paisaxes chegan a desenrolar súa temática enteraimente ca beleza do val valdeorrés onde domiña no senso do decorrer do Sil despoixa do estaxe ou tempo de xuventude de Quereño, a madureza ben acugulada dos intres centrosos do val. Si o conxunto das Medas tén de ser pensado como en rodopío, en cúpula, cas formas raiolantes, o país de Valdeorras vívese en senso do decorrer. Entre as montañas dibuxadas sempre en feitura de grande escada pola podente erosión das frieiras e o chan do val, feito e desfeito pola enerxía do río, rexamente traballado por unha xeórxica fina e amorosa fortecida no decorrer das xeneraciós, componse unha fisiognómica de armónico ou de encontrados faitores. Poilos montes cinguen, ás veces de ben perto, e outos de mil metros atópanse ben cerca das vilas.

A terra valdeorresa comenza nos termos de Quereño e remata non lonxe do Montefurado cecáis no primeiro meandro encaixado do río, trocamento de ritmo que se pode sinalar en Chouza, pobo da beira ezquerda por frente de San Martiño. Pois Valdeorras defíñese como un tramo longo de val madurecido de chan arxiloso, espallamento de prataformas estroiturás axiña feitas e voltas a facer polas variaciós de corrente. Por Quereño as encostas pizarreñas chegan ó mesmo canle do Sil. As augas traballan na pizarra locente. Máis adiante as arxilas e os coiñás cobren en moito espacio. No tempo das chuvias e das medras fanse lagoas, e brazos mortos do Sil voltan a brilar cas augas. Os pobos e as eirexas procuran os cotos pizarreños e as pontes. Desenrola unha rexa e vizosa mata de val, onde non chegan as labouras das viñas e das hortas. Dan ó chan de Valdeorras tamén outra nobreza os renques de pobos e amieiros. As encostas alónxanse e pódense mirar as montanas rubindo dun pulo en grandes abombamentos que chegan deseguida ós mil metros. Asociados cas cromáticas roxas da terra, griseiras e verdecentes, albas nos coiñales, semellan máis impresoantes as griseiras montanas cuia apreixada formación de pizarras arredondéase na tona, de fino verde despóis das chuvias, esgazada en fíos de roca polas crebadas moi afondadas. Eles, os camiños das augas, desparten en grandes lombos as abas. As outuras móstranse esmaltadas polos castiñeiros, as estaxes baixas polas viñas. As bodegas ó estilo leonés baixo terra,

os pombeiros brancos, algús fatos de oliveiras, son notas da terra valdeorresa.

Pola beira dereita mandan as costas das serras da Enciña da Lastra, ca Pena Laza, o monte Rebollo do Rosal, e os afillados do Montouto. Máis alá é a terra berciana de Oencia e de Xestoso. Pola beira ezquerda son as abas da serra do Eixe e montes de Casaio e o erguemento da terra do Bolo. Seus lombos chegan por Santa Mariña do Monte ben perto do Barco, polos outos de Correxáis e Mones, ás portas da Rúa. As costas labouradas polas frieiras aparecen no seu pé seguidas polos cotarelos da erosión torrencial. Chegan ó mesmo Sil por Sobradelo. Despoixa, co espallamento do val, istes "conos de deiección" —endexamáis fumos gustantes distre rubro que adoitan empregar os xeógrafos— enteiran o pé dos sucos fondos pequenos cotos ben inzados de vexetación, ricaces de augas, briladoiros de lameiros, ás veces asentos de pobos. Na feitura do val interveñen tamén súas formas xuntamente cos aluviós do río. Ises cotos torrencíás mensuran en tempos o decorrer do val.

A montana déixase labourar á dereita polas crebadas de rico artellamento de Veiga de Cascallana e de Rubiana. Deica Oulego e Biobra, pé da serra da Enciña de Lastra, ruben as viñas de cepa antiga e outa, ben contestes, envolvendo costas e baixadas, chegando hastra máis dos 800 m. seu coltivo. O río de Oulego, xuntándose con arroios de Biobra e do monte de Pena Laza en Robledo da Lastra, baixa pola Veiga de Cascallana entrando no Sil en S. Martiño de Entoma. Outros regueiros —o Regueiral, o Candeiráis, por terra de Córgomo e Forcadela— axudan a esculturar os fermosos cotos, as encostas vizosas, alicerce de "pazos", eirexas, e pobos raiosos. S. Vicente de Leira e Mazo presiden istas terras que dende Vilamartín estreitan o val.

Quereño, S. Xusto, Sobradelo, no primeiro tramo valdeorrés, inda sofren da pesadume do monte. Son, apenas, os terreos e viñas unha pequena faixa, nas crebadas améstanse os traballos. Hortas, ponte sobre a crebada, e pobo agarímanse. As augas descen, ás vegadas, bruantes. Polas costas os castiñeiros locen verde tenro en troncos oscuros sobre as laxes soltas ou rexas, griseiras, das pizarras. Dende Entoma, o val améstase de pobos. Recuadas as costas, desenvólvense terras afroentes. As curtinas de outos arboredos fan máis fonda a paisaxe. Seus caraiteres semellan seren o amestamento de formas, e o senso do decorrer. Todo obedece á lei do río. O Barco, Vilamartín, A Rúa, cada un centro de condensación, expresan tamén feituras e tempos difrentes. O río envolve seus perigos. As terras, das máis ricas, polo proveitosas, da Galiza, teñen de ser gardadas das ameazas do río.

Pola Rúa as parroquias teñen un verdadeiro sistema de defensas, e tense ensaiado unha grande obra de canle. Dos tres cernes de cristaización, o Barco e a Rúa, por millor comunicados cas montanas, chegaron a mei-

rande desenrolo urbán. A montana dona do gando, das madeiras, axuda á economía do val.

O Barco con Viloría, Santurxo, Vilar, enteirando no seu orgaísmo ó Castro e Vilanova, forma unha vivente xuntanza de vila e aldea. As pontes teñen un valor urbán. Xaogaza, Forcadela, con Córgomo, tiran a grupo afastado frente do circo do Barco. O Barco compre ó noso entender as millores condiciós de vila no val. Inzase o chan de xeórxicas finas. As froitas xa van pesando case tanto como o viño na economía, e van domiñando as formas modernas tradocidas na paisaxe.

Vilamartín, co seu nó antigo e fidalgo, atesta máis de cheo nas costas. O Castro siñifica na relación co Barco a antiga acrópolis fidalga e vilega. Hai unha certa semellanza con Monterrei e Verín. E na Rúa, voltándose a xuntaren os pobos e mandal-a ponte —Valencia, Petín, Correxáis— adevírtese a valencia do camiño. Seguen as feituras e relaciós obedecendo á determiñante da vía román. Ou, millor considerado, latinos e modernos adoitáronse á lei das feituras e procesos do releve. Pola Rúa, e a sonada ponte Cigarrosa, inxírese no val un dos custantes vieiros endexamáis abandoados da historia. O camiño de Ourense e da Galiza das Rías Baixas, pasadol-os montes, desce polos Codos de Larouco, e por entramos Freixidos entra no val. Seadur, xa abranguido no clima valdeorrés, enxerga dende seu coto o xuntárese do camiño de Viana que, tamén fuxindo das grandes encostas, vén polos vales outos con relación o Sil. O senso e impresión de pasaxe adevírtese en Valdeorras como unha dimensión, ás veces como unha fita. Os aspeitos do Bierzo baixo, e do val seguinte e afondado do Sil, amóstranse como lembranzas no tramo valdeorrés atal desenrolado e expresivo.

Sobre a Rúa, nas costas descidas do Montouto, Robledo e máis Cernego siñifican xa vivires inzados na montana inda non na serra. Santa Baia e Santa Mariña do Monte, Santa María de Mones, parroquias tamén fartas de viñas, chegan perto do beizo esgrevio da serra. As outuras dos montes de Monzón, achegados a Correxáis andan xa polo milleiro de metros.

Chega pra nós a súa meirande beleza e valencia expresiva no outono despoixa do vran rexo, alapeante, iste chan de mol terciarismo e esgrevieza pizarreña broslado de longa historia xeórxica. Pois entón, cando aínda non boligan as augas polos canles encostados nin encobren as néboas os termos, as terras amostran como os arboredos súas ceibadas coores e as formas míranse en luz esculcante. Sinálanse as finas direcciós de ataque e traballo dos homes e das augas nas encostas, as estaxes sedimentares decrarando seus tempos compasados polo maxinar ca historia dos logares, dos camiños e traballos. Si en cada grande unidade da paisaxe hai algunhas formas e procesos onde se mañifestar doadamente a temática xeneral, escolleríamos de Valdeorras as outas e pizarreñas agullas ergueitas sobre as súas propias roínas por diante de Sobredo, como tipo do roquedo nu e rexa dinámica,

e o coto de Córgomo na familia dos outros como o Castro pro máis oután considerando a enteireza do val e do decorrer de tres tempos paralelos no senso do río e das formas.

MONTEFURADO E QUIROGA

O tema valdeorrés, en canto de val en tempo madureiro, repétese no chan de Quiroga, mais con outras determiñantes. Semellan impoñer súa lei dous vales afroentes —o do Soldón, o de Quiroga— traballados ó pé e asegún o correr da podente serra do Caurel. De Valdeorras ó Soldón o val cai de novo por Montefurado e Anguieiros, Figueirido e Vialester, na estaxe de loita e polémica. Deitan hastra o canle do río os alicerces das terras outas de Bendollo e Vilarmondelo por unha man, da máis ergueita serra da Moá por outra. Vai o río desenrolando fermosos meandros, algús xa moi vellos, de capio ou pé estreito, entre as costas moi traballadas polas augas, inzadas de vexetación mianiana, con pobos e labramios ricaces e pequenos nas crebadas, por algunhas de cuias rachadelas pódense enxergar outas, e como nun mundo superior, as cumes das Medas. O Montefurado é un distes roqueiros sufincos arrodeados en grande curva polo río. Quedóu enxoito o meandro, unha pequena figura de veiga. Por riba do Montefurado aínda pasa o camiño descido de Trives polos Codos de Larouco pra Quiroga. A outra ponla vai a Valdeorras. Na paisaxe o Montefurado semella obedente á lei das formas naturás. Un pouco máis adiante, por Anguieiros, en paraxe pouco humanizado, entre graves ordeaciós de encostas, deita no Sil a corrente do Bibéi, maorazgo das augas das estesas e longas Medas. Teñen unha solene beleza istas illadas xuntanzas de ríos. Co Bibéi rematan moitos e largasíos procesos de erosión, un mundo comprexo de formas.

O Caurel remata con sinxeleza e beleza de grande e serrán navío ancorado sobre os vales de Quiroga. Defféndeos do nordés, deixa vixiar dreitamente o ermo sobre a ribeira. É outra a luz. Poilos vales afroentes —o do Soldón, o do Quiroga— teñen seus refrexos pola ourentación difrentes. O chan de arxilas e pelouros decórase de fartos viñedos. Moitos cotos e cotarros decraran seren anacos de terrazas. San Croio e os pobos amestados arredor, do concello de Ribas de Sil, o mesmo San Martiño, centro do val, cos logares de Pacios, do Hespidal, érguense en terrazas de croios. A coor da terra rica e mollada, cunha impresión de paisaxe "cerámica" propia dos vales madurecidos, espállase no ambente como en Valdeorras, cecáis con meirande valencia pois en Valdeorras as cousas seguen un eixe e vieiro máis craramente imposto que na ribeira queiroguesa, de feitura menos rematada, inxerimento dun val no outro, cas serras máis enriba, máis achegadas.

O val do Soldón afonda entre o Montouto e o monte da Louseira —nome ben doado polas lousas pizarreñas—, despoixa da parroquia outa

da Veiga onde o río tén seu nacimento por Vilarbacu. Río atreboado, baixa ó Sil en Sequeiros, costas inzadas de uliveiras, perto da ponta de roquedo do castelo de Torre Nováis onde se franquexa a terra de Quiroga. O río decorre dende o pé do coto do Pía Páxaro, afondido, ceibe deica pousar un folgo pola Hermida onde se lle xunta o Ferreiriño, nome ben decrativo, en terras de Ferreiros. A vila de San Martiño, fidalgá, con antigas fincas apoiadas ó tempo na economía da serra e da ribeira, faise ben raiosa en sufinco semellante ás pequeñas acrópolis valdeorresas pro máis envolveita na aba sombriza da serra.

O VAL HEROICO DO SIL DEICA AMBAS MESTAS. OS TRES RIOS

Chegamos ó derradeiro tramo do Sil. Cecáis o de meirande beleza. Tampouco as grandes encostas decorren lonxe do traballo humán. Aledadas polos vellos castiñeiros, co pé envolto nas videiras, se a xeórxica é pequena surprende polo heroico da laboura dos sucalcos. Moitas terras outas, ondeadas, de fartas labranzas, enxergan dende seus miradores de castiñeiros e agras de pan o río afondado, xentil, soante, como unha vontade.

Agora o Sil vaise por remate ceibando das formaciós pizarreñas e no seu findeiro movimento traballa fermosos alicerces de pedra de gra. Sinala a xuntanza do Lor o trunfo dos montes. Das encostas bariles da terra de Lemos ergueita á dereita, e as da terra de Caldelas e Nogueira espallada e outa á ezquerda. O val, afundido entre as encostas de Fuluxente e Torbeo, abas da serra de Augalevada e da Mazaira forma da ampra Moá, case se reduz a unha estreita canle. As barcas en correspondencia con vellos camiños gardan súa siñificanza doutro tempo. Entre a de Torbeo e Parada de Sil pola banda de Lemos esmáltanse, en outo, Vilachá, Marcelle, máis nas encostas Vilar de Mourás, Doade e Amandi cuios sucalcos madurecen os viños tidos en tempo en grande estimanza. Por frente, Mazaira, Santa Tecla, Abeleda, inzan nas ladeiras e resaltes do país de Caldelas, escollendo os cotos esculturados polas torrenteiras e as moreas de acugulamento. Ribeira estreita pro quente, ricaz, aitiva, de vellas parroquias que, no labro da ribeira e mandando nos estesos hourizontes, domiña a vida do Castro. En Lumeares desce a se xuntar co Sil o río Mao, de fervenzas, criado nos lombos de Montederramo.

Dende Parada do Sil á xuntanza co Cabe, o val dibuxa dous meandros encaixados de moito cóbado. Na dereita mantense a outura do labro da encosta polos 500 m. por Monte de Lovios, Lama de Brosmos e Santiorxo, pra se erguere a máis dos 700 nas canteiras do cotarro do Castro sobre o meandro do Cachón da Mula. Baixa deseguida polos penichaos de Nogueira e Anllo, xa perto de San Estebo. No labro da ezquerda xa non son atal fermosos os releves como polas Abeledas, Cristosende e a grave e senlleira Carosa. Parés sinalar un trocamento nas formas o suco do río Mao. Segue o outo da Portela ca ermida do San Antoño, rube ós 700 a cota er-

gueita por Gándara e Cachaldora. En xeneral, tramo deserto pola Pena Ventureira, moitos sucalcos, e unha fonda canle ó chegar pé do San Estebo e á xuntanza do Cabe. Eiquí, no findoiro decorrer, amostra o Sil unha podente composición de penedías graníticas domiñadas pola fermosa roína do mosteiro, inzada de fermosos castiñeiros en escadeira, curtada por frieiras soio cheas de fíos de auga nas invernías, algunhas aínda non adoitadas as formas. Poucas manifestaciós da arquitectura dos granitos ricamente diaclasados como istas costas de San Estebo e Pombeiro, de dinamismo e aspeito hoxe variados polo erguemento do nivel de base cas presas do Sil, onde o río se dispón a perder seu nome nos Peares, coma o Lor e o Bibéi, mais xa no clima da Galiza do Miño centroso.

A REXIÓN CENTROSA DAS MEDAS

En xeografía, en estética das formas, Galiza escolle e quer como siñificativa e case perfeita a "meda", arquitectura étnica e arquetípica do pan e da herba nos conxuntos cheos, madurecidos, do vran, e arquitectura conteste, eterna, ca exemprаridade das formas vixiantes e lembradoiras do hourizonte nos montes, chamadas "medas". Hainas, e sempre centrosas, rematando un proceso, decrarando a lei dunha comarca en toda a enteireza da Galiza. Pro onde a forma se enteira, enche e espalla con meirande gravidade, valencia e beleza é na outa rexión do cerne ourensán ou da Galiza do S. L., ó sul do asucamento do Sil. Un erguemento rexo e vasto, mundo de serra cupular, podente de seu ca súa fisiognómica —das costas, gandras, cumes, penedías, vales novos, aldeias, nacencias de ríos, hourizontes, ventos— e ó tempo cinguido ó erguemento das serras galaico-lusoleonesas do Eixe, da Seca, da Calva, máis ou menos relacioadas co ímpedo da cordilleira cantábrica mañifestado no lombo do Cebreiro, do Caurel.

Non se descobre na nosa Terra un ordeamento semellante de montes "en rodopío". Si enxergamos a enteireza do chamado macizo galego-portugués, entrando nil todo o abombamento ó occidente do Esla lionés e do Rañadoiro asturián, tamén podémolo vivir como unha cousa úneca e de seu, unidade xeolóxica onde se labouran vales artellados e se sinalan feitíos de serras e montanas de caráiter senlleiro. Pois aínda na sintética e conxunta vivencia sinálase o caráiter das Medas. Propoñemos —temos xa noutras ocasiós proposto o nome conxunto— a soia posibre e xeitosa nomeada que leva e pecha unha defiñición en si, levando a todo o conxunto e enteireza o nome da grave e conselleira "Cabeza da Meda". Son as mesmas as formas ou os procesos que levan e elas. O pobo alenta no senso da serra. Das Medas centrosas envolveitas en sebe e circo de terras de bocarribeira e de val. Víveas dun xeito difrente a como enxerga e lembra as serras do Eixe e a Calva, a de Leboreiro e Xurés. Pois ístas alónganse pra outras terras, decorren pra lonxes augas nadas nelas fora de Galiza. Non atinxen a craridade arquitectónica das Medas. Certamente pódese con-

siderar un conxunto arredor da Pena Trevinca. Colle as serras zamorás enteiras das Cabreiras, de Sanabria, da Culebra. Mais domiñan as vibraciós de montana do erguemento alpino —chamámoslle cantábrico, ou millor, no senso galego da lingoaxe dos hourizontes, ancárido—, siñifican estaxes de transición, hai larganzas enteiras sin aquel pulo e vontade de forma de comprírense as chamadas do Atlántico que semellan seren os caraiteres galegos do releve.

No hourizonte as feituras das Medas son saudadas dende Sarria e o Caurel, dende o Miño e as Fáridas, e hastra dende as espalladas gandras da terra melidense. Ó encobrírese por Dozón o Pico Sagro no hourizonte, xurden as Medas enxergadas dende toda a larganza das Fáridas deica Avión e dende as Leboreiridas que por aparentes serras pouco difrenciadas ou por fondas soleiras se xuntan co elas. Non hai conxunto de composición atal de castiñeiro de grande sombra, ou do xénero petrucio. Aboas e petrucias con respeito ós vales e ás montanas de arredor, en rodopío fermoso. Valdeorras, Quiroga, Lemos, a outa Limia ou terra de Maceda, a Limia clásica, o val de Verín, as terras de Viana e do Bolo dispóñense arredor. O Barco e a Rúa, Trives e o Castro Caldelas, Monforte polo hourizonte, Maceda, Allariz, Xinzo, Verín, Viana, están nas abas ou no hourizonte das Medas. Teñen as montanas circos, aureolas. Son tempos de vivencia máis ou menos rexa. Se a terra de Lemos e o val do Arnoia e Allariz non alentan dreitamente no clima e forza, das Medas dependen en moitos procesos.

As Medas, no senso do eixe meirande, espállanse dende a Cabeza da Meda con mainas encostas ó Sil findeiro por frente de Lemos á cabeza de Manzaneda por riba do asuncamento do Bibéi, cinguida polo erguemento menos dibuxado de Queixa sobre a terra de Viana ca serra do San Mamede que escultura seus cotos riba da Limia. O nome de Queixa non houber sido inxustamente levado ó conxunto. Pois algo de "queixal" tén o rexo arquexamento dende a Meda á Manzaneda con volta ó San Mamede. Son podentes as abas e alicerces. Andando arredor mírase a serra —é decir as Medas— caír pola Moá no Sil, esvaecérense nas gandras e bocarribeiras por Nogueria e Maceda, ocultárense súas raíces como as torgueiras dos carballos na Limia, mais tamén xuntárense polas Estivadas, polas serras Das Frieiras e do Cañizo con outros cernes comprexos montanosos, semellando Viana e o Bolo comarcas de menos enteirado dibuxo. Prós rumbos do norde frente ó Caurel, do poente diante as Fáridas, do sul diante as Leboreiridas, amóstranse as Medas ben perfeizoadas nunha forma que no nacente semella menos rexa, como adurmiñada na xuntanza cas feituras menos ceibes do Eixe, da Calva. Inda así os ríos danlle gracia, esprito, valencia.

Os ríos son a beleza e a cantareira legría distas graves montanas, de pel agurrada, de estesas gandras cheas de neve, de amestados arboredos nas abas, pizarreñas ou de gra, ergueitas nus poucos cotos cupulares. Os

ríos dibuxan na mesma enteireza da serra sucos ordeadores das formas e crían iniciás aspeitos de vales onde as vellas aldeas pastorás e labregas viven adoitadas as leises da montana. As Medas son nais, non madrastas. Non erguen pobos miserentos como outros montes ó ceu. Os ríos Mao, e Navea, traballan no cerne da montana. Entramos teñen súas fontes no San Mamede. O Mao deseguida vai ó pé do mosteiro de Monte de Ramo, alba lembranza de Císter, e polas grandeiras soedades de Vilariñofrío, na serra cruzada pola estrada de Ourense a Ponferrada, procura, botándose a il case ó sulago, o val do Sil. O Navea presta a valencia da terra de Chandrexa, no cerne da serra, espranza de val entre o San Mamede, a serra



Fig. 18. - A ponte romá do Bibéi.

de Queixa —a "serra", forma determiñada por outura e máis por feitura drento do conxunto ser da "serra" sin nome— e a Cabeza de Manzaneda e tamén despoixa de afondar unha surprendente ribeira por Trives, baixa ó Sil en tempos de apreixados meandros pro é collido dinantes polo Bibéi.

O sistema Bibéi-Xares-Camba siñifica a unidade e os particularismos das montanas de S. L. Tén nos seus largasíos decorreres unha fina elegancia. Moi lonxe tén súa fonte o Bibéi e tamén as súas o Xares, si se consideran entramos ríos, craros, afondados, nas canles das Ermitas xa perto do Sil.

Mais entramos deitan da mesma montana, da xentil e podente Pena Trevinca. Nela xurden cinco ríos: o Tera, o Cabrera, o Casaio, o Xares,

o Bibéi. Soio un, o Tera, fuxe da lei e chamada do Sil. Manda deica moi fondo dos montes e das falas o amor do Atlántico galego. Bibéi e Xares, acentos moceiros, ceibe camiñar, forza criadora, levan ás Medas o saúdo da Trevinca. Os decorreres son finos e rexos. Entramos cinguen e determiñan as terras de Viana e o Bolo. Xúntanse pouco dinantes dos ademirabres Codos de Larouco. Mais o Bibéi xa chamóu e ordeóu as augas das Medas polo nacente. En renque verdadeiramente sinfónico, o Camba, o Couso, e outros tres ou catro ríos deitan no Bibéi. Asín o Bibéi, obrigándose á forma das Medas, ordea o devalar das súas augas. Delas as do Camba son as enteiramente "médidas". Tamén o Camba tén no San Mamede seu berce. E do San Mamede deitan ó Támega criado nos outos vales de Laza pra labourar, dempois do de Monterrei e Chaves, seu val portugués por Amarante cinguido ó do Douro, o Limia, ou o Xinzo, de seu difrente nos tempos do decorrer e na arelanza da lagoa da Antela, e unha das raíces, sinón a primeira, do Arnoia, o río de Rebordechán. Temos pois de considerar no San Mamede, na súa cúpula ergueita e xenerosa, non de píncaro, sí de meda, o paralelo da Trevinca. Son cecáis as cumes "dioscúridas" de Galiza. En cada unha xurden cinco venas maestras, criadoras de fortes e matizadas paisaxes.

Os tempos sazoeiros das Medas teñen demorada infruencia todo arredor delas. Case se bican cas abas das serras do norde polas costas da Moá e o Cerengo, pro ista "case" é o Sil, siñifica un trocamento de formas e ritmos. Case chegan as Medas ó Miño. Pro chegan ó labro ergueito do val miñán as bocarribeiras espalladas e criadas nas Medas. Eiquí comenza unha feitura, a "bocarribeira" xeitosa e das millores proporciós pró estabrecimento e traballo dos homes, desenvolta máis craramente no Miño centroso. As terras cinguidoiras das Medas cas outras comprexas unidás ou as grandes e surprendentes sinxelezas das terras montanosas son, ás vegadas, dificuldosas de seren descritas. Eiquí palpamos ben dreitamente o perigo e o feitizo da xeografía. Son moitas, fuxen de entre as maus, soio despoixa de longo, amoroso traballo e agardas se decraran as formas e valencias dos hourizontes. Lembraremos unhas após das outras en roda dende o coto castrexo de Caldelas, tolo de hourizontes, ás terras ordeadas arredor das centrosas Medas ourensáns.

TERRAS DE CALDELAS E DE TRIVES

Son, dentro do rodopío das Medas, comarcas de precisa caraiterización, pé dos outos lombos, sofincadas e adrentadas neles e abertas ás fondas e labouradas ribeiras descendo as cales algunhas encostas amostran a fartura das xeórxicas no medio de cernes formas criadas pola enerxía erosiva. O asucamento heroico do Sil dende Valdeorras case ós Tres Ríos dibuxa o nivel de chamamento das augas. Míranse as formas devalando pró Sil. Dubidan, semellan sofrir de trasacordos, danse xenerosas.

Si non escolmamos enxergar o conxunto montesío asucado polo valente val.

As terras de Caldelas e de Trives descen espalladas dende as serras do Burgo e de Manzaneda cara o val. O Castro anda por perto dos 800 m. (793), a Póboa ou Puebla de Trives tén 743. Entre amas o releve érguese nos montes de Río a mais dos 1.000 no Conso, no outo de Cerdeira. Acarón da mesma estrada, o coto do Picotiño chega resbando ós mil metros. Entramas comarcas erguen sobre o arco do Sil o valente lombo de duras encostas ó río da Serra da Moá que chega no monte Cerengo ós 1.280 m. A serra da Moá conxunta as terras de Caldelas e de Trives por frente da serra de Augalevada e do podente Caurel.

A brava serra do Burgo, cinguida ca entrana do S. Mamede e Queixa, comeza ben perto de Montederramo e seus cotos monótonos e encostados chegan con outuras de 1.000 a seis ou oito kilómetros da vila do Castro. As maiores cumes están en ringleira dende Fitoiro cos outos da Crus deica os termos de Paredes e Montederramo. Rabal, moi cinguida co Castro, siñifica o tránsito á terra de serra esgrevia de Queixa. Sas do Monte, a Medorra, Abeledos, Marrubio, forman nas relaciós e veciñanza de Montederramo. Iste lugar, soado na historia monástica e pola feira, servirá pra demarcal-a terra de Caldelas. Empeza polo monte de Gabín, de arredondeada feitura no hourizonte do San Mamede. O Gabín pódese considerare o derradeiro erguemento da propia serra. Da serra, contorneando o Gabín, baixa o fermoso torrente Mao, cheo de moíños e presas. Vai por Santa María de Nogueira pra descer, rachando encostas esporentes ó Sil, pola Pena da Espada e Cristosende. As raiosas pendentes de Couceliños vístense de cepas anunciando a mesta ribeira da Teixeira. O Mao dibuxa o lindeiro caldeláu. Pola banda do río concede caráuter ás paisaxes o monte de cerne e graciosa individoalidade da Carosa. Cos seus 800 metros, ou perto deles, preside a ribeira.

O Castro aniña no coto onde chega a forza e forma do riacho de Caldelas asucando a encosta. Ó mesmo pé da vila nacen os primeiros aspeitos da ribeira. Ista morde e enceta a gravidade dos outos de 1.000 metros non lonxanos da vila. Ben perto o Burgo, ós 800 metros, dá nome á serra xa lembrada. A rúa centrosa dista aldea é un anaco da vía román. Ó N. por Tronceda o releve óupase ca veciñanza da serra da Moá.

Dende a vila centrosa de Caldelas domíñase un estupendo hourizonte, deica o Caurel e os Faros, cas chairas de Lemos, e noutro senso a dura serra do Burgo pechando o mundo das Medas. No Castro pódese estudar —nas formas, nos pobos, nas xeórxicas— un vivo trocamento de ritmo xeográfico. As viñas comezan en Celeirón, améstanse por Santa Tecla e Aláis. Os pobos e lugarciños van pasando das vellas feituras adoitadas á antiga economía a outras modernas. Goberna a lembranza do antigo señorío abacial de San Paio da Abeleda.

Na terra de Caldelas compréndense doadamente, a máis da veciña Camba e o Burgo, o craro Sas de Penelas, Mazaira, termo montés de es-

porentes encostas —baixan en ordeadas formaciós orleadas de castiñeiros dende os 1.000 metros nos outos de Tronceda ós 200 sobre o afondado río —relacioados ca ribeira e abas ben asulcadas de Torbeo. A outura de abondo, como procurando os sitios raiosos, istálanse os pobos, S. Martiño de Pacios, Torbeo, S. Lourenzo, deixando na encosta as antigas adegas.

San Xohan de Río, boa e ricaz parroquia, interponse entre as terras de Caldelas e Trives pro máis cinguida ca triveña. Unha faixa de chan labrego, de centeos e lameiros, estréitase dende Río ós termos de Torbeo entre as cumeadas de Tronceda á ezquerda, e as primeiras da serra da Moá, á dereita. A tona de chan labrego rube deica os mil metros por Quintela e a Crus, e igoal acontece perto de Río. Pacio e Barreal de Sanxurxo, con Ribadas e San Fitoiro, débense recordare entre os pobos do termo de Río. Por unha estrada de duro camiñar e graves hourizontes cínguense istes pobos ca ribeira de Quiroga, cas viñas fermosas de Ribas de Sil. Ista estrada vai pé do coto máis ergueito da Moá. Rube dos 1.100 m. no lombo da propia Moá e chega no Carengo ós 1.286. A Moá tén feitura de lombo alongado, de fermoso cerrizo de xuvenca grosa. Docemente, mais con pulo, dibúxanse no hourizonte os outos seguidos dende a Moá ó Cerengo e ás Ferradas de máis de mil. Descen en ampras e regoadas encostas, regolarmente abombeadas, finamente asucadas sin fonda laboura polos torrentes ó canle do Sil entre Montefurado e Augas Mestas. Os logares, aínda que raros, escolman a beira dereita do Sil. Poucos agatuñan polas encostas da Moá como Lousadela. Polo ourente as encostas da Moá descen á xuntanza do Bibéi co Sil en fondas e desertas ribeiras, perto de Montefurado.

O Navea, tamén afondado, é o río caraiterístico da terra de Trives e a súa farturanza de vida, a variación que impón á paisaxe, cecáis exprique en senso xeográfico o nome da parroquia e concello de Río. Pro, ademáis, o Navea dá ton e forma ós releves de terra das comarcas de Queixa. Por ilo, despois de lembrar a terra de Trives, debíase voltar ás fontes e outo curso do Navea estudando a rexión centrosa e moderna das Medas entre cuias graves formas cupulares estabrécense os pobos de Queixa.

Na Terra de Trives o Navea afonda esculpindo unha estreita e ricaz ribeira, semellante noutra mensura á do Sil. Todolos ríos das Médidas e seu rodopío seguen a mesma lei. I-é de grande e xurdia recompensa prós xeógrafos e os amantes da paisaxe descobrir nun pequeno río as mesmas gracias ou semellante grandeza de encostas que no Sil ou nas ponlas mestras que o manteñen. Dende a ponte román Navea o río xa mostra seus encaixados meandros. Ínzanse os labramios pé da ermida do San Amaro no Castro. Son de nomeada as froitas semellantes ás do Ribeiro da Avia. Xa en paisaxe do estilo podente dos Codos de Larouco faise a xuntanza do Navea e do Bibéi. Soio menos de tres kilómetros augas abaixo entra o Bibéi no Sil.

A propia terra de Trives, ondeada, case chairenta, con meirande desenrolo das formas de casechán ou de prataforma do que a de Caldelas,

figura un folgo entre o ritmo rexo da serra de Manzaneda e o do val do Bibéi, ó que descen as estupendas costas dos Codos de Larouco. Serras de dibuxo perfeito ordéanse nos hourizontes mais armoñosos do que os caldeláns. Tamén é millor o chan, rico en soutos de castaños, carballeiras, debesas e pan. San Breixo, entramos Sas, Piñeiro, Casteligo, Portela noméanse entre os pobos da chaira. Pé de Castrelo e do Castro as viñas esmaltan a costa do Bibéi dende o labro de 600 metros, namentras na beira de por frente de formas paralelas non hai sucalcos pró viño. O Trives vello, acaroado co antigo camiño, foi baixando a pequena aldea namentras a Pobla ou Puebla de Trives medróu ó correr da nova estrada do XIX. Non foi creación somentes itineraria. Xa tiña dinantes persoalidade. Mercado, praza dunha terra ben poboada, a vila non tén a composición de estampa romántica do Castro. O Castro decrara a paisaxe erma e o hourizonte de grandes serras sobre a estreita e esporente costa. Trives loce a tranquía feitura dun chan de aldeas labregas, ben apoiadas na serra e na súa economía, perto dun variado sistema de ribeiras.

Por S. Lourenzo de Trives, e máis por Cotaróns, Castro, Penapetada, Encomenda e a vila de Manzaneda, a terra de montana de Trives faise nun solene trocamento, de serra. As ditas parroquias cos seus labramios, coas súas touzas, viven en circo ou arco ó pé da grave encosta da serra gandeira. Aproveita quebradas e os chaos inzados de logares sobretodo pola parroquia de Sobrado. O nó de Sobrado como a vila de Manzaneda chéganse e teñen ós seus pés a boa ribeira do río de Manzaneda que se cingue ca do Bibéi na paisaxe impresoante dos Codos de Larouco. Tén perdido Manzaneda seu castelo. É pobo conteste e pechado e aínda coltiva viñas na encosta ben abrigosa do seu río tamén chamado de San Lázaro. Vén das abas da Cabeza de Manzaneda, a fermosa e meirande cúpula da serra de Queixa.

TERRA DE MACEDA E VAL DO ARNOIA

Senlleira feitura a do val arnoiés, ca crara e limpa decraración dos tempos crásicos dun río galego: a conca de lamestras, lameirenta, lembranza de lagoas e paludes na aba dos montes onde se orgaízan e pousan sin crara determiñación de camiño os regos vivos da serra, o estaxe de val afondado pouco a pouco deica chegar madurecido pro lonxe dun folgo derradeiro pois llo estroba o Miño, ó seu findar. Hai variadas crás de afroentes. Algús compretan, enteiran, o proceso e decorrere. Outros polas augas decorrendo con outras, perfeizoan súas formas con outro nome.

A terra de Maceda chamóuse, e inda se chama nalgures, Limia outa, e súa capital Maceda ou Manzaneda de Limia noutro tempo. No chan arxiloso encobrindo antigos cotos, na maestade do hourizonte de costas e serras, na priguiza das augas, nos ecoares lacustres apreixados no ambente, hai

semellanzas. Mailos chamamentos obedecidos son outros. Non colle dúbida de sel-a soleira ou marco ou umbral de Guamil, entre a terra macedá e a limiá, unha das chaves morfolóxicas da Galiza do rodopío das Medas. Pro os ritmos afástanse. Mandan as augas. A macedá é unha terraxe máis enxoita. Soios os illós se espallan nas mestas invernías. O Arnoia tén orgaizado o decorrer das augas por entre lonxas priguizas.

Impón a gravidade do fondo. Vívese moi de perto a serra. Súa forma e testura de pedra lonxana, súa sombra case cósmica, seu vento cabaleiro. O San Mamede, enteirado nas súas tres cúpulas centrosas, ergueito con

Fig. 19. - Maceda. Castelo dos condes de Maceda.

calma e enerxía, enxérgase case inteiro. Coil xúnguese a serra de formas chairas descendo ó val —millor a outa conca— pola encosta do Rodicio. Cecáis máis impresoante do que o San Mamede istas lombas chairentas, por onde os asucamentos das augas van levando cara a Cabeza da Meda non enxergada, sospeitada. Nos outros sensos, os cotos pechos demarcan as estesas chairas, case bocarribeiras, da Rabeda, do Lonia.

O chan érguese en lombos, un deles o coto barrento, con vetas de roquedo, carballeirento nas encostas, cinguido de riachos novos que na chaira semellan vellos, do sonado tempro e santuario dos Miragres. As terraxes

centeeiras, moi pedregullentas, as veigas arxilosas, os ademirabres fatos de carballos amigos das meias encostas, os fondás lameirentos, os conxuntos de bídalos albos, amigos das augas, compoñen un fidalgo e petrucio mundo de montana ben presidido pola serra perfeitamente demarcada. Sufíncase en coto penedoso, asegúrase en penedo o castelo antigo e decotado, o campo da feira, a vida ben abastada de Maceda, filla ou afillada da pedra. A terra é basta de parroquias e ben servida de camiños. A vila está ós 668 metros. Por ela vai unha das raíces do Arnoia. Tense dito sel-a petrucia. Contentámonos con sinalar as tres. Unha —o río de Maceda— vén de Xunqueira de Espadañedo e Niño de Aguia, das primeiras encostas que levan a Cabeza da Meda. As dúas parroquias arreconchéganse en pequeno val con formas de seu. Da serra do San Mamede baixa o río de Tioira, por Castro de Escuadro, Lamelas, Tioira e Foncuberta. Da serra tamén, por Maus, Rebordechán e Lamamá, baixa a vea sen dúbida mestra do Arnoia. Vai cinguido o coto que fai de peana ó locente santuario ben raioso e vistoso dos Miragres, o chamado Monte Medo, de moitas historias (599 metros) e xa perto de Baños de Molgas, ós 518, onde comeza o afondimento e regoada laboura do val, recolle as correntes dos outros dous "Arnoias": o de Tioira e o de Maceda. Niste intre comeza o val que temos de espreitare cos seus espallamentos e artellamentos.

Imponse un primeiro tramo a Ponte Grande, xuntanza do Sorga, a vea dos ben labourados vales e terraxes de Celanova e Bande. O val polas costas e os lameiros de Ambía —Xunqueira de Ambía, 535 metros— chega a unha paisaxe xa crásica en Allariz, ponte da estrada xeneral do sul da Galiza, grises e leviáns verdeceres de cotos rexamente dibuxados na encosta penedosa que desce do monte Penamá. A Limia máis ergueita tén por defesa a liña do Penedo das Portas e do Penamá (936). Entramos fermosos montes de craras nomeadas. O Penedo das Portas loce moito nos hourizontes limiáns. Pola banda do Arnoia súa costa cai sobre Ambía e Xunqueira. O Penamá, vistoso, acupulado, xúntase co monte Calvo, pechando a outa conca da Limia, tén pola encosta pro Arnoia, nas abas, San Martiño de Pazó e a ermida de San Paio. Allariz vive no seu amparo, a vila pasaxeira, dos cotos craros e illados, na que comeza a traballosa encosta pra rubir ó alcázar da Limia e se repousa da rubida dende a ponte de Ourense. Collendo dende a terra macedá os montes de Cantoña, os de Rocas, despoixa os cotos ergueitos no outeiro de Boa Madre e de Santa Mariña das Augas Santas demarcan polo senso do Miño centroso ou ourensán o val arnoiés. Nil desenrólanse as bocarribeiras de tipo montesío na comparanza das miñás baixas. Son as terras de Armariz, Folgoso, Urrós, as da Merca e Proentes, graves, de recantos xeórxicos, centeeiros, é a paisaxe misturada da celanovense e a dos Castros de Trelle e Montes que non lonxe atestan. Cecáis fora bo e xusto empregar o tipo ou esquema de paisaxe celanovesa. Pola beira dereita as bocarribeiras de Pardavedra, de Zarracós,

nas abas do Penamá, sínten a veciñanza do Sorga e dos vieiros por íl sinalados.

TERRA DE CELANOVA

Inda dadas as relaciós e conxunciós xeográficas e históricas que cinguen Celanova e Bande, ista vila e a comarca do seu redor entéirase pola chamada das augas no ámpido da Limia Baixa. Cruzados os ermos do Vieiro pola estrada da fronteira, ou domeados os lombos de desfeitos penedos da serra da Vela sobre o Limia, ou os montes do Cexo, érguense no hourizonte as grandes e labouradas serras portuguesas —a Porteliña, Xurés, Pitós—, chamando de perto as augas polo río Cadós baixan ó Limia, no ambente hai na serra mesma unha promesa da dozura dos vales de Lobios e Entrimo de cromáticas portuguesas. A serra da Vela, ou tamén montes de Bande, co monte Calvo máis baixo pechan polo rumbo de Guillamil e Lampaza as chairas lamiguentas da Limia. A Vela, no noso sentir o verdadeiro nome, rube pouco dos 1.000 metros no alongado e centroso lombo que desce en pinas costas sobre o Limia polas parroquias do Ribeiro, Güin e Ordes, e cínguese polo Vieiro ós 800 de outura cos erguementos do Cexo, promontoiro sobre os vales celanovenses da grande serra demarcadoira do Leboreiro. O Cexo espállase dende Verea a Bangueses con poucas cumes de 1.000 metros: A Moa, a Pena da Vedra, a Mota, as Catro Cruces.

A terra propia, como arnoiesa, de Celanova comprende as de Milmanda e Acebedo, de formas semellantes e no mesmo conceito e enxergamento as de Quintela de Leirado. Pois apesares do chamamento do Miño hai un caráiter arnoiés, no noso sentir, máis do que miñoto en parroquias como Riomuiños e Pontedeva. Tamén o podente inxerimento do val do Arnoia leva seu caráiter ó mesmo Miño. Dentro diste sentir débense lembrar a Penagache e as de Castelo como atestando cas terras de Celanova e o podente Leboreiro cas de Bande. Entramas serras enteiran un rexo erguemento seguido. E nil decrárase o estilo dos montes chamados por nós "Leboreiridos".

Os verdes vales esmaltados de graciosos cotos, non ben individualizados, como apenas ceibados e con todo presentes nas paisaxes, conceden unha beleza recollida á propia terra celanovense. Asín as encostas e meandros encaixados do río despoixa de Vilanova dos Infantes, nos termos da "ponte pequena", e a mesma costa inzada de castiñeiros, baixo a ermida do Cristal, e o val ricaz de Bobadela, e as paisaxes dende o mosteiro e a vila, de Ansemil, Sorga, as mesmas primeiras encostas do Furriolo. O río chámase xeneralmente Sorga. Non falla quen o nomée Vieiro pola fonte meirande, e tamén Orille. Pola fartura das augas non se perden as colleitas en Celanova. O río nado nas frías lamestras do Vieiro xa dibuxa, pé de Verea, seu val aberto, franquexado, que, polas dúas Veigas e Mourillós, entra na paisaxe da vila.

Celanova, ós 500 metros —ou pouco máis— preside unha das comarcas de meirande fartura de pobos e parroquias. Montesía, loce mimos de ribeira. A montana non adoita graves formas e a serra figura ben lonxana estando perto. Na praza mor fidalguizada polas composiciós fortes e ledas do mosteiro e súa eirexa aléntase nun ar de ventos, de camiños e falas. Son do Arnoia polo Sorga e Vilanova dos Infantes, da baixa Arnoia e do Miño por Freás de Eiras, da Limia polo Furriolo, de Bande por Verea. O derradeiro tramo do Sorga amostra poia Ponte Pequena un renque de fermosos meandros encaixados nos cotos contestes de grandes ovoides de pedra de gra. En meirande escada é o meandro do río, pé da costa de Vilanova. O val de Bobadela, espallamento das formas do Sorga pé de Celanova, de Vilanova e Castromao, garda a fartura de entramas Veigas (San Paio, San Munio) cinguidas, como Cañón, Amoroce, Mourillós, á vila que mira os fondos do Penamá e a espallada larganza do Calvo, cas costas do Furriolo, gardadoras da Limia. A vila asegúrase en abas do monte Leboreiro, o antigo Leporarius soante nas escrituras fundacionás do mosteiro. No Leboreiro, que ven sendo o alongamento dos montes de Cexo, da familia do Leboreiro, moi traballados en formas de cotos polas correntes, tamén sufincan os pobos da dreita da rexión de Acebedo e Milmanda. É unha pequena e ricaz terra, ó decorrer do río Tuño, cas súas primeiras correntes iniciadas nas parroquias de Cexo, pouco a pouco ceibadas polas abas do Leboreiro e polo "piedmont" da fermosa serra de Silvaescura, feitiña, ben rematada, como afillada da serra de Bangueses, de feituras vagoentas, espallamentos da serra do Leboreiro e da Pena Gache. Tén a feitura e procesos do val do Sorga. Domiñan as bocarribeiras por Ansemil, Vilamea, Paizás, Mosteiro de Ramirás, bos pobos, ben alicerzados dende antigo, máis ribeiráns do que os de Celanova como se polas costas de Freás de Eiras rubira o clima arnoiés, de mestas nabeiras de millo e o crecemento e inzárense dos piñeirás en mantos seguidos.

Voltando a Celanova, lembremos como o val baixa dende o seu orixinario Vieiro. Xurde o río en quebrada sinxela de cativos lameiros e abedoiras finas. O Vieiro, sonado nos días e xornadas da arrieiría e as dilixencias, forma unha soleira ou umbral de paisaxe. Nil baixa á outura sinalada polos montes de Bande ou da Vela e polo Cexo. Baixando a Celanova as formas dos vales froentes ó Sorga traballan con certo senso de armuñía os lombos griseiros dos montes. Son vales de milleirás e lameiros. Deitan os montes fartura de augas. Verea, rexa de croas de carballeiras, procura o portelo dun val afroente. Na media encosta, na outra banda, Sorga e Ourille procuran a meia outura. Chegando a Celanova, si nas sombras manda a gravidade da serra volvoretexa tamén unha promesa de ribeira.

Unha promesa somente, a soia precisa pra concederlle ó clima e vivenza xeográfica de Celanova un caráiter de "acmé", de cheo frolecer

das excelencias da montana. En Bobadela as parreiras falan da Arnoia. Nos termos celanovenses a montana faise docemente coto.

Temos lembrado o Vieiro ben aireado. Coil franquéxanse novos hourizontes. Amesta a serra do Leboreiro —ben difrente do monte sobre Celanova— seu balume pola banda do Miño case encobrindo a máis labourada de Pena Gache, descen costas raiosas, traballadas polas augas, espállase, afóndase, deixa entreollar seus vales recollidos a Limia baixa, demarca de frente pró sul co Leboreiro a serra de Xurés, e a de Santa Eufemia, blocos ergueitos dun pulo, algús esculturados en finas agullas. A Portela do Homen, "portelo" e paso histórico, sinálase con craridades como unha ferida na rexa serra domiñada pola ermida da Nosa Señora, por galegos e portugueses agasallada. Os tempos da erosión fanse máis vivos. Brila no ambente, inda locindo brancas muradanas as montanas, unha realidade de ribeiras de vides. No pasaxe da terra de Celanova á do baixo Limia, vila de marco, aínda inzada na serra, envolveita por dous aires no ermo, Bande, mira polos outros cómo ós seus pes se desenrola a baixa Limia. Logar escolleito, como o de Trives, o de Chantada, o da Cañiza, como unha solaina de pazo ou prioirato pra enxergar ós lonxes. Bande, pousa do camiño de Celanova ó Limia baixo, a Portugal, e do camiño de Limia outa que vai pé da serra de Vela, penedosa e erma, pola nacencia das quebradas. Da outra banda, pra Bangueses e Leirado, o monte pecho logo deixa folgar a gracia das bocarribeiras e pequenos vales de Leirado e Crespos. Van ó Miño. Goberna o decorrer das augas o río Deva.

Co inxerimento dos vales atal semellantes do Sorga e do Tuño, das terras de Celanova e Milmanda, o val do Arnoia faise de cheo ribeira e afonda ben dibuxado de encostas, mais en conxunto sen amingoárselle a arquitectura severa das formas. As pontes Fechas e Balsada sinalan o comén dunha madureza no val. Falamos da ponte Fechas por sel-a do camiño antigo de Ourense pola Merca a Celanova, Silvaescura, montana de modelado clásico, goberna as outuras por riba de Freás de Eiras e Penosiños. Son terras de logares ben fartos de millo. Searas e videiras, sobre chan moi cruzado de regos, no ámpido dos piñeirás xa case enteiramente dono de costas e cumes, fan o engado da Arnoia e máis abaixo, na chamada de seu "Arnoia", nome de parroquia —e do concello— améstanse os aspeitos de ribeira, semellante á do Miño, á do Avia, cas que tén de vello tantas relaciós, pro máis estreitada e fonda, de entrana de penedo e curtas e ricas veigas. O logar da Ponte Arnoia, co río xa ventando seu remate, os camiños fondos, a terra ben aproveitada, a vexetación do val, entre as disformes penedías, siñifica o inxerimento no Miño daquil val entreollado nas vagoentas lamestras da conca macedá.

Dinantes, non desviados de Freás de Eiras, locen Penosiños e outras nomeadas parroquias como Escudeiros e Anfeoz. A dreita, sobor do val enteirado en baixa e quente ribeira, érguese en baril arelanza de forma o coto de Novelle, mestre —xa o temos enxergado— na composición das pai-

saxes do Miño ribadaviense. As bocarribeiras por Sande e Poulo, son estesas deica os termos crebados de Cartelle —364 metros— ben "bocarribeira", e locen na fartura do piñeiral algús espacios grandeiros que anuncian os lombos de Xestosa. O Novelle leva na súa figura a temática en esquema dos vales, bocarribeiras e ribeiras dista rexión de trocamento ampro e fermoso de ritmo xeográfico que colle o Miño nas súas veigas de Castrelo e Francelos.

A BAIXA LIMIA E A TERRA DE CALBOS DE RANDÍN

Si Bande pola paisaxe e relaciós tén de ser estudiado cas comarcas de Celanova, ben logo ó sair ó pe mesmo de Bande as formas obedecen a outro chamamento e confórmanse a outra lei. O ser de fondos e pequeneiros vales afondidos co seu ambente e composición de gracias xeórxicas portuguesas na entrana dos espallamentos das serras que temos chamado "leboreiridas" e das propias e rexas unidades de serras. Non quixéramos, nin tampouco debemos, dicir serras fronteirizas ou demarcadoiras. Acollendo o conceito e senso do "macizo galaico-duriense" dos xeólogos, siñificarían as "leboreiridas" o comén dunha forma, a do sul, do macizo, a menos traballada por grandes veas artelladas, a non atraguida por un ou dous seos atlánticos dibuxados en rías.

Na baixa Limia manda un trocamento de ritmo nas augas. A meirande lagoa teórica na súa folla de Porqueira e Ganade e o río envolveito na mol dozura da "facies" montesía, gandreira, de hourizontes grises no seu tranquío decorrer, vólvense canles encostados, leitos torrenciás ó franquexar a soleira de rocas e descer depresa polas fouces de Cabaleiros. Pásase en pouco espacio da montana ó val. Chaman con imperio os canles afondados. A Limia baixa propiamente comenza no senso do río na Ponte Liñares e remata pé da serra, de adicación atal ourensán, da Santa Eufemia. Mais chama e acolle ríos bravos ou mainos de serra e de montana e asín a terra de Lobeira, cos seus cadabullos e porciós de serra, e a de Calbos, outros esquemas e estaxes de "limia", teñen seu logar no sistema do fermoso río no seu derradeiro tramo galego. A vila de Bande, inda decorrendo súas augas polo Cadós, entéirase no lindeiro das paisaxes da montana celanovense.

Couso de Salas, Barcele, Muiños, terras de debeceres de montana, prontamente se deixan abranguere nos ritmos do val. Ningunha paisaxe atal impresoante como a da Ponte Liñares ou Ponte Nova. O Limia ceibándose en pouca e encostada larganza da mol priguiza das formas limiás, bótase nun ponto cheo de vibradoira enerxía a traballar nova canle. Os chairos hourixontes seguen os alombados en serras, ergueitos en cotos, deitados en abas. Axudóu ó ímpedo no río o traballo dos homes. A vontade do correxidor de Xinzo, Toubes, no rego das ideas de Fernández Varela, de Bedoya, coñécese no trocamento do río. Mailo proceso eixe da escultura perteñece

á natureza. Os montes, costas de Randín, costas de Santa Comba de Bande, ermos istes ben soados polo antigo camiño e a siñificanza da eirexa, obedecen ó traballo novo das augas do Limia. Entre a Ponte Nova e as fouces de Cabaleiros, nomeadas verdadeiramente "as Cunchas", o río compre unha primeira estaxe. Inda non ten perdido seu carís montesío apesares dos ledos anuncios de ribeira máis agasalleiros nas griseiras ordeaciós do monte.

Muiños, Mugueimes, Quintá, Barzeles, e outras parroquias e logares da ezquerda do río como Baños, e Sta. Comba, tiveron en Porto Quintela un espranzado comén de vila enxebremente itineraria e centrosa, xuntanza



Fig. 20. - A Ponte Pedriña, no río Limia, denantes de ser sulagada.

de vellos camiños, perto das boas terraxes e fermosas carballeiras da Veiga de Muiños. As esgrevias obras da presa das "Conchas" teñen dado unha non agardada fisiognomía á paisaxe. Poderíamos escribir: outra meirande acentuación. Unha "ría" inscribíndose no val de procesos aínda novos concede ás formas unha madureza. Pouco a pouco, cecáis máis depresa do agardado, a luz, as cromáticas das encostas, da vexetación e coltivos afanse ó novo estaxe. Porto Quintela, como Baños de Bande e a Ponte Pedriña, desapareceron alagadas polo rubir rexido pola técnica das augas. En conxunto, as cousas ordéanse nun senso de equilibrio novo. Os pobos —era doce o acougo dos Baños de Bande cas súas parreiras, súa eirexa e as lem-

branzas románs— fono chantados de nova pranta máis lonxe. Brilan como espellos de esteiro ben colmado as augas da presa. Teñen os regueiros e as correntes ventureiras outro estaxe de base e chamamento.

As "Conchas" son meandros afondidos de valente e fino dibuxo, entre S. Miguel e Cabaleiros, que lles da nome, traballados entre as costas de Parada de Ventosa. En esteso tramo dos esporentes cotos da dreita do río onde iste chama ó río tamén afondado de Grou, os ben tecidos sucalcos de Quintas, Ferreiros, Casar de Cima, Casar do Mato, locen ó sol boas viñas. Hai unha lembranza dos Codos de Larouco. O val segue afondido entre os desceres mais regoados en lombos polas augas por Herdadiña, cos seus

Fig. 21. - O Coto do Castro en Lobeira.

finos cotos alborados, Lobios, Asperelo, Galez —terra de Entrimo— con algún estaxe de ribeira por Compostela e Ludeiros, pé de Manín e da Serra da Sta. Eufemia. Cando o río entra en Portugal no Porto de Pentes nos termos decorados polo castelo de Lindoso, gardan as correntes o movemento imposto polas Cunchas.

As grandes serras leboreiridas do Xurés e Sta. Eufemia, como á dereita os montes de Bande e a grave e propia do Leboreiro, determiñan algunhas comarcas ou pequenas rexiós de senlleira expresividade: terras de Lobeira e Grou, ribeiras de Entrimo, "limia" xa moitas veces nomeada de Calbos de Randín, vales do Río Caldo. Istes ríos de carís montesío sofren toda unha estaxe de frieiras ó descer, ou millor ó caír no Limia.

Pé de Bande dibuxa súa asucadela, que vén do Liboreiro por Corbelle, o río Cadós. A súa dereita, deica as primeiras encostas da serra do Leboreiro e levada na aba dela, a comarca de Lobeira parés disporse en rodopío, tendo por cerne o coto e ermida da Virxe do Viso sobre Facós, descendo por Grou doadamente á ribeira. Si Lobeira pódese enteirar na maneira de pé de monte, de montana feita con pronto movimento das formas "bocarribeira", a terra de Calbos de Randín é, outa e espallada, máis do que montana, serra, onde o millo non madurece e as gandreiras soedás con cernes arxilosos se espallan dende Calbos, pobo de beixo e comén, deica Randín, de chaira serra que o río Salas atravesa en paisaxe sinxela e cristaíña, río case sin decorrer aparente a carón da ermida do Santo Antoño. A serra manda nos lombos de súpeto arredondados, nas formas de blocos pouco inzados de quebradas. Son os montes de Salas e Medus, serra de Larouco, outuras de máis dos mil. Soio a Aguioncha ergue súa forza en feita escultura que dos lonxes, dende toda a Galiza do sul centroso, mostra certa semellanza co Pico Sagro. O río Salas desce en súpeta frieira por termos de Xermeade e Salas pra xuntar co Limia perto de Ganceiros. Os vales miudos, abrigosos, inzados de uliveiras e onde as videiras penduran dos albres —os de Lobios, Entrimo, Araúxo, Río Caldo— afastados por cotos roiniformes en movida topografía, deitan no Limia que chega a Porgual por Lindoso. Seus derradeiros afroentes son o Caldo e o da Illa. Entramos baixan de ergueitas serras. O Caldo da de Xurés presta camiño á vía román da Portela de Homen. Baixa o Illa do Leboreiro, a grande serra das chouzas dos pastores, ricaz de augas e soedade. Todalas grandezas e os afalagos da paisaxe xúntanse na despidida do río e val do Limia.

OS TEMAS XEOGRÁFICOS DA LIMIA

A Limia tén notable valencia xeográfica pola orixinalidade rexa dos seus aspeitos e hourizontes, os probremos morfolóxicos entranados no calmo enxergar das augas da Lagoa, os trocamentos de ritmos, e tamén por siñificar o máis enteiro e cheo exempro no tempo de hoxe dunha cras de paisaxes non rara na Galiza, mañifesta en moitas "facies", gandreiras ou non, ás veces como lembranza a cada paso máis feble, outras como inicio non enteirado. Pénsese na Terra Cha do outo Miño, nas gandras clásicas da comarca do Porriño, nos chans de Cobas e Triós. Hai na Galiza variadas "limias" e aspeitos limiáns, ningunha atal compreta e expresiva como a histórica Limia. Ela, no rodopío e coroa de rexiós arredor das Medas, loce, grave, un pouco lonxaa e melancólica, seus hourizontes de mainos e vellos "tempos" en comparanza co enteirado trunfo das formas valecas de Monterrei e as estesas armuñías de chaira e val asucado drento do tipo montesío, do Bolo e Viana. A lembranza da Limia tén de ser orgaizada co estudo da chamada "Limia baixa", o val outo aínda, mais xa orgaizado, do río. Poucos mañifestan, como iste antigo "Letheo" dos medos clásicos, os estaxes e tempos

dun apaixoante e fermoso decorrer fluvial. Hai de pensare no esteiro portugués, envolveito nas finas brétemas da saudade de Ponte do Lima como fase epilogal do río fillo das ergueitas Medas, descansado e folgado na lagoa Antela, despoixa devolto a un heroico forxar de val nas fouces de Cabaleiros.

Tense chamado "alta Limia" a conca primeira das augas do Arnoia, terra tamén roxa e aluvial de Maceda. Tamén o Arnoia loce fisiognómica semellante ó outo Miño. Con máis adianto no proceso das augas, a terra de Maceda orgaíza o despedir delas por afondimento normal da canle mestra e soio no chan quedan ecoares, cromáticas, de tempos antigos. En Maceda enxérguese aínda, sin se ollar o río, a enerxía do Arnoia. Ista terra macedá case se xunta co chan da Antela na soleira de Miamón e Guamil. Millor chamala de Guamil. A outura da Antela non rube moito dos 600. Pro deseguida os cotos de arredor chegan e ruben dos 700. O afondimento da Arnoia fai o dibuxo e resaltar dos montes do hourizonte de Allariz —o Penedo das Portas, o fermoso e grave Penamá— e a Limia como outa, chaira e neboenta terra de montana en relación co Arnoia ben traballado en val de tempos lóxicos, da lus e crasicidade de formas da terra de Verín e dos asucamentos do baixo Limia e do Salas. En realidade, e atendendo ó conceito e ser de "montana", a Limia como montana e con todolos seus momentos e estaxes debía ser levada dende o pé do San Mamede ás mesmas fouces de Cabaleiros.

O cerco de cumes, das Medas e das Leboreiridas, agasalla a Limia con súas augas obedentes ós tempos das neves. As serras nais da i-auga no conceito popular teñen perfeita representación nas Medas. A Limia cría seu fermoso río, como o Ulla a Ulloa, —no pronunciar "Illó" soa, sin dúbida, unha imaxe xeográfica— máis entranado ca súa nai o Limia. No senso tradicioal e acostumado remanece o río da lagoa Antela. Non é o Limia orixinario a corrente formada na lagoa sinón a vea de auga chamada tamén e nalgús mapas río de Xinzo, o nado nos termos de Sarreáus e Nocelo da Pena, nas cotas dos montes de arredor 850 metros, cinguidos ó erguemento do San Mamede e non lonxe do primeiro asucamento dunha corrente chamada a moita sona, o Támega. Ponse a fonte máis ergueita do Támega na Albergaría, ós mil metros, releves de Prado e Rebordechán e tampouco lonxe da fonte do Arnoia. Temos nas encostas do San Mamede un agromar de fontes de ríos, de tres ríos orixinarios de desemellantes fitares e destiños.

Os outos de Pasadiña, de prontas e esporentes baixadas á lagoa, descendo o releve dos 900 ós 670 en Bresmaus ofrecendo un peito de montana á chaira, os de Lodoselo, Marco Valente e outros relacioados cos montes de Laza, orixinan os regos axuntados na corrente do Limia, deseguida calmo polos largasíos e chaos eidos da veiga ricaz envolta polos pobos que a labouran, asentados en pequenas ou en sinaladas outuras. Piñeira Seca, Sarreáus, Lodoselo, Nocelo da Pena, Vilaseca, Boado, Solveira. Fondas e fermosas carballeiras améstanse nas terras e encostas de Solveira, pé do

Castelo da Pena. A chaira desenrólase deica Escornabóis, Vila de Rei e Faramontaos, cruzada pola sonada reita da estrada de Villacastín a Vigo. En Xinzo, na veciñanza dos cotos derivados da Pena, os camiños novos e vellos axúntanse. As chairas seguen estesas por terra de Vilar de Santos, Sabariz, Rairiz de Veiga, deica as costas do Furriolo e ó largo do río pola terra de Porqueira. O adiantárese por Sobregranade, Guntimil e Parada dos montes de Blancos dibuxa sobre as chairas un promontoiro, o de Damil, ben manifesto na paisaxe. O tema esencial ofrécese na xuntanza, nos sonados termos da Saínza, da corrente tamén maina da lagoa co Limia. Na estaxe aitual da morfoloxía hai algunha relación co Miño da serra de Meira e a fonte Miñá, ou millor as lagoas de Xermar. O Limia, corrente máis forte, ordea o despedir das augas e soio en parte chama polas da lagoa cuia larganza vai sendo amingoada polo traballo labrego e regóase polas invernías. A corrente do río de Faramontaos, a do de Moreiras e outras nadas en cotos amolece na chaira, como a do Limia. O ritmo lento domiña. Segue impoñendo a chaira seu ton, e inda nas estesas campías enxoitadas está presente a condición lacunar.

Espalla a lagoa seus craros ou embazados vidros, refrexadoiros dos ceus, ledicia das aves migradoiras aniñadas por milleiros nos outos xuncos, entre Vilar de Barrio, Sarreáus, Xinzo, Sandiás e Piñeira de Arcos, camiñando da banda nordeste á nordoccidental, pobos a unha rasante de sobre 650 metros, ben de antigo agromados na chaira. Illós penedosos érguense non lonxe da lagoa como o da Medorra en Trandeiras, o de Piñeiraseca, o ben labrado e envolveito en matos da Pena, ca súa torre que afonda os hourizontes de Xinzo, non lonxe de Solveira, e o menos sinalado basamento do castelo vistoso de Sandiás. Polo sul a chaira espállase moito en tres sensos: deica Nocelo da Pena, Escornabóis e Vila de Rei, nos lindes dos erguementos montesíos pechadoiros dos vales do Támega, na direición de Moreiras e Faramontaos en "facies" de folgo estreitado polas outuras de Cualedro e as de Blancos, e derradeiramente no correr do río Limia na direición de Porqueira e da ponte de Liñares onde se compre o trocamento de ritmos da Limia outa ou verdadeira Limia centrosa e a Limia Baixa. A sebe montés —no senso do releve e das formas— está sinalada polas parroquias e termos da Albergaría, Carraxo, con outuras de 800 ben arboradas, Baldriz, e as Estivadas ca ermida raiosa de Nosa Señora da Saúde, a Graga de Cualedro (900 m.), os montes de Baltar e Blancos —Mota, Penedo da Reina Loba, outuras de 1.150 m.— e os altos do Furriolo e montes de Bande. En moitas larganzas a chaira tén un nivel igoal e chega pé das costas ou penetra nelas con limpeza. Mais tamén rexiós non chairas suxétanse á infruencia limián en costas pouco esporentes e hastra en sistemas de cotos abranguidos na chaúra. Os que poideran ser chamados "cadabullos" da Limia ofrecen interesantes composiciós de paisaxe.

Das catro grandes follas en que se ordea a terra propiamente limiá soio unha, a máis nordeira, case aberta á terra macedá, é a da lagoa de lindei-

ros non precisados, cambeantes asegún as sazós e os anos. As chairas son centeeiras e carballeirentas, van sobre calzadas os camiños, os pontillós e pasales de difrentes maneiras xurden nas pequenas ordeaciós de paisaxe, procuran os pobos os cotos. En conxunto o proceso vai amestando aspeitos de lameiras, e herdades pechadas con sebes de albres, e as coores da gandra e súa relativa enxoiteza van sostitoíndo ós da lagoa. Cos grandes invernos a lagoa volve a unha ilusión da larganza doutro tempo. No seu rumbo norde espalla unha badía de terra mol por Vilar de Barrio (Busteliño, Momán, unha das portas da Limia), pasaxe a Ambía, terra de Maceda, xa lembrado, e xuntanza co esgrevio piedmont das serras, das Medas, sinalado por Carraxo e seu termo e os de Laza e Campo Becerros.

Ó sul, algús aspeitos limiáns pódense descobrir nas terras de Blancos e Baltar. Os outos, xa mencioados, que adiantan no promontoiro de Damil, repeten nos topónimos o termo "ribeira" (Parada, Cima, Soutelo). As costas ben dibuxadas en Mosteiro e Sobreganade sinalan un pasaxe. Entramas Porqueiras (Sta. María e S. Martiño), como Sabucedo e Ganade, son pobos de mestos fogares, rexas parés. Apoiados nas costas, os logares de Ganade, sendo ben limiáns, mostran a veciñanza da terra de Calbos. Os aspeitos limiáns de Blancos e Baltar locen nos estesos eidos de Garabelos, Texos e Baltar con Niñodaguia e Gudín. Resoan nomes como Podras de Novás, e Labradas. As formas de maina e grave montana labrega érguense na serra alombada dende a Mota e Fonte do Lobo, a Chandelama, a Boullosa, Pedrosa e Cebreiro, ós 1.150, e ós 1.200 nos derradeiros. As costas descen sobre a terra do Salas e de todalas formas, cara o poente, sinálase como máis caraiterística a Aguioncha (1.255), enxergada nos grandes hourizontes da Galiza centrosa do sul. Correspóndense en contrarios sensos as augas xuntadas no río de Faramontaos, o propio da comarca de Baltar, e as do Salas. Pecha o hourizonte do sul e manda sobre Baltar, como noutro rumbo sobre Cualedro e a Xironda, a soada serra de Larouco. Como ela, ca súa rexa parede, fai o cerramento dos hourizontes da Limia, ben se pode considerare como demarcación derradeira dun proceso ou sistema deles que, conseguindo na propia Limia seu folgo e equilibrio, levara deica o pé das serras algunhas formas de mainos ritmos. Non debe ser esquencida a total disposición da montana e da serra galega a enxendrar aspeitos e composiciós gandreiras e limiás.

A serra de Larouco ergue, dende os termos de fermoso nome de Lucenza, seu seguido e individoalizado cerrizo no senso do N. W., rubindo dos 1.000, na Veiga do Bido e noutras cumes, chegando no Farelo, na fronteira, ós 1.380, con baixadas esporentes á Xironda e terras de Flariz e Medeiros xunguidas ó tema xeográfico do val de Verín, con descer máis regoado a Baltar, ben coberta de maquis en case toda a súa larganza, soio afastada dos montes do Salas —xa citados: o Chandelama, o Pedroso e a Aguioncha— polo fondal, tamén drento do estaxe de montana, de Monteceso e Boullousa, e cinguida ós outos montes divisorios do Castro, Uzal,

Monteagudo (outuras con grandes espallamentos serráns de máis de 1.200), elementos da serra meridional de Randín ou da Pena cinguida ó Xurés e Sta. Eufemia.

TERRAS DE LAZA E MONTERREI

Entramas teñen de iren xuntas atendendo á ordeación das formas conforme van espertando e obedecendo, deica chegaren a unha crara formulación, á chamada do río Támega. Nome de rexia e lonxana resoanza céltiga e occidental. De cantas fitas de auga son nadas nas Medas cecáis sexa o río de Verín, de Chaves e de Amarante o dono dunha meirande realidade xeográfica de conqueridos temas. Pois apenas sofre das dúbidas do Limia e chega a ser a vea mestra dun val desenvolto en regoadas e clásicas estaxes. Cinguindo a Galiza co Portugal montés, as abas das Medas ca serra do Marâo, esperta o Támega a presencia de fondas relaciós orixinarias. Roca e sangue, terra e descendencia. Nas correntes do Támega enxergóu o grande poeta Teixeira de Pascoaes estrelas e neboeiros do mesmo lingoaxe simbólico prós outos e os baixos vales do río.

A terra de Laza ergue súas feituras montesías de Navallo, Cerdedelo, Campo Becerros, pé das graves cúpulas do San Mamede e o Imbernadeiro e pola Pena Nofre a máis senlleira dunha familia de cumes xuntas ás medas, cas serras do tipo Leboreirido. De certo o ritmo dos releves de Portocamba e Campo Becerros está dirixido polo río Camba, obedente á chamada do Bibéi e, polo tanto, do Sil. Mais deica as Veigas de Camba, inda no cerne da serra, se non enxergan correspondencias vianesas. Dentro da podente e sinxela unidade das serras, e súas ergueitas e conxuntas abas, quixéramos sinalar a montana dende Carraxo e Soutelo Verde hastra as cabezas de Valongo e as Ventas de Bolaño; pouco dinantes das Veigas de Camba, como terra de Laza. Nos termos de Cerdedelo as encostas da serra xurden finamente traballadas polas augas. Fuxen, non lonxe uns dos outros, regos camiño do Támega e do Camba, tamén entramos pouco afastados. O Támega xa ó pe de Laza, polos 500 m., ensaia veigas chairas. Máis serrán o Camba tén súa primeira e outa veiga ós 800 m. pra ben logo seguire o seu frieirento curso.

Outra feitura e proceso de valencia humán podería xustificarse tamén, ó noso pensamento: o antigo camiño dos arrieiros ben achegado á serra, na compaña das sonadas vendas doutro tempo, vai no senso das Portillas á Limia polas ventas da Teresa cerca de Carracedo da Serra, a de Bolaños, Porto Camba e Laza pra seguir por Albergaría á terra outa do Arnoia. O sonado vieiro vai sempre a grande outura, a máis de 1.000 nas ditas vendas e a poucos menos despoixa. Soio en Laza xurde un aspeito e estaxe de ben formado val de montana. Polo correr diste vello camiño foi ispirado o de ferro de Zamora a Ourense en costrucción niste estaxe.

O río Támega chega ben logo a conquerire unha feitura de val por Tamicelas e Vilameá, por Carraxo e Soutelo Verde, por Laza e Matamá.

Os lombos da serra, esporentes, cada vez máis en feitura de cotos individoizados, non estreitan demáis as primeiras veigas, asombradas polos mestos soutos. Maduran neles as millores castañas galegas cecáis. Pé da Vila de Laza espalla o río en veiga xa fermosa ó xeito verinés, acollendo os regos de Souteliño e Baldriz, lombos outos —un dos moitos montes Meda, galegos, rube dos mil nos confís de As Estivadas e termos de Cualedro— namentras arredor de Laza os cotos e as encostas orgaízanse en graves e ledos conxuntos. Lembremos as esporentes en descel-a Ponte Pedriña. Por Matamá, Retorta e Arcucelos seguen veigas semellantes entre formas montesías debecentes. Con leda emoción miramos verdeceren na de Arcucelos

Fig. 22. - Verín. Castelo de Monterrei.

as primeiras cepas. Un pouco máis abaixo Nocedo chámase "do Val". Comenza a se meteren as costas formando como seos e badías as formas chairas, un verdadeiro trunfo de maina e podente rítmica xeomórfica, da Terra de Verín, millor dito do Val.

Tamén en achegadas altitús á de Laza pro de máis espallamento de serras, viven as parroquias —Servoi, Sanguñedo— das rexiós outas de Castrelo do Val. Por elas os montes das Medas centrosas do Imbernadeiro e terras de Vilariño de Conso xúntanse cas da Agudiña —istas en conxunto as Frieiras— e cas serras demarcadoiras. Ista cabeceira de Castrelo do Val de Verín é case enteira serra, de 1.000 metros, ergueita no lombo centroso e alongado xunguido por soleira somentes crebada polo suco do Camba co

Imbernadeiro, e rematado na figura ben dibuxada da Pena Nofre —1.290 metros— coñecido nos hourizontes do Val e do Aiós. Sanguñedo, ó nacente, Fontefría ó poente, son os lugares máis achegados a ista porción da larganza da serra.

Servoi, Piornedo, Cortegada, case formando renque con Nocedo do Val, sinalan xa o pé da serra.

Apenas ha ser preciso lembrar como a chea e trunfo das formas do val cómprese no de Monterrei con grandeza, equilibrio, espallamento, e no Riós ensáiase mañifestando o esencial do proceso e temática. Con entramos vales tén de ire o estudo da terra de Cualedro e do Búbal.

Dun xeito sinxelo, a "Ribeira" de Verín, ou terra de Monterrei, arcedianádego de Baronceli, da eirexa ourensán, loce dende Castrelo do Val a Gondulfes ó norde, deica Feces de Abaixo ó sul, na larganza duns vinte kilómetros, a figura dun albre. Por Mandín e Rabal o espallamento das raíces, con outuras pouco por riba dos 400 metros; por Tamaguelos e Oimbra estréitase a feitura do tronco; en Verín espallan as ponlas dibuxando a cabeza do albre dende Abedes e Cabreiroá á dereita —polos 400 e pouco máis— a Villaza e Albarellos á ezquerda, con ampritude de oito kilómetros. Toda é ribeira madurecida do río Támega. Non perde seus pulos torrentosos apesares das formas topográficas vellas. No decorrer do proceso domiña polos 523 o coto e castelo, a verdadeira "acrópolis" de Monterrei.

Val, polo tanto, de montana, pro de larganza e feitura de abondo pra ser centrosa e típica, rexa e ricaz terra de viño, froitos variados, antiga e mesta poboación, chamamento e nó de camiños, forte economía sofincada na viña e na froita, ista derradeira, como os prodoitos da horta, disposta conforme métodos modernos. O par de Monterrei-Verín, apesares de ser Verín vila de historia e camiño, decrara, con máis craridade do que outros da Nosa Terra, unha fonda temática histórica e económica. Camiño de Portugal e de Zamora, pousa folgada en entramos, o "val" siñifica a perfeición dun proceso, dunha paisaxe na Galiza do sul, como a Limia enteira, e remata o proceso das variadas gandras. Illa de ribeira, e val xeográficamente exemprar, brila na nudeza das montanas de arredor ca rexa e antiga forza da xeórxica das viñas. Os pobos, moitos diles, o primeiro Monterrei, castrexos, teñen raíces antigas probadas pola arqueoloxía e viventes na leenda. Decorre a historia co río pra a ponte román de Chaves, un dos nós do antigo ser da Galicia román, sueva e outo-medieval.

Na paisaxe os tons ricos e mestos déixanse levar polos arboredos do río. No outono un senso do decorrer imponse; en senso difrente do valdeorrés. Son entradas de Galiza, de formas e procesos desemellantes. En Monterrei, como no baixo Miño, vívese dun xeito fondo, cecáis tráxicamente, Portugal. E non saímos da linguaxe das formas xeográficas.

Na terra de Cualedro, cinguida polas Estivadas cos montes da Albergaría, os cotos da Fraga érguense a menos do 950, chegando a cota no mesmo pobo de Cualedro a 840. Tamén son montesíos, de longas erman-

zas e non cativas agras de centeo, Penaverde, Vilar de Lebres, Moimenta e Carzoá. Na terra oután descida a Alvarellos pola Infesta e as costas de Guimarei, e moi relacioada ca limiá de Chamosiños e Vilar de Lebres, aléntase en clima xeográfico semellante ó da terra de Laza. Descendo ó sul cas augas pró río Búbal atópase perto de Floriz a pequena ribeira de Sandín ca sonada ermida do San Sebastián sobre o rego chamado da Carzoa ou da Barroca. Ó pé do erguemento da serra de Larouco frolez a pequena comarca da Xironda, ós 760 metros seu centro, sobre un antigo camiño dende a Limia a Santandré en Portugal, no hourizonte da ermida da Nosa Señora da Saúde, portuguesa. Os regos deitan no Búbal nado no máis ergueito de Cualedro. Afundido baixo Medeiros procura o Támega pola Granxa. Ó sul do Búbal, cinguidos ó Val de Verín, érguense os cotos —as Fragas, Adreira, Penedos Moitos, istes na fronteira de Souteliño— da comarca de Videferre, Bousés e A Granxa, cuios cotos derradeiros afunden súas raíces no chan do Val diante Queizás e Támagos.

Correspóndese coista comarca na outra banda a de Vilardebós —Santa María e San Miguel— onde soan nomes de Cancioeiro como os de Doña Elvira e Frol do Rei Vello, apoiada na serra de Penas Libres, ca súa ermida tamén de fermoso nome de Nosa Señora das Portas Abertas e con encostas, dibuxadas por augas en procura do río Mente.

A fronteira entéirase en cotos e lombos sobre o chamado Valegrande. A chamada do Douro semella ser contradita por moitas formas xa envolveitas nun clima lusitán.

TERRAS DO BOLO E DE VIANA

Na xurdia e estesa unidade das largasías terraxes montesías do nacente das Medas centrosas siñifican moito os nomes do Bolo e de Viana: un comén de caraiterización ribeirán desenrolado en fondura no decorrer dalgús ríos, unha ordeación labrega broslada sobre o podente mundo pastoral, nós de camiños dibuxados ó traverso de larganzas encostadas e duras. Poucas rexiós galegas amostran con semellantes gracia e sinxeleza o acomodamento antigo, cecáis inicial, da historia á paisaxe e as formas e fonduras aínda en grande vagantío sin encetare da antiga Galiza outaneira. Demarcando con Zamora e Portugal asegura caraiteres galegos en polémica maina con outras chamadas. Son ístas febles na paisaxe e na vida social. Xurdios lombos de serra de forte balume amingoan as relaciós e ó tempo impoñen as feituras da súa propia faciana de serra. O chamamento zamorán colle algún corpo na rexión agudiñense por causa do vieiro antigo e novo.

O Bolo e Viana, as dúas vilas postas no mesmo senso meridián, siñifican unha veciñanza entre elas anque entre elas se erga o monte do San Bernabéu. A feitura exemprar, crara, conquerida, dista cume no medio dun releve podente mais pouco rico en cheas individoidás tamén axuda a mos-

trarse a meirande historicidade da paisaxe da terra do Bolo, unha realidade recoñecida polo saber popular e non negada pola adeministración. O val do Bibéi, co regoado asucamento do río, fai o cerne alongado das terras de Viana e do Bolo. No senso máis esteso, a rexión demarca o norde por encostas ben individoalizadas en baixada ó val do Sil por un labro de sobre os 600 metros que no seu logar determiñarase; polo nacente cas grandes serras do Eixe e Calba, polo sul cos outos lombos que chamaremos polo seu erguemento centroso do Cañizo, soleira de indefrenciados releves entre as chamadas do Sil e do Douro. O marco de poente vai sinalado nas abas do erguemento mestro da Medas. Cecáis poidérase coller como cerne o curuto do San Bernabéu cos seus 1.227 metros, aspeito senlleiro, réprica lonxana do Pico Sagro dentro do mundo das serras.

O releve mantense por riba dos 700 metros. A vila de Viana anda por eles, rube moito deles O Bolo; pobos gandeiros, de antigo vivir no orgaísmo montesío, están a outura de verdadeiras cumes no senso doutras terras galegas. Meda polos 1.200, Albergaría ós 800 e máis, Humoso a máis dos 1.000. Os asucamentos de ribeira con seus bacelos e antigas viñas surprenden no conxunto montesío. A serra, no seu conceito esencial propia da Galiza, espállase longamente. Terras outas de verdadeira serra (tipo Meda e Seoane, referíndonos a nomes de pobos), terras pola súa "facies" labrega de montana con grandes espacios sometidos a serventío das serras e dúas alongadas e estreitas fitas de ribeira —a do Xares, e a máis conquerida do Bibéi— son os tres modos ou estilos nos que se desenrola o grave, e ás veces tamén sotil, mundo vianés. Son, ás veces, ben dificuldosos de difrenciar. A montana xurde case sempre amparada nas abas, en determiñadas abas en encostas da serra. Teñen a meirande valencia a forma do terreo e a esposición. Unha encosta raxeirosa chama polos camiños e abonda pra un amestamento das formas de vida.

Polo ourente as serras adequiren subrime gravidade, pechan un mundo de silencios e tempo seu. Dende a Pena Trevinca as serras de estesos alicerces do Eixe e Calba mantéñense por riba dos 1.200. A do Eixe, ca Portela (1.407), o Campanario, a serra do Gato, a Charca, desce a volta ou curva do Xares por abas ricas de matos, moi traballadas en cotarros. Albergaría, Meda, Lamalonga, Meixide, son o renque de duros pobos de sobrecello da montana. Son pobos de serra. Ó seu pé espállanse deica o Xares chairas de labranza; sempre por riba dos 1.200 metros.

Ista ergueita terra do Xares, de serra de grande balume, tén a beleza dos ceus, dos mestos arboredos ás veces valentes sobre o monte baixo de brabádigos e carballizos, os vieiros orleados de pechas abeleiras salvaxes, as augas desfiadas en ledos regos no seo do vran polas enlaxeadas rúas dos pobos grandes e ben abastados descontra a longa neve. Os cotos sobresaíntes deseguida acusan a outura sobre a tona da serra pouco labourada. Hai unha vivencia fermosa, de serra. Tén fidalguía e dozura e unha pas ademirabre.

Preside as larganzas a feitura de grande elegancia da Pena Trevinca sempre i-alba.

O Xares por Mares —dinantes a Ponte de Xares— Requeixo, A Veiga, Santa Cristina de Paradela, dibuxa de abondo unha demarcación de serra e montana. Non tén ribeira deica Portomourisco. Mais xa eiquí, a pouco máis dos 400 metros, toca o Xares ó mundo e paisaxe valdeorresa de Larouco, e pódese millor interpreitar a ribeira de Portomourisco como abranguida e envolveita pola atraición e imperio valdeorrés. O Xares vóltase a facer vianés na ordeación de rexas encostas do seu xuntamento co Bibéi en Entrambasaugas, pé de Llentelláis e Chandoiro.

Dende a torre vixiante do Bolo abránguese case enteira a terraxe montesía de Viana, sobretodo a espallada ó norde do San Bernabéu. Cruzando do Bolo á Meda, xa na verdadeira serra imponse unha serenidade de outura e de chaira. Poderíase a terra, por nós determiñada como montesía, de Viana ser pensada como penichao entromedio dos dous erguementos de serras cuias meirandes chaves son polo ourente a Pena Trevinca, na banda do poente a Cabeza de Manzaneda. Os riachos por Chao de Donas e no Valbuxán, por baixo do Bolo ou en Castromao e Hedroso, asucan ben afondados a táboa montesía labourada en costas doces. A marcha e proceso da erosión aparés mais gobernada polo río Bibéi. En conxunto surprende a mestura dos pobos en semellante outura. Pódese decir da de Viana unha terra de Deza de estaxes por riba dos 700, chegando a rexos illós de serra nos montes da Lagoa e nas Tapadas ben perto de Viana. Ó sul dista vila percébese o erguemento do releve que desce da serra do Cañizo, mais non debece a intensidade do poboamento. Aproveitan os lugares as encostas raxeirosas e ben labradas pró poente. Os aspeitos de penichán vanse esvaecendo nos da serra da Segundeira e do Cañizo. A rexión desce con isócrona grandeza do sul ó norde. As "cabezas" Grande, Pequena, e do Foxo cínguense co Imbernadoiro. Pixeiros, Humoso, son enteiramente de serra. Soio as encostas de Bembibre e as xeórxicas de Pradocabalos dibuxan unha figura de golfo de penichán na entrada da serra.

As ribeiras do Bibéi, afundado suco, de notable siñificanza e beleza, enteiran a paisaxe e a economía vianesa. Xa sendo río novo, de outos manantiás do pé da Trevinca, dibuxa a serra en lombos regoados polos 1.500 prá terra zamorán —no adeministrativo— de Porto. Iste pobo, escollido por etnógrafos e lingüistas polo seu belido arcaísmo, está ós 1.200. Galego de língoa e de relaciós, desenrola e centra unha riqueza gandeira. Os releves de 1.600 acompáñano na entrada nos marcos da Galiza polas impresoantes soedades de Prado Ramisquedo. Mais dende Pías e Seber as encostas de Humoso alédanse con parroquias como Cepedelo, entramas de Humoso, Vilardemilo e Pinza xa perto de Viana. Os pobos fuxen do fondal pouco a pouco máis dibuxados. Entre o Bibéi e o Camba a outura de Caldesiños e Pinza tende a montana ben inzada de labramios e ricaz de castiñeiros.

O Camba dibuxa costas ben fondas polo Imbernadeiro, por Fornelos de Filloas e Bembibre. Xa seu afroente o riacho montés da Bouza —baixa dos lombos da ermida e logar postos na serra do Cañizo cuáseque no hourizonte da Agudiña— decora súa encosta cas viñas de Pixeiros. Seguen as de Quintela da Vila, xa ás portas de Viana. Pé dista vila xúntanse en fermosa decoración de encostas ben esculturadas o Camba e mailo Bibéi. A ribeira de Punxeiro, pé da encosta da Pinza, anuncia os dous anacos de rexa ribeira do Bibéi: os de Buxán e Santa Crus do Bolo.

Ademáis de Pinza forman no rodopío e xiro de Viana, Froxás, Hedroso, San Mamede e Santa Mariña da Ponte. Hedroso traballa boas her-

Fig. 23. - Socalcos prás viñas nos Codos de Larouco.

dades ós 1.200 e máis metros. Son vizosas as debesas. Pé do monte da Escrita, Mourisca e máis ainda San Mamede forman rexos pobos. Viana frolece de antigo no seu coto, ou millor promontoiro, sobor da xuntanza dos ríos. Dende o vello cemiterio disfróitase do consolo dun aspeito de val. Terra de longas e duras invernías, garda grorias de verdecente vran ista Galiza de soutos e carballeiras. Na aperta da serra a montana de Viana gábase dos seus froitos e labramios. Despoixa dun tramo de Buxán, as encostas da beira dereita do río ínzanse de labramios por Tuxe e Cambela. Tén siñificanza o Bao ca súa ponte en relación ca terra de Manzaneda —Vidueira, Mormentelos— baixo o antigo priorato de San Vicencio.

A de Santa Cruz do Bolo e das Ermidas, broslada nas encostas, sobretodo da dereita do grande meandro do río, é a millor e máis estesa, pé do Bolo Santa Cruz e Llentelláis na beira dereita, de Soutipedre na ezquerda. Polas chairas abrigosas de Hortos e Celavente a ribeira do Bolo xúntase pola de Portomourisco ca de Larouco e Freixido, xa tinxidas polos caraiteres valdeorreses.

O orgaísmo distas ribeiras, semellante ás do Miño entre Lemos e Chantada, entéirase de pobos ó fío da encosta, sufincados económicamente —madeiras, herba, grau, gandeiría— na montana que teñen as costas, e na ribeira de fina laboura de sucalcos que desce ós seus pés sin logares onde se acenda o fogo todo o ano poilas casas son lagares e bodegas. Sistema tamén do Sil e non acostumado no Miño baixo e centroso nin nas grandes ribeiras de Monterrei e da Avia. Dos pobos labregos da propia montana de Viana lembramos Chao do Castro de Dona, Valdanta e Valbuxán, Santa Cristina e Carracedo pola banda do Xares, como Castromao. O monte San Bernabéu impón súa lei ós camiños e ás relaciós. En grande proporción o santuario das Ermidas, frol e fogar relixioso da terra de Viana e do Bolo, tén infroído nas roitas e camiños. Como a Ribeira de Santa Cruz as soadas Ermidas sinalan o inxerírese das terras do Bolo nas de Valdeorras e tamén unha relación cas de Trives e Manzaneda polo vello camiño dos Codos de Larouco.

Mendoia, Sobrado, disfroitan, como Busteliños, do hourizonte dos Codos, nos seus tempos de desceso á ponte Bibéi e rubida ó penichao da outra banda. Foi chamada a obra diste camiño e ponte román unha das oito maravillas da Galiza. Máis do que o vieiro é dino de infindo respeito o traballo das xeneraciós labregas, sin nome, inzando de muradellas as encostas e alombadas baixadas de feixes pizarreños, onde a luz e a chuvia conseguen aspeitos únicos de paisaxe xeológica e que as viñas suxeitan á lei da historia. Poucos logares tén de habere no vello mundo onde se teña maquiado tanto volume de penedo e terra pra conquerir un sistema de sucalcos, verdadeira morfoloxía xeórxica, forma imposta ás formas naturás. Chega á súa meirande valencia ista paisaxe no outono cando a luz amostra enxoitas as asucadelas torrenciás e as cromáticas finas das viñas figuran unha néboa de coor.

TERRAS DA AGUDIÑA E DA MEZQUITA

Lembra pra nós o primeiro nome a serra no que tén de poboada e pasaxeira e o segundo os vales iniciás labourados con obedencia ó chamamento do Douro na entrana podente e vaga dos montes. Podíamos ter escolmado o nome da ilustre abadía de Vilavella. Non tén a sona dos primeiros. Tamén os vales do Támega dibuxan con máis grande balume, feitura máis chea e artellada, a lei atraitiva do Douro. Mais forman de seu unha das máis doadas rexiós naturás galegas e debe ter capídoo de seu

inda nunha consideración ou enxergamento que fora somentes adicado ó xiro e paisaxe das Medas.

A serra Segundeira, ou de Porto, zamorán polos termos ourentás, galega nos erguementos asucados polo outo Bibéi, segue pola serra do Cañizo a se xuntare cas Medas polos montes do Imbernadeiro. A Segundeira e o Cañizo demarcan, como máis adiante as propias Medas e as soleiras montesías da Limia e da Limia Baixa, as terras rendeiras de augas ó Douro e ó Miño. Poucos estudos de atraitivo xeográfico parexo ó de pescudar as demarcaciós, dubidosas ás veces, na paisaxe e nas formas, entre dúas enerxías e procesos fluviás. No ámpido diste capídoo deixamos fora as terras orgaizadas polo sistema de procesos do val do Támega de longas resoancias.

Polo Sistral ou Xistral (1.760), as Raposeiras (1.500), polos outos sobre Vilanova da Serra demárcanse na Segundeira as vertentes. A serra preséntase máis evolucionada en costas pró Bibéi, en costas abombadas en segmentos dalgunha regularidade. No centro tende a chaira, as augas obedentes ó Douro rachan en canles fondos e pouco artellados a encosta da serra polo sul. Enxérgase a laboura de fíos de frieiras pouco artelladas na monotonía e enxoiteza das formas desertas. Por riba da Agudiña e do pobo do Cañizo, a serra diste nome individualízase como lombo alongado e chairo no esteso cumio —1.440 metros— cinguido cas "cabezas" do outo Camba e o Imbernadeiro. Nas Valiñas deitan, ben perto unhas doutras, fontes de augas encamiñadas ó Sil e ó Douro. A vella verea chamada en Castela de "los Gallegos", a que sai polas Portillas, máis ou menos a mesma estrada do dazanove "de Villacastín a Vigo", vai cruzando os pequenos vales na estaxe moceira das súas formas xa franquexados ó sul. Os camiños do contrabando —sempre de realidade xeográfica— seguen máis outos cerca da demarcación das augas. Os riachos da Segundeira compoñen o Tuela, o río de Lubián e da nomeada ermida da Tuiza, o do val de Hermisende, fosa dos marcos, mais ben ligado —como Lubián— a Galiza. Os vales do Cádavos e do Mente son propiamente galegos.

O val da Mezquita ou de Cádavos, máis meridional, espalla súas boas terras asoelladas e soutos de castiñeiros ó amparo da serra da Azoreira ou Zureira sobre Cortigoso e Castromil, serra xa desinzada da do Cañizo, de cotos que resban os 1.400 metros e estreitan as fouces da Portilla de Canda. Ós 1.000 metros, ou perto deles, o val da Mezquita tén unha lumiosidade portuguesa. O pobo ordeado polo campo da feira chama por moitos antigos vieiros fronteirizos. Cádavos, Chaguazoso, A Esculqueira, Manzalbos, xa voltan a unha paisaxe de movida topografía de costas e chairas de curtos radios. Tén algunha siñificanza o "Penedo dos Tres Reinos" chamado por xuntárense nil os de Galiza, León e Portugal. Está sobre o vello camiño que vai de Cádavos a Hermisende, apegado á raia da fronteira. Anda o termo do logar como case toda a raia polos 1.000 metros. Os vales agudiñenses son como curtas pousas no devalar, menos portugueses do que os da

baixa Limia, ou o de Verín. Non chegan ós de Tameirón e Pentes a pesare de encostas agasalladas pola feitura máis doce e a posición asoellada. Son, con menos inicio de forma do que a Mezquita, a "solana" da serra. Sobor de Tameirón e Pentes o releve faise maino e podente deica o Cañizo, sin apenas baixar dos mil. A venda da Portilla da Canda, comenzo do chan adeministrativamente galego, Villavieja, Santa María do Cañizo, son nomes ben inzados na lembranza da nosa Terra. Pouco baixa dos 1.000 Agudiña (979) e riba dos mil vai a estrada de Viana.

O nome de Frieiras convén a ista rexión, onde os leitos torrenciás, espranza de vales pró sul, teñen a meirande importancia. Son raras as carballeiras. Xa non amestadas sinón de espaciados albres. Tamén os soutos. Medra a individoalidade vexetal. As sombras compoñen sistemas de illós. Os centeos cobren lombos enteiros, fan hourizontes. Hai no hourizonte unha grandeza durmida e agradece o esprito o xurdir dunha forma singolar. Os valciños, ou millor asucadelas, sin desenrolo ladeiral son ben aproveitados como lameiros.

Pró sul e pró W. medra a individualidade. Temos lembrado a Mezquita. Unha idea e esquemática do val de Verín latexa no Riós. O río Mente sinala unhas mainas encostas e un comén de chaira de soutos e bos labramios que a estrada xeral cruza polas Ventas da Barreira, no imperio de formas descidas da Pena Nofre e aínda valentes na indefrenza e vaguedá da montana que se fai serra. Os lombos de Santa Baia e Progos determiñan ó Riós pola banda de Verín. Fumaces, xa na encosta dende Verín, enxerga os releves do Riós que polo rumbo das augas devalan na terra portuguesa de Vilariño, e teñen relación cas terras de Vilardebós e a serra das Penas Libres, ista xa unha "leboreirida" ben crara. Os pobos principás do Riós —Castrelo da Cima, Castrelo de Abaixo, Frol do Rei Novo, acaroado ca parroquia centrosa do val, Maialde, Berrande, Soutochán— envólvense en soutelos e algunhas viñas e disfroitan de larganza pastoral. Son illós ou costelaciós xeórxicas no mundo pastor. Unha paisaxe de abenzas destroitoras deica a enteira roína do tapís de "maquis", do frolente bosque que polo menos nas quebradas e encostas debera cobrir istas formas valeiras e sinxelas.

5. A GALIZA CANTÁBRICA

DENDE RIBADÉU A FOZ

Unha paisaxe de tempos graves e coallados, lonxe do podente dinamismo dos arcos enxebremente galiciás. A foula cantábrica bate eiquí unha terra dreita, cecáis entrana pola forma e polo tempo nas paisaxes mariñáns collen mor valencia os conceitos e o senso de dous tempos afrontados —siñificado pola "chaira" ou "prataforma" de abrasión de Reinante. Non quixéramos nin poderíamos entrare na polémica dos xeomorfoloxistas. Abrangue a enteireza do tema cantábrico. Das súas "rasas" surprendentes, da escultura do seguido e enteiro penedo.

A chaira mariñán de Ribadéu a Foz envolve no poder das boas terras fartas a monotonía da estructura. De acollel-a teoría da "abrasión", a mariña vella, que foi vivente, e suxeita á mesma lei e loita dos arcos litorás galegos, non é a galgada polo mar nin a estesa en ricaz xeórxica a súa beira, sinón unha mariña morta, un litoral ben labourado e deixado cas formas traballadas polo mar, entregadas únicamente á mecánica da atmósfera. De Ribadéu ó val baixo do Masma, os montes da Graña e Casa Bidueira, os de Fontes do Lobo, Acebedo, Croa, o mesmo Mondigo, a serra Cornado, a Penalonga e a Pena Insua son as feituras dunha mesma ribeira outa e montes, de lombos esporentes, traballados en promontoiros sobre a chaira, soleira ergueita que os afasta do mar. Gardan a tristura malencónica das formas que non poideron enteirar seu proceso. Andan polos 300. Soio o vistoso Mondigo chega ós 570. Súa feitura ergueita, de palleiro ben maquiado, manda nos hourizontes de estesas terraxes e mar. Fai acrecentare seu valor o traballo que como tona de vivir o envolve. Os labramios procuran a fermosa montana ben raiosa. Os outos lombos da antiga costa non ademiten coltivos. Mais onde cecáis o viaxeiro alenta con maor beleza de evocación na mariña de outrora —unha mariña fora e dinantes do tempo da historia— é na regoación das augas. Os regos dibuxan paralelos, "consecuentes" ista costa emerxida. O de Vilaselán chega por diante da illa Pancha resbando os arrabaldos de Ribadéu, seguen o Mireira, o Capela, que vai por Vilaframil na chaira, o do Perdón rematado no areal de Moledo, o da Barreira na Arealonga, os do Porto dos Bois e Pena de Bar na praia da Balea. Os descidos da Pena Insoa e os Lombos —da Costa Alta e outros— coíla artellados xa descen ó esteiro do Masma por Carballo Branco.

Os regos asucan isocronamente a chaira. Semella unha paisaxe disposta pola man do home. Son menos de vinte kilómetros de terraxe labourada, de millos e pan, con poucos matos de arboredos. A estrada vai enfiando os lugares. A idea dunha colonización non parés estrana. Vella ou nova, sobre das formas antigas ínzanse as liñas e coordenadas dun pobramento orgaizado polo singolar da terra, o gosto dos pobos de nova pranta. O tipo chalet ou hotel imponse. Enxérgase unha agricultura pousada, fol-

gada. E decátase deseguida o ouservador da proieición americán e da imitanza das Asturias.

Dende Ribadéu van Dompiño, Vilaframil, Santa Baia, Barreiro, e os logares de Barreiros e Reinante, ó correr da estrada. A estrada siñifica o trunfo da lóxica. No mar, soio un pobo, Rinlo, o soado portiño heroico e enxebre do San Pedro de Rinlo, se desenrola e xúntase por un vieiro cheo de vida de pobo a Vilaframil.

Tamén regoar, a costa vai do anaco de dentes de serra, con cativos seos franquexados ó W., esmiuzados algús en penedos, ó esteso areal que se impón dende a praia Cabalar. Leva o nome de Pena dos Corbos a rematadoira da pequena badía de Rinlo. Dinantes dibúxanse a Punta Niño do Corbo e a Gabieira. Os areás con difrentes nomeadas, como Marbadas, Esteiro, Moledo, chegan pé da ermida do San Bartoloméu xa na ría de Foz.

Os fermosos, calmos e graves pobos asturiáns, tipo vilego, semellan refrexárense nos pobos da chaira. O artellamento ca comarca montesía faise por paisaxes cheas de ledas formas, ventando a mariña. Da mesma temática, paisaxes de doce arelar, as do esteiro do Eu alónganse na graciosa composición da farta vila que non debera ter perdido seu antigo nome de Vega de Ribadéu, e no mesmo Ribadéu, xa fortecido e cheo pasaxe do esteiro á ría perfeita, locente, clásica, unha das millores ordeaciós de vilas e aldeas conseguidas no Cantábrico. As vilas tiveron a dita, ou a intelixencia, de gardar seu caráiter no trafego e trocamento dos tempos e unha fidalga atmósfera e vivencia xunta as galegas e asturiás no fogar da ría e no disfroite do esteiro e da mariña.

TERRAS DE MONDOÑEDO E VIVEIRO CA RIBEIRA DENDE FOZ A BARES

Grandes vales ordeados cada un en sucesivos tempos de decorrer, dispostos en leque ou abano, en raiolante croa, dende e erguemento do Xistral e do Cadramón, matizando a encosta xeneral da Corda e da Terra Cha pró Cantábrico e cinguido ó nacente co afeixamento das serras luguesas do N. L. ordeadas polo asucamento do Eu: asín poidérase sinalar de xeito unha miga espresivo a feitura do norde lugués, terras propias da diócesi de Mondoñedo. A Cantabria galega cecáis, si o cerne caráiter da nosa Terra non impuxese tamén ó Cantábrico súa lei. Sin dúbida recoñécese un clima, unha vivencia do Cantábrico. Baixando da Terra Cha os verdes son outros. Pechos e fortes de pradeira asturián. As formas orgaízanse en vales deseguida ben dibuxados, con concas ou estaxes entre eles. Na luz difrente da atlántica istes vales, nacendo das ermas montanas galoupadas polas greas, nais de ríos, locen unha beleza individoal, súa, e se non franquexan nin se conxuntan como os da chamada atlántida. Tamén rexurde o tema da chaira no Valadouro. Os montes, os vales, descen. Dende a Terra Chá, ergueita, de outos ceus e hourizontes demarcados polos Ancares, pola Loba,

déscese a un mundo de ricaces feituras, todas debecendo, baixando, cun senso de ritmo vivo, que se rende ó mar e amolece na húmida atmósfera inda que os montes semellan, erguéndose de súpeto deica a orela do mar, contradecir a lei do descer. O val de Mondoñedo está envolveito e agasallado na terra oután soergueita na Cadeira e no Cordal de Neda. Siñifica Lourenzá a .perfeición do val chamando augas de lonxe pra enteirare o Masma. O río Ouro ou Louro, o Landrove, o Sor, esculturan con grandeza dende os montes á riveira seus vales. No meio da rexión, co erguemento do Penido Novo, dos montes de Buio, o leque ou abano de vales non rixe. Os riachos de Cervo e de Xove non chegan a ordear concas fortes. O Xistral alonga unha vivencia de montana. Pénsase nun espallamento, na teoría dos orixes dos vales en Wegener. Non é somente o labro e cadabullo da outra terra luguesa. Mais se son doces as teorías, millor ha ser procurar o recanto de val sombroso onde, como un horto monástico, frolece Mondoñedo, en cuio ámpido perfeicióase a cabeceira dun grande e fermoso val cantábrico.

MONDOÑEDO E LOURENZÁ

Entramos donan seus regos abondosos ó río Masma. E afastados se non poden entendere ben. Lourenzá mostra a figuranza de óvalo criado, co seu eixe maior, seu espallamento de armuñía de val, terra, unidade e

Fig. 24. - Mondoñedo.

orgaísmo de seu. Namentras Mondoñedo —e non por iso menos belido— aínda vive no alento e aba da grande serra conxunta que o envolve, co engado da forma nova, de nascente.

A Cadeira, o Cordal de Neda, os Montes da Infesta por onde chouta o Tronceda envolven nas súas costas a cidade mais un guieiro craro de val sinálase dende o desceso do Cordal de Neda, remate das outas chairas de Abadín polo río-eixe Valiñadares que afonda rexamente dende Sasdónigas por Argomoso, pé de Lindín, deica os barrios de San Roque e de San Lázaro na mesma cidade. Tamén na Cadeira nasce o val de Lourenzá, mais seu centroso espallamento augas ó mar siñifica un degráu de madureza respeito do val mindoniense.

As montanas son feituras con arelanzas de forma de seu da mesma materia de serra ben afeixada por Romariz e Labrada pró Monseibane, o Coto Cal, o Toxiza, iste de 840, perto dos cotos choutados polo Tronceda de pouco menos dos 500. O medio da encosta está sinalada polo monte da Lagoa, o convento dos Picos, o Rego de Zoñán. É xurdia a difrencia de estaxe. Os picos están a máis dos 500. A cidade amestada, envolveita en densa vexetación, ós 140. Bulen as augas dos regos do Sisto co Valiñadares e o Pelouriño. Os montes do Padornelo pechan o nacente. Encosta broslada de fermosos verdes. Unha luz glauca, un ámpido rico de rumorosos sons e recendos xeórxicos, remanecidos da laboura do vello e ricaz terrón, con pousa longa do outono, e unha veciñanza do non mirado mar, e o consóo de se sabere podentemente mantida das esencias montesías, son os faitores da sereidade e perfeición da paisaxe e cidade de Mondoñedo. Os coltivos xa descen ricos pola encosta ezquerda do Valiñadares —chamado dinantes Carballo e Abre— por Argomoso, xunguido á cidade como Sasdónigas e Lindín. As augas pouco abaixo do Campo dos Remedios deitan no Masma, que baixo a Toxiza trai seu val bravo, frieirento, entre rexas e agullentas formas e píncaros. En Viloalle está criado o río. O nome cambea. Pra us o outo Masma é o Xestido ou Tronceda, pra outros o de Libureiro, ou o mesmo regato que baixa esporente pola costa dos Picos. De certo o nome emprégase dende máis abaixo de Mondoñedo, e a parroquia de Masma frolez xa na soleira ou degráu de baixada ó val de Lourenzá.

O Masma vai tanxente a Lourenzá cuias augas reitoras da erosión entre as baixadas dos montes —o Chao Grande, a Fraga de Teixido, os de Lindín e Padornelo— son os ríos Baus e Carballeira. Fanse un soio en Mazua despóis de cruzare o Carballeira polas tres parroquias de Lourenzá (San Adriao, Santo Tomé, S. Xorxe) ben postas nas abas labregas da serra que leva o nome da aldea pequena e montés de Cadeira. Xuntos nun vai o río por Vilanova de Lourenzá ó Masma, ben perto da vila. Os cruces dos camiños desenrolan novas figuras de poboación e xuntan nun nó forte Santo Tomé e San Xorxe, namentras o pulo itinerario do camiño do mar e de Asturias fortece o antigo centro monástico na limpa craridade de Vilanova.

Van ó Masma regos de Cabarcos e Celeiros —abas da Cadeira ca ermida do Bon Suceso, e rexos arboredos— e o río estreitado entre costas

baixas froumentas vai percibindo a marea pola antiga ponte Espiñeira e a barca de Viladarde, xa no esteiro de Barreiros prá ría de Foz.

VALADOURO E O LITORAL DE FAZOURO

Catro ou cinco picos ou cumes ben labouradas, de rexo, ergueito e afinado bulto, locen arredor da terra cha do Valadouro e de seu Alfoz. Delas, a máis fermosa, agasallada pola leenda e a poesía, a Frouseira, inza súas raíces no torrón millor do val. Dende longas distancias mírase súa figura xentil sobre do renque dos pobos de Castro de Ouro e Adelán, San Acisclo, S. Martiño de Mondoñedo... e dende os da larganza da chaira cuios vieiros xúntanse en Ferreira. Os outros cumes son o oután Cadramón co primeiro suco do río a súa raís, o Penico Novo cerca de Recaré sinalando o senso dos montes do Buio, e, xa pró mar, o Penedo das Tres Mulleres. Siñifica o Valadouro unha madureza como de Terra Chá limián e cantábrica enxoitada polo río. O río, despoixa de xuntare moitos regos dos montes demarcadoiros coma o Frexulfe e o Bao do Penico Novo, e o das Figueiras riba de Adelán, traballa por Fontao unha canle estreita e encostada chegando ó mar por Fazouro, ó amparo da punta Vilarmeá, como tantos outros regos normás ou "consecuentes" do litoral en compaita formación e perfil en dentes de serra.

O Valadouro tense con xusticia como boa nabeira de millo, herdade de finos trigos e lameiro abondoso. Nalgús aspeitos semella unha alongada illa cereal, con seus camiños afondados entre as sebes dos labramios ben aproveitados. Os hourizontes do "Alfoz" cuio logar mestre é o Castro e os da Terra Chá vanse diferenciando ó quedar mais lonxe os cotos e serrotas moi labouradas do Xistral, os montes de esquistos ou "xistra" veciños dos granitos ós que debe Viveiro a súa singolaridade xeológica no Cantábrico galego. Ferreira foise inzando, centro novo do país pola boa posición entre A Laxe, Sta. Cruz, Bacoi, San Acisclo e outras antigas aldeas da chaira por onde decorre o rego Alvariña pé dos ledos cotos de Montoxo.

Os montes moi esgrevios afastadoiros da Terra de Valouro e do val do Masma despoixa da Frouseira descen nas encostas cara a mariña por San Martiño de Mondoñedo, asucadas polo rego Centreño sobre a ría de Foz. Míranse as larganzas do mar, perspeitiva relacioada co miragre do San Gonzalo cuia ermida se garda perto do San Martiño. Eiquí o vivir labrego e o mariñán avecíñanse. San Martiño, ca ledicia da súa eirexa, siñifica o vello bispado dumiense e todo un bon tempo románico e xerminal.

Unha pequena terra, a de Cervo e Xove, moi cinguida a Viveiro, demostra un caráiter de seu cos pequenos vales chairentos dos ríos Xunco ou da Rúa, Leiro, Vilar e Maior, criados no Buio, pouco dibuxados como non sexa o largo lombo chamado monte dos Cabaleiros entre o Xunco e o Leiro. Esta terra en cativa escada imitanza do sistema dos vales cantábricos galegos en abano, inzada de pobos fortes, madeireiros, pescadores, ta-

mén ben abastado de gando, tén, por bos pobos, Cervo, artellado co porto de Burela, con Vilaestrofe e Rúa, parroquias do interior, e Xove, tamén cerne de concello, veciño dos portos de Morás e Portocelo. A mariña dende a ponta do Escairo, sinal da entrada de Foz, téndese en formas socesivas de pontas roqueñas e seos decorados de praias. Chegan un tras outro os pequenos vales e quebradas da terra verde froumenta. O cadabullo ou roleiro vexetal tén súa beleza enteirada da regoalidá e forza da feitura sinxela. Bate a foula nos cons e adurmece en pequenos areás semellantes. Entre as pontas Marzán e a de Vilarmeá as areas mais estesas acollen o esteiro do río do Valadouro coroado por unha ermida. Vén despois o ledo porto pescantín de Nois ca praia de Arealonga e a Pena Orxal, o pobo de Cangas ca súa pequena praia gardada pola ponta de Areaouro, e o porto de Burela, veciño de Sargadelos, fogar da primeira grande industria moderna galega, e da soada cerámica, caolín das terras do río da Rúa que desemboca na Roela, logar de Cervo, perto do saínte chamado de Xan Mariño. O porto de Burela foi unha espranza no tempo de Sargadelos. Coíl asóciase o de San Cibrán, entre a ponta de Somonte e os illós chamados os Farallós pé do rexo cabo Morás.

Lieiro asociase con San Cibrán e Cervo cuia comarca vive comercialmente cos dous pequenos e viventes portos. A terra, ben poboada na orla mariñán, desenrola seus pobos nas encostas presididas polo monte Medela.

Dende San Cibrán a costa mostra máis rexa escultura de illas de erosión e cabos que ca Roncadoira e a Ventouseira sinalan a ría de Viveiro, a meirande do litoral Cantábrico galego.

VALES DO LANDROVE E DO SOR, CA COSTA DE VIVEIRO E BARES

O Landrove e o Sor dibuxan vales semellantes na montana ergueita dende a Couriscada, o Xistral e o Bustelo, alongada deica a Mariña nas serras de Sabucedo, Couteiro, Peón —chamadas en conxunto serra de Bravos— na de Riobarba deica os montes Faro de Vicedo sobre o mar. As costas do Xistral chegan en feituras valentes deica as últimas estaxes do val no Penedo do Galo que agasalla e defende a Viveiro. A Faladoira, terra xa de Ortigueira, estreita o val do Sor. O do Landrove desenrola e compre con grandeza a temática das correntes cantábricas galegas. Nace perto de Viveiró e finda no esteiro de Viveiro. Do cerne do Xistral, da Piña e a Couriscada, cotos ben rematados, descen súas primeiras augas orgaizadas a carón da Feira de Viveiró pra descer en quebrada estreita e rexa, asombrada por costas inzadas de pular vexetal, por Silán, polo bon país de Orol e Miñotos onde acolle moitos regos afondados como o Ferreiro do Penido Novo, o Rial e o de Xerdiz, deica pousar en fermosos meandros pé de Chavín, e na ponte de Landrove, pobo xa artellado con Galdo e Magazos no esteiro ditoso. Os ríos dibuxan finamente a terra montesía moi inzada de po-

bos no tramo de Orol e en Merille, encostadas e pastorás rexións, montes envolveitos, como os do Sor, en mantos de piñeiros que chegan ó mar. Por Chavín e Landrove o río asombrado por outas ribeiras verdecentes, amansado en dispaciosos meandros é de beleza colmada. Unha luz glauca e húmida de bosque e baixo bosque espállase acougadora e fai máis surprendente a grande lumiosidade, os finos grises pousados, con refrexo do non ollado mar das paisaxes do longo e xeórxico esteiro por Valdeflores, cas encostas do monte Todrán, do Coto de Veira, o suco do río de Bravos, a figura do Penedo do Galo e do coto do San Roque, e as pontes deica a derradeira, a sonada da Misericordia, conxuntando o malecón de Viveiro ca ermida, os lugares de Cobas e a praia da Misericordia ou dos Castelos in-

Fig. 25. - Viveiro.

zada de blocos de granito. A ría dibuxa súa entrada entre as puntas das Saíñas e o rexo cabo Vixía de Monte Faro e a ponta Socastro ca illa Gabeira. O tema de Foz resoa máis istromentado en formas. Pola banda de Faro e Celeiro, onde se desenrola un gran porto pescador, os rochedos e as praias combínanse. Pola outra banda, ó amparo da Gabeira ou Gabieira, espállanse os areás de Suegos e Cobas, e axuda o riacho de Riobarba. Os penedos de Cobas dan a impresión dun litoral vello, dun trunfo das formas de acugulamento, e concertan co maino e coorido —coores debecentes sobor dos rexos das encostas— do esteiro longo do río. A cidade, como as aldeas, son de estructura asucalcada. Pola Misericordia vai o grande vieiro dos esteiros cantábricos. Polas terras sobre o Landrove baixa o antigo camiño de relaciós cas Mariñas pola soleira de Aperral e as Pontes de García Rodríguez.

Nas abas da podente Faladoira e dos montes de Bravos, pais das Grañas de Sor, Cabanas e Maañón, traballa seu val o Sor que xa na ponte de fermoso nome de Entramas Sores tén forza de río. Son, pois, dúas "Sores" as que o enteiran: a chamada tamén río dos Santos e a criada con outras augas no Pico da Torre. Desenrólase a Ribeira do Sor, non estesa, pro alongada e ricaz, entre esporentes arboledos deica o pé de Maañón, paisaxes da Faladoira, e o esteiro dibuxado en mainos tornos afundidos por Riobarba, as Ribeiras do Sor, pé das Negradas, e Mogor.

Cada latexar da marea troca a luz e os aspeitos do meandro ou volta de Muronovo e Ribeiras do Sor. Lembrámolo por ser unha forma de dobre "ese" fina e dibuxada como obra prima do río dinantes da ría de Bares. Mírase o val enteiro ca súa luz verde de pinares, seu deslumamento de

Fig. 26. - Celeiro.

areas ó sol —ou seu griseiro ensoar de néboa— devalar no mar verde e trasparente pé da escultura fina, de ledo e grave barroquismo, miuda e rexa, da penínsoa de Bares, de lembranza e nome resoante ás navegaciós primeiras manteñedoras por longos séculos dunha viciñidade nos pobos mariñáns da Céltica orixinaria. A illa Coelleira defiñe no mar o argomento, non cheamente decrarado nas formas, do cabo de Vicedo.

ORTIGUEIRA E SÚA TERRA CO LITORAL DE CEDEIRA E VALDOVIÑO

A penínsoa de Bares leva en si o ímpedo e "élan" da serra Faladoira, pra rematar na sonada Estaca asociada co porto de Bares, a forma litoral galega de elegancia soio comparabre ca do Morrazo entre as rías de Ponte-

vedra e Vigo. Bares e a Estaca son a mesma feitura rematadoira. O termo máis boreal da península afasta o seo de Viveiro do de Ortigueira, poila ría do Barqueiro case se orgaíza tan fondamente ca de Viveiro como as de Espasante e Ortigueira entre elas. Na grave socesión dos promontoiros despoixa da costa rexa de conteñidas formas de Burela —chamémola asín dende Foz a S. Cibrán —vén a de decraradas e bariles persoalizaciós dos cabos Vicedo, Bares ca Estaca —é mais fermoso e resoante nome o de Bares—, Ortegal. A lei dos feixes en abano de serras e dos ríos cantábricos segue gobernando na terra do antigo condado de Ortigueira. É o derradeiro acorde do "tempo" mariñán cantábrico. Vén deseguida ca volta do Ortegal e as penedías de San Andrés de Teixido, con outra luz, o tempo da sinfonía atlántica.

Fig. 27. - Sta. Marta de Ortigueira.

Hai unha longa beleza no findar do río da terra de Ortigueira. Segue a fórmula do Landrove, do Sor. As rexas serras Faladoira e Capelada correspondéndose, entramas de duras encostas mais de chairos lombos. Son, en verdade, as acentuaciós senlleiras de toda a terra de montana de Insua, Ermo, e Casares, ben labrada en centeeiras nas encostas de poucos pobos, acotarelada nas valgadas, ergueita no coto de Taboada, cinguida ás formas das Somozas e de Moeche, cuias augas deitan ó seo do Xubia, ás Mariñas, ou á ría de Cedeira.

As veas ortigueirenses, escuitando outro chamamento, bulen pró Mera. Soa o ledo nome de Entramos Meras e súa ponte, irmán da de Entramas Sores. As fontes máis outas deitan no Caxido no hourizonte das Pontes de García Rodríguez e o Eume. Afondado entre Casares e Insoa, despois dun tramo de baixos meandros despoboados, vén a fartura de pobos e labra-

mios de Mera. O ledo e calmo esteiro deseguida artellado ca ría sinalada por Güiña, Senra, San Clodio, Veiga, pola vila de Ortigueira no seu xeitoso solar. Ningunha da Nosa Terra decrara como a de Ortigueira ser un val afondido. A cada latexar da marea pasa de grande areal a xunqueira envolveita en pobos e mariña de ricas xeórxicas e espello e brilar de ría. A feitura de tornos orgaizados polos cotos contrapostos de Leixa e de Ortigueira fai meirande a fartura e beleza da paisaxe en que craros fíos de auga entre xunqueiras soio quedan na baixa mar e a tornavolta da marea enche como unha luz e sopro podente e calmo. Asín a paisaxe é mariñán polos períodos en cheo trunfo da fartura xeórxica. É xa unha terra semellante polo fonda á das beiras betanceiras. A ría conxugada polo canle de Sismundi e a illa, noutrora monástica, deliciosamente posta en San Vicente ca badía de Cariño artéllase ca feitura de Ladrido ou de Barbos —cos pobos de Luhía, Ladrido e Barbo— resposta pequeneira do seo de Ortigueira. Asina dende o do Eu os esteiros van medrando en fartura deica o de Ortigueira onde as feituras do esteiro impoñen seus ritmos mainos e soio do mar queda a enerxía periódica, unha especie de chamada ou excitación. Espalla, entre dous cabos ben desemellantes, a costa unha feitura de golfo. A costa penascosa da Loiba ínzase de praias por Céltigos e Espasante onde é unha belida forma entre dúas praias o Vixía do mesmo nome. Entre as puntas Carneiro en Ladrido e Castro de Moura na parroquia de Pedra, franquéxase, ca illa de S. Vicente presidindo o decorrer dos procesos, o seo marítimo de Ortigueira. Pro no senso do podente Ortegal chama a praia estesa e a valente enerxía mariñeira do porto máis nordeiro da Galicia, o de Cariño. Il xunta e exalta as millores vontades e forzas da terra. Faise vila nova e leda na praia longa, pé da dura roca, na veciñanza do cabo dos Aguillós. Os Aguillós son os escolos ou pedras onde o mar rompe pé do cabo oután, remate da Capelada, cinguida no derradeiro tramo co monte de Miranda. Na península da Capelada a ponta rematadoira pra Cariño é os Aguillós, ca baixa ponta do Seixo, e as pedras rematadas no chamado "Cabalo Xoán". A ponta máis abombeada por N.W. o verdadeiro Ortegal. Son remates xurdios da mesma podente montana que fai decrarárese máis craramente a finura da Estaca. Toda a ribeira, de estreita orla xeórxica, semella, entre os dous cabos o espallamento en frol do talo do río de Ortigueira.

Co Ortegal e a fermosa Capelada decrárase a costa cheamente atrántica, en feitura brava, soio amolecida na ría de Cedeira, hastra o cabo solene Prioiro, comén do "magnus sinus artabrorum". Respondendo dreitamente ó Atrántico, as terras dispóñense dentro dun caráiter de iniciás ribeiras entre costas e serras nas dúas comarcas de Cedeira e de Valdoviño. Dous ríos rematados en esteiros de seu no seo de Cedeira, o do Porto do Cabo e o dos Forcados orgaízan as formas e a historia. O primeiro faise con regos de San Martiño de Cerdido e os montes soios do rumbo de Casares. Xa entrando no esteiro colle augas de Montoxo, e de Régoa e de Cer-

vo que miran ó mar. O río dos Forcados entéirase por S. Román de Moeche. Por Vilarrube chega á grande praia de Leiría baixo Pantín que tén ó mar unha punta e praia con lagoa deltaica. Cedeira en composición semellante, menos ricaz do que a farta de Ortigueira, dende a súa encosta do coto do Eixil, domiña os estesos areás onde deitan docemente os dous ríos. A pequena Chirlateira garda dos ventos do W.

Con Santa Baia de Valdoviño cínguense as parroquias de Monte apar do coto Esperón, Aviño, Lourido, Meirás, pois Sedes e Castro xa pola posición tenden a Narón como a raia do Ferrol. Entroques de ría, ou cecáis como ría morta, Valdoviño tén o esteso areal da Frouseira que ísola en lago as augas dos regos. Lago é o nome dun pobo. Atios xunto como Lago a Valdoviño, nomea tamén o esteso areal de coor sensitivo ós do ceo e do mar, o "lago" ou millor esteiro non cheamente desenrolado, cecáis en conxunto un seo noutrora vivente en formas amortallado polas areas. Hai nas nosas costas tamén a fonda e elexíaca poesía das areas. Atios ou a Frouseira, como máis adiante o areal de Coba xa no capio do Prioiro, e como a ría de Cedeira —outro tempo do mesmo proceso de Atios, e de Ortigueira— siñifican pousas na rexa escultura das formas da costa. Dende o Ortegal á Candeloria cai a Capelada nas abas rexas, traballadas en basas arredondadas, en fouciñadas puntas, do litoral de Teixido. Quer dicir unha Fisterra de ergueita penedía conteste co vello culto do Apóstol, cheo de misteriosas lembranzas dos tempos da primeira concencia dos destiños e das cousas. A punta do Cadro, os illós Gabeiras, a Candeloria, son as tres respostas do roquedo ó mar das foulosas ou das caladas enerxías diarias, que se miran dende os outos do antigo monte orlado polos teixos acedos. Despoixa de Cedeira e da ponta Frouxeira, outo anaco bravo, a costa de Campelo franquexa ó mar a terra encostada do monte Mandiaa, de Bal, de Castro ca súa ermida de Santa Margarita, chan e parroquias xa do país de Trasancos, envolveitos no clima e vida das primeiras Mariñas ferroláns.

6. AS MARIÑAS E OS VALES CINGUIDOS COELAS

As terras ordeadas polo chamamento do seo das Mariñas, do "magnus sinus artabrorum", descen en tempos xeográficos de maina e podente maestade dende o beizo ergueito dos outos chaos, ás vegadas enrugadas en feituras de serras, deica os esteiros e rías da propia Mariña. Ouzan e responden ó chamamento augas e formas ben lonxás. O Eume dende o cerne dos montes da Carba e do Xistral, e polo seu afroente o Bermuz dende o monte Vales; o Mandéu dende as Pías, rebaixada cúpula nai de augas obedentes ás chamadas difrentes dos baixos estaxes que detremiñan o decorrer dos ríos e das feituras do chan. Mais o descer pró seo mariñán cómprese drento do cerco dibuxado por algunhas senlleiras cumes —o monte Esperón riba de Narón e o val de San Sadurniño, terra ferrolán, os de Moeche e Caabeiro rachados polo Xubia e o Neda, os de Eume, nome do pobo e do río, terraxe outa cumeada no Fontardión, por riba da Capela e de San Xiao de Caabeiro, na serra de Moncouso que leva nas abas a Monfero, nos de Mesía remate dunha terra oután, no Castromor enxergábele dende ben lonxe, no Montemor soleira afastadoira de Bergantiños —en estaxes costeiras labouradas polas augas, con ritmos difrentes pois nas veigas crébase a rexa feitura do chao montés e nascen os mimos dun val en ben pouco espacio como acontez nas encostas das Encrobas co espallárese ricaz de sutaque do val de Barcia ou no trocamento siñificado no coto da Espenuca; e outras veces as abas envolveitas no manto dos piñeirás vanse facendo manseliñamente ribeiráns.

O trocamento vívese na luz, nas proporciós dos pobos, no afondírese dos camiños, nos fíos do roquedo, no devalar conxunto da paisaxe. Se non compre sinxelamente a lei de obedencia. Hai unha puxa, o alicerce de xistro ou de gra mírase revolto, deitado. Imponse a idea dun afondimento. Cotos rexos, ermos, xurden perto do mar. Na derradeira estaxe, cando o tema da paisaxe mariñán aparés desenrolado e enteirado, decátase o esprito do seren as Mariñas unha suma e conxugación de vales e de esteiros ca orla do mar despartida por anacos de ribeira pedregullenta e brava.

Lembraremos, unha após doutra, as comarcas cinguidas cas rías teimando non mancar a doce e rexa unidade de formas e procesos xeográficos das Mariñas dende o grave areal de Doniños deica os milleirás e lameiros de Elviña e Monelos xa inzados de casas do arrabaldo cruñés.

TERRAS DE TRASANCOS E SAN SADURNIÑO, VALES DO XUBIA E NEDA. RÍA E COMARCA FERROLÁN

Dende o ergueito e cupular cabo Prioiro ó Prioiriño Grande un tramo de ribeira corresponde cas terras de Esmelle, Narón e Trasancos. Inda non é propiamente o seo mariñán con sinalar un comén o Prioiro. O dibuxo fino e broslado vai dende o Prioiriño ou millor dende a Ponta da Coitelada. Na ermida da Nosa Señora da Mercede do Chanteiro aléntase noutra

dozura. Enxérganse os outos treitos da Cruña. O litoral é rexo. Non esquenzamos seren as Mariñas terra de esteiros millor desenrolados e xeitosos pró vivir humán do que as ribeiras das Rías.

Unha sebe de outuras acotareladas ergueitas pró mar no monte Ventoso, pola Graña e Brión, gardan, polo norde e nordés, a ría ferrolán. Os regos das parroquias de Serantes, Marmarcón, Mandiaa, van cinguindo o coto da ermida do Chamorro e deitan na ría ferrolán no seo de Serantes dibuxando entre o Ferrol e a Graña unha feitura esencial e de grande valencia histórica.

O litoral aberto, oceánico, pousa, en dous tempos de praias bravas, seu erguemento podente. O primeiro o de Esmelle, o segundo o de Doniños. Siñifican dous momentos ou intres do mesmo proceso de morfoloxía litoral: unha composición de praia e delta. Os ríos son de pouca valencia, mais de pular erosivo forte. Descen entre duras encostas. O de Esmelle chega ó mar despartindo o areal de San Xurxo apoiado nos roquedos do circo do Prioiro e na ponte chamada dos Ríos ca illa Erbosa. Os de Doniños pousan na lagoa que a praia brava garda do mar. Paisaxe de rías non conqueridas, de comprexos de praia e delta entramos, de beleza grave e doce como a dos ensaios e arelanzas de formas cheas, que non rarean nas costas galegas.

A ría ferrolán tén sido gabada polo cristaíño e puro das súas augas, calidade esencial nos tempos da navegación veleira, por súa boca non máis do que unha fenda na frente de cabos, pola boa gardanza dos montes —o Ventoso, os de Brión, os do Faro de Mugardos—, polo vagantío. Non se pode entendere sin a lembranza do Ferrol a historia mariña e guerreira do Atrántico. Os montes semellan griseiros e duros, chicoteados polos ventos do outo mar. As ribeiras son doces. Despoixa da gola estreita entre os releves do Ventoso e o Faro de Mugardos —ou de San Francisco— a ría espállase en brilante folla deica o longo esteiro das Nedas cinguido de encostas arboradas. Entre as ensenadas ou pequenas abras de Graña onde acoden os regos de Serantes e de Caranza descer de Figueira e Vilar, o Ferrol vello asegúrase nunha forma peninsoar, arredondada, cuias relaciós están en grande parte disimuladas e envolveitas nos traballos de muros e peiraos e no espallamento de arsenás e faitorías. No seo das Rías cada suco de regos —ás veces soio marcados por lameiros e un comén da praia— tén súa valencia. O abrigoso do Ferrol débese ós dous valciños e ós portos naturás determiñados por iles. Por frente, Mugardos adianta seu peirao, en feitura semellante, menos desenrolada e case seguida a praia vai xuntando os remates das pequenas crebadas, sinalándose as formas doces de Franza co Seixo, de Maniños, pois Perlío vaise deixando abranguer na i-alba priguiza do esteiro de Xubia e as Nedas, de cromáticas expresivas finamente da hora da esfera e dos refrexos da vibración do mar. O azul da ría e a feitura leda das ribeiras alentan nunha severidade de luz atlántica, de montes no seu cumio axotados. A historia decora con rexa fita de pobos, en tramos case unha rúa, a marxen deica as Nedas. Eiquí ó esteiro chegan os

vales case sin deixar súa forza montesía. Son afondadas crebadas entre costas os vales do Xubia, do Narahío, do Neda.

Ó pé do San Xurxo de Moeche faise unha a corrente das Xubias criadas no país montesío de miudos releves e acotareladas encostas das Somozas, nas mesmas regatas nativas do río de Ortigueira, o Mero. O Xubia, dibuxando encaixados tornos baixo os cotos ben doces de Lama e do val do San Sadurniño, de boas alboredas baixo os outos de Esperón, recolle xa na ponte Xubia os regos das parroquias de Narón e Trasancos, e en paraxe máis afondado ó rio de frieiras e paisaxes de fino dibuxo de Narahío, o río de Iglesiafeita, de Doso, da parroquia do seu nome. Terraxe ben crebada, en pequena mensura, ergueita en cotos moi caraiterísticos refrexos do monte de Eiriz, fontes do Narahío, e do de San Vicente sobre Iglesiafeita. Os vales anuncian a temática desenrolada en grande polo Eume. Trasancos e Narón amostran dibuxo máis tranquío e maino, e seus cotos descen ás beiras das augas, sen súpeto trocamento de ritmo, do Xubia. Todo un comprexo ademirabre, calmo, de formas vilegas de esteiro loce nas Nedas e Xubia.

A PENINSUA DO CHANTEIRO OU DE MUGARDOS

Non pode ser chamada de Ares por enteirárese nunha forma de ría a vila e cecáis lle veña millor o nome da Ermida ben querida do Chanteiro. Vixía as bocas e o vibrare conxunto das Rías. Enxérgaas como familia de ribeiras co devalar da terra e do mar. Tamén as feituras da terra "devalan" doutro xeito. A peninsua labourada entre as rías do Ferrol e de Pontesdeume, de pouco releve, soio ergueita no Faro rematadoiro onde se gardan as roínas dun fermoso convento franciscán, loce frente ó mar a praia do Chanteiro entre as dúas baixas pontas de Segaño e a Coitelada, terra de vellas areas inzadas de piñeiros, de cotos moi inzados e veigas de millo. As aldeas adoitan deseguida a feitura vilega. É doce enxergar dende os lombos de Lubre as dúas rías e a espreita de cómo a forma peninsuar vaise inxerindo nas abas dos montes da Cabana coroados ós lonxes pola capela da Nosa Señora das Neves.

Fai un dos batentes da porta de entrada do Ferrol e compón no avanzamento penedoso da ponta de Ares co baixo de Miranda e a ponta de Dexo na peninsua de Meiras, a boca do seo onde se inxiren as rías ben desemellantes de Pontesdeume e de Betanzos. Brilan os cristás e as luces de Sada. Ares e Sada correspóndense na rexión máis centrosa e brilante das Mariñas. A fendedela estreita do Ferrol anuncia a espallada entrada de Sada. As composiciós de vales, esteiros e rías, son as máis ricaces e matizadas do magnus portus artabrorum.

PONTESDEUME E BETANZOS

Dous vales, orixes e dispaciosos decorreres de augas, entéiranse cas dúas rías que se franquexan ó tremelocir oceánico entre os feitucos cotos de

Lubre e o i-albo brilar de Sada. Figuran os esteiros de entramos ríos, Eume e Mandéu, da mesma familia sendo de abondo difrentes no desenrolo das formas. Non hai variación na lei e no ritmo guieiros. Cada un é lóxico con si mesmo. Na súpeta chegada do Eume á praia, deixando atráis fouces talladas nas duras encostas, hai un recordo do seu oután decorrer orixinario e montesío, como nas fermosas priguizas do Mandéu adurmiñado nos mainos meandros betanceiros non se tén esquencido seu primeiro floíre polas ermanzas monteses.

As fontes do Eume deitan lonxe e ben outas no cerne das serras que co nome conxunto e campesío da Carba pechan pró Norde e afastan dos verdeceres e clima do Cantábrico a grave e baril sinxeleza da largasía Terra Cha lucense. Cos regos do Xistral e da Pena Guhía, os picoutos máis medrados co Cadramón daquila montana de Irixoa, críase o Eume. Seu decorrer estabrécese doadamente en tres tempos. Podémolos nomear por algún pobo de viventes ecos na lembranza pola beleza ou forza do nome. Escollamos Invernés, as Pontes de García Rodríguez, Caabeiro.

A ponte Invernés, non lonxe de Irixoa, no val traballado entre o coto da Couriscada e a Pena Guhía —ou da Guía— siñifica, co seu nome de resoancias escocesas, un suco en certa maneira demarcadoiro, dibuxado na entrana da Carba a grande distancia das Mariñas. As fontes do Eume e as do Mandéu —dous ríos co elemento de esgrevia e orixinaria siñificanza "eu" nos nomes— son probas de esteso chamamento do seo mariñán, pro con resposta máis de lonxe no Eume. O río Eume co de contraposto decorrer, o Xestide, afillado do Masma, labouran o mesmo val. Xestide, un nome tamén, como Xistral, de locentes pizarras e ventos nos xestás. Non lonxe da do Eume, nos outos de Viveiró, sai a fonte do Landrove. Polo Burgo e Muras, decorrendo baixo a ponte Maciñeira, o Eume, deixando os montes, vai entrando nas outas chairas, unha badía de terraxes lamiguentos entre cotos de piñeirás, das Pontes de García Rodríguez.

No hourizonte, o Pico da Torre, o monte Caxido, de regos ó río de Ortigueira, a Loba esculcante. Os montes máis aseguran do que domiñan a grandeza das cúpulas chairentas. As formas camiñan pra a Mariña e soio dende ela e seus paraxes ledos adequiren verdadeiras figuranzas as montanas. É grave e fermoso o pasar do Eume polas Pontes. Cecáis sexa a terra unha réprica limiá. Imponse unha sensación de outura, de sobriedade nas liñas e nas coores. Unha especie de ascetismo. Non lonxe chega o alento de molladas abedoiras na Terra Cha por Aperral. A soleira ou pasaxe sinalado por Candamil, Cabreiros, Aperral, ben rebaixada entre o chamamento do Miño mozo e do seo mariñán, é un dos pasaxes senlleiros de meirande e suxestivo poder de evocación da nosa Terra. Semellante ó sinalado pola ponte De. Entramas chairas gardan seu segredo do orixen, cecáis, das formas centrosas galegas.

Deseguida das Pontes, o Eume afonda en grandes tornos baixo esporentes costas desertas, inzadas de mato rexo, baixo os labros das terras la-

bregas, de vivo releve de serras baixas, de Bermui, Faeira, Eume, Capela. As serras de Moncoso sobre Monfero, o Fontardián sobre Capela e Goente siñifican os outos acentos das terraxes ondeadas de cotos. A vida non amesta no val. O Eume, fero como xabalín de Andrade, non cría val sinón gorxa entalada baixo Ribadeume, Bermui e Eume, parroquia adicada ó San Pedro, baixo a lediciosa arquiteitura entre soutos fondos do prioirato de San Xoán de Caabeiro, que San Rosendo fundóu. Nas gorxas fondas o Eume acolle por outras quebradas seus foreiros, o río enteirado na ponte de Frai Bermuz e cuio nome leva con regos da serra da Loba e dos outos de Vales, o San Bertoloméu nado pé das roínas do grande mosteiro de bernaldos de Monfero. E por gorxas duras, baixo os logares de Cabanas e Suaserra, e o esgrevio monte da torre de Andrade, chega enteiro o río á praia e á ría, baixo as Pontes, sen dúbidas, nin priguizas.

O Mandéu responde dende un paraxe onde a ermida e a feira sinalan un espallar de rumos e camiños que non tén moitos semellantes: as Pías, non lonxe de Sobrado, vouta rebaixada, nai probe e pastoriña de augas craras. Pois dela descen os primeiros romores do Ferreira, do Farelo, do Tambre, do Mandéu. Mandéu chámase unha aldeíña, de Codesoso. O sitio do nacimento chámase o Marco das Pías, polos 720 metros. Máis abaixo a Coba da Serpe non rube moito dos 800. Deseguida o río colle seu camiño por Roade, o nome de resoanza no maxinar de Vicetto, polas Cruces de Sobrado, antiga feira e ponte Mandéu do camiño de Grixalba, polas ermanzas chairas de Curtis e de Aranga, deica esprimentar a chamada do esteiro e comezar a loita ca costa rachando en duros meandros entre costas cada intre máis frolidas polo doce ar das Mariñas, as terras dispostas en lombos de grande radio de Ois, Curuxóu, Coirós, Vigo. Decátase da marea na gorxa inda dinantes de Betanzos afondada, e dempois das pontes e das raiadas encostas betanceiras, acollendo ó Mendo, empriguízase nas Xunqueiras dinantes de chegar á ría entre Viñas e Moruxo, baixo San Salvador de Bergondo, á vista do Miño e Sada ben salgadas de mar.

No curso do Mandéu temos de calcar un pouco sobre dúas formas caraiterísticas. Non cavilando nelas é dificultoso atinar con algunhas chaves da xeografía galega. O Mandéu, no espallado hourizonte de Curtis e Aranga, cruza a grande chaira ou casechao cruñés —chamémoslle Tamárico polo seu meirande río— estesa dende a serra da Loba deica os labros dos vales das Mariñas, de Bergantiños, que en grande parte segue a mesma lei, e da ría de Muros. Ise país de chairas e baixos lombos, onde ás veces un río afonda sin motivo aparente, a paisaxe de Curtis, de Ordes, do Mesón do Vento, tén réplicas no outo Ulla, tén semellanzas ca Terra Cha, soio afastada dil por curtas serrotas, forma o tipo montesío e chairo por oposición ás Mariñas e ó Ulla. O Mandéu dibuxa e afonda seu primeiro meandro na Ponte Castellana, paisaxe das máis sonadas da Galiza por cruzar por il a estrada da Cruña a Madrí. No meio da chaira, o río, de súpeto, afonda dibuxando un meandro. Siñifica un trocamento de ritmo. O río se-

gue afondado e frieirento, pro onde se "mira" o novo ritmo, e se pode seguir o baixar das formas e rendírense os chairos outos ó engado e lei das Mariñas, é noutra paisaxe de renomanza, no coto da Espenuca, que no mapa de Fontán figura con rexos trazos, como acentuando unha enerxía, e no esteso descer conxunto das Mariñas, ouservado dende calquer outura, loce como o mestre e direitor das armuñías das fermosas e doces encostas, esmaltadas de parroquias. No termo de Santa Baia da Espenuca, ara da paisaxe mariñán, o Mandéu entra de seu no ámpido onde, nos ademirabres e regoados tornos do río, celébrase a festa dos Caneiros.

Terra ricaz, abondosa de pobos, portos, mantenzas. Betanzos é a frol do Mandéu. Nos peiraos vellos a luz da Mariña pousa coma o río que, por outras crebadas fondas e aromosas, acolle ó Mendo, como a un irmán cativo e lindo.

Naz o Mendo nos outos da Tieira, non lonxe de Santa Baia de Curtis, ben logo comeza a afondare na ponte Oural e por Figueira de Barranca, pé do monte das Gandras. Outras augas van ó Mandeu polo río Deo, en terra soia de Teixeiro, baixo o santuario do Xabriño. Deseguida entra o Mendo na espera das Mariñas baixando por Requeira, Reboredo, Oza, Porzomillos, e Brabio, deica a Ponte Nova de Betanzos, chamado na cidade río das Cascas. Entramos Mandéu e Mendo cinguen e erguen o ditoso solar de Betanzos.

As rías son os pétalos centrosos do fermoso cuatrifolio mariñán.

A do Eume artéllase co seo de Ares. Un crásico seo de semilúa da praia i-alba entre as pontas esfareladas en pedras de Ares e Mourón. O praial segue baixo Caamouco, alternan pontas e areas no seo do Porto e Limadre onde o rego dos Condes descido de Laraxe anuncia o fondo asucamento do Eume, que chega entre Cabanas e Pontesdeume, baixo costas bravas, arboradas, con pechas toxeiras, formando curta e ricaz ribeira. O esteiro é unha composición de praia e delta, inzadas de piñeiros. Semellan un delta desfeito. As praias ben logo na pequena larganza ensaian duna. Todo fala dun afondimento. A vila fai un froito, unha piña como un pequeno Betanzos. O monte ergueito, pouco traballado co castelo de Andrade soio no ledizoso Breamo aparez enfeitizado polas Mariñas.

Polas parroquias de Boebre, Vilanova, Perbés, un anaco de litoral pouco amolecido, penascoso, baixo ledos campos, leva a Miño, un tómbolo, un illó de roquedo apreixado na espallada praia fendida polo Mandéu. Despoixa vén Ouces e a praia decorada por Sada leda e Fontán máis apegado ós roquedos que, por Carnoedo, ollan o mar aberto.

O esteiro do Mandéu, como as praias de Miño, alentan nos tempos e sazós da mareia do golfo ártabro. O río polas Xunqueiras, unhas veces glaucas e tensas, outras de mainos ouros e i-albos, baixo as costas de Tiobre e Souto, de Vixoi, Viñas, e Pontevelló, vai folgado docemente, en longo esteiro, exemprar dunha forma moi espallada na Galiza. Óllano camiñar as

cidades en froito urbán e o santuario do San Pedro dende súa costa, e tantas vellas e ledas parroquias.

A PENINSUA OU PENILLA DE MEIRÁS

Podíamos chamala de Oleiros, de Dorneda. Dorneda é nome de leda comba mariñán. Sada, Carnoedo, son portos. De vello temos escolmado o nome de Meirás pola parroquia centrosa que mira de lonxe, pra sinalar a forma de peninsua —ou de penilla— saínte entre as rías de Betanzos e do Burgo. Terra baixa, de doce encosta dende unha vouta rebaixada, de boa terra, areosa, sabregosa, moi rica de "humus" como de antigo bosque, mol coísa forza labrega, verde e xerminal, que ás veces tén a terra indetremiñada. Nela as corredoiras afondan como regos, envolveitas en loureiros e fentos. As corredoiras sombrizas, cos seus pequenos bosques "galerías", traballo de erosión da historia, inzan as grandes fincas cruñesas. Os fatos de xa vellos eucaliptos axudan ó sombrizo dos piñeirás. Osedo, xa no empalme cas "mariñas" mais de terra de Iñás e Soñeiro, tén grandes piñeirás, pazos fartos, fermosas barreiras, hortos lediciosos. E tamén as outras parroquias en grande parte decoradas da paisaxe "artística" das hortas. En conxunto, unha terraxe "hortífera". A costa do mar por Carnoedo, a punta do San Amande, Veigue e Dexo, baixa, axotada, traballada en baixas pontas de roquedo —ou en dentes de serra, ou pontas cravo, como nos ornamentos do románico— soio tén en Veigue un seo e os ordeados en regos e labramios de Serantes, Maianca, Dorneda, Oleiros e Liáns que compoñen a severa armuñía do labro da badía por frente a San Antón e á Mariña da Cruña.

Sada e Fontán din na figuranza e paisaxe o tempo calmo da praia, do farto vivir do porto, e a esgrevieza do niño mariñeiro apegado ós penedos. Entramos en pequeno espacio, na luz cinza, con brilantes refrexos da ría e súa barra.

A RÍA DA CRUÑA E O VAL DO MERO

Non son as menos fermosas as mariñas das portas da Cruña. Como as ferroláns chega a elas a ermanza e dureza doutros tramos de costa. Pra nós as Mariñas comezadas no Cabo Prioiriño rematan na mesma punta Herminia pé da torre de Hércules ou Breogán. O bravento Orzán xa está moi lonxe da paisaxe das Mariñas.

O Castromor sobre Abegondo e Sarandós, os outos das Encrobas, os de Orro, Morás, e Culleredo, sobre Alvedro, os cotos da Pastoriza e Elviña siñifican un craro lindeiro e demarcación. Chama dun rumo Bergantiños. As augas procuran o leste. Van ledas, pouco afondan, na terra baixa pró río Mero, o do Burgo. Pé das costas de Abegondo, Montouto, Carral, xa animadas polo ar mariñán, a paisaxe entéirase cara Cambre. Cambre é o

verdadeiro cerne distas Mariñas. O val de Barcia, Tabeaio, Andeiro, o ledicioso val demarcado en grave formación de Castros de Alvedro, Brexo, Bribes, tenden pró esteiro de Cambre. O río de Barcia e Andeiro, descido das Encrobas baixo San Estebo de Paleo, o río feitiño de Sésamo, Culleredo, Alvedro e Sigrás, fermosas e mestas parroquias, van ó Mero.

Iste río e val siñifica a forma e figuranza en "modo menor" dos vales mariñás. Vén da Fraga, dos montes de Mesía, súa fonte ponse non lonxe do logar da Tieira. Engrósase por Filgueira de Traba, ben logo corre por Paderne e Cinís na primeira estaxe ou tempo costeiro mariñán. Almeiras, Brabio, Cecebre, Bribes, Sigrás, enteiran a croa da paisaxe de Cambre, e

Fig. 28. - A torre de Breogán ou Hércules.

do Temple. O mesmo nos temas do Burgo. Soio hai un maino debecer do coto en mariña. Un decorrer e senso de vieiro imposto polo río xa non afondado como o Eume e o Mandéu. A mesma composición de chaira, de val chao —poilo termo de chaira pode levar entre nós á siñificanza de ermo largasío— feito pola suma de moitos espallamentos de pequenos vales enteirados nun circo dibuxado de Rutis a Bergondo, que iso son as Mariñas de Cambre ou dos Freires, denomiñación antiga. Istas Mariñas por Crendes, Orto, Guísamo, deica o mesmo Cortiñán, creban o beizo ergueito do Mandéu. Son, drento do mesmo clima físico e histórico, outras Mariñas. Nas de Betanzos —e Pontesdeume e Neda: Mariñas dos Condes— as formas son canles e meandros afondidos entre encostas traballadas con frente

a tres rías. Nas de Cambre é un conxunto chan labrego, cas ricas venas dos ríos froíndo á tona da terra, forma xa conquerida cun frente ó mar aberto pola península de Meirás enteirada nistas Mariñas ou a ría da Cruña.

O esteiro do Mero co Burgo entra máis cada día no ámpido da Cruña, a cidade galega das grandes e axeitadas síntesis de paisaxe, a mestura xeórxica chega ós primores betanceiros sin as encostas fondas, nin as priguizas longas do río. Nas dunas do Burgo, na praia de Santa Cristiña, o derradeiro esteiro mariñán afina seus temas como unha despedida. E a Cruña escoita no Orzán o latexar da grande costa brava do arco bergantiñán.

OS TEMAS XEOGRÁFICOS DAS CIDADES E VILAS DAS MARIÑAS

Enxergadas no seu frondecere de raís e medra xeográficas as vilas mariñáns escolman os esteiros e as badías abrigosas. Foi dende os comenzos da prehistoria galega idea obrigada a da presenza noutrora dos palafitos nas augas puras e caladas do sinus ou magnus portus artabrorum, nos recantos das rías, nos inxerimentos do mar na terra. Nalgunhas belidas páxinas de Murguía —soupo moi ben o petrucio das nosas Letras esculcar a grave fondura da poesía dos orixens mariñáns— brila unha lembranza e adicación que conxuga as vivendas lacustres cos peiraos betanceiros, os refrexos da piña ou froito urbán de Pontesdeume nas augas, o xentil acompasárese de Neda, de Miño, de Sada, do Burgo, as feituras da costa. Dentro dunha lei xeneral a Galiza, o ser das vilas mariñáns responde á disposición en tres tempos do releve. Todalas vilas procuran o estaxe baixo. Doutro xeito imperaban as torres de Andrade. Chegan ó beizo ergueito das Mariñas as rexas e fortes aldeas da montana e os logares acasarados. Nas encostas desce o tipo montesío nas paisaxes de touzas e froumas. Cecáis na composición histórica teña valencia a case enteira falencia de coltivo das vides, que concede ás encostas das beiramares das Rías Baixas outra requintada beleza.

Tense dito ser a ría do Ferrol a vía centrosa e xuntadoira dunha grande cidade esparexida nas beiras. Xubia, as Nedas, Sillobre, Perlío, Maniños, Franza, Mugardos, cos seus artellamentos itinerarios ou ascendentes nos estaxes do releve, cínguense co Ferrol polos vencellos do traballo, mais non son por compreto espallamentos ou ecos ou afillamentos do Ferrol. Portos pescantís, pobos labregos de pouco e bon terrón son os máis deles.

En Xubia e nas Nedas domiñan as ventaxes do esteiro, maila braveza do val montesío, o recanto mol, non houberan deixado medrar unha rexa vila en loita con Mugardos. De non ser pola política borbónica cecáis Mugardos fora a capital da ría. Seu polo mariñeiro fortécese coa peninsua do Chanteiro. Máis responde ó chamamento do Ferrol que ó de Pontesdeume e Betanzos.

Na escolma do Ferrol cas propiedás sinaladas polos autores —como o ilustre Alonso López— e espalladas nos escritos sobre a historia da Ma-

rina hespañola, poideron infloíre a luz de meiodía, o millor hourizonte, a facilidade dos pequenos esteiros e quebradas. Entre os portos galegos, o do Ferrol disfroita dunha sona universal na xeografía das guerras e política marítima. Tén históricamente unha categoría hemisférica no pasado. Hai un ton atlántico —e pacífico— ferrolán. E un achegamento, se ben de loita, desconfianza e ameaza, ó tema dazaoitesco dos portos do norde. Pensaban no Ferrol os portos ingleses dos antigos pontós e das escadras armadas pra lonxe aínda con intención de wikingos modernos e o Ferrol pensaba na técnica inglesa. Diste xeito a pechada ría de augas limpas, abrigoso seo, astilleiro de grandes barcos, foi esencial faitor na política e nas relaciós atlánticas.

A cidade siñifica cunha política, un urbanismo, e coíl un novo senso estético. Poidera ser chamado do "despotismo ilustrado" tinxido de rococó, un rococó adeministrativo, de brancos e azús, formas craras, cecáis co mesmo sentimento de craridade atlántica que se amostra en Cádiz, e aínda nos grandes portos americáns —Cartagena de Indias, Habana— de guerra e comercio. Mailo Ferrol siñifica unha simbiosis case perfeita, poucas vegadas conquerida, dos pobos e portos da ría da que é o Ferrol mercado e taller que teñen por praza centrosa a mesma ría sempre cruzada de barcos e desenvolve largos barrios por natural espallamento e simpatía asegún o decorrer dos camiños. Co Ferrol xúntanse os esteiros e a terra de verdes encostas, labrega, de Trasancos, Mandiaa e hastra Valdoviño franquexada ó Océano.

7. TERRA DE BERGANTIÑOS

Dende Montemor e Carboeiro, nomes escolleitos na soave indeterminanza das paisaxes, a Terra Bergantiñán decorre en graves e sereas formas, ispiradas como en senso de podente unidade, deica os arcos da costa de Laxe e súa ría exemprar en canto nas súas feituras enteira o expresionismo do país. O Anllóns e súas raíces non chegan a orgaizar un val de compridos ritmos como os tamáricos, ou ulláns, nin tampouco Bergantiños artéllase en pequenas rexiós, refrexos, matizaciós que fan máis ricaz o tema centroso. Entre Bergantiños e as costas das Mariñas hai de procurar a transición no decorrer das augas. Son os mesmos curtos valciños esporentes, os principios de gandras en canto o releve o permite, os cotos de paquetes pizarreños comestos pola erosión, de disimétricas feituras. Máis enérxicas as augas chamadas polo seo da Cruña traballan deseguida valciños, algús ben pronto madurecidos en formas clásicas como o de Alvedro. Augas en curto espacio e tempo torrenciás, case sempre gandreiras responden ó tema bergantiñán. O W. manda. En tempos soaves, as formas envolveitas na tona do piñeiral esmaltado de xeórxicos arquipiélagos compren o mandado. O litoral en dous momentos, dende Barrañán a Sisarga, da Sisarga ó Roncudo, segue respeito do eixe da terra a mesma lei. Ista vaguedade, onde se poden maxinar epílogos ou preludios de novas estaxes, é un dos caraiteres bergantiñáns. Vén ó esprito a idea da case chaúra, do penichao, e de feito Bergantiños enteira na grande arquitectura de chairas da Galiza nórdica. Mailas cúpulas montesías gardan seu imperio inda rebaixadas e conxúntanse polas súas aureolas. Ningunha estrana ó torrón labrego, ningunha dá licencia pró desenrolo dun vivir montesío, e tampouco as ribeiras coallan en alongadas unidás.

Do nacente ó poente, respondendo á sinxeleza e ampritude do ritmo na paisaxe, débense sinalar tres estaxes ou, no tempo das formas xeográficas, momentos, tres variaciós, mainamentes desvaecidas unhas noutras, da terra bergantiñán: as terraxes montesías de Montemor, o Galo e Barbeito, o país centroso, fondamente labrego, chairo, onde o Anllóns orgaíza seu madureiro val seguido dos outos que sinalan a mariña, e de comarcas outravolta de topografía variada ca veciñanza da ría, e desenrolo das formas do pre-esteiro. Pódese criticar como sotil por demáis ista que non presentamos como división e soio como maneira de comprírese o proceso xeográfico. Tamén sería lexítima unha definición de Bergantiños como penichao traballado con grande espallamento de ponlas polas augas do Anllóns que forxaron un golfo marino, de proporciós regulares, tranquío val demarcado polas soaves vertentes das augas, polo arco do litoral norde, cun trocamento de ritmo na soleira do val inferior onde se afunde típicamente a ría.

Preferimos meditar no desenrolo en tres tempos, cecáis lei xeneral nas formas galegas, tres tempos que chamaremos terras de Laracha, de Carballo e da Ponteceso, por tres vilas representativas. Laracha está polos

188 metros, Carballo pouco rube dos 100, ós 30 está o centro do logar da Ponteceso.

Montemor e Monteagudo arredondean súas formas deica pouco máis dos 500 metros chegando perto dos 600 no coto de Cedeira o primeiro, pouco rubindo dos 300 o segundo. Deitan ó leste en costas doces. Os outos de Soutullo ca ermida de Santa Marta, os de Garabela e Larín, entre os que cruza por Paiosaco a estrada de Fisterra dende a Cruña, enteiran cos ditos e principás ista cabeceira bergantiñán na que collen vida tres das catro ponlas, ou millor raíces, do Anllóns.

Na terra de Montemor, case toda enteirada na parroquia do mesmo nome, de lugares pequenos e afastados (Brumiás, Nebrexe, Baldomir) domiña a economía montesía, as costas son esporentes cara Gomar e Sofán. Atópanse os nomes de Ribeiriño, de Rigueiro. Sinalan a sensibilidade da i-alma popular prás variaciós inda leviáns da paisaxe. Os regos corren ó Bardoso que vai ó Rosende pagando seu foro ó Anllóns. Polo estilo de Montemor as terras de Soutullo (con Coiro, Pazovello...), Larín co outo da Chanceira, Monteagudo con Mirón, case forman illas montesías na escada e proporción das formas bergantiñáns. Monteagudo espállase en aspeitos gandreiros cara a mariña. As costas de tanto valor nos penichaos sinálanse fortemente na Rocha de Monteagudo, en Ibia, e Larín sobre o val ben dibuxado que aflúi á praia de Barrañán, xa na orla de Bergantiños, e son en troques soaves no senso do Anllóns cuia vea centrosa, espresión dun ritmo, formada por Meneiroás, parroquia de San Xiao de Coiro, en terra chaira, non lonxe da ermida de Santa Marta, vai por Vilaño, chamando os regos dos outos, pra Bértoa. A poboación móstrase espallada, en moitos e pequenos logares inzados nas costas, e soio o correr da estrada da Cruña se amesta nas formas itinerarias como Paiosaco e Laracha (Miñoteira e outras).

Pondal saudóu a terra de Bergantiños dende o alto de Ferreira, e afellas non poido escoller mais adoitado logar de enxergamento do Bergantiños enteiro. O alto de Ferreira siñifica o trocamento de formas entre a terra de Xallas e a bergantiñán. O releve desce en costas esporentes de grande radio que dibuxan como promontoiros de ermanzas da terra de Xallas no val de Bergantiños dende Couso a Aldemunde. O río Grande leva deica Anxeriz a atraición do Anllóns. Brandoñas siñifica unha soleira entre as chamadas do Anllóns e do Tambre, como a gandra e lagoa da Braña Rubra entra as augas de Bergantiños e as do Xallas.

O ricaz chan do Bergantiñán centroso pódese deslindar por catro nomes soantes de parroquias: San Breixo de Oza ó N., Sant-Iago de Vilaño ó nacente, S. Pedro de Corcoesto ó poente, San Salvador de Erbecedo ó sul. Espállanse en chairas lenturentas sobre todo á dereita do Anllóns, termos de Carballo, Bértoa, Oza, Cances, Vilanova, Sísamo, sin chegar ós 200 metros máis que nalgúns rareados cotos envolveitos no manto das xeórxicas. As terras á ezquerda do río ordean lombos e cotos mainos esculpidos polas

augas —o monte da Chousa branca, o Cotón, o Lume de Suso— deseguida sumidos na chaira de tona granítica con logares de barreiras e priguizoso decorrer das augas pró sonado Anllóns. O río, xa forte na ponte e Porto da Rama en Bértoa, medra ó pé de Carballo, co riacho de Oza a vella, vai por termos de Oca, Sísamo dibuxando un meandro deica Verdes e a ponte diste nome, perto da cal empeza un lixeiro afondimento por terras de Corcoesto acollendo niste tramo o Anllóns o riacho Lourido das costas de Valencia, Aldemunde e Lestón e seus Monte Perrol —438 metros—, Monte Mouro. Dende a Pontedona, millor dende a ponte Xiverido, terra de Corcoesto, o río vai madurecendo nas formas e ritmos que, demoradas en espallados meandros por Anllóns e súas veigas entre cotos, trasmútanse docemente nos aspeitos do esteiro e da ría.

Sempre o maino desenrolo, a fartura da tona de piñeiros e trigás. Á dreita do río os pobos son raros e grandes deixando estesas terras labregas sin lugares, farturentas, cruzadas polos dereitos camiños de Razo e de Buño. Á ezquerda do Anllóns, Traba loce no solar centroso de moitas e rexas parroquias. Oca, Ardaña, Xaviña, Coristanco, moi filloteiras de logares. Traba, de resoante nomeada, cínguese con Xaviña polos logares de San Roque e San Paio, amestando formas vilegas. Os barrios novos de San Salvador de Sofán, Berdillo, Bértoa, ensaian o tema de vila enteirando en Carballo, parroquia de San Xoán, cruce de moitos camiños —o da Cruña e Fisterra eixe de estesas rexiós, o de Sant-Iago, o de Ordes pola Silva, o de Malpica— rexa e crara construición moderna medrada dende os aituás traballos das minas. A vila vella, coñecida por seu balneario, equilibrada por Bértoa e Sísamo, alonga barrios lonxitudinás crecedeiros en todos rumbos, con máis forza nos de Bértoa e nos de Loureiro e Brea pasadas, pra istes derradeiros, as pontes do río.

O Bergantiños mariñán do norde, enteirado no arco do litoral deitado do monte de San Pedro, no Orzán cruñés, ó cabo San Adrián e Sisarga, determíñase polos beizos moldeados en cumes de longo radio dos altos de Corteo e Gomesende, cinxidos ós de Monteagudo, e os montes Deire, Neme e Lentoño, lombos case elipsoidás, os dous primeiros de eixe normal ó mar a cuia orela baixan en costas fortes. O Neme, de 387 metros, entre Leiloio e Razo, siñifica unha forma senlleira nos hourizontes bergantiñáns e loce a nova sona das minas de wolframio. En conxunto, o beizo bergantiñán desce en costas rachadas isocronamente polos vales ou crebadas estreitas dende a punta de Razo ó San Adrián, litoral penedoso e outo, namentras ó leste espállanse os procesos de acugulo descendo a terra docemente deica os areás mortos. O litoral de Bergantiños comeza pra nós na praia de Barrañán, remate dun río caraiterístico de chaira que temos visto descer de Liñán. Os vales de Arteixo semellan millor enteirados na paisaxe cruñesa de Santa María da Pastoriza.

Sorrizo e Caión afíncanse no arco de litoral duro e penedoso, en terra baixa, moi poboada. Soa o nome de Froxán como de mar bravo. Caión,

vella vila mariñeira, ca súa grande praza, asegúrase cecáis nun tómbolo. Pedras e pontas —Punta Saldoira, mar baixa de Leira— seguen ó W. de Caión deica o esteso areal de Baldaio que desenrola en amplitude o tema da praia de Barrañán. Unha longa e viva praia dende a Pedra do Sal a Punta Razo, seguida ó seu correr dunhas formaciós de dunas mortas, defenden o areal e as xunqueiras en que rematan algúns riachos mainos de Rebordelo, Vilela, Cambre. Bergantiños, case sin costas, franquéxase eiquí ó mar.

Entre Razo e Malpica o litoral escúlpese outo, apendellado, penedoso, labrado en furnas e inicios de furnas, esgazado en pedras (Punta Cociñadoiro, Punta Falcoeira) soio deitado na praia de Riás ó leste da punta do Chan do Razo. As parroquias máis soadas son Cambre e Razo, ista cun nó de poboación do nome siñificativo de Razo do Mar. Son terras cinguidas a Buño, Leiloio e ó occidente bergantiñán. As formas chairas espallan súas gandras, terras de laboura, piñeirás de Buño, Cerqueda, Limiñoá, e por Mens e Marizo dunha banda e por outra seguindo o decorrer do Anllóns, chegan ó mar e ó esteiro. Mailo oeste bergantiñán anímase con outro movemento de releves. A chaira segue, ás veces con baril larganza como por Cospindo, Nemeño, e sobretodo Cores e Mens, mailas costas e os cotos castrexos responden a outro ritmo que parés gobernado pola figura do monte Meda, de raíces no chan de Soneira, máis ou menos presente nas paisaxes. Os montes do San Amaro alongan en lombos máis homildes o erguemento do monte Neme, acaroados cas parroquias de Leiloio, Xornes e Pazos, onde os cotos gandreiros teñen rodopío de sementeiras e unha barreira sonada mantén a industria cerámica de Buño, comovedora polo seu primitivismo: Buño, empalme de camiños, mestura de pobos pouco esparexidos.

Perto da ribeira estesa entre Malpica e Laxe érguense montes alombados, arrondeados, de longo radio asociados cos aspeitos dun litoral esgreviamente tallado máis do que dibuxado, onde o esteiro do Anllóns e ría de Corme siñifican, co remate do devalar da terraxe bergantiñán, un amolecemento e unha unidade. Malpica e Laxe sinalan, drento de formas semellantes, tipos difrentes e armoñosos. Con Malpica, como torrón labrego con mariña, combíñanse Mens e Barizo, chairas, de chan ricaz, superficie de moi descompostos granitos. A paisaxe das torres e a eirexa de Mens, composición expresiva, rematada, cínguese por lei de formas e historia co de Malpica, as Sisargas, e Seaia. A figura da "Atalaia" de Malpica compre unha tendencia xeneral ás mariñas bravas da Galiza. Vila inzada no istmo da Atalaia, tómbolo ou non, obedente á lei da praia e a praza, co alongamento dun barrio itinerario, vila tipo Cruña, semella pola súa forza pescantina desglosada da terra, mais tamén pensa no eido e asóciase a vista dos labros esporentes e traballados a brava foula e marea cos campos de trigo e as gandras. Non lonxe a Sisarga semella ancorar perto da terra, ou apenas afastárese dela, tempano outo e penedo chairo, esgazado do litoral. Ó N. W. do renque de chairentos vales, entre Malpica e

a Ponteceso, soio animado na súa solene farturanza de liñas polo castro de Nemeño e o monte da Mesquita, o chan abombéase nos montes de Niñóns (Pedra Longa), Brantoas (outos da ermida do Faro), no Faro de Corme e costas de Froxán, altos do Vixía e relevos sobor da Ponteceso e a ría. O litoral dibuxa o monte Veo e cabo San Adriao, entre Seaia e praia de Beo e dúas arelanzas peninsuares, de rude contorno, afastadas polo "mar de Niñóns" e a abra da Barda, rematadas cada unha no seu cabo: a punta da Nariga e a sonada do Roncudo. Son nomes espresivos os de Arca da Prata, Area Pequena, Camiñoa das Mullerengas, que vai de Mens na Estrada logar da mesma deserta costa de Niñóns. Litoral sin portos nin apenas vida mariñeira trócase no aitivo da ría onde, emporiso, a braveza das formas xurde domiñante.

O esteiro e a ría decorren en tempos mainos unha na outra con priguiza de amolecemento das formas areosas en contraste ca dureza das costas dos montes. O río, dende Saimía e Caldas, descrebe, polas terras de Anllóns que lle dan soado nome, un fermoso meandro en val de recheo, antiga ría cecáis ateigada, de dibuxo semellante ós clásicos do XVIII, mostrando hastra unha posibilidade de esteiro á outura dos lugares centrosos de Anllóns. Dende a ponte que dá nome a Ponteceso deica a Barra as formas mortas de acugulamento predomiñan na beira dereita onde as areas recroben as abas do Monte Branco (178 m.), máis ou menos amestadas según ciclos que responden ós termos do esteiro. San Tirso de Cospindo, cinguido seu cerne a Ponteceso, e con formaciós de camiño, alongada con San Leuter de Tella, San Fiz de Anllóns, Santo Estebo de Cesullas e San Martiño de Canduas, ésta perto da Barra, e pé dos outos soados polas lembranzas celtas de Borneiros e Nemenzo, son os nomes senlleiros. Pois Esto, Riobóo, Silvarredonda, máis ó interior nas costas graves xa, sendo bergantiñáns, sinalan a orla e comezo de Soneira. Polo vello camiño que vai á terra de Xallas dende Anllóns, por Esto, Silvarredonda, San Martiño de Riobóo, atópase a costa da Baneira, pé do Seixo Branco, onde o bardo Pondal pón o adeus á súa terra, do bergantiñán.

Corme e Laxe na unidade dos destiños mariñáns cómprenos con ben desemellante ritmo e fito. Pé da aldea antiga do San Adriao moi relacioada cos chans labregos de Brantuas e Graña, o porto de Corme xunta o nó pescantín, de vella e crecedeira enerxía, con barrios desenvoltos ó longo dos camiños. Osmo, a illa da Estrela, Gondomil, son nomes siñificativos como, máis ó interior, a Regadiña. As costas dos montes de Borneiro (370 metros), do Castelo (320 metros), e Lourido, dibuxados por afondados regueiros, descen as beiras de Canduas, fora da Barra, labradas en dentes de serra, esvaecéndose na estesa praia de Laxe, animada pola nova e forte industria do kaolín. A vila ó abrigo do capio da península de Insoa ou Cabo de Laxe, desenrola o dibuxo preciso e clásico das vellas e fidalgas casas, das moradas homildes, todas axuntadas no senso e esprito vilego, en soave curva, con rúas apreixadas contra a costa que a

garda dos bravos ventos do aberto océano, diante a solene beleza da badía de griseiros tons onde sempre parece refrexar unha luz de outono. Rubindo, dende os outos, enxérgase a fonda unidade do val, o esteiro, e a badía. Se no cerne das paisaxes mariñáns, alí no chan máxico e centroso onde o proceso das formas cría as primeiras do esteiro, e acarón da derradeira ponte do río, se asenta a casa nativa de Pondal, non lonxe da acrópolis céltiga de Boeneiro, cas súas valentes carballas descendo ó rego afondado, e da terra de Vilaseco "logar batido do aire", centra a paisaxe o dolmen esgrevio de Dombate. "Il y a des lieux où souffle l'esprit", diría Mauricio Barrés, pensando noutras terras do Occidente.

Bergantiños disfroita, entre as rexiós galegas, de boas interpreitaciós literarias e xeográficas. A paisaxe bergantiñán decorre dende as terras centrosas ó litoral. Arquipiélago de estesas terras xeórxicas na mesta formación de piñeiral trócanse os ouros e verdes en grises e brancos de mar e dunas. Unha composición caraiterística de grandeiras ermanzas, mestos e soantes piñeirás e aquilas larganzas de trigás do Bergantiños centroso pódese repetir perto do litoral mais xa os abombeados cotos amóstranse vellos alicerces e roínas telúricas. Á luz verdecente de froumas, o chan de contaito, coor e ulidos froumentos avecíñase cas terras fondas, aluviás, da Ponteceso, e os albos e refrexos das grandes praias de Laxe ou os brancos enxoitos, memorias do vento e do mar, que recroben o monte das areas chamado Blanco sobor do maino findar do río.

XALLAS, SONEIRA, FISTERRA

A terra de Xallas atesta ca tamárica de Barcala e por Grixoa de Esternende e o monte da Bubela —ou da Abubela— déixase trocar en chan de Bergantiños. A ordeación de hourizontes imposta polo monte Meda sobre Soneira e Zas non pode ser estrana a ista comarca xallense, outo e espallado val, dun fermoso e rexo río bo fillo do monte Uzán e da gándara que non como o Ulla deita en labourados meandros nin chega á pousa maina dun esteiro. Iste río vai dreito como unha espada pola ponte Arantón, afonda por Brandoñas e Olveiroa e bótase asulago en frieira soante baixo o Pindo nun dos abertos seos das mariñas fistérricas ou píndicas. Voltaremos sobre il ó tratarmos dos daquila costa de signo de seu entre os das outas e das baixas Rías.

A terra de Xallas adoita cecáis a figuranza dunha folla de fouce deitada no mundo de azús e gandras cumeado no vixiante monte Meda. É chairenta e gravemente abombeada. Os cotos de Carboeiro e Fontemedal dispártena de Dubra, e de Barcala os de Ermida e Fontecada, soleiras das augas en procura do Tambre e do Xallas, río cuia fonte primeira xurde moi afastada no mesmo coto bergantiñán da Abubela non lonxe do outo de clásicos hourizontes de Ferreira, baixa por Xallas de Castrís, á ponte Maron, á ponte Arantón, a Santa Comba pra enteirárese por baixo de Ma-

llón cas correntes de dous ríos ben desemellantes: o pequeno río García que chega pola dreita, de Cícere, e o ben arquexado de curso, o Abuín, de nome dino de soar nos "Queixumes" pondaliáns. Baixa de Vilamor, Freixeiro e Ser e perto de Alón pola feira sonada da Pereiriña. Figuran as augas do Xallas levaren presa. Non se paran en labouras de ribeira. A terra uceira e toxal, inzada de piñeirás, tén por cerne Santa Comba, acaroada con Arantón. Santa Comba, campo de feira de pendellos e rudes casas, trocóuse en vila trouleante das impaciencias de luxo dos wolframistas.

Deixamos a ponta dista terra ben afiada entre Maroñas e Bugallido pra lembrar a do nome fermoso e misterioso de Soneira. Ela pode servire, como Xallas, pra ordeare un pouco os hourizontes e composiciós dista Galiza feiticeira.

Unha mesta silva de piñeiros encobre a demarcación entre Bergantiños e Soneira, nas encostas afrora a pedra de gra e soio xurden nús os cotos que cumean no Meda, cerne e reitor das paisaxes dista Galiza. Unha "meda" de fino remate, ben torneada. Nela se cría o río do Porto. A impresión de montana parés amolecida polo mesmo piñeiral. Soneira é unha ría, un folgo de piñeirás, calcados e rexos, alongados entre os montes de Ferreira e a Piolla e o Meda. Por iso góstase millor do engado do val do río do Porto, veiga lenturenta de millo e herbás, cas casas de Baio, cinguidas de pomareiras dispostas en escada pra seren ben asoelladas, perto das pontes —a nova e a vella, como case sempre na Nosa Terra o diálogo de entramas pontes—. O río, dinantes de Baio, cruza por Gándara, Carreiras, Lamas e recolle dous fartos riachos descidos, un dos outos de Meanos por Zas, outro dos de Pedrido por Treos e Tines. No meio de entramas veas de auga érguese un pouco amacizado o monte Brondo. Non son propia e enxebre Soneira istes eidos e tampouco os das parroquias de Meanos e Follentes no mesmo doce devalar dos lombos. Forman unha terraxe máis entre as soio variadas nas soleiras de cotos, entre as augas no perfil das encostas, no taito de tona vexetal e de gandreira larganza no ámpido froumento e chairento, soio rexamente esculturado nos frentes ó mar e seus seos, da Galiza fistérrica.

Dinantes de seguire o cristaíño río do Porto temos de lembrar unha das formas de pequena rexión, sin dúbida a millor traballada, no seu óvalo xeneroso a máis orixinal drento das condiciós dista Galiza de vellos chans, de alicerces de formas nestora achaídas. O val de Vimianzo, eido ben labourado de nabeiras, verde de lameiros, tén por eixe o río descido das Pradeiras, foreiro do Porto en Calo; decórano tres liberdadas cumes, espidas, de penedía pouco encetada pola erosión: o monte do San Bartoloméu ca súa ermidiña i-alba como un seixo no curuto, e polo poente, prós camiños e bruares do mar non lonxao, entramos dioscúridos penedosos, o Faro e o Sangro, que xurden ceibes do mesto e rouco mundo do piñeiral. No senso do N. W. afíanse no ceo as feituras atormentadas dos penedos da

Pasarela que xunguidos cos de Traba, da mesma podente familia de pedra gra, presiden os hourizontes mariños dende Corme a Lourido.

O pobo antigo de Vimianzo disponse en fermosos rueiros labregos, de rexas e boas casas, no camiño vello que vai de Brandomil a Xallas e hoxe aparés tronzado pola estrada que fixo coallare ó seu ser a vila itineraria cas casas vellas estilo mesón de pousas arrieiras e fidalgas, e as novas de galerías. A praza ben leda e señora ca eirexa, é veciña do fermoso castelo, a fermosa torre envolveita polo pazo como siñificando dous estaxes de poder e goberno sobre a terra. Calo pola banda do río do Porto, Cambeda e Castrelo cara Berdoias son outros pobos de Vimianzo. O val garda cerca correspondencia de forma ca parexa de seos da ría de Camariñas.

Temos de seguire as finas vetas de auga que van por Cereixo á ría de Camariñas, por Vilestose a Lires, e as terras en desceso ás vegadas fermoso e ricaz á ribeira do Fisterra e do Pindo. Mais imponse o estudo do arco barudo, do arquexado peito, esmaltado de graves cabos que dende a Ínsoa de Laxe ó Fisterra, e de Fisterra ó monte Louro, boca da ría de Muros, dá ó Atrántico unha forma dina de recoller seus ímpedos, e darlle longos ecoares a súas foulas.

O ARCO DE COSTA DE LAXE E FISTERRA

A riveira das "areas bravas" despártese en segmentos pola enerxía e as feituras rematadas dos cabos. Despoixa da Ínsoa de Laxe o monte que agarima e garda dos ventos do W., a vila brandéase á costa hastra o cabo Tosto nos areás de Soesto, de Camelle, de Santa Mariña, aspeitos do mesmo proceso de duras valgadas abertas na conteste penedía por curtos riachos fincados en praias ou coidos que estran os seos duros. As augas dos riachos apenas ensaian esteiros. Todo ó decorrer da costa locen non lonxe das praias douradas ou griseiras, asegún a luz, as cromáticas dos "coidos". Mírase como nascen e como se desenrola o proceso das praias. Os coidos son remansos de pedras inda non ben moídas polo mar. Cinguidos á enteira penedía, rompida en fendas, ergueita en pedras cabaleiras, espallada en laxes, apontada en cabo, cas mancholas de piñeirás e as pequenas xeórxicas das valgadas, forma un conxunto sinxelo e impresoante niste tramo rexido polos penedos de Traba gracias a súas senlleiras arquitecturas.

So Esto tén curtos e ledos labramios en baixada á area brava do seu mar. Espállase deica o pé do Mórdomo a praia onde chegan regos de Nande. Despoixa Sabadelle e Camelle. O porto de Camelle é un coido penascoso, con pouco abrigo prás lanchas, franquexado ó pé dun dos máis estupendos erguementos de penedos da Galiza, os de Traba e da Pasarela. Míranse dende Vimianzo, dende o Ougal, o Faro de Corme e a ermida da Virxe da Barca. Seus dentes e poutas afíanse riba dos ondeares mainos de formas das outras terras.

Son tribus de grandes ovoides de pé, locentes, máis enteiros os de Pasarela, máis afiados os de Traba. Mírase a loita da erosión e a chamada

imperiosa do mar nistes penedos cecáis de granitos novos. Os baixos de Camelle ordean as máis podentes e bruantes horas do Atlántico galego. Entre eles distínguese o "Palleiro" por súa feitura, ben sabidos dos mariñeiros.

Veñen dispoixa as formas da penedía do Tosto, a Vela e a Balea. O Areal e o cabo, e a comba de areas bravas deica o Vilán. É un oután peito ou muro de roca de escultura pouco difrenciada ista masa enteira de monte cinguido e batido do mar, ergueito nas Brañas Verdes e no monte Vea. O Vilán, chamado por Pondal Ougal —de fixo o bardo escoitóu ós vellos o nome—, sinala a entrada do seo de Camariñas, findoiro do val do río do

Fig. 29. · Cabo Vilán.

Porto e, pola parte de Moraime e Ozón, doutras boas terras. Dende o Vilán espréitase o monte Meda de donde vén o río do Porto ou da Ponte do Porto.

Témolo enxergado na terra de Soneira. Por Baio e Calo vai tranquío e cheo entre lameiros frolidos. Logo afonda e loita cas feituras impostas polos penedos de Traba, fai meandros afondidos e deseguida na vila do Porto disfroita do bico da ría. O esteiro xa se adivirte dende Carantoña. A vila do Porto, a vella, domina o val, con súas boas casas antergas postas no camiño que colle pra Laxe e a Ponte Ceso. Tén aba broslada de hortas

regadas polo riacho do Crego que se fincha ditosamente ca marea outa. O esteiro desenrólase entre Xabiña e Cereixo, apañando crebadas ricas de labramios afondados no mesto piñeiral.

A badía de Camariñas, bordeada pola vila dos encaixes, por Leis, Santa María da O, Ozón, Chorente, Moraime e Muxía, mostra o releve forte dos roquedos da capela da Virxen do Cadro, o seu doce esteiro mainamente feito ría, con azús e encostas que soio en pequeno espacio anuncian as Rías Baixas, o seo de Chorente, onde deitan as terras de mestos milleirales de Ozón, e as de Moraime, e a peninsua de Muxía ou da Virxe da Barca. Cecáis un tómbolo areoso cinguindo o coto rude do Corpiño sobre o



Fig. 30. - Iglesia de Sta. María de Fisterra.

mar e a pedra abaladoira, a terra de Moraime. Soio pedra, escuma, vento e area compoñen no ambente de Muxía, vila mariñeira, porto na paisaxe cecáis millor, pola grave fermosura, da costa fistérrica. Muxía tén súa praia e seu coido. Ista area brava gardada ó W. polo erguemento do cabo asucado de furnas que pecha co Ougal a entrada da ría. É a sonada ponta da Buitra, xa veciña do longo e destemido Touriñán.

Temos falado das boas terras de Ozón. Pouco máis abaixo delas vén o val do río do Castro, que tén seu seo e esteiro en Lires, entre o Touriñán e o Fisterra. O río do Castro dibuxa un val contraposto ó feituco de Vimianzo, un val chairento entre costas ergueitas nos montes de Cabral. Soan os nomes de parroquias chamadas polos camiños e relaciós a Corcubión,

nomes fermosos como Vilaestose, e sobre todo Dumbría, cuio nome doce e forte como de piñeiros estaría ben a toda ista terra de castros e cotos e encostas pró labro da costa, e as parroquias —Berdeogas, Berdoias, Salgueiros— que teñen por feira centrosa a da Pereiriña, ben posta por riba da ría de Corcubión, e tamén a do San Antolín de Baíñas. O río do Castro fai un esteiro pequeno e fermoso, de pura e sinxela composición de río, e areas, entre costas, no seo moi aberto de Nemiña. Dende a Buitra a Nemiña o litoral é un conxunto de lombos e chairas outas sobre o mar, que apenas enceta a penedía, coberto de toxeiras e uzás onde calquer proba de traballo labrego —un lameiro, un anaco de rozado— adequire senlleira siñificanza. Despoixa dos labramios da crebada de Figueroa, o chan vai rubindo ó monte gandreiro, esmaltado de illós de auga de chuvia, do Facho de Touriñán, de onde sai baixo e rude, alongado, de forte soá de pedra, griseiro, coor de ferro e pedra, rexo, o cabo curtado a machado no remate, anceiosa ponla baruda, derradeira vibración xeomórfica da Galiza no océano.

No lonxe, afastándose do mar, están Morquintián e Bardullas. Nemiña cas súas casas griseiras, seus "casás", hortas de muros baixos, está ben no aberto seo onde arrinca o Fisterra. Touriñán e Fisterra semellan dous contrarios renovos ou gromos dunha mesma e podente torgueira de pedra, rexamente batida. Os areás de Duio (as dúas parroquias do San Vicente unha, outra do San Martiño) encobren o capio de penedo ou as roínas da vila de "Dugium". Poilo cabo mesmo da súa feitura arredondada, como a ensoada e perseguida por todolos cons dende o San Adrián e Laxe, semella illa cinguida polas formaciós vellas ós montes. Despoixa de Lires e o esteiro latexante ca marea do río do Castro érguense apaixoadas e crebadas no seu pulo o Rostro e a Nau, ou Nave, a Nau de Fisterra, arelanza crebada tanto como o Fisterra siñifica un comprido e outro anceio conquerido. As areas bravas expresan os tempos outos, niste sinfónico decorrere das formas. De todas istas areas, a máis estrana pola coor da fariña de pedra peneirada en area, pola vexetación halófila de coroas de mar e vento que a decora, é a que dinamente leva o nome de Area do Mar de Fora, entre a punta Gaboiteira despoixa da Nau e o Centolo, compañeiro de forma, cecáis o Mefisto do cabo Fausto.

O SEO DE FISTERRA E O PINDO. CEE-CORCUBIÓN E AS TERRAS AFLOENTES

O grande xeólogo Schulz estranábase de que o río do Castro non collera prá ría de Cee e Corcubión. No pensamento de Schulz, e foi dos xeólogos cuios pensamentos non envellecen, reinaba o senso da armuñía das formas. Podia ser que a fermosura do grande entrante da costa, xa ventando o clima e ser das Rías Baixas, deitado entre o Fisterra e o Miñarzo ou o mesmo monte Louro entrada da ría de Muros, sexa debida á súa non re-

matada forma. Hai unha figura de golfo. Sinálana cos cabos as feituras ergueitas, centrosas, do monte Pindo, unha das cumes máis fermosas e siñificativas do noso chan. Tén o conxunto unha semellanza non pequena e inconquerida cas Mariñas ártabras. Dibúxase a ría do Sardiñeiro, entéirase a forma de ría na de Corcubión, ensaiase pé do Pindo co findar do Xallas, no areás de Carnota manda o tema do mar aberto. Ningunha nota se impón no conxunto que non tén nome fixo. Pra nós soio un lle pode de dereito corresponder: o de golfo do Pindo.

No capio do cabo, a grande praia da vila de Fisterra, con Sangres e outros grupos mariñeiros, quer dicir o amparo do "mar de dentro" como



Fig. 31. - Cée.

o seo de Sardiñeiro. Ás praias de ouros vexetás de millos ou centeos —Cardiñeiro, Lagosteira— chegan os labramios e herbás de Duio. Sempre o Fisterra e o Pindo impóñense, trocándose de figura, refrexando, sobre todo o Pindo, a coor da hora e do tempo.

A beiramar de Corcubión e Cee ensaia en encosta de proieición semicircolar os temas das Rías Baixas, en mainos degráus ou sintéticos recantos. Piñeiral demarcadoiro, sucalco labrego, veigas, camiños, esteiros, praias. Todo elo en escada inicial en compaña da pequena e perfeita ría, gardada por dous castelos decorativos, de augas calmas, frol do seo Píndico, cas brilantes vilas, o caso "dual" máis perfeito na Galiza e na gramática das vilas, Corcubión e máis Cee ista a correr dun esteiro de encostas dito-

sas e labouradas, esteiro de augas novas baixadas de Toba e dos outos da Pereiriña. As rúas antigas, coalgunhas fermosas casas, de Cee obedecen á lei do brilante peirao. En Corcubión, ca eirexa, como en Bouzas, como en Laxe, metida nas ondas, pódese falar de vila outa e baixa, e ó seu redor os labramios encostados tecen fermosas croas.

Brens e Ameixenda sinalan o anaco de costa onde devalan os montes de Buxantes, non outos, con estreitas asucadelas no monte Ézaro cinguido por seus fondos ó podente Pindo. Entre os dous bótase a sulago o río Xallas. A técnica da enerxía hidroeléctrica tén micado non pouco á beleza dista limpa e soante frieira. O río enteiro bótase por unha limpa táboa de laxe.

Témolo mirado fuxir baixo a ponte Arantón, despoixa deixal-a terra que lle da nome, e por Brandomil e Brandoñas descer a Olveira e Olveiroá. O Xallas tén parecido co Tambre nos seus tempos derradeiros. O Tambre disfroita e loce meirande espallamento. Por Olveiroá chama e xúntase ca terra de Mazaricos. Eiquí escultúranse os montes con meirande forza como sentindo a lei de cotos illados das Rías. O monte Aro, que tén nas abas a Maroñas, correspóndese no hourizonte de Mazaricos co da Virxe do Monte por riba de Coiro e Beba, e co monte Ruña que case encobre o bulto do Pindo. Inzado de aldeas, con mil feituras modernas, Mazaricos por Chacín, seguindo o correr doutras augas, vai ás grandes romerías de Entines, a Outes e Noia. A chamada da leda riveira de Noia, Esteiro, Abelleira, Muros, escóitase moi adrento por terra de Mazaricos.

O Xallas, dende a antiga barca dos Cregos entre Arcos, boa parroquia de monte, e o valciño do riacho Adrán que por Xinzo e a ponte Noveira vai ó Xallas, déixase levar pola frieira. O areal do Ézaro, cas súas pedras e os escolos do seo, como os Corromeiros, son feituras que exaltan a grandeza de penedías, dispostas como en mantos de granito, do Pindo, grande testa xupiterina, remate dunha terra oután, forma que ordea as do grande seo. Ó seu pé diante as illas Lobeiras, pedras escumentas, aniña ou frolece, como a camariña nas fendas, o portiño pescantín. O Pindo proiecta ó mar un tramo áspero en dentes de serra, ó que sigue a folganza sometida ós tempos e latexos do mar das grandes praias de Carnota (Sta. Colomba ou Comba e S. Mamede) areas vastas onde morren sete pequenos riachos, en curva deica Lira —do Pindo a Lira podía ser o tídoo dun bon libro— ademirabres areás onde con estrondor baixo e ledo a marea rube atal depresa como na paisaxe bretona do Mte. Saint Michel e deixa ó se retirare sensitivos grises á luz e ó vento.

8. O TAMBRE E SEUS TEMPOS

Na comparanza ca Ulla, cas Mariñas, co mesmo Bergantiños, a terra do Tambre xurde na memoria, e tamén na dos labregos, como montesía, inverniza, verde dun ton acedo e bravo de monte. Temos escrito "montesía" e non ha facer falla o decir coelo "vivencia" e non en xeneral forma, pois nos hourizontes do Tambre imponse a gravidade das estesas e ondeadas chairas. Os afeitos a esculcar a coor das horas de Compostela coidan aduviñare unha presencia de verdes mollados, de lameiras e augas encoradas no vento do norde, un aire, en Compostela, "tamárico".

Río, tamén, de rexa unidade no seu decorrer. Apesares das difrencias entre o esteiro dibuxado con maestade de podentes e tranquías formas e o espallado berce de Sobrado, non se atopan no Tambre os "tempos" atal diferenciados do Neira, do Arnoia, do mesmo Ulla.

Seu nacimento ponse no lago de Sobrado, polos 540 metros. Unha soleira de outuras —lombos do monte dos Castros sobre Roade, de Lagos e Codesoso, outos de Vilar e Campoverde no monte de Riba das Chousas— afástano do Mandéu. Chegan os lombos ditos ós 677 metros. As paisaxes do nacer do Tambre collen sona literaria gracias a Vicetto, e máis aínda a presencia do mosteiro de Sobrado, cuias roínas sinalan unha caraiterística xeográfica. Hai algunha semellanza co nacer do Miño. Tampouco lle fallóu ó grande río galego a sombra e amparanza do Císter.

Mailos regos criados no outo das Pías, xenerosa e acupulada terra de fontes, e no comén do erguemento do Bocelo, manteñen ou axudan a manter a lagoa de Sobrado en grande parte obra do artificio dos monxes. Podería metaforizar un panexirista do bon tempo barroco sobre dos orixens do Tambre maxinando a urna do lago nai do río nas mans dos albos penitentes fondadores. Os regos decorrentes á lagoa chámanse Fontevirtude e Rudelo. Xa os espreitar afaise a forma chairenta e ondeada das paisaxes tamáricas onde o río cría costas afondando en craros penichaos e as augas téndense nas invernías en illós e lamestras frías. Temol-o sentimento dun estilo e ton de verdecere, de tapís vexetal propio do Tambre. Dil se desvían, fuxindo e criados nil, o Mandéu, outros ríos. Non é de cheo o ton da terra villalbesa nin das Limias da Galiza do sul. Polos outos do monte dos Castros enriba de Roade, os de Vilar e Campoverde, de arredor 580 m. os da Corda da Ara, sinálase non moito o afastamento do suco do Mandéu. Garda o país orixinario do río a lembranza do Císter. Inda se chaman as Cruces de Sobrado os cotos espallados onde se fai a feira perto de Cumbraos.

O río comeza un pequeno afundir criando ribeiras pola ponte Présaras. Á dereita espállase a terra de soadas lembranzas de Mesonzo. Teñen na historia nome e són as pontes do Tambre. Nas crónicas e na historia vivente e non escrita dos antigos camiños pasaxeiros. As pontes deben ser nosa guía no estudo diste —e outros— ríos. Deica pasadas a ponte Lobre ou a ponte Albar perto do Castro Nemenzo e dos cotos cinguidos ó Pedroso

compostelán non comeza pró Tambre a grande istromentación en vales de seu das terras afroentes. Elo fai doada a espreita en dous tipos das formas e paisaxes.

No primeiro tempo as pontes Présaras, Castro, Carreira e Sigüeira mensuran o decorrer. Á dereita as terras chairas érguense nos montes da Tieira e Mesía. Chega a eles o chamamento do esteiro e ría de Betanzos. Pola outra banda o Bocelo amaciza lombos ben rexos amparando a comarca da Capela e outo Melide. Pro despoixa esváese o marco cas terras obedentes ó Ulla. Son os outos de Boavista e os pequenos cotos e lombos do Pino e da Enfesta. Collen grande valencia pequenos cotos e castros. Amedra a importancia das costas. Usamos a palabra no senso xeográfico das "côtes" francesas, pra sinalar as formas rebaixadas, a veces moi esporentes, en aureolas, e seguindo os asucamentos leviás dos ríos.

No ponte Présaras chega o riacho Batía do Monte Bocelo. As parroquias de Ciudadela (480 m.), Curtis (Sta. Baia, e máis S. Vicente), Armental, xuntan seus regos no río chamado Cabalar ou da Laxe, que vén de Sta. Baia de Curtis e faise un, perto de Mesonzo, co río de Fistéus tamén nomeado, como tantos da nosa Terra, río "dos Muiños". Vilasantar amesta pobos —Raposeiras, Cruceiro, Ru, Guxín— de seu nista terra de montana chaira, ben poboada. Propio de Vilasantar, o rego Foiente vai ó Cabalar. Na ponte Castro chegan ó Tambre o riacho das Gándaras e outros, de Cumbraos e Vitriz.

Mais alá, augas abaixo, orgaízase nas largasías chairas de Mesía, Frades, Ordes e Numide, o decorrer das augas en tres veas cristaíñas, de beiras ás veces mal definidas, ríos de lameiros e de ermos xunqueiros, pousós, refrexando a vexetación das gandras onde a i-auga encora. Son o Maruzo, que cruzando por Papucín, Frades, Moar, remata nos Anxeles cerca da ponte Cerneira, o Samo que ven de Mesía e o máis longo e artellado Lengüelle da terra de Ordes.

A terra de Mesía —cos seus nós San Cristobo e a Pobra ou Pobla de Mesía— xunta en releves froxos o val lixeiramente esculturado por Cabruí e Bascoi, afastado por pequenas costas dos primeiros decorreres do Mero que baixa á ría do Burgo co iniciado por terra de Bruma, perto do Mesón do Vento, con regos do Castromor, a monteira ou pucho ben posto dos outos cinguidoiros das Mariñas. Da xuntanza de entramos faise o Samo. Baixa dende Barbeiros por paraxes non moi inzados de pobos, pé de Marzoa e por Senra.

Farturenta de centeos e trigás como Mesía, fermosas toxeiras e tamén moitos antigos soutos e carballeiras en roda como a de Mesía, a comarca de Ordes loce, como as de Curtis, grande espallamento de chairas, mais tamén as augal-a dibuxan en costas máis fortemente prás Mariñas. Ardemil, Leira, Mercurín, Pereira, Montaos, soan entre as boas parroquias de Ordes. Ca vila, curro e praza de moitos vieiros, fan vida Poulo, Merelle, Parada, Gundibe... deles soio parroquia o primeiro. O castro de Seisdón

cai moi perto de Ordes sobre o Lengüelle. Iste é un tipo crásico de río gandreiro. Tén dúas longas raíces primeiras. Unha do Mesón do Vento, baixa por Ardemil e Leira ó nacente de Ordes. A outra nasce polas abas do Montemor, Queixas, moi perto doutro rego, o Barcés, mariñán que vai ó Mero. Desce por Pontraga e Gorgullós acollendo augas de Tordoia, por onde loce aquil nome trovadoresco de Ambroa, e por Numide en Leobalde xúntase ca outra rama. As dúas son chamadas Lengüelle. Parés que a primeira leva con millor dereito o tídoo. Dende Leobalde o río, por chan xa máis dibuxado en cotos e crebadas —monte da Pena Maroca e outros—, por Trasmonte e Castelo procura ó Tambre pouco abaixo de Oroso e da ponte Sigüeiro.

Pola banda da dereita, senso da Ulla, son as terras de Pousada e Nogueira ó amparo do Bocelo, as de Boimil e Boimorto, as de San Estebo, do Campo, Medín, Pino, Enfesta... O chamamento ullán trunfa por Boimorto en cuios cotos críanse as primeiras augas do Iso, o río da Arzúa. Carelle, Folgoso, Andabao, avecíñanse a Mesonzo. O río fai unha volta fermosa entre Arceo e Boado, arredor de encostas carballeirentas. Moven un pouco a topografía as Motas de Campo, e Calvos de Sobrecamiño. Por Medín faise un riacho de algún balume. Meirande o de Dodro, Oines e Gonzar, que vai ó Tambre perto da ponte Punín. Fórmase na Pena da Seixa no hourizonte da Arzúa, chámase tamén Mera. O vello camiño de Sant-Iago vai por lombelos ispidos, non se achega ó Tambre. San Vicente do Pino e Enfesta presiden terras ondeadas cuias derradeiras formas por Labacolla figuran un Viso no hourizonte compostelán. Na Labacolla críase un río dalgunha sona e valencia, o que pola ponte Sionlla, do camiño e estada de Sant-Iago á Cruña, vai ó Tambre na fidalga paisaxe do castro Nemenzo e o outo do Son.

A comarca de Oroso, Gándara, Vilaromáris, Berreo, pola beira dereita, con Barcielo e Marantes pola outra, tén unha certa fisiognómica de camiño e xuntanza pola ponte Sigüeiro unha das sonadas e das sempre viventes da Galiza. O Tambre tén criada unha feitura de val que augas abaixo vaise perfeicionando. Decorre primeiro entre as terras de Chaián, Xavestre, Buxán e Portomouro á dereita con outuras por Xavestre e Buxán de 400 metros. O río pola ponte Albar vai afondindo. Baixan regos de Xavestre e Trazo e da vella parroquia de Vialaouchada. Nos releves de Monzao e Restande baixa o río Chorúa polas Torres de Lestrobe entre Trazo e Buxán. Fai por Fecha un meandro afondado. Na beira ezquerda érguese sobre o río o monte chamado Pena ou Piña de Nováis e desenvólvese a boa terra caraiterizada polo priorato de Cernadas. Soan os nomes de Gallofe e Dians. E vén Portomouro co río afundido entre outas ribeiras, soada ponte, formas xa de val enteirado, que acolle pola dereita as augas e as formas traballadas con senso de valciño, de illó de coltivos nos grandes ermos, que veñen do monte Castelo, demarcadoiro ca rexión de Bergantiños e apaña moitos regueiros de Arabexo, Bembibre, Coucieiro, e outras

terraxes. O erguemento de 300 m. sobre o meandro de Troitosende siñifica o labro das chairas das Cabanas e A Baña domiñadas polo fermoso coto da ermida da Sta. Mariña no monte Teixeira de Paraños. Por Lañas afonda o río Portalaxe. Chégase por Portor a Negreira e á paisaxe da ponte Maceira case tan sonada como a de Sigüeiro. O río vai case resbando a soleira de pequenas costas e cotos que gardan a terra de Ames e Trasmonte e os cotos ben dibuxados de Brión, onde sufincaron as torres de Altamira. Paisaxe de terraxes variadas e ricas. Corneira, Ordoesto, Broño e entramas Barcala co río afondido, cotos como os de Sta. Mariña e Brión no hourizonte achegado. Terra carballeirenta con veigas. Maila forza creadora é a mesma e das mesmas fondas augas de vida do cerne agro galego remanece.

Negreira —cos pobos amestados darredor como Cotón co seu pazo, Logrosa, Portor, unha lediciosa Pontevedra— quer dicir o inxerimento do val de Barcala co río diste nome e co Albariño. Soio pequena soleira desparte Barcala de Alón e Ser, e o río Abuín é dicir a terra de Xallas.

Barcala ten por nó a feira antiga e moderna e aitivo pobo traficante da Baña. Na Baña ousérvase doadamente o trocamento de moitas formas (San Cibrao, e S. Xohán). O Albariño formado en Suevos e Marcelle é o propio río da Baña.

O derradeiro tramo do río desenrólase entre outas beiras por tornos remansados pola obra dos Saltos do Tambre en parte. Beleza de cón de lago teñen algunhas das voltas sereas, entre costas de Arzón e Cornanda. De lago de montana en estaxe atal achegada ó mar. Non lonxe pulsa a marea da ría de Noia na Ponte Nafonso. Por Arzón o monte Barbazán sobre o río chega ós 460 m. A terra chaira de Luaña co seu santuario do San Cristobo cai sobre o río nos cotos da Debesa brava. Non deixa criar bocarribeiras a forza do afundimento do río. Báixalle o río Pequeno das parroquias outas de Aro e Campelo, e dos montes de Arzón o río de Corzán. Vén da parroquia outa que leva o fermoso e baril nome de Xallas de Arzón.

O río alenta xa nos tempos xornaleiros do mar. O esteiro repousado, grave, de broslado manto de ribeira, espállase entre as terras de Entines e as de Róo xuntadas pola sonada ponte, a derradeira do Tambre, de Don Alonso ou "Nafonso". Ponte vella, moitas veces composta. Os montes de Toxos Outos á dereita, os de Chacín á ezquerda coroan a ditosa e afondida ribeira. Outes e a fermosa Noia están perto, e no devalar mimoso e rexo das feituras da paisaxe se non sabe onde remata o esteiro e comeza a ría.

A RIA DE NOIA E MUROS

Dous temas entéiranse no seo de contornos xa ergueitos na fartura morfolóxica das Rías Baixas, na de Muros e Noia: o de Noia, onde mandan as maneiras do esteiro, e o propio de Muros, verdadeira badía atrántica. Drento, dende logo, da unidade da forma. Despoixa da ordeación imperfeita, da "incompreta" sinfonía de Fisterra e o Pindo, semellan froitos

perfeitos as Rías cinguidas con vales ben artellados e desenrolados. Moitas terras, moitas parroquias de labro de monte descen a se misturaren en viventes feituras ca ribeira dereita namentras na do sul desenrólase soio unha franxa estreita por imperio da Barbanza.

Os derradeiros intres do Tambre anuncian a calma beleza quieta das augas entre ergueitas encostas orleadas de pobos, como a ribeira —A Barquiña, Barro, Tarás, enriba entramos Entines e Outes— da paisaxe da Ponte Nafonso. En coto feitiño, dibuxado polos ríos Traba e Tállara, Noia, a millor vila oxival gallega, parés un froito celmoso, perfeita ordeación vilega, diante o erguemento do coto de San Lois e ca regalía da praia e riveira de xardís deica Barro e Barquiña. Na ría dispóñese en feitura e gracia que tén algo das cunchas e súas revoltas formas das encostas e fan meandros as augas mariñas. Asócianse con Noia, Obre, Tállara xa no arrincar da montana, vistoso e asoellado pobo, ascendendo encostas cara Urdilde e o nacimento da Mahía e da Quinta, as paisaxes de frieiras de Toxos Outos e as chairas de Lousame. Ben tecida de piñeirás a encosta leva docemente á riveira noiesa. Por frente a valgada de mestos eidos e pobo do río da Serra coróase cas eirexas de Entines e os logares afeixados de Outes.

Ben herdada en valgadas e pequenos deltas a ría tén seu intre senlleiro no estreitamente entre Boa e Seixo sinalado dende o vagantío das augas de Muros pola illa Quebra e as brancas casas de Miñortos e Portosiño. Moi mestas as aldeas, deseguida collen formas vilegas e poucas mariñas da nosa Terra son atal cheas de prodoitos finos da terra e do mar. O estreitamento da Quebra lembra un pouco o de Rande na ría viguesa. De non consideralo como boca de esteiro, de río ó estilo de Pontevedra deica os Placeres, de Arousa á outura de Bamio.

Na beira dereita —pódese chamare "carnotense" como "barbanzán" a outra banda— despoixa do tramo de pedra batida de Tal e Esteiro, franquéxase o seo de Muros, decorado no centro polo esteiro e praias do río Bornallo, e solar no tramo arredondeado, na semilúa de praia, ca defesa dos cotos, da vila mariñeira de Muros, centro dunha riveira cinguida á de Noia pro tamén desenvolta de seu polas terras abertas ó mar de Louro, Lariño e Lira. A vila muradana siñifica unha armoñosa e perfeita unidade ca encosta en que dibuxa rúas e cercas e a ribeira da que parés a vila copiar e afinar temas e formas.

Pola banda barbanzán, deica o Cabo Corrubedo — tamén chamado Verde— a forteza da masa peninsuar deita en rexas encostas, con soio o desenrolo das valgadas dos ríos Queiraxes e Sieiro, aquil polo Porto do Són ben asegurado pola Atalaia no seo de Noal, o Sieiro por Xuño. Baroña, Queiroga, Caamaño, locen nista ribeira pouco labourada na que soio a grande praia de Areaslongas troca un pouco o ritmo alternado de tramos en dentes de serra e espacios loiros de pequenas praias.

9. O VAL ULLÁN

Cando na terra da Ulloa se enxerga o rebulir das correntes do río novo síntese unha belida emoción. Pois é podente, xentil, na paisaxe e na lembranza, o val ullán. Alicerzan doadamente os pazos e as ermidas. Non perderon as leendas seu recender de orballada mañán primadeiral. Á súa chamada responden variadas comarcas de montana e de serra. A terra de Melide, as de Deza, Trasdeza e Tabeirós sinálanse como estesas e centrosas dunha Galiza de montana. Teñen de ser lembradas ó tratar do Ulla. As formas en degráus variados seguen a súa lei. Poden na apariencia resistila e negala. Elo concede meirande beleza e siñificanza ó estudo dos procesos morfolóxicos. Sant-Iago de Compostela vive no hourizonte da chamada ullán. Pódese na mesma cidade, nas rúas estreitadas polas grandes arquitecturas, pescudar se o vento, o recendo do sul, do Ulla, trunfa do no norde, do Tambre, ou é por il alonxado.

A farturanza ullán no senso xeneral soio tén comparanza ca do Miño. Non loce a grandeza de composición, a sistemática, ó tempo sinxela, elegante e forte, do Miño. O Ulla, máis sinxelo e regoado nos "tempos" do seu decorrere, leva ben lonxe deica a entrana das cernes terras centrosas erguementos demarcadoiros, das atraiciós do Ulla e do Miño. Cando enxergabamos súas formas no hourizonte das paisaxes lucenses e ourensáns, o pensamento seguía as formas ulláns. Poilos chaos e as serras fechadoiras das rexiós de atraición fluvial siñifican o equilibrio na polémica dos procesos xeográficos. En cada serra mañiféstanse pró enxergar os procesos esculturados de entramas abas.

Dous problemas xurden deseguida no estudo, da meirande valencia. Poilas estesas e individoalizadas rexiós —Deza e seu "piedmont", Melide de rexa fisiognómica, pra soio contar as dúas— moltiplican o interés xeográfico. Un problema remanece da "franxa polémica" xa dita, das formas de contaito entre as rexiós de cada río. O outro da estaxe onde as correntes de entramas beiras deixan seus caraiterísticos decorreres de montana pra entrare no propio val ullán. Hai sempre un trocamento de ritmo e, ás veces, unha falla de comprimento fai máis ricaz e fermosa a realidade da lei xeográfica.

Entre o Tambre e o Ulla non sempre dibuxan os montes unha crara sebe. A cabeceira do val caraiteriza no cerne lucense a terra ben nomeada da Ulloa. Preside de antigo o castelo de Monterroso, son vixiantes, mestos, os castros. Os cotos penedosos déixanse espir nalgunha direición polas augas dos riachos que apenas nados en frías xunqueiras e lameiras collen un craro roteiro e ben noviños moven os vellos rodicios. Lombos disimétricos —montes de Ligonde, do Roboredo, do San Cristobo e Ambarria— de costa máis forte pró centro, obedentes ó chamamento do Ulla, fan sebe montesía e aberta á Ulloa. Entre Taboada e Monterroso crúzanse soleiras penedosas e os cotos baixos e rexos pouco sinalan o pasar do chan do Miño ó da Ulloa. Máis esculturada aparés na relación con Ferreira o contaito da Ulloa.

Ista terra ben abondosa de augas, lameirenta, con anacos de casechao ben logo asucados polos riachos loce mestura de parroquias. Antas de Ulla, Cumbraos, Sete Eirexas, Frameán, Albidrón, Amarante, o Monterroso alicerzado en coto baixo e bravo disfroita e espalla un senso de capidalidade, polas lembranzas feudás e guerreiras —soa na "Compostelana" en páxina de forte caraiterización—, por súas xineas e pazos, pola grande e gabada feira. Terra montesía a de Monterroso polas madeiras, os fenos, os cabalos e bestas, disfroita de sona nas ribeiras, sobre todo polos cabalos sinalados como de Monterroso polas xentes. O pobo ordea casas rexas arredor dos campos da feira. Coñécese ó primeiro ollar a feitura imposta polos camiños vellos e novos. Dos primeiros tén grande siñificanza xeográfica o xa estudado nas terras de Chantada, o disposto ó correr do "piedmont" do Faro. Garda Monterroso o vello nó de Esmoriz. A Ulloa devala gravemente, afondando as canles, alixeirando as encostas, ceibando en procesos máis craros os cotos no senso das augas e tén seu capio arredor da ponte Ramil. Os ríos Pambre e Ramil, xóvenes mais deseguida persoás ríos, métense no Ulla tamén xoven, tres ríos aínda carregados de verdeceres de lameiros e refrexos de graves e fondos arboredos. O Ulla tén súa fonte perto de Balboa, de Rial e Fente, onde houbo antiga torre, en coto carballeirento, e deseguida, pasadal-as pontiñas de Vilamuñe e Naia, laboura un torno pé do coto de Monterroso, e polas terras onde manda o Castro de Amarante chega na ponte Ramil a furar a demarcación das terras decorrentes á ría arousán e as foreiras por súas augas do outo Miño lugués. O río Ramil baixa de Castro de Marzá por Curbián, máis longo e artellado o Pambre vén das mestas carballeiras de Merlán herdado en novas augas do Corno do Boi, por Augas Santas, Quindemil e Ambreixo, e recolle o Ramil perto do sonado castelo de Pambre que fai romántico adéus á terra da Ulloa. Son costas regoadas, rocegadas, como asucadelas pouco fondas das augas novas, e apenas merecentes de nome de vales. O lombo do Carión e do pico do Farelo, veñen comprindo a lei de forma imposta polas serra da Loba e de Corno de Boi, e máis abaixo levada polo Faro de Chantada á sua maestade e perfeución de montana na Galiza centrosa. Semella cordal e cordilleira, impón seu estilo, máis ben é gasalleiro considerare nistas primeiras "fáridas" o cumio, a soá, de equilibrio entre os encontrados chamamentos do Miño e das Rías. Conforme se baixa ó sul amédrase e fortécese a fisiognómica da serra. As augas compren, sen dúbida, feitos da chamada "erosión ascendente". Cecáis —non podemos saír da nosa idea de formas e paisaxe— o Ulla siñificare o trunfo de augas nadas máis abaixo de Pambre e conqueridoras dos regos da Ulloa. Cecáis o val ullán sexa o segundo dos abertos dende o comén do chan galego e do afondimento do seo das Rías Baixas. É fermoso tamén considerare os sucos do Tambre, do Ulla, do Umia, do Lérez, o non atal comprido do Berdugo, o do baixo Miño, como liñas iniciás e armoñosas dispostas dende vello prá laboura e metódica das forzas da erosión.

Enxergando na lameirenta Ulloa a parroquia diste nome por riba de Maceda e Carballal sobre o Pambre, e lembrando o lugarciño de Illoa ou Illúa na fonte do río, pénsase na Illia das crónicas, cecáis no antigo nome de Iria nos ditosos termos da ría padroesa.

Dende a ponte Arcidiago, apesares de seren aínda "luguesas" as ribeiras, xa o río soa co acento seu, ledo e podente, deica ó remate. A ponte Arcediago é o pasaxe do vieiro de Melide a Lalín ou, considerando relaciós máis espalladas, dos esteiros de Betanzos, ás Mariñas e á Deza montesía. Na paisaxe dista ponte deita o Furelos, o río de Melide. Dende ela pódese tanteare en tres tempos de decorrer o val ullán atal rico de pontes, afondado de ribeiras, gostosamente empriguizado en meandros. O primeiro deica Brandariz e Novefontes, o seguinte deica a ponte Bea o tramo decorado polas formas máis rexas e graciosas, e o derradeiro deica a ponte Cesures, esteiro e tamén arelanza de ría. Compre lembrare a unidade do Ulla en canto vea de auga podente enxamáis repousada, sempre dibuxando meandros, nos tramos reitos impacente de arrodear un coto, de se demorar pé dunha costa. Pódese enxergar a canle dun río e as formas guiadoiras do seu val como ringleiras de tramos reitos e olas arredondeadas, en dinamismo de auga froente e escultora. E poucos ríos manifestan atal craramente con belida composición de ribeiras ista mecánica do decorrer. No primeiro tempo o val traballa entre as penichairas de Melide a Arzúa á dreita, de Camba e Deza pola outra banda. Mourazos, Ribadulla, Beigondo, Circes, soan entre as parroquias do val. A ponte Mourazos, a do San Xusto entre Dombodán e Insua, a Basebe, soan nas vellas crónicas. Deitan no Ulla despoixa do Furelos o rego de Besoña e o forte Iso pola dreita, o Iso entre Viñós e Bisantoña, e xa perto de Novefontes o Laña das terras de Touro. Por Camba o Arnego, pé de Brocos e Loño. O Castro Marcelín semella unha imitanza do Pico Sagro, o Pico sin outra cousa reitor dos hourizontes dende a despidida da Ulloa. Entre Brandariz e Gres ca ponte Ledesma que xunta Camanzo e Bendaña, o Ulla dubixa e afonda o grande e fermoso meandro que se pode chamar de Añobre, encurvado á dereita por Encrentes baixo as costas alumiadas no outo polo sol raioso na ermida do San Bastián do Castro de Loxo, fino risco que dispón á proba e beleza do asucamento entre outas ribeiras de Cira, onde chega, fondo e ben herdado de memorias, o río Deza, do estreito de San Xoán da Coba e os alicerces do Pico Sagro pra repousar nun tramo deitado e reito deica Sarandón. A paisaxe, impresoante pola fina mistura do rexo dos roquedos e o levián das xeórxicas no amparo dos piñeirás, semella ordeado pola resistencia dunha rexa soleira siñificativa cecáis do xuntoiro de dúas grandes pezas da vouta esencial. Débense sinalar como as formas chairentas hastra son envolveitas nos meandros do río. As feituras dos cotos dos meandros de Novefontes e Añobre son chairas, rematan en chao, non pouco estrano en comparanza cas formas xenerás do releve. O Ulla cría e detremiña estaxes de bocarribeiras. Van seguindo o nivel de trocamento de ritmo das terras afroentes.

Por Cira e San Xoán da Coba as bocarribeiras quedan ergueitas e non miran o río afundido. Dende a ponte Ulla, camiño de Ourense, o río vai dreito un anaco, entre as costas esmaltadas de pazos.

E por istas paisaxes, cecáis as millor madurecidas de Galiza, vén Sarandón, e Trobe dunha banda, Ribeira e Cora doutra, volve a seu afondimento o río pola ponte Bea, entre Sant-Iago e Tabeirós ou en termos modernos A Estrada, recollendo, en sombrizos paisaxes recendentes a tradición, fartas augas rebuldeiras e frieirentas —o río de Lestedo, o de Eixo e Oza pola man dreita, e pola outra o de Cereixo o de Bea—, vai chamando entre as encostas de Carcacía e Barcala a Herbón as feituras de costas e montes en cuias abas e agarimos parés nasceren pra deitar deseguida en maravilloso e belido morrere ó esteiro de Iria, Oeste e Isorna.

O ÁMPIDO DAS CHAIRAS E MONTANAS DA BEIRA DEREITA ULLÁN

Son as terras de Mellide ou Melide, as da Arzúa, as de Touro e Boqueixón, as enteiradas no Xiro compostelán, a Mahía... Nomes soantes, ben gabados, mais non co mesmo acento. Poderíanse chamar "cis-tamaridas", ou entre Tambre e Ulla. Súa lei de forma, podente e crara, demostra o amestamento e trunfo dos vales no senso do decorrer das augas, no senso galego de atraición do poente. Pro a lei cómprese con algunha indreterminación na comarca tampouco dona dun nome non dubidoso, a de Touro e Boqueixón.

A terra de Melide siñifica en termos de grave beleza, de outo esquematismo, o ideal de forma da chaira, namentras na comarca arzuá as encostas locen mais labouradas e os cotos estabrecen degráus na paisaxe tamén máis verdecente, carballeirenta e montesía. O Bocelo asegúrase ó norde en voutas outaneiras que amedran polo espallamento da chaira ó seu pe. Nado nas Pías vai seu afillado o Bocelo facendo bulto de monte pola Capela e San Antolín de Toques, por Castro de Lobo e o coto rexo e ben encostado "do Emparedado" por riba de Folladela e de Pedrouzos. Ca mámoa de Losoirón e o Carrión o Bocelo boa sebe de cotos ampara a larganza gandreira de augas dubidosas chamada de Meire ou do Furelos. O río, cuios primeiros regos ascenden as Pías baixando pola Capela e Melide á vila, sinala drento da comarca melidense un lindeiro. Á sua ezquerda queda a gándara. Ven a sel-a chaira tipo Curtis mais levada a un tipo de paisaxe pastoral, de terraxe fría, pouco labrega. Tén anacos como o de Libureiro e o seu río, o Seco, de tristeira beleza. A pontiña é do vello vieiro de Sant-Iago. O río vai ó Ulla. No curazón da gandra garda a soedade o dolmen chamado "pena do Raposo". Melide, vila de grande esfera atraitiva, de moita historia, garda seu cerne XIII, seus conxuntos case románicos. Feira, mercado, cruce moderno e antigo, é praza de moitas ricaces parroquias da Ribeira ullán e da terra melidense que, á dereita do Furelos, améstase en quebradas e castros (Gondollín, Barreiro, Figueroa, Castañe-

da, e outras parroquias), xa do tema da Arzúa. O río que baixa por Maceda, Xas e Agrón, e por entre Bitrís e Castañeda, pode demarcar entramos aspeitos da paisaxe.

Abranguen a terra arzuá as ponlas dun soante río de belidos tempos en canles penedosos, do Iso, criado nas parroquias de Boimorto, Dormeá, Ánxeles de Mesía, co nome xeneralmente apricado de río de Ribadiso, poilo de Iso lévao millor dende que coíl se enteira o Carrazolo descido dos lombos da pena da Seixa, Urrial e San Breixo de Ferreiro. Da mesma Pena van augas ó Tambre polo río de Gonzar tamén chamado Mera. Diste xeito o Iso cóntase dende a ponte Brandeso, e baixa de cheo pola bocarribeira ó Ulla.

Os outos da ermida da Nosa Señora do Viso en Branza, parroquia de soada feira, sinalan xa no labro da bocarribeira o comén das terras de Touro e Boqueirón espalladas até o monte Viso e os outos de Vigo na paisaxe de Sant-Iago. Dous ríos, réprica do Iso e do Sar cada un deles, dibuxan súas valgadas nas formas chairentas de baixos lombos de touza, menos carballeirentos do que a comarca da Arzúa. Son os ríos Laña e Brandelos. O Laña recolle pouco abaixo de San Xoán, Touro, augas que, polos regos de Quión, e Ferreiro e Cerdeda nomes de parroquias labregas, veñen dos cotos de Argomil inzados de carballeiras, e de San Ireneo. Dende o outo de Boavista míranse ben as demarcaciós do Ulla e do Tambre. O Brandegos por Arca e Bama procura o Ulla en Bendaña chamando regos lameirentos criados no Viso as costas de Sant-Iago. Son istas terras feituras dunha mesma, co tema da Arzúa mais franquexada en gándaras e, como testemuña da bocarribeira ullán, cotiños moi feitos e arredondados, coma o coto Grande en Fao, e o do San Sebastián en Loxo.

Loureda, Gastrar, Rodiño, Santa Baia de Vigo sinalan a terra do Xiro compostelán. Entre Alvite e Bando, perto do Castro do San Marcos, espállanse touzales estesos, sin pobos. Mais toda ista banda chairenta e encostada, que os mollos de regos dibuxan en quebradas soerguendo lombos e cotos, non tería espricación sin a bocarribeira ullán. Nela, nas encostas onde se troca o ritmo dos ríos e algús coma o Furelos cain en frieiras, ínzase forte vida de antergas parroquias. Non é doado sinalalas ben. Poderíase discutire lexítimamente seren bocarribeiras ou labros de val. Entramos conceitos e tipos de forma cecáis non sexan equivalentes. Sinalamos dende a Terra de Melide deica a Ponte Ulla tres enxames ou familias de parroquias: de Novela e Barazón bocarribeira de Melide, a de Beigondo correspondente ás encostas asucadas polo Iso, a de Cornado e Bendaña. Escolmamos parroquias de nome e tamén de siñificanza xeográfica na xentil guirlanda que, como refrás do cantar troveiro, vai ca Ulla cara o val padroés.

Comarca de cotos e valgadas fresqueiras a de Novela, con Pezobres, Barazón, Bermil e outras parroquias, compensa en novidades de formas o esquematismo das gandras de Melide, pro os fondos camiños emparreados, e

as acrópolis inzadas de torres soio amestan por Beigondo o labro da terra chairenta sobre o val.

SANT-IAGO DE COMPOSTELA

Con particolar gosto e emoción teimamos o estudo xeográfico da nosa capital do esprito e das arelanzas. Dela e de seu Xiro. Pois ademáis de ricaz colleita de impresións nos peleriños e viaxeiros ó longo dos séculos, entéiranse en Compostela os temas ceibamente xeográficos da paisaxe dun xeito craro, espresivo. Podíase formar unha boa antoloxía do sentimento de Compostela. Figurarían dende a gracia cunha revolta do meandro de Añobre unha das perfeiciós do Ulla, deica a paisaxe de trocamento de ritmo de Cira e San Xohan da Coba. A bocarribeira vai sinalada por Vilanova, Vedra, Trove, Rumille, Carcacía, non pouco estreitada polo labro de

Fig. 32. - Sant-Iago de Compostela.

cotos ergueitos rexamente na fermosa cume do monte Lapido, unha das xambas, co Xesteira, das portas ulláns. Son outras as abertas polo río en S. Xohan da Coba e outras, do Ulla mozo, as da saída da Ulloa. Despóis de Herbón, na ponte Cesures, a canle e o val adoitan con maestade e gracia de madureza xeográfica as formas e calidás dun longo e adispacioso esteiro, tema xeneral de moitos ríos galegos pro o da Ulla desenvolto con enteira e calma beleza. Dende a luz de hora de abril dun verso do Cancioneiro galaico-portugués deica as imáxenes, non sempre lonxaas á realidade xeográfica, dos románticos e dos modernos había ser leda antoloxía. Non pode ser noso ouxeto nistas páxinas. Non estarán de máis algunhas indicaciós. Incruso nos dipromas hai notas xeográficas. A presencia do mato antigo envolvendo e encobrindo a Arca Marmórica repétese moito. É unha

impresión de paisaxe, xa tópica e cecáis repetida con intento —ou a mantenta, como se di na aldea—; en troques brila sobor de rúas e quintáns románicas un luar cheo de agosto na "Compostelana".

Como regoarmente chea e deixada pola marea campesía e capital de moi boas terras antigas e labregas —Ordes, Mesía, A Mahía, a Ulla, Tabeirós, ribeira de Noia, a montana tamárica— Compostela loce unha fonda siñificanza no ser antigo e labrego da Galiza. Inda garda nalgunhas rexiós, as máis sonadas e fermosas, a ordeación de pazos e mosteiros que figura ter sido o ideal galego no XVII, XVIII. Paisaxes enteiras de pazos e craustros loce Compostela. Soio na gande praza do Hespidal pódense sentir no vento, na luz, as chamadas opostas do clima ullán e do clima do Tambre. Os rueiros e barrios labregos ou de oficios de Sant-Iago gardan perfeitas adoitaciós antigas, cecáis as millores da Galiza. Vanse trocando e perdendo. O camiño feito rúa, a nova vexetación sin tempo, humán, sobre as roínas ben datadas, a feitura de terreos e foros, a presencia dos grandes bens da eirexa e dos fidalgos, pódense hoxe estudare doadamente en Sant-Iago en boa proieución xeográfica. E o ciclo sazoeiro e o do nictemero tén en Compostela resoanzas e formas dun vivire ben adoitado e o tempo rexidor do mundo ambente.

Sant-Iago, cidade de grandes masas de pedra, a composición niste xénero meirande da Galiza e unha das primeiras do mundo, debe á pedra e seu tratamento determiñadas caraiterizaciós de forma e luz. Se non pode fuxir da presencia do Castro. As costas descen o Val de Dios e do Inferno cun folgo esteso, tranquío, onde se ordea a acrópolis catedralicia ben disposta pra acollel-o poente. Foi primeiro colonia de mosteiros. Deseguida naceron as rúas. Elas son as canles da pelerinaxe. Pro ben logo a cidade amestóuse de seu cinguida polas murallas ou cercas. Hoxe, sin portas e sin cercas, garda a mesma forma. Seu proceso foi dirixido a unha cristaización barroca. Poilo barroco tivo senso da luz e dos volumes. Ordeóu prazas e rúas. O tipo románico era de acugulamento e mestura. Tiña de ser outra a luz. Sobre o inzamento de teitos as torres. Labouradas fachadas e craustros pro non moito gris de pedra. Co tempo barroco a cidade foi ordeada en podentes conxuntos. Hai o valor dos muros e fachadas "espellos". O "espello" foi intención e problema de arquitectura. Eiquí cómprese tamén co chamamento atlántico. Como arte ben cinguido ó sentimento da terra e da luz, que é o primeiro de todolos faitores de expresividade xeográfica, as artes barrocas soupérona alongar e ratear en espacios e tempos o mesmo nas grandes casas fidalgas ou monásticas cas súas solainas que na catedral de Sant-Iago.

Infindas vegadas tense descrito o Sar e o Sarela. O Sarela fórmase no logar do mesmo ledo e fermoso nome, da parroquia de Santa María da Peregrina polos 350 metros de outura. Hai nas formas unha dúbida. A cousa dun kilómetro da fonte do Sarela dous regos —o Bargo e máis o de Grixoa— van ó Tambre. O Sarela traballa seu val entre as abas do mon-

te de Fontecoba e do Pedroso á dereita e os de Vilares á ezquerda. O monte de Fontecoba non figura na sociedade dos releves composteláns sendo os seus 480 metros vinte metros máis outo do que o Pedroso que o encobre. Os lombos de Vilares andan por 340. O Sarela, inda sendo novo, chega ós pés de Sant-Iago como un río de seu impoñendo e espallando formas, dibuxando nas abas ermas isas soleiras de pequenos lameiros, uns dos engados da montana. Os altos de Son figuran, pola feitura de coto, detremiñar o marco entre as chamadas do Ulla e do Tambre. O río da Sionlla responde ó Tambre. Os outos que chamamos de Vilares son chairas decoradas cara a Sant-Iago polo Meixonfrío e o Meixón. Paisaxes cruzadas pola estrada da Cruña, ermanzas da Almáciga e Mallón. O Sarela dirixe a topografía. Cara il desce a costa de senso occidental de Sant-Iago. Pé de San Francisco, por Bar de Abaixo e San Lourenzo, aínda semellando ás veces regueiro de hortas, concede seu pulo á paisaxe, chama igoal polos regos das abas do Pedroso e polos das costas de Sant-Iago.

A cidade decorre —as gárgolas, os teitos— ó Sarela. Na ponte de Vidán o río pode locir unha canle ben súa, non estreitada.

En troques o Sar vai polas costas da cidade, e fórmase na súa paisaxe. Nun curto paseio pola estrada de Lugo, dinantes de chegar a San Lázaro, enxérgase o Sar nacendo nas brañas do seu nome, unha asucadela de labramios e lameiros en fondo grave. Non o Pedroso severo, pro espallado en rodopío de abas, sinón o Viso preside o primeiro rego do Sar. O Viso xurde máis rexo. Non parés a crebadiña por Ribeira, Ponte do Viso e Brañas leval-o rego que na ponte acarón de Santa María de Sar, e na ponte Pedriña, estrada de Ourense, loce figura de craro e soante río. Dende a ermida e xeitosa fonte da Santa Mariña espréitase moi ben o nacimento diste val. Son moitos semellantes nas montanas e nos ermos, mais non acaroados con vila ilustre.

Noutro tempo —fai ainda poucos anos— había moito arboredo polas Brañas. Hoxe queda pouco. Tamén no Sarela téñense trocado os aspeitos. Por Conxo xa as carballeiras, e os cotos, os camiños locen o engado arousán, ou millor o da fermosa terra "arousida" atal cinguida con Sant-Iago que se chama A Mahía.

A MAHÍA E O ESTEIRO ULLÁN

Madurece o val do Sar despoixa de se lle xuntar o Sarela, entre os arboredos de Conxo, de longa tradición e historia, gabados por Rosalía, e os termos de Laraño, aquila promesa que as correntes do Sarela xa ostentan pé do castro de Santa Susana compostelán e do bosque de San Lourenzo e a ponte de Vidán. Os lindeiros da Mahía vívense no ambente e na paisaxe. Aínda supoñendo difrencias entre unha Mahía outa, co seu cerne por Ortoño cos cotos de Brión ben asegurados no hourizonte, e unha Mahía baixa, pouco a pouco trasposta por Ribasar e as Cruces co Santuario da

Escravitude na veiga lenturenta de Iria Flavia. Pro a Mahía é unha soia, con latexos do mesmo tema na paisaxe ó tempo moi humán e moi expresiva das condiciós da natureza. Si o Pico siñifica a enteireza e perfeición dos cotos de seixo, a Mahía brila como a forma de val millor madureiro da conca ullán alí onde a infroenza do esteiro combíñase ca da ría. Dende a saída da Ulloa moitas formas ensaian a obra soio no derradeiro intre do chamamento ullán enteirada no val da Mahía, doce espallamento dos sucos ou valciños, aínda de montana e ermanza, dibuxados polo Sarela e o Sar pé dos castros coroados de belidas e graves arquitecturas de Sant-Iago. Nasce pé do Pedroso, millor do que pé do monte de Vidán, a Mahía. Dende Ames, soleira pró Tambre e os cotos de Brión enxergadores pra entramos camiños das augas, a Mahía vai broslando os cotos deica Boullón e abrangue xenerosamente os Ánxeles e Augas Santas. No senso de Compostela, Villestro, Laraño, Calo, Viduido, o mesmo Luóu, son da Mahía. Boa terra, cotos doces, algús castrexos ca súa croa carballeirenta, cerco de montes espidos, ben labourados cun tipo de escultura xa semellante á dos cotos da beiramar xurdindo do cerco dos piñeirás, regos afondados de célere camiñar, parroquias mestas, unha desemellanza entre as raíces dos cotos e as costas pró sul, máis descobertos do que noutros ventos como si a paisaxe bogara pra Iria e o Ulla, un degráu sinalando a pasaxe dunha a outra Mahía á outura do Castro de Francos: istas son algunhas das caraiterísticas que, envolveitas no cerco dos piñeirás, poderían defiñir ista terra. Seu cerne e centro non tén dúbida sel-a outa eirexa e torre de San Salvador de Bastabales, terra cereal, de sebes e parreiras. A Mahía outa, tendendo máis ó montesío, ó tipo de chaira montesía, con seus espallados termos, vai dende Bastabales a Ames e os Ánxeles, abrangue Bugallido e Ortoño, tamén logar xeitoso pra vivire en rodopío a comarca. A baixa Mahía, mais arousán, poderíase defiñire como unha ría de piñeirás, pé de cotos de rexa e belida composición —os de Oleron demarcadoiros da Quinta— con illas de labramios e lameiros. Ista escultura de ría pode axudar ó entendimento das "formas" da paisaxe galega. O val ou veiga de Padrón e Iria distínguese da Mahía polo meirande estrato de terra de veiga, a infroenza da marea, e un alonxamento de faitores de montana que inda teñen valencia na Mahía.

Na Mahía as cousas adequiren unha expresividade —os rodás de carballos, os logares postos en cotarros pra aproveital-a terra, as pequenas quebradas con pontillós de laxes— e unha individoalidade senlleira cecáis en parte remanecida do descer en degráus de segmentos de círcolo, das formas e o releve asegún a lei das augas.

Na veiga de Iria ou do Padrón, dende a Escravitude, o río en meandros belamente aprausados polos veos tremecentes dos salgueiros decorre por unha formación aluvial mesta e fonda que envolve as raíces dos cotos, troca os camiños das augas, amolece as formas na belida chaira xeórxica broslada de ditosas colleitas que seguen polo esteiro do Ulla, deica

írese por Dodro trocando en ribeira de verdes apastadeiros e comareiros. A costa de monte de San Gregorio, o Lapido e o Xesteira, enxergan o conxugárese en terras ricaces, coalladas de historia do Ulla e do Sar. Xa a forma da badía ateigada de estaxes sedimentarias cunha vida propia xeolóxica, unha circulación interna das augas, chega a unha perfeita chaúra cuia perfeición adoutriñan os mollos de fermosos arboredos das alamedas do Padrón. Na derradeira ponte a Ulla semella lembrar. Os logares e parroquias da veiga padroesa como Lestrobe, Dodro, Dodriño, alentan nun ditoso mundo xeórxico, agricoltura de "primeurs", terra cinguida a Sant-Iago e porto e defesa da cidade apostólica. A Ponte xunta Valga e Campañá, Cordeiro e Requeixo e faise rúa pra moitas achegadas parroquias que xa están afeitadas a unha forma en liña, en "avenida" de vivir de relación imposta polo río e seus peiraos, polo camiño de máis rexo e intenso trafego da Galiza, camiño que pasa polo pé da acrópolis das conxuntas vilas e aldeas que é a vila do Padrón, sin castelo, soio polo logar privilexiado e raeiroso. Os verdes e os refrexos xa non son os da Mahía nin da terra e Xiro de Compostela. Son os faitores os eidos mollados, os trocamentos da marea, as curtinas e renques de arboredos. Outra luz, luz de esteiro alongado, non de xuntanza de esteiros como acontece en Pontevedra. Segue o Ulla por Dodro, e os Laíños, deica Isorna á dereita, Campañá, Louro, Oeste, Catoira, Abalo, á ezquerda, desenrolados meandros entre bancos de area, herbás de fermosos verdeceres, ás veces beiras de xunqueiras e penedos lavados como nas Torres do Oeste. As quebradas das costas edifican pequenos esteiros lediciosos ou bancos de area e arxila inzados de pinales. Cada valgada unha regalía de bo torrón. Hai larganzas soias, xa o podente refrexo do mar de Arousa vai rubindo polo esteiro. Docemente, o río entra na mar en Leiro e Bamio, e coíl as formas enteiras do val espállanse como madurecendo nas ribeiras das rías en cuias augas, deica a entrada de Rianxo, decátase o mariñeiro do latexar da forza do río baixo a barca.

A BARBANZA CA BANDA RIANXEIRA DO MAR DE AROUSA

Soa grave e dinamente o nome da Barbanza e parés máis cheo e moderno co artigo femenino entranado nunha realidá e mitoloxía de Nais galegas e xenerosas petrucias. Parés máis alteirosa a montana da Curota e a Curotiña, millor brosladas as ribeiras de Noia e Arousa, do Són e do Rianxo e da Pobra, máis cheo de confianza Corrubedo diante o "mar de pé" e os areás de Artes millor franquexados ó devalar das escumas.

A Barbanza e súa ribeira norde, ou da Post-marcos ou cruñesa. O nome de Caramiñal garda ecoar de cántiga, mais sin mágoa pra ningunha das xeitosas vilas mariñeiras e labregas, pola lembranza de Castelao máis do que das memorias feudás e trovadorescas de Paio Gómez Chariño, polas antergas pedras de armas e millor polo duro peito e i-alma inxel dos ma-

riñáns de Rianxo, escolmamos seu nome endexamáis abandoado da cántiga pra nomear a banda espallada dende a ponta de Leiro deica o Falcoeiro e Sálvora.

Temos sinalado a rexa e conteste arquitectura da Barbanza. Nin senlleira e feituca "obra prima" do mar e da atmósfera en pedra de gra como o Morrazo nin mol folego de vales madurecidos como froitos no outono arredor dunha montana como o Salnés. Na Barbanza a forma peninsuar desenvólvese macizada e maina cunha rexa vontade. Os roleiros chegaron a un equilibrio de pontas e praias, mailo cerne loce e asegura unha forma de montana encetada e non domeada. Tense proposto o nome xeneral de Barbanzidas prás arquitecturas semellantes. A lei de illamento e individoalidade das montanas da beiramar atrántica —o Pindo, o Castrove, o Leboreiro— no engado das Rías Baixas cómprese, mais doutro xeito, na Barbanza. De lonxe deixan de ser imitantes seus perfís ós das terras chairas do Tambre, do Mandéu, e de certo, apesares das chamadas encontradas dos nivés de base, espállase no cerne outo da Barbanza unha "facies" gandreira.

Os asucamentos do val de Quinta ou de Rois e do val do río de Traba sinalan, pé do monte Treito e as costas de Buxán e Lousame, o pechamento peninsuar ou penichán polo rumbo da terra, a Mahía esporente docemente ó esteiro ullán, os montes de Urdilde rexamente deitados prós seos do impeitizo da ría de Noia. Millor do que Lousame sinalan Augas Santas e Leroño, nas encostas do monte de Medela, bo afillado do Treito, o capio da folla barbanzán. Sobre a Quinta e o suco do Traba aquilas e outras parroquias (Oin, San Mamede de Rois, Vilacoba) mostran xeito de bocarribeiras. Cecáis conforme ca lei das bocarribeiras ulláns.

Entéirase a Barbanza rematando despoixa do Treito nas outas chairas avoutadas do Confurco, os Forcados, a Curota e a Curotiña. Cai en encostas rexas pouco labouradas polas quebradas correspondentes á ribeira de Arousa, máis desenrolada e ricaz do que a noiesa. Por ista banda as eirexas, os logares centrosos, das parroquias de Tállara, Nebra e Ribaseira, demarcan a encosta. Polo hourizonte arousán outro degráu no proceso morfolóxico non deixa procurar unha franxa ou roleiro semellante. Poila enerxía das augas traballóu catro valgadas, en cuia laboura e ordeación poidérase descobrir unha semellanza ou resposta, menos desenrolada e crásica, da feitura do val do Sar. Dúas descen ó seo de Rianxo e Abanqueiro, dúas ó de Posmarcos ou Caramiñal. Son badías de piñeirás e millos dibuxadas no monte e máis esporentes e menos espalladas conforme se camiña prá boca da ría. Non houber sido desaxeito o tratamento xeográfico e morfolóxico da Barbanza como unha serra entromedio da atraición de dous vales. O cadabullo ou demarcación da ribeira e encosta polas cabeceiras das crebadas vai rubindo deica o Treito, Fruime, Macenda, Cures, Lampón. Alónganse entre as valgadas soleiras de cotos máis cinguidos e ergueitos pró océano. A feitura da ribeira mañifesta a lei xeneral das formas.

Ribeira de ritmo e tempos ordeados, os tramos de acugulamento e laboura viva, con desenrolo de ensaios deltaicos no findar de algús riachos, mais en conxunto ben lonxe do amestamento esteso dos acugulos, domiñante na ribeira do Salnés. Pois na Barbanza a encosta érguese podente como de aba serrán.

O seo de Rianxo franquéxase cos caraiteres dun seo individoalizado entre a punta Brión, perto do Teixil ou Tanxil e a punta de Portomouro. Son as encostas mainas e as praias ben e regoamente desenvoltas adoitadas á figura leda e grave da pequena badía da Rianxo e Abanqueiro, en vol-

Fig. 33. - Santa Uxía da Ribeira.

ta ou torno crebada no meio polo delta do Neixón. Soa o Neixón como nomeada estación arqueolóxica na prehistoria galega. Na mesma terra dende Isorna na beira ullán, Asados, Araño, Taragoña, Cespón ordean deica Boiro veigas e encostas farturentas de millo entre o inzárese dos piñeirás. E son as millores as terras de valgada. Ruben por Bealo e non desamparan a outa parroquia de Fruime. No tecido das cousas —dos logares, dos eidos— un tempo barroco semella vivente. No roleiro da mariña, se ben a marea chega ós milleirás e molla os acios nas parreiras, hai unha sebe imposta polas formas de vida e traballo soio perceitibre no clima e xeografía dos caraiteres.

No seo de Postmarcos ou do Caramiñal chega A Pobra do Deián —despoixa e hoxe do Caramiñal— a unha feitura vilega de rúas outas de señorío propietario da boa terraxe de Lesón, Lampón e toda a belida volta deica Xobre, e as baixas nadas na praia, do astilleiro e a pesca, obra do peito destemido dos mariñáns e do cálculo dos cataláns. Cabo de Crus, perto da ponta do Chazo, tén semellanzas ca Pobra. Máis adiante os isócronos e regoados tempos das grandes praias normás, clásicas, armoñosas, de Palmeira e Santa Uxía da Ribeira, defiñen o derradeiro seo arousán da Barbanza. Pois xa despóis das illas penedosas da Viouta e da Rúa, co bulto de Sálvora e as duras penedías do Grove veciñas, asegura súas farpas a punta Falcoeira e vén o remate barbanzán diante o mar: dúas bravas farpas —Falcoeira e Corrubedo— pechando o areal que encobre cecáis a ría ateigada do Carregal, esteiro das augas descidas da Curotiña, perto de Artes, paisaxe acugulada de areas e formas de ecos de formas noutrora viventes, trunfo das estaxes pasivas do mar a carón da enerxía rude e sinxela do porto mariñán de Corrubedo.

CAMBA, DEZA, TRASDEZA, TABEIRÓS

Chegamos a unha familia de terraxes da Galiza centrosa, espallada pé das serras do Faro e da Terra de Montes que mainamente atestan cas súas chairas, deitadas cara o asucamento ledo do val ullán, reitor do decorrer das augas. As canles afondan e dibuxan longos meandros encaixados e, chegando ó beizo do val, descen en frieiras máis ou menos rexas. Todo vai dende as serras do sul, cumios demarcadoiros das augas que van en procura do Miño, en tempos mainos ou fortes prá Ulla. Vanse inzando os piñeirás, améstanse os pobos, os regueiros fortécense, dibúxanse as crebadas que eran nas chairas sinxelas e leviás asucadelas, os mesmos camiños antigos, nervios sensitivos da terra, fanse emparreadas calzadas. En conxunto, é a lei da montana que se fai chao outo, da chaira voltándose bocarribeira e costa, broslado de finas xeórxicas.

Unha semilúa de serras e montes, de feitura coñecida, de fisiognómica ben probada, vai dende o nacente, polo sul e cara o poente demarcando as tres comarcas. Son o Farelo, o Faro, os outos do Dozón, afillados da Martiñá, o Coco e mais o Candán, testas ben labouradas da Terra de Montes, as soleiras afastadoiras do val do Umia deica o monte Xesteira sobor de Valga e do brilante e saudoso esteiro ullán.

Decráranse como terras do mesmo senso e fisonomía xeográfica. O país da Estrada ou Tabeirós semella pra algús máis cinguido ó Ulla. Nun cheo e orgaizado enxergar son as tres "terras" unha familia que, asegún a lei xeneral na Galiza, vanse decrarando con meirande fartura no rumbo do oeste. É asina como, despoixa da braveza de Camba, segue a grandeza e severidade de Deza, e no Tabeirós unha meirande atmósfera ribeirán.

Nos hourizontes ordéanse en cambeantes proporciós as cumes sinaladas e ó norde, máis achegada cecáis do que ningunha delas, enxergabre como un persoaxe esencial, como o protagonista das paisaxes, o Pico Sagro. Non hai outro de semellante sona e amor entre os labregos. Goberna o tempo e as lembranzas. Máis na Ulla, dende logo, pro tamén en Trasdeza e Merza.

Pódese dicir dista e da outra banda do río moito ben do senlleiro monte feituco de lonxe, de fondas raíces de perto.

Nas feituras propias distas comarcas a cume meirande e podente é o monte Carrio. Pola forma pódese doadamente enxergar como unha montana "fárida". A valente e calma rubida dende case os vales de Merza e Ullán, dende as chairas de Goiás ou as encostas raiosas de Silleda e Madriñán, o cume de lonxe retorneado como pión, decraran un Faro menos cinguido ó decorrer da rexa soá, e niste senso tamén o Carrio "cupuliza" un pouco e compre ás meias a arelanza de forma durmiñenta ou xa esquencida nos cotos vagoentos e soio vixiante nos rexos e duros castros cambeses, dezáns. O monte de encostas mainas, ben inzado de veas de seixo branco e gneiss, érguese cinguido polas parroquias de Asorei, Camposancos, Palmóu, Meixome, Busto, entramos Losón. Un farto e abombeado ermo ca súa torada e toradón de neve todolos invernos amedrando as ermanzas e os invernos da montana coa súa pequena e rexa teima de serra. As formas fáridas mandan en Camba con máis valente enerxía. Noméase a terra polas tres parroquias, San Salvador, San Xoán, e Santa Baia de Camba, do norde ó sul apegadas á serra do Faro e nelas sofincadas e postas como adrede ó correr do vello vieiro, disfroitando do sol do serán, criando regos que, axuntados pé do coto da parroquia de Río, van ó Arnego, ó río eixe de Camba e xúntanse coil pé do castelo antigo e feira soada e vila centrosa de Rodeiro. O Arnego vén das propias abas do coto máis ergueito, o da Nosa Señora do Faro, por Ouriño e Baroncelle fende ermanzas encostadas deica a ponte Arnacela e a parroquia de Arnego onde colle volta pra Rodeiro e ó norde recibindo regos dos montes de Oseira e de Dozón, e seguindo despoixa de Rodeiro afondindo o casechán por Alemparte e Pedroso, moi soio entre outas encostas dinantes de Alperiz, deixando á dreita despoixa de Cadrón a terra de A Golada, descendo xa afondado e con aspeito ullán por Rodís e Carmoega pé do monte de Brantego pra en Santa María de Arnego, costas e clima ullán, findar entre Brocos e Portomouro por frente de Ribadulla.

Dende Sant-Iago a Santa María de Arnego, o río artéllase e chama por moitos regos que labouran as costas. A máis do criado polas tres Camba o de Rodeiro, o Fervedoso que baixa de Salto, o do antigo prioirato da Granxa por Guilar, o de Ferreiroa. Istes da dereita, do Faro. Na veciñanza do Castro Marcelín, cruza por Borraxeiros e Baíña outro rego de certo valume recollido na Ulla pouco abaixo de Mourazos. Pola banda de Dozón e do Carrio, o Albelo, dende Castro de Cabras, dibuxa seu illado suco pé

das costas demarcadoiras polo nacente da terra propia de Lalín, e vai ó Arnego entre Cello e Cadrón. Dos mesmos logares de Carrío e a Goleta descen regos ó Arnego.

As parroquias procuran as meias encostas e a garda dos cotos, todas montesías de ermos e cómaros, bos touzales, carballeiras e soutos antigos. As formas vagas, estilo Dozón, ó comén móvense entre Farelo e Carrío. Algúns chaos móstranse case ceibados ca súa individualidá, como os da Ventosa e os de A Golada, como anunciando as pequenas e graciosas "mesas" do Ulla. A Pena Maior de Brantega e seu compañeiro o ledo e feituco Castro Marcelín aledan os hourizontes chairos e sinalan o descer ó val ullán comprido, de xeito máis esgrevio do que augas abaixo. Non artellan os valciños e as encostas de Trasdeza e Tabeirós. Camba prós de Deza quer siñificar montana rexa, case aspra serra. Máis desviada, suxeita á serra, non beneficiada por un grande vieiro eixe, Camba, ben relacioada ca montana de Oseira e cas terras de Chantada e da Ulloa, sinala o tema máis desenrolado en Deza. Farta de alboredos, rica de herba, Camba loce na súa orgulosa soedade na lembranza, a homilde e crara beleza das tres eirexas na encosta do Faro, os ventosos ermos de Castro de Cabras, e a graciosa feitura do ledo Marcelín. Por algo agasalla a parroquia que leva o nome de Merlín.

DOZÓN E DEZA

De Dozón e de Montes nace Deza. Seu río vén, asegún unhas opiniós, de Zobra e do Testeiro e o Candán, outros din que da ermida da Nosa Señora da Pena de Francia. Unha terceira sentencia, de termo meio, soio chama Deza ó rio dende Soutolongo ou dende Prado onde xa se enteiran nunha as ponlas.

Dozón, arcedianádego da catedral de Lugo, ergue en lombos chairentos a montana rexamente afinada na Martiñá e proiectada na Madanela como un longo promontoiro de serra sobor das terraxes de bocarribeira do Carballiño e Arcos, augas ó Miño. Dozón é case enteiramente serra. Súas formas son encostas tranquías, dibuxadas en quebradas. Rixe o releve o río nado pé da ermida de Nosa Señora da Pena de Francia. As augas chamadas polo Miño traballan deica perto da mesma outura, polas encostas e lameiros de San Martiño de Vidueiros e Corna. Segue a serra polo Foxo do Cabirto dibuxado polas cabeceiras do val de Cusanca, augas ó Avia, as Hermidas e o Testeiro.

Si pró sul e o Miño as formas da serra amolecen aixiña entre dos moíños dun mesmo regueiro, na paisaxe de doce montana de Cea, ou do Irixo, no senso ullán a serra gandreira, grave, sin escultura rematada, como un baixo foulear de largasías costas e ermanzas presididas ós lonxes polo Faro, desce pra Deza, ordeada polo río cos seus nomes de ribeira de serra. Mírase case nacer Deza na Xesta, en Catasós, en Moneixa. Nasce,

4. OS TEMAS XEOGRÁFICOS DA GALIZA OURENTAL

O NORDE DO VAL DO SIL

Dende o mar Cantábrico as cumes do Mondigo galego e as das Bobías asturiáns deixan sospeitar o mundo de serras e outas terraxes que decrara nos hourizontes lugueses a ergueita potencia dos Ancares, o mesmo que os lombos en regoados tempos de vibración morfoxénica do Caurel no ar e ámpido da terra de Lemos, ou as espaciadas encostas rachadas polas frieiras sobor do val, e en tramos sobor da mesma canle, do Sil. Son as serras e outos vales da Galiza ferrífera. Casan e correspóndense ca conca do Miño e seus vales afloentes. A chaúra do Lea, os cotos de Castroverde, os lameirentos fondás de Sarria, os recantos de Samos, as paisaxes do Incio e de Brollón, pró outo e espallado torrón de Lemos, non chegarían a seren expricados lonxe do amparo, ou da ameaza e grave veciñanza dos montes. Procuran as vilas e seguen os camiños os logares e cadabullos onde o val, nacendo da serra, vai adiquirindo e collendo un xenio e caráiter de seu. Polo sul os vales valdeorrés e queirogués non alonxan no hourizonte e o Sil, nos seus tempos de fondo e estreitado decorrer, aveciña e case avencella istes feixes de serras ó longo ou ó traveso dispostas, cas abas finchadas e as encostas de lombos regoados das "medas" ourensáns. Outro mundo, istas podentes cúpulas, drento do cerne ser da Nosa Terra. Por elo, pola fisiognómica conquerida polo devalar en tempos sucesivos do val ou dos vales conxugados do Miño, débese obedecer a lei de outura e forma das serras do N. L. galego, onde o ferro espállase podente en vetas ricaces, os esquistos gardan súa esgrevieza e atromentada vontade de forma, os vales, cuáseque todos heroicamente forxados en moceira estaxe, deitan ó Cantábrico, ó Miño, e ó Sil asegún ritmos e leis propias. Ista Galiza de pouca mestura de pobos tén sido escolleita por algús dos millores entre os poucos bos espritos chamados polos problemas morfolóxicos da Galiza. Abondarían os nomes de Schulz e Hernández Sampelayo. O mestre formado en Saxonia soupo moi ben difrenciar as estaxes de chan novo nos fondos vales. O moderno inxenieiro de minas, co microscopio mineralóxico, poido estudar a estroitura, calculare os tempos e unha fórmula ós minerás e ás cras de rocas. Pró xeógrafo han ter valencia sempre as caraiterizacións e razoamentos de Hernández Sampelayo encol das serras lonxitudinás e das serras travesías.

Descóbrense cun xeito de emoción o testemoño, a aitualidade do erguemento e pular alpino considerando os lombos do Caurel ou o renque de cumes labouradas dos Ancares.

Manda unha sinxela división no ordeamento da grave e fonda materia xeográfica que temos de desenrolar arestora. Mandan os vales. Por xóvenes, por arriscados, na súa chea laboura. Enxergándoos en arcos no hourizonte, maxinándoos na leitura dos mapas, semella escuitárese un bruidar de augas nas serras do ourente lugués.

Os montes tamén históricos e simbólicos do Cebreiro ca serra do Oribio sinalan un "divortio aquarum". Polo Padornelo e o Hospital da Crus,

vivenda de pallozas, lombos pouco dibuxados, greas de lombos como montesías abenzas durmidas, pola serra millor asegurada en ergueita figura que desparte Tria-Castela ó norde, e Lózara ó sul, aléntase en terreo onde amolecen e transixen dúas chamadas, ises imperiosos chamamentos dos procesos e as cousas. Decorren, contradicíndose ás veces, con argomentos contrarios e ergueitos, as formas pró Cantábrico e o outo Miño ó norde, pró Sil ó sul. Tén e disfroita isa soleira un senlleiro valor na historia. O camiño de Sant-Iago, das pelerinaxes, do románico, dos troveiros, fermoso, tristeiro e ispirado vieiro por istas serras ventosas, tén de ser o principio reitor no coñecimento da Galicia montesía do N.L.

Ó seu norde decorren os vales do Eu, do Navia, e das ponlas decorrentes ó outo Miño. Fonsagrada e Navia soan como os nomes de vilas máis caraiterísticas. Ó seu sul boligan as augas pró asucamento fondo do Sil. Abondan os nomes do Cabe e do Lózara e Lor pra lembrar a fisiognómica distas terras xa abranguidas nunha certa gracia e luz do sul e das ribeiras.

SERRAS E VALES Ó NORDE DO CEBREIRO

Tres grandes rumbos ou sistemas de procesos e ritmos, millor do que rexiós, pódense enxergar ó norde do Camiño de Sant-Iago: o do Eu, máis defiñido na Baleira e na Miranda; o do Navia, ca rexa caraiterización de Cervantes; o do Neira, obedente á lei do Miño. Entre os dous primeiros estabrécense arredor de Fonsagrada paisaxes cecáis defiñidoras. Polo Neira os ritmos do Miño, do seu sistema, déixanse percibiren no curazón das serras.

Temos escrito demasiado apresa algunha cousa pensando na terra de Cervantes, na que foi coalgunha xusticia nomeada "terra de promisión dos mineraloxistas". En comparanza ca rexión das Medas, ou con calquer tempo do val do Miño, istes feixes de serras van en rumbo e camiño, mais non chegan a madurecere e criare fisiognómicas xeográficas enteiradas.

O Eu, nome soante noutros fermosos ríos galegos —Mandeu, Eume— semella nalgús dos seus temas unha vea contraposta ó Miño, decorrendo entramas en direiciós contrarias, afastados pola serra de Meira seus decorreres outos, un, o do Miño, espallado en chaira de lameiros e illós, outro, o do Eu, ben logo afundido entre ergueitas ribeiras. O nome do Eu comenza pouco dinantes de Piquín pola xuntanza de regos do val de Baleira, do monte Muradal e do monte dos Texos. A raís máis outa vén do logar e comezo da serra soada do Cadebo, dos termos da parroquia do San Pedro da Asperela, de onde, en senso contrario, deitan as fontes primeiras do Neira. Os vales da Baleira e do Neira atestan polas súas cabeceiras co erguemento do Cadebo. O Eu camiña ben fondo por longos tramos desertos. No primeiro acolle perto de Os Baos augas de Fonsagrada, polo Rodil amedrado, polo Fillabal descido da Fonfría na serra de Pedras Apañadas. Po-

FERROL

los termos de Seixosmil, a corrente do Eu afonda non lonxe das fontes do Miño, despoixa de Vilarmide e Vilaboa recolle pola dereita regos dos montes case desertos, noutrora aledados por ferrerías, de Vilarxoane ó pe do soado Couso de Batibrán, pola ezquerda da serra de Meira polo río de Tudán. Logo desenrólanse en formas máis abertas as terras de Miranda, co val afloente, de fondos verdeceres, de Riotorto onde soan os nomes de Recesende e Vilania, veciños de Bretoña e do outo val de Lourenzá, e coa boa terra de Vilaodriz, ergueita en lombos, asucada de quebradas unha delas a de oríxen asturián de Taramundi. Outros dous vales, o de Vilaformán e o máis esteso de Trabada, dibuxado nas abas de Cadeira, xúntanse polos termos de Abres, entramos pobos asturiáns de paisaxe galega, co Eu que ben logo por San Tirso comeza a exprimentar a infroenza da ría.

Dende o coto do San Tirso, sobre un grave e fermoso meandro afundido do río, enxérganse é ordéanse en tempos podentes do decorrere das formas istas terras e hourizontes.

Na dereitura do Cadebo van pró norde, á ezquerda do val do Eu, dúas ben senlleiras serras: a de Meira, cuia enteira lembranza por ser berce do Miño mozo débese facer tratando da Terra Cha, e a Cadeira que atesta polo poente co val de Lourenzá e a propia conca onde frolez de antigo Mondoñedo. En rodopío é a mesma terra outa a descida polas costas de Aldurfe e Pastoriza sobre a valgada do Miñotelo, a abombeada á dereita do Eu nas serrotas de Teixedais, nas podentes outuras de longos ventos do Couso de Batribán e as xunguidas co avencellamento de cumes arredor de Fonsagrada. A rexa serra, de belido nome, das "Pedras Apañadas" adianta deica o castro da Fonfría, e os outos de Silvela e Parada Nova, case deica a vila centrosa do terraxe de pranos e arestas pizarreñas, rachadas polas frieiras, de Burón. Ben pertó tamén asegura o coto de Pedrosa súa figuranza sobre as primeiras correntes do río Suarna, e pró poente da vila escultúrase o Muradal, cecáis a cume millor caraiterizada da montana de Burón. Ista terra tivo por nó a Póboa ou Pobra, disfroita na súa esgrevieza de moitas quebradas e encetan os cernes montes moitas promesas de vales de augas novas. Afonda o Rodil súa curva por Trobo, recolle augas de Robledo e Trapa e máis dos outos de Veiga de Logares.

Outras augas de Burón colle nos Baos, locen os nomes, de mañán dourada, de Invernego e Silvachá, dinantes de entrar no Eu pouco desviado de Piquín e augas embaixo do val de Baleira onde os logares dispóñense en renque ó correr da encosta da serra —Lirbá, Fonteo, Braña, Retizós— e o rego Martiño leva xa o senso de Eu cuio nome e balume remanece do seu xuntárese cas augas baixadas do Hespidal de Montouto por riba de Paradavella no hourizonte en que asegura súas fragas o monte dos Teixos.

O podente Ancares, o Cebreiro, os montes de leda nomeada da Albela, crían os regos enteirados no Navia cuio nome colle o río nas sonadas pontes de Gatín, non desviadas de Becerreá e de San Román de Cervantes. Os fíos rexos de auga moceira dos montes asucan en canles non afon-

dados unha terra de lombelos baixos, de fermosos verdeceres no vran, endexamáis alapeada polo sol. Todo o mundo e os imperios da serra en longasíos espacios chairentos e abombeados. Erguense ó nacente os Ancares. Eles ordean no clima, no vento, e a mesma luz. A neve no chan ou nos outos case sempre fai compaña grave. Son os Penedos Escandelados, a Güiña, a Pena Rubia, envolveitos nos seus espallamentos cara o sul en antigos bosques, serras moi rachadas polas frieiras, asento do galo silvestre. Nos comezos do Navia falan nos logares nomes antergos: o mesón de Chan de Vila, o val de Oselle, Penamaior co seu mosteiro de monxes brancos noutro tempo. As formas labouran na pena do Pico un fino curuto. Becerreá, vila como do camiño de Sant-Iago sempre nomeada, de feitura imposta polo vieiro, desenrolóuse perto do val de Oselle, verdecente, e dos meandros encaixados da ponte do Cruzul.

O río, deica a Pobra de Navia, vai afondando entre costas, ó comén mainas, deixando á dereita a terra de Cervantes, ben semellante á da banda ezquerda, lombos e encostas en moita larganza, ermos ergueitos nos montes do Fonfarón en cuios termos están Vilamane ben oután e, sobre o beizo do novo val, Vilachá, a Veiga e outras parroquias ben rareadas de lugares.

Cervantes cai no ápido do Ancares, chairas e lombos de serra dibuxados en grave estilo polo río Cancelada e polo río Ser criados de vivas augas da Pena Rubia, o Porto de Mustallar e outras outuras ancáridas. Entre os dous ríos o releve sempre rexo tén unha grande panda que desparte en dúas a comarca. Na do sul as augas que enteiran o Cancelada labouran a conca pratense onde están os pobos de Cereixido, Nocedo, Vilarcello, augas adiante Cervantes co sonado logar de Vilapún, tídoo de condado antigo. O río, por Morteiro e Cancelada que lle da nome, chega ás pontes de Gatín. Delas un vello camiño ascende por iste val montesío pra avantar ós Ancares por riba de Ruitelán na baixada a Veiga de Valcárcel. A panda dista rexa serra por Cabanas Antigas espállase por Dorna, Villarber, Pando, Quindós, Ambas Vías, terras dibuxadas polo Ser. Pé dos montes orixinarios en Donis, os pobos xúntanse en cerco. O curazón do illado país é Quindós con sonada feira. S. Román de Cervantes, pé dos outos dos logares de Castro e Castelo está perto do Navia. Un logar augas abaixo chámase Ribeira. O Navia, despoixa de afondar entre cotos moi labourados por Penamil, chega a folgar na xeitosa conca de Pobra de Navia, envolveita nas outas cumes da Cruz do Restelo e as chairas de Montouto deica o Campo de Guleo, pé do coto do Seixo, e co monte Lourente, e os de Silbouta e Acevedo xunguidos por largasia soedá e coto ben rexo de Surcio. A Pobra nace das relaciós de Seoane, Barcia, Pin, Vilarpandín, e outros pobos ordeados en rodopío nas encostas ben raiosas. Moia e outros pobos quedan máis sumidos na unidade da serra.

Pobra de Navia case atesta cos primeiros pobos asturiáns. O val, entrando nos marcos da terra de San Antolín e Cecos, estréitase e forma des-

poixa, entre a Serra das Pedras Apañadas e o Busbeirón, graves e fermosas paisaxes asturiás por Ouviaño e Grandas de Salime, procurando o esteiro aínda lonxano. O derradeiro logar galego chámase Ribeira non lonxe do de expresivo nome de Invernallas e da xuntanza do río de Rao, nado no monte Surcio.

Os vales artellados co Neira espállanse en estesa rexión poila fermosa vea de arelanza miñoteira chama ó norde polo Turdia que con súas raíces chega deica a terra de Castroverde e polo sul atrái, polo río de Samos e Sarria, augas do Oribio e dos lombos da Santa Icia, marcos ca terra outa de Lemos. As costas occidentás do Cadebo, as do sul do monte dos Texos, as occidentás do Fonfarón, os montes de Vilarpunteiro e Pena do Pico, os longos desenrolos da serra nomeada ditosamente da Albela, e polo sul a outura do Oribio e os cotos de Cibreiro, e polo occidente o Páramo, demarcan en senso xeneral o ámpido do Neira. O río, cas súas maiores ponlas o Turdia e o Sarria, mañifesta unha figura de fina armuñía e sinxelo e podente dibuxo, como ordeando en decorrer de cristaíñas augas a mestura dos montes, os cales, no senso do decorrer do Neira, van deixando as feituras mestras de serras alongadas e amoreándose en fatos arredor dos grandes cotos illados —o monte Picato, o monte da Meda, o Paramo— que obrigan a pechar o val xa non lonxe do Miño. Ten, pra nós, valencia, iste individuizárense os montes chegando ó Miño. Elo vai facendo de figuranzas máis cheas e rematadas os vales.

Catro vales renden súas augas ó baixo Neira cuio comezo pódese procurare pola feira e coto do San Pedro de Láncara: os dous primeiros do propio Neira —Neira de Rei, Neira de Xusá—, o do Tordea, ó que non lle aquecería mal o nome e rubro de Franqueán, o de Sarria, o millor desenrolado diles, con seus artellamentos de Triacastela e Samos.

Follosas carballeiras en rodopío, castros podentes, pobos de antiga nomeada de pazos, parroquias vastas, terraxes caraiterísticos de fidalguía, sonadas e vellas fundaciós mosteirás, entéiranse nas comarcas ordeadas nas leises do decorrer do Neira. Houber sido un estudo fondo, de moitos e bós rendimentos, o análisis de cómo as formas do Miño van rubindo en polémica ca serra polas ponlas do Neira. As derradeiras e, ás vegadas, podentes presencias das serras, rexurdindo nos cotos bariles xa sinalados, amedran a beleza rexa, xuvenilmente verde no vran, xa non estrana a unha gracia ribeirán no inverno, distas terras do vello e craro Neira.

Son en entrocamento e veciñanza doutros vales diverxentes, en seo de montes cuias fontelas deitan con variadas arelanzas os oríxes do río. O logar de fermoso nome de Fontaneira frolece como o espiño de albos de mañán do abril en ben illado e ventoso logar. Pertiño deitan augas polo val de Baleira enteiradas no Eu. Outras que polos regos que fan o río das Lamas van criare o Suarna pagador e rendeiro do Navia.

Polo lugar de Cadebo, a parroquia de San Pedro de Asperela, en lombos mestos de arboredo, achéganse moito as cabeceiras do val de Neira de Rei e máis o de Baleira. Neira de Rei tén por cerne a parroquia do San Martiño onde xa o río vai medrado. Segue a parroquia irmá do San Miguel e, na franxa de forte pasaxe da estrada xeneral de Galiza, a terceira de Neira de Rei adicada ó San Pedro con Santa María da Baralla, centroso logar, e o sistema de parroquias e pobos (Vilarpunteiro, Constantín, Ferreiros) dispostos nas encostas verdecentes que o bulto do coto do Picato, co seu logar castrexo de Recesende, domiña. A entrada de augas de Guimaréi, dunha banda, e de Vilarpunteiro, doutra, determiñan, arredor da antiga ponte, o comén do estaxe ou val máis cheo e arredondado de Neira de Xusá cuia larganza pódese levar deica Láncara. Xa se tén dito ó demarcare o principio do baixo Neira. O releve vai amolecendo. Soio agurras doces mañifestan o senso das augas que, por Penamaior, procuran o Cruzul e, por il, o Eu. A pena do Pico correspóndese co Picato nos cabos do eixe do val. Moitos regos van ó Neira. Lembremol-o Pol, nado no Pico, e o de Lebruxo. Os pobos de soantes nomes de Ribadeneira e Vilardefrancos están ben postos no cerne de Xusá.

Segue o Neira deica entrar no Miño, por Carracedo, Neira dos Cabaleiros, a Póboa ou Pobra de San Xullán, Cela e Vilasante. No seu enteiro recorrere cruza por cinco parroquias de nome de Neira. Perto da Pobra de San Xullán, na paisaxe onde se ergue a raiosa outura de Sta. María Madanela de Moscán, decorren ó Neira, pola beira dereita, o Turdia, pola contraria o máis valente río Sarria.

De non contare o Cadebo demarcadoiro e os montes do Picato e do San Fitoiro máis lonxano, predomiñan as chairas de tipo debesa nas terras de Fonteita, Gomeán, Corgo, Escoureda, cruzadas polo Turdia, que chama polo Mazandán, corrente de Corgo e da terra propia de Chamoso, xa ben miñota e luguesa no senso da vila. Soio nos orixes do río por Mirandela e Uriz son máis movidal-as formas, cas quebradas dos riachos descidos do Cadebo como o Cubeiro de Riomel e de Castroverde.

O val do Sarria, máis enredado de feituras, semella acrecentare a sinxeleza dos ríos Turdia, e do San Paio de tipo consecuente.

No monte Meda, de rexa testa que considera ós lonxes as do Faro e da Martiñá, na fonte de Vilares, terra de Toldas, tén o berce o Sarria. Envolven seu primeiro tramo de val os montes da Albela por enriba dos pobos de Toldaos e entramos Alfoz, os de Fonfría e o alongado Cadebo, por terra de Triacastela e Renche. O río cas augas chamadas por il —como os fortes regos de Lamas de Viduedo, e da Queixadoira no Cadebo— labran canles afondados no erguemento conxunto da terra en cuios termos siñálanse de lonxe as diretrices das Serras. Son vales de lameiros pechos, mestas umbras, longo inverno, groriosa e grave primaveira, e unha luz glauca ou griseira. En Sarmos, o río silenzoso, calado, resba pé do mosteiro, e figu-

ran as abas dos montes enteirar na arquitectura. Por iso, e moi xustamente, loce a recollida paisaxe e luz de Samos no fermoso prólogo do P. Feixóo ó III volume do "Teatro Crítico" adicado á casa bieita moderna. Murguía rubíu deica Samos. Seu sentimento do val está en grande parte coberto, na nosa opinión, pola beleza fresqueira do vran nas terras de longo e duro inverno. Murguía fala dun val eglóxico. Son perfeitas súas palabras sobre o boligar das augas. Case en Samos o río, despedindo da montana pecha, entra debaixo dos cotos de Castrocán e Pascáis no propio val de Sarria. Mira ó Norde o erguemento rexo do monte Meda e cara ó Miño ordéanse os lombos lonxaos das Fáridas co seu trocamento clásico de rumbo na serra da Martiñá.

Pechan o val ó sul e ó poente os outos do Oural e o castro da Sta. Icia, rexa soleira da terra de Lemos, e os outos dentre Barbadelo e Paradela —Paradela, perto do Loio— ergueitos no grande Paramo. Iste monte arredondado, podente, cuias abas chegan ó Miño no sonado logar de Portomarín, determiña co Meda o eixe do val de Sarria. O chan de rexos e baixos lombos aparez asucado por quebrados cuios regos, axunta o Sarria nas tres fermosas curvas que fai e que se poden chamar de Fafián, de Sarria e de Betote. As rodas e rodales de carballos e castiñeiros, as debesas ben ordeadas conforme á vella prudencia xeórxica luguesa, encobren non pouco os cotos, mais ístes conceden ó val unha forteza e movemento que lle dá singolaridade en comparanza con moitas chairas larganzas luguesas. Estamos no derradeiro e máis perfeito val da montana niste senso. Perto do grande asucamento do Miño non tén forma miñota. Por Sant-Iago de Veiga, por Roufe e Vilariz, xa o río vai cedendo ó chamado do Neira fora do val.

Drento do propio torrón de Sarria a vila ordéase en perfeitos tempos do seu decorrer xeográfico, dende o castro xerminal onde as sombras da carballeira gardan autoridade e un ar de antiga "intemporalidade" propia das cousas ben enteiradas e desenroladas, deica os camiños feitos rúas. Abonda un pequeno enxergar pra sabere as formas e as esferas atraitivas da vila. Van as aldeas ben ligadas ca súa capidal e mercado da terra de graves carballeiras, de ollares de liños. Dende as fondas augas frías do riacho de Pedrafita do Cebreiro o Camiño de Sant-Iago, decorrido o tramo de Fonfría, vai ledo polo val —por Montán, Lousada— deixando seu nome no logar do "Camiño" perto de Sarria pra descer ó Miño por Ferreiros a Portomarín.

O tema desenrolado con larganzas e móltipres variaciós no val de Sarria compón máis pequenos conxuntos de graciosos cotos e val non esteso e ben dibuxado como na curtiza da carballa pola hedra, do río Loio, enteirado cos regos do Pico Cibreiró e da Pena Ventureira, por termos de Andreade, Vilamaior e Belante. É intresante, polos recordos, a vella ponte dos Ferreiros, entre Francos e San Miguel de Paradela, paisaxe xa case abranguida na do Miño pois non lonxe arredondéase nos cotos —un diles o da

Coroa do Toural— disposto nas encostas de Loio e Portomarín, case por frente das Penas de Ambarria na outra banda e no tramo de se trocaren noutras as formas do val do Miño.

SERRAS E VALES Ó SUL DO CEBREIRO

Nos outos lombos chairentos esmaltados polos logares de emocioadas lembranzas da Pedrafita do Cebreiro, do Hespital, do Mosteiro, e os de Noceda e a casa das Pozas, mírase ceder o pular dos Ancares e nascer o pular do Caurel. Levan o mesmo senso. Entre vellas estroituras que perderon a mocidade baril das formas e se deixan asucar polos regos, o Ancares e o Caurel figuran aínda de ímpedo oroxénico non domeado. O estilo do Caurel adivírtese no decorrer frieirento en cóbados de meandros encaixados do Lor, e tamén no dibuxo do Cabe. Ó sul do Cebreiro, a arquitectura é sinxela e rexa. Manda o Caurel. Chama de perto, afondado, o Sil. As augas van pra il boligadoras. Entre os dous ríos Lor e Cabe as semellanzas son moitas. Pódese dicir que o Lor, na súa choutadora mocidade de torrente, anuncia a relativa perfeición do Cabe. O Lor entra no Sil sin deixar seu ímpedo montés, en Ambas Mestas, pechando o tramo maino e de xeórxico cerne do val de Queiroga polo Caurel amparado. O Cabe na travesía da terra de Lemos chega a unha madureza. Tamén escuita xa noutras terras o mandado do Sil.

Ó sul do Cebreiro as formas non madurecen en vales de seu fartos como algús desenvoltos no senso do camiñar das augas ó norde do Camiño de Sant-Iago. As feituras de val son cabeceiras de afroencias ó val mestre da erosión do Sil. Tampouco locen vilas históricas, centrosas con meirande ou máis pequena forza de comarcas. Chaman de moi perto Lemos e o Sil. As cromáticas de terras griseiras e arxilosas collen grande valencia, os ríos afondan moi de presa, a súa laboura móstrase nas terraxes aixiña edificadas. Apesares da outura conxunta do releve, decátase calquer espreitador doutra luz ó sul do Cebreiro. Os castiñeiros illados nas encostas roxas, os curtos lameiros nos fondás, os pobos perto dos ríos fabricados de cantos, treiteados de pizarra, as rexas feridas das crebadas, son algunhas das notas das paisaxes do Láncara, do Lor. Mailo Caurel de por sí ergue seu mundo illado e alongado sobre os hourizontes de Lemos e do Sil, correspondendo cas arredondeadas Medas da outra banda.

O Caurel téndese en feitura de aspra e oután serra dende o Cebreiro deica sobre Queiroga e chegando á serra, demarcadoira de Lemos, da Augalevada. O Cebreiro semella unha pousa, unha "tesis" baixa entre os dous sostidos erguementos do Ancares e do Caurel. Ista serra conquire curutos senlleiros, en renque impresoante, o Capeloso, o Faro, o Formigueiros e o Pía Páxaro, o máis outo e xentil, asín chamado na terra, non Pico Páxaro

como escriben moitos mapas. As cotas ruben dos 1.400 e dos 1.500. O Formigueiros tén 1.500. O máis ergueito, o Pía Páxaro, tén 1.633. Outros cotos individualízanse na serra. O Cabeza Grande non podía fallar. Xúntase pola Cabeza do Coto co Formigueiros. Hai tamén o Corvos, a Cabra, a Palloza, o Pico Boi, en ringreira dinantes do Pía Páxaro. Pola Cabaluda e a Eira Grande —ista de 1.200— baixa o releve sobre o val de Queiroga. Os nomes teñen nos montes galegos unha grave ou xentil beleza como de antigas adicaciós.

Dibuxan o Caurel augas ó Lor, o Sil, e as ramas outas do Soldón e do Selmo.

Ó surleste a serra xúntase pola chamada serra dos Cabalos cos montes do beizo dereito do Sil valdeorrés. Hai, pé do Caurel, o pequeno espacio de montana do pobo da Seara, ben perto, en Ferramalín, xúntanse os regos do Pía Páxaro e entran no outo vale berciano de Oencia, enteirados no río Selmo que máis adiante dá nome a unha curta e leda ribeira. A parroquia de Sta. María Madanela da Seara inza en termos de mestos bosques. O coto da Coba da Vella fai de marco provincial. Os pobos pequenos e afastados de San Pedro de Hórres teñen por camiños antigos súas relaciós por Vilarubín con Oencia.

Polo norde-noroeste desenrólase a crebada do outo Lor. A il moitos regos do Caurel descen, e sobor dil está Seoane, centro de camiños, inicio de capital montesía. Máis alá do outo Lor os montes de Lóuzara encetados polo río, tamén Lóuzara, semellante ó Lor e seu afroente, cínguense cas serras do Oribio sobre a terra de Samos, rumbo do Miño, e cos releves de Brollón, terraxe de antemontana que anuncia a Lemos chairenta.

O Lor vén do mesmo Cebreiro. Tén súas fontes por Acibo, pé do mesmo prioirato e eirexa miragreira. Nas encostas do Lor afincan pola banda dos montes de Lóuzara, Pacios, Veiga, Lousada, Meiraos. Despoixa as abas móstranse desertas. Pola banda do Caurel, a parroquia de Esperante cos outos de Moreda e Parada, a máis de 1.000 metros.

O río Lóuzara críase tamén perto do camiño de Sant-Iago, ó pé do Padornelo. Afonda por Louzadela e as dúas parroquias de S. Cristobo e San Xohán de Lóuzara. Con voltas afondidas semellantes ás do Lor xúntanse entramos correntes en paraxe illado e fondo nos termos de Folgoso. Deica Barxa de Lor, o río vai lonxe dos pobos. Os pobos tenden as cabeceiras do val de Queiroga e das primeiras formas abertas de Brollón. O río cruza fondás impresoantes en terra de Bustelo e na paisaxe enxergada dende a ermida da Nosa Señora dos Remedios, perto de Barxa de Lor. E asín frieirento entra no Sil.

O río e a forma xeográfica máis coñecida das criadas no Caurel é o Queiroga ou Quiroga.

Seu comén por Pacios de Caurel tén a grandeza da Pía Páxaro ergueito enriba do val. Pro Queiroga cai de cheo no ámpido do Sil. O feitizo da

ribeira rubindo polas bravas encostas non é un dos máis cativos temas de xeografía e estética da paisaxe que agardan na Nosa Terra seren estudiados.

TERRAS DO INCIO E DE BROLLÓN

Apesares da outura e do rexo releve, tamén a terra montesía do Incio pódese enxergar, como a máis baixa de Brollón, como un degráu da serra, en ampra escada, descendendo as chairas de Lemos. Nista relación, non noutras, non deixa de ter súa verdade o tídoo de "val" apricado nalgunhas cartas xeográficas.

Incio vén sendo o espallamento de Lóuzara e as terras do Oribio en abas fortes dibuxadas no monte Agudo e na Pena Redonda, en desceso ó outo Lemos, de decorrer de augas ordeado polo río Cabe. No seu outo val moi aberto, veciño do de Samos, afástanse os pobos, os tres Incio, o Hespidal, o Trascastro, Eirexalba, co campo da feira, deixando valeiras fartas larganzas de ermos pastorás. Outra terraxe de moitos pobos é a do Mao, tamén tres parroquias diste nome. Entramos vales nos tramos outos son paralelos e os pobos neles dispóñense con certa régoa. País de montana carballeirenta, farta de lameiros, de antiga economía de logares, no monte lexos dos pobos con moito "maquis" de toxeira e rodás de carballizo e castiñeiros, montes de antigos carboeiros, moi sonados, como tamén as ferreirías. Entramos ríos xúntanse xa na terra de Lemos pé do Moncai, outura de moita valencia xeográfica (625 m.) e figura senlleira. Un segundo río, o Saa, deita no Cabe o cal enteirado cruza o cerne da terra de Lemos pé do castro e castelo de Monforte. Si o outo Cabe co Mao son os ríos do Incio o Saa é o río centroso de Brollón. Os procesos en entramas comarcas, máis de montana a do Incio, tenden a se resolveren achaéndose as formas na epilogal da Terra de Lemos.

En Brollón amolecen as feituras das serras. Das encostas dos montes do Incio, da Mioteira (870 metros), Outo da Serra, e Outo da Neveira descen os lombos de Couso e Parada dos Montes. Un pouco dos outos rachados polo Lor son xa por Piñeiro e Roda de Castro, Terra de Brollón. Ista caraiterízase polo maino descer e polo río Saa que, nado na Cima das Pías e outo da Serra (o pobo mais achegado leva o fermoso nome de Venera de Roques), vai afondindo por Covaledas e as Forxas, pasa pola Pobra ou Póboa, xa en case chairento terrón. Vai semellando ó Cabe e coil xúntase no Moncai. O releve desce docemente pra Lemos. A Pobra de Brollón está ós 450. Monforte ó pe do coto, ós 300 metros.

Non son doadas, ás veces, de demarcare as terras. As rexiós millor vívense do que se desparten e esmiuzan. Por elo guíanos un senso de clima.

O engadego do Sil ascende polas quebradas. Arestora temos de estudar

o asucamento e ribeiras espalladas ou apreixadas do río de Valdeorras e da Rivoira Sacrata.

O SIL NOS SEUS TEMPOS E CHAMADAS

Dende as Pontes de Domingo Flórez e as formas case espreitás do monte das Médulas, o Sil racha a entrana da Galiza ourental cunha forza e gracia soio semellante, na vella Europa, ás do Rin curtando o macizo esquistoso, e xúntase co Miño na paisaxe de podente sintetismo dos Peares ou os Tres Ríos. As comparanzas co Rin non lle teñen sido releadas ó Sil polos poetas. Augas batidas en pizarras, heroica vontade, leenda e realidade do ouro, vales esculturados con grandeza e ricamente desenvoltos no cerne das serras... Cando espreitamos como o río deixa o folgado val madurecido do Bierzo, vén ó pensamento de deica onde mandarán as formas e procesos galegos. O Bierzo inteiro, como as Cabreras ouzan e atenden a chamada do Miño. Dende o comén dista soleira xeográfica a unha obra de historia, quixemos demarcar noso pensamento e traballo no ámpido da Galiza adeministrativa de arestora ou, pra millor e máis gravemente falar, do Reino de Galiza como era enxergado no XVIII.

Non quixéramos caír na tentación de arriscar xiquer un comén de resposta a ista pregunta: ¿onde teñen valencia as formas e decorreres galegos das formas? É probrema sinxelamente xeográfico. Corresponde tamén á estética da paisaxe. Non abonda a obedencia do río a unha lei e chamamento... Mais fuxindo de fermosas invitaciós, lembremos un solar de outonizos amieiros bercianos na chaúra aluvial nas portas da Galiza, nun hourizonte de apreixadas serras, unhas galegas, outras non.

Cecáis nos montes péchese a resposta millor do que no val soante. Nos montes crebados, de pizarreñas fiadas, de crebadas a cuio pé no chan arxiloso pode inzar a flora meridional.

O Sil —xa o temos lembrado nas primeiras follas— fende as montanas, cría de seu unha ricaz farturanza de val, mais tamén demarca dous mundos de paisaxe. Moi achegadas, xuntando case as súas encostas, non son da mesma natureza e ordéanse asegún difrentes estilos de composición os montes da beira dereita e os da beira ezquerda do Sil. O val entéirase de por sí en caraiteres propios ben madurecidos e non soio nos xenerosos chans valdeorreses e queiroguès. Chama o Sil e seu suco de ritmo vivo e creador por fontes de moi lonxe. Veñen da Pena Trevinca e dos ermos e larganzas demarcadoiras da chamada do Douro. Istes ríos, ou os máis deles, semellan moi fideles á serra. Chegan ó Sil entre lombos esporentes. Son as formas as que se xuntan. Algús distes ensaian en pequeno, en belidas e surprendentes formas, o estilo xeográfico do Sil.

ALGUNHAS NOTAS DO BIERZO E DA PAISAXE DAS MÉDULAS

Tén sido o Bierzo ben gabado por seu caráiter de val fondo e xeórxico, ben bardado por esgrevios montes de escultura labourada de serras, horto

monástico, e a podente lembranza de ter sido a California e Eldorado do Imperio román. Mr. Borrow e Enrique Gil compuxeron algunhas páxinas verdadeiras e dun senso de xeografía simpatizante e creadora. Enrique Gil díu a tónica dos fondos verdecentes, dos feros montes co estilo literario "oxivalizante" caraiterístico dos románticos. Saudemos tamén a lembranza dun amigo do P. Flórez, o cisterciense Frai Ambrosio Alonso, na súa grave e tenra evocación do Bierzo monástico, horto das mesmas sazós do esprito das Tebaidas galegas alongadas asegún o decorrer do Sil.

O Sil, torrente astúrico do porto de Cueto Albo, loce no Bierzo formas de vaguedade con gran luxo de coiñales e terrazas. Deiquí unha eleganza nos feitíos remanecida dun longo pasado xeológico e tamén histórico, nos marcos da historia humán. Os xeólogos sosteñen ter sido o Bierzo inferior unha formación lacustre. Inda coalgunhas luces de poente sobretodo manda unha lembranza de conca de lago. Pensamos na Limia. Nas variadas Limias galegas. No Bierzo non se espallan as encostas chamadas na Galiza do Miño centroso "bocarribeiras". As abas dos montes deitan rexas no chan do val.

Villafranca está ós 594 m., Ponferrada ós 594, Cacabelos ós 486. O Burbia xuntado ó Sil en Villafranca tén o caráiter dos ríos ancáridos. Doutro estilo é o Cúa que lle chega en Ponferrada. Vén por fouces e meandros encaixados dos montes de León. O Sil, xa dinantes de Ponferrada, tén tramos de vaguedades con rexiós de hortos como Posadas del Río, mais aínda as encostas son rexas como en Bárcena. Dende Ponferrada, vila de camiño, náda pola atraición da Galiza, o chan amostra unha impresoante monotonía de capas de pelouros e estaxes pousados con ademirabre regolaridade tradocida na vexetación, nos coltivos, chan valeirado, apenas enxoito cuio achaer semella fortecere o erguemento dos montes. O Sil, entre sebes de pobos, enche ás veces as terras dos pobos de Priaranza del Bierzo, de Villalibre de la Jurisdicción. Como primeiros acordes montesíos érguense os outos de Pajariel.

Nas pontes de Domingo Flórez xúntaselle o Cabrera. Vén fendendo a outa masa dos montes Aquilianos e os da Cabrera. Os primeiros, os de La Guiana con outos remates (La Portilleina, Pena de Monte Maurín, e a propia Guiana de 1.850 m.) érguese á dereita dos da Cabrera, tamén de oután e rexo releve con moitos lombos de máis de 1.500 e algús de máis dos 1.800 como Ieguas de 1.894. Por riba de Silván unha cume chámase Sixobranco. Os montes do Carril e Carreirón, de máis de 1.700, entran no erguemento da terra outa e ourensán do Casaio. Na xuntanza do Sil e o Cabrera a cota baixa moito da de Ponferrada, 380 m. O río aveciña entrando nos termos de Galiza o sonado monte das Médulas. Unha forma estrana, chea de pasado xeológico e histórico. No sentir dos xeólogos, releve de acugulamento arxiloso un día crebado polas augas —¿forma e efeito da "erosión remontante" cecáis dun baixo Sil?— valeirado polos iñormes traballos de inxeniería, cuia pintura enche de vida e door, polo esforzo dos servos, unhas páxinas de Plinio o vello, das máis impresoantes

dos clásicos... O brilar do ouro galego reloce no latín dos poetas e dos historiadores. Todo o río, por ourífero, por entrada e camiño da Galiza, foi coidado polos románs. A roína dobremente xeolóxica e histórica das Médulas érguese ca figuranza de vermellas torres de pé e sobre o fondo do monte Placías, perto dos pobos de Orellán e Balouta. Son intresantes nomes de arredor os de "Barranco de Furnias" e "Lago Sumido". As Médulas presiden a nacencia, entre rexos roquedos, do val de Valdeorras.

TERRA DE VALDEORRAS

Poucas ordeaciós galegas de paisaxes chegan a desenrolar súa temática enteraimente ca beleza do val valdeorrés onde domiña no senso do decorrer do Sil despoixa do estaxe ou tempo de xuventude de Quereño, a madureza ben acugulada dos intres centrosos do val. Si o conxunto das Medas tén de ser pensado como en rodopío, en cúpula, cas formas raiolantes, o país de Valdeorras vívese en senso do decorrer. Entre as montañas dibuxadas sempre en feitura de grande escada pola podente erosión das frieiras e o chan do val, feito e desfeito pola enerxía do río, rexamente traballado por unha xeórxica fina e amorosa fortecida no decorrer das xeneraciós, componse unha fisiognómica de armónico ou de encontrados faitores. Poilos montes cinguen, ás veces de ben perto, e outos de mil metros atópanse ben cerca das vilas.

A terra valdeorresa comenza nos termos de Quereño e remata non lonxe do Montefurado cecáis no primeiro meandro encaixado do río, trocamento de ritmo que se pode sinalar en Chouza, pobo da beira ezquerda por frente de San Martiño. Pois Valdeorras defíñese como un tramo longo de val madurecido de chan arxiloso, espallamento de prataformas estroiturás axiña feitas e voltas a facer polas variaciós de corrente. Por Quereño as encostas pizarreñas chegan ó mesmo canle do Sil. As augas traballan na pizarra locente. Máis adiante as arxilas e os coiñás cobren en moito espacio. No tempo das chuvias e das medras fanse lagoas, e brazos mortos do Sil voltan a brilar cas augas. Os pobos e as eirexas procuran os cotos pizarreños e as pontes. Desenrola unha rexa e vizosa mata de val, onde non chegan as labouras das viñas e das hortas. Dan ó chan de Valdeorras tamén outra nobreza os renques de pobos e amieiros. As encostas alónxanse e pódense mirar as montanas rubindo dun pulo en grandes abombamentos que chegan deseguida ós mil metros. Asociados cas cromáticas roxas da terra, griseiras e verdecentes, albas nos coiñales, semellan máis impresoantes as griseiras montanas cuia apreixada formación de pizarras arredondéase na tona, de fino verde despóis das chuvias, esgazada en fíos de roca polas crebadas moi afondadas. Eles, os camiños das augas, desparten en grandes lombos as abas. As outuras móstranse esmaltadas polos castiñeiros, as estaxes baixas polas viñas. As bodegas ó estilo leonés baixo terra,

os pombeiros brancos, algús fatos de oliveiras, son notas da terra valdeorresa.

Pola beira dereita mandan as costas das serras da Enciña da Lastra, ca Pena Laza, o monte Rebollo do Rosal, e os afillados do Montouto. Máis alá é a terra berciana de Oencia e de Xestoso. Pola beira ezquerda son as abas da serra do Eixe e montes de Casaio e o erguemento da terra do Bolo. Seus lombos chegan por Santa Mariña do Monte ben perto do Barco, polos outos de Correxáis e Mones, ás portas da Rúa. As costas labouradas polas frieiras aparecen no seu pé seguidas polos cotarelos da erosión torrencial. Chegan ó mesmo Sil por Sobradelo. Despoixa, co espallamento do val, istes "conos de deiección" —endexamáis fumos gustantes distre rubro que adoitan empregar os xeógrafos— enteiran o pé dos sucos fondos pequenos cotos ben inzados de vexetación, ricaces de augas, briladoiros de lameiros, ás veces asentos de pobos. Na feitura do val interveñen tamén súas formas xuntamente cos aluviós do río. Ises cotos torrenciás mensuran en tempos o decorrer do val.

A montana déixase labourar á dereita polas crebadas de rico artellamento de Veiga de Cascallana e de Rubiana. Deica Oulego e Biobra, pé da serra da Enciña de Lastra, ruben as viñas de cepa antiga e outa, ben contestes, envolvendo costas e baixadas, chegando hastra máis dos 800 m. seu coltivo. O río de Oulego, xuntándose con arroios de Biobra e do monte de Pena Laza en Robledo da Lastra, baixa pola Veiga de Cascallana entrando no Sil en S. Martiño de Entoma. Outros regueiros —o Regueiral, o Candeiráis, por terra de Córgomo e Forcadela— axudan a esculturar os fermosos cotos, as encostas vizosas, alicerce de "pazos", eirexas, e pobos raiosos. S. Vicente de Leira e Mazo presiden istas terras que dende Vilamartín estreitan o val.

Quereño, S. Xusto, Sobradelo, no primeiro tramo valdeorrés, inda sofren da pesadume do monte. Son, apenas, os terreos e viñas unha pequena faixa, nas crebadas améstanse os traballos. Hortas, ponte sobre a crebada, e pobo agarímanse. As augas descen, ás vegadas, bruantes. Polas costas os castiñeiros locen verde tenro en troncos oscuros sobre as laxes soltas ou rexas, griseiras, das pizarras. Dende Entoma, o val améstase de pobos. Recuadas as costas, desenvólvense terras afroentes. As curtinas de outos arboredos fan máis fonda a paisaxe. Seus caraiteres semellan seren o amestamento de formas, e o senso do decorrer. Todo obedece á lei do río. O Barco, Vilamartín, A Rúa, cada un centro de condensación, expresan tamén feituras e tempos difrentes. O río envolve seus perigos. As terras, das máis ricas, polo proveitosas, da Galiza, teñen de ser gardadas das ameazas do río.

Pola Rúa as parroquias teñen un verdadeiro sistema de defensas, e tense ensaiado unha grande obra de canle. Dos tres cernes de cristaización, o Barco e a Rúa, por millor comunicados cas montanas, chegaron a mei-

rande desenrolo urbán. A montana dona do gando, das madeiras, axuda á economía do val.

O Barco con Viloría, Santurxo, Vilar, enteirando no seu orgaísmo ó Castro e Vilanova, forma unha vivente xuntanza de vila e aldea. As pontes teñen un valor urbán. Xaogaza, Forcadela, con Córgomo, tiran a grupo afastado frente do circo do Barco. O Barco compre ó noso entender as millores condiciós de vila no val. Inzase o chan de xeórxicas finas. As froitas xa van pesando case tanto como o viño na economía, e van domiñando as formas modernas tradocidas na paisaxe.

Vilamartín, co seu nó antigo e fidalgo, atesta máis de cheo nas costas. O Castro siñifica na relación co Barco a antiga acrópolis fidalga e vilega. Hai unha certa semellanza con Monterrei e Verín. E na Rúa, voltándose a xuntaren os pobos e mandal-a ponte —Valencia, Petín, Correxáis— adevírtese a valencia do camiño. Seguen as feituras e relaciós obedecendo á determiñante da vía román. Ou, millor considerado, latinos e modernos adoitáronse á lei das feituras e procesos do releve. Pola Rúa, e a sonada ponte Cigarrosa, inxírese no val un dos custantes vieiros endexamáis abandoados da historia. O camiño de Ourense e da Galiza das Rías Baixas, pasadol-os montes, desce polos Codos de Larouco, e por entramos Freixidos entra no val. Seadur, xa abranguido no clima valdeorrés, enxerga dende seu coto o xuntárese do camiño de Viana que, tamén fuxindo das grandes encostas, vén polos vales outos con relación o Sil. O senso e impresión de pasaxe adevírtese en Valdeorras como unha dimensión, ás veces como unha fita. Os aspeitos do Bierzo baixo, e do val seguinte e afondado do Sil, amóstranse como lembranzas no tramo valdeorrés atal desenrolado e expresivo.

Sobre a Rúa, nas costas descidas do Montouto, Robledo e máis Cernego siñifican xa vivires inzados na montana inda non na serra. Santa Baia e Santa Mariña do Monte, Santa María de Mones, parroquias tamén fartas de viñas, chegan perto do beizo esgrevio da serra. As outuras dos montes de Monzón, achegados a Correxáis andan xa polo milleiro de metros.

Chega pra nós a súa meirande beleza e valencia expresiva no outono despoixa do vran rexo, alapeante, iste chan de mol terciarismo e esgrevieza pizarreña broslado de longa historia xeórxica. Pois entón, cando aínda non boligan as augas polos canles encostados nin encobren as néboas os termos, as terras amostran como os arboredos súas ceibadas coores e as formas míranse en luz esculcante. Sinálanse as finas direcciós de ataque e traballo dos homes e das augas nas encostas, as estaxes sedimentares decrarando seus tempos compasados polo maxinar ca historia dos logares, dos camiños e traballos. Si en cada grande unidade da paisaxe hai algunhas formas e procesos onde se mañifestar doadamente a temática xeneral, escolleríamos de Valdeorras as outas e pizarreñas agullas ergueitas sobre as súas propias roínas por diante de Sobredo, como tipo do roquedo nu e rexa dinámica,

e o coto de Córgomo na familia dos outros como o Castro pro máis oután considerando a enteireza do val e do decorrer de tres tempos paralelos no senso do río e das formas.

MONTEFURADO E QUIROGA

O tema valdeorrés, en canto de val en tempo madureiro, repétese no chan de Quiroga, mais con outras determiñantes. Semellan impoñer súa lei dous vales afroentes —o do Soldón, o de Quiroga— traballados ó pé e asegún o correr da podente serra do Caurel. De Valdeorras ó Soldón o val cai de novo por Montefurado e Anguieiros, Figueirido e Vialester, na estaxe de loita e polémica. Deitan hastra o canle do río os alicerces das terras outas de Bendollo e Vilarmondelo por unha man, da máis ergueita serra da Moá por outra. Vai o río desenrolando fermosos meandros, algús xa moi vellos, de capio ou pé estreito, entre as costas moi traballadas polas augas, inzadas de vexetación mianiana, con pobos e labramios ricaces e pequenos nas crebadas, por algunhas de cuias rachadelas pódense enxergar outas, e como nun mundo superior, as cumes das Medas. O Montefurado é un distes roqueiros sufincos arrodeados en grande curva polo río. Quedóu enxoito o meandro, unha pequena figura de veiga. Por riba do Montefurado aínda pasa o camiño descido de Trives polos Codos de Larouco pra Quiroga. A outra ponla vai a Valdeorras. Na paisaxe o Montefurado semella obedente á lei das formas naturás. Un pouco máis adiante, por Anguieiros, en paraxe pouco humanizado, entre graves ordeaciós de encostas, deita no Sil a corrente do Bibéi, maorazgo das augas das estesas e longas Medas. Teñen unha solene beleza istas illadas xuntanzas de ríos. Co Bibéi rematan moitos e largasíos procesos de erosión, un mundo comprexo de formas.

O Caurel remata con sinxeleza e beleza de grande e serrán navío ancorado sobre os vales de Quiroga. Defféndeos do nordés, deixa vixiar dreitamente o ermo sobre a ribeira. É outra a luz. Poilos vales afroentes —o do Soldón, o do Quiroga— teñen seus refrexos pola ourentación difrentes. O chan de arxilas e pelouros decórase de fartos viñedos. Moitos cotos e cotarros decraran seren anacos de terrazas. San Croio e os pobos amestados arredor, do concello de Ribas de Sil, o mesmo San Martiño, centro do val, cos logares de Pacios, do Hespidal, érguense en terrazas de croios. A coor da terra rica e mollada, cunha impresión de paisaxe "cerámica" propia dos vales madurecidos, espállase no ambente como en Valdeorras, cecáis con meirande valencia pois en Valdeorras as cousas seguen un eixe e vieiro máis craramente imposto que na ribeira queiroguesa, de feitura menos rematada, inxerimento dun val no outro, cas serras máis enriba, máis achegadas.

O val do Soldón afonda entre o Montouto e o monte da Louseira —nome ben doado polas lousas pizarreñas—, despoixa da parroquia outa

da Veiga onde o río tén seu nacimento por Vilarbacu. Río atreboado, baixa ó Sil en Sequeiros, costas inzadas de uliveiras, perto da ponta de roquedo do castelo de Torre Nováis onde se franquexa a terra de Quiroga. O río decorre dende o pé do coto do Pía Páxaro, afondido, ceibe deica pousar un folgo pola Hermida onde se lle xunta o Ferreiriño, nome ben decrativo, en terras de Ferreiros. A vila de San Martiño, fidalgá, con antigas fincas apoiadas ó tempo na economía da serra e da ribeira, faise ben raiosa en sufinco semellante ás pequeñas acrópolis valdeorresas pro máis envolveita na aba sombriza da serra.

O VAL HEROICO DO SIL DEICA AMBAS MESTAS. OS TRES RIOS

Chegamos ó derradeiro tramo do Sil. Cecáis o de meirande beleza. Tampouco as grandes encostas decorren lonxe do traballo humán. Aledadas polos vellos castiñeiros, co pé envolto nas videiras, se a xeórxica é pequena surprende polo heroico da laboura dos sucalcos. Moitas terras outas, ondeadas, de fartas labranzas, enxergan dende seus miradores de castiñeiros e agras de pan o río afondado, xentil, soante, como unha vontade.

Agora o Sil vaise por remate ceibando das formaciós pizarreñas e no seu findeiro movimento traballa fermosos alicerces de pedra de gra. Sinala a xuntanza do Lor o trunfo dos montes. Das encostas bariles da terra de Lemos ergueita á dereita, e as da terra de Caldelas e Nogueira espallada e outa á ezquerda. O val, afundido entre as encostas de Fuluxente e Torbeo, abas da serra de Augalevada e da Mazaira forma da ampra Moá, case se reduz a unha estreita canle. As barcas en correspondencia con vellos camiños gardan súa siñificanza doutro tempo. Entre a de Torbeo e Parada de Sil pola banda de Lemos esmáltanse, en outo, Vilachá, Marcelle, máis nas encostas Vilar de Mourás, Doade e Amandi cuios sucalcos madurecen os viños tidos en tempo en grande estimanza. Por frente, Mazaira, Santa Tecla, Abeleda, inzan nas ladeiras e resaltes do país de Caldelas, escollendo os cotos esculturados polas torrenteiras e as moreas de acugulamento. Ribeira estreita pro quente, ricaz, aitiva, de vellas parroquias que, no labro da ribeira e mandando nos estesos hourizontes, domiña a vida do Castro. En Lumeares desce a se xuntar co Sil o río Mao, de fervenzas, criado nos lombos de Montederramo.

Dende Parada do Sil á xuntanza co Cabe, o val dibuxa dous meandros encaixados de moito cóbado. Na dereita mantense a outura do labro da encosta polos 500 m. por Monte de Lovios, Lama de Brosmos e Santiorxo, pra se erguere a máis dos 700 nas canteiras do cotarro do Castro sobre o meandro do Cachón da Mula. Baixa deseguida polos penichaos de Nogueira e Anllo, xa perto de San Estebo. No labro da ezquerda xa non son atal fermosos os releves como polas Abeledas, Cristosende e a grave e senlleira Carosa. Parés sinalar un trocamento nas formas o suco do río Mao. Segue o outo da Portela ca ermida do San Antoño, rube ós 700 a cota er-

gueita por Gándara e Cachaldora. En xeneral, tramo deserto pola Pena Ventureira, moitos sucalcos, e unha fonda canle ó chegar pé do San Estebo e á xuntanza do Cabe. Eiquí, no findoiro decorrer, amostra o Sil unha podente composición de penedías graníticas domiñadas pola fermosa roína do mosteiro, inzada de fermosos castiñeiros en escadeira, curtada por frieiras soio cheas de fíos de auga nas invernías, algunhas aínda non adoitadas as formas. Poucas manifestaciós da arquitectura dos granitos ricamente diaclasados como istas costas de San Estebo e Pombeiro, de dinamismo e aspeito hoxe variados polo erguemento do nivel de base cas presas do Sil, onde o río se dispón a perder seu nome nos Peares, coma o Lor e o Bibéi, máis xa no clima da Galiza do Miño centroso.

A REXIÓN CENTROSA DAS MEDAS

En xeografía, en estética das formas, Galiza escolle e quer como siñificativa e case perfeita a "meda", arquitectura étnica e arquetípica do pan e da herba nos conxuntos cheos, madurecidos, do vran, e arquitectura conteste, eterna, ca exempraridade das formas vixiantes e lembradoiras do hourizonte nos montes, chamadas "medas". Hainas, e sempre centrosas, rematando un proceso, decrarando a lei dunha comarca en toda a enteireza da Galiza. Pro onde a forma se enteira, enche e espalla con meirande gravidade, valencia e beleza é na outa rexión do cerne ourensán ou da Galiza do S. L., ó sul do asucamento do Sil. Un erguemento rexo e vasto, mundo de serra cupular, podente de seu ca súa fisiognómica —das costas, gandras, cumes, penedías, vales novos, aldeias, nacencias de ríos, hourizontes, ventos— e ó tempo cinguido ó erguemento das serras galaico-lusoleonesas do Eixe, da Seca, da Calva, máis ou menos relacioadas co ímpedo da cordilleira cantábrica mañifestado no lombo do Cebreiro, do Caurel.

Non se descobre na nosa Terra un ordeamento semellante de montes "en rodopío". Si enxergamos a enteireza do chamado macizo galego-portugués, entrando nil todo o abombamento ó occidente do Esla lionés e do Rañadoiro asturián, tamén podémolo vivir como unha cousa úneca e de seu, unidade xeolóxica onde se labouran vales artellados e se sinalan feitíos de serras e montanas de caráiter senlleiro. Pois aínda na sintética e conxunta vivencia sinálase o caráiter das Medas. Propoñemos —temos xa noutras ocasiós proposto o nome conxunto— a soia posibre e xeitosa nomeada que leva e pecha unha definición en si, levando a todo o conxunto e enteireza o nome da grave e conselleira "Cabeza da Meda". Son as mesmas as formas ou os procesos que levan e elas. O pobo alenta no senso da serra. Das Medas centrosas envolveitas en sebe e circo de terras de bocarribeira e de val. Víveas dun xeito difrente a como enxerga e lembra as serras do Eixe e a Calva, a de Leboreiro e Xurés. Pois ístas alónganse pra outras terras, decorren pra lonxes augas nadas nelas fora de Galiza. Non atinxen a craridade arquitectónica das Medas. Certamente pódese con-

siderar un conxunto arredor da Pena Trevinca. Colle as serras zamorás enteiras das Cabreiras, de Sanabria, da Culebra. Mais domiñan as vibraciós de montana do erguemento alpino —chamámoslle cantábrico, ou millor, no senso galego da lingoaxe dos hourizontes, ancárido—, siñifican estaxes de transición, hai larganzas enteiras sin aquel pulo e vontade de forma de comprírense as chamadas do Atlántico que semellan seren os caraiteres galegos do releve.

No hourizonte as feituras das Medas son saudadas dende Sarria e o Caurel, dende o Miño e as Fáridas, e hastra dende as espalladas gandras da terra melidense. Ó encobrírese por Dozón o Pico Sagro no hourizonte, xurden as Medas enxergadas dende toda a larganza das Fáridas deica Avión e dende as Leboreiridas que por aparentes serras pouco difrenciadas ou por fondas soleiras se xuntan co elas. Non hai conxunto de composición atal de castiñeiro de grande sombra, ou do xénero petrucio. Aboas e petrucias con respeito ós vales e ás montanas de arredor, en rodopío fermoso. Valdeorras, Quiroga, Lemos, a outa Limia ou terra de Maceda, a Limia clásica, o val de Verín, as terras de Viana e do Bolo dispóñense arredor. O Barco e a Rúa, Trives e o Castro Caldelas, Monforte polo hourizonte, Maceda, Allariz, Xinzo, Verín, Viana, están nas abas ou no hourizonte das Medas. Teñen as montanas circos, aureolas. Son tempos de vivencia máis ou menos rexa. Se a terra de Lemos e o val do Arnoia e Allariz non alentan dreitamente no clima e forza, das Medas dependen en moitos procesos.

As Medas, no senso do eixe meirande, espállanse dende a Cabeza da Meda con mainas encostas ó Sil findeiro por frente de Lemos á cabeza de Manzaneda por riba do asuncamento do Bibéi, cinguida polo erguemento menos dibuxado de Queixa sobre a terra de Viana ca serra do San Mamede que escultura seus cotos riba da Limia. O nome de Queixa non houber sido inxustamente levado ó conxunto. Pois algo de "queixal" tén o rexo arquexamento dende a Meda á Manzaneda con volta ó San Mamede. Son podentes as abas e alicerces. Andando arredor mírase a serra —é decir as Medas— caír pola Moá no Sil, esvaecérense nas gandras e bocarribeiras por Nogueria e Maceda, ocultárense súas raices como as torgueiras dos carballos na Limia, mais tamén xuntárense polas Estivadas, polas serras Das Frieiras e do Cañizo con outros cernes comprexos montanosos, semellando Viana e o Bolo comarcas de menos enteirado dibuxo. Prós rumbos do norde frente ó Caurel, do poente diante as Fáridas, do sul diante as Leboreiridas, amóstranse as Medas ben perfeizoadas nunha forma que no nacente semella menos rexa, como adurmiñada na xuntanza cas feituras menos ceibes do Eixe, da Calva. Inda así os ríos danlle gracia, esprito, valencia.

Os ríos son a beleza e a cantareira legría distas graves montanas, de pel agurrada, de estesas gandras cheas de neve, de amestados arboredos nas abas, pizarreñas ou de gra, ergueitas nus poucos cotos cupulares. Os

ríos dibuxan na mesma enteireza da serra sucos ordeadores das formas e crían iniciás aspeitos de vales onde as vellas aldeas pastorás e labregas viven adoitadas as leises da montana. As Medas son nais, non madrastas. Non erguen pobos miserentos como outros montes ó ceu. Os ríos Mao, e Navea, traballan no cerne da montana. Entramos teñen súas fontes no San Mamede. O Mao deseguida vai ó pé do mosteiro de Monte de Ramo, alba lembranza de Císter, e polas grandeiras soedades de Vilariñofrío, na serra cruzada pola estrada de Ourense a Ponferrada, procura, botándose a il case ó sulago, o val do Sil. O Navea presta a valencia da terra de Chandrexa, no cerne da serra, espranza de val entre o San Mamede, a serra



Fig. 18. - A ponte romá do Bibéi.

de Queixa —a "serra", forma determiñada por outura e máis por feitura drento do conxunto ser da "serra" sin nome— e a Cabeza de Manzaneda e tamén despoixa de afondar unha surprendente ribeira por Trives, baixa ó Sil en tempos de apreixados meandros pro é collido dinantes polo Bibéi.

O sistema Bibéi-Xares-Camba siñifica a unidade e os particularismos das montanas de S. L. Tén nos seus largasíos decorreres unha fina elegancia. Moi lonxe tén súa fonte o Bibéi e tamén as súas o Xares, si se consideran entramos ríos, craros, afondados, nas canles das Ermitas xa perto do Sil.

Mais entramos deitan da mesma montana, da xentil e podente Pena Trevinca. Nela xurden cinco ríos: o Tera, o Cabrera, o Casaio, o Xares,

o Bibéi. Soio un, o Tera, fuxe da lei e chamada do Sil. Manda deica moi fondo dos montes e das falas o amor do Atlántico galego. Bibéi e Xares, acentos moceiros, ceibe camiñar, forza criadora, levan ás Medas o saúdo da Trevinca. Os decorreres son finos e rexos. Entramos cinguen e determiñan as terras de Viana e o Bolo. Xúntanse pouco dinantes dos ademirabres Codos de Larouco. Mais o Bibéi xa chamóu e ordeóu as augas das Medas polo nacente. En renque verdadeiramente sinfónico, o Camba, o Couso, e outros tres ou catro ríos deitan no Bibéi. Asín o Bibéi, obrigándose á forma das Medas, ordea o devalar das súas augas. Delas as do Camba son as enteiramente "médidas". Tamén o Camba tén no San Mamede seu berce. E do San Mamede deitan ó Támega criado nos outos vales de Laza pra labourar, dempois do de Monterrei e Chaves, seu val portugués por Amarante cinguido ó do Douro, o Limia, ou o Xinzo, de seu difrente nos tempos do decorrer e na arelanza da lagoa da Antela, e unha das raíces, sinón a primeira, do Arnoia, o río de Rebordechán. Temos pois de considerar no San Mamede, na súa cúpula ergueita e xenerosa, non de píncaro, sí de meda, o paralelo da Trevinca. Son cecáis as cumes "dioscúridas" de Galiza. En cada unha xurden cinco venas maestras, criadoras de fortes e matizadas paisaxes.

Os tempos sazoeiros das Medas teñen demorada infruencia todo arredor delas. Case se bican cas abas das serras do norde polas costas da Moá e o Cerengo, pro ista "case" é o Sil, siñifica un trocamento de formas e ritmos. Case chegan as Medas ó Miño. Pro chegan ó labro ergueito do val miñán as bocarribeiras espalladas e criadas nas Medas. Eiquí comenza unha feitura, a "bocarribeira" xeitosa e das millores proporciós pró estabrecimento e traballo dos homes, desenvolta máis craramente no Miño centroso. As terras cinguidoiras das Medas cas outras comprexas unidás ou as grandes e surprendentes sinxelezas das terras montanosas son, ás vegadas, dificuldosas de seren descritas. Eiquí palpamos ben dreitamente o perigo e o feitizo da xeografía. Son moitas, fuxen de entre as maus, soio despoixa de longo, amoroso traballo e agardas se decraran as formas e valencias dos hourizontes. Lembraremos unhas após das outras en roda dende o coto castrexo de Caldelas, tolo de hourizontes, ás terras ordeadas arredor das centrosas Medas ourensáns.

TERRAS DE CALDELAS E DE TRIVES

Son, dentro do rodopío das Medas, comarcas de precisa caraiterización, pé dos outos lombos, sofincadas e adrentadas neles e abertas ás fondas e labouradas ribeiras descendo as cales algunhas encostas amostran a fartura das xeórxicas no medio de cernes formas criadas pola enerxía erosiva. O asucamento heroico do Sil dende Valdeorras case ós Tres Ríos dibuxa o nivel de chamamento das augas. Míranse as formas devalando pró Sil. Dubidan, semellan sofrir de trasacordos, danse xenerosas.

Si non escolmamos enxergar o conxunto montesío asucado polo valente val.

As terras de Caldelas e de Trives descen espalladas dende as serras do Burgo e de Manzaneda cara o val. O Castro anda por perto dos 800 m. (793), a Póboa ou Puebla de Trives tén 743. Entre amas o releve érguese nos montes de Río a mais dos 1.000 no Conso, no outo de Cerdeira. Acarón da mesma estrada, o coto do Picotiño chega resbando ós mil metros. Entramas comarcas erguen sobre o arco do Sil o valente lombo de duras encostas ó río da Serra da Moá que chega no monte Cerengo ós 1.280 m. A serra da Moá conxunta as terras de Caldelas e de Trives por frente da serra de Augalevada e do podente Caurel.

A brava serra do Burgo, cinguida ca entrana do S. Mamede e Queixa, comeza ben perto de Montederramo e seus cotos monótonos e encostados chegan con outuras de 1.000 a seis ou oito kilómetros da vila do Castro. As maiores cumes están en ringleira dende Fitoiro cos outos da Crus deica os termos de Paredes e Montederramo. Rabal, moi cinguida co Castro, siñifica o tránsito á terra de serra esgrevia de Queixa. Sas do Monte, a Medorra, Abeledos, Marrubio, forman nas relaciós e veciñanza de Montederramo. Iste lugar, soado na historia monástica e pola feira, servirá pra demarcal-a terra de Caldelas. Empeza polo monte de Gabín, de arredondeada feitura no hourizonte do San Mamede. O Gabín pódese considerare o derradeiro erguemento da propia serra. Da serra, contorneando o Gabín, baixa o fermoso torrente Mao, cheo de moíños e presas. Vai por Santa María de Nogueira pra descer, rachando encostas esporentes ó Sil, pola Pena da Espada e Cristosende. As raiosas pendentes de Couceliños vístense de cepas anunciando a mesta ribeira da Teixeira. O Mao dibuxa o lindeiro caldeláu. Pola banda do río concede caráuter ás paisaxes o monte de cerne e graciosa individoalidade da Carosa. Cos seus 800 metros, ou perto deles, preside a ribeira.

O Castro aniña no coto onde chega a forza e forma do riacho de Caldelas asucando a encosta. Ó mesmo pé da vila nacen os primeiros aspeitos da ribeira. Ista morde e enceta a gravidade dos outos de 1.000 metros non lonxanos da vila. Ben perto o Burgo, ós 800 metros, dá nome á serra xa lembrada. A rúa centrosa dista aldea é un anaco da vía román. Ó N. por Tronceda o releve óupase ca veciñanza da serra da Moá.

Dende a vila centrosa de Caldelas domíñase un estupendo hourizonte, deica o Caurel e os Faros, cas chairas de Lemos, e noutro senso a dura serra do Burgo pechando o mundo das Medas. No Castro pódese estudar —nas formas, nos pobos, nas xeórxicas— un vivo trocamento de ritmo xeográfico. As viñas comezan en Celeirón, améstanse por Santa Tecla e Aláis. Os pobos e lugarciños van pasando das vellas feituras adoitadas á antiga economía a outras modernas. Goberna a lembranza do antigo señorío abacial de San Paio da Abeleda.

Na terra de Caldelas compréndense doadamente, a máis da veciña Camba e o Burgo, o craro Sas de Penelas, Mazaira, termo montés de es-

porentes encostas —baixan en ordeadas formaciós orleadas de castiñeiros dende os 1.000 metros nos outos de Tronceda ós 200 sobre o afondado río —relacioados ca ribeira e abas ben asulcadas de Torbeo. A outura de abondo, como procurando os sitios raiosos, istálanse os pobos, S. Martiño de Pacios, Torbeo, S. Lourenzo, deixando na encosta as antigas adegas.

San Xohan de Río, boa e ricaz parroquia, interponse entre as terras de Caldelas e Trives pro máis cinguida ca triveña. Unha faixa de chan labrego, de centeos e lameiros, estréitase dende Río ós termos de Torbeo entre as cumeadas de Tronceda á ezquerda, e as primeiras da serra da Moá, á dereita. A tona de chan labrego rube deica os mil metros por Quintela e a Crus, e igoal acontece perto de Río. Pacio e Barreal de Sanxurxo, con Ribadas e San Fitoiro, débense recordare entre os pobos do termo de Río. Por unha estrada de duro camiñar e graves hourizontes cínguense istes pobos ca ribeira de Quiroga, cas viñas fermosas de Ribas de Sil. Ista estrada vai pé do coto máis ergueito da Moá. Rube dos 1.100 m. no lombo da propia Moá e chega no Carengo ós 1.286. A Moá tén feitura de lombo alongado, de fermoso cerrizo de xuvenca grosa. Docemente, mais con pulo, dibúxanse no hourizonte os outos seguidos dende a Moá ó Cerengo e ás Ferradas de máis de mil. Descen en ampras e regoadas encostas, regolarmente abombeadas, finamente asucadas sin fonda laboura polos torrentes ó canle do Sil entre Montefurado e Augas Mestas. Os logares, aínda que raros, escolman a beira dereita do Sil. Poucos agatuñan polas encostas da Moá como Lousadela. Polo ourente as encostas da Moá descen á xuntanza do Bibéi co Sil en fondas e desertas ribeiras, perto de Montefurado.

O Navea, tamén afondado, é o río caraiterístico da terra de Trives e a súa farturanza de vida, a variación que impón á paisaxe, cecáis exprique en senso xeográfico o nome da parroquia e concello de Río. Pro, ademáis, o Navea dá ton e forma ós releves de terra das comarcas de Queixa. Por ilo, despois de lembrar a terra de Trives, debíase voltar ás fontes e outo curso do Navea estudando a rexión centrosa e moderna das Medas entre cuias graves formas cupulares estabrécense os pobos de Queixa.

Na Terra de Trives o Navea afonda esculpindo unha estreita e ricaz ribeira, semellante noutra mensura á do Sil. Todolos ríos das Médidas e seu rodopío seguen a mesma lei. I-é de grande e xurdia recompensa prós xeógrafos e os amantes da paisaxe descobrir nun pequeno río as mesmas gracias ou semellante grandeza de encostas que no Sil ou nas ponlas mestras que o manteñen. Dende a ponte román Navea o río xa mostra seus encaixados meandros. Ínzanse os labramios pé da ermida do San Amaro no Castro. Son de nomeada as froitas semellantes ás do Ribeiro da Avia. Xa en paisaxe do estilo podente dos Codos de Larouco faise a xuntanza do Navea e do Bibéi. Soio menos de tres kilómetros augas abaixo entra o Bibéi no Sil.

A propia terra de Trives, ondeada, case chairenta, con meirande desenrolo das formas de casechán ou de prataforma do que a de Caldelas,

figura un folgo entre o ritmo rexo da serra de Manzaneda e o do val do Bibéi, ó que descen as estupendas costas dos Codos de Larouco. Serras de dibuxo perfeito ordéanse nos hourizontes mais armoñosos do que os caldeláns. Tamén é millor o chan, rico en soutos de castaños, carballeiras, debesas e pan. San Breixo, entramos Sas, Piñeiro, Casteligo, Portela noméanse entre os pobos da chaira. Pé de Castrelo e do Castro as viñas esmaltan a costa do Bibéi dende o labro de 600 metros, namentras na beira de por frente de formas paralelas non hai sucalcos pró viño. O Trives vello, acaroado co antigo camiño, foi baixando a pequena aldea namentras a Pobla ou Puebla de Trives medróu ó correr da nova estrada do XIX. Non foi creación somentes itineraria. Xa tiña dinantes persoalidade. Mercado, praza dunha terra ben poboada, a vila non tén a composición de estampa romántica do Castro. O Castro decrara a paisaxe erma e o hourizonte de grandes serras sobre a estreita e esporente costa. Trives loce a tranquía feitura dun chan de aldeas labregas, ben apoiadas na serra e na súa economía, perto dun variado sistema de ribeiras.

Por S. Lourenzo de Trives, e máis por Cotaróns, Castro, Penapetada, Encomenda e a vila de Manzaneda, a terra de montana de Trives faise nun solene trocamento, de serra. As ditas parroquias cos seus labramios, coas súas touzas, viven en circo ou arco ó pé da grave encosta da serra gandeira. Aproveita quebradas e os chaos inzados de logares sobretodo pola parroquia de Sobrado. O nó de Sobrado como a vila de Manzaneda chéganse e teñen ós seus pés a boa ribeira do río de Manzaneda que se cingue ca do Bibéi na paisaxe impresoante dos Codos de Larouco. Tén perdido Manzaneda seu castelo. É pobo conteste e pechado e aínda coltiva viñas na encosta ben abrigosa do seu río tamén chamado de San Lázaro. Vén das abas da Cabeza de Manzaneda, a fermosa e meirande cúpula da serra de Queixa.

TERRA DE MACEDA E VAL DO ARNOIA

Senlleira feitura a do val arnoiés, ca crara e limpa decraración dos tempos crásicos dun río galego: a conca de lamestras, lameirenta, lembranza de lagoas e paludes na aba dos montes onde se orgaízan e pousan sin crara determiñación de camiño os regos vivos da serra, o estaxe de val afondado pouco a pouco deica chegar madurecido pro lonxe dun folgo derradeiro pois llo estroba o Miño, ó seu findar. Hai variadas crás de afroentes. Algús compretan, enteiran, o proceso e decorrere. Outros polas augas decorrendo con outras, perfeizoan súas formas con outro nome.

A terra de Maceda chamóuse, e inda se chama nalgures, Limia outa, e súa capital Maceda ou Manzaneda de Limia noutro tempo. No chan arxiloso encobrindo antigos cotos, na maestade do hourizonte de costas e serras, na priguiza das augas, nos ecoares lacustres apreixados no ambente, hai

semellanzas. Mailos chamamentos obedecidos son outros. Non colle dúbida de sel-a soleira ou marco ou umbral de Guamil, entre a terra macedá e a limiá, unha das chaves morfolóxicas da Galiza do rodopío das Medas. Pro os ritmos afástanse. Mandan as augas. A macedá é unha terraxe máis enxoita. Soios os illós se espallan nas mestas invernías. O Arnoia tén orgaizado o decorrer das augas por entre lonxas priguizas.

Impón a gravidade do fondo. Vívese moi de perto a serra. Súa forma e testura de pedra lonxana, súa sombra case cósmica, seu vento cabaleiro. O San Mamede, enteirado nas súas tres cúpulas centrosas, ergueito con

Fig. 19. - Maceda. Castelo dos condes de Maceda.

calma e enerxía, enxérgase case inteiro. Coil xúnguese a serra de formas chairas descendo ó val —millor a outa conca— pola encosta do Rodicio. Cecáis máis impresoante do que o San Mamede istas lombas chairentas, por onde os asucamentos das augas van levando cara a Cabeza da Meda non enxergada, sospeitada. Nos outros sensos, os cotos pechos demarcan as estesas chairas, case bocarribeiras, da Rabeda, do Lonia.

O chan érguese en lombos, un deles o coto barrento, con vetas de roquedo, carballeirento nas encostas, cinguido de riachos novos que na chaira semellan vellos, do sonado tempro e santuario dos Miragres. As terraxes

centeeiras, moi pedregullentas, as veigas arxilosas, os ademirabres fatos de carballos amigos das meias encostas, os fondás lameirentos, os conxuntos de bídalos albos, amigos das augas, compoñen un fidalgo e petrucio mundo de montana ben presidido pola serra perfeitamente demarcada. Sufíncase en coto penedoso, asegúrase en penedo o castelo antigo e decotado, o campo da feira, a vida ben abastada de Maceda, filla ou afillada da pedra. A terra é basta de parroquias e ben servida de camiños. A vila está ós 668 metros. Por ela vai unha das raíces do Arnoia. Tense dito sel-a petrucia. Contentámonos con sinalar as tres. Unha —o río de Maceda— vén de Xunqueira de Espadañedo e Niño de Aguia, das primeiras encostas que levan a Cabeza da Meda. As dúas parroquias arreconchéganse en pequeno val con formas de seu. Da serra do San Mamede baixa o río de Tioira, por Castro de Escuadro, Lamelas, Tioira e Foncuberta. Da serra tamén, por Maus, Rebordechán e Lamamá, baixa a vea sen dúbida mestra do Arnoia. Vai cinguido o coto que fai de peana ó locente santuario ben raioso e vistoso dos Miragres, o chamado Monte Medo, de moitas historias (599 metros) e xa perto de Baños de Molgas, ós 518, onde comeza o afondimento e regoada laboura do val, recolle as correntes dos outros dous "Arnoias": o de Tioira e o de Maceda. Niste intre comeza o val que temos de espreitare cos seus espallamentos e artellamentos.

Imponse un primeiro tramo a Ponte Grande, xuntanza do Sorga, a vea dos ben labourados vales e terraxes de Celanova e Bande. O val polas costas e os lameiros de Ambía —Xunqueira de Ambía, 535 metros— chega a unha paisaxe xa crásica en Allariz, ponte da estrada xeneral do sul da Galiza, grises e leviáns verdeceres de cotos rexamente dibuxados na encosta penedosa que desce do monte Penamá. A Limia máis ergueita tén por defesa a liña do Penedo das Portas e do Penamá (936). Entramos fermosos montes de craras nomeadas. O Penedo das Portas loce moito nos hourizontes limiáns. Pola banda do Arnoia súa costa cai sobre Ambía e Xunqueira. O Penamá, vistoso, acupulado, xúntase co monte Calvo, pechando a outa conca da Limia, tén pola encosta pro Arnoia, nas abas, San Martiño de Pazó e a ermida de San Paio. Allariz vive no seu amparo, a vila pasaxeira, dos cotos craros e illados, na que comeza a traballosa encosta pra rubir ó alcázar da Limia e se repousa da rubida dende a ponte de Ourense. Collendo dende a terra macedá os montes de Cantoña, os de Rocas, despoixa os cotos ergueitos no outeiro de Boa Madre e de Santa Mariña das Augas Santas demarcan polo senso do Miño centroso ou ourensán o val arnoiés. Nil desenrólanse as bocarribeiras de tipo montesío na comparanza das miñás baixas. Son as terras de Armariz, Folgoso, Urrós, as da Merca e Proentes, graves, de recantos xeórxicos, centeeiros, é a paisaxe misturada da celanovense e a dos Castros de Trelle e Montes que non lonxe atestan. Cecáis fora bo e xusto empregar o tipo ou esquema de paisaxe celanovesa. Pola beira dereita as bocarribeiras de Pardavedra, de Zarracós,

nas abas do Penamá, sínten a veciñanza do Sorga e dos vieiros por íl sinalados.

TERRA DE CELANOVA

Inda dadas as relaciós e conxunciós xeográficas e históricas que cinguen Celanova e Bande, ista vila e a comarca do seu redor entéirase pola chamada das augas no ámpido da Limia Baixa. Cruzados os ermos do Vieiro pola estrada da fronteira, ou domeados os lombos de desfeitos penedos da serra da Vela sobre o Limia, ou os montes do Cexo, érguense no hourizonte as grandes e labouradas serras portuguesas —a Porteliña, Xurés, Pitós—, chamando de perto as augas polo río Cadós baixan ó Limia, no ambente hai na serra mesma unha promesa da dozura dos vales de Lobios e Entrimo de cromáticas portuguesas. A serra da Vela, ou tamén montes de Bande, co monte Calvo máis baixo pechan polo rumbo de Guillamil e Lampaza as chairas lamiguentas da Limia. A Vela, no noso sentir o verdadeiro nome, rube pouco dos 1.000 metros no alongado e centroso lombo que desce en pinas costas sobre o Limia polas parroquias do Ribeiro, Güin e Ordes, e cínguese polo Vieiro ós 800 de outura cos erguementos do Cexo, promontoiro sobre os vales celanovenses da grande serra demarcadoira do Leboreiro. O Cexo espállase dende Verea a Bangueses con poucas cumes de 1.000 metros: A Moa, a Pena da Vedra, a Mota, as Catro Cruces.

A terra propia, como arnoiesa, de Celanova comprende as de Milmanda e Acebedo, de formas semellantes e no mesmo conceito e enxergamento as de Quintela de Leirado. Pois apesares do chamamento do Miño hai un caráiter arnoiés, no noso sentir, máis do que miñoto en parroquias como Riomuiños e Pontedeva. Tamén o podente inxerimento do val do Arnoia leva seu caráiter ó mesmo Miño. Dentro diste sentir débense lembrar a Penagache e as de Castelo como atestando cas terras de Celanova e o podente Leboreiro cas de Bande. Entramas serras enteiran un rexo erguemento seguido. E nil decrárase o estilo dos montes chamados por nós "Leboreiridos".

Os verdes vales esmaltados de graciosos cotos, non ben individualizados, como apenas ceibados e con todo presentes nas paisaxes, conceden unha beleza recollida á propia terra celanovense. Asín as encostas e meandros encaixados do río despoixa de Vilanova dos Infantes, nos termos da "ponte pequena", e a mesma costa inzada de castiñeiros, baixo a ermida do Cristal, e o val ricaz de Bobadela, e as paisaxes dende o mosteiro e a vila, de Ansemil, Sorga, as mesmas primeiras encostas do Furriolo. O río chámase xeneralmente Sorga. Non falla quen o nomée Vieiro pola fonte meirande, e tamén Orille. Pola fartura das augas non se perden as colleitas en Celanova. O río nado nas frías lamestras do Vieiro xa dibuxa, pé de Verea, seu val aberto, franquexado, que, polas dúas Veigas e Mourillós, entra na paisaxe da vila.

Celanova, ós 500 metros —ou pouco máis— preside unha das comarcas de meirande fartura de pobos e parroquias. Montesía, loce mimos de ribeira. A montana non adoita graves formas e a serra figura ben lonxana estando perto. Na praza mor fidalguizada polas composiciós fortes e ledas do mosteiro e súa eirexa aléntase nun ar de ventos, de camiños e falas. Son do Arnoia polo Sorga e Vilanova dos Infantes, da baixa Arnoia e do Miño por Freás de Eiras, da Limia polo Furriolo, de Bande por Verea. O derradeiro tramo do Sorga amostra pola Ponte Pequena un renque de fermosos meandros encaixados nos cotos contestes de grandes ovoides de pedra de gra. En meirande escada é o meandro do río, pé da costa de Vilanova. O val de Bobadela, espallamento das formas do Sorga pé de Celanova, de Vilanova e Castromao, garda a fartura de entramas Veigas (San Paio, San Munio) cinguidas, como Cañón, Amoroce, Mourillós, á vila que mira os fondos do Penamá e a espallada larganza do Calvo, cas costas do Furriolo, gardadoras da Limia. A vila asegúrase en abas do monte Leboreiro, o antigo Leporarius soante nas escrituras fundacionás do mosteiro. No Leboreiro, que ven sendo o alongamento dos montes de Cexo, da familia do Leboreiro, moi traballados en formas de cotos polas correntes, tamén sufincan os pobos da dreita da rexión de Acebedo e Milmanda. É unha pequena e ricaz terra, ó decorrer do río Tuño, cas súas primeiras correntes iniciadas nas parroquias de Cexo, pouco a pouco ceibadas polas abas do Leboreiro e polo "piedmont" da fermosa serra de Silvaescura, feitiña, ben rematada, como afillada da serra de Bangueses, de feituras vagoentas, espallamentos da serra do Leboreiro e da Pena Gache. Tén a feitura e procesos do val do Sorga. Domiñan as bocarribeiras por Ansemil, Vilamea, Paizás, Mosteiro de Ramirás, bos pobos, ben alicerzados dende antigo, máis ribeiráns do que os de Celanova como se polas costas de Freás de Eiras rubira o clima arnoiés, de mestas nabeiras de millo e o crecemento e inzárense dos piñeirás en mantos seguidos.

Voltando a Celanova, lembremos como o val baixa dende o seu orixinario Vieiro. Xurde o río en quebrada sinxela de cativos lameiros e abedoiras finas. O Vieiro, sonado nos días e xornadas da arrieiría e as dilixencias, forma unha soleira ou umbral de paisaxe. Nil baixa á outura sinalada polos montes de Bande ou da Vela e polo Cexo. Baixando a Celanova as formas dos vales froentes ó Sorga traballan con certo senso de armuñía os lombos griseiros dos montes. Son vales de milleirás e lameiros. Deitan os montes fartura de augas. Verea, rexa de croas de carballeiras, procura o portelo dun val afroente. Na media encosta, na outra banda, Sorga e Ourille procuran a meia outura. Chegando a Celanova, si nas sombras manda a gravidade da serra volvoretexa tamén unha promesa de ribeira.

Unha promesa somente, a soia precisa pra concederlle ó clima e vivenza xeográfica de Celanova un caráiter de "acmé", de cheo frolecer

das excelencias da montana. En Bobadela as parreiras falan da Arnoia. Nos termos celanovenses a montana faise docemente coto.

Temos lembrado o Vieiro ben aireado. Coil franquéxanse novos hourizontes. Amesta a serra do Leboreiro —ben difrente do monte sobre Celanova— seu balume pola banda do Miño case encobrindo a máis labourada de Pena Gache, descen costas raiosas, traballadas polas augas, espállase, afóndase, deixa entreollar seus vales recollidos a Limia baixa, demarca de frente pró sul co Leboreiro a serra de Xurés, e a de Santa Eufemia, blocos ergueitos dun pulo, algús esculturados en finas agullas. A Portela do Homen, "portelo" e paso histórico, sinálase con craridades como unha ferida na rexa serra domiñada pola ermida da Nosa Señora, por galegos e portugueses agasallada. Os tempos da erosión fanse máis vivos. Brila no ambente, inda locindo brancas muradanas as montanas, unha realidade de ribeiras de vides. No pasaxe da terra de Celanova á do baixo Limia, vila de marco, aínda inzada na serra, envolveita por dous aires no ermo, Bande, mira polos outros cómo ós seus pes se desenrola a baixa Limia. Logar escolleito, como o de Trives, o de Chantada, o da Cañiza, como unha solaina de pazo ou prioirato pra enxergar ós lonxes. Bande, pousa do camiño de Celanova ó Limia baixo, a Portugal, e do camiño de Limia outa que vai pé da serra de Vela, penedosa e erma, pola nacencia das quebradas. Da outra banda, pra Bangueses e Leirado, o monte pecho logo deixa folgar a gracia das bocarribeiras e pequenos vales de Leirado e Crespos. Van ó Miño. Goberna o decorrer das augas o río Deva.

Co inxerimento dos vales atal semellantes do Sorga e do Tuño, das terras de Celanova e Milmanda, o val do Arnoia faise de cheo ribeira e afonda ben dibuxado de encostas, mais en conxunto sen amingoárselle a arquitectura severa das formas. As pontes Fechas e Balsada sinalan o comén dunha madureza no val. Falamos da ponte Fechas por sel-a do camiño antigo de Ourense pola Merca a Celanova, Silvaescura, montana de modelado clásico, goberna as outuras por riba de Freás de Eiras e Penosiños. Son terras de logares ben fartos de millo. Searas e videiras, sobre chan moi cruzado de regos, no ámpido dos piñeirás xa case enteiramente dono de costas e cumes, fan o engado da Arnoia e máis abaixo, na chamada de seu "Arnoia", nome de parroquia —e do concello— améstanse os aspeitos de ribeira, semellante á do Miño, á do Avia, cas que tén de vello tantas relaciós, pro máis estreitada e fonda, de entrana de penedo e curtas e ricas veigas. O logar da Ponte Arnoia, co río xa ventando seu remate, os camiños fondos, a terra ben aproveitada, a vexetación do val, entre as disformes penedías, siñifica o inxerimento no Miño daquil val entreollado nas vagoentas lamestras da conca macedá.

Dinantes, non desviados de Freás de Eiras, locen Penosiños e outras nomeadas parroquias como Escudeiros e Anfeoz. A dreita, sobor do val enteirado en baixa e quente ribeira, érguese en baril arelanza de forma o coto de Novelle, mestre —xa o temos enxergado— na composición das pai-

saxes do Miño ribadaviense. As bocarribeiras por Sande e Poulo, son estesas deica os termos crebados de Cartelle —364 metros— ben "bocarribeira", e locen na fartura do piñeiral algús espacios grandeiros que anuncian os lombos de Xestosa. O Novelle leva na súa figura a temática en esquema dos vales, bocarribeiras e ribeiras dista rexión de trocamento ampro e fermoso de ritmo xeográfico que colle o Miño nas súas veigas de Castrelo e Francelos.

A BAIXA LIMIA E A TERRA DE CALBOS DE RANDÍN

Si Bande pola paisaxe e relaciós tén de ser estudiado cas comarcas de Celanova, ben logo ó sair ó pe mesmo de Bande as formas obedecen a outro chamamento e confórmanse a outra lei. O ser de fondos e pequeneiros vales afondidos co seu ambente e composición de gracias xeórxicas portuguesas na entrana dos espallamentos das serras que temos chamado "leboreiridas" e das propias e rexas unidades de serras. Non quixéramos, nin tampouco debemos, dicir serras fronteirizas ou demarcadoiras. Acollendo o conceito e senso do "macizo galaico-duriense" dos xeólogos, siñificarían as "leboreiridas" o comén dunha forma, a do sul, do macizo, a menos traballada por grandes veas artelladas, a non atraguida por un ou dous seos atlánticos dibuxados en rías.

Na baixa Limia manda un trocamento de ritmo nas augas. A meirande lagoa teórica na súa folla de Porqueira e Ganade e o río envolveito na mol dozura da "facies" montesía, gandreira, de hourizontes grises no seu tranquío decorrer, vólvense canles encostados, leitos torrenciás ó franquexar a soleira de rocas e descer depresa polas fouces de Cabaleiros. Pásase en pouco espacio da montana ó val. Chaman con imperio os canles afondados. A Limia baixa propiamente comenza no senso do río na Ponte Liñares e remata pé da serra, de adicación atal ourensán, da Santa Eufemia. Mais chama e acolle ríos bravos ou mainos de serra e de montana e asín a terra de Lobeira, cos seus cadabullos e porciós de serra, e a de Calbos, outros esquemas e estaxes de "limia", teñen seu logar no sistema do fermoso río no seu derradeiro tramo galego. A vila de Bande, inda decorrendo súas augas polo Cadós, entéirase no lindeiro das paisaxes da montana celanovense.

Couso de Salas, Barcele, Muiños, terras de debeceres de montana, prontamente se deixan abranguere nos ritmos do val. Ningunha paisaxe atal impresoante como a da Ponte Liñares ou Ponte Nova. O Limia ceibándose en pouca e encostada larganza da mol priguiza das formas limiás, bótase nun ponto cheo de vibradoira enerxía a traballar nova canle. Os chairos hourixontes seguen os alombados en serras, ergueitos en cotos, deitados en abas. Axudóu ó ímpedo no río o traballo dos homes. A vontade do correxidor de Xinzo, Toubes, no rego das ideas de Fernández Varela, de Bedoya, coñécese no trocamento do río. Mailo proceso eixe da escultura perteñece

á natureza. Os montes, costas de Randín, costas de Santa Comba de Bande, ermos istes ben soados polo antigo camiño e a siñificanza da eirexa, obedecen ó traballo novo das augas do Limia. Entre a Ponte Nova e as fouces de Cabaleiros, nomeadas verdadeiramente "as Cunchas", o río compre unha primeira estaxe. Inda non ten perdido seu carís montesío apesares dos ledos anuncios de ribeira máis agasalleiros nas griseiras ordeaciós do monte.

Muiños, Mugueimes, Quintá, Barzeles, e outras parroquias e logares da ezquerda do río como Baños, e Sta. Comba, tiveron en Porto Quintela un espranzado comén de vila enxebremente itineraria e centrosa, xuntanza



Fig. 20. - A Ponte Pedriña, no río Limia, denantes de ser sulagada.

de vellos camiños, perto das boas terraxes e fermosas carballeiras da Veiga de Muiños. As esgrevias obras da presa das "Conchas" teñen dado unha non agardada fisiognomía á paisaxe. Poderíamos escribir: outra meirande acentuación. Unha "ría" inscribíndose no val de procesos aínda novos concede ás formas unha madureza. Pouco a pouco, cecáis máis depresa do agardado, a luz, as cromáticas das encostas, da vexetación e coltivos afanse ó novo estaxe. Porto Quintela, como Baños de Bande e a Ponte Pedriña, desapareceron alagadas polo rubir rexido pola técnica das augas. En conxunto, as cousas ordéanse nun senso de equilibrio novo. Os pobos —era doce o acougo dos Baños de Bande cas súas parreiras, súa eirexa e as lem-

branzas románs— fono chantados de nova pranta máis lonxe. Brilan como espellos de esteiro ben colmado as augas da presa. Teñen os regueiros e as correntes ventureiras outro estaxe de base e chamamento.

As "Conchas" son meandros afondidos de valente e fino dibuxo, entre S. Miguel e Cabaleiros, que lles da nome, traballados entre as costas de Parada de Ventosa. En esteso tramo dos esporentes cotos da dreita do río onde iste chama ó río tamén afondado de Grou, os ben tecidos sucalcos de Quintas, Ferreiros, Casar de Cima, Casar do Mato, locen ó sol boas viñas. Hai unha lembranza dos Codos de Larouco. O val segue afondido entre os desceres mais regoados en lombos polas augas por Herdadiña, cos seus

Fig. 21. - O Coto do Castro en Lobeira.

finos cotos alborados, Lobios, Asperelo, Galez —terra de Entrimo— con algún estaxe de ribeira por Compostela e Ludeiros, pé de Manín e da Serra da Sta. Eufemia. Cando o río entra en Portugal no Porto de Pentes nos termos decorados polo castelo de Lindoso, gardan as correntes o movemento imposto polas Cunchas.

As grandes serras leboreiridas do Xurés e Sta. Eufemia, como á dereita os montes de Bande e a grave e propia do Leboreiro, determiñan algunhas comarcas ou pequenas rexiós de senlleira expresividade: terras de Lobeira e Grou, ribeiras de Entrimo, "limia" xa moitas veces nomeada de Calbos de Randín, vales do Río Caldo. Istes ríos de carís montesío sofren toda unha estaxe de frieiras ó descer, ou millor ó caír no Limia.

Pé de Bande dibuxa súa asucadela, que vén do Liboreiro por Corbelle, o río Cadós. A súa dereita, deica as primeiras encostas da serra do Leboreiro e levada na aba dela, a comarca de Lobeira parés disporse en rodopío, tendo por cerne o coto e ermida da Virxe do Viso sobre Facós, descendo por Grou doadamente á ribeira. Si Lobeira pódese enteirar na maneira de pé de monte, de montana feita con pronto movimento das formas "bocarribeira", a terra de Calbos de Randín é, outa e espallada, máis do que montana, serra, onde o millo non madurece e as gandreiras soedás con cernes arxilosos se espallan dende Calbos, pobo de beixo e comén, deica Randín, de chaira serra que o río Salas atravesa en paisaxe sinxela e cristaíña, río case sin decorrer aparente a carón da ermida do Santo Antoño. A serra manda nos lombos de súpeto arredondados, nas formas de blocos pouco inzados de quebradas. Son os montes de Salas e Medus, serra de Larouco, outuras de máis dos mil. Soio a Aguioncha ergue súa forza en feita escultura que dos lonxes, dende toda a Galiza do sul centroso, mostra certa semellanza co Pico Sagro. O río Salas desce en súpeta frieira por termos de Xermeade e Salas pra xuntar co Limia perto de Ganceiros. Os vales miudos, abrigosos, inzados de uliveiras e onde as videiras penduran dos albres —os de Lobios, Entrimo, Araúxo, Río Caldo— afastados por cotos roiniformes en movida topografía, deitan no Limia que chega a Porgual por Lindoso. Seus derradeiros afroentes son o Caldo e o da Illa. Entramos baixan de ergueitas serras. O Caldo da de Xurés presta camiño á vía román da Portela de Homen. Baixa o Illa do Leboreiro, a grande serra das chouzas dos pastores, ricaz de augas e soedade. Todalas grandezas e os afalagos da paisaxe xúntanse na despidida do río e val do Limia.

OS TEMAS XEOGRÁFICOS DA LIMIA

A Limia tén notable valencia xeográfica pola orixinalidade rexa dos seus aspeitos e hourizontes, os probremos morfolóxicos entranados no calmo enxergar das augas da Lagoa, os trocamentos de ritmos, e tamén por siñificar o máis enteiro e cheo exempro no tempo de hoxe dunha cras de paisaxes non rara na Galiza, mañifesta en moitas "facies", gandreiras ou non, ás veces como lembranza a cada paso máis feble, outras como inicio non enteirado. Pénsese na Terra Cha do outo Miño, nas gandras clásicas da comarca do Porriño, nos chans de Cobas e Triós. Hai na Galiza variadas "limias" e aspeitos limiáns, ningunha atal compreta e expresiva como a histórica Limia. Ela, no rodopío e coroa de rexiós arredor das Medas, loce, grave, un pouco lonxaa e melancólica, seus hourizontes de mainos e vellos "tempos" en comparanza co enteirado trunfo das formas valecas de Monterrei e as estesas armuñías de chaira e val asucado drento do tipo montesío, do Bolo e Viana. A lembranza da Limia tén de ser orgaizada co estudo da chamada "Limia baixa", o val outo aínda, mais xa orgaizado, do río. Poucos mañifestan, como iste antigo "Letheo" dos medos clásicos, os estaxes e tempos

dun apaixoante e fermoso decorrer fluvial. Hai de pensare no esteiro portugués, envolveito nas finas brétemas da saudade de Ponte do Lima como fase epilogal do río fillo das ergueitas Medas, descansado e folgado na lagoa Antela, despoixa devolto a un heroico forxar de val nas fouces de Cabaleiros.

Tense chamado "alta Limia" a conca primeira das augas do Arnoia, terra tamén roxa e aluvial de Maceda. Tamén o Arnoia loce fisiognómica semellante ó outo Miño. Con máis adianto no proceso das augas, a terra de Maceda orgaíza o despedir delas por afondimento normal da canle mestra e soio no chan quedan ecoares, cromáticas, de tempos antigos. En Maceda enxérguese aínda, sin se ollar o río, a enerxía do Arnoia. Ista terra macedá case se xunta co chan da Antela na soleira de Miamón e Guamil. Millor chamala de Guamil. A outura da Antela non rube moito dos 600. Pro deseguida os cotos de arredor chegan e ruben dos 700. O afondimento da Arnoia fai o dibuxo e resaltar dos montes do hourizonte de Allariz —o Penedo das Portas, o fermoso e grave Penamá— e a Limia como outa, chaira e neboenta terra de montana en relación co Arnoia ben traballado en val de tempos lóxicos, da lus e crasicidade de formas da terra de Verín e dos asucamentos do baixo Limia e do Salas. En realidade, e atendendo ó conceito e ser de "montana", a Limia como montana e con todolos seus momentos e estaxes debía ser levada dende o pé do San Mamede ás mesmas fouces de Cabaleiros.

O cerco de cumes, das Medas e das Leboreiridas, agasalla a Limia con súas augas obedentes ós tempos das neves. As serras nais da i-auga no conceito popular teñen perfeita representación nas Medas. A Limia cría seu fermoso río, como o Ulla a Ulloa, —no pronunciar "Illó" soa, sin dúbida, unha imaxe xeográfica— máis entranado ca súa nai o Limia. No senso tradicioal e acostumado remanece o río da lagoa Antela. Non é o Limia orixinario a corrente formada na lagoa sinón a vea de auga chamada tamén e nalgús mapas río de Xinzo, o nado nos termos de Sarreáus e Nocelo da Pena, nas cotas dos montes de arredor 850 metros, cinguidos ó erguemento do San Mamede e non lonxe do primeiro asucamento dunha corrente chamada a moita sona, o Támega. Ponse a fonte máis ergueita do Támega na Albergaría, ós mil metros, releves de Prado e Rebordechán e tampouco lonxe da fonte do Arnoia. Temos nas encostas do San Mamede un agromar de fontes de ríos, de tres ríos orixinarios de desemellantes fitares e destiños.

Os outos de Pasadiña, de prontas e esporentes baixadas á lagoa, descendo o releve dos 900 ós 670 en Bresmaus ofrecendo un peito de montana á chaira, os de Lodoselo, Marco Valente e outros relacioados cos montes de Laza, orixinan os regos axuntados na corrente do Limia, deseguida calmo polos largasíos e chaos eidos da veiga ricaz envolta polos pobos que a labouran, asentados en pequenas ou en sinaladas outuras. Piñeira Seca, Sarreáus, Lodoselo, Nocelo da Pena, Vilaseca, Boado, Solveira. Fondas e fermosas carballeiras améstanse nas terras e encostas de Solveira, pé do

Castelo da Pena. A chaira desenrólase deica Escornabóis, Vila de Rei e Faramontaos, cruzada pola sonada reita da estrada de Villacastín a Vigo. En Xinzo, na veciñanza dos cotos derivados da Pena, os camiños novos e vellos axúntanse. As chairas seguen estesas por terra de Vilar de Santos, Sabariz, Rairiz de Veiga, deica as costas do Furriolo e ó largo do río pola terra de Porqueira. O adiantárese por Sobregranade, Guntimil e Parada dos montes de Blancos dibuxa sobre as chairas un promontoiro, o de Damil, ben manifesto na paisaxe. O tema esencial ofrécese na xuntanza, nos sonados termos da Saínza, da corrente tamén maina da lagoa co Limia. Na estaxe aitual da morfoloxía hai algunha relación co Miño da serra de Meira e a fonte Miñá, ou millor as lagoas de Xermar. O Limia, corrente máis forte, ordea o despedir das augas e soio en parte chama polas da lagoa cuia larganza vai sendo amingoada polo traballo labrego e regóase polas invernías. A corrente do río de Faramontaos, a do de Moreiras e outras nadas en cotos amolece na chaira, como a do Limia. O ritmo lento domiña. Segue impoñendo a chaira seu ton, e inda nas estesas campías enxoitadas está presente a condición lacunar.

Espalla a lagoa seus craros ou embazados vidros, refrexadoiros dos ceus, ledicia das aves migradoiras aniñadas por milleiros nos outos xuncos, entre Vilar de Barrio, Sarreáus, Xinzo, Sandiás e Piñeira de Arcos, camiñando da banda nordeste á nordoccidental, pobos a unha rasante de sobre 650 metros, ben de antigo agromados na chaira. Illós penedosos érguense non lonxe da lagoa como o da Medorra en Trandeiras, o de Piñeiraseca, o ben labrado e envolveito en matos da Pena, ca súa torre que afonda os hourizontes de Xinzo, non lonxe de Solveira, e o menos sinalado basamento do castelo vistoso de Sandiás. Polo sul a chaira espállase moito en tres sensos: deica Nocelo da Pena, Escornabóis e Vila de Rei, nos lindes dos erguementos montesíos pechadoiros dos vales do Támega, na direición de Moreiras e Faramontaos en "facies" de folgo estreitado polas outuras de Cualedro e as de Blancos, e derradeiramente no correr do río Limia na direición de Porqueira e da ponte de Liñares onde se compre o trocamento de ritmos da Limia outa ou verdadeira Limia centrosa e a Limia Baixa. A sebe montés —no senso do releve e das formas— está sinalada polas parroquias e termos da Albergaría, Carraxo, con outuras de 800 ben arboradas, Baldriz, e as Estivadas ca ermida raiosa de Nosa Señora da Saúde, a Graga de Cualedro (900 m.), os montes de Baltar e Blancos —Mota, Penedo da Reina Loba, outuras de 1.150 m.— e os altos do Furriolo e montes de Bande. En moitas larganzas a chaira tén un nivel igoal e chega pé das costas ou penetra nelas con limpeza. Mais tamén rexiós non chairas suxétanse á infruencia limián en costas pouco esporentes e hastra en sistemas de cotos abranguidos na chaúra. Os que poideran ser chamados "cadabullos" da Limia ofrecen interesantes composiciós de paisaxe.

Das catro grandes follas en que se ordea a terra propiamente limiá soio unha, a máis nordeira, case aberta á terra macedá, é a da lagoa de lindei-

ros non precisados, cambeantes asegún as sazós e os anos. As chairas son centeeiras e carballeirentas, van sobre calzadas os camiños, os pontillós e pasales de difrentes maneiras xurden nas pequenas ordeaciós de paisaxe, procuran os pobos os cotos. En conxunto o proceso vai amestando aspeitos de lameiras, e herdades pechadas con sebes de albres, e as coores da gandra e súa relativa enxoiteza van sostitoíndo ós da lagoa. Cos grandes invernos a lagoa volve a unha ilusión da larganza doutro tempo. No seu rumbo norde espalla unha badía de terra mol por Vilar de Barrio (Busteliño, Momán, unha das portas da Limia), pasaxe a Ambía, terra de Maceda, xa lembrado, e xuntanza co esgrevio piedmont das serras, das Medas, sinalado por Carraxo e seu termo e os de Laza e Campo Becerros.

Ó sul, algús aspeitos limiáns pódense descobrir nas terras de Blancos e Baltar. Os outos, xa mencioados, que adiantan no promontoiro de Damil, repeten nos topónimos o termo "ribeira" (Parada, Cima, Soutelo). As costas ben dibuxadas en Mosteiro e Sobreganade sinalan un pasaxe. Entramas Porqueiras (Sta. María e S. Martiño), como Sabucedo e Ganade, son pobos de mestos fogares, rexas parés. Apoiados nas costas, os logares de Ganade, sendo ben limiáns, mostran a veciñanza da terra de Calbos. Os aspeitos limiáns de Blancos e Baltar locen nos estesos eidos de Garabelos, Texos e Baltar con Niñodaguia e Gudín. Resoan nomes como Podras de Novás, e Labradas. As formas de maina e grave montana labrega érguense na serra alombada dende a Mota e Fonte do Lobo, a Chandelama, a Boullosa, Pedrosa e Cebreiro, ós 1.150, e ós 1.200 nos derradeiros. As costas descen sobre a terra do Salas e de todalas formas, cara o poente, sinálase como máis caraiterística a Aguioncha (1.255), enxergada nos grandes hourizontes da Galiza centrosa do sul. Correspóndense en contrarios sensos as augas xuntadas no río de Faramontaos, o propio da comarca de Baltar, e as do Salas. Pecha o hourizonte do sul e manda sobre Baltar, como noutro rumbo sobre Cualedro e a Xironda, a soada serra de Larouco. Como ela, ca súa rexa parede, fai o cerramento dos hourizontes da Limia, ben se pode considerare como demarcación derradeira dun proceso ou sistema deles que, conseguindo na propia Limia seu folgo e equilibrio, levara deica o pé das serras algunhas formas de mainos ritmos. Non debe ser esquencida a total disposición da montana e da serra galega a enxendrar aspeitos e composiciós gandreiras e limiás.

A serra de Larouco ergue, dende os termos de fermoso nome de Lucenza, seu seguido e individoalizado cerrizo no senso do N. W., rubindo dos 1.000, na Veiga do Bido e noutras cumes, chegando no Farelo, na fronteira, ós 1.380, con baixadas esporentes á Xironda e terras de Flariz e Medeiros xunguidas ó tema xeográfico do val de Verín, con descer máis regoado a Baltar, ben coberta de maquis en case toda a súa larganza, soio afastada dos montes do Salas —xa citados: o Chandelama, o Pedroso e a Aguioncha— polo fondal, tamén drento do estaxe de montana, de Monteceso e Boullousa, e cinguida ós outos montes divisorios do Castro, Uzal,

Monteagudo (outuras con grandes espallamentos serráns de máis de 1.200), elementos da serra meridional de Randín ou da Pena cinguida ó Xurés e Sta. Eufemia.

TERRAS DE LAZA E MONTERREI

Entramas teñen de iren xuntas atendendo á ordeación das formas conforme van espertando e obedecendo, deica chegaren a unha crara formulación, á chamada do río Támega. Nome de rexia e lonxana resoanza céltiga e occidental. De cantas fitas de auga son nadas nas Medas cecáis sexa o río de Verín, de Chaves e de Amarante o dono dunha meirande realidade xeográfica de conqueridos temas. Pois apenas sofre das dúbidas do Limia e chega a ser a vea mestra dun val desenvolto en regoadas e clásicas estaxes. Cinguindo a Galiza co Portugal montés, as abas das Medas ca serra do Marâo, esperta o Támega a presencia de fondas relaciós orixinarias. Roca e sangue, terra e descendencia. Nas correntes do Támega enxergóu o grande poeta Teixeira de Pascoaes estrelas e neboeiros do mesmo lingoaxe simbólico prós outos e os baixos vales do río.

A terra de Laza ergue súas feituras montesías de Navallo, Cerdedelo, Campo Becerros, pé das graves cúpulas do San Mamede e o Imbernadeiro e pola Pena Nofre a máis senlleira dunha familia de cumes xuntas ás medas, cas serras do tipo Leboreirido. De certo o ritmo dos releves de Portocamba e Campo Becerros está dirixido polo río Camba, obedente á chamada do Bibéi e, polo tanto, do Sil. Mais deica as Veigas de Camba, inda no cerne da serra, se non enxergan correspondencias vianesas. Dentro da podente e sinxela unidade das serras, e súas ergueitas e conxuntas abas, quixéramos sinalar a montana dende Carraxo e Soutelo Verde hastra as cabezas de Valongo e as Ventas de Bolaño; pouco dinantes das Veigas de Camba, como terra de Laza. Nos termos de Cerdedelo as encostas da serra xurden finamente traballadas polas augas. Fuxen, non lonxe uns dos outros, regos camiño do Támega e do Camba, tamén entramos pouco afastados. O Támega xa ó pe de Laza, polos 500 m., ensaia veigas chairas. Máis serrán o Camba tén súa primeira e outa veiga ós 800 m. pra ben logo seguire o seu frieirento curso.

Outra feitura e proceso de valencia humán podería xustificarse tamén, ó noso pensamento: o antigo camiño dos arrieiros ben achegado á serra, na compaña das sonadas vendas doutro tempo, vai no senso das Portillas á Limia polas ventas da Teresa cerca de Carracedo da Serra, a de Bolaños, Porto Camba e Laza pra seguir por Albergaría á terra outa do Arnoia. O sonado vieiro vai sempre a grande outura, a máis de 1.000 nas ditas vendas e a poucos menos despoixa. Soio en Laza xurde un aspeito e estaxe de ben formado val de montana. Polo correr diste vello camiño foi ispirado o de ferro de Zamora a Ourense en costrucción niste estaxe.

O río Támega chega ben logo a conquerire unha feitura de val por Tamicelas e Vilameá, por Carraxo e Soutelo Verde, por Laza e Matamá.

Os lombos da serra, esporentes, cada vez máis en feitura de cotos individoizados, non estreitan demáis as primeiras veigas, asombradas polos mestos soutos. Maduran neles as millores castañas galegas cecáis. Pé da Vila de Laza espalla o río en veiga xa fermosa ó xeito veriné, acollendo os regos de Souteliño e Baldriz, lombos outos —un dos moitos montes Meda, galegos, rube dos mil nos confís de As Estivadas e termos de Cualedro— namentras arredor de Laza os cotos e as encostas orgaízanse en graves e ledos conxuntos. Lembremos as esporentes en descel-a Ponte Pedriña. Por Matamá, Retorta e Arcucelos seguen veigas semellantes entre formas montesías debecentes. Con leda emoción miramos verdeceren na de Arcucelos

Fig. 22. - Verín. Castelo de Monterrei.

as primeiras cepas. Un pouco máis abaixo Nocedo chámase "do Val". Comenza a se meteren as costas formando como seos e badías as formas chairas, un verdadeiro trunfo de maina e podente rítmica xeomórfica, da Terra de Verín, millor dito do Val.

Tamén en achegadas altitús á de Laza pro de máis espallamento de serras, viven as parroquias —Servoi, Sanguñedo— das rexiós outas de Castrelo do Val. Por elas os montes das Medas centrosas do Imbernadeiro e terras de Vilariño de Conso xúntanse cas da Agudiña —istas en conxunto as Frieiras— e cas serras demarcadoiras. Ista cabeceira de Castrelo do Val de Verín é case enteira serra, de 1.000 metros, ergueita no lombo centroso e alongado xunguido por soleira somentes crebada polo suco do Camba co

Imbernadeiro, e rematado na figura ben dibuxada da Pena Nofre —1.290 metros— coñecido nos hourizontes do Val e do Aiós. Sanguñedo, ó nacente, Fontefría ó poente, son os lugares máis achegados a ista porción da larganza da serra.

Servoi, Piornedo, Cortegada, case formando renque con Nocedo do Val, sinalan xa o pé da serra.

Apenas ha ser preciso lembrar como a chea e trunfo das formas do val cómprese no de Monterrei con grandeza, equilibrio, espallamento, e no Riós ensáiase mañifestando o esencial do proceso e temática. Con entramos vales tén de ire o estudo da terra de Cualedro e do Búbal.

Dun xeito sinxelo, a "Ribeira" de Verín, ou terra de Monterrei, arcedianádego de Baronceli, da eirexa ourensán, loce dende Castrelo do Val a Gondulfes ó norde, deica Feces de Abaixo ó sul, na larganza duns vinte kilómetros, a figura dun albre. Por Mandín e Rabal o espallamento das raíces, con outuras pouco por riba dos 400 metros; por Tamaguelos e Oimbra estréitase a feitura do tronco; en Verín espallan as ponlas dibuxando a cabeza do albre dende Abedes e Cabreiroá á dereita —polos 400 e pouco máis— a Villaza e Albarellos á ezquerda, con ampritude de oito kilómetros. Toda é ribeira madurecida do río Támega. Non perde seus pulos torrentosos apesares das formas topográficas vellas. No decorrer do proceso domiña polos 523 o coto e castelo, a verdadeira "acrópolis" de Monterrei.

Val, polo tanto, de montana, pro de larganza e feitura de abondo pra ser centrosa e típica, rexa e ricaz terra de viño, froitos variados, antiga e mesta poboación, chamamento e nó de camiños, forte economía sofincada na viña e na froita, ista derradeira, como os prodoitos da horta, disposta conforme métodos modernos. O par de Monterrei-Verín, apesares de ser Verín vila de historia e camiño, decrara, con máis craridade do que outros da Nosa Terra, unha fonda temática histórica e económica. Camiño de Portugal e de Zamora, pousa folgada en entramos, o "val" siñifica a perfeición dun proceso, dunha paisaxe na Galiza do sul, como a Limia enteira, e remata o proceso das variadas gandras. Illa de ribeira, e val xeográficamente exemprar, brila na nudeza das montanas de arredor ca rexa e antiga forza da xeórxica das viñas. Os pobos, moitos diles, o primeiro Monterrei, castrexos, teñen raíces antigas probadas pola arqueoloxía e viventes na leenda. Decorre a historia co río pra a ponte román de Chaves, un dos nós do antigo ser da Galicia román, sueva e outo-medieval.

Na paisaxe os tons ricos e mestos déixanse levar polos arboredos do río. No outono un senso do decorrer imponse; en senso difrente do valdeorrés. Son entradas de Galiza, de formas e procesos desemellantes. En Monterrei, como no baixo Miño, vívese dun xeito fondo, cecáis tráxicamente, Portugal. E non saímos da linguaxe das formas xeográficas.

Na terra de Cualedro, cinguida polas Estivadas cos montes da Albergaría, os cotos da Fraga érguense a menos do 950, chegando a cota no mesmo pobo de Cualedro a 840. Tamén son montesíos, de longas erman-

zas e non cativas agras de centeo, Penaverde, Vilar de Lebres, Moimenta e Carzoá. Na terra oután descida a Alvarellos pola Infesta e as costas de Guimarei, e moi relacioada ca limiá de Chamosiños e Vilar de Lebres, aléntase en clima xeográfico semellante ó da terra de Laza. Descendo ó sul cas augas pró río Búbal atópase perto de Floriz a pequena ribeira de Sandín ca sonada ermida do San Sebastián sobre o rego chamado da Carzoa ou da Barroca. Ó pé do erguemento da serra de Larouco frolez a pequena comarca da Xironda, ós 760 metros seu centro, sobre un antigo camiño dende a Limia a Santandré en Portugal, no hourizonte da ermida da Nosa Señora da Saúde, portuguesa. Os regos deitan no Búbal nado no máis ergueito de Cualedro. Afundido baixo Medeiros procura o Támega pola Granxa. Ó sul do Búbal, cinguidos ó Val de Verín, érguense os cotos —as Fragas, Adreira, Penedos Moitos, istes na fronteira de Souteliño— da comarca de Videferre, Bousés e A Granxa, cuios cotos derradeiros afunden súas raíces no chan do Val diante Queizás e Támagos.

Correspóndese coista comarca na outra banda a de Vilardebós —Santa María e San Miguel— onde soan nomes de Cancioeiro como os de Doña Elvira e Frol do Rei Vello, apoiada na serra de Penas Libres, ca súa ermida tamén de fermoso nome de Nosa Señora das Portas Abertas e con encostas, dibuxadas por augas en procura do río Mente.

A fronteira entéirase en cotos e lombos sobre o chamado Valegrande. A chamada do Douro semella ser contradita por moitas formas xa envolveitas nun clima lusitán.

TERRAS DO BOLO E DE VIANA

Na xurdia e estesa unidade das largasías terraxes montesías do nacente das Medas centrosas siñifican moito os nomes do Bolo e de Viana: un comén de caraiterización ribeirán desenrolado en fondura no decorrer dalgús ríos, unha ordeación labrega broslada sobre o podente mundo pastoral, nós de camiños dibuxados ó traverso de larganzas encostadas e duras. Poucas rexiós galegas amostran con semellantes gracia e sinxeleza o acomodamento antigo, cecáis inicial, da historia á paisaxe e as formas e fonduras aínda en grande vagantío sin encetare da antiga Galiza outaneira. Demarcando con Zamora e Portugal asegura caraiteres galegos en polémica maina con outras chamadas. Son ístas febles na paisaxe e na vida social. Xurdios lombos de serra de forte balume amingoan as relaciós e ó tempo impoñen as feituras da súa propia faciana de serra. O chamamento zamorán colle algún corpo na rexión agudiñense por causa do vieiro antigo e novo.

O Bolo e Viana, as dúas vilas postas no mesmo senso meridián, siñifican unha veciñanza entre elas anque entre elas se erga o monte do San Bernabéu. A feitura exemprar, crara, conquerida, dista cume no medio dun releve podente mais pouco rico en cheas individoidás tamén axuda a mos-

trarse a meirande historicidade da paisaxe da terra do Bolo, unha realidade recoñecida polo saber popular e non negada pola adeministración. O val do Bibéi, co regoado asucamento do río, fai o cerne alongado das terras de Viana e do Bolo. No senso máis esteso, a rexión demarca o norde por encostas ben individoalizadas en baixada ó val do Sil por un labro de sobre os 600 metros que no seu logar determiñarase; polo nacente cas grandes serras do Eixe e Calba, polo sul cos outos lombos que chamaremos polo seu erguemento centroso do Cañizo, soleira de indefrenciados releves entre as chamadas do Sil e do Douro. O marco de poente vai sinalado nas abas do erguemento mestro da Medas. Cecáis poidérase coller como cerne o curuto do San Bernabéu cos seus 1.227 metros, aspeito senlleiro, réprica lonxana do Pico Sagro dentro do mundo das serras.

O releve mantense por riba dos 700 metros. A vila de Viana anda por eles, rube moito deles O Bolo; pobos gandeiros, de antigo vivir no orgaísmo montesío, están a outura de verdadeiras cumes no senso doutras terras galegas. Meda polos 1.200, Albergaría ós 800 e máis, Humoso a máis dos 1.000. Os asucamentos de ribeira con seus bacelos e antigas viñas surprenden no conxunto montesío. A serra, no seu conceito esencial propia da Galiza, espállase longamente. Terras outas de verdadeira serra (tipo Meda e Seoane, referíndonos a nomes de pobos), terras pola súa "facies" labrega de montana con grandes espacios sometidos a serventío das serras e dúas alongadas e estreitas fitas de ribeira —a do Xares, e a máis conquerida do Bibéi— son os tres modos ou estilos nos que se desenrola o grave, e ás veces tamén sotil, mundo vianés. Son, ás veces, ben dificuldosos de difrenciar. A montana xurde case sempre amparada nas abas, en determiñadas abas en encostas da serra. Teñen a meirande valencia a forma do terreo e a esposición. Unha encosta raxeirosa chama polos camiños e abonda pra un amestamento das formas de vida.

Polo ourente as serras adequiren subrime gravidade, pechan un mundo de silencios e tempo seu. Dende a Pena Trevinca as serras de estesos alicerces do Eixe e Calba mantéñense por riba dos 1.200. A do Eixe, ca Portela (1.407), o Campanario, a serra do Gato, a Charca, desce a volta ou curva do Xares por abas ricas de matos, moi traballadas en cotarros. Albergaría, Meda, Lamalonga, Meixide, son o renque de duros pobos de sobrecello da montana. Son pobos de serra. Ó seu pé espállanse deica o Xares chairas de labranza; sempre por riba dos 1.200 metros.

Ista ergueita terra do Xares, de serra de grande balume, tén a beleza dos ceus, dos mestos arboredos ás veces valentes sobre o monte baixo de brabádigos e carballizos, os vieiros orleados de pechas abeleiras salvaxes, as augas desfiadas en ledos regos no seo do vran polas enlaxeadas rúas dos pobos grandes e ben abastados descontra a longa neve. Os cotos sobresaíntes deseguida acusan a outura sobre a tona da serra pouco labourada. Hai unha vivencia fermosa, de serra. Tén fidalguía e dozura e unha pas ademirabre.

Preside as larganzas a feitura de grande elegancia da Pena Trevinca sempre i-alba.

O Xares por Mares —dinantes a Ponte de Xares— Requeixo, A Veiga, Santa Cristina de Paradela, dibuxa de abondo unha demarcación de serra e montana. Non tén ribeira deica Portomourisco. Mais xa eiquí, a pouco máis dos 400 metros, toca o Xares ó mundo e paisaxe valdeorresa de Larouco, e pódese millor interpreitar a ribeira de Portomourisco como abranguida e envolveita pola atraición e imperio valdeorrés. O Xares vóltase a facer vianés na ordeación de rexas encostas do seu xuntamento co Bibéi en Entrambasaugas, pé de Llentelláis e Chandoiro.

Dende a torre vixiante do Bolo abránguese case enteira a terraxe montesía de Viana, sobretodo a espallada ó norde do San Bernabéu. Cruzando do Bolo á Meda, xa na verdadeira serra imponse unha serenidade de outura e de chaira. Poderíase a terra, por nós determiñada como montesía, de Viana ser pensada como penichao entromedio dos dous erguementos de serras cuias meirandes chaves son polo ourente a Pena Trevinca, na banda do poente a Cabeza de Manzaneda. Os riachos por Chao de Donas e no Valbuxán, por baixo do Bolo ou en Castromao e Hedroso, asucan ben afondados a táboa montesía labourada en costas doces. A marcha e proceso da erosión aparés mais gobernada polo río Bibéi. En conxunto surprende a mestura dos pobos en semellante outura. Pódese decir da de Viana unha terra de Deza de estaxes por riba dos 700, chegando a rexos illós de serra nos montes da Lagoa e nas Tapadas ben perto de Viana. Ó sul dista vila percébese o erguemento do releve que desce da serra do Cañizo, mais non debece a intensidade do poboamento. Aproveitan os lugares as encostas raxeirosas e ben labradas pró poente. Os aspeitos de penichán vanse esvaecendo nos da serra da Segundeira e do Cañizo. A rexión desce con isócrona grandeza do sul ó norde. As "cabezas" Grande, Pequena, e do Foxo cínguense co Imbernadoiro. Pixeiros, Humoso, son enteiramente de serra. Soio as encostas de Bembibre e as xeórxicas de Pradocabalos dibuxan unha figura de golfo de penichán na entrada da serra.

As ribeiras do Bibéi, afundado suco, de notable siñificanza e beleza, enteiran a paisaxe e a economía vianesa. Xa sendo río novo, de outos manantiás do pé da Trevinca, dibuxa a serra en lombos regoados polos 1.500 prá terra zamorán —no adeministrativo— de Porto. Iste pobo, escollido por etnógrafos e lingüistas polo seu belido arcaísmo, está ós 1.200. Galego de língoa e de relaciós, desenrola e centra unha riqueza gandeira. Os releves de 1.600 acompáñano na entrada nos marcos da Galiza polas impresoantes soedades de Prado Ramisquedo. Mais dende Pías e Seber as encostas de Humoso alédanse con parroquias como Cepedelo, entramas de Humoso, Vilardemilo e Pinza xa perto de Viana. Os pobos fuxen do fondal pouco a pouco máis dibuxados. Entre o Bibéi e o Camba a outura de Caldesiños e Pinza tende a montana ben inzada de labramios e ricaz de castiñeiros.

O Camba dibuxa costas ben fondas polo Imbernadeiro, por Fornelos de Filloas e Bembibre. Xa seu afroente o riacho montés da Bouza —baixa dos lombos da ermida e logar postos na serra do Cañizo cuáseque no hourizonte da Agudiña— decora súa encosta cas viñas de Pixeiros. Seguen as de Quintela da Vila, xa ás portas de Viana. Pé dista vila xúntanse en fermosa decoración de encostas ben esculturadas o Camba e mailo Bibéi. A ribeira de Punxeiro, pé da encosta da Pinza, anuncia os dous anacos de rexa ribeira do Bibéi: os de Buxán e Santa Crus do Bolo.

Ademáis de Pinza forman no rodopío e xiro de Viana, Froxás, Hedroso, San Mamede e Santa Mariña da Ponte. Hedroso traballa boas her-

Fig. 23. - Socalcos prás viñas nos Codos de Larouco.

dades ós 1.200 e máis metros. Son vizosas as debesas. Pé do monte da Escrita, Mourisca e máis ainda San Mamede forman rexos pobos. Viana frolece de antigo no seu coto, ou millor promontoiro, sobor da xuntanza dos ríos. Dende o vello cemiterio disfróitase do consolo dun aspeito de val. Terra de longas e duras invernías, garda grorias de verdecente vran ista Galiza de soutos e carballeiras. Na aperta da serra a montana de Viana gábase dos seus froitos e labramios. Despoixa dun tramo de Buxán, as encostas da beira dereita do río ínzanse de labramios por Tuxe e Cambela. Tén siñificanza o Bao ca súa ponte en relación ca terra de Manzaneda —Vidueira, Mormentelos— baixo o antigo priorato de San Vicencio.

A de Santa Cruz do Bolo e das Ermidas, broslada nas encostas, sobretodo da dereita do grande meandro do río, é a millor e máis estesa, pé do Bolo Santa Cruz e Llentelláis na beira dereita, de Soutipedre na ezquerda. Polas chairas abrigosas de Hortos e Celavente a ribeira do Bolo xúntase pola de Portomourisco ca de Larouco e Freixido, xa tinxidas polos carai-teres valdeorreses.

O orgaísmo distas ribeiras, semellante ás do Miño entre Lemos e Chantada, entéirase de pobos ó fío da encosta, sufincados económicamente —madeiras, herba, grau, gandeiría— na montana que teñen as costas, e na ribeira de fina laboura de sucalcos que desce ós seus pés sin logares onde se acenda o fogo todo o ano poilas casas son lagares e bodegas. Sistema tamén do Sil e non acostumado no Miño baixo e centroso nin nas grandes ribeiras de Monterrei e da Avia. Dos pobos labregos da propia montana de Viana lembramos Chao do Castro de Dona, Valdanta e Valbuxán, Santa Cristina e Carracedo pola banda do Xares, como Castromao. O monte San Bernabéu impón súa lei ós camiños e ás relaciós. En grande proporción o santuario das Ermidas, frol e fogar relixioso da terra de Viana e do Bolo, tén infroído nas roitas e camiños. Como a Ribeira de Santa Cruz as soadas Ermidas sinalan o inxerírese das terras do Bolo nas de Valdeorras e tamén unha relación cas de Trives e Manzaneda polo vello camiño dos Codos de Larouco.

Mendoia, Sobrado, disfroitan, como Busteliños, do hourizonte dos Codos, nos seus tempos de desceso á ponte Bibéi e rubida ó penichao da outra banda. Foi chamada a obra diste camiño e ponte román unha das oito maravillas da Galiza. Máis do que o vieiro é dino de infindo respeito o traballo das xeneraciós labregas, sin nome, inzando de muradellas as encostas e alombadas baixadas de feixes pizarreños, onde a luz e a chuvia conseguen aspeitos únicos de paisaxe xeológica e que as viñas suxeitan á lei da historia. Poucos logares tén de habere no vello mundo onde se teña maquiado tanto volume de penedo e terra pra conquerir un sistema de sucalcos, verdadeira morfoloxía xeórxica, forma imposta ás formas naturás. Chega á súa meirande valencia ista paisaxe no outono cando a luz amostra enxoitas as asucadelas torrenciás e as cromáticas finas das viñas figuran unha néboa de coor.

TERRAS DA AGUDIÑA E DA MEZQUITA

Lembra pra nós o primeiro nome a serra no que tén de poboada e pasaxeira e o segundo os vales iniciás labourados con obedencia ó chamamento do Douro na entrana podente e vaga dos montes. Podíamos ter escolmado o nome da ilustre abadía de Vilavella. Non tén a sona dos primeiros. Tamén os vales do Támega dibuxan con máis grande balume, feitura máis chea e artellada, a lei atraitiva do Douro. Mais forman de seu unha das máis doadas rexiós naturás galegas e debe ter capídoo de seu

inda nunha consideración ou enxergamento que fora somentes adicado ó xiro e paisaxe das Medas.

A serra Segundeira, ou de Porto, zamorán polos termos ourentás, galega nos erguementos asucados polo outo Bibéi, segue pola serra do Cañizo a se xuntare cas Medas polos montes do Imbernadeiro. A Segundeira e o Cañizo demarcan, como máis adiante as propias Medas e as soleiras montesías da Limia e da Limia Baixa, as terras rendeiras de augas ó Douro e ó Miño. Poucos estudos de atraitivo xeográfico parexo ó de pescudar as demarcaciós, dubidosas ás veces, na paisaxe e nas formas, entre dúas enerxías e procesos fluviás. No ámpido diste capídoo deixamos fora as terras orgaizadas polo sistema de procesos do val do Támega de longas resoancias.

Polo Sistral ou Xistral (1.760), as Raposeiras (1.500), polos outos sobre Vilanova da Serra demárcanse na Segundeira as vertentes. A serra preséntase máis evolucionada en costas pró Bibéi, en costas abombadas en segmentos dalgunha regularidade. No centro tende a chaira, as augas obedentes ó Douro rachan en canles fondos e pouco artellados a encosta da serra polo sul. Enxérgase a laboura de fíos de frieiras pouco artelladas na monotonía e enxoiteza das formas desertas. Por riba da Agudiña e do pobo do Cañizo, a serra diste nome individualízase como lombo alongado e chairo no esteso cumio —1.440 metros— cinguido cas "cabezas" do outo Camba e o Imbernadeiro. Nas Valiñas deitan, ben perto unhas doutras, fontes de augas encamiñadas ó Sil e ó Douro. A vella verea chamada en Castela de "los Gallegos", a que sai polas Portillas, máis ou menos a mesma estrada do dazanove "de Villacastín a Vigo", vai cruzando os pequenos vales na estaxe moceira das súas formas xa franquexados ó sul. Os camiños do contrabando —sempre de realidade xeográfica— seguen máis outos cerca da demarcación das augas. Os riachos da Segundeira compoñen o Tuela, o río de Lubián e da nomeada ermida da Tuiza, o do val de Hermisende, fosa dos marcos, mais ben ligado —como Lubián— a Galiza. Os vales do Cádavos e do Mente son propiamente galegos.

O val da Mezquita ou de Cádavos, máis meridional, espalla súas boas terras asoelladas e soutos de castiñeiros ó amparo da serra da Azoreira ou Zureira sobre Cortigoso e Castromil, serra xa desinzada da do Cañizo, de cotos que resban os 1.400 metros e estreitan as fouces da Portilla de Canda. Ós 1.000 metros, ou perto deles, o val da Mezquita tén unha lumiosidade portuguesa. O pobo ordeado polo campo da feira chama por moitos antigos vieiros fronteirizos. Cádavos, Chaguazoso, A Esculqueira, Manzalbos, xa voltan a unha paisaxe de movida topografía de costas e chairas de curtos radios. Tén algunha siñificanza o "Penedo dos Tres Reinos" chamado por xuntárense nil os de Galiza, León e Portugal. Está sobre o vello camiño que vai de Cádavos a Hermisende, apegado á raia da fronteira. Anda o termo do logar como case toda a raia polos 1.000 metros. Os vales agudiñenses son como curtas pousas no devalar, menos portugueses do que os da

baixa Limia, ou o de Verín. Non chegan ós de Tameirón e Pentes a pesare de encostas agasalladas pola feitura máis doce e a posición asoellada. Son, con menos inicio de forma do que a Mezquita, a "solana" da serra. Sobor de Tameirón e Pentes o releve faise maino e podente deica o Cañizo, sin apenas baixar dos mil. A venda da Portilla da Canda, comenzo do chan adeministrativamente galego, Villavieja, Santa María do Cañizo, son nomes ben inzados na lembranza da nosa Terra. Pouco baixa dos 1.000 Agudiña (979) e riba dos mil vai a estrada de Viana.

O nome de Frieiras convén a ista rexión, onde os leitos torrenciás, espranza de vales pró sul, teñen a meirande importancia. Son raras as carballeiras. Xa non amestadas sinón de espaciados albres. Tamén os soutos. Medra a individoalidade vexetal. As sombras compoñen sistemas de illós. Os centeos cobren lombos enteiros, fan hourizontes. Hai no hourizonte unha grandeza durmida e agradece o esprito o xurdir dunha forma singolar. Os valciños, ou millor asucadelas, sin desenrolo ladeiral son ben aproveitados como lameiros.

Pró sul e pró W. medra a individualidade. Temos lembrado a Mezquita. Unha idea e esquemática do val de Verín latexa no Riós. O río Mente sinala unhas mainas encostas e un comén de chaira de soutos e bos labramios que a estrada xeral cruza polas Ventas da Barreira, no imperio de formas descidas da Pena Nofre e aínda valentes na indefrenza e vaguedá da montana que se fai serra. Os lombos de Santa Baia e Progos determiñan ó Riós pola banda de Verín. Fumaces, xa na encosta dende Verín, enxerga os releves do Riós que polo rumbo das augas devalan na terra portuguesa de Vilariño, e teñen relación cas terras de Vilardebós e a serra das Penas Libres, ista xa unha "leboreirida" ben crara. Os pobos principás do Riós —Castrelo da Cima, Castrelo de Abaixo, Frol do Rei Novo, acaroado ca parroquia centrosa do val, Maialde, Berrande, Soutochán— envólvense en soutelos e algunhas viñas e disfroitan de larganza pastoral. Son illós ou costelaciós xeórxicas no mundo pastor. Unha paisaxe de abenzas destroitoras deica a enteira roína do tapís de "maquis", do frolente bosque que polo menos nas quebradas e encostas debera cobrir istas formas valeiras e sinxelas.

5. A GALIZA CANTÁBRICA

DENDE RIBADÉU A FOZ

Unha paisaxe de tempos graves e coallados, lonxe do podente dinamismo dos arcos enxebremente galiciás. A foula cantábrica bate eiquí unha terra dreita, cecáis entrana pola forma e polo tempo nas paisaxes mariñáns collen mor valencia os conceitos e o senso de dous tempos afrontados —siñificado pola "chaira" ou "prataforma" de abrasión de Reinante. Non quixéramos nin poderíamos entrare na polémica dos xeomorfoloxistas. Abrangue a enteireza do tema cantábrico. Das súas "rasas" surprendentes, da escultura do seguido e enteiro penedo.

A chaira mariñán de Ribadéu a Foz envolve no poder das boas terras fartas a monotonía da estructura. De acollel-a teoría da "abrasión", a mariña vella, que foi vivente, e suxeita á mesma lei e loita dos arcos litorás galegos, non é a galgada polo mar nin a estesa en ricaz xeórxica a súa beira, sinón unha mariña morta, un litoral ben labourado e deixado cas formas traballadas polo mar, entregadas únicamente á mecánica da atmósfera. De Ribadéu ó val baixo do Masma, os montes da Graña e Casa Bidueira, os de Fontes do Lobo, Acebedo, Croa, o mesmo Mondigo, a serra Cornado, a Penalonga e a Pena Insua son as feituras dunha mesma ribeira outa e montes, de lombos esporentes, traballados en promontoiros sobre a chaira, soleira ergueita que os afasta do mar. Gardan a tristura malencónica das formas que non poideron enteirar seu proceso. Andan polos 300. Soio o vistoso Mondigo chega ós 570. Súa feitura ergueita, de palleiro ben maquiado, manda nos hourizontes de estesas terraxes e mar. Fai acrecentare seu valor o traballo que como tona de vivir o envolve. Os labramios procuran a fermosa montana ben raiosa. Os outos lombos da antiga costa non ademiten coltivos. Mais onde cecáis o viaxeiro alenta con maor beleza de evocación na mariña de outrora —unha mariña fora e dinantes do tempo da historia— é na regoación das augas. Os regos dibuxan paralelos, "consecuentes" ista costa emerxida. O de Vilaselán chega por diante da illa Pancha resbando os arrabaldos de Ribadéu, seguen o Mireira, o Capela, que vai por Vilaframil na chaira, o do Perdón rematado no areal de Moledo, o da Barreira na Arealonga, os do Porto dos Bois e Pena de Bar na praia da Balea. Os descidos da Pena Insoa e os Lombos —da Costa Alta e outros— coíla artellados xa descen ó esteiro do Masma por Carballo Branco.

Os regos asucan isocronamente a chaira. Semella unha paisaxe disposta pola man do home. Son menos de vinte kilómetros de terraxe labourada, de millos e pan, con poucos matos de arboredos. A estrada vai enfiando os lugares. A idea dunha colonización non parés estrana. Vella ou nova, sobre das formas antigas ínzanse as liñas e coordenadas dun pobramento orgaizado polo singolar da terra, o gosto dos pobos de nova pranta. O tipo chalet ou hotel imponse. Enxérgase unha agricultura pousada, fol-

gada. E decátase deseguida o ouservador da proieición americán e da imitanza das Asturias.

Dende Ribadéu van Dompiño, Vilaframil, Santa Baia, Barreiro, e os logares de Barreiros e Reinante, ó correr da estrada. A estrada siñifica o trunfo da lóxica. No mar, soio un pobo, Rinlo, o soado portiño heroico e enxebre do San Pedro de Rinlo, se desenrola e xúntase por un vieiro cheo de vida de pobo a Vilaframil.

Tamén regoar, a costa vai do anaco de dentes de serra, con cativos seos franquexados ó W., esmiuzados algús en penedos, ó esteso areal que se impón dende a praia Cabalar. Leva o nome de Pena dos Corbos a rematadoira da pequena badía de Rinlo. Dinantes dibúxanse a Punta Niño do Corbo e a Gabieira. Os areás con difrentes nomeadas, como Marbadas, Esteiro, Moledo, chegan pé da ermida do San Bartoloméu xa na ría de Foz.

Os fermosos, calmos e graves pobos asturiáns, tipo vilego, semellan refrexárense nos pobos da chaira. O artellamento ca comarca montesía faise por paisaxes cheas de ledas formas, ventando a mariña. Da mesma temática, paisaxes de doce arelar, as do esteiro do Eu alónganse na graciosa composición da farta vila que non debera ter perdido seu antigo nome de Vega de Ribadéu, e no mesmo Ribadéu, xa fortecido e cheo pasaxe do esteiro á ría perfeita, locente, clásica, unha das millores ordeaciós de vilas e aldeas conseguidas no Cantábrico. As vilas tiveron a dita, ou a intelixencia, de gardar seu caráiter no trafego e trocamento dos tempos e unha fidalga atmósfera e vivencia xunta as galegas e asturiás no fogar da ría e no disfroite do esteiro e da mariña.

TERRAS DE MONDOÑEDO E VIVEIRO CA RIBEIRA DENDE FOZ A BARES

Grandes vales ordeados cada un en sucesivos tempos de decorrer, dispostos en leque ou abano, en raiolante croa, dende e erguemento do Xistral e do Cadramón, matizando a encosta xeneral da Corda e da Terra Cha pró Cantábrico e cinguido ó nacente co afeixamento das serras luguesas do N. L. ordeadas polo asucamento do Eu: asín poidérase sinalar de xeito unha miga espresivo a feitura do norde lugués, terras propias da diócesi de Mondoñedo. A Cantabria galega cecáis, si o cerne caráiter da nosa Terra non impuxese tamén ó Cantábrico súa lei. Sin dúbida recoñécese un clima, unha vivencia do Cantábrico. Baixando da Terra Cha os verdes son outros. Pechos e fortes de pradeira asturián. As formas orgaízanse en vales deseguida ben dibuxados, con concas ou estaxes entre eles. Na luz difrente da atlántica istes vales, nacendo das ermas montanas galoupadas polas greas, nais de ríos, locen unha beleza individoal, súa, e se non franquexan nin se conxuntan como os da chamada atlántida. Tamén rexurde o tema da chaira no Valadouro. Os montes, os vales, descen. Dende a Terra Chá, ergueita, de outos ceus e hourizontes demarcados polos Ancares, pola Loba,

déscese a un mundo de ricaces feituras, todas debecendo, baixando, cun senso de ritmo vivo, que se rende ó mar e amolece na húmida atmósfera inda que os montes semellan, erguéndose de súpeto deica a orela do mar, contradecir a lei do descer. O val de Mondoñedo está envolveito e agasallado na terra oután soergueita na Cadeira e no Cordal de Neda. Siñifica Lourenzá a .perfeición do val chamando augas de lonxe pra enteirare o Masma. O río Ouro ou Louro, o Landrove, o Sor, esculturan con grandeza dende os montes á riveira seus vales. No meio da rexión, co erguemento do Penido Novo, dos montes de Buio, o leque ou abano de vales non rixe. Os riachos de Cervo e de Xove non chegan a ordear concas fortes. O Xistral alonga unha vivencia de montana. Pénsase nun espallamento, na teoría dos orixes dos vales en Wegener. Non é somente o labro e cadabullo da outra terra luguesa. Mais se son doces as teorías, millor ha ser procurar o recanto de val sombroso onde, como un horto monástico, frolece Mondoñedo, en cuio ámpido perfeicióase a cabeceira dun grande e fermoso val cantábrico.

MONDOÑEDO E LOURENZÁ

Entramos donan seus regos abondosos ó río Masma. E afastados se non poden entendere ben. Lourenzá mostra a figuranza de óvalo criado, co seu eixe maior, seu espallamento de armuñía de val, terra, unidade e

Fig. 24. - Mondoñedo.

orgaísmo de seu. Namentras Mondoñedo —e non por iso menos belido— aínda vive no alento e aba da grande serra conxunta que o envolve, co engado da forma nova, de nascente.

A Cadeira, o Cordal de Neda, os Montes da Infesta por onde chouta o Tronceda envolven nas súas costas a cidade mais un guieiro craro de val sinálase dende o desceso do Cordal de Neda, remate das outas chairas de Abadín polo río-eixe Valiñadares que afonda rexamente dende Sasdónigas por Argomoso, pé de Lindín, deica os barrios de San Roque e de San Lázaro na mesma cidade. Tamén na Cadeira nasce o val de Lourenzá, mais seu centroso espallamento augas ó mar siñifica un degráu de madureza respeito do val mindoniense.

As montanas son feituras con arelanzas de forma de seu da mesma materia de serra ben afeixada por Romariz e Labrada pró Monseibane, o Coto Cal, o Toxiza, iste de 840, perto dos cotos choutados polo Tronceda de pouco menos dos 500. O medio da encosta está sinalada polo monte da Lagoa, o convento dos Picos, o Rego de Zoñán. É xurdia a difrencia de estaxe. Os picos están a máis dos 500. A cidade amestada, envolveita en densa vexetación, ós 140. Bulen as augas dos regos do Sisto co Valiñadares e o Pelouriño. Os montes do Padornelo pechan o nacente. Encosta broslada de fermosos verdes. Unha luz glauca, un ámpido rico de rumorosos sons e recendos xeórxicos, remanecidos da laboura do vello e ricaz terrón, con pousa longa do outono, e unha veciñanza do non mirado mar, e o consóo de se sabere podentemente mantida das esencias montesías, son os faitores da sereidade e perfeición da paisaxe e cidade de Mondoñedo. Os coltivos xa descen ricos pola encosta ezquerda do Valiñadares —chamado dinantes Carballo e Abre— por Argomoso, xunguido á cidade como Sasdónigas e Lindín. As augas pouco abaixo do Campo dos Remedios deitan no Masma, que baixo a Toxiza trai seu val bravo, frieirento, entre rexas e agullentas formas e píncaros. En Viloalle está criado o río. O nome cambea. Pra us o outo Masma é o Xestido ou Tronceda, pra outros o de Libureiro, ou o mesmo regato que baixa esporente pola costa dos Picos. De certo o nome emprégase dende máis abaixo de Mondoñedo, e a parroquia de Masma frolez xa na soleira ou degráu de baixada ó val de Lourenzá.

O Masma vai tanxente a Lourenzá cuias augas reitoras da erosión entre as baixadas dos montes —o Chao Grande, a Fraga de Teixido, os de Lindín e Padornelo— son os ríos Baus e Carballeira. Fanse un soio en Mazua despóis de cruzare o Carballeira polas tres parroquias de Lourenzá (San Adriao, Santo Tomé, S. Xorxe) ben postas nas abas labregas da serra que leva o nome da aldea pequena e montés de Cadeira. Xuntos nun vai o río por Vilanova de Lourenzá ó Masma, ben perto da vila. Os cruces dos camiños desenrolan novas figuras de poboación e xuntan nun nó forte Santo Tomé e San Xorxe, namentras o pulo itinerario do camiño do mar e de Asturias fortece o antigo centro monástico na limpa craridade de Vilanova.

Van ó Masma regos de Cabarcos e Celeiros —abas da Cadeira ca ermida do Bon Suceso, e rexos arboredos— e o río estreitado entre costas

baixas froumentas vai percibindo a marea pola antiga ponte Espiñeira e a barca de Viladarde, xa no esteiro de Barreiros prá ría de Foz.

VALADOURO E O LITORAL DE FAZOURO

Catro ou cinco picos ou cumes ben labouradas, de rexo, ergueito e afinado bulto, locen arredor da terra cha do Valadouro e de seu Alfoz. Delas, a máis fermosa, agasallada pola leenda e a poesía, a Frouseira, inza súas raíces no torrón millor do val. Dende longas distancias mírase súa figura xentil sobre do renque dos pobos de Castro de Ouro e Adelán, San Acisclo, S. Martiño de Mondoñedo... e dende os da larganza da chaira cuios vieiros xúntanse en Ferreira. Os outros cumes son o oután Cadramón co primeiro suco do río a súa raís, o Penico Novo cerca de Recaré sinalando o senso dos montes do Buio, e, xa pró mar, o Penedo das Tres Mulleres. Siñifica o Valadouro unha madureza como de Terra Chá limián e cantábrica enxoitada polo río. O río, despoixa de xuntare moitos regos dos montes demarcadoiros coma o Frexulfe e o Bao do Penico Novo, e o das Figueiras riba de Adelán, traballa por Fontao unha canle estreita e encostada chegando ó mar por Fazouro, ó amparo da punta Vilarmeá, como tantos outros regos normás ou "consecuentes" do litoral en compaita formación e perfil en dentes de serra.

O Valadouro tense con xusticia como boa nabeira de millo, herdade de finos trigos e lameiro abondoso. Nalgús aspeitos semella unha alongada illa cereal, con seus camiños afondados entre as sebes dos labramios ben aproveitados. Os hourizontes do "Alfoz" cuio logar mestre é o Castro e os da Terra Chá vanse diferenciando ó quedar mais lonxe os cotos e serrotas moi labouradas do Xistral, os montes de esquistos ou "xistra" veciños dos granitos ós que debe Viveiro a súa singolaridade xeológica no Cantábrico galego. Ferreira foise inzando, centro novo do país pola boa posición entre A Laxe, Sta. Cruz, Bacoi, San Acisclo e outras antigas aldeas da chaira por onde decorre o rego Alvariña pé dos ledos cotos de Montoxo.

Os montes moi esgrevios afastadoiros da Terra de Valouro e do val do Masma despoixa da Frouseira descen nas encostas cara a mariña por San Martiño de Mondoñedo, asucadas polo rego Centreño sobre a ría de Foz. Míranse as larganzas do mar, perspeitiva relacioada co miragre do San Gonzalo cuia ermida se garda perto do San Martiño. Eiquí o vivir labrego e o mariñán avecíñanse. San Martiño, ca ledicia da súa eirexa, siñifica o vello bispado dumiense e todo un bon tempo románico e xerminal.

Unha pequena terra, a de Cervo e Xove, moi cinguida a Viveiro, demostra un caráiter de seu cos pequenos vales chairentos dos ríos Xunco ou da Rúa, Leiro, Vilar e Maior, criados no Buio, pouco dibuxados como non sexa o largo lombo chamado monte dos Cabaleiros entre o Xunco e o Leiro. Esta terra en cativa escada imitanza do sistema dos vales cantábricos galegos en abano, inzada de pobos fortes, madeireiros, pescadores, ta-

mén ben abastado de gando, tén, por bos pobos, Cervo, artellado co porto de Burela, con Vilaestrofe e Rúa, parroquias do interior, e Xove, tamén cerne de concello, veciño dos portos de Morás e Portocelo. A mariña dende a ponta do Escairo, sinal da entrada de Foz, téndese en formas socesivas de pontas roqueñas e seos decorados de praias. Chegan un tras outro os pequenos vales e quebradas da terra verde froumenta. O cadabullo ou roleiro vexetal tén súa beleza enteirada da regoalidá e forza da feitura sinxela. Bate a foula nos cons e adurmece en pequenos areás semellantes. Entre as pontas Marzán e a de Vilarmeá as areas mais estesas acollen o esteiro do río do Valadouro coroado por unha ermida. Vén despois o ledo porto pescantín de Nois ca praia de Arealonga e a Pena Orxal, o pobo de Cangas ca súa pequena praia gardada pola ponta de Areaouro, e o porto de Burela, veciño de Sargadelos, fogar da primeira grande industria moderna galega, e da soada cerámica, caolín das terras do río da Rúa que desemboca na Roela, logar de Cervo, perto do saínte chamado de Xan Mariño. O porto de Burela foi unha espranza no tempo de Sargadelos. Coíl asóciase o de San Cibrán, entre a ponta de Somonte e os illós chamados os Farallós pé do rexo cabo Morás.

Lieiro asociase con San Cibrán e Cervo cuia comarca vive comercialmente cos dous pequenos e viventes portos. A terra, ben poboada na orla mariñán, desenrola seus pobos nas encostas presididas polo monte Medela.

Dende San Cibrán a costa mostra máis rexa escultura de illas de erosión e cabos que ca Roncadoira e a Ventouseira sinalan a ría de Viveiro, a meirande do litoral Cantábrico galego.

VALES DO LANDROVE E DO SOR, CA COSTA DE VIVEIRO E BARES

O Landrove e o Sor dibuxan vales semellantes na montana ergueita dende a Couriscada, o Xistral e o Bustelo, alongada deica a Mariña nas serras de Sabucedo, Couteiro, Peón —chamadas en conxunto serra de Bravos— na de Riobarba deica os montes Faro de Vicedo sobre o mar. As costas do Xistral chegan en feituras valentes deica as últimas estaxes do val no Penedo do Galo que agasalla e defende a Viveiro. A Faladoira, terra xa de Ortigueira, estreita o val do Sor. O do Landrove desenrola e compre con grandeza a temática das correntes cantábricas galegas. Nace perto de Viveiró e finda no esteiro de Viveiro. Do cerne do Xistral, da Piña e a Couriscada, cotos ben rematados, descen súas primeiras augas orgaizadas a carón da Feira de Viveiró pra descer en quebrada estreita e rexa, asombrada por costas inzadas de pular vexetal, por Silán, polo bon país de Orol e Miñotos onde acolle moitos regos afondados como o Ferreiro do Penido Novo, o Rial e o de Xerdiz, deica pousar en fermosos meandros pé de Chavín, e na ponte de Landrove, pobo xa artellado con Galdo e Magazos no esteiro ditoso. Os ríos dibuxan finamente a terra montesía moi inzada de po-

bos no tramo de Orol e en Merille, encostadas e pastorás rexións, montes envolveitos, como os do Sor, en mantos de piñeiros que chegan ó mar. Por Chavín e Landrove o río asombrado por outas ribeiras verdecentes, amansado en dispaciosos meandros é de beleza colmada. Unha luz glauca e húmida de bosque e baixo bosque espállase acougadora e fai máis surprendente a grande lumiosidade, os finos grises pousados, con refrexo do non ollado mar das paisaxes do longo e xeórxico esteiro por Valdeflores, cas encostas do monte Todrán, do Coto de Veira, o suco do río de Bravos, a figura do Penedo do Galo e do coto do San Roque, e as pontes deica a derradeira, a sonada da Misericordia, conxuntando o malecón de Viveiro ca ermida, os lugares de Cobas e a praia da Misericordia ou dos Castelos in-

Fig. 25. - Viveiro.

zada de blocos de granito. A ría dibuxa súa entrada entre as puntas das Saíñas e o rexo cabo Vixía de Monte Faro e a ponta Socastro ca illa Gabeira. O tema de Foz resoa máis istromentado en formas. Pola banda de Faro e Celeiro, onde se desenrola un gran porto pescador, os rochedos e as praias combínanse. Pola outra banda, ó amparo da Gabeira ou Gabieira, espállanse os areás de Suegos e Cobas, e axuda o riacho de Riobarba. Os penedos de Cobas dan a impresión dun litoral vello, dun trunfo das formas de acugulamento, e concertan co maino e coorido —coores debecentes sobor dos rexos das encostas— do esteiro longo do río. A cidade, como as aldeas, son de estructura asucalcada. Pola Misericordia vai o grande vieiro dos esteiros cantábricos. Polas terras sobre o Landrove baixa o antigo camiño de relaciós cas Mariñas pola soleira de Aperral e as Pontes de García Rodríguez.

Nas abas da podente Faladoira e dos montes de Bravos, pais das Grañas de Sor, Cabanas e Maañón, traballa seu val o Sor que xa na ponte de fermoso nome de Entramas Sores tén forza de río. Son, pois, dúas "Sores" as que o enteiran: a chamada tamén río dos Santos e a criada con outras augas no Pico da Torre. Desenrólase a Ribeira do Sor, non estesa, pro alongada e ricaz, entre esporentes arboledos deica o pé de Maañón, paisaxes da Faladoira, e o esteiro dibuxado en mainos tornos afundidos por Riobarba, as Ribeiras do Sor, pé das Negradas, e Mogor.

Cada latexar da marea troca a luz e os aspeitos do meandro ou volta de Muronovo e Ribeiras do Sor. Lembrámolo por ser unha forma de dobre "ese" fina e dibuxada como obra prima do río dinantes da ría de Bares. Mírase o val enteiro ca súa luz verde de pinares, seu deslumamento de

Fig. 26. - Celeiro.

areas ó sol —ou seu griseiro ensoar de néboa— devalar no mar verde e trasparente pé da escultura fina, de ledo e grave barroquismo, miuda e rexa, da península de Bares, de lembranza e nome resoante ás navegaciós primeiras manteñedoras por longos séculos dunha viciñidade nos pobos mariñáns da Céltica orixinaria. A illa Coelleira defiñe no mar o argomento, non cheamente decrarado nas formas, do cabo de Vicedo.

ORTIGUEIRA E SÚA TERRA CO LITORAL DE CEDEIRA E VALDOVIÑO

A península de Bares leva en si o ímpedo e "élan" da serra Faladoira, pra rematar na sonada Estaca asociada co porto de Bares, a forma litoral galega de elegancia soio comparabre ca do Morrazo entre as rías de Ponte-

vedra e Vigo. Bares e a Estaca son a mesma feitura rematadoira. O termo máis boreal da península afasta o seo de Viveiro do de Ortigueira, poila ría do Barqueiro case se orgaíza tan fondamente ca de Viveiro como as de Espasante e Ortigueira entre elas. Na grave socesión dos promontoiros despoixa da costa rexa de conteñidas formas de Burela —chamémola asín dende Foz a S. Cibrán —vén a de decraradas e bariles persoalizaciós dos cabos Vicedo, Bares ca Estaca —é mais fermoso e resoante nome o de Bares—, Ortegal. A lei dos feixes en abano de serras e dos ríos cantábricos segue gobernando na terra do antigo condado de Ortigueira. É o derradeiro acorde do "tempo" mariñán cantábrico. Vén deseguida ca volta do Ortegal e as penedías de San Andrés de Teixido, con outra luz, o tempo da sinfonía atlántica.

Fig. 27. - Sta. Marta de Ortigueira.

Hai unha longa beleza no findar do río da terra de Ortigueira. Segue a fórmula do Landrove, do Sor. As rexas serras Faladoira e Capelada correspondéndose, entramas de duras encostas mais de chairos lombos. Son, en verdade, as acentuaciós senlleiras de toda a terra de montana de Insua, Ermo, e Casares, ben labrada en centeeiras nas encostas de poucos pobos, acotarelada nas valgadas, ergueita no coto de Taboada, cinguida ás formas das Somozas e de Moeche, cuias augas deitan ó seo do Xubia, ás Mariñas, ou á ría de Cedeira.

As veas ortigueirenses, escuitando outro chamamento, bulen pró Mera. Soa o ledo nome de Entramos Meras e súa ponte, irmán da de Entramas Sores. As fontes máis outas deitan no Caxido no hourizonte das Pontes de García Rodríguez e o Eume. Afondado entre Casares e Insoa, despois dun tramo de baixos meandros despoboados, vén a fartura de pobos e labra-

mios de Mera. O ledo e calmo esteiro deseguida artellado ca ría sinalada por Güiña, Senra, San Clodio, Veiga, pola vila de Ortigueira no seu xeitoso solar. Ningunha da Nosa Terra decrara como a de Ortigueira ser un val afondido. A cada latexar da marea pasa de grande areal a xunqueira envolveita en pobos e mariña de ricas xeórxicas e espello e brilar de ría. A feitura de tornos orgaizados polos cotos contrapostos de Leixa e de Ortigueira fai meirande a fartura e beleza da paisaxe en que craros fíos de auga entre xunqueiras soio quedan na baixa mar e a tornavolta da marea enche como unha luz e sopro podente e calmo. Asín a paisaxe é mariñán polos períodos en cheo trunfo da fartura xeórxica. É xa unha terra semellante polo fonda á das beiras betanceiras. A ría conxugada polo canle de Sismundi e a illa, noutrora monástica, deliciosamente posta en San Vicente ca badía de Cariño artéllase ca feitura de Ladrido ou de Barbos —cos pobos de Luhía, Ladrido e Barbo— resposta pequeneira do seo de Ortigueira. Asina dende o do Eu os esteiros van medrando en fartura deica o de Ortigueira onde as feituras do esteiro impoñen seus ritmos mainos e soio do mar queda a enerxía periódica, unha especie de chamada ou excitación. Espalla, entre dous cabos ben desemellantes, a costa unha feitura de golfo. A costa penascosa da Loiba ínzase de praias por Céltigos e Espasante onde é unha belida forma entre dúas praias o Vixía do mesmo nome. Entre as puntas Carneiro en Ladrido e Castro de Moura na parroquia de Pedra, franquéxase, ca illa de S. Vicente presidindo o decorrer dos procesos, o seo marítimo de Ortigueira. Pro no senso do podente Ortegal chama a praia estesa e a valente enerxía mariñeira do porto máis nordeiro da Galicia, o de Cariño. Il xunta e exalta as millores vontades e forzas da terra. Faise vila nova e leda na praia longa, pé da dura roca, na veciñanza do cabo dos Aguillós. Os Aguillós son os escolos ou pedras onde o mar rompe pé do cabo oután, remate da Capelada, cinguida no derradeiro tramo co monte de Miranda. Na penínsua da Capelada a ponta rematadoira pra Cariño é os Aguillós, ca baixa ponta do Seixo, e as pedras rematadas no chamado "Cabalo Xoán". A ponta máis abombeada por N.W. o verdadeiro Ortegal. Son remates xurdios da mesma podente montana que fai decrarárese máis craramente a finura da Estaca. Toda a ribeira, de estreita orla xeórxica, semella, entre os dous cabos o espallamento en frol do talo do río de Ortigueira.

Co Ortegal e a fermosa Capelada decrárase a costa cheamente atrántica, en feitura brava, soio amolecida na ría de Cedeira, hastra o cabo solene Prioiro, comén do "magnus sinus artabrorum". Respondendo dreitamente ó Atrántico, as terras dispóñense dentro dun caráiter de iniciás ribeiràs entre costas e serras nas dúas comarcas de Cedeira e de Valdoviño. Dous ríos rematados en esteiros de seu no seo de Cedeira, o do Porto do Cabo e o dos Forcados orgaízan as formas e a historia. O primeiro faise con regos de San Martiño de Cerdido e os montes soios do rumbo de Casares. Xa entrando no esteiro colle augas de Montoxo, e de Régoa e de Cer-

vo que miran ó mar. O río dos Forcados entéirase por S. Román de Moeche. Por Vilarrube chega á grande praia de Leiría baixo Pantín que tén ó mar unha punta e praia con lagoa deltaica. Cedeira en composición semellante, menos ricaz do que a farta de Ortigueira, dende a súa encosta do coto do Eixil, domiña os estesos areás onde deitan docemente os dous ríos. A pequena Chirlateira garda dos ventos do W.

Con Santa Baia de Valdoviño cínguense as parroquias de Monte apar do coto Esperón, Aviño, Lourido, Meirás, pois Sedes e Castro xa pola posición tenden a Narón como a raia do Ferrol. Entroques de ría, ou cecáis como ría morta, Valdoviño tén o esteso areal da Frouseira que ísola en lago as augas dos regos. Lago é o nome dun pobo. Atios xunto como Lago a Valdoviño, nomea tamén o esteso areal de coor sensitivo ós do ceo e do mar, o "lago" ou millor esteiro non cheamente desenrolado, cecáis en conxunto un seo noutrora vivente en formas amortallado polas areas. Hai nas nosas costas tamén a fonda e elexíaca poesía das areas. Atios ou a Frouseira, como máis adiante o areal de Coba xa no capio do Prioiro, e como a ría de Cedeira —outro tempo do mesmo proceso de Atios, e de Ortigueira— siñifican pousas na rexa escultura das formas da costa. Dende o Ortegal á Candeloria cai a Capelada nas abas rexas, traballadas en basas arredondadas, en fouciñadas puntas, do litoral de Teixido. Quer dicir unha Fisterra de ergueita penedía conteste co vello culto do Apóstol, cheo de misteriosas lembranzas dos tempos da primeira concencia dos destiños e das cousas. A punta do Cadro, os illós Gabeiras, a Candeloria, son as tres respostas do roquedo ó mar das foulosas ou das caladas enerxías diarias, que se miran dende os outos do antigo monte orlado polos teixos acedos. Despoixa de Cedeira e da ponta Frouxeira, outo anaco bravo, a costa de Campelo franquexa ó mar a terra encostada do monte Mandiaa, de Bal, de Castro ca súa ermida de Santa Margarita, chan e parroquias xa do país de Trasancos, envolveitos no clima e vida das primeiras Mariñas ferroláns.

6. AS MARIÑAS E OS VALES CINGUIDOS COELAS

As terras ordeadas polo chamamento do seo das Mariñas, do "magnus sinus artabrorum", descen en tempos xeográficos de maina e podente maestade dende o beizo ergueito dos outos chaos, ás vegadas enrugadas en feituras de serras, deica os esteiros e rías da propia Mariña. Ouzan e responden ó chamamento augas e formas ben lonxás. O Eume dende o cerne dos montes da Carba e do Xistral, e polo seu afroente o Bermuz dende o monte Vales; o Mandéu dende as Pías, rebaixada cúpula nai de augas obedentes ás chamadas difrentes dos baixos estaxes que detremiñan o decorrer dos ríos e das feituras do chan. Mais o descer pró seo mariñán cómprese drento do cerco dibuxado por algunhas senlleiras cumes —o monte Esperón riba de Narón e o val de San Sadurniño, terra ferrolán, os de Moeche e Caabeiro rachados polo Xubia e o Neda, os de Eume, nome do pobo e do río, terraxe outa cumeada no Fontardión, por riba da Capela e de San Xiao de Caabeiro, na serra de Moncouso que leva nas abas a Monfero, nos de Mesía remate dunha terra oután, no Castromor enxergábele dende ben lonxe, no Montemor soleira afastadoira de Bergantiños —en estaxes costeiras labouradas polas augas, con ritmos difrentes pois nas veigas crébase a rexa feitura do chao montés e nascen os mimos dun val en ben pouco espacio como acontez nas encostas das Encrobas co espallárese ricaz de sutaque do val de Barcia ou no trocamento siñificado no coto da Espenuca; e outras veces as abas envolveitas no manto dos piñeirás vanse facendo manseliñamente ribeiráns.

O trocamento vívese na luz, nas proporciós dos pobos, no afondírese dos camiños, nos fíos do roquedo, no devalar conxunto da paisaxe. Se non compre sinxelamente a lei de obedencia. Hai unha puxa, o alicerce de xistro ou de gra mírase revolto, deitado. Imponse a idea dun afondimento. Cotos rexos, ermos, xurden perto do mar. Na derradeira estaxe, cando o tema da paisaxe mariñán aparés desenrolado e enteirado, decátase o esprito do seren as Mariñas unha suma e conxugación de vales e de esteiros ca orla do mar despartida por anacos de ribeira pedregullenta e brava.

Lembraremos, unha após doutra, as comarcas cinguidas cas rías teimando non mancar a doce e rexa unidade de formas e procesos xeográficos das Mariñas dende o grave areal de Doniños deica os milleirás e lameiros de Elviña e Monelos xa inzados de casas do arrabaldo cruñés.

TERRAS DE TRASANCOS E SAN SADURNIÑO, VALES DO XUBIA E NEDA. RÍA E COMARCA FERROLÁN

Dende o ergueito e cupular cabo Prioiro ó Prioiriño Grande un tramo de ribeira corresponde cas terras de Esmelle, Narón e Trasancos. Inda non é propiamente o seo mariñán con sinalar un comén o Prioiro. O dibuxo fino e broslado vai dende o Prioiriño ou millor dende a Ponta da Coitelada. Na ermida da Nosa Señora da Mercede do Chanteiro aléntase noutra

dozura. Enxérganse os outos treitos da Cruña. O litoral é rexo. Non esquenzamos seren as Mariñas terra de esteiros millor desenrolados e xeitosos pró vivir humán do que as ribeiras das Rías.

Unha sebe de outuras acotareladas ergueitas pró mar no monte Ventoso, pola Graña e Brión, gardan, polo norde e nordés, a ría ferrolán. Os regos das parroquias de Serantes, Marmarcón, Mandiaa, van cinguindo o coto da ermida do Chamorro e deitan na ría ferrolán no seo de Serantes dibuxando entre o Ferrol e a Graña unha feitura esencial e de grande valencia histórica.

O litoral aberto, oceánico, pousa, en dous tempos de praias bravas, seu erguemento podente. O primeiro o de Esmelle, o segundo o de Doniños. Siñifican dous momentos ou intres do mesmo proceso de morfoloxía litoral: unha composición de praia e delta. Os ríos son de pouca valencia, mais de pular erosivo forte. Descen entre duras encostas. O de Esmelle chega ó mar despartindo o areal de San Xurxo apoiado nos roquedos do circo do Prioiro e na ponte chamada dos Ríos ca illa Erbosa. Os de Doniños pousan na lagoa que a praia brava garda do mar. Paisaxe de rías non conqueridas, de comprexos de praia e delta entramos, de beleza grave e doce como a dos ensaios e arelanzas de formas cheas, que non rarean nas costas galegas.

A ría ferrolán tén sido gabada polo cristaíño e puro das súas augas, calidade esencial nos tempos da navegación veleira, por súa boca non máis do que unha fenda na frente de cabos, pola boa gardanza dos montes —o Ventoso, os de Brión, os do Faro de Mugardos—, polo vagantío. Non se pode entendere sin a lembranza do Ferrol a historia mariña e guerreira do Atrántico. Os montes semellan griseiros e duros, chicoteados polos ventos do outo mar. As ribeiras son doces. Despoixa da gola estreita entre os releves do Ventoso e o Faro de Mugardos —ou de San Francisco— a ría espállase en brilante folla deica o longo esteiro das Nedas cinguido de encostas arboradas. Entre as ensenadas ou pequenas abras de Graña onde acoden os regos de Serantes e de Caranza descer de Figueira e Vilar, o Ferrol vello asegúrase nunha forma peninsoar, arredondada, cuias relaciós están en grande parte disimuladas e envolveitas nos traballos de muros e peiraos e no espallamento de arsenás e faitorías. No seo das Rías cada suco de regos —ás veces soio marcados por lameiros e un comén da praia— tén súa valencia. O abrigoso do Ferrol débese ós dous valciños e ós portos naturás determiñados por iles. Por frente, Mugardos adianta seu peirao, en feitura semellante, menos desenrolada e case seguida a praia vai xuntando os remates das pequenas crebadas, sinalándose as formas doces de Franza co Seixo, de Maniños, pois Perlío vaise deixando abranguer na i-alba priguiza do esteiro de Xubia e as Nedas, de cromáticas expresivas finamente da hora da esfera e dos refrexos da vibración do mar. O azul da ría e a feitura leda das ribeiras alentan nunha severidade de luz atlántica, de montes no seu cumio axotados. A historia decora con rexa fita de pobos, en tramos case unha rúa, a marxen deica as Nedas. Eiquí ó esteiro chegan os

vales case sin deixar súa forza montesía. Son afondadas crebadas entre costas os vales do Xubia, do Narahío, do Neda.

Ó pé do San Xurxo de Moeche faise unha a corrente das Xubias criadas no país montesío de miudos releves e acotareladas encostas das Somozas, nas mesmas regatas nativas do río de Ortigueira, o Mero. O Xubia, dibuxando encaixados tornos baixo os cotos ben doces de Lama e do val do San Sadurniño, de boas alboredas baixo os outos de Esperón, recolle xa na ponte Xubia os regos das parroquias de Narón e Trasancos, e en paraxe máis afondado ó rio de frieiras e paisaxes de fino dibuxo de Narahío, o río de Iglesiafeita, de Doso, da parroquia do seu nome. Terraxe ben crebada, en pequena mensura, ergueita en cotos moi caraiterísticos refrexos do monte de Eiriz, fontes do Narahío, e do de San Vicente sobre Iglesiafeita. Os vales anuncian a temática desenrolada en grande polo Eume. Trasancos e Narón amostran dibuxo máis tranquío e maino, e seus cotos descen ás beiras das augas, sen súpeto trocamento de ritmo, do Xubia. Todo un comprexo ademirabre, calmo, de formas vilegas de esteiro loce nas Nedas e Xubia.

A PENINSUA DO CHANTEIRO OU DE MUGARDOS

Non pode ser chamada de Ares por enteirárese nunha forma de ría a vila e cecáis lle veña millor o nome da Ermida ben querida do Chanteiro. Vixía as bocas e o vibrare conxunto das Rías. Enxérgaas como familia de ribeiras co devalar da terra e do mar. Tamén as feituras da terra "devalan" doutro xeito. A peninsua labourada entre as rías do Ferrol e de Pontesdeume, de pouco releve, soio ergueita no Faro rematadoiro onde se gardan as roínas dun fermoso convento franciscán, loce frente ó mar a praia do Chanteiro entre as dúas baixas pontas de Segaño e a Coitelada, terra de vellas areas inzadas de piñeiros, de cotos moi inzados e veigas de millo. As aldeas adoitan deseguida a feitura vilega. É doce enxergar dende os lombos de Lubre as dúas rías e a espreita de cómo a forma peninsuar vaise inxerindo nas abas dos montes da Cabana coroados ós lonxes pola capela da Nosa Señora das Neves.

Fai un dos batentes da porta de entrada do Ferrol e compón no avanzamento penedoso da ponta de Ares co baixo de Miranda e a ponta de Dexo na peninsua de Meiras, a boca do seo onde se inxiren as rías ben desemellantes de Pontesdeume e de Betanzos. Brilan os cristás e as luces de Sada. Ares e Sada correspóndense na rexión máis centrosa e brilante das Mariñas. A fendedela estreita do Ferrol anuncia a espallada entrada de Sada. As composiciós de vales, esteiros e rías, son as máis ricaces e matizadas do magnus portus artabrorum.

PONTESDEUME E BETANZOS

Dous vales, orixes e dispaciosos decorreres de augas, entéiranse cas dúas rías que se franquexan ó tremelocir oceánico entre os feitucos cotos de

Lubre e o i-albo brilar de Sada. Figuran os esteiros de entramos ríos, Eume e Mandéu, da mesma familia sendo de abondo difrentes no desenrolo das formas. Non hai variación na lei e no ritmo guieiros. Cada un é lóxico con si mesmo. Na súpeta chegada do Eume á praia, deixando atráis fouces talladas nas duras encostas, hai un recordo do seu oután decorrer orixinario e montesío, como nas fermosas priguizas do Mandéu adurmiñado nos mainos meandros betanceiros non se tén esquencido seu primeiro floíre polas ermanzas monteses.

As fontes do Eume deitan lonxe e ben outas no cerne das serras que co nome conxunto e campesío da Carba pechan pró Norde e afastan dos verdeceres e clima do Cantábrico a grave e baril sinxeleza da largasía Terra Cha lucense. Cos regos do Xistral e da Pena Guhía, os picoutos máis medrados co Cadramón daquila montana de Irixoa, críase o Eume. Seu decorrer estabrécese doadamente en tres tempos. Podémolos nomear por algún pobo de viventes ecos na lembranza pola beleza ou forza do nome. Escollamos Invernés, as Pontes de García Rodríguez, Caabeiro.

A ponte Invernés, non lonxe de Irixoa, no val traballado entre o coto da Couriscada e a Pena Guhía —ou da Guía— siñifica, co seu nome de resoancias escocesas, un suco en certa maneira demarcadoiro, dibuxado na entrana da Carba a grande distancia das Mariñas. As fontes do Eume e as do Mandéu —dous ríos co elemento de esgrevia e orixinaria siñificanza "eu" nos nomes— son probas de esteso chamamento do seo mariñán, pro con resposta máis de lonxe no Eume. O río Eume co de contraposto decorrer, o Xestide, afillado do Masma, labouran o mesmo val. Xestide, un nome tamén, como Xistral, de locentes pizarras e ventos nos xestás. Non lonxe da do Eume, nos outos de Viveiró, sai a fonte do Landrove. Polo Burgo e Muras, decorrendo baixo a ponte Maciñeira, o Eume, deixando os montes, vai entrando nas outas chairas, unha badía de terraxes lamiguentos entre cotos de piñeirás, das Pontes de García Rodríguez.

No hourizonte, o Pico da Torre, o monte Caxido, de regos ó río de Ortigueira, a Loba esculcante. Os montes máis aseguran do que domiñan a grandeza das cúpulas chairentas. As formas camiñan pra a Mariña e soio dende ela e seus paraxes ledos adequiren verdadeiras figuranzas as montanas. É grave e fermoso o pasar do Eume polas Pontes. Cecáis sexa a terra unha réprica limiá. Imponse unha sensación de outura, de sobriedade nas liñas e nas coores. Unha especie de ascetismo. Non lonxe chega o alento de molladas abedoiras na Terra Cha por Aperral. A soleira ou pasaxe sinalado por Candamil, Cabreiros, Aperral, ben rebaixada entre o chamamento do Miño mozo e do seo mariñán, é un dos pasaxes senlleiros de meirande e suxestivo poder de evocación da nosa Terra. Semellante ó sinalado pola ponte De. Entramas chairas gardan seu segredo do orixen, cecáis, das formas centrosas galegas.

Deseguida das Pontes, o Eume afonda en grandes tornos baixo esporentes costas desertas, inzadas de mato rexo, baixo os labros das terras la-

bregas, de vivo releve de serras baixas, de Bermui, Faeira, Eume, Capela. As serras de Moncoso sobre Monfero, o Fontardián sobre Capela e Goente siñifican os outos acentos das terraxes ondeadas de cotos. A vida non amesta no val. O Eume, fero como xabalín de Andrade, non cría val sinón gorxa entalada baixo Ribadeume, Bermui e Eume, parroquia adicada ó San Pedro, baixo a lediciosa arquiteitura entre soutos fondos do prioirato de San Xoán de Caabeiro, que San Rosendo fundóu. Nas gorxas fondas o Eume acolle por outras quebradas seus foreiros, o río enteirado na ponte de Frai Bermuz e cuio nome leva con regos da serra da Loba e dos outos de Vales, o San Bertoloméu nado pé das roínas do grande mosteiro de bernaldos de Monfero. E por gorxas duras, baixo os logares de Cabanas e Suaserra, e o esgrevio monte da torre de Andrade, chega enteiro o río á praia e á ría, baixo as Pontes, sen dúbidas, nin priguizas.

O Mandéu responde dende un paraxe onde a ermida e a feira sinalan un espallar de rumos e camiños que non tén moitos semellantes: as Pías, non lonxe de Sobrado, vouta rebaixada, nai probe e pastoriña de augas craras. Pois dela descen os primeiros romores do Ferreira, do Farelo, do Tambre, do Mandéu. Mandéu chámase unha aldeíña, de Codesoso. O sitio do nacimento chámase o Marco das Pías, polos 720 metros. Máis abaixo a Coba da Serpe non rube moito dos 800. Deseguida o río colle seu camiño por Roade, o nome de resoanza no maxinar de Vicetto, polas Cruces de Sobrado, antiga feira e ponte Mandéu do camiño de Grixalba, polas ermanzas chairas de Curtis e de Aranga, deica esprimentar a chamada do esteiro e comezar a loita ca costa rachando en duros meandros entre costas cada intre máis frolidas polo doce ar das Mariñas, as terras dispostas en lombos de grande radio de Ois, Curuxóu, Coirós, Vigo. Decátase da marea na gorxa inda dinantes de Betanzos afondada, e dempois das pontes e das raiadas encostas betanceiras, acollendo ó Mendo, empriguízase nas Xunqueiras dinantes de chegar á ría entre Viñas e Moruxo, baixo San Salvador de Bergondo, á vista do Miño e Sada ben salgadas de mar.

No curso do Mandéu temos de calcar un pouco sobre dúas formas caraiterísticas. Non cavilando nelas é dificultoso atinar con algunhas chaves da xeografía galega. O Mandéu, no espallado hourizonte de Curtis e Aranga, cruza a grande chaira ou casechao cruñés —chamémoslle Tamárico polo seu meirande río— estesa dende a serra da Loba deica os labros dos vales das Mariñas, de Bergantiños, que en grande parte segue a mesma lei, e da ría de Muros. Ise país de chairas e baixos lombos, onde ás veces un río afonda sin motivo aparente, a paisaxe de Curtis, de Ordes, do Mesón do Vento, tén répricas no outo Ulla, tén semellanzas ca Terra Cha, soio afastada dil por curtas serrotas, forma o tipo montesío e chairo por oposición ás Mariñas e ó Ulla. O Mandéu dibuxa e afonda seu primeiro meandro na Ponte Castellana, paisaxe das máis sonadas da Galiza por cruzar por il a estrada da Cruña a Madrí. No meio da chaira, o río, de súpeto, afonda dibuxando un meandro. Siñifica un trocamento de ritmo. O río se-

gue afondado e frieirento, pro onde se "mira" o novo ritmo, e se pode seguir o baixar das formas e rendírense os chairos outos ó engado e lei das Mariñas, é noutra paisaxe de renomanza, no coto da Espenuca, que no mapa de Fontán figura con rexos trazos, como acentuando unha enerxía, e no esteso descer conxunto das Mariñas, ouservado dende calquer outura, loce como o mestre e direitor das armuñías das fermosas e doces encostas, esmaltadas de parroquias. No termo de Santa Baia da Espenuca, ara da paisaxe mariñán, o Mandéu entra de seu no ámpido onde, nos ademirabres e regoados tornos do río, celébrase a festa dos Caneiros.

Terra ricaz, abondosa de pobos, portos, mantenzas. Betanzos é a frol do Mandéu. Nos peiraos vellos a luz da Mariña pousa coma o río que, por outras crebadas fondas e aromosas, acolle ó Mendo, como a un irmán cativo e lindo.

Naz o Mendo nos outos da Tieira, non lonxe de Santa Baia de Curtis, ben logo comeza a afondare na ponte Oural e por Figueira de Barranca, pé do monte das Gandras. Outras augas van ó Mandeu polo río Deo, en terra soia de Teixeiro, baixo o santuario do Xabriño. Deseguida entra o Mendo na espera das Mariñas baixando por Requeira, Reboredo, Oza, Porzomillos, e Brabio, deica a Ponte Nova de Betanzos, chamado na cidade río das Cascas. Entramos Mandéu e Mendo cinguen e erguen o ditoso solar de Betanzos.

As rías son os pétalos centrosos do fermoso cuatrifolio mariñán.

A do Eume artéllase co seo de Ares. Un crásico seo de semilúa da praia i-alba entre as pontas esfareladas en pedras de Ares e Mourón. O praial segue baixo Caamouco, alternan pontas e areas no seo do Porto e Limadre onde o rego dos Condes descido de Laraxe anuncia o fondo asucamento do Eume, que chega entre Cabanas e Pontesdeume, baixo costas bravas, arboradas, con pechas toxeiras, formando curta e ricaz ribeira. O esteiro é unha composición de praia e delta, inzadas de piñeiros. Semellan un delta desfeito. As praias ben logo na pequena larganza ensaian duna. Todo fala dun afondimento. A vila fai un froito, unha piña como un pequeno Betanzos. O monte ergueito, pouco traballado co castelo de Andrade soio no ledizoso Breamo aparez enfeitizado polas Mariñas.

Polas parroquias de Boebre, Vilanova, Perbés, un anaco de litoral pouco amolecido, penascoso, baixo ledos campos, leva a Miño, un tómbolo, un illó de roquedo apreixado na espallada praia fendida polo Mandéu. Despoixa vén Ouces e a praia decorada por Sada leda e Fontán máis apegado ós roquedos que, por Carnoedo, ollan o mar aberto.

O esteiro do Mandéu, como as praias de Miño, alentan nos tempos e sazós da mareia do golfo ártabro. O río polas Xunqueiras, unhas veces glaucas e tensas, outras de mainos ouros e i-albos, baixo as costas de Tiobre e Souto, de Vixoi, Viñas, e Pontevelló, vai folgado docemente, en longo esteiro, exemprar dunha forma moi espallada na Galiza. Óllano camiñar as

cidades en froito urbán e o santuario do San Pedro dende súa costa, e tantas vellas e ledas parroquias.

A PENINSUA OU PENILLA DE MEIRÁS

Podíamos chamala de Oleiros, de Dorneda. Dorneda é nome de leda comba mariñán. Sada, Carnoedo, son portos. De vello temos escolmado o nome de Meirás pola parroquia centrosa que mira de lonxe, pra sinalar a forma de peninsua —ou de penilla— saínte entre as rías de Betanzos e do Burgo. Terra baixa, de doce encosta dende unha vouta rebaixada, de boa terra, areosa, sabregosa, moi rica de "humus" como de antigo bosque, mol coísa forza labrega, verde e xerminal, que ás veces tén a terra indetremiñada. Nela as corredoiras afondan como regos, envolveitas en loureiros e fentos. As corredoiras sombrizas, cos seus pequenos bosques "galerías", traballo de erosión da historia, inzan as grandes fincas cruñesas. Os fatos de xa vellos eucaliptos axudan ó sombrizo dos piñeirás. Osedo, xa no empalme cas "mariñas" mais de terra de Iñás e Soñeiro, tén grandes piñeirás, pazos fartos, fermosas barreiras, hortos lediciosos. E tamén as outras parroquias en grande parte decoradas da paisaxe "artística" das hortas. En conxunto, unha terraxe "hortífera". A costa do mar por Carnoedo, a punta do San Amande, Veigue e Dexo, baixa, axotada, traballada en baixas pontas de roquedo —ou en dentes de serra, ou pontas cravo, como nos ornamentos do románico— soio tén en Veigue un seo e os ordeados en regos e labramios de Serantes, Maianca, Dorneda, Oleiros e Liáns que compoñen a severa armuñía do labro da badía por frente a San Antón e á Mariña da Cruña.

Sada e Fontán din na figuranza e paisaxe o tempo calmo da praia, do farto vivir do porto, e a esgrevieza do niño mariñeiro apegado ós penedos. Entramos en pequeno espacio, na luz cinza, con brilantes refrexos da ría e súa barra.

A RÍA DA CRUÑA E O VAL DO MERO

Non son as menos fermosas as mariñas das portas da Cruña. Como as ferroláns chega a elas a ermanza e dureza doutros tramos de costa. Pra nós as Mariñas comezadas no Cabo Prioiriño rematan na mesma punta Herminia pé da torre de Hércules ou Breogán. O bravento Orzán xa está moi lonxe da paisaxe das Mariñas.

O Castromor sobre Abegondo e Sarandós, os outos das Encrobas, os de Orro, Morás, e Culleredo, sobre Alvedro, os cotos da Pastoriza e Elviña siñifican un craro lindeiro e demarcación. Chama dun rumo Bergantiños. As augas procuran o leste. Van ledas, pouco afondan, na terra baixa pró río Mero, o do Burgo. Pé das costas de Abegondo, Montouto, Carral, xa animadas polo ar mariñán, a paisaxe entéirase cara Cambre. Cambre é o

verdadeiro cerne distas Mariñas. O val de Barcia, Tabeaio, Andeiro, o ledicioso val demarcado en grave formación de Castros de Alvedro, Brexo, Bribes, tenden pró esteiro de Cambre. O río de Barcia e Andeiro, descido das Encrobas baixo San Estebo de Paleo, o río feitiño de Sésamo, Culleredo, Alvedro e Sigrás, fermosas e mestas parroquias, van ó Mero.

Iste río e val siñifica a forma e figuranza en "modo menor" dos vales mariñás. Vén da Fraga, dos montes de Mesía, súa fonte ponse non lonxe do logar da Tieira. Engrósase por Filgueira de Traba, ben logo corre por Paderne e Cinís na primeira estaxe ou tempo costeiro mariñán. Almeiras, Brabio, Cecebre, Bribes, Sigrás, enteiran a croa da paisaxe de Cambre, e

Fig. 28. - A torre de Breogán ou Hércules.

do Temple. O mesmo nos temas do Burgo. Soio hai un maino debecer do coto en mariña. Un decorrer e senso de vieiro imposto polo río xa non afondado como o Eume e o Mandéu. A mesma composición de chaira, de val chao —poilo termo de chaira pode levar entre nós á siñificanza de ermo largasío— feito pola suma de moitos espallamentos de pequenos vales enteirados nun circo dibuxado de Rutis a Bergondo, que iso son as Mariñas de Cambre ou dos Freires, denomiñación antiga. Istas Mariñas por Crendes, Orto, Guísamo, deica o mesmo Cortiñán, creban o beizo ergueito do Mandéu. Son, drento do mesmo clima físico e histórico, outras Mariñas. Nas de Betanzos —e Pontesdeume e Neda: Mariñas dos Condes— as formas son canles e meandros afondidos entre encostas traballadas con frente

a tres rías. Nas de Cambre é un conxunto chan labrego, cas ricas venas dos ríos froíndo á tona da terra, forma xa conquerida cun frente ó mar aberto pola península de Meirás enteirada nistas Mariñas ou a ría da Cruña.

O esteiro do Mero co Burgo entra máis cada día no ámpido da Cruña, a cidade galega das grandes e axeitadas síntesis de paisaxe, a mestura xeórxica chega ós primores betanceiros sin as encostas fondas, nin as priguizas longas do río. Nas dunas do Burgo, na praia de Santa Cristiña, o derradeiro esteiro mariñán afina seus temas como unha despedida. E a Cruña escoita no Orzán o latexar da grande costa brava do arco bergantiñán.

OS TEMAS XEOGRÁFICOS DAS CIDADES E VILAS DAS MARIÑAS

Enxergadas no seu frondecere de raís e medra xeográficas as vilas mariñáns escolman os esteiros e as badías abrigosas. Foi dende os comenzos da prehistoria galega idea obrigada a da presenza noutrora dos palafitos nas augas puras e caladas do sinus ou magnus portus artabrorum, nos recantos das rías, nos inxerimentos do mar na terra. Nalgunhas belidas páxinas de Murguía —soupo moi ben o petrucio das nosas Letras esculcar a grave fondura da poesía dos orixens mariñáns— brila unha lembranza e adicación que conxuga as vivendas lacustres cos peiraos betanceiros, os refrexos da piña ou froito urbán de Pontesdeume nas augas, o xentil acompasárese de Neda, de Miño, de Sada, do Burgo, as feituras da costa. Dentro dunha lei xeneral a Galiza, o ser das vilas mariñáns responde á disposición en tres tempos do releve. Todalas vilas procuran o estaxe baixo. Doutro xeito imperaban as torres de Andrade. Chegan ó beizo ergueito das Mariñas as rexas e fortes aldeas da montana e os logares acasarados. Nas encostas desce o tipo montesío nas paisaxes de touzas e froumas. Cecáis na composición histórica teña valencia a case enteira falencia de coltivo das vides, que concede ás encostas das beiramares das Rías Baixas outra requintada beleza.

Tense dito ser a ría do Ferrol a vía centrosa e xuntadoira dunha grande cidade esparexida nas beiras. Xubia, as Nedas, Sillobre, Perlío, Maniños, Franza, Mugardos, cos seus artellamentos itinerarios ou ascendentes nos estaxes do releve, cínguense co Ferrol polos vencellos do traballo, mais non son por compreto espallamentos ou ecos ou afillamentos do Ferrol. Portos pescantís, pobos labregos de pouco e bon terrón son os máis deles.

En Xubia e nas Nedas domiñan as ventaxes do esteiro, maila braveza do val montesío, o recanto mol, non houberan deixado medrar unha rexa vila en loita con Mugardos. De non ser pola política borbónica cecáis Mugardos fora a capital da ría. Seu polo mariñeiro fortécese coa peninsua do Chanteiro. Máis responde ó chamamento do Ferrol que ó de Pontesdeume e Betanzos.

Na escolma do Ferrol cas propiedás sinaladas polos autores —como o ilustre Alonso López— e espalladas nos escritos sobre a historia da Ma-

rina hespañola, poideron infloíre a luz de meiodía, o millor hourizonte, a facilidade dos pequenos esteiros e quebradas. Entre os portos galegos, o do Ferrol disfroita dunha sona universal na xeografía das guerras e política marítima. Tén históricamente unha categoría hemisférica no pasado. Hai un ton atlántico —e pacífico— ferrolán. E un achegamento, se ben de loita, desconfianza e ameaza, ó tema dazaoitesco dos portos do norde. Pensaban no Ferrol os portos ingleses dos antigos pontós e das escadras armadas pra lonxe aínda con intención de wikingos modernos e o Ferrol pensaba na técnica inglesa. Diste xeito a pechada ría de augas limpas, abrigoso seo, astilleiro de grandes barcos, foi esencial faitor na política e nas relaciós atlánticas.

A cidade siñifica cunha política, un urbanismo, e coíl un novo senso estético. Poidera ser chamado do "despotismo ilustrado" tinxido de rococó, un rococó adeministrativo, de brancos e azús, formas craras, cecáis co mesmo sentimento de craridade atlántica que se amostra en Cádiz, e aínda nos grandes portos americáns —Cartagena de Indias, Habana— de guerra e comercio. Mailo Ferrol siñifica unha simbiosis case perfeita, poucas vegadas conquerida, dos pobos e portos da ría da que é o Ferrol mercado e taller que teñen por praza centrosa a mesma ría sempre cruzada de barcos e desenvolve largos barrios por natural espallamento e simpatía asegún o decorrer dos camiños. Co Ferrol xúntanse os esteiros e a terra de verdes encostas, labrega, de Trasancos, Mandiaa e hastra Valdoviño franquexada ó Océano.

7. TERRA DE BERGANTIÑOS

Dende Montemor e Carboeiro, nomes escolleitos na soave indeterminñanza das paisaxes, a Terra Bergantiñán decorre en graves e sereas formas, ispiradas como en senso de podente unidade, deica os arcos da costa de Laxe e súa ría exemprar en canto nas súas feituras enteira o expresionismo do país. O Anllóns e súas raíces non chegan a orgaizar un val de compridos ritmos como os tamáricos, ou ulláns, nin tampouco Bergantiños artéllase en pequenas rexiós, refrexos, matiziciós que fan máis ricaz o tema centroso. Entre Bergantiños e as costas das Mariñas hai de procurar a transición no decorrer das augas. Son os mesmos curtos valciños esporentes, os principios de gandras en canto o releve o permite, os cotos de paquetes pizarreños comestos pola erosión, de disimétricas feituras. Máis enérxicas as augas chamadas polo seo da Cruña traballan deseguida valciños, algús ben pronto madurecidos en formas clásicas como o de Alvedro. Augas en curto espacio e tempo torrenciás, case sempre gandreiras responden ó tema bergantiñán. O W. manda. En tempos soaves, as formas envolveitas na tona do piñeiral esmaltado de xeórxicos arquipiélagos compren o mandado. O litoral en dous momentos, dende Barrañán a Sisarga, da Sisarga ó Roncudo, segue respeito do eixe da terra a mesma lei. Ista vaguedade, onde se poden maxinar epílogos ou preludios de novas estaxes, é un dos caraiteres bergantiñáns. Vén ó esprito a idea da case chaúra, do penichao, e de feito Bergantiños enteira na grande arquitectura de chairas da Galiza nórdica. Mailas cúpulas montesías gardan seu imperio inda rebaixadas e conxúntanse polas súas aureolas. Ningunha estrana ó torrón labrego, ningunha dá licencia pró desenrolo dun vivir montesío, e tampouco as ribeiras coallan en alongadas unidás.

Do nacente ó poente, respondendo á sinxeleza e ampritude do ritmo na paisaxe, débense sinalar tres estaxes ou, no tempo das formas xeográficas, momentos, tres variaciós, mainamentes desvaecidas unhas noutras, da terra bergantiñán: as terraxes montesías de Montemor, o Galo e Barbeito, o país centroso, fondamente labrego, chairo, onde o Anllóns orgaíza seu madureiro val seguido dos outos que sinalan a mariña, e de comarcas outravolta de topografía variada ca veciñanza da ría, e desenrolo das formas do pre-esteiro. Pódese criticar como sotil por demáis ista que non presentamos como división e soio como maneira de comprírese o proceso xeográfico. Tamén sería lexítima unha definición de Bergantiños como penichao traballado con grande espallamento de ponlas polas augas do Anllóns que forxaron un golfo marino, de proporciós regulares, tranquío val demarcado polas soaves vertentes das augas, polo arco do litoral norde, cun trocamento de ritmo na soleira do val inferior onde se afunde típicamente a ría.

Preferimos meditar no desenrolo en tres tempos, cecáis lei xeneral nas formas galegas, tres tempos que chamaremos terras de Laracha, de Carballo e da Ponteceso, por tres vilas representativas. Laracha está polos

188 metros, Carballo pouco rube dos 100, ós 30 está o centro do logar da Ponteceso.

Montemor e Monteagudo arredondean súas formas deica pouco máis dos 500 metros chegando perto dos 600 no coto de Cedeira o primeiro, pouco rubindo dos 300 o segundo. Deitan ó leste en costas doces. Os outos de Soutullo ca ermida de Santa Marta, os de Garabela e Larín, entre os que cruza por Paiosaco a estrada de Fisterra dende a Cruña, enteiran cos ditos e principás ista cabeceira bergantiñán na que collen vida tres das catro ponlas, ou millor raíces, do Anllóns.

Na terra de Montemor, case toda enteirada na parroquia do mesmo nome, de lugares pequenos e afastados (Brumiás, Nebrexe, Baldomir) domiña a economía montesía, as costas son esporentes cara Gomar e Sofán. Atópanse os nomes de Ribeiriño, de Rigueiro. Sinalan a sensibilidade da i-alma popular prás variaciós inda leviáns da paisaxe. Os regos corren ó Bardoso que vai ó Rosende pagando seu foro ó Anllóns. Polo estilo de Montemor as terras de Soutullo (con Coiro, Pazovello. . .), Larín co outo da Chanceira, Monteagudo con Mirón, case forman illas montesías na escada e proporción das formas bergantiñáns. Monteagudo espállase en aspeitos gandreiros cara a mariña. As costas de tanto valor nos penichaos sinálanse fortemente na Rocha de Monteagudo, en Ibia, e Larín sobre o val ben dibuxado que aflúi á praia de Barrañán, xa na orla de Bergantiños, e son en troques soaves no senso do Anllóns cuia vea centrosa, espresión dun ritmo, formada por Meneiroás, parroquia de San Xiao de Coiro, en terra chaira, non lonxe da ermida de Santa Marta, vai por Vilaño, chamando os regos dos outos, pra Bértoa. A poboación móstrase espallada, en moitos e pequenos logares inzados nas costas, e soio o correr da estrada da Cruña se amesta nas formas itinerarias como Paiosaco e Laracha (Miñoteira e outras).

Pondal saudóu a terra de Bergantiños dende o alto de Ferreira, e afellas non poido escoller mais adoitado logar de enxergamento do Bergantiños enteiro. O alto de Ferreira siñifica o trocamento de formas entre a terra de Xallas e a bergantiñán. O releve desce en costas esporentes de grande radio que dibuxan como promontoiros de ermanzas da terra de Xallas no val de Bergantiños dende Couso a Aldemunde. O río Grande leva deica Anxeriz a atraición do Anllóns. Brandoñas siñifica unha soleira entre as chamadas do Anllóns e do Tambre, como a gandra e lagoa da Braña Rubra entra as augas de Bergantiños e as do Xallas.

O ricaz chan do Bergantiñán centroso pódese deslindar por catro nomes soantes de parroquias: San Breixo de Oza ó N., Sant-Iago de Vilaño ó nacente, S. Pedro de Corcoesto ó poente, San Salvador de Erbecedo ó sul. Espállanse en chairas lenturentas sobre todo á dereita do Anllóns, termos de Carballo, Bértoa, Oza, Cances, Vilanova, Sísamo, sin chegar ós 200 metros máis que nalgúns rareados cotos envolveitos no manto das xeórxicas. As terras á ezquerda do río ordean lombos e cotos mainos esculpidos polas

augas —o monte da Chousa branca, o Cotón, o Lume de Suso— deseguida sumidos na chaira de tona granítica con logares de barreiras e priguizoso decorrer das augas pró sonado Anllóns. O río, xa forte na ponte e Porto da Rama en Bértoa, medra ó pé de Carballo, co riacho de Oza a vella, vai por termos de Oca, Sísamo dibuxando un meandro deica Verdes e a ponte diste nome, perto da cal empeza un lixeiro afondimento por terras de Corcoesto acollendo niste tramo o Anllóns o riacho Lourido das costas de Valencia, Aldemunde e Lestón e seus Monte Perrol —438 metros—, Monte Mouro. Dende a Pontedona, millor dende a ponte Xiverido, terra de Corcoesto, o río vai madurecendo nas formas e ritmos que, demoradas en espallados meandros por Anllóns e súas veigas entre cotos, trasmútanse docemente nos aspeitos do esteiro e da ría.

Sempre o maino desenrolo, a fartura da tona de piñeiros e trigás. Á dreita do río os pobos son raros e grandes deixando estesas terras labregas sin lugares, farturentas, cruzadas polos dereitos camiños de Razo e de Buño. Á ezquerda do Anllóns, Traba loce no solar centroso de moitas e rexas parroquias. Oca, Ardaña, Xaviña, Coristanco, moi filloteiras de logares. Traba, de resoante nomeada, cínguese con Xaviña polos logares de San Roque e San Paio, amestando formas vilegas. Os barrios novos de San Salvador de Sofán, Berdillo, Bértoa, ensaian o tema de vila enteirando en Carballo, parroquia de San Xoán, cruce de moitos camiños —o da Cruña e Fisterra eixe de estesas rexiós, o de Sant-Iago, o de Ordes pola Silva, o de Malpica— rexa e crara construición moderna medrada dende os aituás traballos das minas. A vila vella, coñecida por seu balneario, equilibrada por Bértoa e Sísamo, alonga barrios lonxitudinás crecedeiros en todos rumbos, con máis forza nos de Bértoa e nos de Loureiro e Brea pasadas, pra istes derradeiros, as pontes do río.

O Bergantiños mariñán do norde, enteirado no arco do litoral deitado do monte de San Pedro, no Orzán cruñés, ó cabo San Adrián e Sisarga, determíñase polos beizos moldeados en cumes de longo radio dos altos de Corteo e Gomesende, cinxidos ós de Monteagudo, e os montes Deire, Neme e Lentoño, lombos case elipsoidás, os dous primeiros de eixe normal ó mar a cuia orela baixan en costas fortes. O Neme, de 387 metros, entre Leiloio e Razo, siñifica unha forma senlleira nos hourizontes bergantiñáns e loce a nova sona das minas de wolframio. En conxunto, o beizo bergantiñán desce en costas rachadas isocronamente polos vales ou crebadas estreitas dende a punta de Razo ó San Adrián, litoral penedoso e outo, namentras ó leste espállanse os procesos de acugulo descendo a terra docemente deica os areás mortos. O litoral de Bergantiños comeza pra nós na praia de Barrañán, remate dun río caraiterístico de chaira que temos visto descer de Liñán. Os vales de Arteixo semellan millor enteirados na paisaxe cruñesa de Santa María da Pastoriza.

Sorrizo e Caión afíncanse no arco de litoral duro e penedoso, en terra baixa, moi poboada. Soa o nome de Froxán como de mar bravo. Caión,

vella vila mariñeira, ca súa grande praza, asegúrase cecáis nun tómbolo. Pedras e pontas —Punta Saldoira, mar baixa de Leira— seguen ó W. de Caión deica o esteso areal de Baldaio que desenrola en amplitude o tema da praia de Barrañán. Unha longa e viva praia dende a Pedra do Sal a Punta Razo, seguida ó seu correr dunhas formaciós de dunas mortas, defenden o areal e as xunqueiras en que rematan algúns riachos mainos de Rebordelo, Vilela, Cambre. Bergantiños, case sin costas, franquéxase eiquí ó mar.

Entre Razo e Malpica o litoral escúlpese outo, apendellado, penedoso, labrado en furnas e inicios de furnas, esgazado en pedras (Punta Cociñadoiro, Punta Falcoeira) soio deitado na praia de Riás ó leste da punta do Chan do Razo. As parroquias máis soadas son Cambre e Razo, ista cun nó de poboación do nome siñificativo de Razo do Mar. Son terras cinguidas a Buño, Leiloio e ó occidente bergantiñán. As formas chairas espallan súas gandras, terras de laboura, piñeirás de Buño, Cerqueda, Limiñoá, e por Mens e Marizo dunha banda e por outra seguindo o decorrer do Anllóns, chegan ó mar e ó esteiro. Mailo oeste bergantiñán anímase con outro movemento de releves. A chaira segue, ás veces con baril larganza como por Cospindo, Nemeño, e sobretodo Cores e Mens, mailas costas e os cotos castrexos responden a outro ritmo que parés gobernado pola figura do monte Meda, de raíces no chan de Soneira, máis ou menos presente nas paisaxes. Os montes do San Amaro alongan en lombos máis homildes o erguemento do monte Neme, acaroados cas parroquias de Leiloio, Xornes e Pazos, onde os cotos gandreiros teñen rodopío de sementeiras e unha barreira sonada mantén a industria cerámica de Buño, comovedora polo seu primitivismo: Buño, empalme de camiños, mestura de pobos pouco esparexidos.

Perto da ribeira estesa entre Malpica e Laxe érguense montes alombados, arrondeados, de longo radio asociados cos aspeitos dun litoral esgreviamente tallado máis do que dibuxado, onde o esteiro do Anllóns e ría de Corme siñifican, co remate do devalar da terraxe bergantiñán, un amolecemento e unha unidade. Malpica e Laxe sinalan, drento de formas semellantes, tipos difrentes e armoñosos. Con Malpica, como torrón labrego con mariña, combíñanse Mens e Barizo, chairas, de chan ricaz, superficie de moi descompostos granitos. A paisaxe das torres e a eirexa de Mens, composición expresiva, rematada, cínguese por lei de formas e historia co de Malpica, as Sisargas, e Seaia. A figura da "Atalaia" de Malpica compre unha tendencia xeneral ás mariñas bravas da Galiza. Vila inzada no istmo da Atalaia, tómbolo ou non, obedente á lei da praia e a praza, co alongamento dun barrio itinerario, vila tipo Cruña, semella pola súa forza pescantina desglosada da terra, mais tamén pensa no eido e asóciase a vista dos labros esporentes e traballados a brava foula e marea cos campos de trigo e as gandras. Non lonxe a Sisarga semella ancorar perto da terra, ou apenas afastárese dela, tempano outo e penedo chairo, esgazado do litoral. Ó N. W. do renque de chairentos vales, entre Malpica e

a Ponteceso, soio animado na súa solene farturanza de liñas polo castro de Nemeño e o monte da Mesquita, o chan abombéase nos montes de Niñóns (Pedra Longa), Brantoas (outos da ermida do Faro), no Faro de Corme e costas de Froxán, altos do Vixía e relevos sobor da Ponteceso e a ría. O litoral dibuxa o monte Veo e cabo San Adriao, entre Seaia e praia de Beo e dúas arelanzas peninsuares, de rude contorno, afastadas polo "mar de Niñóns" e a abra da Barda, rematadas cada unha no seu cabo: a punta da Nariga e a sonada do Roncudo. Son nomes espresivos os de Arca da Prata, Area Pequena, Camiñoa das Mullerengas, que vai de Mens na Estrada logar da mesma deserta costa de Niñóns. Litoral sin portos nin apenas vida mariñeira trócase no aitivo da ría onde, emporiso, a braveza das formas xurde domiñante.

O esteiro e a ría decorren en tempos mainos unha na outra, con priguiza de amolecemento das formas areosas en contraste ca dureza das costas dos montes. O río, dende Saimía e Caldas, descrebe, polas terras de Anllóns que lle dan soado nome, un fermoso meandro en val de recheo, antiga ría cecáis ateigada, de dibuxo semellante ós clásicos do XVIII, mostrando hastra unha posibilidade de esteiro á outura dos lugares centrosos de Anllóns. Dende a ponte que dá nome a Ponteceso deica a Barra as formas mortas de acugulamento predomiñan na beira dereita onde as areas recroben as abas do Monte Branco (178 m.), máis ou menos amestadas según ciclos que responden ós termos do esteiro. San Tirso de Cospindo, cinguido seu cerne a Ponteceso, e con formaciós de camiño, alongada con San Leuter de Tella, San Fiz de Anllóns, Santo Estebo de Cesullas e San Martiño de Canduas, ésta perto da Barra, e pé dos outos soados polas lembranzas celtas de Borneiros e Nemenzo, son os nomes senlleiros. Pois Esto, Riobóo, Silvarredonda, máis ó interior nas costas graves xa, sendo bergantiñáns, sinalan a orla e comezo de Soneira. Polo vello camiño que vai á terra de Xallas dende Anllóns, por Esto, Silvarredonda, San Martiño de Riobóo, atópase a costa da Baneira, pé do Seixo Branco, onde o bardo Pondal pón o adeus á súa terra, do bergantiñán.

Corme e Laxe na unidade dos destiños mariñáns cómprenos con ben desemellante ritmo e fito. Pé da aldea antiga do San Adriao moi relacioada cos chans labregos de Brantuas e Graña, o porto de Corme xunta o nó pescantín, de vella e crecedeira enerxía, con barrios desenvoltos ó longo dos camiños. Osmo, a illa da Estrela, Gondomil, son nomes siñificativos como, máis ó interior, a Regadiña. As costas dos montes de Borneiro (370 metros), do Castelo (320 metros), e Lourido, dibuxados por afondados regueiros, descen as beiras de Canduas, fora da Barra, labradas en dentes de serra, esvaecéndose na estesa praia de Laxe, animada pola nova e forte industria do kaolín. A vila ó abrigo do capio da península de Insoa ou Cabo de Laxe, desenrola o dibuxo preciso e clásico das vellas e fidalgas casas, das moradas homildes, todas axuntadas no senso e esprito vilego, en soave curva, con rúas apreixadas contra a costa que a

garda dos bravos ventos do aberto océano, diante a solene beleza da badía de griseiros tons onde sempre parece refrexar unha luz de outono. Rubindo, dende os outos, enxérgase a fonda unidade do val, o esteiro, e a badía. Se no cerne das paisaxes mariñáns, alí no chan máxico e centroso onde o proceso das formas cría as primeiras do esteiro, e acarón da derradeira ponte do río, se asenta a casa nativa de Pondal, non lonxe da acrópolis céltiga de Boeneiro, cas súas valentes carballas descendo ó rego afondado, e da terra de Vilaseco "logar batido do aire", centra a paisaxe o dolmen esgrevio de Dombate. "Il y a des lieux où souffle l'esprit", diría Mauricio Barrés, pensando noutras terras do Occidente.

Bergantiños disfroita, entre as rexiós galegas, de boas interpreitaciós literarias e xeográficas. A paisaxe bergantiñán decorre dende as terras centrosas ó litoral. Arquipiélago de estesas terras xeórxicas na mesta formación de piñeiral trócanse os ouros e verdes en grises e brancos de mar e dunas. Unha composición caraiterística de grandeiras ermanzas, mestos e soantes piñeirás e aquilas larganzas de trigás do Bergantiños centroso pódese repetir perto do litoral mais xa os abombeados cotos amóstranse vellos alicerces e roínas telúricas. Á luz verdecente de froumas, o chan de contaito, coor e ulidos froumentos avecíñase cas terras fondas, aluviás, da Ponteceso, e os albos e refrexos das grandes praias de Laxe ou os brancos enxoitos, memorias do vento e do mar, que recroben o monte das areas chamado Blanco sobor do maino findar do río.

XALLAS, SONEIRA, FISTERRA

A terra de Xallas atesta ca tamárica de Barcala e por Grixoa de Esternende e o monte da Bubela —ou da Abubela— déixase trocar en chan de Bergantiños. A ordeación de hourizontes imposta polo monte Meda sobre Soneira e Zas non pode ser estrana a ista comarca xallense, outo e espallado val, dun fermoso e rexo río bo fillo do monte Uzán e da gándara que non como o Ulla deita en labourados meandros nin chega á pousa maina dun esteiro. Iste río vai dreito como unha espada pola ponte Arantón, afonda por Brandoñas e Olveiroa e bótase asulago en frieira soante baixo o Pindo nun dos abertos seos das mariñas fistérricas ou píndicas. Voltaremos sobre il ó tratarmos dos daquila costa de signo de seu entre os das outas e das baixas Rías.

A terra de Xallas adoita cecáis a figuranza dunha folla de fouce deitada no mundo de azús e gandras cumeado no vixiante monte Meda. É chairenta e gravemente abombeada. Os cotos de Carboeiro e Fontemedal dispártena de Dubra, e de Barcala os de Ermida e Fontecada, soleiras das augas en procura do Tambre e do Xallas, río cuia fonte primeira xurde moi afastada no mesmo coto bergantiñán da Abubela non lonxe do outo de clásicos hourizontes de Ferreira, baixa por Xallas de Castrís, á ponte Maron, á ponte Arantón, a Santa Comba pra enteirárese por baixo de Ma-

llón cas correntes de dous ríos ben desemellantes: o pequeno río García que chega pola dreita, de Cícere, e o ben arquexado de curso, o Abuín, de nome dino de soar nos "Queixumes" pondaliáns. Baixa de Vilamor, Freixeiro e Ser e perto de Alón pola feira sonada da Pereiriña. Figuran as augas do Xallas levaren presa. Non se paran en labouras de ribeira. A terra uceira e toxal, inzada de piñeirás, tén por cerne Santa Comba, acaroada con Arantón. Santa Comba, campo de feira de pendellos e rudes casas, trocóuse en vila trouleante das impaciencias de luxo dos wolframistas.

Deixamos a ponta dista terra ben afiada entre Maroñas e Bugallido pra lembrar a do nome fermoso e misterioso de Soneira. Ela pode servire, como Xallas, pra ordeare un pouco os hourizontes e composiciós dista Galiza feiticeira.

Unha mesta silva de piñeiros encobre a demarcación entre Bergantiños e Soneira, nas encostas afrora a pedra de gra e soio xurden nús os cotos que cumean no Meda, cerne e reitor das paisaxes dista Galiza. Unha "meda" de fino remate, ben torneada. Nela se cría o río do Porto. A impresión de montana parés amolecida polo mesmo piñeiral. Soneira é unha ría, un folgo de piñeirás, calcados e rexos, alongados entre os montes de Ferreira e a Piolla e o Meda. Por iso góstase millor do engado do val do río do Porto, veiga lenturenta de millo e herbás, cas casas de Baio, cinguidas de pomareiras dispostas en escada pra seren ben asoelladas, perto das pontes —a nova e a vella, como case sempre na Nosa Terra o diálogo de entramas pontes—. O río, dinantes de Baio, cruza por Gândara, Carreiras, Lamas e recolle dous fartos riachos descidos, un dos outos de Meanos por Zas, outro dos de Pedrido por Treos e Tines. No meio de entramas veas de auga érguese un pouco amacizado o monte Brondo. Non son propia e enxebre Soneira istes eidos e tampouco os das parroquias de Meanos e Follentes no mesmo doce devalar dos lombos. Forman unha terraxe máis entre as soio variadas nas soleiras de cotos, entre as augas no perfil das encostas, no taito de tona vexetal e de gandreira larganza no ámpido froumento e chairento, soio rexamente esculturado nos frentes ó mar e seus seos, da Galiza fistérrica.

Dinantes de seguire o cristaíño río do Porto temos de lembrar unha das formas de pequena rexión, sin dúbida a millor traballada, no seu óvalo xeneroso a máis orixinal drento das condiciós dista Galiza de vellos chans, de alicerces de formas nestora achaídas. O val de Vimianzo, eido ben labourado de nabeiras, verde de lameiros, tén por eixe o río descido das Pradeiras, foreiro do Porto en Calo; decórano tres liberdadas cumes, espidas, de penedía pouco encetada pola erosión: o monte do San Bartoloméu ca súa ermidiña i-alba como un seixo no curuto, e polo poente, prós camiños e bruares do mar non lonxao, entramos dioscúridos penedosos, o Faro e o Sangro, que xurden ceibes do mesto e rouco mundo do piñeiral. No senso do N. W. afíanse no ceo as feituras atormentadas dos penedos da

Pasarela que xunguidos cos de Traba, da mesma podente familia de pedra gra, presiden os hourizontes mariños dende Corme a Lourido.

O pobo antigo de Vimianzo disponse en fermosos rueiros labregos, de rexas e boas casas, no camiño vello que vai de Brandomil a Xallas e hoxe aparés tronzado pola estrada que fixo coallare ó seu ser a vila itineraria cas casas vellas estilo mesón de pousas arrieiras e fidalgas, e as novas de galerías. A praza ben leda e señora ca eirexa, é veciña do fermoso castelo, a fermosa torre envolveita polo pazo como siñificando dous estaxes de poder e goberno sobre a terra. Calo pola banda do río do Porto, Cambeda e Castrelo cara Berdoias son outros pobos de Vimianzo. O val garda cerca correspondencia de forma ca parexa de seos da ría de Camariñas.

Temos de seguire as finas vetas de auga que van por Cereixo á ría de Camariñas, por Vilestose a Lires, e as terras en desceso ás vegadas fermoso e ricaz á ribeira do Fisterra e do Pindo. Mais imponse o estudo do arco barudo, do arquexado peito, esmaltado de graves cabos que dende a Ínsoa de Laxe ó Fisterra, e de Fisterra ó monte Louro, boca da ría de Muros, dá ó Atrántico unha forma dina de recoller seus ímpedos, e darlle longos ecoares a súas foulas.

O ARCO DE COSTA DE LAXE E FISTERRA

A riveira das "areas bravas" despártese en segmentos pola enerxía e as feituras rematadas dos cabos. Despoixa da Ínsoa de Laxe o monte que agarima e garda dos ventos do W., a vila brandéase á costa hastra o cabo Tosto nos areás de Soesto, de Camelle, de Santa Mariña, aspeitos do mesmo proceso de duras valgadas abertas na conteste penedía por curtos riachos fincados en praias ou coidos que estran os seos duros. As augas dos riachos apenas ensaian esteiros. Todo ó decorrer da costa locen non lonxe das praias douradas ou griseiras, asegún a luz, as cromáticas dos "coidos". Mírase como nascen e como se desenrola o proceso das praias. Os coidos son remansos de pedras inda non ben moídas polo mar. Cinguidos á enteira penedía, rompida en fendas, ergueita en pedras cabaleiras, espallada en laxes, apontada en cabo, cas mancholas de piñeirás e as pequenas xeórxicas das valgadas, forma un conxunto sinxelo e impresoante niste tramo rexido polos penedos de Traba gracias a súas senlleiras arquitecturas.

So Esto tén curtos e ledos labramios en baixada á area brava do seu mar. Espállase deica o pé do Mórdomo a praia onde chegan regos de Nande. Despoixa Sabadelle e Camelle. O porto de Camelle é un coido penascoso, con pouco abrigo prás lanchas, franquexado ó pé dun dos máis estupendos erguementos de penedos da Galiza, os de Traba e da Pasarela. Míranse dende Vimianzo, dende o Ougal, o Faro de Corme e a ermida da Virxe da Barca. Seus dentes e poutas afíanse riba dos ondeares mainos de formas das outras terras.

Son tribus de grandes ovoides de pé, locentes, máis enteiros os de Pasarela, máis afiados os de Traba. Mírase a loita da erosión e a chamada

imperiosa do mar nistes penedos cecáis de granitos novos. Os baixos de Camelle ordean as máis podentes e bruantes horas do Atlántico galego. Entre eles distínguese o "Palleiro" por súa feitura, ben sabidos dos mariñeiros.

Veñen dispoixa as formas da penedía do Tosto, a Vela e a Balea. O Areal e o cabo, e a comba de areas bravas deica o Vilán. É un oután peito ou muro de roca de escultura pouco difrenciada ista masa enteira de monte cinguido e batido do mar, ergueito nas Brañas Verdes e no monte Vea. O Vilán, chamado por Pondal Ougal —de fixo o bardo escoitóu ós vellos o nome—, sinala a entrada do seo de Camariñas, findoiro do val do río do

Fig. 29. · Cabo Vilán.

Porto e, pola parte de Moraime e Ozón, doutras boas terras. Dende o Vilán espréitase o monte Meda de donde vén o río do Porto ou da Ponte do Porto.

Témolo enxergado na terra de Soneira. Por Baio e Calo vai tranquío e cheo entre lameiros frolidos. Logo afonda e loita cas feituras impostas polos penedos de Traba, fai meandros afondidos e deseguida na vila do Porto disfroita do bico da ría. O esteiro xa se adivirte dende Carantoña. A vila do Porto, a vella, domina o val, con súas boas casas antergas postas no camiño que colle pra Laxe e a Ponte Ceso. Tén aba broslada de hortas

regadas polo riacho do Crego que se fincha ditosamente ca marea outa. O esteiro desenrólase entre Xabiña e Cereixo, apañando crebadas ricas de labramios afondados no mesto piñeiral.

A badía de Camariñas, bordeada pola vila dos encaixes, por Leis, Santa María da O, Ozón, Chorente, Moraime e Muxía, mostra o releve forte dos roquedos da capela da Virxen do Cadro, o seu doce esteiro mainamente feito ría, con azús e encostas que soio en pequeno espacio anuncian as Rías Baixas, o seo de Chorente, onde deitan as terras de mestos milleirales de Ozón, e as de Moraime, e a peninsua de Muxía ou da Virxe da Barca. Cecáis un tómbolo areoso cinguindo o coto rude do Corpiño sobre o



Fig. 30. - Iglesia de Sta. María de Fisterra.

mar e a pedra abaladoira, a terra de Moraime. Soio pedra, escuma, vento e area compoñen no ambente de Muxía, vila mariñeira, porto na paisaxe cecáis millor, pola grave fermosura, da costa fistérrica. Muxía tén súa praia e seu coido. Ista area brava gardada ó W. polo erguemento do cabo asucado de furnas que pecha co Ougal a entrada da ría. É a sonada ponta da Buitra, xa veciña do longo e destemido Touriñán.

Temos falado das boas terras de Ozón. Pouco máis abaixo delas vén o val do río do Castro, que tén seu seo e esteiro en Lires, entre o Touriñán e o Fisterra. O río do Castro dibuxa un val contraposto ó feituco de Vimianzo, un val chairento entre costas ergueitas nos montes de Cabral. Soan os nomes de parroquias chamadas polos camiños e relaciós a Corcubión,

nomes fermosos como Vilaestose, e sobre todo Dumbría, cuio nome doce e forte como de piñeiros estaría ben a toda ista terra de castros e cotos e encostas pró labro da costa, e as parroquias —Berdeogas, Berdoias, Salgueiros— que teñen por feira centrosa a da Pereiriña, ben posta por riba da ría de Corcubión, e tamén a do San Antolín de Baíñas. O río do Castro fai un esteiro pequeno e fermoso, de pura e sinxela composición de río, e areas, entre costas, no seo moi aberto de Nemiña. Dende a Buitra a Nemiña o litoral é un conxunto de lombos e chairas outas sobre o mar, que apenas enceta a penedía, coberto de toxeiras e uzás onde calquer proba de traballo labrego —un lameiro, un anaco de rozado— adequire senlleira siñificanza. Despoixa dos labramios da crebada de Figueroa, o chan vai rubindo ó monte gandreiro, esmaltado de illós de auga de chuvia, do Facho de Touriñán, de onde sai baixo e rude, alongado, de forte soá de pedra, griseiro, coor de ferro e pedra, rexo, o cabo curtado a machado no remate, anceiosa ponla baruda, derradeira vibración xeomórfica da Galiza no océano.

No lonxe, afastándose do mar, están Morquintián e Bardullas. Nemiña cas súas casas griseiras, seus "casás", hortas de muros baixos, está ben no aberto seo onde arrinca o Fisterra. Touriñán e Fisterra semellan dous contrarios renovos ou gromos dunha mesma e podente torgueira de pedra, rexamente batida. Os areás de Duio (as dúas parroquias do San Vicente unha, outra do San Martiño) encobren o capio de penedo ou as roínas da vila de "Dugium". Poilo cabo mesmo da súa feitura arredondada, como a ensoada e perseguida por todolos cons dende o San Adrián e Laxe, semella illa cinguida polas formaciós vellas ós montes. Despoixa de Lires e o esteiro latexante ca marea do río do Castro érguense apaixoadas e crebadas no seu pulo o Rostro e a Nau, ou Nave, a Nau de Fisterra, arelanza crebada tanto como o Fisterra siñifica un comprido e outro anceio conquerido. As areas bravas expresan os tempos outos, niste sinfónico decorrere das formas. De todas istas areas, a máis estrana pola coor da fariña de pedra peneirada en area, pola vexetación halófila de coroas de mar e vento que a decora, é a que dinamente leva o nome de Area do Mar de Fora, entre a punta Gaboiteira despoixa da Nau e o Centolo, compañeiro de forma, cecáis o Mefisto do cabo Fausto.

O SEO DE FISTERRA E O PINDO. CEE-CORCUBIÓN E AS TERRAS AFLOENTES

O grande xeólogo Schulz estranábase de que o río do Castro non collera prá ría de Cee e Corcubión. No pensamento de Schulz, e foi dos xeólogos cuios pensamentos non envellecen, reinaba o senso da armuñía das formas. Podia ser que a fermosura do grande entrante da costa, xa ventando o clima e ser das Rías Baixas, deitado entre o Fisterra e o Miñarzo ou o mesmo monte Louro entrada da ría de Muros, sexa debida á súa non re-

matada forma. Hai unha figura de golfo. Sinálana cos cabos as feituras ergueitas, centrosas, do monte Pindo, unha das cumes máis fermosas e siñificativas do noso chan. Tén o conxunto unha semellanza non pequena e inconquerida cas Mariñas ártabras. Dibúxase a ría do Sardiñeiro, entéirase a forma de ría na de Corcubión, ensaiase pé do Pindo co findar do Xallas, no areás de Carnota manda o tema do mar aberto. Ningunha nota se impón no conxunto que non tén nome fixo. Pra nós soio un lle pode de dereito corresponder: o de golfo do Pindo.

No capio do cabo, a grande praia da vila de Fisterra, con Sangres e outros grupos mariñeiros, quer dicir o amparo do "mar de dentro" como

Fig. 31. - Cée.

o seo de Sardiñeiro. Ás praias de ouros vexetás de millos ou centeos —Cardiñeiro, Lagosteira— chegan os labramios e herbás de Duio. Sempre o Fisterra e o Pindo impóñense, trocándose de figura, refrexando, sobre todo o Pindo, a coor da hora e do tempo.

A beiramar de Corcubión e Cee ensaia en encosta de proieición semicircolar os temas das Rías Baixas, en mainos degráus ou sintéticos recantos. Piñeiral demarcadoiro, sucalco labrego, veigas, camiños, esteiros, praias. Todo elo en escada inicial en compaña da pequena e perfeita ría, gardada por dous castelos decorativos, de augas calmas, frol do seo Píndico, cas brilantes vilas, o caso "dual" máis perfeito na Galiza e na gramática das vilas, Corcubión e máis Cee ista a correr dun esteiro de encostas dito-

sas e labouradas, esteiro de augas novas baixadas de Toba e dos outos da Pereiriña. As rúas antigas, coalgunhas fermosas casas, de Cee obedecen á lei do brilante peirao. En Corcubión, ca eirexa, como en Bouzas, como en Laxe, metida nas ondas, pódese falar de vila outa e baixa, e ó seu redor os labramios encostados tecen fermosas croas.

Brens e Ameixenda sinalan o anaco de costa onde devalan os montes de Buxantes, non outos, con estreitas asucadelas no monte Ézaro cinguido por seus fondos ó podente Pindo. Entre os dous bótase a sulago o río Xallas. A técnica da enerxía hidroeléctrica tén micado non pouco á beleza dista limpa e soante frieira. O río enteiro bótase por unha limpa táboa de laxe.

Témolo mirado fuxir baixo a ponte Arantón, despoixa deixal-a terra que lle da nome, e por Brandomil e Brandoñas descer a Olveira e Olveiroá. O Xallas tén parecido co Tambre nos seus tempos derradeiros. O Tambre disfroita e loce meirande espallamento. Por Olveiroá chama e xúntase ca terra de Mazaricos. Eiquí escultúranse os montes con meirande forza como sentindo a lei de cotos illados das Rías. O monte Aro, que tén nas abas a Maroñas, correspóndese no hourizonte de Mazaricos co da Virxe do Monte por riba de Coiro e Beba, e co monte Ruña que case encobre o bulto do Pindo. Inzado de aldeas, con mil feituras modernas, Mazaricos por Chacín, seguindo o correr doutras augas, vai ás grandes romerías de Entines, a Outes e Noia. A chamada da leda riveira de Noia, Esteiro, Abelleira, Muros, escóitase moi adrento por terra de Mazaricos.

O Xallas, dende a antiga barca dos Cregos entre Arcos, boa parroquia de monte, e o valciño do riacho Adrán que por Xinzo e a ponte Noveira vai ó Xallas, déixase levar pola frieira. O areal do Ézaro, cas súas pedras e os escolos do seo, como os Corromeiros, son feituras que exaltan a grandeza de penedías, dispostas como en mantos de granito, do Pindo, grande testa xupiterina, remate dunha terra oután, forma que ordea as do grande seo. Ó seu pé diante as illas Lobeiras, pedras escumentas, aniña ou frolece, como a camariña nas fendas, o portiño pescantín. O Pindo proiecta ó mar un tramo áspero en dentes de serra, ó que sigue a folganza sometida ós tempos e latexos do mar das grandes praias de Carnota (Sta. Colomba ou Comba e S. Mamede) areas vastas onde morren sete pequenos riachos, en curva deica Lira —do Pindo a Lira podía ser o tídoo dun bon libro— ademirabres areás onde con estrondor baixo e ledo a marea rube atal depresa como na paisaxe bretona do Mte. Saint Michel e deixa ó se retirare sensitivos grises á luz e ó vento.

8. O TAMBRE E SEUS TEMPOS

Na comparanza ca Ulla, cas Mariñas, co mesmo Bergantiños, a terra do Tambre xurde na memoria, e tamén na dos labregos, como montesía, inverniza, verde dun ton acedo e bravo de monte. Temos escrito "montesía" e non ha facer falla o decir coelo "vivencia" e non en xeneral forma, pois nos hourizontes do Tambre imponse a gravidade das estesas e ondeadas chairas. Os afeitos a esculcar a coor das horas de Compostela coidan aduviñare unha presencia de verdes mollados, de lameiras e augas encoradas no vento do norde, un aire, en Compostela, "tamárico".

Río, tamén, de rexa unidade no seu decorrer. Apesares das difrencias entre o esteiro dibuxado con maestade de podentes e tranquías formas e o espallado berce de Sobrado, non se atopan no Tambre os "tempos" atal diferenciados do Neira, do Arnoia, do mesmo Ulla.

Seu nacimento ponse no lago de Sobrado, polos 540 metros. Unha soleira de outuras —lombos do monte dos Castros sobre Roade, de Lagos e Codesoso, outos de Vilar e Campoverde no monte de Riba das Chousas— afástano do Mandéu. Chegan os lombos ditos ós 677 metros. As paisaxes do nacer do Tambre collen sona literaria gracias a Vicetto, e máis aínda a presencia do mosteiro de Sobrado, cuias roínas sinalan unha caraiterística xeográfica. Hai algunha semellanza co nacer do Miño. Tampouco lle fallóu ó grande río galego a sombra e amparanza do Císter.

Mailos regos criados no outo das Pías, xenerosa e acupulada terra de fontes, e no comén do erguemento do Bocelo, manteñen ou axudan a manter a lagoa de Sobrado en grande parte obra do artificio dos monxes. Podería metaforizar un panexirista do bon tempo barroco sobre dos orixens do Tambre maxinando a urna do lago nai do río nas mans dos albos penitentes fondadores. Os regos decorrentes á lagoa chámanse Fontevirtude e Rudelo. Xa os espreitar afaise a forma chairenta e ondeada das paisaxes tamáricas onde o río cría costas afondando en craros penichaos e as augas téndense nas invernías en illós e lamestras frías. Temol-o sentimento dun estilo e ton de verdecere, de tapís vexetal propio do Tambre. Dil se desvían, fuxindo e criados nil, o Mandéu, outros ríos. Non é de cheo o ton da terra villalbesa nin das Limias da Galiza do sul. Polos outos do monte dos Castros enriba de Roade, os de Vilar e Campoverde, de arredor 580 m. os da Corda da Ara, sinálase non moito o afastamento do suco do Mandéu. Garda o país orixinario do río a lembranza do Císter. Inda se chaman as Cruces de Sobrado os cotos espallados onde se fai a feira perto de Cumbraos.

O río comeza un pequeno afundir criando ribeiras pola ponte Présaras. Á dereita espállase a terra de soadas lembranzas de Mesonzo. Teñen na historia nome e són as pontes do Tambre. Nas crónicas e na historia vivente e non escrita dos antigos camiños pasaxeiros. As pontes deben ser nosa guía no estudo diste —e outros— ríos. Deica pasadas a ponte Lobre ou a ponte Albar perto do Castro Nemenzo e dos cotos cinguidos ó Pedroso

compostelán non comeza pró Tambre a grande istromentación en vales de seu das terras afroentes. Elo fai doada a espreita en dous tipos das formas e paisaxes.

No primeiro tempo as pontes Présaras, Castro, Carreira e Sigüeira mensuran o decorrer. Á dereita as terras chairas érguense nos montes da Tieira e Mesía. Chega a eles o chamamento do esteiro e ría de Betanzos. Pola outra banda o Bocelo amaciza lombos ben rexos amparando a comarca da Capela e outo Melide. Pro despoixa esváese o marco cas terras obedentes ó Ulla. Son os outos de Boavista e os pequenos cotos e lombos do Pino e da Enfesta. Collen grande valencia pequenos cotos e castros. Amedra a importancia das costas. Usamos a palabra no senso xeográfico das "côtes" francesas, pra sinalar as formas rebaixadas, a veces moi esporentes, en aureolas, e seguindo os asucamentos leviás dos ríos.

No ponte Présaras chega o riacho Batía do Monte Bocelo. As parroquias de Ciudadela (480 m.), Curtis (Sta. Baia, e máis S. Vicente), Armental, xuntan seus regos no río chamado Cabalar ou da Laxe, que vén de Sta. Baia de Curtis e faise un, perto de Mesonzo, co río de Fistéus tamén nomeado, como tantos da nosa Terra, río "dos Muiños". Vilasantar amesta pobos —Raposeiras, Cruceiro, Ru, Guxín— de seu nista terra de montana chaira, ben poboada. Propio de Vilasantar, o rego Foiente vai ó Cabalar. Na ponte Castro chegan ó Tambre o riacho das Gándaras e outros, de Cumbraos e Vitriz.

Mais alá, augas abaixo, orgaízase nas largasías chairas de Mesía, Frades, Ordes e Numide, o decorrer das augas en tres veas cristaíñas, de beiras ás veces mal defiñidas, ríos de lameiros e de ermos xunqueiros, pousós, refrexando a vexetación das gandras onde a i-auga encora. Son o Maruzo, que cruzando por Papucín, Frades, Moar, remata nos Anxeles cerca da ponte Cerneira, o Samo que ven de Mesía e o máis longo e artellado Lengüelle da terra de Ordes.

A terra de Mesía —cos seus nós San Cristobo e a Pobra ou Pobla de Mesía— xunta en releves froxos o val lixeiramente esculturado por Cabruí e Bascoi, afastado por pequenas costas dos primeiros decorreres do Mero que baixa á ría do Burgo co iniciado por terra de Bruma, perto do Mesón do Vento, con regos do Castromor, a monteira ou pucho ben posto dos outos cinguidoiros das Mariñas. Da xuntanza de entramos faise o Samo. Baixa dende Barbeiros por paraxes non moi inzados de pobos, pé de Marzoa e por Senra.

Farturenta de centeos e trigás como Mesía, fermosas toxeiras e tamén moitos antigos soutos e carballeiras en roda como a de Mesía, a comarca de Ordes loce, como as de Curtis, grande espallamento de chairas, mais tamén as augal-a dibuxan en costas máis fortemente prás Mariñas. Ardemil, Leira, Mercurín, Pereira, Montaos, soan entre as boas parroquias de Ordes. Ca vila, curro e praza de moitos vieiros, fan vida Poulo, Merelle, Parada, Gundibe... deles soio parroquia o primeiro. O castro de Seisdón

cai moi perto de Ordes sobre o Lengüelle. Iste é un tipo crásico de río gandreiro. Tén dúas longas raíces primeiras. Unha do Mesón do Vento, baixa por Ardemil e Leira ó nacente de Ordes. A outra nasce polas abas do Montemor, Queixas, moi perto doutro rego, o Barcés, mariñán que vai ó Mero. Desce por Pontraga e Gorgullós acollendo augas de Tordoia, por onde loce aquil nome trovadoresco de Ambroa, e por Numide en Leobalde xúntase ca outra rama. As dúas son chamadas Lengüelle. Parés que a primeira leva con millor dereito o tídoo. Dende Leobalde o río, por chan xa máis dibuxado en cotos e crebadas —monte da Pena Maroca e outros—, por Trasmonte e Castelo procura ó Tambre pouco abaixo de Oroso e da ponte Sigüeiro.

Pola banda da dereita, senso da Ulla, son as terras de Pousada e Nogueira ó amparo do Bocelo, as de Boimil e Boimorto, as de San Estebo, do Campo, Medín, Pino, Enfesta... O chamamento ullán trunfa por Boimorto en cuios cotos críanse as primeiras augas do Iso, o río da Arzúa. Carelle, Folgoso, Andabao, avecíñanse a Mesonzo. O río fai unha volta fermosa entre Arceo e Boado, arredor de encostas carballeirentas. Moven un pouco a topografía as Motas de Campo, e Calvos de Sobrecamiño. Por Medín faise un riacho de algún balume. Meirande o de Dodro, Oines e Gonzar, que vai ó Tambre perto da ponte Punín. Fórmase na Pena da Seixa no hourizonte da Arzúa, chámase tamén Mera. O vello camiño de Sant-Iago vai por lombelos ispidos, non se achega ó Tambre. San Vicente do Pino e Enfesta presiden terras ondeadas cuias derradeiras formas por Labacolla figuran un Viso no hourizonte compostelán. Na Labacolla críase un río dalgunha sona e valencia, o que pola ponte Sionlla, do camiño e estada de Sant-Iago á Cruña, vai ó Tambre na fidalga paisaxe do castro Nemenzo e o outo do Son.

A comarca de Oroso, Gándara, Vilaromáris, Berreo, pola beira dereita, con Barcielo e Marantes pola outra, tén unha certa fisiognómica de camiño e xuntanza pola ponte Sigüeiro unha das sonadas e das sempre viventes da Galiza. O Tambre tén criada unha feitura de val que augas abaixo vaise perfeicionando. Decorre primeiro entre as terras de Chaián, Xavestre, Buxán e Portomouro á dereita con outuras por Xavestre e Buxán de 400 metros. O río pola ponte Albar vai afondindo. Baixan regos de Xavestre e Trazo e da vella parroquia de Vialaouchada. Nos releves de Monzao e Restande baixa o río Chorúa polas Torres de Lestrobe entre Trazo e Buxán. Fai por Fecha un meandro afondado. Na beira ezquerda érguese sobre o río o monte chamado Pena ou Piña de Nováis e desenvólvese a boa terra caraiterizada polo priorato de Cernadas. Soan os nomes de Gallofe e Dians. E vén Portomouro co río afundido entre outas ribeiras, soada ponte, formas xa de val enteirado, que acolle pola dereita as augas e as formas traballadas con senso de valciño, de illó de coltivos nos grandes ermos, que veñen do monte Castelo, demarcadoiro ca rexión de Bergantiños e apaña moitos regueiros de Arabexo, Bembibre, Coucieiro, e outras

terraxes. O erguemento de 300 m. sobre o meandro de Troitosende siñifica o labro das chairas das Cabanas e A Baña domiñadas polo fermoso coto da ermida da Sta. Mariña no monte Teixeira de Paraños. Por Lañas afonda o río Portalaxe. Chégase por Portor a Negreira e á paisaxe da ponte Maceira case tan sonada como a de Sigüeiro. O río vai case resbando a soleira de pequenas costas e cotos que gardan a terra de Ames e Trasmonte e os cotos ben dibuxados de Brión, onde sufincaron as torres de Altamira. Paisaxe de terraxes variadas e ricas. Corneira, Ordoesto, Broño e entramas Barcala co río afondido, cotos como os de Sta. Mariña e Brión no hourizonte achegado. Terra carballeirenta con veigas. Maila forza creadora é a mesma e das mesmas fondas augas de vida do cerne agro galego remanece.

Negreira —cos pobos amestados darredor como Cotón co seu pazo, Logrosa, Portor, unha lediciosa Pontevedra— quer dicir o inxerimento do val de Barcala co río diste nome e co Albariño. Soio pequena soleira desparte Barcala de Alón e Ser, e o río Abuín é dicir a terra de Xallas.

Barcala ten por nó a feira antiga e moderna e aitivo pobo traficante da Baña. Na Baña ousérvase doadamente o trocamento de moitas formas (San Cibrao, e S. Xohán). O Albariño formado en Suevos e Marcelle é o propio río da Baña.

O derradeiro tramo do río desenrólase entre outas beiras por tornos remansados pola obra dos Saltos do Tambre en parte. Beleza de cón de lago teñen algunhas das voltas sereas, entre costas de Arzón e Cornanda. De lago de montana en estaxe atal achegada ó mar. Non lonxe pulsa a marea da ría de Noia na Ponte Nafonso. Por Arzón o monte Barbazán sobre o río chega ós 460 m. A terra chaira de Luaña co seu santuario do San Cristobo cai sobre o río nos cotos da Debesa brava. Non deixa criar bocarribeiras a forza do afundimento do río. Báixalle o río Pequeno das parroquias outas de Aro e Campelo, e dos montes de Arzón o río de Corzán. Vén da parroquia outa que leva o fermoso e baril nome de Xallas de Arzón.

O río alenta xa nos tempos xornaleiros do mar. O esteiro repousado, grave, de broslado manto de ribeira, espállase entre as terras de Entines e as de Róo xuntadas pola sonada ponte, a derradeira do Tambre, de Don Alonso ou "Nafonso". Ponte vella, moitas veces composta. Os montes de Toxos Outos á dereita, os de Chacín á ezquerda coroan a ditosa e afondida ribeira. Outes e a fermosa Noia están perto, e no devalar mimoso e rexo das feituras da paisaxe se non sabe onde remata o esteiro e comeza a ría.

A RIA DE NOIA E MUROS

Dous temas entéiranse no seo de contornos xa ergueitos na fartura morfolóxica das Rías Baixas, na de Muros e Noia: o de Noia, onde mandan as maneiras do esteiro, e o propio de Muros, verdadeira badía atrántica. Drento, dende logo, da unidade da forma. Despoixa da ordeación imperfeita, da "incompreta" sinfonía de Fisterra e o Pindo, semellan froitos

perfeitos as Rías cinguidas con vales ben artellados e desenrolados. Moitas terras, moitas parroquias de labro de monte descen a se misturaren en viventes feituras ca ribeira dereita namentras na do sul desenrólase soio unha franxa estreita por imperio da Barbanza.

Os derradeiros intres do Tambre anuncian a calma beleza quieta das augas entre ergueitas encostas orleadas de pobos, como a ribeira —A Barquiña, Barro, Tarás, enriba entramos Entines e Outes— da paisaxe da Ponte Nafonso. En coto feitiño, dibuxado polos ríos Traba e Tállara, Noia, a millor vila oxival gallega, parés un froito celmoso, perfeita ordeación vilega, diante o erguemento do coto de San Lois e ca regalía da praia e riveira de xardís deica Barro e Barquiña. Na ría dispóñese en feitura e gracia que tén algo das cunchas e súas revoltas formas das encostas e fan meandros as augas mariñas. Asócianse con Noia, Obre, Tállara xa no arrincar da montana, vistoso e asoellado pobo, ascendendo encostas cara Urdilde e o nacimento da Mahía e da Quinta, as paisaxes de frieiras de Toxos Outos e as chairas de Lousame. Ben tecida de piñeirás a encosta leva docemente á riveira noiesa. Por frente a valgada de mestos eidos e pobo do río da Serra coróase cas eirexas de Entines e os logares afeixados de Outes.

Ben herdada en valgadas e pequenos deltas a ría tén seu intre senlleiro no estreitamente entre Boa e Seixo sinalado dende o vagantío das augas de Muros pola illa Quebra e as brancas casas de Miñortos e Portosiño. Moi mestas as aldeas, deseguida collen formas vilegas e poucas mariñas da nosa Terra son atal cheas de prodoitos finos da terra e do mar. O estreitamento da Quebra lembra un pouco o de Rande na ría viguesa. De non consideralo como boca de esteiro, de río ó estilo de Pontevedra deica os Placeres, de Arousa á outura de Bamio.

Na beira dereita —pódese chamare "carnotense" como "barbanzán" a outra banda— despoixa do tramo de pedra batida de Tal e Esteiro, franquéxase o seo de Muros, decorado no centro polo esteiro e praias do río Bornallo, e solar no tramo arredondeado, na semilúa de praia, ca defesa dos cotos, da vila mariñeira de Muros, centro dunha riveira cinguida á de Noia pro tamén desenvolta de seu polas terras abertas ó mar de Louro, Lariño e Lira. A vila muradana siñifica unha armoñosa e perfeita unidade ca encosta en que dibuxa rúas e cercas e a ribeira da que parés a vila copiar e afinar temas e formas.

Pola banda barbanzán, deica o Cabo Corrubedo — tamén chamado Verde— a forteza da masa peninsuar deita en rexas encostas, con soio o desenrolo das valgadas dos ríos Queiraxes e Sieiro, aquil polo Porto do Són ben asegurado pola Atalaia no seo de Noal, o Sieiro por Xuño. Baroña, Queiroga, Caamaño, locen nista ribeira pouco labourada na que soio a grande praia de Areaslongas troca un pouco o ritmo alternado de tramos en dentes de serra e espacios loiros de pequenas praias.

9. O VAL ULLÁN

Cando na terra da Ulloa se enxerga o rebulir das correntes do río novo síntese unha belida emoción. Pois é podente, xentil, na paisaxe e na lembranza, o val ullán. Alicerzan doadamente os pazos e as ermidas. Non perderon as leendas seu recender de orballada mañán primadeiral. Á súa chamada responden variadas comarcas de montana e de serra. A terra de Melide, as de Deza, Trasdeza e Tabeirós sinálanse como estesas e centrosas dunha Galiza de montana. Teñen de ser lembradas ó tratar do Ulla. As formas en degráus variados seguen a súa lei. Poden na apariencia resistila e negala. Elo concede meirande beleza e siñificanza ó estudo dos procesos morfolóxicos. Sant-Iago de Compostela vive no hourizonte da chamada ullán. Pódese na mesma cidade, nas rúas estreitadas polas grandes arquitecturas, pescudar se o vento, o recendo do sul, do Ulla, trunfa do no norde, do Tambre, ou é por il alonxado.

A farturanza ullán no senso xeneral soio tén comparanza ca do Miño. Non loce a grandeza de composición, a sistemática, ó tempo sinxela, elegante e forte, do Miño. O Ulla, máis sinxelo e regoado nos "tempos" do seu decorrere, leva ben lonxe deica a entrana das cernes terras centrosas erguementos demarcadoiros, das atraiciós do Ulla e do Miño. Cando enxergabamos súas formas no hourizonte das paisaxes lucenses e ourensáns, o pensamento seguía as formas ulláns. Poilos chaos e as serras fechadoiras das rexiós de atraición fluvial siñifican o equilibrio na polémica dos procesos xeográficos. En cada serra mañiféstanse pró enxergar os procesos esculturados de entramas abas.

Dous problemas xurden deseguida no estudo, da meirande valencia. Poilas estesas e individoalizadas rexiós —Deza e seu "piedmont", Melide de rexa fisiognómica, pra soio contar as dúas— moltiplican o interés xeográfico. Un problema remanece da "franxa polémica" xa dita, das formas de contaito entre as rexiós de cada río. O outro da estaxe onde as correntes de entramas beiras deixan seus caraiterísticos decorreres de montana pra entrare no propio val ullán. Hai sempre un trocamento de ritmo e, ás veces, unha falla de comprimento fai máis ricaz e fermosa a realidade da lei xeográfica.

Entre o Tambre e o Ulla non sempre dibuxan os montes unha crara sebe. A cabeceira do val caraiteriza no cerne lucense a terra ben nomeada da Ulloa. Preside de antigo o castelo de Monterroso, son vixiantes, mestos, os castros. Os cotos penedosos déixanse espir nalgunha direición polas augas dos riachos que apenas nados en frías xunqueiras e lameiras collen un craro roteiro e ben noviños moven os vellos rodicios. Lombos disimétricos —montes de Ligonde, do Roboredo, do San Cristobo e Ambarria— de costa máis forte pró centro, obedentes ó chamamento do Ulla, fan sebe montesía e aberta á Ulloa. Entre Taboada e Monterroso crúzanse soleiras penedosas e os cotos baixos e rexos pouco sinalan o pasar do chan do Miño ó da Ulloa. Máis esculturada aparés na relación con Ferreira o contaito da Ulloa.

Ista terra ben abondosa de augas, lameirenta, con anacos de casechao ben logo asucados polos riachos loce mestura de parroquias. Antas de Ulla, Cumbraos, Sete Eirexas, Frameán, Albidrón, Amarante, o Monterroso alicerzado en coto baixo e bravo disfroita e espalla un senso de capidalidade, polas lembranzas feudás e guerreiras —soa na "Compostelana" en páxina de forte caraiterización—, por súas xineas e pazos, pola grande e gabada feira. Terra montesía a de Monterroso polas madeiras, os fenos, os cabalos e bestas, disfroita de sona nas ribeiras, sobre todo polos cabalos sinalados como de Monterroso polas xentes. O pobo ordea casas rexas arredor dos campos da feira. Coñécese ó primeiro ollar a feitura imposta polos camiños vellos e novos. Dos primeiros tén grande siñificanza xeográfica o xa estudado nas terras de Chantada, o disposto ó correr do "piedmont" do Faro. Garda Monterroso o vello nó de Esmoriz. A Ulloa devala gravemente, afondando as canles, alixeirando as encostas, ceibando en procesos máis craros os cotos no senso das augas e tén seu capio arredor da ponte Ramil. Os ríos Pambre e Ramil, xóvenes mais deseguida persoás ríos, métense no Ulla tamén xoven, tres ríos aínda carregados de verdeceres de lameiros e refrexos de graves e fondos arboredos. O Ulla tén súa fonte perto de Balboa, de Rial e Fente, onde houbo antiga torre, en coto carballeirento, e deseguida, pasadal-as pontiñas de Vilamuñe e Naia, laboura un torno pé do coto de Monterroso, e polas terras onde manda o Castro de Amarante chega na ponte Ramil a furar a demarcación das terras decorrentes á ría arousán e as foreiras por súas augas do outo Miño lugués. O río Ramil baixa de Castro de Marzá por Curbián, máis longo e artellado o Pambre vén das mestas carballeiras de Merlán herdado en novas augas do Corno do Boi, por Augas Santas, Quindemil e Ambreixo, e recolle o Ramil perto do sonado castelo de Pambre que fai romántico adéus á terra da Ulloa. Son costas regoadas, rocegadas, como asucadelas pouco fondas das augas novas, e apenas merecentes de nome de vales. O lombo do Carión e do pico do Farelo, veñen comprindo a lei de forma imposta polas serra da Loba e de Corno de Boi, e máis abaixo levada polo Faro de Chantada á sua maestade e perfeución de montana na Galiza centrosa. Semella cordal e cordilleira, impón seu estilo, máis ben é gasalleiro considerare nistas primeiras "fáridas" o cumio, a soá, de equilibrio entre os encontrados chamamentos do Miño e das Rías. Conforme se baixa ó sul amédrase e fortécese a fisiognómica da serra. As augas compren, sen dúbida, feitos da chamada "erosión ascendente". Cecáis —non podemos saír da nosa idea de formas e paisaxe— o Ulla siñificare o trunfo de augas nadas máis abaixo de Pambre e conqueridoras dos regos da Ulloa. Cecáis o val ullán sexa o segundo dos abertos dende o comén do chan galego e do afondimento do seo das Rías Baixas. É fermoso tamén considerare os sucos do Tambre, do Ulla, do Umia, do Lérez, o non atal comprido do Berdugo, o do baixo Miño, como liñas iniciás e armoñosas dispostas dende vello prá laboura e metódica das forzas da erosión.

Enxergando na lameirenta Ulloa a parroquia diste nome por riba de Maceda e Carballal sobre o Pambre, e lembrando o lugarciño de Illoa ou Illúa na fonte do río, pénsase na Illia das crónicas, cecáis no antigo nome de Iria nos ditosos termos da ría padroesa.

Dende a ponte Arcidiago, apesares de seren aínda "luguesas" as ribeiras, xa o río soa co acento seu, ledo e podente, deica ó remate. A ponte Arcediago é o pasaxe do vieiro de Melide a Lalín ou, considerando relaciós máis espalladas, dos esteiros de Betanzos, ás Mariñas e á Deza montesía. Na paisaxe dista ponte deita o Furelos, o río de Melide. Dende ela pódese tanteare en tres tempos de decorrer o val ullán atal rico de pontes, afondado de ribeiras, gostosamente empriguizado en meandros. O primeiro deica Brandariz e Novefontes, o seguinte deica a ponte Bea o tramo decorado polas formas máis rexas e graciosas, e o derradeiro deica a ponte Cesures, esteiro e tamén arelanza de ría. Compre lembrare a unidade do Ulla en canto vea de auga podente enxamáis repousada, sempre dibuxando meandros, nos tramos reitos impacente de arrodear un coto, de se demorar pé dunha costa. Pódese enxergar a canle dun río e as formas guiadoiras do seu val como ringleiras de tramos reitos e olas arredondeadas, en dinamismo de auga froente e escultora. E poucos ríos manifestan atal craramente con belida composición de ribeiras ista mecánica do decorrer. No primeiro tempo o val traballa entre as penichairas de Melide a Arzúa á dreita, de Camba e Deza pola outra banda. Mourazos, Ribadulla, Beigondo, Circes, soan entre as parroquias do val. A ponte Mourazos, a do San Xusto entre Dombodán e Insua, a Basebe, soan nas vellas crónicas. Deitan no Ulla despoixa do Furelos o rego de Besoña e o forte Iso pola dreita, o Iso entre Viñós e Bisantoña, e xa perto de Novefontes o Laña das terras de Touro. Por Camba o Arnego, pé de Brocos e Loño. O Castro Marcelín semella unha imitanza do Pico Sagro, o Pico sin outra cousa reitor dos hourizontes dende a despidida da Ulloa. Entre Brandariz e Gres ca ponte Ledesma que xunta Camanzo e Bendaña, o Ulla dubixa e afonda o grande e fermoso meandro que se pode chamar de Añobre, encurvado á dereita por Encrentes baixo as costas alumiadas no outo polo sol raioso na ermida do San Bastián do Castro de Loxo, fino risco que dispón á proba e beleza do asucamento entre outas ribeiras de Cira, onde chega, fondo e ben herdado de memorias, o río Deza, do estreito de San Xoán da Coba e os alicerces do Pico Sagro pra repousar nun tramo deitado e reito deica Sarandón. A paisaxe, impresoante pola fina mistura do rexo dos roquedos e o levián das xeórxicas no amparo dos piñeirás, semella ordeado pola resistencia dunha rexa soleira siñificativa cecáis do xuntoiro de dúas grandes pezas da vouta esencial. Débense sinalar como as formas chairentas hastra son envolveitas nos meandros do río. As feituras dos cotos dos meandros de Novefontes e Añobre son chairas, rematan en chao, non pouco estrano en comparanza cas formas xenerás do releve. O Ulla cría e detremiña estaxes de bocarribeiras. Van seguindo o nivel de trocamento de ritmo das terras afroentes.

Por Cira e San Xoán da Coba as bocarribeiras quedan ergueitas e non miran o río afundido. Dende a ponte Ulla, camiño de Ourense, o río vai dreito un anaco, entre as costas esmaltadas de pazos.

E por istas paisaxes, cecáis as millor madurecidas de Galiza, vén Sarandón, e Trobe dunha banda, Ribeira e Cora doutra, volve a seu afondimento o río pola ponte Bea, entre Sant-Iago e Tabeirós ou en termos modernos A Estrada, recollendo, en sombrizos paisaxes recendentes a tradición, fartas augas rebuldeiras e frieirentas —o río de Lestedo, o de Eixo e Oza pola man dreita, e pola outra o de Cereixo o de Bea—, vai chamando entre as encostas de Carcacía e Barcala a Herbón as feituras de costas e montes en cuias abas e agarimos parés nasceren pra deitar deseguida en maravilloso e belido morrere ó esteiro de Iria, Oeste e Isorna.

O ÁMPIDO DAS CHAIRAS E MONTANAS DA BEIRA DEREITA ULLÁN

Son as terras de Mellide ou Melide, as da Arzúa, as de Touro e Boqueixón, as enteiradas no Xiro compostelán, a Mahía... Nomes soantes, ben gabados, mais non co mesmo acento. Poderíanse chamar "cis-tamaridas", ou entre Tambre e Ulla. Súa lei de forma, podente e crara, demostra o amestamento e trunfo dos vales no senso do decorrer das augas, no senso galego de atraición do poente. Pro a lei cómprese con algunha indreterminación na comarca tampouco dona dun nome non dubidoso, a de Touro e Boqueixón.

A terra de Melide siñifica en termos de grave beleza, de outo esquematismo, o ideal de forma da chaira, namentras na comarca arzuá as encostas locen mais labouradas e os cotos estabrecen degráus na paisaxe tamén máis verdecente, carballeirenta e montesía. O Bocelo asegúrase ó norde en voutas outaneiras que amedran polo espallamento da chaira ó seu pe. Nado nas Pías vai seu afillado o Bocelo facendo bulto de monte pola Capela e San Antolín de Toques, por Castro de Lobo e o coto rexo e ben encostado "do Emparedado" por riba de Folladela e de Pedrouzos. Ca mámoa de Losoirón e o Carrión o Bocelo boa sebe de cotos ampara a larganza gandreira de augas dubidosas chamada de Meire ou do Furelos. O río, cuios primeiros regos ascenden as Pías baixando pola Capela e Melide á vila, sinala drento da comarca melidense un lindeiro. Á sua ezquerda queda a gándara. Ven a sel-a chaira tipo Curtis mais levada a un tipo de paisaxe pastoral, de terraxe fría, pouco labrega. Tén anacos como o de Libureiro e o seu río, o Seco, de tristeira beleza. A pontiña é do vello vieiro de Sant-Iago. O río vai ó Ulla. No curazón da gandra garda a soedade o dolmen chamado "pena do Raposo". Melide, vila de grande esfera atraitiva, de moita historia, garda seu cerne XIII, seus conxuntos case románicos. Feira, mercado, cruce moderno e antigo, é praza de moitas ricaces parroquias da Ribeira ullán e da terra melidense que, á dereita do Furelos, améstase en quebradas e castros (Gondollín, Barreiro, Figueroa, Castañe-

da, e outras parroquias), xa do tema da Arzúa. O río que baixa por Maceda, Xas e Agrón, e por entre Bitrís e Castañeda, pode demarcar entramos aspeitos da paisaxe.

Abranguen a terra arzuá as ponlas dun soante río de belidos tempos en canles penedosos, do Iso, criado nas parroquias de Boimorto, Dormeá, Ánxeles de Mesía, co nome xeneralmente apricado de río de Ribadiso, poilo de Iso lévao millor dende que coíl se enteira o Carrazolo descido dos lombos da pena da Seixa, Urrial e San Breixo de Ferreiro. Da mesma Pena van augas ó Tambre polo río de Gonzar tamén chamado Mera. Diste xeito o Iso cóntase dende a ponte Brandeso, e baixa de cheo pola bocarribeira ó Ulla.

Os outos da ermida da Nosa Señora do Viso en Branza, parroquia de soada feira, sinalan xa no labro da bocarribeira o comén das terras de Touro e Boqueirón espalladas até o monte Viso e os outos de Vigo na paisaxe de Sant-Iago. Dous ríos, réprica do Iso e do Sar cada un deles, dibuxan súas valgadas nas formas chairentas de baixos lombos de touza, menos carballeirentos do que a comarca da Arzúa. Son os ríos Laña e Brandelos. O Laña recolle pouco abaixo de San Xoán, Touro, augas que, polos regos de Quión, e Ferreiro e Cerdeda nomes de parroquias labregas, veñen dos cotos de Argomil inzados de carballeiras, e de San Ireneo. Dende o outo de Boavista míranse ben as demarcaciós do Ulla e do Tambre. O Brandegos por Arca e Bama procura o Ulla en Bendaña chamando regos lameirentos criados no Viso as costas de Sant-Iago. Son istas terras feituras dunha mesma, co tema da Arzúa mais franquexada en gándaras e, como testemuña da bocarribeira ullán, cotiños moi feitos e arredondados, coma o coto Grande en Fao, e o do San Sebastián en Loxo.

Loureda, Gastrar, Rodiño, Santa Baia de Vigo sinalan a terra do Xiro compostelán. Entre Alvite e Bando, perto do Castro do San Marcos, espállanse touzales estesos, sin pobos. Mais toda ista banda chairenta e encostada, que os mollos de regos dibuxan en quebradas soerguendo lombos e cotos, non tería espricación sin a bocarribeira ullán. Nela, nas encostas onde se troca o ritmo dos ríos e algús coma o Furelos cain en frieiras, ínzase forte vida de antergas parroquias. Non é doado sinalalas ben. Poderíase discutire lexítimamente seren bocarribeiras ou labros de val. Entramos conceitos e tipos de forma cecáis non sexan equivalentes. Sinalamos dende a Terra de Melide deica a Ponte Ulla tres enxames ou familias de parroquias: de Novela e Barazón bocarribeira de Melide, a de Beigondo correspondente ás encostas asucadas polo Iso, a de Cornado e Bendaña. Escolmamos parroquias de nome e tamén de siñificanza xeográfica na xentil guirlanda que, como refrás do cantar troveiro, vai ca Ulla cara o val padroés.

Comarca de cotos e valgadas fresqueiras a de Novela, con Pezobres, Barazón, Bermil e outras parroquias, compensa en novidades de formas o esquematismo das gandras de Melide, pro os fondos camiños emparreados, e

as acrópolis inzadas de torres soio amestan por Beigondo o labro da terra chairenta sobre o val.

SANT-IAGO DE COMPOSTELA

Con particolar gosto e emoción teimamos o estudo xeográfico da nosa capital do esprito e das arelanzas. Dela e de seu Xiro. Pois ademáis de ricaz colleita de impresións nos peleriños e viaxeiros ó longo dos séculos, entéiranse en Compostela os temas ceibamente xeográficos da paisaxe dun xeito craro, espresivo. Podíase formar unha boa antoloxía do sentimento de Compostela. Figurarían dende a gracia cunha revolta do meandro de Añobre unha das perfeiciós do Ulla, deica a paisaxe de trocamento de ritmo de Cira e San Xohan da Coba. A bocarribeira vai sinalada por Vilanova, Vedra, Trove, Rumille, Carcacía, non pouco estreitada polo labro de

Fig. 32. - Sant-Iago de Compostela.

cotos ergueitos rexamente na fermosa cume do monte Lapido, unha das xambas, co Xesteira, das portas ulláns. Son outras as abertas polo río en S. Xohan da Coba e outras, do Ulla mozo, as da saída da Ulloa. Despóis de Herbón, na ponte Cesures, a canle e o val adoitan con maestade e gracia de madureza xeográfica as formas e calidás dun longo e adispacioso esteiro, tema xeneral de moitos ríos galegos pro o da Ulla desenvolto con enteira e calma beleza. Dende a luz de hora de abril dun verso do Cancioneiro galaico-portugués deica as imáxenes, non sempre lonxaas á realidade xeográfica, dos románticos e dos modernos había ser leda antoloxía. Non pode ser noso ouxeto nistas páxinas. Non estarán de máis algunhas indicaciós. Incruso nos dipromas hai notas xeográficas. A presencia do mato antigo envolvendo e encobrindo a Arca Marmórica repétese moito. É unha

impresión de paisaxe, xa tópica e cecáis repetida con intento —ou a mantenta, como se di na aldea—; en troques brila sobor de rúas e quintáns románicas un luar cheo de agosto na "Compostelana".

Como regoarmente chea e deixada pola marea campesía e capital de moi boas terras antigas e labregas —Ordes, Mesía, A Mahía, a Ulla, Tabeirós, ribeira de Noia, a montana tamárica— Compostela loce unha fonda siñificanza no ser antigo e labrego da Galiza. Inda garda nalgunhas rexiós, as máis sonadas e fermosas, a ordeación de pazos e mosteiros que figura ter sido o ideal galego no XVII, XVIII. Paisaxes enteiras de pazos e craustros loce Compostela. Soio na gande praza do Hespidal pódense sentir no vento, na luz, as chamadas opostas do clima ullán e do clima do Tambre. Os rueiros e barrios labregos ou de oficios de Sant-Iago gardan perfeitas adoitaciós antigas, cecáis as millores da Galiza. Vanse trocando e perdendo. O camiño feito rúa, a nova vexetación sin tempo, humán, sobre as roínas ben datadas, a feitura de terreos e foros, a presencia dos grandes bens da eirexa e dos fidalgos, pódense hoxe estudare doadamente en Sant-Iago en boa proieución xeográfica. E o ciclo sazoeiro e o do nictemero tén en Compostela resoanzas e formas dun vivire ben adoitado e o tempo rexidor do mundo ambente.

Sant-Iago, cidade de grandes masas de pedra, a composición niste xénero meirande da Galiza e unha das primeiras do mundo, debe á pedra e seu tratamento determiñadas caraiterizaciós de forma e luz. Se non pode fuxir da presencia do Castro. As costas descen o Val de Dios e do Inferno cun folgo esteso, tranquío, onde se ordea a acrópolis catedralicia ben disposta pra acollel-o poente. Foi primeiro colonia de mosteiros. Deseguida naceron as rúas. Elas son as canles da pelerinaxe. Pro ben logo a cidade amestóuse de seu cinguida polas murallas ou cercas. Hoxe, sin portas e sin cercas, garda a mesma forma. Seu proceso foi dirixido a unha cristaización barroca. Poilo barroco tivo senso da luz e dos volumes. Ordeóu prazas e rúas. O tipo románico era de acugulamento e mestura. Tiña de ser outra a luz. Sobre o inzamento de teitos as torres. Labouradas fachadas e craustros pro non moito gris de pedra. Co tempo barroco a cidade foi ordeada en podentes conxuntos. Hai o valor dos muros e fachadas "espellos". O "espello" foi intención e problema de arquitectura. Eiquí cómprese tamén co chamamento atlántico. Como arte ben cinguido ó sentimento da terra e da luz, que é o primeiro de todolos faitores de expresividade xeográfica, as artes barrocas soupérona alongar e ratear en espacios e tempos o mesmo nas grandes casas fidalgas ou monásticas cas súas solainas que na catedral de Sant-Iago.

Infindas vegadas tense descrito o Sar e o Sarela. O Sarela fórmase no logar do mesmo ledo e fermoso nome, da parroquia de Santa María da Peregrina polos 350 metros de outura. Hai nas formas unha dúbida. A cousa dun kilómetro da fonte do Sarela dous regos —o Bargo e máis o de Grixoa— van ó Tambre. O Sarela traballa seu val entre as abas do mon-

te de Fontecoba e do Pedroso á dereita e os de Vilares á ezquerda. O monte de Fontecoba non figura na sociedade dos releves composteláns sendo os seus 480 metros vinte metros máis outo do que o Pedroso que o encobre. Os lombos de Vilares andan por 340. O Sarela, inda sendo novo, chega ós pés de Sant-Iago como un río de seu impoñendo e espallando formas, dibuxando nas abas ermas isas soleiras de pequenos lameiros, uns dos engados da montana. Os altos de Son figuran, pola feitura de coto, detremiñar o marco entre as chamadas do Ulla e do Tambre. O río da Sionlla responde ó Tambre. Os outos que chamamos de Vilares son chairas decoradas cara a Sant-Iago polo Meixonfrío e o Meixón. Paisaxes cruzadas pola estrada da Cruña, ermanzas da Almáciga e Mallón. O Sarela dirixe a topografía. Cara il desce a costa de senso occidental de Sant-Iago. Pé de San Francisco, por Bar de Abaixo e San Lourenzo, aínda semellando ás veces regueiro de hortas, concede seu pulo á paisaxe, chama igoal polos regos das abas do Pedroso e polos das costas de Sant-Iago.

A cidade decorre —as gárgolas, os teitos— ó Sarela. Na ponte de Vidán o río pode locir unha canle ben súa, non estreitada.

En troques o Sar vai polas costas da cidade, e fórmase na súa paisaxe. Nun curto paseio pola estrada de Lugo, dinantes de chegar a San Lázaro, enxérgase o Sar nacendo nas brañas do seu nome, unha asucadela de labramios e lameiros en fondo grave. Non o Pedroso severo, pro espallado en rodopío de abas, sinón o Viso preside o primeiro rego do Sar. O Viso xurde máis rexo. Non parés a crebadiña por Ribeira, Ponte do Viso e Brañas leval-o rego que na ponte acarón de Santa María de Sar, e na ponte Pedriña, estrada de Ourense, loce figura de craro e soante río. Dende a ermida e xeitosa fonte da Santa Mariña espréitase moi ben o nacimento diste val. Son moitos semellantes nas montanas e nos ermos, mais non acaroados con vila ilustre.

Noutro tempo —fai ainda poucos anos— había moito arboredo polas Brañas. Hoxe queda pouco. Tamén no Sarela téñense trocado os aspeitos. Por Conxo xa as carballeiras, e os cotos, os camiños locen o engado arousán, ou millor o da fermosa terra "arousida" atal cinguida con Sant-Iago que se chama A Mahía.

A MAHÍA E O ESTEIRO ULLÁN

Madurece o val do Sar despoixa de se lle xuntar o Sarela, entre os arboredos de Conxo, de longa tradición e historia, gabados por Rosalía, e os termos de Laraño, aquila promesa que as correntes do Sarela xa ostentan pé do castro de Santa Susana compostelán e do bosque de San Lourenzo e a ponte de Vidán. Os lindeiros da Mahía vívense no ambente e na paisaxe. Aínda supoñendo difrencias entre unha Mahía outa, co seu cerne por Ortoño cos cotos de Brión ben asegurados no hourizonte, e unha Mahía baixa, pouco a pouco trasposta por Ribasar e as Cruces co Santuario da

Escravitude na veiga lenturenta de Iria Flavia. Pro a Mahía é unha soia, con latexos do mesmo tema na paisaxe ó tempo moi humán e moi expresiva das condiciós da natureza. Si o Pico siñifica a enteireza e perfeición dos cotos de seixo, a Mahía brila como a forma de val millor madureiro da conca ullán alí onde a infroenza do esteiro combíñase ca da ría. Dende a saída da Ulloa moitas formas ensaian a obra soio no derradeiro intre do chamamento ullán enteirada no val da Mahía, doce espallamento dos sucos ou valciños, aínda de montana e ermanza, dibuxados polo Sarela e o Sar pé dos castros coroados de belidas e graves arquitecturas de Sant-Iago. Nasce pé do Pedroso, millor do que pé do monte de Vidán, a Mahía. Dende Ames, soleira pró Tambre e os cotos de Brión enxergadores pra entramos camiños das augas, a Mahía vai broslando os cotos deica Boullón e abrangue xenerosamente os Ánxeles e Augas Santas. No senso de Compostela, Villestro, Laraño, Calo, Viduido, o mesmo Luóu, son da Mahía. Boa terra, cotos doces, algús castrexos ca súa croa carballeirenta, cerco de montes espidos, ben labourados cun tipo de escultura xa semellante á dos cotos da beiramar xurdindo do cerco dos piñeirás, regos afondados de célere camiñar, parroquias mestas, unha desemellanza entre as raíces dos cotos e as costas pró sul, máis descobertos do que noutros ventos como si a paisaxe bogara pra Iria e o Ulla, un degráu sinalando a pasaxe dunha a outra Mahía á outura do Castro de Francos: istas son algunhas das caraiterísticas que, envolveitas no cerco dos piñeirás, poderían defiñir ista terra. Seu cerne e centro non tén dúbida sel-a outa eirexa e torre de San Salvador de Bastabales, terra cereal, de sebes e parreiras. A Mahía outa, tendendo máis ó montesío, ó tipo de chaira montesía, con seus espallados termos, vai dende Bastabales a Ames e os Ánxeles, abrangue Bugallido e Ortoño, tamén logar xeitoso pra vivire en rodopío a comarca. A baixa Mahía, mais arousán, poderíase defiñire como unha ría de piñeirás, pé de cotos de rexa e belida composición —os de Oleron demarcadoiros da Quinta— con illas de labramios e lameiros. Ista escultura de ría pode axudar ó entendimento das "formas" da paisaxe galega. O val ou veiga de Padrón e Iria distínguese da Mahía polo meirande estrato de terra de veiga, a infroenza da marea, e un alonxamento de faitores de montana que inda teñen valencia na Mahía.

Na Mahía as cousas adequiren unha expresividade —os rodás de carballos, os logares postos en cotarros pra aproveital-a terra, as pequenas quebradas con pontillós de laxes— e unha individoalidade senlleira cecáis en parte remanecida do descer en degráus de segmentos de círcolo, das formas e o releve asegún a lei das augas.

Na veiga de Iria ou do Padrón, dende a Escravitude, o río en meandros belamente aprausados polos veos tremecentes dos salgueiros decorre por unha formación aluvial mesta e fonda que envolve as raíces dos cotos, troca os camiños das augas, amolece as formas na belida chaira xeórxica broslada de ditosas colleitas que seguen polo esteiro do Ulla, deica

írese por Dodro trocando en ribeira de verdes apastadeiros e comareiros. A costa de monte de San Gregorio, o Lapido e o Xesteira, enxergan o conxugárese en terras ricaces, coalladas de historia do Ulla e do Sar. Xa a forma da badía ateigada de estaxes sedimentarias cunha vida propia xeolóxica, unha circulación interna das augas, chega a unha perfeita chaúra cuia perfeición adoutriñan os mollos de fermosos arboredos das alamedas do Padrón. Na derradeira ponte a Ulla semella lembrar. Os logares e parroquias da veiga padroesa como Lestrobe, Dodro, Dodriño, alentan nun ditoso mundo xeórxico, agricoltura de "primeurs", terra cinguida a Sant-Iago e porto e defesa da cidade apostólica. A Ponte xunta Valga e Campañá, Cordeiro e Requeixo e faise rúa pra moitas achegadas parroquias que xa están afeitadas a unha forma en liña, en "avenida" de vivir de relación imposta polo río e seus peiraos, polo camiño de máis rexo e intenso trafego da Galiza, camiño que pasa polo pé da acrópolis das conxuntas vilas e aldeas que é a vila do Padrón, sin castelo, soio polo logar privilexiado e raeiroso. Os verdes e os refrexos xa non son os da Mahía nin da terra e Xiro de Compostela. Son os faitores os eidos mollados, os trocamentos da marea, as curtinas e renques de arboredos. Outra luz, luz de esteiro alongado, non de xuntanza de esteiros como acontece en Pontevedra. Segue o Ulla por Dodro, e os Laíños, deica Isorna á dereita, Campañá, Louro, Oeste, Catoira, Abalo, á ezquerda, desenrolados meandros entre bancos de area, herbás de fermosos verdeceres, ás veces beiras de xunqueiras e penedos lavados como nas Torres do Oeste. As quebradas das costas edifican pequenos esteiros lediciosos ou bancos de area e arxila inzados de pinales. Cada valgada unha regalía de bo torrón. Hai larganzas soias, xa o podente refrexo do mar de Arousa vai rubindo polo esteiro. Docemente, o río entra na mar en Leiro e Bamio, e coíl as formas enteiras do val espállanse como madurecendo nas ribeiras das rías en cuias augas, deica a entrada de Rianxo, decátase o mariñeiro do latexar da forza do río baixo a barca.

A BARBANZA CA BANDA RIANXEIRA DO MAR DE AROUSA

Soa grave e dinamente o nome da Barbanza e parés máis cheo e moderno co artigo femenino entranado nunha realidá e mitoloxía de Nais galegas e xenerosas petrucias. Parés máis alteirosa a montana da Curota e a Curotiña, millor brosladas as ribeiras de Noia e Arousa, do Són e do Rianxo e da Pobra, máis cheo de confianza Corrubedo diante o "mar de pé" e os areás de Artes millor franquexados ó devalar das escumas.

A Barbanza e súa ribeira norde, ou da Post-marcos ou cruñesa. O nome de Caramiñal garda ecoar de cántiga, mais sin mágoa pra ningunha das xeitosas vilas mariñeiras e labregas, pola lembranza de Castelao máis do que das memorias feudás e trovadorescas de Paio Gómez Chariño, polas antergas pedras de armas e millor polo duro peito e i-alma inxel dos ma-

riñáns de Rianxo, escolmamos seu nome endexamáis abandoado da cántiga pra nomear a banda espallada dende a ponta de Leiro deica o Falcoeiro e Sálvora.

Temos sinalado a rexa e conteste arquitectura da Barbanza. Nin senlleira e feituca "obra prima" do mar e da atmósfera en pedra de gra como o Morrazo nin mol folego de vales madurecidos como froitos no outono arredor dunha montana como o Salnés. Na Barbanza a forma peninsuar desenvólvese macizada e maina cunha rexa vontade. Os roleiros chegaron a un equilibrio de pontas e praias, mailo cerne loce e asegura unha forma de montana encetada e non domeada. Tense proposto o nome xeneral de Barbanzidas prás arquitecturas semellantes. A lei de illamento e individoalidade das montanas da beiramar atrántica —o Pindo, o Castrove, o Leboreiro— no engado das Rías Baixas cómprese, mais doutro xeito, na Barbanza. De lonxe deixan de ser imitantes seus perfís ós das terras chairas do Tambre, do Mandéu, e de certo, apesares das chamadas encontradas dos nivés de base, espállase no cerne outo da Barbanza unha "facies" gandreira.

Os asucamentos do val de Quinta ou de Rois e do val do río de Traba sinalan, pé do monte Treito e as costas de Buxán e Lousame, o pechamento peninsuar ou penichán polo rumbo da terra, a Mahía esporente docemente ó esteiro ullán, os montes de Urdilde rexamente deitados prós seos do impeitizo da ría de Noia. Millor do que Lousame sinalan Augas Santas e Leroño, nas encostas do monte de Medela, bo afillado do Treito, o capio da folla barbanzán. Sobre a Quinta e o suco do Traba aquilas e outras parroquias (Oin, San Mamede de Rois, Vilacoba) mostran xeito de bocarribeiras. Cecáis conforme ca lei das bocarribeiras ulláns.

Entéirase a Barbanza rematando despoixa do Treito nas outas chairas avoutadas do Confurco, os Forcados, a Curota e a Curotiña. Cai en encostas rexas pouco labouradas polas quebradas correspondentes á ribeira de Arousa, máis desenrolada e ricaz do que a noiesa. Por ista banda as eirexas, os logares centrosos, das parroquias de Tállara, Nebra e Ribaseira, demarcan a encosta. Polo hourizonte arousán outro degráu no proceso morfolóxico non deixa procurar unha franxa ou roleiro semellante. Poila enerxía das augas traballóu catro valgadas, en cuia laboura e ordeación poidérase descobrir unha semellanza ou resposta, menos desenrolada e crásica, da feitura do val do Sar. Dúas descen ó seo de Rianxo e Abanqueiro, dúas ó de Posmarcos ou Caramiñal. Son badías de piñeirás e millos dibuxadas no monte e máis esporentes e menos espalladas conforme se camiña prá boca da ría. Non houber sido desaxeito o tratamento xeográfico e morfolóxico da Barbanza como unha serra entromedio da atraición de dous vales. O cadabullo ou demarcación da ribeira e encosta polas cabeceiras das crebadas vai rubindo deica o Treito, Fruime, Macenda, Cures, Lampón. Alónganse entre as valgadas soleiras de cotos máis cinguidos e ergueitos pró océano. A feitura da ribeira mañifesta a lei xeneral das formas.

Ribeira de ritmo e tempos ordeados, os tramos de acugulamento e laboura viva, con desenrolo de ensaios deltaicos no findar de algús riachos, mais en conxunto ben lonxe do amestamento esteso dos acugulos, domiñante na ribeira do Salnés. Pois na Barbanza a encosta érguese podente como de aba serrán.

O seo de Rianxo franquéxase cos caraiteres dun seo individoalizado entre a punta Brión, perto do Teixil ou Tanxil e a punta de Portomouro. Son as encostas mainas e as praias ben e regoamente desenvoltas adoitadas á figura leda e grave da pequena badía da Rianxo e Abanqueiro, en vol-

Fig. 33. - Santa Uxía da Ribeira.

ta ou torno crebada no meio polo delta do Neixón. Soa o Neixón como nomeada estación arqueolóxica na prehistoria galega. Na mesma terra dende Isorna na beira ullán, Asados, Araño, Taragoña, Cespón ordean deica Boiro veigas e encostas farturentas de millo entre o inzárese dos piñeirás. E son as millores as terras de valgada. Ruben por Bealo e non desamparan a outa parroquia de Fruime. No tecido das cousas —dos logares, dos eidos— un tempo barroco semella vivente. No roleiro da mariña, se ben a marea chega ós milleirás e molla os acios nas parreiras, hai unha sebe imposta polas formas de vida e traballo soio perceitibre no clima e xeografía dos caraiteres.

No seo de Postmarcos ou do Caramiñal chega A Pobra do Deián —despoixa e hoxe do Caramiñal— a unha feitura vilega de rúas outas de señorío propietario da boa terraxe de Lesón, Lampón e toda a belida volta deica Xobre, e as baixas nadas na praia, do astilleiro e a pesca, obra do peito destemido dos mariñáns e do cálculo dos cataláns. Cabo de Crus, perto da ponta do Chazo, tén semellanzas ca Pobra. Máis adiante os isócronos e regoados tempos das grandes praias normás, clásicas, armoñosas, de Palmeira e Santa Uxía da Ribeira, defiñen o derradeiro seo arousán da Barbanza. Pois xa despóis das illas penedosas da Viouta e da Rúa, co bulto de Sálvora e as duras penedías do Grove veciñas, asegura súas farpas a punta Falcoeira e vén o remate barbanzán diante o mar: dúas bravas farpas —Falcoeira e Corrubedo— pechando o areal que encobre cecáis a ría ateigada do Carregal, esteiro das augas descidas da Curotiña, perto de Artes, paisaxe acugulada de areas e formas de ecos de formas noutrora viventes, trunfo das estaxes pasivas do mar a carón da enerxía rude e sinxela do porto mariñán de Corrubedo.

CAMBA, DEZA, TRASDEZA, TABEIRÓS

Chegamos a unha familia de terraxes da Galiza centrosa, espallada pé das serras do Faro e da Terra de Montes que mainamente atestan cas súas chairas, deitadas cara o asucamento ledo do val ullán, reitor do decorrer das augas. As canles afondan e dibuxan longos meandros encaixados e, chegando ó beizo do val, descen en frieiras máis ou menos rexas. Todo vai dende as serras do sul, cumios demarcadoiros das augas que van en procura do Miño, en tempos mainos ou fortes prá Ulla. Vanse inzando os piñeirás, améstanse os pobos, os regueiros fortécense, dibúxanse as crebadas que eran nas chairas sinxelas e leviás asucadelas, os mesmos camiños antigos, nervios sensitivos da terra, fanse emparreadas calzadas. En conxunto, é a lei da montana que se fai chao outo, da chaira voltándose bocarribeira e costa, broslado de finas xeórxicas.

Unha semilúa de serras e montes, de feitura coñecida, de fisiognómica ben probada, vai dende o nacente, polo sul e cara o poente demarcando as tres comarcas. Son o Farelo, o Faro, os outos do Dozón, afillados da Martiñá, o Coco e mais o Candán, testas ben labouradas da Terra de Montes, as soleiras afastadoiras do val do Umia deica o monte Xesteira sobor de Valga e do brilante e saudoso esteiro ullán.

Decráranse como terras do mesmo senso e fisonomía xeográfica. O país da Estrada ou Tabeirós semella pra algús máis cinguido ó Ulla. Nun cheo e orgaizado enxergar son as tres "terras" unha familia que, asegún a lei xeneral na Galiza, vanse decrarando con meirande fartura no rumbo do oeste. É asina como, despoixa da braveza de Camba, segue a grandeza e severidade de Deza, e no Tabeirós unha meirande atmósfera ribeirán.

Nos hourizontes ordéanse en cambeantes proporciós as cumes sinaladas e ó norde, máis achegada cecáis do que ningunha delas, enxergabre como un persoaxe esencial, como o protagonista das paisaxes, o Pico Sagro. Non hai outro de semellante sona e amor entre os labregos. Goberna o tempo e as lembranzas. Máis na Ulla, dende logo, pro tamén en Trasdeza e Merza.

Pódese dicir dista e da outra banda do río moito ben do senlleiro monte feituco de lonxe, de fondas raíces de perto.

Nas feituras propias distas comarcas a cume meirande e podente é o monte Carrio. Pola forma pódese doadamente enxergar como unha montana "fárida". A valente e calma rubida dende case os vales de Merza e Ullán, dende as chairas de Goiás ou as encostas raiosas de Silleda e Madriñán, o cume de lonxe retorneado como pión, decraran un Faro menos cinguido ó decorrer da rexa soá, e niste senso tamén o Carrio "cupuliza" un pouco e compre ás meias a arelanza de forma durmiñenta ou xa esquencida nos cotos vagoentos e soio vixiante nos rexos e duros castros cambeses, dezáns. O monte de encostas mainas, ben inzado de veas de seixo branco e gneiss, érguese cinguido polas parroquias de Asorei, Camposancos, Palmóu, Meixome, Busto, entramos Losón. Un farto e abombeado ermo ca súa torada e toradón de neve todolos invernos amedrando as ermanzas e os invernos da montana coa súa pequena e rexa teima de serra. As formas fáridas mandan en Camba con máis valente enerxía. Noméase a terra polas tres parroquias, San Salvador, San Xoán, e Santa Baia de Camba, do norde ó sul apegadas á serra do Faro e nelas sofincadas e postas como adrede ó correr do vello vieiro, disfroitando do sol do serán, criando regos que, axuntados pé do coto da parroquia de Río, van ó Arnego, ó río eixe de Camba e xúntanse coil pé do castelo antigo e feira soada e vila centrosa de Rodeiro. O Arnego vén das propias abas do coto máis ergueito, o da Nosa Señora do Faro, por Ouriño e Baroncelle fende ermanzas encostadas deica a ponte Arnacela e a parroquia de Arnego onde colle volta pra Rodeiro e ó norde recibindo regos dos montes de Oseira e de Dozón, e seguindo despoixa de Rodeiro afondindo o casechán por Alemparte e Pedroso, moi soio entre outas encostas dinantes de Alperiz, deixando á dreita despoixa de Cadrón a terra de A Golada, descendo xa afondado e con aspeito ullán por Rodís e Carmoega pé do monte de Brantego pra en Santa María de Arnego, costas e clima ullán, findar entre Brocos e Portomouro por frente de Ribadulla.

Dende Sant-Iago a Santa María de Arnego, o río artéllase e chama por moitos regos que labouran as costas. A máis do criado polas tres Camba o de Rodeiro, o Fervedoso que baixa de Salto, o do antigo prioirato da Granxa por Guilar, o de Ferreiroa. Istes da dereita, do Faro. Na veciñanza do Castro Marcelín, cruza por Borraxeiros e Baíña outro rego de certo valume recollido na Ulla pouco abaixo de Mourazos. Pola banda de Dozón e do Carrio, o Albelo, dende Castro de Cabras, dibuxa seu illado suco pé

das costas demarcadoiras polo nacente da terra propia de Lalín, e vai ó Arnego entre Cello e Cadrón. Dos mesmos logares de Carrío e a Goleta descen regos ó Arnego.

As parroquias procuran as meias encostas e a garda dos cotos, todas montesías de ermos e cómaros, bos touzales, carballeiras e soutos antigos. As formas vagas, estilo Dozón, ó comén móvense entre Farelo e Carrío. Algúns chaos móstranse case ceibados ca súa individualidá, como os da Ventosa e os de A Golada, como anunciando as pequenas e graciosas "mesas" do Ulla. A Pena Maior de Brantega e seu compañeiro o ledo e feituco Castro Marcelín aledan os hourizontes chairos e sinalan o descer ó val ullán comprido, de xeito máis esgrevio do que augas abaixo. Non artellan os valciños e as encostas de Trasdeza e Tabeirós. Camba prós de Deza quer siñificar montana rexa, case aspra serra. Máis desviada, suxeita á serra, non beneficiada por un grande vieiro eixe, Camba, ben relacioada ca montana de Oseira e cas terras de Chantada e da Ulloa, sinala o tema máis desenrolado en Deza. Farta de alboredos, rica de herba, Camba loce na súa orgulosa soedade na lembranza, a homilde e crara beleza das tres eirexas na encosta do Faro, os ventosos ermos de Castro de Cabras, e a graciosa feitura do ledo Marcelín. Por algo agasalla a parroquia que leva o nome de Merlín.

DOZÓN E DEZA

De Dozón e de Montes nace Deza. Seu río vén, asegún unhas opiniós, de Zobra e do Testeiro e o Candán, outros din que da ermida da Nosa Señora da Pena de Francia. Unha terceira sentencia, de termo meio, soio chama Deza ó rio dende Soutolongo ou dende Prado onde xa se enteiran nunha as ponlas.

Dozón, arcedianádego da catedral de Lugo, ergue en lombos chairentos a montana rexamente afinada na Martiñá e proiectada na Madanela como un longo promontoiro de serra sobor das terraxes de bocarribeira do Carballiño e Arcos, augas ó Miño. Dozón é case enteiramente serra. Súas formas son encostas tranquías, dibuxadas en quebradas. Rixe o releve o río nado pé da ermida de Nosa Señora da Pena de Francia. As augas chamadas polo Miño traballan deica perto da mesma outura, polas encostas e lameiros de San Martiño de Vidueiros e Corna. Segue a serra polo Foxo do Cabirto dibuxado polas cabeceiras do val de Cusanca, augas ó Avia, as Hermidas e o Testeiro.

Si pró sul e o Miño as formas da serra amolecen aixiña entre dos moíños dun mesmo regueiro, na paisaxe de doce montana de Cea, ou do Irixo, no senso ullán a serra gandreira, grave, sin escultura rematada, como un baixo foulear de largasías costas e ermanzas presididas ós lonxes polo Faro, desce pra Deza, ordeada polo río cos seus nomes de ribeira de serra. Mírase case nacer Deza na Xesta, en Catasós, en Moneixa. Nasce,

ou despréndese, de Dozón con adeuses de carbaleira e promesas de touzas pechas.

O ermo en Dozón envolta chairas outas, espalladas, que a primaveira coora de violeta. Os granitos e os esquistos esmiuzados, as arxilas das terras frías, as quebradas onde acougan carballos que semellan rubir ca primaveira e descer co outono, desenrólanse en longos espacios. Mailo río chamado polas formas vai esculturando pé das costas da Rocha, polo fondal de Dozón, por San Breixo de Maceiras deica a ponte e costa do Pozo Negro, un pequeno esquema de val maino, cos seus anacos abrigosos, seus meandros, seus lameiros brilantes e poucos na coor esgrevia das pizarras. Os pobos de Dozón (Santa María) e de Mosteiro espállanse por istes fondás. Na costa, Castro Dozón vixiante e Santo Domingo da Cabaza miran fuxir as augas e ordeárense os cumes da Terra de Montes. Na valgada, no castro millor posto pra mandar na xuntanza das quebradas, brila a eirexa, illada, de San Breixo. Correspóndese ca máis outa ermida da Serra da Pena de Francia, os lombos máis ergueitos de Dozón xa esporente ó rio Arnego. Na ermida da belida leenda da imaxe do pano broslado naz unha crebadiña fonte primeira do río. Chámanlle algús Deza, outros Orneiro. Asuca dispaciosamente, afondindo regoarmente seus tornos de grande radio, a terra de Deza.

Baixando de Zobra xa enriscada nas encostas do Testeiro, ou do mesmo Dozón, a terra dezá vaise tendendo en chaira ondeada, nunha ordeación de mantas a asoellar dos labramios, cas sebes ben inzadas de arboredo, os lameirentos fondás chairos, as mestas carballeiras en roda ou dibuxando cadros rexos. Non fallan os soutos vellos e novos. Terra de ventosos invernos, moi despaciosos pra se despidire, a dezá é unha fisiognómica de casecháns madureiros, gobernada polas encostas do Carrio e as da Terra de Montes con lixeiro descer ó Ulla polo intermedio de Tras-Deza. Temos lembrado de que xeito a terra dezá, lenturenta, despréndese dos lombos da serra de Dozón. Na chaira teñen grande valencia as encostas abrigosas, os logares castrexos ben postos de antigo, escolmados pra prioiratos e aldeas, pazos que viñeron despóis ou a par das torres. Hai unha tendencia a fuxir por igual dos cotos descobertos e aireados e dos lameirentos fondás. Asín a capital de Deza, Lalín, nacéu fai séculos ó amparo dun castro señor de bon e descoberto hourizonte. Froleceron ó seu arredor, como vellas torgueiras de xineas labregas e gandeiras, as parroquias de Donramiro, Donseón e Donfreán. Pouco a pouco á feira e ó fortecemento do vivir dos camiños debéu Lalín seu caráiter sosteñido e amedrado de vila centrosa de Deza, e cruzamento de dous fortes eixes de relación e comercio: o eixe Compostela-Ourense, o eixe Lugo-Pontevedra, entramos ben artellados con ribeiras e montanas.

Son moitas e soan a bon metal antergo as parroquias de Deza. Consérvanse, apesares dos trocamentos modernos, fatos e enxames de logares e

renques ben seguidos de aldeas co seu caráiter e composición enxebre pouco encetada.

Zona de esgrevias encostas pizarreñas, Parada e Oleiros, nas abas da serra do Coco e o Candán, miran o desenrolo das carballeiras e Searas de Lebozán, Lodeiro, Soutolongo, Vilatuxe, Barcia, e outras parroquias de chan obedente ós decorreres dos ríos mantidos nos montes —o Deza ou Asneiro de Zobra que vai por Oleiros cara a ponte da parroquia de Taboada, os regos enteirados por Soutolongo co Deza mestre, o nado en Dozón na Pena de Francia —xuntados no Deza derradeiro no hourizonte de Prado. Desce pola Ermida do Medio, por Lebozán e Vilatuxe procurando dreito Trasdeza, sin parar por Lalín, o vieiro antigo do viño pra Compostela e as comarcas cruñesas dende o Ribeiro, rubindo dende o Carballiño polo Irixo a serra do Foxo do Cabrito. Do Carballiño ós Carballiños, dunha a outra sombrosa feira, eran andaduras longas pola gravidade uzal e gandreira dos montes.

Arredor de Lalín, Votos, Gresande, Catasós, Bendoiro, Goiás, esmaltan, con outras parroquias, o chan de encostas mainas, ordeado por outuras castrexas, entre as cales locen as de Moneixa. No senso do camiño e estrada de Ourense e Sant-Iago lembremos A Xesta, Prado, Santiso, Madriñán, Taboada. Procuran a encosta ben sosteñida polos ermos uzás con quebradas boscosas, sobre a baixada onde aínda compren con fermosa e doncel gravidade seus ciclos sazoeiros algunhas das millores carballeiras galegas.

Non é doado o fixamento de marcos entre Deza e Trasdeza. Trasdeza siñifica unha estesa e ben arredondeada bocarribeira ullán que entra en Deza, con seus labramios, herbás e piñeirás como unha badía nunha costa. Mírase o trocamento das formas de penichán en bocarribeira. Fiestras, Madriñán, Anzo, sinalan a encosta, o degráu, ás veces dibuxado en cotos, outras co releve envolveito no mesto carballal o no piñeiral conqueridos. Nas augas e nos camiños hai un novo ritmo. Xa a primaveira máis temperá, xa as néboas lixeiras do outono son ulláns. Lembremos Rellas como parroquia bocarribeirán, Margaride diante ela, considerando entramos o fortecérese ós seus pes do río Toxa, nado no Chamor, a corrente crara e leda máis enxebremente trasdezá cuia frieira dinantes de caír no Deza foi ademirada polos románticos. Trasdeza vaise esvaecendo na ribeira ullán ou millor son as feituras ulláns as que proveitando cada quebrada, cada costa ben raxeirosa, van atraguendo a Trasdeza.

Pé do Carrio, encosta doce pra Gres, Camanzo e Cira, o val de Merza tén a gracia dos derradeiros meandros do Deza pouco dinantes de se enteirar co Ulla pouco abaixo da ponte Ledesma. Pro Merza tén seu río nado nos outos de Berexo e das Cruces, termos de pazos e castros. Merza entre dous campos sonados de feira, o das Çruces, ollando pra Camba, e o da Labandeira no camiño de Ourense a Sant-Iago, madurece, cecáis súa pai-

saxe millor rematada no meandro do Deza dibuxado pra erguer docemente a feitura do coto carballeirento e soutelos de Carboeiro. Xa no clima ullán un recender de montana, montana monástica, tamén farta de castiñeiros.

TABEIRÓS

Moitos camiños xúntanse na vila do nome propiamente de camiño en baixa latinidade, a Estrada. Dende súas craras rúas míranse de perto lombos onde o inzamento do piñeiral amolece a esgrevieza gandreira. Con certos soles as torres de Compostela enxérganse ben dende A Estrada. Entromedio afóndase a Ulla. Non lonxe, por vieiros de prontas mudanzas de hourizontes, locen os esteiros, tremeloce Arousa. A vila da Estrada co seu carís unha migalla montés siñifica o mercado, a praza, o cerne, de moitas parroquias ulláns, con Tabeirós, e as costas que descen a Valga e ó Carril.

Tabeirós pode ser definido como unha rexión de formas derradeiras de casechán, moi traballadas polas augas en cotos e costas, con soio ecos e roínas de aspeitos gandreiros, anacos de economía de montana inda viventes entre o espallamento das feituras e das xeórxicas da bocarribeira. Chaman de moi perto os sucos do Ulla, do Umia. O río Bea enceta Tabeirós e crea no cerne dista terra un val ullán, de seu. No senso e no esprito dunha xeografía interpreitativa dos procesos, o grande valer do Tabeirós resulta do xeito cómo as formas —no monte Toedo, no Xesteira, pró Ulla por Bea, pró esteiro ullán por Sete Coros— vanse crebando polo artellado asucamento dos valciños en despidida de chaira, moltipricada en fermosas costas. No hourizonte da vila catro montes o Pico, o Cadedo, o San Sebastián, o Xesteiras, sinalan a veciñanza de variados procesos e paisaxes. Siñifican a Ulla, a Terra de Montes, e a Mariña. Tabeirós mira comprírese a lei do chamamento occidental e da meirande farturanza da morfoloxía pró occidente. Abonda a comparanza con Camba e Deza.

Artéllanse ca Estrada nós antigos labregos, máis cinguidos á vila, con inxerimento máis perfeito do que as aldeas veciñas de Lalín ca vila. Ousende, Tabeirós cerne da terra que leva seu nome deica os mediados do XIX, Lagartóns, Callobre cas súas boas terras agasalladas por un coto ben vistoso e rematado, Guimaréi, Figueroa. Ben perto polos ledos camiños de Arcos de Furcos déscese ó Salnés. Pé da Estrada o pequeno val que desce ó Ulla por Barbud e Paradela dispón pró meirande e asucado do val de Bea, nome dispartido en catro parroquias. Impón a figura do Xesteira, súa maneira de monte rexo, case un Faro ribeirán, de abas froumentas. Son de escultura lediciosa as encostas pró Ulla. A beleza do broslado xeórxico amolece a botárese das costas a sulago. As catro parroquias de Bea —San Andrés, San Xurxo, San Xiao, Santa Cristiña— son as catro froles do ramo que Tabeirós regala a Ulla. Do San Andrés, a máis outa, ca ermida da Nosa Señora de Riquián, a Santa Cristiña, a máis baixa, ca capela

da Nosa Señora da Gándara, en pouco treito aléntase no descer da bocarribeira á ribeira.

OS TEMAS XEOGRÁFICOS DE AREALONGA E RIBEIRA DE VILAGARCÍA

Cecáis semelle un pouco raro o tídoo dunha páxina sobre a ribeira de Vilagarcía. Demarcala da Cambadesa non parés doado. Lembrar en primeiro termo a parroquia nai decorada co fermoso nome de Sta. Baia de Arealonga soio pode acrecentare a dinidá e beleza da fidalga vila de Vilagarcía, ditosa conxunción en forma cidadán das excelencias mariñeiras e

Fig. 34. - Arredores de Vilagarcía.

labradoras en proporción cecáis non atinxida por ningunha das vilas arousáns. En Cambados remata o Salnés. A riveira vilagarcián —chamémoslle de Arealonga— garda, sendo ben arousán, caraiteres da Ulla. Non pode rematar en grande val sin o seu derradeiro tempo e formas espalladas na propia ribeira mariña. E por iso a grandeza e ledicia de Arousa, do "mar de Arousa", remanece de armuñías e composiciós de paisaxes gracias a findar nil dous maestosos e espallados vales. Tense sinalado un tema arousán da ribeira dereita ou rianxeira, e da ezquerda ou cambadesa. Na primeira domiña un clasicismo no roleiro da terra e o mar. Impón seu equilibrio e gravidade a Barbanza. Desenrólanse as formas isócronas, alterna-

das. Na beira pontevedresa non pode chegar o Castrove ó papel da Barbanza. Si a Barbanza siñifica rexo alicerce e unidade a cuio arredor as formas ordéanse en óvales e segmentos de elipse, os vales do Ulla e do Umia queren dicir longos e dispaciosos froíres. Chegan ó mar ricos de tempo e aluvión. Tamén pola feitura da costa e o sistema de ventos e correntes medran as formas de acugulamento mariño e comprícanse cos procesos fluviás. Temos de enxergal-a morfoloxía cambadesa. Refrexa o Salnés. O Salnés espallado, un pouco vagaceiro nas formas. Namentral-a lei sinxela e rexa da Ulla —sinxela e rexa inda envolveita en farturanza ornamental das

Fig. 35. - Carril. Ó fondo, a illa de Cortegada.

paisaxes— semellase continuare na ribeira de Arealonga, deica a outura da ermida do S. Roque de Vilanova. Parés ser nimio e desmasiado esprito de requintamento o procurar marcos definidos entre rexiós xeográficas. Mais eiquí o desnudárese dos ritmos descóbrese deseguida a condición de enxergar o conxunto das feituras e procesos. A penedía e remate do monte de Lobeira sinala un fito, e un pasaxe. O Salnés e o Ullán chegan ós seus pés. As formas da ribeira van espaciando e fortecendo os temas do esteiro. Despoixa de Bamio, o fermoso areal nas mareas baixas soio coberto de levián tona de auga sufincado na illa de Cortegada, prólogo cecáis dun tómbolo, e a limpa e xeitosa curva deica a punta Preguntoiro na que frolecen os

portos de Vilagarcía e Vilaxoán, cas súas fondas e antigas raíces en media ducia de parroquias. No meio do seo de calmo dibuxo que semella enteirar co de Rianxo e Abanqueiro unha mesma unidade de forma crebada —ou fortecida polo esteiro do río— o saínte do S. Cibrao demarca entramos praia e vilas. Moi encuberta polas obras dos homes, a feitura do seo de Arealonga é sinxela e fermosa. Dende o Xiabre, o monte de San Cibrao, a soleira de cotos desenrólase con senlleira forteza. Un dos millores hourizontes de pasaxe de esteiro á ría enxérgase dende os outos afillados do Xiabre demarcadoiros de Abalo e Bamio. As ondas de luz van debecendo do mar ó río. Os nomes soantes de Godos e Rubiás teñen valencia demarcadoira. Dende Rubiás mírase ben a terra de Arealonga, baixo a Lobeira, como dende Tremoedo e Soloveira se enxerga o baixo Salnés chegando a Cambados en longa e maina despidida.

Vilagarcía foi —e segue sendo mais arestora con outro signo— o froito dunha arelanza urbán e vilega, xa dende o XVIII, exemprar, polo pazo, o porto e máis do que ises nós —Carril tiña bó suco mariñeiro— polo senso vilego da rúa. Un enxame de parroquias disfroitan da regalía do chan do millor espadeiro, do verdecer dos salgueiros cos primeiros do xaneiro, dos froitos celmosos, das colleitas de espigas de millo dúas veces no ano, e da farta badía. Son Cea, Cornazo, András, Sobradelo, Vilaxoán, e máis do que ningunha, por centrosa e dona do bo seo do mar, Sta. Baia de Arealonga. A vila, ordeando as rúas, chamóu por unha capitalidade, despoixa fortecida ca xuntanza co Carril. Mais Carril non perdéu seu caráiter. Endexamáis chegará a sel-o o vello barrio mariñeiro dunha vila moderna. Vilagarcía —é dicir Arealonga— soupo impor o esprito da rúa e do peirán modernos sobre o rueiro, o campo da feira, e as pedras dos antigos pataches. Foi conquista que tanto como pola xeografía e a economía debera ser estudada pola psicoloxía ou a caraiterioloxía social.

O SALNÉS E AS BEIRAS CAMBADESAS DE AROUSA

Enxergados dende os lonxes, o Xesteira e o Xiabre semellan dibuxados, esculturados por dúas contrarias chamadas e atraiciós, os montes illados, ben feitos, cecáis no seu azul e na súa figuranza un pouco doorosos como non enteirados na confianza en si mesmas das grandes e alongadas serras contestes ou dos rodopíos insines e calmos das Medas. O monte Xesteira leva nas súas abas a gracia ullán de Valga e de Bea e o Xiabre olla ben perto o latexar ampro das mareas pola canle xenerosa e centileante de Bamio e Catoira. Son ulláns e tamén "salinenses". Igual acontece cos demáis marcos do Salnés en canto son obrigados a figurare na paisaxe de difrentes comarcas co mesmo caráiter de unidás graníticas podentes e senlleiras. Nelas a función demarcadoira vén ser como as pedras chantadas polos herdeiros dunha mesma larganza de searas e nabeiras soilo cultivadas de modo variado polos donos. Pois o Ullán e o Salnés e Moraña co

baixo Lérez enteiran a mesma celmosa herencia labrega e mariñeira de rumbo occidental. Xa non no mesmo senso Cotobade nin as terras que atestan co mar de Vigo inda algunhas delas reproducindo con beleza a temática xeneral das comarcas que descen ó mar entre Sálvora e o cabo de Udra.

O nó do Salnés dibuxa un fermoso ovoide. Parés obedente á mesma lei feita rexa pedra de gra, de doncel albura e curtiza severa nos penedos rematadoiros dos cotos, das cúpulas de longo radio envolveitas e afondidas na frouma e no terrón do piñeiral. Demarcan ista terra, vanse cinguindo, polos arcos e tempos da elipse, os montes. Dende o Pedroso xa ben rema-



Fig. 36. - Ponte en Caldas de Reis.

tadiño por riba de Arcos de Furcos e avencellado cos outos de Zo. No Xesteiras, diste polos cotarros de Sete Coros ó Xiabre, ó Lobeira, vaise tendendo —ás veces a encosta dun lameiro, un cotarelo rebaixado baixo unha roda armoñosa de carballos— a demarcación ca "mariña" vilagarcián. Por terra, e considerando Moraña como doadamente suxeita á lei do Salnés, abondará meia ducia de nomes e lembranzas pra difrenciar as terras do Salnés —do Umia— das do Lérez. Demarcaciós cuias formas e resoancias adequiren unha beleza de calmo dramatismo si as pensamos como consecuencia de dúas difrentes maneiras do decorrer das formas asegún os meandros de superficie do Umia e asegún os tornos de fondura do Lérez. Mon-

tes do Zon, de San Bartoloméu, monte Cadebo, Acibal, Castrove, iste por riba de Sanxenxo.

Os de Zo, mestos de toxás e chairentas ermanzas, cain pola outra banda sobre Tabeirós. Na ermida do San Bartoloméu amolece un pouco o ímpedo da outa Terra de Montes. Olla pró nacente as larganzas de Deza. No Cadebo sobre Cequeril as augas bulen de presa pra Moraña. O Acibal, de belida escultura, pedra de gra locente, non repousada coma o Pindo, máis ben apaixoada, cecáis podérase enxergare como o monte centroso das terras verdadeiramente pontevedresas, entre Umia e Lérez, como a forma conquerida pola loita das enerxías de dous vales. O Acibal como o Castrove son familiares nos hourizontes de Pontevedra, coa súa feitura, coor, sombra, refrexos de chuvia e vento.

Levamos o nome de Salnés a todo o val do Umia. Pode o "acmé" dun vivir calificare a vida enteira. Non embargantes o val deica Troáns e a ponte Taboada semella ben outro ó maino desenrolárese dos chaos de Caldas, Baión, e Leiro. Escribindo soio tres nomes —Meavia, Codeseda, Arca— temol-a feitura do outo val deseguida doce e hastra mol como se deica os montes chegara o engado da terra baixa. O nome de Codeseda —hoxe pobo de rexa economía e comercio— pode sinalar iste val docemente cinguido ós derradeiros cotos de Montes, domiñado pola ermida da Nosa Señora de Guadalupe, de chan fouleado en cotos envolveitos en piñeirás.

Entre o monte Sivil, Troáns, Lamas e Caldas de Reis o talo do Umia baixo figúrase enteirar de catro boas raíces: o outo Umia (Codeseda), o Almuiños (Caldas de Cuntis), o Ameixeiras, val de Moraña (San Breixo de Barro), o Bermaña (Cesar). Escolmamos un nome de parroquia, representativo, en cada val. Non son vales "heroicos". Teñen frieiras pro figuran máis ben cadoiros de parque. Son vellas. Sinalan baixas soleiras. Entromedio dos vales do Ulla e do Lérez, de escultura conquerida e gardadora do tempo da loita, os do Umia parecen esquencidos de toda enerxía creadora. Mol e madura súa beleza tén moito das paisaxes de serán, de doirados verdes, de néboas de coor.

O Umia traballa como o Lérez mantos e leitos, cúpulas e ovoides de pedra de gra. Pro no Lérez o vello e nobre alicerce garda unha forza telúrica, semellan novos os albos das areas e no Umia os cotos de seu arredondeados ou feitos doces e mainos ó enxergar polos fíos e poutas da auga, repousan en veigas de arxila, e o Salnés no seu frente mariñán ostenta o mór conxunto de formas de acugulamento da beiramar galega e tamén as máis ricaces e abranguedoiras de cotos graníticos.

Os catro vales, as catro follas do miragreiro trebo umián, alongan nas súas froumas o vento mareiro que adequire en cada un seu acento. Non son os piñeirás iguás en toda a Nosa Terra. O piñeiral illa, e o piñeiral encostado, o gandreiro e de sebe, e o dono do releve enteiro conceden ás comarcas variaciós cheas de siñificanza. Os vales outos de Umia, mol mon-

tana, soltos ecos e lembranzas do tema montesío, envólvense en mestura de illas de piñeiros nas encostas mainas.

Codeseda, Quintillán, Meavia, ordéanse na órbita da Estrada, Cuntis semella infruída polo chamamento da Estrada e de Caldas a onde as augas camiñan. As parroquias fíxanse na meia encosta dos montes de pi-

Fig. 37. - Rúa Real de Caldas de Reis.

ñeiros en que as veigas dibuxan badías de milleirás. Arcos de Furcos, Couselo disfroitan de cotos ben norteados. O Almuiños anuncia ó Bermaña. Na soleira entre a terra ullán e a do Umia, entre Sete Coros cos azús dos montes de Oleron, e os refrexos padroeses e a fartura compostelán de Valga, e Saiar e Bemil que enxergan o nacere en Caldas do baixo Salnés como a espallada arquería dun tema, hai un demudamento de luz, e de xeór-

xicas, sendo os menos os faitores do aire pro outrol-os procesos do chan. Caldas, no vieiro dos derradeiros pontes de cada val, tiña de soar entre o Padrón e Pontevedra —dúas pontes— co acento outo medieval do prerrománico e do románico inda sendo tradición erudita —coísa simpática erudición de fidalgos e prioiros do XVII e XVIII— o ter nado en Caldas o rei oxival anunciador de San Fernando, o imperante Alfonso VII. En Caldas as augas son calmas, mestos e ordeados os arboredos, a terra do val fonda sin a fondura da veiga do Padrón, menos "tellus" xeórxica e tamén máis enxoita. Comeza o trunfo —nas encostas, nos arboredos, nas aldeas e casás— da mensura pontevedresa. Hai unha unidade compostelán e outra pontevedresa na Galiza occidental. Terra salinense, histórica e xurídica, dos bes do cabidoo santiagués, dos testamentos dos Soutomaior, das ilustres viñas e os pazos de solainas retorneadas. Terra de moitos e fermosos cotos, enxames de cotos e de pequenos vales. Os cotos moltiprican as encostas, crébanse neles as bocarribeiras, fan máis rica a luz verdecente.

Moraña —entramas parroquias nas cabeceiras da pequena conca, e coelas Rebón, Gargantáns, Barro— ensaia ca autoridade do Acibal e do Montemor de Cosoirado cas súas ermidas un val de cristaíños meandros do Ameixeiras. Tense escrito ser Moraña o máis enxebremente pontevedrés de terra labrega. Pódese dicir de todo o ámpido do Umia namentral-as beiras de Arousa non impoñen súa lei derradeira. E cecáis coela tamén.

Algús fatos de cotos do Salnés chegan a orgaizar de seu curtos hourizontes e amedran a farturanza do val. Son os outos de Nogueira, os de Portela. En Agudelo chaman e turran do norde o Umia, do sul os esteiros de Pontevedra. Os regatos e as corredoiras non dubidan. Todo está labrado en branca pedra orcelada. As cabeceiras das valgadas avecíñanse como os arcos no cumio da fábrica da eirexa.

Lantaño pecha pra nós, ou millor espalla xenerosamente, as escelencias do Salnés. Baión, Oubiña, Soloveira, Corbillón, decraran boas parroquias pola dereita, e Lantaña, Romai, Paradela, Nogueira, Meis, a terra baixa que tén por nó e cerne Leiro. Ribadumia, e Meis, esprimentan no río e na paisaxe en Barrantes os ritmos da marea. Procura e alenta en Armenteira unha maxinación de monte, en Cambados un regosto da mariña, e no mar da Lanzada un Fisterra de areas e escumas, un vello e sensitivo Fisterra, xa docemente adurmiñado na dozura do xeolóxico ensoar, esquencida a baruda enerxía dos cabos.

O Salnés dende Vilanova a Arousa hastra os cotos de Arra franquéxase ó mar de Arousa e ó Océano aberto en dous grandes e fermosos "tempos" da erosión e formas de costas, cada un representativo dun degráu da enerxía mariña. cinguidos como formas e afastados como procesos pola penedosa penilla do Grove, trunfo do acugulamento, solene tómbolo. O primeiro tempo ou arco, o "arousán", dende Vilanova ó Grove, tén no cerne a vila de Cambados. O segundo tempo, o oceánico, loce por cerne a ermida da Nosa Señora da Lanzada.

A terra labrega é a mesma, baixa, maina, xa apenas acotorelada, pouco a pouco feita tona lixeira sobre as arxilas e as areas que logo rematan por trunfar impoñendo procesos, formas, e cromatismos dunha beleza en que unha espranza de novidade nas cousas aleda na podente impresión e pesadume do tempo acugulado.

O Umia por Barrantes, o dos "pazos" envolveitos en sombra de arboredos, as costas de Santo Tomé, procura o mar por un derradeiro intre verdadeiramente arousán. Desemboca como calquer río da Barbanza por unha praia deltaica. Mais na praia de San Sadurnín ou Saturniño xúntanse a consecuencia lóxica do proceso cara un mar tranquío das formas salinenses e o comén das maestosas formaciós oceánicas de praias e areás, de illas e tómbolo do Grove.

Cambados cingue na palaciana feitura de seus campos, arboredos e xardís, con tendencia a obedecere a norma dos "pazos", en seus tres nós —Fefiñáns, Cambados, Santo Tomé do Mar— as feituras da terra e do mar. Da terra chaira como suma de dispaciosos esteiros, do mar cheo e calmo de Arousa. A illa de Arousa siñifica unha guirlanda cas mesmas feituras da costa de Vilanova e Deiro fortemente acentuadas cara a boca da ría. O ritmo de roquedo forte, soio de ondas cinguido, envolve a firme Sálvora, e outros roquedos enteirados cecáis nun antigo litoral crebado polas rías.

A feitura semiluar da illa de Arousa repétese, pro en rexo penedo oután, no Grove. A Crus do Medio, a Pedra do Salto, as Pombeiras, saíntes da podente illa, fan medrar a impresión de rubida do penedo do sul prá Lanzada. Poilo crecente, tamén semellante á serra da Moá, tén no meio o porto do San Vicente onde a semilúa déixase amolecer en praia. O conxunto de tómbolos do Grove, cas dúas Toxas, os deltaicos canles, as dunas griseiras, as mortas de brancores consoados polo medrar dos piñeiros, as aínda viventes refrexadoiras das coores do ceu e do mar —as areas teñen unha sensibilidade case doente ou de cultura epilogal pró chover— vanse esvaíndo no rumbo mariño no arco da Lanzada. Os alicerces de penedo foron domeados polas areas. Non se enxerga semellante muiñada de rocas nas costas galegas. Outra forma da cosmicidade saudosa da Céltiga inmorrente. Noalla, Vilalonga, Gondar, parroquias labregas envolveitas en froumas, disfroitan das boas arxilas, e seu chan de celmosos froitos, avecíñanse da esgrevieza sinxela de roquedo, areas, e escumas da Lanzada. A illa de Ons reproduz a forma, máis batida, do Grove. Segùen os areás deica a ponta de Arre. O Castrove deixa que as súas raíces, amolecendo no mol torrón do Umia, concedan á montana unha dozura de cancioneiro, non posible no Pindo, hímnico e pindárico, como o Castrove lírico e virxilián. Nas leendas de Armenteira os temas do Salnés descobren súa relixosa adicación. Entre o piñeiral do Tragove cambadés, gabado e respeitado por Cabanillas, e as fontes das crebadas de Armenteira, técese un diálogo. Mais nin xeográfica nin poéticamente tería senso o esprito si lle fallar a voce conxunta do mar da Lanzada.

10. O VAL DO LÉREZ, PONTEVEDRA E SÚA RÍA

Con gosto e cheos dun fondo sentimento de lembranzas humáns comezamos iste estudo, conxugadoiro de devalares e formas non enxergables illadamente na vivencia xeográfica. Si a enteireza dunha estesa rexión galega vai, en tempos armoñosos e cas súas disonancias e quebrantamentos de ritmo, cara o "magnus portus groviorum", drento dela o val traballado po-



Fig. 38. - Ría de Pontevedra

los vivos fíos de auga do Lérez, a cidade centrosa e repousada en excelencias epilogales das Rías Baixas e a forma peninsoar cecáis millor labourada da Nosa Terra, o Morrazo, non poderían seren desartellados. As formas das paisaxes do Lérez son donas dunha exempraridade e mensura dinas de seren chamadas clásicas. Son moitas, e tesas, teiman unidás de seu

as rexiós rexidas polo río Ulla. Nil o val tén súa valencia, lei e podente e requintada beleza. Máis ó sul as correntes chamadas polo seo íntemo de Redondela son fortes, exercitan unha grande operación morfoxénica, pro non chegan a domear coa lingoaxe dos vales e ribeiros estesos a fala máis esgrevia das montanas nin conseguen facer brilar na ría correspondente seu propio tema. Pódese enxergal-o mar de Vigo como podente unidade. Entéiranse nela moitas formas valecas, ningunha, nin xiquera a do Oitabén, como determiñante esencial. En troques o val do Lérez —como na Arousa os do Ulla e o Umia— devala enteiro e presta á ría súa lei, súa presencia. Sinala o eixe, o rumbo das formas. Chega a un grande espallamento co seu azul finamente griseiro, seu latexar oceanida, a ría pontevedresa. En todolos seus tempos está cinguida ó Lérez como a unha raís e semente das súas feituras. En Arousa son dous os vales devalantes. Moitas costas da ría seguen procesos de seu con grande desenrolo. Entre o sistema ou comprexo Arousa-Ulloa-Umia, e o comprexo de augas e ribeiras do "mar de Vigo", asegúrase en sinxeleza forte, unidade de fito, camiñar socegado das cousas cun dreito rumbo a exempraridade do sistema Lérez-Pontevedra. O val figura ó largo de todo o seu desenrolo ben alonxado polas feituras e siñificanzas do ullán. Ínzase ou pasa rentes da Terra de Montes, da Terra de Cotobade, dalles movimento mais nonas arrican da individualidade montesía que brila en cada unha delas, non lles impón de cheo súas maneiras de val.

Sempre tén de sere gostoso o traballo sinxelo de ire describindo o camiñar das augas. Si hai algún río de tema heroico, de traballo arreo no hourizonte das Rías Baixas, lonxe das vagoentas pousas montesías e das dúbidas ás veces feiticeiras no senso xeográfico millor vivido, ise río ha sel-o Lérez. Tense por "pintoresco". É rude e fermoso, mais sempre dono dunha cras de gracia nas formas pouco apreciada de quens somentes enxergaron os espellos dos "salóns" pé dos finiquiteiros broslados de "ex-voto" das encostas do mosteiro do San Bieito.

A primeira ponte vella dalgunha importanza pasaxeira, a chamada "Ponte dos Cregos", era a do camiño entre Acibeiro e seu mosteiro de bernaldos cas aldeas de Dúas Iglesias e San Martiño de Forcarei. Estamos na terra de Montes case no pé do monte Candán, de moitos nacentes, o monte ergueito por frente do Carrio nos hourizontes espallados de Deza. Outros teñen por raís mestra do Lérez o río nado no coto da Costenla, que axexa tamén moita terra por riba de Pardesoa e Lebozán. O río baixa enteirándose con outros regos, case sempre fortes, da Terra de Montes deica Cerdedo onde ca xuntanza do río nado na Costela e co cheo desenrolo das formas comeza seu caraiterístico val. Augas enriba das pontes e pontillós de Cerdedo —aquila lediciosa ermida do San Xosé, e pontillón cerca da xuntanza de entranadas raíces!— traballan as augas un val encostado por terra de San Martiño de Forcarei e de Castrelo. Arredondéanse os hombreiros da serra, e locen as testas do Candán orixinario, do Coco, cas súas encostas ben es-

grevias por riba de Millarada, e o rego remanecido entre as vellas ermidas do San Antonio e dos Miragres. O val afonda entre a feitura da bocarribeira conquerida en Cerdedo. Eiquí Ventoxo, Presqueiras, outros pobos locen raiosos nas encostas envolveitas aínda en rexas carballeiras. En Cerdedo xúntase ó Lérez o río da Frieixa enteirado por dous regos. Un baixa do Pico da Constenla cume de ben caraiterística figura sobre ermos abombeados, de augas vagaceiras; outro críase nas gandras da Portela de Lamas e vai por Montes e Soutelo de Montes rexión de monte e gandra, xa á outura de Soutelo amolecida polos piñeirás, terra inda grave pro doce despoixa do calado manto de ermanza do Paraño, da cerne e tráxica pizarra do Testeiro, da ventosa Hermida. Chama case toda a xente do país Pego ó río que vimos describindo como Lérez, e o mesmo fai a grande autoridade do mapa de Fontán. Garda o nome de Lérez ou millor Lerez pró río xa enteirado despóis da ponte de Cerdedo e da ponte de Pedre onde acode o río de Quireza, pola dreita criado por Sabucedo nos outos das Baiucas, augas no contrario correr á terra de Codeseda e ó Umia tamén río mozo.

Temos falado da verdadeira forma do val do Lérez impresoante pola súa rexa unidade de cadea de meandros encostados e afondidos en entraña de pedra de gra que se mañifesta en costas abombeadas e esporentes e en sistemas de cotos ricamente diaclasados, en arquitecturas dunha certa regoaridade, alternados con estaxes ou labros de encostas, rachados por crebadas rexas. Todo o asucamento do val faise nos montes de Tomonde, o Montouto co Cadebo, co Salgueirón, por riba de Moimenta e na banda de Moraña, por riba de Cequeril, do podente Acibal, cumes que en grande escada gardan a forma dos cotos ordeados asegún a lei do decorrer dos meandros do río. Pola ezquerda semella máis podente o conxunto montés e as costas máis regoares esmáltanse de quebradas carballeirentas e sobre o río ordéanse en formas e cotos máis enteiros. Son os montes de Cotobade. As finchadas abas do Seixo, verdadeira serra por riba de Caroi, os lombos dos montes Aveleira e Areela por riba de Sacos e Biascón. O val do Lérez vai rente á terra de Cotobade, cecáis teñan entramas moito de común, e acolle nas pontes de Bora, xa no esteiro, as correntes do Almofréi, o río cotobadés por principado de formas. Asín o esteiro de Pontevedra chama dreitamente no curazón da outa terra de Montes que responde polo Lérez, e no curazón de Cotobade que responde polo Almofréi.

Nas pontes de Bora xa o río sinte o periódico latexar da marea. Seu ímpedo e paixón amolecen dende as veigas de Tenorio. Semella ista terraxe ricaz o derradeiro meandro xa pousado en chan fondo cecáis criado polos aluviós. No mesto coltivo brilan moles xunqueiras. Á beira ezquerda as regatas ben dibuxadas en tres tempos —rachadela no ermo do monte, crebada fonda con carballeiras e lameiros encostados, morea de enxurrada ás veces boa terra entre cotos —compoñen co decorrer do val unha franxa de bocarribeiras. En tramos erguen cotos como acrópolis entre dúas creba-

das, escolleitos polos pobos e as eirexas, cotos ben arredondeados, finamente traballados sobre o seo dos meandros. Asín descen co río Lérez en renque entramos Sacos —Santa María e San Xorxe—, Biascón, aínda en esgrevio releve, e San Pedro de Tenorio, estesa parroquia.

O enxergal-o Lérez como fío centroso dun abano de torrentes cecáis non fora moi axeitado en terra vella como é a nosa, pro non deixa de ser idea intresante. Deica Biascón o Lérez dibuxa e afonda súas traballosas voltas en roquedo deserto soio galgado por montós illados de piñeiros que riba da encosta van enteirando cerco compreto. Unha luz fina e rexa de occidente con brilos de mar rube polo Lérez, fai máis brancos e grises os granitos, máis verdes os illós da campía, e as encostas das carballeiras, e as sombrizas crebadas. Unha luz como si o espello da ría a botara enteira deica o Pico da Constenla que case se mira dende o esteiro de Pontevedra.

Pola beira oposta, despoixa do valciño de Quireza somentes Morillas e San Miguel do Campo —Campo Lameiro—, xa a derradeira parroquia como a de Fraga no imperio do monte Acibal, inzan na penedosa encosta, pro por Berducido, Xebe e Cerponzóns as veigas espalladas, que os regos descidos das encostas do Acibal desparten en anacos case simétricos, xa entran pouco a pouco no antigo esteiro pontevedrés que eles axudaron a formar no senso do decorrer do río Alba que sinala un tramo do renque de formas de val por onde as peninsuas das Rías Baixas semellan xuntárense cos grandes vales.

PONTEVEDRA E A RÍA CA FORMA PENINSUAR DO MORRAZO

O ditoso espallárese dos esteiros pontevedreses e o coto, noutrora cinguido polas outas mareas, da vila compretan e fan máis perfeito o decorrer morfolóxico do val na ría, como o afiamento en mensuras craras e armoñosas do Morrazo decraran o intenso senso e chamada occidental nas feituras do releve. Os esteiros do Lérez, do Alba e do Tomeza, ensaian un delta interior, cecáis, polos traballos dos homes moi demudado poila corrente priguizosa fíxose albela, o chan esponxoso vaise asegurando. Dinantes muradellas, diques, peiraos e pontillós de xunqueira, cos crebados espellos das augas, facían máis leviáns ou fortes os verdes dos sucalcos do Lérez, os hortos da cidade, a mestura da Caeira, e na cheamar a tona da auga locía belamente en volta o mollo de torres da cidade. Camiño dos esteiros, cabezoleira dos portos da ría, desembocadura de varios vales, non lonxe as terras de reserva de bens labregos de Cotobade, a vila gabada polo P. Sarmiento —sobre tantas gabanciosas plumas soio a súa soupo atinar ca chave xeográfica— tiña de ser escola e exempro. Os tempos foron demudando as proporciós da vila fidalga e lexista e os barrios de pescadores, mareantes orgaizados en valentes cofradías. Na paisaxe xeográfica

intervén o esteiro, o nacimento do Morrazo, o vello e sempre novo camiño "per loca maritima", o maino chegar dos vales, a ordeación no hourizonte dos tres montes —o Acibal, o Castrove, o da Fracha— senlleiros, persoalizados, que ordean as formas e achegan os lonxes.

Polo Alba, gracioso val esporente, Berducido, Cerponzóns, Campañó, semellan chegárense á ribeira do Lérez, como polo Tomeza, Bertola, Marcón, Salcedo. O Tomeza, máis lameirento, gosta dos meandros sombrizos. O Lérez por Lourizán e os Praceres á ezquerda e deica a punta de area branca de Lourido á dereita, leva seu esteiro diante o penedo de Tambo,

Fig. 39. - Pontevedra. Praza da Leña.

e a fermosa ensenada de Poio. Eiquí, na lediciosa paisaxe onde ás veces o azul da ría semella detel-as augas máis craras do esteiro, descobrimos aquila primeira curva ou seo de ría que na da Arousa enteiraban Vilagarcía e Rianxo e eiquí na de Pontevedra dibuxan entramos seos estrados de praias de Poio á dereita, de Estribela e Marín pola outra banda.

Tense crebado o azul —azul e prata— da ría de Pontevedra en comparanza co ton verdecente do mar arousán, e outro azul —falaremos dil ó seu tempo— de Vigo. Dende Lourido e Lourizán —xoga o "lourear" atal xeneroso do sol galego— deica o cabo de Udra e o de Cabicastro, as ribeiras desenrolan feituras armoñosas ordeadas nunha banda polo Castrove,

doutra polos montes de Morrazo. O Castrove déixase labourar por quebradas de abondo regoares. Sofre de dúas atraiciós contrarias, de meirande intensidade a da badía pontevedresa, tradocida en renque de sucos de leda e rexa vexetación, máis frouxa a do val xa vello do Umia. A ponta Marmulos dá principio ó seo de Samieira, ben perto, seguindo Raxó adiantado cun anaco de riveira brava, e o seo de Sanxenxo sufincado no Cabicastro que o pobo en froito xentil sobre augas lediciosas de Portonovo disimula semellando ser il cas praias en volta de San Xenxo o findar da ría. Docemente en revolta de areas e piñeiros, baixo a maxisterio da illa de

Fig. 40. - Combarro.

Ons, podente coto acupulado e enteiro, faise o trocamento da ría no outo mar, de xeito que as ribeiras se esvaecen nas soedás precursoras diante o Océano do tema comprido na Lanzada.

O Morrazo afía en arelanza occidental seu rexo e belido monte de pedra de gra traballada conxuntamente por entramas rías, de Pontevedra e Vigo, polo clima oceánico. A península de fixo millor feita e tema non rematado, rexa e ispirada, forte e danzal, garda nos cumes unha sinxeleza de formas de serra, de montana galaico-portuguesa, miniana, e nas encostas as alternadas sinás dos camiños de erosión. Alongada penedía cuias

diaclasas son vales e quebradas, o Morrazo sotiliza o tema barbanzá. Poderíase describire como unha Barbanza ceibada da súa meirande pesadume. O tema de istromentación rexa e podente, hastra chegar á maestade lembradoira da gándara por riba de Vilanova, no Pereiro —nas landas mestamente repoboadas pola Diputación de Pontevedra— ergueito no Domaio e nos cotos de Beluso, Darbo, e Aldán. Semella coalgunhas luces o Morrazo un grande e crebado cristal. Unha lei de cristaización en pirámide trubada polo arelar da forma curva guiador das augas, do ar e da vida. A vida brosla polas ribeiras pontevedresas arcos de verdes milleirás remontadoiros polas crebadas, unha franxa de xeórxica no mesmo eido, na



Fig. 41. - Bueu.

mesma casa, lediciosamente combiñadas co vivir mariñeiro. Despoixa da enseada de Marín e Estribela, conxugación dun val con entramos seos cinguidos en limpas praias e un inicio de esteiro, seguen Ardán, Cela, Bueu, Beluso, en litoral de ámpro dibuxo deica o cabo de Udra. De Cela e Bueu pódese nomear en conxunto a ribeira onde chegan agasallados en quebradas os montes, ou o soio monte que, chegando diante o hourizonte oceánico, moltiprica suas azúes caras e diedros. Mogor, Campo, Piñeiro cínguense cos pobos nomeados. Disfroitan de veigas ben regadas e afondadas entre as duras penedías que os piñeiros, en formación pecha e destemida, van domeando. Veigas e tamén lediciosos principios de bocarribeiras. O

Morrazo, como unidade xeográfica mantida en equilibrio por dúas contrapostas chamadas, desenvolve no seo de Aldán unha ría feituca, pequeneira, envolveita no engado das formas que se dispiden diante a inorme sinxeleza do Atlántico, arelante de formas e non dono de ningunha.

AS TERRAS MONTESÍAS DE PONTEVEDRA

A mesma espreita e lembranza da beleza das ribeiras de Pontevedra fai pensare na montana emparellada polo deitar das augas cos seos das Rías. O Castrove, o Acibal, son adiantados dunha montana cuias formas polo Candán, o Coco e outras cumes descóbrense dende a costa en figuras persoalizadas de senlleiras unidás namentras noutros sensos, por exempro no da terra de Cotobade, semella menos traballada. Os mariñáns están afeitos ó coto arredondeado e gracioso, á erma penedía de craros alicerces, á montana podente cuios alicerces se miran, cuias raíces se sospeitan baixo o mol ou traballado chan das veigas. Pra iles a montana é outro mundo.

Considerámolo en canto nela se crían as cabeceiras dos vales que rematan nas rías do sul e dos obedentes á chamada do Miño baixo. Montana non somentes pola demarcación provincial moi cinguida a Pontevedra. Outra nomeada xeneral non podería ser máis do que un intento descritivo. Non enteira tampouco toda a montana civilmente pontevedresa. Sono Camba e Deza. Seguen súas formas e procesos lei e ritmo ullán. A denominación de arco Fárido-Avionido soa ben. Quer sinalar unha función na economía dos procesos do ser físico da Galiza. Pro demanda un pequeno cavilar a vivencia precisa do conceito e sentido.

Montana pontevedresa. Tamén nalgús espacios serra, serra esgrevia. Con todo, sin comparanza cas Ancáridas, as Médidas, as Leboreiridas. O clima mariñán nonas desampara. A mestura de formaciós pode ser rexa, pro non se ergue en rodas de roquedo forte de moita larganza. Son graves os lombos pizarreños do Suído. Chega a ter seu clima a terra de Montes. Polo Montemor as soedás gandreiras son espaciosas. O tipo de gándara dos montes de Pontevedra figúrasenos ben lonxano —no discurrir ou demorar das augas, no ulido e nas formas— ó doutras formaciós semellantes. Pro o asucamento dos vales non está lonxe. Son vales fondos, comenzan por riscadelas no ermo, as encostas baixan a veces de sutaque. Pra camiñar son ás veces ben traballosas montanas. Cada val sabe de perto da dozura do ambente mariñán e dende todalas serras tremeloce ós lonxes, a distancia do mesmo fío de auga nado na fontela do ermo, o latexante miragre atrántico. Na psicoloxía do noso pobo tampouco siñifica sempre dozura a mariña. O labrego ama máis o val. Tén meirande seguranza e froitos mais celmosos. Non vén en axuda nosa un nome antigo e probado. Terra de Montes, Terra de Cotobade siñifican unidás senlleiras, ben demarcadas. Entramas teñen a figura do ovo, o óvalo con seus focos e seu siñificado

de vida e movimento. Os dous nomes, sobre todo o primeiro, teñen sido espallados a terras veciñas.

TERRA DE MONTES

Os outos do Chamor, do Candán, e do Coco cinguidos co Testeiro deica, pouco máis ou menos, o paso do Santo Domingo ou Santo Mingos entre o outo Avión e Barcia do Seixo, cos vales iniciás e as primeiras encostas dos ríos xuntados no Lérez, pé de Cerdedo, forman cun senso cara o mar, o poente, o decorrer das augas, a verdadeira e enxebre "Terra de Montes", case enteirada cas formas dos vales montesíos e cumes do outo Lérez, pouco polo Chamor co outo Umia. Seu arredor soa tamén con nomes de antigas e senlleiras terras montesías ou de serventíos montesíos inda turrando por elas o vivir das ribeiras: Trasdeza, Deza, Cotobade, Avión. Seu cerne e nome Montes, a parroquia de Santa María Madanela, a antiga, onde o camiño do Paraño repousa en espacios gandreiros, merecentes de bon coltivo; súa vila Soutelo, Soutelo de Montes, a edificada polos duros traballadores da pedra, os canteiros mestres de antigo, e millor aínda nos tempos do noso século polos contratistas de obras púbricas, de xinea de canteiros ou non. Entramos oficios, indo moitas vegadas xuntos, respiran eles porfías e vellas teimas de dinidade e proveito.

Soutelo e Folgoso no mesmo vieiro, como tamén Cerdedo, noutro senso Forcarei cas antigas parroquias de Acibeiro, Pereiras e outras de moita vida con Codeseda e A Estrada, prá serra Pardesoa, soan como centrosa terra de Montes. Pro non embargantes adóitase, na usanza non xeneral, pra parroquias como Barcia e Gaxate dos vales outos dos ríos de Caldelas, abranguendo asín as baixadas da serra do Suído e o outo Avión de augas decorrentes ó Avia e Miño. No ben alicerzado goberno eclesiástico, Beariz, a soia freguesía antiga da diócesi compostelán na provincia de Ourense, chámase "de Montes".

O coto do San Bastián atal raioso e case por moitas leguas de andadura tan bon compañeiro do peleriño e o arrieiro como o Pico Sagro, xa cai nos roleiros de Trasdeza, comarca en vivente figuranza de val. Unha coroa de vilas pódese artellar sin fantasía demasiada pra cinguir de lonxe a Terra de Montes: A Estrada, Silleda, Lalín, o o Carballiño, Ponte-Caldelas. Todas elas moi cinguidas como pousa, mercado, ou fogar asentado cas xentes e vivires de Montes pois todas teñen aberta polo menos unha porta á montana. Hoxe ditas vilas, pode ser tamén algunha aldea mais con pulos de vila e cecáis nos fuxiren da conta outras como Codeseda, gardan algunhas maneiras e caráiter dos recoñecidos como da Terra de Montes. Apura o sinalalos. O traballo dos mestres canteiros e dos contratistas, o gosto por levar a longas terras seu oficio, o amor con tempadas de paixón polas minas, sendo caraiterísticas dos de Montes, non o son en maiorazgo e como deles soios. A larganza da montana pontevedresa hastra os vales do Tea

collendo Mondariz e Ponteareas ca miñán Salvaterra, con Moraña, e non falemos xiquer de Cotobade, inzan de antigo xeneraciós de mestres e oficiás das devanditas artes. En Montes do tídoo de arciprestádego, a senlleira vida do outo Lérez cas súas aldeas como exemprares nas épocas de graves e longasíos traballos, de enerxía e pulo, caraiterizaron un xénero moi comprexo de traballos. Neles négase a nugalla, ou a forza esgrevia e o arredamento considerados, ás veces, na Galiza —con non pequena verdade— como más fadas dos pobos montesíos.

Lérez, Montes, Pontevedra, son imaxes e presencias ben xunguidas. Tamén moi achegados ós esteiros e pontes do Lérez soan os nomes e usanzas de Cotobade. Outra comarca de cerne tradición de nome, e traballos e de moi fondo senso de comunidade, polo menos de orixes e eido nativo. Os vellos de Cotobade, bos barrosos ou pedreiros, acostumaban chatar ós de Montes por istes maquiar terra nas obras de carreteras, súa meirande ocupación, namentras eles traballan na fermosa e rexa pedra onde se non pode desvial-o pico. Tamén conceden que a terra maquiada dá millores rendementos do que o fermoso labourar a concencia a pedra azul de Caldas ou a branca de moitas soadas canteiras.

COTOBADE

Como Montes se non pode afastar Cotobade do Lérez e seu val. Cotobade chega ás soleiras de Pontevedra nas pontes case de Bora. Seus montes pechos, rexos, míranse dende as augas de entramas rías amparadas pola península de Morrazo.

O Cotobade de seu, de antigo, demárcase con craridade de abondo ó val do Almofréi, río ben fermoso, criado de regos do monte Anta e Chamadoira de Caroi e dos montes do Seixo xuntados en Loureiro. Os montes, costeños e ricos de bos eidos, da Famelga, e Loureiro, os xa ergueitos e ermentos de Pé da Múa e da Fracha, iste caíndo sobre Marcón e Tomeza na paisaxe pontevedresa, obrigan a facer ó Almofréi unha dobre "ese" por Rebordelo e A Borela. O río da Borela con augas do monte Pé da Múa chámase Bora, vai ó Almofréi, o seu nome repétese na parroquia de Bora, entre Marcón e Mourente e nas pontes devanditas, logares ben afastados ús dos outros.

As parroquias máis coñecidas de Cotobade van mencioadas. O centro do Concello é de antigo San Miguel de Carballedo. Outros pobos son mestos e abastados tamén de antigo como os logares da parroquia de Augas Santas, no chamado Cotobade outo, xa moi perto o val do río de Caldelas onde camiñan súas augas. En xeneral Cotobade pódese enxergar como un tecido de pequenos vales de erosión en terra graníteca, con moito desenrolo das costas e bocarribeiras, en proceso decorrente de formas regoado imperfeitamente polo Almofréi. Terra de vales miudos e de cotos co inxerimento e saída natural ó Lérez, e abranguendo polo vivir, pola historia, as parro-

quias da ezquerda do Lérez como Biascón, e Tenorio. Elas, as do Lérez, responden a outra lei apesares das afindás cotobadenses. Non son as mesmas as liñas e sensos do "movimento" xeomórfico e da historia. O nome da comarca parés siñificare o coto do mosteiro do San Pedro de Tenorio. Soa co acento de vellas parroquias labregas e un cantigar de picos canteiros.

11. OS TEMAS XEOGRÁFICOS DE VIGO COS ARTELLAMENTOS DA SÚA BADÍA E CO MIÑO INFERIOR

Entre pintores e nos espritos educados no arte interpretativo das formas e as cromáticas da paisaxe tén a luz de Vigo unha categoría xa clásica. No íntemo e verdadeiro desenrolo da xeografía chegará —cecáis teña xa chegado e soio agarda a xenial formulación— o tempo da "óptica xeográfica". E das súas variaciós. Remanece de faitores climáticos, de formas naturás e xeórxicas, e da historia. No capídoo dos degráus e variaciós dos valores ópticos de Vigo unha forza centrosa cecáis tócalle á estroitura da cidade.

Azul, gris, verde, branco. Azús de ría —tirando a un gris descoñecido en Pontevedra—, grises de pedra, con brancos de pedra e de nubens. Xogan en armoñosa catóptrica as formas e coor dos montes, das ribeiras e da cidade. Os montes non desamparan a Vigo. Achéganse á cidade máis do que a ningunha outra vila mariñeira galega. En Pontevedra os montes son "de terra adrento", e fan rodopío en illadas feituras, na Cruña son hourizontes e un termo de relación. En Vigo inda se vive a costa podente nas rúas, e montes verdadeiramente mariñáns entran na composición da paisaxe, da paisaxe urbán.

Son montes de rexa e fina escultura. Un partidario deica o senso poético da teoría de Richthofen diría que aínda se lles enxerga a surpresa do asulagmento do val enteirado en ría. Son granitos duros, en praias e penedos, pola mestura podentes espellos, moi finos rexistradores da luz do día, e do refrexo das augas. Os granitos traballados da cidade pódense interpreitar no senso de decraración enteira, de frolación urbán dos montes. Un estaxe entéirano as terras coltivadas, as mestas e ricaces xeórgicas viguesas. Roca, laboura, cidade, tres formas do mesmo tema.

Non esquenzamos o clima vigués, súa luz, súa resposta ó vento. Cecáis no Morrazo dé principio ó clima portugués. Non esquenzamos a elegancia dos cotos. A arquitectura xeolóxica do país vigués coróase de finas, feitiñas esculturas. Non son as mesmas feituras, en peana, dos vales de Cotobade e Pontesampaio. A verdadeira badía de Vigo comenza no estreito de Rande. Hai na Guía un troque de ritmo. Deixa de gobernar e dar lei a Peneda e principia o estilo do coto de Nosa Señora de Alba.

Fan sebe e curtesía á cidade cotos ben galanos e lonxanos en roldas, moitos non mirados dende as rúas. Conforme Vigo vai domeando e redocindo a encosta nace na cidade o disfroite novo do seu hourizonte.

A cidade no seu espallamento actual corre dende a Guía a Alcabre, criando un litoral de porto e peirán na mor porción dos tres seos da Calzada de Teis, da propia Vigo, de Bouzas, ordéase en sucalcos con predomiño das vías paralelas ó mar, e vai cobrindo en pulo franco, como forma esencial e non suburbio, o labro ezquerdo do val de Fragoso. Debemos pensar en conxunta función o Fragoso e o mar. Un ampro circo de parroquias —Teis, Candeán, Cabral, Bembribe, Castrelos— sinala a orla, vi-

vente, do espallamento da cidade, e a resistencia das formas aldeás. Os fartos espacios labregos e de hortas non desminten, como tampouco algunhas vivas e crecedeiras formaciós itinerarias do xénero Lavadores, o "status" indicado. Vigo non medra dixerindo ordeadamente lugares e parroquias. Ó igual de certas augas o tipo urbán xurde mais aló, en puntos illados, da sebe urbán.

Dos montes demarcadoiros de Fragoso ó lombo centroso do Morrazo ordéanse en Longas e apretadas faixas, no senso N. L. - S. W., o Fragoso, o renque de cotos en costa ó mar, a badía, o borde ou mariña do Morrazo. Entre os montes do sistema Galleiro e os do Morrazo hai a difrencia de



Fig. 42. - Vigo. O porto.

seren os primeiros mais epeiromorfos, mais continentás, os segundos servos de dous avariciosos nivés de base, as rías que os labouran duramente, con paixón maina.

Penide, o outo de Piñeiro, entre Redondela e Chapela andan polos 480, os 340 metros, o Galleiro chega ós 700 e pouco rube deles. Polas súas abas pasa a vía polo túnel dos Valos. Mais, apesares de sua relación viguesa, o Galleiro non compón como o monte da Lousa (344) por riba de Cabral no hourizonte "vivido" vigués, como os outos do Rebullón riba de Bembribe (338). A Pena Cabalaria e o ledo e fermoso coto da ermida da Nosa Señora de Alba (380) como froito de montes máis escuros érguense máis lonxe, decoran e eisaltan.

Candeán (260 metros) con Ferreira e Penide (arredor dos 450 metros) enteiran unha terra outa, ben dibuxada en fermosas encostas esporentes sobre os vales do seo redondelán (costas de Cedeira e Eira Pedriña) e sobre a ría (Rande, Chapela, Teis), en formas doces armoñosamente esculturadas polos regos. Polo sul descen sin presa e vanse cinguindo istes releves co val do Fragoso (Cabral, 200 metros; Couto, 120 metros). Por Beade, Bembribe, Tameiga, os outos sinalados das Pereiras e Cabalaria, e os de Alba, Freixo e Changrande, terra de Valladares, enteiran o beizo ezquerdo do val do Fragoso. O Castro (150 metros), sinala con Montecelo e a ermida do San Xoán a encosta sobre o mar.

O val de Fragoso remata en xeneroso vagantío de formas madurecidas entre Bouzas e Oia. Cabral, Lavadores, Candeán, Bembribe, Beade, Castrelos, Matamá, Freixeiro, Comesaña, Alcabre, Oia, Bouzas mesmo son terras do Fragoso labourado con maina enerxía por tres correntes que se xuntan en Viloura, non lonxe de Castrelos e de Freixeiro. Chamémoslle ós ríos de Cabral, o de Bembribe, o de Valladares. O primeiro formado en lameiros, entre terras labregas, impón e sinala o eixe do val inda rubindo máis as fontes dos outros. O de Bembribe ou Alfonso nasce nas Pereiras, tén un tramo bravo afondando pé da Pedra Cabalaria pola ermida do San Cibrián. O de Valladares logo se acalma nas costas esmaltadas de viñas de Sobreira e Babio. As formas tendendo ó coto, amostrando no mesmo val soleiras duras, van madurecendo e no fincar o Fragoso espállase en lameiros e xunqueiras, dunas mortas, encorando as augas na praia de Samil. Pola beleza dos montes amédrase a dozura do val.

Pode e debe ser interpretada a ría como un orgaísmo armoñoso con seus óvalos, ben artellados, os degráus de pisos de poboazón dende a orla seguida da auga e o peirao deica os pobos outos nas cabeceiras das pequenas crebadas. O tema vigués tén súa podente coda nas penedías erguitas nun pular baril, casi pindárico das Illas Cíes, enxoitas rocas prá terra criadoras de praia amorosa. Brilan na historia relixiosa e mariñeira ben diferentes da calma Ons. No seo de Redondela, madurecido afloramento, perfeito logro da terra e do mar, as crebadas gardan o estilo das bocarribeiras. O mar redondelán ou enseadas do Ulló envólvese pola banda do Galleiro e de Fornelos en estaxes ben dispostos de bocarribeiras. Preside o coto gracioso e raeiroso da Virxe da Peneda, por riba do castelo de Soutomaior, o coto de clásica morfoloxía do val do Oitabén. Un tómbolo vai apontando dende a praia de Cesantes á illa do San Simón. Non fallan no rodopío do esteiro mesto de Ponte-Sampaio, dos de Redondela de encostas finamente labouradas e brosladas, na gravidade de Agrelo, nas parreiras e labramios de Vilaboa a presencia do ermo animado polos crecedeiros piñeirás. Na ría viguesa, os comprexos labregos e mariñeiros de Moaña, as fermosas encostas de antigos bacelos, cínguense a Vigo mais tamén teñen súa praza e rúa na vila de Cangas. Marín e Cangas presiden ó Morrazo.

Chaman entramas rías. A lediciosa forma peninsuar vai sendo o tema centroso dunha rexa e común vivencia.

O seo dos Grovios, ca temática das rías, para no cabo Silleiro e a Virxe da Roca. Na súa derradeira réprica na de Baiona, apuran as Rías seus motivos e siñificanza. Xenerosa e comprida cuncha, esteiros da Ramallosa ca ponte simbólica e os broslados cotos de viñas e milleirás de Gondomar baixando en soave ritmo, dunas brancas sensibres á pulsación atrántica batendo nas illas Cíes e nos penedos croados de escuma das Estelas e nos sufincos de Monterreal, acrópolis da Baiona histórica. Fermoso e sau-

Fig. 43. - Baiona.

doso nome o de "Baiona de Miñor". Vila e porto de resoancias atránticas, nesta historia de homes e vontades. A derradeira ría da Céltiga casa ben co Miñor, o val cuia cabeceira se cingue irmán co Rosal, o val derradeiro dos que acoden ó grave chamamento do Miño, fermoso acorde xeográfico nos lindeiros do símbolo.

Xeoloxía

POR ISIDRO PARGA PONDAL

1. CONSIDERACIÓS XERÁS

É un feito perfectamente establecido, e que hoxe xa pertence ó coñecimento vulgar, que o conxunto de terras que compoñen o avanzado atlántico de Europa e que leva o nome ben sonoro de Galiza, constitui unha rexión natural determiñada pola grande uniformidade dos seus principás caracteres de clima, frora, fauna e humáns.

Tamén é de coñecimento vulgar o feito de que a natureza pétrea da Galiza amostra, asemade, unha grande uniformidade. A pedra de canteiría e a pedra morceña atópanse por todolos camiños galegos. Os camios das máis outas cumes e as máis fondas fragas poden sere, ben de canteiría ou pedra de gra ou, mellor dito, granito, ou ben de pedra morceña, tamén chamada pizarra ou, mellor, xisto.

Fora destas dúas clás de rochas, apenas temos outras que merezan ser mencioadas si desexamos facer unha caracterización do rochedo en poucas verbas. E, asina, podemos afirmar que, xeolóxicamente falando, Galiza é somentes granito e xisto.

Esta grande uniformidade é debida a que en Galiza non temos representantes dos terreos mesozoicos ou sexa pertencentes á edade media da evolución xeolóxica, terreos en que predomiñan as calizas ou pedras pra facel-a cal.

Parecerá, pois, logo do dito, que o estudo da xeoloxía de Galiza é unha cousa sinxela, elemental, e que pode ser feito de contado.

A realidade é moi outra. Tanto os granitos como os xistos constituien zonas profundas da codia terrestre, que foron quedando ó descoberto debido á erosión de podentes mantos ou capas doutros terreos que as cobrían e que foron arrastrados polas augas a medida que o conxunto se iba erguendo pouco a pouco dende as profundidades de máis de vinte mil metros en que se formaron os granitos e os xistos.

A tales profundidades, estas rochas teñen un estado pastoso, brando e mistúranse doadamente entre si dando lugar a unha nova categoría de

rochas chamadas migmatitas, ou sexa rochas misturadas, que teñen algo de granito e algo de xisto.

Ó ficar ó descoberto estas partes profundas que constituien as verdadeiras raíces das formacións xeolóxicas, amostran, marcados na súa estructuración, os sinales dos importantes movimentos a que estiveron sometidas.

A súa interpretación constitui un capídoo moi importante da xeoloxía que se chama a "tectónica profunda" ou sexa a tectónica das raíces das montanas.

O estudo xeolóxico de Galiza é preciso, pois, dividilo en dúas grandes partes. Primeiro, a descripción petrográfica das rochas, xistos, migmatitas e granitos, nas súas múltiples variedades; e despóis a descripción da tectónica ou sexa os movimentos a que foron sometidas no percorrer dos longos tempos da súa existencia.

Todolos terreos xeolóxicos que constituien a nosa Galiza son moi antigos. Agás raras e pequenas excepcións, podemos decir que todalas rochas de Galiza son anteriores á gran oroxenia hercinián, ou sexa o profundo cataclismo tectónico que aconteceu fai 250 millóns de anos. Denantes desa época, ou sexa todo o período silúrico (fai 360 millóns de anos), o Cámbrico (fai 500 millóns de anos) e cicáis tamén o final do período Algónkico (800 millóns de anos), Galiza constituía, con pequenas excepcións, un esteso mar no que se iban depositando os sedimentos que despóis formaron gran parte dos xistos que hoxe están ó descoberto.

Oroxenias posteriores trastocaron profundamente estes sedimentos algónkicos e paleozoicos, dobrándoos intensamente. Durante estes procesos de plegamento, no fondo dos sedimentos, a gran profundidade, no que chamaremos, falando en termos xeolóxicos, o fondo do xeosinclinal galego, quedaron incrustados formando grandes escamas entre os sedimentos metamorfizados, ou sexa transformados en xistos, os granitos anatexíticos e as migmatitas.

Todo este conxunto foi atravesado máis tarde por poderosas intrusións de rochas magmáticas de orixe máis profunda como granitos novos e gabros e, máis recentemente, filóns e diques moi variados.

Logo, no decorrer do tempo, foron quedando ó descoberto, asegún xa indicamos, hastra presentar o seu aspeito actual.

2. DESENROLO HISTÓRICO DO COÑECIMENTO XEOLÓXICO DA GALIZA

O coñecimento que actualmente temos da xeoloxía galega é debido somentes a un pequeno número de investigadores e tamén, poidéramos decir, a unhas cantas publicacións.

É verdade que si tencionamos axuntal-a bibliografía xeolóxica referente a Galiza, atopamos grande cantidade de traballos. Sin dúbida, moitos deles representan importantes contribucións ó coñecimento xeolóxico ou petrolóxico de Galiza. Non embargante, o que arele ter unha idea sobre a historia do desenrolo da nosa xeoloxía non precisa consultar máis que as obras fundamentás de Guillermo Schulz (1835), José de Valenzuela Ozores (1854), José Macpherson (1881, 1883 e 1900), Charles Barrois (1882), Primitivo Hernández Sampelayo (1922) e Walter Carlé (1945). Os traballos destes investigadores son, como veremos, fundamentás.

Hai outros traballos pubricados, tamén de grande importancia, como os de A. Casares (1850), F. Quiroga (1893), Cueto e Irimo (1910), S. Calderón (1910), Cueto e Rui-Díaz (1926), San Miguel de la Cámara (1936), Sobrino Buhigas (1916), E. Hernández Pacheco (1932), G. Martín Cardoso (1931), F. Hernández Pacheco (1949). A maoria dos demáis constituien contribucións de máis ou menos valencia sobre diversos puntos; pro outros son somentes resumens ou descripcións nos que se repiten datos de anteriores investigadores, especialmente de Guillerno Schulz, aportando raramente algún dato útil.

A DESCRIPCIÓN DE G. SCHULZ

O ano de 1834 é o do nadal da xeoloxía galega. Neste ano ficóu rematada en Ribadéu a primeira "Descripción geognóstica de Galicia" que debemos ó gran xeólogo e insigne home de ciencia Guillermo Schulz.

Naquela época a xeoloxía científica escomenzaba a dar seus primeiros pasos en Europa. Aínda non existía unha doutriña xeralmente aceptada, aínda era todo sinxelos intentos de explicación dos feitos xeolóxicos que se encomenzaban a interpretar con datos tomados sobor do terreo. Os profesores de xeoloxía alemáns, ingleses e franceses achábanse en plena discusión creadora. Dunha banda as teorías neptunistas de Abraham Werner (1749-1817), profesor da Escola de Minas de Freiberg, na Saxonia, que consideraba o granito como una rocha sedimentaria primitiva; doutra as doutriñas revolucionarias do gran xeólogo inglés James Huton (1725-1815) que defendían a orixe ígnea das rochas graníticas.

Esta xigantesca polémica, que aínda, podemos decir, subsiste nos nosos días, mais xa moi elaborada, nos anos en que Guillermo Schulz recorría todolos currunchos de Galiza, cabaleiro no seu faco, atopábase precisamente no seu punto de máis forte diverxencia. Guillermo Schulz (e no referente ós datos da súa vida seguimos ó seu biógrafo P. Hernández Sam-

pelayo), nacéu nunhas minas de carbón próximas a Hessen-Cassel, na Alemaña, no ano 1800. Seu pai era inspector de minas e mandóu o fillo a estudiar xeoloxía na Universidade de Gotinga. Doado é, pois, comprender que a súa formación xeolóxica era compreta e estaba ben penetrado das teorías wernerianas e da discusión que suscitaron.

Apenas rematados os seus estudos superiores, e cando somentes contaba os vintecinco anos, foi a Hespaña chamado por unha compañía mineira anglo-española. A súa preparación e o seu valor como xeólogo foi logo decatado polo Director Xeneral de Minas D. Fausto Elhuyar, o fundador do Seminario de Vergara e descubridor do wolframio, quen, despóis de encarregarlle un viaxe de estudos por Alemaña, en 1830, encomendoulle o estudo xeolóxico de Galiza con residencia en Ribadéu como Inspector de Minas de Galiza e Asturias. O seu adicamento ó traballo foi tal que no ano 1834 pubricaba o "Mapa petrográfico del Reino de Galicia" que aínda hoxe é o unico mapa xeolóxico que temos de toda Galiza. Un ano máis tarde, no 1835, aparecía a "Descripción geognóstica del Reino de Galicia", traballo este que, apesar das súas 52 pequenas páxinas, pódese considerar a obra máis compreta que hastra agora temos sobor da xeoloxía galega. Foi rematada en Ribadéu no mes de maio de 1834.

É indudabel que estes traballos de Schulz xa fai moito tempo que ficaron anticuados maila verdade é que, no seu conxunto, aínda non foron superados. Asín podemos decir que Galiza, que era a mediados do século XIX unha das terras de Europa mellor coñecidas xeolóxicamente, pasóu a ser no século XX a terra peor estudiada no seu conxunto. Verdade é que fixéronse importantes progresos, que debemos principalmente, como veremos, a Macpherson, Barrois, Hernández Sampelayo e Carlé, pro, con todo, non temos hoxe unha carta xeolóxica que teña a actualidade que tiña no seu tempo o mapa de Schulz.

Como levamos dito, Schulz percorréu toda Galiza e recolléu tantos datos e tan precisos que inda hoxe asombran. Dende que a súa obra quedóu rematada, sábese que Galiza está formada por rochas antigas nas que predomiñan o granito na parte occidental e os xistos na parte ourental.

O seu mapa, que tidoa petrográfico, é tamén un mapa xeolóxico e un mapa tectónico pois nel áchanse indicacións de direccións ou rumbos e inclinacións ou buzamentos das rochas de orixen sedimentario.

Distingue os seguintes terreos:

1º - *Terreo primitivo,* no que separa, con diferentes signos: granito; gneis; itacolumita, cuarcita; micacita, talcocita; pizarra; rochas cloritosas; anfibolito, diorito; serpentina; eurito e pórfido; filóns de mármol; lousa negra.

2º - *Terreos de transición* nos que distingue: pizarra e lousa; cuarcita; granvaka; caliza e mármol.

3º - *Terreo secundario,* cicáis, dice, terciario, no que separa margas irisadas e margas areosas.

4º - *Terreo terciario*, con arxilas e areas.
5º - *Terreo diluvial*, con pelouros e arxila; e lavadeiros antigos.
6º - *Terreos de aluvión*, con guixo, cascaxo, area e turba.
7º - *Terreos semivolcánicos* nos que sinala un filón de basalto e crestóns de seixo.

Pra cada unha destas formacións xeolóxicas emprega diferentes signos e coloracións. É lástima que nos exemprares que hoxe se conservan estes coores están xa esvaídos.

Aínda sendo verdade que moitas destas denominacións e os conceptos que coelas se queren expresar xa ficaron anticuados, é facil enxergar que a precisa distribución, por toda a superficie de Galiza, desta serie de rochas faga do mapa de Schulz unha obra monumental pró seu tempo e que aínda hoxe teña grande valencia.

Mais si o mapa é unha obra admirable, a "descripción" que o acompaña sorprende tanto pola súa precisión como pola forma concisa en que está redactado. Pódese decir que nela non sobra nada. Cun método sorprendente pró seu tempo informa detalladamente sobor de todolos lugares e bisbarras por onde se extenden os granitos e demáis rochas eruptivas en todalas súas variedades petrográficas. O mesmo fai prás outras formacións xeolóxicas de orixe sedimentaria e que denomina, seguindo a Werner, terreos de transición, asín como prós terreos máis recentes.

De todos eles recolle as mostras cas que forma dúas coleccións moi compretas e ben crasificadas que aínda hoxe pódense ver, unha no Muséu do Instituto Xeolóxico de Hespaña, en Madride, e outra que ficóu en Galiza, no Distrito Mineiro da Cruña.

Esta derradeira ben puidera constituir o nucleo dun Muséu de Xeoloxía de Galiza que aínda estamos a agardar.

AS MEMORIAS DE A. DE VALENZUELA OZORES

Despóis de pubricados os seus traballos sobre Galiza, Schulz adicóu a súa laboura a desentranar a xeografía e a xeoloxía do Reino de Asturias. Durante moitos anos ninguén se ocupa da xeoloxía galega.

Na Universidade de Sant-Iago comenza a dar os seus gromos o esprito analítico do seculo XIX. Xurden daquela homes de gran valer que constituien unha escola de grandes naturalistas adicados con entusiasmo á investigación da Terra que os veu nacer. Entre eles destáncase, con singular perfil: D. Antonio Casares, químico eminente, que adica cáseque toda a súa vida ó estudo dos minerás e das augas mineiro-medicinás de Galiza, pubricando detallados estudos e análisis sobre os devanditos temas que aínda hoxe poden ser consultados con proveito; D. Victor López Seoane, gran naturalista especializado na zooloxía galega, pro que pubricóu unha reseña xeolóxica de Galiza na que atópanse algúns datos orixinás sobre certas bisbarras como as do Ferrol e Pontesdeume; D. Casiano de Prado,

xeólogo eminente e inxeñeiro de minas, galego ilustre que caracterizóu as faunas fósiles do paleozoico de Cantabria, nos límites entre Galiza e León. Mais no que se refire á xeoloxía descriptiva de Galiza, destácase D. Antonio de Valenzuela y Ozores, profesor de Historia Natural, Agricultura e Física e Química do Instituto de Pontevedra. Valenzuela, xuntamente con Casares, López Seoane, Casiano de Prado, con Fontán, o gran xeógrafo, con Rodríguez, o esgrevio matemático e mineraloxista, con Varela de Montes, o gran fisiólogo, e outros, forman o núcleo de galegos ilustres, progresistas, de mediados do seculo dazanove que, aínda que de forma espallada, se adicaron con todalas súas forzas ó estudo da súa Terra prá que arelaban unha rápida incorporación das ideas de progreso que xurdían por Europa sufincadas na investigación e interpretación obxetiva da natureza.

Por elo, polo seu esprito aberto a todalas novas ideas, non sempre foron ben comprendidos polos do seu tempo, entre os que formaban unha selecta minoría.

Moitos deles foron autodidactas pois si coñecían as novas doutriñas que se espallaban por Europa, endexamáis escoitaron mestres ben preparados nin tiveron contacto directo con profesores européus. Entre éstes áchase Valenzuela.

Era Valenzuela descendente dunha familia antiga de fidalgos e militares; seu pai era maorazgo e teniente coronel, seu abó materno auditor de guerra e xusticia maor de Sant-Iago e eiquí nacéu o 25 de novembro de 1819. Estudióu primeiramente a carreira de dereito en Sant-Iago e en Madride. Foi durante algúns anos (1838 a 1840) militar distinguido nas guerras civís, sendo nombrado no 1839 subteniente da bandeira do reximento de Monterrei, obtendo a licencia absoluta no 1840. En 1843 recibe o doutorado en xurisprudencia na Universidade de Sant-Iago, sendo nomeado sustituto de 5º ano de 1843 a o 1845.

Adícase despóis ó estudo das ciencias naturás e en 1846 foi nomeado previa oposición, prá rexencia da cátedra de historia natural na Facultade de Filosofía da Universidade Compostelán. En 1851 ocupa a rexencia da cátedra de Física e Química, e pasa logo a ser catedrático de ciencias naturás e agricultura do Instituto de Pontevedra. Os vinte derradeiros anos da súa vida adícaos por enteiro ó estudo da xeoloxía e agricultura da provincia de Pontevedra.

A formación autodidáctica deste gran home de ciencia contrasta ca ben alicerzada que poseía Guillermo Schulz.

Xa dende pequeno sintéu unha grande inquedanza científica que, despóis de ser xa doutor, orientouse de xeito preferente pola xeoloxía e os estudos agronómicos.

Percorréu minuciosamente todalas terras galegas, mais de modo especial a provincia de Pontevedra cuia xeoloxía, xeomorfoloxía e características agrícolas chegóu a coñecer mellor do que ninguén.

Froito do seu constante traballo son as varias memorias pubricadas, entre elas unha premiada pola Real Academia de Ciencias de Madride, no ano 1855, "Memoria Geognóstico Agrícola sobre la Provincia de Pontevedra" e outra, premiada en 1865 pola Diputación de Pontevedra, "Memoria Agronómica o Consideraciones sobre el mejoramiento forestal, pratícola y pecuario de la Provincia de Pontevedra".

En 1855, ou sexa ós vinte anos de pubricado o traballo de Schulz, xa era patente o atraso en que se atopaba Galiza no que se refire ós estudos xeolóxicos.

Este atraso foi expresado por Valenzuela na introducción á súa "Memoria Geognóstica" cando di que o que o movéu a escribir sobre temas xeolóxicos era o desexo de encher, por parte do seu país, o vacío en que se achaba Hespaña en relación cos estudos xeolóxicos de Europa.

Está, pois, ben craro que Valenzuela decatábase de que o traballo de Schulz, cuia exactitude de observación recoñece, tiña quedado anticuado ó trunfaren as concepcións dos xeólogos ingleses Huton e Murchison sobor das teorías máis simplistas de Werner. Era evidente que a crasificación de terreos de transición empregada por Schulz xa era cousa pasada.

Valenzuela, que tiña na súa biblioteca as obras máis modernas dos principás xeólogos européus do seu tempo, percorréu a pé durante máis de cinco anos, de 1849 a 1854, todalas comarcas, montes e vales do S. W. de Galiza tomando datos sobre o terreo e recollendo mostras das súas rochas e minerás. Mais debido a que nesta parte de Galiza non se atopan terreos paleozoicos fosilíferos, non puido expresare o defeuto que presentía no mapa de Schulz.

Ó igual que na descripción de Schulz, chama a atención do leutor das Memorias de Valenzuela a súa grande precisión descriptiva, e, si ben é verdade que os seus escritos áchanse influenciados pola forma grandilocuente da súa época, non se exprica que poidesen ser calificados de incoherentes como o fixo algúns anos máis tarde un ilustre xeólogo hespañol ó facel-a descripción do mapa xeolóxico de Hespaña,

Seu esprito analítico lévao incluso a discutir os problemas tectónicos máis importantes; e asín, p. ex. ó tratare do paso do río Ulla polo gran corte de San Xoán da Cova, rechaza con fundamento científico as ideas que supoñen a existencia dun lago no curso superior do río, e tamén, a súa pretendida formación debida á man do home, e afirma que debe ter a súa orixe nunha acción puramente xeolóxica catastrófica, ou, como decimos hoxe, tectónica.

Valenzuela confirma, de maneira categórica, que os terreos dominantes no S. W. de Galiza son os granitos, os gneises e os xistos e determiña con precisión as zonas da súa distribución, asín como aquelas que se achan ocupadas polas rochas básicas ou terreos piroides, como el as nomea seguindo ideas do seu tempo. Describe a súa distribución de forma tan exacta

e de tal maneira que aínda hoxe pode servir mellor do que ningunha outra pra rectificar o mapa xeolóxico da provincia de Pontevedra.

É lastima que non acompañase a súa Memoria dun mapa xeolóxico. Elo foi quizáis debido á súa interpretación como terreos xeolóxicos representables no mapa, das formacións aluviales que recobren grandes extensións das terras galegas constituindo os terreos laborables. Mais este pequeno defeuto non mingoa o mérito fundamental do seu grande traballo.

Froito da súa constante inquedanza científica foron as coleccións de rochas e minerás de Galiza que formóu no Instituto de Pontevedra e que presentóu na exposición xeneral galega en 1859, onde lle concederon o primeiro premio.

Pubricóu aínda outras memorias interesantes sobre climatoloxía, cultivo de froitales, etc., e, en 1862, unha moi documentada "Memoria estadística sobre la Provincia de Pontevedra y el censo de 1860", na que debemos admirar seu grande coñecimento dos problemas que plantea a estadística sobre o desenrolo económico do país.

Cómprenos, pois, o deber de erguer en forma destacada a figura de este insigne home de ciencia galego que permanecéu durante todo un século cáseque esquencido dos seus sucesores, os xeólogos de Galiza e de Hespaña. Mais compre asemade decir que Valenzuela foi, ó mesmo tempo, un bó xeógrafo e un entusiasta edafólogo precursor. As súas descripcións xeográficas son aínda de grande valor, e seus estudos sobor da composición das terras de cultivo son tan compretas e detalladas que, por se adiantar moitos anos a outros estudos análogos, debemos consideralo como o primeiro edafólogo galego.

Inventóu un aparato chamado o "Diadirimetro", pra medir a permeabilidade dos terreos do agro galego. E os seus puntos de vista sobor do concepto de crasificación das terras de labor adiantáronse máis de vinte anos ós que entón corrían en Europa. Consideraba o chan como unha cousa viva no que influían por igual as rochas subiacentes, o clima e a vida nil existente, ou sexa o concepto que anos máis tarde, en 1883, introduxo na edafoloxía o gran mestre ruso Dokoutchaev, ou sexa que o chan non é unha creación agrícola sinón que constitui un ente natural independente da actividade humá mais que pode ser mellorado por axeitados tratamentos.

Foi un dos que por primeira vez sentiron a necesidade da creación dunha escola de agricultura en Galiza e presentóu unha exposición ben razoada solicitándoa do goberno no ano 1857, escola que anos máis tarde foi creada en Pontevedra pero á que non souperon darlle os seus dirixentes a orientación que Valenzuela deixara marcada.

Non hai dúbida algunha que si as ideas de Valenzuela tiveran seguidores en Galiza outro sería nestora o nivel productor do noso agro.

Morréu en Pontevedra o 23 de febreiro de ano 1866, ós 46 anos de vida intensamente creadora, víctima do seu gran altruismo, ó tratar de axudar e aliviar ós doentes da epidemia de vexigas de Sanxenxo.

No seu honor publicouse en 1867 unha "Corona Fúnebre" polos seus amigos, compañeiros e admiradores.

AS SÍNTESIS DE JOSE MACPHERSON

Ca morte de Valenzuela (1866) péchase a época heroica da historia da xeoloxía galega.

Dende este momento os xeólogos que percorren a nosa Terra teñen un aire novo, siguen un eficaz método analítico, empregando meios científicos de investigación; os seus estudos xa non son somentes descripcións das estructuras xeolóxicas que observan nos seus viaxes e excursións polo chan galego. Dende agora fan observacións e axuntan datos que analizan coidadosamente pra deducir as síntesis que os abranguen. Recollen mostras que logo estudian no laboratorio, utilizando os novísimos métodos que a ciencia puña nas súas mans.

Entre estes métodos destácase pola súa grande transcendencia o emprego do microscopio polarizante, de particular siñificación no estudo das rochas cristaliñas, facéndose, deste xeito, posible a súa crasificación seguindo normas fácilmente controlables e universalmente aceptadas.

Non embargante, despóis da morte de Valenzuela pasan moitos anos sin que poidamos rexistrar un xeólogo que estea ó nivel del ou de Schulz polo entusiasmo e o valor da súa obra.

No ano 1881 pubrícase en Madride un pequeno traballo "Apuntes petrográficos de Galicia". Seu autor é José Macpherson, grande petrógrafo e xeólogo hespañol que enche a segunda mitade de século XIX no referinte á investigación xeolóxica da Península Ibérica.

Pouco se coñece do decorrer dos primeiros anos de Macpherson. Súa nai, Dª Josefa Hemas Martí, de distinta familia gaditana, morréu no intre do fillo nacer, en Cádiz, o día 15 de xulio de 1839. Seu pai, escocés afincado en Cádiz, coidóu da mingoada saúde do neno que non deprendéu a lér hastra despóis de cumpridos os nove anos. Estudióu en Xibraltar e en Cádiz, pasando logo, por dúas vegadas, a París onde completóu a súa instrucción en matemáticas e ciencias físicas e naturás. Estudióu na Sorbona aquelas discipriñas que máis lle atraguían, especialmente mineraloxía, xeoloxía e analisis químico, con Daubrée, Meunier e Pisani, e voltóu a Hespaña disposto a empregal-os seus coñecimentos no escrarecimento da estructura xeolóxica da súa patria.

Pra elo dispuña dunha nova arma, o microscopio polarizante. El foi o primeiro que o empregóu en Hespaña e podemos decir que Galiza foi unha das terras preferidas polas súas investigacións petrográficas.

Esprito ceibe, endexamáis estivo avencellado a unha orgaización estatal. Non tiña tídoo oficial algún, nin foi profesor de ningunha universidade; non embargante, é considerado hoxe como o mestre de todolos xeólogos peninsuares que lle sucederon.

Seu campo de estudo foi toda a península ibérica. Pubricóu importantes traballos sobre a petrografía e xeoloxía de Andalucía, Basconia, Castela, Portugal e Galiza. Fixo agudos análisis estructurás que resumiu ó final da súa vida, en 1901, nunha síntesis tidoada "Ensayo de historia evolutiva de la Península Ibérica". Macpherson constitui durante moitos anos o punto de arrinque de todolos estudos xeolóxicos peninsuares. Nel se inspiraron S. Calderón, F. Quiroga, E. Hernández Pacheco, L. Fernández Navarro, todos profesores da Universidade de Madride. Súas ideas sobor da estructura da Peninsua Ibérica foron aceptadas polo gran xeólogo austriaco Sues na grande síntesis universal "Das Antlitz der Erde".

Como di o seu principal biógrafo, o Prof. E. Hernández Pacheco, Macpherson foi un dos creadores da micrografía petrográfica, xuntamente con Rosenbusch, Zirkel, Michel Levy e outros poucos. As súas concepcións oroxénicas estaban á outura das de Sues, Dana, Heim, etc., todos seus amigos. Foi o primeiro xeólogo internacional que tivo Hespaña.

No vran do ano 1879, Macpherson fixo un longo viaxe por toda a Galiza occidental, recollendo rochas cristaliñas pró seu estudo micrográfico. Pouco sabemos do camiño que percorréu, pro parez que entróu por Ribadéu e siguiu por Foz, Viveiro, o Barqueiro, Ortigueira, a serra Faladoira, a serra da Capelada, Moeche, Xubia e o Ferrol, de onde pasóu a Sant-Iago, cuios arredores percorréu. Vai logo a Pontevedra e esculca as trincheiras do ferrocarril a Vigo que entón andaban a construir; pasa por Carril, Pontevedra, Redondela e chega hastra Vigo, dende onde fai moitas excursións. De todos eses lugares recolle mostras de rochas e volta pra Madride con todo o seu importante cargamento. El mesmo fai as preparacións en lámina delgada, estúdiaas ó microscopio e compáraas cas rochas recollidas por Schulz en 1834, depositadas dende entón nos arquivos da Comisión do Mapa Xeolóxico, en Madride. Ó pubrical-os resultados, di que as rochas recollidas son todas dun outo intrés, xa polas súas características, xa por proceder dunha rexión que, petrográficamente considerada, apresenta grande importancia.

Esta primeira pubricación petrográfica sobor de Galiza (1881) foi recibida co meirande intrés polos petrógrafos européus. Asín H. Rosenbusch, o gran petrógrafo alemán, o de máis sona do mundo, fai dela un longo resume no "Neues Jahrbuch für Mineralogie", en 1882, e califícaa de importante descripción petrográfica das formacións arcaicas de Galiza. Dende entón as rochas galegas son coñecidas de todos, e súas descripcións veñen nos principás tratados de petrografía alemáns e ingleses; entre elas, as serpentinas de Santa Marta de Ortigueira, o doelo de Moeche, as anfibolitas granatíferas da Serra da Capelada, os gneises granatíferos de Xubia, e sobre todo, pola súa importancia e rareza, o gneis de glaucofan de Vigo.

As descripcións de Macpherson son perfectas, precisas e pormenorizadas. Outra vez na historia da xeoloxía, Galiza está ó nivel européu.

Nos anos seguintes, Macpherson non folga, e no 1886 pubrica a "Descripción petrográfica de los minerales arcaicos de Galicia" que remata o estudo emprendido en 1881. Estudia nel unha gran variedade de rochas cristaliñas que pertencen, asegún él, á devandita formación arcaica e que abrangue todo o occidente de Galiza. Destácanse pola súa importancia, entre outras rochas, os gneises de Redondela, de Vigo, de Sant-Iago, de Carril, de Cariño, do Barqueiro e da Capelada; as anfibolitas de Mera, da Serra da Capelada, nas súas variedades ecloxíticas, piroxénicas e micáceas; a granulita piroxénica de Pezobres (Melide); as serpentinas de Santa Marta de Ortigueira, Arzúa, Melide e Campo Marzo; as peridotitas de Moeche e Cariño; a lherzolita de Cariño con olivino, dialaga, enstatita e picotita; a wehrlita de Moeche con olivino e dialaga; a micacita con turmalina de Requeixo; as estaurolíticas de Ortigueira; e a moi rica en apatito e rutilo de Foz; as cuarcitas feldespáticas de Fazouro e Sargadelos; as granatíferas de Cedeira; e as cloritocitas de Redondela. E derradeiramente, dándose conta da súa grande siñificación petrolóxica, remata o estudo petrográfico do importantísimo gneis de glaucofan de Vigo. En fin, pódese decir que, no aspecto petrográfico, Galiza está xa descoberta e agora somentes faltan os estudos de detalle.

Maila inxente laboura de Macpherson non está aínda esgotada. Axuntando todolos seus traballos sobre as rochas cristaliñas peninsuares, pubrica un estudo de conxunto que tidoa "Sucesión estratigráfica de los Terrenos Arcaicos de España", o cual constitui unha síntesis dos seus puntos de vista sobor da disposición estratigráfica e tectónica destes terreos.

Ó teimarmos de analizare estes puntos de vista deben terse en conta as ideas domiñantes na época en que Macpherson traballaba. Entón considerábase indiscutibre que as rochas metamórficas formaban excrusivamente o grande sistema arcaico, ou sexa o conxunto de terreos máis antergos que se coñecían, anteriores ó cambrián. Dentro deste sistema arcaico admitíase un orde de abaixo a enriba, que Macpherson consideraba formado eiquí, en Galiza, por gneises glandulares que constituían o tramo inferior; gneises micáceos e micacitas de Villalba, ou sexa o tramo medio; talcocitas, e cloritocitas, ou sexa o tramo superior. Estes puntos de vista xa hoxe se non poden soster. Aceptando aquelas ideas, Macpherson fai unha síntesis da estratigrafía do occidente de Galiza que aínda que contén importantísimos datos de gran valor, precisa unha pormenorizada revisión.

Ó peneirarmos hoxe, con esprito crítico, a obra de Macpherson, debemos dexergar ben as súas observacións de campo e as súas hipótesis estratigráficas, e teimar de aproveitar as primeiras pra adaptalas ós puntos de vista actuás.

Enxergada desta maneira a obra de Macpherson perdurará como a meirande contribución que hastra hoxe tense feito pró estudo da petrografía de Galiza.

Macpherson vivía en Madride, donde tiña na súa casa un verdadeiro muséu de petrografía. Alí estaban ben crasificadas todalas rochas por él recollidas na súas xeiras por todalas terras peninsuares. A colección de rochas galegas era, sin dúbida, a máis compreta e mellor estudiada de todalas formadas deica hoxe, cada pedra tiña a súa indicación de orixe e de crasificación, e estaba acompañada da preparación micrográfica correspondente feita polas máns do mesmo Macpherson. Atopábanse todas ordeadamente colocadas en bandexas dentro dun armario feito adrede.

Ó morrer Macpherson, o 11 de outono de 1902, deixóu por testamento todalas súas coleccións, e tamén a súa importantísima biblioteca, á "Institución Libre de Enseñanza" pois foi sempre un gran amigo do seu fundador, o ilustre pedagogo Don Francisco Giner de los Ríos. Alí ficaron depositadas, formando o muséu e laboratorio de Macpherson, hastra o ano 1939 en que, despóis de rematada a guerra civil, foron destruidas por unha inespricabre incomprensión dos grandes valores patrios.

Desta maneira perdéu a ciencia xeolóxica hespañola, e tamén de modo indirecto a nosa Galiza, un dos legados máis importantes que recibiran.

OS ESTUDOS DE CH. BARROIS

Cáxeque ó mesmo tempo que Macpherson pubricaba o seu primeiro traballo sobor da petrografía da Galiza, presentábase na "Société Géologique du Nord", de Lille, unha Memoria xeolóxica que tiña pra Galiza grande importancia. Seu autor era Charles Barrois, e o seu tídoo "Recherches sur les terrains anciens des Asturies et de la Galice". Foi pubricada no ano 1882 en Lille, tiña 630 páxinas e iba acompañada dun atlas con 20 planchas. Este traballo chamóu fondamente a atención en todolos medios xeolóxicos européus pola súa outura científica e crara exposición dos feitos observados.

Cando Ch. Barrois veu a Galiza aínda era un mozo de 25 anos que apenas rematara os seus estudos de xeoloxía. Corría o ano 1877, a súa inquedanza por conocel-a fauna primordial, que o insine xeólogo galego Casiano de Prado viña de descobrir nos montes cantábricos, levouno a maxinar un axeitado estudo sobor do terreo. Barrois mesmo o expresa sinxelamente cando di: "Os montes cantábricos parecíanme unha terra de promisión e que aínda conservaban unha grande parte do segredo da súa historia".

E foi asín como, ó comenzare o devandito ano, Barrois viaxa hastra as Asturias e a Galiza na espranza, di el mesmo, dalí facer algunha descoberta xeolóxica.

Os chamados terreos de transición con que Schulz tiña crasificado o gran complexo paleozoico galego, xa facía moito tempo que demandaban un estudo máis de acordo cos novos tempos e cos novos métodos nos que a xeoloxía se desenrolaba.

E ista grande lagoa viña a enchela Barrois somentes cunha rápida visita polas terras de Lugo (pois Barrois non visitóu nin o occidente nin o mediodía galegos) na que non fixo nada máis que un itinerario ben elexido.

Parez que entróu por Ribadéu, pasando por Mondoñedo e Villalba; dalí vai a Lugo, e regresa a Asturias por Castroverde e Fonsagrada.

O viaxe é curto pro ben elexido e aproveitado. El mesmo di que non puido dispor de máis tempo pra conocel-a Galiza, e pra recorrela co coidado que exixía tan interesante país.

Bó conocedor dos traballos anteriores de Schulz e Macpherson, di que as súas observacións sobor da parte nordourental de Galiza tratarán de completare o estudo das formacións antigas feito por eles. Asín na petrografía adicarase a describire as micacitas de Villalba e o granito de biotita que chama de Lugo, ou sexa a gran intrusión de granito eruptivo situada entre Lugo e Castroverde. E na parte estratigráfica describirá os terreos arcaico, cambrián e silurián do N. L. galego, no límite cas Asturias, facendo por primeira vegada a súa caracterización.

Mais este sinxelo programa, lévao a comprimento dunha maneira maxistral.

O estudo que fixo do granito de biotita de Lugo aínda fica hoxe como modelo de estudo petrográfico. Ocúpase da súa extensión, do modo de descomposición, e das súas variacións mineralóxicas. Fai logo un pormenorizado estudo das accións de metamorfismo de contacto que o granito exerce sobor dos sedimentos arxilosos antre os que fai intrusión, precisando as diferentes zonas da aureola de contacto ca formación de xistos mosqueados, maclíferos e micacitos, asegún se van aproximando ó granito. E, finalmente, fai consideracións sobor da época probable na que a intrusión granítica aconteceu. Neste estudo todolos métodos empregados teñen hoxe aínda actualidade, e as conclusións fican sendo valedeiras.

Esto non é estrano si se pensa que os grandes mestres franceses F. Fouqué e A. Michel-Levy, os dous creadores da ciencia petrográfica, contaron a Barrois entre os seus mellores discípulos.

Unha das razóns do éxito do traballo de Barrois foi o método empregado na recolleita de datos. Neste aspecto era, sin dúbida, tremendamente minucioso: no mesmo terreo apuntaba todalas informacións que lle suxería a observación detida das formacións xeolóxicas. Medía direccións e buzamentos e os cortes xeolóxicos que levantóu en todolos seus percorridos teñen grande exactitude, o que lle permitiu unha interpretación moi axeitada da estructura oroxénica.

Levaba sempre un cabalo no que carregaba todalas mostras das rochas que iba atopando. E unha vez quéixase de non poder precisar unhas descripcións debido a que tivo que abandoar a cárrega pola morte do faco.

Os seus cortes xeolóxicos foron os primeiros que se levantaron a escala, en Galiza; anque Valenzuela e Macpherson os empregaran denantes, nono

fixeron ca precisión e xeneralidade de Barrois. Estes cortes aínda son hoxe os máis compretos e mellores que temos desta parte de Galiza.

O gran valimento da obra de Barrois finca na crasificación metódica que realizóu dos terreos primitivos e de transición de Schulz. Pra crasifical-os primeiros, aprica a Galiza as ideias domiñantes e introduz o termo de micaxistos de Villalba pra desiñar o nivel medio do arcaico, e sitúa no superior os cloritoxistos e talcoxistos; mais ouserva que en ambas divisións encóntranse capas interstratificadas de gneises e de anfibolitas granatíferas cuia posición non comprende, o que o leva a recoñecer e mañifestar a grande oscuridade que aínda existe sobor do xeito de formación destas rochas.

Admite como cambriáns as capas de filadios que en Gontán, entre Villalba e Mondoñedo, suceden ós xistos cloritosos de Abadín, e asín crasifica como perteñecendo ó cambrián o gran conxunto de rochas que se extenden por Mondoñedo a Ribadéu e dende Castroverde hastra a serra das Pedras Apañadas, máis ó L. de Fonsagrada. Dentro deste gran conxunto determiña unhas bandas de xistos fosilíferos que crasifica como silúricos, e que pasan por Cabedo e por Fontoira ocupando as posicións sinclinás dos pregamentos.

Pra facer estas crasificacións recolle os fósiles que atopa e os determina con gran precisión.

Afirma que as camadas destes terreos cambrián e silurián atópanse en absoluta concordancia cas formacións primitivas subiacentes sin que se poida observar nin dislocación, nin movimentos do chan, nin modificacións litolíxicas bruscas.

Esta afirmación, en contra dos puntos de vista de Macpherson, aínda hoxe permañece en pé.

En realidade, este problema de si as rochas fortemente metamorfizadas do occidente da Galiza son precambriáns ou si deben incruirse nos períodos cambrián ou silurián aínda está por decidir.

Barrois pasa logo ás Asturias, onde desenrola unha grande laboura de determiñación dos niveles estratigráficos nos sistemas silurián, devonián e carbonífero. É, pois, nas Asturias onde Barrois, como Schulz, fixeron súa meirande laboura.

Seu paso por Galiza foi rápido pro de gran importancia pró escrarecimento da nosa xeoloxía.

A OBRA DE P. HERNÁNDEZ SAMPELAYO

Despóis dos maxistrales traballos de Macpherson e de Barrois, outra vegada atópase unha época na que é moi pequena a actividade dos estudos xeolóxicos en Galiza.

Chegamos, asín, ós primeiros anos deste século, en que vai destiñado ás minas de ferro de Ribadéu un inxenieiro de minas e entusiasta xeólogo,

que logo adicará o meirande esforzo da súa vida ó estudo das formacións paleozoicas galegas.

Don Primitivo Hernández Sampelayo nacera en Madride o 27 de novembre de 1880. Despóis de estudiar na Escola de Minas de Madride onde se recibe de inxenieiro de minas en 1904, e dunha curta estancia en Almadén onde, como di o seu biógrafo A. Marín, enfréntase por primeira vegada cos antigos terreos siluriáns, pasa destiñado a Vilaodrid, preto de Ribadéu. Nesta vila galega pasa Sampelayo os mellores anos da súa vida, dende 1906 a 1915, sempre adicado ó traballo xeolóxico; alí nacen seus fillòs e alí síntese compenetrado ca nosa Terra que tan fondamente chega a coñecer.

Seus primeiros traballos sobor da xeoloxía da costa cantábrica de Lugo, pubricados os anos 1913 e 1915 no "Boletín do Instituto Geológico de España", ábrenlle as portas deste centro de estudos xeolóxicos, pasando logo a vivir a Madride, mais sin endexamáis esquecer o estudo xa escomenzado da xeoloxía do cambrián e do silurián de Galiza e as súas íntimas relacións cos importantes xacimentos de ferro, a principal riqueza mineira de Galiza.

Os problemas que estes estudos plantean son sempre ben comprendidos por Sampelayo, e asín no ano 1922 pubrica o primeiro tomo da súa obra maxistral "Los Hierros de Galicia", seguido en 1931 do segundo tomo, e en 1935 do terceiro. Nesta obra monumental, de máis de 1800 páxinas, se contén o traballo de moitos anos de percorrel-as serras e camiños da Galiza pizarrosa, como él lle chama, en oposición ca Galiza cristaliña ou occidental.

Sampelayo é, sin dúbida, o mellor coñecedor desta Galiza ourental na que os terreos paleozoicos, cambrián e silurián, adequiren tan intenso desenrolo. A súa grande complexidade foi sempre ben interpetade por Sampelayo.

O resume de todalas súas observacións sobor destes terreos é, cicáis, o máis importante da obra de Sampelayo, ou sexa a "Rectificación del Mapa Geológico de Galicia", pubricada en 1922 conxuntamente co primeiro tomo de "Los Hierros de Galicia". Neste mapa, a escala 1: 400.000, tómase como base o pubricado por Schulz en 1834, mais faise unha modificación de outa transcendencia na parte ourental, sustituindo os terreos de transición polos terreos cambrián e silurián, e dividindo este derradeiro nos dous pisos superior e inferior.

Pra facer esta rectificación, Sampelayo percorre con gran detalle as compricadas serras que testan a Galiza cas Asturias, e levanta numerosos cortes xeolóxicos que revelan o seu grande coñecimento da tectónica do país galego.

Ademáis de bó xeólogo, Sampelayo é un moi completo paleontólogo, sin dúbida o mellor coñecedor da fauna y flora paleozoicas. A el se deben numerosos descubrimentos de fósiles característicos destes terreos nos que

tan escasamente se atopan. Desta maneira, súas crasificacións están sempre baseadas en datos exactos e indiscutibres.

Despóis da obra de Sampelayo, o que resta por facer non é máis que seguir sempre os camiños por él marcados, e precisar a distribución destes terreos paleozoicos nunha laboura de detalle.

Nesta laboura de aportación de novos datos xeolóxicos, pra sempre mellorar o esquema presentado, é o mesmo Sampelayo o primeiro en tomar parte activa; e continúa dándonos a coñecer o froito da súa actividade e inquedanza científica ca pubricación de importantes monografías sobor dos novos fósiles por él atopados nos xistos paleozoicos que tan a fondo coñecé.

AS INVESTIGACIÓNS DE WALTER CARLÉ

A rectificación do mapa xeolóxico de Schulz no que se refire ó occidente galego quedaba aínda por facer pois, como xa vimos, os traballos de Sampelayo refírense somente ó paleozoico ourental.

No segundo tercio deste século, na que podemos chamar época actual da historia da xeoloxía galega, adequiren grande importancia os estudos sobor das formacións cristaliñas, de granitos e xistos que tan amprio desenrolo teñen no occidente e no sul da Galiza.

Esta importancia é debida á actualidade que adequiriu recentemente o problema da xénesis das rochas graníticas e metamórficas.

Profesores e doutores de varias universidades hespañolas e europeas percorren Galiza buscando puntos de apoio pra afirmal-as teorías que sustentan as escolas en que militan. Asín, nos derradeiros anos, visitaron o noso país, pra estudiar algún problema da súa xeoloxía, entre outros, os profesores G. Martín Cardoso e F. Hernández Pacheco, de Madride, M. Denaeyer de Bruxelles, C. Teixeira de Lisboa, L. U. de Sitter de Leiden, W. P. de Roever de Amsterdam, etc.; mais entre todos eles destácase a inxente laboura do Dr. Walter Carlé de quen compre que nos ocupemos con máis detalle.

O Dr. Walter Carlé nacéu en Stuttgart o 23 de San Xoán do 1912. Despóis de se diplomar como xeólogo, e tendo apenas 25 anos, vén a Galiza disposto a facer a cartografía xeolóxica de toda a terra galega. O tema formaba parte do programa que os profesores alemáns H. Stille e F. Lotze viñan desenrolando sobor da cartografía de toda a Península Ibérica. O Dr. Carlé viña de rematar os seus estudos de xeoloxía cos devanditos profesores.

Polos anos 1938 e 1940 percorréu toda a nosa Terra, e principalmente as zonas occidentás e meridional, recollendo datos e facendo numerosas observacións. Mais denantes de ter rematado o seu traballo tivo que voltar a Alemaña; elo impideulle facer a cartografía das terras de Lugo e de Ourense, que somentes percorréu pólas principás estradas sin poder arrecadar mostras nin fósiles.

Ó chegare a Alemaña pubrica varias notas sobre problemas locás da xeoloxía galega e no ano 1945 sorpréndenos ca pubricación dun traballo resume de todalas súas observacións e que tidoa "Ergebnisse geologischer Untersuchungen im Grundgebirge von Galicien". Nas 32 páxinas que abrangue áchanse ben resumidas as súas ideias sobor da estructura xeolóxica do occidente galego; dase, ademáis, unha interpretación do importante mapa xeotectónico da Galiza occidental, en escala 1: 800.000, froito do seu traballo. Aínda que este mapa é de escada tan pequena, contén unha chea de novos datos, constituindo a aportación máis importante que se tén feito na xeoloxía da Galiza occidental desde os xa lonxanos tempos de Schulz.

Na opinión de Carlé, a edade precambrián, aceptada polos anteriores xeólogos para gran parte das rochas cristaliñas galegas, debe ser posta en dúbida; ademáis, os granitos e gneises galegos corresponden, asegún el, a diferentes fases da oroxenia hercinián, ou sexa que non admite granitos ou gneises preherciniáns.

Recoñece, de acordo con Macpherson, Barrois e Sampelayo, unha estructura isoclinal do pregamento; mais, en contra deles, pensa que este pregamento aconteceu na súa totalidade durante a fase astúrica da oroxenia hercinián.

Estes puntos de vista de Carlé non poden considerarse como defiñitivamente acadados e, por elo, coidamos aínda mester unha compreta revisión da cartografía xeolóxica galega denantes de poder obter unha ideia ou representación axeitada da estructura dos terreos paleozoicos e cristaliños da Galiza.

Despóis dos traballos de Carlé, albíscase craramente que a interpretación da tectónica galega non é cousa doada.

O QUE QUEDA POR FACER

Quen trate de sintetizare ou, mellor, de representare nun mapa de escada axeitada os coñecimentos xeolóxicos que sobor das diferentes formacións nos deixaron os devanditos xeólogos que percorreron a Galiza, en especial de P. H. Sampelayo no ourente, e W. Carlé no occidente, non hai dúbida que lograría obter unha representación aproximada da xeoloxía galega.

Nembargante, a precisión que desta maneira acadaríamos quedaría ben, somentes, nun mapa de pequena escada: 1:500.000, por exemplo. Si pretendemos facer unha cartografía xeolóxica a maor escada, atoparémonos con grandes dificultades. Axiña nos decataríamos de que son precisas investigacións máis detalladas sobor do terreo.

Pra realizalas, disponse hoxe na Galiza do xurdio mapa topográfico de escada 1: 50.000 feito polo "Instituto Geográfico de España", divi-

dido en follas de tamaño axeitado aproximado de 54 × 37 cms., con curvas de nivel de 20 en 20 metros.

Este mapa é dunha exactitude dabondo pra facer un levantamento xeolóxico axeitado ás necesidades máis urxentes que precisa o rápido progreso da nosa Galiza.

É verdade que este levantamento xa está hoxe iniciado polo "Instituto Geológico de España"; mais como tén que atender a esta laboura por toda Hespaña, pra facel-as 80 follas de Galiza poden ben pasar uns 60 anos si se continúa ó ritmo actual. Doutra banda non se poderá facer este traballo si non se dispón dun muséu xeolóxico de Galiza con edificio propio e axeitado pra gardar as coleccións das principales rochas e minerás da nosa Terra.

Esta laboura tense escomenzado no Laboratorio Xeolóxico de Laxe, onde se traballa con entusiasmo; mais este traballo non pode levarse a bon fin somentes co esferzo particular. Hai que pensar na creación do Muséu Xeolóxico de Galiza, axuntando os esforzos de todolos bos galegos. Este muséu debería dispor, ademáis das coleccións e mapas xeolóxicos, de laboratorio químico, petrográfico, e xeomorfolóxico, e debía estar en Sant-Iago por sel-o centro cultural e xeográfico de Galiza. O seu principal obxeto sería colaborar co "Instituto Geológico de España" pra dar o meirande pulo á súa laboura de levantal-o mapa xeolóxico de Galiza a escada 1: 50.000.

As investigacións xeolóxicas que con este obxeto se farían, poderían axiña contribuir ó coñecimento práctico e teórico da xeoloxía galega.

O programa destas investigacións tiña que fondamentarse nun esquema xeral e amprio do desenrolo xeolóxico das terras galegas. Pra facer este esquema con garantía son precisas aínda moitas e ben pranteadas investigacións tanto sobor do terreo como no laboratorio.

Non embargante, imos intentar un ensaio prelimiar de síntesis xeolóxica que trate de abranguer os máis importantes feitos que coñecemos, moitos deles aínda non pubricados.

3. ESQUEMA DA HISTORIA XEOLÓXICA DE GALIZA

Pra nós, e indudabel que xa denantes da oroxenia huronián existían terras secas, con outas serras, cicáis con rochas graníticas de cuia erosión formáronse os grandes sedimentos do algonkián.

Partindo deste suposto, podemos esquematizar da seguinte forma a historia xeolóxica da Galiza.

1.- *Oroxenia huronián* (de 1.200 millons de anos ata 800).

a) Formación de sedimentos precambriáns dos que aínda temos grandes extensións metamorfizadas e pinzadas polo posterior complexo de granitos e gneises, no occidente galego. Constitúiese desta maneira un extenso xeosinclinal de época probablemente neoalgonkián.

b) Dá comenzo a oroxenia huronián co pregamento do devandito xeosinclinal, ocupando as partes anticlinás podentes masas de granitos sincinemáticos, hoxe gneises glandulares de biotita, atravesados por leptinitas (ex. a banda de gneises dende Malpica a Vigo).

c) Continúa a oroxenia con imbricación do devandito pregamento e intrusión de numerosos filóns de rochas básicas. Hoxe anfibolitas e ecloxitas que atravesan os gneises glandulares anteriores.

d) Intrusións serodias, postoroxénicas de granitos discordantes, en relación cas estructuras antergas. Hoxe granitos de grá gordo con disiunzón en bolas, algo orientados e deformados cataclasticamente (ex. granito de Beizana, en Zas).

e) Intrusión anoroxénica interestratificada de rochas básicas. Hoxe ecloxitas, piroxenitas e anfibolitas granatíferas e formación de gneises de anfiboes alcalinos (ex. as grandes extensións destas rochas intercaladas nos gneises glandulares e esquistos de xeosinclinal neoalgonkián, dende Baíñas a Mazaricos).

f) Rematada a oroxenia huronián, o conxunto faise ríxido, fractúrase, probablemente por influencia dos movimentos caledoniáns.

g) Movimentos epeiroxénicos dos bloques formados con cabeceo probablemente de edade caledonián (fai 350 millóns de anos). Desta maneira exprícanse as alternantes orientacións e buzamentos en zonas relativamente próximas, no complexo denantes descrito.

2.- *Oroxenia hercinián* (de 250 a 200 millóns de anos).

a) Durante a última época sinalada, na que se suceden os grandes períodos do cambrián e do silurián, tén lugar unha intensísima erosión e sedimentación sobor dos bloques afundidos. Grande parte desta cobertura fica hoxe desmanteleda no occidente galego. O futuro xeosinclinal hercinián comenzóu a se formar superposto ó neoalgonkián englobando nel seus residuos.

b) Comenza a oronexia hercinián co pregamento do conxunto anterior. Pregamento de gran potenza con meirandes cabalgaduras que deixan intensas marcas na infraestructura e que hoxe son aínda perceptibles

na intensa milonitización dos granitos sincinemáticos e principás desta oroxenia, tan extendidos por toda Galiza, formando os granitos gneisicos de dúas micas milomíticas, e anataxíticos, así como os granitos de dúas micas pouco orientados.

c) O fondo dos sinclinorios deste gran xeosinclinal hercinián pregado, está ocupado aínda por sedimentos moi metamorfizados correspondentes á antiga oroxenia e todo este conxunto foi atravesado neste momento por extensas intrusións de masas granítico-dioríticas metasomatizadas no fondo migmatítico do xeosinclinal, ca dixestión de grandes partes e bloques, orixinando as actuás rochas de afinidade trondhjemítica, concordantes e intrusivas, tan características do occidente galego. Estas intrusións deben clasificarse, pois como sin-oroxénicas serodias (ex. as dioritas biotitas de Baio, Negreira, etc.).

d) Ó final da oroxenia teñen lugar meirandes intrusións graníticas discordantes que enchen todo o ámbito galego atravesando grande parte das formacións existentes. Estes granitos, de dúas micas ou de biotita, destacan na paixaxe prá súa disiunción en bolas e sin ningunha ou pouco marcada ourentación dos seus elementos (ex. gran parte dos granitos de Pontevedra, Ourense e Lugo e algún dos da Cruña).

e) Xa en fase cuasi-anoroxénica fan intrusión grandes masas de rochas básicas que ocupan hoxe gran zona da Galiza, na que poidemos dexergar gabros olivínicos, peridotitas, piroxenitas e súas transformacións en anfibolitas e serpentinas. Estas rochas constituien un xigantesco lopolito que abrangue un longo circo dende o cabo Ortegal polas terras de Moeche, Tieira, Sobrado, Melide, o Ulla, Sant-Iago e Bergantiños, deica perdérese no mar.

f) Denantes e despóis da anterior intrusión lopolítica teñen lugar potentes intrusións de pórfidos graníticos e cuarcíferos, alén de aplitas que penetran por amplias fisuras e fallas do conxunto ríxido que estase formando (ex. aplitos da Cruña, pórfidos de Cruz de Cabral etc.).

3. - *Oroxenia Alpina.*

a) Rematada que foi a oroxenia hercinián, teñen lugar durante todo o final do mesozoico intensas fracturacións de todo o conxunto do bloque galego agora xa en estado cratónico, asegún fallas e liñas de fractura antigas, agora reavivadas, e que son ocupadas por magmas básicos como porfiritas, basaltos, etc., e ácidos como granitos, felsitas e cuarzos mineralizados por accións pneumatolíticas e que probablemente son reflexos dos pregamentos larámicos.

b) Xa durante o cenozoico teñen lugar intensos movimentos epeiroxénicos que desnivelan o grande penichán en que se alcontraba transformada toda Galiza. Este afondamento e levantamento dos diferentes bloques formados e a erosión subseguinte dá orixen ó aspecto

montanoso actual da Galiza. Nesta época, e como consecuencia destes movimentos, orixínanse as rías da costa occidental e as da costa norde. Seu estudo pormenorizado pode, sin dúbida, dar comprida conta da variedade da configuración que hoxe presenta a terra galega. A traveso das fosas formadas xurden grandes emisións de gases e vapores que caolinizan os granitos e orixinan as numerosas fontes termás aínda existentes.

Este esquema é, sin dúbida, moi pouco preciso mais representa un resume do noso actual coñecimento e, ó mesmo tempo, pode servir pra enroitar as novas investigacións xeolóxicas da nosa Terra. A grandes rasgos, esa é a historia xeolóxica da Galiza. Mais craramente se enxerga que aínda é moitísimo o que fica por facer. Como dixemos ó comenzo, compren aínda moitas e ben pranteadas investigacións.

Dende fai xa algúns anos, está adicado a esta tarefa un pequeno grupo de xeólogos. No Laboratorio Xeolóxico de Laxe, na beiramar atrántica fisterrán, a máis de 60 km. da Cruña e de Sant-Iago, axuntan os seus esforzos eses homes que, espallados por Galiza, traballan intensamente pesia os mingoados meios de que dispoñen. Alí acoden tamén, no vran, profesores de xeoloxía de moitos países européus.

Xeografía fito-zoolóxica

POR LUIS IGLESIAS IGLESIAS

O crima de Galiza, en xeral temprado e húmido, vai ben pró desenvolvimento da flora propia deste ambiente nun chan cáseque todo de natureza granítica ou gneísica e de pouca profundidade, ben que dabondo pra que nel enraícen as prantas, sendo rarísimos os logares onde non hai un tapiz vexetal continuo herbáceo, arbustivo ou arbóreo. En relación coísto desenvólvese a fauna fitófaga, que encontra ahí o seu mantenemento, e a zoófaga que se mantén a custa dela.

En conxunto, pódese decir que Galiza é moi rica en especies vexetás e animás, dándolle moito que facer a botánicos e a zoólogos.

Tocantes á distribución das especies vexetás, non é doado limital-as súas zonas dunha maneira precisa xa que, salvo raras esceicións, atópanse cáseque as mesmas na zona costeira que no interior, o que non debe chamal-a atención pola uniformidade do seu chan e polas pequenas variacións do seu clima dunhas ás outras. Somente en lugares moi outos pódese atopar tal cal especie que lle dá un aire particular, pro non por iso deixa de haber outras moitas que se atopan en todas partes. Así, por exemplo, antre as herbas, as Gencianáceas *Erythraea maritima*, que vive nos prados de beiramar, atópase tamén en Cervantes, na parte máis ourental da provincia de Lugo, e *Erythraea portensis*, tamén costeira, encóntrase asimesmo moito mais ó interior, perto de Mondoñedo. A Ambrosiácea *Xanthium spinosum*, dende a illa de Ons, na ría de Pontevedra, espállase hastra Cortegada, na provincia de Ourense. A Ciperácea *Scirpus Holoschoenus*, unha xunca, vai dende a ría de Viveiro hastra San Ciodio, ou sexa, dende o norde, na beiramar, hastra o sul, no interior da provincia de Lugo.

Unha cousa semellante pódese decir das formas albóreas como o castiñeiro, *Castanea vulgaris*, e o carballo, *Quercus pedunculata*, que van dende a beira do mar hastra as estribacións da Serra dos Picos de Ancares, no límite da provincia de Lugo con Asturias e León, e o piñeiro bravo, *Pinus pinaster (Pinus maritimus)*, espállase dende o mar hastra o sul da provincia de Ourense.

E no que toca ás arbustivas, xeneralizadas a toda Galiza, podemos nomear as uces, as xestas, os codesos, os toxos que cobren grandes espa-

cios de monte baixo. As primeiras forman unha primorosa coberta continua que na primaveira tórnase dunha belida coor mourada ou roxiza polas mestas froriñas das carpazas ou carrouchas, *Erica cinerea* e *Erica umbellata*, e no vran, no outono e no inverno vólvese de coor verde máis ou menos escura, ou dan logar a bastas uceiras, dun metro ou dous de outo polas uces, *Erica arborea* e *Erica australis*, cas súas froriñas brancas. Unhas e outras espállanse dende a zona mariñán, como na chan que vai dende o monte da Madroa, por riba de San Salvador de Teis, do Concello de Vigo, hastra o Coto do Corno e o Castro de Negros, enriba de Redondela, pasando antre as parroquias de San Fausto de Chapela, San Vicente de Trasmañó, Cedeira, Caaveiro e San Esteban de Negros, hastra os outos montes do Caurel e dos Picos de Ancares, na provincia de Lugo, e de San Mamede, Imbernadeiro e Queixa na de Ourense.

As xestas ou piornos, *Sarothamnus scoparius, S. purgans, S. Welwitschi*, dan orixen a outas e mestas xesteiras en Caaveiro e polas beiras dos ríos Eume e Langüelle, na provincia da Cruña; en Trives, Serra de San Mamede e Queixa, en Ourense; e nas valgadas dos montes de Lóuzara, Louzarela, Caurel, Incio e Ancares, de Lugo.

Os codesos e carqueixas, *Adenocarpus commutatus, A. complicatus, Pterospartium cantabricum, P. tridentatus*, en moutas isoladas ou cobrindo grandes estensións, e os toxos, *Ulex europaeus*, toxo arnal ou albar, *Ulex nanus*, toxo gateño, *Ulex galli, U. Lusitanicus, U. opistolepis*, etc., atópanse por todas partes tanto na beiramar coma no interior, dándolle á paisaxe, na primaveira, unha belideza cromática marelo-dourada. Às veces interponse a coor marela das frores do toxo ou chorimas antre a mourada das carrouchas en contrastes de gran beleza.

Neses toxales, uceiras e xesteiras fan seus tobos os coellos, *Oryctolagus cuniculus algirus*, os teixugos ou porco-teixos, *Meles meles marianensis*, os raposos ou golpes, *Vulpes vulpes silaceus*, escóndese polo día o lobo, *Canis lupus*, os porcos bravos, *Sus scropha*, e as perdices, *Alectoris rufa hispanica*, por case toda a Galiza, e nas partes outas como nos montes do Imbernadeiro, e nos da Canda de Río Caldo xunto a Mata Real do Xerés, na provincia de Ourense, nos de Samos e nos Ancares da de Lugo, os corzos, *Capreolus capreolus canus*. Ó pé dunha mata de toxo ou de carqueixa ou codeso fai a súa cama a lebre, *Lepus granatensis gallaecius*. Nos montes rasos, cobertos de carrouchas, carpazas, *Cistus hirsutus*, e toxo gateño fan o niño as labercas, *Alauda calandra, A. arvensis*, e polas beiras dos camiños destes montes as cotovías, *Alauda cristata*. Escarabellos, volvoretas, saltamontes, abellóns, abesoiros, formigas, grilos, cabalos do demo, etc., corren e voan polas terras cobertas por estas prantas, e lagartos, *Lacerta viridis, L. ocellata*, cobras, *Coelopeltis monspessulanus*, sapos, *Alytes obstetricans*, etc., forman parte do mundo animal destes paraxes, sin podérselle dar unha repartición especial por zonas pois, máis ou menos, atópanse por toda Galiza. Eu teño collido moitas especies de

inseitos na beiramar e nas máis outas montanas do interior: por exemplo, a fermosa volvoreta *Papilio machaon*, que se ve esvoazar sobre as matas de *Pancratium maritimun* nas dunas de Alcabre en Vigo, atópase tamén en Pena de Tres Obispos, e en Pena Rubia dos Picos de Ancares, cáseque a dous mil metros de altitude.

O mesmo poderíase decir doutra chea de animalias das máis difrentes agrupacións zoolóxicas, xa que Galiza é, en xeral, moi uniforme na súa fauna e na súa flora e a división que se fai moitas veces de tramo ou zona do piñeiro marítimo, tramo do castiro, tramo do carballo e tramo do enebro, non teñen verdadeira realidade, pois, tirando o derradeiro, *Juniperus nana*, que somentes se encontra nas partes máis outas dos Ancares coma Piornedo, Mustalar, Boquiña do Capudre, Pena de Tres Obispos e Pena Rubia, todolos outros espállanse dende a beiramar hastra o interior.

Xa se sabe que hai unhas certas asociacións ecolóxicas en consoancia con pequenas variacións do chan e incruso baixo o infruxo do microclima, pro non fan variar a paisaxe xeral da Galiza dende o aspeito botánico ou zoolóxico, e das variacións somente se dá conta o botánico ou o zoólogo polo predominio distas ou daquelas especies.

Prá miña maneira de ver, a xeografía fito-zoolóxica de Galiza pódese espoñer da maneira seguinte. As formacións de albres máis importantes son piñeirales, soutos e carballeiras. Os piñeirales con piñeiro bravo, *Pinus pinaster (P. maritima)*, coma especie domiñante, máis ou menos mesturado con algún piñeiro carrasco, *Pinus silvestris*, e na rexión mariñán e meia tal cal piñeiro manso, *Pinus pinea*, cobren, ás veces, moitos kilómetros cadrados, nas ladeiras dos montes e nas cumes dende a rexión mariñán hastra o interior, hoxe notabremente arrequecidos pola repoboación forestal que, escomenzada en Pontevedra, na peninsua de Morrazo, antre as rías de Vigo e Pontevedra, por D. Daniel de la Sota, con gran puxanza e agarimo, espallouse ás outras provincias, convertindo montes denantes escalvados en espréndidos piñeirales. Por baixo destes piñeiros medran herbas, matas de toxo, carpazas, *Cistus hirsutus, C. salviefolius, C. albidus*, fentas, *Pteris aquilina*, etc.

Antre eles viven coellos, *Orictolagus cuniculus algirus*, teixugos, *Meles meles marianensis*, raposos, *Vulpes vulpes silaceus*, lobos, *Canis lupus signatus*. Se hai penedos con fendas pra se ascondere, gatos bravos, *Felis sylvestris*, garduñas, *Mustela foina*, martaruxos, *Martes martes*, touróns, *Putorius putorius aureolus*, doniñas, *Multela nivalis*, ourizos cacheiros, *Erinaceus europaeus*, e outros moitos máis.

Nas ponlas dos piñeiros fan seus niños o vichelocrego ou oriolo, *Oriolus oriolus oriolus*, pendurado duns fíos, e os pombos, *Columba palumbus*, e as rulas, *Turtur turtur*, e os gaios ou pegas marzas, *Garrulus glandarius glandarius*, e as pegas ou rabilongas, *Pica pica melanotos*, e os corvos, *Corvus corone corone*, e os tordos, *Turdus pilaris*, e os gaviláns,

Accipiter nisus nisus, e os queimas ou tartarañas, *Buteo buteo buteo*, etc.; e furando os troncos fanos os rinchóns e petapáus, *Picus viridis pinetorum* e *P. martius*, e os pitorreises, *Dryobates maior hispanus*. Ou vense rubir por eles os rubideiros, *Certhia familiaris*, percurando os vermes e inseitos debaixo das súas cascas. Ou séntese polo día, na primaveira, o canto do cuco, *Cuculus canorus canorus*, ese paxaro que tanta xente coñece de ouvidas, polo seu canto, pro que moi poucos coñecen de vista, pois é moi caristioso de ver, e que tén a ben coñecida particularidade de non facer niño: as femias poñen os seus ovos nos niños doutros paxariños pra que istes críen os seus fillos aforrándose diste xeito o traballo de chocal-os ovos e de mantel-os poliños; ou polas noites de primaveira ou de vran o da noitebrega, *Caprimulgus europaeus*, ou o dos mouchos, *Strix aluco aluco* e *Athene noctua vidali*, ós que se engaden o dos sapos, *Bufo vulgaris* e *Alytes obstetricans*, e o dos ralos, *Gryllotalpa vulgaris*.

O piñeiral dá á paisaxe unha característica especial que se percebe non soio polos ollos senón tamén polos ouvidos. Son conxuntos de albres outos, lanzales, verdescentes, que cáseque se tocan uns cos outros polas súas ponlas dando logares sombrizos no vran, pro de sombra quente. Animados polos cantos dos paxaros e dos outros seus mouradores na primaveira e no vran, quedánse silandeiros nos derradeiros meses de outono e no inverno, e cando sopra o vento zoan rumorosamente. Son os rumorosos que cantóu o noso poeta de Ponteceso. O seu chan cóbrese entón cas súas follas aciculadas, pico, picazo ou frouma, que os aldeáns recollen pra queimar nas súas lareiras ou nos seus fornos. A súa madeira úsase en carpinteiría e pra queimar; os seus froitos, piñas, son, tamén, un bo combustibre.

Os soutos, conxuntos de castiñeiros, vense tamén na Galiza mariñán, na meia e na montana, pro a súa presenza vai disminuindo, infelizmente, de día en día pola peste que neles produz o fungo parásito *Blepharospora cambivora:* é o "mal da tinta", que os mata e fai a súa madeira inútil prá carpinteiría.

O souto é unha asociación arbórea inconfundibre. Os castiros, *Castanea vulgaris*, de grandes troncos, con fortes ponlas dan unha copa arredondada que, coberta de follas na primaveira e no vran, dannos unha sombra fresca coma ningún outro albre a dá. Debaixo deles medran moitas herbas e matas, xestas, toxos, fentas, e nos sitios máis sombrizos as xilbarbeiras ou xilbardas, *Ruscus aculeatus*, e aínda, ás veces, sementan debaixo deles centeo que se dá bastante ben si os albres non están moi xuntos. Nestes soutos viven moitas das alimarias que dixemos ó falar dos piñeirales, pro hai algunhas que os prefiren como as poupas ou bubelas, *Upupa epops*, e o malviz, *Turdus musicus*. Drento dos seus troncos, xa moi vellos, viven moitas especies de inseitos que son xilófagos na fase de verme, coma escornabois ou vacalouras, *Lucanus cervus*, lucánido; os cerambícidos *Cerambis cerdo*, *Cerambis scopoli*, *Prionus coriarius*, e ou-

tros máis desta e doutras familias. Tamén furan as súas ponlas un pouco murchas os petapáus e os pitorreises, pra facer seus niños.

O castiro é un albre de moita importancia económica. A súa madeira non tén par en carpinteiría e ebanistería; os seus froitos, castañas, que se crían drento dos ourizos, son empregadas como alimento humán e tamén pra cebal-os porcos dándolles a súa carne moi bo saibo. Das súas ponlas novas, que groman das cachopas, vergas ou vergalizas, fanse culeiros, gueipos e canizos. É boa pena que non se atope un remedio verdadeiramente eficaz pra lle curar o "mal da tinta", pois estamos ameazados de perder os poucos que nos quedan.

A carballeira é o conxunto de carballos. A especie máis abondosa é o carballo propiamente dito, *Quercus pedunculata*, que cobre gandes estensións nas rexións meia e de montana chegando ós outos vales da Serra dos Ancares, do Imbernadeiro e de Queixa. Na rexión mariñán e meia atópase, soilo ou mesturado co anterior, o carballo cerquiño ou cerqueiro, *Quercus toza*, e nalgúns sitios tal cual sobreiro, *Quercus suber*.

O carballo é, pró meu gosto, o albre que mellor lle vai á paisaxe galega. Forte, rexo, valente e sofrido acomódase en calquer parte. En chans que cáseque non teñen terra mete as súas raices por antre as fendeduras dos penedos e vive alí anos e anos, facéndose centenario, milenario. Os seus vellísimos troncos carcomestos polas larvas ou vermes xilófagos dos escornabois e doutros moitos inseitos apresentan grandes ocos onde fan seus niños os mouchos reales, *Sirnium aluco*, e onde crían os furatoxos ou gatos de algalia, *Genetta genetta rhodanica*, e na Serra dos Ancares, único sitio de Galiza onde se atopan, os esquivios ou ardillas, *Sciurus vulgaris numantius*. Ás veces, estes ocos son tan compridos que pódese acoller da chuvia drento deles un home. O tronco non tén máis que unha pequena zona de madeira viva e aínda groman del ponlas que dan, de tempo en tempo, unha boa decota.

As carballeiras atópanse unhas veces nas ladeiras dos montes, outras nos outeiros, outras nas valgadas. Ás veces, nos logares fríos, cólgalle das ponlas e do tronco o líquen "barba de capuchino", *Usnea barbata*, coma longas barbas de vello.

Debaixo delas medran ben toxos e xestas e fentas e herbas. Cobertos de follas na primaveira, no vran e nos comenzos do outono, dan unha boa sombra. No inverno, as súas ponlas ispidas, tortas, aturan moi ben os ventos e as xiadas. No outono e no inverno, en logares húmidos, viven debaixo délas as arceas ou galiñolas, *Scolopax rusticola rusticola*. A súa madeira é boa e úsase algo en carpinteiría e en ebanistería, pro é mala de traballar. No que máis se usa é pra facer pipas, que son moi boas e conservan moi ben o viño. Das súas ponlas novas fanse os arcos destas pipas. Os seus froitos, landras, dánselle a xantar ós porcos.

As partes do territorio galego que non están cobertos por alboredas forma campos, hortas e terras de pan levar que o home coltiva con gran

variedade de prantas: centeo e patacas nas partes outas; millo, centeo, trigo e patacas nas máis baixas; viña nas ribeiras; frutás de moitas crases en todas elas: maceiras de mazáns tabardillas, de pel de sapo, camoesas, tres en cunca, pedorellas, de cano largo, repinaldos; pereiras de peras urracas, donguindo, manteiga, barburiñas, verdilongas; figueiras de figos ou de brevas; cereixos e guindos; pexegueiros de pexegos abrideiros e durasnos; pavíos, peladillos, claudieiros, nespereiras, laranxeiros, limoeiros, etc. Nestas terras labrantías, nestas hortas, nestes campos, nestes eixidos viven e crían unha chea de paxariños: xílgaros, *Carduelis carduelis,* pimpíns, *Fringilla coelebs,* siríns, *Serinus canaria serinus,* verderóns, *Chloris chloris,* pardáus, *Passer domesticus,* ferreiriños, *Parus ater, P. major,* lavandeiras, *Motacilla alba, M. flava, M. sulfurea,* escribidores, *Emberiza cirlus, E. citrinella,* papamoscas, *Muscicapa atricapilla, M. collaris,* merlos, *Turdus merula,* estorniños, *Sturnus vulgaris, S. unicolor,* reiseñores, *Luscinia megarhyncha,* paporroxos, piscos ou peifoques, *Erithacus rubecula,* chascos, *Pratrincola rubetra, P. rubicula,* carrizos, *Troglodytes troglodytes,* papudas, virafollas e papuxas, *Sylvia curruca, S. orphea, S. hortensis,* moreiras, *Sylvia atricapilla,* e outros moitos máis.

Atópanse tamén ratos de campo, *Mus minutus, Arvicola rutilus, Arv. arvalis, Arv. subterranea,* teipas ou toupas, *Talpa europaea,* musarañas, *Sorex araneus,* e lagartos, *Lacertilia muralis,* e cobras, *Tropidonotus viperinus, Trop. natrix, Rhinechis scalaris, Coluber Aesculapii, Coronella austriaca,* víboras, *Vipera latastei, Vip. Seoanei, Vip. berus,* os únicos animás verdadeiramente pezoñentos que hai en Galiza, sapos, *Bufo vulgaris, Alytes obstetricans,* píntegas, *Salamandra maculosa,* e unha incalculabre variedade de inseitos, escarabellos, gorgullos, maruxiñas, volvoretas, saltagráus, abellas, abellóns, abesoiros, moscas, moscóns, mosquitos, cadelas de frade, ralos, preguizas, etc.

Afastando uns campos doutros hai sebes compostas principalmente por silvas, *Rubus Sampaianus, R. incurvatus, R. dumnoniensis, R. bifrons, R. ulmifolius, R. Merinoi,* e moitísimas especies máis, e silvas macho, *Rosa Gallica, R. pimpinellifolia, R. villosa, R. sepium, R. canina,* antre as que medran salgueiros, *Salix cinerea,* sabugueiros ou bieiteiros, *Sambucus nigra,* e prantas apolantes, coma cabrinfollas, *Callystegia sepium,* e madresilvas ou herbas salgueiras, *Lonicera periclymenum,* e dulcamaras, *Solanum dulcamara,* e nabos caíños ou nabos deus, *Bryonia dioica.*

Tamén nos valados que estreman as propiedades hai silveiras e máis hedras, *Hedera helix,* e fenteiras, *Polypodium vulgare,* e nos logares sombrizos e con moita humidade cervuas, cervoas, herbas douradas ou lenguas de cervo, *Scolopendrium officinale,* e dentabrús, *Osmunda regalis.* Naquelas sebes e nos buratos destes valados fan os seus niños os merlos e os piscos ou peifoques ou paporrubios, e os carrizos, e as picagrexas ou pegas rebordas, *Lanius collurio, L. senator,* e as páxaras pardas, *Prunella modularis,* e moitos máis.

Polas beiras dos regatos e dos ríos, mesturados con herbas e silveiras, fentas, fenteiras, fentas femia, *Asplenium filix femina,* e fentas macho, *Polystichum filix mas,* atópanse albres que gostan destes logares lenturentos coma aveleiras, *Coryllus avellana,* bieiteiros, ameneiros ou amieiros, *Alnus glutinosa,* de boa madeira pra facer chancas, negrillos, *Ulmus campestris,* pedrairos, *Acer pseudoplatanus,* salgueiros, etc., en pés isolados ou en fatos máis ou menos numerosos. Nestes matos escuros, sombrizos fai seu niño o paporrubio·real, *Pyrrhula pyrrhula,* e o tordo, *Turdus musicus,* e xa en logares máis secos e raiosos vense outros albres coma álamos brancos, *Populus alba,* álamos negros, *Populus nigra,* bidos ou bidueiros, *Betula verrucosa,* freixos, *Fraxinus excelsior* e *Fr. angustifolia,* dos que se fan eixes de carro, loureiros, *Laurus nobilis,* etc.

Tamén hai na Galiza brañas, tremedales ou lagoíñas, tanto na rexión da beiramar, coma na meia e na montana. Antre as primeiras, figuran as Lagoíñas de Caaveiro que van dende o monte Vixiador, por riba de Chapela hastra preto do Coto do Corno e do Castros de Negros por riba de Redondela, e as do Grove, na provincia de Pontevedra; as do Freixo e o Esteiro preto de Noia, e as da praia da Frouseira, preto de Valdoviño, na da Cruña. Antre as segundas, as brañas de Brins, na estrada que vai de Sant-Iago a Santa Comba, as do Langüelle na confruencia do río Langüelle co Tambre, en Sigüeiro e as de Sobrado dos Monxes, todas na provincia da Cruña. E antre as terceiras, as da Lagoa Antela, en Xinzo da Limia, as da Serra de Queixa, antre o Cachón do Figueiro e Cabeza de Manzaneda e as da Canda de Río Caldo na provincia de Ourense.

En todas elas hai unha flora e unha fauna especial, propia destas terras enchoupadas de auga ou asolagadas. Polo que respeita á primeira hai, en primeiro logar, moitos brións, principalmente do xénero *Sphagnum* e tamén dos *Mnium, Hypnum,* etc., que dan logar, cos seus restos descompostos, a formal-a turba. Estas turbeiras son unhas veces asolagadas, coma nas Brañas de Brins e do Langüelle, ou son aloutadas, coma na Serra de Queixa e na Canda do Río Caldo. Vexetan tamén nelas moitas prantas herbáceas e arbustivas coma xuncos, *Juncus scuarrosus, J. supinus, J. efusus,* etc., xuncas, *Cyperus longus, Scirpus fluitans, Eriophorum angustifolium,* algunhas carrouchas ou carpazas propias de terras moi húmidas, coma *Erica ciliaris, E. scoparia,* o orballo de sol, *Drosera rotundifolia, D. intermedia,* e moitas outras máis que axudan, cos seus restos levedados, a formar turba.

A fauna destas brañas está formada por lontras, *Lutra lutra,* auganeiros, *Arvicola amphibius,* polas de auga, *Gallinula chloropus chloropus,* galiñas de auga, *Fulica atra atra,* rascón de auga, *Rallus aquaticus aquaticus,* avetouro, *Botaurus stellaris stellaris,* garzas, *Ardea cinerea cinerea,* aguanetas, *Capella gallinago gallinago, C. media, Lymnocryptes minutus,* parrulos, *Anas platyrhynca platyrhynca, A. crecca crecca, A. querque-*

dula, Spatula clypeata, Nyroca fuligula fuligula, gansos, *Anser fabalis fabalis, A. cinereus, Branta leucopsis*, ciños, *Cygnus cygnus*, merlos de auga, merliáus ou merlos rieiros, *Cinclus cinclus cinclus*, etc. Moitas destas especies non se atopan na nosa Terra máis que no inverno, pois pola primaveira emigran pró norde. Non embargante, algunhas parexas quedan, ás veces, a aniñar aquí. Tamén hai cobras, *Tropidonotus natrix*, ras, *Rana sculenta. R. temporaria*, moitas especies de escarabellos, volvoretas, cabalos do demo, samasugas ou sanguexugas, *Hirudo medicinalis, Hir. troctina*, etc.

E queda, finalmente, a zona de montana da Serra dos Picos de Ancares cunha flora e unha fauna particular polo que respeita a algunhas especies. Craro está que, coma xa dixen denantes, hai moitas que se atopan nas rexións meia e mariñán, pro aquí atopánse en maior número acibos, *Ilex aquifolium*, capudres, *Sorbus aucuparia*, que dan nome a un paso antre a Pena de Tres Obispos e Pena Rubia, Boquiña do Capudre, faias, *Fagus silvatica*, e carballos e castiñeiros, algúns de xigantescas dimensións, dos que van quedando cada vez menos polas cortas bárbaras a que, ás veces, os someten destruindo deste xeito exemprares que nunca máis poderemos ademirar na nosa Terra. Coma especie propia desta rexión somente se pode sinalar o enebro, *Juniperus nana* Willdenow, que pudera ser unha variedade ou unha simples forma alpina do *Juniperus communis L.*, según me dicía o gran botánico portugués Gonzalo Sampaio, cando lle amostréi os exemprares que eu recollera en Mustalar e en Piornedo, e o fento *Allosurus crispus.*

Tamén vin nos Ancares bosques moi mestos de aveleiras onde viven os esquivios coma dixen denantes.

Nas ladeiras desta serra atópanse tamén moitas freiseiras, *Fragaria vesca;* non é esclusiva dalí nin moito menos pro en ningures vin tantas xuntas, cobertas, no tempo, de morotes ou amorillóns moi sabrosos e recendentes, e arandos, *Vaccinium Myrtillus*, cas súas baias negras.

Antre os animás mamíferos propios destas outuras están os rebecos, *Rupicapra rupicapra*, e os esquivios, *Sciurus vulgaris numantius*, que somente eiquí se atopan, e corzos, porcos bravos, lobos, que tamén os hai noutros logares. Ás veces vese algún urso provindo de Asturias.

Das aves, hai que nomear, primeiramente, a pita de monte, *Tetrao urogallus aquitanicus*, espréndido animal escrusivo deste logar, e dempóis as charrelas, *Perdix perdix hispaniensis*, pro estas hainas, tamén, noutros sitios de Galiza.

Etnografía

CULTURA ESPRITUAL

POR VICENTE RISCO

EXPRICADEIRA PREVIA

O estudo da cultura popular é unha discipliña moderna, iniciada polos escritores e pensadores románticos na Alemaña e Inglaterra. Co nome inglés de *folklore* aparez en Hespaña, en 1881, por iniciativa dun galego ilustre, don Manuel Machado y Alvarez, que formóu unha sociedá en Sevilla, da que derivaron todalas demáis. En Galiza formouse outra, en 1883, gracias a Doña Emilia Pardo Bazán, e dela formaron parte Don Xosé Pérez Ballesteros, recolector do noso cancioneiro popular, Don Marcial Valladares, autor do máis consultado dos diccionarios galegos, e outros investigadores amantes da nosa Terra.

O que soen chamar por ahí adiante "folklore", e nós preferimos chamar "cultura popular", designa a un tempo a cultura popular mesma, obxeto do noso estudo, e a discipliña ou ciencia adicada a recollela e estudiala.

Entendemos por cultura popular o conxunto daquelas creencias, coñecencias, ritos, usanzas sociás, métodos de traballo e producciós útiles, literarias e artísticas, que un pobo determiñado posee en común, e que non deprendéu na escola nin nos libros, sinón que os recibéu unha xeneración da outra por tradición, calquera que sexa a camada, clás ou estamento social en que se atopen.

Diste xeito, a cultura popular ven ser propiamente aquelo que soe chamarse tradición, e que o é pola maneira de ser transmitida e pola súa orixe; é máis: a cultura popular é a tradición "viva", e, moitas veces, non somentes a tradición vivente, sinón tamén "operante".

O pobo componse de todalas clases ou castes da sociedá; maila nosa ciencia distingue o propiamente popular, que se soe atopar preferentemente nas camadas inferiores, e máis aínda na xente da aldea, do erudito, que procede do enseño metódico e do saber especializado, así como das creaciós persoás dos homes de ciencia, dos poetas, dos artistas, etc. O primeiro paso é o de se liberar do prexuicio de que as clases que se soen chamar incultas sexan realmente incultas. A xente da aldea, os non estudiados, os analfa-

betos mesmamente, poseen unha cultura non escrita, non escolar, que non é propiamente inferior (sobre todo tocante á súa orixe) sinón antiga, e, por selo, tén valores propios, equivalentes, noutro orde de cousas, ós da nosa cultura moderna, e que a fan dina de ser conservada, polo menos, na lembranza.

A cultura popular está constituída por elementos, deica certo punto, elaborados polo pobo, e por elementos sedimentados do saber erudito de tempos antigos, conservados polo pobo. Componse igualmente de elementos "indíxenas" (enxebres) e de elementos alóxenos "acculturados", ou sexa, incorporados ó que nos é propio. Deiquí vén o seu valor como fonte da historia, por atoparmos nela o que chaman supervivencias de tempos antigos, como si foran verdadeiros fósiles espirituás que o historiador pode estudiar en vivo, porque, a diferencia dos outros fósiles, son materia vivente e actuante.

Tocantes a si o pobo é propiamente creador da súa cultura, hai diferentes maneiras de pensar: uns, como Hoffmann-Krayer, din que o pobo "non produce, sinón que reproduce", querse decir, que repite o que deprende; outros, como Reuschel, aseguran que o feito folklórico non tén expricadeira si non se recoñece ó pobo facultade creadora. O certo semella ser que o que realmente non hai é creación colectiva, como pensaron algús románticos —anque coidamos que, máis que trabucárense, o que pasóu é que foron mal interpretados— sinón creación anónima, ou sexa, que a creación é de cote individual —todos temos coñecido casos de invención literaria e artística aldeá, de homes cuios nomes non son coñecidos— e a xente o que fai é repetir e adonarse das creaciós diles, de maneira que as súas obras, ó cabo dos anos ou dos séculos, chegan a nós sin indicación de autor.

O pobo, asegún as súas tendencias conxénitas, hereditarias, conforme ó seu modo de ser, o que lle aportan, como creación individual, os seus propios fillos, o que recibe do saber erudito, e o que lle vén doutros pobos estranos, dalle a todas esas cousas un xeito seu. A iste fenómeno chaman algús "acculturación". Deiquí que na cultura popular se mañifeste acusadamente o que soemos chamar o típico, e, entre nós, o enxebre, o que singulariza a cada raza, nación, rexión, comarca ou agrupación pequena, por frente ás demáis, e o que a diferencia adentro do círculo e da zona cultural a que pertence. Esta caracterización acúsase máis, tratándose de elementos isolados, na cultura material, que depende, en certa parte, de circunstancias xeográficas —anque non tanto como se tén pensado— e consta de elementos de maor fixeza, que non na cultura espiritual, cuios elementos emigran libremente e nos que a caracterización dáse millor no conxunto que en cousa por cousa.

En todo caso, o estudo da cultura popular constitui unha ciencia de carácter histórico, que, a un tempo, é unha das ciencias auxiliares da historia, e unha discipliña independente. O seu método tén que ser —sin

adscribirnos por esto a ningunha escola— o histórico-cultural. Niste traballo, no que o cadro da cultura popular galega hase presentar como fonte da historia, non se trata de facer un estudo etnolóxico, sinón, como acabamos de decir, un cadro etnográfico que axude dalgún xeito á expricación da nosa historia; non hemos expricar, sinón sinxelamente describir. Mais, así e todo, faranse algunhas indicaciós e alusiós indispensables pra ir encamiñando ó lector na comprensión dos feitos do noso pasado, e, si tanta sorte tivéramos, pra espertar a curiosidá dos que podan ser futuros colabouradores na obra de reconstrucción da nosa vida tradicioal.

Imos encomenzar polos factores que poden determiñar a facies típica da nosa cultura popular.

A TERRA GALEGA

A situación xeográfica

No noso sentir, o determiñante niste aspecto é, diante e por riba de todo, o feito de ser Galiza un *finis terrae.*

Galiza é, efectivamente, un "Fisterre", un confín do ecúmene, un extremo ou cabo do mundo, rigurosamente, do Antigo Mundo, adentrado no mar. O que se teña dado precisamente o nome de "Fisterre" ó seu extremo occidental, e que como tal figura con especial constancia nos mapas e nos tratados xeográficos, é xa un feito revelador. Por outra parte, a tradición popular mesma designa como "cabo do mundo" ás terras veciñas das puntas do extremo norde: cabo Ortegal e Estaca de Bares. Do santuario de San Andrés de Teixido, dí a a copla:

> Fun ó Santo San Andrés,
> aló no cabo do mundo...

O cual quer decir que os galegos mesmos danse conta de viviren nunha terra alonxada. De feito, Galiza queda lonxe dos grandes centros de actividade histórica, fora dos grandes camiños, mesmo, hoxe en día, das grandes roitas aéreas. Cando, por razós espirituás, estivo en relación cun camiño importante, foi sendo término e remate dise camiño, endexamáis lugar de tránsito: a xente viña a Galiza somentes cando era Galiza o obxetivo, tendo pra vir unha intención expresa.

Tal situación xeográfica fixo que as oleadas culturás, partindo dos centros de vida do noso ámpido cultural, chegasen moitas veces a Galiza, si ben non podían pasar alén dela. Os antigos decatáranse desta circunstancia que atopóu a súa expresión simbólica en dous mitos que nos son referidos co gallo da expedición de Décimo Junio Bruto. Primeiramente, atopouse iste co río Limia, o *flumen oblivionis,* que facía perdel-a memoria a quen o traspasase, o que detivo ós seus soldados, cheos de medo a esquecel-a súa patria e as súas propias persoas, obrigando ó Cónsul a unha demostración práctica pra convencelos. Despóis, atopouse ó final do seu viaxe coa barreira, que non podía pasar, do inmenso Atlántico, e víu con terror como o sol poente apagábase ó se afundire nas súas augas, chirrando

como un ferro quente cando o apagan na fragua. Istes mitos expresan a idea dunha terra recuada, perdida no alén, descoñecida e extrana, da que se poden referir todolos prodixios pois é tan lonxana que non se espera que ninguén vaia ver si son certos.

As máis das oleadas culturás que entran en Hespaña, chegan a Galiza, e eiquí, como non é terra de tránsito, demoran e remansan, e déitanse unhas riba das outras como os aluviós nun lago, en camadas sucesivas, que xurden eiquí e acolá atravesando unhas ás outras, máis ou menos aparentes, máis ou menos encubertas; deixan sinás indelebles nas obras materiás e na lembranza das xeneraciós e sobreviven indefiñidamente facéndose

Fig. 1. - Calzada romá na provincia de Ourense.

notar no conxunto da vida unhas veces, outras en detalles que semellan insignificantes, mais que pra un etnólogo ou pra un historiador teñen a mór importancia.

Galiza é, niste senso, un país de privilexio. Os investigadores do pasado teñen aínda a seguranza de atoparen eiquí vivas creencias, costumes, procedimentos, ideas, todo un tesouro cultural que se tén perdido en moitos lados, e, coelo, a solución de problemas capitás que afectan á etnoloxía, á socioloxía, á historia, á psicoloxía dos pobos e á ciencia da cultura.

Tocantes ás outras circunstancias xeográficas, non creendo, máis que dun xeito moi limitado e concreto, no seu determiñismo material, tendo atopado, na mesma Galiza, feitos que contradín as teorías máis espalladas

sobre da súa acción, non trataremos delas. Dende logo, admitimos o influxo dalgunhas: por exemplo, os camiños infuien, naturalmente, no espallamento dos elementos culturás marcando moitas veces a dirección que han levar e onde han chegar; o espallamento da poboación en vales estreitos e fondos axuda á súa conservación.

A circunstancia xeopsíquica

Semella que compre admitir unha acción directa da paisaxe sobre a alma dos homes. Paisaxe siñifica, niste caso, as circunstancias xeográficas como síntesis.

As formas dondas e suaves das nosas montanas, o ceo neboento, a chuvia, o verdor dos nosos campos, teñen sido explotados niste senso hastra chegaren a se convertir en tópicos ineficaces. O ceo neboento e maila chuvia serían os causantes dos máis acusados feitíos do temperamento e do carácter galego. As "brétemas atlánticas" darían vaguedade ó noso pensamento e afondarían o noso sentimentalismo, a nosa reserva, o predomiño da lírica por riba da plástica, a nosa tendencia ó humor, e ó ensoño... A minguada lumiosidade do noso ceo sería a que dése orixe a ises estados de alma chamados *morriña* e *saudade*. As curvas dos nosos montes amolecerían o noso temperamento e criarían a nosa malenconía e a nosa falla de decisión.

A beleza da teoría non debe disimular, ante o noso pensar, as graves dificultades que se lle poden opor. Si a morriña, por exemplo, fose debida á luz escasa, sería en Galiza onde os galegos a sentisen, sendo así que é precisamente fora onde a sinten, anque estean en países cheos de sol, nos que, pola contra, a morriña debéraselles curar. Non houbera podido a morriña ser identificada co *mal du pays*, coa *nostalgia* da patria, si tivera a súa expricadeira nas condiciós climatolóxicas da patria mesma. A morriña é, sinxelamente, o xeito de "extranar" que teñen os galegos; moitas veces, eiquí en Galiza, chámanlle "extrano": "Déulle aquil extrano"... En troques, esta teoría deixa sin explicar a alegría, tantas veces barulleira de máis, dos galegos. As cualidades fundamentás do temperamento e do carácter non dependen do medio, sinón do sangue, da herencia, da constitución endocrina; cada temperamento tén a súa maneira de reaccionar ós estímulos do medio.

Esto tido en conta, a acción da paisaxe e do clima sobre das almas non se pode desbotar. A paisaxe natal proporcioa ó home as imaxes primarias asegún as que se construi a concepción do mundo. Aquelas imaxes sirven de contraste e término de referencia e comparanza pra toda representación que veña despóis. A adherencia dun determiñado tipo de cultura a un determiñado tipo de paisaxe semella ser un feito certo, anque non na pequena medida dunha paisaxe local ou moi determiñada. As estreitas semellanzas da cultura popular galega calgunhas do centro e oeste de Europa puderan depender, en parte, de semellanzas no tipo da paisaxe.

Por outra parte, unha estreita intimidade do home coa terra, que, si cadra por circunstancias históricas, dase en Galiza dun xeito máis agudo

do que noutras partes, pode expricar hastra certo punto ise apego dos galegos ó seu chao, que lles fai exprimentar fora dil a característica morriña; e a vida labrega, coas súas incertezas, pode ter tamén a súa parte na vountade vacilante, no trasacordo, e noutras manifestaciós psíquicas, anque, moi probablemente, veñan, no principal dun temperamenteo ciclotímico.

A XENTE DE GALIZA

O factor étnico

O estudo antropolóxico do pobo galego está por facer. Dos poucos datos que se teñen recollido, casi todos anticuados, principalmente no criterio, non hai maneira de sacar unha síntesis. Non diremos eiquí máis que aquelo en que semellan convir os que teñen elaborado os datos arqueolóxicos e históricos de que podamos dispor.

Considérase xeneralmente hoxe que a poboación galega tén unha composición moi semellante á dos demáis pobos chamados céltigos, asentados nas beiras do Atlántico, cos que se nos teñen atopado coincidencias de carácter, costumes e tradiciós.

En todos iles tén habido unha poboación precéltiga por riba da cual sobrepuxéronse os celtas; en todos, quitando na Irlanda, unha domiñación román; en todos, unha xermanización posterior.

Tocantes á poboación precéltiga da Galiza, temos pouco máis que suposiciós. As noticias dos xeógrafos e historiadores antigos refírense a tempos nos que a camada céltiga tíñase sobreposto a ela. Así e todo, semella que a aquela poboación hai que apoñer os restos que poseemos da cultura do bronce, como ós celtas os da edade de ferro, ou sexa a chamada cultura dos castros.

A colonización romá —que se facía, sobre todo, nas épocas adiantadas do Imperio, con xente procedente de todolos dominios de Roma— non semella ter sido moi intensa en Galiza. A persistencia das comunidades xentilicias indíxenas e outros moitos indicios semellan probar unha romanización serodia e feble, polo menos hastra moi entrado o século IV da nosa Era.

Derradeiramente coménzase a falar dunha nova inmigración céltiga dos *Britons*, ocurrida ó mesmo tempo que a realizada polos mesmos na Armórica, polos séculos V e VI.

Semella igualmente que debemos creer en tres xermanizaciós sucesivas: a dos suevos, a dos visigodos —probablemente menos intensa, porque tratouse de someter ós suevos e non de desposeelos— e a dos que viñeron fuxindo doutras terras de Hespaña, a causa da invasión dos árabes. Que a maor parte dos refuxiados era de orixe xermánica, dedúceno os historiadores dos nomes que levaban e que aparecen nos documentos, e en nomes de lugares repoboados por iles nos primeiros séculos da Reconquista.

Xentes que viñeron doutras terras de Hespaña —*Castelaos*, *Toldaos*,

Valenzá— ou de Europa —*Francos, Bretoña*— deixaron na toponimia lembranza das súas colonias.

Máis adiante, e principalmente dende a descoberta do sepulcro do Apóstol Sant-Iago, foron moitos os hespañoles e extranxeiros que se aveciñaron entre nós, atraguidos principalmente polo comercio. Dos extranxeiros, semellan ter sido, os máis, flamencos e italiáns (xenoveses, principalmente), sin contar as colonias xudías que existiron en todalas cidades e vilas importantes, e cuia data non é doado determiñar.

Fig. 2. - Xente labrega.

Nos tempos modernos, hai que ter en conta o grandísimo número de casteláns, primeiro ambulantes, despóis establecidos, que chegaron a ter nas súas maus cecáis a maor parte do comercio de Galiza, ben como importadores, ben como exportadores, e, do mesmo xeito, os catalás ós que, dende o século XVIII, débese casi todo o que hai de industrias marítimas, e os vascos (principalmente coireiros). As familias dos casteláns establecidos en pobos pequenos, moitas delas galeguízanse aixiña, namentralos pais, ás veces, siguen como viñeron.

Da misturanza, máis ou menos intensa, asegún os lugares ou as diversas camadas da poboación, non resulta en Galiza —como non resulta en ningures— unha raza mixta. Non hai razas mixtas; os caracteres físicos e psíquicos mistúranse nos individos, xúntanse e sepáranse a cada xeneración, asegún os diferentes cruzamentos, de maneira que o que hai son pobos

mixtos, formados por homes de razas diferentes e por outros que proceden de cruzamentos entre elas. Un estudo ben feito da poboación de Galiza, polos derradeiros métodos, lograría determiñar estadísticamente a existencia no día de hoxe dos tipos orixinarios, máis ou menos puros: o primitivo (chamémoslle *oestrymnico)*, o celta, o ibérico, o xermánico ou suevo-gótico, e aínda, en menor escala, o xudéu e si cadra o mourisco, coas súas

Fig. 3. - Mariñeiros.

correspondentes porcentaxes, e mesmo, en casos individuás, os probables elementos que aparecen cruzados en cada un.

As manifestaciós psíquicas

A existencia dun "carácter galego" específico e diferenciado é un feito evidente, coñecido por propios e extranos. Cítanse a cotío aspectos dos máis saíntes, que chegan a constituir verdadeiros lugares comús. Mais falta un estudo fondo e científico que permita unha síntesis atinada; anque o tema foi abordado moitas veces, foino sempre dun xeito ensaístico, con

algús resultados dinos de estimanza, anque fragmentarios. Non podemos, polo tanto, facer outra cousa que unhas indicaciós moi pola breve.

O galego amostra señás dun temperamento ciclotímico, de impresión fonda, reacción lenta e afección forte. Lembremos que os autores antigos apuñan ós celtas, como homes de guerra, o seren tan bravos na acometida como propensos ó desalento; falan da alegría barulleira dos seus banquetes

Fig. 4. - Muller da mariña.

e da súa tendencia á malenconía. Os galegos de hoxe amóstranos estas mesmas alternancias de euforia e disforia, de animada troula e de tristura queixosa, de optimismo e pesimismo. Temos esas voltas súpetas de xenio que chamamos "arroutadas".

Si se fala do sentimentalismo dos galegos, en moitas ocasiós, é porque hai cousas na vida que nos chegan moi fondo e fírennos dun xeito punxente, anque estas impresiós non nos sallan pra fora tan doadamente como a outras xentes, por virtú da nosa natural reserva.

A ser os galegos homes de reacción lenta, débese con seguranza o coñecido fenómeno do "acordo" e "trasacordo". O galego precisa madurar ben as cousas ("tén o acordo tarde" asegún un vello dito), por eso hai veces en que non atina da primeira, e cando chega a acadal-a visión clara do asunto, non raro máis nidiamente que outros tipos humáns, láiase de non ter feito como debera. O motivo de que esto aconteza, é, si cadra, que nos galegos predomiña a reacción interna, de sentimento e pensamento, sobre da externa, de decisión e execución. O que priva a decisión súpeta é,

moitas veces, a desconfianza que soen apoñer ós galegos como defecto, e que lles vén de seren naturalmente hipercríticos.

A "reserva" é unha das mostras dun carácter introvertido. O galego tende á concentración en moitos respectos: no seu mundo interior, no seu fogar, na súa aldea, na súa parroquia, na súa terra. Moitos fenómenos da nosa vida social e histórica, como: a perduranza do vencello familiar; a tendencia á economía familiar autárquica; os pequenos agrupamentos parroquiás; o fondo sentimento da terra, que fai que o galego, emigrante sempre, polo menos en potencia, non sexa cáseque nunca un desarraigado, un desleigado, un cidadán do mundo; o mesmo sentimento da inmortalidade persoal que, como dí Otero Pedrayo, é en Galiza, un dogma, unha cousa de condición, unha idea innata, e que trai consigo o culto dos mortos; aínda o fero sentimento da propiedá, do "meu", amor de creación, asegún o mesmo autor, expricanse por unha introversión extrema, indicante dunha forza moi rexa metida aló no fondo da persoalidade de cada un.

Da introversión vén tamén a tendencia ó "ensoño", o "lirismo", propio de quen sinte e valora o subxetivo moi por riba do de afora, o "humorismo", que naz da confrontación dos dous mundos, posiciós espirituás que figuran entre as que, como máis características, se apoñen ós galegos.

A mentalidade galega ofrez tamén un feitío antitético. Por un lado, que pudéramos chamar o da desconfianza, o galego é hipercrítico, positivista, non creendo máis que no que olla e no que apalpa, apegado ó material, interesado, aforrón, traballador, perseverante, barrendo sempre pra dentro. Mais, por adentro mesmo diste galego materialista, indudablemente útil pra sí mesmo e aínda prós demáis, pode andar moi ben o galego que chamaríamos idealista, tradicioal, que cree e que soña.

Iste hai que procuralo pola banda da "saudade". Non é iste o lugar de facermos o análisis diste sentimento, diste estado de alma, dista actitude mental, na súa misturanza de lembranza e de espranza, de apegamento á terra e de cobiza do lonxe, e máis cousas de que se tén falado verbo dela. Diremos nada máis do rol no pensamento galego de certa memoria inconscente, da conservación de representaciós inmemoriás, dun mundo mítico inteiramente vivo, dun xeito medieval de consideral-as cousas, dunha fe relixiosa que se apega ás formas e ás representaciós figuradas, todo elo nunha indistinción moi especial, que revela unha "intuición do mundo" que tampouco temos posto en claro.

E esto sería o máis importante, porque dahí vén todo.

Cuasementes, iste traballo, como un dos preliminares dunha Historia de Galiza, nin pode nin debe presentar dogmáticamente a imaxe tradicioal galega do mundo nin no completo dos seus detalles, nin xiquera nas súas grandes liñas xenerás, sinón somentes aportar todolos elementos de que no intre podamos dispoñer boamente, pra que un día sexa doado configurarmos esa idea do mundo que durante tantos séculos da súa historia guióu

o pensamento e os pasos dos galegos nos seus feitos, nos seus escritos, nas súas artes, no seu vivir e no seu discurrir.

A estructura económico-social

Fundamentalmente, Galiza é un pobo de paisanos, que vive da precura e da explotación da terra.

Unha poboación densa, espallada en pequenas comunidades rurás —as parroquias ou freguesías— que practica o pequeno cultivo familiar de terras e gando, nun réxime que tende a conserval-a economía autárquica, pechada, producindo en primeiro lugar prá mantenza da familia e somentes dun xeito secundario pra vendel-o que sobra, polo cual compre que

Fig. 5. - .Xantar na feira.

cada familia teña pra coller un pouco de todolos elementos de vida rural, polo menos "pró gasto".

A unidade económica, en Galiza, é a *casa*. O grupo social transfamiliar é a *parroquia*.

A primeira tén o seu fundamento nos vencellos de sangue; así e todo, compre distinguir entre "os parentes" e "os da casa". Parentes son os consanguíneos deica os grados máis lonxanos, que soen terse como tales, principalmente nas familias fidalgas, sempre que se coñecen. Os parentes forman a *castimonia* ou *linaxe*. Os da casa son os que viven xuntos, parentes por consanguinidade ou por afinidade, xuntados baixo da autoridade petrucial dos pais e sogros ou dos abós. O fillo que casa fora e vai vivir

aparte, ou coa familia da muller ou do marido, si é filla, xa non é propiamente da casa. Pódese decir que a casa vén ser como a familia agnaticia dos románs, e a castimonia como a familia cognaticia.

De todalas maneiras, a "casa" é un agrupamento étnico, anque a cohesión do grupo familiar caseño pode representar unha relaxación do primitivo clan.

Tocantes á parroquia, influi nela poderosamente o vencello relixioso. De cual foi o principal na súa orixe, nada podemos decir, anque das investigaciós feitas non hai moito por M. Pierre David semella resultar unha relación evidente entre as parroquias primitivas e as antigas agrupaciós xentilicias.

O infruxo histórico

O pobo galego non se identifica cos seus antepasados xentís, non se considera descendente diles. Máis ben fainos idénticos cos nemigos tradicionás dos pobos hispánicos da Edade Media: cos "mouros", nemigos tamén da fe cristiá. Sigue, seguramente, practicando ritos pagáns, creendo en mitos xentílicos, mais sin saber que o son e desbotaría de corazón a ideia de que podan selo, si alguén llo dixera. O pobo galego non é máis que portador inconscente do pasado non cristián. Os moimentos antigos, os castros, as mámoas, os dolmens, as penedas escritas ou con figuras, as covas, as ruiñas, non son obra dos seus antepasados antigos, dos galegos doutros tempos, sinón dos mouros. Na mente popular operouse un corte na continuidade histórica, que opón, un a outro, dous mundos diferentes, dous tipos humáns.

A cultura tradicioal galega é, no seu corpo fundamental, unha cultura cristián de feitío medieval, de orixe eclesiástica, predomiñantemente monacal, que, como outras moitas da Europa moderna, conservóu, incrustados unhas veces, embebidos e incorporados outras, unha chea de elementos antigos, e conserva iste carácter, en moita parte, aínda hoxe.

A educación da nosa poboación rural realízase, por espacio de moitos séculos, exclusivamente na igrexa e na casa, dende o púlpito e arredor da lareira. Os mestres son os vellos e mailos cregos. Aínda hoxe actúa sobre da mente dos paisanos o sermón, en competencia co periódico e coa escola.

Por vía eclesiástica deberon chegar a nós moitos elementos culturás centro-européus, que non teñan sido traguidos por pobos invasores ou colonizadores. Mais non hemos esquecer, de ningún xeito, o rol desempeñado polos xograres extranxeiros durante o longo tempo das pelerinaxes xacobeas. Por elo todo, o galego pode ser moi ben defiñido culturalmente como *homo infimae latinitatis.*

Un problema non resolto, nin pranteado tan xiquera, é o da infruencia que puido ter a cultura "cabaleiresca" e "cortesán", que algunhas alusiós atopadas nos documentos débennos mover a considerar grandemente desenvoltas xa no século X.

En troques, semella que nin o Renacimento, nin a Ilustración —movimentos de carácter exclusivamente erudito e antipopular— teñan entrado

pra nada nos nosos medios rurás, e aínda case nas clases inferiores urbáns e semi-urbáns. Cuasementes, istes movementos colleron de cote un xeito pedante de disprecio ó "vulgo profano", que trouxo un divorcio, un arredamento completo entre a cultura erudita e a cultura popular. Somentes en certas formas externas deixaron sinal do seu paso nas usanzas populares: por exemplo, na asimilación de formas barrocas nas artes rurás, na vestimenta popular, cecáis en certas orientaciós das artes e oficios e en detalles de festas e costumes. En conxunto, tamén iste é un punto que temos por estudiar.

As influencias dos cambios culturás do século XIX e do que vai diste son máis doadas de recoñecer, e pódese decir, en xeneral, que obran en contra da tradición.

O NOSO PLAN

Non se trata nestas páxinas, de darmos unha descripción cumprida e por miudo da cultura popular galega no seu aspecto espritual. Nin é materia que se poda esgotar doadamente, nin xiquera nas partes que teñen sido estudiadas a xeito, nin temos chegado aínda a unha coñecencia que nos permita unha síntesis como a que houbéramos desexado. Trátase somentes de contribuir, da millor maneira que podemos, no estado actual dos nosos inquéritos, a unha Historia de Galiza, achegando pra elo os que nos semellan máis dinos de nota dos anacos vivos aínda hoxe, ou viventes aínda hai pouco, do que foi o pensamento, o sentimento e as normas tradicionás dos nosos antergos, nos que se retrata, como en ningures, a historia do noso esprito. Niles poden atopar ben veces os historiadores o miolo do noso vivir ó longo dos séculos, os valores duradoiros que nos teñen guiado todo o tempo, a expricadeira de tantos feitos e actitudes dos nosos maores.

Nise senso, trataremos primeiro do que constitui o mundo espritual do galego enxebre, encomenzando, por razón cronolóxica e tamén histórica, pola *Mitoloxía*, en que coallan as primeiras e decisivas impresiós do noso linaxe diante do mundo e da vida; logo, da *Relixión*, que lles abríu novas perspectivas cara ó infindo; despois das *Supersticiós*, nas que, a algús aspectos daquelas impresiós primixenias, achéganse aportes de diversas orixes, que non sempre acadan unha representación unitaria.

Seguindo co vivir en que se expresa aquil mundo espritual, describiremos a vida do home da aldea, poseedor máis puro dise mundo, nas catro *clases de edá:* neno, mozo, home e vello, na familia, na parroquia, coas súas usanzas e instituciós consuetudinarias, e coas *festas do ano.*

E por fin, niste esbozo do home galego atal como o temos atopado, no seu soñar, no seu creer, no seu saber, no seu vivir, hemos decir tamén algo da súa obra feita, adicando algunhas páxinas á *Literatura* e mailas *Artes populares.*

I

1. MITOLOXÍA

OS MITOS E O SEU ROL

Nun estrato máis fondo da alma popular que o da Relixión, viven os Mitos. A Relixión mantense do razonamento, do enseño (pedricación, maxisterio sacerdotal) e máis da tradición. Os Mitos mantéñense da tradición, mais principalmente exprésase neles a "memoria inconscente", e nesto pende a súa importancia e a súa función histórico-cultural. Cando os Mitos son enxebremente autóctonos, responden a unha concepción orixinaria do mundo que unhas veces resulta e outras pode resultar normativa prás creaciós culturás do pobo que a leva dentro.

Adóitase chamar "mitoloxía" ó conxunto dos Mitos dun país —así decimos "mitoloxía grega", "mitoloxía xermánica", "mitoloxía hindú"— e tamén á ciencia da mitoloxía, querse decir, ó estudo dos Mitos, namentras que se chama "mitografía" á súa descripción.

Mito vén do grego *mythos*, que siñifica "conto", "historia", "narración", e defíñese como "unha historia que expresa a dependencia das cousas humáns con respecto a algunha cousa divina e invisible". Nunha forma descriptiva, pódese decir que o Mito é unha historia que a xente cree como si fose verdadeira, e que se refire a deuses ou a seres superiores ó home, á orixe dos fenómenos da natureza, ó comenzo e máis ó acabamento de todalas cousas.

Distínguese da leenda en que ésta —igual que a tradición histórica— trata de homes; do conto, en que íste non é cousa na que se crea; e do apólogo, en que íste nin se cree, nin tén por actores a homes, sinon a bestas. Mais hai que ter en conta que moitas leendas, tradiciós, contos e apólogos, foron na súa orixe mitos, que logo viñeron dexenerando hasta convertírense en cousa puramente literaria. Moitos mitos antigos atopámolos hoxe deguisados baixo desas outras formas.

O conxunto dos Mitos dun país pode formar ou non un sistema cumprido. As máis das veces, somentes no encomenzo dunha alta cultura soe chegar un pobo a formar un gran sistema mitolóxico. Mais de todolos xeitos, cando a relixión cambia, aqueles Mitos tenden a se esnaquizar, precuran achego, dun modo ou de outro meténdose na nova relixión, ou quedan como leendas e supersticiós, tanto máis cando non foron postos por escrito.

Acontez moitas veces que, nistes casos, os deuses e seres superiores antígos pasen á nova relixión como potencias do mal. No Cristianismo pasóu algo semellante; mesmamente, moitos Padres da Igrexa identificaron os deuses do paganismo cos diaños. Nas creencias populares, uns foron demos, outros espritos intermedios, nin bos, nin ruís.

Compre distinguir tamén os grandes dos pequenos mitos. Os primeiros son as historias das grandes divinidades, da súa orixe e feitos, ó que soen chamar teogonía, e máis as referentes á creación do mundo, dos homes, das razas, das naciós, que ven ser o que chaman cosmogonía —os mitos do sol, dos astros, do ano, das estaciós, etc.— Os segundos son os que se refiren a seres semidivinos ou inferiores, como son os espritos dos elementos, dos montes, das fontes, os xenios domésticos, as razas míticas. O que duns e doutros persiste, máis ou menos trocado, na mente do pobo, especialmente onde a xente profesa o Cristianismo, é o que forma a mitoloxía popular.

Sexa o que for, os Mitos son as formas nas que se fai deica certo punto "transferible", e en todo caso "operante", o que C. G. Jung chama os "arquetipos", xeitos primarios de reacción do home por frente do mundo, intuiciós primitivas, os máis vellos e os máis fondos pensamentos da nosa especie, do linaxe dos homes, os extremos lindeiros das nosas ansias e das nosas capacidades, que chegan dun lado "ó máis fermoso e grandioso que os homes teñan pensado", e, por outro, "ás maores infamias e feitos endiañados".

Pra quen queira escribir a historia dun pobo, o estudo dos mitos tén tan grande valor que de ningún xeito o pode deixar de mau, posto que niste tesouro, que os homes herdan co sangue, é onde pode atopar prefigurado o que ise pobo foi, o que é, e, o que tanto importa, o que pode chegar á ser.

A MITOLOXÍA POPULAR GALEGA

Non atopamos en Galiza unha mitoloxía de gran estilo. Nin os datos antigos, nin os ínquéritos sobre das creencias modernas, nos dan sinal de ningún gran sistema mitolóxico. Murguía precurouno en balde; por máis que fixo, non deu con nada dise xeito.

Dos antigos deuses dos galegos, cáxeque non sabemos máis que os nomes, os máis sin interpretar aínda. Os datos que un pode tirar do sitio dos achádegos, da pretendida identificación con númenes grecorrománs, dalgunha indicación lacónica de máis, e aínda do que os escritores antigos din sobre dos primitivos cultos das tribus galegas, ben pouco deixan adiviñar.

Dos estudos feitos deica hoxe, sácase que os galegos veneraban os montes, fontes, ríos e arbres. Xustino fala do "mons sacer" (posiblemente o Pico Sacro) no que estaba prohibido andar furgando con instrumentos de ferro, podéndose somentes apañal-o ouro, de que estaba cheo, cando caía unha chispa e o sacaba afora. As fontes foron consagradas no tempo dos románs con adicación ás Ninfas, proba dun culto anterior moi entorgado. Tiveron culto especial as fontes termales: os deuses indíxenas *Bormanico*, *Tongoenabiacus*, *Edovio*, eran, asegún se pensa, deuses das augas quentes.

AC HUMANIDADES FERROL

Como deuses dos ríos, danse outros, como *Navia,* do que leva o seu nome, *Vagodonaego,* do río Órbigo, *Durio,* do Douro, *Tameobrigo,* do Támega. Outros hai que semellan céltigos, como *Coso, Lucubus,* pode que relacioado cos *Lugobes* celtibéricos e máis co *Lug* irlandés, *Brico,* que cecáis o estea coa leenda de *Brigo,* co nome de *Brigantium* e o da tribu *Brigantina,* e máis os que acaban en *-acus* (Tongoenabiacus, Turiacus, Mentiviacus) e *Bodo. Bandua* aparece en toda a Lusitania, e as deusas madres da inscripción de Coruña del Conde "Matribus Galaicis" —unha de tantas formas do principio femenino, adorado se cadra xa dende o paleolítico, anque máis propio dos pobos labregos matriarcás do neolítico— aparecen en toda a Península, na Alemaña e noutros países. O culto das serpes suponse somentes por algunhas representaciós arqueolóxicas, toponimias e supervivencias de que hemos falar, e máis o que se pode enxergar do texto de Rufo Festo Avieno, que fala dos Saefes. Por outras fontes antigas, sabemos que os antigos galegos ofrecían sacrificios humáns, que tiñan gran abelencia pra adiviñar o porvir no voar dos paxaros, nos lóstregos e especialmente nos redaños das víctimas sacrificadas e mesmamente na maneira de caíren cando as ferían de morte. Non hai señal de que tivesen templos, mais debían ter lugares consagrados, que levaban posiblemente o nome céltigo de *Nemet* ou *Nemeton,* que se conservóu ás veces na toponimia (Nemetobriga) ou na onomástica das tribus (Nemetani). Tocantes a ídolos ou simulacros, as esculturas que se conservan, dunha tremenda rudeza, non dan indicaciós que sirvan. Non hai moito, o Sr. Bouza Brey descubríu perto de Lourizán (Pontevedra), a imaxe cornuda de *Vestio,* deus local, que haberá que pór en relación co *Cernunnos* galo.

Todo eso remóntase a tempos recuados, perdidos no esquecemento. Os prehistoriadores, pra reconstruilos, soen acudir ó dato folklórico, mais iste non amostra máis que unha pequena mitoloxía, máis ou menos desfigurada por representaciós cristiás. Trátase dos que podemos chamar espritos intermedios, non de seres que podan ser interpretados realmente como deuses. Desta pequena mitoloxía trataremos, reducíndoa a aquelo en que estea máis manifesta a orixe pagá. Outras creencias máis relacioadas cóas cristiás, anque teñan natureza mítica, como algunhas das que se refiren ó demo e máis ás ánimas, porémolas noutro lugar.

Así e todo, como moita parte do paganismo que non persiste como mito, persiste como "rito", imos encomenzar pola exposición das posibles supervivencias desta clás.

Diremos primeiro unhas cantas cousas tocantes ó rito.

O rito (ceremonias de culto, liturxia) tén, asegún os etnólogos, unha relación íntima co mito. Cuasementes, hai autores que queren derival-o mito do rito: v. gr. no antigo Exipto, non se embalsamaban os mortos porque Osiris fora embalsamado, sinón que, pola contra, díxose que Osiris fora embalsamado, porque xa de antigo había a usanza de embalsamar os cadáveres. Os mitos terían nacido, asegún esta teoría, pra xustifical-os ri-

tos, ou pra darlles unha expricadeira. É unha idea á que non podemos dar tino, inda que nalgún caso poda ser certa.

Non todolos ritos son relixiosos; os pobos antigos e os pobos modernos teñen ritos relixiosos, ritos máxicos ou supersticiosos e ritos sociás.

Cando vén un cambio de relixión —como no caso do Cristianismo, entre nós— os ritos da relixión antiga poden seguir usándose como ritos máxicos ou supersticiosos —que non toda superstición é maxia—, como simples hábitos tradicionás, e aínda como divertimentos. Desta forma derradeira son un bo eixemplo as usanzas do Entroido. Acontez, como dixemos que pasaba cos mitos, que se volvían leendas, contos, e aínda —anque nono dixemos— brincadeiras. No tocante ós ritos, os máxicos e supersticiosos correspóndense coas leendas, os hábitos simples sin motivación actual coñecida, e máis os divertimentos, correspóndense cos contos.

Os ritos son de moitas castes —as fórmulas de cortesía e de boa crianza, e máis os costumes xurídicos, o que chamamos "Dereito consuetudinario", son tamén ritos —mais entre eles, hai dúas ás que lle dan especial importancia: son os tocantes ó traballo da terra e máis ós froitos do campo, ou sexa os ritos agrarios, postos en primeiro plano pola escola de Mannhardt, e aqueles que se gardan cando hai un cambio de situación na vida, como cando o neno chega a ser mozo, ou o mozo chega ó casamento, etc., e ós que Van Gennep chama "ritos de pasaxe". Dentro e fora destas dúas clases, hai ritos de purificación, de fecundidade, de saúde, de veneficio (amorosos), de maleficio, e outros moitos.

Aquiles de que nos imos ocupar arestora son cáxeque todos ritos agrarios. A escola de Mannhardt fai recuar a súa orixe ós tempos primitivos, á prehistoria, e refíreos ós demos ou espritos da vexetación. Nós non facemos máis que indicar esta expricadeira, sin admitila, ó menos, como exclusiva.

RESTOS DE CULTOS PAGÁNS

1º *Culto dos montes, e dos penedos.* O máis soado é o *Pico Sagro*, entre a Ulla e Sant-Iago. Xa veremos como na epopeia xacobea aparez alí un gran dragón ou serpente. Cando a doenza chamada *fogo de San Antón* inzóu en Galiza, os doentes iban ó Pico Sagro, puñan unha ofrenda de pan na herba, e facían a seguinte invocación, que se supón ser do século XIII:

Pico Sagro, Pico Sagro,
que te consagróu o bendito Sant-Iago,
líbrame deste fogo airado,
pola intercesión de la Virgen María,
un Padre-nuestro e un Ave María.

ou sinxelamente:

Pico Sagro, Pico Sagro,
sáname do mal que eu trago.

Nas dúas invócase directamente ó monte, e non a ningún santo, como si o monte poidera escoitar, e tivera de seu virtude pra sandar.

Hemos ver como o que dí Xustino do "mons sacer", de non poder ser ferido con ferro, dícese hoxe doutros moitos nos que a xente coida que hai ouro.

Hai moitos penedos con virtude milagreira, e nos que se fan determiñadas ceremonias. Refire o P. Sarmiento que había un en Fisterre, preto da ermida de San Guillerme, e outro no monte Pindo, que eran verdadeiros *accubiti* eficacísimos pra remediar a esterilidade das mulleres. Riba dunha laxe que hai preto de Carballo, déitanse as mulleres a tomal-o luar, pra sanaren dos malos partos. Pódese citar eiquí o penedo furado de San Benito de Cova de Lobo, que cura o enganido pasando o rapaz polo bu-

Fig. 6. - Pena do Pendón, en Pedrouzos (Castro de Caldelas), penedo natural que imita un megalito, cunha cruz de pau, sinal de cristianización probable dun culto antigo.

rato. Na llanada da Parrueira, na freguesía de Corbillón, entre Allariz e Celanova, hai outro penedo milagreiro: compre dar tres voltas arredor dil, rezando tres credos a cada volta, e logo recoller auga dunha poza pequena que hai no alto da pena e que cura moitas enfermedás especialmente o mal de ollo; tamén se pode levar "auga de tres regueiros". Casos semellantes hai moitos. Abonda que un penedo teña un feitío que o distinga dos outros pra que se lle apoñan virtudes menciñeiras ou doutra sorte; e que ésto vén de moi lonxe no tempo, faino ver o costume antiquísimo de pór riba distes penedos un cruceiro, pra cristianizalos.

Ás veces, os penedos teñen, pola contra, poder maléfico. Hai algús nos cumes dos montes, dos que din que dan nacimento ós malos ventos que secan os froitos da terra. Hai un na serra da Capelada, por riba de San Andrés de Teixido, que tén esta triste virtude. Hai uns cincuenta anos, foron alí en procesión, os cregos e a xente, con estandartes, a poñer nil unha cruz de ferro, pra conxuraren os temidos poderes do penedo.

As pedras abaladoiras reciben especial veneración. Cristianizadas moitas delas, e aínda avencelladas con tradiciós devotas, como a da Nosa Señora da Barca, en Muxía, serviron así e todo, e sirven aínda, pra ope-



Fig. 7. - Penedo de Queiroás (Allariz), mostra da cristianización dun lugar sagro dos xentís meiante un cruceiro.

raciós adivinatorias. Co seu movemento, responden "sí" ou "non" ás preguntas que se lle fan, e o mismo feito de que se movan é bo siñal, ou siñifica unha resposta afirmativa.

Tamén se tén interpretado como sobrevivencia de antigos cultos o atopárense moitas capelas ou ermidas adicadas á Virxe ou a Santos nos cumes dos montes, lonxe das aldeas e dos lugares arqueolóxicos. Indicarían a cristianización dun culto antigo.

Na época romá, puñan nos camiños adicatorias ós "lares viales", e San Martiño Dumiense trona contra do costume do seu tempo de pór luces nas encrucilladas ("per trivia cereolu incendere"). As encrucilladas siguen sendo lugares adoito pra chamar polo demo e a terra de sete carreiros emprégase en usos de feiticeiría.

Tan antigo ou máis pode ser o dos amilladoiros, moreas de pedras formadas polos pelegrinos ou viaxeiros, en lugares como o camiño de San Andrés de Teixido, e máis a Cruz de Ferro, onde os facían os segadores que viñan de Castela.

2º *Culto das augas.* É un dos máis estesos e persistentes. A auga en sí tén virtudes de meiciña e de feitizo. En terras de Ourense din que, despóis da media noite, está dormida e non se pode beber, porque fai mal. Metendo cabelos de muller arrincados, non cortados, nunha garrafa de auga ben tapada, ó pouco tempo vólvense cobras vivas. En Pontevedra teñen que ser nove cabelos con raís, e vólvense serpes ós nove días. A millor de todas é a "flor da auga", que se colle na mañá de San Xoán antes de saír o sol. Nesa noite pódense facer coa auga outras cousas: botar un ovo nela e deixalo ó sereno, pra que nel apareza o noso porvir; deixala con herbas de olor, e lavarse coela á mañá pra tel-a cara bonita, etc.

Os ríos semella ás veces como si fosen considerados como seres vivos, poderosos, ós que botan ofrendas e cos que falan, pedíndolles cousas. Os ríos queren víctimas humás. En Ourense adóitase decir que o río tén que levar cada ano a súa, e cando algún se afoga, din que o río cobróu o seu trabuco. Bouza Brey refire do río das Pontes de García Rodríguez unha historia de tipo mítico:

> Naceron tres fontes moi xuntas, como tres irmás (Eume, Sor e Landrove) e o mar prometéulles que lles daría unha persoa todolos anos á primeira das fontes que chegase deica il. As tres puxéronse a camiñar, mais coa envexa que se tiñan, algo cansas, botáronse a dormir, mais antes acordaron que a primeira que espertase había chamar polas outras. Espertóu unha, e en lugar de compril-a promesa de espertar ás outras, marchóu ela soia, caladiñamente e procurando que nona viran. Logo espertóu outra, e vendo que nona chamaran, marchóu furiosa, anque tamén caladamente, pra que nono soupese a terceira. Cando ésta acordóu, atopouse soia, e emprincipióu a correr como unha tola, choutando por riba de montes e penedos, e chegóu primeiro que as irmás. É o río das Pontes de García Rodríguez, que todolos anos tén de renda unha persoa que lle dá o mar, e por eso brúa tanto e é tan falso.

O río Támega desborda doadamente no inverno, mais hai unha maneira de calmalo, que é ofrecéndolle un polo vivo, quén sabe si en rescate dun cristián.

Si en Galiza hai unha mitoloxía do mar, non é doado atopala. Din que hai que telo contento pra que estea da parte dun. Os mariñeiros das rías pontevedresas, ó sairen fora de puntas, botábanlle un anaco grande de pan de millo. O mar é sagrado, o demo non se pode meter nil; din que

cando tén fame, pídelle ós pescadores que lle garden comida, mais fálalles dende a beira, sin entrar no mar. En troques, en moitos pobos da costa, bendicen o mar.

A auga do mar tén virtude pra moitas cousas. Deiquí o rito de "tomar as nove ondas", que fan as rapazas que teñen medo de estaren enfeitizadas, ou padecen doenzas descoñecidas. O rito, asegún a versión recollida deica agora, consiste en metérense no mar e deixaren pasar por riba do corpo nove olas. Mais pola maneira de botaren as contas, semella que as que teñen virtude non son nove, senón sete. Efectivamente, contan nove, dende que se meten, mailas que realmente reciben son sete, a partir da terceira que contan. Iste rito practícase principalmente na praia da Lanzada.

O culto das fontes está documentado dende a época romá, anque vén seguramente de moito máis atrás. Moitas das fontes que na antiguidade foron obxeto de culto, foron cristianizadas despóis.

Unha enumeración delas non se pode facer. Abonda cuns cantos eixemplos.

A fonte da capela dos Remedios de Ourense úsase en lavados feitos alí mesmo, contra todalas enfermedades, especialmente as dos ollos e da pel. A auga das Burgas, na mesma cidade, aplícase en lavados nos canos, pra se librar de andacios e pestes, e bebidas tres días seguidos en aúnas, contra costipados e doenzas do peito. A da Burga de Baños de Molgas cura os costipados, bebida ó deitarse, e lavándose coela, cura inflamaciós. A fonte San Xoán, en Coles, é boa pra costipados e prós ollos. As de Santa Mariña das Augas Santas curan os ollos e desinzan os bechos e alimarias das hortas. A da capela de Recesende, en terra de Lemos, cura os ollos e tamén as chagas e feridas. Na de Seteventos, na mesma terra, peitéanse as mulleres. A fonte santa de Belmil, en Melide, cura as doenzas do gando.

Hai fontes que teñen, como as plantas asegún unha coñecida teoría médica do Renacimento, a súa *signatura*, ou sexa, un feitío que indica a súa aplicación. En Paderne de Allariz, hai un manantial que xurde nunha pena que tén a forma dun ouvido. Os xordos pódense curar lavando nela os ouvidos nove días seguidos e póndolles aceite da lámpara da capela que esta alí perto.

Todas estas e outras moitas son fontes "benditas", polo tanto cristianizadas. Mais toda fonte "que nunca estiñase" tén virtudes maravillosas. Compre usar as súas augas comprindo ritos determiñados, que coñecen moi ben as persoas "entendidas". En Velle (Ourense), unha muller que tiña un fillo entangarañado consultóu a un home "sabido" que lle dixo: "Tés que ir nove veces seguidas a unha fonte que nunca secase. E has ir pasada a media noite e antes de raiar o sol, recollerás a auga nunha xerra, e coida que ó volver non te caia fora nin unha pinga. E ó collela tés que repetir unhas palabras". A muller fixo como lle dixeran, mollando coa auga aquela ó rapaz. Mais unha noite, cando iba saír, sintéu unha cousa que turraba por ela pra trás e nona deixaba andar; ela a querer andar, e aquela

cousa a turrar por ela pra tras. Xa deixara a xerra, cando espertóu o pai e obligouna, e foi. E o rapaz sandóu.

Tamén se usa moito a auga de "sete fontes". En terras de Lugo cóllena pra levedar o pan, non habendo millor formento. Ha ser collida antes de raiar o sol.

Hai fontes onde se xuntan as bruxas, como a do castro de Famelga, en Augas Santas (Cotobade), e outras, como a da parroquia de Loureiro, no mesmo concello, que lles descubren os segredos e lles tiran a forza máxica.

Por fin, as fontes teñen relación cos tesouros encantados, cos espritos das augas e coas razas míticas.

3º *O aire e os ventos.* No aire andan forzas misteriosas e influencias malignas ás que a creencia popular non apón unha forma concreta. Fálase dos "malos ventos" ou "ventos ruís" que botan algús fachos e montanas. Certas correntes naturás de aire, como o "solano" ou "soán", son tidos por enfermos e danosos: o soán seca a terra, consume os froitos, deixa á xente sin ánimo e sin forzas.

Ó que máis medo se lle ten é ós "remuiños" de aire, chamados ás veces "polvoriñas". Son de natureza máxica e sempre fan mal. Desconxúranos póndolles a cruz, feita cos dedos, ou cos medios profilácticos ou apotropaicos que se usan contra doutras influencias nefastas. Niles non pode vir nada bó.

En xeral, fúxese de exporse ás correntes de aire, por eixempro, de poñerse "entre portas", dentro da casa, ou donde corre moito fora dela.

Os *aires lurpios* lévannos a un problema máis difícil. Chámanse "aires", mais semellan máis ben cousa diferente do aire mesmo, anque o aire lles sirva de vehículo, de medio de transmisión. Son un verdadeiro axente máxico. Unhas veces, o "aire" é unha sorte de exhalación que botan determiñadas persoas: aire do morto, aire do descomulgado, ou de certos animás: aire do sapo, aire da toupa, aire da salamántiga... Nistes casos, é unha influencia maléfica que se trasmite polo aire, mais non se pode decir que sexa o aire mesmo.

Outras veces os aires lurpios ou *cativos* non teñen unha procedencia determiñada, e pódense confundir coas correntes comús de aire. Quebran os cristás e os obxetos, aínda gardados nun almario, tiran coas cousas, causan enfermedades, como costipados, reumas, paralises, lumbago, e aínda poden traguer doenzas mortás. Lémbrese a "malaria" *(mala aria)* dos italiáns, e os "aires colados", tan temidos en toda Hespaña, onde se pensa que poden deixar a un tullido.

O que máis diferencia a primeira caste de aires do aire propiamente dito, é a súa frecuente confusión ou identificación coa "sombra" de persoas e animás, que asombra a aquil en quen cai.

4º *O culto do lume.* A veneración do lume do fogar debéu ter outrora unha importancia ben grande. As supervivencias recollidas indícano ben. As expresiós: matar o lume, morreume a luz, mateille o candil,

teñen sido interpretadas como indicio dunha personificación do lume. Tamén din que o lume *alégrase* cando cai grasa nil, ou cando se lle botan brazados de leña miúda ou garamatas.

O lume é, pois, na memoria inconscente do pobo, un ser vivo, mais un ser que tén carácter sagrado: non se pode cuspir nil, porque "saíu da boca do ánxele", dito cuio siñificado habería que escrarecer. Non se poden botar no lume cascas de ovos, porque coelas queimaron a San Lourenzo, ou ben porque non se han comer os ovos e a il non lle dar máis que as cascas. Tampouco se bota nil pan. Onda o lume hai que gardar castidade; si unha moza está onde a lareira cun mozo, e iste anímase de máis, ela dícelle: "Home, que nos ve o lume"; en Cervantes, onde durmen arredor do fogar, os casados cubren o lume enantes de facer uso do matrimonio.

No lume da lareira véñense quentar as ánimas; mais tamén veñen as bruxas, polo cual as fogueiras que se fan no monte, hainas que deixar apagadas.

En moitas aldeas da serra, especialmente na parte ourental da provincia de Lugo, conservan o lume todo o ano, e alcéndeno o día de Nadal ou ben o Sábado Santo, cun tizón traguido da eirexa, e teñen como cousa ruín que se apague polo ano adiante. Noutros lados botan ó lume o "tizón de Nadal", do que a cinza sana da febre. En Cervantes, ó xantar, botan grasa no lume pra alegralo, e danlle unha parte do pan que cocen; aínda lle botan frores certos días, e tamén lle falan e lle piden, cando están apenados.

Tense dado como rito de culto do lume o "folión" das festas. Nalgús lados vano ter no cume dun monte, e alcenden alí unha fogueira e bailan arredor. Dende logo, o que tén máis carácter ritual son os lumes de San Xoán, que teñen unha virtude lustratoria e purificadora, tanto apricada á xente como ó gando: libran de maleficios, das doenzas da pel e das mordedelas de cáns doentes, cobras e bichos pezoñentos. En Sant-Iago e noutros lados, choutan por riba delas, decindo:

Salto por riba
do lume de San Xoán,
pra que non me morda
nin cobra nin cán.

Noutros lugares, fan pasar a facenda por riba das brasas, ó baixar o lume.

O lume sirve tamén pra bendecir os campos e libralos de bestas danosas, sabandixas e bechuguilla. Por Ponte Cesures, o 29 de abril, andaban polos montes, con fachós acesos, cantando:

Alumea, pai,
cada grán seu toledán!
Alumea, fillo,
cada espiga seu pantrigo!
Alumea o liño,
cada freba seu cerriño!

E sacudían os fachós no chán, pra matar os bichos. Na mesma noite, en Santa María de Róo, perto de Noia, acendían lume nun alto e bailaban arredor, cantando:

Lume, lume!
Vé ó pan,
Dios che dea
moito grán,
cada grán como un bugallo,
cada pé como un carballo!

Na Mahía alumeaban o pan, pra que Deus fixera medrar a colleita e arredara o pedrazo e a peste.

A significación agraria distes ritos é moito máis nidia que nos referidos doutros elementos. Mailo lume tén outras aplicaciós que non teñen que ver coas colleitas. Úsase en tratamentos médicos de feitío máxico ou sinxelamente de desinfección. Por eixemplo, contra do tourizó dos ollos, quéimanse tres pallas, decindo:

Quéimate, tourizó,
con tres pallas e un nó!

Rito máxico, no que a forza do tourizó faise pasar ás pallas.

Contra do coxo dos animales, aconséllase pasar polo lume a roupa lavada, antes de pola, pra que non vaia nela o coxo que poideran deixar os bichos que se pousaran nela no tendal. Contra a peste do gando, aconsellan queimar os animás mortos, pra que non se lle apegue ós outros. Contra dos raios, bótase no lume loureiro bendito o Domingo de Ramos.

5º *Culto dos árbores e das plantas.* É ben escasa a información que temos niste particular. Cuevillas e Serpa Pinto axuntaron algunhas noticias sobre usanzas nas que figuran as plantas, mais pouco hai que teña que ver cos árbores. Hai algús consagrados a santos, como o carballo de Santa Mariña das Augas Santas, do que decían que sangraba cando o ferían. Perto dalgús santuarios ou eirexas, encóntranse árbores famosos polo seu grandor ou pola súa antiguidade, como o da Mirteira, perto de Ourense. Hainos nos campos de feira ou de festa dalgunhas aldeas, que sirven pra se xuntar a xente cando non tén que facer.

Os paisanos teñen ben estudiada a sombra dos árbores: son boas as do carballo e máis do piñeiro; non é boa, por húmeda e fría, a do castiñeiro; enferma a da nogueira. Trátase de ideas hixiénicas moi antigas, sin que se poda determiñar que respondan a representaciós mitolóxicas perdidas, como non queiramos polas en relación coas ideas máxicas referentes á sombra de persoas e animás.

Algús árbores teñen propiedades manciñeiras: o carballo cerqueiro, que se pon nos lindeiros de certos eidos, cura da sarna rañando o corpo contra dil; o árbore de Santo Outel (cinamomo) tén virtude contra da rabia; os carballos, en xeral, curan as esbrilladuras e, ademáis, o tangaraño e outras doenzas dos nenos, pasando ó enfermo, ben por entre dúas gallas

que fagan forquita, ben entre as dúas partes do tronco ou dunha ponla que se fende adrede e átase despóis pra ver si liga, o cual é señal de que cura, e si non liga, de que non.

6º *Creencias relativas ós astros.* Tocante ó culto dos astros, hai poucas referencias nos escritores antigos: as danzas á luz do luar, que se apoñen a algús pobos da Península, a "ara solis", que Ptolomeo pon na costa de Galiza, a narración da guerra de Décimo Junio Bruto, asegún a cual o Cónsul víu con espanto apagarse o sol no mar galego, chirrando como ferro ardendo. A creencia popular moderna tampouco é moi explícita.

Murguía cita un romance recollido por il en Sant-Iago e máis por Telesforo Oxea no Cebreiro, no que se fala da loita entre o sol e a lúa, e a victoria do sol. De noite, andan as almas en pena, guiadas por un ánxel enfermo e triste. Cando amañece, outro ánxel moi fermoso vai botando fora as sombras e fuxen os maus espíritus; no hourizonte aparece o día nun carro resplendecente e as horas, representadas por fermosas vírxes, van coil, de catro en catro, dediante as da mañá, logo as do mediodía e as da tarde; tres danzan arredor do día e a cuarta, triste, vai sentada na cabeceira do carro. Detrás vai o carro do sol, tirado por dous leós, cuias rendas leva un enano. O sol é un fermoso mozo de pé, cun cetro de brilantes, con barbas e cabelos de ouro dos que saen os raios solares... Esta referencia semella un tanto sospeitosa.

Outra leenda refire o mesmo autor, na que Deus dí á lúa: "Condénote a andar de noite e a que te coma o lobo". O lobo representa o sol. Cita tamén o caso seguinte: unha muller de Mondoñedo díxo que o sol chámase *Lourenzo* e que a lúa vése unhas veces e outras non, porque a come un león e logo vólvea botar fora. O nome de Lourenzo chámaselle ó sol correntemente en Galiza, en posible relación con "louro" pola coor dos seus raios.

En canto a ritos solares, Murguía recolléu algunhas supervivencias curiosas. Nas montanas de Cervantes, cando munguen a vaca, o primeiro leite ponse nunha cunca na ventán que dá cara ourente, pra que lle dean os primeiros raios do sol, o cual tén feitío de ofrenda. Cando teñen unha gran desgracia, axiónllanse diante do abrente, pedíndolle axuda. Noutras partes, na mañá de San Xoán, fan o mesmo, erguendo os brazos ó sair o sol e baixándoos cando se pon.

A lúa parece ter máis importancia do que o sol. Dende o tempo dos Concilios de Braga, as disposiciós da Eirexa insisten en contra do culto da lúa. Murguía cita unha salutación á lúa nova:

> Diol-a garde, lúa nova,
> e señor da terra nova,
> non me morda cán nin cobra
> hasta que vexa roer'a un can e a un lobo
> unha cunca de freixo novo!

Nicolás Tenorio recolle algunhas cántigas, que semellan invocaciós:

Sae lúa, sae lúa,
sae lúa dos nubrados,
que xa vólvense a querer
os amores olvidados.

A lúa se vai poñendo,
o lucero l'acompaña,
que triste quédase un home
cuando una mujer l'engaña.

de cada unha das cuales aprovéitase a primeira parte, sin relación necesaria coa segunda que pode variar e tantas veces varía nas cántigas.

No tocantes ás danzas á luz da lúa, que refiren os antigos, sobrevive en Viana do Bolo o costume de sairen os veciños á rua, de vrau e de inverno, a tomal-a craridade da lúa chea, e bailaren cantando ó son do pandeiro; cantan cántigas de amores, do xeito das devanditas, e aturuxan mirando prá lúa. É aquela a terra dunha das tribus máis nomeadas e tamén misteriosas da Galiza prerromá, a dos *Gigurros.*

Outro romance do sol e da lúa recolléu Murguía: Xesucristo pide luz á lúa pra vel-a auga da fonte clara, ela responde que non a tén, e o Señor, apiadado, dille que dalí adiante ha ser reina da noite, como o sol é o rei do día. A lúa dá gracias, decindo:

Son unha probe muller
que tanto non merecía...
. . . .
Por eso dende aquel día
Á noite alumea a lúa.
Ó sol entroulle a cobiza
que falen da súa hermosura.
Logo dixo o sol á lúa
que se fose retirar,
que non era de mulleres
andar de noite a rondar.
Maila lúa respondeulle:
Triste fada foi a miña,
Dios mandoume andar de noite
pra que vós andés de día.

A influencia da lúa nos campos, nas plantas, animás e persoas, e especialmente no tempo, é creencia de todos. Goberna o medrar dos árbores e a calidade da madeira, na conservación das carnes mortas, no cabelo e na barba de homes e mulleres determiñando cando se deben cortar, como tamén cando se deben cortar os árbores, podar as plantas, etc. Por eixemplo, a lúa de xaneiro é *lúa morta*, e non se deben facer nela esas angueiras, porque deixarían as plantas aterecidas.

A medida do tempo pola lúa apricase especialmente a todo proceso vital, como o embarazo, as doenzas, etc.

Das estrelas e constelaciós, cítanse, en primeiro termo, Venus, chamada O Luceiro, Estrela da mañá, Estrela da craridá, Estrela panadeira, Estrela da fartura; a Osa maor, chamada O Carro ou O Carro mór; a Osa menor, O Carro menor; Orión, O Arado; as Pléiades, A pita cos pitos (non corrente), e O Camiño de Santiago.

Cando Venus se deixa ver moito e con moita luz, indica abundancia; si se ve cara Castela, boa colleita alá, si cara Galiza, será eiquí. Nas montanas de Cervantes ofrecíanlle unha torta, que puñan na ventán que ela fose alumear. Falan dela as cántigas:

Púxenme a contar estrelas
e a botalas no sombreiro,
nunca lle puden dar conta
hasta que veu o luceiro.

Aloméame, aloméame,
estreliña da fartura,
aloméame, aloméame,
mentras que non ven a lúa.

Estreliña do luceiro,
que tén amores non dorme
senón o sono primeiro.

Do Carro fálase moito, como medida das horas. Hai quen supuxo que indicaba ós nosos labregos a hora de se deitar, fundándose na seguinte copla:

Vámonos deiquí, que é hora,
vaise o carro das estrelas,
eu non quero dormir fora.

Orión, o Arado, sinala tamén a hora. As tres estrelas do seu cinto chámanse tamén As Tres Marías.

Das Pléiades tense escrito moito. Lehmann-Nitzsche supuxo que unha sorte de medalla antiga de bronce, que reproduce Barros Sivelo, en deseño de non moita fianza, representaría, en figura de aves, a constelación das Pléiades, en relación co seu nome de "a galiña choca cos pitos", a cual podería ser, nise caso, a pita misteriosa que aparece nos castros como seña de tesouro. Noutros lugares de Galiza chámanlle A Piña, sobre de cuio nome non se tén intentado interpretación.

O Camiño de Sant-Iago exprícase como sendo, non o dos pelegrinos, ós que marcaría, asegún a versión corrente fora de Galiza, a dirección na que se atopa o sepulcro santo, sinón o camiño celeste por onde baixóu Sant-Iago pra batallar cos mouros, pois a liberación de Galiza dos mouros, que foron os seus primitivos habitantes, tense coma fazaña do Apóstolo.

Contando nove estrelas nove días seguidos, o nono sóñase co home ou coa muller con quen un ha casar. Marcando unha estrela no ceo e despóis

unha parte do corpo, e decindo: "Estrela alí, verruga eiquí", no sitio sinalado naz unha verruga.

As estrelas que chaman "filantes" poden ser almas que camiñan polo ceo; ó velas hai que decirlles: "Dios te guíe". Dos aerolitos hai diferentes modos de pensar; nalgús lugares din que é o azul do ceo, que se desfai en anacos, e que si algún dises anacos, por pequeno que fose, chegara a caír, abondaba pra deixar rico a quen o collese. Noutros lados, son tidos por cousa ruín e sinal de desgracia, de xeito que si cai nunha casa de labranza, non somentes non recompoñen o tellado, sinón que procuran deixal-a casa sin habitar, e ninguén se estreve a recollel-o aerolito. Cando hai chuvia de estrelas —o cual din que soe acontecer polo mes de Santos— ou vai haber guerra, ou vai nacer algún santo ou home de moita sona.

O cris tampoco é cousa boa. Din que nos que se viron no Ferrol nos anos 1861 e 1890, creéu a xente que rifaban os astros, e amostraban as súas imaxes loitando reflexadas nun barreño de auga; o sol e a lúa andaban a paus, e namentras tal acontecía, esmagábanse cantas plantas saísen da terra, e non se salvaban máis que as patacas e as cebolas. O sol vencía porque é macho, e a lúa quedaba moída.

O cris trai desgracias, andacios, doenzas, malas colleitas, anos de fame. Non se deben comer as verduras riba das que pasóu a súa sombra deica pasar vintecatro horas, nin botar o gando ó monte hastra que o sol quente un pouco, poilas plantas quedan apestadas (nalgús lugares din "acrisadas").

Un cometa ("estrela con rabo") é aínda peor. Pode anunciar a fin do mundo; mais anque non sexa eso, trai sempre as meirandes calamidades: fames, pestes, guerras, mortes de persoas notables, etc.

7º *Creencias relativas ó raio.* O raio, chamado tamén chispa, ofrécenos o máis nidio eixemplo de personificación que podemos atopar nas nosas creencias populares. É tido e fálase dil como dunha cousa viva, un ser con forma, movimento, iniciativa e vountade. Métese nas casas e vai por elas a onde lle parece, colle unha dirección, semella que busca algo, tén ideas e fai cousas estranas, que non se explican no que non fose un ser vivo. É algo que se pode recoller e meter nun caixón ou nunha ucha. Polo menos, despóis de caído, tén unha figura material duradeira. A máis coñecida é a "pedra de raio", tan soada xa na antiguidade: son as pedras que chaman machados neolíticos, de pedra pulida, que a nosa xente pensa que se atopan de cote dentro dos carballos, e sirven, cando se collen, de medio apotropaico contra do raio mismo.

Na Gudiña (Ourense) din que onde cai un raio, cai unha pedra pequena, alongada, transparente e moi ben feita, como de cristal de roca.

A soada imaxe da Virxe do Cristal, de Vilanova dos Infantes, din que foi traguida por un raio.

Noutros lugares, din que os obxetos de ferro que os labregos atopan, cando andan na arada ou cavando, son raios que cairon na terra.

Os raios, que por certo causan mortes de abondo, na nosa Terra, nas persoas e no gando, son moi temidos. Hai moitos medios pra aleixalo e pra librarse dil. Un que semella unha ofrenda desfigurada, e que pode responder a concepciós moi antigas, consiste en pór na ventán que mira ó lado de onde ven a tronada, un bolo de pan nunha servilleta de lamanisco, e os cubertos postos en cruz, decindo: "Señor, aleixade o trono, e non deixedes apedrear o voso corpo". O mesmo efecto fai pór na porta do mesmo lado a pá e o rascador do forno cruzados. A cousa tén de cote relación co pan.

Outros medios son botar ó lume ramos de loureiro bento do Domingo de Ramos, de oliveira benta o día de San Pedro Mártir, acendel-a vela do Santísimo, rezar o Trisagio, a oración de Santa Bárbara, pór nas ventáns estampas e medallas de Santos, etc. É de gran fe contra dos tronos e raios, a Cruz de Caravaca, e tamén o rescrito de Santo Tomás de Aquino.

8º *Mitoloxía da serpente.* As creencias, leendas e ritos relaciados coa serpe son tan abondosas en Galiza, que xa nos permite supor unha antiga mitoloxía. O culto da serpe aparez documentado en moimentos prehistóricos (Pedra da Serpenta, serpe do castro de Troña, representaciós serpentiformes doutros lugares, etc.) e aínda en fontes literarias da Antiguidade. A máis coñecida é o texto da "Ora Maritima":

> ... Haec dicta primo Oestrymnis (est)
> Locos et arva Oestrymnicis habitantibus,
> Post multa serpens affugavit incolas
> Vacuamque glaebam nominis fecit sui

que Rufo Festo Avieno recolléu dunha fonte grega moi antiga. Cuevillas e Bouza Brey estudaron detidamente iste texto, en relación coas creencias actuás sobre da serpe, e interprétano no senso de indicar a invasión dos *Saefes*, pobo ou tribu céltiga que tería a serpe por totem ou deus, e da que serían herdanza aquelas creencias, leendas e ritos.

A leenda do monte dos Castelos, en Entrimo, semella unha supervivencia da historia que nos transmite o texto de Avieno, por pasmoso que pareza: os habitadores do monte foron botados dalí por unha invasión de serpentes, que viñeron do chamado monte da Serpe.

A serpe aparez nas historias haxiográficas, nas leendas recollidas nos nobiliarios, nas leendas dos castros, nas dos tesouros e nas dos seres encantados. Das primeiras, a máis soada é a serpe ou dragón —que se confunden a cotío— do Pico Sagro, que gardaba a cova daquil monte e puña medo a todos. Os discípulos de Sant-Iago, cando levaban o santo corpo do Apóstol, mataron a serpe facéndolle o signo da cruz.

Das segundas, é dina de ter en conta a da Casa de Saavedra, fundada por un cabaleiro da castimonia do emperador Calígula, chamado Alceo, o cual matóu unha serpe tremenda baixo de cuia forma, os xentís e máis os xudéus dunha cidade chamada Veria daban culto ó demo, co nome de Baal. A cidade afundíuse con todolos mouradores daquela terra, chamada

despóis de Baluras, debaixo das augas, e o cabaleiro tomóu o nome de Saavedra, que era o da serpe na lingua primitiva dos galegos.

Doutro cabaleiro refiren que matóu unha serpente de sete cabezas, que tiña cautivas a tres rapazas virxes.

A serpe soe aparecer nos castros, polo regular, gardando un tesouro. Estas, ás veces, son artificiás, creadas por un feitizo: cando o dono do tesouro quer encantalo, bótalle arredor unha corda, dille unhas palabras, e a corda transfórmase nunha cobra inmensa; ás veces dille:

> El que te desencantare,
> siete besos te ha de dare.

Logo, a serpe aparécese ós que se achegan, levando un caravel no bico; o que queira desencantala tenllo que arrincar cos dentes, ou ben, si non trai caravel, darlle os sete bicos.

A serpe do caravel, ou dos sete bicos, pode dar que sexa a dona do tesouro, unha moura ou unha doncela fermosísima, ou que sexa esto sin ter tesouro.

A cobra que non é máis que un animal, e non un ser preternatural, é tamén obxeto de moitos ditos e creencias, unhas verdadeiras, outras trabucadas. Pode nacer ben da terra, onde a nai deixa os ovos sin volverse ocupar deles; ben dun ovo dun galo de sete anos; ben dos cabelos de muller postos en maceración en auga; ben da maxia. Aliméntase no inverno, de terra; no vrau de animás; e sempre que pode, de leite. Pra esto, métese na corte e mama nas vacas; métese nas casas e mama nas mulleres que están criando. Como a cobra tén o mamar moi doce, a muller non se decata, nota somentes que o neno debece, porque o que había mamar, mámallo a cobra, a cual, namentras ela mama, entreteno meténdolle a punta do rabo na boca e o rapaz diste xeito, mama en seco. Igual acontez coas vacas e os becerros.

Tamén adoita a serpe meterse pola boca dos animás e máis dos homes, entrarlles dentro do corpo e devorarlles as entranas. Por eso é mao deitarse a dormir no campo. O perigo é maor prós homes que non prás mulleres, porque as cobras —en lembranza probable da historia de Adán e Eva— son nemigas dos homes e amigas das mulleres. O contrario pasa cos lagartos, e din que se dá moitas veces o caso de que a un home que está durmindo no campo, veña espertarlo un lagarto, cando unha cobra se chega a il.

Toda cobra é pezoñenta, e a súa mordedela, si non se acude a tempo, mortal. Si a mesma cobra se morde a si mesma, envenénase. Cando unha cobra vai beber nunha fonte, enantes deixa a pezoña fora, e recóllea despóis, cando acabóu de beber. Contra o veneno da cobra, o millor remedio é a "pedra da pezoña", que tén a figura dunha "ficha" e aplícase á mordedela. Esta pedra fórmase da secreción que soltan seis ou sete cobras cando se xuntan e dan en fregarse unhas coas outras. Esto pode ter rela-

ción co que Murguía di dos "ovos druídicos", formados coa baba das serpentes. Da "pedra da serpente", que se atopa na cabeza delas, fálase algunhas veces.

Outra das propiedades da cobra que chama a atención da xente é a fascinación. Unha adiviñanza describe a serpe:

> Unha señora deitada nun prado,
> vestida de pano labrado,
> nin era pano, nin era seda,
> e o que a ve, pasmado se queda.

A fascinación apónselle unhas veces á ollada, outras ó alento ou bafo (como acontez no caso do lobo). Entre a serpe e o animal fascinado, fórmase unha sorte de fío, que liga un a outro, e iste fío pódese cortar por medio dun golpe, ou pasando polo medio dos dous. É unha idea interesante, que convén estudar. A pomba está libre da fascinación da serpe, porque tén unha cruz debaixo das aas.

Cando as cobras se fan vellas, nácenlles unhas aas, coas que comenzan a voar. Son moitos os que aseguran telas visto. E cando teñen as aas ben fortes, vanse voando pra Babilonia, e van decindo:

> Pra Babilonia vou
> malaia quen me viu de pequena
> e non me matóu!

En Marzás (Celanova) contan dunha moi grande que, ó ir voando, deixaba tolleito a aquil a quen lle botase a sombra.

Chegadas a Babilonia, estíranse, e déixanse estar quedas, sin movimento, deica que as cobre o musgo e semellan troncos de árbores. Aquí mesmo fan eso algunhas veces. Cóntase dalgunha persoa que, téndose sentado nun tronco, notóu que encomenzaba a rebulir, hastra que descobríu que era unha inmensa serpente.

9º *Creencias relativas ó lobo.* Outro animal mítico, nas creencias galegas, é o lobo. Son tantas as tradiciós ligadas coíl, que cecáis supera á serpe. Tén sido considerado como animal totémico, e tén sido posto en relación cos espritos da vexetación. Repetimos que non acollemos sin moita reserva canto se tén dito nestas materias nin a importancia esaxerada que se lle tén dado á estas ideas. Así e todo, non se pode desbotar a relación do que a xente di do lobo con outras creencias das máis antigas.

Salomón Reinach, que tiña a pademia do totemismo, supón un totem celta que era un lobo:

> Hai boas razós pra creermos que certos pobos da Galia, nun tempo moi antigo, coñeceron un lobo totémico. Efectivamente, na época en que prevaléu o antropomorfismo, atopamos o deus que César chamóu Dispater, que pasaba, asegún dí, polo antepasado dos galos (o totem acaba de cote por pasar polo antepasado) e cuias imaxes, dun tipo semellante ó Hades-Plutón greco-román, levan a miudo, como se tén notado, un pelexo de lobo.

Non compre acodir sempre ó totem pra explicar os deuses en figura de animás. Todo arredor do Mediterráneo hai deuses desta caste, principalmente na Asia helenizada e na Italia: Apolo e Zeus Lykaios, o monte Soracte, cos seus *Hirpi Sorani*, que tanto deron que facer a Mannhardt, a loba capitolina, etc. Istes deuses semellan ter sido divinidades nocturnas e infernás. Sabemos máis da mitoloxía mediterránea que doutras mitoloxías prehistóricas da Europa, mais por outros informes, máis ou menos antigos, e polas supervivencias populares, podemos enxergar un fondo común de creencias na Europa prerromá que se vai diversificando na zona xeográfica marxinal. A mitoloxía galega depende, dende logo, diste fondo común, si nos atemos ó que hoxe coñecemos.

Na tradición popular galega, o lobo é o nemigo principal do home entre os animás, un ser maléfico e endiañado, nocturno, dotado de poderes máxicos.

O lobo non pode andar nin acometer máis que de noite, tempo dos espíritus e das pantasmas; é nictálope, ve no escuro, e, en troques, fuxe da luz e do lume, e tamén da música. Os seus ollos de noite teñen unha fulguración extrana, brilan como brasas, hasta confundirense coelas. Tén tanta forza na vista, que produz unha sorte de fascinación, e, por eixemplo, en Parada do Sil, din que a forza dos ollos do lobo estroi o fogo das escopetas, e asina, os tiros que se lle tiran de noite, nono matan. En Rodeiro (Lalín) din que non se lle debe disparar de frente, pois diste xeito non sai o tiro, sinón por detrás ou de costado.

O lobo é unha besta voraz: en Melide, din que sempre quer morrer coa boca chea, sexa de herba, sexa de carne, ou do que sexa. En Medos (S. Xan de Río) contan que o golpe preguntóulle unha vez: "Que qués millor, ter boca de rabo a orella, ou rabo de legua e media?" e o lobo respondéu: "Quero millor ter boca de rabo a orella, que así collo millor a ovella". Mais, claro, non sempre tén con qué matal-a fame, sinón que tén que vivir tres meses de carne, tres de barro, tres de aire e tres de folgazán de maneira que si lle sai a un ó camiño no tempo do aire ou da terra, non hai perigo. Esto é porque Deus o castigóu a que vivise diste xeito.

Tampouco pode comer máis que a mitade ezquerda das súas vítimas, que é a do demo, e deixa sempre a dereita, que é de Deus. Aseguran que esto tense observado sempre, e que non se tén dado un caso que así non fose.

Pra se botar á xente, xúntase sempre con outros; van acompañando a certa distancia ó camiñante que vai de noite, e cando vai chegar onde pode haber xente, é cando o acometen. Si un lobo soio logra matar un home, soe tapalo con follas e vai chamar por outros pra comelo entre todos. Cóntanse outras artimañas do lobo. Unha moi dina de nota é a seguinte: cando ve que a víctima (besta ou facenda) pódese defender, procura cegala, emborcallándose nunha lagorza e sacudíndose despóis pra botarlle barro ós ollos, do mesmo xeito que din que fai a águia cos veados, asegún unha

creencia oriental recollida por Plinio e moi coñecida na Edade Media. Cando pra se salvar do lobo, un home agatuña por un árbore, o lobo é capaz de estalo agardando toda a noite, ou ben ponse a rillal-o tronco deica tumbalo.

O lobo produce no home dous efectos moi especiás: o arripío e o embazamento. O primeiro consiste en que, cando o lobo ve ó home enantes de que o home o vexa a il, o home sinte un arripío polo corpo, que lle pon todolos pelos de punta, tanto, que lle fair caír da cabeza a pucha ou chapéu, e sinte que a roupa se lle pon froxa... Por informes recollidos dentro e fora de Galiza, iste asunto foi posto a discusión non hai moito, con motivo de telo posto de mañifesto Don Eugenio d'Ors. O embazamento consiste no feito, ó parecer tamén comprobado, de *toller a fala* o lobo ó home, nas mesmas condiciós devanditas. A presencia, aínda non vista, do lobo causa no home unha compreta afasia, que pode durar hasta oito días, acompañada doutros fenómenos nerviosos e fisiolóxicos. Istes efectos de verdadeira fascinación apóñense a dúas causas: ben á "forza da vista" do lobo —dun modo semellante ó do mal de ollo nas persoas— forza que se mañifesta no lume dos ollos do animal, ben ó "bafo" —de xeito semellante ó que din da serpente—. Sobre do embazamento (de bazo, por bafo) cítanse uns versos de Virxilio:

> Nun oblita mihi tot carmina: vox quoque Moerim
> Iam fugit ispa: lupi Moerim videre priore.

O embazamento e máis o arripío causado polo lobo son coñecidos en toda Europa. Algunha vez expricase por un cheirume que bota o lobo ou polo soplo diste, o cual debe porse en relación coas creencias relativas ó alento, ás insuflecións, ó cuspe, etc.

Como o lobo facía estragos por todas partes, un día atopouno Noso Señor nunha fraga, e preguntoulle:

> —Como non tes medo de facer tanto dano?
> —Eu non lle temo a ninguén —respondéu o lobo.

Noso Señor deulle coa mau no lombo, e díxolle:

> —Temerás ó home!

E así foi, e, gracias a esto, pode o home defenderse do lobo, principalmente por medio do lume. Non hai millor defensa que un fachico de palla aceso, anque algún tense precavido tamén con mixtos que iba acendendo un a un.

O caso do gaiteiro surprendido de noite polos lobos, que rube a un carballo e' fainos fuxir a poder de tocal-a gaita, é historia que se repite moito.

De día, non hai caso: din algús que o home semella como unha trabe dereita, que lle pon medo ó lobo.

Iste complexo de tradiciós referentes ó lobo permite matinar nunha ben recuada e medio esquecida mitoloxía do lobo.

A nemiga radical entre o home e o lobo — que se dá igualmente noutras terras de Hespaña e de Europa— pode que teña encomenzado a ser maxinada nunha fase de vida pastoril ou semipastoril, que, en parte, dase aínda en Galiza, combinada coa vida labrega. Unha observación dina de nota é a de que as historias en que se mañifestan as representaciós que vimos de reseñar, refírense casi sempre á xente da aldea, ós labregos; en troques, os casos que podemos chamar heroicos, de valentía frente do lobo, de loitas a brazo partido coíl, incluso sin máis armas que os brazos, e aínda os dentes, teñen case sempre por protagonistas ós pastores da montana, dos que alí van co gando ou a avenza por certo tempo e alí pasan días e noites, en vivendas adoito.

10º *O lobishome.* Pra pór en craro a natureza mítica do lobo, poden axudar moito as historias de *lobishomes.* Moitos autores xuntan estas historias coas de bruxería, mais, pra nós, teñen outro carácter.

O lobishome (home-lobo) é o lycántropo, o *Werwolf* alemán, o *loup-garou* francés, o home que se convirte en lobo temporalmente, ou por veces, do cual correron por Europa centos de historias e casos que deron lugar a causas por bruxería e a escritos de moitas sortes.

Na historia da lycantropia puderamos distinguir tres fases: unha mítico-lexendaria, outra xurídico-procesal e outra médico-psiquiátrica.

Rastros da primeira hai algús, moi raros, na literatura clásica: o máis citado, o caso do rei Lycaon de Arcadia, convertido en lobo por Zeus, por terlle adicado sacrificios humáns, ou por Hera, en venganza dos amores de Zeus con Calisto, filla daquel rei. O caso de Rómulo e Remo asemellase ó dos nosos "peeiros dos lobos". Casos propios de lycantropia corrente, o máis citado é o que menciona Petronio no "Satyricon".

Onde foi máis corrente a creencia é nos pobos xermánicos, de onde veñen os nomes *Wargus, Gerulf, Werwolf...* Historia típica é a do cabaleiro que vai de caza, persigue a unha loba e chega a lle cortar unha das patas de adiante; volve ó seu castelo, e atopa á súa muller cun brazo cortado, botando sangue.

Os procesos contra dos lycantropos cóntanse dende o século XV, e principalmente no XVI, en Francia. Cítanse a La Raimbaude e outros seis provenzás, Verdung e Burgot, que confesaron ter devorado nenos, Gilles Garnier e Troos-Echelles, como os máis notables.

Da terceira fase, hai noticia no P. Feixóo, que a define: "una especial lesión de la imaginativa, por la cual los que la padecen se juzgan convertidos en alguna especie de brutos... especial perturbación del juicio, por la cual los hombres se imaginan convertidos en lobos, por ser esta la más frecuente..." O cual concepto andivo moito nos libros de frenopatía, ou patoloxía mental e nos de mediciña legal, clasificada como unha sorte específica de tolería ou loucura; despóis desapareceu diles, por terse adoptado novas clasificaciós das doenzas mentás, e volvéu aparecer cos

psicoanálisis de Freud, que atopóu novos datos e trouxo novas ideas e interpretaciós.

Atal como se atopa a creencia en Galiza, o ser lobishome é unha *fada*, un sino, unha desgracia que lle cai a un home, o cual tena que comprir sin remedio, polo tempo que sexa, inexorablemente.

O sétimo ou o noveno varón dos mesmos pais, que non tiveran entremedio ningunha filla, tén que ser lobishome. Ven ser como unha débeda, un trabuco, que lle houbera que pagar á mala sorte, ó mal, ó demo. Pois cando a riola é de sete ou nove fillas, a derradeira ha de ser bruxa. Esta é unha fada que ven de nacencia.

Maila fada pódenlla tamén botar a un que non trouxera ise sino. Aproveitemos a ocasión de decir que *fada*, en galego, no se debe empregar pra traducir o castelán *hada*, ou francés *fée*. Pra esto temos dama, dona, xana, doncela, etc. Fada, en castelán é hado ou suerte (cfr. francés *jetter un sort;* así din eiquí: botáronlle unha fada ou caíulle a fada). "Fada" equival, en certa maneira, á "pauliña" e a "maldición". Destas, as máis dinas de ser temidas son as dos pais. Si un pai ou unha nai din a un fillo ou a unha filla: "Así te volvas lobo", inda que sexa nun arrauto de xenio e anque se arrepinta despóis, a fada caille a aquil a quen lla botaron, e tena que comprir, mal que lle pese a uns e a outros.

Tamén pode caír a fada por envexa, bruxería ou mal de ollo que lle fagan a un, ou por unha soberbia que botase il mesmo.

A fada pode ser permañente ou temporal, continua ou intermitente. O máis corrente é que o lobishome somentes ande convertido en lobo por tempadas, ou polas noites, ou durante certos días, e a fada pódelle durar máis ou menos anos ou o que sexa.

Pra volverse lobo, o lobishome vaise da casa pró monte, embórcase no polvo da terra e érguese en figura de lobo. Outras veces, as menos, envólvese nunha pel de lobo, baixo da que oculta a figura humá. Namentras anda de lobo, non hai pau, nin pedra, nin arma blanca, nin bala que o poda ferir. Incluso, moitas veces, tíranlle cunha escopeta e non sai o tiro. A fada non se pode interrumpir nin acabar antes do tempo. En troques, outras veces din que pode ser salvado da fada facéndolle sangue, ou quitándolle a pel de lobo que leva e, principalmente, queimándolla. Convertido en lobo, acomete de preferencia ás persoas, mórdeas, mátaas, esgázaas e cómeas. Hai casos en que presinte que lle vai vir a onda, e advirte a algunha persoa que está coíl, e á que non quer facer dano, pra que se aparte e se vaia. Tamén acontez que, cando está na súa razón, o lobishome láiase da súa desgracia, dóese das súas fechorías e chora polas súas víctimas. Algús andan buscando quen os libre da fada.

O rescate do lobishome pode vir de cumplírese o tempo que había dural-a fada, ou pode vir doutra persoa que o salve, querendo ou sin querer. Os medios que hai pra elo son principalmente tres: a efusión de sangue, o queimarlle a pel en que anda envolto, e o sorprendelo e descu-

brilo cando se emborca na poeira. Mais istes tres medios non sempre dan resultado: ás veces non fan máis que interrumpir o plazo da fada, de xeito que o lobishome, en lugar de quedar libre, pola contra, tén que volver empezar, como si nada tivera feito, deica rematal-o tempo xusto.

Nas historias de bruxos, nos procesos de feiticeiría e nos libros dos demonólogos, trátase ás veces de lobishomes como si se fixeran tales a mantenta, vountariamente. Nas creencias galegas non temos atopado deica hoxe iste caso: sempre o son contra do seu gusto, e téndose por desgraciados.

Hai moitas historias de lobishomes, homes e mulleres pro a máis soada é a do chamado home-lobo de Allariz, Manuel Blanco Romasanta; a quen chamaron primeiro o "home do unto", (por creerse que lle sacaba o unto ás rapazas), natural de Santa Baia de Esgos, perto de Ourense, e que vivéu en Rebordechao e Vilar de Barrio, e de vendedor ambulante en Castela. Acusado de varios homicidios, detivérono en Castela e foi procesado polo xuzgado de Allariz, no ano 1852, dando orixe a unha das causas máis célebres e sensacionás de todo aquil século.

Manuel Blanco Romasanta, home plácido, falangueiro e mañoso, servicial, devoto, gran viaxeiro por Hespaña e Portugal, un pouco "amariquitado", non somentes confesóu todolos seus crimes, sinon que guióu ó xuzgado nos recoñecimentos feitos na serra de San Mamede, teatro dos seus feitos, en procura dos restos das víctimas. Disculpouse decindo que il non facía aquelo pola súa vontade, senón forzado por unha fada, xa que, por efecto dunha maldición ou por outra causa descoñecida, volvíase lobo, e non tiña outro remedio que facer o que fan os lobos. Facía trece anos que emprincipiara a sentir un desexo de sangue que non podía resistir, e ós seis meses, achándose no Val de Conso, na serra, atopóu dous lobos e volveuse lobo il tamén. Aquiles lobos eran outros dous lobishomes, que se chamaban un Antonio e outro don Jenaro, os dous valenciáns. Coíles andivo cinco días, e despóis volveron coller figura de cristiáns. Na súa compaña fixo todalas mortes, que foron as de Manuela García, a súa filla Petronila, a súa irmá Benita e un fillo desta, Antonia Rúa e a súa filla Peregrina e despóis a outra filla, María e un sobriño da Manuela, todos de Rebordechao, en Vilar de Barrio, e ademáis confesóu a dunha rapaza de As das Xarxes, unha muller, perto de Chaguazoso, un rapaz entre Prado Albar e Chaguazoso, e unha vella xunto de Fornelos, doce en total. Cando lle pegaba o mal, en compaña dos outros dous, ispíanse de todo, botábanse no chao e revolvíanse na terra, erguéndose xa en figura de lobos, e entón acometían e esgazaban a quen fose, con dentes e uñas, e comían o corpo da víctima sin deixar máis que os ósos. Ás veces andaban de lobos oito ou quince días, perdida a razón, mais non a memoria nin a coñecencia, e non tiñan medo, porque sabían que nonos podían coller nin ferir, anque estiveron ás veces en monterías dadas en Val de Conso. Cando estaban en figura de homes, volviálles a razón e choraban con moitísima pena polo

que fixeran de lobos. Ó Manuel acabóuselle a fada o día de San Pedro de 1852.

Os informes facultativos dano como home normal, de bon xuicio, con penetración, tacto e talento naturás superiores á súa condición, sendo polo tanto, responsable. Condeado a morte o 6 de abril de 1853, e pendendo a causa de sentencia en segunda instancia, intervíu o profesor Phillips, un hipnotista que explicaba en Arxel "electro-bioloxía", o cual sostivo que se trataba dun irresponsable, pois il podía, apricando os seus métodos, transformar a un home en lobo furioso, é decir, presentando os apetitos e inclinaciós desta fera. Manuel Blanco Romasanta, defendido na Audiencia polo escritor Rúa Figueroa, non chegóu a ir ó garrote, pro morréu logo, sin que en realidade se esclarecese si era un tolo ou un simulador.

A psiquiatría —e non a electro-bioloxía— poderá expricar a zooantropia, o delirio do home que se cree transformado en animal; xa non é tan doado que nos exprique por qué, nestas pretendidas transformaciós, haxa de sel-o lobo o que teña a preferencia. Esta preferencia tén que estar entorgada en ideas moi antigas, que nos remitan á siñificación do lobo nas mitoloxías escandinavas e xermánicas, e nas creencias céltigas e itálicas primitivas.

Outro punto a estudar é o imaxinado mecanismo da transformación. Temos que acudir ó que nos poden revelar as *Filgias* xermánicas e o que dí Frazer sobre das almas exteriorizadas. Xa dixemos que a invulnerabilidade do lobishome non é tradición constante. Hai casos en que se conta dun cazador que lle tiróu a un lobo e consiguéu ferilo, e de que volvéu á aldea e atopóu ferido ou morto a un veciño, que era o que andaba de lobo. Se cadra, aquil veciño non se movera da casa; era a súa alma exteriorizada —"alma exterior" de Frazer ou o "corpo astral" dos ocultistas modernos— a que andaba de lobo.

11º *O peeiro dos lobos*. É a persoa que, sin ser lobishome, nin perder a figura de home, anda cos lobos e fai vida coíles, entende a súa fala, faise seu xefe, dispón as súas expediciós, salva a outras persoas acometidas por eles, oblígaos a compañalas, xanta do que xantan os lobos, etc.

Moitas veces é unha rapaza. Cóntase dunha, na provincia de Lugo, que fuxíu da casa e vivía nunha cova, no monte, obedecida por todolos lobos daquela terra. Ela coidábaos, curáballes as feridas, alimentaba ós lobiños pequenos e non quería de ningunha maneira que a descubrisen, e así, ninguén sabía dela. Un día, un mozo que ía de camiño, encontrouna e fíxolle un servicio, polo cual, a peeira dos lobos deulle de cear na súa cova e mandouno prá súa casa defendido por catro lobos que metían medo, mais esixíndolle o maor segredo. Non tardóu o mozo en referir segredamente a outro a súa aventura e, en castigo, a primeira vez que saíu de noite, comérono os lobos.

Estas historias de trato familiar cos lobos poideran ser interpretadas de acordo coas ideas totémicas. En realidade, o peeiro dos lobos entra a

formar parte da camada diles, da súa "tribu" ou clan, enchendo certas condiciós, como si houbera un pauto entre ús e outros. Mais hai que andar con tino nestas hipótesis, nas que pode un, levado de teorías que chegaron a ter moito creto, ver o que non hai.

OS SERES MÍTICOS

A nosa "pequena mitoloxía" comprende unha chea de entidades que non forman propiamente un sistema e que proveñen de diversos orixes históricos, e diversas camadas de creación cultural indíxena ou de importación allea, endebén todas elas se poidan considerar como vindo dos tempos primitivos.

Non formando un sistema, témoslle que apricar unha clasificación, polo momento, empírica, atendendo ó carácter que presentan ises seres na nosa tradición popular. Imos distinguir tres castes, que chamaremos: mitos pagáns, mitos cristianizados, e mitos humanizados.

Mitos pagáns

Chamamos diste xeito a aquiles que millor conservan a semellanza coas creencias antigas de orixe precristián, especialmente coas do norde da Europa, e que menos amostran a influencia do Cristianismo, podéndose pór, en troques, en relación, máis ou menos hipotética, coas supervivencias de que acabamos de falar. Enumeraremos os principás.

1º *As donas.* Chaman donas, doncelas ou señoritas ós persoaxes femeninos que aparecen dun modo especial nos moimentos prehistóricos, nos montes e casi pudéramos decir que, de preferencia, nas fontes. Estas donas imítanse moito ós espíritus da mitoloxía nórdica e centroeuropea, ás que en castelán chaman "hadas", tan populares nas terras céltigas, ós Elfos e Ondinas xermánicas. Son seres característicamente sobrenaturás, que non pertencen á nosa especie.

A súa presencia sinálase nos castros de Piñeiro, en Orbán, Monte do Viso, en Allariz, O Neixón, na ría de Arousa, en Lobeira, Vilagarcía, Monte das Croas, en Salcedo (Pontevedra), Mámoa de Segade, en Caldas de Reis, Piñor, Ponteareas, Sandiás, Bergantiños, e noutros moitos máis, en montes e descampados e casi se pode decir que na maoría das fontes e manantiás antigos. Débese ter en conta que moitas das mouras que se citan noutros lugares foron nalgún tempo donas encantadas.

A dona preséntase de varios xeitos, case sempre a certas horas, especialmente ó abrente, ás veces, somentes un día no ano, principalmente no de San Xoán. A súa aparición tén lugar en varias formas:

a) Peiteando os cabelos, case sempre de ouro, cun peite polo común de ouro tamén. Na Merca (Celanova) nunha touza, hai unha dona que se peitea no día de San Xoán, antes de que toquen a misa de alba e desaparez antes de saír o sol. Foi monxa e din que é moi fermosa.

Na ría de Viveiro hai unha cova, a Cova da Doncela que abre cara o mar, na que se senta unha doncela a peitear os cabelos pra atraguer ós mariñeiros.

No monte das Croas, en Salcedo, estaba encantada unha dona fermosísima, que vivía nun pazo dentro do monte, onde había un gran tesouro, tanto que a súa sona chegóu a Cádiz. As señas están no cantar:

Monte das Croas,
ponte do Batán,
fonte de clara fría,
monte de San Mariné,
tiran con ouro as ovellas
e non saben o que é.

Un neno que gardaba as ovellas víuna que se peiteaba cun peite de ouro. Chamouno e pedíulle un año; o rapaz asustado, fuxíu e foillo contar ó pai; iste obligouno a volver alá e darlle o año que pedía a dona, mais cando volvéu, desaparecéralle o fato todo. A pouco, aparecéu a dona coas ovellas e mandóu ó rapaz que fora chamar ó pai. Non se sabe o que o pai tratóu coa dona, mailo caso é que tanto il como un seu amigo, fixéronse ricos. Unha vez o pai do rapaz enfermóu e desahuciárono os médicos. A súa muller tivo que saír da casa e, cando volvéu, atopóu alí unha fermosa dona, que ela non coñecía e o home estaba moi mellor. Cando se foi a dona, a muller preguntóu e preguntóu, deica que o home lle contóu todo, mesmo os remedios que lle dera a dona... Pró outro día, aparecéu morto, co corpo todo negro como si lle deran unha gran tunda.

b) A dona aparez tendo diante unha tenda, unha manta chea de ouro e cousas preciosas, postas a asoellar. O camiñante que ve, fica aparvado. A dona faille certas preguntas, e si responde a xeito, gaña dona e tesouro; si non atina a responder, caille unha desgracia.

En Fonte Ferra (San Cosme de Cusanca) certa muller encontróu unha señora acarón dunha tenda de peites, medallas, etc. de ouro, que lle preguntóu:

—A como as queres, a presas ou a cribazos?
—A cribazos.
—Pois vai buscal-a criba.

Foina buscar, mais cando veu coela, todo desaparecera.

Igual cóntase en San Román de Viña, Cea, no Irixo e noutras moitas partes.

Máis esteso é o caso seguinte: no castro de Meire, en Melide, e noutro do Neixón a señora dille a un rapaz:

—Qué che gusta máis da tenda?
—As tesouras.
—Pois que coelas te quiten os ollos!

Noutros lugares, a dona dí polas tesouras:

—Que coelas te corten as alegrías!

A resposta atinada sería:

—Góstame a tendiña, e máis a señoriña.

En San Xurxo de Piquín (Fonsagrada) aparecía unha rapariga loira de ollos azús, moi outa, e daba a escoller entre dúas penedas, unha de pizarra e outra de ouro. Ó que escollía a de pizarra, íballe ben; ó que escollía a de ouro, caían as penas e esmagábano. Así morreron moitos, hastra que, por fin, un casouse coela.

De cote hai unha miga de lección moral na conduta distes seres. Eiquí, o invitado a escoller ha dominal-a cobiza, preferindo a pizarra ó ouro, o ouro a presas ó ouro a cribazos, a dona á tenda, pra non faltar á boa crianza.

c) A dona preséntase nunha figura calquera, e dá cita ó mozo pra que veña outro día a desencantala. O día da cita preséntaselle en figura de serpente, e o mozo tén que vencer o medo ou o noxo que lle pon.

No pazo de Vilamarín había unha dona que se sentaba pra peitearse ó sol. Unha vez díxolle a un mozo que, si a desencantaba, íballe dar grandes riquezas, mais tiña que ter moito tino, poilo desencanto somentes se podía intentar tres veces, e dunha xa se tiña perdido. O mozo dixo que sí, e ela advertiulle que precisaba moito valor. Volveuse cobra e empezóu a rubir polo mozo arriba, e il tiña que lle dar un beixo, mais non foi capaz, e a dona quedóu encantada, non faltándolle xa máis que unha vez.

En Alongos aparecía unha en forma de grande serpente levando un caravel no bico, que lle había que quitar cos dentes. A máis pequena dúbida, calquer movemento de repugnancia, e a ocasión está perdida, na maor parte dos casos, pra sempre.

Estas historias repítense infinidade de veces, con referencia a diversos montes, castros e fontes. O intento de desencanto case sempre fracasa, e a dona láiase dicindo ó galán: "Fixécheme desgraciada xa pra sempre"... Hai veces en que o mozo morre ó pouco tempo, en castigo da súa cobardía.

d) As donas —as máis das veces tres— están encantadas nunha fonte, e cóntase a historia do seu desencanto, máis ou menos fracasado.

Indo uns galegos a Castela, viron na fonte do Guadarrama unha muller fermosísima que lles preguntóu de onde eran. Dixéronlle que de Amandi, e ela dixo: "Fuentecilla de San Germán, caño de oro"... E deulles unha torta e encarregoulles que cando chegasen á súa terra, fosen á fonte de San Xermán, chamasen e entregasen a torta. Iles esquecéronse, e ós tres días, ouviron unha voz: "Ay, lo que habéis perdido, fuente de San Germán, fuente de oro!" Na fonte había unha muller encadeada que

lles houbera dado riquezas e lles houbera feito moito ben, si a houberan ido desencantar o día que chegaron.

Perto do pozo Meimón, á banda de arriba da estrada de Ourense a Castrelo, hai unha nacente de auga nunhas penas, chamada fonte de *Ana Manana.* Un que iba á segar a Castela, encontróu no camiño un señor moi luxoso que lle preguntóu de onde era e si coñecía o pozo Meimón. Como lle dixese que sí, o señor deulle un queixo de catro esquinas e díxolle que si quería ser rico, ó chegar á indicada fonte, chamase tres veces: "Ana Manana!" e á terceira apareceríaile unha muller moi bonita e ben posta; il daríalle o queixo, e ela daríalle a il parte dos tesouros que alí tiña gardados. Mais todo tiña que ser en segredo, sin que ninguén o soupese.

Volvéu o peisano á súa casa, mais antes de chegar ó pozo Meimón, meteuse por un atallo cara a súa casa, pra ver á muller e máis ós fillos. E como as mulleres son tan sabichosas, e a súa andaba "de aquela maneira", deulle o antoxo de saber qué levaba o home nunha saqueta, e nun descoido dil, abríuna, víu o queixo e deulle unha dentada nunha esquina.

O home colléu o queixo sin fixarse, marchóu á fonte, chamóu tres veces "Ana Manana", e á terceira vez apareceulle unha muller que semellaba unha reíña con cara de ánxele, mais que viña enrabechada. Ó entregarlle o encargo, dixo ela:

> —Sí, home, sí; boa a fixeches. Iste é o cabalo que me había levar, mais fuches primeiro á casa, e a larpeira da túa muller comeulle unha pata.

Deixóu o queixo no chao, e volveuse un precioso cabalo blanco, coxo dunha perna inteira. A muller dixo:

> —Agora teño que quedar eiquí encantada pra sempre, cos tesouros que tamén te habían tocar. Toma esta faixa de picote e ponlla á túa muller cando sexa pra dar a luz, que outra cousa non te podo dar.

A dona desaparecéu e o home marchou prá casa, mais no camiño, desconfióu, e ocurríuselle probar a faixa envolvéndoa nun sobreiro, e no instante o sobreiro emprincipiou a arder, sin que quedara nada dil nin volvera a medrar máis.

Máis común é que, en lugar dun queixo, sexan tres moletes de pan, pra desencantar a tres doncelas. Dúas, efectivamente, marchan nas súas mulas ou cabalos blancos; a terceira, cuio molete está encetado, tense que quedar, porque á súa cabalgadura fáltalle unha pata. Así se conta, por eixemplo, do Castro Pedro, en Melide. O home que trai os moletes tén que decir: "Aureana, Aureana, toma o bolo que che dá a túa Ana" —semellante no sonsonete ó de Ana Manana, non sabéndose arestora cal se deriva de cal, ou de onde derivan as dúas fórmulas—. En castigo, recibe unha fita dourada que, atada a un árbore, faino arder: é como o cinto que

Medea regalóu a Creusa. Ademáis diste tema, atópase eiquí o da curiosidade da muller, e máis o do galego que oi falar en lonxanas terras dos tesouros da súa terra.

e) Ás veces, quen desencanta non é un home, sinón unha rapaza. Nos Castros de Trelle, unha mañá de San Xoán, unha moza que iba pra Ourense atopóu unha señorita descoñecida, vestida de seda e cuns cabelos dourados que lle chegaban á cintura, e a señorita díxolle:

> —De hoxe nun ano, si qués ser rica, antes de raiar o sol, vés por eiquí, e dende a cima do monte, has decir tres veces: "Ábrete, pendouril dourado!".

Así o fixo, e á terceira vez, por un burato que se abríu no monte, saíu a señorita vestida de seda e botoulle na faldra unha cousa que non se sabía o que era, e díxolle:

> —Non mires hastra non chegares á casa.

E desapareceu. A moza, chea de curiosidade, abríu o mandil, e víu que eran moedas de ouro. Chea de ledicia, chegóu á casa, mais cando quixo gardal-as onzas, eran carbós.

No Viso, ó pasar o río de Allariz, unha muller que iba ó monte encontróu outra que lle pidéu leite pra un neniño que levaba no colo. Díullo, e a muller aquela colléu a cazola, metéu algo dentro, tapouna e díxolle que llo levara á nai sin mirar. A interesada destapouno no camiño e eran cagarrutas de cabra. Tirounas e foise prá casa. Maila súa nai matinóu non fose cousa de encantamento, e fíxo que as volvese recoller. Volvéu, e cando estivo de novo na casa, eran moedas de ouro.

Na Gudiña, era unha moza a que tiña que desencantar á dona trocada en serpe, baténdolle cun pau; mais tivo medo, e a serpe meteuse entre as penas e desapareceu.

Nestas historias, as donas preséntanse como persoas "encantadas", sin que seipamos si pertencen ou non á especie dos homes. Mais todolos demáis caracteres: seu poder, súas riquezas, súa sabencia, incluso a caste da súa relación cos humáns, asemellan ás que dixemos da mitoloxía europea.

2º *Os espíritus das augas.* As donas son moitas veces, como temos visto, espíritus das augas, ou cousa semellante, en relación máis especial coas fontes. Nelas podemos supor, con máis fundamento que noutros mitos, a supervivencia das divinidades indíxenas que nos tempos da romanización foron identificadas coas Ninfas, ás que se adicaron tantas lápidas votivas.

Inda se fala doutros xenios das augas: no río Miño, entre Melgazo e Arbo, viven asegún din, as *feiticeiras,* sorte de ondinas pouco de fiar, pra librárense das cuales os que atravesan o río, dende Portugal, meten no bico un coio pra non poderen falar namentras van polo río.

Nos puzos do río chamados de Chouzán, da Parleira, da Cabaceira e outros máis, cando o río pasa ó pé do castro de Marce, na terra de Lemos,

vive o pobo dos *xacios*, que son anfibios e dos que a maneira de ser é a das ondinas: teñen figura de persoas, e as *xacias* son moi fermosas; ligan amores cos homes, encántanos, poseen riquezas, non son cristiáns... Compáranse cos *Nixen* xermánicos.

Un veciño de Marce, pescando un día no río Miño, atopóu unha xacia moi linda, que lle dixo que si a bautizaba, quedaría desencantada e casaría coíl. Bautizóuna e casaron. Os fillos que tiveron eran moi amigos de andar na auga, de se andaren bañando no río, nos regatos e nas lagorzas, tanto que o pai enfurruxouse de tal xeito, que lles dixo: "Ídevos deiquí, fillos dunha xacia!". Coa muller estaba sempre rifando, de maneira que a xacia, aborrecida do seu home, deixouno e tornóu a se meter na auga. Mailos xacios, en castigo, de se ter feito cristiá, escuartizárona no fondo do río. E cando o home foina buscar, por alí perto do castro de Marce, víu as entranas da súa muller que aboiaban no río.

Do matrimonio non quedara máis que unha filla pequena, que chamaban Sabel, que andaba co gando. Apareceulle unha fermosa xacia, fíxose amiga dela, e dáballe grao de millo moreno que, cando chegaba a casa, volvíanse onzas de ouro, mais prohibíalle que dixera nada. Ó fin, a nena contoullo ó pai, e pró outro día desaparecéu. Foina buscar o pai, e sintéu aquela voz que tanto aparez nistes contos: "Sabeliña, Sabelón, fritida está en aceitón".

As *lavandeiras* son citadas por Murguía e Rodríguez López. Atópanse de noite lavando nos ríos e nas fontes, mailas referencias din moi pouco.

As *xanas* de Asturias son entidades míticas esencialmente idénticas ás nosas donas: unhas e outras corresponden xustamente ás que en castelán chaman "hadas" —xa dixemos que a verba galega correspondente, "fada", siñifica unha cousa inteiramente diferente; Murguía e Carré Aldao queren ver a "fada" (sorte) persoificada, nas expresiós: "Dios te críe para as boas fadas", "Poucas son as malas fadas", e na especie de romance, un pouco sospeitoso, que di:

A fada fadiña — ca súa basquiña
pasa a mañán — aliña que aliña.
Nos seus cabeliños — louros, louriños
como ouro enxebre — so os penediños.
Coma o ourego — coma o esprego
rescende de lonxe — coma o incenso
e o alento — que leva o vento
da carballeira — fólgase o peito.

Na tradición viva, polo menos, non temos atopado endexamáis esta persoificación, nin que en ningures chamasen *fadas* ás donas, nin á ningunha caste de seres míticos.

As xanas semellan conservar algús caracteres da *féerie* nórdica, celta especialmente, que as nosas donas parece que perderon: roubarlle os fillos

ás mulleres trocándoos polos seus, pra que llos críen; levar coelas ós mozos ou casar coeles dándolles unha prenda, pedíndolles outra, coa fórmula: "Dame tu pobreza y toma mi riqueza" e comendo xuntos unha torta.

En Galiza atopamos a verba "xá", mailos autores dan unha defińición que non concorda coaquela: "As pantasmas que nalgús puntos chaman *xás*, van ós muiños metérense coa xente, ás herdades roubar o froito e ás cortes munguir as vacas". Na Arnoia son luces que corren dun lado pra outro, e din que o que alumea é a tibia dun morto. Si lles asubían, danlle ó que asubióu unha tunda. No primeiro caso, hai contamiñación co trasno; no segundo, coa Santa Compaña, ou coas roldas de bruxas.

Cecáis esto derradeiro sexa o atínado. Cabal, na "Mitología ibérica", deriva *xana* de *Diana*, e *Diana* de *Jana*, doble de *Janus (Div-Iana)*. Jana, do sánscrito *jan*, "enxendrar", siñifica, asegún il, a *Mater* primitiva: *Mana geneta*. Esto todo, apesares dos lugares de mitólogos e teólogos antigos que trai a conto, semella aventurado.

Así e todo o derivar *xana* de *Diana* parece atinado. Agora ben: sabido é que na Edade Media, Diana convirteuse nunha sorte de demo femenino, e aínda se supuxo un demo *Dianum*, de cuio nome vén, con seguranza, o noso "diaño". Diana foi naquil tempo —como Herodías e Frau Holle, coas que a identificaban— a guieira das bruxas e cáxeque raiña do sabado ou aquelarre. Estas roldas de bruxas levadas por Diana, andaban polo aire, con luces. Unha das cousas que se apuñan ás bruxas daquela, era desenterrare os mortos pra comerlles a carne, e os osos usábanse como flautas no aquelarre. Polo tanto, onde debe estar xustamente aplicado o nome de *xás* é na versión da Arnoia, namentras que en Asturias, desviouse do seu senso orixinal, pra nomear outros seres míticos. Os *xás* son os seguidores da Diana infernalizada medieval.

Mitos cristianizados

Chamamos así a aqueles mitos que, sendo de orixe precristián, sufriron, dun xeito ou doutro, a influencia do Cristianismo. Polo regular, ós seres míticos desta caste apuxéronlle un carácter maléfico ou pouco menos, sendo tidos por unha sorte de diaños menores, que non adoitan faguer moito dano, enredantes e que, ás veces, fan renegar á xente, ou danlle chascos, pegotas e pullas, sin causar maores males. Nin son deuses, nin son demos, sinón o que pudéramos chamar espritos intermedios, en cuia caste teríamos que meter tamén os que acabamos de incluir nos mitos pagáns.

Distes espritos, os que máis andan entre a xente son:

1º *O trasno*. Confóndense a miudo tres espritos distintos: *o trasno*, o *tardo* e máis o *diaño bulreiro*. Compre distinguilos ben. O trasno é un esprito doméstico, que anda principalmente nas casas, nas palleiras e nas cortes; o diaño bulreiro anda nos campos, case sempre de noite; e o tardo é o que causa o pesadelo.

O trasno é coñecido en toda Hespaña, cos nomes de *trasgo*, de *duende*, nas terras de fala castelá, de *follet*, nas de fala catalá. É popular en toda Europa: é o *Kobold* alemán, o *Troll* escandinavo, o *Puck* inglés, o *Lutin* francés, etc. En Galiza chámase *trasno* e tamén *Perete, Perello* ou *Perecho*, nomes que comparte co demo. É unha sorte de diañiño inofensivo e bulreiro, un enano riseiro, de figura humá, moi listo e lixeiro, que ás veces, anda pegando brincos, leva unhas barbas longas e moitas veces un pucho encarnado. Tamén se pode presentar en figura de diversos animás: carneiro, cabra, can, gato, etc. Anda na casa e anda revolvendo todo, gastándolle bromas á xente, o máis pesadas que pode, mais asegúrase que non fai máis que parvadas, e nunca fai mal. Así e todo, tén certo carácter endiañado, porque fuxe do signo da cruz e máis da auga bendita.

Apóñenlle os ruídos de noite nas casas onde non vive ninguén. En Trasariz (Cenlle, Ourense), había unha na que pasaban tales cousas, que ninguén se estrevía a entrar nela. Un que entróu, por unha aposta que fixo, víu ó trasno en figura de carneiro, pegando brincos, e o trasno faloulle, con palabrotas e aldraxes, mais de que acendéu luz, desaparecéu.

A unha familia de Chantada, aparecíalle á hora de rezaren o rosario, en figura de gato negro ou de cabrita roxa. Nunha casa de San Ciprián de Viñas, era como un gato, pero de coor verde e co pelo moi fino. En Calbos de Randín, aseguran que anda en forma de "bicho raro".

Ás veces, non fai máis que barullo. Outras, causa efectos que poñan medo ou que non deixen durmir á xente. Dous cazadores que tiveron que durmir unha noite nunha casa da serra, ó apagaren a luz, sentiron uns pasiños quedos dentro da habitación, que cada vez sonaban máis; acendían a vela, e nin vían nada, nin sentían, mais ó volver apagar volvían ouvir aquelo, que non sabían o que pudera ser. Logo, volveron os pasos máis fortes, e unha voz que decía:

—Sonche pitos, Manuel.

Manuel era un diles. E así os estivo enganando o trasno toda a noite.

O trasno revolve os trebellos da casa, as cuncas, os platos, fai tremer as portas e as paredes, bater unhas coas outras as cazolas na espeteira, tira e esparexe no chao os graos e as sementes, e non deixa cousa con cousa. É moi dina de nota a semellanza das falcatrúas do trasno —que se chaman "trasnadas"— cos fenómenos que os espiritistas apoñen ós espritos dos mortos, e os ocultistas a diversas forzas hipotéticas ou descoñecidas.

Endebén, o máis corrente é que o trasno faga todo eso de noite, mais que antes de vir o día deixe todo como estaba, tal como o encontróu, de maneira que á mañá, estea cada cousa no seu sitio, como si non houbera pasado nada.

Pior é o costume que tén de lavar o traseiro no leite —cousa que tamén fan as bruxas— polo cual nunca se debe deixar destapado. Polo día, asegún algunhas versiós, tamén pode facer das súas: pra facer rene-

gar á xente, por eixemplo, enreda as miadas ou fai perder as cousas, facendo que desaparezan mesmo as que un tén dediante dos ollos, cousas que tamén se apoñen ó verdadeiro demo.

En relación cos fenómenos hiperfísicos, preternaturales ou como lles queiramos chamar, catalogados nos libros de metapsíquica, ocultismo e espiritismo, máis ou menos científico, diremos que unha das gracias do trasno é tamén a de entrenzar as crins das cabalerías en trenciñas miudas, perfectamente feitas, e en menos dun instante. Esto asegúrano incluso persoas serias e nada crédulas.

Hai algús remedios pra se librare do trasno. Un dos que máis se aconsellan é deixarlle de noite unha cunca chea dunha semente moi miuda: nabiña, liñaza, millo miudo, ou ben de graos de munición. O trasno tira coa cunca, mais despois non pode recoller a semente, ou os perdigós; entón aborrécese, e acaba por fuxir.

Iste efecto exprícase de varias maneiras: a) o trasno tén un burato en cada mau, e por alí escápaselle a semente; b) ó recoller a semente, non quer perder nin tan xiquera un grao, e como son tantos, en recollelos todos, pódeo sorprender a luz do día; c) o trasno é tan curioso que quer saber cantos graos hai, mais non sabe contar máis que hasta dez, de xeito que, ó pasar de dez, perde a conta e tén que emprincipiar outra vez, e así váiselle a noite.

Outra maneira é a seguinte: o trasno tén medo da luz, sobre todo da luz do día. Entón o que se fai é estalo velando, e nunha revolta, pillarlle o pucho, sin o cual non se goberna. O trasno chora e suplica pra que llo volvan denantes que veña o día; entón fáiselle prometer e sácaselle a palabra de que non ha volver endexamáis a facer das súas.

Tamén usan, ás veces, de bendecir a casa, botar auga bendita, pór cruces, etc. mais non semella que se consiga moito coístes medios devotos; o trasno vaise, pero volve.

Hai casos en que resulta imposible desfacerse dil. Repítese moito a historia dunha muller que, vendo que o trasno nona deixaba vivir, foise da casa e marchóu pra outro lugar. Iba polo camiño, cos trastos cargados nun burro e na cabeza unha banasta chea de trebellos e no cima de todo, un sarillo. Encontróu cun veciño, e explicoulle que se marchaba por mor do trasno, que pegara coela de mala maneira. Despedíronse, e, a pouco, o veciño volveuse a mirar, e no sarillo iba sentado o trasno, moi recreado... Nalgunhas versiós, o trasno exprica ó veciño:

—Imos de casa mudada!

Algunhas bromas que semellan máis propias do diaño bulreiro, apóñense tamén ó trasno, pois xa diximos que non sempre se fai diferencia entre os dous. É moi común o caso do home que se botóu ó carrelo o fol pra levar ó muiño, e botóu a andar, mais notóu que o fol cada vez lle

pesaba máis, hastra casi non poder coíl. Ó chegar ó muiño todo derreado, sintéu unha voz que lle decía:

—Madia levéi contigo, que me trouxeches ó lombo; agora, volve á casa buscal-o fol!

En lugar do fol, levara ó trasno.

Tamén se conta moitas veces o seguinte. Iban unhas mozas ó muiño. Nunha touza atoparon un neniño pequeno abandoado, tirado na terra e tremendo co frío. Deulles lástima, recollérono, levárono coelas pró muiño e deitárono no medio das dúas, pra quentalo ben. Cando estaban no millor do sono, o neno pegóu un brinco, púxose enriba da moega, e cantóu:

Jujurujú, jujurujú,
quentásteme o cú,
quentásteme o rabo,
heivos dar o grao polo tremiñado!

Tamén pode rematar o caso pegando o neno un estoupo e desaparecendo.

2º *O tardo*. Confóndese moito co trasno. Hai sitios, como en Lobeira e terras de Bande, onde chaman *tardo* ó trasno, e ó revés. Os caracteres do tardo son semellantes ós do trasno: é moi pequeno, pero pesa moito. Séntase no peito dos que están durmindo, sexa na casa, sexa no campo, e cáusalles opresión de peito, angustia e soños pesados e delirantes, ou sexa, o pesadelo. Pesadelo lle chaman ó tardo en Portugal.

O tardo é o *Alp* xermánico, exactamente. Líbranse dil dun xeito semellante do do trasno.

3º *O diaño bulreiro*. Iste diaño, inofensivo como o trasno, mestre tamén en enganos e pegotas, aparez de noite nos camiños e nos campos, nas formas máis diferentes, mete sustos á xente, fai perdel-o camiño ós camiñantes, entretenos si cadra unha noite inteira dando voltas arredor dun sitio coñecido sin que dean coíl, fai outras mil cousas de mil xeitos.

Algunhas veces colle figura de home. Un vello da terra de Melide, que andaba de noite buscando unhas vacas que perdera, atopouse cun "caballero" moi vistoso, montado nun gran cabalo; preguntoulle si vira as vacas, díxolle que non. Máis adiante, volve atopar outro "caballero" igualiño ó primeiro, preguntoulle, e respondeulle igual. Enrabechouse o vello, seguíu andando, e volta a atopar un terceiro "caballero" como os dous primeiros; ó preguntarlle, o "caballero" responde:

—Yo no soy de esta tierra.

O vello, enrabechado, dícelle:

—Serás de Noso Señor, que te non leve!

Decindo esto, o "caballero" desaparecéu de súpeto sin saber cómo.

A quen lle aparece moito é ós mozos que van de tuna. Un caso que se repite moito é o de oito ou dez mozos que van xuntos en pandilla, de noite, e perto dun río atopan unha cabalería, e tratan de montar pra pasal-o río. Monta un primeiro, outro detrás. Iste mira e dí:

—Aínda colle outro.

Monta o terceiro, e vé que inda hai sitio:

—Aínda colle outro!

E así van montando todos. A besta vaise alargando cantos máis suben nela. Acomodados todos, o cabalo, besta ou mula, métese no río. Entón poden ocurrir dous casos.

Ou que un dos xinetes, ó ver tanta xente no cabalo, diga asustado:

—Ai, Xesús, que nunca tal vín!

e naquil istante, coa invocación do nome de Xesús, desaparece de súpeto o cabalo e déixaos a todos no río, do que saen, naturalmente, mollados como pitos... Ou tamén, sin que ninguén diga nada, que a besta pegue un estoupo, ou que se parta en dúas pola mitá; o caso é que no río han caír e han de levar molladura.

A veces, un mozo vai soio, e atopa, un supoñer, unha burra branca. Quer montar, achégase a ela, mais ó querer pillala, a burra bota á correr ou desaparez. Máis adiante, vólvese presentar, e ante novo intento do mozo, escapa outra vez, e así o trai toda a noite de cacho pra testo, deica acabar canso e tronzado. Nunha ocasión, un que xa chegaba a unha aldea, volvéu ver a burra, chamóu por un veciño pra pillala, e entón a burra emprincipióu a dar couces no chao e levantar poeira que cegóu ós dous homes, e cando acabaron de limpar os ollos, alí non había nada.

Tamén ocurre que o camiñante noitébrego atopa un carneiro, recólleo e bótao ó carrelo. O carneiro cada vez pesa máis, deica que o home non pode coíl, e cando está chegando á casa, desaparécelle sin saber cómo. Ou tamén, o carneiro méxalle polo pescozo, e déixalle toda mollada a chaqueta e maila camisa. Ou comenza a falar como un cristián, e dícelle:

—Ponme pró outro lado, que me vas mancando nos c...

Un carneiro mouro, moi gordo, foi atopado nun regato por un home de Maceda, que o levóu prá casa e fixéronlle un gran lume pra que se secase, e, namentras, foi o home acomodal-o gando, e a muller púxose a catal-as pulgas na cociña. De súpeto o carneiro dícelle:

—Ai, o que vexo, já, já... Ai o que vexo, já, já!

E ela dixo:

—Xesús, esto é o demo, que non é cousa boa!

E ó decir Xesús, o carneiro estoupóu e desapareceu.

Tamén se mete nas casas o diaño bulreiro. En Cambeo, estaba unha noite na cociña a tía Maruxa fiando na roca a carón do lume, e presentóuselle un diañiño pequeno cun chuzo, e na punta levaba espetada unha limacha. Metéu a limacha no lume e díxolle á vella:

—Asar e non respingar. Maruxiña; queres dela?

Á noite seguinte, quedóu o marido, e ó ver ó diaño, quíxolle bater cunha tranca mais en lugar de darlle ó diaño, crebóu unha ola de leite que tiña pra mazar.

Pode pasar que o diaño bulreiro dea bos consellos, ou reprenda a conduta da xente. Un home de Lalín víu un día nun campo un bulto raro; preocupado, dixo:

—Ai, qué será esto, Dios me valla! As tres misas que oín á mañá me vallan!

E ouvíu unha voz que respondía:

—Si as oíras ben!

O home, cada vez con máis susto, repuxo:

—As palabras de San Xoán retorneadas me vallan!

Entón o bulto aquil deu un estoupo moi grande e desaparecéu.

Hai moitas historias destas, mais sempre andan arredor de temas semellantes.

4º Niste apartado debe entrar tamén a *dona dos pés de cabra,* de que se fala tanto nas lendas medievás, e que tamén asoma a veces en Galiza, cun carácter máis ou menos endiañado. É unha figura tentadora que se descobre.

En Laza, contan duns mozos que iban pra Soutelo, e atoparon no camiño cunha real moza, que se ofrecéu a facerlles compaña hastra aquil lugar. Iles puxéronse moi contentos, mais un diles encomenzóu a sentir un cheiro de chofre, e desconfióu. Entón quíxolle mirar as pernas á moza; ela, moi rebulideira, nono deixaba, mais ó cabo, coa axuda dos compañeiros, ergueulle a saia, e viron que tiña patas de cabra. Ó verllas, dixeron:

—Xesús! Arrenegado sea o demo!

A moza pegóu un estoupo como si fora unha bomba, e desaparecéu.

En Verán, iban dous paseando e viron unha señorita moi posta, que os invitóu a rubir á súa casa. Cando iban pola escaleira, viron que tiña patas de cabra, e deron volta.

Apariciós diversas

Falan unhas veces os autores, outras a xente, de certas apariciós ou persoaxes sin conexión coñecida cos mitos de que demos conta, que po-

den tela, en troques, con outros mitos antigos ou medievás, mais cuios caracteres son esvaídos de abondo. Tales son os seguintes:

1º *O Rabeno.* Falan dil Murguía, Carré Aldao e Rodríguez López. Preséntano como unha sorte de fauno ou sátiro moi dexenerado e vido a menos. É un home escolorido, macio, outo e flaco, con traxe claro e gorra de visera, que anda polos sitios ermos e desertos pra violar as mozas que atrapa.

Non sabemos que relación pode ter con outros mitos do norde de Hespaña, que se teñen posto en comparanza cos sátiros e coas antigas divinidades dos bosques: o *Busgoso* asturián, o *Trento* montañés, o *Basojaun* vasco, que, si proveñen dos faunos e sátiros, pode ser a través do *home salvaxe* das leendas e poemas da Edade Media. En todo caso, na versión que dan os autores galegos, aparez inteiramente humanizado. O nome de *Rabeno* interprétano por "sin rabo" (o mesmo que rabelo ou rabón); sería niste caso a inversa da leenda que apón ós xudéus, en Galiza, o teren rabo. De ser un fauno ou sátiro, o Rabeno debería telo. Tamén pudera vir de "rabino", que chaman a un home de mal xenio e mala intención, cecáis por influencia de "rabia".

Adúcese tamén, prá expricadeira da orixe diste mito, a creencia galega de que se pode curar a avariosis, e outras doenzas venéreas, durmindo con rapaza virxe. En cuio caso, pudera haber rabenos de certo.

2º O *Lambirón* é un forasteiro descoñecido, un "estrano" como soía decirse en tempos, que anda polos campos, seca os millos e amera as colleitas. Algunhas veces, tamén, envenena as fontes.

Cóntase dun paisano que viña de volta de América e iba a pé á súa aldea; parouse onde unha fonte pra tomar unha meiciña. Os veciños de por alí arrodearono e dixéronlle:

—Ti és o Lambirón.

Quixo il explicarse en galego pra decirlles quen era e de donde viña, mais non llo permitiron. Decíanlle:

—Fala na túa fala!

Atopáronlle unha caixa onde levaba uns sellos da botica, e dixéronlle que eran pra envenenar a fonte. Il xuróu e perxuróu que non, que era unha meiciña. Entón, pra demostrar que non era veneno, fixéronlle tomar todolos sellos dunha vez. Il levóu un susto que pensóu que morría; foi á botica, mais, por sorte, dixéronlle que non había dúbida.

Iste mito, como o do Rabeno e algús outros, non son constantes; vai por reboladas: fálase dil, logo desaparez, volve reaparecer cando menos se pensa... O Lambirón é de cote un extranxeiro. En xeneral, os extranxeiros son mirados na aldea con desconfianza, sobre todo cando falan mal as linguas eiquí coñecidas familiarmente: galego, castelán ou portugués. Ás veces apóñenlles roubos e crimes, ou feitos de que se fale nos periódi-

cos, como no caso da "secuestradora de nenos", hai bastantes anos, en que unha inglesa vestida dun xeito pavero, foi perseguida en Ourense polas mulleres, decindo que era a secuestradora.

O mito dos envenenadores de fontes é xeneral en Europa e estivo moi espallado na Edade Media. É dos mitos que presentan unha vixencia epidémica, aparecendo en determiñadas circunstancias, como pasóu cando a invasión da peste negra no século XIV. Falouse daquela dos sementadores *(semeurs)*, que propagaban a mantenta o andacio, botando nas augas uns pós, que se dixo seren das bubas dos apestados, ou untando as portas e outros lugares cunha untura especial. Cousa semellante ocurríu en Madride, na primeira mitade do século XIX, co cólera, ocasionando o conto a matanza de frades, que se dixo que foran os envenenadores, e, máis recentemente, fai cousa de trinta anos co dos "caramelos envenenados".

3º O *Sacauntos*, do que se falóu moito a mediados do século pasado, era un home que acometía ás rapazas novas pra abrirlles a barriga e sacarlles o unto, que logo iba vender ás boticas.

Foi creencia corrente noutro tempo que os boticarios "sacaban o unto" ás rapazas pra prepararen os ungüentos. Non todalas mozas servían pra eso; tiñan que ser virxes, roxas ou loiras e moi brancas. As rapazas non querían nin tan xiquera pasar por diante das boticas. Unha moza entróu unha vez, descoidada, nunha farmacia de Ourense, pra vender froita que levaba; o boticario mandouna pasar prá rebotica, e ó entrar, pechouse atrás dela a porta. A moza que o sentíu, pensóu que morta era; púxose de xionllos diante do boticario, coas maus dereitas, e pedíulle por Deus e por todolos santos que non lle sacara o unto. O boticario, que non era do país, quedou aparvado e abraiado.

O mito do sacauntos aparez, ás veces, como no caso xa dito de Manuel Blanco Romasanta, contamiñado co do lobishome.

4º *A raposa*. Trátase dun ser estrano, anunciador de desgracias e de morte, que unhas veces din que é *raposa*, outras *cabra*, outras *cadela*. Pode ser unha sorte de animal que anda pola terra, ou unha sorte de ave, como que lle chaman, ás veces, "cabra" ou "raposa do aire"; outras aparez especialmente localizada: a raposiña de Morás, a raposiña de Morrazo. "A raposa —di un informador— non se pode defiñir. É un esprito sotil, movedizo. Esta raposa pró vulgo non consiste máis que nuns berros que unhas veces semellan de can, outras de gato, outras de pita, de cabra, de corvo, etc. A raposa visita todolos terreos, países, casas, etc. por onde teña andado o que tén que morrer logo. Semella esto da raposa unha cousa sin fin, unha cousa incomprensible; sin embargo, é tan certo como que todos temos que comparecer diante do Ser Supremo, porque moitas veces o escoitaron os meus ouvidos".

Nas carballeiras do iglesario de Rubín (Estrada), lameira impracticable onde aniñan alimarias de toda caste, óucense de noite, cando hai trebón, berros estranos que fan tremer ó máis valente. Di a xente daquil

pobo que "berra a cabra". Uns explican que é un animal estrano (dragón) e outros que son almas en pena que asustan ós vivos cos seus laios tristeiros.

Da raposiña de Morrazo, dícese: "Unha leenda moi antiga refire que a raposa de Morrazo é unha alma en pena. Aparez pola noite en calquer esquina, ceibando berros arripiantes ó mesmo tempo que bota unha bafarada de lume pola boca. Cando se olla é mester decirlle: 'Dios te leve a porto salvo'. Por certo que a leenda da raposa de Morrazo non tén sido localizado o seu orixen. Pra min trátase dunha leenda mariñán, unha leenda tecida polos mariñeiros, por istes homes dun folklore tan intresante xurdido a carón das loitas co mar embravecido cuias augas lle serven tantas veces de Campo Santo". Engade o autor a observación atinada de que: "As almas non sempre fan aparición en figura de persoas". Polas terras da Cruña, fálase da "raposiña de Morás"; en Vilanova dos Infantes, da "raposa dos mornacos", que se ve na porta dos moribundos de alma moura, usureiros ou caciques, agardando pola alma deles, sin dúbida representando ó demo que os ha levar; na comarca de Verín, hai a "zorra que cantaba como o galo", cuio canto é, asegún din: "u u cacaracá u u cacaracá", participando, ó parecer, do oubeo do can e máis do canto do galo, mais esta óucese e non se ve, tíranselle pedras pró sitio pra onde canta, e canta do outro lado; en Dozón é a "raposa do aire", que tampouco se ve, anda polo aire, óucese e vese o lume que bota, e cando a insultan ou se lle reza o Credo, que é o que máis a ofende, bota flamas, e cando berra, morre unha persoa; en Bermés é de certo unha raposa, mais é unha raposa que voa e bota lume pola boca.

En Entrimo, no camiño de Terrachán, aparecía un cadeliño que facía moito mal ós que o vían; pra que non se metese coa xente, había que botarlle a comer pan bento. No Cubo de Cabaleiros, aparez de noite unha cadeliña e por riba un galo, e compre requerilos, leéndolles nun libro de misa. Outra información non localizada refírese á *perra do aire*, que dá voltas arredor da casa en que vai morrer algún, e berra como as *aves da morte*.

En Viveiro e arredores coñécese a *perra peregrina*, da que procuran non falar, nin xiquera nomeala, e, si falan, é en moito segredo. É unha cadela que bota lume polos ollos ou pola boca, e o vela é anuncio de desgracia. Ouvimos referir o seguinte caso. Unha rapaza que estaba enferma, creíana en gran perigo, porque, asegún mañifestóu en gran segredo, de nena tiña visto a "perra peregrina". Decía que estaba no camiño, diante da casa, coa súa nai, e ela pasóu. Indicoullo á nai, e a nai díxolle:

—Non mires, non mires, que é a perra peregrina!

E asustouse e disgustouse moito. Esto contouno en gran segredo encarregando que nono dixeran a ninguén.

Da *cabra do aire* falan na parte de Lalín. Din que é como un paxaro que voa mais berra igual que unha cabra. Unha información da provincia

de Ourense, sin determiñación do lugar, dí que tén o grandor dun corvo, co peteiro moi grande e canta: "me, me". En Santa Ana de Ordelles (Pereiro de Aguiar) confóndena coa curuxa; din que é do grandor dun pito negro de dous meses, que berra e anuncia a morte e mete moito medo, como que un mozo morréu arripiado de ouvila.

Outras veces chámanlle o *paxaro da morte.* En San Xoán do Campo (Lugo), din que é mouro, aparécese ós camiñantes, e, si canta do lado dereito, é bo sinal e si do lado ezquerdo, indica morte; mais tamén din que é negro e branco, e que se chama *pega negra* ou *ave fría,* a cual, si pousa nos tellados, anuncia morte. En Xuvencos (Carballiño) din que é escuro e moi feo, canta de noite con laído de neno e gargalladas; tamén lle chaman *sapo do aire,* e algús din si non será o moucho.

O que se chama perra ou zorra ou raposa ou cabra do aire e outras veces paxaro da morte, pode non ser un ser mítico, sinón un animal de certo, de especie coñecida. Moitas veces é, ou confóndese coa curuxa, o moucho, o corvo ou a pega. A raposa mesma anuncia a morte, por eixemplo, cando rí.

Vese que moitos dos informes recollidos refrexan unha confusión dunha pantasma coas aves tidas como "ferales", ou de mau agoiro ou con outras bestas do mesmo carácter.

Entre todas estas apariciós míticas hai que pór o famoso *Urco,* do que falaron Murguía, Carré Aldao, García de la Riega e outros autores. García de la Riega di que a maor parte da xente convén en que tén medio corpo de lobo con poutas e dentes afiados, e medio corpo de serpe con escamas duras e moita forza no rabo. Pra algúns é un can e pra outros tén figura de paxaro. Polas noites escuras de tempestá, anda da arrastro polos gorgullós e congostras, polas canellas, alcantarillas, soterraños e galerías das minas abandoadas e anuncia desgracia ou morte. En xeneral, onde se fala do Urco é nos arredores de Pontevedra. Cara fís do século pasado, houbo unha onda de terror nas xentes por mor do Urco; ninguén se estrevía a saír de noite, pechaban cedo as casas, porque o Urco andaba todalas noites por aquiles lugares. Existe a versión de que aquelo foi provocado polo escritor Andrés Muruais. No Entroido de 1876, celebrouse con gran pompa a entrada do Urco en Pontevedra, invitado por Teucro; houbo grandes festas, e semella que o medo pasóu e a creencia no Urco enfeblecéu.

Os autores relacioan o nome de Urco cun sánscrito *Urka,* que siñifica "lobo", e máis co *orcus* latino. Non hai dúbida de que se trata dun ser infernal, e de que tén unha relación, máis ou menos modificada, cos *Ogros* das lendas europeas. En Pías (Mondariz) chámanlle tamén o *butre,* é unha ave moi grande que anda de noite e berra como cabra ou gato.

5º *A pita con pitos.* Aparez de cote en relación cos tesouros encantados e cos moimentos antigos, nos lugares máis arredados e desertos. Precisamente chama a atención por vela onde non se espera que podan andar

galiñas. Adoitan decir que é señal infalible de tesouro, anque a relación da pita co tesouro non se explique cáxeque nunca de ningún xeito.

Cando se explica, que son as menos das veces, é de dúas maneiras: a) a pita e os pitos son de ouro; b) a pita e os pitos son a forma visible do tesouro. Niste caso, hai que desencantalos, o cual faise cuspindo na galiña, ou botándolle enriba unha pucha ou un chapéu de home, de xeito que cobra toda a galiña. Compre atinar moi ben. Hai veces en que a pita convírtese espontáneamente nunha persoa.

En Ponte Ulla, onde se estreita o río entre uns penedos, hai un puzo moi fondo no que aboian entre dúas augas unha grade de ferro e unha campá prendida nela; a media noite, a campá dá doce badaladas, e entón sai da bouza, na beira do río, unha pita blanca con doce polos de ouro, e ó mesmo tempo, unha pantasma; pantasma e galiña andan dando voltas namentras sona a campá: ó dar as badaladas, estanse quedos, e cando dá as derradeiras, ó romper o día, desaparez.

Esta pita con pitos é un misterio que non se tén descifrado. Puxérona en relación coa galiña dos ovos de ouro e cos tesouros históricos consistentes nunha pita con pitos feitos de ouro, como un que se alude, de ouro macizo, no tesouro de Cosroes Anochirván, rei de Persia e máis no da Catedral de Monza, na Italia, de plata sobredourada, regalado pola raíña longobarda Teodolinda.

Barros Sivelo dá noticia e reproduz en dibuxo un medallón de cobre atopado no monte Pindo, que se supón representar unha pita arrodeada de seis polos. R. Lehmann-Nitzsche supuxo que o que quer figurar é a constelación das Pléiades, que leva o nome popular de "a galiña e os polos", en Francia, nos Grisóns, Italia, Lorena, Alemaña, Inglaterra, Dinamarca, Bohemia, Balkáns, Siam, Camboia, Borneo, Costa de Ouro, Arxentina e Chile. En Hespaña e Portugal, en troques, o nome é "las siete cabrillas" e "as sete cabrinhas"; en Galiza tense constatado o nome de "a Piña". Non aparecendo o da "galiña con pitos", non pode haber comprobanza da tesis de Lehmann-Nitzsche.

6º Un *cabalo pantasma,* que ás veces bota lume pola boca ou tén coor de lume, aparéceselle ós buscadores de tesouros, ou tamén ós camiñantes solitarios. Tamén pode suceder que o cabalo sexa moi pequeno e de súpeto encomence a medrar hastra chegar a tocar no ceo. Debemos ter en conta a relación do cabalo coas augas, tanto coas do mar como coas dos ríos e das fontes, verbo do que compre recordal-a idea de que Poseidón, o deus do mar, foi orixinalmente un cabalo.

7º Da *sirena* ou *serea* do mar, atópase simple mención nos autores, mais ningunha descripción nin leenda. Tampouco nos tén chegado ningunha información oral. Perseguindo iste mito en Asturias, C. Cabal non fai máis que aducir fontes eruditas hespañolas antigas, e a lembranza do *hombre marín,* que ven ser o antigo *tritón* clásico. En Portugal, cítase

o caso dunha mociña linda que sempre andaba metida no mar e a nai rifáballe, e ela respondía:

—Nha nai, que quer que faga?

E unha vez, a nai berroulle:

—Em peixe sejas tu feita!

E volveuse peixe da cintura pra baixo, e nunca máis surtíu do mar.

8º Murguía fala das *Ouvas*, seres maléficos, menos poderosos que as Lumias, decindo que son as *Ouveanas* céltigas e as *Ouvas* do moderno Exipto. Non sabemos outra cousa delas.

9º As *Lumias*, seres tamén maléficos, compáraas o historiador de Galiza coas *Lamias* antigas. Din que persisten no País Vasco, que viven en covas con regueiros nos que lavan de noite, fían con rocas de ouro e, ás veces, namoran ós homes. Cabal dí que se conservan en Asturias co nome de *Guaxas*, que son as nosas *meigas chuchonas* (vampiros). Poden ser, si cadra, as nosas *fiadoras* e as nosas *lavandeiras*.

Igual iste mito que o anterior, ou desapareceron, ou variaron de nome.

10º Mitos falsos ou dudosos son:

O *Canouro*, sacado por Murguía dun romance máis que sospeitoso, que tén un asunto semellante ó do *Erlkoenig* de Goethe. O romance non está en metro de romance, octosílabo, nin tén xeito popular nin antigo, e foille comunicado por persoaxe do que coñecemos poesías e que foi soado no seu tempo polas súas facecias. Murguía di do Canouro que "non se sabe o que é nin a súa orixe nin condiciós, somentes que fire ós nenos no colo do seu pai". Carré, pola súa parte, di: "O romance que se refire a iste ser sobrenatural parece ser, según opina Murguía, irmáu maor da fermosa creación de Goethe ("O Rei dos Elfos") e que nas dúas se recoñece un mesmo orixe, procedente dun vello rito (?) xermánico".

Nalgún texto atopamos a mención duns *Codines*, enanos, gnomos ou jinas dos que non temos outra noticia.

As razas míticas

A creencia en poboaciós míticas semihumás ou cáxeque humás, habitadoras de moimentos prehistóricos, das ruinas, dos penedos, das fontes, etc., é cousa que se atopa en todas partes, e adoito, en relación cos tesouros ocultos. En Europa existe unha verdadeira mitoloxía da prehistoria, coa que se misturóu unha mitoloxía prehistórica pola súa orixe. Salomón Reinach ocupouse das tradiciós referentes a tesouros e entidades míticas que viven nos moimentos antigos. Os dolmens é raro que sexan sepulcros, na tradición popular; na Francia chámanlles *Four des Géants*, *Maison des Fées*, *Maison du Diable*... En Suiza, nas pedras con coviñas, andan as fadas; chámanse *Pierre du Sauvage*, *Hexensteiner*, *Heidensteiner* (pedras das bruxas, pedras dos pagáns); en Escandinavia, *Elfstenar* ou *Elfsquarnar* (pe-

nedos ou muiños dos Elfos); na Alemaña, os mesmos nomes e o de *Tedtensteine* (pedras dos mortos). Os Elfos figúranse sempre vivindo nas covas e nos soterraños. Os Gnomos e Koboldos andan debaixo da terra, en relación coas minas e cos tesouros. Na Armórica, os *Korrigan* atópanse nas fontes, sobre todo nas veciñas dos dolmens, e os enanos gardan tesouros nas pedras, e iles foron os que riscaron as pedras escritas, e siguen vivindo nises moimentos.

Compre reter os nomes de pedras dos xigantes, pedras dos xentiles e pedras dos mortos, que nos levan xa a pensar en poboaciós antigas. Ademáis, os Elfos xermánicos e os Korrigan céltigos, con toda a vaguedade e a indistinción con que procede o pensamento popular, non son o que propiamente podamos chamar *xenios* ou *espritos*, sinón unha suposta raza de homes pequenos —enanos— que a leenda presenta deformes, armados con dardos de pedra e dotados de poderes máxicos. Por varios detalles semellan unha raza dexenerada: pequena talla, fealdade, o quereren levar rapaces novos prós cruzaren coas súas femias, ou roubaren os nenos trocándoos polos seus fillos aparvados, co que semellan quereren rexenerar a súa raza. Xa Walter Scott supuxera que esas razas míticas representaban os habitadores prehistóricos do país, e dos Elfos escandinavos pensouse tamén seren unha raza primitiva relacioada cos lapóns, e á que a leenda deu un poder sobrenatural, cecáis polas virtudes máxicas que lle apuñan ós lapóns.

As razas míticas aparecen máis determiñadas nas fontes literarias clásicas dos pobos antigos: Grecia, India, China, etc. Nas vellas crónicas e poemas irlandeses, fálase dos *Tuatha Dé Danann*, unha das invasiós que sufríu aquela ínsua, pobo sabio e valeroso, cuios descendentes viven hoxe, ocultos ás olladas profanas, igual que os nosos mouros. Os Tuatha Dé Danann teñen sido interpretados como unha raza humán real e tamén como os deuses que aportaron os Milesiáns.

As razas míticas son, en ocasiós, homes de caste superior, sabios, santos e felices, que viven en comarcas arredadas, lonxe do alcance dos outros homes, estando a veces impedida de diversos xeitos a comunicación coíles. Como exemplo, podemos pór os *hyperbóreos*, cuia vida describeu Hecateo de Abdera, e os *uttara kuru*, dos que se fala no *Mahâbhârata*, que viven atrás do Himalaia, como os hyperbóreos nas terras xiadas do norde.

Estas razas míticas teñen, dende logo, caracteres humáns, mais caracteres diferentes dos das nosas razas históricas. Soen ser moitas veces xigantes ou enanos. De antigas poboaciós de xigantes e de enanos falan as tradiciós antigas de moitos pobos: *cyclopes*, constructores das edificaciós que deles recibiron o nome de ciclópeas, titanes, pigmeos, que foron procurados en diversas partes da terra e que se cree ter atopado no interior de Africa, etc. Cecáis debamos meter entre as razas míticas a dos "homes

salvaxes", que temos visto aparecer nos moimentos prehistóricos, e dos que se falóu moito na Edade Media.

De todolos xeitos, existe na Europa un fondo xeneral de creencias referentes a poboaciós míticas, compostas principalmente de xigantes e de enanos, das que atopamos entre nós restos característicos, anque na maor parte dos casos teñan sido suplentados, polos "mouros".

Falaremos primeiro das que consideramos como anacos, máis ou menos desfigurados das formas primitivas, e logo das referentes ós mouros, que, pseudomorfizando as anteriores, dan un carácter marcadamente hispánico a estas tradiciós.

Os xigantes. Non son moitos os rastros que quedan en Galiza dunha antiga raza de xigantes; mailos que hai asegúrannos de que a creencia existíu noutro tempo. Aparecen en relación cos moimentos prehistóricos e cos tesouros; moitas veces son a forma do "encanto".

Nas covas de Ollán ou Ullán, no Irixo, hai un encanto defendido por un feroz xigante. Certo señor de por alí, en compaña dun seu amigo, entróu na cova con obxeto de adonárense do encanto; había como unha hora que camiñaban dentro da cova, cando empezaron a ouvir certo ruído que medraba conforme se metían máis adentro; chegóu a ser tan grande, que, co medo, deixaron a empresa e "chamaron amigos ós pés", saíndo tan axiña como puderon. Namentras uns din que era o xigante, que viña en defensa dos seus dereitos, outros din que o ruído era efecto da corrente subterránea.

Dentro do castelo de Sandiás hai un puzo con varios metros de auga, moi escuro, e por il tén entrada, e debaixo hai un salón con moito ouro; pra desencantalo hai que levar un ovo dunha pita negra e maila pita; ésta sóltase no salón e o ovo esmendréllaselle na frente a un xigante que está dentro cunha machada pra matar ó que vaia, si non lle dá co ovo.

No castro de Trelle, un rapaz de Sabucedo, que andaba a gardal-o gando, púxose a rañar cun coitelo nunha peneda do castro. Así que o fixo, prantóuselle diante un xigante grandísimo, con ollos de boi, que lle dixo que na fonte máis perto da cerca había acobillados unha cabra e máis un rexelo de ouro.

Do Crasto, de Melide, cóntase que uns que foron desencantar un haber na Porta do Mouro, ó desconxuraren, saíu unha voz dun penedo e díxolles:

—De que forma queredes que saia?

Un dos presentes, que viña do servicio, respondéu:

—En forma de militar.

E aparecéu un soldado grandísimo, tan grandísimo, que a cabeza pasaba dos outeiros máis ergueitos. Non lle quería dar os cartos si non lle traguían un año blanco de todo e sin lixo ningún, mais como se puxeran a triquinar, veu un trono, apagáronse as luces e desaparecéu o xigante.

Na Croa de Santa Cristiña, en Lobeira, unha muller que andaba coas ovellas levaba un cadelo cun axóuxer, que deu en correr de arriba pra baixo pola croa, meteuse por unha porta e, pasados tres días, foi saír no río da Limia, por baixo de Baños de Bande. Cando se metéu, a muller púxose á espreita no burato, e víu un gaiteiro e uns xigantes que estaban bailando.

Istes exemplos, que se poderían aumentar bastante, proban a existencia da tradición remota dunha raza de xigantes unha das que, en parte, foron suplentadas polos mouros.

Os enanos. As referencias a enanos son aínda menos que as dos xigantes, mais non deixan de dar testemuña dunha creencia antiga.

Na Mina da Rodela, en Couso de Avión, hai un castro, e "alí era onde os enanos gardaban o ouro en saquetas e íbano lavar ó río".

En Canabal, na parte chaira do val de Lemos, hai un monte que chaman o Cotarro que tén a forma dunha morea de centeo. No subchao diste monte "din que hai uns antigos habitantes enanos, que a súa tarefa é iren enchendo cubas de prata, porque do outro lado do monte creen que hai un filón de dito mineral. Istes enanos teñen moitos soterraños que se estenden a 200 metros á redonda, e cando algunha cabra cai, supoñen que é debido a que iles van cavando por abaixo. Istes enanos teñen que saír das covas sin que ninguén os vexa, e cóntase diles a historia da rapaza roubada por andar onde os podía ver".

Seres indeterminãdos. Moitas veces, os habitadores míticos do subchao son desiñados, non como xigantes, nin como enanos, nin como xás, nin como mouros, sinón como *homes* ou *señores,* ás veces como *encantados* ou *encantos,* sin caracterización especial.

No Castro de Pedrouzos (Melide), unha muller que iba dándolle o peito a un seu neno, chamouna un *Señor* pra que lle dera tamén de mamar a outro neno que il tiña. Levouna por unha mina moi longa deica unha casa preciosa. A muller deu de mamar ó pequeno e despóis o Señor trouxo unha untura e díxolle que coela untara os ollos do rapaz. Ó facelo, sin darse conta, pasóu os dedos por un dos seus ollos, e, dende entón, "vía como os encantos"... Pró outro día, que era 27, foi a muller á feira das Cruces de Sobrado, e polo ollo que untara, víu ó Señor do Castro, invisible pra toda a outra xente; en lugar de calar, chamouno, mais il non lle fixo caso. Outro día volvéu ó Castro, e o Señor preguntoulle:

—Con qué ollo me viches na feira?

Ela amostroulle, e o Señor botoulle os dedos e arrincoullo.

No Castro de Santa Compa, en Páramo (Lugo), iban dúas *señoritas* e un *caballero,* de noite, roubar centeo nunha aira. Unha noite veláronos o fóronos seguindo e víronos entrar nunha cova por unhas portas rubias, mais de que entraron, cova e portas desapareceron como si nada houbera.

Un arrieiro que iba vender viño a unha familia de xente estrana e

descoñecida que vivía nunha das mámoas da Pena de Francia, en Dozón, sin que a súa muller soupera de onde lle viñan os cartos que traguía, a muller, que era metida e porfiosa, fixo e fixo hastra que descubríu o conto. Os descoñecidos —dun xeito semellante ó da Fonte de Ana Manana— déronlle ó arrieiro un fermoso xustillo de regalo prá súa dona. O arrieiro probouno nunha cerdeira, e a cerdeira encomenzóu a arder. Maila muller, que diste xeito se librara do castigo dos encantados, contoullo todo, en moito segredo a unha comadre tan segreda como ela. Foi entón o seu home o que levóu o castigo: os encantados atárono ó rabo dun cabalo, e ó día seguinte aparecéu escuartizado. Inda hai unha cruz de pedra no sitio onde aparecéu, que se chama Cruz de Paio.

Con referencia a un dos castros da Punta do Neixón, cóntase que a unha parteira de Nine chamóuna unha noite un descoñecido pra que fose asistire a un parto. O descoñecido levouna a unha cova, onde estaba a que iba a parir; asistíuna e volveu prá súa casa. Pasado tempo, encontróu ó que a fora buscar, na feira de Noia, e preguntoulle pola parida. O home díxolle:

> —Entón, inda me coñeces?
> —Coñezo, sí Señor.
> —Pois pecha un ollo!

Pechouno a parteira, e o home díxolle:

> —Agora xa non me verás máis!

Ela quedóu torta daquil ollo, e co outro que lle quedaba xa non podía ver ó home.

Iste tema da doble vista dos encantados, e da adquisición da doble vista polos simples mortás cunha untura ou outro meio, do perigo que representa e da súa perda por castigo, ou por precaución que os encantados toman, repítese tanto que se pode chamar tema universal. Polo mesmo, o comentario non é propio diste traballo.

Persoaxes indeterminados sinálanse nos castros de Aldea Grande, serra de Oribio, Novela, San Cosme, en Melide, Cameixa, no Carballiño, Fecho das Fervenzas, en Lobeira, Fervenzas de Parada, en Maoeiro, e noutros moitos.

En rigor, os Xás do río Miño, as Donas, e outros persoaxes de que temos falado, como tamén as Xanas de Asturias, etc. pódense considerar como razas míticas; mais nós queremos facer mención somentes daqueles mitos que semellan máis humanizados, máis lonxanos da idea pura dos semideuses, xenios ou espritos, inda que compre recoñecer que as dúas castes de representaciós téñense misturado moitas veces, de maneira que non é doado arredalas, como acabamos de ver, principalmente, nistes casos de persoaxes indeterminados. Os mouros mesmos, que nos parecen humanizados deica o punto de constituíren un mito histórico, conservan moitos caracteres de persoaxes sobrehumáns.

Os mouros encantados. Os mouros son os habitadores dos nosos moimentos antigos. Calquera construcción ou ruiña de orixe descoñecida prós paisanos, son pra iles "cousas dos mouros", foron "feitas polos mouros", son "do tempo dos mouros, do tempo da Mourindá". Os castros, as citanias, as antas e mámoas, as pedras escritas, as penedas con riscos ou siñás, os camiños vellos, as aras e lápidas antigas, as pedras miliarias, as pontes vellas, os castelos medievás, mesmo algunhas igrexas que chaman a atención por calquera cousa ou que non se sabe quen as fixo, as muradellas que se atopan nos montes, son obras da Mourindá. Aínda as penedas en que hai corgos, quelles, escadoiros e cadeiras ou sillas onde se un pode sentar, ben sexan artificiás ou feitas polas augas, sempre que semellen obra humá, as fontes, as covas, buratas, furnas ou furadas, son tamén obra dos mouros.

En moitísimos casos, a xente di que os primeiros habitantes de Galiza foron os mouros. Os mouros foron os donos dos nosos eidos hastra que os botaron fora, unhas veces o Santo Apóstol Sant-Iago, outras veces o Emperador Carlomagno e os Doce Pares de Francia.

A versión de ter sido Carlomagno e os Doce Pares os que sacaron a Galiza do poder dos mouros, está espallada por toda nosa Terra. Atopámola nidiamente exposta en lugares tan extremos e distantes, como son a ría de Arousa e o Valdeorras, e máis en puntos intermedios. E un veciño de Santa Uxía de Ribeira refiréu o seguinte:

> Na lagoa do Carregal, que se olla ó pé do monte, está asolagada a cidade de Malverde (Valverde) onde había mouros que foron desbotados por Calromano e os Doce Pares de Francia e máis Oliveros, e nunha peneda do monte hai unha patada do cabalo de Roldán, dada cando iste pidéu, despóis do sol posto, unha hora de día pra derrubar ós nemigos. E é dende entón que, despóis do sol posto, hai unha hora de luz. Por frente do Río do Mar presentouse, e de esto pasaron xa moitos anos, un barco que preguntóu pola cidade de Malverde, e como lle dixeron que tiña desaparecido había tempo, erguéu velas e marchóu. Por aquil río ían os barcos antigamente ata a Ponte de Sanchanás e aínda hai pouco víanse alí as argolas con que os amarraban.

Esta leenda provén claramente do Pseudo-Turpín, historia da conquista de Hespaña por Carlomagno, que sacóu do poder dos mouros, referida por "Turpín, Arcebispo de Reims e compañeiro de Calromagno enos grandes feitos que lle acaesçeron en Espanna", obra escrita en latín no século XII e traducida ó galego no XIV.

Conta Turpín cómo, despóis das grandes victorias e conquistas do Emperador Carlos, apareceulle por tres veces en soños o Santo Apóstol e pideulle que liberase o seu sepulcro do poder dos infiés mahometáns, en obedencia ó cual, Carlomagno entróu na Hespaña cun grande exército e conquiréu infinidá de terras e cidades.

Todos —di o texto galego— foron sojuzgados do moy nobre calrros, et metudos so o seu señorío saluo Luçerna, que agora chaman Borroas que he Valverde —"Lucernam urbes munitissimam que est in ualle uiridi", di o texto latino— que era enton moy ben murado e moy forte. Et despois volueu a ela e teuaa çercada quatro meses. Et jazendo sobre ela por que a non pudo tomar, rrogou a Santiago que lle ganase graça de Deus porque a podesse aver; e feita oraçon caeron todo los muros da vila e des enton fezose y lugar que non pode ninguen morar e no meogo de ela hum lago moy alto e moy negro en que andan peixes moy grandes e moy negros.

E máis adiante:

maldisso (Carlomagno) estas tres cidades porque lle foron maas de tomar; conven a saber: Luçerna, Ventosa e Capara. Et despois nunca en elas ninguen prouvou.

Lucerna de Valverde tén sido localizada na serra de Gredos, en Andalucía, perto de Palencia, no lago de Carucedo, no Bierzo, e noutros lugares mais esto non tén que ver pra que a tradición popular galega a poña noutros sitios; o importante é a lembranza do feito, sexa iste histórico ou lexendario. Proba, de todolos xeitos, o que prendéu entre nós a historia de Turpín.

En moitas das respostas ós cuestinarios circulados entre os nosos alumnos, repítese a versión de ter sido poboada Galiza polos mouros e liberada diles por Carlomagno. Non sempre aparez nelas a relación co Pseudo-Turpín, sinón máis ben con outras historias dos Doce Pares, que foron moi lídas e deprendidas de memoria polos nosos paisanos, entre os que gozan de gran creto e espertan grande admiración e entusiasmo. Maila localización en Galiza das fazañas de Oliveros e Roldán tén que vir por forza de máis atrás e semella inteiramente independente das ditas historias.

En Valdeorras, nun camiño que rube prá serra, hai unhas grandes pedras blancas, que se ven de lonxe: son de seixo e a súa orixe exprícase por meio da leenda seguinte. Eran dúas mouras, que iban perseguidas por San Roldán —o paladín convertido en santo— o cual iba da cabalo, e elas da pé, e así e todo, San Roldán nonas podía acadar. Berroulles pra que se detiveran, mailas mouras no lle fixeron caso. Entón, San Roldán botoulles unha maldición e alí quedaron convertidas en pedras.

De Cambela (concello de San Xoán de Río) provén a seguinte:

Dos antigos habitantes do país somentes din os vellos diste pobo que foron os mouros, dos que quedaron moitos tesouros encantados, asegún iles din, despóis que foron vencidos polos Doce Pares de Francia, despóis de sosteren moitas e heroicas batallas. O rei dos mouros chamábase Almirante Balán e o dos Doce Pares ou cristiáns chamábase Carlomagno. Despóis de vencidos os mouros, moitos diles convertíronse, abrazaron a relixión cristiá, istes

quedaron entre os vencedores e os que non se quixeron convertir matáronos; o rei foi un dos que non se quixeron convertir e matárono. Despóis quedaron os Doce Pares de Francia e os mouros que se tiñan convertido habitando e gobernando o país. Os mouros din que eran homes de moita forza e moi robustos, que tiñan grandes riquezas e tesouros encantados.

Niste mesmo concello, no lugar de Sant-Iago de Mouroás, celebrábase o día da festa do Apóstol, patrón da igrexa, un combate de mouros e cristiáns; despóis de moitos anos, vólveno celebrar, e pudémolo ver, anque non nos foi posible acadar os "parlamentos" ou diálogos dos contendentes, mais dende logo, o xefe dos cristiáns é Carlomagno e os seus compañeiros son Oliveros, Roldán, Reinaldos de Montalbán, e non pudemos determiñar os demáis. Delo falaremos ó tratar da literatura dramática.

O P. Sarmiento menciona un papel que levaba o tídoo de "Memoria e lembrança de hum papel que veieu de Barbaria e que trouxe um portuguez que veieu captivo", no que se leía: "que o rei Pepino deixou muitas fazendas enterradas no nosso paiz, quando por ca andou com a sua mulher Lidiana Mugem Venida". Sabido é que hai leendas da estada e amores do rei Pepino na Hespaña.

A influencia do Pseudo-Turpín foi xa apreciada por Murguía.

No Pseudo-Turpín hai un capídoo, o IV, tidoado no texto latino "De ydolo mahumeh, e no texto galego "Do ydalo de Mafomete" da máis grande siñificación pró mito que imos reseñando:

> Poys que Calrros maldiso estas tres cidades, quantos ydolos y achou e en España, todo los destroyo e birtou salvo o ydolo que he en terra de Andalusie que chaman Sla Cadix, et Cadix quer dizer en lingoajen abrayquo Deus; et dizen os mouros que este ydalo fez ali Mafomete a quen eles sirven, seendo viuo en seu nome por encantamente; et meteu en el hun-a ligion de demoes que o teen sotilmente e tan rezeo que nunca ninhunn o pode birtar. Et quando chega alguun mouro y para facer oraçon ou pedir meçee a Mafomete; et quando chega alguun cristiano, vayse enfermo. Et se algun-a ave pousa en el morre logo; et aquel ydalo esta en na ribeira do mar en un penedo antigo, sobre la terra moy ben laurado de hun-a obra moy nobre aa mourisca; et en fondo he moito ancho e cadrado, et ençima estreyto; et he tan alto quanto pode voar un coruo; et sobre el esta en pee feita hun-a ymageen de metal en gisa de home, et ten o rostro contra o medeo dia, et en na mao destra ten hun-a moy grande chaue que lle caera segundo dizen os mouros, quando nacer en França huun rei que metera toda España a creença de Deus, et quando eles viren cair a chaue asconderse am so a terra quanto aver ouveren e fugiram.

Iste texto, no que, ademáis dos mouros, alúdese ós tesouros acobillados por iles—dos que falaremos noutro lugar— pudérase decir que contén prefigurado o mito dos nosos mouros, e que é unha das súas raíces máis poderosas.

Hai, así e todo, unha diferencia: o Pseudo-Turpín dí que os mouros ocultarán os seus haberes baixo da terra e fuxirán. É a versión que recolle o "Ciprianillo" ou "Libro de San Cipriano", o grimorio favorito dos galegos:

> Todos os thesouros e encantamentos do antigo reino da Galiza acham-se depositados pelos Mouros e Romanos em esconderijos subterraneos. A maior parte d'elles, segundo declara o pergaminho, ficam a pequena distancia das nascentes de agua, que conservam a sua fluencia mesmo durante os calores mais rigurosos.
>
> Esta prevenção de Mouros e Romanos, dá a entender que sendo expulsos d'aquelles territorios depois de guerras porfiadas, levabam a esperança de voltar a estabelecer-se ali mais tarde, e por isso foi que deixaram parte dos seus haberes escondidos, temendo que lhes fossem saqueados pelas legioes invesoras.

A mesma versión recolle o P. Feixóo, falando das "gacetas".

Maila versión corrente en Galiza non é esta. Hai casos, sin dúbida, en que os paisanos din que os mouros fuxiron do lugar onde quedaron as súas obras ou onde deixaron os seus tesouros. Mais na maor parte díles, os mouros aínda viven alí, por debaixo da terra, unha vida especial, invisibles pra nós, como iles non queiran que os vexamos. Un patrón, non moi vello, de Quilmelas, no concello de Rairiz de Veiga, decíanos: "É a Mourindá... Pra min que iles aínda viven eiquí, subterráneamente, sólo que iles teñen súas palabras que coelas ábrese a terra e péchase". Hai moitos casos en que os teñen visto abriren os penedos con verbas secretas ou dándolles co pé... Un home de Maceda, vindo da feira do Castro de Caldelas, polo monte Rodicio, atopóu unha rapaza chorando, colleuna e subiuna na besta, e aixiña perdéu o tino do camiño e foi dar a uns penedos onde a rapaza baixouse, petou co pé nunha pedra e abríuse unha porta por onde pasaron ó pazo dos pais da rapaza no que o home pasóu a noite a corpo de rei, e pola mañá, enchéronlle de ouro as alforxas.

A sorte de vida que levan os mouros debaixo da terra non está moi craro. Algunhas veces dín que están "encantados", mailo estado de encantamento non se define ben; semella non ser o dos mortos nin o dos vivos, mais cáxeque nada se pode decir dil.

Ó mesmo tempo, viven niste mundo, e teñen as mesmas necesidades que nós: precisan mantenza e bebida, andan vestidos, os que lograron ver as súas vivendas atoparon nelas camas, roupas, cadeiras e todo o que nós temos. Pra se procuraren estas cousas, adoitan moitas veces iren ás feiras: sábese que van moito ás feiras de Xinzo e de Verín; os do Castro do Piñeiro van á feira de Orbán; os do val da Loña a todalas do arredor; os de Nine e do Neixón á de Moia. Na feira de Orbán, un home de Carballedo vendeulle unha xugada de bois a un señor, e foillos levar ó Castro do Piñeiro; entróu coíl no soterraño, e víu dúas mozas coas mangas recachadas, cada unha co seu coitelo, que alí mesmo sacrificaron os bois.

Outros, en lugar de iren mercar ás feiras, o que fan é roubal-o gando dos labregos. Rouban facenda, mais moi especialmente porcos, cousa un pouco rara sendo mouros. As que máis fan pra roubaren os porcos son as mouras; cando os marráus andan, ó millor, no monte, ou cando pasan ó pé dun castro, as mouras bótanlle millo prós atragueren, e acaban por levalos. Unha veciña de Frameán, concello de Vilamarín, tiña seis marráus, e desaparecíanlle todolos días sin que ela soupera onde iban; unha vez que iba pra Toldavía víunos no castro, cunha moura que lles estaba dando millo miudo; brincouse alá nun instante, e a moura díxolle que si lle daba un, habíalle manter oito; a muller, que botaba lume, díxolle que non, e a moura deixouna marchar cos porcos. Un día, a muller mandóu os marráus pró monte, cunha filliña chamada Teresa, mais chegóu a noite e non volveron, e a nai botóuse ó monte pra buscalos, berrando pola Tesiña. Ó chegar ó castro, chamando, sentíu unha voz que saía de debaixo da terra, decíndolle: "Unha asada e outra cocida".

No castro de Marcelle, no mesmo país, vivían dúas mouras moi bonitas, que viñan todolos meses á feira do día 6 a Orbán. Iban moi ben vestidas, mais levaban os brazos ó leu, cada unha coa súa carabeliña, e os mozos, ó velas tan xeitosas, andaban tolos por elas, e os máis arriscados estrevíanse a compañalas; mais ó chegaren ó sitio chamado o Salgueiriño, que está perto do castro, elas desaparecían sin saber cómo.

Os mouros son donos de inmensas riquezas, Son os donos de case todolos tesouros de Galiza. O "Ciprianillo" fala de tesouros dos románs, mailos paisanos non saben dos románs. Son os mouros que teñen ouro ás moreas. Os seus haberes son tan grandes, que se fala diles en Africa. Un de Morgade (Lugo) que estivo cautivo de Abd-el-Krim, ouvíu decir ós mouros alá en Marrocos, que non quererían máis pra quedaren ricos pra sempre que a silla do rei mouro do castro Morgadán. Esta historia repítese moitas veces. Todolos trebellos e utensilios dos mouros son de ouro.

No monte Negro de Xurenzás (Irixo), un neno que andaba tendo mau duns porcos meteuse nunha encañada onde estaba unha vella moura arrestrelando liño e tiña a carón unha manta de millo. Un dos da vista baixa chegouse ó millo, e a moura alritada ceiboulle a restrelo e chantoullo no lombo; con tan boa sorte fuxíu o marráu co restrelo espetado, que chegóu á casa: o dono colléu o restrelo e víu que era de ouro. Aínda lle chaman ós netos "os do restrelo".

Outras veces fálase de xugos de ouro prós bois, aixadas, rellas de arado, todo de ouro, como se verá ó tratarmos dos tesouros. Os mouros, e principalmente as mouras, sacan de cando en cando o ouro que teñen a asoellar, como si o ouro necesitase que lle dea a luz do sol pra conservar o seu brilo e coor, o cual lembra a idea de certos alquimistas que decían que o ouro é a luz en estado concreto.

Moitas veces pagan con ouro os servicios que lles fan os cristiáns, mais iste ouro, en moitas ocasiós, preséntase en forma de carbón: o car-

bón trocado en ouro, das leendas e dos contos. En Escairón, a criada da casa do Irdeiro levaba os marráus pra xunto do castro dos mouros e un día cando andaba coíles sentíu unha voz que a chamaba; volveuse e víu unha moura moi bonita que lle dixo que a catara un pouco. A rapaza contestoulle que non podía, que tiña que gardar os porcos, maila moura díxolle:

> —Non teñas medo, que os porcos hanche parar ben e han de ir cheos prá casa.

A rapaza púxose a catar á moura, e como vía que os porcos lle paraban e iban cheos á casa, iba sempre pra onde o castro. A moura tomoulle cariño e un día díxolle:

> —Manueliña, xa que me cataches tanto, heiche pagar o traballo. Toma esta mantela, que vai chea e nona mires hastra non chegar á casa.

Pero a rapaza, no medio do camiño, púxose a mirar e víu que o que levaba na mantela eran carbós. Entón a rapaza maldixo da moura... Cando foi outro día cos porcos por alí, salíu a moura de dentro do castro, e díxolle:

> —Si non mirases o que levabas na mantela hastra non chegar á casa, habíachese volver ouro todo, pero xa que non fixeches o que che dixen, hasmas pagar.

Entón colleuna e meteuna nun caldeiro cheo de grasa fervendo e decíalle:

> —O que non fai o que lle mandan, tén conta do que lle den.

En Páramo, unha moura deulle un paquete a unha nena pra que o levase á casa sin mirar. Mirouno, víu que era carbón e tirouno, mais pró outro día, atopóu no paquete algunhas pezas de ouro. Vai buscar o que tirara, e xa nono atopóu.

Tamén, como nun caso que se conta do Viso, ó pasar o río de Allariz, o ouro iba en figura de cagarrutas de cabras.

En troques, outras veces, sobre todo nas mercas que fan nas feiras, pagan con "diñeiro encantado": preguntan o que val o que queren mercar, collen ó paisano pola palabra, páganlle, e cando o vendedor chega á casa, atópase sin cartos... Outro tanto din dos enanos da Armórica e dos kobolds nórdicos.

Os mouros, ademáis de ricos, son poderosos. A súa forza física é tremenda: levan dun lado pra outro os penedos máis grandes como quen leva un queipo de noces. O Penedo dos Mouros, nas Teixugueiras da Mezquita, levábao unha moura no dedo miudiño, metido por un burato que tén, e ó mesmo tempo, levaba a roca en que fiaba, un neniño no colo e o xantar pra todos na cabeza; un día que iba moi apresa, caíulle o penedo e fendeuse. Eiquí pode andar a lembranza dos xigantes e das poboaciós ciclópeas, das que quedan moitas menos seńás que dos mouros.

Istes pelexan uns cos outros, de castro a castro, con armas moito millores do que as nosas e de máis alcance. O nome de Xurenzás ven dunha destas guerras: un mouro chamado Zás estaba namorado da filla doutro mouro, e como non lla quixo dar, encantoulla; entón tiveron unha grande batalla na que Zás vencéu ó pai da súa amada, e cando iste quixo facer as·paces, Zás esixíulle:

—Tés que xurar no meu nome que estás vencido.

E o vello non tivo máis remedio que decir:

—Xuro en Zás que estóu vencido.

E quedoulle ó pobo Xurenzás.

Tamén se fala de guerra cos cristiáns, como no castro de San Facundo de Cea, en que os dous santos, San Facundo e San Primitivo, tiveron grande guerra cos mouros. En Tuiriz (Monforte de Lemos) contan dunha grande loita que tiveron cos mouros a xente dos pobos de arredor, da que é testemuña un sitio onde hai cadáveres de mouros enterrados intactos, que teñen por riba unha louxa cunhas letras das que ninguén sabe o siñificado. O nome de Cristimil, interprétase por "mil cristianos" que morreron pelexando cos mouros.

As relaciós que os mouros levan cos cristiáns non soen, así e todo, ser de guerra; son, como vimos, comerciás e aínda, en casos particulares, de amistá. Nembargante, en xeneral, non queren que os coñezan. O que mantén relaciós coíles debe telo moi segredo e procurar que ninguén llo sepa, si non, exponse a calquera desgracia, mesmo a perdel-a vista ou a vida.

Apónselles moitas veces a antropofaxia. Xa temos visto o caso da Teresiña, no castro de Frameán. Iste caso repítese moito, principalmente como castigo a quen descobre que tén tratos cos mouros. No monte das Cantariñas, na Limia, hai un gran penedo, oco por dentro, que forma unha sorte de caracocha cunha cadeira moi cómoda, gardada do vento por todos lados agás polo frente, e unha ventaniña á mau dereita, como a dun confesonario, todo o cual semella ser efecto da erosión. Chámanlle o *Peinador da Moura;* hai tamén a pía onde se bañaban, sillas, regos e pozancas. Por alí levaba as ovellas unha nena: a Mariquitiña, moi linda e simpática. A moura saía a veces, collía a nena, lavábaa, peiteábaa e dáballe carbón, que, ó chegar á casa, volvíase ouro, mais encarregáballe que non dixera nada. A nai, ó ver aquelo, preguntóu e preguntóu, e, por fin, a Mariquitiña contóu todo. Cando despóis marchóu pró monte, non volvéu máis. A nai, esconsolada, foina buscar, e andivo chamando e chamando polo monte, sin lograr nada; máis cando chegóu ós penedos e berróu, ouvíu unha voz que lle decía:

— A Mariquitiña, por lengoreteira,
está na miña barriga,
fritida con allo e manteiga!

Un paisano que lle vendéu unha parexa de bois a un mouro, na feira de Orbán, foillos levar, e ó chegaren ó Salgueiriño, o mouro petóu co pé na terra, abríuse un burato e pasaron por il. O mouro fixo meter ó paisano nunha esquina, e entón apareceron as fillas pra mataren os bois, mais despois quedaron ulindo, e dixeron:

> —Papai, chéirame a carne de cristianillo vivo!

Respondéu o pai:

> —Non, miña filla, que é pan cocido!

Iste conto repítese en moitos lados. É que os mouros son tamén os *ogros* dos contos européus, cuio nome, si hai que derivalo do *orcus* latino, pudera ter unha supervivencia no *Urco*, que é unha cousa completamente distinta.

Tocantes á relixión dos mouros, non tén nada que ver coa doutriña mahometá: os nosos mouros comen carne de porco, beben viño, teñen ídolos —no que somentes se asemellan ós mouros das leendas épicas medievales— etc.

Dende logo, non son cristiáns; odian ós cristiáns e non se queren facer cristiáns iles. Unha moura do castro de Abuime (Saviñao, Monforte) chamaba a unha rapaciña que andaba co gando no monte, pra que a catase, e decíalle:

> —Ten mau, e volve a cabeza cando tusas, que si cuspes en min, vólvome cristiá

No Outeiro de Boa Madre, no alto de Taboadela, vivía unha familia de mouros. Pero unha das mouras era cristiá, e tivo un neno que era negro como a pez. Ela quíxoo bautizar, e os mouros, enrabechados, condenárona á forca. Mais ela, así e todo, bautizóu o fillo, e soio foi bautizalo, volveuse branco como os cristiáns, e os mouros, ó veren tal, fixéronse cristiáns tamén. Por eso lle chaman de Boa Madre ó monte.

Anque non é constante, os mouros soen ser negros, en moitos casos.

De todo o que levamos visto resulta que os mouros da nosa mitoloxía teñen pouco que ver cos mouros históricos. O que teñen é ben doado de expricar: os mouros demoraron pouco en Galiza, como conquistadores, mais compre ter en conta a impresión que debéu deixar, por moito tempo, a expedición de Almanzor —de quen así e todo, non falan as nosas leendas— os ataques dos árabes ás nosas terras de beiramar e as longas guerras da Reconquista de Hespaña, nas que estaban tomando parte constantemente os galegos. Non hai que esquecer, posiblemente, ós cautivos mouros traguidos de tales guerras, os alarifes mouros que se supón teren traballado entre nós, no tempo da arquitectura mozárabe, e máis os *mouriscos* de despóis, dos que semella quedar lembranza na toponimia: Mourisca, Mouriscos, Porto Mourisco, Mouroas, Mourentán (de *Mauritani?*), Mouriscados.

Con todo, os mouros encantados non son, de ningún xeito, os mouros históricos.

Teñen, en troques, caracteres collidos dos mouros da épica carolinxia e franco-normanda, anque tamén en fraca medida. Creemos que cecáis se pudera, cun estudio detido, separar dous ciclos nas nosas leendas de mouros: o das guerras entre mouros e cristiáns, coa liberación mítica de Galiza, inspirado, por unha beira, na tradición xacobea, e, por outra, coa xesta dos Doce Pares, e o dos mouros dos castros e montes, que, aínda avencellando co Pseudo-Turpín, tén, ó noso ver, unha orixe diferente. Si cadra, diste ciclo popular independente colléu o Pseudo-Turpín as derradeiras verbas do capídoo IV. De onde se orixinóu iste ciclo dos castros?

Murguía recoñecéu atinadamente a independencia das que podemos chamar, en xeneral, leendas castrexas, con respecto ós mouros históricos. Mais, sexa por celtismo, sexa por europeísmo, sexa por arianismo —pois era, como se sabe, un devoto de Gobineau— tratóu de procurar paralelos na mitoloxía nórdica, aínda non inteiramente coñecida. Pra il, os mouros encantados semellan non ser outra cousa que xenios ou espritos; válese de que a palabra "mouro" significa tamén, en galego, "escuro", "negro", e supuxo que se trataba de persoaxes míticos "cuio carácter demoníaco é evidente". Craro que non iba inteiramente descamiñado: no complexo mítico do ciclo dos castros, hai, con seguranza, elementos collidos de creencias moi antigas, prehistóricas mesmo, en espritos da terra e das augas e fontes, como se ve na persistencia de leendas castrexas e montesías en que hai "xigantes", e "enanos", persoaxes cuia natureza non se determiña, incluso diaños; na semellanza, que chega á confusión, das mouras coas *donas* e cos *xacios;* no avencellamento coas fontes, etc. Mais esto non abonda pra expricar o complexo inteiro.

Semella que o primeiro que albiscóu a verdade do conto foi Martins Sarmento. Nunha carta a Leite de Vasconcellos, e máis nun artigo publicado no "Pantheon" do Porto, fala das citanias e di que primeiro chamáronlles sitios de *pagaos,* despóis da invasión árabe, de *mouros,* e a consecuencia da francesada, de *franceses.* Outro tanto observaron moito despóis, en Galiza, Cuevillas e Bouza Brey. Igual acontecéu na Alemaña e noutros lados. Responde esto ás chamadas leis do "esquecimento dos feitos históricos", que se dan na memoria popular: despóis de 150 anos, as lembranzas confóndense, feitos dun persoaxe apóñense a outro, os acontecimentos fanse moito máis vellos ou moito máis novos do que foron, mistúrase todo nunha "noite dos tempos", nun *Chronos ádelos,* nunha *Alcheringa* (como lle chaman os australiáns aboríxenes), nun "tempo de María Castaña" ou "tempo en que as bestas falaban", que poderíamos decir nós.

Así, cando hai un cambio fondo na conciencia do pobo, como acontez nos troques de relixión, crébase a relación co pasado, faise un corte, unha escisión entre e onte e o hoxe, e os nosos antepasados doutras creencias xa non son nosos antepasados, xa non teñen que ver conosco. Foi, sin

dúbida, o que aconteceu eiquí co aseguramento do Cristianismo; arredáronse a conciencia cristiá e a conciencia pagá, que xa non se podían identificar. Os antigos eran os *xentiles;* os seus moimentos, as súas sepulturas, os lugares venerados por iles eran "cousas dos xentiles", pedras dos xentiles, dos pagáns, onde, si cadra, iles seguían vivindo, na creencia da xente, ocultamente, poilos antigos pagáns mitificáronse aixiña, probablemente, na mente popular; da súa verdadeira natureza quedaron, na memoria da xente, a idolatría e as artes máxicas, o cual contribuíu tamén a unha contamiñación cos espritos da natureza, que incorporóu nun animismo vago e difuso.

Despóis, como os mouros non eran cristiáns, como nas leendas medievás apúñanlles a idolatría e as artes máxicas, a identificación era ben doada, e probablemente estaba xa feita había moito cando se escribéu o Pseudo-Turpín, que, sin dúbida, aportoulle unha confirmanza eficaz, co prestixio da palabra escrita, do libro e da lingua latina, e contribuíu a difundila e conservala. O complexo mítico dos castros enrequentouse con algús elementos novos, que seguiron sendo achegados ó correr dos séculos.

Así os mouros son a "pseudomórfosis" dos primitivos habitantes de Galiza que nesta forma perviviron e perviven na memoria popular.

Os tesouros ocultos

En relación coas razas míticas, áchanse os tesouros acochados por baixo da terra de Galiza. Polo que levamos dito sobre das donas, xigantes, enanos, encantados, mouros, etc., pódese ver que onde hai persoaxes distes, hai haberes ou tesouros. Ó falarmos dos mouros, vimos a antiguidade que tén a idea de seren iles os donos dos tesouros soterraños, os que os esconderon cando foron botados fora da nosa Terra, ou os que aínda están coidando diles, tradición que se remonta, como vimos, polo menos, ó Pseudo-Turpín.

Maila idea do ouro de Galiza é verdeiramente moito máis antiga: vén xa dos escritores clásicos e tén certo fundamento real. Tesouros auténticos procedentes de tempos prehistóricos téñense atopado en Galiza en moita proporción; son soados os achádegos de Melide, Castro Recouso, Castro de Masma, Riotorto, a Urdiñeira, Foxados, Caldas de Reis, compostos de obxetos áureos de grande precio, e tamén as pezas soltas de ouro que apareceron e aparecen moitas veces na nosa Terra. Os autores antigos, Posidonio, Strabon, Plinio, Xustino, Marcial, Silio Itálico, Claudiano, Floro, Lucano, etc. falan da inmensa riqueza en ouro dos nosos aluviós e das nosas minas, das que os románs chegaron a sacar 20.000 libras ó ano. Plinio describe o inxente traballo das minas, nos vales dos nosos ríos. Galiza foi prós románs, algún tempo, unha sorte de Eldorado.

Falando do culto dos montes, dixemos do texto de Xustino, abreviador de Trogo Pompeio, sobre do Mons Sacer, que estaba tan cheo de ouro,

que o descubrían as ovellas coas pezuñas, que o monte era sagrado, que estaba prohibido tocarlle con ferro, nin se podía coller aquil ouro máis que cando o arrincaba dalí un raio. O mesmo Xustino di que noutros lugares de Galiza, o arado levantaba ouro do chao. É dino de nota o feito de que moitas destas ideas consignadas por Xustino persistan na tradición actual.

Na tradición irlandesa fálase do ouro de Galiza: Creidne veu eiquí buscar ouro de Hespaña.

Prisciliano, no "Liber Apologeticus", di que os buscadores de tesouros adoraban a Mercurio: "Colant Mercurium deum qui terrenorum thesaurorum tiniantes, sacculos adquirentes, caduceum eius venerantur". Prudencio apón a Mercurio a invención das artes goéticas e San Isidoro a da arte dos *praestigiatores;* puido influir nesto a figura do Hermes Trismegisto dos alexandrinos; o *cadúceo* asimílase ás veces á vara dos magos.

A tradición popular moderna, que apón os haberes acochados ós mouros, tén que ter conexión, como vimos, coa pasaxe do Pseudo-Turpín que deixamos citada. Nos séculos XVI e XVII, volvemos a atopar documentada a tradición dos tesouros de Galiza, en dúas fontes principás. Unha é o chamado "Libro de San Cipriano", que moitos chaman "Ciprianillo", grimorio que aparez en ediciós modernas, castelás e portuguesas, e do que non coñecemos a data en que apareceú primeiro, podendo ser xa do XVI, si for o libro que empregaban os estripadores de mámoas a comenzos do século seguinte. A edición máis corrente en Galiza dícese composta por "Beniciana Kabina, Rabino hembra", nome desfigurado de "Antonio Venitiana del Rabina", que aparez como prologuista do "Grand Grimoire" francés, no que semellan basadas partes importantes do "Libro de San Cipriano". Iste libro, que se encontra en todalas aldeas de Galiza, incluso en copias manuscritas, contén unha lista de 147 tesouros —na edición brasileira que temos a mau— lista que leva o seguinte encabezamento:

> Os Thesouros da Galliza extrahidos d'um pergaminho achado no seculo doze. O precioso pergaminho que vamos publicar pela primeira vez, foi encontrado nos alicerces do castello mourisco de D. Gutierre de Altamira, no anno de 1065, epoca em que D. Fernando o Grande, rei de Leão entregou os dominios da Galliza a seu filho Garcia. Existe actualmente em Barcellona na *Bibliotheca Peninsular Catalani*, de D. Gumersindo Ruiz Castillejo y Moreno, estante Nº 76 - A - onde pode ser visto pelos curiosos que o reclamarem. Damos aqui copia fiel do original, traduzido para o nosso idioma. Explicação importante. Todos os thesouros e encantamentos do antigo reino da Galliza acham-se depositados pelos Mouros e Romanos em esconderijos subterraneos. A maior parte d'elles segundo declara o pergaminho, ficam a pequena distancia das nascentes de agua, que conservam a sua fluencia mesmo durante os calores mais rigorosos. Esta prevenção de Mouros e Romanos, dá a entender que sendo expulsos d'aquelles territorios depois de guerras porfiadas, levavam a esperança de voltar a esta-

belecer-se ali mais tarde, e foi por isso que deixaram parte dos seus haveres escondidos, temendo que lhes fôssem saqueados pelas legiões invasoras. O pergaminho citado tem partes carcomidas pelos seculos, e em alguns sitios não se entende bem; mas o leitor intelligente deve comprenhender as significações, e traduzir o que a nos nos foi imposssivel pela razão de a lingoagem ser muito antiga. Nota: Embora a lenda que se acaba de ler, figurada entre Siderol e o diabo pareça ter uma certa relação com a copia dos thesouros que vamos publicar, não affiançamos a veracidade, porque não possuimos a virtude de adivinhar. Que ha muitos thesouros escondidos é facto averiguado, porque o acaso os tem descoberto em grande quantidade; mas lembramos aos nossos leitores que estas coisas tanto podem proceder de factos consummados, como de ociosidades visionarias. Fazemos estas declarações porque, como o incrédulo discipulo de Christo, temos por divisa: Ver e Crêr. O Collector.

Como se vé, nesta parrafada atopamos unha síntesis da tradición vivente en Galiza, referente ós tesouros.

A outra fonte documental son os pleitos sostidos dende o ano 1609 polo Licenciado Pedro Vázquez de Orxas, señor do Coto de Recemil de Parga, chamado "O Indiano". Iste señor, en 1606, denuncióu, rexistróu e mañifestóu por "Hacienda Real" todalas mámoas de "gentiles gali-grecos", algunhas das cuales tiñan ouro, e obtivo do rei Felipe II Real Cédula, dada en Madrid, a 16 de marzo de 1609, en que lle concedía licencia pra abrilas, con intervención das xusticias e por ante escribano público, tomando pró rei a parte que lle correspondera e facéndolle mercé do restante. Cando a Real Cédula foi coñecida, emprincipióu na xente a tema dos tesouros; fidalgos e vilaos botáronse todos afoutos en procura dos "haberes" acochados, abrindo as mámoas clandestinamente, ou púbricamente, pois moitas veces os favorecían os señores e as súas xusticias. Esto trouxo, como se pode comprender, as reclamaciós do concesionario Vázquez de Orxas e unha chea de pleitos. Pro as xusticias señoriás estaban da parte dos buscadores clandestinos; houbo disputas, pelexas e esceas paveras. Abriran de noite as xentes máis de 300 mámoas, asegún o denunciante, cuio procurador láiase de que "moitas persoas, con pouco temor de Deus e desacatando ó Rei Noso Señor, atrévense a roubar". Dalgús di que se fixeron ricos, que sendo vilaos probes, mercaron xurisdicción e vasalos e nomeaban xueces. Tamén os acusaba de empregaren meios reprobados e contrarios á nosa santa fé, valéndose de vedoiras, feiticeiros, nigromantes e "arrolos". E sinalaba os obxetos preciosos que tiñan atopado: santos de ouro, arquetas, olas e cántaros, unha rella de arado de ouro, un xogo de bolos do mesmo, etc.

O Licenciado Vázquez de Orxas saíu, ó parecer, bastante mal do choio; as súas esculcas na terra non deron resultado, nas mámoas non aparecía nada, e, en troques, iba gastando en xusticia o seu haber, deica quedárese sin o Coto de Recemil, e estar exposto a paus e feridas nas disputas cos competidores.

A teoría de Vázquez de Orxas, non sendo no de ter os castros por sepulturas, asemellábase á dos arqueólogos de agora: aquiles moimentos eran sepulturas de xentiles "gali-grecos", que poseeron o reino enantes dos románs, e nas dos reis, príncipes e ricos-homes daquil tempo, debía haber ouro.

Os procedimentos dos buscadores de tesouros, asegún o que resulta das declaraciós diante da xusticia, non se asemellan ós que atopamos agora nos nosos inquéritos. Coinciden, dende logo, na consulta previa a un adiviñador ou vedoiro, que se fai hoxe moitas veces, e que, como daquela, soe ser unha muller. Aproveitaban tamén, igual que hoxe, certas señales que mañifestaban a existencia do tesouro, mais habíaas diferentes das que hoxe dan, por exemplo a de que, cando unha vaca se deita onde hai un haber acochado, érguese con manchas brancas como si fora por unha sorte de irradiación do metal precioso. Unha práctica case constante era a de "echar varas": semella que se empregaran pra elo tres varas de oliveira benta, mais non se expresa ben si era pra adiviñar si había tesouro ou pra desencantalo. Ningunha destas dúas cousas temos atopado hoxe. Tamén se fala de botar "dóminas" (?) e da usanza dun libro, que non sabemos si era ou non o "Ciprianillo". Unha vaga referencia á pita con pitos, hoxe sinal segura de tesouro, parez que se encontra con referencia a un de Caldas de Reis. Por Chantada, decían que pra desenterrar un tesouro había que ir moi santo, que primeiro habían ir onde unha vedeira, levándolle terra do sitio, e que si non se desencanta, non se acada anque se atope, poilos tesouros mudan de lugar e vanse dunha parte a outra, creencia semellante á de hoxe; a un tal Varela que encontróu en Pontebelesa tres libras de ouro, e as puxera nunha ola nova, como non estaba desencantado, fóiselle o ouro da ola. Nalgús sitios, os buscadores levaban crucifixos, velas e auga bendita, e uns de Villalba, levaron a cruz da igrexa de Gundaiz e máis o cirio pascual.

No século XVIII, fala dos tesouros o P. Feixóo. A creencia, asegún il, era de que os haberes ocultos eran dos mouros, que os deixaron cando os botaron con ánimo de recollelos cando volvesen, levando apuntamento do sitio onde os esconderan. Fala de "libros manuscritos" onde estaban esas señas, libros que decían traguidos por algún cautivo que estivo en África, e coida que sendo exactas as señas que dan dos sitios en que din haber tesouros, tales libros tiveron que ser falsificados por xentes do país, que coñecían as súas particularidades, con afán de lucro. O sabio benedictino poseía algún dises libros, un dos cuales ben pode ser o pergamiño de Don Gutierre de Altamira, e dá noticia dun grimorio que contiña exorcismos, oraciós pra desencantar tesouros, a ladaíña maor, o ofertorio da misa e máis o responso de San Antonio, o cual tamén pudera ser algunha versión do "Ciprianillo", cuias ediciós brasileiras conteñen, en efecto, ises textos. O P. Feixóo encontra alusión ós demos gardadores dos tesouros en Martín Delrio, e recolle a opinión de Lourenzo Ananías de que o demo garda con

moita vixianza os tesouros ocultos porque os tén reservados pró Antecristo a quen os ha entregar pra atinguir o séquito dos homes e traguelos á apostasía. Na tradición popular galega non temos atopado deica agora esta creencia. Cita tamén o caso da baixada dalgunhas persoas á cova do Pico Sagro, onde dixeron ter atopado un ídolo de ouro gardado por xigantes. Naturalmente, o P. Feixóo dá ó mito dos tesouros unha orixe clásica.

Na tradición actual, os tesouros proceden case sempre dos mouros. Hai informaciós que semellan un resume do lugar citado do Pseudo-Turpín. Unha de Santa Cruz de Arrabaldo, di: "Dos mouros contan que, perseguidos polo Apóstol Sant-Iago (á Vía Láctea chaman "carretera de Sant-Iago"), marcharon do país deixando ocultos en determiñados lugares, despóis de encantalos, todo o ouro e cousas preciosas que tiñan". Tamén poden ser outros persoaxes: tres reis, un chamado Ataulfo, no Outeiro de Pazos (Celanova), enanos, xigantes, señores, donas, un fidalgo coñecido, como na Fonte Pormás, un veciño, como en Nogueira de Dozón, algunha vez, cregos e aínda tendeiros de aldea.

Hai dúas castes de tesouros: sinxelos depósitos de diñeiro ou cousas de valencia, e tesouros "encantados". O procedimento pra encantalos, cando se mencioa, soe consistir en leer nun libro, e às veces, embrullar o haber cunha corda, xeneralmente un adibal ou sedeño, a cual, mediante un conxuro, vólvese unha serpe, á que lle dín: "O que te desencantare, sete bicos te ha de dare".

Pode suceder que o dono do tesouro se fora despóis de deixalo encantado, e pode que quede encantado co seu tesouro. Outras veces, o haber tén un gardador mítico: serpe que foi corda, seres humáns encantados que se presentan na súa forma natural ou en forma de besta ou monstruo, xigante, xenio ou esprito arripiante, dragón, témera serpe de sete cabezas, pantasma ou diaño.

Ás veces chámase "encanto" ós persoaxes que están co tesouro baixo da terra como gardiás.

O tesouro sábese que o hai no sitio, por noticias orás ou escritas, ou por seňás que aparecen no lugar. Noticias orás andan moitas veces en coplas ou fórmulas rimadas:

Dende o Couto de Louredo
á fonte de Berbentelo,
hai unha trabe de ouro
e outra de veneno
(Mugares, Toén)

Dende a Fonte de Ouro
hastra a Ponte Mixarela,
hai mais ouro que terra
(Lobeira)

Dende Lobeira a Monte Cabalos,
hai unha mina de sete reinados,
sete de ouro, sete de prata,
sete de veleno que mata
(Arousa)

Entre Brañiñas e Brañas de
[Prados,
hai os haberes de sete reinados.
(Barbanza)

De Mazaricos a Brañas de
[Prados,
hai os haberes de sete reinados
(id.)

Da Pía do Frade á Pedra do [Mouro,
hai unha trabe de ouro.
(id.)

Pastores que gardáis gando
na serra de Penas Libres,
apedrexaivos con ouro
pensando que son pedriñas.
(Verín)

Outras veces a sentencia está en prosa: entre Moás e San Roque (Maceda) din que hai "Al par de una piedra blanca, un gran haber", cousa que soa a "Ciprianillo". As noticias escritas, en Asturias, andan en papés soltos chamados "liendas" ou "gacetas", que se mencioan algunhas veces en Galiza en fontes antigas, chamándolles tamén "documentos"; o nome de "leendas" atopóuse en Lalín. O documento escrito máis coñecido e acreditado é a citada lista do "Libro de San Cipriano", da cual debe haber diferentes versiós. Damos como mostra algús anacos dela:

"16. No outeiro da Fraga, depois de tres passagens da sombra, acharão um jugo de bois feito de ouro e rendado com joias.

"48. No logar de Orilhe, na brexa dos tres caminhos, mettemos um altar de ouro com todos os paramentos e um idolo de prata dos reis mouros de Granada.

"76. No regueiro pequeno de Amerim por cima das prezas de pedra negra, fica um carro de duas rodas com as espaldas de latao cheio de moedas em ouro. N'este gabeto está encantado um homem com uma vara apontada; não o mateis se desejais sahir com os valores. Disei: "Pelo poder do ouro mourisco te rogo que te vas juntar aos mouros teus parentes e deixa-me feliz."

"111. As portas de Teste oito homens da grande pedra com letras celticas com alizar de marmore fica o haver d'um rei e um livro arabe dos thesouros de Tolosa e Castella.

"124. Na lampa de Arzua, em frente do tojaleiro á meia volta ficou um...n...pa...est...em...bras escuras."

Outras veces, un home calquera do país, que vai á sega a Castela, ou de soldado á África, ou a Portugal ás "quincenas", encontra cun individo que lle pregunta de dónde é, e ó decirlle que de tal sitio, pregúntalle si coñece tal castro, tal monte, tal penedo, e ó responderlle que sí, fálalle do tesouro que alí hai. Así lle pasóu a un de Trelle que andaba na sega en Alcobenda, perto de Madrid, a quen un señor rico daquelas terras díxolle: "Quén pudera ir alá! Por aquiles campos hai un castro que chaman de Trelle, e nil está enterrado moito haber, nunha Virxe toda de ouro". Un soldado de Vilamarín que estivo preso dos rifeños, ouvíulle a un: "Do moito que hai no castro Morgadán, contentábame eu coa silla do rei mouro!" E asina en moitos casos.

Señás materiás nos sitios onde hai tesouro, hai moitas. Unhas veces son signos grabados nas pedras: letras (Nº 111 da lista citada), cruz "romana" (Pena da Estivadiña, en Zobra), ferraduras (San Sebastián de Vilar, Ponteareas), rabo de gato e pata de mula (monte do Castro, Nine, Arousa). Outras é unha escultura a que indica o escondite: no Coto do Pilar, monte

Nocelo (Melide), nunha pedra abaladoira, había a figura dun home apuntando cunha escopeta e un letreiro que decía "Onde apunta o mouro, alí está o tesouro", conto que se repite moito; o carneiro que hai no alto do mosteiro de Dozón está mirando pra onde hai unha arca de ouro escondida.

Outras veces son señás naturás: ó petar na terra ou na louxa cun pauferro, sona a vao ou a oco; cando fumega o monte sin haber lume nin causa que se vexa; cando alí se ven luces de noite, etc. Tamén hai determiñaciós astronómicas: nos Torneiros de Montederramo, no sitio onde dá o sol ás doce do día 2 do mes de San Xoán, hai un gran tesouro deixado polos mouros.

Das señás de carácter preternatural, a máis corrente é a aparición da galiña con pitos, da que xa temos falado, e que, moitas veces, é o mesmo encanto, ou a súa figura aparente.

Os tesouros consisten moitas veces en diñeiro: moedas de ouro e de prata, que están metidas nunha arca, e cecáis, de preferencia, nunha ola, a veces, nunha pipa. O pelexo de boi, que semella corrente noutros países, nono temos atopado apenas eiquí. Do caldeiro, que aparez nas leendas alemás, soio vagas referencias. En moitísimas ocasiós, o tesouro consiste en obxetos, frecuentemente trebellos de uso diario, feitos de ouro purísimo; así: cadea, reixa e lámpara da Moura (Castromao, Celanova); xigantes de ouro (Castro Morgadán); silla do rei mouro (id.); cabra, cabrito e Virxe de ouro (castro de Trelle); becerro de prata e cabra de ouro (Cameixa, Carballiño); santa de ouro (Neixón); caldeira de ouro (A Urdiñeira, Gudiña); restrelo de ouro (Xurenzás, Carballiño); escopetas de ouro (castro de Bouzas, Verín); cruz de platino (Soutolongo, Lalín); carro e bois maravillosos (fonte das Carrizas, Ganade, Xinzo); sarillos e devadoiras de prata (castro de Ourille, Celanova); garamalleira e picañas de ouro (castro de Seixas, Melide); tear de ouro (capela do Dulce Nombre, Troña); e así por ahí adiante. Infinidá de veces non se determiña en que consiste: dícese "un gran tesouro", "un gran haber", "a vida dun rei"... Tamén acontez que o tesouro non sexa de ouro, sinon de "mirra", como en Castro Dozón e máis en Tronceda (Castro Caldelas). A mirra tén un prestixio grande entre os paisanos, sin que teñamos podido determiñar o motivo, como non sexa por aparecer unida ó ouro nos dons dos Reis Magos.

Hai algús casos en que o haber consiste nunha ou máis barras de ouro. Mailo que se conta de casi todolos sitios é o das dúas "trabes", unha de ouro e outra de alquitrán, que a veces van de castro a castro, ou dun moimento a outro, atravesan os camiños e os ríos, sendo, en ocasiós, tan a rentes da terra, que as rodas dos carros vanas gastanto pouco e pouco (monte de Albán, na Limia; castro de Vilelos, en Vilasante; castro da Graña, en Melide). Pode habere somentes a trabe de ouro, mais cando hai as dúas, quen as procure tén que ter moita mau, porque si dá coa de ouro, ponse rico, mais si dá coa de alquitrán, estoupa a trabe en labaradas de lume e arden os buscadores, ou moita terra arredor, ou a comarca inteira,

ou sete leguas á redonda, ou sete parroquias, ou aínda o mundo inteiro, asegún din da do monte de San Marcos, na Mezquita. A trabe perigosa, en lugar de ser de alquitrán, pode ser de lume ardendo, de veneno, e, nalgún caso, de peste. En lugar de seren trabes, poden ser olas, cántaras, cadeas ou minas, e nalgús casos, hai tres: de ouro, de prata e de alquitrán.

A significación diste mito, que semella independente dos demáis referentes ós haberes e do dos mouros e encantados, pudera ser unha defensa que os encantadores de tesouros puxeran neles pra libralos dos profáns, ou unha alusión ó risco que corre todo o que emprende unha operación máxica.

De moitos tesouros din que han ser descobertos pola "rodaxe dos carros" (Vilelos, Vilasante), por "roda de carro ou pata de cabra" (castro de Santa Ádega, Vilamarín), por "rella de arado ou pata de ovella" (Neixón), ecos indubidables da tradición recollida por Xustino.

É moi corrente decir que os tesouros encantados teñen un "tempo" ou "plazo" determiñado pra estaren no sitio en que están, e desque pasóu o tempo do encanto, desaparecen dalí, e, polo xeneral, van ó mar. Ás veces, vense pasar, acochados baixo figuras diferentes: en figura de pedras de muiño (Loureiro, Cotobade), de becerro negro (San Xes de Paderne, Allariz) ou de calquera outra forma. Si cando van polo camiño, se cuspe niles, trócase a forma que sexa nun montón de ouro.

Naturalmente, pra desencantalos, compre acodir antes de que lles pase o tempo ou atopalos polo camiño, como acabamos de decir, e coñecelos. O "Ciprianillo" trai os procedementos longos e difíciles que compre aplicar pra desencantar os tesouros, cunha preparación de aúnos e penitencias, escolleita de día e hora propicios prá operación, desconxuros, triángulos e figuras que hai que riscar na terra, defensas relixiosas ou máxicas de que hai que ir provisto, oraciós e ledaíñas que hai que rezar, chamamento dos espritos e despedida deles.

Non menos enrevesados son os que aconsella a tradición oral. De adoito, compre que asista un crego ordeado de misa, que tén que leval-a estola, e facer os exorcismos e desconxuros, "leer" e "desleer" no libro. Desleer é leer ó revés, ou recitar ó revés as fórmulas máxicas. Pode haber nesto ideas de maxia primitiva mais, ó mesmo tempo, non podemos menos de sospeitar a interferencia de conceptos da cabalística medieval e renacentista; eiquí tiveron que influir as ideas da Kabbalah dos xudéus da Edade Media, coas súas combinaciós de letras especialmente a *temurah* e o emprego do *bustrophedon*, e mesmo da maneira corrente de escribir o hebreo e máis o árabe, en senso oposto ó que nós usamos. Ás veces, din que, pra desencantar, teñen que ir tres individos —sin dúbida pra formaren o ternario máxico— e trazaren arredor de sí un círculo máxico, moi correntemente, o "risco de Salomón", ou sexa a "pentalfa", pra que os operadores estean isolados e defendidos das aparicios que poidan saír. Ás veces, o gardián do tesouro pide "unha prenda", e hai que lla dar; si pide "unha cousa viva", como adoita, e non teñen outra, un dos desconxuradores

tenlle que ser entregado, polo cual soen levar un animal, pra darllo ó esprito ou encantado que se lles presente. Tamén soen levar unha vela benta. Compre non ter medo ningún, pois conforme o que leva o libro adianta na leitura, vaise erguendo un gran estrondo de tronos e estraligos, rodar de carros e de cadeas, bruídos, laios e berros, encomenza a tremel-a terra, a bater as ponlas dos árbores, e, por fin, cando aparez a forma témera do esprito ou garda do tesouro, mete respeto.

As historias de desencanto de tesouros están cheas de episodios en que o medo fai fracasar a operación. Ó Outeiro do Castro (Carballiño) viñeron uns señores, en compaña dun veciño de Piñor, puxéronse a leer nun libro e facer riscos no chao, e, a pouco, deu en levantárese un vento e batel-as follas, dun xeito, que o de Piñor tal medo agarróu, que morréu do susto.

Tamén aseguran moitas veces que durante a operación non se poden decir os nomes de "Dios" ou de "Xesús", sinón pérdese todo. En Cudeiro, perto de Ourense, no ano 1852, foi un que fora frade, chamado Ramón González Veloso, cuns amigos, desencantar un tesouro nun monte. Ó leer no libro, houbo tronos e estraligos, bateron as follas, etc. mais, por fin, ouvíronse cantar carros, víronse chegar tres carregados todos de ouro; un diles, cheo de gozo, berróu: "Ai, Dios mío, quedamos ricos!", e no intre, todo desaparecéu.

Un conto chistoso é o seguinte. Un home quixo desencantar unha moura que había nos Cuadrados de Trasariz e propúxollo a un amigo crego, algo bromista. Cunha tesoura había que cortar unha fita que a moura traguía atada ó pescozo, moi apretada, mais cumpría que a ningún diles se lle ocurrira ningún pensamento carnal. O crego respondeulle: "A todo me comprometo, mais de que non me veña un mal pensamento, non podo responder!"

A idea do poder das palabras, que, ó pronuncialas, erguen trebóns e alteiran a natureza, é tan constante nos escritos dos xudéus cabalistas que tanto influiron na maxia e na feiticeiría da Edade Media, que non podemos por menos de lle supór esta procedencia.

En síntesis, creemos que hai dous estratos fundamentás que atopamos igualmente nas creencias referentes ás bruxas, ás prácticas máxicas e aínda ás razas míticas: un máis fondo, procedente da Antiguidade, que recúa nas súas orixes deica os tempos pre-románs; e outro, que podemos chamar moderno, de orixe medieval, mais, sobre todo no que tén de erudito, fundamentado nas representaciós máxicas sistematizadas pola cultura helenística e tamén na Kabbalah xudaica. Como nas concepciós da maxia teórica, e aínda na práctica, hai, igual que na ciencia, anovamentos e modas, podémonos explicar diste xeito as diferencias entre as tradiciós resultantes dos pleitos de Vázquez de Orxas e as que hoxe existen.

Bruxas e tronantes

As bruxas non pertencen rigurosamente á mitoloxía; por eso propómonos tratar delas noutro lugar. Así e todo, na representación das bruxas

entran elementos míticos e, dende logo, antigos, prehistóricos mesmamente. Na representación das bruxas considérase que hai dous estratos diferentes: un prehistórico e de xeito mítico, ó cual pertenecen a idea do "voaren" as bruxas "polo aire", e a de se "transformaren en bestas"; e outra medieval, que comprende o "pauto co demo", o "aquelarre", etc. De todalas maneiras, o concepto da bruxa que chegóu a nós é un concepto cristián.

Si os *nubeiros, escoleres, tronantes, tronadores* ou como lles chamen, os *tempestarios*, dito dunha vez, están no canto de antigos espritos dos aires, non hai maneira de enxergalo. Dun deus das tormentas puidera haber supervivencia no *Ñuberu* asturián, que tén nome propio: *Juan Cabritu*, e vive, asegún dín, en Exipto ("Si vas a tierra de Egipto — pregunta por Juan Cabrito"), anque tamén din na cidá de Lita, Orito ou Grito, que non se sabe onde están. En Galiza non hai nada semellante; o nubeiro ou tronador é de cote un ser humán, igual que nós, nin xiquera semellante ós das razas encantadas, ó parecer, sin outra propiedá ou abelencia extraordinaria máis do que a de andar nas nubes, levalas pra onde il quer e botal-os tronos e o pedrazo nos eidos onde lle peta, e esto todo, ó parecer, gracias á súa ciencia da bruxería: é un bruxo especializado e non un esprito.

Por eso corresponde tratar diles na parte onde tratemos da bruxería.

2. RELIXIÓN

A FE E O SENTIMENTO RELIXIOSO

Cando, nos nosos primeiros inquéritos, puñamos unhas cantas preguntas baixo da rúbrica "Relixión", a resposta invariable era que a relixión era a católica apostólica romá. Así é, naturalmente, e niste senso, as creencias do pobo galego non teñen diferencia coas doutro pobo calquera de Hespaña ou Portugal. Nin tan siquera hai que contar coas escasas infiltraciós protestantes que, non acaendo co noso xeito de ser, non dan nin poden dar material etnográfico; aínda nas terras de Europa de antiga tradición reformada acontez que as tradiciós populares de carácter relixioso veñen herdadas do catolicismo; sirvan de eixemplo literario as fermosas leendas e contos que recolléu ou nos que se inspiróu Selma Lagerlöf.

Mailo que interesa ó noso estudo nesta materia non é tanto o que a xente cree, sinón cómo se representa o que cree; qué idea tén de Deus, da Virxe, dos Santos e da súa relación coeles, cómo se figura que son o ceo, o purgatorio, o inferno, o valor que dá ós rezos, ás ofertas, ás penitencias, qué devociós particulares tén, qué formas de relixiosidade prefire.

Deus

Tense falado da fe "inxenua" do noso pobo, que é como unha fe medieval. Xa dixemos que a conversión dos galegos semella estar xa acadada totalmente no século IV. Trátase, polo tanto, dun herdamento multisecular que o leva a se apegar precisamente a aquelas cousas que están máis lonxe do chamado "esprito moderno". O pobo galego non atopa estranos os maores prodixios, e tén o milagre cáseque como un feito normal da vida. Danse ás veces nesta fe contrastes curiosos, debidos á desconfianza natural, labrega, paisán, da nosa xente, a unha sorte de ironía hipercrítica, moi da xente do campo, unha duplicidade interior que soe rematar nunha actitude que chamaríamos "pascaliana", póndose "polo sí polo non", de lado da creencia tradicioal. Esta desconfianza, ademáis, refírese ós cregos. A Eirexa está representada, pra iles, no señor abade, e a iste coñéceno, polo xeneral, moi ben nas súas virtudes e nas súas flaquezas humáns.

A teoloxía popular galega é moi sinxela. Fúndase no poder infindo, na bondá e na providencia de Deus. Unha chea de ditos de fondo senso relixioso fan ver de que xeito a idea de Deus está presente, dunha maneira máis ou menos claramente consciente, no pensar dos galegos. Compre contar coíl pra todo; non facelo sería "ofender a Dios", sería soberbia, que é a cousa pior que hai, e sería esporse a un castigo. Polo tanto, din sempre: "Mañá, si Dios quer, faremos tal cousa ou tal outra", "Deica mañán si Dios quer", ou "si Diol-o manda". Falando da colleita ou anada que se sementóu din: "Diol-a dea" e cando vai nada, "Diol-a conserve"; dun negocio: "Si Dios axuda...", dun animal: "Diol-o garde", dun perigo: "Diol-o torne", dun desexo: "Queira Dios que..." ou "Permita Dios..."

(ésto, ás veces, pedindo algún mal ou castigo pra outro). Cando un propósito é pra cumplilo dentro dalgún tempo, dise: "Si Dios nos deixa chegar alá". Falando dos difuntos, o escorreito é decir sempre: "Fulano, quen en paz descanse" ou "que Dios teña na gloria" ou "que en gloria estea", e si era ruín: "Que Dios haxa perdoado". Cando un conta algo bo que lle pasóu, dí sempre: "Gracias a Dios", e queno escoita: "Alabado sea Dios". Esta frase repítese moito tamén cando se oi falar ou se observa algo dino de admiración: unha boa acción, un prodixio natural, un caso de boa sorte... Cando se pide un favor, pídese "por amor de Dios"; a esmola tamén "pola alma dos seus difuntiños".

Todo vén de Deus e Deus é o que o pode todo. "Por moito que un traballe, si a sazón non vén do ceo, é como o aire". Ás veces, colle esta creencia certo aire fatalista: por moitas voltas que lle dean, "acontez o que está de Dios". Está enferma unha persoa: si está de Deus que ha sanar, por moi maliña que se poña, sana; si non está de Deus, por moi ben que lle atine o médico, morre. O mesmo pasa cos animás, coas colleitas, cos pleitos, cos negocios. Non embargante, ou, máis ben polo mesmo, acódese a Deus, á Virxe e ós Santos pra que axuden.

A relixión tingue aínda toda a vida galega, non digamos xa a tradición. Un detalle de moita significación é o que, na fala popular, *cristián* é sinónimo de persoa, de ser humán; dun animal, din: "Queixábase como un cristián"; dun sitio onde hai moita xente: "Hai moita cristiandá"; "cristián", dirixido á alguén con quen se está falando, é un vocativo que expresa pasmo ou admiración.

A Virxe

O poder da virxe María é inmenso: pódeo todo, porque Xesucristo non lle nega nada. Din que o que morre en sábado, día que lle está consagrado, non se pode condenar. Todolos sábados baixa a Nai de Deus ó Purgatorio a sacar almas, especialmente as dos que houberan feito en vida o sacrificio de aunar ou non comer carne os miércoles e os sábados. Refírese o caso dun gran ladrón, capitán de gavilla, que cometéu moitos crimes, moitos roubos, moitas mortes e sacrilexios, e máis salvouse somentes porque conservóu sempre o costume de rezar todalas noites unha Ave María. Outro grandísimo pecador estaba xa casi condenado e iba caír no inferno porque nas pesas de San Miguel os feitos ruís pesaban moito máis do que os bos; maila Virxe salvouno botando o seu manto do lado das boas obras, pra que pesara máis, e foi ó ceo.

Estas virtudes de misericordia e achego da Virxe están moitas veces avencelladas con determiñada advocación, e máis aínda con determiñada imaxe ou santuario. Hai que pedirllo á Virxe de Tal, ou na capela Tal, incluso cunha liturxia determiñada, inteiramente popular e, como si dixéramos, especializada. Así, a Virxe do Carme, guía ós mareantes, a da Guía ós camiñantes; a do Carme, ademáis, saca do Purgatorio ás ánimas,

que se representan, nos petos e nos altares, saíndo das flamas collidas ó escapulario; a da Mercé é boa prá redención dos presos; a da Barca prós pescadores e viaxeiros por mar; a do Corpiño saca os demos do corpo; a da Pena de Francia libra ós mozos do servicio militar; e así outras que hemos de ir vendo.

Moitos santuarios foron fundados a causa de aparició́s milagrosas da Virxe ou de imaxes súas nos sitios onde están as chamadas *Aparecidas;* moitos teñen fontes manciñeiras ou que sirven contra males do esprito

Fig. 8. - Fonte santa da Virxe das Hermitas. Chámase "A Dormiñona", pola figura que aparez enriba do cano.

("fontes santas, augas santas"), ou "penedos milagreiros". Noutros lados, amóstranse sinales do paso da Virxe "cando andaba polo mundo", especialmente as das ferraduras da burrica en que a representan cando foi a Exipto. Destas andanzas, como das do Noso Señor, contan moitas historias, unhas como contos, outras como leendas. A iconografía antiga deu naci-

mento a algunhas, ó ser interpretada polo pobo. As historias de "milagres" algunhas constan en libros piedosos, os máis, dos séculos XVII e XVIII; outras están representadas nas táboas votivas pintadas, que se atopan nos santuarios e eirexas, e hainas que se conservan somentes na tradición oral.

As advocaciós da Virxe propias da tradición galega son decote as máis antigas. Hainas, como a do Carme, a do Rosario, a da O, a dos Dolores, a da Soledá, comús a toda a Eirexa Román; outras propias de Hes-



Fig. 9. - Altar mór do santuario da Virxe das Hermitas.

paña: a do Pilar, a de Guadalupe, a das Neves, a da Guía, a dos Remedios, a dos Milagros, a de Nieva; por fin, as que son máis ou menos exclusivas de Galiza: a da Barca de Muxía, a das Hermitas no lugar diste nome (partido de Viana), e máis a da Franqueira, que son as máis antigas e ilustres, e logo outras, cuio número non se pode dar: a Peregrina de Pontevedra, a Pastora de Cambados, a dos Ollos Grandes de Lugo, Santa María Madre

de Ourense, a do Cristal en Vilanova dos Infantes, a do Portal en Ribadavia, a da Roca en Baiona, a da Pena de Francia, a de Vilar de Flores, a do Monte Faro, a do Corpiño en Silleda, a da Saínza na Limia, a da Esclavitú, a de Cadeiras en Sober, a da Creba en Muros, a da Barra na Peroxa, a de Valdeflores en Viveiro, a de Vilaselán en Ribadeo, etc.

Tampouco se poden contar os miragres que se refiren da Virxe, os casos e leendas encol dela. Diremos como eixemplo algús dos máis soados.

Fálase moito de cando a Virxe María andaba polo mundo, montada nunha burra co Neno Xesús no colo. En moitos lados quedaron marcadas na peneda as ferraduras da besta. No río do Castro de Caldelas hai unha fondura moi grande que chaman "Pozo do Inferno". Indo por alí a Virxe saltóu ca súa burra e chegóu san e salva á outra veira, deixando as pisadas da burra como sinal; o demo pegóu un brinco e caéu co seu cabalo no fondo do río deixando o burato que leva aquil nome.

No lago de Maside había una cidá moi fermosa e moi rica. Chegóu por alí a Virxe co Neniño no colo, moi canso do camiño, e foi pidindo pousada nunhas casas e noutras, e non lla quixeron dar, aínda a botaron con malos modos. A Virxe marchóu, púxose nun outeiro alí perto e dixo:

Lago te sulago,
lo de enriba para embago.

E as augas rubiron e asulagaron a cidade enteira con todolos seus veciños. Aínda se sinten, ás veces, as campás e hai quen abesulla a torre no fondo do lago.

No río Miño, preto do pozo Meimón, hai un penedo onde unha vez pousóu a Virxe co Neno e queríao adormentar mailas augas metían un balbordo tan grande naquil remuiño que o Neno non se durmía. Entón a Virxe dixo:

Río Miño,
vai caladiño,
non me despertes
o meu Meniño.

E aixiña o balbor acalmóu e dende aquela o río Miño vai sempre manso e non fai ruído ningún, e cáxeque non se sinte correr.

Da Virxe da Barra, na Peroxa, contan que, tendo sido feito prisioeiro dos mouros un de Vilarrubín, metérono nunha arca pra cebalo e comelo; mais il, ó se decatar, apelidóu pola Virxe da Barra, e estando sentado na arca un dos mouros, de súpeto aparecéu a arca na Barra e as campás empincipiaron a repenicar elas soias. Entón o mouro que estaba sentado na arca dixo:

Cristianillo, cristianillo,
en tu tierra cincirría,
no me hagas ahora en tu tierra
lo que yo quise hacerte en la mía.

Queríano matar, mais salvouno da morte o Conde de Vilanova, que o fixo cristián, foille padriño e púxolle o apellido "Moura", que aínda existe. A arca conservouse deica hai poucos anos na sacristía, onde a viron moitos vellos, mais por mor dunhas obras, levárona a casa dun veciño, onde ardéu nun incendio.

Pasando uns cantos homes de pándiga pola capela dos Remedios de Ourense, un que iba borracho convidóu á Virxe a que viñese cear con il. Chegóu á casa á hora da cea, apareceulle a Virxe e díxolle: "Pra mañá convídote eu a tí". Il marchóu co bispo e os cregos, cangado de reliquias, e chegados á capela, petaron e a porta non se abríu; quixérona forzar, e nada. Petóu o home, e entón abríronse as portas e, de que entróu, volvéronse pechar atrás dil, os de afora sentírono xemer, as portas volvéronse a abrir e botárono pra afora, e dalí a tres días morréu.

Desta Virxe cóntanse outros moitos miragres, como o dun estudante de crego que caéu da ponte vella embaixo, invocóu á Nosa Señora e caéu sán e salvo sin mancarse; o dun tratante que lle caéu un macho cargado e quedoulle vivo e sán; e outros moitos, como tamén das virtudes das augas da fonte que había diante da capela, prás doenzas da pel e dos ollos.

Nunha illeta en Freixo (Muros) está a Virxe da Creba. Había alí mouros que tiñan un templo do seu falso deus. Os cristiáns matáronos deixando soio a filla do xefe. Esta invocóu ó demo, que levantóu unha tempestá, afogóu ós cristiáns e separóu a illa da terra. A moura convirtíuse nun culebrón arrodeado de feras que afundían os barcos. Os cristiáns foron onde un santo home que lles aconsellóu bendecir a illeta e erguer a eirexiña de Nosa Señora de Creba.

Da Virxe de Pena de Francia din moitas cousas, entre elas que hai que invocala pra que os soldados non vaian á Africa.

Doutras historias e miragres da Virxe falaremos ó tratar dos seus santuarios.

Os ánxeles e os diaños

Dos ánxeles fálase relativamente pouco. O máis soado e San Miguel, como vencedor do demo e como encarregado do peso das almas (millor dito, dos feitos dos difuntos) no Xuicio, idea dende logo non exclusiva de Galiza, e que lembra, sin podelo remediar, as representaciós exipcias do peso das almas.

Logo vén o Anxel da Guarda de cada un, a quen compre encomendarse moito. Os ánxeles son ás veces invocados coleitivamente.

Algús ánxeles revoltáronse contra Deus, sendo o seu capitán o máis fermoso de todos, Luzbel, cuio nome interpretan "Luz Bela". Daquela foron botados do Paraíso e caíron no máis fondo do inferno, quedando convertidos en *demos* ou *diaños*. Distes ocupámonos detidamente noutra sección.

Existe unha idea moi espallada asegún a cual dos ánxeles rebeldes pódense derivar os que, ó tratarmos da mitoloxía, chamamos espritos intermedios.

Os santos

Algo semellante do que pasa coa Virxe, acontez cos santos. Aquiles a que se refiren as nosas creencias e que reciben culto tradicioal en Galiza son santos antigos, venerados os máis dende antes do século XVI.

Frai Aureliano Pardo Villar ergueu un catálogo dos santos galegos que comprende noventa e nove nomes comprobados e cincuenta e oito apócrifos. Non todolos que alí figuran reciben culto. Entre os que o teñen por tradición, podemos citar principalmente a San Paio, San Mamede, San Vintil, o conde-santo Ossorio Gutiérrez, San Rosendo, San Ero da Armenteira, San Pedro Telmo, San Munio de Veiga, o hipotético San Facundo, Santa Mariña, Santa Eufemia e as irmáns de Baiona.

Sin pretendermos facer unha lista dos outros santos venerados en Galiza, poremos eiquí os máis daquiles que son titulares das nosas parroquias e eirexas ou teñen santuario, ermidas ou culto especial. Pondo na cabeza ó Señor Sant-Iago, a San Pedro, e ós dous San Xoán (Bautista e Evanxelista), citaremos os santos Adrián, Amaro, Andrés, Antón Abade, Antón de Padua, Bartoloméu, Benito Abade, Bernabé, Blás, Breixo, Caitano, Campio, Cibráu, Cosme e Damián, Cristobo, Estebo, Fiz, Froilán, Xes, Xiáu, Xusto, Xurxo, Lourenzo, Lucas, Marcos, Martiño, Matéu, Mouro, Miguel, Millán, Nicoláu, Pantaleón, Ramón, Román, Roque, Sebastián, Servando, Silvestre, Simón.

E as santas Ana, Ádega, Baia, Olaia ou Olalla, Bárbara, Catalina, Comba, Cristina, Eirene, Filomena, Xusta, Lucía, Madanela, Margarida, Marta, Minia, Mariña.

Sobre das vidas de todos istes santos formáronse unha chea de tradiciós piadosas e leendas, algunhas comús a toda a Eirexa e aínda sacadas de fontes cruditas, outras propias de toda Hespaña ou somentes da nosa Terra. Temos unha literatura oral haxiográfica tan grande que non podemos dar eiquí senón unha mínima parte, máis ben por vía de eixemplo.

Arredor de Sant-Iago Apóstol, dos lugares por onde andivo e da traslación do seu corpo dispóis do martirio, xurdíu a única epopeia auténtica que tén Galiza e que non é do caso relatar eiquí. Somentes hai que lle engadel-a versión tan espallada de ter sido o Apóstol o que botóu ós mouros de Galiza. Outros miragres e historias terán plaza noutros lugares.

San Pedro é o que garda as portas do ceo e o compañeiro constante de Noso Señor "cando andaba polo mundo". A xente confonde moito a San Xoán Bautista con San Xoán Evanxelista, apoñendo a un as cousas do outro. No romance da Paixón, cando Noso Señor pregunta ós Apóstoles, na Santa Cea quen diles quer morrer por il, dícese:

Miran unos para otros,
ninguno respuesta daba,
si no fuera Juan Bautista,
predicador de montaña...

Do bendito San Amaro, a xente sabe referir a coñecida historia da súa viaxe en precura do Paraíso, cómo desembarcóu en lonxanos países, atravesóu con moitas penas unha gran serra, e chegóu por fín á porta do lugar en que estaban os Patriarcas e mailos Profetas; a poder de moito pedir, deixárono guichar por un buratiño, mais aixiña o mandaron marchar, e cando volvéu a onde tiña o seu barco, xa ninguén o coñecía, porque íl pensaba que non estivera mirando máis dunha miguiña e resulta que estivera trescentos anos. É abogoso da reuma. No Castro de Caldelas tén unha ermida onde lle fan festa o 15 de Xaneiro, na que se proban os chourizos novos. Unha vez iban dous mozos de camiño, entraron na capela e un diles preguntóu ó outro si era capaz de untarlle as barbas ó San Amaro cun cacho de touciño que levaban; untoullas, mais no intre quedaron como apegados ó chao, sin poder mover os pés, hasta que pediron perdón ó santo.

Tamén hai trabucamento entre San Antón Abade e San Antón de Padua. A xente dí que "o San Antón verdadeiro é o dazasete de xaneiro, e o San Antón mintirán o día trece de San Xoán", mailo certo é que o portugués herdóu do exipcio o ser abogoso dos porcos e do gando, que lle levan a bendicir o mesmo ó un que ó outro. Na Estrada animan ás xugadas invocando a San Antón, e cando lle preguntan a un de quén é a facenda que leva, responde: "E miña e máis de San Antón". O de Padua fai parecel-as cousas perdidas e tira a ovella da boca do lobo e a pita dos dentes do golpe, con sólo rezarlle o responso, o cual tén aínda moitas máis virtudes. Mais é moi interesado. Il sempre vai gañando algo pra íl ou prós probes. Hai moitos medios pra obligalo, como son atalo, metelo nun puzo ou no río, etc., o cual faise tamén con outros santos.

Tocantes a San Andrés, que tén o seu santuario principal en Teixido, falaremos máis adiante.

San Bartoloméu é patrón de moitas freiguesías en toda Galiza, e na súa honra erguéronse unha chea de ermidas: nunha illa perto de Noia, na mota da Arzúa, en Vimianzo, en Segade do Irixo, en Perrelos de Sarreáus, en Paradela de Manzaneda, en Rubiana, etc. É abogoso prós incendios (en Maceda, na súa romaxe, venden pan do Santo, que tén de ser feito polas familias ás que lle toca cocer naquil día, e iste pan, botado no lume cando hai incendio, apágao); tamén das doenzas da gorxa (en Maceda hai dito: "San Bartolomé te afogue si Dios non pode"); garda o gando de lobos e bestas feras, sanda as feridas, defende do meigallo, do pedrazo, de raios e centellas, de malos partos e de morrere os nenos sin bau-

tizar. O pan de San Bartoloméu, que nos máis dos sitios ha ser pan ázimo, sin levedar, está moi espallado en Galiza. En Alais (Castro de Caldelas) faise en forma de roscas, e na procesión, o Santo leva unha nun brazo.

Hai un responso de San Bartoloméu moi espallado, con moitas variantes. Unha de Melide é a seguinte:

Glorioso San Bartoloméu
na súa santa cama está
o seu santo pau colléu
polo seu santo camiño andóu
con Dios Noso Señor encontróu.
Pra onde vas San Bartoloméu?
Pró seu santo reino vou.
Vólvete San Bartoloméu
que che hei dar un don
que nunca dei a femia nin varón:
Que onde San Bartoloméu sea
[nomeado
nadie será preso nin arrastrado
nin de lobo nin de loba
nin de can nin de cadela
nin doutras abichuguillas feras.
Polo poder que Dios tén
e a Virxe María. Amén.

Na parte de Mondoñedo, recolléu Lence Santar os seguintes:

. . . .
Al cielo non subirás non
que chei dar un toldón
con grande avarón
que chei dar un toldado
con grande avarado.
A casa onde ti entres
será benaventurada
non caerá raio nin centella
nin se levantará fogueirada
nin morrerá muller de parto
nin criatura pagana
nin lobo nin zorro
che comerán teus ganados
terán os dentes pechados e
[arrolados
como a rella dos arados
. . . .
subíu pola costa enriba
tocando sua campaíña,
atopóu a dente longo.
A onde colles, dente longo?
Vou pra onde hai mortos
becerriños e vacas
ovelliñas e cabras.
Ehí che ven Santa María
cordas novas che faría.
As alleas nas comerei
polo poder que Dios tén
e a Virxe María. Amén.
. . . .
Pra onde vas, pastor honrado?
Vouche ver o meu ganado
que o teño no monte maior
sin garda nin pastor
non sendo o Anxel da Guardia
que o cerca todo ó redor.
San Silvestre e San Silván
prende o lobo e ceiba o can
e os rapaces e os embreados
andan coa lengua enrellada
como a rella do meu arado.
Polo poder que Dios tén
e a Virxe María. Amén.

No "Ciprianillo" enséñase a maneira de construir e de usar a cruz de San Bartoloméu, collida de "un livro muito estimado e muito desconhecido": "A vida e milagres de San Bartoloméu". Esta cruz faise con tres anacos de pau de cedro, cóbrese con alecrim, arruda e apio, pónselle no pé unha mazá de alcipreste e déixase tres días en auga benta, quitándoa dalí ó dar a media noite dicindo: "Cruz de San Bartoloméu, a virtude da auga en que estiveche e das plantas e madeiras de que estás formada me libre das tentaciós do esprito maligno e traia sobre mín a gracia de que

gozan os benaventurados. No nome do Padre, do Fillo e do Esprito Santo, Amén". Hai que decilo casi imperceptiblemente e repetilo catro veces.

Pódese traguer a cruz ó pescozo, ben apegada ó corpo, ben metida nun saquiño de seda negra benta, sempre precurando que a xente nona vexa, e cando se desconfíe que lle botaron, a un, mal de ollo, hai que bicala tres veces ó deitarse e repetir a oración devandita, e ó erguerse faise igual, engadendo un "padrenuestro" e unha avemaría.

Nun exorcismo do mesmo libro invócase a San Bartoloméu en compaña de San Agustiño, San Caitano e San Andrés Avelino. En Pepín (Castrelo do Val) levan ó San Bartoloméu de Queirogás ós nenos que choran de noite e pásanos por baixo dunha pedra que alí hai.

O culto de San Benito debéu ser espallado polos monxes da Edade Media; aínda despóis de seren botados dos mosteiros, propagárono os exclaustrados, por onde queira que foron, e fixéronlle ermidas e santuarios novos como o de Allariz. Invócano prós furunchos e tumores, prás verrugas, doenzas da pel e males extranos e tamén prós animás doentes: en Cambeo lévanos a dar nove voltas ó redor da capela do santo rezando nove "padrenuestros". O máis dino de nota dos seus santuarios é o de Coba de Lobo, mais tén outros en Grou, no Rabiño, en Lérez, en Allariz. En Caxide o do Mosteiro tén no curuto da torre unha pereira que da peras todolos anos e ninguén sabe cómo se pode alimentar; a cántiga dí:

San Benito, San Benito,
de corazón che hei pedir:
eu si non subo á pereira
embaixo non hei cair

En Allariz a de San Benito é a festa principal da vila.

San Blas e abogoso da gorxa. Na Estrada cando un tén un golpe de tos ou vómito dinlle: "San Blas bendito te valla". Tén un santuario en San Pedro de Moreiras, onde vai moita xente.

San Cibrao (San Ciprián ou San Cipriano), denantes de ser santo foi bruxo ou feiticeiro. A súa vida, "tomada do flox santorum", aparez no comenzo do "Ciprianillo". Pasa por autor diste libro e apóñenlle as fórmulas máxicas que levan seu nome, espalladas por case toda a Europa Central ("Cyprianusbuch", "Cypriani citatio angelorum", "Dimissio Cypriani" etc.) dende o século XVI ou antes; a esta familia pertence o noso "Verdadeiro livro de São Cypriano. Thesouro do feitizeiro", coñecido por "Ciprianillo", do que nos ocupamos ó falar dos libros da maxia. Na capela de San Cibrán, en Bértola, perto de Pontevedra, curan o meigallo os *pastequeiros*, con oraciós nas que invocan o santo. Son bastantes as capelas diste que foron feitas no cume dos montes, ós que ás veces deron nome. Algunhas, como acontez no monte San Cibrao, entre a Arnoia e a Limia, desapareceron, e quedóu somentes o nome do santo.

Santo Outel ou Toutel (hai tamén as formas Electus, Aleute, Leuter, Aleuterio) libra dos cas doentes e sanda da hidrofobia. Hai unha invocación que dí:

Can da rabia, tente en tí,
que o San Aleuterio
está no medio de min e de ti.

O cinamomo que din que cura da rabia, chámase "arbre de Santo Outel". Tén iste santo ermidas en Lagartóns, en San Xurxo de Codesedo (Estrada) e noutros lugares.

Asegún tradición antiga, os corpos de San Facundo e San Primitivo están na catedral de Ourense, onde teñen sepultura e altar na xirola, no lado do Evanxeo. Tamén Sahagún pretende poseelos. Os documentos din que foron martirizados "in Gallaecia apud Ceam fluvium". A tradición popular asegura que foi na vila de Cea. Hai por ali un castro de San Facundo e a leenda de que nil se defenderon os dous santos dos mouros morrendo mil mártires na batalla.

San Fiz ou Félix é o titular da soada eirexa compostelá de Solovio. No santuario que tén en Galez (Entrimo) onde se lle fai festa de moita xente os días un e dous de agosto, dano como abogoso contra da rabia. Sobre da súa vida existe o seguinte romance:

Desde Escelicia a mi patria
vine estudiar a Cesaria
y sabiendo que en España
llegaba el fiero Daciano
embarqué con mi hermano
para alentar en la fé
y a mi Dios y señor
y a todo fiel cristiano.
Hombres aunque de barro
[fabricados,
a la imagen de Dios estáis
[criados.
Llegó César y le dijo:
— Hola, hola, Félix,
parece que estás devertido.
Y dice San Félix:
— Cuando hablo de mi Dios
así estoy entretenido.
Le dice César:
—Oye, que fijo es ese.
Dice Félix:
—Es mi Dios y Redentor.
No lo tienes ya oído!
Pues murió para salvarnos
según lo tenía ofrecido.
Dice César:
—Pues mira en nuestro Talmud
como no es el prometido.
Dice San Félix:
—Apartar, Señor, mi vista
del libro tan fabuloso,
antes muerto y antes leproso
que tocarle por el doso.
Dice César:
—Félix, quieres arrenegar
de la fé de Jesucristo?
Dílo pronto, dílo listo,
antes del golpe te dar
Dice Félix:
—Descargue en mi la cuchilla
que lo anhelo por momentos,
para ir a gozar,
de aquellos dulces tormentos.
Abrid, mi Dios, vuestros brazos
llenos de misiricordia
que abrazaros voy corriendo
en el reino de la Gloria.

San Xes foi comediante e convirtéuse representando unha comedia na que facía o papel de Xesucristo; botouse a chorar e víu que borraban

as súas culpas no libro, e por aquelo cortáronlle o pescozo. Diste xeito refírese a súa historia en Paderne de Allariz, onde é o patrón, e téñeno por abogoso dos ouvidos e das verrugas a tamén por protector dos navegantes. A fonte do santo tén a figura dun ouvido; unha vez un home burlouse do santo dicindo: "Qué tanto San Xes nin San Xes, que tanto dín que é abogado do ouvido", e no istante quedóu xordo e non volvéu ouvir. Os que queren sandar lávanse na fonte nove días seguidos e danse aceite da lámpara nos ouvidos. No ano 1900 caéu como chuvia unha sorte de pedras pequenas que derramaban o froito. Puxeron o santo nas portas maores con catro velas acesas, e a pesares do aire que facía, non se apagaban, e paróu axiña aquela chuvia de pedras.

San Xurxo ou Xorxe protexe tamén a facenda. No santuario de Cereio ou Cereixo, na Estrada, levan á eirexa milleiros de aguilladas, que bendicen na misa e tócanas á imaxe do santo, e ofrécenlle carne, froitos, diñeiro, etc. En 1904 un veciño de Guimarei non quixo que a muller lle levara carne ó santo, e a maores dixo: "A carne heina comer eu, e ó santo heille levar os ósos"; gabouse delo na festa e ó volver á casa atopóu dous marráus mortos e en dez anos non puido criar máis.

Tamén defende San Xurxo das serpes e bestas danosas; cando ven unha destas din: "San Xorxe me valla". Nas cidades invócano algús contra das arañas; din que chamando a San Xorxe, a araña que vai correndo queda parada.

San Xosé axuda prós casamentos. En Paderne de Allariz din que a rapaza que non anda os sete domingos non pode levar un bo mozo.

San Xiao tén culto en moitas partes. No monte Aloia, ó pé de Tui, hai tradición do campo dos mártires, onde os mouros mataron ós anacoretas discípulos do santo; eran tantos, que si estrucharan aquela terra botaría sangue. Na terra de Ortigueira había unha imaxe de San Xiao tan miragreira que os ingleses quixérona roubar e xa a levaban no barco, pero por máis que fixeron o barco non andaba, polo cual volveron cara terra e tiraron o santo na praia; a imaxen quedóu co brazo direito partido. Por eso cantan:

O San Xiao do Prebo
tén a escopeta na mao
para matar os ingleses
que arriban a San Xiao.

Din que o culto diste santo propagouno a Orden de San Xoán de Xerusalém.

A carballeira de San Xusto de Bemil é moi soada e anda nas cántigas da xente.

San Lourenzo tén moitas parroquias e santuarios. Invócano contra as queimadelas. As cascas dos ovos non se poden botar no lume porque San Lourenzo foi asado queimando cascas de ovo. Na romaxe de San Lourenzo, nos Chaos de Lobeira, o gaiteiro toca a alborada cos pés descalzos. Non

sabemos que relación pode ter coíste santo o nome de "Lourenzo" que lle chaman ó sol.

San Mamede era un ermitaño que vivía no outo da serra a que deu nome. Levantóu alí una ermida e pra acarrexal-a pedra xungía dous corzos que tiña amansados; mais dunha vez veu un lobo e comeulle un dos corzos; en castigo, San Mamede xunguíu ó lobo co corzo que lle quedaba, e fíxoo leval-a pedra prá ermida, que hoxe está desfeita. O culto de San Mamede debéu ser noutro tempo moito máis importante.

Na figura de San Martiño supoñen os eruditos que se mistuaron dúas persoalidades: San Martiño de Tours e San Martiño de Braga. O certo é que ó primeiro está adicada a catedral de Ourense e que a un miragre operado por il dispóis de morto aponse a conversión do rei suevo Carrarico. A importancia que o día e mes de San Martiño teñen na laboura e na vida rural semella máis ben coincidencia. O día de San Martiño é día de magostos, principalmente en Ourense; antigamente, era o de probal-o viño novo, o día en que lle "abrían ó viño".

Santo de moita sona en Galiza, como protector das colleitas e de grande eficacia contra do meigallo e do ramo cativo é San Pedro Mártir de Verona, que se venera en varias cirexas dos dominicos, como a dos conventos de Belvís en Sant-Iago e Santo Domingo en Ribadavia.

San Ramón Nonnato, abogado dos partos, e San Román son tamén obxeto de moita devoción e teñen romaxes en moitas partes.

O culto de San Roque espallouse moito co gallo das grandes pestes de 1516 e 1566, e das que viñeron nos anos 1710, 1747 e 1769, nas que moitas poboaciós como Sant-Iago, Ourense, Bouzas, Cambados, etc., fixeron votos de terlle todolos anos novena e función, fixéronlle altares e instituiron baixo a súa advocación varios hospitás. En Ourense, o día de San Roque foron as festas principás, deica comenzos diste século. Grande importancia teñen en Bouzas, Vigo, Cambados, Monforte de Lemos, Viveiro e outros puntos.

Polo regular, a San Roque anda asociado San Sebastián, como il abogoso da peste. Póñenos no mesmo altar, sácanos ós dous en procesión e adícanlles as mesmas festas. Mais nalgures San Sebastián recibe culto independente. Tén capela no Pico Sagro. No Castro de Caldelas fan na víspora unha procesión con fachós acesos. En Ribadéu, por voto feito nunha peste, iban os veciños en rogativa cantando a ladaíña dos santos e levando nas mans calquera imaxe, moneca, retrato ou estampa. Os rapaces parodiaban a ladaíña co canto seguinte:

San Sebastián — a cabalo dun can,
o can era coxo — tiroulo nun pozo;
o pozo era fríu — tiroulo nun ríu;
o ríu era branco — tiroulo nun campo;
o campo era roxo — tiroulo nun toxo;
o toxo picaba — San Sebastián berraba
i o can escapaba.

Chama aiquí principalmente a atención o caso de aludir ó can; tamén no Castro de Caldelas os portadores dos fachós van berrando:

Viva o San Sebastián
i o bispo, i o can...

seguido de alusiós á xente da vila. Vese que a festa tén carácter ledo e un tanto humorístico, o que non parece moi propio dos casos de peste.

San Telmo ou Pedro Telmo, patrón de Tui, é tamén un santo dominico, nado en Castela, mais que predicóu e morréu en Galiza. Murguía asegura que a súa historia formouse na nosa Terra e evidentemente cáseque toda se desenrola polo río Miño abaixo.

Din que, perseguido, de mozo, por unha muller, acendéu unha fogueira, puxo a capa riba do lume, deitouse nela e díxolle: "Eiquí tes meu leito, ven e déitate conmigo". Vendo aquelo, a mala muller confesouse e convirteuse. Predicóu dende Lugo a Tui, Miño adiante, e apónselle a construcción de varias pontes, entre elas a de Castelo e a da Ramallosa.

Cando era frade, vivía en Santa Marta, nunha casa isolada, e tiña que pasar o río pra vir a Santa María ós enterros, e como non cobraba nada, os cregos tíñanlle envexa e dixéronlle ós barqueiros que nono pasaran, como así o fixeron. Un día chegóu il á barca e dixéronlle que nono pasaban e entón il estendéu a capa no río e remando co bastón, pasóu pró outro lado, sacudíu a capa, púxoa e foi ó enterro. Os cregos, ó velo, fóronlle decir cómo fora aquelo, e o barqueiro contóu todo, pero iles non llo creron.

Despóis principióu a facer a ponte e faltáballe pouco cando se lle acabaron os cartos e entón mandóu ó seu criado a Ribadavia, á casa dun que il sabía que os tiña. Marchóu o criado e non llos deu, dicíndolle que nonos tiña, e entón díxolle San Pedro ó criado:

—Colle ponlas dises albres e plántaas na horta.

O criado así o fixo e díxolle ó amo:

—Xa están.

Entón San Pedro dixo:

—Colle unha cesta, énchea de pavías e lévallas a ise señor con follas e todo.

O criado marchóu, e o señor, ó ver aquil miragre, díxolle que mandara polo diñeiro que quixera, e San Pedro respondéu que non lle compría.

O criado chamábase Telmo e as mozas pelexaban por il. Un día os mozos tiveron unha merenda e metéronlle un vaso de prata no bulso, porque era un castigo moi grande, e dispóis dixeron: "Falta un vaso, hai que cachear a todos".

E o vaso aparecéu no bulso de Telmo, e entón prendérono. Foi San Pedro e dixo:

—Si o soltades tráigovos unhas Burgas como as de Ourense pra eiquí.

Marchóu á Ourense e enchéu dúas botellas nas Burgas e meteunas no bulso, e cando viña no camiño soupo que lle mataran o criado, e entón tiróu cas botellas e quedaron dúas grandes fontes fervendo no sitio onde caíron.

San Vicente Mártir é tamén moi venerado. Invócano na bendición do pan: "San Vicente te acrecente"... Noutras oraciós díse: "San Vicente — meu parente — que me puxo — a mau na frente". Algús téñeno como abogado das moas.

San Vintil, penitente da época suevo-gótica, tén en Punxín unha festa que foi noutrora de moita sona. En Ourense, referíndose a dúas antigas familias da cidá, cantábase:

O Xabandas e o Marrón
van ó San Vintil.
O Xabandas toca o bombo
e o Marrón o tamboril.

Iste, santo, que oficialmente non é máis que beato, cura as tercianas pendurando do pescozo do doente unha bulsa con terra do santuario.

Outros santos non canonizados reciben ou recibiron culto en Galiza. Así por eixempro:

O "home santo" de Bonaval, Xoán Tuorum, que era ferreiro en Sant-Iago no século XIV e andaba nas conspiratas contra do arcebispo Don Berenguel de Landoria. Condenado a morte, anque moitos o decían inocente, íbano aforcar cando pasóu por diante dunha imaxen da Virxe e díxolle:

—Virxe Santísima, ven e valme.

E no mesmo intre caíu morto e librouse da forca. Os frades de Santo Domingo recolleron o corpo, e no sitio puxeron unha imaxe da Virxe que está permañentemente alumeada cun farol. O nome de *Bonaval* din que ven das palabras de Xoán Tuorum: "Ven e Valme". Tamén lembra a iste home santo un fermoso cruceiro gótico.

San Pedro Manzano, dominico de Betanzos, consagrado somentes pola devoción popular, contra da cual non puido nada a autoridade eclesiástica, pois quitárono do altar e mais a xente sigue acudíndo á il.

San Xoán Tersón, en Tui, cuia romaxe tiña moita sona entre os poetas dos Cancioeiros. Seu corpo estaba na capela de San Xoán do Porto e tiña altar particular. A comenzos do século XVII houbo controversia por non estar beatificado nin autorizado o seu culto, mais semella que o bispo Frai Pedro de Herrera deixóu estar as cousas como estaban. Os ósos do santo fóronos levando os devotos e non quedóu máis do que unha pequena reliquia que lle levaban ós doentes.

San Perfecto, chamado en Maceda "o santo novo", foi militar e axuda

en todolos males, singularmente na guerra. O seu corpo vestido de soldado, din que se conserva incorrupto perto de Chantada.

De Santa Ana, á que hai tamén moita devoción, contan a seguinte historia:

> Xesucristo tivo "madre" o non tivo "padre". Santa Ana tivo "padre" e non tivo "madre". Que cómo foi? Pois Santa Ana era filla dun hortelán que xa era santo e estando un día nun xardín coméu unha mazá das que había, e coa navalla con que a cortara, pois limpouna nunha perna, despóis de cortala, e dalí a pouco sintéu un tumorciño alí na perna, andando alí cos dedos, e tivo aquil tumor nove meses, e dalí ós nove meses desapareceulle. Mais despóis víu unha neniña moi bonita no xardín, e il iba atrás dela, mais ela botaba a correr e desaparecía. E tivo un soño que lle decían que a chamase e que lle dixera: "Hija mía ven acá". E que logo había vir, e que a tivera por súa filla. E foi Santa Ana... E despóis casóu, mais pasaron os anos e estáballe chegando o tempo pra térense que separar por non teren fillos, que había alí a lei aquela, que ó pasaren tantos anos sin fillos que se tiñan que separar. Mais iles non se querían separar, porque queríanse moito, e entón determiñaron de fuxir e ir pra outro lado, e no camiño apareceulles San Gabriel, que lles dixo que volvesen, que non se tiñan que separar que iban ter unha filla. E así foi, que foi a Virxe. Á Virxe, de pequena, por medo dos herexes, puxérona nunha casa soia feita de terrós, unha casa de campo, no reino de Litaria, provincia de Bévora, e alí veu San Gabriel e díxolle: "Dios te salve María, llena eres de gracia, tenderás un hijo, le pondrás Jesús". Ela dixo: "Es que yo no quiero abusar de varón". E San Gabriel díxolle: "No te temas, María, que el Verbo divino se hacerá hombre y habitará entre nosotros".

Santa Comba, antes de ser santa, foi bruxa. Contan que indo unha vez por un camiño, atopouse con Noso Señor, que lle preguntóu:

> —Onde vas, Comba?
> —Vou usar do meu oficio.

Entón díxolle o Señor:

> —Enmeigar enmeigarás, mais no meu reino non entrarás.

Cando o ouvíu, ela convirteuse. Mais aínda é a patrona das bruxas. E como é santa, a xente pode acodir a ela pra que a defenda dos meigallos.

Santa Lucía é moi invocada contra das doenzas dos ollos. Tén fontes e pozas de augas santas, onde van laval-os ollos os enfermos, como unha moi soada que hai no partido de Lalín. En Rairo, ó pé de Ourense, tén unha capela onde lle tiñan festa e procesión con moita xente.

Santa Xusta de Moraña é das romaxes máis importantes de Galiza. Tiña unha fonte santa onde iba xente e xente a se lavar e beber nela e traguer auga prá casa, en botellas. Polos anos 1931 e 1932, víanse autobuses e máis autobuses ateigados de xente que iba a Santa Xusta, non so-

mentes na festa, sinón polo ano adiante, tanto que as autoridades, pra impedilo, mandaron cegal-a fonte. Aínda hoxe vai moita xente.

Non hai ningún santuario especial de Santa Teresa (ou Tareixa, nome antigo en Galiza, non referente á gran santa de Avila), mais tén ésta, entre nós, súa miga de leenda, que se expresa na seguinte cantiga:

Santa Teresa de Xesús
que baixóu ó inferno en vida
e alí víu estar penando
tanta alma do ceo perdida.

Tamén lle apoñen o seguinte feito, que debe ser doutra santa. Santa Teresa de Xesús iba un día pra unha festa, pero o home íballe coa amiga, e iban os dous a cabalo e Santa Teresa a pé; tiñan que pasar un gran río, e eles a cabalo pasaron ben e pensaron que ela non daba pasado e quedaba alí e que así os deixaría ir en paz; pero Santa Teresa botóu a mantela por riba da auga e pasóu.

Santa Marta, abogada dos ouvidos, tén festa e romaxe en moitos lados. Tén tamén poder sobre do demo, a quen levà en figura de dragón (a *Tarasca* de Tarascón; por certo que hai en Ourense unha "ponte Tarascón") suxeto cunha cadea. Santa Marta de Ribarteme, en Pontevedra, é cecáis a máis importante das súas romaxes.

Santa Mariña, cuio santo corpo consérvase en Augas Santas (Allariz), é das santas máis soadas. Era filla dun persoaxe xentil, chamado Teudio, e nacéu, asegún a tradición, en Antiquía de Limia (vila que despóis foi sulagada no fondo da lagoa Antela). Orfa de nai, criouna en Piñeira de Arcos, unha boa cristiá que a educóu na verdadeira fe, polo cual o pai abandonouna. Fixo xa milagres de pequena, mais no ano 138, reinando o emperador Adriano, cando Mariña gardaba as ovellas por onde hoxe está a torre de Sandiás, pasóu por alí o Prefecto román Olibrio, víuna e, como era moi fermosa, namorouse dela, e mandóu que lla trougueran ó castro de Armeá (onde non hai moito descubríronse importantes restos de poboación romá e prerromá) e, vendo que era cristiá, e que non quería entregarse a il, meteuna na cadea; e como tampouco lle sirvéu, mandoulle dar azoutes, martirizala con pentes e garfos de ferro, queimala con fachas acesas, e fíxolle pasar fame; na cadea tivo a Santa que vencer ó demo, que se lle presentóu en figura de dragón. Metérona logo nun baño pra afogala, e logo nun forno pra queimala, mais ela saíu sá de tan tremendas probas, e en todas elas foi confortada por apariciós e axudas do ceo polo cual Olibrio mandóu que lle cortaran a cabeza. E ó ista caír, pegóu tres brincos, e cada vez que tocóu na terra, alí xurdíu unha fonte milagreira. Do seu culto hemos de falar máis adiante.

Santa Eufemia, que dá nome a dúas parroquias da cidá de Ourense e a outras na diócesis, e a unha serra, nos lindeiros de Portugal, sufriu o

martirio por aquel país, tamén no tempo de Adriano, sendo ela, asegún algús, natural de Ourense, e naquela serra foi atopada a súa sepultura, no ano 1060. Tiña unha mau fora, e nela un anel (que por moito tempo se gardóu na Catedral de Ourense); unha pastora víuno, quitoullo e quedóu muda; e pra que lle volvera a fala, tívoo que volvelo poñer na mau que saía da terra. Unha voz do ceo advirtíu ó pai da pastora que alí estaba o corpo de Santa Eufemia, que o sacaran e o levaran pra unha eirexa, onde se conserva aínda a urnia de pedra en que estivo. O bispo de Ourense Don Pedro Seguín determiñóu de traguelo prá súa Catedral, mailos portugueses opuxéronse, chegando haber entre uns e outros unha verdadeira batalla, hastra que por fin conviñeron en pór a urnia co corpo da santa nun carro con dous bois bravos e indómitos, e ver pra onde dispuña Deus que collesen; os bois colleron pra Ourense, e pararon unha miguiña antes, onde moitos recordamos haber unha capela xa ruiñenta onde estivo, asegún a tradición, o corpo de Santa Eufemia, enantes de que o trougueran prá capela mór da Catedral, onde hoxe está.

O cual todo está tirado, ó parecer, do Cronicón de Flavio Dextro e outros apócrifos. Non embargantes, estas nove santas, máis ou menos auténticas, teñen culto, polo menos privado, e os seus nomes atópanse a cotío por todolos pobos daquela banda.

O mundo, a vida e a morte

O mundo, naturalmente, foi criado por Deus; todo o que hai nil, e aínda todo o que acontez, é cousa de Deus. Da creación do mundo pouco se fala. Así e todo, no falar da xente advírtese, subiacente, a idea da "creatio continua", ou, polo menos, da intervención constante de Deus nas cousas e nos feitos. Coma sempre, mañiféstase a mentalidade medieval do galego.

Deus mira sempre polas súas criaturas, e os males que acontecen no mundo veñen polos nosos pecados.

En xeral, a concepción galega do mundo e da vida é máis ben pesimista. Niste mundo todo se volve traballos, molestias, incomodidades e miserias. Ninguén está a gusto, nin conforme co que tén, a ningún lle fallan disgustos, si non é por unha cousa, é por outra. Fálase da inconstancia do mundo, que sempre está dando voltas, sin que se poda ter fianza nil. Sobre todo, estamos sempre arrodeados de perigos e ameazas: o tempo e os axentes físicos, os homes, o demo, os axentes máxicos, a nosa propia imprevisión ou descoido, os vicios, as doenzas, os anos, todo se pode pór en contra nosa cando menos o pensemos.

Por unha beira, os males son castigos de Deus polos nosos pecados. As grandes calamidades: guerras, pestes, fames, tremores de terra, incendios, raios, centellas, tempestades, desacordos, carestías, mortandá nos animás, pragas nos froitos, son castigos de Deus ben certos. Ás veces anúncianse con sinales no ceo: chuvias de estrelas, chuvias de sangue, estrelas con rabo, lumes estranos no firmamento...

Tamén se ven castigos na vida dos individos, que veñen, ás veces, no intre mesmo de iles ofenderen a Deus.

Na eirexa de San Francisco de Ourense consérvase a mau dunha muller, momificada e toda moura. Era dunha que foi laval-a roupa na Burga o día de San Antón, e a unha veciña que lle preguntóu si non lle gardaba o día ó santo, respondeulle: "San Antón non che me lava a roupa". E no instante mesmo en que metéu a mau no pilo, cunha peza de roupa, caeulle a mau redonda.

No ano 1931, falouse moito do caso seguinte. En Doade de Amandi (Lemos) había un home que foi segal-o pan o día de San Pedro, e cando lle chamaron a atención, dixo que San Pedro non lle viña gardal-o pan si chovía, e engadéu: "E mañá vou segar e fago unha empanada e vou á festa". E aínda botóu unha blasfemia. E cando se veu meter na cama á noite, tívose que erguer porque se lle enchéu a casa de vermes, por adentro e por afora, uns vermes brancos e gordos, tantos que sacaban sacos cheos diles pra queimalos, e cantos máis sacaban, máis vermes había, e así estivo durante dez ou doce días, hastra que chamaron ó cura pra que bendecira a casa, e entón non volveron.

O caso chamóu a atención, tanto que puxeron automóviles dende Monforte pra ilo ver, e foi referido por moitos testigos.

En Loureiro (Maside) ocurríu outro caso máis tremendo. Iba unha muller, cun filliño en baetas, coller verdura a unha horta, e tropezóu no camiño con outra que lle dixo que volvera, que as coellas lle estaban todas secas: ela non fixo caso e seguíu, e de que chegóu á horta dixo: "Ogallá se poña así a que te puxo a ti". E ó rematar de decilo, fíxose un foxo na terra e afundiuse deica a cintura, que era por onde lle daba o neno que levaba no colo. Pidéu auxilios e veu moita xente, entre ela o cura, o cual mandóu vir ó padriño do neno, pra que llo quitara á nai dos brazos, porque lle non podía tocar outro ningún, e no instante de sacarllo, afundiuse ela de todo e nona viron máis, do que quedaron todos cheos de pasmo.

En Bermés (Lalín) un que iba cocer dixo a outro: "Queira Deus, non queira, hase cocel-o pan". E cando sacóu o pan do forno, viña todo de coor de sangue, como que andiveron dispóis coaquil pan polas feiras, demostrando o miragre.

En Ourense foi un home á arada o día da Santa Cruz de Maio, e Deus castigouno, que se lle romperon as correas, partíu o eixe, etc., e il mandóu á filla recollel-os anacos nun gueipo, pra que lle non souperan o pecado.

Como vemos por istes casos, que poderíamos multiplicar casi canto quixéramos, vese que os pecados que máis ofenden a Deus, no concepto dos galegos, son tres: a blasfemia, a soberbia e o quebrantamento dos días de festa. Tamén, como no caso da muller que se fundíu na terra, o botar maldiciós.

A "botar soberbias" teñen moito medo os paisanos. Cando se gaban dalgunha cousa, ou aseguran que han facer algo, anque as cousas se poñan en contra, engaden: "Soberbia fora" ou "Dios non mo colla a soberbia". Asegúrase que as soberbias páganse sempre.

Tamén creen que as maldiciós que se botan caen sempre, sobre todo cando son de cregos, pais, nais ou padriños; por eso é moito pecado botalas.

Dos males diste mundo pódese un librar coa axuda de Deus, da Virxe e dos santos. Contra os diste e contra os do outro, válese un cumprindo coa lei de Deus e facendo obras de devoción e de misericordia.

A esmola dada ós probes tén moita valencia. Os que andan a pedir polas portas gozan dunha consideración especial. Chámanse "hermanos", e hai que tratalos ben e darlle o que se poda, que é como si se lle dera a Noso Señor, o cal nos contos e leendas aparez tamén pedindo polas portas en compaña de San Pedro. Tamén hai que axudar ós demáis con oraciós, rezar polos difuntos, polos que están en perigo de morte, polos navegantes e camiñantes, pola conversión dos pecadores e dos infiés, pola paz e concordia dos príncipes cristiáns e pola prosperidá da Eirexa.

A morte non é, dende logo, cousa boa, mais tampouco é cousa á que se tema moito. "Ó fin —dí a xente— morrer hai que morrer". O que se desexa é unha boa morte, con concencia e cos sacramentos todos; o contrario é "morrer como un can". Os sacramentos chámanse nalgús lados "os divinos". Cando un enfermo recibíu todos, din que está "despachadiño de todo".

Ó que se lle tén medo é a unha "morte desgraciada", ou sexa en accidente, e tamén á morte súpeta. Nas oraciós pídese á Deus e á Virxe que "nos libre dunha morte repentina e imprevista, dunha mala morte, da morte eterna, de todo mal e pecado e do demo na hora da morte".

Da morte e do culto dos mortos falamos noutro lugar.

A fin do mundo

Unha das grandes preocupaciós da xente é a da fin do mundo. Como noutras poboaciós aldeás, téndese a considerar moi próximo o cumprimento das profecías escatolóxicas. A fin do mundo tén que vir antes do ano 2000, pois, asegún dí unha versión, cando Noso Señor iba expirar na cruz, despideuse dicindo:

> Ahí te quedas, mundo, pra mil e tantos anos, que a dous mil non chegarás.

Ou ben:

> Ahí te quedas, mundo, por mil e douscentos anos, de mil pasarás e á dous mil non chegarás.

Outra versión dí que, tendo preguntado San Xoán ó Señor cántos anos había dural-o mundo dispóis da súa morte, Xesucristo respondeulle:

> —Llegará a mil y no a miles.

Preguntóu o apóstol cándo se sabería, e o Señor díxolle:

—El día en que tu fiesta se junte con la mía, lo sabréis.

O cual interprétase decindo que ha ser cando o Corpus Christi caia no día de San Xoán Bautista (pola confusión entre os dous San Xoán) ou sexa o 24 de San Xoán. Trátase da tradición medieval tocante á chamada *Pascua altísima,* contida entre outras na seguinte estrofa latina:

Quando Marcus Pascha dabit,
cum Antonius inflammabit,
et Johannes manducabit,
totus mundus voe clamabit.

"Antonius inflammabit" siñifica a Pentecostés coincidindo coa festa de San Antón de Padua, 13 de San Xoán. Un dos nosos informadores, Antón de Ulloa, de Melide, aseguraba que esta coincidencia cronolóxica tíñase dado xa, e todos sabemos que o mesmo ocurríu no ano 1943. En realidá, tense dado dazaséis veces dende os comenzos da Era Cristiá, mais tendo en conta que a festa do Corpus, instituída en 1264 por Urbano IV, non comenzóu a ser de observancia xeral deica 1316, baixo Xoán XXII, resulta que a coincidencia do Corpus con San Xoán non tivo lugar máis que seis veces. Das tan soadas "Centurias" de Nostradamus, cítase a seguinte estrofa:

Quand Georges Dieu crucifiera,
que Marc le ressuscitera,
et que Saint Jean le portera,
la fin du monde arrivera.

ou sexa o Viernes Santo no día de San Xurxo, 23 de abril; domingo de Pascua no de San Marcos, 25 de abril; e o Corpus no de San Xoán.

Cando a fin do mundo vaia chegar, hase notar por moitas señás.

Haberá señás no ceo: notaranse nos astros; os planetas han cambiar de posición; han aparecer estrelas novas e astros nunca vistos, moi diferentes en forma e en grandor; a lúa non ha alumear; o sol hase escurecer; no ceo aparecerá unha cruz cintilante, que se verá dende todolos puntos da terra. Realmente, esto todo atópase, máis ou menos explícito, no Apocalipsis.

Haberá señás na terra: virán pestes, fames, tremores de terra; haberá no mar olas tremendas; veranse por todas partes enfermedades extranas, como agora non se ven; choverá sangue; secaránse as fontes e os ríos.

É constante e universal a idea de que antes da fin do mundo, en sete anos non ha nacer ningún neno, o cual exprícase dicindo que é pra que, cando chegue o Xuicio Final, todos teñan uso de razón.

Outros din que durante sete anos han nacer moitísimos nenos, e nos sete seguintes ningún. Algús chegan a decir que nos sete derradeiros anos non haberá casamentos e non nacerán tampouco animás nin plantas.

Haberá señales de carácter histórico: o Evanxeo terá sido predicado en todo o mundo, maila impiedá dos homes será maor que nunca; virán homes extranxeiros predicando contra da relixión católica; aínda os cregos han prevaricar; todo o mundo estará cruzado de camiños e carreteras; algús engaden que de ferrocarrís; veranse os máis grandes inventos que se podan maxinar, tales que pasmarán á xente.

Esta idea dos grandes inventos dos últimos tempos é universal: existen en Alemaña e Polonia versiós dos séculos XVII e XVIII que din que, cando se acerque a fin do mundo, os homes voarán polos aires e viaxarán en coches sin cabalos. Do mesmo xeito tén habido en Galiza profetas que anunciaron estas cousas. En Ourense foi moi coñecido, no século pasado, o famoso Don Ramoncito de Cabeza de Vaca, tolo notabilísimo do que falaremos ó tratarmos das supersticiós.

Outras señás desta clas son as guerras. Din que cando veña a fin, ha estar todo o mundo en guerra; que haberá tremendas loitas fratricidas, en que pelexarán os pais contra dos fillos, os irmáus contra dos irmáus, os amigos contra dos amigos e os veciños contra dos veciños; ó final haberá unha guerra tan grande, que será feliz a muller que poda ver a cara dun home.

Esto tén relación coa idea da "derradeira batalla", moi importante en Alemaña, Hungría, Polonia, Bohemia, Holanda e Inglaterra. En Galiza, pouco máis temos recollido do que unha versión no concello de Rodeiro (Lugo). Asegún ela, a derradeira batalla que haberá no mundo terá lugar no monte Faro, e será unha guerra de nenos e mulleres, porque daquela xa non quedarán homes. Noutro tempo, no monte Faro viviron os mouros, os cuales rifaron alí unha gran batalla; as armas de que se serviron quedaron alí enterradas nun lugar oculto, hastra que veña a última guerra; entón serán descobertas e desenterradas, e servirán prá derradeira batalla de nenos e mulleres.

De Nocelo do Val procede a seguinte noticia: na fin do mundo oiráse un estrondo abouxante e sairán de debaixo da terra uns homes a cabalo de inmensa estatura (exactamente vintecinco cuartas) os cuales pisarán e triparán a toda a xente en batalla campal, ó tempo que din:

> Xa que denantes estivéchendes por riba de nós, agora estarendes debaixo.

Dispóis, do golpe das ferraduras dos cabalos incendiarase unha nube de xofre, que compretará a obra de destrucción.

O cual tén relación, sin dúbida, coa última batalla e coa idea alemá do *schlafendes Heer*.

Tamén preocupa moito á xente a persoa do *Antecristo*. Din moitas veces que xa nacéu; houbo quen nos dixo, hai anos, que estaba xa seguindo os estudos; identifícase con tal ou cual persoaxe político, etc.

As ideas máis estesas verbo dil son as seguintes:

Nacerá na beira do Taxo; en estado adulto; terá sete ringleiras de dentes; terá unha cabeza monstruosa; será o home máis feo que teña habido no mundo; será fillo dun cura; dun cura e dunha monxa; dunha monxa e do demo; dunha muller de oitenta e cinco anos; dun ferreiro; predicará unha doctriña contraria á de Cristo. Uns hano seguir e outros non; fará miragres; obligará ós homes a que o adoren; tronzará ós homes o brazo izquerdo ou o direito e ás mulleres o peito direito; asegún outros, privará ós homes do órgao sexual; terá grandes guerras con Elías e Enoch, e si lograse vencelos, terá que batallar con Xesucristo, que o vencerá en Xerusalem; asegún outros, as súas loitas serán co arcánxel San Miguel ou San Gabriel.

Outros din que será unha muller que, ou terá barbas, ou será unha vella noxenta, mais que porá medo; ou unha fera devoradora; ou un dragón; o pecado en forma humá; ou o mesmo demo.

Canto a Elías e Enoch, están durmindo no Paraíso. Asegún uns, quedaron durmidos dispóis do Dioivo Universal, espertarán pra vir pelexar co Antecristo, e semella que volverán durmir deica que veña outro dioivo.

A máis curiosa das versiós recollidas é a seguinte. No centro da terra existe un mundo moito meirande e máis fermoso do que iste mundo que nós habitamos. Nil viven homes de gran estatura e mulleres crudés que, non querendo dal-o peito ós seus fillos, bótanos a un monte, onde viven comendo herbas. O Antecristo ha nacer diste linaxe. Sairá ó mundo pola boca dun volcán que hai na beira do Taxo, e criarase alimentándose dos peixes do río.

Non sabemos qué relación pode ter esto cos cabaleiros de vintecinco cuartas da versión de Nocelo do Val. Semella ser unha das leendas referentes ó "mundo subterráneo", abondosas nas terras célticas e xermánicas, sin que deixe de ter certa relación co mito grego dos titáns e, no referente ó Antecristo, co que refire Ossendowski de "Agharti" e do "Rei do Mundo".

Dende logo, a fin do mundo virá polo lume. Todo ha rematar nun incendio universal.

Así e todo, hai diversas opiniós tocantes ós seus efectos. Algús din que o mundo está feito dunha materia combustible; outros, en troques, din que arderán todolos homes ou todolos seres vivos, pero o mundo "quedará según está".

Canto á orixe do incendio, hai dúas versiós. Unha, moi estesa, é a do "diluvio de fuego". Din que, así como houbo un dioivo de auga, tén que haber tamén un de lume.

A idea do incendio final, o *Ragnarok*, dos Eddas escandinavos, moi estesa en terras nórdicas, dana moitos como unha contaminñación cristiá. Nunha versión, os dioivos de auga e de lume están figurados no Arco da Vella, no cual a coor azul "demuestra el diluvio de agua" e a coor bermella o de fogo.

Outra forma de se producir o incendio universal é pola "caída dunha estrela". A caída das estrelas está prevista no Apocalipsis. Algunhas versiós din que estará chovendo aceite durante tres días e ó final cairá a estrela e incendiarase o aceite, que será o vehículo pró lume destructor de todalas cousas. Por fin, un señor máis moderno e máis erudito di que choverá "gasolina" e logo cairá unha "chispa eléctrica", que ha incendiar todo.

A idea da fin do mundo polo lume tén fundamentos escriturísticos na segunda Epístola de San Pedro, na primeira de San Paulo ós corintios e no Apocalipsis.

O xuicio final

Dispóis da fin do mundo, vén o "Xuicio Final". Os ánxeles, tocando trompetas, chaman a todolos homes, vivos e difuntos, pra que se axunten no "val de Xosefá". Ábrense as sepulturas e resucitan os mortos, cos mesmos corpos e almas que tiveron e, asegún unha idea moi estesa, coma si foran todos de "trinta e tres anos", que foi a edade que acadóu Noso Señor Xesucristo.

San Miguel Arcánxel está alí coas pesas pra pesar os feitos bós e ruís dos homes e, asegún dean o peso, Noso Señor apartará ós bós dos ruís, pra levar coíl ós primeiros á Gloria, e mandar ós outros pró Inferno.

Alí "hanse ver as obras de todos" tal como foron, sin que quede nada acochado, e esta é unha das cousas que poñen máis medo na xente.

O demo ha estar alí tamén como acusador e como testigo, tratando de levar coíl os máis que poida.

O ceo

Non hai unha idea clara de cómo pode ser o ceo. É unha cousa tan fermosísima e tan inmensamente boa, tan maravillosa, como non se pode decir nin pensar.

San Ero de Armenteira saíu un día do mosteiro, meditando en cómo serían os goces do ceo; meteuse nunha carballeira e estivo un intre ouvindo cantar un paxariño, que era cousa como non ouvira nunca tan preciosa; estivo unha miguiña embebido naquil canto cheo de delicias e deu volta. Mais cando chegóu, no mosteiro todo era novo pra il, ninguén o coñecía nin sabía dil, a pesares de que aseguraba ter saído aquela mesma mañá, nin il coñecía á ninguén, porque, anque pensaba que non estivera máis do que un instante escoitando ó paxariño, resulta que pasaran trescentos anos.

O mesmo lle pasóu, como xa vimos, a San Amaro, cando miróu por un buratiño o sitio onde están os Patriarcas e mailos Profetas.

Outros santos tamén puideron vel-o ceo en vida, como Santa Teresa de Xesús e San Paulo.

Ninguén pode decir cómo é o ceo. Mais na pouca idea que se fai a xente, exprésase a tendencia figurativa da mente popular que quer representar as cousas concreta e plásticamente.

O ceo semella que tén "portas" materiás e que San Pedro tén realmente as "chaves" destas portas. Seguramente influien nelo as representaciós iconográficas do santo. En contos e leendas, fálase tamén dun "libro" —o libro da vida?— que tén San Pedro, no que están escritos todolos feitos de todolos homes dende o emprincipio do mundo; cando morre alguén, e chega pretendendo entrar no ceo, San Pedro lee no libro pra ver si o pode deixar entrar ou non. Nos contos, San Pedro preséntase escrupuloso e cabezudo, mais como é bastante inocente, hainos que o enganan sin dificultá.

Cando se fala dos goces do ceo, da presencia do Padre Eterno, de Noso Señor Xesucristo, do Esprito Santo, da Virxe, dos ánxeles e dos santos, das músicas, da luz, do trato cos benaventurados, fálase coma de cousas sensibles, que se poden ver e tocar.

O purgatorio

No purgatorio están as almas dos que se salvan, pra purgaren os seus pecados. As "benditas ánimas" do purgatorio represéntanse ardendo nas flamas; cando se aparecen ós vivos, veñen moitas veces arrastrando cadeas; están desexando e pedindo sufraxios e oraciós dos vivos, pra saíren axiña daquil lugar:

> Están gimiendo y llorando
> en las llamas padeciendo.

Tamén hai casos en que se fala delas como si andiveran penando invisibles por iste mundo, incluso reparando os males que fixeron ou cumprindo penas especiás en relación coíles.

Das ánimas do purgatorio tratamos máis extensamente noutro lugar.

Trataron algús de localizar en Galiza o "Purgatorio de San Patricio", ou de atopar aiquí restos desa tradición. Adúcense fontes extranxeiras relacioadas cos santos lugares xacobeos, por eixemplo, as visiós de Xorxe de Hungría ("Visiones quas in Purgatorio Sancti Patritii vidit Georgius miles de Ungaria anno Domini 1353), o cual, tendo cometido grandes crimes, veu en pelerinaxe a Compostela, e dispóis retirouse a facer penitencia nun monte perto de Fisterre, onde estivo seis meses. Tamén a do Barón de Rosmithal, a quen amostraron no Pico Sagro unha cova que foi achego do Apóstol, na cual o que entraba, obtiña o perdón dos seus pecados. E a tradición recollida por Doña Carolina Michaelis de que "en Compostela hai un burato por onde hai que pasar por forza, en morte cando non en vida". Cecáis algús dos buratos que abríu nas penas o Santo Apóstol, petando nelas co bágoo, pra se poder esconder dos seus nemigos. Concorda coa cuadra portuguesa:

> Santiago de Galiza,
> vos sodes tão intresseiro,
> ou em morte ou em vida
> hei d'ir ao vosso mosteiro

O cual é o mesmo que dín eiquí de San Andrés de Teixido, e que ben pode ter relación cunha porta do outro mundo.

O imbo

Chaman así, polo regular, ó Limbo dos Nenos. Os nenos que morreron sin recibil-o bautismo viven no *imbo*, sin pena nin gloria, en perpetua escuridá.

Poden ver a luz unha vez no ano, o día da Candelaria asegún algús, a luz do día, asegún outros, na Cruña por eixemplo, a das candeas que acenden pensando niles as súas nais. En Sant-Iago creen que ven durante a misa. Na misa, os irmáus do neno morto sin bautizar e os que habían sel-os padriños, entre o alzar a hostia e o cáliz, botan no chao xazmís azús, pra que xoguen coíles os nenos do imbo. Na Cruña o día da Candelaria, as cigarreiras, principalmente aquelas que lles morreron nenos sin baûtizar, poñen na eirexa candeas acesas sobre feixes de rosmaniño.

Murguía cita a seguinte tradición, recollida por Rosalía dun vello de oitenta anos:

> O mundo non ha finar nunca. Cando Deus dispoña que o xénero humán concluia, convertirá canto hai sobre a terra en cinza e os mortos resucitarán tendo todos trinta e tres anos, e irán ó inferno pagal-as culpas, ou ó ceo. Mailo mundo inda o haberá. O sol alumeará moito máis do que agora, mais ha estar quedo e a lúa igual. A terra ha estar lisa e llana coma a palma da mau. Entón os nenos mortos sin bautizar, ou que morreron no ventre da nai, aparecerán no mundo, tendo trinta e tres anos, tres meses e cinco días, e traballarán a terra que lles dará froitos coma no Paraíso onde estivo Adán. Alí han ser felices, mais non lle verán a cara á Deus deica que teñan habitado no mundo, aleixados de El todo o tempo que Deus dispoña.

Esta versión témola oído nalgún lado que de momento non podemos determiñar.

Nunha "Devota y contemplativa relación en que se describen las señales que precederán antes de llegar el fin del mundo", cuia copia nos foi comunicada, descríbese así a fin do mundo:

Y cubriendo todo el cielo
de nubes rojos cendales,
lloverán rayos de fuego,
viéndose en breve que arde
la tierra, riscos y peñas,
saliendo vivos volcanes,
sin quedar otros resquicios
que todo, todo lo abrasen.
Hundiranse los castillos,
destruiranse las ciudades,
quemaranse los poblados
y la tierra ha de quedarse
sola y sin habitadores
que la siembren y la labren.
Sólo los niños del imbo
han de ser sus habitantes.
Las estrellas y la luna
ya no serán más variables,
pues suprimidas sus luces
cada cual fijo en su parte,
quedará el mundo en tinieblas,
siendo todo oscuridades.

En todo esto remanecen representaciós do milenarismo medieval.

O inferno

As penas do inferno son tamén descritas dun xeito figurativo e material. Os demos mouros, as flamas, os tizós ardendo, as cadeas, as tenaces, os instrumentos de tortura, a fame, a sede tremendísima, o non haber trégola nin descanso ningún, nin un instantiño tan xiquera. a desesperación dos condanados, as blasfemias, a rabia que fai regañar os dentes, as risadas dos diaños, o fedor de xofre e de podremia que non se pode aturar, os aldraxes dos us ós outros, a carraxe que se teñen, o constante sabor de fel na boca.

Fanse descripciós pavorosas, nas que os condanados preguntan, cheos de door, cando se acaba o inferno, e os demos amóstranlle un rótulo que di: "Eternidad, eternidad, para siempre". Esta idea da eternidá é a que máis fai tremer, porque é a que menos se enxerga, por non se poder reducir a termos de intuición sensible.

Na creencia popular galega, o número das almas que se condenan é inmenso. Algús santos que tiveron o privilexio de vel-o inferno durante a súa vida, quedaron pasmados de tanta xente como alí viron. Un diles foi Santa Teresa, asegún di a cántiga que xa lembramos denantes.

A almas cain no inferno como unha chuvia abondosa e constante. Ás veces, aparécense ós vivos, envoltos en flamas e arrastrando cadeas; destas apariciós falamos noutro sitio.

A localización do Inferno no centro da terra é, prós galegos, cousa evidente: demos e condanados, cando alá van ou volven, afúndense na terra. Nos ríos sinálanse moitos sitios que levan o nome de "puzo do inferno" e de todos iles se conta algún caso ou leenda de condanados ou diaños. Non se debe esquencer, verbo desto, a mención de Xudas e máis de Coré, Datán e Abirón, que se afundiron vivos no Inferno, nas imprecaciós dos nosos documentos medievás.

LITURXIA POPULAR

O pobo con tradición tén un estilo relixioso de seu. A carón da liturxia oficial da Eirexa, e inspirada directamente nela, hai en Galiza unha liturxia popular moi abondosa e variada, na cual, dunha maneira espontánea, inxenua, mais non esente emporiso de fondura nin de delicadeza, expresa a xente os seus íntimos sentimentos relixiosos, propios do seu modo de ser.

Entran no catálogo da liturxia popular galega as diferentes prácticas populares con que se celebran as festas do ano cristiano: *panxoliñas,* ou vilancicos de Nadal, Aninovo e Reis, nacimentos nas eirexas e nas casas, usanzas das Candelas, da Coresma, Via Crucis e penitenzas de Semán Santa,

garda do Santísimo no Xueves Santo, cantos da Pasión, antigas representaciós do Encontro e do Desenclavo, e máis o Santo Enterro, danzas litúrxicas e gremiás na procesión do Corpus, costume de estrar as rúas de frores, fionllo e espadanas nas procesiós, de botar follas de rosa riba da Custodia e das imaxes, levar paxaros cantores á eirexa nas novenas, restos de representaciós sacras e autos sacramentás, loitas de mouros e cristiáns, usanzas do día de Difuntos, na eirexa, no camposanto e nas casas, ofrendas e responsos polo ano adiante na misa, as ofertas, penitencias, esmolas, exvotos e rezos co gallo das pelerinaxes ós santuarios, e as moitísimas devociós propias das diversas circunstancias da vida doméstica, dos traballos da terra, das industrias caseñas, das doenzas e enfermedades, do embarazo, do parto, do bautizo, da crianza dos nenos, do casamento e da morte. Non debemos esquecer as bendiciós, rezos e cerimonias que se empregan como remedios de meiciña devota, por máis que, en ocasiós, aparezan contamiñados con usanzas máxicas.

Lugares e obxetos de culto

Os lugares de culto son a eirexa parroquial, os santuarios, os cruceiros, os petos das ánimas e algús sitios sinalados por miragres, acontecimentos ou leendas piadosas.

O nome de santuario apricanllo ás eirexas, ermidas ou capelas moi soadas, como a da Virxe da Barca, Os Milagros do Monte Medo, As Hermitas, O Corpiño, San Andrés de Teixido, etc., centros de pelerinaxes, e tamén a algús de menos importancia, que son venerados nalgunha terra ou bisbarra determiñada.

Sono máis especialmente aquiles que poseen un *corpo santo,* ou sexa o enterramento dalgún benaventurado, como Sant-Iago e os seus discípulos San Atanasio e San Teodoro, na catedral de Compostela; Santa Eufemia e os santos Facundo e Primitivo na de Ourense (cultos que se perderon na capital, mais que se conservan, o de Santa Eufemia en Portugal e terras achegadas, en Arteixo da Cruña e outros lugares, e o dos outros dous santos en Cea), Santa Mariña das Augas Santas, San Rosendo e San Torcuato en Celanova, as Santas Irmás de Baiona, etc. Algunhas veces sigue tendo veneración o sartego do santo, anque o corpo xa non estea nel. En Santa Comba de Bande atópase o sartego onde din que estivo o corpo de San Torcuato (tamén Santocrado), un dos varós apostólicos cuios restos están hoxe no altar maor da eirexa do mosteiro de Celanova. A xente sigue rendendo culto ó sartego, e rañan na pedra pra levaren area dela coma reliquia.

Outras eirexas e ermidas poseen algunha reliquia famosa e a xente vai alí pra beixala e que lle toquen coíla.

Tamén teñen virtude especial os santuarios cunha imaxe milagreira, ben por ter aparecido en condiciós extraordinarias, ben por outra causa.

O caso da imaxe descoberta no monte, ou en lugar ermo e solitario, dun xeito milagroso, repítese moito (Virxes da Franqueira, dos Milagros, das Hermitas, etc.). Moitas veces estas imaxes levan o nome de *aparecida*, que se convirte nunha advocación: Nosa Señora da Aparecida de Vilaselán (Ribadéu):

Virxe de Vilaselán,
onde fuche aparecida,
á mesma barra do mar,
ó pé dunha fonte fría.

Tamén as hai que viñeron por mar, como a do Santísimo Cristo de Ourense e máis o de Fisterre, Nosa Señora da Barca, a do Camiño, de



Fig. 10. - Altar e camarín do Santo Cristo de Fisterre.

Muros, e outras varias; ou apareceron en condiciós excepcionás, como a tan soada Virxe do Cristal que, asegún a leenda recollida por Curros Enriquez, tería caído do ceo nun raio, pra testemuñar a pureza dunha doncela.

Fálase moito tamén das fuxidas de imaxes, que, ó seren levadas á eirexa parroquial ou á dalgún mosteiro, desaparecen de noite e volven aparecer no sitio onde as acharon por primeira vez, o cual interprétase

como indicando que queren que lle fagan alí un santuario novo. Tal orixe aponse a moitos dos máis soados: os Milagros, o Monte Faro, Cadeiras en Sober, San Cidre de Paradela en Melide, Valdeflores en Viveiro, etc. Pois esta é unha historia que se repite casi sempre.

Moitos santuarios teñen a carón diles unha fonte santa ou augas santas, con virtudes especiás, principalmente meiciñeiras, das que hai que beber ou nas que hai que se bañar ou lavar: Nosa Señora da Franqueira, San Andrés de Teixido, Santa Mariña das Augas Santas, Santa Xusta de Moraña, San Xes de Paderne, etc. Tamén hai a creencia de que as augas das Burgas de Ourense nacen ós pés do Santo Cristo, e son tidas por milagreiras, especialmente pola xente do norde de Galiza e polos portugueses.

Fig. 11. - O chamado "dolmen" de Allariz, morea de penedos naturás, que foi obxeto dalgún culto protohistórico, e logo cristianizada póndolle un cruceiro.

Penedos milagreiros atópanse unhas veces onde os santuarios, outras veces isolados no monte ou na campía. Sóense ter coma tales aquiles onde houbo algunha aparición, onde foi atopada unha imaxe, os que teñen un corgo onde encora a auga da chuvia sin estiñar, ou nos que hai coviñas, riscos ou señás, que unhas veces son as *pisadas* das ferraduras da burra da Virxe, como na fonte de Santa Lucía, en Lalín, nos penedos que dominan o lago de Maside, no puzo do Inferno do Castro Caldelas e noutros moitos lados; ou as do cabalo de Sant-Iago, como en varios lugares de Valdeorras, nas laxes das Chas (Oimbra) e en Santa María de Couto

(Pontevedra); ou outras señás dos pés ou dos dedos dun santo, como "as pasadiñas de Noso Señor" en Rianxo, os buratos que abríu nas penas o bordón de Sant-Iago e o sinal do seu corpo nunha peneda asegún o Barón de Rosmithal; ou as cadeiras feitas na peneda en que se sentaban San Xoán, San Pedro e Sant-Iago, perto de Fisterre; no santuario da Pastoriza, pasan os devotos por un burato que chaman "o berce da Virxe".

Moitas veces istes penedos teñen no cumio un cruceiro, posto seguramente pra cristianizar un lugar de antigo culto xentil, como acontez no chamado "dolmen" de Allariz, o que houbo no outeiro de Boa Madre, por riba de Taboadela, e outros.



Fig. 12. - Petos de ánimas. O da ezquerda áchase en Amoeiro (Ourense) e é arquitectónicamente atípico. O do centro, está na Ponte Irixo (Carballiño) e tén carácter barroco; o retábulo aparez defendido por unha pequena reixa de ferro. O da dereita, de feitío arcaico, é de Sobrado de Trives; eiquí o retábulo, tallado en madeira, amostra as ánimas entre flamas, como dadoito, e enriba, en lugar de santos que as axuden a saír, o "ollo da Providencia", único caso en que o vimos en relación coas ánimas.

Os cruceiros, tan abondosos na nosa Terra, teñen moitas veces esta orixe, mais tamén veñen doutras. Hainos nos cruces de camiños (antigos *trivios)* sustituindo, si cadra, antigos altares ou moimentos pagáns adicados ós *Lares Viales* ou ás divindades indíxenas que os precederon; hainos que son cruces "de término", nos lindeiros das freiguesías ou de antigos coutos, lembrando a antiga consagración das fronteiras; hainos que marcan as estaciós do "Via Crucis"; hainos que recordan unha morte, sexa

casual, sexa crime, ou feitos tráxicos, como afusilamentos en tempos de guerras civís ou doutras. Iste costume sigue inda hoxe, somentes que as cruces que se poñen soen ser de ferro ou de madeira. A esta clás pertencen o de pedra que hai no Castro Dozón, conmemorando o afusilamento duns cantos carlistas, e o moderno dos mártires de Carral.

Os cruceiros levan moitas veces unha inscripción en que consta o nome da persoa que o mandóu facer á súa conta, e pide unha oración pola súa i-alma, ou polas dos difuntos todos, ou somentes por devoción, e a data en que foi feito.

Hai tamén cruceiros no camiño que levan os enterros pró adro, que teñen ó pé unha mesa de pedra, na cual, ó iren no enterro, pousan o cadaleito pra botaren os responsos.

Os *petos das ánimas* (en Portugal *almiñas)* son cousa moi da nosa Terra, exclusivos, ó parecer, en Hespaña. Un peto é un edículo máis ou menos sinxelo, que leva un pequeno retábulo coas ánimas do Purgatorio ardendo entre flamas, e a Virxe (polo regular, a do Carme) ou algún santo (moitas veces San Francisco) que as vén sacar botándolles o cordón ou o escapulario pra que se agarren a il.

Debaixo leva un peto cavado na pedra, cuberto cunha plancha de ferro que tén un buratiño pra botal-as esmolas e vai asegurada cun candado. Púñanse nos camiños, pra que os camiñantes rezasen polas ánimas e lles deixasen algo pra misas. Tamén era o lugar onde a xente puña as cousas que se atopaban perdidas polos camiños pra que os donos as recollesen.

Prá xente da aldea as *imaxes* son coma si foran os santos mesmos, de maneira que elas constituien o principal obxeto de culto. Unha maneira de ver irónicamente escéptica exprésase algunha vez que outra como na copla tan sabida:

San Benito de Amarante,
feito de pau de amieiro,
é irmáu das miñas chancras,
criado no meu lameiro.

Mais isto somentes representa a natural contradicción que atopamos decote na mente humá. A devoción apégase á imaxe material. Tal é a causa de que a xente sexa tan apegada ás imaxes vellas e non queira de boa gana santos novos. En Mundil (Celanova) ó trataren unha vez de traguer un santo novo, os veciños protestaron dicindo que deixaran quedar o que había, poilo novo non iba favorecer ós emigrantes.

Os devotos van tocar na imaxe con rosarios, escapularios, medallas; refregan os panos nos pés e no corpo do santo, bícanos despóis con moito respeto e gárdanos con coidado; bícanlle o manto, os hábitos, os cordós; precuran o contacto coa imaxe, levando as andias na procesión ou indo collidos ás fitas atadas á imaxe, pasando na eirexa por baixo das andias, etc.

Ás veces maxinan parentesco entre os santos ou entre as súas imaxes. Na Limia, din:

San Juan de Reiriz,
San Pedro de Sabariz,
San Andrés de Guillamil,
Santa Marta de Ortigueira (!),
San Martiño de Candás,
Santa Cristina das Maus
e San Adrián de Zapeáus,
todos sete eran irmáus.

Seguramente a base dunha idea semellante formouse nas beiras do Miño a leenda dos cinco ou dos sete Santos irmáus: San Felipe, San Pedro ad Vincula ou San Fins (?), San Marcos, San Mamete (San Domedio, Nomedio ou Amedio, cecáis San Mamede) e San Telmo, ós que algunhas veces engaden San Tomé e Santa Tecla, ou Trega. A leenda refire que San Telmo, bañándose no río, afogóu, e os irmáus decidiron rescatar o corpo, e, pra elo, rubiron cada un ó seu picouto, dos que hai arredor do Miño, pra abesullalo cando viñera a aboiar, e puxéronse onde hoxe están as eirexas ou ermidas respectivas. San Marcos era o que estaba máis perto do río, mais como iba canso, quedóu durmido e, namentras, pasóu polo río abaixo o cadavre de San Telmo, que non paróu deica o val de Louro; como o corpo santo botaba moita luz, os outros irmáus vírona, e os que acodiron os primeiros foron San Fins e San Domedio, que o recolleron e sepultárono en terras de Tui.

Na versión en que son sete, non figura San Telmo, e figura, en troques, San Xulián (ou San Xiao), o do Monte Aloia, mailo nome do santo que se afogóu no río non se sabe, e din que se perdéu no mar. Diste detalle quíxose tirar un vencello coa leenda de San Brandán.

Outras veces, as irmás son determiñadamente as imaxes, que poden sere do mesmo santo, incluso da Nosa Señora. Na leenda do Monte Faro dise que apareceron alí tres Virxes irmás; unha pidéu que a puxeran nunha parroquia do concello de Rodeiro, perto do monte Faro, que foi Santa María do Río; outra pra fora do concello; e outra, que é a que está no cume do Faro, pois pidéu que a puxeran no máis outo, coa intención de ver ás súas irmás, e así o fixeron.

Ó aparecer no monte, os dunha parroquia, chamada Santa Eulalia, quixérona levar mais ela non quixo ir, decindo que estaba cansa e, ademáis, que pertencía a Sant-Iago de Requeixo (Chantada), polo cual é ésta a que lle fai a festa, anque a capela sirve de lindeiro entre as provincias de Lugo e Pontevedra. Denantes de chegar a ela hai unha fonte milagreira, e a xente di que a fixo a Virxe cando viña visitar ás súas irmás, chegando o burro que a levaba con moita sede. Ela petóu no chao cunha vara que traguía, facendo xurdil-a auga.

No tempo da Mourindá, os mouros edificaron unha capela pequena acarón da da Virxe, que foi a capela de San Antón. Iste santo tiña a cabeza de ouro, e a xente nono sabía. Era moi visitado polos pelingrís. Un portugués que, por tradición, sabía que o santo tiña a cabeza de ouro, alá foi unha noite e roubouna. Non tivo máis, que dalí a pouco tempo desfíxose a capela.

Unha miga despóis viñeron os frades de Oseira, que tiñan boas noticias da Virxe do Faro, e nona podendo conseguir por petición, foron un día pra roubala. Sacárona da capela e puxérona nun burro, e xa tiñan andado un bo anaco, cando o burro metéu unha pata entre dúas penas e nona puido sacar. Deron en tocar as campás elas soias, e pouco despóis acudiron ó Faro os da parroquia; ó atoparen ós frades coa Virxe, levárona outra vez prá capela. Aínda existe hoxe o sinal da ferradura do burro, e téñena como cousa de gran mérito.

Sobre visitas e relaciós entre imaxes, hai coplas como as seguintes:

Quén é aquela Señora
que vai por aquel carreiro?
É a Virxe do Corpiño
que vai vel-a do Cruceiro.

San Martiño de Salcedo
tén un anelo na man,
que llo mandóu de regalo
San Andrés de Lourizán.

Nosa Señora de Darbo
tén o Darbo na mantilla,
que llo mandóu de regalo
Nosa Señora da Guía.

Obxetos piadosos

Moitos obxetos piadosos úsanse, ben pra traguer un consigo, ben pra ter na casa pra arredar os males, ben pra apricar en casos determiñados.

Os de máis valor son, naturalmente, as *reliquias*, as cuales poden ser verdadeiras reliquias, que poucos teñen a sorte de poseer, ou reproducciós das verdadeiras, anque "tocadas", ou sexa, postas en contacto coaquelas.

As primeiras soen estar nas eirexas, onde gozan de gran veneración e, ás veces, lévanselle ós doentes, ou sácanse en procesión en casos de grandes calamidades. Algunhas casas ricas, ou que o foron noutro tempo, poseen tamén algunha que acostuman ceder pra casos semellantes.

Reliquias menores son as lembranzas de Terra Santa, de Roma ou doutros grandes santuarios da Cristiandá, como terra dos Santos Lugares, follas de prantas, froitos, madeiras, cousas tocadas ás sepulturas dos santos e dos mártires, traguidas de lonxe. Hai reproducciós dos cravos con que Noso Señor foi cravado na Cruz, e tocados ós verdadeiros que se gardan e, como istes, outros obxetos. Poden entrar nesta categoría as cintas e cordós coa medida dos corpos santos, os hábitos e obxetos tocados a iles. Naturalmente, nesta sorte de cousas, hai moitas de autenticidade máis que dubidosa —como tamén acontez, ás veces, nas reliquias da primeira categoría— maila fe popular está disposta sempre a dalas todas como boas. Hainas, así e todo, garantizadas con documentos expedidos pola autoridade eclesiástica correspondente (as chamadas "auténticas").

Veñen logo os *obxetos bentos.* Entre iles teñen especial predilección polo "Agnus Dei". Os "Agnus Dei" auténticos veñen de Roma; son figuras ou sorte de medallas de cera, semellantes ós sellos pendentes dos documentos antigos, que reproducen ou levan a imaxe do Año Místico, e son abenzoados polo Padre Santo, con moita cerimonia, en determiñadas solemnidades. Tiveron sempre moita estima no mundo cristián, e en Galiza, anque con seguranza ha haber moitos que estean falsificados, non abondan, e por ser poucos os que teñan un, danlle aínda máis valor. Pódese decir que o Agnus Dei protexe contra todolos males diste mundo e máis do outro, e que se lle apón a il soio máis virtú que a todalas outras "cousas boas" xuntas. Os que os teñen soen gardalos nun marquiño, con vidro por entramos lados.

A pedra de ara é unha areíña que se lle saca á ara dun altar e gárdase como cousa santa pra remediar doenzas e males e como medio apotropaico contra endiañamento, meigallo, frida de ollo, etc. É unha das chamadas "cousas boas", de moita estimación, que se soen ter gardadas nunha bulsiña de seda.

A *auga benta* estímase moito tamén. Moitos recóllena na eirexa o Sábado Santo, despóis que a bendicen, e lévana en botellas prá casa. Tamén se pode recoller con gran eficacia na misa entre o alzar a hostia e o cáliz. As aplicaciós son moitas: bendecir a casa pola Pascua, o leito todalas noites, as sepulturas dos difuntos, os campos e os froitos. Pra arredar ó Enemigo e pra botalo fora, din tamén que non hai cousa como a auga bieita, inda máis eficaz que o sinal da cruz. Unha pingotiña de auga bieita chega pra arredar ó demo, facer caír un nubeiro, etc.

As *augas santas,* de fontes milagreiras, teñen virtudes semellantes, mais especialmente úsanse contra as enfermedades.

A carón da auga das fontes santas, pódese pór a *auga do ceo,* ou sexa a procedente da chuvia ou do orballo que encora nos corgos dos penedos ou que se atopa nas follas e nas frores. Murguía cita un romance no cual refírese que achándose Noso Señor cravado na cruz, foi socorrido por unha anduriña e máis por unha lavandeira ou laberca. En pago, Noso Señor concedeulle, entre outras cousas, que a lavandeira que na noite de San Xoán collese unha pinga de auga no bico e a deixase caír riba dunha rapaza que se bañe denantes de saír o sol, faina feliz. Outras tradiciós semellan ter unha orixe precristiá, como son: que a pinga de orballo que se esconde nunha fror, atopada por unha rapaza, tén o mesmo poder que a fror da auga; e o dito que se apón ó sabio Merlín: "A auga que o ceo deita nos corgos pecha as feridas e volve a vista ós ollos doentes"; si o pobo galego non coñece, polo regular, a sentencia de Merlín, polo menos, aprica a auga do ceo pra idénticos fins.

A *cruz de Caravaca,* feita de latón, a imitanza da milagrosa que se conserva en Caravaca (Murcia), en diferentes grandores e precios, véndena os santeiros e os postos e comercios de obxetos relixiosos; tén dous

traveseiros e dous ánxeles ós lados, representando ós que trouxeron o orixinal. Tén moitas virtudes e unha especial aplicación contra dos tronos, raios e centellas. Está feita de dúas placas de metal xuntas, que forza que se faga ou abelencia que se poña, non hai quen as poida separar; mais din que cando trona, sepáranse elas soias e quedan separadas tanto tempo como dure a treboada, e despóis vólvense xuntar como estaban antes.

Co tídoo de "La cruz de Caravaca", había un libriño ou folleto impreso cheo de oraciós pra casos de meigallos, tentaciós do demo e diabólica posesión.

O *pan bento,* ó cual a Eirexa dá un valor sacramental, tén tamén virtudes semellantes contra os males do corpo e do esprito. Nalgús lados, gardan durante moito tempo o pan bento na eirexa. Noutros dan especial virtude ó pan cocido en certos días: pola parte de Maceda e na parroquia de San Pedro de Alais (Castro Caldelas) o pan que se coce o día de San Bartoloméu non se derrama nin podrece endexamáis, e coíl apagan os incendios botando un anaco no lume.

Os *rosarios* de máis estimanza son os que veñen de Xerusalem ou dos Santos Lugares, feitos moitas veces con carabuñas ou píbedas de froitos, con sementes ou madeiras dos sitios santos. Logo, os que foron tocados ós sartegos dos corpos santos, ou bentos dun xeito epecial. Os rosarios sirven pra arredar ó demo, librarse das malas influencias, impiden que se corte o leite ou que se convirta en sangue por causa de mal de ollo ou cousa semellante, etc.

Das *medallas* tén moita sona a de San Benito, que trai a cruz diste santo, unha cruz equilátera e florenzada, cunhas siglas que responden a invocaciós e fórmulas de orixe litúrxica, semellantes ás dos rescritos, das que moi ben puderon ser os modelos. Esta cruz, espallada por toda a Europa polos monxes da Orde de San Benito, tén asegún a tradición occidental, unha chea de virtudes pra escorrentar todolos males, e levar ós homes polo bon camiño.

Os *evanxeos* son uns libriños moi pequeniños que traen impresos os comenzos dos catro evanxeos. Bendícense e tráense ó pescozo, metidos nunha bulsiña de seda. Preservan de todolos males que poden vir dos espritos malinos, e curan as doenzas desta orixe, o mesmo da xente que dos animás. Recoméndanse moi especialmente prós nenos pequenos.

A *beizón de San Francisco,* dada polo Santo a Frai León, no monte Alvernia, escrita nun pergamiño, anda en libriños como os dos evanxeos ou nunha sinxela estampa, e dí: "El Señor te bendiga y te guarde. Te muestre su rostro y tenga misericordia de ti. Te mire benignamente y te conceda la paz. El Señor te bendiga, hermano Fulano de Tal". Preserva de tentaciós, raios, pestes, mal de corazón, perigos do mar, de nemigos,

trebóns, lumes, doores de parto, calenturas, morte repentina e outros males, e conserva na gracia de Deus.

Os *rescritos* hainos de varias clases: contra raios, centellas e incendios, contra bestas danosas, contra as lombrigas dos nenos, contra os males da facenda, etc. Noutro tempo facíanos os cregos a mau, mais tamén os había impresos, como os de agora. Van encabezados por unha cruz con siglas como as da cruz de San Benito, ou a de Santo Tomás de Aquino e as fórmulas: "Vade retro, Satana", "Ecce Crucem Domini, fugite partes adversae", e outras conxuraciós empregadas pola Eirexa, invocando os nomes de Deus: "Adonai Sabaoth, Jehová, Tetragrammaton, Elohim, Soter", etc. (de onde as sacaron despóis os autores de grimorios). Os rescritos teñen que estar bieitos, e levan moitas veces escrito a mau o nome da persoa pra quen son. Póñense na porta da casa, da corte, na cama, etc. pra se defender dos males contra dos que están feitos, ou transe con un, asegún os casos.

Oraciós

Hainas pra todolos instantes do día, pra todalas ocasiós da vida, unhas en galego, outras en castelán, outras en castrapo ou en mistura; enxebres unhas, importadas outras; de fonte erudita ou de fonte popular. Poderíase facer coelas un devocionario popular moi compreto e de moito volume. Case todas son en verso.

Imos ir dando algunhas das de máis usanza. Encomenzamos pola que podemos chamar salutación á mañá. Témola ouvido de cote en castelán.

Bendito sea el día
y el Señor que nos lo envía;
bendita sea la mañana
y el Señor que nos la manda;
Alabados sean los dulcísimos nombres
de Jesús, María y José;

A versión galaico-portuguesa reprodúcea J. A. Pires de Lima:

Bendita seja a luz do dia
Bendito seja quem a envía.
Bendito seja o santo ou santa deste día
Padre nosso! Ave María!

O autor pona en comparanza coa "oração da manhã" da xudía Brites Henriquez, condenada polo Santo Oficio, en Lisboa, en 1674:

Bendita la luz del día,
el Señor que la envía,
Ella nos de gracia y alegría,
e saber para fazer sua vontade
para que quando morrer possamos aparçer
no reino da claridade.

Veñen logo as oraciós pra cando un ergue da cama:

Reclama, reclama,
la Virgen me llama,
hace la cama
al Niño Jesús,
que viene cansado
de andar con la cruz.
Esperta José
y aciende candela,
que no sé que me anda
en mi cabecera,
son los angelitos
que andan de carrera en carrera.
Tocan a misa,
vamos a ella,
Cristo la dice,
María está en ella.
Las palomitas
de mi palomar
suben y bajan
al pie del altar,
oyen misa y sermón
con gran devoción.

Doadamente se observa que esta versión, recollida no concello de Coles, tén unha ensarillada de elementos moi diversos, procedentes de oraciós e divertimentos de rapaces, fenómeno de contamiñación ben coñecido.

Veñen logo os rezos propios da misa. Ó entrar no adro da eirexa, din algús a seguinte:

Quedai fora, enemigos,
non veñades comigo adentro,
que vou facer oración
ó Santísimo Sacramento.

Buenos días, fieles difuntos,
tales fustes coma nós,
tales seremos coma vós,
rogade a Dios por nós,
que nós pediremos por vós.

Ó sair o sacerdote pró altar:

Humillaivos, pecadores,
que alí vén o escondido,
vestido de carne humana,
representa al Rey Divino.

Ó lavar as maus o sacerdote:

Señor mío Jesucristo,
Dios y Hombre verdadero,
dentro de mi corazón
es un dolor que yo siento
de no estar a la misa
con devoción como debo
a su Santo Sacrificio.
Las oraciones que rezo
por el alma de mis padres,
que acaso estén padeciendo,
o de alguna otra alma
si algún bien o mal me ha hecho,
en remisión de mis culpas
recibidle al Padre Eterno.

No tempo que media entre o alzar a hostia e o cáliz:

Ay que misa tan florida
está delante de nós!
El Cuerpo de Jesucristo,
la Sangre del Niño Dios!
Ay que misa tan florida
delante de nós está!
La Sangre de Jesucristo
y el Pan de la eternidá.
Entra, Señor en mi alma,
que tienes la potestá!

Ó poñel-os xoenllos no chan da eirexa:

Nesta pedra me arrodillo,
nestoutra fago oración,
pra que mi alma non peque
nin caia en condenación.

Ó entrar na eirexa prá confesión dícese:

Pecadiños, quedá fora
non veñás comigo adentro,
que vou entregar mi alma
al Santísimo Sacramento.

E pra despóis da confesión:

De los pies del confesor
me vengo de levantar,
voy reparando una cosa
que es digna de reparar:
si mi alma irá limpia
para ir a comulgar.

Dame la mano, Señor,
os pecados que traía
conteillos ó confesor
confésovolos a vós, Señor,
para que mi alma no pene
eterna condenación.

Veleiquí, agora, a oración contra as tentaciós do demo:

Tente, enemigo,
non entres comigo,
que eu estóu con Dios
e Dios está comigo.

Cando o reló dá unha hora calquera:

Bendita sea la hora en que la Virgen del Pilar bajó a Zaragoza en carne mortal. Ave María.
Os ofrezco, Señor todos los instantes de este día, que los emplee en cumplir vuestra voluntad. Ave María.

María, ten pecós(?)de nós
por ser Madre de Dios
por su santa casa en vós
Consolat...

Ó pasar por onde unha eirexa:

Quédate con Dios, casa santa,
casa del Verbo Divino,
échame la bendición
para pasar el camino.

Casiña de salvación,
tú te quedas, yo me voy,
échame la bendición
porque mi alma no pene
ni caiga en condenación.

Ó pasar por onde un cruceiro:

Adórote, cruz bendita,
que quedas en campo sereno,
en una semejante a tí
murió Cristo Nazareno.

Me persino con tres clavos
me abrazo a la Santa Cruz,
para que siempre me acuerde
dulce nombre de Jesús.

Ó sair o Viático:

Sale el Señor de su casa
vestido de carne humana,
a visitar el enfermo
que está malito en la cama.
Si es para bien, Dios lo sane;
si es para morir, Dios acompañe
[su alma.

Ó deitarse na cama:

Con Dios me deito
con Dios me levanto,
coa gracia de Dios
e do Espíritu Santo,
que me cubra co seu manto,
co seu manto de color,
que ben cobertiño foi.
Non teréi medo nin temor
a non ser a Dios e a Noso Señor
Dios que bendice o altar,
tamén bendice a cama
onde me vou a deitar.
Gracias a Dios que onde
a miña cama cheguéi,
sete santos encontréi,
tres ós pés, catro á dianteira,
Nosa Señora na chanteira.
Durme e repousa
sen ter medo a mala cousa.
Naquel altar hai un xudío
que non cree en Noso Señor.
Noso Señor es mi padre,
Nosa Señora mi madre,
San Vicente meu parente
que me puxo a mau na frente
pra que o diaño non m'atente
nin de día nin de noite
nin na hora de mi muerte.
Jesucristo dí a misa
Nosa Señora lo adora.
Benia a alma
que se deita nesta hora.

Esta oración tén unha variante. Despóis de:

a Dios e a Noso Señor,

sigue:

Cantan os galos
abren as luces,
todolos santos
levan as cruces.

e remata:

Bendito o anxel que nesta hora
[se deita.

Outras oraciós pra se ir deitar son as seguintes:

Con Dios me acuesto
con Dios me levanto,
con la Virgen María
y el Espíritu Santo.
Si me duermo,
despertaime.
Si me muero,
perdonaime.
Cuatro esquinas
tiene esta cama,
cuatro ángeles
guarden mi alma,
en mi dulce compañía,
que no me desampare
ni de noche ni de día,
no me dejes solo,
que me perdería.
Jesús, José y María,
os doy el corazón y el alma mía.
Vuestra esclava soy,
con vuestro permiso
a dormirme voy.

Como me echo en esta cama
me echaré en la sepultura,
en la hora de mi muerte
amparadme, Virgen pura.

Neste leito onde me deitéi
catro anxeliños encontréi
dous ós pés, dous á cabeceira,
Nosa Señora era a primeira.
Nosa Señora me dixo:
Durme e repousa
e non teñas medo
a ningunha cousa.
Cantan os galos,
andan as luces,
son os anxeliños
que andan nas cruces.
Cruz no monte,
Cruz na fonte,
nunca o pecado me alcontre,
nin na morte, nin na vida.
Ai Xesús! Ave María.

Oración pra benzoal-o leito:

Bendice la cama de canto en [canto
para que duerma conmigo el [Espíritu Santo.
Bendice la cama del medio al [medio,
para que duerma conmigo el Rey [de los Cielos.
Bendice la cama de esquina a [esquina,
para que duerma conmigo la [Virgen María.
Señor mío Jesucristo
yo a acostarme vengo,
mi alma y mi espíritu
a vós lo encomiendo.
Si dormir, valeime;
si morir, alumbraime
con las tres velas
de la Santísima Trinidad,
una del Padre, otra del Hijo,
otra del Espíritu Santo,
que me cubra co seu manto,
seu mantiño de color,
non teréi medo
a cousa que de iste mundo for.
San Juan dijo la misa en Roma,
San Pedro la cantó.
Bendita sea la misa,
bendito sea el altar,
bendita sea la cama
donde me voy a acostar.
Déitome sola y acompañada.
Nuestro Señor comigo na cama.
Nesta cama me deitéi,
sete ánxeles encontréi,
tres ós pés, catro á cabeceira,
María Santísima na dianteira.
Persinouse Ela, persineime eu,
a Nuestro Señor,
qué faría eu?

Despóis de deitado na cama, rézase:

En el cielo tocan a misa,
Cristo la dice, Virgen lo adora,
bendita sea el alma que se deita [nesta hora.
Señor mío Jesucristo,
dueño de mi corazón,
perdóname mis pecados,
que bien sabes los que son,
que si me muero de noche
me muero sin confesión.
Padre mío de mi alma
échame la absolución.
¡Oh Jesús crucificado!
nos días favor y amparo,
tíranos el cuerpo de peligro
y el alma de gran pecado.

(Repítese tres veces).

E ó apagal-a luz:

Luz que me ha muerta (?)
el Angel de la Guarda
entre mi puerta.
Apártate, enemigo,
non veñas conmigo,
Jesús va conmigo,
Jesús en el ara,
Jesús en la cruz,
Jesús en mi alma,
mi alma en Jesús.

Oración prá hora da morte:

Bella rosa pura y pía,
a tus devotos tanto amas,
enardece en santas llamas
de tu amor el alma mía,
cuando en el postrer día
de mi existencia mortal
deje el mundo terrenal
que nos admita el Señor
en la Patria Celestial.

Esta semella sacada inteira de algún libro devoto, sendo somentes popular pola usanza.

Entre as oraciós máis populares, atópase o "Padrenuestro pequeniño" que tén moitas variantes, das que daremos algunhas:

Padrenuestro pequeniño,
enseñaime bo camiño,
camiño da salvación.
Mis pecados muchos son,
no los puedo confesar,
nin Coresma nin Carnal.
Rezando i arrodilléi,
tres Marías encontréi,
llamando por Jesús;
Jesús estaba en la Cruz,
da Cruz foi ó altar
cos peciños a sangrar;
chaméi pola Madanela
que llos viñese limpar:
Tente, tente, Madanela,
non me veñas lastimar,
que estas son as cinco llagas
que por tí hei de pasar.
Que grandes, que pequeniños,
todolos hei de salvar,
anque teñan máis pecados
que areíñas hai no mar!

A forma narrativa en verso octosílabo desta oración é de moita usanza. Moitas destas oraciós poden ser, e sono de certo algunhas, anacos de vilancicos e romances vellos medio esquecidos. As tres Marías e a Madanela aparecen adoito nas fórmulas relixiosas galegas. Veleiquí outra variante:

Padre Nuestro pequeniño
guíame por bon camiño
aló fun, aló cheguei
tres Marías encontréi
perguntando por Xesús.
Xesús estaba na crús,
e da crús e do altar.
Tente, Madanela, tente
non te poñas a chorar
que estas son as cinco chagas
que por vós hei de pasar.
Pola ponte de Belén
vai un pondón colorado
debaixo daquel pondón
vai Xesucristo encravado.
O sangue que del caía
caía en campo sagrado;
el hombre que la bebía
era mui aventurado;
neste mundo será un rei
no outro rei coroado.
O que esta oración dixese
todolos viernes del año,
saca unha alma de penas
e a súa de gran pecado.

E aínda outras:

Padre nuestro pequeñino
lévame por bo camiño;
alá fun i alá cheguéi,
tres Marías encontréi
perguntando por Jesús
e Jesús iba na cruz,
a cruz estaba no altar
cos peíños a sangrar.
Tente, tente Madanela,
non me veñas lastimar,
que estas son as cinco llagas
que por tí hei de pasar.
Anque teñas tantas culpas
como areas hai no mar,

pequeniños e grandiños
todos chos hei de salvar.

Padre nuestro pequeniño
tén as chaves do pelouriño.
Quen llas dou, quen llas daría?
Doullas a Virxen María
co seu manto, co se fonte
nunca co diaño me encontre.
nin de día nin de noite,
nin ás horas de medio día.
Válgame a Virgen María!
Tres palomas vin estar
na beira daquel tendal.
Pergunté a la mejor:
Jesucristo, dónde está?
Jesucristo está allí
por los pies echando sangre,
por las manos otro tal.
Ven por alí Madanela
cos seus panos de tendal.
Tente Madanela, tente
non me queiras lastimar, etc.
La sangre que del caía
caía nun coal sagrado,
todo hombre que la bebiera
sería afortunado:
neste mundo rei,
no outro coronado.
Quen esta oración dixera
todolos viernes del año,
sacaría un alma de pena,
la suya de gran pecado;
Quien la sabe no la dice,
quien la oye y no la deprende
para el día del Juicio
verá que conta le tiene.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María
un Padre nuestro
e un Ave María.

Tamén nesta variante, ás veces, despóis de "La sangre que de él caía etc.", dín:

Polo ponte de Belén
vai un pendón encarnado
no cima daquel pendón
vai Jesucristo enclavado...

Outras veces, istes outros:

Indo por un camiñiño
con tres horas de soliño
encontréi unha señora
cun ramo de ouro na mau,
eu pedínlle unha folliña
e deume do seu cordón,
que me daba sete voltas
arredor do curazón.
San Francisco, San Simón,
bendíceme este cordón
que me dou Nosa Señora
a Virxe da Conceución.

En Francia hai unha oración chamada a "Patenôtre blanche", na que figuran a Santísima Virxe e mailos ánxeles arredor do leito; a Virxe pregunta a San Xoán polo seu Fillo, e respóndelle que está na cruz. "Qui vivant bien la dira trois fois au soir, trois fois au matin, gagnera le Paradis à la fin". O cual indica, seguramente, un prototipo medieval ó que se lle foron engadendo outras cousas.

Veleiquí temos unha oración dirixida á Virxe:

Virgen Santísima
espejo de luz,
solita quedaste
al pie de la Cruz;
en aquella tristeza
y gran soledad,
acude, Señora,
a toda necesidad.

E outra ó ánxel "para mí dado" (o da Guarda):

Angel para mi dado,
del sumo de Dios criado,
pídoos con grande amor
que de mi tengas cuidado.
Dícele, ángel, centinela
dentro de mi corazón
el demonio con cautela
anda tras de mi perdición.
Dile, ángel, que no venga,
que estoy aquí en este valle,
estoy llorando mis pecados,
para que me los perdone
mi Jesús Sacramentado.

Das oraciós prós santos, a máis popular é o "responso de San Antonio". Ademáis do corrente: "Si buscas milagros, mira...", hai outro de tipo moi popular, do que temos unha versión procedente de Rodeiro:

En Portugal naciste,
en Portugal aprendiste,
nuestros padres iban orar,
vosotros íbais al berbiario,
perdiste el hijo de Dios,
lo halló tres veces por vós
y llamó: Antonio, Antonio,
en la tercera vez oíste
vós le pediste
que perdido fuese hallado
el lumbre fuese apagado,
y el ganado fuese encontrado
para que seamos dignos de tus
[promesas.
Amén.

Das virtudes diste responso xa se falóu. Tamén do de San Bartoloméu.

Polos difuntos que están no adro da eirexa, dícese:

Aquí veño, anxeliños de Dios
que vós fostes coma nós
rogade a Dios por nós
que eu rogaréi a Dios por vós.
Amén.

Outra longa oración, composta de anacos doutras, asegún parez, foi recollida en Dozón:

Santa María
Madre da Piedá
ruega, Señora,
pola Cristiandá.
Non sei pedir,
dame licencia
para que el Señor
me oiga estas palabras.
Mi alma alegre
de oir que se salva,
Salvador del mundo,
salva nuestras almas.
Bendito sea Dios
i o Señor San José
que fuxíu co meniño
pra Nazarén.
Foramos con il
en su compañía,
eramos devotos
da Virgen María.
A Virgen i a Virgen
como está coronada,
por riba de manto
corona sagrada.
Corona sagrada
que levan de gloria
por bien que adoremos
a quien nos adora.
Adorar a Jesús
con todo corazón
que non viva nin morra
sin a confesión.
Sin a confesión
non hei de morrer,
a Virgen Santísima
me ha de valer.
Me ha de valer
en amor fulución (?)
llamando por el
i o meu corazón.

Abranse as portas
qu'alá ven Jesús
los brazos abertos
tendidos na cruz.
Os seus pés clavados
i as maus tamén
polos nosos pecados
toda culpa tén.
Vamos a Belén,
que non fuxa ninguén,
a velo meniño
que a Señora tén.
Nosa Señora lavaba,
e San José estendía
i o meniño lloraba
co frío que tenía.
Cala, meu meniño,
cala, meu amor,
las bágoas que tienes
me cortan con dor.
Fillo de rico
e deber dourado,
cala meu meniño,
nesas pallas deitado.
Fillo de rico
e como de pobre
i a gracia de Dios
a todos encobre.

Damos esta oración, máis que nada, como eixemplo de como se van desfigurando as cousas na transmisión oral, a pesares da axuda que dá o verso prá súa conservación.

Teñen especial interés as oraciós que se din prá beizón do pan. En Sabariz (Rairiz de Veiga), enantes de pólo a levedar fan cruces nil, coa mau dereita, decindo:

Señor San Vicente te acrecente,
Señora Santa Lucía te faga vir aixiña,
Señor San Ramón te saque en boa ocasión.

ou

Dios te acrecente i o Señor San Vicente
pra que o diabo te non tente,
nin de noite, nin de día,
nin después de mediodía.

En Bermés (Lalín), no intre de ir enfornar, bendíceno faguendo nil unha cruz coa pá do forno, decindo:

Creza o pan no forno
pola gracia de Dios e do mundo todo
Pater Noster.

En Ois:

Creza e pan no forno
e a gracia de Dios polo mundo todo
en nome do Padre e do Fillo e do Espíritu Santo.

E en Vences (Verín):

San Juan te faga pan,
San Manuele te levede,
Santa Mariña te traiga aixiña,
San Vicente te acrecente,
As ánimas benditas teñan......en tí.

Ofrecimentos e penitencias

Os ofrecimentos e penitencias unhas veces son impetratorios, pra atinguir algunha gracia especial de Deus, da Virxe ou dos Santos, com-

príndoos denantes de ter acadado o que se pide; outras son en acción de gracias, ou en cumprimento da promesa, e fanse despóis de ter obtido o que se pidéu. Ós que van a un santuario cumprindo unha promesa, chámanlle *os ofrecidos.*

Os principás ofrecimentos son:

Misas, pagadas ou sinxelamente ouvidas, sexa do xeito corrente, sexa estando todo o tempo de xoenllos, ou tendo unha vela acesa, ou doutro

Fig. 13. - Ofrecidos.

xeito calquera; novenas, rosarios, viacrucis ou outros rezos e, asimesmo, responsos polos difuntos.

Dar un número determiñado de voltas de xoenllos arredor da eirexa ou capela, ou do camarín do santo, ou ir dise xeito na procesión, ou parte do camiño dunha pelerinaxe.

Ir descalzos na procesión, ou todolos días dunha novena que se faga na eirexa ou todo o camiño da pelerinaxe, dende a casa hastra o santuario, ás veces moitas leguas.

Ir empanados coa mortaxa (ou mortalla) que un había levar si morrera, a cuál represéntase simbólicamente nunha vestimenta especial, moi sinxela, en figura de túnica, feita de tea máis ou menos barata, branca ou crara ou da coor dun hábito, que se deixa despóis ó santo como ex-voto.

Ir levando unha vela, acesa ou non, moitas veces un *estadal,* ou sexa unha candea do longo da "estatura" do corpo daquil por quen se ofrez. Estas velas déixanas despóis de esmola ó santo.

Facer unha pelerinaxe ou estar tantos días a pan e auga, sin xantar nin beber máis nada.

Facer o mesmo sin falar nada, ou ir todo o tempo rezando credos ou rosarios ou outras oraciós.

Ir levando ó lombo o cadaleito en que o habían enterrar a un, ou ir metido nil e levado a hombreiros, como si fose no enterro. Istes cadaleitos sirven tamén de ex-votos.

Levar as andias do santo na procesión, ou o pendón, faroles, etc., ou ir debaixo das andias, ou levando na mau fitas atadas a elas ou ós pés da imaxe, etc.

Dar ó santo ou ós probes unha esmola determiñada. As que se levan ós santos poden ser en diñeiro ou en especie, éstas máis usadas de-



Fig. 14. - Cepillo prás esmolas, de Pías (Mondariz).

nantes, anque aínda se dean hoxe de abondo. Consisten en tegas de pan ou de millo, pra recollel-as cuales moitos santuarios teñen aínda unha tulla ou unha arca; xugadas de bois, becerros, xuvencos, ovellas e carneiros ou años, prós que nalgús lados fan un curro no adro; pitas e polos e outros animás; carne de porco; cera, en velas, en figura de membros humáns ou en bruto; mel; aceite prá lámpada; viño prá misa; roupas ou alaxes das que se precisan na eirexa (candieiros, lámpadas, floreros, man-

tés, panos de altar, etc.). É moi común que as ofrendas en especie sexan puxadas polo sacristán ou os mordomos o mesmo día da festa.

Entre as cousas que se ofrecen ós santos, merecen ser notados os ex-votos que se deixan na eirexa en testemonio dun favor recibido ou dunha curación milagrosa. Sirven pra elo as mortaxas dos ofrecidos salvados da morte pola intercesión do santo, os cadaleitos dos que fixemos mención, as muletas e aparatos ortopédicos dos coxos e dos impedidos que sandaron, e cousas semellantes. Úsanse moito os ex-votos de cera representando pernas, brazos, cabezas ou corpos inteiros dos enfermos que os ofrecen, e que se venden xa feitos nas cererías. En todolos santuarios principás hai tamén as curiosas táboas pintadas, de arte popular, en que se representa o milagre ou curación. O máis común é que pinten ó doente no leito, pedindo a saúde cas maus dereitas, e no aire a Virxe ou Santo en aparición, no medio dun gran resplandor. Ó pé levan, escrita brevemente, a historia e circunstancias do feito milagroso.

Os náufragos ofrecen, ás veces, como ex-votos, barquiños de madeira, moi ben feitos, que se teñen pendurados das voutas da eirexa, como dous que había na capela do Santísimo Cristo de Ourense.

Tamén se fai a oferta de "andar de hábito" por uns meses, un ano os máis, sendo os usados principalmente o dos Dolores, negro, cun corazonciño coas sete espadas, feito de prata, prendido no peito; o do Carme, castaño, co escudo da Orde levado do mesmo modo; e o de San Antonio, gris, co cordón de San Francisco levado á cintura.

O ofrecimento máis característico son as pelerinaxes (ou peregrinaciós). Pódese facer ó ofrecimento de ir a un santuario determiñado, ou pódese facer de ir visital-o santo onde sexa, e como o santo pode ter diferentes santuarios, ás veces consultan ó santo mesmo, a ver onde quer que se vaia. Pra esto hai unha maneira especial de botar sortes (que por certo emprégase tamén en operaciós de adiviñanza supersticiosa) e que consiste en escribir en tres anaquiños de papel os nomes de tres santuarios entre os que se quer escoller; logo vaise a unha xunqueira, cóllense tres xuncos que estean xuntos, e iguálanse, cortando os tres de maneira que queden iguales, e en cada un átase un dos tres papeliños; ó cabo de tres días, vaise mirar cal medróu máis, e o papel do xunco máis medrado sinala o santuario onde o santo quer que se vaia. Tamén se pode consultar do mesmo xeito o ofrecimento que o santo quer, pondo nos papés, por eixemplo, nun "misa", noutro "comunión", noutro "peregrinación". Vén ser unha forma das "sortes sanctorum", de que falan os autores eclesiásticos e que, nalgunhas ocasiós, foron prohibidas como supersticiosas.

En moitos santuarios milagreiros hai o costume de "tocal-o santo" ou "poñel-o santo". Van a que llo toquen os enfermos pra sandar, e os sanos pra que non lles dea a enfermedá. Pra esto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto ponse de xoenllos, e o sacristán, as máis das veces, colle a imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas

costas, decindo: "Dios che saque a enfermedá e che dea a sanidá". E vóllella dar a beixar. Na capela de San Lázaro de Ourense, propia do Concello, facía ésto un garda municipal, e decía: "San Lázaro bendito te libre de peste e de males extraños".

Na de San Roque, de Viveiro, din:

O Santo che dea a sanidá,
che libre da enfermedá,
polo poder que Dios tén,
da Virxe María, amén.
Cristo viva, Cristo reine, Cristo impere,
Cristo che libre de mala morte morrer, amén.

En todos lados, ó tempo de tocarlle a un o santo, déixase unha esmola na bandexa.

A EIREXA

A xente galega, polo regular, respeta a xerarquía eclesiástica e déixase guiar por ela, anque, ás veces, tamén a critica. A actitude esprital en que se pón respeito dela é a mesma que se observa nas xentes dos tempos medievás.

Por riba de todo está, lonxano e un tanto misterioso, o supremo xerarca de Roma, a quén chaman de cote "o Padre Santo", ou "o Padre Santo de Roma"; as outras designaciós: Papa, Romano Pontífice, Vicario de Cristo, etc. non son de usanza.

É moi común, anque a cousa tén que ser de orixe moderna, o chamar ó noso arcebispo, o cardenal de Sant-Iago, por máis que nono sexa. Os bispos gozan de moita consideración. Cando pasa "o señor bispo", vai a xente bicarlle o anel e recollel-a súa bendición.

Ós párrocos danlles de cote, en case toda Galiza, o tratamento de "señor abade", anque non teñan dereito a il oficialmente; respétanos e acoden a iles mesmo pra moitas cousas que non son da Eirexa, pedíndolles axuda e consello, en necesidades, pleitos, rifas e toda caste de entrequenencias.

A vida distes abades non se diferencia moito da dos paisanos ou, no millor dos casos, da dos señores de aldea: fora do seu ministerio, miran pola súa vida, coidan dos eidos e da facenda, si a teñen, divírtense coa caza ou coa pesca, xogan ó tresillo, cando teñen con quen, xúntanse cos compañeiros e cos señores nos "preceutos" (cando os chaman prá confesión, no tempo do complimento pascual), nas feiras e nas festas, comen e beben dabondo, en xantares onde se desquitan un pouco da monotonía e do isolamento en que viven. Hainos que matan o tempo que lles sobra, co estudo, e aínda escribindo libros. Son moitos os que viven probemente, en rectorás escanastradas e mal alaxadas, comendo mal e pasando frío, con roupa vella que xa perde o tinte. Deica haberá uns corenta ou cin-

cuenta anos, na aldea andaban a cotío con vestimenta seglar negra e con "alzacuello". Había tamén os que chamaban da "carreira breve", que sabían moi pouco. Algús que outros levaban vida irregular, ou eran apegados ás cousas diste mundo, ou demasiado interesados e amantes dos cartos; eran máis os que se metían na política. As críticas a que todos istes daban ocasión extendíanse logo ós que nonas merecían, que eran os máis.

Polo regular, a xente perdoa ós cregos, ás veces, cousas que non lles debía perdoar tan doadamente e, en troques, critica niles o que non debera. O que non lle perdoa é que teñan mau dos cartos, anque sexa con xusticia. Téñenos por ricos. Din que "de que chegan o bico ó cáliz xa non teñen quebradeiros de cabeza". Por esta causa, os cregos foron moitas veces obxetivo principal das gavillas de ladrós e aínda hoxe existe a creencia de que nas casas reitorás, e aínda nas mesmas eirexas, pódense atopar cartos dos que iles escondían.

Soen decir que os cregos o que queren son cartos. A oración da misa en que se pide a conservación dos froitos da terra: "Et fructus terrae servare digneris", interprétana como pedirlle a Deus "conservar os diñeiros". Na parodia dos responsos din: "Kyrie eleison, kyrie eleison cartos pró meu bulsón e pró teu non". Algús desconfían da existencia do purgatorio, decindo que o inventaron os cregos pra gañar cartos cos responsos; outra versión curiosa, recollida en Velle (Ourense) di: "O ceo e o inferno hóuboos sempre, porque tén que haber un premio e un castigo; mailo purgatorio puxérono despóis"; outra muller dixo: "O purgatorio fixérono os curas, pra sacaren cartos con misas e responsos". É decir, que non é que o purgatorio non exista, é que non é obra de Deus, sinón enmenda posterior, idea sumamente curiosa. Tamén hai quen asegura que as palabras que lle dí o bispo ó ouvido ós cregos, cando os ordea, é que non hai purgatorio.

Outras interpretaciós dos ditos e feitos dos cregos e a inmensa cantidá de contos de picardía referentes a iles, ou outros contos en que fan papel desairado, teñen precedentes medievás en todolos países.

No clero regular, a xente non distingue entre monxes e frades; todos levan o mesmo nome, "frades", e tamén, a veces, o castelán corrupto "flaires". A opinión e mailo anecdotario tocantes a iles non se diferencian moito do que se refire ós cregos, e consérvanse máis na cidá do que na aldea, onde a súa lembranza, e máis especialmente a das "monxas", quedóu un tanto escurecida dende a exclaustración, esvaendo a memoria das inmensas riquezas dos mosteiros antigos, da boa vida que se daban niles os frades, e a idea esaxerada do poder que aínda teñen.

Compañeiro constante do abade nos contos e nas historias é o "sacristán" (tamén "sancristán" e, por ser quen pide prás ánimas, *anemeiro*). O sacristán arranxa e limpa a eirexa, axuda á misa, bautizos, enterros e responsos, toca as campás, recolle os cartos no cepillo, acompaña o viático, etc. Nuns lados éo por oficio, si cadra toda a vida; noutros, os veciños van

turnando no cárrego. Polo regular cobran dos freigueses dereitos en especie: unha tega de pan ó ano, etc. Tan pronto teñen sona de pillabás, de facer que fan, de aproveitaren os cabuchos das velas, escurrichar as vinaxeiras, gastar confianzas cos santos, etc. como de parvos ou de menguiñas, ou de todo á un tempo.

Os luminarios, tornacás, correcás, campaneiros, monaguillos, nenos de coro e outros subalternos da eirexa non se encontran máis que nas cidades.

Noutro tempo facían moito papel nas aldeas os *santeiros*, que andaban vagariñantes pedindo pra un santo ou prás ánimas, levando un cepillo con imaxes e vendendo ó mesmo tempo rosarios, medallas, estampas, rescritos, etc. Son ofrecidos ou son persoas que o teñen por oficio. Algús adícanse a rezal-as oraciós que lle encarreguen e paguen, a botar bendiciós, a facer coutaciós e curaciós por medio de rezos. Algús viñan de Castela ou de máis lonxe.

Na Terra Cha de Lugo hai o país dos *valuros* ou *baluros* (terra de Valura), que colle desde Xarmar ó norde deica Ribeiras do Ea ó sul, e dende Castro de Rei ó leste deica Pino ó poñente. Os valuros andaban de santeiros, pedían cartos pró seu peto particular e sandaban doenzas da xente, do gando e da bechuguilla en xeral. Contra diles deu cartas pastorás o bispo de Mondoñedo Frai Antonio Martín Sarmiento de Sotomayor, polo ano 1750, polo cal tiveron sona de descomulgados, sin perderen o creto de sanadores de males, e seguiron algús, xa poucos, deica o día de hoxe.

Dos valuros, que deron moito que matinar a Murguía, falaremos ó tratarmos das supersticiós.

De cando en vez, aparez polas aldeas e cidades algún "pelegriño", decindo que ven a Sant-Iago e que xa estivo en Roma e máis en Terra Santa. Falan coa xente en tono de sermón, refiren apariciós e miragres, señás no ceo, falan dos moitos pecados dos homes, anuncian castigos e, ás veces, o fin do mundo, que vai vir logo. Soen traguer estampas, reliquias e obxetos piadosos que a xente estima moito, dando creto a todo o que o pelegriño conta, casi como si fora santo, e o que se pode faguer cun dises ouxetos teno como grande fortuna.

Entre os fieles hainos máis ou menos devotos. Pódese decir que en toda parroquia hai algunha persoa, casi sempre muller, mais tamén ás veces home, que corre coas cousas da eirexa, guía o rosario ou a novena en lugar do crego ou do sacristán, reza en alta voz a estación na misa, despóis de alzar, e aínda reza nas casas dos veciños, asiste ós doentes e moribundos, etc. Os outros, nos máis dos sitios, soen cumprir polo menos co de obligación.

Tocantes ós disidentes, por eixemplo os protestantes, non se soen referir casos de animosidade nin de actitude agresiva contra iles, como iles non fagan algo de aldraxe da fe católica. Nos poucos puntos en que hai protestantes, soen convivir pacíficamente cos católicos, sin que ninguén lles

diga nada. Son chamados xeneralmente "evanxelistas". O siñificado da verba "protestante" non se coñece ben: en moitos lados úsano no senso de masón, incrédulo, ou mal cristián. O que non cree en Deus e non vai á misa nin se confesa, non é ben mirado, e aínda inspira certo temor; tense por un tipo estrano e raro. Compre eiquí traguer a conto unha palabra galega moi siñificativa, que ven do léxico medieval, *sandeo,* cuia siñificación recta é "sin Deus", e que foi empregada na poesía galega da Edade Media como equivalente de parvo, tolo, insensato ou non asisado:

Ay, que mal aconsellado
fostes, coraçon *sandeo,*
en amar a quen eu creo
que de vos non ha cuidado...

e pasou ó castelán no mesmo senso: "sandio".

Entre os malos cristiáns, a tradición galega sinala dun xeito especial, coma máis ruís e danosos, ós "descomulgados", que deberían ser arredados do trato da xente. O *aire* ou a *sombra* do descomulgado son das que máis hai que temer, pois fan moito mal, principalmente nos nenos, anque hai oraciós e bendiciós especiás pra tornalos.

Da mala querencia contra dos "xudéus" non hai cáxeque máis supervivencias que o dito de "teren rabo" os habitadores de barrios ou lugares onde iles viviron e o siñificado que dan á verba "xudío" (menos veces "xudéu"). Emprégase moito esta verba como adxetivo, no senso de ruín, trincón, cruel e no de nemigo de Cristo. Chaman xudío a quen martiriza a un animal, a un neno, a unha criatura inocente ou trata mal a un probe das portas ou fai escarnio da relixión nos feitos ou nas palabras.

"Mouro" tén a siñificación de pagán ou xentil, e ás veces din que os nenos son mouros namentras non están bautizados.

SANTUARIOS E ROMAXES

A fe, o sentimento relixioso e as prácticas devotas do pobo galego tinguen toda a súa vida, aínda nos actos máis sinxelos e vulgares da vida, mais teñen unha mañifestación colectiva de moita expresión nas romaxes e na veneración ós santuarios enxebres, onde se xunta, nos días das festas, moita cristiandá.

Hai tantos que podemos decir que toda a nosa Terra está coberta diles, espallados por todas partes: nas cidades, nas vilas, nas aldeas, en sitios despoboados e arredados, nas cumes das serras, nos recantos dos vales, nos descampados lonxanos. Hainos novos, hainos de grande antiguidade, hainos desaparecidos dos que aínda fala a xente, outros dos que somentes hai noticia nos papelorios vellos, e aínda outros dos que non quedóu lembranza.

Como se comprende, non imos falar eiquí sinón dalgús dos máis soados, nin xiquera de todolos merecentes de mención. Imos somentes dar uns cantos eixemplos. Todos soen ter a súa festa profana, mais niste lugar falaremos somentes do puramente relixioso.

O Santo Cristo de Ourense

Tén iste Santo Cristo, de moita veneración en toda Galiza e norde de Portugal, unha fermosa capela no brazo norde do cruceiro da Catedral de Ourense.

A santa imaxe tén parte de madeira e parte de pergaméu pintado posto sobre dun recheo de trapos, e si non é dun feitío artístico dos que admiran os amigos do académico, é dunha forza expresiva sorprendente. A tradición dí que viu polo mar adiante aboiando nas olas, de non se sabe onde deica Fisterre, e dalí tróuxoo o bispo Don Vasco Pérez Mariño, que tén o seu enterramento por frente da porta da capela. O cabelo e as barbas da imaxe son naturás, e a xente decía que lle medraban, a aínda se citaba o nome do barbeiro que llas iba cortar de cando en cando. Na chaga do costado tén un anaco da corda con que Noso Señor foi atado.

Os días de romaxe do Santo Cristo de Ourense son o 3 de maio (Invención da Santa Cruz) e o do Corpus. Nos días antes do 3 de maio (Santa Cruz de Maio) tense a novena do Santísimo Cristo. Enantes, os días da novena, os devotos enchían a capela de gaiolas con paxaros, que estaban cantando todo o día, o que daba un engado especial a aquiles días. Probablemente por culpas de coengos forasteiros, tan fermoso costume desaparecéu.

Tamén levaron dalí moitos exvotos que había: cera, mortaxas, cadriños con miragres, e aínda dos barquiños moi ben feitos, lembranza de navegantes ós que o Santo Cristo libróu da morte. Quedaron, naturalmente, as moitas lámpadas de plata.

Nos días indicados acode moita xente do norde de Galiza, de Portugal, e doutros lados. Os romeiros dan voltaa de xoenllos arredor do camarín do Cristo, bican o cordón da cortina, levan obxetos pra abenzoar, mercan medallas e estampas e deixan moitas esmolas en diñeiro, cera e regalos.

Enantes levaban alí os endiañados, que berraban e tiñan ataques durante as misas, mais agora prohibírono.

A sona do Santo Cristo de Ourense sigue sendo grande. Tivo, en tempos, unha cofradía, moi antiga e con moitas gracias e privilexios.

Outras romaxes do Santo Cristo hainas en Fisterre, en Vigo, na Póboa de Trives.

Santuarios da Virxe

Os santuarios e eirexas adicados á Virxe María en Galiza son tantos que somentes a lista diles ocuparía moito. Hai romaxes da Virxe en moitos días do ano, pero os principás son o 15 de agosto, día da Asunción, e o 8 de setembre, día da Natividá da Nosa Señora.

Entre todolos santuarios mariáns sobresaen tres pola súa antiguidade e pola súa importancia: Nosa Señora da Barca, a da Franqueira e a das Hermidas.

Distes tres falaremos primeiro.

Nosa Señora da Barca

Dí a tradición acollida pola Eirexa que cando o Santo Apóstol Sant-Iago andaba a padricar pola banda de Fisterre, sufrindo moitos traballos e desalentos, a Santísima Virxe María, que daquela inda vivía niste mundo, apareceulle en carne mortal, pra confortalo. Achábase o Señor Sant-Iago na beiramar de Muxía, cando víu que viña polo mar unha barca de pedra guiada o conducida por anxes, na cual viña a Madre de Deus.

Fig. 15. - Imaxe da Nosa Señora da Barca, no camarín de seu santuario.

En testemoio de tan prodixioso acontecimento, alí, na vila de Muxía, perto do mar, onde o santuario da Virxe, está a barca de pedra, co seu timón e vela tamén de pedra, debaixo da cual, andadol-os tempos, atopouse a imaxe, que foi levada prá eirexa parroquial, mais volvéu milagrosamente ó lugar onde aparecera, polo cual alí levantaron o Santuario.

Asegún o cronista Huerta, iste é un dos máis antigos de Galiza, como

tamén a imaxe, que pón a carón, na antiguidade, das da Franqueira e das Hermitas.

Efectivamente, si o nome de *Muxía* hase reducir a *Monxía* (de *Monaquia:* "lugar de monxes"), alí debéu haber un dos máis primitivos cenobios da nosa Terra. Semella moi probable que o Santuario da Virxe da Barca fose un dos *lugares xacobeos* que visitaban os romeiros de Sant-Iago. Nun recanto da vila, amóstranse aínda as ruiñas dun hospital de pelegriños, que se supón existir xa na Edade Media. Mailas primeiras noticias escritas que se coñecen son de fis do século XIV ou comenzos do XV. Din tamén que o rector de Muxía Don Fernando de Castro recadóu do arcebispo Don Lope de Mendoza a incorporación da ermida da Virxe á eirexa parroquial. No século XVII a devoción á Virxe da Barca colléu unha importancia, asegún din, maor do que nunca, a súa sona acadóu lonxanas terras, viña visitala xente de todalas naciós e sobre dela escribeuse estesa bibliografía. Pode que fora unha reviviscencia da situación medieval, que despóis medróu seguramente coas disputas en col do Patronato Xacobeo, e cos esforzos dos seus defensores contra dos que negaban que Sant-Iago houbera padricado en Hespaña. En 1726, sendo pequeno o hospital que había, fundouse un convento de trinitarios pra dar aloxamento ós pelegriños. Cun donativo de Don Xoán de Ribadeneyra, Conde de Frigiliana e da súa muller Doña Alfonsa de Castro Villamarín, e coas esmolas dos fiés, fíxose un santuario novo no que aquiles señores tiveron enterramento; o santuario recibéu ricos regalos: coroas prá Virxe, lámpadas de prata, cálices e outras alfaias, e fíxose o altar maor, obra de Miguel de Romay, pagada polo Conde de Maceda.

En varias ocasiós foron examiñados detidamente os feitos milagrosos ocurridos no Santuario da Barca.

O Tribunal Eclesiástico de Sant-Iago consultóu ós teólogos de Salamanca, os cuales, despóis de examiñaren as "cinco informaciós" que se fixeran, responderon que os feitos que acaeceron alí no ano 1724, "eran sobrenaturales", declaración que fixo pública o Real Colexio de San Francisco, e que apoiaron os agostiños, mercedarios, xesuítas e benedictinos. Defensores dos miragres da Virxe da Barca foron Molina, Castellá Ferrer, o P. Nierenberg, o P. Oxea, Agustín de Rojas, o P. Villafañe, o P. Seguín, e outros moitos. Xa non digamos de Riobóo e Seixas, autor do famoso libro "La Barca más prodigiosa", poema adicado a esta Virxe.

En 1947, foi coroada canónicamente, e hoxe trabállase en restaurar esta devoción tan honrosa pra Galiza. Hai un folleto pubricado en Ourense polo presbítero Don Vicente Gonzalez Lorenzo, que recolle as principás tradiciós e noticias referentes a iste Santuario.

As pedras da Barca da Nosa Señora son tres: a barca mesma, de oito varas e media por sete e media, o timón e máis a vela, de oito varas e tres

cartos de arredor. Esta é unha *pedra de abalar*, que mesmamente un neno pode mover "por superior principio y no por natural equilibrio", anque algunhas veces resístese, e non se move por máis que lle fagan. Considérase que, cando non se move, é sinal de que a Virxe non vai conceder o que se lle pide, ou que algo ocurre de estrano que non praz a Deus. Din os escritos que durante a guerra entre Castela e Portugal, durante sete anos, a pedra non puido ser movida, e pasados os sete anos, cando iba por onde ela a procesión, "al pasar por aquel sitio con el festejo de danzas" aca-

Fig. 16. - Estampa da Nosa Señora da Barca, que os romeiros adequiren, no santuario.

badas de cantar as ladaíñas, movéuse a pedra soia, sin que ninguén lle tocase.

Esta pedra abaladoira é convexa por arriba e cóncava por abaixo. Din que ó deitarse o sol, si un mira por debaixo da pedra, ve a imaxe dun Santo Cristo e outra do Apóstol Sant-Iago, con esclavina e bordón, e cun cáliz na mau. Tamén contan os escritos que, unha vez, un capitán francés

que iba pra Terranova, cortóu un anaco da vela e levouna, e téndose levantado no mar un gran trebón, botóu aquela pedra ó mar, atada cunha corda, e a tempestade acalmóu aixiña, polo que regalóu ó santuario un exvoto en figura de navío.

Son moi soadas e dinas de nota as figuras que fai o mar nas penedas veciñas do santuario, as cuales son tidas por efecto sobrenatural. As olas ruben e baixan, e ó devalaren, deixan nas penedas moitas cunchiñas miudas das que chaman alí *arneirón*, as que fan unha chea de deseños e figuras que son, as máis, cruces sinxelas, soltas, ou en grupos de tres, como nun Calvario, mais tamén cruces de San Andrés, de Santo Toribio e de Caravaca, atributos da Pasión, cálices, patenas, as letras do Ave María, do nome de Jehová, as siglas J, MJ, INRI, letras gregas, cunchas xacobeas, corazós, soles, lúas, estrelas, etc. Din os escritos que cando foi da guerra de Hespaña e Francia, aparecéu a figura dun león, e no Corpus de 1715, cando amañecía, as cunchas formaron un navío con vela latina, con oito cañós por banda e diante unha estrela de oito raios, detrás un león e tres pisadas como de infante que iban dende unha cruz grande encamiñándose ó Santuario.

A romaxe non tén particularidades especiás. En troques, a Virxe da Barca debéu ter un cancioeiro propio, que despóis, en gran parte, foi apricado a outras advocaciós e lugares. O tipo semella ser a seguinte cántiga, que poidérase referir a algún milagre feito non sabemos cando:

Nosa Señora da Barca,
Nosa Señora, valéime,
que estóu no medio do mar,
non hai barqueiro que reme.

Poidéranse recoller moitas cántigas, de moi difrentes temas, que comenzan coa invocación: "Nosa Señora da Barca", moitas das cuales son de asunto mariñeiro.

Nosa Señora da Barca,
danol-o vento de popa
que somos os de (eiquí o nome
[dun porto)
levamol-a vela rota.

Nosa Señora da Barca,
tén o tellado de pedra,
ben o podía ter douro,
miña Virxe, si quixera.

Nosa Señora da Franqueira

O santuario da Virxe da Franqueira é a eirexa románica dun antigo mosteiro de monxes bernardos, do bispado de Tui, situado no curuto dun monte, a 15 kilómetros do soado Balneario de Mondariz, e tén arredor unha aldea con honores de vila, que leva aquil nome.

Tocantes á orixe desta devoción e máis do nome de *Franqueira*, hai ditos moi difrentes. O cronista Huerta di que se trata dunha das tres imaxes máis antigas da Nosa Señora que hai en Galiza; supón ser visigó-

tica e, efectivamente, a tradición fai recuar o seu culto deica o século VII, en cuio tempo din que lle chamaban "Nosa Señora da Fonte". Nun programa da festa, que non tén indicación do ano, dí que os hespañoles, despóis da batalla de Clavijo, agradecidos á Santísima Virxe por ter *franqueado* a aparición de Sant-Iago a favor de todos, erguéronlle e adicáronlle o santuario do Naurancio, en Asturias, e cambiaron a advocación da Virxe da Fonte pola de Nosa Señora *da Franca* ou *da Franqueira* en Galiza.

Outra versión refire que ó viren os mouros, na primaveira do 738, o xefe Aucupa, que os mandaba, fixo botar abaixo todalas eirexas e mosteiros, e ameazado o eremitoiro da Franqueira, os fiés cristiáns esconderon a imaxe nunha morea de penedos onde xurdía unha fonte, que era a que lle dera o nome con que a coñecían. Cando desaparecéu o perigo musulmán, a Virxe amostróuse milagrosamente.

Asegún o P. Villafañe, aparecéu na vila do seu nome, nunhas pedras —nas que fora escondida— perto do mosteiro de bernardos, onde hai unha fonte e un regueiro. Por esto lle chamaron *da Fonte* e despóis *Franqueira, de Franca,* "polos seus favores".

A aparición refírena outros (Dr. J. Rodríguez Sobrino) diste xeito. Unha velliña que levaba a pacer o gando no que logo se chamóu "Coto da Vella", unha noite, ó se recoller, viu un resplandor no máis irto e viu a imaxe entremedio dos penedos, entre os términos de Luneda e Franqueira. Alí non se podía facer capela. Disputaron as dúas aldeas a quen había leval-a imaxe, e pra pór paces, acordaron de poñel-a Virxe e mailas pedras nun carro do país, con xugadas dos diversos lugares levando os bois os ollos tapados e indo sin que ninguén os guiara. Os bois deron moitas voltas e, por fin, *franquearon,* colleron o camiño máis *franco* cara o que logo se chamóu —por esta causa— *Franqueira.*

A Abadía cisterciense fundouse no século XIV (semella que en 1393) e os monxes declaráronse "capeláns perpetuos da Santa Virxe da Franqueira", e no lugar da aparición puxeron unha lápida sostida en catro columnas brancas que forman como unha cruz. En 1520, León X reducíu a Abadía a Priorato, e así quedóu deica que desaparecéu, a pesares dos esforzos dos Señores de Sobroso. Tamén falan da cova en que aparecéu a imaxe, decindo que tén unha croa grabada no teito e na entrada a sinal de roda do carro. O costume de ir a Virxe nun carro de bois na procesión debe ser lembranza daquil episodio.

A imaxe é de pedra, de execución ruda e pouco típica pra lle determiñar a época. Semella obra popular, arcaica, ou feita asegún un modelo arcaico, e está pintada por riba. O P. Villafañe, con decir que non se sabe si está sentada, de xionllos ou de pé, fai dela gran loubanza: "O seu rostro é tan resplandecente e fermoso que o mesmo é poñer os ollos nil que arrebatar os corazós, mais, ó mesmo tempo, admírase tan maxestoso que causa igual veneración que respeto". Chama a atención o retrato literario que o

P. Villafañe fai da Virxe da Franqueira, que non dá idea ningunha do orixinal, como acontez con outras daquil tempo. O certo é que a imaxe está sentada, e que se ve ben craro que está sentada, tendo o Neno Xesús sentado no xionllo esquerdo, e no direito vense caír perfeitamente os canelós do manto. As proporciós son as de moitas imaxes románicas, máis longas de medio corpo arriba do que deberan, a cabeza tamén grande de máis, como adoitan naquelas, e a expresión é mais ben das que chaman "hieráticas".

Da Virxe da Franqueira hai rexistrados en varios libros e outros escritos moitos milagres ben extraordinarios e pasmosos. Un dos máis dinos de nota é o dos cristiáns que os mouros tiñan cautivos en Arxel, os cuales encomendáronse á Madre de Deus da Franqueira, e cheos de confianza no seu agarimo, pediron ós mouros, en nome da Virxe, que lles deran libertá, e que, si nono querían facer, xa verían como ela tiña poder pra ceibalos. Os mouros ríronse diles, decindo que endexamáis tiñan ouvido falar daquela señora e que millor lles fora facerse da relixión de Mofamede. E vendo que non lles daban tino, enchéronos de grillós e cadeas, e meteron a cada cristián nunha arca de madeira asegurada con barras de ferro e candados e, pra maor seguranza, dormía un mouro riba de cada arca. Maila Virxe fixo milagrosamente trasladar as arcas, cos cristiáns e os mouros enriba, dende Arxel ás portas do santuario da Franqueira. Cando os mouros espertaron, viron, abraiados, que se abrían as arcas elas soias, e saían das súas prisiós os cristiáns, ceibes; éstes invitaron ós mouros a entraren coíles no santuario dar as gracias á Virxe; entraron os mouros, e vendo tantas cousas prodixiosas, pediron o bautismo. As cadeas dos cautivos puxéronas nunha das paredes do santuario pra lembranza do feito.

O P. Villafañe dí que na Franqueira festexaban as Pascuas de Nadal, Resurrección e Pentecostés, e especialmente a Asunción e mailo Nacimento da Virxe. Hoxe cítanse dúas festas grandes as *Pascuillas* e o 8 de setembre.

Na festa das Pascuillas, ó raiar o día, saen das parroquias darredor (Mondariz-Balneario, a Portela, Cumiar, Mouriscados, Lira, Vilasobroso, Guillade, Uma, Sant-Iago de Oliveira, Santa Eulalia de Batalláns, Mondariz-Pobo, Queimadelos, Meixol, Parafíos, Baldomar, Maceira, Achas) cada unha coas súas imaxes da Virxe e dos santos, seus pendós e cruces, e súa riola de romeiros que os acompañan.

Cando se encontran dúas destas procesiós no camiño, enantes de se xuntaren, fan unha cerimonia: os que levan os pendós, axiónllanse tres veces, cruzandos os pendós e abaténdoos no chao; as imaxes póñense unha por frente da outra, e saúdanse faguéndose reverencia, todo con estrondo de foguetes e cantos da xente. Logo xúntanse as dúas procesiós e siguen xuntas deica atoparen outra; entón repiten a cerimonia, e xúntanse as tres, e así van facendo cada vez que vai aparecendo outra freguesía. Diste xeito

entran na vila da Franqueira, polos catro aires, por cada un súa riola de parroquias, en procesión, cunha chea de pendós, cruces e santos.

Aparte van chegando, polos camiños do monte, fatos de paisanos, uns empanados con túnicas de tarlatana de coores; outros con estadales atados con canas, pra que a calor nonos torza; outros con cirios aínda maores; ou con faroles de folla de lata acesos, pra alumeárense, porque saíron da casa moito antes de rompel-o día, con noite pecha; outros descalzos; outros que veñen de xionllos dende o sitio en que ollaron a eirexa; outros levando debaixo do brazo a caixa do morto onde xa o iban meter cando a Virxe o sandóu, ou van metidos na caixa e levados por outros catro; outros que traen en ofrenda á Virxe xugadas de bois, vacas, becerros, ovellas, años, ou outras cousas.

Fig. 17. - Ofrecidos na Franqueira.

No adro, nos descampados e nos rueiros da vila, non se pode dar un paso, de tanta cristiandá como hai. A Virxe está no altar mór no centro do ouso, arrodeada de táboas cos milagres pintados. É dificil poder entrar na eirexa prá misa maior.

Na procesión van todalas imaxes das freguesías que viñeron, moitas imaxes de vestir, cos seus millores mantos cheos de decorados, e coas andias enfeitadas con arcos de frores artificiás con follas prateadas e bulas de cristal azougado. Cada unha leva a súa gaita, e ademáis, a xente canta.

Despóis volven todas, cada unha polo seu camiño, e todos son cantos e ledicia. Os versos feitos para esta pelerinaxe das parroquias son, con seguranza, de man erudita, mais non está mal conseguido o aire popular:

A Virxe de Lurdes
vai para a Franqueira
visitar a santa
Virxe compañeira.

Virxe da Franqueira
que tés un meniño,
fainos levadeiro
o longo camiño.

De Vilar a Virxe
garrida e xeitosa
pola nova ponte
vén en busca nosa.

Imos con ledicia
que ven a par noso
a Virxe bendita
de Vilasobroso.

Como o sol reloce
a Virxe de Pías
no viaxe primeiro
destas romerías.

Batalláns xa chega
coa súa santiña,
e cara a Franqueira
con nosco camiña.

Na festa do 8 de setembre non hai a pelerinaxe nin procesiós, mailos romeiros acoden afeito, coas súas penitencias e as súas esmolas e ofrendas, igual que nas Pascuillas.

As mozas, ó pasaren por unha xesteira tapada con parede, que chaman a "Coutada da Virxe", precuran facer un nó nunha xesta, poila que consiga facer un nó cun dedo soio, casa no ano.

Dende rompel-o día, hai misas no santuario á mañá. Hai xente que se ofrez ou que tén a devoción de ouvir a primeira misa, ou comulgar nela. Istes chegan moitas veces á Franqueira dous días antes da festa, vindo a pé pola Lamosa ou por Paraños, e como non pode haber aloxamento para todos na Franqueira, bótanlles palla no pendello arredor do santuario pra que durman.

A xente pasa tres veces, a pé ou de xionllos, por debaixo do altar. Os que van en caixas de mortos ou as levan, déixanas alí de ofrenda, e logo véndense prós veciños.

A Virxe está xa no seu carro de bois, que estivo outrora pintado e dourado; hoxe tén a pintura perdida, caeulle toda. A imaxe está cuberta cun manto azul, que non deixa ver máis que a cara e maila cabeciña do Neno, e cheíña de xoias regaladas polos devotos. Os devotos que lle dan diñeiro teñen o costume de prendérenlle os billetes no manto, con alfinetes, de maneira que soe ter o manto cheo diles que nin siquera se lle vé o tecido. Ó lado tén unha ucha pra botal-as moedas.

Despóis da misa maior, sae a procesión. Xunguen no carro da Virxe tres xugadas de bois, cubertas cunhas ricas galdrapas de seda branca, de mañífico tecido a cadros, e as molidas levan unhas cubertas tamén de moita riqueza. As aguilladas teñen os pinchos de ouro.

Enantes de saír, e namentras dura a procesión, púxanse as aguilladas, e algús que conseguiron levalas todo o tempo, deron por elo 300 e 500 pesetas.

Dediante da Virxe van tres danzantes e tres danzantas de aros e trenzado, vestidos como as *madamas* con moito perifollo e xoias, que todo é da Virxe. Tamén bailan os *palitroques.* Tense calificado de "relixiosa" esta

danza, e, en efecto, está chea de xenuflexiós e de reverencia diante da imaxe, cunha música sinxela e arcaica.

Ó cruzaren a praza do mosteiro ruiñento, danzan os danzantes nun estrado, e despóis ruben a il un *mouro* e un *cristián*. O mouro leva barbas, turbante e túnica, e na man un sable corvo, ou cimitarra; o cristián leva

Fig. 18. - O Mouro e mailo Cristián baténdose dediante da imaxe da Nosa Señora da Franqueira.

bigotes, una sorte de uniforme moderno, con bicornio na cabeza, e espada recta. Diste xeito o simbolismo resulta exacto. Recitan o parlamento seguinte:

O MOURO

Alá, mi Alá, mi Mahoma,
de los vuestros siempre he sido
y como mucho os rogué
y no venís en mi auxilio,
creer no quiero realidad
cuanto aquí oigo, palpo y miro.
Y esta imagen de la Virgen
y de campanas el ruido
y esta multitud de gente

y este grande templo mismo
no son más que una ilusión
mi Alá y Mahoma mío.
Soy moro que piensa así
porque tengo un gran motivo.
De la Virgen de la Franqueira
me han hablado los cautivos
y hasta tuvieron valor
para exponer a mí mismo
que si yo no los libraba
ella haría un prodigio.
Desde entonces redoblé
las guardias en mi presidio
y cargados de cadenas
noche y día mis cautivos,
a estos dí mucho trabajo
y poco hubieron comido.
Al volver de trabajar
en arcas eran metidos
donde bien se les cerraba
en lo más hondo de mi castillo.
Y sobre la arca de éstos
a dormir yo siempre he ido.
Por arte de encantamiento
que esto suceda me explico,
mas lo que magia o demonio
por mis prisioneros hizo,
yo lo vengo a deshacer
con este corvo cuchillo.
Alá, mi Alá, mi Mahoma,
venid muy pronto en mi auxilio
yo no puedo querer que haya
ni un solo cristiano vivo.
¿Que haces aquí de rodillas?
¡Dímelo pronto cristiano!

O CRISTIÁN

Retírate, musulmán,
yo las gracias estoy dando
a la Virgen de la Franqueira
por habernos libertado
a los cristianos cautivos
de ser siempre tus esclavos.

O MOURO

Cristiano, que no más veces
con todo imperio te digo
¡ay! que si no me obedeces
te pesará muchas veces
de ser osado conmigo.
Ponte en pie, pronto, cristiano
ven a combatir conmigo
si no, te mato inhumano.

O CRISTIÁN

Detente, mal mahometano,
yo combatiré contigo.

O MOURO

¡Ay! cristiano, he combatido
en lucha justa y torneo
sin ser jamás vencido:
mas nunca anduve rendido
como hoy rendido me veo.
Eres un buen caballero,
el arma muy diestro esgrimes
y a fuer de moro sincero
te diré cuanto te quiero
antes de que me lastimes.
Soy Visir, más que Bajá,
del Imperio mahometano.
Por Dios reconoce a Alá
y en Marruecos se te hará
con un grande destino.
Después casas con mi hermana
que es mora hermosísima;
pero con saña inhumana
mirarás desde mañana
la que es Virgen santísima.

O CRISTIÁN

Gracias, gracias, noble moro,
pero no puedo acceder,
porque al Dios justo yo adoro
y por mujer ni por oro
otro no me he de volver.
Será muy rica tu hermana
será muy noble y hermosa,
pero es una mahometana
y sólo mujer cristiana
merecerá ser mi esposa.
El Alá es un Dios vano,
falso profeta es Mahoma,
y que haya mahometano
que no quiera ser cristiano,
que con su pan se lo coma.
Pero que yo me haga moro
y de la Virgen reniegue
por una mora y por oro,
tenlo en cuenta siempre, moro,
nadie a decírmelo llegue.

O MOURO

¡Ay cristiano! ¡Ay cristiano!
toda mi sangre incendiaste,
puse la suerte en tu mano
si te hacías mahometano,
y a Alá y a Mahoma hollaste.

Volvamos, pues, al combate,
que por tus burlas a Alá
el odio en mi pecho late
y mientras yo no te mate
mi brazo no cederá.

Combaten. O mouro, vencido, dí:

No me mates, buen cristiano,
que ya me doy por vencido,
y antes de que yo me muera
recibir quiero el bautismo.

O CRISTIÁN

No te mataré, no, moro,
que lo prohíbe Jesucristo,
pero mira estas cadenas,
con ellas me cargaste,
estuve en ellas prendido
y tu jamás me las quitaste
por no darme nunca alivio.
Lo mismo hacerte debía,
mas la ley del cristiano,
que es la única ley de Dios,
hasta amar manda a enemigo.
A la Virgen de la Franqueira,
arrodillado y contrito,
da las gracias, noble moro;
por ella y por Jesucristo,
te perdono y te hago libre.

O MOURO, *de xoellos*

Doy las gracias al Santísimo
y a la Virgen de la Franqueira,
¡Vivan los buenos cristianos!
¡Que muera el mahometismo!

O mouro ponse entón atrás da Virxe, e vai na procesión coas cadeas esnaquizadas en sinal de libertá.

Como se vé, a representación refírese ó milagre da Virxe de que falamos ó comenzo. Un escritor identificóu, con certa gracia, a iste mouro da Franqueira co *Birnarem*, de que fala o *Ciprianillo:* "Ao sul da Franqueira, dez homens de longo no pico do altinho está encantado num soutulho o moro Birnarem, deitado sobre ouro e con çapatos reflectidos de brilhantes da coroa dun rei godo"... "¡Alí —di o comentarista— onde agora se ergue un hórreo de pedra, naquil "altiño", metido nun "soutullo" está Birnarem!... ¡O bo de Birnarem que se ergue da súa sepultura todolos anos, pra morrer dediante do carro trunfal da Nosa Señora da Franqueira, diante do carro de bois, o tamén trunfal carro galego!"

Propiamente, a romaxe desfaise despóis da procesión. Como é xa tarde, a xente vai xantar do que leva ou do que hai nos postos e tabernas de levante semellantes ás de todalas festas, mais polo regular, marchan cedo, e os máis, si cadra, van pra Ponteareas, pra chegar á procesión dos Remedios.

Moitos escritores galegos e de afora, téñense ocupado diste intresantísimo romaxe, e posto en releve as súas enxebres e tradicionás características, propias pra espertar a admiración e a simpatía dos que teñen verdadeiro esprito artístico ou relixioso.

Nosa Señora dos Milagros do Monte Medo

Das romaxes que hai hoxe nas terras da parte de Ourense, pódese decir que a máis importante, a que máis xente leva, é a dos Milagros.

O santuario está nun monte arredado, nun lado da veiga ou gándara de Maceda, tamén chamada ás veces "Limia alta", o Monte Medo (algús fundados nunha interpretación lexendaria moderna, din "Monte do Me-

do", mais non atopamos verdadeira razón pra elo, poilo nome semella ter relación con *meda*) que certos autores, como o dunha "Crónica inédita del convento de Montederramo", dun xeito dudoso o cronista Huerta e o historiador dos Milagros, Martínez de Pazos, queren identificar con Monte Medulio. Pertence ó partido de Allariz, concello de Baños de Molgas e freguesía de San Xoán de Vide.

Construido o edificio actual na segunda mitade do século XVIII, é unha eirexa moi boa e grande, sin que o mérito artístico sexa moito. Fai algo raro una armadella de ferro que tén entre as dúas torres. Arredor houbo, en tempos, carballeira fermosa; o resto do monte era raso de todo, cuberto de carpazas, mais agora escomenzaron a repoboar con piñeiros, que non se sabe o que é pior. Dediante do santuario hai unha praza grande con portas monumentás, e cos edificios da Administración e Hospedería.



Fig. 19. - O santuario da Nosa Señora dos Milagros do Monte Medo.

Sírveno hoxe os PP. Paúles, que tiveron alí moito tempo Estudo de Gramática e lle deron moito pulo ó santuario. Polo monte hai as pequenas capelas dun Via Crucis, no que os pasos están representados por figuras esentes de grandor natural.

Da orixe do santuario cóntase o seguinte. Nos comenzos do século IX tiveron unha guerra o conde da Pena (na Limia) co conde de Caldelas (Castro de Caldelas). O da Pena era Virrei de Galiza e tiña ó seu favor o conde de Sandiás. Xuntos atacaron ó de Caldelas onde chaman Marrubio (de "mar rubio", polo moito sangue que alí corréu). O conde de Caldelas veuse nun gran apreto, acudíu a Virxe, e saíu trunfante; mais no Monte Medo, os seus nemigos refuxáronse e volveron contra dil. Entón ofreceulle á Virxe de lle facer alí mesmo unha ermida; e así foi, que volvéu vencer e, en acción de gracias, cumpríu o seu voto; mais como non tiña

recursos de abondo, só lle fixo unha parte de pedra, e a outra foi de terrós, e púxolle "Nosa Señora da Defensa".

O tempo pasóu, e aquela ermida desfíxose, e no monte Medo non quedóu sinal ningún. Está todo cuberto de bouza mesta onde se non podía entrar. Mais un día, unha pastora moi probe, de Froufe, foise metendo por onde hoxe está a Fonte da Virxe, e alí se lle aparecéu a Raíña dos Ceos, decíndolle que chamara ó abade de Vide. A pastora avisouno, mailo abade non lle diu creto, e tivo que volver outras dúas veces; da terceira, a Virxe púxolle un sinal na cara, e o crego ó vela, créeu no que lle decía, e no istante mesmo en que se convencéu, o sinal da face da pastora desaparecéu. Foron en procesión os de Vide e os de Lamamá, e atoparon, asegún algús no caracocho dun árbore, unha imaxe da Virxe —se cadra a que puxera alí o conde de Caldelas— tan fermosa, que lles parecéu feita por man dos anxos. Quixérona traguer prá eirexa de Vide, mais cando viñan coela polo camiño, nun alto que chaman a Chaira, desapareceulles a imaxe, e buscando nela, forona atopar outra vez no primeiro sitio onde aparecera.

Peleriñaxes ós Milagros hainos todo o ano. Vai xente a pé e máis en autobuses, nas festas da Virxe e nos días soltos; tamén é costume de moitos de Ourense e das vilas da provincia o írense casar ós Milagros.

A festa principal é o 8 de setembre, mais todolos días da novena están indo e vindo autobuses cheos de xente, e conforme se vai máis perto do día, atópanse polas estradas e camiños, coches e caravanas de romeiros da cabalo e da pé que van ós Milagros. O santuario vai acaparando a concurrencia que outrora iba a outras romaxes da Virxe dos Remedios (Ourense, Castro Caldelas, etc.).

O Corpiño

Atópase este santuario no concello de Silleda. Da súa orixe refírese a seguinte historia. A meiados do século VIII, vivía nunha cova do monte Carrio un santo ermitaño moi devoto da Santísima Virxe, en cuia loubanza botaba pláticas ós labregos que o viñan escoitar. Morréu santamente, e dalí a algún tempo atoparon o seu corpo incorrupto, e non se estrevendo a profanalo levándoo pra outro sitio, alí mesmo lle fixeron unha capela, que foi chamada *do Corpiño*. Cando chegóu a invasión dos alarbios, e os cristiáns tiveron que fuxir, a capela abandoada chegouse a esborrallar, e non quedaron alí máis do que unhas pedras cobertas de silveiras e de ortigas. A meiados do século XII eran os pastores os únicos que sabían do sitio. Un día, polo mes de San Xoán, andaban por alí co gando uns pequenos; viron que se cobría o ceo de súpeto, e procuraron achego nas ruiñas contra do trebón que semellaba vir. Ó entraren, víronse envoltos nunha craridá que non parecía diste mundo, e aparecéuselles a Virxe co Neno Xesús no colo e cun ramo de frores na mau dereita. A aparición repiteuse

máis veces e, por fin, enterada a xente, foron todos co cura, e determiñaron de construir alí un santuario, onde aixiña encomenzaron a darse moitos milagres. A aquela Virxe chamáronlle a *Madre de Dios do Corpiño.*

O Santuario actual áchase nunha fermosa carballeira, chaira como a palma da mau, onde se fai a festa os días 23 a 24 de xunio.

O Corpiño tén unha gran sona en toda Galiza, e é romaxe de moita xente. Van de Chantada, Ordes, a Arzúa, Aranga, Monforte, Betanzos, Sant-Iago, a Cruña, o Ferrol, etc. É costume de iren primeiro ós Desamparados de Silleda, e dalí ó Corpiño. Van moitos ofrecidos pra curaren de moitas doenzas, especialmente da *gota* (epilepsia), do *meigallo*, do *ramo cativo* ou *endiañamento* e de enfermedades dos nervos, incruso da tolería.

De mañá dícense moitas misas e recíbense moitas esmolas e ofertas.

A misa maor é antes da procesión. A ela levan ós enmeigados e endiañados. Despóis da misa, pásanos por diante do altar maor. Logo, asegún usanza antiga, o sacristán aprícalles unha reliquia e mételles pola gorxa un hisopo, pra botaren os diablillos ou o meigallo, namentras os familiares bátenlles no lombo decindo "Bótao fora! Bótao fora!" Din que os botan en figura de novelos de pelos ou de ourizo cacheiro. Despóis lévanos na procesión.

A procesión, asegún un informador, ordéase do xeito seguinte: primeiro, un pendón branco e azul; despóis outro pendón branco con cenefa marela; logo, o San Nicolás, levado por rapaces; logo os gaiteiros; logo un estandarte; despóis, a Virxe, levada por mozas, algunhas das cuales van debaixo das andias; outro estandarte, e detrás a Inmaculada, levada por mozas, as Fillas de María, con mantos rectangulares coor azul-ceo e escapularios; logo a Virxe do Corpiño, imaxe de vestir, levada por homes —os mozos levan medallas postas con lazos bermellos— e arrodeada dos devotos, homes e mulleres; istes van tamén entre unhas e outras imaxes, e procuran tocar a Virxe do Corpiño con panos, chapéus, puchas, papés e documentos. Tamén procuran meterse debaixo das andias. Por fin, a Cruz alzada cos ciriás e os curas, e detrás, a banda de música.

Arredor do santuario, e no santuario mesmo, véndense medallas da Virxe do Corpiño, cruces de Caravaca, rosarios, escapularios e outros obxetos devotos.

Polo campo adiante, hai unha chea de postos. Algús son de pedra, propiedá do santuario, que os aluga á puxa entre os vendedores. Outros son improvisados, con carros e bancos de madeira, ou cubertos con lenzos tendidos entre os árbores, ou sin cubrir, arrodeados de madeira, ou cercados con rangalleiras e ponlas de carballo; moitos adornados con papel de espeteira mercado na tenda. A todos istes postos chámanlles *tabernas* e teñen candís de carburo prá noite. Véndense moitas roscas de Silleda. Hai tamén pulpeiras, e feira de herba verde.

A xente, de que empeza a xantar, adoita darlle ós probes.

Despóis vén o baile, coas músicas e coas gaitas. Tócanse moitas muiñeiras, que acostuman bailar tamén os vellos.

É moito costume que os mozos inviten ás mozas.

A Virxe dos Remedios

Tén esta advocación moito culto en Galiza. Entre os seus santuarios citaremos dous, un de Mondoñedo e outro do Castro de Caldelas.

O *Santuario dos Remedios en Mondoñedo*, foi fundado ó parecer en 1558 polo bispo Don Frai Francisco de Santa María Benavides e construido o edificio de nova pranta polo bispo Sarmiento, dando remate xa entrado o século XIX: gran eirexa barroca con dúas torres e pranta de cruz latina, cruceiro octógono e cúpula hemisférica. Por afora, os muros rematan enriba nos característicos picos tan propios daquil país. Por adentro tén fermosos retábulos barrocos, achándose a imaxe da Virxe, de vestir, feita na segunda mitá do século pasado por Xan Maseda, no camarín de moita talla, con estípites, do Altar Maor. Hai outra: a "Virxe vella", máis pequena, do século XVII. O bispo Sarmiento foi enterrado neste santuario.

Fig. 20. - O Irrio do Castro de Caldelas.

Il fundóu a cofradía dos Remedios, en 1740. O domingo denantes do Corpus, levan a Virxe dos Remedios á Catedral, en procesión, e alí queda deica o sábado da infraoctava, en que a volven levar pró santuario, acompañada nas dúas procesiós polos coengos e as autoridades. A novena comenza o derradeiro día de agosto, e o 8 de setembre é a festa, á que concurren moitos romeiros, sendo cousa adoitada levaren un faroliño de aceite, que poñen no santuario namentras fan as súas devociós. Deixan moitos exvotos. Hai cantos populares referentes a esta Virxe, algús en castelán:

La Virgen de los Remedios
es pequeñita y galana,
ni que bajara del cielo
el pintor que la pintara.

Mondoñedo está nun baixo,
Vilanova nun baixiño,
Nosa Virxen dos Remedios
está á beira do camiño

Unha campá do santuario chámase a "campá dos tronos": os veciños da parroquia, e doutras arredor, pagan una esmola pra que a toquen cando hai treboada. Ós romeiros "póñenlle o santo" cunha pequena imaxe da Virxe. Unha imaxe de Santa Xertrudis, que tén un Neno Xesús por baixo dun cristal, é tida por moitos pola "Virxe do Bon Parto", e ofércense tamén a ela.

O *Santuario da Virxe dos Remedios do Castro de Caldelas* data de fis do século XV. Tivo outrora moita romaxe e moita esmola. A eirexa actual é de mediados do século XIX, espaciosa e esbelta, con dúas torres, do que chamaban orden toscano. Tén solemne novena, "as novenas", e procesión os días 8 e 9 de setembre. Non hai moitos anos, había na procesión unha fermosa danza de arcos, con música da *carballesa* e *pantasmas*, e, ademáis, un mascarón que aínda sai, o Irrio, con carauta de pau pintado e vestido de fraque con vivos marelos, o cual corre ós rapaces cunha pelica atada a un pau, do que lle vén o chamárenlle "Irrio piliqueiro".

Outros santuarios e devociós da Virxe

A *Virxe dos Ollos Grandes* venérase na capela que tén na Catedral de Lugo.

A *Peregrina* tén unha fermosa eirexa en Pontevedra, e todolos anos celébrana con grandes festas ás que vai moita xente.

Santa María Madre en Ourense, de moi antiga veneración, non tén festa nin romaxe especial.

A da *Escravitú*, en Padrón, a da *Pastoriza* en Arteixo e a *Pastora* de Cambados son tamén sonadas.

A *Virxe de Reza*, ó pé de Ourense, invócase moito pra pedir que veña a chuvia cando compre. En tempos de moita seca, tráena en procesión dende Reza á Catedral de Ourense, e téñenlle alí novena, misa ou función, e seica non se tén dado o caso que non chovera o día mesmo da procesión.

A *Virxe de Vilar de Frores*, perto de Allariz, leva moita xente o día 15 de agosto. Os máis van de pé, dende ben lonxe, e levan de oferta pitas e polos, que despóis puxan no adro; e son tantos, que aquelo é unha verdadeira feira de polos.

A *Virxe da Saínza* é Nosa Señora da Mercé, patrona de redención de cautivos, causa seguramente da representación da batalla de "Mouros e Cristiáns" que alí se fai o 24 de setembre, e que colléu modernamente moita sona. Teñen alí xa feita pra sempre unha torre de pedra, onde se defenden os mouros, os cuales teñen uns cantos cristiáns presos, con vestidos de presidiarios e cadeas. Alí perto están as "pedras do parlamento". Os mouros están de pé, armados con alabardas. Os cristiáns veñen da cabalo, con lanzas, e tran tamén cañós de folla de lata pra bateren o castelo dos mouros. Ó chegaren, piden parlamento, e o xefe dos cristiáns rúbese

a unha das pedras e o dos mouros a outra, e teñen unha longa disputa, cabaleiresca e teolóxica, na que, naturalmente, non se poñen de acordo, e entón, o xefe dos cristiáns di: "¿Queréis jerra? ¡Pues tendréis jerra!" Volve montar, e encomenza o ataque, con gran estrondo de bombas e fume, hastra que, por fin, chegan ás mans; mais cando a procesión que vén polo

Fig. 21. - Santa María Madre, de Ourense, asegún a figura que aparez no "Reglamento" da súa cofradía.

camiño, chega ó campo de batalla, os mouros quedan vencidos, e siguen na procesión, presos, namentras os cautivos cristiáns van soltos.

A Virxe do Cristal

O santuario da Virxe do Cristal atópase en Vilanova dos Infantes, preto de Celanova. É moi coñecido polo sonado poema de Curros Enriquez que dá nil, tocantes á súa orixe, unha fermosa leenda, dende logo literatizada, na que o "cristal" milagreiro, coa imaxe da Nosa Señora, cai do ceo nunha chispa eléctrica pra demostral-a virxinal inocencia dunha rapaza. Non sabemos de certo o que hai de popular nesta versión.

A recollida como máis aceptada é a de que o cristal prodixioso foi atopado por un labrego que andaba cavando, o cual, encantado do seu achádego, botóu o cristal no peto; mais de contado encomenzóu a sentir que lle pesaba cada vez máis, deica non poder coíl, e entón levoullo ó crego, que se pasmóu daquela preciosa imaxe metida, sin que se soupera cómo, adentro dun cristal que non daba mostra de ter sido aberto por ningún lado, sinon que era todo enteirizo dunha peza. O cristal chamóu daquela, no século XVII, a atención da xente, tanto que foi recramado, pra velo, polos reis de Hespaña, os cuales mandárono examiñar por difrentes artífices e persoas entendidas, pra todalas cuales resultóu cousa sin expricadeira, sendo considerado entón como feito milagroso.

O cristal é moi pequeno, dun feitío ovoide irregular, e tén dentro a imaxe da Virxe, con vestido encarnado e manto azul. Gárdase nun relicario de prata no santuario.

A festa foi de moita devoción, mais hoxe non tén ningún carácter especial que a distinga doutras, anque a imaxe sexa, como é, cousa tan desusada.

Romaxes dos Santos

O Apóstol Sant-Iago

A romería máis coñecida en Galiza é a do Apóstol, mailo seu estudo corresponde á historia.

Temos recollido xa nestas páxinas as tradiciós referentes á expulsión dos mouros polo Señor Sant-Iago, a de ser indispensable a súa romaxe, que se ha facer en morte ou en vida —tradición que non semella que se conserve se non é en Portugal—, a de haber perto de Compostela un burato por onde se vai ó Purgatorio, etc.

Hai tamén unha leenda de ter sido o Apóstol o fundador de Compostela. Asegún ela, cando rematóu de botar ós mouros destas terras, quixo erguer unha catedral e andivo buscando sitio. Daquela escolléu unha grande carballeira e foi arrincando os carballos dela, un por un, cunha man somente. Despóis estendéu unha pelica no chao e marcóu os lindeiros onde se tiña de levantar a catedral e foi pondo as pedras todas. Por eso dise hoxe:

A vila de Sant-Iago,
a vila santiaguesa,
a vila de Sant-Iago
algún día foi devesa

Hai quen supón que a devoción ó Santo Apóstol non foi nunca, en Galiza, cousa do pobo miudo, sinón propia de magnates e de cabaleiros, e tamén de xente que viña dafora. A dos paisanos galegos dín que foi a de San Andrés de Teixido, que tivo pra iles a importancia que Sant-Iago tiña prós outros.

Pode que algo desto houbera. O que semella certo é que entre estas dúas romaxes houbo contamiñaciós seguras, e aínda hai certos indicios de ter habido competencia, como imos ver logo.

San Andrés de Teixido

Teixido —cuio nome vén, asegún o P. Sarmiento, de "teixo" árbore que existe por alí e noutros recantos de Galiza, o árbore do Monte Medulio— está, como di a cantiga, "no cabo do mundo", no pé da serra Capelada, a occidente do cabo Ortegal, na beira do mar, sin porto nin barcos, nunha soedá e nunha lonxanía impoñente, nunha situación xeográfica que dá a impresión de que alí rematóu todo, e que dalí pra diante non hai máis do que auga salgada, escura e fría. Como dixera Rudyard Kipling, "alí se ve do home o último límite".

Conta a tradición recollida por Murguía que, cando Noso Señor andaba polo mundo, chegóu unha vez a Teixido, en compaña con San Pedro, e iban tan cansos e tan ardidos de sede, sin poderen atopar auga ningunha pra beber, que Noso Señor pidéu axuda ó ceo, e o ceo mandoulle unha mazá, e ó partila en dúas pra comela, no medio da mazá, atopóu a San Andrés. E San Andrés emprincipióu a se laiar de que o deixaran alí, de patrón daquiles sitios desertos onde ni tan siquera había auga que poidera matal-a sede, e pediulle que o sacara dalí. O Señor compadeceuse dil, e díxolle que se quedase, que a súa romaxe había ser das de máis sona, había durar séculos e máis séculos, deica o fin do mundo, e ninguén, nin morto nin vivo, se había librar de a facer.

Coñecemos outra versión, na que San Andrés quéixase de que todos vaian a Sant-Iago e, en troques, ningún o vaia a visitar a il, naquel sitio lonxano e soedoso en que se atopa; e entón é cando lle concede o Señor a gracia de que todos teñan que facel-a súa romaxe, de mortos ou de vivos. Esto pode indical-a rivalidade entre as dúas romaxes, que indican Murguía, Alfredo Vicenti e Maciñeira, que fan de San Andrés a romaxe popular e da de Sant-Iago a dos cabaleiros.

Deiqui vén o dito: "A San Andrés de Teixido, vai de morto quen non foi de vivo"; ou: "O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, foi de vivo".

Non hai volta. Os bechos —cobras, lagartos, etc.— que se atopan polo camiño, indo ó "San Andrés de lonxe", son as almas dos que en vida non fixeron a romaxe, e que toman esas figuras pra cumprila. Teñen varios autores atopado nesta creencia unha supervivencia da metempsícosis. Non creemos que abonde como proba: as almas, nas creencias antigas, poden coller moitas formas —véxase o que decimos noutro lado da *Filgia* xermánica— sin necesidá de reencarnare nun corpo calquera. O caso é que a ises bechos que se atopan non se lles pode facer mal ningún: hai que deixar que as almas fagan en paz a súa romaxe.

Esta romaxe foi, efectivamente, si nono é hoxe, a máis soada da nosa Terra. Fala dela niste senso o P. Sarmiento, que a fixo en 1754, e Maciñeira, que lle adicóu o máis cumprido estudo, e cita testemoios de Freire Castrillón e doutros.

Asegún Maciñeira, as pelerinaxes fanse en difrentes tempos do ano, as principás no viernes, sábado e domingo de Pentecostés, en que "concurren os de Ourense e parte outa de Lugo": o 24 de San Xoán; dende o 15 de agosto ó 8 de setembre, en que van "os de Pontevedra e da Cruña": os terceiros viernes, sábado e domingo diste mes, "obrigados prós da costa outa de Galiza e oeste de Asturias" chamados "romeiros dos poltros"; o 29 de setembre, e do 27 ó 30 do mes de Santos en que é o día do San Andrés. Maila festa principal é o 8 de setembre.

A romaxe de San Andrés tén seu cancineiro propio, do que se ocuparon Maciñeira e Xosé Ramón Fernández:

Fun ó Santo San Andrés
aló no cabo do mundo;
sólo por te ver meu santo
tres días hai que non durmo.

Tres días hai que non como,
tres días hai que non durmo,
para ir a San Andrés
que está no cabo do mundo.

A San Andrés de Teixido
fun coa cesta na cabeza,
fun por mar e vin por terra
o santiño mo agradeza.

Meu divino San Andrés
este ano aló non vou;
pola falta de diñeiro
moita xente se quedóu.

Indo para San Andrés,
aló na punta do cabo,
díxome unha caldrupeira:
romeiro, tí qués o caldo?

Paséi a ponte do Porco,
paseille a man polo lombo,
meu divino San Andrés
o voso camiño é longo.

Meu señor San Andresiño
que está na alta ribeira,
véñolle pedir, meu santo
a salvación verdadeira.

Fun ó santo San Andrés,
fun alá e hei de volver,
quedoume a miña mantilla
no seu altar por coller.

Fun ó santo San Andrés,
fun coa miña empanada;
anque o santo é milagroso
é amigo da fuliada.

O San Andrés de Teixido
está dereito na porta
mirando para os romeiros
como lle baixan a costa.

Meu divino San Andrés,
tellas do voso tellado,
elas de lonxe parecen
ouro fino amartelado.

Meu señor San Andresiño
que estás na alta montaña,
este ano vin, solteira
pró o que vén, virei casada.

Indo para San Andrés
seica me veu un agoiro,
non poiden levar a pedra
ó primeiro amilladoiro.

O divino San Andrés
mandóu empedrar o mar
para que os seus romeiriños
o foran a visitar.

A iste cancioneiro de San Andrés de Teixido semella pertencer o soado romance de "Dama Gelda":

Camiño de San Andrés
nas ponlas dunha silveira
en onde estaba encantada
a hermosa moura Zulema.
Encantouna cando estaba
collendo nas azucenas
en o xardín do seu pazo

Aldonza Cambas a meiga,
camiño de San Andrés
deixouna nunha silveira
para encantar ós romeiros
que iban por aquela terra.
. . . .

Moi difrente é o das "Tres Comadres", do que coñecemos a seguinte versión, que pomos en comparanza coa que da Maciñeira:

Elas eran tres comadres
e dun barrio todas tres,
fixeron unha merenda
para ir ó San Andrés.
Unha puxo vinte huevos
outra puxo vintetrés,
outra puxo unha empanada
coas cortezas ó rivés.
. . . .
. . . .
Alá pola media noite
todas falaban inglés.
Unha dixo pola lúa:
"Mira que doblón de a dez".
Outra pola pel do viño:
"Mira que neno sin pés".
Aló pola media noite
chega o marido de Inés,
palos nunhas, palos noutras,
palos levan todas tres.

Estribelo:

O xancuminé
pirixel cun cómini
á trispilistrás
pola túa fe,
o xacodalber
que xan pirulé.

Elas eran tres comadres
e dun barrio todas tres
fixeron a merendiña
para ir ó San Andrés.
Unha puxo trinta ovos
para cada unha dez,
outra puxo unha empanada
de tres codos a un través.
Outra dixo: "Hai que ir por viño;
comadre, canto hei traer?"
"Traiga osté canado e medio
para volver outra vez".
Unha dixo pola lúa:
"Mira que bolo alí tés".
Outra dixo polo boto:
"Mira que neno sin pés".
Aló pola media noite
veu o marido de Inés,
pau á unha, pau á outra,
iba o demo en todas tres.

Estribelo:

Ó cabo de tara meses
tarará todas as tres.
Sargento Miguez,
peregil con tres con tres.
Con dominum quod
Con dominum olé e olé,
pola túa fe
e o salto das vertes do champirulé.

Antigamente, os romeiros soían levar un hábito especial, sorte de longa camisa branca con cenefas de coores formando listas, ondas ou meandros, unhas veces cinguida pola cintura, outras solta. Levan tódos cousas de xantar, as mulleres van coa carabela na cabeza e, de cando en cando, na costa pina da Capelada, detéñense pra botar un taco. Moitos levan tamén gaitas, pandeiros e outros instrumentos, como os romeiros de antano, e van tocando e cantando pra aliviaren a camiñata. Precuran, como dixemos, non

tripar os bechos que atopen, e cando chegan ó cumio, e van escomezal-a baixada, recollen unha pedra do monte, canto máis pesada millor, pra botala nun dos *amilladoiros*, as moreas de pedras que tan postas en comparanza teñen sido cos *cairn* céltigos; algús dos que o fan din que é unha cárrega imposta ós romeiros pra axuntar pedra pra un santuario novo; os homes de ciencia din que o fan seguindo un costume prehistórico. Algús baixan dende os amilladoiros deica o santuario de xoenllos, levando unhas almofadas de palla nas pernas, pra non se mancar. Diste xeito dan tres voltas arredor do santuario.

Entran na eirexa e dan a esmola e exvotos que traian, oien a misa de pé. O 8 de setembre, que é o *misote*, amóstrase ós fiés, por un intre, a vella imaxe do San Andrés, fermosa talla que se supón do Renacimento italián, toda dourada, incluso a face, cabelos e barba, serrada por baixo da cintura e cun relicario engastado no peito onde se conservan uns ósos do santo, un dedo, asegún o P. Sarmiento. Enantes levaba esta imaxe unha fita con campaíñas ó pescozo, que se facían soar ó amostrala, entre as exclamaciós e choros dos devotos.

Despóis os romeiros saen pola porta lateral da Epístola e, nun local que hai, deixan o hábito e mercan unhas imaxes pequeniñas do San Andrés, de bronce ou latón, en medio releve, que xa se vendían nos séculos XVII e XVIII.

Logo van á "Fonte do Santo", que está baixando pró mar, beben e levan daquela auga, e fan alí unha proba pra saberen si o Santo ouvíu ou non as súas oraciós: botan na auga anacos de pan, e si aboian, é que o Santo concederá o que se lle pide, mais, si afondan, estoncias non. Tamén mercan "roscas do Santo", que se conservan moitos anos, e varas de teixo ou de abelaira, na punta das cuales arman o "ramo de San Andrés", con ponlas de teixo, fitas de coores, roscas e imaxes do santo; iste ramo é como unha lembranza e, ó mesmo tempo, unha proba de ter feito a romaxe. Tamén poñen moitos no ramo herba *de namorar*, usanza xeral no tempo do P. Sarmiento, que é o que chaman carabeles mariños.

Non hai festa profana. A xente come e bebe de abondo, no monte, e aínda canta e baila cos instrumentos que algús tran, mais dan a volta cedo prás súas casas, porque o camiño é moito.

Nesta romaxe tense atopado unha chea de supervivencias de ritos pagáns, da maor parte dos cuales non hai máis indicio da súa usanza na nosa Terra.

Santa Mariña das Augas Santas

Está no concello de Allariz e na eirexa parroquial do seu nome. Din que este Santuario tivo a súa orixe na sepultura da Santa, sobre do cual suponse que houbo, dende o século IV, un pequeno oratorio que no tempo dos suevos, ou millor no de Alfonso II o Casto, chegóu a ser unha eirexa,

que primeiro pertencéu ós frades benitos, logo ós agustiños e por fin ós do Císter ou Templarios ós que se apón a eirexa actual, moi semellante ás de Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo que pasaron polas mesmas ordes. É románica, de tres naves e tres ousos, anque con arcos apuntados por ter sido rematada nos comenzos do gótico. O frente e a traseira son moi puros e fermosos; por adentro tén arcos formeiros apuntados e por riba un triforio figurado con tres arcos apuntados en cada tramo descansando en parés de columniñas; o teito é de madeira.

A sepultura da Santa está no centro da nave da Epístola. As reliquias están na terra e riba delas un panteón composto con anacos de moimentos antigos, entre iles catro columnas que se supoñen visigóticas, e no que hai unha imaxe da Santa posta nun nicho. Esta imaxe, entallada en madeira, foi feita en Madride no século XVII. A xente chama a iste moimento o *Camarín*, e venérano moito, sendo usanza pendurar arredor dil as bulsas



Fig. 22. - A cabeceira da basílica da Ascensión. No fondo, a porta do Forno da Santa.

de terra milagreira que levan como reliquia e devolven despóis, ademáis doutros moitos exvotos de toda caste.

No altar maor hai outra imaxe de Santa Mariña, que veu de Lisboa, tamén de madeira e do século XVII; e aínda hai outra pra sacar nas procesiós, feita no ano 1602 polo entallador Francisco Fernández de Allariz, e que leva coroa, palma e cruz de prata, donada por un persoaxe agradecido por telo liberado a Santa do famoso tremor de terra de Lisboa de 1755.

No adro da eirexa áchase o sitio onde lle cortaron a cabeza a Santa Mariña. E nil está a capela do Santo Tomé e no retábulo do altar un lenzo do XVII representando o martirio da Santa.

Por atrás da eirexa, debaixo duns carballos, atópase a fonte da Santa que xurdíu da terra ó caír a cabeza tronzada: é a fonte das *Augas Santas.* Nun nicho do frontón está unha imaxe da Santa. Desta fonte levan a auga os veciños, e os romeiros bébena.

Un pouco desviado, perto das ruiñas de Armeá están as paredes endexamáis rematadas dunha que chaman "basílica da Ascensión", ergueitas riba dunha cripta ou edificación inferior de grandes arcos apuntados, a onde se baixa por unhas escaleiras embebidas nas paredes dos lados. No fondo, ou sexa no ouso desta gran cripta, áchase o "Forno da Santa", o cual, explorado e estudado por Xaquín Lorenzo, resulta ser un forno crematorio román, onde botaron a Santa Mariña pra queimala. É unha construcción pequena, de falsa cúpula, que remata por cima nunha pedra redonda furada, que servía seguramente pra que saíse o fume, o foi por onde a mártir surtíu milagrosamente. Dediante tén unha gran louxa cunha portiña pequena, do feitío da chamada "Pedra Formosa", da citania de Briteiros. Iste "forno" é moi visitado polos romeiros, sobre todo no día

Fig. 23. - O carballo santo de Santa Mariña das Augas Santas.

da Ascensión, que iba ser a advocación da basílica, emprincipiada no século XIV, asegún uns, por unha dona da casa de Figueroa, asegún outros polos Templarios, sendo a supresión desta orde a causa de se non ter rematado.

Alí mesmo, entre a basílica e o castro de Armeá, está o "Baño de Santa Mariña", onde a quixeron afogar. É unha pía feita na pedra viva, arrodeada dunha muradella baixa. Alí sempre hai auga, por moita seca que haxa.

O "Carballo de Santa Mariña" está tamén alí perto. O tronco tén, no máis delgado, 530 centímetros de arredor, e as ponlas collen 40 metros. Endexamáis se podóu nin decotóu, pois din que, ó ferilo con ferro, bota

sangue. Está en terreo que tén dono, mailo carballo, que é dos que chaman carballo branco, non tén máis dono que a Santa Mariña. Ó pé do carballo hai unha peneda que tén o feitío dun ouvido, e a auga que nil hai teñena como gran remedio prós xordos, que se lavan coela.

A "Santa de Pedra" é unha pena furada, tamén en forma de ouvido, que hai no monte, un cuarto de légua desviado da eirexa, onde no ano 1740 puxo un abade unha imaxe de pedra de Santa Mariña. Alcéndenlle velas, e lávanse coa auga que hai sempre na peneda.

Hai outras *Augas Santas* en Galiza, unhas que levan iste nome, outras que nono levan. Entre elas, especialmente, Santa Xusta de Moraña, que colléu moita sona por ter sido mandada pechar a súa fonte santa polas autoridades civís. Vimos xa que tamén a tén San Andrés de Teixido, que ó Santo Cristo de Ourense apóñenlle as augas da Burga. Son tantas estas augas santas, que non hai remedio sinón convir en que se debe tratar dunha tendencia ancestral moi fonda do noso pobo, a da veneración das fontes, e que o seu culto debéu ser dos principás nos tempos da paganía, como delo vimos tamén que hai probas epigráficas. O cual non é decir que todalas fontes veneradas hoxe na nosa Terra, en relación co culto dos santos, sexan fontes de antigo culto que foron cristianizadas; haberáas que sí, e haberáas que non, e o saber a cal delas pertencerá unha fonte destas, é cousa que somentes se pode determiñar, cando se pode, polo estudo do caso particular.

Santa Marta de Ribarteme

É ben coñecida hoxe esta romaxe polo estudo que lle adicóu Victor Lis Quiben. A usanza de iren moitos ofrecidos metidos nunha caixa de morto levada por catro persoas non é exclusiva desta romaxe: atopámola xa na Franqueira, e é usanza noutros puntos da nosa beiramar occidental, especialmente, ó parecer, na ría de Arousa. Maila abundancia dos ofrecidos nesta forma semella ser maor en Santa Marta de Ribarteme.

Está a capela desta santa na freguesía de San Xosé de Ribarteme, no concello de As Neves (Pontevedra), e a súa festa é o 29 do mes de Sant-Iago. Non se sabe da súa orixe, mais da devoción que lle teñen á Santa Marta aquiles veciños dá fe o feito de que, tendo ardido a capela na noite do 24 ó 25 de Sant-Iago de 1939, non quedando máis do que as paredes, aquil ano mesmo ós poucos días, xa se puido tel-a festa. O día 25 mesmo, acabada de arder, ás dúas da tarde, xa había no monte corenta serranchíns preparando as trabes, os pontós e as ripas, un ferreiro encomenzóu a facer un púlpito, e os demáis veciños recolleron os escombros, calearon, fixeron as portas, retellaron, armaron tres altares con colchas das camas, levaron imaxes da parroquia de Sant-Iago de Ribarteme, levaron en procesión o Santísimo Sacramento, e o día da festa, o 29 á mañá, xa semellaba que nada acontecera.

Alí van ofrecidos de todas clases: empanados, con estadales, de xionllos, con diversas esmolas, etc. Mais son moitos os que van no cadaleito,

homes, mulleres e nenos. É, cada un, como dí Lis, un verdadeiro cortexo fúnebre, "porque si ben nótase que non vai o crego nin a cruz parroquial, esto vese compensado e sustituido pola presencia dun ataúde destapado, levado a maus e polas asas, cun neno ou persoa maor dentro, vestida de hábito, o acompañamento de parentes e veciños entonando un canto que semella de enterro, polo ambente e as circunstancias... mistura de árabe e galego e de tipo de alalá, cecáis con lembranzas portuguesas,... namentras as campás tocan a morto, poilo campaneiro, dende a atalaia da torre da eirexa, abesulla a chegada, e en contraste, moitas veces, coas ban-

Fig. 24. - Unha ofrecida levada na caixa de morto á romaxe de Santa Marta de Ribarteme.

das de música que, si cadra, tocan ó mesmo tempo un ledo pasodoble, facendo resaltar asina a eterna loita do door coa ledicia, da fe coa indiferencia".

Ó chegaren, dan unha volta coas caixas arredor do adro, entran logo na capela e póñense de cara á imaxe da Santa Marta; e nesto, os que van nas caixas saen delas, rezan unhas oraciós e dan a esmola. Despóis levan as caixas na procesión, mailo ofrecido xa non vai dentro sinón detrás. Rematada a procesión, deixan as caixas nunha casa de pedra por frente da eirexa, onde logo véndenas ou alúganas pra outros, en beneficio da Santa.

Os "romeiros" semellan ser os que van cantando polo camiño ou na procesión. Van en grupos de a tres, un mozo e dúas mozas, collidos dos brazos; cobran por elo e, ademáis, trátanos a corpo de rei. As cántigas, polo camiño adiante, son diste xeito:

Virxen Santa Marta,
estrela do norte,
que lle deu a vida
ó que estivo á morte.

Virxen Santa Marta
estrela do ceo
ós aflixidos
lles dará consuelo.

Virxen Santa Marta
sol de todo el mundo,
que nos ha librado
de un mal tan profundo.

Virxen Santa Marta
estrela brillante
quen tivo a promesa
levámolo diante

Virxen Santa Marta
santiña querida
que á hora da morte
nos volveche á vida.

Virxen Santa Marta
flor de los nabales
Virxen milagrosa
nonos desampares.

Virxen Santa Marta,
flor de primavera,
que tienes las llaves
del cielo y la tierra.

Virxen Santa Marta,
ramo da azafrán,
o noso remedio
está na súa man.

Virxen Santa Marta,
fonte de dulzura,
remedia los males
que no tienen cura.

As coplas van chamando á Santa Marta: "flor de pensamento", "flor del rosal", "flor de la margarita", "ramo de alegría", "ramo de alecrín", "ramiño de prata", etc.

Veleiquí as que cantan conforme chegan ó santuario:

Virxen Santa Marta,
vamos a chegar,
ábranol-a porta
queremos entrar.

Virxen Santa Marta,
sol de medio día,
o resucitado
vén na compañía.

Virxen Santa Marta
está na seu trono
que fixo milagros
polo mundo todo.

Virxen Santa Marta,
estrela do norte,
aquí lle traemos
a quen estuvo á morte.

Virxen Santa Marta
divino luceiro
hastra tí chegamos
estes teus romeiros.

Virxen Santa Marta,
a sus pies estamos,
a nosa promesa
aquí lle deixamos.

Na procesión cantan estoutras:

Virxen Santa Marta
está no seu andor,
así está no ceo
diante del Señor.

Virxen Santa Marta,
vai na procesión,
a sus pies venimos
pedirle perdón.

Virxen Santa Marta,
color do limón,
quen fixo a promesa
vai na procesión.

E ó despedírense:

Virxen Santa Marta,
de usted me despido
hastra o ano que vén,
adiós lle digo.

Virxen Santa Marta,
santiña querida,
con este cantar
vai a despedida.

Virxen Santa Marta,
gracias lle damos,
cumprida a promesa
prá casa nos vamos.

Virxen Santa Marta,
adiós non lle digo,
si posible fora
levábaa comigo.

Son notables os *andores,* os dous ramos que van ós dous lados do pendón, de gran influencia portuguesa; teñen forma piramidal e van vistosamente enfeitados con prumas, bulas de cristal de coores, fitas de seda, etc. Varían todolos anos e son feitos por artistas especiás, os *andoristas,* que hai en Lira, Setados e Tortoreos. Van na procesión o Neno Xesús, a Virxe do Carme e a Santa Marta. As andias da Santa van inteiramente cubertas de exvotos de cera; a imaxe leva atado na mau dereita un faixo de billetes das esmolas, e na esquerda un rosario feito con moedas de prata de á peso.

O San Pedro Mártir

Tén iste santo romaxe en Sant-Iago, no convento de Belvís, e en Ribadavia, no de Santo Domingo no mes de abril. Nunha e noutra, van os endiañados e os que padecen de enmeigamento e doenzas semellantes. Sobretodo en Ribadavia, pasan os enfermos varias veces por baixo das andias do Santo, e mercan imaxes, medallas, rescritos, pan e "merda do demo" (asafétida) que fan abenzoar pra que os libre de influencias ruís.

Tén efectos semellantes a romaxe de Santa Eufemia de Arteixo onde, dende tempo inmemorial, vai a xente da parte de Betanzos e Pontesdeume. A Santa é abogosa prós endiañados, ós cuales fan os seus familiares entrar no santuario, onde lles poñen medallas e cousas bentas, e lévanos na procesión. Chaman alí a istes doentes *choríns.* A festa é o 16 de setembre.

Os Clamores

O que chaman "clamor" soe ser, polo regular, unha rogativa que se fai indo en procesión a algún santuario famoso, rezando a Ladaíña dos Santos. Tén por obxeto, ben cumprir un costume, ben pedir unha gracia especial, xeneralmente a chuvia cando compre moito.

En Poulo e San Lourenzo (Gomesende), na capela do Val, teñen a festa da Santa Cruz, na que a procesión vai toda polo monte bravo, dun picouto a outro do monte, cantando todos a Ladaíña dos Santos. En cada picouto hai un cruceiro de pedra ó que hai que beixar, disputando os fiés, entre pisotós e remangos, sin faceren caso das advertencias do abade.

No monte do Satocrado (San Torcuato), por riba da estación de Barbantes, van todolos anos, o día 15 de maio, as catro parroquias de Laias, Ourantes, Lás e Eiras, cos abades ó frente, á capela do santo, que está no cume, sendo pra iles groria o chegar primeiro. Van homes, mulleres, mozos, vellos e nenos, e chámanlle "a festa dos rapaces".

En Bermés (Lalín), pra pedir auga, iba un "clamor" a Vilariño da Golada. Levaban a súa Virxe, a cual tiña que quedar presa onda a de Vilariño hastra que chovese, como nona afianzase un labrador; entón que-

daba libre, mais si non chovía, o fiador perdía a fianza. Cando se quería sol, facíase ó rivés: viña a de Vilariño pra Bermés.

CREENCIAS RELACIOADAS CA RELIXIÓN

Avisos e premuniciós da Morte

"A nosa existencia é un vivir prá morte": veleiquí a derradeira verba da filosofía do noso tempo. A preocupación da morte é constante en todolos pobos do mundo; mais dase o caso que nos pobos céltigos, extremo-occidentás do vello mundo, postos á beira dun mar que durante moito tempo non tivo lindeiros, o desacougo que nos causa a certeza da morte e a inceiteza do que vén dispóis reviste caracteres especialmente punxentes, que soen chamal-a atención dos extranos e que non se poden determiñar dunha maneira sintética. Os galegos saben ben que esta vida "non ha durar sempre", que "dalá ninguén veu contando nada", resígnanse doadamente ó primeiro, mais non renuncian de ningún xeito á "outra vida", ó alén... Repiten adoito a segunda das frases que acotamos, mais por adentro nona creen; pola contra, en Galiza, máis aínda se cadra que nas outras terras da beiramar atlántica, dase unha convivencia natural e constante entre vivos e mortos. Hémolo ver miudo. No intre, ímonos ocupar das diferentes sortes de avisos que anuncian a morte dos homes, capídoo importante da nosa "leenda da morte".

Hai dúas castes de tales avisos: uns que proveñen de determiñadas persoas con "doble vista", con "ollo hiperfísico", outros que poden ser recibidos ou ouservados por calquera.

Os que teñen a mirada hiperfísica foron chamados noutro tempo, e aínda o son agora en certas comarcas, *vedoiros*, videntes (algunha vez *vedoeiros* ou *vedeiros*, que todo é a mesma cousa). Unhas veces fálase deles como vedoiros das cousas do outro mundo, especialmente das ánimas e do seu destiño *post-mortem*, outras como vedoiros tamén das cousas ocultas diste mundo: tesouros escondidos, cousas afastadas, o que ocurre, un supoñer, nas Américas, etc.

Esta faculdade semella que pode ser innata ou adquirida. A algús venlles, ó parecer, de nacencia; unha información de Castro Dozón (partido de Lalín) fala dos *antaruxados*, que andan de noite e anuncian a morte das persoas; outra de Sabadelle (Ourense) di: "Hai persoas que teñen un *sino* e anuncian a morte das persoas e ás veces, de noite, teñen que recorrer sete provincias"... Iste *sino* chámase noutros lados *fadairo* (co mesmo senso que *fada*, do lat. *fata*, pl. de *fatum;* o lobishome, a bruxa mesma, "teñen a fada"). O fadairo venlles de herdamento, de ser nados en determiñados días (Viernes Santo, Difuntos ou Nadal) ou circunstancias (en Irlanda din que os que naceron de noite), etc.

Outras veces esta propiedade adequírese en vida por un feito vountario ou invountario. O máis común é decir que os que poden vel-as cousas do

outro mundo son aquiles ós que no bautizo, en lugar de lles pór os óleos dos vivos, puxéronlles, por erro, os óleos dos difuntos. Esta versión é constante. A creencia pódese expricar polo seguinte encadeamento de ideas: no ceremonial do sacramento da Extremaunción únxense cos Santos Óleos os órgaos dos sentidos; esto pódese interpretar poéticamente como si coelo abriran os sentidos do que está pra morrer ás realidades do outro mundo, no que vai entrar —sería como un "rito de pasaxe", dos que fala Van Gennep—; deiquí, pódese pasar moi ben a creer que si a algún llos aplican ó comenzo da vida, o efecto ha sel-o mesmo, e o unxido con tales óleos terá tamén os sentidos abertos pra perceber aquelas realidades ultrafísicas.

Atópanse en Galiza moitos individos, homes e mulleres, de quens aseguran que avisan por adiantado a morte dos seus veciños, moitas veces sin estaren enfermos nin se poda matinar que vaian morrer. Dalgús din que atinan sempre, que os seus pronósticos non fallan endexamáis. Hai casos cuia veracidade ven afiuzada por xente seria e de moito creto, mesmo por médicos, os cuales soen ser nemigos natos e enrabechados de canto cheire a milagre ou a bruxería.

Istes vedoiros da morte dan avisos de diferentes xeitos. Ás veces non sinalan a persoa que vai morrer; non din máis que "vai haber morto na parroquia". Outras sinalan o lugar, a casa ou a familia. E outras, por fin, din quen vai ser, advertíndollo ó mesmo interesado ou a algún parente ou amigo. Tamén acontez que, si algún está enfermo, inda que sexa grave, mesmamente desahuciado polos médicos, si apesares deso non é de morte, o vedoiro diga: "Desta non morre, desta non vai".

Ó que anda coa cruz na Santa Compaña tamén lle apoñen a propiedade de anuncial-a morte da xente, xa porque seipa a casa onde vai a procesión ou por outra razón. Moitas veces din que o que anda coa cruz, anque o leven polas casas, non sabe por onde anda. Pero un de Xinzo que así andaba, ó chegar a unha casa, puxo un sinal na porta cun lápiz, e pró outro día foi mirar e, dalí a pouco, morréu unha persoa naquela casa. Outros que levaron a cruz unha tempada conservan despóis a virtude de predecir a morte como un home de Entrimo chamado Lázaro de Esperanzo.

Tamén recollimos en Lalín a versión de que aqueles que no seu bautizo os padriños engánanse ó decir o Credo, ven de noite a *luciña*, a Compaña ou as ánimas. En Dozón din tamén que ven estas cousas os que non teñen medo.

Sin ser vedoiro, sin poseer a doble vista ou mirada hiperfísica, pódense recibir anuncios da morte das persoas sen acudir ás malas artes, por medio das que chaman *señas*, que unhas veces teñen carácter augural, outras apantomántico, outras de revelación. As señas teñen unha semellanza casi completa cos *intersignes* de que se ocupa A. le Braz, con referencia á Armórica, Gales, Escocia e Irlanda. As principás son:

O vel-a Santa Compaña, ben no seu aspecto de procesión, ben no seu

aspecto de enterro. No primeiro caso, é anuncio indeterminado de morte de alguén. Valle-Inclán recolle a tradición de que, despóis de ver a Hoste de noite, non se debe acender nin vel-a luz.

Cando a Compaña vai formada como un enterro, pódese ver mesmamente quén é o difunto que levan.

Outras veces non é propiamente a Compaña o que se ve, sinón o enterro da persoa que vai morrer cos curas e o acompañamento todo, atal como ha sel-o día que de certo o enterren, síntense os prantos e coñécense as voces. Cando, por fin, ocurre o enterro, o que tivo a visión dase conta de que todo acontece tal como il o víu, cos mesmos cregos e acompañantes, os mesmos que levan a caixa e todolos detalles sin faltar un. É o *intersigne de l'enterrement* de le Braz, común a todolos países citados.

A persoa que vai morrer aparécese tamén ela soia onde menos se podería pensar, a horas impropias, as máis das veces de noite, nos camiños, nas casas, a parentes, amigos ou veciños. Esta forma soe ser anuncio da morte dos que están moi lonxe. A aparición adoita presentárese sin falar nada, mais abonda que se produza pra que o que a ve crea que é anuncio de morte.

En moitos lados, como na Limia, é seña de morte o sentir un cheiro moi grande de cera, sin que haxa ningunha vela acesa, alusión ós blandóns do funeral.

En Ribadavia, é o cheiro a aceite, alusión ás lampadelas que lle poñen ós difuntos.

Ver un resplandor moi grande arredor ou por riba da casa é outra seña de morte. E ouvir tocar un tambor preto de ela. Ou sentir aies, sin saber quen os dá. Ou escoitar o pranto, ás veces mesmo coñecendo a voz da persoa, sin que ela chore nin pense no asunto. Sentir por onde a casa asubíos longos, sin ver quen asubía.

Tamén pode anuncial-a morte ouvir de noite petar tres veces na porta da casa, sin que se vexa a ninguén. Esto pode representar a chamada da Morte, que se atopa persoificada nalgús pobos céltigos, na mesma Armórica, co nome de Ankus, e que tamén aparez así na Edade Media, na Danza Macabra e en diferentes narraciós, de todo o cual temos supervivencias en moitos contos galegos. Pode ter que ver co que contan noutros lados de San Pascual Bailón, do que din que avisa ós seus devotos, cando van morrer, petando nas paredes.

Cando vai morrer un neno, principalmente si é *ánxel*, ou sexa que non tén aínda uso de razón, din que se sinte no alto a "música do ceo".

Hai bestas e paxaros de antigo caracter augural que en Galiza, como en case todas partes, anuncian a morte. Os cás que oubean de noite ou de día; a curuxa que canta preto da casa, ou que vén pousar no tellado; o moucho que vén cantar por frente; os corvos que voan arredor do tellado, ou pasan por riba berrando...

Cando a galiña canta igual que o galo, anuncia morte na casa. Esta creencia, como case todalas citadas, existe exactamente igual en Bretaña,

Escocia, Gales e Irlanda. O máis dino de nota é que, niste caso, pódese practicar unha operación máxica de *choc-en-retour*, pra evitar que morra a persoa de quen a pita anuncióu a morte: consiste en matar aixiña a pita que cantóu como o galo. Diste xeito, faise recaír a desgracia anunciada sobre quen a anuncióu, ou ben, bótase o maleficio do canto sobre queno botóu, que as dúas cousas poden ser.

Hai animás fantásticos que anuncian a morte e dos que xa nos ocupamos na parte adicada á mitoloxía. O famoso *Urco*, de Pontevedra é un deles. Outros son os que levan nomes de raposa, zorra, cabra, cadela, pega, ou paxaro da morte ou do aire.

De carácter apantomántico son outros anuncios de morte a que nos referimos a seguido.

Cando nun funeral se apagan as velas do túmulo, é seña de morte pra algún da familia, ou dos que están na eirexa. Pódese botar de conta, pouco máis ou menos, quen vai ser, observando as reglas seguintes: si é na cabeceira onde se apagan, morre o cabeza de familia; si é polo medio, é un calquera da familia; si é pola banda da dereita ou pola banda da esquerda, morre un dos que estean daquil lado. Esta versión foi recollida en terras de Lalín, Portomarín.

O que na casa se encendan dúas velas na mesma habitación; o que se rompa un espello, especialmente si é sin que se seipa como foi; cando as velas, na eirexa, ó apagárense, deixan un cheiro moi grande; cando as campás, despóis das bateladas, deixan longa resoancia; cando se cruzan dous coitelos na mesa, etc.: todas estas son señas de morte.

Ás veces, din que "un morto chama por outro", especialmente cando queda na caixa cun ollo aberto. E pode acontecer que un difunto fale anunciando a morte doutra persoa; outrora, cando os levaban no enterro descubertos, nun escano ou cadaleito, aconteceu, asegún din, en Xinzo de Limia que unha muller saiulle a un ó camiño, e preguntoulle:

—Ai, tío Tomás, a quen lle vai tocar outra vez?

E o morto respondéu:

—Á túa filla.

E así foi, que dalí a poucos días, morréu.

Aparicións das ánimas dos mortos

A idea de que as almas dos difuntos volven a iste mundo e maniféstanse ós vivos áchase fortemente entorgada na concencia do pobo galego, en virtude, seguramente, dun herdamento que vén de tempos esquecidos. Non embargantes, a creencia tén arestora un carácter enteiramente cristián. As historias de aparecidos e os costumes relacioados coas ánimas dan a impresión como de si os mortos seguisen vivindo entre nós, si ben, case sempre, en forma invisible. Baséase esto, en parte, nunha creencia perfectamente ortodoxa: a posible comunicación, en certos casos, que Deus permite, dos mortos cos vivos, sempre por motivos piadosos ou caritativos.

De todos xeitos, representan un sentimento de fidelidade cos antergos e da santidade da familia e do fogar.

As almas dos que morren divídense en dúas castes: as dos bos, algunhas das cuales "van ó ceo dereitas", e outras están no Purgatorio, penando polos seus pecados; as dos ruís, que teñen que penar pra sempre no inferno. As das dúas castes pódense aparecer ós vivos.

Das que están no ceo, raramente se conta que veñan, como non sexa pra dar algún consello ou pra aseguraren ós seus familiares sobre da súa sorte.

En troques, as ánimas en pena é cousa case normal. Incluso hai quen dí que, namentras non se purifican, teñen que andar pola terra. En San Ciprián de Viñas (Ourense) din que as ánimas andan todalas noites polas

Fig. 25. - Retábulo das ánimas no Porriño, escultura policromada.

casas, quedando os corpos no adro. Nas terras do Ferrol, andan tamén polo mundo, móvense, miran, somentes lles falta a fala, e algunhas persoas vivas chéganse a afacer tanto a elas, que se estreven a "imporlles a lexanía" ordeándolles que se vaian, coa fórmula empregada, por eixemplo, na terra de Caldelas (Ourense): "Alma cristiana, vaite al cielo". Outras veces, anque non se vexan, óucense berrar de noite, como en Lalín.

As ánimas preséntanse de moitas formas, a miudo coa mesma aparencia que tiveron en vida. En Dozón din: "Cando aparez un morto, preséntase por diante, mais cando se volve prá marcharse é cando pon medo, porque por adiante imita a persoa que foi, e por atrás é por onde parez morto". Con moita frecuencia a ánima aparez vestida de branco, ou envolta no sudario ou na mortaxa coa que a empanaron. Tamén poden apa-

recer envoltas nas flamas do Purgatorio, e moitas veces veñen arrastrando cadeas (símbolo das penas e de estaren suxeitas). Si cadra, non se ven as ánimas pero síntense arrastral-as cadeas.

Hai moitos casos en que as ánimas veñen en figura de animás. Nós pensamos que o son, e o que son, son almas. O máis común é que aparezan en forma de avelaíñas ou volvoretas, chamadas tamén en moitos lados, "palomas". Sobre todo as volvoretas que veñen de noite arredor das luces, soen ser almas. Nalgús lados din que as volvoretas brancas son as almas redemidas, e as negras as que están en pena. En San Cosme de Cusanca (Irixo), unha muller ofreceu unha esmola ós probes polas ánimas, e ó estar arrincando as patacas que lles iba dar, viu saír do mesmo sitio unha nube de volvoretas que a arrodearon e casi non lle deixaban ver o que facía.

Tamén collen as ánimas a figura de abellas. Por eso din que "o que mata unha abella tén cen anos de pena".

Outras figuras que collen son de paxaros, principalmente de pombas —nesto pode haber un trabucamento: cando din "paloma", en lugar de pomba, poden querer decir unha volvoreta— como lle pasóu a un de Carracedo, na Gudiña, que durmía nun corredor: espertárono cunha labazada, e viu a "paloma" na baranda, que era a súa muller, que lle viña pedir unha misa á Virxe dos Dolores pra entrar no ceo; e outro, que andando na arada, púxoselle no xugo dos bois, e mandóu que lle acendesen luces na misa. En San Esteban de Illano (Asturias) apareceulle a nai a unha rapaza en forma de paxaro, e en Sulsanto a outra en forma de pita; en Dozón, outra ánima apareceulle á súa irmá en figura de porca, tamén pra pedir misas. No camiño de Teixido, van as almas con aparencia de lagartos, lagartiñas, cobras, bechos de outras castes.

Fundado nesto, quíxose supor unha antiga creencia na transmigración das almas, hipótesis que non tén alicerce en ningún outro dato coñecido. Ó noso ver, non se trata de que as almas pasen a habitar nos corpos deses animás sinón que collen esa aparencia ós nosos ollos dun xeito circunstancial e momentáneo. No caso das avelaíñas ou volvoretas tense lembrado, con razón, a psíquis grega, coa súa significación orixinal de "volvoreta", forma en que as almas saían dos corpos, asegún os antigos gregos. O cual máis sería unha tradición paralela que non unha derivanza directa.

Os motivos polos que, nunha forma ou noutra, se aparecen ós vivos as ánimas do Purgatorio son casi sempre de natureza relixiosa ou familiar:

a) Pra pediren sufraxios que as saquen de penas e as leven aixiña ó ceo: misas, rosarios, funerás e cabos de ano, esmolas ós pobres, penitencias, etc. Da eirexa das Ánimas, de Compostela, construída a fins do século XVIII dícese que foi por causa de que por aquiles arredores aparecían adoito as benditas ánimas pedindo que lles tiveran misas, e que dende que se fixo a eirexa e se dixeron nela tantas misas, deixaron de aparecer. Tamén din moitas veces que dende que se estableceron os "autos de ánimas", que antes non se tiñan, asegún din, nas parroquias, xa non

se presentan as ánimas tanto como antes. En Pantón (Monforte de Lemos) din os vellos que antigamente non pedían prás ánimas, e que por eso sentíanse entón de noite voces nos camposantos, e aparecíanse á xente nos camiños pra que rezaran por elas, e que dahí veu o costume de pediren os domingos prás ánimas.

b) Pra que os familiares cumpran os ofrecimentos e votos que elas non cumpriron en vida, e por eso non poden entrar no ceo: pagar misas, levar esmolas ós santuarios ou iren a iles en pelerinaxe, dar ós pobres, facer penitencias, rezar oraciós...

c) Pra restituiren o mal levado: diñeiro, terra ou o que sexa. Repétese moito o caso do que en vida mudóu os marcos dos eidos pra coller terra dos veciños e despóis de morto tén que andar coeles ás costas, berrando:

Onde o pouso? ...Onde o pouso?

Inda veñen algunhas almas pra restituiren a fama —a "conduta"— que quitaron a outros coas súas faladurías.



Fig. 26. - Mesa das Ánimas, na eirexa de Baltar. Dediante do Crucifixo, áchase un cepillo, dúas caliveras, candieiros con velas e vasos de vidro con lampariñas de aceite; en primeiro termo, un lacón deixado en ofrenda.

d) Pra encarregar ou lembrar que se cumpran mandas testamentarias, que se paguen débedas, pra descubriren onde teñen diñeiro escondido ou papés importantes, dar consellos e outras cousas da vida corrente. En Allariz, din dun secretario dun municipio que, de morto, aparecéu ós fillos, que estaban xuntos na cociña, e non lles dixo nada, nin eles a il, non

sendo o máis pequeno, que o chamóu e il non respondéu, mais viuno coller un candil, acendelo, ir a unha habitación, sacar uns papés e queimalos.

e) Hai veces en que veñen en segredo coidar ou asistir ós da familia. Nun lugar preto de Loureiro houbo unha pelexa na festa e resultóu morta dun tiro unha muller casada, que deixóu dous nenos pequenos; o viudo iba co gando ó monte e ó tornar atopaba os fillos lavados, peiteados e vestidos, e preguntándolles queno fixera, decían que unha muller; un día, o home fixo que levaba o gando, deixouno na casa dunha veciña e volveu á súa: alí estaba a súa muller difunta, vestindo os nenos; quíxoa abrazar e ela non quería, por fin abrazouna, e ela díxolle que despóis que

Fig. 27. - O cepillo da figura anterior, de preto. Dúas ánimas, en actitude orante, entre flamas. Estilización intresante que tén certa semellanza con algunhas correntes de arte novo.

a abrazara, non podía volver, e así foi, que non volvéu. Casos semellantes cóntanse unha chea deles.

f) Non sempre os difuntos veñen como amigos. Ás veces non quéren que os vexan, e a quen atopan danlle sustos, ou zorréganlle "labazadas frías". O que as leva sinte a friaxe da mau do morto. É como a "friaxe astral" dos ocultistas, que pode ser unha contamiñación que trasplanta ó mundo das almas o "frío da morte", propio dos corpos.

g) Por fin, algunhas veces, cando os vivos cumpren ben os encargos dos mortos, aparécenlles istes, mais non xa como almas en pena sinón cheos de ledicia ou envoltos nos resprandores da groria.

A impresión que causan as ánimas do Purgatorio é cousa que se explica dun xeito incerto. Tense bastante confianza coelas, por unha banda, e por outra, poñen sempre medo de abondo; trátanas sempre con gran respeto, e non se pode andar de bromas coelas. Son cousa santa, mais tamén temerosas. Quéreselles, mais, ó mesmo tempo, non son cousa diste mundo.

Hai reglas marcadas de conduta pra quen encontra coas ánimas. Quen leva consigo as *cousas boas* (cruces, rosarios, medallas bentas, escapularios, areas de pedra de ara, estampas, rescritos, evanxeos, etc.) pouco mal lle pode pasar, nin na alma, nin no corpo. Tamén lle apoñen virtude nistes casos a outros obxetos que entran na caste dos amuletos.

Aquil a quen lle aparez unha ánima, o primeiro que tén que facer é riscar no chao un círculo cunha cruz no medio e meterse nil. O círculo tén o efecto dun valado máxico que a ánima non pode traspasar. Para ben ser, debe facerse cunha vara de oliveira benta, das do Domingo de Ramos. Nalgunhas partes apoñen o mesmo efecto ó "risco do Rei Salomón", que é unha pentalfa ou estrela de cinco puntas feita dun soio trazo, sin erguer a vara do chao.

Dende o círculo, débese "requerir" á ánima, no nome de Deus e da Virxe, pra que diga o que quer; desque o manifeste, como sexa cousa que un poda facer, hai que prometer de facelo (e cumprir despóis) e, por fin, hai que despedir á ánima coas palabras xa ditas: "Alma cristiana, vaite al cielo" ou outra fórmula semellante, ás veces con nova invocación de Deus e da Virxe María. Pra millor, pódenselle rezar algús padrenuestros, algún rosario, ou pagarlle algún responso ou algunha misa.

Non é doado a todos o que en teoloxía chaman "discernimento de espritos". Deiquí que, moitas veces, a aparición pode ser enganosa: en Láncara (Carracedo, Lugo), por eixemplo, coidan que o que se aparez de noite poden ser as benditas ánimas, ou pode sel-o demo, que se presenta na figura dunha persoa pra tentar a outra; ésto coñécese facendo o sinal da cruz: si fuxe, é que era o demo, e si fica, é unha ánima. En Laias, (Ourense), polas dúbidas, fan o requerimento en forma condicioal:

> Si eres cousa boa, dime o que qués; si eres cousa mala, "a los tuyos".

O rachar o hábito

O motivo desto é que tamén se presentan, ás veces, os condanados do inferno.

Moitas veces contan de difuntos que están nas penas eternas e que veñen pra amonestar ós seus familiares e amigos pra arredalos do mal camiño, co seu eixemplo, non seia que se vexan como iles se ven. Aparecen arrodeados de flamas ardentes, carregados de cadeas, cunha aparencia témera e chea de sufrimento e de arripío.

As máis das veces veñen pra que lle "rachen o hábito". Créese que os difuntos que foron á cova levando enriba cousas santas, ou sexa, medallas, reliquias, cruces, cousas bentas, ou foron empanados co hábito dunha orden ou cofradía relixiosa, non poden entrar no inferno, se foron condanados, namentras non lle tiren esas cousas que levan. Daquela, como non poden descansar deica non estaren no lugar pra onde foron destiñados, veñen pedir ós vivos que os despoxen das cousas boas que levan.

O máis común é o do hábito. O hábito téñenllo que rachar, o cual non se fai sin perigo certo pra quen lle empresta iste servicio. Os condanados andan de noite dando berros e arrastrando cadeas. Si encontran un vivo, pídenlle que lles rache o hábito.

O que lles ha rachar o hábito é bo que leve consigo reliquias e cousas bentas. Debe coller unha "fouce gata", das que se usan prá roza, de longa mangueira. Chegado ó sitio onde ha de agardar polo difunto, co que case sempre quedóu de acordo na primeira vez que lle apareceu, tén que trazar na terra o circo coa cruz e meterse nil. Ás veces din que non lle debe quedar fora do circo ningunha parte do corpo; compre que o condanado non poda ter por onde agarralo, sinón levaríao pró inferno. Dende dentro do circo tén que rachar, coa fouce gata, o hábito do difunto.

A cuestión está en si llo ha rachar de abaixo arriba ou de arriba embaixo. En Asturias, os condanados piden que llo rachen de arriba embaixo, mais débese facer ó rivés, de abaixo pra riba, doutra maneira o que o racha afúndese tamén no inferno; refírese un caso de San Sebastián de Illano (Ribadesella) no que, conforme un home iba rachando cara arriba o hábito dun morto, iste íbase sumindo na terra, deica desaparecere de todo, e da terra xurdíu unha flama.

En Galiza, os condanados soen pedir que llo rachen por adiante, que é o modo diles levaren ó inferno a quen llo racha, polo cual compre racharllo por atrás. En San Ciprián de Viñas contan dun señor coñecido a quen foi un seu fillo o que llo rachóu, e ó rematar, o morto deu un estoupo e fuxéu.

Estas aparicións son adoito nas encrucilladas, nas touzas, nos caracochos dos castiñeiros, nos portelos, onde aparecen os mortos debruzados.

Din que, namentras non entran no inferno, os condanados sofren moito máis, e que o racharlles o hábito é unha obriga daquil a quen llo piden.

A luciña

Esta maneira de se apareceren as ánimas merez ser tratada aparte... Cando aparez unha luz, de noite, en sitio onde non adoita habela, din que é unha ánima en pena. As que aparecen desta forma son principalmente as dos que morreron de morte violenta ou desgraciada. A verba *luciña* semella propia das terras de Bande e Lobeira. Din alí: "Cando morre un home desgraciado nun sitio, hai que bendecilo, sinón queda alí a luciña. A luciña é o esprito dun home penando. Alcéndese eiquí, chega

acolá e apágase, vólvese aparecer máis adiante, etc. A un alcendéuselle nun pé. É unha luciña descolorida como dun farol, mais ó pasar por diante da xente é como unha flama". En Lobeira din que onde morréu alguén violentamente, aparez a luciña, que se non vai namentras nona vaian requerir. Pra esto, bótase auga benta, ó tempo que se di: "Fulano, vamos; Fulano, vamos"; e así lévase deica o camposanto. En Castrelo do Val, na fonte de Ougás, aparecía unha luz; un crego foina esconxurar, aparecéuselle o morto, e o crego fuxíu. No Castro de Caldelas suicidouse unha persoa, e a pouco víronse unhas luciñas no lugar do suicidio, e díxose que eran as ánimas.

Como vimos enriba, a luciña non soe estar queda, sinón que muda de sitio, índose a moita distancia. En Lobeira aparecía unha no monte de San Xes, pasaba a Facós, e deiquí á eirexa de Santa Cristina, e decían que viña do Xestal, onde había enterrado un home que morrera violentamente.

Destas luces misteriosas que se ven de noite, a máis sonada é a luz de Castro de Escuadro, na caída da serra de San Mamede, mirando cara Maceda. As informaciós din que nos Madroños de Castro de Escuadro aparez unha luz todalas noites de luar, que sempre está alcendéndose e apagándose; os que están lonxe, vena, e os que se chegan ó sitio en que parez que está, nona ven. Víase moi ben dende Maceda e, en xeneral, de lonxe, e logo, conforme se iba un chegando a ela, nun punto deixábase de ver. Vírona persoas dinas de creto, que non se podían expricar a cousa. Hai moito tempo que se vé. Dixo a xente que era unha ánima que anda penando. Outros decían que era unha pedra preciosa que está no río e dá resplandor enriba. Esta luz, que din que aínda se sigue vendo, preocupóu moito á xente hai algús anos. Inventáronlle unha chea de expricadeiras "científicas" das máis fantásticas: chegouse a decir que eran emanaciós de radio que había alí. Ninguén a puido localizar e, por fin, deixaron de falar dela.

Hai outras versiós referentes a estas luces. Unha, recollida en Laroá (Xinzo de Limia), dí que son bruxas, ou xuntanzas de bruxas.

Cecáis haxa que pór esto das luces en relación coas estrelas que corren (estrelas filantes). En Parada do Sil din que estas son as almas boas, que van voando ó ceo. A tradición corrente en Hespaña inteira de que son almas de persoas, e de que pedíndolles tres cousas, das tres conceden unha, témola atopado tamén entre nós.

A misa das ánimas

O crego dunha aldea pasmábase de ouvir todalas noites tocal-as campás sin que ninguén soupera quen. Chamóu ós veciños, por si algún quería vixiar unha noite pra ver quen tocaba, e ninguén quixo. Chamóu un piquete de tropa e preguntóu quen era o valente que quería facelo. Presentouse un e púxose no altar maor. Polo medio da noite, víu que se erguía unha das laxas do piso, e saíu dalí un crego que foi tocar as campás. O soldado, co medo, non lle dixo cousa ningunha, mais ó vir de tocar, deulle

o alto; o crego non fixo caso, e meteuse de novo debaixo da lousa. Pasóu un anaco e volveu saír. O soldado díxolle: "Ou te dás, ou mátote!". O crego respondéu: "Non toco máis, pro tesme que axudar á misa, e non has mirar pra trás en toda ela". O soldado, ó principio, foise sostendo, mais chegado ó medio, miróu pra trás e víu a eirexa chea das almas das persoas alí enterradas. Miróu outra vez, e xa non víu nada, e o crego que estaba misando desaparecera. O soldado morréu dalí a poucos días.

Iste non é un "sucedido" sinon un conto pertencente ó fondo común européu. Lamas Carbaxal recolléu unha variante ("As tres misas do galo") dun orixinal francés. Non embargante, o conto responde a unha tradición que atopamos en Galiza e Asturias, de onde Cabal pubricóu dous contos semellantes. Esta tradición refírese tamén entre nós como creencia. A versión do Castro de Caldelas di que na noite de Fieles Difuntos as ánimas fan procesión con velas acesas arredor da eirexa, e logo teñen unha misa, e as que lles corresponde saíren ise día, xa non volven ó Purgatorio.

A Santa Compaña ou Procesión das ánimas

A procesión de ánimas en pena, que anda de noite polos camiños e polos campos e aínda entra nos lugares, foi descrita moitas veces polos escritores galegos, asturiáns e portugueses, pois é creencia común ós tres países. Si a ollamos psicolóxicamente, tén o feitío dun mito; mailo seu senso cristián é tan nidio, que nona podemos pór na mitoloxía. En xeral, as creencias galegas referentes ás ánimas, embora nalgús casos estean contamiñadas con supervivencias xentílicas, no máis son de orixe puramente cristián. Si algunha vez entorgan en creencias pre-cristiás, preséntanse de cote como versión cristiá delas. A procesión das ánimas pode ofrecer certo paralelismo con representaciós pagás, mais todo o que se leva dito da súa semellanza coa *Mesnie Hellequin* e máis co séquito do *Wild Jaeger* e outros exércitos de pantasmas, non nos chega a convencer. Craro está que, a veces, a tradición popular confonde a procesión das ánimas cos cortexos de bruxas, mais istes mesmos casos demostran a existencia de dúas representaciós independentes, que se misturan nalgún caso.

A procesión das ánimas leva diferentes nomes, asegún os sitios:

Procesión das ánimas, que é o máis usado, polo menos no sul da Galiza, especialmente na provincia de Ourense, e nas partes en que a creencia está máis viva, como é, por eixemplo, na Limia.

Santa Compaña, que semella máis propio das terras do norde, e é o que foi collido polos literatos e escritores, e convertíuse en expresión técnica da idea. "Compaña" indica una irmandade de almas que van xuntas; "Santa", porque non son almas condanadas, senón que son "fieles difuntos" que forman parte da "Eirexa purgante". En Asturias chámanlle, por eso, *Buena gente*.

Hoste (cf. asturián *Güestia)*, seguramente por iren moitas xuntas, formando "hoste" ou "mesnada" (cf. francés *Mesnie)*. Eiquí é onde pode haber algunha contamiñación coas representaciós enantes aludidas, de pro-

bable orixe céltigo ou xermánico, de exércitos de pantasmas que loitan, cazan ou persiguen nemigos ou bestas. Alguén quixo derivar "hoste" do alemán *Geist*, "esprito", o cual semella menos atinado.

Hostilla, seguramente do latín "hostilia", plural de "hostilis", "nemigo". O cual preséntanos o primeiro tropezo, o que hase compricar despóis. Todo pende, en grande parte, en tel-o latín "hostis" dous sinificados: "nemigo" e "exército". Inda é máis termiñante niste senso o nome:

Estantiga (tamén: *Estandiga)*, do cual a derivación máis natural é de "hostis antiqua", o "nemigo antigo" do xénero humán, a serpe do Paradiso ("serpens antiquus", Apocalipsis, XII, 9), o demo, a quen Berceo ("Milagros") chama "uest antigua". Istes nomes semellan indicar unha contamiñación da idea da Santa Compaña por unha creencia máis antiga, un mito que habería que pescudar, pondo en craro a súa relación cos mortos que, a primeira vista, parez sere algún mito pagán, que a cristianización trocóu en cousa de diaños ou de bruxas. Podería haber, como hai no das bruxas, dúas camadas, dous estratos, un antigo e outro medieval, superpostos e, ás veces, misturados. De todolos xeitos, o "normal" é a Santa Compaña de orixe cristiá.

Estadea creemos que se deriva de "estadal" (latín "statualis, statalis"), cirio do outor ("status") dun home, aludindo ás velas que levan as ánimas.

Pantalla (raro) semella contamiñación de "pantasma" (pola maneira de se presentaren as ánimas) e "espantallo" (polo medo que meten).

Visita, porque vai visitar, moitas veces, as casas dos que van morrer.

Visión, que tén un senso ben craro.

Antaruxada (raro). A verba emprégase noutros dous sensos: asegún o P. Sarmiento e os diccionarios da Academia Galega e de Carré Alvarellos, é a bruxa que bica ó demo por atrás; asegún versiós recollidas da tradición oral no Irixo e Castro Dozón, siñifica o que noutros lados chaman *señal*, que son diversas sortes de anuncios de morte. No primeiro senso, volvemos atopar a contamiñación enantes referida.

Polo pronto, imos arredar a tradición pura, cristiá, da Santa Compaña, daquelas en que aparez como un fato de bruxas ou cousa semellante.

A versión normal da procesión das ánimas é a seguinte:

É unha procesión de ánimas en pena que vai de noite polos camiños. Tén paralelos na Armórica, nalgunhas rexiós francesas, na Escocia, en Gales, en Baviera, Tirol e Suiza; cecáis haxa cousas semellantes noutras terras de Hespaña, das que temos noticias escuras, e que non teñen sido estudiadas. A área xeográfica da Santa Compaña na nosa Península semella reducida a Asturias, Galiza e norde de Portugal. Polo menos, é onde se presenta máis cumprida, máis clara e máis viva.

De noite, os difuntos érguense das tombas e axúntanse na eirexa parroquial. Semella que cada freguesía tén a súa procesión, formada polos

que están enterrados no adro. O primeiro que se levanta é o que leva máis tempo enterrado; iste chama polos demáis:

Levantaivos, difuntos,
e saí todos xuntos!

Ó dar as doce, saen pola porta principal, levando a cruz procesional e a caldeireta da auga benta co hisopo. Asegún a versión máis costante, a cruz tena que levar unha persoa viva. Algunhas veces din que tén que ser un home, si o Santo patrón da parroquia é varón, (San Pedro, San Adrián, San Cibrao...), e unha muller si é Santa (Santa Baia, Santa Eufemia, Santa Mariña...). Unhas veces, o mesmo que leva a cruz leva a caldeira, outras vai outro coela, ou coa campaíña, ou co escano. O que leva a cruz non pode mirar pra trás, nin sabel-o que pasa; recibe os mandados sin que il seipa cómo. O que unha vez recibéu a cruz, fica obrigado a levala todalas noites. Ben estea nun lado ou noutro, chega a hora e tén que deixar todo e marchar á eirexa collel-a cruz. Unhas veces sinte que o chaman os difuntos; outras, sin que o chamen, empeza a sentir un desacougo, un formiguexo que nono deixa parar ata que vai compril-a obriga. Din que aínda algús que estaban en Castela, na sega, ou ocupados noutra cousa, viñan dalá todalas noites collel-a cruz. Tamén refiren casos en que o encarregado da cruz estaba nun sitio onde había moita xente, e foise pra acudir á procesión das ánimas, e máis ninguén se decatóu de que marchara, nin de que non estaba coeles.

O que "anda cos difuntos" ponse flaco, mírrase, perde a coor, síntese mal, anda tristeiro e amorriñado, quéixase de cansanzo, que non pode consigo. Ponse marelo como a cera, "coor de difunto" e, moitas veces, non tarda en morrer.

En troques, asegún varias versiós, pode anuncial-a morte da xente, aínda de algús que semellan estar en san saúde. Esto exprícase de dúas maneiras: unha, porque sabe as casas onde vai a procesión; outra, por unha sorte de intuición sobrenatural. Outros din que o que leva a cruz non pode decir nada das andanzas das ánimas, vexa o que vexa, ouza o que ouza, seipa o que seipa, nin xiquera pode decir que anda cos difuntos; o segredo tén que ser riguroso. Ora, moitas veces non compre que llo prohiban, porque o propio interesado fai que non llo seipan, por vergonza. Na Limia tense por aldraxe que lle digan a un que anda na procesión das ánimas, pola mesma consideración pola que é mingua que digan de un que está tísico ou que tén gálico. Sobre todo, na mocedá; sabemos dun rapaz que denuncióu a unha moza porque dixo dil que andaba coa cruz.

O que anda cos difuntos pódese librar entregándolle a cruz a outro. Iste queda daquela obrigado a andar coela no seu lugar. Refírense casos en que algún conseguéu que o relevasen por diñeiro. En Xinzo, un tal Suárez redimíuse de andar coa cruz por corenta reás, que lle deu a un que fixo de sustituto. Pero, non soe haber queno queira e, ademáis, este remedio non é coñecido en todas partes, nin tido por eficaz. O máis corrente é

meterlle a cruz na mau ó primeiro que se atope no camiño. Principalmente, os homes teñen medo a topal-a Compaña de noite por si lles meten a cruz. O portador dela ou do caldeiro dalla ó camiñante descoidado, e dícelle: "Tócache a tí", ou simplemente: "Toma a cruz", ou "Toma ésto", e xa está. Tamén hai medios de se librar de que lle metan a un a cruz, que son:

Abril-os brazos en cruz e, cando lla vaian entregar, decir: "Cruz teño".

Leval-os brazos cruzados.

Leval-as dúas maus ocupadas, sexa con pedras, sexa con leña, sexa con area, etc.

Deitarse no chao boca abaixo. Mal procedimento, porque pode dar que as ánimas pasen por riba de un e o deixen esmagado.

Facer un circo cunha cruz no medio e meterse nil, namentras pasa a Hoste.

Faguel-o mesmo, trazando o "risco de Salomón" ou "pentalfa", de universal usanza máxica.

Levar na faldriqueira cornos de escornabois ou vacaloura, ou allo. Esto emprégase constantemente contra das bruxas, polo cual vólvenos ó problema de denantes.

Témonos que deter eiquí pra facer algunhas consideraciós. Vimos que algún tén vido de Castela todalas noites a levar a cruz na súa parroquia; outros vanse dunha xuntanza de xente, e a xente non se decata. Esto lévanos a unha idea "primitiva": a da "alma exterior" ou exteriorizada, de que fala, por eixemplo, Frazer, o que os antigos xermáns chamaban *Filgia*, e os modernos ocultistas "corpo astral", alma ou envoltura interna que abandoa o corpo e vai facer ben ou mal a quen lle pete. Así sería, cecáis, como se maxinóu noutro tempo que iban as bruxas ó aquelarre, ou como se trocaban en bestas, e como operan os lobisomes e os nubeiros, marchando a alma nunha sorte de corpo sotil, e quedando no sitio en que estaban o corpo material, ou unha aparencia semellante a il. Maila existencia noutro tempo destas representaciós entre nós non é doado comprobala; as representaciós populares, sempre imprecisas na nosa Terra, vanse esvaíndo e trocándose, tendo perdido seguramente moitas das súas motivaciós internas e deixando nada máis a casca externa.

Contra da idea dunha exteriorización da alma, do corpo astral, ou o que sexa, está a expricadeira que dan algús de por qué tén que ser un vivo o que leve a cruz: é que as ánimas, como non teñen corpo, non poden coela. Cal for a idea orixinal, polo de hoxe nono sabemos.

A maneira de recibir os mandados o que vai coa cruz, aseméllase ás ideas modernas sobre da transmisión do pensamento e do hipnotismo, mais non é de supor que teñan orixe moderna; pertencen con seguranza a un fondo ben antigo, perdido en parte, do que xurden anacos, eiquí e acolá, nas tradiciós populares.

Tamén hai casos nos que as ánimas entregan a un vivo unha vela e fano ir coelas por forza. Algunha vez aconteceu que unha muller, ou ben un home, ó rematal-a procesión, quedouse coa vela e levouna prá súa casa. Ó chegar, encontrouse con que era un óso de difunto. Outros teñen que ir tamén sin falla, anque non lles dean vela.

No parecer da Es'adea hai algunhas variantes. Unhas veces semella unha procesión, outras semella un enterro. Cando é como procesión, sai, polo regular, de noite, dende as doce deica á unha ou deica o canto do galo (outra semellanza coas bruxas) ou deica o a primeira luzada. En Asturias, a "Güestia" dí ós vivos:

Andad de día,
que la noche es mía.

En Baltar (Xinzo) chaman ás ánimas "as da noite" (cf. alemán *Nachtvolk*, empregado en Baviera, Tirol, e en Freiburg e San Gall, Suiza). En Laza (Verín), dícese:

Dind'as doce á unha
anda a mala fortuna.

Os máis din que a Compaña sai todolos días; nalgús lados din que somentes os sábados ou os viernes, ou somentes no mes de Outono, ou do mes de Nadal a Marzo.

Tamén pode andar de día, asegún din na Limia baixa e nalgús puntos da beiramar. Entón non se ven as ánimas, mais síntese o bruído que fan ó pasar, que é como o do vento nas canas do millo.

Primeiro soen dar unha volta arredor do adro, cantando latinorios. En Grou, Lobeira, cantan:

A tumba é d'ouro,
salta no touro;
o touro é bravo,
salta no adro:
o adro é de barro,
escachall'as pernas e revírall'o rabo.

As ánimas van en dúas ringleiras, con luces acesas, precedidas do que leva a cruz, o tamén do da caldeireta, campaíña ou escano. Tamén hai casos en que dediante da procesión vai un animal: un carneiro negro (segura contamiñación coas rondas de bruxas) en Bergantiños, un cadelo que, a veces, como en Cambeo, vai en rescate dun home, unha cadeliña negra cun axóuxer, en Laza. As ánimas van vestidas de branco, ou envoltas nun sudario, teñen as maus pálidas e levan os pés descalzos. En moitos lados somentes teñen esta aparencia por dediante, mais por atrás están ocas, como si foran de cortiza.

Unhas veces van en silencio, sin máis bruído que un semellante ó do vento nas chemineias ou no millo; outras van tocando a campaíña; outras

van cantando a ladaíña ou os responsos ou outras oraciós ou cantos alusivos, como:

Cando éramos vivos,
andabamos polos camiños;
e agora que somos mortos
andamos por entre os hortos.

Esto cántano tamén en Asturias e máis en Portugal. Tamén din que van botando laios tristeiros, queixándose das súas mágoas.

Van polo camiño dos enterros, ou por toda a parroquia, sin saíren nunca dos seus lindeiros. Van visital-as casas dos que están pra morrer e, ás veces, anúncianlles a morte tirándolles pedras ó tellado. En Lobeira din que na procesión, cando o patrón da parroquia é santo, non van máis que as almas dos homes mortos, e si é santa, as das mulleres.

Está bastante estesa a idea de que ás ánimas non queren que as vexan os vivos ou, polo menos, non queren que seipan onde van. O cual envolve un perigo pra quenas atopa ou quer observalas. En San Miguel de Berredo (Celanova), contan que na aldea de Cobas, a dúas mulleres que viron as luces e puxéronse a espreitar, as "ánamas" (sic) colléronas pola "coleta" e levéronas pró outro mundo, sin que se soupera máis delas. Noutro sitio, dous mozos que quixeron ir tras delas, as ánimas andaban tanto que nonas daban alcanzado, e facíanos tropezar nas pedras, como si llas houberan posto adrede. En Laza (Verín) a quen se estreve a miralas, tíranlle cun óso na cara. Tremendo foi o que lle pasóu a unha muller que estaba fiando na ventá; pasóu a Compaña, e un dos difuntos tiroulle a perna dun morto, decíndolle:

Ti qu'estás fian fianco,
faille unha media pra este pernanco.

Ela quixo tirar coa perna, e non puido; a perna quedaba sempre onda ela, e andaba coela pola casa. Foi onda o cura, e o cura díxolle que cando pasara a Compaña lle tirara a perna e pechase apresa a ventá. Así o fixo, e aínda os da Compaña lla volveron botar, mais pegóu na ventá pechada e non puido entrar. Outra muller de perto de Xinzo, asomouse ó ouvil-a campaíña e déronlle unha labazada cunha mau moi fría... Das "labazadas frías" que dan os difuntos ós vivos —ó que xa nos referimos denantes— fálase moito na terra de Lalín; no camiño de Lalín a Goiás, hay un portelo onde din que queno pase despóis da media noite exponse a levar labazadas frías, poilos mortos andan por alí. En Sandiás, na Limia, un mozo que viña da tuna, víu vir a procesión e deitouse onde o camiño pra que non lle pudesen facer mal; ó chegaren as ánimas, decían:

—Eiquí cheira a vivo, cheira...

E il respondía:

—Cheira a pan de nogueira.

Trátase da defensa máxica consistente en enganar ó nemigo poderoso, facéndolle creer que un non é o que il pensa. A maña contra da forza.

Nos contos, o ser podente soe ser parvo, e o feble listo: o rapaz pode enganar ó xigante, o raposo ó lobo e, polo tanto, o vivo ós difuntos. O de *cheirar a pan* é outro problema que trataremos noutro lado.

Xa non digamos da sorte que lle espera, asegún algunhas versiós, ó que se estreve a quitarlle a vela a unha das ánimas. En Vilaboa (Allariz) contan dun home que o fixo e pró outro día enfermáronlle os fillos, ardeulle a casa e pasáronlle tales cousas que se foi a consultar co abade, o cual mandoulle restituir a vela e, dende entón, todo lle foi ben. Un mozo de Sandiás, no mesmo caso, ó volverlle a vela ás ánimas, dixéronlle: "Sorte tuveches, sorte tuveches..."

Hai veces en que a Estadea semella un enterro. Temos informaciós precisas de Entrimo, Parada de Labiote (Irixo), Bribes, San Fiz de Bixoi, e algunhas sin indicación de lugar, nas que se dí termiñantemente que "vai composta como un verdadeiro enterro", que "consiste en ver de noite os enterros tal como han ser despóis", que "entre catro levan un morto", que "van curas, cantando responsos, outros que choran" etc. Eiquí dáse unha nidia contamiñación coa seña, —da que falamos denantes— anuncio de morte que consiste en ver anticipadamente o enterro, o que Anatole le Braz chama *intersigne de l'enterrement*, propio da Armórica, Gales, Escocia e outros países, que atopamos tamén en Hespaña, incruso na literatura: Don Juan Tenorio e Don Félix de Montemar ven o seu propio enterro.

Polo regular, na Santa Compaña non se recoñece a identidade dos mortos que van nela: non é Fulano, nin Mengano, senón os mortos, os difuntos, as ánimas, sin determiñación de individualidade. Esto deu motivo a Eugenio d'Ors pra dala como unha representación colectivista, de grupo, de tribu, punto de vista que compre ter en consideración. Non embargante, temos un caso, referido por A. Fraguas, en que un señor fala cunha súa irmá que vai na Santa Compaña. Tamén é o único de que temos coñecencia.

A Compaña-enterro lévanos ás premuniciós de morte, moitas de cuias formas chámanse entre nós, *señas, señales* ou *siñás* (cf. *intersigne*, en A. le Braz).

Tocantes á orixe, Murguía e os máis dos escritores galegos creeron na procedencia céltiga da Santa Compaña, e así pensóu tamén Menéndez y Pelayo. Certo é que se atopan moitos paralelos dela nos países céltigos e noutros de fala xermánica onde houbo poboación céltiga; maila xenealoxía e historia de ningunha das formas chegóu a ser determiñada de xeito que satisfaga. Doña Carolina Michaelis supuxo que podería derivarse do mito de Wotan, cando, andando polas nubes, asistía ás batallas e levaba na súa hoste as almas dos herois que morrían combatindo; mais esto pouca semellanza tén co noso. Habería que ver cómo se transformóu. Na *Mesnie Hellequin* e no *Wild Jaeger*, ó noso ver, non hai que pensar no caso da Compaña; o segundo atópase en Cataluña e máis no País Vasco. Tampouco a procesión de diaños que se atopa en Berceo, e que Menéndez Pidal descubréu que era traducción dun texto de Vicente de Beauvais, tén que ver

coa dos difuntos. Creemos, co mesmo autor, que a Santa Compaña é unha formación independente de orixe cristián (igual que o *Nachtvolk* e que o mesmo *intersigne de l'enterrement)*. Coidamos que a súa orixe é medieval, perfectamente coherente coa concepción cristiá do mundo. En certo xeito, trátase dunha realidade hiperfísica (sobrenatural ou preternatural) transportada ó reino da pantesía.

Da Santa Compaña correron entre nós moitas interpretaciós literarias, entre as que debemos destacar a do Dr. Nóvoa Santos, que a mira como representación alucinatoria dun feito corrente: o paso do Santo Viático pola noite, como feito real de conciencia e máis como posible realidade ultrafísica. Con referencia a Asturias, tén unha fermosa interpretación o soado teósofo Dr. Roso de Luna: a "Güestia" está composta polos mortos que nos quixeron en vida, pais, irmáus, parentes, amigos, veciños, que, cando imos morrer, véñennos recibir nas portas do outro mundo pra que vaiamos tamén coíles, levando a nosa luz acesa. Nela están tamén os grandes homes de todolos tempos, que veñen, sin que o seipamos, a nos revelaren a nosa vocación e noso fado.

A Sociedá do óso

Curiosa derivación da Santa Compaña é a *Sociedá do óso*, da que temos unha referencia bastante compreta procedente de Verán (Ribeiro de Avia).

Está composta de persoas vivas, veciños daqueles lugares, maila xente non sabe quen son os que forman parte dela. O certo é que os socios saben quen vai morrer. Un deles, un supoñer, enferma, maila doenza non é de morte; vén velo o médico e un da Sociedá chégase ó doctor e dille: "Escusa vir, que desta non lle vai".

Si de certo vai morrer, o día antes veñen os socios todos, co seu cura, buscalo á casa, traendo nas maus ósos de difunto acesos, como si foran velas. É unha procesión como a das ánimas. Pasan sin tropezar con ninguén. Vense como uns bultos que non se sabe ben o que son. Así e todo, son xente vivente, e non pantasmas.

Ó chegaren á eirexa, teñen o enterro, e enterran o difunto, todo de noite. Mailo corpo do difunto queda na casa. Qué é o que enterran? A sombra? O "corpo astral? Esto nono exprican. Unha muller, na víspora da festa, chegóu a Verán moi cedo, denantes da albada, e víu a eirexa aberta e xente que estaba facendo un enterro. Chegouse a eles, e un meteulle unha vela na mau. Tívoa acesa namentras aquelo duróu, e asín que acabóu, metéu a vela no queipo e marchóu. Ó sair o sol, víu que era un óso de morto.

Todolos membros da Sociedá teñen o poder de anuncial-a morte das persoas con toda seguranza. Como un deles diga que algún vai morrer, morre sin remedio. Poden deixar temporalmente o seu corpo, pois cando van en procesión, atravesan paredes, portas pechadas, valados, etc. como corpos sotís, sin tropezaren con nada. Son individos que viven a un tempo niste

mundo e no outro, son, a un tempo, homes de carne e óso e sombras ou pantasmas desencarnados. Teñen o seu capelán e o seu servicio fúnebre, independente do da parroquia.

É unha curiosa mistura de Santa Compaña e de irmandade ou cofradía devota, das que se diferencia en ser unha sociedá segreda.

Non lle temos atopado paralelos, e non hai dúbida que é ben merecente dunha investigación máis fonda polo entroncamento que poidera ter coas sociedades segredas dos "primitivos", moitas veces relacioadas co culto dos antepasados.

O corpo aberto

Chámase *corpo aberto* ó daquela persoa viva no cual se introducíu ou pódese introducir un esprito estrano, ou aquil no cual falan as almas dos difuntos, ben porque elas queren, ben forzadas polos exorcismos ou obedecendo ós conxuros dos bruxos.

Trátase dunha sorte de posesión, temporal (e aínda momentánea) ou permañente, do corpo dun vivo pola ánima dun difunto, ou por un esprito doutra caste, mais que non se confonde coa posesión diabólica.

É unha representación con seguranza anterior á chegada do espiritismo a Galiza, como se desprende do feito de ter o pretendido fenómeno un nome en galego, con todolos caracteres de ser unha designación tradicioal. Resulta pouco doado determiñar si esta creencia orixinouse por semellanza coa da diabólica posesión, ou si se trata dunha tradición independente, que pode ser moito máis antiga, incluso anterior ó Cristianismo. Semella atoparse correntemente en toda Europa dende antigo, e nos tratados de demonoloxía, maxia, etc. e máis en contos e tradiciós medievás e renacentistas refírense moitos casos imitantes. Nos de aparencia auténtica, a Eirexa sempre os apuxo a intervención do demo, e a psicoloxía positivista a perturbaciós mentás, con alteración da persoalidade.

En todo caso, e calquera que poda ser a súa orixe, en Galiza preséntase con caracteres de fonda cristianización. Os aqueixados por ela son tidos, ás veces, por unha sorte de santos, e as súas manifestaciós soen ser dunha gran piedade e cheas de sana doutriña.

Os corpos abertos, cando niles fala o esprito, revelan os segredos do outro mundo, fan profecías, dan consellos morás, predican a doutriña cristiá, mandan ouvir misas, facer pelerinaxes, comprir ofertas e toda caste de actos piadosos.

A posesión por un difunto pode obedecer a varias causas, moitas veces relixiosas. Algunhas veces morre unha persoa sin ter comprido unha promesa feita a algún santo, e entón a súa alma entra no corpo doutra persoa viva coa intención de comprir aquela obriga. Unha muller de Bousés (Oimbra) ofrecéu de ir a pé a Santa Mariña das Augas Santas, levándolle á Santa unha pita con polos; morréu sin comprir a oferta, e o seu esprito meteuse noutra muller adentro da cual falaba. Decía dos difuntos si

estaban no Ceo, no Purgatorio ou no Inferno, e outras cousas. Por fin, a posesa compríu a oferta da difunta e o esprito deixouna e foise.

Outras veces é a alma do noivo dunha rapaza que, despóis de morto, entra no corpo dela. Outras, a alma dunha persoa da familia: un abó ou aboa, tío ou tía, un curmán, etc. En Lobeira, estaba unha moza munxindo unha vaca, cando se lle achegóu un cadelo mouro; ela quíxoo espantar, decíndolle: "Marcha, can"... O cadelo era o esprito dun seu curmán que, no intre de decilo, metéuselle no corpo.

No ano 1925 chamóu moito a atención o caso da "espiritada de Moeche", en Ortigueira, Manuela Rodríguez Fraga, rapaza de vinteún anos, no corpo da cual metérase o esprito dun crego de Ortigueira que morrera na Habana. Sendo unha paisana ignorante, falaba cunha voz inteiramente distinta da súa, con voz de home, compretamente masculina, en correcto castelán, con formas cultas e con acento americán e como si tivese fondos coñecimentos en dogmática, liturxia e filosofía moral, propios dun crego ben estudiado, o cual causaba grande pasmo na xente. Chegóu a botar un sermón, un domingo, dende o balcón da súa casa, diante unha gran chea de xente, que marchóu sumamente admirada e edificada. Despóis de ter soado moito na prensa galega, deixouse de falar dela, sin que se seipa exactamente en qué paróu a cousa.

Dende logo, non é iste o único caso que se pode citar.

Danse nos corpos abertos moitos casos de extrema devoción, de longa permañencia na cama, sin probar ningunha clás de alimento, nin evacuación de ventre nin orina, e tamén de catalepsia, de insensibilidade e aínda de estigmatización. As persoas en que se dan istes síntomas chámanse tamén "corpos santos" porque por santos os teñen, e apóñenlles o poder de sandar ós enfermos con bendiciós e con rezos. Mais pra ésto non compre que sexan corpos abertos, sinón que os síntomas ditos pódense dar sin que haxa presunta posesión. O corpo aberto pode ser corpo santo e pode nono ser; e o corpo santo pode non ser corpo aberto.

Nun caso e noutro, moitas veces son aproveitados por bruxos, *sabios*, adiviñadores e curandeiros, pra obteren deles revelaciós de cousas acochadas, do mesmo xeito que nos medios urbáns o son os sonámbulos e magnetizados. Ó noso ver, non hai que confundir istes derradeiros cos corpos abertos; o sonambulismo e mailo magnetismo ou hipnotismo —embora foran aproveitados dende tempo inmemorial— son usanza moderna, introducida en Galiza no século XIX, posiblemente, non antes da propaganda de Cubí y Soler que por eiquí andivo e sostivo polémicas; namentras que o corpo aberto responde a unha tradición antiga, embora poda responder, no feito, a causas físicas e psíquicas semellantes ou idénticas ás dos fenómenos de sonambulismo e hipnotismo.

Tamén acontez que os mesmos corpos abertos, ou os seus familiares, aproveiten as súas faculdades anormás pra sacarlles gañancia. Pois moitas veces reciben regalos, ofrendas e diñeiro das persoas que precuran a

súa axuda espiritual ou material. Por elo, téñense comprobado tamén casos de simulación.

Demonoloxía Popular

O demo

Os nomes que se lle dan ó demo pódese decir que son de tres clases:

1ª Nomes comús. Os máis usados son, principalmente, *demo, demoño, demoro, demonche, demachiño* (reservado a veces prós demos pequenos, o diaño bulreiro e aínda pró trasno), *diaño, diabo,* que corresponden, máis ou menos, con outros usados noutras partes de Hespaña e Portugal. Como nomes comús, pódense aplicar a todolos diaños; mais entre iles distínguese sempre o *demo maior.*

2º Nomes propios. O demo maior recibe os nomes coñecidos de *Satanás, Lucifer, Luzbel,* algunha vez, *Belcebú* ou *Bercebú.* Luzbel interprétase por "luz bela", por ter sido, enantes da caída, o máis fermoso e lumioso dos ánxeles.

Nomes ó parecer propios de Galiza, son *Donai,* de difícil interpretación, anque semella influído por *Adonai; Xuncras,* cecáis contamiñado de "Xudas"; *Perete, Perello* ou *Perecho,* que se lle dá tamén ó trasno.

3º Nomes eufemísticos. Son moitos. Orixinariamente serviron pra evitar nomear ó demo directamente —porque o pronunciar un dos seus nomes verdadeiros pode valer tanto como unha chamada ou invocación, pode facer que il se presente sin que nós queiramos—. Din que non é bo falar dil. Aínda é usanza na aldea, entre persoas piadosas, cando se fala do demo, decir: "Arrenegado sea!"

Eufemísticamente chámanlle o *Nemigo,* o *Pecado,* o *Maldito,* o *Cornudo,* o *Rabudo,* o *Cachano* (sin duda alusión ós pecados do sexo), *o das zapatillas.*

Seguindo a doutriña da Eirexa, o demo é o nemigo dos homes, que atormenta á xente e indúcea a pensar e obrar mal. O seu maor desexo é levar pró Inferno as almas dos homes e reducilos durante a vida ó seu servicio. As nosas malas acciós débense á tentación do demo.

Mais tamén lle apoñen adoito os nosos erros e trabucamentos, o mal resultado das nosas empresas e incluso danos físicos que nos molestan en grande ou en pequeno: treboadas, incendios, pestes do gando, doenzas dos cristiáns, perdas de cousas na casa ou fora, rotura de vasixas ou trebellos, etc. En Castelaos (Calbos de Randín) recollimos esta sentencia: "Cando nunha casa aparez unha mesa ou banqueta coas patas pra riba, é que na casa anda o demo". Estas pequenas cousas din que as fai o demo pra facer renegar e pecar á xente.

Concíbese ó demo na figura tradicioal, atal como o representóu a arte cristiá da Edade Media: con rabo, cornos, orellas de gato, pesuñas, etc. Bota un cheiro que fede, as máis de veces de chofre, que denuncia a súa presencia anque non se vexa. Aínda cando se presenta noutra figura, o

fedor do chofre descúbreo. Leva, moitas veces, cadeas de arrastro, símbolo da pena eterna. Tamén se representa como a serpe do Paraíso.

Como ánxel que foi, sabe todo o que saben os ánxeles. Coñece o pasado, o presente e o porvir e máis todalas cousas ocultas, e tén discurrideiras pra todo, nada se lle escapa. Minte e engana ós homes como quer.

Mais tamén din outras veces que é doado enganar ó demo. Din que tén un burato en cada mau, e que por alí váiselle todo; e que por moito que faga, non pode impedir que as súas obras amostren que son súas, que por onde andivo deixa sempre sinal, que "o demo sempre deixa o rabo



Fig. 28. - Algunhas representaciós do demo nos cruceiros de Galiza, asegún Castelao. As dúas primeiras son a serpe do Paraíso (nunha está lambendo os cabelos de Eva). A terceira, non é xa a serpente. Nótese a semellanza coas representaciós do demo na arte medieval, que os cruceiros siguen repetindo dentro do barroco ou do neoclásico.

fora". As teorías populares respecto ó demo son vacilantes. Por un lado, din que é "moi legal nos seus tratos" e que endexamáis falta á palabra. Pórtase ben cos que son dil: "O demo ós seus quer". Mais doutra banda, paga mal a quen se entrega ó seu servizo. Cando alguén comete unha ingratitude, din: "Así paga o demo a quen o sirve". O seu amor non semella moi grato: "Tanto lle quer o demo ós fillos, que lles quita os ollos".

Non sabemos ben o que se quer decir con que: "O demo tén cara de coello". No falar corrente, aparez o demo nunha chea de expresiós. En comparanzas: "ruin como o demo", "negro como o demo"; en xuramentos: "Que o demo me leve si non é certo"; en maldiciós: "Malos demos te leven"; en ponderaciós da listeza, da abelencia ou do chiste de algún: "Iste rapaz é o demo" (o cual dícese tamén a mala parte); cando un acontecimento non se sabe como puido suceder, "parece cousa do demo"; noutras ocasiós menos determiñadas, como exclamación: "Ora o demo!", "Que demoro!", "Demo negro!", "Arrenégote demo!"

O demo —ou os demos— aparécese adoito ás persoas, moitas veces en figura de animal: can, gato, castrón, carneiro negro, cabalo, mico, burro, galo, pita, xato, bestas descoñecidas. As súas apariciós de noite no campo ou nos camiños, baixo destas formas, así como a súa entrada nas casas, confóndense coas do trasno ou as do chamado diaño bulreiro que, en realidade, é outra cousa, de orixe seguramente precristián. Moitas veces non fai máis que dar chascos e bulras inocentes mais tamén din que o fai pra que os homes, coa rabia que lles dá, caian en pecado.

Outras veces, as apariciós teñen outro carácter: un home moi forte e valente de San Cosme de Cusanca, no Irixo, pelexóu durante toda a noite con dous animás de especie inteiramente descoñecida, e anque non lle chegaron a causar dano ningún, do esforzo que tivo que facer, pra se desprender diles, morréu dalí a tres días. Houbérase salvado da morte si se houbera lembrado de se santiguar.

As apariciós máis claras son cando vén en figura de home. O demo maior vén case sempre vestido de "señorito", falando castelán. Hai casos en que vén vestido de levita e cunha bimba de dous pisos, "como un diputado".

Diste xeito se lle presentóu, en San Ciprián de Viñas, a unha criada chamada Custodia, que tiña que ir por auga moi lonxe. Aquil señor preguntoulle si quería tel-a fonte no patio da casa, e canto lle daba porque lla puxese. Ela dixo que lle daría unha pinga de sangue. O señor aquil quitoulla dun brazo, e co sangue escribíu nun papel. Pró outro día tiña a fonte no patio da casa.

Maila Custodia estaba repesa de lle ter dado o sangue, e cando se lle volvéu aparecer o señor e lle preguntóu si estaba contenta, ela respondeulle:

—Non, porque sempre que vou á fonte, caime o sangue na auga.

Dixo il:

—Custodia, miña amiga, dame un bico... Ou, sinón, dí: "Amén".

Pero ela non lle deu o bico nin dixo "Amén", pois calquera das dúas cousas era decir que sí. Entón o demo, que era aquil señor, tivo que rompel-o papel, e Custodia quedóu ceibe.

Eiquí trátase do traslado dunha fonte, mailas obras do demo son de moita máis consideración. O demo é un gran constructor de edificios, un gran arquitecto. Tén feito moitas pontes, pazos, castelos, mosteiros e eirexas. Esto faino, unhas veces, como medio de seducción, afalagando a vaidade dos homes ou a súa cobiza, chegando a impór e facer firmar o pauto en que un persoaxe vende a i-alma por ver ergueita a obra; outras veces é porque o forzan a traballar por medio da maxia.

Estas obras do demo fanse, polo xeneral, nunha soia noite, aínda máis: entre o primeiro galo e o derradeiro. O demo aguilloa ós traballadores, demos secundarios, berrando:

—Canta o galo branco, pico al canto!

E encomenzan a traballar. Sona o segundo "caracacá", e manda:

—Canta o galo pinto, ande el pico!

Pra que apuren no traballo. Sona o terceiro:

—Canta o galo negro, pico quedo!

A obra está rematada.

Outras veces traballa somentes cando lle mandan, ou non fai máis que carretal-a pedra, como pasóu co mosteiro de Montederramo.

De todos xeitos, non é bó valerse do demo, inda que sexa pra cousa santa. Un eixemplo entre moitos é o que lle pasóu a un fillo dun dos que roubaron o mosteiro de Armenteira. O pai roubara en Armenteira un fermoso cáliz; gardouno e, arrepentido, por un lado non quería restituílo él mesmo, pra que ninguén o soupera e, por outro, comprendía a súa obriga. Pra que Deus lle perdoase, fixo crego ó fillo e, cando foi da hora da morte, chamouno e segredamente lle dixo que fose aixiña leval-o cáliz a Armenteira e o deixara na eirexa, enantes de que il morrese, pra diste xeito se salvar. O crego colléu o cáliz e alá marchóu; mais era moito andar, cansouse e tiña medo de non chegar a tempo. Rezóu moito, pra que Deus lle dise forzas, mais cansábase tanto que, por fin, chamóu ó demo. O demo metéuselle por debaixo da sotana e levouno nun chiscar de ollo. Entróu na eirexa e deixóu o cáliz en sitio seguro. Ó sair, o demo estaba empeñado en levalo. Protestóu o crego, decindo que viña de facer unha boa obra, devolvendo o que era da eirexa e salvando a i-alma do pai; mailo demo díxolle:

Pra qué me chamaches? Agora, vente comigo!

E levouno pró Inferno, namentras o pai iba pró Ceo, ou pró Purgatorio.

Hai unha chea de historias de aparicións do demo. En San Cristobo de Lózara, apareceulle a un home todo vestido e calzado de ferro, e desafiouno a choutar un foxo que non tiña máis que dous pés de anchor. O home desconfióu e foi consultar co abade; iste díxolle que si intentaba

choutar, o foxo abriríase tanto que non podería, e iba caír nil; pra eso, que levase escondida unha pita negra e cando fose pegal-o brinco, deixase caír a pita no foxo. Atal lle dixera o abade, atal o fixo, e ó facelo, pechouse o foxo, e o demo "reventóu como un tiro". A pita negra é, niste caso, a víctima que se pón no canto do home. O demo sempre leva o seu precio, que é "unha cousa viva". En calquer trato coíl, compre leval-o que se lle ha ofrecer pra que nono leve a un, como hemos ver nos casos de invocación e de pauto.

O desafío é un dos costumes do demo. Faino unhas veces por soberbia e outras por engano. A soberbia leva ás veces ó demo a desafiar a Deus, á Virxe ou ós Santos. En moitos ríos de Galiza soe haber un sitio moi fondo, que chaman "puzo do Inferno". De moitos cóntase que unha vez viña a Santísima Virxe na súa burrica —na que a pintan indo a Exipto— e polo mesmo camiño, viña o demo nun mañífico cabalo. Ensoberbiado ó ver a humildade da Nai de Deus, aposta coela a quen sexa capaz de pasal-o río dun salto. Vai a Virxe, e chouta coa burrica, e chega ó outro lado sin máis nada —inda se ven hoxe as ferraduras da burrica na pedra do lado dalá—; e chouta o demo co seu cabalo, e alá vai ó fondo do puzo que, por eso, se chama do Inferno.

Os homes teñen que ter moito tino coestes desafíos. Non abonda ser valente, poilo desafío envolve sempre un engano no que pode caír doadamente. Hai veces en que o desafío consiste en se bater coíl con armas; si un consigue facer saír sangue, o demo fuxe nunha nube de fume. Acontez que o demo dea a escoller entre dúas espadas: unha nova, dourada e cintilante, outra vella, enfurruxada e moura; hai que escoller na que semella máis ruín, que é o xeito de saír trunfante.

Non é raro que o demo se presente en figura femenina: "en figura dunha señorita", na serra de Caurel; en figura da noiva do tentado, como lle pasóu a un mozo de Laroá, na Limia que, ó pretender apalpala, atopóu unhas formas duras, peludas, uns peitos "sin forma axeitada" e un rir que amostraba dentes de égoa.

Tamén actúa sin se facer visible, como cando polos camiños agarra ós homes pola chaqueta, ou cando pretende arrastrar ó inferno a un neno mal falado, ou fai tremer as paredes da casa dunha nai imprudente, ou guinda coios ó leito dunha pobre enferma, devota e medio santa...

O demo goza coa morte das persoas, mais preferentemente procura a dos nenos non bautizados, pra privalos da gloria e a dos que están en pecado mortal, pra que se condenen.

Incluso —e eiquí atopamos unha idea moi dina de estudo, cuia procedencia pode estar nos libros máxicos ou en textos antigos— o demo atenta contra dos xermolos da vida. Reproducimos unha información que nolo explica:

> O esprito maligno persigue ás mulleres, e non podendo causarlles os males que il quer, porque llo impiden as *cousas boas* que todas levamos, convírtese nunha partícula moi pequena, a cual

> unha vez que se in:ruducíu no noso corpo, transfórmase nun insecto venenoso que mata o feto, ocasioando asín unha desgracia grande na familia. Pra evitar esta desgracia, non hai outro remedio que facel-o bautizo antes de que o neno teña nacido. Todolos pontes cunha cruz teñen a virtude de preservar ó neno da influencia maléfica de Satanás, mais esta virtude somentes produz os resultados que procuramos no derradeiro sábado de cada mes, despóis das doce da noite. A iste fin, precísase pórse ó pé da efixie do Redentor, denantes da hora indicada, evitando a toda custa que pase pola ponte ningún ser vivente deica despóis de se facer o bautizo. É, ademáis, condición indispensable cear no mesmo lugar en que se leve a cabo a cerimonia.

O demo tamén merca as almas dos nenos inocentes.

Medios pra se librar do demo

Os principás son as oraciós, desconxuraciós e exorcismos dispostos pola Eirexa e que fan os cregos. A benzón da casa e dos campos, que se soe facer pola Pascua, o estar todos a ben con Deus son boa defensa, a millor, como todos din.

Despóis, a xente, de por si, usa de medios de carácter relixioso: facer o sinal da Cruz; rezar certas oraciós; pronunciar certas fórmulas, como "vade retro" ou "arrenégote, demo"; levar consigo as "cousas boas" (reliquias, areas dunha pedra de ara, medallas e estampas bentas, evanxeos, a beizón de San Francisco e os rescritos, de todolos cuales xa temos falado máis enriba); pór tras da porta, ou noutra parte da casa ou das cortes e outras dependencias, as mesmas cousas boas, etc. As cousas boas téñense moitas veces gardadas nunha bulsiña de seda, con incenso, mirra e outras materias, pra aplicalas en caso de necesidade. Tamén sirve o pan bento.

Entre os obxetos materiás ou figurados, os que pasan por máis eficaces son os *Agnus Dei* —de que xa tratamos denantes— e maila auga bendita; e entre as fórmulas, as "Palabras de San Xoán retorneadas", das que nos ocupamos aparte.

As Palabras de San Xoán retorneadas

É unha fórmula eficaz pra se librar do demo, aínda que o demo o teña a un ben agarrado. Recítanse en galego e en castelán. Asegún unha versión procedente de Espasante (Ortigueira), a maneira de proceder é a seguinte:

En canto o demo agarra a un, díceselle:

> —Cala o demo, que che vou decir as palabras retorneadas de San Xoán.

Di o demo:

> —Eso será o que che valerá.

E o que está collido, comenza:

—A la una, más claro el sol que la luna. Creo en Dios Padre, creo en Dios Hijo, creo en Dios Espíritu Santo. Amén.

Di o demo:

—Amigo, dime las dúas.
—Amigo tuyo no seré, amigo de Dios, sí. A las dos, dos traviñas de Moisés, onde Cristo puxo os pés, pra pasar de Roma a Xerusalén. A la una más claro el sol que la luna, Creo en Dios Padre, creo en Dios Hijo, creo en Dios Espíritu Santo. Amén.
—Amigo, dime as tres.
—Amigo tuyo no seré, amigo de Dios, sí. A las tres, tres Patriarcas; a las dos, dos traviñas de Moisés, onde Cristo puxo os pés, pra pasar de Roma a Xerusalén; a la una, más claro el sol que la luna, creo en Dios Padre, creo en Dios Hijo, creo en Dios Espíritu Santo. Amén.

O demo sigue preguntando, e hai que lle responder do mesmo xeito, repetindo despóis de cada resposta todalas anteriores, en orden inverso. As respostas siguen nesta versión, asina:

A las cuatro, cuatro candelarias.
A las cinco, cinco llagas.
A las seis, seis Evangelistas.
A las siete, siete Coros.
A las ocho, ocho Gozos.
A las nueve, nueve meses (embarazo da Virxe).
A las diez, diez Mandamientos.
A las once, once Vírgenes.
A las doce, doce Apóstoles.
A las trece, trece raiolas de sol.

Ó chegar eiquí, ditas cara atrás todalas outras deica a primeira, dícese:

Arrenventóu o demo maior,
Arreventóu, arreventará,
Alma ningunha non levará,
Nin tampouco a min me enganará!

A versión é moi completa, mailas palabras están nela confondidas e trastocadas, véndose que é unha versión corrupta. A versión galega primitiva semella ser:

Á unha, máis craro o sol que a luna (pra rimar con "unha").
Ás dúas, as dúas Táboas de Moysén (nalgunhas versiós, engádese: "por onde Dios vai e ven á terra santa de Xerusalén").
Ás tres, os tres Patriarcas.
Ás catro, os catro Evanxelistas.
Ás cinco, as Cinco Chagas.
Ás seis, os seis cirios (ou candieiros).
Ás sete, as sete lámpadas.

Ás oito, as oito Portas de Paraíso.
Ás nove, os nove Coros d'Anxos.
Ás dez, os dez Mandamentos.
Ás once, as once mil Virxes.
Ás doce, os doce Apóstoles.
Ás trece, as trece raíñas do sol.

Estas palabras de San Xoán retorneadas proveñen, como outros moitos contos e textos literarios medievás, dun prototipo iránico ou persa construído asegún a doutriña de Zaratustra. Tén versiós buddhistas, en lingua pali; musulmáns, en árabe e máis en kirguís; xudeas; cristiás, en latín e en todolos idiomas européus, e incluso se cita unha versión druídica, que se quer ter por precristiá, en vello bretón.

É, esta versión cristiá, unha verdadeira profesión de fé, unha sorte de resume do catecismo, moi axeitado pra lle responder ó demo, cando pretende que nos fagamos seus amigos. Parez que a versión galega máis usada conservóu do prototipo persa a primeira resposta: "máis craro o sol que a luna", que na primitiva versiós paneuropea foi trocada e concorda coa xudía en ter trece membros, en lugar de doce, número das horas do día.

O nome de "Palabras de San Xoán" viría, asegún Bouza Brey, de ser iste santo protector contra dos xenios maléficos, pola coincidencia da súa festa co solsticio do vrau, e ter herdado, por esta causa, os ritos e virtudes propias dun antigo culto solar. O cual manifestaríase, posiblemente, nas referencias inicial e final ó sol (máis craro que a lúa, as trece raiolas) referencias que probarían, ó mesmo tempo, a independencia da versión galega. Sempre habería que buscar o camiño independente polo que chegóu a nós, o que non é tan doado. Así e todo, hai que telo en conta.

A diabólica posesión e o "ramo cativo"

Os paisanos achacan a diabólica posesión moitas enfermedades e trastornos psíquicos, ou manifestaciós da conduta que se saen do normal. No agro domiñan maneiras de ser e de obrar uniformes, xusgadas escorreitas e debidas, e o que non se conforme coesto resulta, polo menos, sospeitoso de tendencia maligna, a cual, nos casos de certa gravedade, é lóxico apoñer a manexos do demo. Un informe de Castro Dozón di: "A diabólica posesión aponse ás persoas que nos seus movimentos fan cousas raras, como andar moi apresa polos tellados sin caír, dar brincos non acostumados, etc."

Os espritos que se meten no corpo das persoas chámanse xeneralmente, *diablillos* ou *sucios*, tamén *espritos*, ou simplemente *o demo*. O que os tén no corpo chámase *endiañado;* a veces, por confusión, *enmeigado;* modernamente, tamén *espiritado*. A enfermedade causada pola presencia dos diablillos, chámase *endiañamento* ou *ramo cativo;* a veces, por confusión, *meigallo*. A expresión *ramo cativo* úsase nalgús sitios pra nomear a epilepsia. En xeneral, *ramo* siñifica unha doenza psíquica.

Os diablillos que se meten no corpo dunha persoa pode ser un soio, ou poden ser varios a un tempo. Inda que a cousa nona exprican moi craramente, semella que, en realidade, istes diablillos poden ser de varias castes: uns son, propiamente, demos do Inferno; outros son, máis ben, unha sorte de "espritos intermedios", espritos que andan no aire, que poden ser os ánxeles rebeldes indultados cando os outros foron botados do ceo, asegún a historia que referimos noutro lugar, anque, de todolos xeitos, son, no caso da posesión, espritos malignos.

Poden entrar no corpo dun home de varias maneiras e por tres causas:

1ª Por propio impulso dos espritos. Iles están buscando sempre o modo de metérense nas persoas, e en canto encontran, como si dixéramos, a porta aberta, alá van. Unhas veces, non se sabe cómo; outras é aproveitando un descoido, como cando un boquexa e esquécese de facer na boca o sinal da cruz: entón é doado que se lle meta un diablillo.

2ª Por culpa ou iniciativa do paciente. É o caso que refiren en Castro Dozón das mulleres que chocan no sobaquillo un ovo de galo (un dos procedimentos pra obter, como veremos, un diaño familiar), e do ovo sai un demiño que despóis se mete nelas, "porque son elas as que fan que as posean".

3ª Por culpa doutra persoa que lle dá os demos á posesa, persoa que unhas veces din ser unha bruxa, e outras non. Estas bruxas, ou o que sexan, poñen os diablillos nalgún alimento ou bebida que o futuro endiañado vaia comer ou beber. "Algunhas persoas que queren mal a outras —din— danlles a beber certas cousas nas que van os diablillos, mais téñena que beber toda, porque no fondo do vaso é onde están os espritos".

Os efectos da posesión son moi variados mais, polo xeneral, mañifístase en arrautos durante os cuales o poseso retórcese como unha cobra, convulsivamente, revira os ollos, engarabita os dedos, bota escuma pola boca, renche os dentes, e, sobre todo, bota berros furiosos, espantosas blasfemias, aldraxes que dan medo contra Deus e os santos, palabras feas, ditos porcos, obscenos e escandalosos, négase a toda práctica de devoción, a entrar na eirexa, e amostra xenreira satánica contra todalas cousas santas. Atal é o *ramo cativo*. Ás veces, os diablillos producen outros trastornos, como paralís, cegueira, perlesía, inutilidade dun membro e outras enfermedades.

Son os diablillos os que falan pola boca do endiañado, cando lle dá o mal. Soen falar en castelán, con acento que non é do país: unha muller de Vilarchao (Coles) tiña dous, un grande e outro pequeno, os dous casteláns; a unha do Castro de Caldelas entráronlle outros dous, dos que un falaba andaluz e outro arxentino; unha moza do mesmo pobo tiña catro, tres ruís e un bo, e iste facíalle falar portugués. Outras veces falan linguas extranxeiras e hastra linguas sabias: latín, grego, etc. Hai casos en que os diablillos falan como si fora a persoa a que falase; noutros, falan en nome propio, referíndose ó poseso e chamándolle "la criatura".

Hai historias en que os mesmos diablillos aconsellan o que se ha facer prós obligar a saír. O diablillo portugués que vimos de citar dixo á rapaza en cuio corpo estaba que, pra se ver libre, tiña que ir a Ourense a sacarse unha moa, comprindo as seguintes condiciós: ir de a pé; facer unha coroa, ou sexa, ir por un lado e volver por outro; leval-o rosario da súa difunta nai; e ir en compaña de dúas persoas. O resultado foi o que a rapaza desexaba.

Tamén pode ser que os diablillos queiran mudar de sitio. O andaluz e o arxentino citados enriba aconsellaban á posesa que se sometese ós exorcismos, mais foi pra pasaren ó corpo dunha súa filla, no cual quedaron por moito tempo.

Os endiañados cúranse, antes de nada, cos exorcismos da Eirexa. Noutro tempo era doado conseguilo, porque os cregos botábanos con facilidá, polo sí polo non, sin examiñar detidamente o caso. Maila xente creía e cree que non todolos cregos teñen igual poder sobre dos diaños, ou non son bastante "entendidos" —que é o que lles pasa ós máis dos de agora— sinón que hai que procurar un que o seipa facer ben. Cree a xente que o exorcista non pode botar ó demo fora sin indicarlle un sitio onde se vaia meter. Nono pode deixar sin aloxamento. Indícalle, polo xeneral, o corpo dunha besta calquera, ou un lugar deshabitado, "montes ermos", etc. Tamén lle tén que decir a parte do corpo do endiañado por onde ha saír, tendo coidado non sexa un órgao importante, pois aquil sitio soe ficar danado, moitas veces baldado pra sempre. A besta onde se vai meter o demo exorcisado, soe morrer.

Agora acontez que os cregos néganse a botal-os exorcismos, como non sexa nun caso seguro, ou casi seguro, de verdadeira posesión, pois estalles prohibido facelo en casos dubidosos, que son os máis, cando non son inteiramente falsos. Polo tanto, hai que procurar outros remedios. O principal é levar ó endiañado a algún dos santuarios a cuios titulares apoñen especial virtude pra expulsar os maos espritos, como Santa Eufemia de Arteixo, o convento de Belvís en Compostela, o Santo Cristo de Ourense e a Nosa Señora do Corpiño.

En Santa Eufemia de Arteixo parez que actuaba de exorcista o sacristán. Daba a beber ós posesos determiñadas bebidas, cecáis aceite da lámpada, e iles botaban os diaños pola boca, en figura de mollos de pelos. Cóntase que un vello endiañado, que foi moitos anos á romaxe, logróu botar dazasete nemigos, mais aínda lle quedaba un dentro, o cual era frade e era mudo e, como non falaba, non se sabía como facer pra botalo fora. Hai eiquí unha contamiñación crara da idea da diabólica posesión coa idea do *meigallo*, feitizo que bota unha bruxa a unha persoa e que, mediante remedios idénticos ós usados contra dos diablillos, pódese botar pola boca, en figura de ourizo cacheiro. Esta confusión dáse adoito, e moitas veces é difícil de desenguedellar.

No Corpiño, bótanse os demos do corpo e igualmente o meigallo baixo das mesmas figuras, tocando ós doentes cunha certa reliquia. Mais tamén o sacristán lles provoca o vómito cun hisopo empapado en aceite da lámpada. Alí a concurrencia de endiañados e enmeigados é grandísima.

Tanto nistes santuarios como nos demáis, e en xeneral en todalas eirexas, os posesos néganse a entrar, facendo a maior forza que poden; téñenos que coller, pra metelos, homes ben forzudos, anque se trate dun rapaz ou dunha nena que semelle que non tén forza. Xa dentro, ou fora, cando sai a procesión e ven os santos e as cruces, berran como condanados, botando contra dos santos os máis tremendos aldraxes, as blasfemias máis espantosas, principalmente durante a misa, ó alzar, etc. Ou caen con ataques furiosos, regañando os dentes, con formas moitas veces epileptoides, ou fican mudos, ou como mortos, insensibles, ríxidos.

Outros medios son: a lectura dos evanxeos, pois dicen que, ó leelos, os demos saen do corpo; a aplicación de reliquias, do *Agnus Dei*, das *cousas boas* e dos *rescritos*, as aspersiós con auga bendita pois, en xeneral, os mesmos medios de que botan mau pra arredalo, sirven tamén pra botalo.

Fora dos remedios relixiosos, hainos tamén máxicos. Bruxos e bruxas, máis ou menos calificados, *sabios* e *sabias*, manciñeiros, persoas *entendidas*, interveñen coas súas artes, poñendo en práctica procedimentos tanto de devoción como de feiticeiría.

En Vilarchao (Coles) din que especialmente cando os diablillos entran nos alimentos, pódense botar fora dando diñeiro a mulleres que *meiciñan*, ou sexa, ás adiviñas. En Ourense, van á Catedral, póñense de xionllos diante do Santo Cristo e unha persoa reza unhas verbas en latín "ou algo semellante", e logo pregunta ós diablillos pra onde queren ir. Si esa persoa lle quer mal a alguén, mándalle os diablillos, e iles saen a correr pra ocupar a súa nova mourada. En Monterroso, había un crego que facía quedar alí ós posesos un ano inteiro, e leíalle todolos días nuns papés que queimaba despóis, e nos papés ardían os espritos. Na capela do Santo Cristo de Ourense, oíndo misa, pódense facer saír os diablillos operando cando o crego volve a "folla de Santos", no misal. A folla de Santos, coa imaxe de Cristo crucificado, tén unha chea de virtudes contra das cousas malignas: diaños, bruxerías, meigallos, etc. Ó volver o que está misando esa folla, é cando hai que preguntar ós espritos onde queren ir, e van, porque nesa ocasión, non teñen máis remedio.

Teñen tamén especial poder contra dos diablillos os *saludadores*.

3. SUPERSTICIÓN

XENERALIDADES

Nesta parte imos tratar daquelas creencias e costumes non comprendidas nos capídoos anteriores e que non están conformes, ben coa doutriña cristiá, ben coa ciencia oficial, ben con ningunha das dúas. Trátase de ideas e usanzas pecadentas dende o punto de vista relixioso ou moral, ou falsas, anque non sexan danosas, ou simplemente ociosas, ou sin máis que o que podan ter de certas non está demostrado. Do seu conxunto, non hemos dar unha definición teolóxica nin científica, posto que eiquí non nos interesan máis que como feitos históricos.

Moitas das que espuxemos nos lugares onde tratamos da mitoloxía e das creencias relacioadas coa relixión, son xa supersticiós; tratámolas aparte en razón da súa orixe e das súas diferencias de carácter. Hoxe, ademáis, hai a tendencia, que temos por atinada, de establecer unha distinción entre a mitoloxía por unha banda, a maxia por outra e a superstición propiamente dita. Non embargante, eiquí incluimos a Maxia no estudo da Superstición, por razón de costume, e pola de non estar o campo da Superstición delimitado aínda como debera.

A importancia diste estudo é grandísima dende o punto de vista da historia, e moito máis aínda dende o da psicoloxía: os psicólogos de agora atopan nas supersticiós a expresión das tendencias e necesidades máis fondas da alma dos homes, e das representaciós máis primitivas e radicás, xermolos orixinarios do noso pensar.

HISTORIA

Non é moito o que sabemos da historia das supersticiós e das artes máxicas e adiviñatorias na nosa Terra. As fontes literarias son escasas e a arqueoloxía tampouco nos ofrez gran cousa. Diste xeito, somentes podemos dar eiquí lixeiras indicaciós.

É doado que algús dos obxetos prehistóricos, que andan polos nosos muséus e colecciós, tiveran usanza máxica. Hai fundamento pra sospeitar que moitos motivos ornamentás dos empregados na arquitectura das citanias tiveran un senso esotérico e un valor apotropaico. Sabemos polos autores clásicos que os galegos da época prerromá eran extraordinariamente abelenciosos pra esculcaren o porvir polo voo das aves (ornitomancia), polo lume do ceo (*ars fulguralia*) e máis pola inspección das entranas das víctimas dos sacrificios (hepatoscopia), e aínda tiraban pronósticos da maneira de caíren ó ser feridas de morte; semella que esto facíase ás veces con víctimas humás. Entre as persoalidades galegas do tempo dos románs, que coñecemos pola epigrafía, menciónase, polo menos, un augur (Marco Valerio Pío Reburro).

Menéndez y Pelayo recolléu o que puido das supersticiós galegas no tempo dos suevos, maila fonte principal, San Martiño Dumiense, no "De

correctione rusticorum", apenas di cousa que se poda aproveitar. Moito do que alí pón son datos de erudición clásica que o mesmo se poden referir a Galiza que a outra parte; é dificil ver si no que di da veneración a "mures et tineas" (ratos e traza ou "polilla"), sagrificio da langosta(?), voo das aves, cirios acesos en honra das pedras, dos árbores, das fontes, ou nos *trivios*, festa das calendas, ofrendas ó lume, viño e pan nas fontes, encantar herbas con maleficios, conxurar ós demos con encantos (fórmulas ou verbas), agardar siñás "per abicellos et estornutos", pode haber algo que se refira a nós. Os modernos afanáronse, sin gran xeito, en atopar supervivencias desto todo.

Prisciliano foi acusado polos seus nemigos de estudiar afouto ó Mago Zoroastro, de insinar e practicar a astroloxía xudiciaria, de encantar os froitos da terra mediante certos prestixios e cantares máxicos, ofrecéndoos ó sol e á lúa. Orosio aponlle certas doutriñas de tinte ocultista, como as referentes ó "Príncipe da Auga" e ó "Príncipe do Lume": a luz é unha virxe que Deus, cando quer que chova, amóstralla ó Príncipe da Auga, e o Príncipe da Auga, ó vela, quérea pillar, e da conmoción que experimenta, rompe a sudar, e produz a chuvia e mailos tronos; do que se sigue que o bon que acontez no mundo non é obra de Deus sinón da arte.

Nos Concilios de Braga, fálase de doutriñas e prácticas que non se sabe si teñen un significado herético ou máxico. Nos de Toledo IV, V, XII, XVI e XVII, prohíbense, con carácter xeral, as artes máxicas e adiviñatorias, e as usanzas xentílicas; no XVII refírese a unha práctica de maxia negra que aínda se emprega en Galiza: excomunga ó presbítero que, pra causar a morte a unha persoa, diga por ela misa de difuntos, estando viva.

Volvemos atopar algunha referencia no Concilio Compostelán de 1060, que prohibe que ningún cristián faga agoiros ou encantaciós, nin invoque a prol da sementeira á lua nin bestas inmundas, nin penduren as mulleres bonecas nos teares, que todo esto é idolatría, sinón que todo se debe facer "in nomine Patris et Filii et Spiritus Sancti".

No seculo XIII foi tido por "nigromante" o arcebispo de Compostela, Don Pedro Monís, que era nativo de San Fiz de Brión, na Mahía, e home de moito saber. Din que era tan sabido nas artes máxicas que estando unha vez en Roma pola noite de Nadal, veu a Sant-Iago voando polos aires, e aínda chegóu a tempo pra cantar a derradeira lección de Maitines.

No século XV, en Ourense, o bispo facía vixiar á Condesa de Frómista, "que facía encantos e ceras". Pódese supor que as "ceras" fosen as figuras de cera que se empregan pró *envoûtement*.

En 1499, escribía Don Pedro de Ayala dende Londres ós Reis Católicos, decíndolles que hai adiviños en Gales "como en Galicia", e referíndolles o que lle ocurríu ó Rei de Inglaterra cun diles, e da vida devota que leva o rei despóis da profecía.

No século XVI encomenzan as causas de bruxería que coñecemos. Os Inquisidores decían que estaba Galiza "muy afligida de esta plaga". En 1562, laiábanse os Inquisidores diante do Consello da dureza con que as xusticias ordinarias trataban ás bruxas, decindo que se temía que as da Guarda fosen queimadas, como xa tiña feito outro xuez secular. En 1579, compareceu diante do Tribunal do Santo Oficio, Pero Sánchez Cego, que falaba cos anxos e co demo, adiviñaba as cousas furtadas, curaba endiañados invocando a *Bercebú* e *Xan Moxico*, bautizóu a un rapaz mal bautizado, etc.; saíu de penitente e recibéu cen azoutas. Cítanse os procesos de Ana Rodríguez, en 1609, que dá por feito a presencia da bruxa no lume do fogar, e di que, pra botala fora, barría a lareira cun restrelo do liño, e apagaba o lume con auga benta; de Elvira Martínez, bruxa de Cangas, vila moi soada na bruxería, en 1627; de Eufemia Marzas, en 1637, que podía facer que lle dese un avagante a unha persoa cantas veces quixese, facéndolle cruces na frente, e espertábaa abrazándose a ela; de Inés Fajas que, en 1650, falaba cos difuntos, os cuales decíanlle o que había responder ós que a consultasen; e de Xácome de Pígara que adiviñaba deitando pingas de cera dunha candea cuia mecha fose fiada por tres Marías, nunha escudela de auga, onde decía que vía as persoas que botaban as malas fadas.

No XVII, que foi o gran século da bruxería en toda Europa, Galiza tiña sona de ter moitas bruxas. Tirso de Molina decía:

> es tan fértil en dar brujas
> como nabos.

E Lope de Vega, falando de Fileno, o gaiteiro:

> toca de noche a las brujas
> que andan por esos barbechos
> y una noche lo llevaron
> de donde trujo el asiento
> como ruedas de salmón.

Francisca Sánchez, penitenciada polo Santo Oficio, en 1703, pretendía ter potestá pra conxurar os tronos. Mais niste século é cando encomenza a minguar a persecución das artes máxicas, e a medrar o escepticismo das clases educadas. É a época do Padre Feixóo. Pódese decir que, entre nós, remata a "historia" das ciencias prohibidas, e a creencia convírtese en "subhistoria".

PERSOAS CON PODERES SUPRANORMÁS

Hai procedimentos máxicos que calquer home ou muller pode pór en práctica con tal somentes de que o seipa facer, porque se coñece que a súa virtude está no procedimento mesmo, na fórmula verbal ou mímica, nos instrumentos (unha vara de abelaira, unha navalla que non fora usada, etc.) ou nas materias (cera virxe, aceite da lámpada de tal santo, lenzo que non fora lavado, terra de sete camposantos, etc.) que se empregan.

Mais hai outras operaciós que precisan condiciós especiás: tres mulleres que se chamen María, pra pasar un neno pola fenda ou a ponla en forquita dun carballo, pra curar a esbrilladura ou o enganido; o primeiro que pase pola ponte, pra bautizar un neno no ventre da nai, cando á nai non se lle logran os fillos; un carpinteiro fillo e neto de carpinteiro, pra cortar o atadello das pernas dun neno impedido, sandándoo coesta operación de maxia simpática, e así outras moitas.

Tamén pode unha persoa calquera acadar poder pra algunha cousa especial por un acto que realice, mesmo sin se decatar. Así, o que mata unha toupa coa mau —nalgús sitios din que a tén que tirar pra trás, despóis de morta, por riba do hombreiro esquerdo— colle a virtú de sandar as doores de barriga aplicando ó doente a mau con que matóu a toupa.

Istes son casos especiás, pra unha eficacia determiñada; mais logo hai outras persoas especialmente fadadas, sexa ou non de nacencia, pra dispór, dunha maneira ou doutra, das forzas ocultas, e outras que o fan por estudo, tendo recibido unha instrucción oral doutras adicadas ó mesmo mester.

Iremos describindo, un por un, istes tipos.

O saludador

"Saludador" quer decir "dador de saúde", anque non sexa ésta a súa única propiedá. Pode ser home ou muller. A virtude venlle de nacencia: é unha *fada*, dende logo, unha boa fada, que lle vén de ser o sétimo ou o noveno fillo dunha nai que non tivera outros seis ou oito fillos seguidos, todos varós, sin interporse ningunha filla; ou de ser a sétima ou novena filla, nas mesmas condiciós; ou de ter nado o mesmo día e á mesma hora que Noso Señor (algunhas veces din tamén que por nacer no Viernes Santo).

Claro que o sétimo ou noveno fillo, asi como sai saludador, pode saír lobishome, si e varón, e bruxa, si é muller.

O saludador trai consigo unha marca distintiva, que é unha cruz, ben sexa no ceo da boca, ben sexa debaixo da lingua. Porque é na boca onde tén principalmente a virtude: cura as doenzas e principalmente a rabia, co cuspe ou co abafo. Pero ademáis pode realizar moitas operaciós beneficiosas prá xente, dándolle incluso boa sorte, anque tamén pode facer condenaciós.

En Piñeiro, perto da Ulla, había un rapaz de vintetantos anos, que era sétimo fillo, tiña unha cruz no peito e outra no ceo da boca, facía levedar o pan e curaba as chagas botándolles o abafo.

O vedoiro

Aquil a quen, ó bautizalo, en lugar de lle pór o olio dos vivos lle puxeron o dos difuntos, adquire a propiedad de vel-as cousas acochadas. Xa nos temos referido ós vedoiros ó tratarnos dos tesouros ocultos e máis das ánimas.

O vedoiro non somentes ve as almas dos difuntos sinón tamén o lugar en que se atopan no outro mundo, si están no ceo, no purgatorio ou no inferno; saben quen vai morrer e cando; ven os tesouros e outras cousas ascondidas e poden recibir polo pensamento noticias de calquera parte do mundo.

En Sabadelle, perto de Ourense, había un do que decían que tiña "un signo" e non somentes daba razón da sorte dos difuntos no outro mundo, e da vida dos ausentes, sinón que, ás veces, de noite, tiña que recorrer corenta provincias.

Somentes uns poucos distes vedoiros explotan as súas facultás preternaturás, adicándose ás artes adiviñatorias, mailos que o fan soen ter éxito. Moitos dos que chaman "sabios" e "sabias" soen ser vedoiros, como os que, asegún temos visto, eran consultados polos buscadores de tesouros. Non embargantes, alí vimos que se trataba principalmente de mulleres, namentras que a maor parte dos vedoiros de que hoxe ouvimos falar, son homes, e moitos deles non están adicados a adeviñaren nin a dar consultas.

O pastequeiro

Os *pastequeiros* son propios dos arredores de Pontevedra, parroquias de Santa Comba e San Cibrán de Bértola. Máis que donos dun poder, semellan poseedores dun segredo pra curaren o *meigallo* e doenzas semellantes por medio de oraciós e bendiciós que, podendo ser, fano na eirexa da Santa ou na capela do Santo ou, polo menos, no adro ou no camposanto. É significativo que se trate de dous santos que primeiro foron bruxos. O nome de "pastequeiros" venlle das verbas "Pax tecum", que soen empregar a miudo. Acoden a iles xentes de moi lonxe. Ás veces, os pastequeiros son homes (máis raramente mulleres) nada interesados e de verdadeiro fervor relixioso. O procedimento, dunha maneira xeral, é o seguinte:

O enfermo ponse de xionllos no chao, mirando prá imaxe do San Cibrán. O pastequeiro bótalle ó pescozo unha estola e unha cruz de Caravaca (tamén, ás veces, medallas, rosarios, reliquias e obxetos bentos) e con outra cruz de Caravaca na mau, faille cruces na cabeza, recitando determiñadas oraciós. As do chamado Garamillas de Bértola son as seguintes:

> Si eres de mal hechizo, liberame Domine; si eres tocado a xente ediversa, liberame Domine, y si eres tocado a Satanás, requiem en paz.
>
> Dios grande y poderoso, sea vuestro Nombre glorioso y por vuestra santa intercesión, sean obligados a retirarse todos los males que padece este enfermo. Yo, Cipriano, y con el poder que en este acto Nuestro Señor me concede, sáneme mediante los espíritus superiores, el gran Adonay, Alain, Goevá, Meón, sean obligados a retirarse este mal que padece este enfermo, sean cumplidos por mujeres o hombres o otra cualquiera cosa; si no les mandaré amarrotar con la cadena del Arçangel San Miguel y disciplinaré con oración de San Cipriano, que está dispuesta a deshacer toda

> clase de hechizos, cuando sean promovidos por hombres, mujeres o otra cualquier cosa, en el cual cuerpo hago tres cruces y le bendigo en el Nombre, etc.

Despóis, asegún a hora do día, xantan ou merendan, pró cual o enfermo tén que levar tres libras de pan e tres netos de viño. Xantan todos, agás o doente, cuia parte hai que botala ó camposanto, prás ánimas. Denantes, o pastequeiro molla un pouco pan no viño, e fai cruces na cabeza do doente, repetindo a primeira oración.

O Manso de Tomeza emprega esta outra:

> Abernuncio us Pasteco con espíritu tuas e de labatorios sanates cues justo Nazareno Hijo de la Virgen María, quita o teu pauto do corpo da hechicería.
>
> Con este pan, con este vino, corto la plaga de muerto y la plaga de vivo.

Nestas oraciós están misturadas tantas cousas, unhas de procedencia litúrxica, outras de procedencia máxica (os nomes de Deus dados como de "espritos superiores": *Alain* é *Elohim; Meón* é *Metatron,* un dos grandes espritos da Kabala) que non hai maneira de desenguedellala.

Os pastequeiros herdan o seu mester dos seus antepasados; é cousa de familia. Ademáis teñen discípulos, e principalmente imitadores: curandeiros e manciñeiras que operan dun xeito semellante.

O baluro

Dos baluros témonos ocupado ó tratarmos da relixión. Son cousa semellante ós pastequeiros, mais non temos diles tanta información. Así como os pastequeiros son herdamento de familia, os baluros semellan ser privilexio dunha terra determiñada. Preocuparon a Murguía, que dí:

> Inda non se tén ben sinalado o verdadeiro carácter destas xentes, de onte marcadas cun selo a un tempo de reprobación e consideración. Chámanlles baluros, non por servidores de Baal, como da a entender Boán, antes por naturás das montanas que chaman Valuras. A pesar diso, non se pode negar que teñen os caracteres dunha raza maldita e por tal a tén o pseudo Servando, cando escribe deles que "é a xente máis ruín que ten Galiza". Hastra hoxe non perderon a mala sona. Eles, pola súa parte, explotaron ben a sorte de superioridade que esto lles daba, e aínda apropiábanse de boa gana o carácter semisacerdotal con que a superstición da xente os creía adornados... ben se deixa ver que os tiñan por cheos dun poder sobrenatural, anque de xeito demoníaco, como entre feiticeiros e servidores da Eirexa... Pedían "prás once mil vírxines e once mil cantantes que con medio corpo na i-auga e medio fora, cantan noite e día na lagoa de Caque" que é a de Santa Cristina. Atal, ó menos, se desprende do párrafo 12 das constituciós que á eirexa de Tui deu, en 1775, seu bispo Frei Xoán de Villamar: Deseando vivamente ocurrir a los gravísimos daños que en las almas sencillas ocasionan los cuestores que el

vulgo llama Baluros, ya con predicación de milagros, revelaciones, profecías, promesas e indulgencias fingidas, oraciones y exorcismos supersticiosos, ya con engaño, amenaza y vanas descomuniones que fulminan para atemorizar a los rústicos y sacarles su dinero y alhajas, mandamos etc.

O que nos chamóu a atención é que, a pesares de que a Inquisición de Sant-Iago encausóu a moitas bruxas, non atopamos noticia de que un só baluro fose encausado polo Santo Oficio.

Amor Meilán di que a terra dos baluros é o actual municipio de Cospeito onde estivo o palafito (vila asolagada de Beria: véxase a relación coa leenda de Alceo de Verial). Do de Castro de Rei soio alcanza a parroquia de Triabá e seica algunha outra lindante coaquil. As incursiós dos baluros teñen aínda agora por principal teatro os chaos casteláns de onde veñen con bos cartos, arrincados á superstición máis que á credulidade das xentes.

Asegún informes de Aquilino Iglesia Alvariño, a terra dos valuros (así o pón) —que pudera ser unha antiga "Valuria"— colle casi toda a Terra Chá de Lugo. Abrangue dende Xarmar ó norde, deica Ribeiras de Lea, no sul, e dende Castro de Rei ó leste, deica Pino ó oeste. Os baluros ou valuros son santeiros, que piden cartos pra iles mesmos, e curan doenzas das persoas e dos animás. Contra diles ditóu Cartas Pastorales o bispo de Mondoñedo Frei Martín Sarmiento de Sotomayor, polo ano 1750. Hoxe hai xa poucos, pero aínda quedan algús, e son todos daquela terra.

Bruxas e bruxos

En primeiro lugar compre distinguir entre a *bruxa* e a *feiticeira*, que entre nós chámase, polo regular, *sabia*. "Os autores franceses —dí Alfredo Faria, nun traballo pró "Diccionario do Folklore Portugués— que escribiron sobre o asunto non fan a racional discriminación entre bruxas e feiticeiras que fan os mitógrafos portugueses. Baixo a designación colectiva de feiticeiros incluien feiticeiros, feiticeiras e as propias bruxas, anque a natureza destas últimas sexa de moi diversa especie: a feiticeira exerce unha ciencia, a bruxa *cumpre* un *fado*". A contraposición non é tan radical como a pón Faria, maila distinción é indispensable; das feiticeiras ou sabias trataremos aparte.

No final da Mitoloxía dixemos que as bruxas non son inteiramente persoaxes míticos, mais que na súa representación entran elementos míticos e, dende logo, antigos, incluso prehistóricos, como son a idea de voaren polo aire e a de se transformaren en bestas, e que a carón destas ideas aparecen outras de procedencia cristiá como son a do pauto co demo e a do aquelarre.

A idea das bruxas é, polo tanto, un complexo que repousa en parte en antigas creencias de feiticeiría e pantasmas e que foi logo desenvolta nos procesos da xurisdicción civil e da Inquisición. A idea cristiá da

bruxa estaba xa formada en 1480, como se vé no "Tractatus de Strigibus" de Bernardo de Como. Asegún o "Handwoerterbuch des deutschen Aberglaubens", nela están ligadas as seguintes representaciós: 1. pauto e amores co demo; 2. herexía ou culto de divindades extranxeiras; 3. feiticeiría danosa; 4. voo polo aire e trocamento en bestas. O primeiro grupo (1,2) procede, no esencial, da teoloxía medieval; o segundo (3,4) das creencias populares en difrentes pobos. Gracias ó gran espallamento e longa duranza das causas por bruxería, a idea teolóxica penetróu no pobo, e agora é difícile arredar unha cousa da outra. Soldan-Heppe, Hansen e Frank danlle orixe latina e oriental; Grimm, Mogk e Noreen danlle orixe xermánica.

Hai quen tén visto nas bruxas vestixios de cultos matriarcás prehistóricos; outros déronlle un significado de protesta social, como Michelet. Sin desbotar inteiramente istes pensamentos, coidamos que, en parte, puderon influir outras lembranzas de feitos antigos, por eixemplo, na idea do aquelarre, a dos conciliábulos heréticos dos primeiros séculos cristiáns, incluso das xuntanzas nocturnas dos priscilianistas de que falan os Concilios.

O nome de *bruxa* non é galego de orixe; o nome máis propiamente galego é *meiga*, que se fai vir do latín *medica*, que C. Cabal pón en relación con *megos*, "maquinación, propósito", e con *medomai*, "proporse, maquinar", que veñen da raíz "med" de onde vén o nome de Medea.

Pódese chegar a ser bruxa de varias maneiras:

1ª Por *fada*. 7ª ou 9ª dunha riola de sete ou nove fillas seguidas da mesma nai, sin interporse ningún varón, tén que saír bruxa. É, como si dixéramos, a parte que leva o demo nos fillos dun matrimonio. En Portugal e nalgunhas partes de Galiza, din que hai un medio de se librar desta fada: que a irmá máis vella lle sexa madriña no bautizo e que lle poña o nome de María ou outro da Sagrada Familia. En Portugal din tamén que se libra da fada si nace *asiñalada*, ou sexa con algún defecto físico.

2ª Por *herdamento*. Unha bruxa non pode morrer sin deixar outra que herde a bruxería e que faga as súas veces; por eso tén que buscar unha rapaza nova a quén trasmitir o seu poder, xa sexa dándolle a mau, como fan en Asturias, xa entregándolle a basoira a cabalo da que voa, como din no Castro de Caldelas, xa, como é mais común, o cacho onde teñen o unto.

> Nunha casa de San Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga) había dúas mulleres, tía e sobriña, solteiras, e máis un irmáu da tía. A tía era bruxa e enfermóu e estaba a morrer. Mais ela, enantes de morrer, queríalle deixar o cacho á sobriña, e entón chamaba:
>
> —Ven eiquí, colle eiquí, herda, herda!
>
> Mailo irmáu lle non deixaba ir á sobriña onda ela, e entón a bruxa botóu moitos dias pra morrer, porque non podía morrer namentras non lle deixara o cacho. E como o pai non deixaba chegar a sobriña onda ela, por eso foi que tardóu en morrer. Mais por fin púdollo dar, e entón morréu e a sobriña quedóu feita bruxa.

3ª Sabendo ou recitando o *Padrenuestro* das *bruxas*. Abonda decilo, anque según outros haino que saber de memoria. É o seguinte:

Pai sodes noso escollido
para vos a gloria dar
pai sodes noso solmente
para vos a gloria dar.
Pai sois noso xardín
para a gloria nos dar:
amai vos este meu corpo
para vosa alma consolar.
Amén.

4ª Dun xeito que non se indica ben e que aparez na seguinte historia recollida en Dozón:

> Había unha familia nun pobo e tiñan dúas fillas das que a máis vella era bruxa, e como era bruxa adiviñaba o que había pasar, e por eso queríaa moito a xente, e a irmá, vendo que ela era tan querida de todos quixo que lle ensinase a maneira de se poder facer bruxa. E a bruxa díxolle:
>
> —Filla, vai ás once da noite ó sitio onde crucen dous camiños e déitaste niles, que logo verás vir un carro, mais non te asustes anque pase por riba de tí.
>
> Mais ela cando viu vir o carro enorme e unha xunta de bois que turraban dil, asustouse e dixo:
>
> —Xesús me valla!
>
> E niste instante desapareceu todo.

5ª Por unha sorte de *iniciación*, na que hai que arrenegar de Deus, da Virxe e dos Santos todos, e facerse amiga de Lucifer.

Coida a xente que as bruxas forman unha sorte de secta ou sociedade segreda na que adoran ó demo, co cual acostúmase asegurar que teñen pauto, e aínda algunhas veces, anque xa non tanto, que teñen que ter trato carnal. Din tamén que as bruxas teñen unha *Maestra* a quen todas obedecen, que é a que "reparte as bruxas pra Sevilla" e o día de San Xoán reparte as moscas.

O culto principal desta secta é a xuntanza das bruxas que se fai unha ou máis veces ó ano, regularmente o día de San Silvestre o 31 de Xaneiro, mais tamén na víspora do San Xoán e noutros días e, asegún algús, todolos sábados, no areal de Sevilla, ou no areal de Coira perto de Pontevedra, ou en Monte Faro.

Nestas xuntanzas aparez o demo en figura de cabrón con tres cornos ou de carneiro, e as bruxas bícanlle o cú. O demo reparte a cada unha a súa misión, reparte as moscas e semella que tamén o unto e outros ouxetos máxicos, e as bruxas e bruxos xantan, beben viño e bailan "en malas formas". Non coñecemos nome especial que se lle dea ó demo, fora dos coñecidos: Satanás, Bercebú, Lucifer, etc.; o nome de *Xan Moxico* aparez nun proceso do século XVI.

Non temos recollido ningunha alusión á "misa negra"; somentes nunha versión procedente de Mundil (Celanova) di que na xuntanza das bruxas celébrase unha *media misa.*

As bruxas van a Sevilla, ou onde sexa, voando polo aire a cabalo, polo regular, dunha escoba. Pra elo téñense que untar cun unto cuia composición non é coñecida, anque algunhas veces din que se untan con aceite ou, como din en Portugal, con aceite *zimbre.* Unha versión procedente de Laias (Ourense) di que o unto componse de grasa de porco, pós de rabo de lagartixa, ósos de difunto, e unto de sapo. Ó untárense din unhas "palabras malditas", que, ó parecer, son: "sin Dios e sin Santa María, pola chemineia arriba". Ruben pola gramalleira e saen polo burato da chemineia, anque tamén pode ser por unha fiestra, por unha troneira ou por un buraco calquer, e van voando polo aire, cáseque a ras de terra, polo cual, pra guiárense ben polo camiño e non tropezar coas ponlas dos árbores ou cas garamatas das paredes, teñen que decir tamén unhas palabras, que son:

Por arriba das silveiras
e por baixo das carballeiras

Si algunha se trabuca ó pronuncialas, chega a Sevilla toda esgazada nas espiñas das silveiras.

Tense dado o caso de que algún home saíra voando atrás das bruxas, e verbo disto hai unha chea de contos e de historias.

En Ourantes contan dun home que tiña muller e fillas e unha noite viu que elas untábanse nun cacho e saíron voando, e il fixo igual e chegóu a unha casa onde estaban moitas bruxas co demo, e aledánose moito cando il chegóu, e o demo díxolle que puxera un O nunha lista que lle presentóu (a lista onde se apuntan os que queren ser bruxos) mais il puxo unha cruz, e entón desapareceron todos berrando, e il non puido saír e chegóu o dono da casa e deulle de paus deica que contóu todo.

Un conto, recollido por Lamas Carvajal, fala do zapateiro de Cangas, que voóu coas bruxas e levaba a subela, e cando lle tocóu de bicar o cú do demo, o zapateiro espetoulle a subela; mais como o demo tén o coiro moi duro, coidóu que eran cóxegas e preguntóu:

—Quén bicóu?
—O zapateiro de Cangas.
—Que non volva a bicar, que lle pican as barbas.

Outras veces o home vai coas bruxas, mais ó pronunciar o nome de Xesús, as bruxas déixano encoiro decindo:

Falaches no Tirulú,
quédate ahí home nú.

Tocantes á transformación en bestas, cóntanse unha chea de historias. Asegún Carré Aldao convírtense en *abellóns* pra dañaren ó gando, polo cual din: "O que mata un abellón, tén cen anos de perdón". En Trasariz

aparecen en figura de *araña de longas patas;* contra delas din: "arrenégote bruxa que en mín non te metes". En Poulo e San Lourenzo de Gomesende, dous amigos que viñan de camiño atoparon dúas burras perdidas; montaron nelas e elas trouxéronos toda a noite por despeñadeiros e camiños téneros, e amañeceron moi lonxe, á beira do río: eran dúas bruxas. En Rodeiro (Lalín) aparecían en figura de cabalo; un individo montóu unha vez nun cabalo que atopóu de casualidá e o cabalo iba medrando tanto que dixo: "ai María Santísima!"; e o cabalo díxolle: "outra vez que a volvas nomear, mátote". Tamén aparecen en figura de *mosca raxada.* Un home de Allariz viu unha destas moscas e matouna cunha vara de oliveira benta, e a bruxa apareceu morta na cama. Na Póboa do Brollón din que un home viu unha pita na meda do pan, tiróulle unha pedra e deulle nun ollo e cando chegóu a casa a xantar, a muller estaba torta e díxolle: "foi da pedra que me tiraches".

Asegún Weiser-Aall, as antigas bruxas nórdicas podían saír dos seus corpos e apareceren noutra figura, especialmente de bestas, quedando o seu corpo real como si estivera morto. Esto é o que os antigos xermáns chamaban *Filgia,* que algús, como Frazer, interpretan trabucadamente por "alma exterior". Os ocultistas modernos din que é o "corpo astral", que se arreda do corpo físico e colle a figura que lle impón a súa fantasía; mais todo dano que reciba o corpo astral refléxase no corpo físico. Esta idea é corrente nunha chea de historias medievás e a ela nos temos referido ó falarmos do lobishome.

Aparecen tamén as bruxas de noite en figura de luces, e nesta forma confóndense a miudo coa Santa Compaña, como temos visto que puxo Valle-Inclán en "Romance de lobos". A mesma idea aparez na Alemaña medieval, onde as bruxas formaban o acompañamento nocturno de Herodías.

As bruxas non paran na súa cobiza de fagueren dano ás persoas; téñeno que facer así pra lle dar gusto ó demo. Apónselles, en primeiro termo, o *mal de ollo.* Logo fan outras moitas falcatrúas: secan as sementeiras e fan perder as colleitas; bótanlle enfermedades ó gando e fan enfermar ós cristiáns (*mal dado* ou *dada*); fan que unha vaca bote sangue en lugar de leite; fan trabucal-o camiño ós que van de viaxe; levan ós camiñantes nocturnos por silveiras e regueiros, facéndolles esgazar a roupa ou a pelexa e deixándoos mollados coma pitos; veñen lavar o cú no leite que está posto ó lume; veñen bailar na lareira das casas; botan á xente plagas de piollos; non deixan andar ós bois; moxegan ás persoas que están durmindo, deixándolle o sinal negro dos dedos, ou mórdenos, deixándolle marcados os dentes; en Dozón, tolléronlle as maus a un crego que daba rescritos, e así outros moitos males. Unha bruxa de Sober decía: "todolos días teño que facer algún dano".

En dúas cousas gózanse moito as bruxas, que son moi temidas da xente: en zugaren o sangue das persoas, especialmente dos nenos, e en amos-

caren as vacas. As que veñen de noite chucharen ós nenos ou persoas, pra lle zugaren o sangue, chámanlle, nalgús lados, *meigas chuchonas;* non se vé a ferida que fan mailos rapaces vanse mirrando e enfraquecendo, e si non se acode a tempo acaban por morrer. Nesta representación interfire a idea do vampiro. O que as vacas se amosquen é unha das cousas que máis desesperan ós labregos, e por eso as bruxas o fan. Din que son elas as que tran as moscas, as cuales sonlle repartidas, na xuntanza nocturna, polo demo ou pola Maestra das meigas, e elas despóis espállanas e bótanllas ó gando.

Hai unha chea de procedimentos pra descubrir ás bruxas. Un dos millores é o de pillalas na eirexa: si o crego, ó rematal-a misa, deixa o misal aberto pola "folla de santos" (a que está enantes do Canon, e leva a imaxe de Noso Señor na cruz), as bruxas que estean na eirexa non poderán saír namentras non se peche o libro, e desta maneira pódese saber quenes son. Outro é o de botar na pía da auga benta, no intre de alzar, unha vaiña que teña nove fabas, o cual tampouco deixará saír ás bruxas da eirexa; e o mesmo efecto fai botar algunhas areas na pía cando corren estrelas no ceo, ou sinxelamente unha moeda de cobre, que antigamente tiña que ser de dous cartos e despóis un patacón ou can grande. Cando unha vaca bota sangue en lugar de leite, pra saber a que lle fixo o mal, non hai máis que fritir o sangue nunha tixola: a bruxa non tarda en vir á cociña a suplicar que quiten o sangue do lume, porque se sinte abrasada de doores. En Sober unha bruxa fixo morrer un marráu dun veciño; aconselláronlle que queimara o marráu, e cando o tiña no lume, apareceu a bruxa pedindo perdón, pra non morrer abrasada. O mesmo se atingue, cando unha persoa está embruxada, collendo a camisa que leve posta e mallándoa a paus; tamén a que o enmeigóu vén pedir gracia. En Nogeuira de Dozón, botan millo miudo nunha fonte que nunca seque, e espreitando enantes que naza o sol, vese á bruxa, que o tén que vir a apañar. En Paderne de Allariz, cando se desconfía dunha muller que é bruxa, agárdase a que estea sentada ó sol, e entón chantan un cravo no chao onde colla a sombra da que está sentada; si é bruxa, non se poderá erguer do asento.

Os medios que hai pra se protexer contra das bruxas son tantos que non hai modo de referilos todos. Hai medios apotropaicos de dúas castes: relixiosos e máxicos. Entre os primeiros, están os escapularios, a auga benta, o sinal da cruz, os rescritos, as palabras de San Xoán retorneadas e, en xeneral, as que chaman *cousas boas*. É bo arrenegalas sempre que se fale delas, millor invocando a algún santo; hai fórmulas moi usadas: "arrenégote demo, meigas fora", "San Silvestre, meigas fora", "arrenégote, mañá é martes". O Padre Sarmiento fala dunha campá que había en Cangas, que escorrentaba as bruxas; o mesmo din en Dozón dun libro que tiña un cura dalí.

Medios de caracter máxico son o traguer consigo allo e prixel, ou ruda, unha cabeza de vaca loura ou os cornos diste becho, unha bulsa con dúas patas de toupa, a cual débese traguer tres meses, rezando todolos días un padrenuestro pola bruxa; clavar unha ferradura vella na porta da casa; traguer ó pescozo durante nove días unha bulsa con terra de nove campo-santos; pór nunha trabe unha bulsa cun rescrito envolto cun allo; plantar no eixido ruda de tres gallas.

Fanse tamén unha chea de operaciós e de fórmulas: cando se pasa por onde se pensa que hai bruxas, facel-os cornos coa mau decindo: "meigas fora"; cando se ve vir unha que se sospeita que o é, ou se ven as bruxas en figura de luces, trazar na terra un círculo cunha ou tres cruces e meterse nil; chantar na terra unha navalla, pra que as bruxas se metan no burato; cuspir nunha cruz que se fai no chao; é de moita usanza que os homes, cando pasan por un lugar onde hai bruxas, boten a faldra da camisa fora.

Os tempestarios

Chámanse na nosa Terra: *nubeiros, escoleres, tronantes* ou *tronadores, legromantes, degrumantes* ou *negrumantes*, e son os que producen e dirixen as treboadas e botan os pedrazos que arrasan os campos. Chámanse *nubeiros* pola sua relación cas nubes, *tronantes* porque fan os tronos, *legrumantes* por seren bruxos (de *nigromantes*, que se chamóu ós practicantes das artes máxicas en xeral, anque *nigromancia*, entre os antigos, non era máis que a adiviñación que se facía invocando ós difuntos). O nome de *escoler*, moi común, é máis estrano; hai quen, como C. Cabal, pensa que lle ven dos "escolares" ou estudantes de artes ocultas da célebre Cova de Salamanca, dos que se dixo que erguían treboadas espantosas. Nunha información recollida en Velle, perto de Ourense, dise que os escoleres son mendiños que se volveron tolos a poder de estudiar nas escolas de San Patricio; en Portugal apúñase o mesmo ós "matemáticos" (os astrólogos eran chamados moitas veces matemáticos) das covas de Hércules; en Couso de Avión (Ourense) din que os escoleres son homes moi sabidos, que ruben ás nubes e fan tronar.

En todo caso, son homes viventes, de carne e óso, como os demáis; non son seres míticos, anque tampouco bruxos ordinarios, sinón especializados no mester de formar e levar a treboada. Poucas veces se apón esto ás outras bruxas. Ademáis, os tronantes soen ser de cote varós, namentras as bruxas cáxeque sempre femias.

Os tronadores son, unhas veces, xente do país, persoas coñecidas de todos, e outras veces forasteiros descoñecidos. No lugar de Pena Taqueira (Prexigueiro, Quines-Melón), había un veciño que era escoler, "tío Bernardo o tronador", que cobraba todolos anos media ola de viño de cada veciño, "por tornarlles o trono"; noutros lados, hóuboos que levaban a cada un media tega de pan.

En moitos sitios, especialmente no norde de Galiza, din que os tronadores veñen de Castela: son casteláns que veñen arrasar as colleitas pra que vallan máis as diles. Outras veces non se sabe de onde veñen, mais todo forasteiro descoñecido e de facha pouco corrente é sospeitoso de ser un nubeiro, singularmentes os extranxeiros ou homes de fala estrana que veñen pedindo polas casas, onde moitas veces danlle, por temor de que, si non lles dan, boten os tronos en vinganza. Outras veces son homes ricos ou cabaleiros principás.

Os tronadores ruben ás nubes nunha *polvoriña* ou nunha *fumieira*. A polvoriña fórmana achegando pó seco dun camiño e mexando nil: no remuiño que se forma pra riba ó mexar, rube o escoler. A fumieira fana non sabemos de qué xeito, no burato dunha toupa; o escoler tense que quitar toda a roupa e rubir en coiro. De que están na nube, guíana e lévana por onde lles peta. Ás veces xúntanse moitos nun lugar. A súa intención é facer mal, arrasando as leiras. De todolos xeitos, levan a nube carregada e téñena que descarregar nalgunha parte.

Os medios de defensa contra os nubeiros e as súas fazañas son de dúas castes: os xenerás contra dos raios e do pedrazo, dos que xa nos ocupamos, e outros específicos. Entre os primeiros hai un que merez especial consideración, que son as campás, de cuia usanza contra dos tronos xa falamos. Os escoleres teñen un odio especial ás campás. As campás de Furelos, en Melide, son tan temidas por iles que soen decir:

Se non foran esas cadelas que ladran, xa eu faguería a miña.

En Matamá, perto de Laza (Verín) os tronantes indignados decían:

As cadelas a ladrar
e as vellas a rezar,
non nos deixaron arrasar.

Nunha fegresía chamada San Cosme din que non poden entrar os tronantes porque "na cima está o barbudo (San Bartoloméu), no fondo o pelado (San Antón) e no medio a cadela rabiosa (a campá pequena da parroquia)".

Os medios específicos son os seguintes: en Monterroso, por eixemplo, esparexer a roupa do nubeiro que il deixóu atada ó rubir en coiro ás nubes; faguer estrondo namentras dura a treboada con latas e berros, pra espantar os tronantes; tirarlle tiros con balas feitas con cera benta as cuales, si lle atinan, cáusanlle a morte. Polo derradeiro, o *desconxuro* dos tronos.

O desconxuro teno que facer un crego. En xeneral, apónselle ós cregos un gran poder sobre dos trebóns, anque uns teñen máis e outros menos. En San Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga) decían, en 1931, que había vintetantos anos tocaban as campás a trono, mais un cura que veu, suprimiuno, porque decía que namentras il estivera na parroquia non había vir trono que fixese mal. Unha vez, un home da parroquia morréu dun raio e

o cura asegurόu que non podía ser que morrese dentro da parroquia e, efeitivamente, foi tres metros afora do lindeiro.

O costume de desconxuraren os tronos os cregos, hai pouco que desapareceu, e seguramente que se conserva aínda nalgús lados. A Eirexa tén exorcismos e oraciós contra das treboadas. Maila xente pensa que é contra dos nubeiros.

O crego pode, desconxurando, facer que o nubeiro leve a nube pra outro lugar, ou pode facer caír ó tronante das nubes. Algunhas veces din que como o tronante tén que descargar a nube nalgunha parte, o crego tenlle que indicar onde o ha facer, xa empregando a designación xeral de "montes ermos", xa sinalándolle un lugar determiñado. En Velle, un abade chamado Don Francisco Prado Lozano desconxuróu a un escoler, que lle preguntóu:

—E logo, onde queres que vaia descargal-a pedra?
—Onde ti queiras
—Na serra de Mosteironda?
—Alí non, que é ribeira muy fonda.
—Pois logo vou á do Curbeiral.
—Alí tampouco, que é ribeira igual. Vai ó monte de San Paio que alí tés monte e monte onde descargar.

Unha vez, un crego, todo apurado, mandóu o escoler prá súa horta, e en sete anos non lle volvéu dar froito. En Amoeiro din que demandaron a un abade no xusgado por deixar caír a pedra nunhas leiras. Namentras desconxura, o crego pasa moitos traballos e suda a fío hastra tal punto que o abade de Vilaquinte tiña que ter alí sete calzoncillos pra se mudar de tanto que sudaba. Nalgús sitios dín que ó nubeiro hai que darlle algo, e así un crego de Vilar de Ordelles tívolle unha vez que tirar os zapatos que levaba.

O crego vai desconxurar con pelliz e estola, levando o libro e o hisopo, co cual fai cruces contra das nubes. Din que cunha sola pinga de auga benta que lle chegue ó tronante, iste cai da nube en baixo. Téñense visto caír en difrentes formas: ou espidos de todo, ou vestidos de "caballeros" con levita e chistera, xa en forma de homes todos negros ou de esqueletes moi negros que unha vez que cairon en Velle desfixéronse en fume negro que rubíu de novo ó ceo; xa tamén, algunha vez, en figura de anacos de ferro. A creencia nos fautores de tempestades semella corrente nos pobos chamados primitivos. Caro Baroja recolléu unha chea de tradiciós antigas e clásicas referentes a iles. Na Edade Media, a cousa dábase por feita: no Foro Xuzgo castígase con pena de douscentos azoutes, sinalamento na frente, exposición á vergonza pública e prisión ("inmissores tempestatum qui quibusdam incantationibus grandines in vineis messibusque inmittere perhibentur"). Chamábanse "tempestarios", e no tempo de Ludovico Pío foron moi perseguidos nas Galias, tanto que San Agobardo arcebispo de Lyon tivo que escribir un libro, "Liber contra insulsam vulgi

opinionem de gradine et tonitruis", no que combate a creencia, como fixo moito despóis o Padre Feixóo. Di que os tempestarios cobraban un trabuco ós veciños por deixalos exentes do pedrazo, como no caso que citamos enriba. En toda Europa son coñecidos os que na Alemaña chámanse *Wettermänchen*. Eugen Mogk dí que as bruxas da Xermania e as *Trollen* do norde tran o mal tempo e a treboada, van polo aire a cabalo das nubes, en figura de curuxas ou de corvos, e poden ser cazadas a tiros, coma vimos tamén entre nós.

Sabios e sabias

Dixemos que había quen pensaba que namentras a bruxa cumpre un *fado*, a feiticeira exerce unha ciencia. Na maor parte dos casos, a feiticeira é chamada *sabia*, anque tamén se lle chame *bruxa manciñeira* cando se adica especialmente a curar doenzas, *meiga*, e outros nomes que varían moito. Namentras as bruxas son de adoito mulleres, hai cáseque tantos *sabios* coma *sabias*.

Tanto uns como outras son persoas adicadas ás artes máxicas ou que poñen en práctica diversos poderes extraordinarios. Moitas veces chámanlle diste xeito ós espiritados, corpos abertos, vedoiros, manciñeiros, compostores ou alxebristas, botadores de cartas e outros polo xeito. Tenos habido de moita sona: derradeiramente, por eixemplo, a Sabia de Torbeo e o Cego de Allariz.

Os sabios e sabias adiviñan o porvir, dan noticias dos emigrados e dos ausentes, descobren os roubos e din onde están as cousas roubadas ou perdidas, se han aparecer ou non, botan os diaños do corpo, quitan o meigallo, curan a frida de ollo, a envidia e a bruxería, os aires lurpios ou ruís, os coxos, as enfermedades, cuias causas e orixe descobren, dan remedios e consellos, compoñen amuletos e rescritos, descobren tesouros ou sinalan o procedimento pra atopalos, despachan toda caste de consultas.

Non empregan somentes medios máxicos sinón tamén relixiosos e remedios profáns, pois coñecen as virtudes das pedras, das herbas e dos produtos dos animás.

Anque, polo regular, practican unha ciencia que deprenderon, unhas veces doutros coma iles e outras tamén de libros vellos, soe supórselles unha virtude especial, que ás veces venlles de nacencia e pode obedecer a unha fada. Dunha muller cóntase que estando embarazada e indo soia unha mañá toda apurada pra chegar á misa, sintíu unha voz, que era da nena que levaba no ventre e que lle decía: "Non corra, ña-nai, que hemos chegar ben". Toda pasmada, a muller, desque chegóu á eirexa, contoullo a unha comadre. Despóis dixéronlle que si houbera calado e non dixera nada a ninguén, a nena houbéralle nado sabia.

A Sabia de Torbeo decía que cando morrera habíalle deixar o seu poder a unha rapaza de quince anos, que fora virxe e que se chamara Filomena. Esta famosa sabia tiña ataques e, pra ben ser, había que preguntarlle cando estaba co mal. Deitada na cama, emprincipiaba a ladrar como

un can, e estaba ladrando como unha media hora ou unha hora; despóis falaba e contestaba ó que lle preguntaban, millor dito, cáxeque nunca cumpría que lle preguntasen porque ela adiviñaba xa a cousa que lle iban preguntar, o mal que tiña o cliente ou a desgracia ou compromiso en que se atopaba, sin que lle dixeran nada. Din que atinaba sempre; mais cando chegóu a guerra civil, dixo e aseguróu moitas veces que habían ganar os da banda dalá e como se trabucóu, cando morréu perdera moito creto, e non consultaba.

O Cego de Allariz adeviñaba tamén a qué iban os consultantes —que eran tantos, que os autos de liña saían ás veces moito despóis da hora por agardar que rematara a consulta— e metíase nun cuarto escuro pra recibir a inspiración. Cóntanse dil acertos verdadeiramente notables.

Outro que chamaban o Bruxo tiña na casa un altar no que misaba ó seu xeito, decindo que os cregos nono sabían facer e, ademáis, as misas dos cregos non valían porque as cobraban, namentras il decíaas de valuto. Tiña unha filla xorda e muda, da que decía que era a que sabía todalas cousas do outro mundo, soio que Deus a puxera muda pra que nonas dixese. Pra decir a misa, revestíase con todolos ornamentos, como un crego, e puña á filla sentada no altar, e decíalle a misa pra dediante, como si fora unha santa. Pra adeviñar as cousas, tiña un corpo aberto, unha muller de por alí, por medio da que falaban os difuntos. Parez que iste sabio retirouse hai pouco do exercicio das súas artes e vendéu todolos adminículos.

En Xurenzás, onda o Carballiño, había hai pouco un feiticeiro que tiña moitas reliquias, unha pra cada caste de doenzas; mais il decía que todo era dos "espritos inmundos", e empregaba tamén o "Ciprianillo". Contan que lle sacóu os diaños do corpo a unha rapaza, aplicándolle unha reliquia durante dez días; e os diaños decían que querían ir prá filla dun capitán da Cruña, mailo sabio mandounos ó mar; eran sete: Pedro, Moreno, Lagarto, que era o amo de todos, Barrabás, etc.

En Mugares, perto de Ourense, había unha sabia que se metéu na cama, e tiña un fillo de quen decía que era *o Mesías;* de cando en cando, víñalle a "embaixada do ceo" e mandaba saír a todos de onde ela. Sabía as almas en pena que había no Purgatorio, e recollía moitos regalos dos pobos de arredor, onde moitos a tiñan por santa.

A Sabia de Albán (Coles) foi das de máis sona. Adiviñaba o porvir, o paradeiro das cousas perdidas, descubría roubos e ladrós. A xente decía: "Eso todo sábese indo xunta da Sabia de Albán". Iban tamén moitas mozas (sobre todo cando estaban embarazadas) e tamén moitas casadas que tiñan os maridos nas Américas e querían saber diles.

Tamén se falaba moito das sabias do Carballiño, dun que había en Ourense, e así outros moitos. Os *sabios da Lamosa,* que servían hai ben tempo de termo de comparanza prós que presumían de saber moito, non temos chegado a saber o que realmente eran.

En Pedrafita e Paracostoira (Chantada), había unha muller tida por santa que acamóu e levóu trinta anos deitada, sin xantar, e durmindo sin descansar a testa no cabezal. Non cobraba nada, mais adiviñaba e respondía ó que lle preguntaban, e cando viñan, ela xa sabía pra que viñan, e decíallo.

En San Salvador de Balboa, unha vella curaba a reuma pasando unha perna nove veces polo membro enfermo e decindo unhas palabras.

En Melide houbo unha que cando lle preguntaban, púñase a escribir na terra uns signos que non se entendían, e por aquelo sacaba a resposta que había dar. Semella un caso de "escritura automática".

Outras persoas que teñen misterio

Os *xitanos* son tidos todos por bruxos e practicantes de malas artes. Non se fían diles, e a súa principal arte adiviñatoria, a *quiromancia,* semella ter pouco creto entre nós. En tempos, as xitanas vendían agullas, maila xente decía que non se lles podían mercar, porque traguíanas con azougue, e diste xeito, atraguíanas e volvíanas levar e o que as mercara quedaba sin elas.

Antigamente creían que os *boticarios* sacábanlles o unto ás rapazas solteiras e virxes de cabelo roxo e cara branca, pra comporen remedios. Os boticarios eran todos un pouco bruxos. As rapazas novas non querían entrar nas boticas por medo que lles sacaran o unto.

Dos *tolos,* ás veces, coidan que poden revelar e anunciar cousas. En realidade, dalgús cóntanse ditos e profecías que fan pensar. Por Ourense, andaba moito, hai sesenta ou setenta anos ou máis, Don Ramoncito de Cabeza de Vaca, alí perto, que decía que era emperador e levaba unha tiara, un cetro de pau e a bola do mundo, feita con miga de pan. Era fidalgo e home de letras. Disputaba cos cregos e facíaos calar; iba á festa da Saínza e pedricaba dende o alto da capela. Predecíu, moito antes de que ocurriran, todolos inventos modernos: o teléfono, os automóviles, os aviós, o cambio de moeda, acontecimentos políticos, e outras moitas cousas.

BRUXERÍA E ARTES MÁXICAS

Os axentes máxicos

A posición psicolóxica do paisano galego con respecto da bruxería e dos encantamentos é unha posición ambivalente: semella creer cunha fé cega e cabezuda nos efectos da maxia, mais tamén é certo que moitas veces deixa trasparentar un fondo de escepticismo irónico ou, polo menos, de dúbidas. Realiza as prácticas da feiticeiría ou sométese a elas cun aquel de desconfianza e de humor, con "retranca", como soemos decir, "por un por si acaso", non vaia ser que sexan certas: polo sí, polo non, que non quede... E como, por outra banda, amostra a mesma desconfianza con respecto da ciencia, tanto da ciencia médica como da ciencia agrícola, poidérase pensar que acode á bruxería por puro escepticismo, porque, na súa

desconfianza, dalle á ciencia e á superstición o mesmo valor. Non deixa de coincidir coelo con certas actitudes filosóficas de actualidá.

Non hai que coidar que nos dean unha expricadeira da maneira de obraren as operaciós da feiticeiría; o que nos podan decir verbo desto é por demáis confuso e contradictorio, xa que as ideas máxicas orixinás quédanlles xa moi lonxe. Si queremos reconstruir unha teoría galega da maxia, témola que armar nós hipotéticamente. Na nosa tradición popular hai unha chea de sedimentaciós e estratificaciós de moi diversas camadas culturás, que se misturan e enguedellan unhas cas outras; por iso é tan aventurada a insistente procura do que nestas cousas haxa de prehistórico.

Nonos dín, realmente, por qué a bruxería fai efecto. Non embargante, atopamos na tradición popular a idea de certos "axentes" ou "forzas", que poideran ser referidos, sin moito estirar as cousas, ó tan mallado e remallado *mana* dos etnólogos.

Non se trata, hoxe en día, dunha forza única, sinón de moitos axentes difrentes, anque semellantes nos seus caracteres. Atales son: o *meigallo*, o *feitizo*, o *bruxedo* ou *bruxería*, o *mal de ollo*, o *aire*, a *sombra*, a *envidia*, a *fada*. Algunhas doenzas, como o *enganido*, o *tangaraño*, o *coxo*, o *ramo cativo*, certos remedios, como as bendiciós, talladuras, o botar o bafo, o emprego do cuspe, e as virtudes que, como temos visto, apoñen a certas persoas pra curar os enfermos, ofrecen caracteres semellantes.

O *meigallo* ven ser, en gran parte, a mesma cousa que o *bruxedo* e máis o *feitizo*. É, efectivamente, un feitizo que se apón, principalmente, ás bruxas. As meigas botan a un o meigallo, que consiste en producir doenzas graves tanto ás bestas como ós cristiáns, de tal maneira que os animás non medran e as persoas están enfermas toda a vida. Nas persoas, o meigallo pode traguer toda sorte de desgracias: o *enmeigado* ou o que *tén* o *meigallo*, non atina no que fai, sáenlle mal as cousas, tén perdas nos bés, ou máncase e creba unha perna ou un brazo, ou anda tristeiro que non levanta cabeza, ou ponse tolo, ou rifa cos parentes ou cos amigos, etc. O meigallo confóndese, ás veces, coa diabólica posesión, a cual, por outra parte, pode ser debida a un meigallo.

O meigallo entra no corpo do enmeigado de varias maneiras: unhas veces, dun xeito que podemos chamar material, dándollo no alimento, facéndolle, diste xeito, ó paciente avalar certas sustancias que producen de seu o meigallo, como son o *sangue menstrual*, do cual din que "é veneno e contraveneno" (ou sexa que, sendo veneno, pode neutralizar outro veneno) e, moi especialmente, os *pelos das bruxas*, os que non somentes obran administrados pola boca sinón tamén no uso externo, postos apegados na porta da casa, no chamador da porta, nos vestidos. Os pelos son de moita usanza na feiticeiría maléfica e teñen unha relación especial co meigallo. Outras veces, o que se dá pola boca ou por afora non é unha sustancia especial sinón unha cousa calquera *enmeigada* previamente, ou sexa, na que a

bruxa pón artificialmente a virtude malfeitora. Hai outros feitizos maléficos, como o *aceite de mirra,* dos que falaremos máis adiante.

O meigallo enxérgase moitas veces como unha cousa viva, unha sorte de becho que entra no corpo e foza nil, algo que non é persoa nin besta nin herba, pero que vive e obra de seu. Semella un concepto animista que personifica a forxa máxica. Tén unha forma material, que unhas veces é como un *embrullo de pelos,* e outras un *ourizo cacheiro.* É diste xeito como sai da boca do enmeigado, cando llo fan botar con bendiciós ou con ensalmos, que se asemellan ós empregados pra botar os diablillos do corpo.

O *aire* é coñecido en toda Hespaña, Portugal, Italia e outras partes, como causante de doenzas. É o que chaman *mal aire,* que na Italia deu nome a unha febre palúdica de que se fala moito: a "malaria". En Galiza, como en toda Hespaña, hai medo ás *correntes de aire,* entre toda caste de persoas. Pero, ademáis, hai certos aires especialmente danosos, chamados *aires lurpios, aires ruís* ou *aires cativos,* que non se sabe de onde veñen, que ó millor case non se sinten, e que, sin outra causa que o poda explicar, quebran os vidros da fenestra, fan estralar un vaso de cristal dentro do almario, secan os froitos, avolven o viño na bodega, deixan a un home tolleito, levantan as tellas do tellado, etc. Xa temos falado dos remuiños de aire, ou polvoriñas, do dano que fan e do que se lles teme.

Mais hai outros aires que se sabe de onde veñen: hai bestas e persoas, e aínda cousas, que botan un aire pezoñento e maléfico. Así, fálase do *aire de cristián, aire de doncela, aire de moza, aire de muller, de muller que non sexa virxe, de muller co mes, de embarazada, de xudío, de descomungado; aire de difunto, de enterro, de condenado; aire de becho, de becho sapullento, de becho pezoñoso, aire de araña, de limacha, de béchara, de boi, de vaca loura, de can, de cobra, de donicela, de pita, de pita choca, de gata, de gata na xaneira, de gata parida, de gata preñada, de gato, de lagartiña, de lagarto arnal, de mosca, de píntiga* ou *salamántiga, de raposa, de rata, de sabandixa, de toupa, de vaca; dun astro, dun camiño, de camposanto, de encrucillada, de lúa, de sol, de terra, de mar, de basoira, de tomba* e, por fin, *aire de todolos aires.*

O aire semella que é emanado dos seres vivos e das cousas, como unha sorte de vapor ou de abafo; mais tamén parez, outras veces, como si eses seres e esas cousas contamiñasen o aire que pasa por elas. Por outra banda, nos experimentos que fan pra saberen si un enfermo a doenza que tén é do aire, din que se ven os pelos do animal ou da persoa que o botóu. O inquérito consiste polo regular nun baño ou nun lavado do enfermo en auga tépeda de sete fontes ou de fonte que nunca seque, e coando despóis a auga por unha servilleta de lamanisco, atoparanse os pelos na servilleta.

As precauciós que se collen contra dos aires son semellantes ás empregadas contra do mal de ollo, e o tratamento, habéndoos moi variados, soe consistir esencialmente en ensalmos, fumazos, unturas e lavatorios, usándose tamén as fórmulas de *coutar.*

Un aire moi temido é o *aire do morto*. O difunto bota o aire, ben ó dar as boqueadas, ben xa despóis de morto, por eixemplo, cando o levan pró camposanto. Aquil a quen llo bota ha morrer aixiña, si non bule a precurar o remedio: iste consiste en *volverlle o aire* ó morto, pró cual tén que ir á tomba, en compaña de tres Marías, as cuales han conxurar ó difunto pra que lle volva a vida a quen lla tiróu; iste, cunha estola ó pescozo, bótase na terra e sorbe o aire con forza, pra coller de novo o aire de vivo que o morto lle levara. Todo o cual responde con seguranza á idea moi primitiva de identificar a vida co alento. A representaciós semellantes refírese o seguinte ensalmo:

Difuntiños todos
dádeme o aire de vivo
e tomade o de morto
que o de morto
non ten conforto
e o de vivo
é confortativo.
Con licencia de Dios
e da Virxen María
un Padrenuestro
e un Ave María.

Tamén usan un fumazo de loureiro, ó que lle din:

Loureiro que fostes nado
e non fostes trasplantado
quita o aire de morto
e de excomulgado.

Os mesmos efectos e orixes que o aire, tén a *sombra* de determiñadas persoas e animás. Nuns lados fálase máis ben do aire, noutros, da sombra. Esta é moi ruin, principalmente prós nenos pequenos, poilos nenos *asombrados* non medran, están febles e aínda entangarañados, cando non lles dá un paralís. Unha sombra á que lle teñen moito medo é á da pita: abonda que unha pita pase por riba do berce onde dorme un rapaciño pra que o deixe asombrado. A importancia da sombra, imaxe da alma, nas representaciós primitivas, é ben coñecida. Os mesmos procedimentos apotropaicos, diagnósticos e terapéuticos que se empregan pró aire, sirven, do mesmo xeito, prá sombra.

A *fada* é unha das potencias preternaturales máis dinas de estudo. A *fada* nada tén que ver coas "hadas", como xa diximos denantes. A fada é unha forza impersoal que obra por sí mesma e pode proceder dunha persoa ou do descoñecido. Carré Aldao interpretóu a frase "Dios te críe para as boas fadas" no senso de haber "hadas" boas e ruís; mais non hai tal: as boas fadas de que se trata é como si se dixera a boa sorte. As que en castelán soen chamar "hadas", son as nosas *donas, doncelas* ou *mouras*, e non teñen que ver máis que outro ser calquera cas boas nin cas malas fadas.

A *fada* é unha sorte, un sino que acompaña ó home por certo tempo ou por toda a vida, que tén que cumprir queira non queira, e do que somentes se pode librar por determiñados acontecimentos vountarios ou in-

vountarios, e que pode proceder de orixes diversas. Ás veces, a fada vén de herdamento, como temos visto no caso do sétimo ou noveno fillo, que, si a riola é de homes, pode saír saludador ou lobishome, e, si é de mulleres, ha saír sabia ou bruxa. O que naz na noite de Nadal ou no Viernes Santo tén a fada, indudablemente boa, de ser saludador. O ser vedoiro, por terlle aplicado no bautizo o óleo dos difuntos, é unha fada, e así hai outras fadas diferentes.

Maila fada, as máis das veces, vén dunha *maldición* ou dun *mal desexo.* Moitas veces fada e maldición case se confonden no falar da xente; din que a maldición cai sempre pero as máis temerosas son as dos pais e as dos padriños. A maldición dos pais pode ser incluso sin iles querelo: un desexo dito de palabra, nun rauto de carraxe, sin intención da faguer efecto, pode desencadear a fada sobre daquil a quen se dirixe. Unha nai dixo, en tales condiciós, á súa filla: "Así te volvas loba", e a filla quedóu suxeta á maldición e volveuse loba, a pesares do desconsolo da nai. Outras veces din que as fadas e as maldiciós non fan efecto máis que naquiles que non se persignan pola mañá, nos que non van a misa ou non creen nos misterios da relixión. Tamén, que os que están máis expostos a elas son os que teñen o costume de maldecir.

A fada pode durar certo tempo ou pode durar toda a vida. No primeiro caso, semella que a fada xa trai consigo a súa duranza, a cual unhas veces é coñecida e outras non do afectado por ela; unhas veces, iste sabe canto tempo lle queda de sufrila, outras veces non sabe cando acabará. A fada pode rematar dun xeito natural cando cumpre o seu tempo; mais tamén pode pasar por algunha circunstancia, procurada ou casual, como, por eixemplo, acontez cos lobishomes que, en moitos lados, coidan que se libran da fada pola efusión de sangue, polo comprimento do tempo. Véxase o caso seguinte. Di a xente que as maldiciós dos pais "non caen nas pedras"; en Dozón iban unha vez un pai e máis un fillo cun carro de toxos, e o fillo non lle daba ben ós toxos e o pai enfadouse e díxolle: "Aínda Dios queira que vaias dar leña sete anos ás portas do inferno". E nesto armouse unha neboeira todo arredor do rapaz, e o rapaz desapareceu no medio dela, e ó cabo dos sete anos volvéu a aparecer na casa. Outras veces pra se librar da fada abonda mudar de país. En Taboada (Lugo) unha nai botoulle unha fada a un que lle roubara a herdanza ós seus e aquil home non podía gozar saúde namentras estivera en Hespaña, mais fora dela sí, como si a maldición tivera un alcance xeográfico determiñado (o cual pode depender da maneira de botar a maldición).

Non embargante, tamén hai remedios pra librarse das maldiciós; pra esto é eficaz o penedo de Curbillón, entre Allariz e Celanova. Teñen que ir dúas persoas, o fadado e outro; o primeiro queda embaixo e o outro rube ó penedo, colle sete vasos de auga nunha pozanca que hai enriba do penedo e bótallas pola chola abaixo ó que tén a fada; despóis reza tres salves e si se confonde nalgunha palabra é que se metéu a bruxa no

medio e non sai hastra que se rece ben de todo; niste caso o da fada fica libre.

A fada pode non vir doutro sinón do mesmo que a sofre. Esto acontez cando se botan *soberbias:* niste caso é a propia persoa a que atrai a fada riba de sí mesma. O dito corrente é: "non hai soberbia que non caia". A forma típica da soberbia é: "inda eu cegue si non fago tal ou cual", ou "millor quero quedar tolleito que facer tal cousa". Os efectos distes ditos apóñense moitas veces a castigo de Deus. Unha dona de Melide, chamada Doña Genoveva, dixo unha vez que Deus nona podía poñer probe, e caiulle a soberbia e morréu pedindo. Por eso hai moito medo a botar soberbias. Asimílanse á soberbia os xuramentos falsos e os falsos testemoios.

O mal de ollo

Chámase tamén *frida de ollo.* Trátase dunha creencia universal, espallada polo mundo todo, xa ben coñecida dos antigos e sobre da que trataron, pra expricalo ou pra negalo, escritores de todolos tempos. É un dos axentes ou forzas máxicas; tratámolo aparte pola importancia que tén.

En moitos lados apóñenllo únicamente ás bruxas, noutros a persoas que nono son pero que teñen esta triste propiedá, e noutros chegan a decir que calquera persoa o pode causar ollando con mala intención.

Consiste nun mal que se causa coa vista, nas persoas, nos animás, nas prantas e nos froitos e aínda nas cousas artificiás.

Das bruxas suponse sempre que é por ollaren con ruin intención, de maneira que non se sabe ben si é a ollada ou a intención a que causa o mal. Cando son outras persoas que non sexan bruxas, tamén semella que se coida, ás veces, que interveñen a mala intención ou a *envidia.* Maila *envidia* é tamén un axente ou forza máxica que pode non ter que ver cos ollos nin coa mirada; a envidia tén efectos semellantes ós do meigallo ou ós da fada e contra dela empréganse os mesmos medios apotropaicos e terapéuticos. Compre distiguila ben da frida de ollo.

Polo regular considérase que o mal de ollo é como unha sorte de fada que padez o que o causa, as máis das veces sin querelo. En Castrosante (Póboa do Brollón) distinguen, como noutros lados, dous tipos de mal de ollo: intencioado e inocente; do segundo, contan dun marqués daquela terra, que, sin querer, feríu de morte coa ollada ós bois dun veciño que andaba arando, e desque se decatóu do que, sin querer, fixera abonóulle aixiña o que valían.

En moitos lados tense o mal de ollo como inocente por parte do que o causa. Trátase de persoas que teñen tal poder e tal forza na vista que o que miran mátano ou rómpeno ou causan un mal calquera cunha soia ollada; causan doores súpetos de cabeza, doenzas ós animas, tan violentas que os fan caír. Dín que se pode coñeçer pola ollada especial que teñen, a cual en Melide din que é unha vista írtiga, cristaíña, que domiña ós outros, e en Marzás din que casi todos téñena torta. Algús que se decatan do poder que teñen nos ollos, poñen lentes pra evitalo, porque din que asín

quítanlle forza á ollada e acortan a vista: un crego que había en Laroá, na Limia, levaba anteollos pra non causar mal, e non podía mirar a ninguén cos ollos descubertos pois, en certa ocasión, miróu sin anteollos pra un galo e o galo quedóu morto. Tamén traguía anteollos pola mesma causa o cura Martín de Melide. Outro señor desta vila tamén traguía anteollos e unha vez no casino, pra probar a súa forza, quitóu os anteollos pra mirar a unha moza que viña da fonte, e fixolle caír a sella da cabeza. En Cambeo din que hoxe non hai tanto mal de ollo porque as persoas que o teñen usan lentes.

Esta é a versión que coidamos máis pura da creencia no mal de ollo. Non embargantes, a devandita atribución ás bruxas mañiféstase no dito corrente "seica te viu unha bruxa?" que aplican a unha persoa cando anda tristeira, asustada, medio doentía, ou non lle saen as cousas ben. Por outra parte, a creencia oriental de que o que fai loubanzas dunha cousa ou persoa, bótalle a mala ollada, atópase tamén entre nós. En Cambeo contan que iba unha vez a tía María a Pequena ó monte cos porcos, e atopóu á tía Farrucha que lle dixo:

—Que bós marrauquiños levas.
—Levo, Dios mos garde — respondéu a tía María.

E ó chegar ó monte morreulle un e na casa os demáis.

Outra vez volvéronse a atopar as dúas mulleres e a tía Farrucha díxolle á tia María:

—Levas bos bois á arada.
—Tamén levo boa vara pra picalos.

Libros máxicos

A Inquisición debéu facer desaparecer moitos dos que se usaban en Hespaña. En Galiza, somentes podemos dar por tradicioal o "Ciprianillo", hoxe aínda o máis espallado, a pesares da multiplicación moderna desta literatura. O "Ciprianillo" é un grimorio cuia inspiración orixinal aponse a San Cibrán ou Cipriano de Antioquía, que, como se sabe, foi feiticeiro enantes de ser santo. Anda por toda Galiza, en ediciós casteláns e portuguesas e en copias manuscritas, podéndose decir que non hai parroquia onde non haxa un polo menos. Téñeno en tanta estimanza que o que o tén nino vende nino empresta, e nun caso ben raro en que algún se determiñóu a vendelo, pedía, hai xa moito tempo desto, 500 pesetas por un eixemplar que podería valer 2,50 na librería.

Xa falamos algo do "Ciprianillo" co gallo dos tesouros. Dixemos daquela que o nome do que nas citadas ediciós se dá como autor: "Beniciana Kabina, rabino hembra", está con seguranza collido do de "Antonio Venitiana del Rabina", que aparez firmando o prólogo do "Grand Grimoire" francés, do cual deriva a maor parte do contido do noso Ciprianillo. O tídoo diste, nas ediciós casteláns máis modernas, é: "Misterios de la hechicería antigua / Fórmulas de Magia celeste e infernal o / Libro de San Cipriano / Tesoro del hechicero". Traguía un exlibris representando

un moucho con antiparras afumadas posto entre dous candieiros acesos, e levando nas poutas dous fachós ardendo, e debaixo unha inscripción en alemán que dí: "Was helffen Fakeln Licht oder Briln, so die Leut nicht sehen wollen" ("De que valen a luz das fachas ou os anteollos, si a xente non quer ver?").

Veleiquí o contido:

> *Primera parte:* Instrucciones para usar de la eficacia de ciertos rezos en los casos de enfermedades producidas por humano maleficio o por arte diabólica. — Oraciones de San Cipriano que se emplean en los señalados casos de embrujamiento y de diabólica posesión. — Oraciones que se han de decir a los fantasmas y reglas para saber lo que conviene ejecutar cuando se vean apariciones. Manera de conjurar sus peligros y de hacer de las almas desencarnadas una poderosa ayuda en los asuntos humanos. — Señales reveladoras de los maleficios y de la presencia del demonio y exorcismos todopoderosos de San Cipriano para atajar dichos males. Manera de echar a los diablos del cuerpo. — Desencantamiento de tesoros. — Cartomancia y nueva manera de echar las cartas. — Poderes ocultos y prodigios del saber mágico. — *Parte segunda:* Reune una completa colección de procedimientos de Magia negra. — Maleficios de todas clases dictados por el amor y por el odio. — Modos de conjurar las adversidades y de dominar a la suerte y a las personas. — Adivinación de las cosas futuras. — Percepción de las cosas invisibles. — *Parte tercera:* De los Engremanzos de San Cipriano. Los tesoros existentes en Galicia. Manera de desencantarlos. — Los grandes secretos de Hechicería del mago Arthaphernes. — De las diversas clases de adivinación usadas en distintas épocas.

As ediciós brasileiras soen traguer máis cousas: a "Vida de São Cypriano tomada do Flos Sanctorum"; a historia do francés Victor Siderol, que veu a Hespaña, vivéu en Galiza, casóu en Allariz, gracias a axuda do demo, con quen fixo pauto por vinte anos, e logo librouse do pauto por industria da sogra; a "lista dos tesouros de Galiza", de que xa falamos no seu lugar; dúas "maneiras de deitar as cartas", os *inguirimanzos;* a maneira de facerse cun *demiño familiar;* recetas de maxia, de meiciña, de "coñecencias útiles", de beleza, de procedimentos "anticoncepcionistas", maxia amorosa e bebedizos; oraciós "contra dos malos espritos" e maneira de invocalos e faguer pauto coíles; composición de cruces milagreiras de San Cipriano e San Bartoloméu, etc.

Nos dous aparecen os nomes hebraicos de Deus como nomes dos "espritos celestes superiores", como na Kabbala apricada, figurando entre iles o anxo cabalístico *Metatron.* Nas fórmulas da edición brasileira invócase o "poder da mágica preta liberal que tudo faz", e veñen restras de verbas sin senso aparente, nas que se rastexan, ás veces, nomes e verbas máxicas desfiguradas, como nesta:

> *...e para golon traga maton, vais de pauto a chion a moliton* [estas repítense varias veces] *pexela ispera regra retragaron onite prontual fines.*

Hai outro "Libro de San Cipriano", en castelán, que anda en ediciós modernas, co subtítulo: "Libro completo de verdadera magia / o sea / Tesoro del Hechicero", que se dí: "...escrito en antíguos pergaminos hebreos, entregados por los espíritus al monge alemán Jonás Sufurino." Contén: "Clavícula de Salomón, Invocaciones, Pactos, Exorcismos, *El Dragón Rojo* y *La Cabra Infernal*, la *Gallina negra* [tres famosos grimorios franceses], Escuela de sortilegios, *El Gran Grimorio* [enantes citado] o el pacto de la Sangre, Candela mágica para descubrir encantamientos, Recopilación de la Magia caldea y egipcia, Filtros, Encantamientos, Hechicerías y Sortilegios". Inserta o cadro completo das xerarquías celestes e infernás (*Sanctum Regnum*) e trai a figura e a firma de todolos grandes espritos de enriba e de embaixo e instrucciós prá confección de talismás. Ignoramos onde chega a súa difusión en Galiza. En todo caso, a carón das fórmulas ofrecidas por istes libros hai, na usanza do noso pobo, outras moitas, e son as máis, que non proceden diles, anque algunhas podan vir doutros hoxe desaparecidos, cousa que non se pode comprobar.

Operaciós máxicas

Empricipiamos polas operaciós coñecidas de maxia maléfica. Ademáis do mal de ollo —o "Ciprianillo" dá un procedimento pra adquirilo ou pra reforzalo, inxerindo os ollos dun león ou un preparado no que entran— e do meigallo, que xa vimos o modo de o botar, hai outros medios de facer enfermar e aínda morrer a unha persoa. Entre os feitizos de morte, temos os seguintes:

Facer decir pola súa alma, estando viva, unha *misa de difuntos*. Usanza condenada xa no XVII Concilio de Toledo, como temos visto.

En Vilatuxe din que o millor é ir a Sant-Iago, mercar alí *aceite de mirra* e botalo na lámpada da eirexa. Conforme o aceite se vai consumindo, así a persoa se vai *mirrando*, deica morrer.

En Castro Dozón, non usan o aceite de mirra sinón outro calquera. O que o vai empregar fai queimar pola súa conta o aceite na lámpada do Santísimo, pra facer diste xeito *tisgar* a aquil a quen quer mal (ou sexa, que se vaia consumindo como si estivera tísico) o cual vai acontecendo como no caso anterior.

En Ourense decían que fai o mesmo efecto alcender unha vela no nome da persoa a quen se quer facer morrer, diante do Santo Cristo, na súa capela. Semella como unha forma de *envoûtement*, na que a figuriña de cera é sustituída pola vela.

Non se crea que todolos feitizos de morte e de desgracia son coñecidos: a xente supón que bruxos e sabios teñen outros moitos que gardan no maor segredo.

Máis coñecida e practicada é a maxia erótica (chamada técnicamente *venéfica* por relación á diosa Venus). Hai unha chea de medios pra atragueren as mulleres o amor dos homes, e os homes o das mulleres. Os principás son os famosos "filtros", chamados na nosa Terra, polo regular, *be-*

bedizos. Pra namoraren as mulleres ós homes, hai, entre moitos, os seguintes bebedizos:

Unha herba chamada *caralleira* (ninguén dá razón de cual é; pódese considerar como unha pranta mítica) que, moída e dados a beber os pós en auga ou outro líquido calquera, fai que un home se namore da muller que llos dá.

Outro tanto acontez cos chamados *polvos de namorar*, que ninguén sabe o que son. Carré Aldao e outros moitos autores cítanos e a xente fala diles. Tense dado o caso dalgún parvo enganado que os foi pedir á botica e déronllle saldiguera.

Outra herba chamada *lirica*, que medra entre o centeo, tén a mesma aplicación do que a primeira que citamos. Esta sí, é coñecida, e emprégase a semente moída e botada nunha bebida.

Carré Aldao fala dun óso de morto, en pó, dado a beber. Na poesía de Añón, "A pantasma", semella indicarse o contrario.

Pra que unha muller se namore dun home, compre darlle semen do interesado, en caramelos.

Prós dous sexos indistintamente, as rapas das uñas dadas a beber. Tamén fan efecto o sudor do namorado, sangue de morcego, as herbas de San Xoán, e os xenitás e mailo corazón da pomba, do pardáu e doutros animás, especialmente paxaros.

Un bebedizo de moita consideración é o seguinte: ás doce da noite, cóllese unha pita negra, córtaselle a cabeza e guíndase co corpo pra trás, sin dar volta á cabeza; éntrase no camposanto, apáñase terra de sete sepulturas, mistúrase coa cabeza e co sangue da pita, bótase todo nun lenzo, e por il cóase auga, e aquela auga dase a beber á persoa a quen se quer namorar.

Ademáis dos filtros, hai outros moitos encantos de amor:

De home pra muller, pasar unha agulla enfiada pola cabeza dunha víbora (outros din que ha pasar polos dous ollos), e despóis dar coaquel fío unha puntada na saia da muller e deixarlla alí.

O botar azougue na roupa do amado, val tanto de home pra muller como de muller pra home. Cando un mozo anda que non acouga atrás dunha moza, din: "Parez que te trai azougado".

Tamén se poden empregar coíste obxeto as forzas demoníacas, como fixo Victor Siderol.

Hai operaciós de maxia que non responden ó amor nin ó odio. Un procedimento pra se facer invisible, procedente do "Ciprianillo", recollímolo da tradición oral. "Creen algús —dixéronnos— que pra facerse invisible compre meter un gato negro dentro dun pote, e a fogo lento disipalo alí, e despois espremer os ósos do gato e encontrar un que se meta na boca como freno, e ispirse.

Un experimento de levitación practicábase moito, hai algún tempo, en San Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga), e aseguraban que daba sem-

pre resultado. Déitan a un no chao e logo, entre catro, érgueno, sin axudarse máis que dun dedo cada un, decíndolle unhas palabras, que aseguran ser *palabras malditas.* O paciente rube no aire, e logo, pra facer que baixe, téñenlle que *desdecir* as palabras. De estudantes, temos visto facer cousa semellante noutros lados.

Ás artes máxicas pertencen tamén moitos dos procedimentos contra do maleficio e o enmeigamento, e moitos medios curativos consistentes en ensalmos e desconxuros, que responden ó principio máxico do *poder das verbas.* O conxuro chámase case sempre *desconxuro* en Galiza, principalmente cando é de palabra; si se escribe, chámase *escrito* ou *rescrito.*

Hai fórmulas auténticamente populares, como: "S'é fada, en tí caia", cando se teme dalgunha cousa; "Boa sorte ou mala sorte, a ti che toque", no mesmo caso; "Brujas al infierno", contra os remuíños de aire. E istes outros:

Contra os cás da rabia,

Can da rabia
tente en tí
que o San Alauterio
está no medio de min e de tí.
Detente, can doente,
como Dios se tuvo en si.
San Outeliño bendito
no medio de min e de tí.

Contra da néboa,

Marcha, nebraceira
do chao da ribeira
vai comer as lavaduras
que deixache na maseira.

Cando vén un mau agoiro,

Pasa, mala cousa, pasa,
San Xoán bendiga a nosa casa
cunha palanca por riba da casa

Amuletos

Ó falarmos dos obxetos piadosos, dixemos xa que hai moitos (medallas, pedras de ara, pedras da Porta Santa de Sant-Iago, raspaduras de sartegos de santos, cruces de Caravaca, de San Pedro Mártir, de San Benito, cruces "pasadas pola Santa Inquisición", Evanxeos, Agnus Dei, etc. etc.) que se tran e empréganse como instrumentos apotropaicos, ou *amuletos,* co nome xeral de *cousas boas;* moitas veces andan misturadas estas cousas boas con obxetos profáns e puramente supersticiosos, metidos incluso na mesma bulsa. Eiquí non falaremos dos primeiros, sinón dos segundos.

Un dos amuletos máis propios de Galiza é a *figa,* que representa unha mau pechada, co dedo pulgar metido entre o indicador e o do me-

dio, saíndolle a punta pra fora. Fabricáronse moito na nosa Terra, feitas de acibeche principalmente, en Sant-Iago, e tamén en coral e noutras materias, e vendíanse ós pelengrís e ós forasteiros. Asegún Saint-Ives, é un antigo amuleto galo-román, de carácter fálico; mais eiquí usouse sempre como medio apotropaico contra das influencias e forzas ruís, especialmente contra do mal de ollo, a envidia e as maas linguas. Na torre

Fig. 29. - Enriba: inscripción da torre da eirexa de Verín, asegún Leite de Vasconcellos. Á esquerda: gran figa compostelán, de acibeche, do Muséu de Pontevedra. As dúas pequenas que están debaixo da inscripción, son tamén de acibeche e do mesmo muséu; as dúas de embaixo, de coral, de propiedá particular.

da eirexa de Verín hai ou había unha pedra rectangular que tiña nos dous ángulos de abaixo dúas maus faguendo a figa e, no medio, a inscripción: "A las malas linguas estas figuas". A figa pódese facer coa mau, cando se teme algo dalgunha persoa ou lugar, mais resulta millor traguela feita en figura, pendurada do pescozo. Así como outros amuletos lévanse acochados, a figa lévase fora, onde a vexa todo o mundo.

Contra do mal de ollo, lévase tamén, anque moito menos que noutro tempo, o *ollo de boi vidal,* que, asegún Fort Roldán, é "unha concreción caliza procedente do fósil dun caracol mariño". Facíanse xoias e adubíos de ollo de boi vidal, incluso aderezos completos.

Contra todalas influencias malignas empréganse moito os *cornos,* seguramente pola idea antiquísima de que as puntas esparexen e disipan os flúidos. Nas casas, pola parte de afora, ou atrás das portas, poñen por esta causa *cornos de boi* ou de *carneiro,* e sobre todo, tran na bulsa que levan ó pescozo, na faltriqueira ou ben á vista, nunha cadea ó pescozo ou na leontina do reló, *cornos de vacaloura,* ou a cabeza inteira do becho cos dous cornos.

Os *cornos de licornio* ou *licornia* (tamén: *alicornia)* teñen moita estimanza. Non se sabe ben do que están feitos, anque se asegura que son daquela fabulosa besta. Sirven de amuletos e pra preparar remedios con-

Fig. 30. - Amuletos galegos: corno de vacaloura pra levar pendurado; corno de alicornia co seu estuche de prata; pedra de raio e risco de Salomón.

tra do meigallo, o mal de ollo e outras forzas malignas e doenzas. Nun caso e no outro, están moitas veces metidos nun estuche de prata ou de latón, todo moi pequeno, que se trai pendurado como os cornos devanditos, ou se tén gardado na casa. Coíl prepárase a *auga de alicornia,* que sirve pra todas aquelas aplicaciós, faguendo cruces co corno na auga dunha cunca, ó tempo que se din certas oraciós, que soen ter moi segredas.

A *pedra de raio* —a *ceraunia* dos clásicos— soe ser un machado neolítico de pedra pulida, que din que se atopa nos carballos e outros árbores fendidos por unha chispa, da que a pedra ven ser como a forma material, o raio petrificado, ou unha pedra que cai coíl. Polo principio homeopático vixente nas concepciós máxicas, a pedra de raio é o máis seguro medio apotropaico contra das descargas eléctricas.

A *pedra Kaimán* (que Lis Quiben supón ser un *bezoar*, dos que se atopan ás veces no estómago e nas tripas dos rumiantes e doutros animás) sirve tamén pra preparar remedios, e como apotropaico. Realmente, non se sabe o que é, porque os poucos que a teñen, téñena moi gardada e nona queren amostrar. Mailo insólito nome *Kaimán* leva a sospeitar si, en lugar de bezoar, non será, polo menos nalgús casos (o nome púidose contaminar a outras pedras), unha pedra imán, o cual fai matinar na meiciña de Antón Mesmer, que tanta sona tivo, e que ben puido chegar eiquí, dende logo, por vía erudita.

A *uña da Gran Bestia* (pezuña do alce de Noruega) foi outrora en toda Europa, un remedio moi estimado prá epilepsia, por decirse que a Gran Bestia ou alce padecía dela, e curaba os ataques metendo nunha orella a pezuña dunha pata de atrás. Desta pezuña facíanse sortixas e outros obxetos que se habían traguer pegados á pel.

Unha figura de gran valor apotropaico e máxico é o *risco de Salomón,* que se fai no chao, ou onde sexa, pra varias operaciós máxicas e profilácticas, e que aparez nas pedras antigas das eirexas, ben como signo lapidario dos canteiros medievás, ben con outro significado, e hoxe en varios obxetos, especialmente nos xugos dos bois. Trátase da *pentalfa* ou *signo do Microcosmos,* tan usado nos libros máxicos e alquímicos. Preserva, como os devanditos, de todalas influencias malignas, e é de moito poder.

Coidamos ter dado os máis importantes eixemplos da amulética galega. Hai, endemáis, outros moitos obxetos naturás que teñen semellante virtude, asegún os paisanos, anque menor que os que dixemos. Entre outros temos os seguintes: Unha *castaña de Indias* levada na faltriqueira, ou varias enfiadas nun cordel; un *allo* (eficacísimo contra das bruxas) levado na faltriqueira ou na bulsa do pescozo; *poliñas* ou *follas de ruda,* usadas do mesmo xeito; *merda do demo* (asafétida) nas mesmas condiciós; un *colar de doas de buxo,* prós meniños, contra das lombrigas e outros males; un *ollomao,* cuncha de certo molusco chamado en castelán ombligo de Venus pola forma que tén, de moita valencia contra do mal de ollo.

Meiciña máxica e profana

A meiciña popular galega foi tratada recentemente con máis extensión que nunca por Victor Lis Quiben, o cual ocúpase principalmente da meiciña máxica. Prologando iste libro, F. Bouza Brey dí:

> Adentro da meiciña popular compréndense dous estesos sectores, un dos cuales é o da ciencia popular propiamente dita, ou sexa o da coñecenza e aplicación de remedios entre os que sobresaen os fitoterápicos, e o outro o do conxunto de procedimentos máxicos constitutivo das supersticiós propiamente ditas. Na maior

parte dos casos é difícil arredar o remedio do rito con que se aplica; mais en moitos preséntase a fórmula terapéutica sin práctica que lle faga compaña. Na superstición médica entran procedimentos máxicos de moi antiga raíz... non embargante, non todolos ritos manciñeiros populares, por moi estranos que parezan, poden ser tidos por supersticiosos. Os traballos etnográficos de Schneider sobre a influencia curativa da música e máis da danza nos mordidos pola tarántula e os estudos médicos modernos encol da música como auxiliar do especialista no tratamento das doenzas mentás, acreditan que non é todo fábula nos tratamentos da meiciña do pobo que niste caso facía bailar ós mordidos por aquel arácnido como método de cura. Son moitas as incógnitas por despexar aínda no mundo da meiciña popular.

Polo dito, vemos que non é doado tratar aparte a meiciña máxica e a meiciña profán; están decote contamiñadas unha ca outra de tal xeito que aínda nos remedios de orixe mineral, vexetal ou animal, empregados pola meiciña profán, hai que ter en conta que moitas veces nono son polo efecto terapéutico das súas propiedades fisicoquímicas, de que a experiencia popular púdose ter decatado, sinón por propiedades ocultas de carácter máxico ou religioso que se lle atribuiron noutro tempo e que moitas veces os mesmos que hoxe os aplican non coñecen sinón que repiten, sin saber as razós, o mesmo que viron facer ós seus devanceiros.

Eiquí procuraremos dar somentes remedios máxicos consistentes, os máis diles, en salmos que algunhas veces pretenden ter un caracter relixioso e que, ademáis, van case sempre acompañados das oraciós da Eirexa. Case todos rematan invocando a Deus coa fórmula: "Polo poder de Dios e de Santa María, un Padrenuestro e un Avemaría ó Santo ou Santa diste día". Istes remedios son prescriptos ou administrados polos *sabios* e *bruxos*, polos *maiciñeiros* ou *curandeiros*, por persoas que chaman *entendidas* ou pola mesma xente da casa.

Daremos eiquí algús eixemplos collidos da nosa colección.

Unha operación moi usada de maxia médica é a de *tallar*, *coutar* ou *cortar* as doenzas de orixe máxico, os coxos dos animás, as lombrigas e outras enfermedades. Pra tallar o *aire* dos nenos en xeral, hai que ire coller, ó mediodía, auga de sete gurgulliños ou de sete fontes sin falar con ninguén. En chegando á casa, místurase a i-auga con cinza e lávase ó rapaz a contrapelo nunha pía de catro esquinas; múdaselle a roupa, póndolla a nova afumada con loureiro, e lávase tamén o berce onde durme e hainos que secar cun pano de lamanisco. Namentras dura a operación, o que a fai non pode falar sinón somentes decir as oraciós segredas, pasando varias veces o rapaz dos seus brazos ós da nai e viceversa. A i-auga luxada gárdase nunha ola virxe e, ó cabo de nove días, hai que vertela cara atrás ó pé dun cruceiro ás doce da noite.

Pra tallar o *aire* da *vaca marela*, emprégase o seguinte ensalmo:

Aire da vaca marela
sai das tripas e vai prá tes
sai da tes e vaite pró coiro
sai do coiro e vaite prós pelos
salte dos pelos e vaite prós cornos
e salte dos cornos e vaite pró
[mar
donde non sintas o galo cantar
nin galiña cacarexar
con el poder de Dios y de la
[Virgen María
un padrenuestro y un Ave María.

A ciátiga aponse tamén a un aire ruin. Cóutase facendo cruces no sitio onde doe cun coitelo de azo novo, e decindo:

Ciátiga, eu te corto e tallo
con coitelo de azo
con poder de Dios e María San-
[tísima
Apostol Sant-Iago
se é de día, Virgen María
se é de noite, San Juan Bautista.
Si es de can vaite ós cas
si es de lobo vaite ó lobo
si es de raposa vaite á raposa
si es de lagarto vaite ó burato
si es de lagartiña vaite á buratiña
de algún avichugallo malo
vaite de aquí ó monte montelo
e deixa este corpo cristiano,
se és de algún mal aire corrupto
aire encanguellado, aire solteado,
aire meigateiro, aire feiticeiro,
aire de mor, aire enemigo,
vaite polo mar abaixo i o mor
[mallado
que te non ouva cantar galiña nin
[galo
deixa iste corpo cristiano.
Pola gracia de Dios e da Virgen
[María
reza un padrenuestro e unha Ave
[María.

Os coxos veñen dos animás. O *coxo* (tamén *goxo)* é unha sorte de virus que o animal inocula coa mordedela ou picadela ou que solta polo corpo como unha exudación, que vai deixando por onde pasa. Produz molestias e doenzas da pel, chegando a seren tumores ou postemas, mais, polo regular, é como un sarpullido ou eczema que non pasa como nono coiden. Coñecimos unha rapaza en Cualedro con coxo de araña, que tiña a araña mesmamente pintada no pescozo. As arañas son as que máis comunican o coxo, mais tamén outros animás, como son cobras, sapos, salamántigas, lagartos, lagartiñas, toupas, ratos, etc. A inoculación do coxo pode ser directa ou indirecta; esta dase, por eixemplo, se pasa o animal por riba da roupa posta a secar e logo un se pón despóis aquela roupa. Os coxos tállánse tamén facendo cruces no sitio infectado con navalla ou coitelo de azo novo e recitando difrentes ensalmos dos que damos o seguinte como máis típico:

Coxo, recoxo — vaite deiquí
si es de cobra — vaite á touza
si es de toupo — vaite á terra
si es de sapo — vaite ó burato
si es de salamántiga — deiquí abanta
si es de lagarto — vaite á terra
si es de lagartiña — vaite á buratiña
e si es de araña — vaite á paraña.

Vaite deiquí donde non sintas ruxir
nin auga correr — nin muiños moer
nin galos cantar — nin nenos chorar.
Pedímosche a Dios e á Virgen María
con un Padrenuestro i unha Ave María
canto lle pidamos neste Santo día
todo nos obedecía.

Tamén se curan os coxos con *auga de alicornia benta,* o cual responde á idea antiga de sel-o corno de licornio contraveneno universal e servir tamén pra descobrir toda sorte de pezoña, posto que metendo un anaco dil nun líquido envenenado, púñase da coor do sangue fresco.

Hai tamén ensalmos pra erguer *a espiñela caída* que, asegún algús, sería o apéndice xifoides que se torce, pra cuio tratamento hai outros métodos, mais que se cura tamén máxicamente con fórmulas como as seguintes:

Paletilla y espinilla
y asaduras de Fulano de Tal
Dios se las vuelva a su lugar,
así como el agua va para el mar,
las palomitas al palomar
y el cura da la vuelta en el altar,
con el poder de Dios y de la
[Virgen María,
un Padrenuestro y una Ave
[María.
Espinilla, paletilla
tente en tí como Dios se tuvo en
[sí.

Do mesmo xeito, hai ensalmos pra curar a dicipela, as velidas dos ollos, os torizós das pálpebras, os furunchos, o zázaro, o colleitizo, as queimadelas, as úceras, etc. Istes ensalmos soen ter unha forma, pouco máis menos, uniforme: imprecación, invocación ou declaración dun poder no nome do cual se opera; orden ou mandamento ó mal pra que se vaia, e deixe a aquil doente (ou ás vísceras ou membros diste pra que volvan ó seu sitio); adución dun eixemplo que han imitar ("como as augas van ó mar", "como Dios se tén en sí"); invocación a Deus e á Virxe María. Atal é o feitío xeral e os elementos fundamentás dos ensalmos, que atopamos tamén semellantes nas desconxuraciós da Eirexa e, polo tanto, e a imitanza delas, nas dos grimorios.

Ademáis dos ensalmos, a meiciña máxica emprega operaciós, algunhas de moita antiguidade, como pasar ós nenos crebados pola fenda ou entre as gallas dun carballo, cortarlle un carpinteiro o vencello simbólico a un impedido, os lavatorios a repelo, etc.

Do mesmo xeito, na meiciña que chamamos profán, que emprega herbas ou outras materias, atopamos adoito certas condiciós que han tel-as herbas que se usen, ou a obriga de collelas a certa hora ou en determiñado lugar ou baixo tal fase da lúa ou da auga en que se han cocer ou da vasixa que hai que usar ou as horas en que o enfermo ha tomar a meiciña ou o número de días que ha durar o tratamento, cousas todas

que implican consideraciós moi difrentes ás dunha práctica puramente empírica.

ARTES ADIVIÑATORIAS

Prá coñecencia do porvir e das cousas ocultas hai medios que calquera poder pór en práctica e que soen ser sabidos de todos, e hai outros que precisan virtudes especiás na persoa que ha adiviñar, ou ben unha técnica determiñada. Entre os primeiros temos, principalmente, a apantomancia, en parte a ornitomancia, a interpretación dos soños e certas operaciós sinxelas. Entre os segundos, a clarividencia, a cartomancia, a sorte da peneira, a do pajarito, a hidromancia e outras moitas. Iremos vendo primeiro estas que requiren virtude ou ciencia.

A clarividencia

Xa vimos como iste é un dón aposto ós *vedoiros* ou *vedoreiros* e tamén ós *sabios* e *sabias* e aínda ás *bruxas*. Xa vimos tamén que o vedoiro non precisa operación ningunha pra ver o que anuncia. Tocantes ós sabios, o que adiviñan poden velo iles directamente, ou pódelle ser inspirado por Deus, polos santos, polos difuntos, polos vivos (telepatía), polos demos ou por outros espritos (por eixemplo, cando se meten nun cuarto oscuro pra recibiren a comunicación), co cual estamos xa noutro caso, semellante ó dos *espiritistas*.

No primeiro caso, os sabios sóense valer dun procedimento que semella ser o que os metapsíquicos chaman *psicometría*. Un enfermo, por eixemplo, pode ser consultado por outra persoa, sin que il vaia onde o sabio, con tal de que lle leven *unha prenda*, que lle sirve, por decilo dalgún concordante co que diximos, pra pórse en comunicación hiperfísica coíl. O mesmo fan pra outros casos que non son de enfermedá.

Outra maneira de provocar a clarividencia é por medio dos que se chaman "espellos máxicos" (bulas de cristal, auga —a hidromancia está, en parte comprendida nesto—, unha pinga de tinta ou de sangue, unha superficie brilante en xeral) mirando nos cuales vese o que se quer saber. Non atopamos en Galiza esta idea dun xeito seguro (como tampouco atopamos hoxe a práctica da hepatoscopia, en que foron famosos os galegos da Antiguidade) mais existe a práctica de mirar unha tina de auga, pra ver alí persoas ou esceas presentes, pasadas ou futuras.

O espiritismo

O espiritismo, nas clases populares de Galiza, non debe vir de máis atrás dos comenzos diste século. Debéu ser traguido, con seguranza, das Américas, e correuse bastante polas aldeas, contamiñando e contamiñándose coa feiticeiría tradicioal. Eiquí, onde nunca fixeron falla veladores pra falar cos difuntos, o velador dos espiritistas ou pseudoespiritistas converteuse nun medio de adiviñación. Nunha comunicación que nos trougueron, chámanlle á práctica, "xogo do velador".

Póñense todos arredor do velador e dinlle:

> Velador, si estás "inutizado", da un golpe.

E o velador dice si está, dando un golpe e si non está, pois nada. Despóis de estar "inutizado" (hipnotizado) pregúntaselle, e o velador contesta dando un golpe ou máis, asegún o que se lle pregunta.

Nalgús lados chaman *espiritistas* ás sabias e vedoiros.

Cartomancia

Ós que *botan as cartas* chámanlles *sabias, carteiras* ou *naipeiras*. Deprenden a súa arte por tradición, enseñadas por outras que teñan práctica, ou por libro. Nas ediciós brasileiras do "Ciprianillo" hai un tratado ou dous de cartomancia, que siguen algús; outros guíanse por pubricaciós baratas da Editorial Saturnino Calleja, ou outras semellantes. Polo regular, teñen moito creto, e parroquia segura, que máis ben medra que ir pra baixo. Cobran moi pouco: unha ou dúas pesetas cada vez polo xogo enteiro que tén varias tiradas.

A peneira

Iste procedimento adiviñatorio semella ser moi enxebre e moi rural. Chámase *botar a peneiriña*. Pódea botar calquera, na casa, mais é moito millor e máis seguro ir onda quen a seipa botar ben. Consiste no seguinte.

Cóllese unha peneira e ponse de canto e no aro espétanse unhas tesouras "facendo cruz"; na peneira, ou entre a peneira e a tesoura, ponse un pente e unha moeda de cobre (que antigamente había ser de dous cartos e despóis un can grande ou patacón); métese un dedo por un ollo da tesoura e déixase a peneira pendurada do dedo, e díse:

> Peneiriña
> que peneiras a fariña
> dime si esto que che vou preguntar
> é mentira ou é verdá.

Faise a pregunta que se queira, e si se move a peneira cara a dereita, quer decir que é certo, e si prá esquerda ou está queda, que non. Tamén se lle pode decir: "Si é certo, vírame a cara e si non é certo, vírame a espalda". Algunhas, ademáis do pente e o patacón, poñen na peneira un rosario.

Esto participa do que os antigos chamaban *sortes* ou *sortilegium* (de "leer na sorte", ou sexa no azar) por unha banda e, por outra, da moderna teoría do péndulo ("Pendeltheorie") cuios movimentos non somentes indican as augas soterrañas e os tesouros e minas (unha das variantes da radiestesia) sinón que o aplican ó diagnóstico de doenzas, calidá dos alimentos e outras apricadeiras, decindo que os movimentos nun senso ou noutro, nunha forma ou noutra, son determiñados por "radiaciós", máis ou menos "ocultas", que botan os difrentes corpos.

A sorte do pajarito

Enantes andaban en todalas feiras e festas as mulleres que traguían nunha gaiola os *pajaritos sabios,* paxariños amaestrados que, cando lles

mandaba a dona, abríndolles a porta, saían e sacaban dunha caixiña uns papeliños impresos nos que se contiña a sorte da persoa que os consultaba. Polo regular, encomenzaban co nome dun dos signos do Zodíaco, que se supuña ser o do parroquiano e, a seguidas, insertaban o que os libros populares (por eixemplo, o "Lunario perpétuo" de Jerónimo Cortés) din tocantes á sorte que proporciona dito signo.

Eiquí sí que se trata dun verdadeiro sortilexio. Hoxe está moi perfeccioado: a sorte do parroquiano sai, non sacada por paxaros sinón por aparatos eléctricos.

Signos do ceo

Libros que outrora, e aínda hoxe, foron ou son moi lidos polos nosos paisanos, o "Ciprianillo", o "Lunario perpétuo", o "Prognóstico portugués", e outros almanaques e "reportorios", dan certas noticias elementás da que os alemás chaman "Laienastrologie" (astroloxía dos leigos ou astroloxía popular). Non embargantes, entre a xente atópase escasa coñecencia destas cousas, e pódese decir que ningunha usanza.

Obsérvanse, en troques, outros sinás celestes. Os *cometas*, singularmente, anuncian guerras e grandes desgracias e, asegún o lugar do ceo onde se amostran, por aquela parte han acontecer ou dalí han vir as calamidades. O cometa de Halley, no ano 1910, causóu grandes medos por toda a terra. Do mesmo xeito, as *chuvias* e os *bailes de estrelas* son ruin agoiro, que anuncia guerra e calamidades púbricas. As *estrelas que corren* poden ser almas en pena, poden tamén anunciar mortes ou outros sucesos, e tamén se lles poden pedir cousas e concedelas. As *auroras boreales*, polo insólito da súa presentación, poden ser incluso sinal de que vén a fin do mundo; en todo caso producen un medo cheo de incerteza, e deixan fonda impresión. Da que se presentóu fai algún tempo aínda hai moita xente que dí que foi anuncio de todolos males que viñeron despóis no mundo. Os *aerolitos*, cando son moitos, din nalgús lados que quer decir que logo vai nacer algún santo ou persoa que ha ter moita sona; en troques, pola parte do Ferrol, cando cai algún nunha casa, é o pior dos anuncios, e non remendan o tellado onde caíu e procuran deixar aixiña aquela casa. Tamén é ruin sinal o *crís* do sol, o cual trai peste e anuncia andacios e anos de fame. Do sol e da lúa xa temos falado na parte da Mitoloxía.

Os anuncios celestes vense tamén nas *nubes*, na *coor do ceo* e nos signos estranos que aseguran aparecer en certas raras ocasións. Hai persoas que ven claramente unha chea de figuras que os demáis non enxergan, e exprícanas dun xeito moi concreto. Un paisano de Castrelo, na terra de Caldelas (Ourense), observaba todolos días o ceo ó solpor e vía alí o que había suceder; no ano 1937, anuncióu que a guerra civil, que entón levaba poucos meses, había durar máis de dous anos e menos de tres, que habían gañar os franquistas, e que a derradeira gran batalla

había ser na dirección do Barco de Valdeorras (ou sexa cara o leste, como logo se víu, ca campaña do Ebro e de Cataluña) e que, rematada a guerra, aixiña había vir outra moito pior, no mundo inteiro. A xente á que chegóu noticia desta profecía, quedóu despóis pasmada do ben que se cumpríu.

Ornitomancia

O adiviñar por medio das aves era outra das artes en que sobresaían os galegos do tempo da paganía, e desto sí que aínda hai algo, anque moi pouco.

Hai paxaros de mau agoiro: a curuxa, o moucho, o corvo, a pega, o morcego (que se pode contar coíles, porque voa). O corvo tén unha importancia especial. Nalgús lados din que si se sinte berrar do lado da dereita, é boa cousa, si da parte esquerda, ruin; noutros din que cando pior agoira é cando se ve fora de tempo, porque daquela anuncia morte; tamén cando moitos corvos xuntos voan por riba dunha casa. O canto do moucho soe ser decote anuncio de morte, e máis aínda si vén bater coas aas nos cristales da fiestra, ou si apousa no tellado. Da curuxa din igual que do moucho, e da pega igual que do corvo.

Cando unha pita canta igual que o galo, cacarexando, anuncia morte na casa, mais hai un remedio, que é matar a galiña deseguida, como si asina se fixera caír riba dela a fada que botóu. Compre ter en conta que o que unhas veces se dá como anuncio dun mal, outras dase como causa; os animás advirten da boa ou mala sorte, mais tamén "tran" a boa ou mala sorte. As ideas da xente raramente son explícitas e raramente fan distinciós a xeito entre unhas cousas e outras. Representaciós de distintos tempos mistúranse e trabúcanse de mil maneiras.

As pombas e mailas anduriñas son paxaros de boa sorte, sendo bó sinal que veñan aniñar nunha casa. As anduriñas é pecado matalas, e non se lles deben desfaguer os niños.

O cuco sirve pra tirar unha chea de oráculos. O que non veña entre marzo e abril pode ser sinal de que vén a fin do mundo, e si se retrasa en vir, anuncia males. Pódese saber cantos anos lle quedan a un de vida preguntándollo ó cuco, á mañá, en aúnas, decíndolle:

Cuco Rei,
cantos anos vivirei?

E tantas veces como il cante seguido: *cú cú*, tantos anos son. Do mesmo xeito pode unha moza saber cantos anos lle faltan pra se casar.

Apantomancia

É a adiviñación polas cousas que un atopa casualmente ou por acontecimentos fortuítos. Tivo moita influencia nos antigos románs anque non todo o que hai desto en Galiza veña diles.

Dáse importancia especial á sinificación das cousas que un atopa ó saír da casa á mañá, principalmente no día primeiro do ano, ou ó que un faga nise día, pois aquelo ha ser o que faga polo ano adiante.

O campo da apantomancia é tan esteso, que non podemos eiquí máis que amostrar unha presa de eixemplos pra dar idea do asunto, postos de calquera xeito, por sere cáxeque imposible unha clasificación. Daremos os seguintes:

Atopar unha agulla, anuncia disgusto. Cando ó poñer a mesa, se pón o pan coa parte de abaixo, ou sexa a cara chá, pra riba, indica que hai ladrós na casa, ou que vai haber liorta na familia. Pisar no chao en dúas pallas que formen cruz, é sinal de desgracia. Cando lle proe a un a mau dereita, é que lle vai vir diñeiro; si lle proe a esquerda, é que llo veñen pedir. Cando a un mariñeiro se lle pousa un paxaro na rede, indica boa pesca. Vel-o golpe, estando en aúnas, bon agoiro; vel-a femia nas mesmas condiciós, agoiro ruin. Ouvir berrar o golpe de noite, anuncia morte dun veciño. Cando lle cantan a un os ouvidos, é que falan mal del; si é o dereito, o que fala mal é home, si é o esquerdo, muller. É bo morderse nos cotobelos pra que rabeen os marmuladores. Deixar unhas tesouras abertas, mala sinal; o mesmo cando se deixan cruzados na mesa dous coitelos. Cando morde a un unha pulga na cabeza, din que non morre naquil ano.

Oneiromancia

Tal é a designación técnica e clásica da interpretación dos soños, que tivo renacencia científica nas teorías de Freud e na práctica da psicoanálisis. Na oneiromancia popular galega non é doado arredar o que poda haber de tradicioal e de collido en libros recentes, como o que citamos co gallo da cartomancia; despóis de todo, istes libros non fan máis que recoller, embora sexa achafalladamente, materia tradicioal doutras partes. Daremos a seguido, como eixemplo; algunhas interpretaciós oneirománticas das que temos atopado en boca da xente.

Soñar cunha persoa morta, e vela en soños como si estivera viva, é sinal de que está en bo lugar. Soñar que unha persoa viva morréu, ou vela en soños morta, din "que lle alonga a vida", e esa persoa terá vida por moitos anos. Soñar que lle caen a un os dentes, indica que van morrer persoas da súa familia ou castimonia. Soñar con nenas, indica perda dunha demanda; si é con nenos, é que ha vir á casa de un o Neno Xesús. Soñar con uvas negras, anuncia noticia certa; as brancas, pronostican bágoas. Soñar con auga, é de cote mal agoiro; non embargante, soñar cunha fonte de auga clara quer decir que un ha recibir diñeiro, e si a fonte tén auga atoldada, anuncia unha pena que nos ha faguer chorar. Soñar con cobras, indica diñeiro. E asín polo xeito. Trátase eiquí dunha interpretación "simbólica" dos soños prá cual a técnica clásica tén dado reglas semellantes ás chamadas leis psicolóxicas da "asociación das ideas"; por eixemplo, o

que haxa ter longa vida aquil a quen se ve morto en soños, é unha interpretación por contraste.

Mais tamén se interpretan os soños asegún o seu senso literal; moitas veces, un individuo asegura que as cousas aconteceron atal e como il as víu en soños.

Os soños poden ser invountarios, ou poden ser provocados (os antigos chamaban a esto *incubation*, tal como os que iban durmir ó templo de Esculapio en Epidauro, pra que o deus lles revelara nos soños que tiveran as causas e remedios das súas doenzas). En Galiza, unha moza, por eixemplo, mete certas herbas debaixo do cabezal, na noite de San Xoán, pra ver en soños ó home con quen vai casar.

Tamén polos soños se pode descobrir os segredos dunha persoa, especialmente dunha muller. O procedimento consiste en porlle a mau no peito cando durme: aixiña comenza a falar en alto e conta todo. Mais compre retirar deseguida a mau, sinón queda sin fala.

Outras operaciós adiviñatorias

Esta materia non tén fin. Daremos somentes eixemplos soltos.

Hai adiviñación polas prantas asegún como medran (poderíamoslle chamar fitomancia), por eixemplo, na "proba dos tres xuncos", da que xa falamos ó tratarmos das prácticas devotas, mais que tamén sirve pra esculcar a causa dun mal, cortando os tres xuncos arrentes, e póndolles sinal, decindo: ""Ti eres de Dios, ti da envidia e ti da bruxería", e indo ver despóis o que máis medróu. Tamén polas súas formas e movimentos, e polo bruar do vento nas follas.

A proba do *ovo* deitado nun vaso de auga deixado ó orballo da noite de San Xoán, no que se ve á mañá o que lle vai pasar a un nun ano: barco, viaxe; eirexa, morte ou casamento; a Virxe, boa sorte, etc.; ou as características ou oficio da persoa con quen se vai casar: barco, mariñeiro; martelo, carpinteiro, etc.

Os medios indicados pra saber quen botóu a unha persoa, animal ou cousa, meigallo ou frida de ollo: queimar a camisa, o corpo morto do animal, ferver o leite trocado en sangue, ou darlle de paus a estas cousas, etc. O queimar istes obxetos non tén que ver, realmente, coa piromancia dos antigos, sinón cunha sorte de *envoûtement* ou transporte da sensibilidá.

Algo de piromancia hai na observación do lume do fogar, cuia práctica é certa, mais dela somentes temos noticias escuras.

Agoiros de morte

Hainos de toda caste: premoniciós, videncias dos vedoiros, agoiros apantománticos, ornitománticos, voces de bestas, apariciós, etc. De moitos xa temos falado.

Os máis soados son: Ver o enterro. Ver luces arredor dunha casa.

Cantar o moucho perto dela. Voaren os corvos ou as pegas; ou os morcegos. Oubearen os cás. Cantar a pita como o galo. Sentir cheiro forte de cera; ou de aceite. Sentir petar no tellado. Abrirse unha porta ela soia. Ver a Santa Compaña que vai cara unha casa determiñada. Facer unha persoa o que nunca fixo. Apagárense as velas dun funeral do lado onde está unha persoa determiñada. Rondar a casa o paxaro da morte; ou a raposa que bota lume polos ollos; ou a "perra peregrina". Sentir cantar ou rir o golpe.

CREENCIAS E USANZAS QUE NON FORMAN CORPO

Hai unha chea delas que non se sabe de momento onde as meter, porque son de moi difrente natureza e difrente senso. A súa clasificación tería que ser resultado dun estudo especial. Polo tanto, iremos decindo algunhas ó chou.

Non se deben botar foguetes nas festas dos casamentos, porque é sinal de que os casados non se han levar ben; o refrán di: "Na boda non botes foguetes, porque despóis andan ós moquetes". O berce non se debe facer nin mercar denantes do nacimento pois, do contrario, non se logra a crianza. No concello de Vilardebós, cando unha nai tén un fillo no servicio militar, vai á eirexa e pón caladiñamente un peso coa cara pra riba debaixo da pedra de ara do altar maor; coísto, o soldado está libre de toda desgracia, e si está en África ou onde haxa guerra, líbrase das feridas de bala. Pra que un neno chegue co tempo a ser rico, é bo darlle, logo de nacer, unha pinga de viño nunha moeda de ouro ou de prata. Pra que sexa feliz, a primeira auga con que se lave hase deitar nun obxeto ou moeda de ouro; en Portugal, é costume que sexa a señora madriña a que recade a cousa de ouro. Os dentes de leite dos nenos hai que ter coidado onde se botan cando lle cán; si se botan no lume ou na cinsa, saen os novos hermosos e dereitos; si os come unha pita, non saen; si os come un rato, saen dentes de rato. Houbo un tempo en que os etnólogos e prehistoriadores galegos e portugueses lle deron unha tremenda importancia ás creencias e prácticas da xente tocantes ó "arremeso dos dentes", e escribíuse bastante disto, faguendo comparanzas cos pobos primitivos. Coidamos que se esaxeróu dabondo, como aconteceu co xogo chamado *das camas*, que se xoga con fíos postos nos dedos e que enchéu as revistas etnolóxicas extranxeiras, polo feito de telo atopado en Oceanía.

Poden tamén entrar eiquí as creencias referentes ós días da semá (fundadas nas ideas antigas sobre dos días *fastos* e *nefastos)*. O día que se tén por nefasto é o martes: os que nacen en martes, din en Lalín, morren de mala morte: "En martes nin te cases nin te embarques". Tamén, anque menos, o viernes: en Portugal, din: "As terças e sextas feiras, não casses a filha nem urdas a teia". Igualmente, os días que teñen un erre: si nises días se cortan as uñas, saen padrastos ou respigos; a Lila de Mazaira, unha

sorte de sabia ou bruxa da terra de Caldelas, non podía botar as cartas os días que tiveran erre; en xeral, non son bos pra nada.

A cárrega do carro débese asegurar de maneira que o sedeño vaia no cima facendo cruz, sinón esborrállase. En troques, é ruin e trai maa sorte pór os cubertos na mesa, especialmente os coitelos, faguendo cruz, ou pousar as tesouras deixándoas abertas. Non embargante, convén observar que esta sorte de supersticiós, que algo teñen de apantománticas, e que tanto se dan, por eixemplo, en Andalucía non son das que abondan en Galiza. Témolas por máis propias dos pobos mediterráns, e das que eiquí se atopan, as máis semellan importadas. Outras moitas pequenas supersticiós e preocupaciós poidéramos enumerar, si niste traballo fóramos presentar un catálogo delas, en lugar duns cantos eixemplos expresivos, que é o que corresponde.

O pobo galego non é nin máis nin menos supersticioso do que outro calquera do noso *Kulturkreis* occidental ou européu. As supersticiós sirven, diximos, pra defiñir a mentalidade dun pobo. Non hai moito pubricáronse as declaraciós dun médico catalán en viaxe por Galiza nas que decía que a mentalidade catalá era máis "mítica" e a galega mais "máxica"; cecáis non ande moi lonxe do certo. Niste caso, poidéramos determiñar tocantes a esta sorte de creencias tradicionás, tres zonas en Hespaña: unha zona *mítica* (por eixemplo, Cataluña), unha zona *máxica* (por eixemplo, Galiza) e unha zona *supersticiosa* "strictu sensu" (por eixemplo, Andalucía).

II

1. AS EDADES DA VIDA

Hai unha división básica da xente de Galiza en xente da vila e xente da aldea e do mar. Por avencellados que estean uns e outros, viven dun xeito inteiramente distinto, cuias diferencias sáennos ó paso á primeira ollada. Eiquí referímonos principalmente ó segundo grupo, que é onde pervive máis o feitío tradicioal.

Iste segundo grupo divídese, á súa volta, noutros dous: o de vida labrega e o de vida mariñeira. Por máis que non sempre sexan as xentes exclusivamente unha das dúas cousas, a diferencia é fonda.

Aténdonos primeiro á clás labrega, millor dito á xente da aldea, hai nela divisións que, en conxunto, podemos chamar xeográficas: por *terras* ou comarcas, por *parroquias* —ésta cunha importancia especial— e por *aldeas* ou *lugares*. Dentro desta, os labregos agrúpanse por *familias* (a unidade familiar é a *casa*, ou *casal)* que conservan un ligame case sempre floxo coa *castimonia* ou *linaxe*, que é o vencello de sangue, namentras que na familia é o de convivencia.

Hai, por fin, diferencias sociás: as chamadas clases sociás (señores e labregos ou paisanos) e as clases de edade (nenos, mozos, homes e vellos) que se gardan moito na aldea.

As clases de edade teñen as súas reglas tradicionás, que se gardan incluso con escrúpulo, e a súa ritualidade que, no esencial, non varía.

Debemos distinguir as catro devanditas: *nenos* (tamén *rapaces* ou *rapaciños, pícaros* ou *picariños, cativos)* deica os catorce ou quince anos; *mozos* dende esa edade hastra o casamento; *homes*, de que se casan hastra que deixan o traballo ou teñen netos; e *vellos*, dende que se dan esas circunstancias. O estado de *home*, como dí García Ramos, é o que dá plena capacidade xurídica que, na aldea, así e todo, non é máis, propiamente, que a do veciño con casa de seu.

Pola importancia que no dereito e nos costumes teñen as clases de edade, nesta exposición da vida tradicioal, ímonos ater á división das catro edades da vida. Dividirémola, pois, en catro partes: a vida dos nenos, a dos mozos, a dos homes e a dos vellos.

A INFANCIA

O embarazo

O home encomenza a vivir denantes de nacer, dende o instante da concepción. Polo tanto, precisa que coiden dil dende ise momento.

O paisano galego, anque si cadra non tanto como noutro tempo, aínda hoxe desexa ter fillos e, a miúdo, cantos máis, millor. Responde coelo a un instinto ancestral, e a vida que fai non se opón a esta tendencia. O ter

moitos fillos non é antieconómico entre nós. No noso réxime agrícola, os fillos compren pró traballo: axudan dende pequenos, aforran axudas e xornás, e pra cultivar un lugar —que é, polo menos, a posesión ideal— fan falla persoas dabondo. Incluso pra caseiros, son preferidos os que teñen moita familia.

Deiquí o procuraren a fecundidade nos matrimonios, que xa de seu soen ser bastante prolíficos. Os que non teñen fillos acoden pra telos ó patrocinio dos santos e a prácticas relixiosas que lles aseguren a descendencia. Teñen por eficaces pra elo o iren ó Santo Cristo de Ourense, en pelerinaxe, a pé, descalzos e inda a pan e auga. Tamén sirven ben San Benito, a Virxe da Saleta, e outros Santos. Onde non, acoden tamén a medios máxicos ou a pedras que teñen virtude fecundante.

De dúas destas pedras dá razón o P. Sarmiento, unha da ermida de San Guillelmo, en Fisterre, que era como unha pía ou cama de pedra na que se botaban a durmir o home e a muller que por esteris acodían ó Santo, e alí, diante dil, enxendraban; e por ser cousa tan indecorosa, mandouse por visita quitar aquela pedra, e quitouse o concurso. A outra pedra estaba no monte Pindo e tiña o mesmo xeito que a anterior.

Evítase tamén o aborto. As prácticas anticoncepcionás non son propiamente de tradición en Galiza. Nalgunhas ediciós do "Ciprianillo" atópanse recetas desta clás, mais, seguramente, si nalgún tempo estiveron en uso, foi entre as solteiras o cual tampouco era corrente pois, polo menos na segunda mitade do século pasado, en moitos lugares, nin tiñan por gran deshonra o que unha solteira tivera fillos nin lle puña dificultade pra casar con outro. Dende logo que, en distintos tempos, tén que ter habido grandes diferencias de libertade no trato dos sexos. As prácticas anticoncepcionás entre casados comenzan a ser empregadas somentes nistes derradeiros tempos e, aínda así, con reprobación xeneral.

A tradición insina, pola contra, a evitar os malos partos. Contra distes, aconséllanse certos coidados que poucas mulleres gardan: non mollar os pés, non facer traballos fortes, que lle cumpran os antoxos... Claro que a mitá delas nin se coidan nin deixan de traballar hastra o final, e dan a luz como si tal cousa e sin medo, ás veces mesmo no campo, ó andaren traballando; envolven a criatura nun pano calquera, déitana nunha camada de fentos, e siguen no traballo.

Hai mulleres que dan na gracia dos malos partos, de maneira que non se lle logran os fillos. Ás veces, istes malos partos débense a unha influencia directa do demo, como temos xa dito. O demo é especial nemigo das mulleres e contrario á maternidá. Recollimos alí a versión asegún a cual o demo convírtese nunha partícula moi pequena, que se mete no corpo da muller e vólvese "insecto venenoso" que mata o fillo concebido. O remedio que imos reproducir é, naquela versión, aconsellado pra istes casos demoníacos, con certas variantes: Ese remedio consiste en bautizar o neno no ventre da nai. A ceremonia tense que facer á media noite, na

beira dun río, debaixo dunha ponte, e o neno tén que ser bautizado polo primeiro camiñante descoñecido que pase por ela ó dar as doce. Vai a muller, cos homes da familia, póñense á espreita e ó primeiro que pase pídenlle que bautice ó rapaz. Polo xeneral, ninguén se nega, pois tense por obra de caridá. O descoñecido bota auga do río no ventre da embarazada, pronunciando as palabras de ritual do bautismo. Logo tén que acetar a cea que lle ofrecen, e que levan xa preparada os parentes do bautizado. Tamén ésto forma parte do rito. Algunha vez, hai un que se nega; entón oblígano pola forza e non tén mais remedio que facelo.

Os coidados que, asegún as creencias tradicionás, debe gardar a embarazada son moitos. Niles semellan obrar dúas ideas: a do *mal de ollo* e a da influencia da imaxinación da nai sobre do feto. Ésta mañiféstase, por eixemplo, nos antoxos: cando a embarazada sinte forte degaro dunha cousa e está matinando nela tempo e tempo, que non se lle tira do maxín, a imaxe daquela cousa pódese imprentar no corpo do rapaz de tal xeito que naza coela pintada nalgunha parte do corpo, ou tamén conformar a figura do neno á semellanza do feitío da cousa degarada. Fora dos antoxos, as cousas que lle causen impresión poden ter efectos imitantes: a vista dun animal que poña medo ou que choque pola fealdade pode facer que o neno se semelle a aquil animal.

Á beira distes efectos psíquicos, hai outros mais ben físicos: así, a embarazada non debe cheirar froles porque, si o fai, saen as froles pintadas na pel do neno; non debe comer polbe, pois sairá con manchas ou nódoas encarnadas; nin lamprea, porque traguerá na cara manchas negras ou verdosas; tampouco, peixe como salmón ou troita salmonada. Si come lebre, o neno durmirá cos ollos abertos.

Outros efectos semellan de natureza máxica. En terras de Deza, din que a embarazada non debe pasar por debaixo do adival co que está atada unha vaca, porque entón o cordón do ombigo apretará o pescozo da criatura. Algo semellante temos ouvido decir respecto dos nós que se forman cando se traballa con fíos, cosendo, devanando ou fiando.

Menciónase un caso de polidactilia que se apuña a ter comido a nai uña de porco estando preñada.

O mal de ollo pode atinxir ó feto no seo da nai. Contra desto non hai máis que as precauciós apotropaicas: reliquias e amuletos, traguidos pola embarazada, ou remedios devotos ou máxicos.

O parto

Non todalas mulleres son tan pouco preocupadas como deixamos dito. Non quita que o chegar a ise trance sin coidado ningún e sin lle dar importancia sexa un señal dexenerativo. O tradicioal semella máis ben que o parto sexa unha cousa solemne e un paso temido.

Aínda é costume que cando vai vir, as veciñas desexen á que está nas portas "unha boa hora". A Santísima Virxe soe mirar polas mulleres que están de parto, polo cual tense como moi bó parir en sábado, día que

lle está consagrado. A Virxe chora polas que morren de parto, e din que non se condenan, sálvanse todas, e aínda, nalgús lados, que van ó ceu dereitiñas.

Cando está perto, tómanse precauciós de carácter relixioso: acéndese unha vela a San Ramón Nonnato, moi abogoso pra istes trances, tráese unha imaxe do Santo e ponse na habitación da muller; é bon facerlle algunha oferta. Tamén acoden, naturalmente, á Virxe, especialmente á Virxe da O; en Allariz hai, na igrexa de Sant-Iago unha imaxe moi abogosa, desta advocación; nos casos de parto, lévanlle unha candea ó altar pra que estea acesa namentras a muller non sai do paso. É bó porlle á que vai parir algunha reliquia ou "cousas boas" ó pescozo ou na cintura: unha pedriña de ara, moi eficaz, os Evanxeos, os cordós de San Bernardo, cintas da media dalgunha imaxe milagrosa da Virxe ou dalgún Santo, etc.

Nos casos difíciles, de perigo prá vida da muller, foi moito costume, que aínda se conserva en Allariz e noutros lados, o *tocar a parto* as campás da igrexa, toque especial que todos coñecen pra que os devotos recen pedindo pola que está a parir. Obra de caridá e de boa veciñanza.

Hai tamén precauciós de carácter médico: beber a que vai parir, dende uns días antes, un vaso de auga en aúnas; aplicarlle un fumazo de prumas de perdiz ou de pita negra, que axuda a parir doadamente e con poucas doores; darlle a beber auga de cocer estas prumas, especialmente as prumas reás de perdiz, pra provocar as doores e máis a expulsión; cocemento de ruda; cocemento de malvavisco; cornizó ou cornello en pó, etc.

Apura o parto todo o que faga facer forza á muller, ou lle provoque o vómito. Así por exemplo, cando lle dan as doores, compre soplar nunha botella vacía; tomar ou meter na boca cousas que lle dean noxo, como prumas ou morder a propia trenza do pelo. Noutro tempo empregaban o árbore *coorno,* sin duda un emético, pra facer arroxar, según conta o P. Sarmiento.

Hai, por fin, procedimentos máis ou menos máxicos. Un diles, que se usa moito, é meter debaixo da almofada da que está a parir, sin que ela se decate, a chave da igrexa, podendo ser, mais tampouco o pode saber o cura, e hai que conseguila por medio do sacristán. Tamén sirve a chave da casa, e aínda outra chave calquera. Procedimento ben claro de maxia simpática: o que sirve pra abrir as portas, debe servir pra abrir as portas da vida ó que vai nacer.

Outro xeito de axudar ó parto é acender unha vela de cera virxe atada cunha fita de coores: cando a flama chegue á fita, naz a criatura. Igualmente, a pranta chamada *rosa de Xericó,* que conservan seca en moitas casas, métena nun vaso de auga e vaise abrindo, e ó tempo que se vai abrindo, naz o neno.

Hai, por fin, procedimentos mecánicos, verdadeiramente bárbaros, como o que consiste en atar á muller e póla pendurada dunha trabe do teito, sacudila polas pernas, o cual tense empregado tanto pra que dea a luz como pra botar as secundinas.

Nas hemorraxias puerperás e nas metrorraxias, aplican un remedio máxico consistente en porlle ó pescozo á muller, sin que ela o seipa, unha bulsa en que van dous sapos vivos. Na Europa central, especialmente na Alemaña, o sapo é o símbolo do útero (sin dúbida pola semellanza da figura: o corpo é a matriz, e as pernas as trompas) e levan como amuleto figuras de sapos de metal. A usanza galega débese remontar ó tempo cando se orixinóu a creencia, pois semella anterior ós amuletos artificiás, usados seguramente en sustitución dos animás verdadeiros que representan.

O bautizo

O bautizo convén facelo aixiña. Os nenos non bautizados están moi expostos ó mal de ollo e ás falcatrúas das bruxas, que antes, ás veces, procuraban roubalos e matalos pra faceren untos e mexunxes coa grasa e cos miolos. Tamén o demo procura facer que morran, pra que non vaian pró ceo, dar honra a Deus.

Os nenos que morren sin bautizar, van ó Limbo (que as máis das veces chaman *Imbo)*. Alí están sin pena nin gloria e, ademáis, privados de luz. Asegún unha tradición recollida por Murguía, non ven outra luz que a que as súas nais acenden na igrexa o día das Candelas, polo cual ningunha que se atope nestas condiciós deixa de levar as que pode. Outra tradición trasmitida polo mesmo autor dí que despóis da fin do mundo e do Xuicio Final han volver a iste mundo os nenos do Imbo, a faceren méritos pra ir ó Ceo. Toda a terra ha ser entón chá como a palma da mau, non ha haber vrau nin inverno, nin ha complir traballal-a terra pra que dea froito.

Hai nesto unha influencia crara da idea de "un novo ceo e unha nova terra", interpretada dun xeito que lembra as representaciós milenaristas, tanto hebraicas como cristiás, que non hai dúbida que se misturaron, como aconteceu tantas veces, na nacencia desta fermosa tradición.

De todas maneiras, compre bautizal-o neno. Pra elo hai que lle buscar padriños, o cual é cousa de importancia. Adóitase moito procurar pra padriños do primeiro fillo dun matrimonio ós que foron da boda dos pais; prós outros, veciños, parentes ou amigos. En vilas e cidades, e a veces na xente rica da aldea, é cousa que fai runfar moito o traguer persoas de afora pra apadriñar o rapaz, sobre todo si son señores. Os señores apadriñan aínda moitas veces ós fillos dos seus caseiros ou antigos criados, e tamén de veciños labregos con quen levan trato. Iste costume foi moito máis xeneral cando os señores vivían máis na aldea. O parentesco espiritual tén aínda en Galiza unha gran importancia, inda que, por desgracia, tende a perdela. Dícese que os padriños teñen obriganza de faceren as veces dos pais cando istes faltan; que teñen o deber de adeprender ós afillados a doutriña cristiá, e de mirar por eles sempre. Os afillados trátanos sempre con gran respeto, chamándolles *Señor Padriño* e *Señora Madriña,* e iles din: *o meu afillado.* Os padriños e os pais do rapaz son *compadres;* chámanse diste xeito entre sí, moitas veces *Señor Compadre* e *Se-*

ñora Comadre, trátanse de *Vostede,* inda que antes de selo se trataran de ti. Esta usanza tén fundamento, por unha parte, nas leis da Igrexa, que tanta forza tiveron en Galiza, que se educóu nelas, e, por outra, pódese avencellar con usanzas medievás, correntes na fidalguía, como o padriñádego de armas, a crianza dos fillos dos infanzós e cabaleiros nos castelos dos seus señores, e distes nos dos amigos e parentes, etc. e aínda, si cadra, recúan mais atrás.

Hai regalos obrigados que os padriños deben facer ó recén nado, os cuales varían nas diferentes terras. Moi común é que o padriño lle regale a roupa *de cristianar,* e aínda que o vista de pequeno, e si morre, lle pague o enterro.

Ó ir á igrexa soe ser obrigado que leve ó neniño a parteira ou a muller que asistíu á nai (que *o sacóu,* que *o colléu).* Van coíl, naturalmente, os padriños, que son os que pagan o estipendio e maila propina do sacristán. En moitas comarcas, o pai tén que facer un regalo ó abade. A veces, iste regalo consiste nunha merenda, que comen na sacristía o cura e mailos padriños, mais non o pai do rapaz, anque asista á ceremonia.

Ó saíren da igrexa, en case todas partes, agardan os rapaces do barrio ou da aldea, berrando: "Viva o Señor Padriño!" "Viva o bautizo do carrizo!", con moito barullo e alegría, celebrando ó novo cristián. O padriño tén que botarlles algo, *á rapañota, á viva:* denantes noces ou castañas, e aínda galletas ou carambelos, nas vilas, e agora unhas presas de calderilla, que os rapaces apañan no chao, a quen mais colla, ou sexa, a quen poda máis, entre berros, risadas, mascadas e sucos.

Ó volveren á casa, era usanza antiga que a madriña collera a criatura e lla dése á nai, decíndolle: "Comadre, déume unha alma pagá, vóllvolla cristián!". Logo soía haber un refresco de dulces e copas, polo menos, e nalgús lados, manxares especiás pró caso.

Nomes e alcumes

Os nomes que lle poñen ós nenos no bautismo soen ser nomes herdados que levan ou levaron outras persoas da familia, en especial dos que morreron na casa, pra perpetualos. Así e todo, tanto nas aldeas como nas vilas, existe a creencia de que non se debe pór a un rapaz o nome dun irmáu que lle morrera denantes, pois si llo poñen, morrerá il tamén.

Outras veces póñenlle os dos padriños, e tamén con frecuencia (case sempre por imposición dos párrocos) o do santo do día. Cada neno soe levar varios nomes, principalmente na clás dos señores, anque despóis empreguen somentes o primeiro, que pode ser composto (Xosé María, Xosé Ramón, etc.) caso frecuente na aldea. O exame dos patronímicos medievás (Fernández, Martínez, Pérez, López...) indica ben cuales son os nomes tradicionás máis usados. O costume de que os señores dos pazos apadriñasen ós seus criados, colonos e veciños introducíu moitos nomes usados nas clases altas, que se foron herdando despóis. Foi tamén costume dalgús abades o pór ós fillos de solteira nomes raros ou que parecesen

ridículos, como castigo da falta das nais. Modernamente, trouxéronse de América algús nomes que, como por eixemplo o de "Raúl", tiveron moita fortuna en certas freguesías.

O nome de pía é de usanza na aldea. Os apelidos oficiás non se empregan máis que nas relaciós cos poderes públicos. Danse casos de non sabelos os mesmos interesados, e moitísimos máis de non coñecelos os parentes e veciños. Prácticamente, na vida de todolos días, levan o nome de pía, engadéndolle o nome do pai (o Xoquín do Manuel) ou da nai (o Facundo da Xenerosa) ou de calquera dos abós (o Pepe do tío Servando, o Ramón da Señora Manuela) ou tamén, á muller o do marido (a Camila do Severino) ou ó home o da muller (o Benigno da Andrea), o cual ven siñificar que levan o nome da persoa máis coñecida, ou da que leva a xefatura da casa.

Outras veces engaden ó nome de pía o do lugar en que viven (o Benito do Pombal, o Facundo da Eira). Esta designación emprégase tamén, incluso na vila, pra moitas familias de señores e fidalgos, ós que lle poñen o nome dalgunha posesión ou finca (os de Tosende, os da Córrega, os da Ferrería, Don Fernando da Valdoseira). Os abades levan sempre o da parroquia.

Tamén sirven de apelido usual, non oficial, os nomes dos pobos ou terras de que viñeron os que os levan ou os seus antepasados: o Masidao, de Maside, o Caixacao, de Queixa, o Limiao, da Limia, o Limés, de Lemos, o Sanabrés, de Sanabria, o Vigués, de Vigo, o Castelao, de Castela, o Portugués, o Cubano, etc.

Abondosos noutro tempo, como se ve polos documentos, anque máis escasos hoxe, son os apelativos de oficio: o Tendeiro, o Cerralleiro, o Ferreiro, o Barroso, o Chanqueiro. Tanto istes nomes como os que diximos arriba hérdanse, e foron, como se sabe, os que deron nacencia a moitos dos apelidos hoxe oficiás. Pra un estudo da orixe destes, val moito observar a usanza das aldeas galegas, onde atopamos os apelidos en formación, enantes de seren fixados pola lei, o cual amostra aínda o noso medievalismo.

Tamén son orixe de apelidos os *alcumes, alcuñas, nomeadas* ou *motes*, cuia usanza é xeneral, sustituíndo ás outras designaciós. Os alcumes hérdanse tamén de pais a fillos, netos, bisnetos e dahí pra diante. Polo regular, non se consideran ofensivos; moitos responden por eles, e aínda tén habido artistas e escritores que os colleron como pseudónimo, e outros que os engaderon ó apelido oficial, ou puxérono no seu canto.

Tocantes á nacencia dos alcumes, tense dito que os galegos e portugueses teñen unha vista moi aguda prás particularidades personás, que se mañifesta, como nos antigos románs, no gran número de nomeadas que atopamos nos documentos.

Non se tén feito un estudo sistemático diste asunto, e témonos que contentar con algunhas indicaciós.

Fúndanse as nomeadas nalgunha particularidade dos costumes dunha persoa, nalgunha rareza do corpo ou da cara, moitas veces en defectos de pronunciación, que son os que máis risa dan, ou nalgunha ocurrencia da súa vida, que chamase a atención. Damos uns cantos eixemplos: *Princesa*, a unha moza que non quería traballar; *Zorro*, a un que apenas durmía e adoitaba de roubar ós veciños; *Cernella*, a un que tiña moi mal xenio e facía treidurías; *Carrizos*, a unha familia de xente moi pequena, como a carriza; *Lareiro*, a un tan alto, que se tiña que agachar pra pasar polas portas; *o tío Renque*, a un que andaba renqueleando; *Coello*, a un moi vivo e moi pillo; *Cofaino*, a un que non quería soltal-os cartos; *Xanguetas*, a un que non servía pró traballo. Non todos son de expricadeira doada. Hainos que non se lle atopa de ningún xeito: *o Morloi o Farón*, *o Cuxú*... Nun lugar, chamaban a un *o Saboia* "porque traguía o pantalón por dentro dos zocos". A un que fora zapateiro nos Estados Unidos chamábanlle o *Xumeca* (de "shoemaker").

A maneira de pronunciar dá orixe a moitas alcuñas. Un rapaz víu unha vez que se vertía o viño dunha cuba, e avisóu: "Pinga *foa!* Pinga *foa!*" E quedoulle pra sempre o *Pinfoa*. Outro, vendo pasar unha pita cega, dixo: "*Paxa* a *xega*, *paxa* a *xega* pola corredoira!" E quedoulle *Paxaxega*. En Ourense chamaban o *Palileto* a un polo xeito que tiña de empezar a rezar o Padrenuestro, cando era rapaz. Hai ocasiós en que a orixe dunha nomeada refírese cunha verdadeira leenda: en Vilarrubín (partido de Vilafranca do Bierzo) chamaban *Raposa* ou *Daposa* a un home que, andando a botar a auga nun lameiro chamado o Campazo da Burrigosa, con máis compañeiros, sendo pequeno, atoparon unha raposa morta, e entre iles disputaban o que a había de levar, e il dixo:

> É miña a daposa,
> que a matóu meu padre,
> coa cota do machado,
> no Campazo da Budigosa!

Algúns baséanse en episodios da vida. En Castrelo de Miño, un pelexóu cun gato que se lle repuxo e deixouno todo arrabuñado, e quedoulle *o Meao* ("miau"). Noutro lugar, andando a xogar uns cantos rapaces, un atopóu un ovo, e outro dixo: "Quen nos dera unha pita pra chocalo!" E outro respondéu: "*Chócoo* eu! *Chócoo* eu!" E quedoulle o *Choco*. Na Barbanza, aínda contan dun home tan fero, que matóu a dentadas a un can doente, e cando foi onde o médico, iste díxolle: "Non teñas medo da rabia, que aínda tés ti máis dentro que a que tiña o cán!" E a iste home chamároulle *Arnal*, por semellanza cos lagartos desta clás, que teñen por moi pezoñentos. En Cortiñas (Castrelo de Miño) outro home atopóu no monte un niño de lobos, colléu os pequeniños e levounos prá casa; os lobos pais foron detrás e certaron ca casa, polo cheiro, e andaban polo tellado mirando por onde podían entrar; a aquil home puxéronlle por esto o *Cocón*.

As máis das veces, as nomeadas cóllense de nenos, duran toda a vida e déixanse ós descendentes, de xeneración en xeneración.

A crianza

Tampouco se poden recoller todalas usanzas da que chamaríamos puericultura popular. Hainas atinadas, hainas que hoxe nos parecen absurdas, sin que esteamos libres de que o día de mañá nonas volvamos atopar razonables. Unhas son de carácter práctico, outras de carácter médico, outras de carácter máxico.

Logo de nacer o neno, regularmente, lávano con auga tépeda e vísteno. Iste vestido é mais ou menos sinxelo. Unha camisiña e, ás veces, unha *chambra* por riba, un pañal, que nalgús lados chaman *cueiro*, unha *baeta* e unha *faixa* longa que dá moitas voltas arredor do corpo do neno, dende debaixo dos brazos deica as pernas. O uso tradicional semella ser que o neno fose moi envolto e enfaixado. Por afora, envólveno nun mantón ou toquilla.

Pra preservalo de doenzas, é bo darlle aixiña a beber unha pinguiña de viño por unha moeda dun peso de prata. Tamén o fan cunha moeda de ouro, pra que o neno sexa rico.

Enantes, e aínda agora, era raro que un neno pequeno andivera sin pucha, coa cabeza descuberta. A puchiña era de lenzo ou algodón, cunha puntilla arredor, as de vestir moi adornadas, con moitos arrequives, e moitas veces con lazadas de seda.

Ó comenzo, soen deitar o rapaz na cama ca nai. Nalgús lados, durmen uns cantos meses cos pais, poñendo na cama diles unha pelica de ovella pra que os mexos non pasen á roupa. Despóis, uns méteno nunha canastra, dentro da que poñen un xergón de cosco, a pelica de ovella, ou uns pañás doblados, pra que empapen, as sabans e unhas mantas. Nalgús sitios chaman *berce* a esta canastra. Mailo berce verdadeiro é como un caixón de madeira de difrentes formas, que descansa en dúas taboíñas, redondas por embaixo, pra que se poda abalar pra un lado e pra outro, arrolando ó rapaz pra que durma. Posto de noite onde o leito dos pais, a nai sacando un brazo, pode movel-o berce doadamente. Cando está de pé polo día, pode, sin deixar de traballar, abanealo co pé. O nome máis corrente distes berces é *rolo*.

De día, sácano ó eixido, patio ou aira, no rolo ou na canastra, ou traino no colo, a nai ou calquera das mulleres ou nenas da casa. Pra durmilo, ou facelo calar cando chora, cántanlle as que se chaman *cántigas de berce, de arrolo* ou *arrolos*, das que hai moita varianza. Algunhas das máis comúns son as seguintes:

Este miniño
que teño no colo
chámase Amaro,
Benito i-Antonio.

Dios que mo deu,
que me leve logo,
pra non andar
coíste encrenque no colo.

Dúrmete meu meniño,
dúrmete meu miniño,
que ehí ven o cocón,
a levar os nenos
que non durmen, non.

Hora, miniño.
Hora, miniño,
que están
as sopas
no caceroliño.
Miniño i hora
si non queres
calar
chora.

Eh, miniño, eh,
vai papá na vila,
vai mercar café.

Durme meu meniño durme,
durme si queres durmir,
o teu pai vaiche na eira,
a túa nai logo ha de vir.

Vaite chuvia,
vente sol
polos campos
de Ferrol,
que te chama
teu padriño
para arrolal-o miniño,
que che ha dar
pan e viño.

O comenzo da derradeira é unha sorte de conxuro infantil que se oi moito. A seguinte semella ter tamén certo caracter de conxuro:

Soniño sono
vénteme a ist'ollo,
pouquiño e pouco
vénteme a istoutro.

Hai unha cántiga destas que forma parte dun conto, ou coa que se fixo un conto. Era un matrimonio que tiña un neniño de teta, e a muller entendíase cun amigo que a viña ver cando o home saía de viaxe. Unha vez que o marido marchóu, a muller, como dadoito, avisóu ó amigo; pro cando menos o esperaba, volvéu o home e deitouse no leito. Chega o amigo, peta amodiño na porta e como non lle responden, quer abrir a porta. A muller colle entón o miniño e encomenza a moxegalo pra que chore; e pra acalentalo, cántalle:

Quen é ise tolo que anda no pestillo?
Si o meu maridiño o teño comigo!
Ron, ron,
Esta noite, non!
Ron, ron,
Esta noite, non!

O amigo non entende, e vai ver si entra pola ventá. Debaixo da ventá hai unha lameira e síntese troupelear na auga. A muller canta:

Quen é ise tolo que trepa na lama?
Si o meu maridiño o teño na cama!
Ron, ron,
Esta noite, non!
Ron, ron,
Esta noite, non!

Tampouco entende o amigo e rube ó tellado, pra entrar por calquer burato. A muller canta:

Quen é ise tolo que anda no tellado?
Si o meu maridiño o teño ó meu lado!
Ron, ron,
Esta noite, non!
Ron, ron,
Esta noite, non!

Ó fin, o amigo entende e vaise, e a muller sálvase do apuro.

Moitas veces, o neno non empeza mamando sinón que, namentras o leite da nai non sirve, danlle auga con azucre, leite de vaca rebaixada con auga, ou nada. Nalgús lados, como na Arnoia, fanlle unha sorte de *chupete* con manteiga de vaca e azucre, envolto nun trapo e métenllo no bico pra que vaia zugando pouquiño e pouco. Esto lévase de creeren que o primeiro leite da nai non lle fai ben. Outros, en troques, pensan que o debe mamar porque lle sirve de purgante e venlle ben.

É moi común que nos dous ou tres primeiros meses non tome máis que o peito, e tamén unhas pinguiñas de viño, que lle dá a nai, por exemplo, na Arnoia, metendo un cuberto no viño e dándollo a zugar. Creen que o viño lles dá forza.

A tendencia é a comenzaren aixiña a dar ós nenos mantenza sólida, e, doutra banda, a que sigan mamando moito tempo. En moitos sitios, a pouco de nacer, xa lle dan, ademáis do peito, papas de millo feitas en leite e, ó mes, patacas e berzas do caldo esmagadas, e medio vaso de viño, pra que críe boas coores. Ós tres meses o común é que a nai lle vaia metendo na boca de todo o que ela come, mascado primeiro por ela, especialmente o pan, pasándoo da súa boca á do rapaz. Tamén lle soen dar na mau unha codeliña de pan pra entretelo e que vaia emprincipiando a mascar. A miudo fanlle tomar sopas das que chaman de *cabalo* ou de *besta cansada,* compostas de viño con pan e azucre.

De que comenza a andar, o neno xa come de todo o que comen os maores, e aínda zampa un chanqueiro de viño.

Pra encomenzar a andar en dous pés —que *a gatiñas,* deprende il soio— cólleno por baixo dos brazos e póñeno dereito no chao, facéndolle dar unhas pasadiñas. Despóis póñeno e van, pouco e pouco, retirándolle os brazos pra que se teña só: é o que se chama o *ter-ter.* Logo, póñense dúas persoas acrequeñadas no chao, e fano ir dunha á outra, cada vez a máis distancia. Tamén hai pra esto fórmulas tradicionás.

Namentral-o neno anda no colo, hai que ter coíl unha chea de coidados. Non debe saír da casa de noite, e menos levado por unha muller; tén que ser un home queno leve, e si por necesidá hai que sacalo e tén que ir cunha muller, compre porlle na cabeza a pucha ou o sombreiro do pai. Hai que arredalo dos bechos que teñan coxo ou pezoña, que non pase por onde il gata parida nin galiña choca, que nono vexa persoa de mal mirar. Con-

tra do mau ollado, debe levar ó pescozo os Evanxeos, o corno de vaca loura e, moi especialmente, a figa.

As *cousas ruís* son máis de temer na primeira infancia, cando o corpiño do rapaz é mais tenro; despóis, non tanto.

Cando quitan as baetas, que, sin dúbida por imitanza da cidá, chaman *poñelos de corto*, antigamente, xa encomenzaban a difrenciarse na vestimenta os homes das mulleres, anque despóis viñeron modas en que os nenos andaban *de saias*, como as nenas, igual que os da vila. Así e todo, os nenos da aldea sempre deberon vestir máis cedo como os homes. Unha vestimenta que aínda se usa é unha camisa e unhas cirolas suxeitas cun tirante que vai de adiante atrás de xeito encontrado. Antes víanse moito, nos máis pequenos, as cirolas abertas por atrás no medio, pra non teren que baixalas ó faceren as necesidades.

Doenzas dos nenos

Os nenos, sobre todo os pequeniños, de peito, enferman moito, sin que moitas veces se vexa ben o que teñen. En xeneral, os paisanos teñénlle pouca lei ós médicos, e máis aínda ás meiciñas da botica *(boticas)*, principalmente por seren caras e non sempre eficaces. Se cadra non andan escamiñados poila natureza e o ambente dos criados na aldea pode requerir outros tratamentos que os da cidá, e non quita que o instinto dos paisanos os advirta de elo.

O saber popular coñece unha chea de remedios de moitas castes: uns consistentes en herbas e produtos do campo, a eficacia dalgús dos cuales tén recoñecido, despóis de moito rirse diles, a meiciña oficial; outros que sempre fan ben; outros que nin ben nin mal, algús, si cadra contraindicados; e outros consisten en prácticas supersticiosas, desconxuros, bendiciós, oraciós, etc.

Os nenos pequenos teñen certas inflamaciós da boca, que se presentan en forma de binchocas, chamadas *boxexas, carouquexas, cochecha* ou *cochincha,* algunhas veces *zázaro* ou *sársaro.* As carouquexas cúranas nalgús lados lavándoas nunha fonte sete veces, con sete trapos encarnados, e decindo:

Sol ponte
e as carouquexas
ó bico da fonte.

As cochechas e o zázaro, cúranse acudindo á maseira dos porcos. En Celanova, meten alí un coitelo e, de mollado, pásano pola boca do neno, decindo:

Cochincha, Cochincha,
vaite de eiquí
que o porco i a porca
comen de tí
e os nenos do barrio
non son para tí

Hai outro zázaro producido polas toupeiras cando están *tourengas* (en celo) ó pasar, debaixo de terra, por onde unha persoa tén os pés. Tén outros caracteres e afecta tamén ás persoas maores. O dos nenos non se dá somentes na boca sinón que pode ser no corpo, como uns graus pequeniños que fan ferida. Chámase tamén *fogo ardente* e *fogo salvaxe.* Cúrano facendo a curandeira cruces coa cabeza riba da cara do neno, soplándolle cun pouco cuspe, e decindo:

Zázaro, fogo salvaxe,
aquí te pillo,
aquí te mato.

Pra *úcera* dos nenos de peito, botan nun prato tres areas de sal, tres carbós da lareira e tres pingas de aceite, mollan nil un ramiño de oliveira, e fan cruces na lingua do doente, decindo:

Detrás daquel outeiriño
está San Lázaro a chorar.
—Por qué choras, Lázaro?
—Porque teño unha úrcera urceral
que non me deixa comer nin falar.
—Pois cala, que che ha de pasar;
con tres areas de sal,
tres carbonciños do lar
e tres pingueiras de aceite de olivar.
Un Padre Nuestro e unha Ave María
pola gracia de Dios y de la Virgen María.

Nove veces ó día, durante tres días, e cura.

Máis grave é o *enganido,* doenza que "se infunde no corpo dos nenos e nonos deixa andar nin medrar, nin engordar". Non está ben craro si é ou non o que noutros lados chaman *tangaraño,* que os médicos interpretan comunmente por raquitismo, chegando a estaren "tolleitos", como dí Curros Enriquez nunha poesía ben coñecida. Hai moitos remedios pró enganido. Niles predomiñan tres ideas: a das *tres Marías,* a do *carpinteiro* e a das *gallas dos árbores,* que case sempre se misturan.

En Cotobade, tres Marías levan o neno a unha casa distinta da súa, e collen un anaco de pan e un neto de viño. Na cociña, á beira da artesa, póñense formando triángulo, e vanse pasando o pequeno dunha a outra, nove veces, decindo:

—Toma, María.
—Qué me dás ahí?
—O Enganido.
—O Enganido non cho quero,
que quero a Fulano (o nome do rapaciño)

Logo cambéanlle a roupa por outra limpa; cada María dá tres veces coa cabeza do neno na artesa e pásao outras tres por debaixo, e despóis, queiman na lareira a roupa que traguía posta. Collen o pan e danlle o

primeiro anaco a un cadelo calquera, e elas xantan o que queda e beben o viño, e saen da casa por porta distinta da que entraron. O pensamento orixinal debéu ser o de trasmitir a enfermedá á roupa do rapaz, e queimal-a enfermedá coa roupa; chamarlle ó neno "enganido", pra despóis separalos, decindo que non é o enganido sinón o Fulano; as tres Marías levan en sí a gracia e a virtude dun nome santo.

En Castrelo de Miño, as tres Marías levan o neno a un cruce de camiños, átanlle as pernas cunha correa, e despóis córtanlla, pra deixalo libre, operación de maxia imitativa. En Calbos de Randín, as Marías levan o neno ó monte e pásano tres veces por baixo das ponlas dunha abelaira (árbore de virtude máxica) ou tamén por baixo de dúas pedras formando ponte (como si imitaran artificialmente o de San Benito de Cova de Lobo). Por debaixo dunha artesa, como en Cotobade, e cas mesmas palabras, pasan o enfermo as Marías en Laias (Rivadavia). En Trasariz non son Marías, sinón dúas irmás que siga unha á outra na data do nacimento, as cuales levan o rapaz onde un carballo que teña dúas gallas no mesmo tronco, e por entre elas, ispido, e queimada a roupa, pásano nove veces, pra logo vestilo e repetil-a operación nove días seguidos; mais compre gardar segredo o carballo onde o fixeron.

O carpinteiro tén virtude de *tallar* ou *correr* o enganido, case sempre cortando unha pexa que se lle pón ó rapaz nas pernas ou nos pés. Moitas veces tén que ser fillo e neto de carpinteiro. En Vilanova dos Infantes había, polo menos no ano 1929, unha familia chamada dos "Carballeiras" na que se sucedían de pais a fillos no mester da carpintería, e non había cousa millor pra curar o enganido. Atan con xuncos, en forma de pexa, as pernas do rapaz, póñeno nun talleiro, e collendo un machado, din:

Meu pai carpinteiro,
meu abuelo carpinteiro,
eu carpinteiro.
Córtoche a pexa
niste talleiro.

Cortan os xuncos dun golpe, e xa camiña o rapaz perfectamente. En Marzás semella que abonda o poder das palabras; tampouco nos din que sexa precisa a descendencia de carpinteiro. O chamado pró remedio ata as pernas do enfermo cunha xunca e lévao co pai a un cruce de camiños. Alí, o pai presenta o doente ó carpinteiro, decíndolle:

—Carpinteiro de la buena ventura,
córtalleme a volta a esta cretura.

e o carpinteiro responde:

—Eu, como son carpinteiro de carro e arado,
córtolle a volta ó encadelado.

quedando desta forma, e sin máis requisitos, curada a enfermedá.

Ás veces, interveñen os Santos, en mistura coas prácticas máxicas. En Trasariz, unha persoa leva o neno á ermida de San Vicente, sin falar con ninguén que atope no camiño, quítalle ó neno a roupa toda e bótaa no tellado, pónlle outra nova e pásao por debaixo do Santo nove veces, facendo outras tantas cruces, regálalle unha vela de cera ó Santo e volve na mesma forma que foi.

En Arbo, *sacamandeiras* ou *sabias* van coa parteira e o neno á igrexa e, estando ispido por completo, móllanlle a cabeza con auga bendita, fanlle cun allo unha cruz na frente, despóis lévano ó altar maor, erguen a pedra da ara e pasan ó doente dúas ou tres veces por riba e por baixo dela e, pra finar, danlle a beber, en pingotas, un mexunxe feito de viño, incenso e mel.

En Beariz, un curandeiro non facía máis que pasar ó neno nove veces por entre as pernas, dando volta arredor de cada unha, facendo un oito.

Pró *tangaraño,* que cicáis sexa, como dixemos, a mesma cousa que o enganido, semella o millor dos remedios o pasar ó enfermo polo famoso *Penedo Furado de San Benito de Cova de Lobo,* operación que han facer as tres Marías, pasando e repasando coa coñecida fórmula:

—María, ahí che vai e tangaraño.
—Ahí cho devolvo sano e salvo.

Dícese que se tén que recitar sin tomar alento nin refolgo. En todo caso, non podendo ir alá, tamén sirven outras penas furadas, ou un burato na parede da igrexa, e tamén o poden facer, sin ser as tres Marías, a nai e maila madriña do neno, ou o pai e a madriña. De mesmo, nalgús lados, o procedimento de carpinteiro faise coa primeira persoa que pase polo camiño, cortándose as pexas cunha tesoura.

As ponlas dun carballo, sexa *cerqueiro* ou *cerquiño,* sexa *negral,* ou *rebolo novo,* sirven pra curar as *esbrilladuras* ou *crebaduras* (hernia infantil). O procedimento consiste en fendel-o rebolo, ou unha das ponlas, e pasar ó rapaz pola fendedela, as tres Marías, a nai e a madriña, ou outras persoas, coa fórmula xeneral: "Dóucho crebado, vólvemo sano". Despóis atan o rebolo ou ponla fendida e agárdase a ver si une; si une, o neno sana, si non une, non.

Moitas doenzas dos nenos veñen da *sombra.* A sombra pode ser de persoa viva: home, muller, muller virxe, muller preñada, muller parida; de difunto; de animal: can, raposa, gato ou gata, pita choca, vaca, besta, lagarto, etc. É cousa danosa que ós nenos lles dea sombra distes seres vivos ou mortos, e aínda dalgús obxetos inanimados. Os nenos poden quedar *asombrados,* e entón arriquítanse, non medran, non engordan, póñense de mala coor, tristeiros, non xogan, ou véñenlles doenzas malas. Semella que a sombra máis ruin é a dos bechos en celo, preñados ou recén paridos, a das mulleres en condiciós semellantes, e a dos difuntos. Princi-

palmente, botan a sombra cando pasan por riba do neno; deiquí debe vir a idea, que moitas veces se repite, incluso por brincadeira, de que pasando un neno por entre as pernas dun home, non medra máis. Pra quital-a sombra hai difrentes procedimentos. Asegún un deles, cóllese toxo macho, quéimase e gárdase a cinza, férvese en auga, e así que está tépeda, lávase o neno coela, e despóis envólvese nunha servilleta de lamanisco, aprétase ben e, si tén algo, ó quitala, quedan os pelos ou as plumas na servilleta. Asegún outro, ponse un caldeiro ó lume con auga e enriba del dúas pallas facendo cruz; cóllese unha vela de Xueves Santo e quéimanse as pallas enriba do caldeiro, de maneira que as cinzas e as pingas de cera caian dentro. Así que a auga estea tépeda, lávase o neno ben lavado, encomenzando polos pés e, si tén a sombra, aparecen os pelos na auga, se é gato ou outro animal de pelo, e as prumas si é pita choca a que lla botóu.

Si a sombra é de difunto, van por terra ó camposanto, bótana nunha servilleta, envolven nela ó neno e despóis lavan toda a roupa da casa, a do neno, a das camas e das persoas que andan coíl.

Semellante á sombra é o *aire*, que vén das mesmas procedencias e tírase por medios parecidos. Hai o aire de difunto, de condenado, de excomulgado, de xudío, de cristián, de mala muller, de embarazada, de recén parida, de muller co mes, de doncela, de can, de cadela parida, de gato ou gata na xaneira, de toupa, de sapo, de píntiga ou salamántiga, de lagarto arnal, de pita choca, de becho ponzoñoso, de cobra, de vaca loura, de araña, de sabandixa, da terra, da lúa, do sol, de camiño, de porta, de camposanto, de mar... Son *aires lurpios*, dos que xa temos falado, e que tan axiña son efectos naturales de correntes e enfriamentos, como unha sorte de abafos ou pezoñas que emanan de seres vivos, ou axentes máxicos *(mana*, corrente *astral)* que obran dunha maneira misteriosa. Confóndense ás veces con outros axentes desta derradeira caste (mal de ollo, feitizo, meigallo, etc.).

Dase moito o que os nenos teñan a cabeza reventada e con crostas, ó que soen chamar *sipilón bravo*. Con pallas de allos e oliva queimadas, en aceite, danlle cun hisopo, facendo cruces e decindo:

—De dónde vienes, Santo Tomás?
—Vengo de Roma.
—Qué tal queda la gente toda?
—Llena de rosas, sípila y sipilón.
—Pues Santo Tomás,
Santo eres y Santo serás,
coge la cuerda de esparto
y la flor de oliva y la curarás.

E rézase unha Ave María. Á meiciña xúntase o conxuro. Fálase nil dun santo, polo tanto home entendido que vén de afora; ésto repítese moito, e as máis das veces é o forasteiro o que aconsella o remedio, o cual danos unha indicación do xeito de se transmitiren estas cousas (da emigración

dos elementos culturás), por máis que, no caso presente, suceda o contrario, como tantas veces terá acontecido.

Prás rozaduras que se lle fan entre as pernas, en Verín, póñenlle ós nenos un ramiño verde tras da orella. Prás doores de barriga, dan unturas de ruda.

A unha das cousas que son máis acosados os rapaces cando xa comen, son as *lombrigas*. Cúranas con allo, con amenta, con ruda e con outras herbas. Tamén se *cortan*, *tallan* ou *coutan* facendo cruces cunha navalla nova, sin usar, decindo:

Corto cocas,
todas e non delas,
non sendo a do cocal,
que Dios nos libre de todo mal.

En terras da Cruña, empregan un ensalmo de gran difusión, que chegóu á América e que temos visto mentado entre as prácticas dos indios pra quitarlle os vermes ás bestas:

Con ferro e aceiro
as lembrigas che bendizo.
De nove a oito,
de oito a sete,
de sete a seis,
de seis a cinco,
de cinco a catro,
de catro a tres,
de tres a dúas,
de dúas a unha,
e que esta sea a maestra delas todas.
Con poder de Dios
e da Virxen María,
un Padre Nuestro
e unha Ave María.

Tén importancia o feito de que haxan de cortar as lombrigas, mais hanse cortar todas agás unha que hai que deixar, e que se chama *a do cocal, a da fariña*, a *maestra* e a *be-a-ba*... En Pontevedra, din, incluso:

Si tés dúas, que che quede unha,
pra que luzas e medres,
coa gracia de Dios, etc.

como si esta lombriga fose precisa pra que viva ben a creanza. Víctor Lis recolle a versión de que esa que queda é a solitaria, que non deixa renacer ás outras, mais nonos parece que esta poda sel-a creencia primitiva en que se funde o feito de respetar a unha das lombrigas.

Tamén empregan contra das lombrigas os desconxuros da Igrexa, que tén que facer o cura, e os *rescritos* especiás pra elas, que se venden impresos e despóis hai que bendecir e escribir niles o nome do neno.

Medicamentos úsanse moitos prás lombrigas: a santonina, que chaman nalgús lados *polvos de San Antonio*, e que os médicos de hai sesenta anos recetaban, a miudo, botados os pós nunha mistura de aceite de ricino e xarabe de ruibarbo, usanza que quedóu na xente; as unturas de aceite con arruda; a *herba lombrigueira* posta en viño; cocimento de asentes, de codeso, de amenta, do sarrio das chemineias; o allo en augardente, ou aplicado á frente ou ós pés; a xarxa cocida; zume de limón, etc.

Tamén sirven as *cousas boas*, como os Evanxeos, traguidos ó pescozo, un saquiño con allo e arruda, ou cunha pedra de alcanfor, e outras cousas. Antigamente, vendíanse nas boticas uns colares de doas fusiformes de buxo enfiadas nunha fita verde, que lle puñan ó pescozo ós nenos pequenos, e din que servían prás lombrigas e máis pra que non pasasen males ó botaren os dentes.

Polo derradeiro, temos ouvido aconsellar que, cando un rapaz bota unha lombriga grande, o millor é collela, queimala ou secala no lume, pisala, e darlle aquiles pós ó rapaz.

O traballo dos nenos

Hai un refrán que dí: "O labor do neno é pouco, e o que o perde é un louco". Os nenos da aldea encomenzan a traballar moi cedo. Pouquiño a pouco, dende os tres ou catro anos, van axudando nas cousas da casa, facendo mandiques, indo cos máis medrados ó monte gardal-o gando. As nenas axudan moi logo a acendel-o lume, tendel-a roupa, pelal-as patacas, leval-a merenda ós homes, e tamén coidar dos seus irmauciños pequenos; a estas chaman nalgús lados *naiciñas.*

Dende os catro ou cinco anos, comenzan a se iniciaren no traballo da terra; xeneralmente, o primeiro que fan é ir dediante da xugada, ó andar arando, marcándolle o camiño pra que fagan o suco dereito. Os pais din: "Xa vai dediante das vacas". Un pouco maores, van axudando nos outros labores: na seitura, carrexando os feixes; na vendima, enchendo os cestos cos queipos das vendimadeiras e pisando as uvas; apañando as patacas; na malla, etc.

As nenas fan moito servicio na casa. Un pouco maorciñas, fan elas case todo namentras as nais traballan fora.

En xeneral, dende que encomenza a primavera a que remata o outono, os nenos deixan de ir á escola, porque compren nas casas pra traballar, de maneira que non asisten regularmente máis que nos meses do inverno crú.

O que se lles confía dun modo especial, e que fan iles soios, é estar co gando no monte. Pasan nesto moitas horas, ás veces un soliño, outras tres ou catro xuntos, enredando como poden cos bechos ou coas herbas, deprendendo por si mesmos ou uns cos outros unha chea de cousas. Todolos nenos da aldea son nise tempo *pastores,* como si encomenzasen por onde encomenzóu a raza, polo que foron noutro tempo, nalgunha parte, ou eiquí mesmo, os seus antepasados. Pode que lles veña moi ben esta etapa

da vida, que, sin que eles se dean conta, os fai revivir as orixes da vida dos homes, aló na noite dos tempos.

Hainos probes que xa dende nenos entran de criados nalgunha casa de labranza encomenzando case sempre por gardal-a facenda e por pequenos mandiques. Si han deprender un oficio, empezan tamén moi noviños. De todalas maneiras, aixiña poden decir os pais a coñecida frase: "Coitado! xa gana o pan que come", dita sempre con moito aquel de estaren satisfeitos diles.

Os nenos e o mundo natural

Os rapaces da aldea, vivindo o máis do tempo fora da casa, adicados tantas veces por moitas horas a estaren co gando no monte, teñen unha coñecencia do mundo natural que non teñen os máis dos maores da vila. Pouco e pouco, vanse interesando polas mesmas cousas que os seus pais, mais por parte, teñen os seus intereses propios, e as súas coñecencias deprendidas uns dos outros ou por observación propia.

O mundo vexetal interésalles en canto poden tirar dil larpeiradas ou cousas que lles sirvan prás súas brincadeiras.

Coñecen unha chea de froitos bravos que lles gorentan moito, e que lles tran moitas veces doores de barriga ou cousas piores. As *póutegas,* que saben sacar da terra, pra comelas; as *amoras* das silvas, que comen verdes ou maduras, ás veces, esmagando unha morea delas cunha pedra, pra facer un *papabello* que, si cadra, de grandes non comerían; os *afogapitos,* cirolas bravas, acedas e amargas, que depenican onde as atopan; os *amorotes,* fresas silvestres do monte; os *madroños* ou *érbedo,* que din que emborrachan; as primeiras *castañas* pingadas ou enteiramente verdes; as *cereixas maroubiñas,* pequerrechas e bravas; as *uvas de San Xoán ou de San Pedro,* etc.

A froita dos veciños tén prós rapaces, como en todas partes, un engado especial, e moito máis collida denantes de tempo, canto máis verde: os *enanos* ou mazás que empezan, os *abruños,* as uvas, toda sorte de froitas. Soen axuntarse uns cantos pra estas rapuñadas, prás que son listos como demos. Entre eles corren ó millor certas noticias estranas: "ás peras do Fulano non se pode ir, que teñen *hinchamorro*". O *hinchamorro* é un líquido, uns pós, o que sexa, que se lle bota á froita, e ó que a come, faille hinchar os fuciños. Os homes din moitas veces que tal *hinchamorro* non existe, que o que é, é que o dono da froita anda decindo que llo botóu pra que non lle vaian a ela. Nin por esas se libra dos rapaces.

Saben os nenos tamén utilizar moitas prantas pra fabricaren instrumentos e xoguetes: as canas, a palla centea, as canivelas de sabugueiro, as xuncas, a ferraia, os bugallos, as cascas de noz e doutros froitos, o nabo pra carros, os carozos do millo prás vacas dises carros, ou pra bonecas; as canas de millo pra escopetas; os pendós do millo pra sombrillas; os canibotes das sementes pra porretas ou gaitas, etc.

Máis engado tén pra iles o mundo animal, que lles chama moito a atención e co cual viven en estreita relación mutua, poilas prantas non responden ás suas intenciós e movimentos, e as bestas sí.

Encomenzando polos animás da casa, os cás e os gatos son bos compañeiros cos que se pode xogar, e aínda ás veces facerlles verdadeiras xudiadas, como atar unha lata ó rabo dun can e correlo despóis polas canellas, ou un papel ó rabo do gato pra que dea voltas arredor procurando pillalo, ou porlle ó gato nas catro patas uns zapatos de cascas de noces, pra ver como fai pra andar. Os ratos pódense cazar vivos doadamente, cunha cunca posta boca abaixo, un pouco alevantada e sostida cun pauciño, póndolle cibo debaixo da cunca: o rato ven comer o que lle puxeron, coa presa tira co pauciño, e a conca cai e píllao debaixo. (Esto fano tamén os grandes). Despóis, pódese erguel-a cunca unha miguiña pra deixar saír o rabo do rato e, ó saír, atarlle un cordel; entón, xa non fai falla a cunca: pódese facer correr ó rato, facer coíl estremonías, botarllo ás nenas ou ás mulleres, etc.

Hai varios insectos que dan moito que facer ós rapaces. As *moscas* teñen que aturar moito diles. O quitarlles as aas é unha das primeiras cousas que lle fan. Máis divertido é meterlles no cú una palliña longa, de pouco peso, e deixalas voar, o cual fai moi bonito, principalmente, cando son unhas cantas as que andan voando como papaventos. Na escola, en lugar dunha palla, pónselle un papel, e aínda fai millor; e si se van pousar na mesa do escolante, ainda é máis risa.

Outras veces, atravésase unha mosca cunha palla máis longa, e vaise coela onde anden as avésporas, e díceselle: "Avéspora, avéspora, vente á palla! Avéspora, avéspora, vente á palla!"

A avéspora vén, agarra a mosca, e entón sóltase a palla, e a avéspora marcha voando coa mosca e a palla pendurada.

As moscas apáñanse moi ben coa mau. Cóllense tamén pra lle dar ós paxaros e máis pra que pique o peixe.

O rei dos insectos, prós rapaces, é o *grilo*. Ir ós grilos é un dos maores gozos. Van case sempre varios rapaces, dos cuales soe haber un máis entendido. Hai que ir de día, polo pino do calor, á raxeira do sol, cando os grilos están no burato, ou saen a cantar á porta. É difícil dar coíles, porque estanse ouvindo cantar e non se sabe onde; parez que cantan pra un lado e é pró outro, enganan moito. Pra facelos saír do burato, si están dentro, métese unha palla, procurando atinar coíl, pra facerlle cóxegas. Ó saír, apáñase coa mau, ou botándolle a pucha. A veces tamén méxase no furado pra que saia. Na pucha, levándoa posta, é onde se meten pra traguelos á casa. Algunhas veces hai quen trai dez ou doce, e os grilos túrranlle dos pelos ó cazador.

Os grilos son de dúas castes: *príncepes* e *reis*, e semella que os primeiros son os millores cantarís; coñécense en que os príncepes teñen unha

"P" dibuxada nas áas, e os reis, unha "R". Tamén hai *grilas*, que son as femias, que non cantan e, polo tanto, cando as collen, déixanas ou mátanas.

Os grilos métense na *grileira*, que é de varias clases. A máis sinxela, e tamén a millor, é a que se fai cun canuto de cana con rachadelas deica un pouco menos da mitá, que se abren unha miga pra encaixar entre elas un cristal arredondado. Polo outro lado pode ter un burato, que se tapa cun corcho. En caso necesario, pode servir unha caixa vella de cartón, e millor si fora de pau, á que tamén se pón un cristal na tapadeira. Mailos grilos moitas veces rillan o cartón e fan nil buracos pra sairen. Hainas de dúas taboíñas xunguidas por unha reixa de aramio. Destas, e tamén todas de aramio, hainas a vender nos postos das feiras e nos bazares das vilas, imitando as gaiolas dos paxaros.

Os grilos hai que mantelos con leituga e, ás veces, con follas de frores. Cáenlles con facilidá as patas longas con que saltan, mais estas patas son boas prós que padecen retención de orina: unha pata de grilo, cocida nun neto de auga, é un gran diurético.

Outro insecto que lle gusta moito ós nenos, é a *mariquitiña* ou *xoaniña* que non se pode matar, porque é de Deus. Cóllenas e póñenas na mau, pra que ande por ela e vaia contando os dedos, mais despóis, hai que deixala voar. Dícenlle diferentes fórmulas en verso. Unha das mais comús é:

Voa, xoaniña, voa
que che hei de dar pan de broa.

Na Gudiña, onde lle chaman *pitasol*, dícenlle:

Pitasol, pitasol,
enséñame os panos
e vaite ó sol.

A *barbantesa* ou *parraguesa* é un becho que tén moito papel nas mitoloxías primitivas e, certamente, tén moitos méritos pra chamar a atención dos rapaces e dos grandes. Os nenos da nosa Terra divírtense moito véndoa coller a postura a que debe o seu nome científico, mais nona interpretan como postura de rezar, sinón que lle din, pra que se poña dise xeito:

Barbantesa, pon a mesa,
si non, rómpoche a cabeza.

Pontonesa
ponte tesa.
Pontonesa,
pon a mesa,
pona alta,
que se vexa.

ou

Parraguesa,
pon a mesa,
que ven o pai da devesa
e córtache a cabeza.

Din que pón as patas de adiante *aniveladas*, en forma de mesa, e que bota pola boca unha sorte de baba coa que fai uns capullos que chaman *rumeallos*, que sirven pra curar a tos e pra darlle ás vacas cando non rumían.

A *vacaloura* ou *escornabois* sirve tamén pra divertimento de rapaces, a pesares de que lle teñen medo, por si lles colle os dedos cos cornos, pois din que llos pode traspasar mesmamente. Así e todo, cóllenas, e procuran asegurarlle os cornos, pra que non fagan mal; despóis, átanlle un cordel e *vóana:* danlle arredor hastra que bote a voar, e o becho funga como unha zoadeira. Nisto consiste a gracia. Tamén as xunguen a uns carriños pequenos. Non deixaría alguén de sospeitar si o voalas se empregóu noutro tempo como medio de adiviñal-o porvir.

As *lagartiñas* son, entre outras cousas, vítimas dun tratamento endiañado: fanas *tocal-a guitarra.* Collen unha e bótanlle un pouco tabaco pola boca; sin dúbida o envenenamento fai que a lagartiña abatane coas patas como si rañara na barriga: veleiquí o que é o tocal-a guitarra.

Os *lagartos* grandes xa teñen algo de bestas de caza, ó menos polo xeito de collelos. Hai varios procedimentos: pódense pillar con anzó, asegurado cun cordel forte e cebado cun grilo ou un saltón, que se pón na entrada do burato onde se supón que está o lagarto. Pódese pillar póndolle diante a visera de charol dunha gorra, ou ben un refaixo encarnado ou, sinxelamente, un trapo forte desta coor. O lagarto chanta os dentes nistes obxetos, e como polo feitío diles, non se pode desenclavizar doadamente, píllase, coa ventaxe, ademáis, de lle poder arrincar os dentes, dando un tirón forte da visera ou do pano. Sin dentes, pódese manexar vivo sin que faga mal. Un divertimento que se pode ter coíl é meterllo nun caixón onde vaian as rapazas, pra que se atopen coíl ó abrilo, pois, como o lagarto din que é nemigo das mulleres, téñenlle moito medo. Ás veces, anda un fato de rapaces cun lagarto vivo pendurado dun cordel, botándollo ás nenas con grandes berros delas.

As *rás* cóllenas e fan coelas unha chea de cousas. A principal é o inflalas, meténdolles unha palla polo cú e soplando polo outro lado, hasta poñelas feitas unha bola, e logo bótanas na i-auga, non se podendo meter de sulago porque aboian co aire que levan dentro.

Os *morcegos* cóllenos agardándoos de frente e dándolles cun trapo ou, millor, cunha vara longa de toxo ou de silva. Ó caíren no chao, non poden voar, e píllanos. Crucifícanos nas táboas das portas, chantándolles dous cravos nas áas —lembranza cecáis dun rito máxico ou apotropaico— e moitas veces fanos fumar, meténdolles un pito aceso na boca.

Outras veces, tíranlles a boina cando van voando, e din que o morcego dá unha volta completa no aire, arredor da boina. En Pontevedra, tíranlles a boina pra pillalos, pois din que o morcego métese na boina.

Coesto chegamos ós paxaros, e eiquí entra a relación dos costumes dos nenos coa caza.

Tamén en Galiza é coñecida a que chaman "maldición del gitano": "Pájaro te vuelvas y en manos de niño te veas". A persecución dos paxaros empeza polos niños. *Ir ós niños*, ou *andar ós niños*, é aínda millor que ir ós grilos. Din que non se poden poñer os niños dos paxaros na cabeza, porque se colle a tiña, que a teñen os paxaros pequenos. Os rapaces non fan moito caso diste conto, anque o crean. A veces, apañan os niños, cando poden, e páganas os ovos e mailos paxariños. Outras veces, déixanos no sitio. Hai algunhas precauciós de carácter máxico. Na Gudiña, ós paxaros que están no niño non se lles pode chamar paxaros, sinón *sapos*, e ós ovos, *areas*, eufemismo máxico que se propón impedir que a paxara *enxeite* o niño, ou sexa, que se vaia dil e non volva.

Os paxaros cázanse vivos por medio do *visgo*, ou con diversas trampas. Pra empregar o visgo, hai dous procedimentos principás: o do *rego* e o do *ramo*. No do rego, poñen unha variña pequena untada de visgo, no sitio dun rego calquera onde vaian beber os paxaros; no do ramo, métense unhas cantas variñas con visgo entre os ramallos. Hai que estar á espreita. Vén un paxaro, pousa nunha das variñas e apégase; querse librar, e canto máis fai, canto máis batana as aas, cada vez se apega máis, envolvéndose nos fíos pegañentos do visgo; como non pode voar ben, abonda botarlle e pucha enriba pra pillalo.

Os paxaros máis estimados son o *xílgaro*, o *reiseñor*, seu parente o *malvís*, o *merlo*, que son os que cantan. O reiseñor e mailo malvís, son difíciles de criar e de manter. Hai que telos en gaiolas, todas de pau, sin aramio nin outro metal. Danlles carne picada, cando se pode, e tamén bechos, especialmente vermes. Das carnes, din que a que millor lles ven é o corazón. O merlo precisa tamén gaiola de pau, e compre adeprendelo a cantar, asubiando perto dil; diste xeito, pode adeprender uns cantos compases dunha tonada calquera.

Paxaros que se poden amaestrar (dícese xeneralmente *amansar)* e ter soltos pola casa, son os *corvos* e as *pegas*. Istes poden tamén deprender algunhas verbas. Maila pega tén a contra de que rouba todo canto atopa, e vaino esconder nun burato onde ninguén pode chegar.

Hai rapaces que martirizan ós paxaros, átanos polas patas e fan mil xudiadas coíles. Tamén os persiguen e cazan con pedras tiradas coa mau, ou con *flecha* ou *tiragomas* (chamado tamén *tiratacos* e *galla*) que consiste nunha forquita pequena de pau, a cuias gallas van presas unhas gomas fortes, que rematan nun cacho de coiro que é onde se colle o proiectil: estíranse ben as gomas, apúntase, e sóltase o coiro, que lanza o proiectil a

longa distancia. Coa *flecha* cazan paxaros e outros animás, tíranlle ós cás, e non deixan de pór en perigo os cristiás das casas.

Xogos e brincadeiras

Por máis que o de xogar non sexa somentes cousa dos nenos, a xente teno por tal. A idea é a de que o que queren os nenos é xogar. Pró noso pensar, a teoría do "excedente de enerxía" exposta polo poeta Schiller, é a que millor exprica iste feito.

O neno adeprende a xogar no colo da nai. Hai os que podemos chamar *xogos dos grandes cos nenos*, que os maores empregan pra adivirtir ós rapaciños, como expresión, moitas veces involuntaria, dos seus sentimentos, pra entretelos cando choran, e aínda pra lles adeprenderen algunhas cousas (xogos que podemos chamar *educativos)*. De calesquera deles, como dos demáis, non podemos dar eiquí máis que uns cantos exemplos.

O pai, a nai, os irmáus, collen o pequeniño *ás cabaliñas* ou *ás caramulas*, corren, choutan ou bailan coíl, cantándolle calquer cousa. O grande, sentado, pon ó neno a cabalo dunha perna, e fai coela os movimentos do cabalo, cantando:

Arre, cabaliño,
vamos a Belén,
que mañana es fiesta,
pasado también.
Arre, arre, arre,
que llegamos tarde.

Fai que o cabalo se espanta, o neno síntese cair, e rí.

Hai outro xogo no que a nai colle a mauciña do rapaz, e vaille contando os dedos:

Iste é o dedo miudiño,
iste é o seu sobriño,
iste é o maior de todos,
iste é o furabolos,
e iste é o matapiollos.

ou ṭamén conta, verbo diles, un conto:

Este compró un huevo,
este lo puso a asar,
este le echó la sal,
este lo probó,
y este lo comió todo,
por eso está tan gordo.

Tamén pode dar que conte o do "Padre Café", conto picaresco castelán, como o do ovo. Non sempre o idioma é indicante seguro da procedencia da brincadeira. Moitas son propiedade común do circo cultural européu, como o primeiro citado, que ofrez moitas variantes nos diversos países.

Outro xogo consiste en que a nai colle cos dedos a orella do neno, e, abaneándolla, recita:

Orelliña, vaite á leña
que chova que neve,
non te veñas sin ela.

ou pode facerlle deprender o seguinte:

Cacaracá!
Ponte na pá,
fai un bolo,
cómeo todo,
deixa dil
pró mes de abril,
que che ha cumprir.

ou esta outra:

Manueliño
foi ó viño,
rompeu o xerro
no camiño,
mal polo xerro,
mal polo viño,
mal polo cú
do Manueliño!

e aínda:

—Touporroutou, pra onde vas vella?
—Touporroutou, pra Redondela.
—Touporroutou, que vas a buscar?
—Touporroutou, unha tega de sal.
—Touporroutou, pra qué é o sal?
—Touporroutou, pra botar no caldo.
—Touporroutou, pra qué é o caldo?
—Touporroutou, pra lle dar ós homes.
—Touporroutou, pra qué son os homes?
—Touporroutou, pra sachar o millo.
—Touporroutou, pra qué é o millo?
—Touporroutou, pra lle dar ás pitas.
—Touporroutou, pra qué son as pitas?
—Touporroutou, pra poñer os óvos.
—Touporroutou, pra qué son os óvos?
—Touporroutou, pra lle dar ós cregos.
—Touporroutou, pra qué son os cregos?
—Touporroutou, pra decir a misa.
—Touporroutou, pra qué é a misa?
—Touporroutou, pra ganalo ceo.
—Touporroutou, pra qué é o ceo?
—Touporroutou, pra estar nil.

O xogo do *Pun puñete* tén acción: a persoa maior (ou o que dirixe o xogo) pón o puño pechado na rodilla, e dí:

—Pun puñete.

O rapaz pón o seu puño por riba do do outro e dí:

—Pun Puñete.

e sigue o diálogo:

—Qué hai por dentro?
—Pan e formento.
—Qué hai por fora?
—Pan e miola.
—A miolar, a miolar,
e o que ría ha de parar.

Outro xogo consiste en que a nai ou outra persoa maior vai sinalando ou collendo o bico, boca e ollos do neno, ó tempo que di:

Este queixo é queixolán,
esta boca pide pan,
estes ollos pestenexos,
fura por aquí conexo,

e entón faille cóxegas no pescozo.

Os primeiros *trabalínguas*, *adeviñas* e xogos de *resistencia* e de *memoria*, soen ser deprendidos polos maores ós pequenos. Despóis emprégan os rapaces soios, entre iles, e aínda de mozos, nas cociñas e nos fiadeiros. Poremos algús exemplos.

Os trabalinguas son exercicios de pronunciación, a base de verbas longas, difíciles e que non sinifican nada, ou pouco menos. Veleiquí algús:

Corchete que estás na corcheta, descorchetáchete xa?

Gancho reviragancho, que tanto reviragancheache, deixa que te desreviraganchee coeste desreviraganchiño que teño para desreviraganchear ganchos reviragancheados nas ramas do carballal.

Don Lirón, ya que te desendonlironé, yo te desendonlironaré.

Tío enquirquillado non se desenquirquilla ben. Xuaniña a desenquirquilladeira que o veña desenquirquillar.

Cinco marfagafos guifos novos amarfagaron a marfagueta guifa vella. Ven o marfagafo, guifo vello, e amarfagaron os cinco marfagafos, guifos novos, que amarfagaran a marfagafa guifa vella.

Este derradeiro é tamén, ó mesmo tempo, unha adiviñanza, e semella haber nil un remedar dunha pronunciación ridícula, que se dá ás veces nos nenos.

As adeviñanzas, ou adeviñas, son xogos de inxenio, exercicios intelectuás. Hai tantas que nunca se remataría de citalas. Poremos algunhas:

Alto piñeiro,
redondo molete,
que chova, que neve,
nunca se derrete.

(A lúa)

Unha cousiña cousa, que cando vai pró monte vai moi envolvidiña, e cando vén prá casa, vén moi estiradiña.

(O sedeño ou adival do carro)

Entre vala e valado
hai un boi reventado.
(O pan levedando na artesa)

Entre tábele e tabeletiña,
hai unha cousa moi bonitiña.
(O leite no xerro)

Unha vella con un dente
chama a toda a súa xente.
(A campana)

Tánguelle, tánguelle,
calda ferro,
viste de liño,
tánguelle, tánguelle
cun garabulliño.
(O candil)

Dende Santiago hasta a Cruña,
sin moverse aló chegóu.
Se chovéu, mollouse abondo,
senón, enxoito quedóu.
(O camiño)

Qué cousiña cousa será a que
trai a casa ó carrelo?
(O caracol)

No monte nace,
no monte se cría,
ven á casa
e rifa coa tía.
(A carrasca)

Capullo sobre capullo,
capullo do mesmo pano,
senón que cho diga eu,
nono acertas neste ano.
(A cebola)

Cando van pró monte, miran prá [casa,
e cando van prá casa miran pró [monte.
(Os cornos da cabra)

Catro trepa montes,
catro deita fontes,
dous tusturustús
e un dalle dalle.
(A vaca)

Terra branca,
semente negra,
cinco bois
e a chavella.
(A mau escribindo)

Qué será, qué non será, que canto
máis grande é, menos se ve?
(A oscuridá)

Cal é o becho que pica a panza?
(A fame)

Verde no monte,
negro na casa,
encarnada na brasa.
(A leña)

Unha cousa por quen nunca [chove
e sempre está mollada.
(A língua)

Unha señora deitada nun prado,
vestida de pano labrado,
nin era pano, nin era seda,
e o que a vé, pasmado se queda.
(A cóbrega)

Qué é unha cousiña cousa, que os
ricos gardan e os probes tiran?
(Os mocos)

Catro cabalos
van para Francia,
un trás doutro
e ningún se alcanza.
(O sarillo)

Alto coturiño,
verde como o liño,
saba como o mel
e amarga como o fel.
(A noz)

Qué é un redondo, redondo,
que pode con Dios ó lombo?
(O copón)

Cabe nun puño e non cabe no [carro.
(A aguillada)

Alto pimpín,
redondín, redondín,
follas tén, follas tén
que non llas conta ninguén.
(O chouparro)

O pínguili pínguili está pingando,
o mínguili mínguili está mirando,
cada vez que o pínguili pínguili
[pinga,
o mínguili mínguili mira.
(O chourizo e o gato)

Debaixo do pínguilli pínguilli
estaba o dúrmilli dúrmilli,
e veu o cómilli cómilli.
a comer ó dúrmilli dúrmilli.
Caéu o pínguilli pínguilli,
despertóu ó dúrmilli dúrmilli,
matóu ó cómilli cómilli
que viña comer ó dúrmilli dúr-
[milli.
(O home durmindo, o
froito e o culebrón)

Longarela, longarela,
anda debaixo da terra
e non tén óso nin costela.
(A limacha)

Unha señorita
moi enseñoritada,
chea de remendos,
sin unha puntada.
(A galiña)

Qué cousa é cousa
que bate na lousa?
(O mar)

Qué é o que anda, anda,
e nunca chega á casa?
(O muiño)

Qué é o que tanto corre
e nunca sal do sitio?
(O muiño)

Coa súa risada, perdéu sua anada.
(O ourizo que regañóu)

Al pimpín,
ruin cabaleiro,
pégalle a risa
e solta o diñeiro.
(O ourizo que regaña)

Cucurico
non tén ollos, cú ni bico,
e os fillos de cucurico
teñen ollos, cú e bico.
(O óvo)

Os xogos ditos de resistencia consisten principalmente en repetir unha longa fórmula dun pulo, sin tomar alento. Semellan verdadeiros exercicios respiratorios, de retención do alento, que, si nos puxéramos a pescudar a súa orixe, faríanos recuar a usanzas se cadra moi primitivas, ou a contactos culturás moi pouco doados de explicar. Ás veces compricanse con trabalínguas, como, ó noso ver, niste caso:

Teño unha capa
golrada, bolrada,
repicatallada,
quen a golróu e bolróu,
repicatallóu
nona soupo golrar e bolrar
repicatallar.
Vou chamar ó golrador bolrador
que ma veña golrar e bolrar
e repicatallar mellor.

Teño unha ovella
pelia, melia
peluda, pelada,
e polo seu lombo
arrepempenicada.
Paréu os seus fillos
pelios, melios,
peludos, pelados,
polo seu nombre
arrepempenicados.

O comenzo da seguinte tén o mismo feitío:

Unha pega pegalara
puxo un óvo na Quintán,
puxo un, rebolóu,

puxo dous, rebolóu,
puxo tres, rebolóu,
puxo catro, rebolóu,...

e así a quen máis resista, que é o que gana o xogo. Non debemos deixar de lembrar os exercicios hindúes e persas do *pranayama*, ou discipliña do alento, que empregan os practicantes do Yoga e escolas similares, nas que unha das probas é a recitación de longas poesías e fórmulas sin tomar alento. No século IV houbo unha importación masiva de doutriñas e prácticas orientás en Galiza. Si o xogo de prendas de "Encendido te lo doy..." tén, como pensan algús, a súa orixe nun rito dos maniqueos (que semella persistiron na nosa Terra deica o tempo dos árabes), por qué non habían ter tamén istes exercicios unha procedencia semellante? Poidera ter pasado coesto como coas "Palabras de San Xoán retorneadas".

Xogos de memoria hai moitos. Un bastante típico é iste:

Estaba a amora no seu lugar
e veu a mosca para a picar.
Mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba a mosca no seu lugar,
e veu o galo para a pillar.
Galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o galo no seu lugar,
e veu o zorro para o atrapar.
Zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o zorro no seu lugar,
e veu o can para o escorrentar.
Can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o can no seu lugar,
e veu o lobo para o cazar.
Lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o lobo no seu lugar,
e veu a lanza para o clavar.
Lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba a lanza no seu lugar,
e veu o lume para a queimar.
Lume na lanza,
lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,

silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o lume no seu lugar,
e veu a auga para o apagar.
Auga no lume,
lume na lanza,
lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba a auga no seu lugar,
e veu o boi para a bibiscar.
Boi na auga,
auga no lume,
lume na lanza,
lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Estaba o boi no seu lugar,
e veu o home para o matar.
Home no boi,
boi na auga,
auga no lume,
lume na lanza,
lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan,
e o chan como é duro de todo
[tén man.

Iste úsano como xogo de prendas, aínda os maiores. Algús outros que imos referir, nos que os rapaces teñen que deprender determiñadas palabras, ou en que se poñen alcumes dos que se teñen que lembrar, entran na categoría dos de memoria.

Non hai brincadeira destas, sexa entre nenos, entre mozos ou entre vellos, que non teña as súas derivaciós humorísticas, picarescas ou francamente porcas, nos dous sensos en que esta verba se pode entender. Non podemos desbotar, falando desto, a lembranza da literatura medieval, do senso "goliardo" e "drolatique", que tamén tiveron favor no Renacimento. Hai imitaciós dos xogos referidos que entran na categoría dos *xogos de pega* ou *pegotas.* Trátase, por exemplo nos trabalínguas e xogos de resistencia, de meter expresiós que envolvan o risco de pronunciar trabucadamente verbas noxentas ou piores. Veleiquí unha mostra:

Comín ril
comín rilada,
comín ril de merla asada.

Cando os nenos empezan a andar soltos, teñen moitos divertimentos e xoguetes que soen ser creados por iles, sin axuda dos maores: os *carriños de nabo,* as *bonecas de trapo,* das nenas, os *muiños de auga,* feitos cuns guzos espetados nunha pataca, que se poñen nunha corrente pra que anden; os *arcos* pra disparar flechas de pau; os *tiratacos;* os *cichotes* pra botar auga; as *casarellas* feitas con pedras; moitas castes de instru-

mentos de música rudimentarios, como as *porretas de ferraia;* os *asubíos* ou *subiotes;* as *frautas de cana,* entre elas as que levan un papel de seda pra soar; *latas* usadas como tamboril; as *castañolas* feitas con dúas taborelas postas entremedias dos dedos; os *roncollos* preparados cunha casca de noz na que se pón un parche de pel, polo que pasa unha serda de cabalo, prendida polo outro lado nun pau, e que se toca voltexando arredor; *zoadeiras* de varias castes, etc.

Na aldea comenzan máis axiña entre os nenos os xogos *colectivos,* que algús chaman *sociás,* principalmente, por teren os pais que deixalos soios moito tempo, os pequenos coidados polos máis vellos. Nistes xogos é dino de nota o que pudéramos chamar "senso xurídico" dos rapaces, que se manifesta na estricta vixencia das "leis do xogo", ás que non se pode faltar, e mailas reglas que se observan nos tratos entre iles. Hai verdadeiros *tabús* que determiñan con rigurosidá o que non se pode facer. Por exemplo, entre os nenos son constantes os troques ou *chambos* de cousas, e tamén os regalos. Os tratos feitos nistes casos, non se poden desfacer; ó que os desfai chámanlle *marráu* e *charrán.* Rixe o principio de que "o que se dá non se quita"; non sabemos si pola consonancia do nome, este principio está baixo a garantía de Santa Rita. A fórmula universal é a seguinte:

Santa Rita, o que se dá non se quita.

pero pode ser máis explícita:

Santa Rita, Santa Rita,
o que se dá nunca se quita.
Cando pases pola porta de Simón,
todo che se volva carbón.

na que vemos unha fórmula condenatoria pró que falta ós tratos, que non deixa de ter semellanza coa dos nosos documentos medievás, nos que se pide, pra quen falte, que arda no inferno "cum Juda traditore et cum Datan et Abiron". O castigo que eiquí se pide lembra as historias do ouro trocado en carbón das leendas de mouros e de tesouros.

Nos xogos colectivos, precede moitas veces o *botar sortes* pra ver o rol que lle toca a cada un, ou a quen lle toca *pandar* ou *apandar.* Estas sortes bótanse de moitos xeitos: a *china,* que é un coio pequeno que un tén nunha das maus pechadas: vainas presentando un a un á pandilla, e iles van decindo en que mau está; unhas veces, o que atina líbrase, outras o que atina é o que panda. A *palla perra,* que vén ser igual, mais feito con pallas de diferentes longos, ás que non se lles ven máis do que as puntas. Diferentes fórmulas en verso, nas que se vai apuntando a cada un cunha palabra, tocándolle pandar ou librarse, asegún se conveña, aquil a quen lle toque a derradeira. Veleiquí algunhas:

Unilla desilla
de cazcarabilla
de sete dos clavos
de caramunilla
manda a vella
responder
que se vaia
esconder

ó toxal
de Villariño
Xan de Outeiro
vaite pro eido
Xan de Miola
vaite pra fora

Don Emilio
de Celanova
tiña un galo
e durmíulle fora,
colléu un pau
e deulle na cola,
salta Marica
salta pra fora.

Una bolita
me dió un sargento
yo me la busco
yo me la encuentro
un pasito regular
una de li tra.
Una de li tra
ele le vendrá
un sorbete
colorete
una de li tra.

Pin pin
zaramaca pin
cuando el rei
por aquí paso
a todas las aves
convidó
sólo una que voló
zape gache
vete a esconder
detrás de la puerta
de San Miguel.

Este mesmo procedimento emprégase nalgunha parte (Viveiro) pra determiñar o causante dun mal cheiro:

Este peido
foi a Roma,
trouxo cartas
de Colona,
quen o botóu
que o coma,
fuches tu,
foi él,
foi o porco
do cortello.

Como se ve, estas formulas, que semellan anticipar a literatura surrealista, non teñen senso nin significado ningún. Un exame detido delas habíanos amostrar que están feitas con anacos de contos, de cántigas, de romances, de leendas, aínda de fórmulas máxicas, collidas non sabemos de qué xeito. Atoparíamos nelas moitas cousas perdidas de moito interés. Si non teñen un senso literal, dexérgase nelas certo senso parodístico, que se atopa moito nos costumes dos nenos, que tenden de cote a remedar os dos grandes. E xa que nos colle a xeito, enantes de seguir, imos decir algo dalgunhas parodias dos rapaces. Hai parodias das oraciós e ceremonias da Igrexa, que, naturalmente, chaman moito a atención deles. Do presinarse hai moitas:

Por la señal
de pico real
comín touciño
e fíxome mal
si máis me deran,
máis comía,
polo mal
que me facía
fun tras dil
cun cordil
e díxome merda
pra tí e pra il.

Por la señal
de la canal
comín tosino
e fíxome mal,
bótemo no prato,
comeumo o gato,
bótemo no pozo,
comeume o raposo,
papín papús,
amén Jesús.

Por la sé zarapaté diga bi diga bé trunfos meus gatos minginios Amén Jesús.	Por la Cruz Santa vera de la gaita gaita me amigo tan Juan sin sé Juan sin só de la vera de la gaita jó,

Dos responsos polos difuntos:

> Lázaro que zurrichaches ó momento fedes; tu eres de insécula seculum períngalla, paba leisón, papaleisón, cartos pro meu bolsón e pro teu non. Papa en bosta.

Una versión incompleta é a seguinte:

> Lázaro resucitaches debaixo dun penedo, da color da tericia, sin patas, sin uñas e sin pelos...

Estas cousas que semellan ireverentes, e sono, francamente, non semellan invenciós de tempos de incredulidade; ó contrario, o máis seguro é o entronque directo coas creaciós imitantes da Edade Media, tendo, polo tanto, razós psicolóxicas moi distintas. Debemos lembrar que o clero medieval tomaba parte incluso en ceremonias humorísticas e aínda burleiras diste tipo, algunhas das cuales, como a do "Obispillo", estiveron entorgadas en Galiza. Por Santos Inocentes e polo Entroido facíanse cousas semellantes, e delas poden vir mesmamente algunhas destas parodias.

Veleiquí agora algús xogos de grupo ou pandilla:

O quedache. É sinxelo. Un rapaz dalle a outro coa mau, dícelle: "quedache", e bota a correr. O que quedóu corre atrás dil e dos outros, deica pillar a un e decirlle á súa volta: "quedache", pra que quede no seu lugar. E asina hasta que cansan.

Os escondites. Comenzan sorteando a ver quen "queda", dícenlle que non mire, e, ás veces, tápanlle os ollos. Ó mesmo tempo, teñen escollido un lugar de achego, que se chama *o coito.* Namentras o que queda está sin mirar, ou cos ollos tapados, vanse esconder os outros onde poden. De que están escondidos, un diles berra: "tatarí!" ou outro sinal calquera e o que quedóu vainos buscar. Si colle a un, faino quedar en lugar dil; mailo que sexa descoberto pode fuxir correndo, e si logra chegar ó coito, berra: "coito!" e queda libre. Si o que quedóu o pilla antes de chegar ó coito, tén que porlle a mau enriba; ás veces, usábase darlle unhas palmadiñas no lombo, decindo: "una, dos, tres, por la primeira vez!". Obsérvese que compre que o que queda lle poña a mau ó que colle, e o faga constar por medio dunha fórmula, o cual leva a un a matinar na orixe tan recuada de certas ritualidades xurídicas, como, por exemplo, a *manu missio* dos románs que, como se sabe, empregábase no comercio de escravos.

A pita cega. Póñense en rolda, darredor, e o que queda, no medio; tápanlle os ollos cun pano; algunhas veces, recitan unha fórmula:

—Pita cega, de dónde vienes?
—De Castilla, de comer pan y vino.
—Pues dá tres vueltas arredor
y vai buscar túa vida.

O que fai de pita cega tén que coller a algún da roda, ou atinar quen é pola voz, e entón tén que quedar aquil de pita cega.

De codín de codán. O que *panda* ponse debruzado sobre dos xionllos do que dirixe o xogo. Os demáis van pasando e cada un dalle no lombo unha vez cos cóbados e outra cos cotobelos da mau, decindo:

De codín, de codán,
de la curda cordobán,
del palacio a la cocina,
cuántos dedos hay encima?

e levanta dous, tres... O que panda tén que atinar cantos son; si atina, érguese e panda o que lle preguntóu. Pescudando pra todas estas cousas unha orixe prehistórica, pode que istes xogos de adiviñar procedesen de antiquísimas ceremonias de iniciación.

Algunhas veces non é "De codín de codán", senón "Ticotín ticotán" o que se di. Cal das formas será corrupción da outra?

Pinto pinto gorgorito. Das moitas formas diste xogo imos dar unha somentes. Comenza cun diálogo:

—Pinto, pinto, gorgorito,
quén che deu tan grande pico?
—Deumo Dios por meus pecados
pra picar niste carballo,
e piquéi e repiquéi
i encontréi un grao de millo
e leveino ó muiño
o muiño a moer
i os ratiños a comer,
e collín un polo rabo
e leveino ó mercado
e dírome seis reás e un can
e unha taza de papas
e a cuchara era de pau.
Válgate Dios, a muller,
que me cairon as papas no chao.

As expricadeiras que temos diste xogo son confusas. Esto semella unha maneira de botar sortes; despóis, escóndense todos e queda un soio. Logo vai picando nas maus de todos, estando todos coas maus arredor, e vai decindo:

—Dame la manita.
—No, que me la comió el ratito.

—Dame la manón.
—No, que me la comió el ratón.
—Dámela que me manda Dios.

e entón dalla e queda libre. Semella ter algo de adeviñanza e de xogo de prendas.

A ola-ola. Fan un circo de vinte ou trinta, collidos das maus. Un —o que dirixe— ponlle nomes a todos e dícelle ó que queda:

—Ola, ola.
—Vaya, vaya.
—Qué buscas?
—Un grano.
—Cal grano?
—Un (e tén que decir o nome dun diles).

Si atina, bótano e o nomeado panda.

Xogo de San Xulián. Aínda hai pouco estaba moi en uso nos pobos da beiramar, e é calificado como dun gran primitivismo.

Pra xogalo formábase unha rolda con número indeterminado de rapaces sentados no chao e cada un deles empuñaba unha pedra. Nun momento dado, encomenzaban a cantar, acompañándose de golpes no chao coa pedra, dados por frente do compañeiro da dereita tantas veces e nas sílabas da puntuación, e no remate, cambeábanse as pedras respectivas e volvían encomenzar repetindo a mesma cántiga tantas veces como fora acordado.

Cáxeque todos istes xogos son comúns ós nenos e ás nenas, e aínda xóganos moitas veces xuntos. Igualmente outro moi esteso, que tivo ises anos atrás un gran desenvolvimento e unha pasmosa varianza de formas. Referímonos ó *Truco.* Vén ser algo así como o punto de onde arrancan, por unha beira, os xogos que podemos chamar *deportivos,* e, por outra, os de *ganar e perder.* Xógase entre dous, ou entre dous bandos de a dous, polo regular.

Trázase unha figura no chao, ben sexa na terra, riscando cun pau, ou con calquera cousa, ben sexa con tiza, nas pedras da rúa ou dun patio. Esta figura era, en tempos, rectangular, dividida en dez casillas, tres seguidas de todo o anchor, catro divididas en aspa, e tres enriba, unha ó lado da outra. Anque tamén había un *truco* en espiral, que chamaban *mariola.* A primeira figura variaba, e era diferente do truco andaluz, chamado *rayuela,* que aproveitóu o P. Manjón nas súas escolas (sempre que nono introducira il, de cando foi catedrático en Sant-Iago).

Xógase cunha pedra prana, cun cacho de tella e aínda de madeira, pero, de todalas maneiras, chámase sempre *tella* ou *teja.* Comenza o que o pedíu primeiro, decindo: "Ó truco, rei" e xogan alternadamente os dous bandos, e gaña o que remata primeiro. Dende fora da figura, pola parte de abaixo, vai botando a tella unha por unha, a cada unha das casillas, e tena que sacar ó cuchipé, asegún conveñan: *de casilla en casilla,* ou *dun*

romplón. Non pode facelo doutra sorte que a marcada, non pode *pisar raia,* non pode pasal-a tella polos ángulos da figura *(esquinada);* tén que avanzar de certo xeito, por exemplo, ó chegar ás casillas en aspa, vai pondo os pés en cada unha decindo: "Piso, piso, piso, pisé" e no último, enantes de botar a tella, tén que pór os pés nas dúas casillas laterás, etc. O que nono fai así, perde, e tócalle ó bando contrario.

O truco dos derradeiros tempos tiña figuras complicadísimas, incluso camiños con nomes de cidades, que se revolvían e se cruzaban de mil maneiras.

Xogos propios dos nenos son os *soldados,* a guerra, a *jota justicia* (xusticias e ladrós), *pelota, bolos, chave, botar papaventos* (cometas) e outros moitos entre os que imos describir somentes os máis característicos.

A la una anda la mula. Moitas veces chámanlle sinxelamente *saltar, beber,* o *burro,* etc. O que panda chámase *burro,* e ponse dobrado pola cintura e os demáis van choutando por riba, coas pernas abertas, apoiando as maus no lombo dil. O burro fai un risco no chao pra marcar o sitio dende onde teñen que saltar. Van correndo pra coller pulo, e dende a raia, brincan. Perde o que falta ás reglas do xogo, ou pega coas pernas ou pés na cabeza ou no cú do burro *(espolique)* e o que perde, panda.

Ás veces, tén fórmulas e variedades; por eixemplo, facer diversas figuras ó saltar, decindo:

A la primera, sin chiscar en ella,
A la segunda, culada que te confunda
A la tercera, la rodillera,
A la cuarta, la redoldana,
A la quinta muy bien o mal sentada, etc.

e en cada unha van facendo o que dín. Tamén hai o que chaman *Fiel derecho:* ó choutaren, van decindo:

A la una anda la mula,
A la dos, el reló,
A las tres, San Andrés,
A las cuatro, San Ignacio,
A las cinco, San Jacinto,
A las seis, los Santos Reis,
A las siete, mi carapuchete,

ó decir ésto, pón a pucha no lombo do burro; si algún a tira, tén que pandar e comenza de novo o xogo. Así vai deixando cada un a súa pucha, e ás veces fórmase unha morea de puchas que fai difícil o pasar por riba do que panda, pois quen as fai caír, panda á súa volta. Ás oito, vai recollendo cada una súa pucha,

A las ocho, pan y bizcocho,
A las nueve, atraca la burra y bebe,
A las diez, al través,
A las once, avisar al conde,
A las doce le responde.

Como vemos, a fórmula vai repetindo as doce horas do reló. Fórmulas de xogos e de contos coas doce horas, hai moitas. Incluso as "Palabras de San Xoán retorneadas", fórmula a un tempo relixiosa e máxica, fúndase nelas. Atoparemos as horas do día en vilancicos, cántigas de reises, etc. O número mesmo, que é o dos Apóstoles, dos signos do Zodíaco, dos meses do ano, etc. tén, dende antigo, un valor místico.

A billarda. Este xogo, que tén moitos nomes asegún os lugares *(caño, estornela,* etc.) consiste nun pauciño apuntado como un lápiz polos dous lados, que, deitado no chao, faise saltar con outro pau dun medio metro, chamado *palán,* pegándolle nunha das puntas. Coesto fanse moitas combinaciós. Diste xogo, común en toda Galiza, daremos unha forma das máis desenvoltas que coñecemos, procedente de Betanzos, onde lle chaman *villa.*

O xogo consiste en faguer os centos de tantos que previamente se acorden e que se irán faguendo a decenas (20 ou 50, etc.). Hai dúas clases de xugadas alternas, que se chaman *a tirar* e *a manquear,* saíndose sempre por esta derradeira pra comenzar o xogo. No sitio onde se ha xogar, compre facer un risco no chao, chamado *manco,* e dende alí sinalar convencionalmente os puntos de referencia pra contar as que se fagan (10, 20, 30, 40, etc.). Istes puntos son, por exemplo, un arbre, un petouto, un tallo ou calquera outra cousa a 4 ou 5 metros un do outro. *A manquear:* un bando ponse coas chaquetas, puchas ou cousa semellante, *á pillota,* que consiste en recoller a *villa* no aire, co que o que xoga perde a mau. O outro bando (si o número de rapaces fose impar, o bando máis longo concede ó outro dúas máis pra calquera compañeiro) xoga arreo un compañeiro atrás do outro, conforme van perdendo as maus. Asina: dende detrás do *manco,* faise *pinchar* co palán a *villa* e cando ésta anda no ár, dáselle un pau. Os contrarios dende onde caíu, tiran ó *manco,* onde estará posto previamente o palán. Si *manquean,* é decir, si lle dan co palán, perde a mau o que xoga. Si non manquean, o que está a xogar, sin lle tocar coa mau na *villa,* tira. *A tirar:* soio tén o xugador dereito a faguer pinchar a *villa* (e darlle os paus respectivos), por dúas veces. Si a *villa* fose dar a un sitio de onde fose difícil sacala a pinchar, pode sacala de alí coa mau e, daquela, soio tén dereito a poñela no manco e a pinchar e darlle unha vez. Pola distancia onde vai parar a *villa,* cóntanse desta volta de tirar os tantos que se fagan. Tamén nesta volta de tirar, o mesmo que na de manquear, hai *pillota.* Si despóis de darlle as dúas veces á *villa,* quedara esta a menos dun palán de distancia do manco, tamén perde a mau o que está a xogar. Cando rematan os compañeiros dun bando, van os do outro, e así siguen alternativamente hastra que algún dos bandos chega ós centos de tantos acordados.

A porca. Tense falado moito diste xogo, moi noso, polas súas semellanzas co hockey, ás que lle deron unha chea de voltas, con máis ou menos fundamento. Por eso queremos chamar a atención sobre dil.

Esencialmente, consiste no seguinte. Faise un burato na terra, e un dos rapaces ponse ó pé do burato, e os outros arredor, todos con paus retortos na punta. O que está no burato tira a *porca,* que é unha pedra grande, redonda— ás veces, unha bula de madeira— e tén que impedir que a porca vaia ó *cortello* (o burato) e tíralla ós outros, que están a uns dez pasos. Istes danlle á porca cos paus, pra metela no burato, berrando: "Deixa entrar a porca no cortello!" E il responde: "Non quero".

E defende o burato. Si a porca entra nil, tén que deixar o posto a outro.

A rodela. Xógase cunha roda de pau dunha cuarta de diámetro, e póndose catro ou cinco de cada banda, lánzana lonxe uns ós outros.

O peón. Co peón fan moitas cousas: bailalo no chao, na mau, nunha uña, etc. Nos xogos colectivos, hainos en que un rapaz pode ganar os peós dos outros, e axuntar unha chea deles.

Un xogo que noutro tempo usouse moito é o das *quilas.* Riscan un circo no chao e van tirando os peós a bailaren dentro dil. Si un peón, bailando, sai do circo, o seu dono perde, e tén que deixar o seu peón no medio do circo, pra que os demáis tiren os seus contra il e lle metan *quilas,* que son as marcas ou feridas que lle fan coas picas de ferro, na madeira do peón. Mais tamén pode pór un sustituto, que é un peón vello, ó que lle chaman *rona.* Cando perde un dos outros, retira o seu peón, ou a *rona,* e póno o que perdéu.

Hai outros moitos xogos de nenos dos que nin tan xiquera a enumeración se pode facer.

As nenas, pola súa parte, xogan, soias ou con outras, ás *monecas* ou *bonecas,* imitando coelas o que ven facer ás nais; ás *comidiñas,* do mesmo xeito; ós mesmos xogos dos nenos que xa vimos, e a outros que son propios delas, que imos ver.

O aro. Xogo que tamén é de nenos pequenos. Un aro de pau que fan correr cun pauciño e vano guiando, correndo atrás dil.

A comba, ou corda. Pode saltar unha nena soia, ou varias á retesía, gañando a que salte máis veces seguidas, sin tropezo. Ás veces, recitan unha fórmula ou cántiga, levando o compás:

Una, dos, tres,
Victoria es,
Victoria se llama
la Reina de España...
una, dos, tres...

Soy la reina de los mares,
como ustedes van a ver,
tiro mi pañuelo al suelo
y lo vuelvo a recoger.

Arroz con leche,
me quiero casar
con una chiquita
de puerto de mar,
que sepa coser,
que sepa bordar,
que sepa la tabla
de multiplicar.

Podemos ver por estas fórmulas, que casi todas veñen de afora, como cecáis o xogo mesmo, por certo máis usado nas cidades e vilas do que nas

aldeas, e que a súa importación non é moi antiga, posto que a falla de fórmulas galegas indica que non houbo verdadeira acculturación.

A raqueta. Séntanse arredor todalas nenas que xogan, coas maus nos xionllos. Unha delas vai peliscando nos cotobelos de cada mau, decindo:

Dedín, dedín,
de repiniquín,
cuando el Rey
por aquí pasó
siete aves convidó
sólo una que dejó
ni para tí,
ni para mí,
ni para el Rey de Portugal,
Cabezolín, Cabezolán,
vaite deitar
ó niño do can.

e enguruña o dedo mainiño. Repítese a fórmula pra cada dedo, quitando o pulgar. E así todalas nenas unha por unha. Cando xa todas teñen as maus pechas, póñense unhas riba das outras, alternadas, e feita a columna, pregunta unha:

—Qué é esta?
—A raqueta. (responden todas)
—Qué hai por dentro?
—Pan balorento.
—Qué hai por fora?
—Pan de riola.
—Vamos tocar un pouquiño a zanfona.

Comenzan todas a mover os puños, imitando coa boca pechada o zoar do abesouro, procurando non rir. A que ría, panda. A que panda ponse no colo da que tén de frente no corro, debruzada. As outras van pasando e dándolle nas costas cos cotobelos, e erguendo despóis os dedos, namentras din:

Ticotín, ticotán,
pola vila, vila van
al palacio, la cocina,
cantos dedos tés encima?

Namentras non atine, repiten todas unha por unha; si atina, érguese e queda libre e volve encomenzar o xogo. Damos eiquí iste xogo, recollido no Condado de Ortigueira, como exemplo de variante en que se engaden un a outro xogos diversos, que xa coñecemos, formando secuencia, fenómeno que se dá igualmente nos contos, nas leendas.

A roda - roda. Iste xogo tan visto, en que as nenas se poñen collidas das maus, facendo rolda e cantando namentras dan voltas arredor, tampouco é moi común na aldea e pódese decir que todalas cántigas que lle fan compaña son casteláns, traguidas da vila. Dende logo, é cousa que responde ó mesmo movemento primitivo que deu nacencia ós bailes en roda. Estamos diante de algo tan elemental que se pode orixinar en calquera parte, sin necesidá de ser importado. Así e todo, non temos podido determiñar ningunha forma típica da nosa Terra.

Da roda - roda pudéranse derivar unha chea de xogos de nenas, que son verdadeiros xogos representados: o *Matarile rile rile*, o *De Francia*

vengo, Señora, o *Que la quiero ver bailar,* que teñen, na súa idea, unha relación de orixe co teatro, co ballet, coa pantomima e con outras cousas dos maores. Mais tampouco nistes temos atopado propiamente orixe galega. Moitos diles pertencen a un patrimonio común dos pobos de Europa, e teñen pasado e repasado do un ó outro unha chea de veces, sin que, por non ter sido estudados durante séculos, se poda determiñar a súa historia.

As pedras ou pelouros. Xógano moito as nenas cunhas cinco ou seis pedriñas lisas, polo regular, coios do río. Sentadas no chao arredor, van xogando por vez; a que lle toca, tíraos ó alto, un por un, e recólleo no aire, e namentras vai e ven, fai cos outros determiñadas figuras no chao. Si lle cai sin collelo na mau, perde, e pasa a vez á seguinte. Unha forma moi completa é a seguinte, recollida en Boiro:

Cinco pedriñas alisadas, casi sempre de seixo branco das ribeiras e praias (en Noia, xogan os "pelouros de a oito" e en Caldas, "de a oito" e de "a dez") sin que sexan moi redondas, pra que non se espallen de máis, son as que sirven pró xogo. É un xogo de abelencia de maus e de présa, que nalgús lados ten 47 figuras. Botan ó ar un número de pelouros de cada vez, e namentras non se collen, fan cos que quedan os movimentos de cada figura. Por exemplo na figura cuarta, namentras se tiran ó ar dous pelouros, fan como si barreran coa mau, mais sin tocar ós tres pelouros que quedan. Na figura dez, mentras os pelouros van polo ar, hai que pasar por debaixo da ponte formada por dous dedos, un dos pelouros que quedaron. Esto é o máis corrente, mais logo cada figura tén unha chea de condiciós que se poñen en cada caso procurando que sexan ben difíciles. Nalgús lados, a rapaza que gañe tres xogos —o xogo consiste en rematar sin perder todalas figuras— gaña o xogo de pelouros da que perdéu. Poden xogar dúas, unha contra outra, ou varias de compañeiras, en dous bandos.

Ó comenzo, pra ver quen vai ser a primeira, tiran todolos pelouros, e han recoller cantos máis podan no revés da mau, pró cual revolven os dedos pra trás, de modo que faga como taza pra recoller moitos, e din que algunhas chegan a se deformaren a mau. As figuras, en Boiro, son dazasete, e levan a súa fórmula:

I. As primeiras, unha. As primeiras, dúas. As primeiras, tres. As primeiras, catro.
As segundas, unha, etc. As terceiras, unha, etc.
II. Pido máa, unha. Pido máa, dúas. Pido máa, tres. Pido máa, catro.
III. As de pide pouso, unha, etc.
IV. Barre la casa —bien barridita — que hoy o mañana— viene visita.
V. Escribe la carta —Señor escribano —una cartita— para mi hermano.
VI. Cojo y dejo —la lechuga para mi conejo.

VII. As de palmo, unha, dúas, tres, catro, oito —chupa biscoito.
VIII. As de cotelo, unha, dúas, tres, catro, cinco, mira si chingo.
IX. As de puñado, puñado, unha. As de puñado, puñado, dúas, etc.
X. As de pasa pontes, unha, dúas, tres, catro, chupa meu gato.
XI. As de corno, unha, dúas, etc.
XII. As de couso, unha, dúas, etc.
XIII. As de pares, pares, unha. As de pares, pares, dúas, etc.
XIV. Apálpalle o ovo —apálpallo ben —no cú da galiña —que dentro o tén.
XV. Pasa bola, pasa bola, unha. Pasa bola, pasa bola, dúas, etc.
XVI. Chinga a bola —chímpaa ben —que si nona chimparas— perderás ben.
XVII. Pasallo.

As pelexas e as cantinas

Os rapaces rifan moitas veces no día, amigos con amigos, irmáus con irmáus. Encapríchanse polas cousas, rifan e pelexan por elas, ou polo gosto de pelexar. Os menos valentes acaban chorando, e ó que chora moito chámanlle *choromicas* ou *choromiqueiro;* ós que disputan moito de palabra dinlle que *peterrean;* ó que bate nos outros por calquera cousa, chámanlle *peganchín;* ó que pelexando emprega as uñas ou os dentes, pra arrabuñar ou morder ós demáis, ou goza en lles facer dano doutras maneiras, *trincón;* ó que arma pelexa por calquer motivo, *pelexón, gallito* ou *galo inglés.* Hainos que se encabuxan e pasan tempo amorrados, sin dar fala.

De todolos xeitos, o "instinto de guerra" nunca falla nos rapaces. Tamén manifèstase adoito o "instinto de dominio", que desenvolven por medio da listeza e a iniciativa, que os fai ser os directores dos xogos e dos emprendimentos, pola valentía, ou pola forza e o medo que poñen nos demáis. Son os *mandós.* Correspóndelle noutros o "instinto de obedencia", que os leva a formar *pandillas* máis ou menos permañentes, que obedecen a un xefe.

O "instinto de guerra" mañifèstase en dúas formas, nas que non se tén deixado de ver semellanzas cos costumes dos homes primitivos: a do duelo, ou combate singular, dun contra un, e a da pelexa entre pandillas. Unha e outra persisten na mocedá, como hemos ver, e a primeira mesmo entre homes feitos.

O combate singular, ás labazadas (nalgús lados chámanlle, especialmente os rapaces, *ostias)* pode xurdir nun instante, sin trámite, mais moitas veces é mediante *desafío* formal, con cita pra un sitio determiñado (na cidade de Ourense, por exemplo, antigamente, a *Barronca* da Alameda), con condiciós: "non val agarrar dos pelos", "non valen couces", "non valen as patadas en tal sitio", etc. e aínda con testigos. Compre sinalar que a usanza

do desafío formal, con cartel, sinalamento de campo e condiciós, está, ó parecer, comprobada en Galiza dende o século X.

Ás veces, media entre os rapaces provocación especial, con fórmulas tradicionás. Un rapaz pón un fío branco, ou un carabulliño, que se vexa ben na solapa ou nun hombreiro, e dícelle ó outro: "Vai que non me quitas iste fío?"; si llo quita equival a acetar o desafío. As armas soen ser nada máis que as maus e os puños, como un deles non sexa *treidor*, e bote mau doutros medios, case sempre reprobados polo dereito infantil.

As pelexas entre pandillas fan matinar nas guerras de clan a clan dos antigos galegos (como doutros pobos da Península e de afora) de que fala Strabón. A pandilla non é un clan, senón un "séquito", como os dos antigos xermanos *(Gefolge)* e dos mesmos celtas: as *catervae*, de que falan os clásicos, ou sexa un fato de guerreiros xunguidos a un xefe escollido por iles, cun xuramento de fidelidade. Mais nas vilas e cidades hai, e sobre todo houbo, pelexas dos dun barrio contra os doutro, o cual aseméllase máis ás guerras de clan, como as dos mozos dunha parroquia contra os doutra, nas festas. Aínda se poden señalar pelexas e xenreiras duradeiras entre oficios e, hastra certo punto, entre clases sociás, como aconteceu en Sant-Iago, e noutras cidades, entre os estudantes ou os "señoritos" e os "artesanos".

Prás pelexas entre pandillas soe haber tamén, algunhas veces, lugares determiñados, campos tradicionás. Nas loitas entre barrios ou vilas lindeiras dase o caso de que haxa unha batalla anual, en certo día asinalado, pola posesión dun certo lugar fronteirizo que fica nas maus simbólicas do vencedor por todo o ano que sigue; pra estas batallas prepáranse a xeito e con moito adianto.

Moitas veces, estas pelexas son a cantazos, e chámanse en moitos lados, *cantinas* das que sempre saen escalabrados algús. Noutro tempo usaban nelas hondas pra disparar as pedras, e tamén os tiragomas ou flechas.

Hai tamén pelexas destas que son *de risas*, e niste caso, en lugar de pedras, tíranse *terrós*, ou o que nalgús lados chaman (inexplicablemente) *calláus*, ou sexa as pelas de terra que se forman nos eidos traballados, que se desfán sin mancar.

Os nenos e as nenas

De pequerrechos, na aldea, os nenos e as nenas xogan xuntos, na aldea moito máis do que na vila. Despóis, arrédanse cada vez máis deica volvérense buscar, xa perto da mocedá, xa doutro xeito. Hai un instante en que a latente "guerra dos sexos" comenza a se facer notar, probablemente unha miga denantes da pubertade.

Os rapaces, que xa xogan separados, cada sexo ós seus xogos, sinten certa atracción segreda que se mañifesta nunha aparente xenreira. Os rapaces métense coas nenas, estórbanlles os xogos, quítanlles os enredos, alcú-

manas ou dinlles cousas firentes, aguillándoas pra que respondan, arman liortas coelas etc.

Nalgús lados téñense recollido verdadeiros desafíos en verso entre un fato de rapaces e outro de cativas, dos que damos o seguinte exemplo:

Eles — Cantai dehí, mucosiñas,
que deiquí cantamos nós,
e anque somos pequeniños,
cantamos millor que vós.

Elas — Cantai dehí, morrallosos,
que deiquí responderán,
comestes a besta morta
na mediada de San Juan.

Siguen diversas cántigas improvisadas, e no final:

Non te metas comigo ás pullas
que te meto na corte das burras.
Non te metas comigo ás chanzas,
que te meto na corte das ranchas.

Botache unha pulla
por encima dun burro,
que che fago comer merda
hasta Lugo.
Téñoche unha herba na horta
que se chama mouratón
pra contestares comigo
tés que volver ó catón.
Téñoche unha herba na horta
que bota leite marelo,
pra contestares comigo,
tenche a saia pouco vuelo.

As coplas, como se vé, non son modelo de cortesía. É unha *tensón* do estilo das *cántigas de maldizer*, dun humor procaz, como bastantes das da Edade Media.

A MOCEDÁ

A segunda clase de edade

"Quen fora mozo e non fora tolo!", dí o refrán. O refrán indica os costumes e mailas licencias propias da segunda das edades da vida. A vida da aldea esíxelle de abondo ós mozos, mais tamén lles permite moitas cousas. Niles discúlpanse feitos que non lle serían permitidos ós outros, e que soen chamar as xentes andadas, en son de tolerancia, "cousas da mocedá".

Os mozos traballan xa como os homes, e àínda deben, por honra propia, lucir maor esforzo nos traballos, especialmente nos máis duros: na malla, na seitura, na sega da herba, no carrexo dos queipos das uvas, dos sacos de pan, do monte. En troques gozan de libertades e franquías vedadas ós nenos e máis ós homes, e ás que ninguén se opón, téndoas como cousa natural naquiles anos e na situación de solteiros. En xeneral, a mocedá está máis defiñida pola soltería que non polo tempo; é esto o que fai dela unha verdadeira clás.

Diferénciase, naturalmente, nos homes e nas mulleres, máis acusadamente, si cadra, que nas outras edades. Trataremos duns e outras por separado.

A "pasaxe" de neno a mozo

Falamos da *pasaxe*, seguindo nesto a idea de Van Gennep, porque indudablemente, existe, e con seguranza existíu máis aínda outrora, unha ritualidade requerida pra que un rapaz poda entrar na clás dos mozos.

Considérase, polo común, que a mocedá "cronolóxica" encomenza, pouco máis menos, entre os catorce e os dazasete anos. Cando un rapaz emprincipia a traballar como os homes, é un *mozo feito* polo tempo; mais esto non lle dá os dereitos e deberes da mocedá, as franquías e licencias dos mozos. Pra acadalas tén que ser admitido polos outros mozos na súa compaña, e esto non sempre se consigue do mesmo xeito. Sempre se lle piden determiñadas condiciós e moitas veces tén que encher certas formalidades. Nos nenos hai xa, como temos visto, moitas veces, cousas destas, pra ser admitido nunha pandilla; mais agora as cousas van máis serias. Na terra de Celanova os mozos non andán ás mozas deica seren "homes" en Castela, é dicir, deica que seituran ca fouce.

A sociedá dos mozos

Polo xeneral, os mozos dunha freguesía forman entre iles unha sorte de asociación, gremio ou como lle queiramos chamar, máis ou menos tácito, máis ou menos mañifesto, formalmente orgaizado ou somentes sobreentendido, pero sempre existente. Hai sitios (como din, por exemplo, das parroquias de Anllo e Mesiego, no Carballiño) en que os mozos son "moi unidos"; noutros nono son tanto, mais non por eso deixan de contar pra moitas cousas uns cos outros, e si non están orgaizados dun xeito permañente, orgaízanse en ocasiós, pra emprendimentos determiñados, ou sexa, que o agrupamento dos mozos está sempre, cando non mañifesto, polo menos latente e pronto a se formar a cada momento.

Estes agrupamentos da mocedá son os que chaman nos países xermánicos *Burschenschaft*, e danse en case toda Hespaña e Portugal, en case todalas terras de Francia, Suiza, Rhin, Alemaña, Piamonte, Lombardía, etc.

Os mozos teñen o seu lugar de xuntanza, un día ou máis á semán, ou cando as circunstancias o requiren, ben de noite, ben ó anoitecer, ó remataren o traballo, pra trataren das súas cousas. O lugar pode sel-o forno, como en Carracedo da Gudiña, debaixo da galería dunha casa sin vividores, como en Ribeira de Miño (Pantón), no campo ou praza da aldea, como en Santa Baia de Amoeiro... Debemos lembrar que o Forno Comunal é onde se axunta a miudo o Concello dos homes das parroquias; que moitas veces, nas prazas ou campos, que tamén o soen ser de feira e de festa, das aldeas, hai algún árbore que sirve de lugar tradicioal de reunión; o cual todo semella indicar certo carácter que pudéramos chamar "oficial" desas xuntanzas de mozos.

Alí tratan das "cousas da mocedá" e toman acordos sobre delas: as festas, as merendolas, as trasnadas que pensan facer, as xenreiras cos mozos doutros lados, cousas das mozas, especialmente os namoros con mozos forasteiros, etc.

Ninguén pode asistir a estas xuntanzas non sendo os mozos admitidos como tales. Si, cando se axuntan, hai alí xente que non deba estar, dan o berro: "Rapaces á cama!", ou ben: "Casados á cama!", e os que non son mozos téñense que marchar. Esto, por exemplo, en Carracedo da Gudiña; en Ribeira de Miño, si algún que non é mozo se quer meter na xuntanza, bátenlle e chegan a correlo a cantazos. Xeneralmente, a xente respeta o que "é cousa de mozos" e déixaos libres pra acordaren e falaren o que queiran.

Os mozos soen ter un xefe, que é o máis vello, o máis valente, o máis discursante, o que tén máis simpatías, o máis forzudo, e aínda o máis bruto. O xefe é o que chama ou manda chamar ós outros prá xuntanza, o que recolle os cartos pra pagar a gaita nas festas ou bailes, ou os dos escotes ou *conrobla,* o que reparte o viño nas merendas, etc. Ás veces, iste xefe leva un tídoo que vén doutras orgaizaciós: en Sarreáus, na Limia, chámase *Maiordomo,* mailo principal alí é o que leva o de *Vigairo* (novamente, como nos Concellos dos homes), que é o encarregado de avisar ós outros, cobrarlles os escotes, e leval-a dirección da parte "administrativa"; o cárrego dura un ano ou máis, e o Vigairo está exente de todo pago ou escote.

Os acordos dos mozos e as cousas faladas nas xuntanzas débense ter caladas. Mesmo hai casos en que os mozos teñen entre si, pra falar das súas cousas, un linguaxe segredo, que soe ser o chamado *verbo do pe,* ou cousa semellante. Consiste en intercalar entre cada dúas sílabas, unha sílaba arbitraria, formada co pe (ou con outra consoante) e a vocal da sílaba anterior. Por exemplo: "Sipi nonpo queperepes vipir coponoposcopo, quepedapatepe napa capasapa". (Si non queres vir conosco, quédate na casa).

Istes linguaxes segredos son de moita usanza nos pobos chamados primitivos, onde hai sociedades segredas e rigurosas clases de edá. Acontez en moitos lados que ás mulleres lles estea prohibido falar na lingua dos homes ou, polo menos, pronunciar certas verbas que son de uso exclusivo deles. Entre os negros de África, na iniciación dos mozos, aparte das leendas relixiosas, as tradiciós históricas e as leis tradicionás, "depréndenos a servirse dunha lingua convencional, especial pra cada clás de edá, e da cual hanse servir entre iles cando non queiran ser comprendidos polas clases máis novas ou máis vellas".

Por todo esto, as agrupaciós de mozos teñen sido postas en comparanza coas "sociedades segredas" dos pobos primitivos, coas que sin dúbida teñen algún vencello. Tense pensado que tales sociedades naceron como reacción dos homes contra da orgaización matriarcal, e que delas se orixinarían os cláns totémicos. Todas estas cousas semellan un pouco pasadas. Procúranse as orixes no tempo prehistórico e, en troques, non se mira pra nada ós tem-

pos intermedios, a outras orgaizaciós históricas nas que se puderan atopar paralelos máis concordantes.

Os membros das sociedades segredas dos primitivos disfrázanse con carantoñas representando os antepasados ou outros espritos. Dan moitos como restos destas mascaradas primitivas, os *felos, zigarrós, murrieiros* ou *piliqueiros,* que saen polo Entroido, en Laza e noutros lados, dos que nos hemos ocupar cando tratemos das ditas festas. Os que defenden a tesis de seren unha supervivencia de costumes prehistóricas fan empeño, principalmente, no feito de levaren pelicas animás.

A referencia ás *bandas de guerra* dos xermáns, dos celtas e dos iberos —de que xa falamos co gallo das pandillas dos rapaces— faina, tratando dos mozos asturiáns, Constantino Cabal.

Nalgús sitios, como nos arredores de Ourense, o tempo pra ser acollido como mozo é o de ser alistado pró servicio militar. Pode esto ter tamén un senso de antiguidade, si nos lembramos do costume dos xermáns que daba idéntica sinificación á aptitude pra manexar as armas, entrándose na mocedá cando a asamblea lles entregaba a lanza. Esta consideración do servicio militar como capacitando ó rapaz pra ser mozo, contrasta con outro costume desaparecido, que indicaba unha maneira contraria de apreciar o servicio: a das mutilaciós pra se libraren do servicio, por exemplo, cortando algús dedos da mau dereita, usanza á que se refiren os autores do século pasado. En xeneral, o servicio era, e aínda é, odiado na aldea; a marcha dos quintos facía chorar a coro ás mulleres da casa e ás veciñas, que os compadecían con grandes extremos. Laiábanse máis que nada, en tempo de paz, de que "os iban matar á fame", que é a maor calamidá prós nosos labregos.

A admisión

Pra admitir a un rapaz que está no tempo, entre os mozos, ou sexa, na *mocedá,* non sempre hai formalidades ou, si as houbo, deixóu de habelas. Por exemplo, en Santa Baia de Amoeiro, así que un rapaz tén quince anos, xa se empeza a xuntar cos mozos, sin máis nada, mais iles teñen o dereito de non deixalo ir na súa compaña. En Currás (San Ciprián de Viñas) considérase como mozo de que entra nos escotes. En Sarreáus, vén sel-o mesmo. Noutros lados, tén que pagar unha merenda ou unha ola de viño. En Carracedo (Gudiña) pode entrar, dende os catorce anos, cando queira, con tal de pagar pró gaiteiro como os demáis mozos.

En troques, noutros lados fano pasar por varias probas, o cual tén que sel-o costume antigo. En Ribeira de Miño, pídenlle probas de valentía e de silencio. Alí, o *día das cancelas* (din iles *dos cancelos*) é o de Todolos Santos. Ós que queren entrar mándanos ir por un carro ou cancelo, a sitio difícil; si non quer ir, nono admiten e tén que quedar pró seguinte ano. Igualmente, fanllos levar onda a igrexa, o cual, como é de noite, ponlles medo, e si non vai, queda fora. Pra probaren si é calado,

mándanlle ir buscar a cabra do Fulano, ó curral, e ameázano pra que non diga nada.

En Carracedo, o novicio recibe instrucciós: "Non te metas con ninguén, pero que te atopen cando te busquen". O cual non deixa de lembrar o "No la saques sin razón, ni la envaines sin honor". Posto ésto en relación coas pelexas que aínda non hai tanto tempo se armaban nas festas entre parroquia e parroquia, das que falaremos, semella indicar que istes agrupamentos de mozos, como as pandillas dos rapaces, teñen tamén certo carácter de banda de guerra.

Dereitos e deberes dos mozos

Os mozos teñen unha chea de dereitos que ninguén lles nega, nin dentro, nin fora da familia. Hai dereitos que corresponden a cada individo, e dereitos que pertencen a todos xuntos, ou sexa á *mocedá*.

Entre os primeiros podemos poñer o de fumar (polo menos, diante de xente); o de andar cos outros mozos nas festas, merendas, magostos, bebedeiras, fiadeiros, etc.; o de saír de noite e pasala, si cadra, fora da casa; o de bailar coas mozas nas festas, foliadas, foliós ou gaitadas; o de cortexar e ter noiva.

Os que corresponden á mocedá, en corporación, por decilo dalgún xeito, son: o de orgaizar festas, bailes e gaitadas; o de gastar bromas e facer trasnadas, no Entroido, por Santos Inocentes, na noite de San Xoán ou noutros días, asegún o costume de cada sitio; o de iren ás bodegas, sin permiso do dono, e beberen viño; o de roubar froita no tempo. En León e Asturias, o que teñen dereito a roubar é o leite e as bolas.

Un dereito moi especial da mocedá, como corpo, é o de vixiar ás mozas pra que non collan noivo forasteiro, ou sexa, doutra parroquia. Cun criterio inteiramente endogámico, considérase que as mozas desta parroquia pertencen ós mozos desta parroquia, de maneira que, si algún de afora vén cortexar a ela, póñenlle todolos impedimentos, hastra en casos, pola forza, e cando non se consigue impedilo, fanlle pagar un convite ou unha cantidá de diñeiro. Tense sostido que iste é un dos fins ou o fin principal distes agrupamentos de mozos.

Os deberes de cada mozo son o de pagar os escotes e o de obedecer os acordos da mocedá e, moi importante, o de asistir e axudar ós demáis ou a calquera deles en caso de que outros o ataquen, como nas festas, cando hai paus. Pra pedir axuda, hai berros especiás como en Carracedo o de: "Á min, irmáus!", ó que hai que acodir sempre. Igualmente, cando hai desafío cos doutra parroquia, ou é chamado pra unha pelexa, tén que ir e non pode fuxir, porque sinón bótano e nono volven querer.

A mocedá tén certos deberes coa parroquia na orgaización das festas e cousas semellantes, obrigas como as que se impuñan ós gremios das cidades e vilas nas Constituciós antigas: levar determiñadas imaxes nas procesiós, formar as danzas, as representaciós (como as de mouros e cristiáns), divertimentos determiñados do Entroido, etc. No día de hoxe é moi

común que sexa a mocedá a que se encargue da festa do Patrón, pedindo pra ela, contratando música e gaiteiros, mercando os foguetes, percurando alumiamento, etc.

Usanzas da mocedá. Merendas e magostos

Cando os mozos poden, por calquera circunstancia, apañar un galo, un año, ou mercalo, ou cando se atopan con cartos pra gastaren, preparan unha merenda con calquera desas cousas, unha empanada, polbo, peixes ou troitas, etc. Xúntanse, e fan un escote entre todos, pró que todos teñen que dar, e cómena no campo, na taberna ou onde sexa, con bastante viño. Divírtense entre iles e soen vir cantando moi alegres.

En determiñadas ocasiós, como nas festas, convidan ás mozas, que, naturalmente, non pagan, e entón a troula inda é maor. Ás veces rematan con baile.

Os *magostos*, como se fan con castañas asadas, non poden ser máis que ben entrado o outono e no inverno. Hai días determiñados pra facelos: o día dos Santos (Todolos Santos), o día de San Martiño, anque se podan facer sempre que haxa castañas pra asar. O verdadeiro magosto faise no campo, levando as castañas e o viño. Recollen leña miúda e garamatas, e fan unha fogueira pra asar as castañas. Están todos arredor, mozos ou mozos e mozas, e aínda outra xente a quen convidan, tizando no lume; cando toupa a primeira castaña, recíbese con berros e troula e alegría, e cantas máis toupen, millor. Hai que coller as castañas quentes, que queimen os dedos ó debullalas, soprando nelas, e coméndoas así, porque tiran máis polo viño.

O magosto tén algo de ritual, que xa foi observado no tempo dos precursores e dos celtistas. Un día de magosto, por exemplo, nos arredores de Ourense, ofrez unha vista moi característica cos lumes que se ven cintilar de lonxe polos montes adiante, e as colunas de fume, que non é estrano que lembrasen ós historiadores románticos altares de sagrificio, e os fixera matinar nunha festa relixiosa pagá.

Tamén fan magostos os rapaces pequenos e os grandes, ás veces familias inteiras, ou dúas ou tres xuntas, principalmente nas cidades.

As castañas asadas, con viño, xántanse tamén, a veces, nas casas, arredor do lume, asadas na lareira; mailo verdadeiro magosto é no monte.

As cántigas refírense moitas veces ó magosto:

Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero,
que che cheiran a chamosco.

Has bailar, que che hei dar castañas,
has bailar que chas hei de dar,
que chas teño prometidas
e non che podo faltar.

Esta usanza dos magostos e merendolas dos mozos, sobre todo cando o fan iles soios, pódese referir ó *xantar en común*, que é unha forma coñecida de *rito de pasaxe*, que cataloga Van Gennep como usado prá *agregación* de forasteiros. O que chaman *comensalidá* é unha das for-

mas máis antigas de adopción fraternal. Niste mesmo senso usábase entre a mocedade espartán. O *pago do piso* do noivo forasteiro, cando consiste nunha convidada, tén tamén, en parte, iste carácter, e a *despedida de solteiro,* tan usada nas cidades, vén ser como a derradeira comida en común.

Festas de aguinaldo

Algús autores dan como dereito propio dos mozos o de pediren o aguinaldo indo polas casas a cantar, en determiñados días do ano. Non quita que noutro tempo fora así; o certo é que hoxe fano, en Galiza, tamén as mozas, os nenos e as nenas, en moitas cidades e vilas, case exclusivamente. Sin embargo, hai onde siguen indo os mozos aparte.

Os principás días son o *Nadal,* o do *Ani-novo,* ou dos *Manueles,* e os *Reises.*

O día de Nadal non é frecuente. A víspora do Ani-novo (ou Manueles) eo máis. Á tardiña ou á noite, no Castro de Caldelas, iban os mozos —hoxe os rapaces— polas casas, cantando o Ani-novo, polo xeneral, a voces soias:

Ano novo, ano novo,
ano novo veloehí ven,
veña polo noso ben,
polo de vosté tamén.
Estas portas son de oro
i-eiquí vive Don Antonio.

Estas portas son de papel,
i-eiquí vive Don Manuel.
Dios lle dea tantas ovellas
como no ceo hai estrellas,
Dios lle dea tantas vacas
como no corral hai lapas.

e pedían o aguinaldo, que recibían de castañas, noces, moedas, etc.

Noutras partes a ronda de mozos vai visitar de víspora tamén ós Manueles e cántalles copras como estas de Velle:

Manoel que estás dormindo
na cama tan destapado,
levántate dehí, Manoel,
que vas coller un catarro.
Se tés as botellas cheas,
non te levantes da cama,
que nós xa as vazaremos,
non che habemos cobrar nada.

Vimos ás copas de anís,
e ás copas de moscatel,
e se che vimos cantar
é porque te chamas Manoel.
Abre, Manoel,
abre, Manoeliño,
abre, Manoel,
quítanos o frío.

Os Manueles obsequian ós que lles van cantar con doces e copas.

Hoxe son, regularmente, somentes os rapaces os que saen a cantar os Reises, o 5 de xaneiro á tardiña e o 6 polo día. Antano, e aínda hoxe, en moitos lados, saen os mozos ou roldas de mozos e mozas, moitas veces con acompañamento de gaita, que nistes casos, tócase soia, sin tamboril nin bombo. As cántigas de Reises, despóis de ter sido Galiza a que deu as máis delas pra Hespaña e Portugal, son hoxe, moitas delas, castelás. Das máis enxebres daremos exemplos ó tratarmos das festas do ano. Os que as cantan, piden, naturalmente, o aguinaldo:

Denos aguinaldo,
anque sea pouco,
un touciño inteiro
e a mitá do outro...

Si non llo dan, botan cántigas de pulla. No Castro Caldelas, decían:

Esta casa é de palla,
Santos Reis, Santos Reis,
esta casa non val nada,
Santos Reis, Santos Reis!

Ruadas e fiadeiros

Tense falado de diversas características nos xeitos que teñen de cortexar os pobos da Península Ibérica: dan como predomiñante no norde, especialmente Cantabria, Asturias e Galiza, o *cortexo colectivo,* que se·opón ó *parrafeo na reixa,* característico de Andalucía. Estas formas de namorar responderían, como sempre, a ideas e usanzas primitivas (os "matrimonios de grupo"?), opinión que nin acollemos, nin desbotamos. As *rondas, roldas* ou *ruadas* representarían ise xeito colectivo de cortexar: o amor por grupos, non dun mozo e unha moza, sinón dos *mozos e as mozas.*

Ir de ruada, de tuna ou *de ronda* consiste en ir de noite, despóis da cea, cando os casados e a xente vella está na cama, polos rueiros adiante, polos camiños e aldeas de afora, un fato de mozos cantando *cántigas de namorar,* que cada un adica á moza trás da que anda, ou á noiva. Ás veces, a rapaza sai á porta e o galán queda parrafeando coela na mesma porta da casa, ou entran os dous á cociña, e os outros siguen, e á volta veñen ou non recoller ós que foron quedando.

Veleiquí algunhas cántigas polo xeito das que soen cantarse:

Deiquí cara á miña terra,
todo é camiño chán,
todos son cravos e rosas
postos pola miña man.
(Calvos de Randín)

Tanto hei dir, tanto hei de vir,
miniña ó teu lugar,
tanto hei dir, tanto hei de vir,
hastra que te hei de levar.
(id.)

Viva o pueblo de Varón
e quen por il se pasea,
as mozas son coma rosas
e os mozos que rechumbean.
(Varón, Carballiño)

Heime casar en Varón,
que é terra de moitas fabas;
hai us mociños moi guapos
e as mozas moi coloradas.
id.)

Dentro do meu peito teño
dous muiños a moer,
un moe, outro desmoe...
así fai quen ben querer.
(Arousa)

Cambadesa, por te ver,
paséi o mar de Cambados
a pique de me perder.
(Vilagarcía)

Quérenme as nenas deiquí
e as da banda de Leiro,
se me collen en Rianxo,
berraranme en Abanqueiro.
(Rianxo)

Si che preguntan mañán
de quen era a parranda,
era das mozas da Torre,
porque elas levan a palma.
(Vilagarcía)

Axudádeme a cantar,
dádeme unha axudadiña,
que non me podo valer
con esta miña gorxiña.
(Cornazo)

Á ruada mesma deben aludir as tan repetidas coplas sobre o tema "Pasei pola túa porta", do que Bouza Brey ten feito notar a gran cantidá:

Pasei pola túa porta,
puxécheme a silva albeira,
outra vez que a silva poñas
arde o eixo, carballeira!
(Vilagarcía)

Cando paso á túa porta,
compro pan e vou comendo,
pra que non digan meus pais
que de verte me manteño.
(Calbos de Randín)

Eiquí veño a que me pagues
todo o meu tempo perdido.
Xa non te falo das olas
que por tí teño rompido.
(id.)

Á túa porta me tés
como un feixe de leña,
agardo pola resposta
que das túas maus me veña.
(Melide)

Ábreme as portas, rapaza,
ábremas de caridá,
que estóu cos pés no lameiro,
mórrome de crueldá.
(id.)

Cando paso por aquí
sempre me cai o sombreiro
por mirar pra a túa ventana,
si ten un bó subideiro.
(id.)

Debaixo da túa casa
sepultura debe haber
para enterrar os deseos
que eu teño de te ver.
(Velle)

Tireiche un limón rodando
e na túa porta paróu;
cando o limón che tén lei,
que fará quen cho tiróu.
(id.)

Por moito que o río creza
ó ceo non ha chegar,
por máis amores que eu teña
a tí non te hei de olvidar.
(id.)

A lúa vaise poñendo
a min tanto che me dá,
a lúa que a min me alumbra
nesta terra non está.
(id.)

Todos che brindan riquezas
que eu non che podo ofrecer,
sólo teño un corazón
moi grande pra te querer.
(id.)

Unha estrela se perdéu
e no ceo non aparece,
na túa casa se metéu,
nos teus ollos resplandece.
(id.)

Neste lugarciño novo
amores hei de tomar,
ou no fondo ou na cima
ou no medio do lugar.
(id.)

Moza que estás na ventana
ca punta do pano fora,
a cara inda non cha vexo
e o pano xa me namora.
(id.)

As tellas do teu tellado
botan auga sin chover,
como queres que te queira
queridiña sin te ver.
(Melide)

Adiós, nena, hastra domingo,
que domingo logo ven;
de domingo en oito días
é a semana que ven.
(id.)

As rondas rematan moitas veces, polo tempo, nas *fiadas* prás que se axuntan mozas e vellas pra fiar. As fiadas fanse de noite; os *fiadeiros* estabrécense, as máis das veces, na corte da facenda, pra estaren máis quen-

tes; os veciños cédenas por veces, ben por unha sorte de servicio comunal, ben polo de *rogas* ou *axudas*, emprestando o candil pra alumeárense; o gas ou o carburo póno o dono da fiada, ou si é servicio comunal, a escote. Nalgús sitios, como en Lobeira, os fiadeiros instálanse nos currás.

As mozas xa levan atergo un pandeiro, cunchas, castañolas, unha tixola, unha lata de gas, unhas culleres, pra improvisar a música, un banco ou tallo, a roca e mailo fuso e, si se trata de servicio colectivo, o liño ou a lá que han fiar. Acompáñanas as nais e as vellas da casa. Destas dí a copla:

> Fan que che botan un sono
> no fiadeiro as velliñas;
> as larpeiras é pra ver
> que fan namentra as mociñas.

Os mozos van chegando un por un, pouco e pouco, ou veñen en ronda, cantando. O fiadeiro atrainos dun xeito especial:

> Por alí vai un camiño,
> por alí vai un carreiro,
> por alí vai un camiño
> que vai dar ó fiadeiro.

Si veñen en ronda, moitas veces anúncianse con cántigas, ás que responden as mozas do fiadeiro, iniciando o *desafío*, que comenza e sigue un pedazo estando iles fora e elas dentro, e remata despóis de entraren iles, cando se lles acaba a inspiración ou cando cansan. Hai recollidos unha chea distes desafíos, os máis deles en forma fragmentaria, e case ningún no seu orde orixinal. Algunhas veces están dados como desafíos os que realmente son *parrafeos* en verso. O *desafío* verdadeiro non soe ter nada de namoradeiro nin galante. É unha forma rural e antiga da "guerra dos sexos", que disimula, nas súas retesías, un segredo fondo erótico.

Tocante á forma, Xaquín Lorenzo recolle o pensamento de certos etnógrafos que coidaron que as coplas dos fiadeiros sexan escritas denantes das cantar, fundándose pra elo en desafíos iguales recollidos en diversos puntos de Galiza, e opina que esta igualdade "débese unicamente a que, a forza de repetirse desafíos, algunhas das súas cantigas chegaron a faguerse clásicas, formando elas desafíos que foron espallados polos que os deprendían". Dende logo, nesto como noutras cousas existen formas estereotipadas, que se repiten sempre, e que son, moitas veces, as millores características do popular, o máis propio material etnográfico. Baseándonos nesto, en lugar de reproducir desafíos íntegros, recollidos eiquí e acolá, preferimos tentar o ensaio de reconstruir o feitío que pudéramos chamar ideal do desafío axuntando coplas auténticas recollidas en diferentes puntos.

Comenza, polo regular, cun reto (o verdadeiro desafío):

> Eles — Ahí vos vai o desafío
> pola punta do coitelo,
> ahí vos vai o desafío

Elas — Si quérelo desafío
pola punta da navalla,
si quérelo desafío,
vinde acá, caras lavadas!
(Ourense. Común a toda Galiza.)

Cada bando afirma a súa confianza na victoria:

Eles — Anque cantes e recantes
e metas o cú na cesta,
nunca batalla venciches
e tampouco vences ésta.
Elas — Anque cantes e recantes
e volvas a recantar,
anque cantes e recantes,
por baixo has de quedar.
Eles — Téñoche unha herba na horta
que lle chaman violerta,
téñoche de deixar hoxe
cun palmo de boca aberta.
Elas — Teño unha herba na horta
que lle chaman de botón,
para contestar comigo
tés cabeza de melón.
(Melide)

Aluden ás moitas coplas que levan no saco:

Eles — Copliñas e máis copliñas,
copliñas che hei de cantar,
porque teño un saco cheo
e un costal por desatar.
Eles — Inda che hei de botar unha,
inda che hei de botar outra,
inda che hei de botar unha
que che ha de queimar a roupa.
Elas — Inda che hei de botar unha
por detrás dunha peneira,
que che hei de facer comer
a borralla da lareira.
(Melide)

Conforme se van enredando, van subindo as *pullas:*

Eles — As mociñas do Porto
son pequenas e redondas
e súbense ó campanario
botan peidos como bombas.
Elas — Os mociños que hai no Porto
todos teñen pernas tortas,
unhas sirven pra abeacas
e outras pra trancas de portas.
(Varón, Carballiño)

A MOCEDÁ

Eles — Canta, cuco, canta, cuco,
na rabela do arado,
que as mociñas de Coaledro
non saben facer o caldo.
Elas — Os mociños de Coaledro
todos sentados nun banco,
eu non dou por eles todos
un vaso de viño branco.
Eles — Agora que vén o vrau
tamén vén a primaveira,
ás mociñas de Coaledro
toda a barriga lles pela.
Elas — Indo pola calle abaixo,
tropecéi cunhas tenazas,
os mociños de Coaledro
andan cheos de carrazas.
(Coaledro)

Non compre poñer eiquí eixemplos da infinidá de cántigas tremendamente porcas e mesmamente aldraxantes e obscenas que se estilan ás veces nistes desafíos, con alusiós incluso á conduta das rapazas. O estilo medieval das *cántigas de maldizer* chega eiquí, en ocasiós, a extremos. A comparanza coa *tensón* trovadoresca cecáis non estea descamiñada enteiramente.

Nas cántigas de desafío propóñense moitas veces adeviñanzas e problemas, semellando ser iste un dos temas tradicionás importantes, considerando que se trata sempre de quedar un dos bandos por riba do outro. Veleiquí unhas de Lobeira:

Elas — Dígame usté, señor goapo,
vosté débeo saber ben:
catorce dúcias de gatos
cantos pares de uñas tén?
Eles — Veña alá, miña señora,
sin resposta non se ha de ir,
catorce dúcias de gatos
tén trescentas e dez mil.

e outras de Melide:

Eles — Rapaza que sabes lér,
tamén saberás contar,
tamén saberás decir
cantas ondas tén o mar.
Elas — Cantas ondas tén o mar
heicho de decir sin duda,
pero ti me has de decir
cando é que se pón a lúa.

Entre as características formás das cántigas de desafío, encóntrase o *lexaprén*, que, si por un lado pode axudar, dando pé ó que improvisa, por outro obrígao cun pé forzado. Damos o seguinte exemplo de Lobeira:

Eles:

Mociñas que estais ahí dentro
cosendo maravalladas,
tenga usté los buenos días
y también las madrugadas.

Elas:

Á porta do fiadeiro,
mozos, non veñaís rondar,
que hai unhas poliñas novas,
mozos, deixainas criar.

Dis que son poliñas novas
as que están no fiadeiro,
mais maus tenras tén que ser
as que toquen meu pandeiro.

Nós non queremos tocar
no pandeiro de ninguién:
pra tocar están os homes
no pandeiro da muller.

Calaivos vós, fiadeiras,
caras de carancandil,
ollos da miña cadela,
fuciños de tamboril.

Cálate, vaite calando,
cara de borrallo quente,
que non sirves pra falar
dediante de tanta xente.

Cálate, vaite calando,
cara de borrallo frío,
que non sirves pra falar
dediante do señorío.

Entrai, mozos, entrai, mozos,
polo fiadeiro adentro;
se non tedes conecía
tomades conecimento.

Mociñas do pano alleo
e da camisa emprestada:
díxome a dona da almilla
que vos tiredel-a saia.

Sentaivos, mozos, sentaivos,
Jesús, María y José,
que xa nos doi a cabeza
de vos ver estar de pé.

Catelina do rifante,
contigo non quero tratos;
o teu pai é carpinteiro,
fóxenlle os cás cos cabacos.

Esa palabra bendita,
galán, ti ben a dixeches;
si non sabelo camiño,
torna por onde viñeches.

O camiño ben o vexo,
eiquí desde onde eu estóu;
mira tú, miña miniña,
mira que contente vou.

Mozo, xa que vas contente,
cobriraste de pacencia,
que a moitos lles ven de caste
o cortexar sin licencia.

Por fin, ou se lles vai acabando a corda, ou van cansando, e esto exprésase tamén nas coplas, unhas veces con disimulo:

Agora non canto máis,
que está meu amor dediante,
e cos ollos me dice
que estóu rouco e que non cante.
(Velle)

outras dándose por vencidos:

Agora non canto máis,
que se me acabóu a gracia,
esta pouquiña que teño
lévoa para a miña casa.
(Id.)

ou ben invítase ó baile:

Tócame esa pandereta,
dámelle un golpe no medio
pra que sallan a bailar
os mozos do parrafeo.

Eles:

Mociñas que estais ahí dentro
cosendo maravalladas,
tenga usté los buenos días
y también las madrugadas.

Elas:

Á porta do fiadeiro,
mozos, non veñaís rondar,
que hai unhas poliñas novas,
mozos, deixainas criar.

Dis que son poliñas novas
as que están no fiadeiro,
mais maus tenras tén que ser
as que toquen meu pandeiro.

Nós non queremos tocar
no pandeiro de ninguién:
pra tocar están os homes
no pandeiro da muller.

Calaivos vós, fiadeiras,
caras de carancandil,
ollos da miña cadela,
fuciños de tamboril.

Cálate, vaite calando,
cara de borrallo quente,
que non sirves pra falar
dediante de tanta xente.

Cálate, vaite calando,
cara de borrallo frío,
que non sirves pra falar
dediante do señorío.

Entrai, mozos, entrai, mozos,
polo fiadeiro adentro;
se non tedes conecía
tomades conecimento.

Mociñas do pano alleo
e da camisa emprestada:
díxome a dona da almilla
que vos tiredel-a saia.

Sentaivos, mozos, sentaivos,
Jesús, María y José,
que xa nos doi a cabeza
de vos ver estar de pé.

Catelina do rifante,
contigo non quero tratos;
o teu pai é carpinteiro,
fóxenlle os cás cos cabacos.

Esa palabra bendita,
galán, ti ben a dixeches;
si non sabelo camiño,
torna por onde viñeches.

O camiño ben o vexo,
eiquí desde onde eu estóu;
mira tú, miña miniña,
mira que contente vou.

Mozo, xa que vas contente,
cobriraste de pacencia,
que a moitos lles ven de caste
o cortexar sin licencia.

Por fin, ou se lles vai acabando a corda, ou van cansando, e esto exprésase tamén nas coplas, unhas veces con disimulo:

Agora non canto máis,
que está meu amor dediante,
e cos ollos me dice
que estóu rouco e que non cante.
(Velle)

outras dándose por vencidos:

Agora non canto máis,
que se me acabóu a gracia,
esta pouquiña que teño
lévoa para a miña casa.
(Id.)

ou ben invítase ó baile:

Tócame esa pandereta,
dámelle un golpe no medio
pra que sallan a bailar
os mozos do parrafeo.

Tócame esa pandereta,
dámelle un golpe na beira
pra que sallan a bailar
os mociños da ribeira.
(Id.)

Efectivamente, encomenza o baile. Unhas veces, as mozas deixan de fiar pra bailaren; outras érguense, cando as sacan, e bailan sin deixar de fiaren. En Lobeira, cando o noivo lle pide un baile á moza, ela tén a obriga de sairlle a bailar. Nuns lados somentes poden pedir o baile os que teñen noiva; noutros pódeo pedir calquera. Tres ou catro mozos, ou tamén mozas, tocan o pandeiro, a tixola, as cunchas e, si cadra, a lata. O pandeiro tócase coas maus; a tixola dándolle cunha chave; a lata coas maus ou con dous garabullos, que fan de baquetas do tambor. En moitos lados, aínda se conserva o costume de bailaren o *solto* nos fiadeiros.

Nestas xuntanzas non é o baile o único divertimento: namentras están fiando, as vellas e os vellos, e tamén mozos e mozas, contan contos e sucedidos, historias vellas, cousas da vida do lugar. Os mozos xogan coas mozas xogos de prendas ou outros xogos tradicionás, que son verdadeiras representación de pasos ou farsas.

Cando se anda *ós contos*, pode dar que se poña a condición de que cada un ha contar un cando lle chegue a vez; ou tamén que lle pidan que os conten ós vellos, que son os que saben máis. Ás veces, os recitadores cansan, e pra se tiraren de compromiso, empregan fórmulas xa consagradas polo costume:

Unha vez era un cesto i un frade,
e titiridalle, e titiridalle
Unha vez era un frade i un cesto
e o meu conto acábase nesto.

Entre os xogos, atópanse os seguintes:

O dos casados. Póñense mozos e mozas darredor da corte. Logo sai un mozo cos ollos tapados, buscar a súa moza, e de que a atopa, cantan os dous no medio do corro:

— Yo soy la viudita
del valle del Rey,
me quiero casar,
no tengo con quién.

— Contigo sí,
contigo no,
contigo sí
me casaré yo.

Ó rematar o canto, rompen todos a bailar con moita alegría (Melide).

É iste un verdadeiro xogo de sociedá, que se imita moito con outros que se xogaban nas casas da xente alta, e moi especialmente ás *figuras de cotillón*. A orixe distes xogos galantes atópase probablemente xa nos cos-

tumes provenzás do tempo das Cortes de Amor, ou nas cortes italiás do Renacimento.

Xogo dos casados chaman en Lobeira a outro inteiramente diferente, que é como sigue. Póñense dunha banda os mozos e doutra as mozas. Un mozo fai de confesor, e botando pola cabeza un mandil, vai preguntando ás mozas, unha por unha, e de xeito que non oian os mozos:

—E vosté a quen quere?
—Eu quero a Fulaniño (o nome dun dos mozos).

Cando o confesor rematóu con todalas mozas, enche o mandil de toxos, facendo coíl unha especie de maza, vai onda un mozo e dícelle:

—A buscar a muller.

O mozo entón diríxese a unha calquera e dícelle:

—E vosté quéreme?

Si non é aquil o mozo a quen ela dixo que quería, responde:

—Eu non.

Entón o confesor bátelle ó mozo co mandil e mándao de novo buscar a muller, hasta que atope a que lle diga sí. Cando a atopa, séntase á súa beira e comenza outro mozo hasta remataren todos.

O xogo dos labradores. Vístense uns cantos mozos de demos, espidos da cintura pra riba, na cabeza dous cornos de palla e a cara toda emborrallada, e escóndense; e sai o predicador e ponse a falar contra dos outros mozos e mozas por traballaren en días de festa, e como iles non se queren arrepentir nin facer penitencia, o predicador régaos con cinza e con auga, e manda saír ós demos do cornello onde están.

Os demos veñen, brincan coas mozas e escapan coelas sabe Deus pra onde.

Iste xogo é un dos de carácter teatral a que temos feito referencia. É unha verdadeira farsada, indudablemente de tipo medieval, determiñado claramente, ó noso ver, pola intervención dos diaños e pola parodia da confesión.

O xogo do sarillo. Cóllense dous mozos de tal xeito que un diles fica coa cabeza pra baixo, abrazado á cintura do outro e coa cabeza entre as pernas, collendo tamén entre as súas a cabeza do que está de pé. Atrás diste, e agachado, ponse outro mozo. Entón o mozo que está dereito déixase caír pra trás, dando a volta por riba do que está agachado, de xeito que o que enantes estaba de pé queda agora coa cabeza pra baixo. Logo repítese o mesmo deica cansárense. A iste xogo van tamén as mulleres prendendo a saia cun alfinete. Este é un xogo que practicaron, con seguranza, dende tempo inmemorial os antigos xograres, e que repiten polas plazas e os circos, títeres e pallazos.

Xogo das zapatos. Séntanse no chao, en roldo e cos pés pró centro, mozas e mozos. No medio pónse outro de xoellos, que é o que apanda. Os que están na rolda pásanse uns a outros un zapato por baixo das pernas, e o que está no medio anda á precura dil, dando voltas, e os da rolda bátenlle coas maus nas costas, decíndolle: "Precura o zapato".

Cando consigue collelo, aquil a quen llo pillóu apanda e o do medio ocupa o seu lugar na rolda.

Iste é un xogo de prendas moi coñecido, que tén moitas formas, a máis sonada das cuales é a de "el florón está en mis manos".

Hai tamén xogos improvisados, ou tradicionás modificados pola inventiva dos asistentes. Esto dín. En realidade, non ha ser moito o que teñan de novo.

Polo derradeiro, soe acontecer que, cando a cousa estea máis animada, haxa algún que apague o candil. . .

Por ésto e por razós semellantes, os cregos estiveron sempre en contra dos fiadeiros, traballando contra diles no púlpito e no confesionario, e aínda acodindo, con varias sortes de pretextos, ás autoridades, logrando, en moitos casos, suprimilos por algún tempo ou desterralos de raíz. Da eficacia do remedio non é doado xuzgar. En moitos sitios, desapareceron os fiadeiros e apareceron, en troques os "salós de baile" que, nalgús respectos, son aínda peores.

Outros divertimentos

Das festas, igual as do ano que as especiás de cada parroquia, tratamos aparte, pra poder falar das cousas en conxunto: Nadal, Entroido, Páscuas, San Xoán, etc.

Onde non hai salós de baile, que é ainda na maor parte dos sitios, é usanza armar unha miga de baile, con pandeiro, pandeiretas, cunchas, ferriños e castañolas, os domingos e días de festa á tardiña, nun sitio xa axeitado pra elo: unha praza ou campo, arredor dun cruceiro, dun árbore grande, etc.

En moitos sitios, os mozos teñen o costume de iren beber ou ter merendas nas bodegas dos veciños. O chiste está, principalmente, en que o dono nono seipa, pró cual hai que lle quitar a chave, sin que il se decate. Moitas veces é un fillo ou filla do interesado o que arrapaña coa chave e lla dá ós mozos. O dono da bodega inda que non sea gustoso, tén que se conformar, porque son "cousas da mocedá". Ás veces, cando os mozos están na bodega, mandan razón ó dono pra que veña, e aínda pode pasar que veña e que lles traia algunha cousa pra merendar.

Cando algún — mozo que se casa, noivo forasteiro, rapaz que ingresa na mocedá, viudo ou vello que casa, etc. — tén que pagar multa ou *conrobla*, en cartos ou en convidada, ármase tamén troula entre os mozos, que ás veces chaman *bebedeira.*

Non podemos deixar de falar eiquí do que soe chamarse "andar ás cancelas" (tamén "os cancelos" "troullada", etc.).

Nunha noite dada do ano, polo regular a víspera do San Xoán, noutras partes na de San Pedro, na do día dos Santos, polo Entroido, ou así, van os mozos roubar nas eiras e nos eixidos e currás das casas, os carros, os trebellos e máis cousas que atopen, as cancelas de pau dos currás e dos eidos, si poden, os burros e aínda as vacas e as ovellas, e métenos no río, ou lévanos a un lugar xa determiñado: onda un cruceiro, no adro da igrexa, ou, con moita frecuencia, atrancando os camiños máis pasaxeiros, pra que non poda pasar a xente. Aquela noite xa procuran os veciños deixar as cousas ben recollidas e ben pechadas, mais non sempre o consiguen: os mozos entran por onde poden e lévanllas, e á mañá os donos bótanas en falta, e por fin vanas atopar no sitio onde soen levalas, formando unha morea difícil de desfacer, as cousas unhas a cabalo das outras, e teñen que levar o traballo de andalas quitando pra traguelas prá casa, coa risa e as pullas dos outros. Non é raro que, cando os mozos poden levar algún burro, lle poñan un letreiro alusivo, pra lle dar rabia ó dono e facer rir á xente.

Nesta usanza pode haber unha significación de condena do traballo, que soe estar prohibido pola tradición mentras duran as festas, ou, moi especialmente, no Entroido, o lús e o martes, nos que, anque non sexan festa, non se debe traballar, e o que o fai, é tido por raña e por avarento. O simbolismo diste acto ritual debe ser, pois, o que indicamos.

Nas bodas e nas festas, foi usanza moi xeneral *a Regueifa:* unha fogaza de pan especial, amasado con óvos, e ás veces con azucre, ou co azucre por enriba, ou con ovos cocidos metidos por enriba na codia. Esta regueifa é o premio pra un desafío de cántigas entre mozos e mozas, ou entre dous bandos de mozos ou de mozas, sin que deixen de tomar parte ás veces os casados, ou tamén pra unha competencia de baile, que moitas veces é somentes pra casados ou pra vellos.

Xogos e deportes

O xogo da porca úsase tamén entre os mozos. Noutro tempo debeuse usar moito o *xogo dos bolos,* que nalgunhas terras da provincia de Ourense, tiñan como propio da xente dos partidos de Valdeorras e Viana. Aínda o mencionan noutros países.

Mais esteso está o xogo *da chave.* Nos arredores de Ourense, e ó longo das estradas que surten desta cidá, vaian pra onde vaian, atópanse nas tardes dos domingos e nos seráns doces do inverno, diante das tabernas, fatos de mozos e de homes xogando unha partida de chave, partidas nas que todos temos tomado parte moitas veces. Atópase moi xeneralizado na nosa Terra.

Carré Aldao describe do seguinte xeito o xogo da chave:

> Pónse no chao, a certa distancia, cuio comenzo sinálase cunha raia, e riba dunha moreíña de terra ou dunha pedra, un anaquiño de ferro rematado en punta de lanza. Os xogadores, dous a dous, dende a raia de sinal, tiran cada un dous pequenos discos de chumbo, e márcanse os tantos de cada un asegún a maor ou menor proximidade ó punto de mira. Cando se dá de plano neste

e se tira coel, díse que fixo chave, e si o disco toca denantes no chao, e logo dá no ferro, facéndoo caír, chámase facer chave de terra.

A que se xoga en Ourense e noutros lados é diferente. A chave tén a forma dunha picaraña da que o ferro pode dar voltas arredor do eixe ou mangueira, a cual é tamén de ferro, e espétase no chao. Gáñase facendo chave, que é pegando no medio da travesa, ou nun lado, facéndoa dar voltas, e fanse tantos chegándolle perto.

Fig. 31. - O xogo dos bolos en Viana do Bolo.

Moitos autores do século pasado, como Verea y Aguiar, falan de *carreiras a pé*, nas festas. Iste costume debe ter desaparecido da case todolos sitios Carré Aldao descríbea do xeito seguinte:

> Na carreira disputan unha gran fogaza que paga o maordomo do santuario onde se tén a festa. Pola tarde sacan o pan por entre a concurrencia ó acto, precedido aquil do gaiteiro, como invitación pra que a xente o dispute.
>
> Escóllese pró concurso un sitio chao e libre de tropezos, e os espectadores póñense en dúas longas fías ó longo da pista, que se deixa despexada pra que os aspirantes non atopen tropezo ningún.
>
> Convense o orden ou turno a que os corredores hanse acomodar. No cabo do campo, ponse un home cunha vara ou bandeira, que sirve de meta. Os concursantes fano en grupos de a dous e ocupan a mesma fía. Detrás dun diles ponse outro que o dirixe

e dá as voces preventivas, partindo á terceira, e sae victorioso o primeiro que chega á meta.

Como pudera ser que o terreo ou outras varias causas favoreceran a algún dos corredores, repítese a corrida tres veces, cambiándose de sitio ó colocarse de novo. Si non ás tres carreiras, de alcanzar o término en dúas un dos disputantes gaña o premio e poñen a fogaza nos seus hombreiros, e precedido da gaita, paséase en trunfo. Despóis volve correr o vencedor co que lle sigue en turno, e o que sae trunfante nesta segunda carreira dá o paseo da victoria; e así siguen correndo sucesivamente os demáis inscriptos hasta que non haxa quen máis queira correr. Como final, repártese a fogaza entre os corredores, levando a maor parte os aventaxados niste xogo.

As que semella que se siguen facendo son as *carreiras da cabalo*. Nas feiras de cabalos, como a da Ascensión, en Sant-Iago, a do San Lucas, en Mondoñedo, se cadra nas de Monterroso, en parte co pretexto de probaren

Fig. 32. - A Rapa das Bestas.

os cabalos, os mozos da aldea e os señoritos da vila vanos montar e correr coíles. En Sant-Iago, menciónase a *Festa do Cendal*, o día 25 do mes de Sant-Iago, día do Apóstol, que se celebraba xa no primeiro cuarto do século XVI, e era unha carreira a cabalo, na que o vencedor, coa cabeza cuberta cun veo de seda trasparente, paseaba trunfante polas rúas e dábanlle un prémio de 500 maravedís, que pagaba o Deán da Catedral.

A *carreira do galo* inda a fan, ou facíana hai pouco, en moitos lados. É un pouco bárbara e cruel. En Melide tén lugar o martes de Entroido,

e é do xeito seguinte. Penduran un galo dun árbore ou entre dous árbores, cunha corda. O galo leva o pescozo untado de aceite. Os mozos, da cabalo, corren pasando por debaixo do galo sin parar e procuran á carreira agarrar a cabeza do galo, a cual, ademáis, co aceite, esbáralles das maus. O que logra arrincar a cabeza do galo, é o vencedor, e recibe como premio a probe víctima, coa que prepara cos compañeiros unha boa merenda.

Carreiras a cabalo polo Entroido, tíñanse noutro tempo en Lobeira, tomando parte mozos de todalas aldeas de arredor. Non había galo; a carreira era polo camiño de Facós a Grou, gañando, sinxelamente, o que chegaba primeiro.

Corridas semellantes coñécense en toda Europa e aínda en América (na Arxentina, cun parrulo). En Suiza e Alemaña, en lugar de ser un galo, é moitas veces un ganso, como acontez en Sursee (Lucerna), polo San Martiño, en que teñen que botar abaixo dun sablazo o ganso da festa, pendurado na plaza do Concello, festa que se anuncia nas follas de propaganda turística.

Fig. 33. - A Rapa das Bestas en Sabucedo.

Cecáis a máis interesante das festas hípicas populares de Galiza sexa a *Rapa das Bestas*, que se celebra, coíste nome ou con outro, nos sitios onde hai cabalos salvaxes. En difrentes zonas da beiramar galega: na parte do Ortigueira, entre Cariño e San Andrés de Teixido, na península da Barbanza, entre Umia e Lérez, nos montes das Baiucas, Cábedo e Montenegro, do cabo Silleiro ó monte Santa Tecla, críanse libres estas *greas* de cabalos salvaxes, unhas de propiedá particular e outras do común de certos pobos. Tamén as hai nalgús puntos do interior.

Con ocasión do encerro, doma, venta, rapa e marcado dos cabalos, faise en varios sitios, un día determiñado do ano, unha verdadeira festa —da que hoxe fan anuncios e programas— á que van pobos inteiros, sin faltaren as vellas e os nenos, pra veren como os mozos e algús homes, intentan vencer ou domar a aqueles cabalos peludos e bravos.

Veleiquí como pinta Aquilino Iglesia Alvariño a "Rapa de San Lourenzo", en Sabucedo de Montes:

> Sabucedo é unha aldea de Pontevedra nos rebordes da Terra de Montes, terra de augas novas e fermosos pasteiros; nos tempos en que a bautizaron debíase señalar polos seus valados de sabugueiros floridos por istes días e rumorosos de abellas. Nesta terra de frescor tén unha hermida de groria San Lourenzo e herdanza da hermida é unha grea de égoas do monte que enche as encañadas e vagantos de relinchos ardentes... Eu coñecín moitos santuarios que tiñan así rebaños e greas. Un era San Cosme de Buzarrei e outro Santa Margarida de Seivane. Os lobos..., acabaron hai moito tempo coas greas destas dúas hermidas. A de San Lourenzo tivo máis sorte, pois sigue coa súa, anque minguada tamén polos lobos, nemigo vello dos cabalos galegos... Nun dos días pasados celebrouse a festa de San Lourenzo de Sabucedo coñecida polo nome de "A rapa de San Lourenzo". Na madrugada do víspora saen os mozos do lugar en procura da grea. De que a atopan, vén o bracexar, o correr, o berrar sin fin, deica envereala cara o lugar da rapa. Iste é un apartadeiro ou coso no que o gando vaise apretando hasta non se poder mover ou pouco menos. Logo vén a loita do home co animal, corpo a corpo e sin trampa, pra tirar ó último as súas crins e rabeiras. É operación lenta, chea de destreza, de forza e de incidencias. Prás xentes que suben de Pontevedra, resulta moi divertida e o millor incitamento pra atacaren pacíficamente unha empanada á sombra dos carballos. As égoas, arredadas das crías nesta operación, enchen o val de relinchos... Vén logo, en días sucesivos, a subasta das crins e o trouleo ben ganado dos mozos. A grea volve pró monte cabizbaixa sacudindo os muñóns dos rabos, torpes e sin gracia. Hai como unha pesadume de deshonra no rebaño diante do rebrincar dos potriños, que, nos claros e nos escampados do monte, raen a andadura non ben nados...

E o autor remembra, verbo disto, o verso de Gratio Falisco:

> Galaecis lustratur equis stuprosa Pyrene.

A gracia nestas festas e o que teñen de antigo deporte tradicional é, principalmente, o gallardo esforzo dos mozos pra domeñaren ós cabalos bravos e lograren montar niles, verdadeiro alarde no que hai que xuntar a maña coa forza. O montar a pelo é cousa que fan adoito, en Galiza, homes, mulleres e nenos, mais montar un cabalo salvaxe xa non é tan doado. Agárranos polo fuciño, botan as maus onde poden e, pra montar, tén que ser dun brinco. No intento levan unha chea de zoupadas cando non couces, e dentadas e pódense mancar gravemente.

As *loitas* (tamén *loutas*) a brazo, existentes aínda como deporte e como espectáculo na Armórica e nas Illas Británicas (por exemplo, nas feiras e máis nas festas céltigas), son mencionadas en Galiza por Carré Aldao:

> Estiveron — dí — moi xeneralizadas na xente do campo e aínda soen efectuarse algunha que outra vez; mais individualmente e sin carácter de festa colectiva. Eran entre dous varós e, ó perderen seu carácter de xeneralidade, disputaban o vencimento home e muller.

Certamente, loitan moitas veces os mozos, e aínda nalgunha ocasión os homes, por divertimento, anque non propiamente deportivo, sinón, pu-

Fig. 34. - Outro aspecto da Rapa das Bestas.

déramos decir, "de risas", por máis que o amor propio non pode menos de intervir. É realmente unha proba de forzas que soe ter lugar con ocasión dos traballos: seitura, sega da herba, malla, carretos da vendima, etc. Semella xeneral de máis pra ser supervivencia dunha tradición determiñada, anque sin duda pudera selo.

As loitas de home e muller teñen o mesmo carácter e significación, aínda que sexa inevitable o lembrarmos a idea da guerra dos sexos. A

forza que Ammiano Marcelino apón ás mulleres celtas, mañiféstase tamén eiquí na circunstancia de sere moitas veces a moza a que pode máis, e vence ó mozo na loita, por certo con grande ledicia e algarabía das mulleres que o están vendo, e que o celebran como un trunfo do sexo.

> Algo semellante —dí, non sin certa inocencia, Carré Aldao— son *os borcallós,* que consiste en ir ós rolos polo campo, estreitamente unidos varón e femia, pra probaren a resistencia mútua, mais somentes como xogo inocente...

Verbo desto, non é descamiñado citar o combate mau a mau do pretendente coa rapaza de que falan os poemas xermánicos —o de Gunther e Brunhilda nos *Niebelungen*— e que non falta tampouco entre os celtas. Fr. Chr. Fischer asegura que é costume que se conserva nas "noites de cortexo e de proba" das mozas da Selva Negra e de Baviera *(Fensternl)* a que nos hemos referir máis adiante. Eiquí, a loita dos sexos colle un xeito ritual e simbólico: o pretendente somentes pode conseguir á rapaza despóis de vencela coas armas (nos poemas) ou coa forza (na usanza?).

Todalas informaciós mencionan, entre os divertimentos dos mozos, os xogos de baraxa: a *brisca,* na que soen xugar un par de netos de viño, o *tute,* que se pode xugar a cartos, a *carteta,* que xa é un xogo de azar, etc. O *dominó* é máis propio das cidades e vilas, chegando a ser casi característico dos cafés de Galiza, sobre todo polo barullo que meten os xogadores a petar con forza nas mesas de mármore coas fichas.

As pelexas

Semella que os ánimos belicosos da mocedá téñense que descarregar dalgún xeito. Xa dende rapaciños dan lugar ás pelexas e cantinas de que temos falado. Nos mozos foi usanza antiga a de andar a paus nas festas os dunha parroquia cos da outra. Semella que cousas diste xeito dábanse en todo o norde de Hespaña: a Montaña, País Vasco, Navarra, e tamén nas Canarias.

Apenas temos información do tempo das *mocas* e das *bisarmas.* A moca era compaña inseparable do mozo galego nas feiras e festas, nas ruadas e nas saídas de noite; habíaas de moitos feitíos, traballadas á navalla, con motivos ornamentás, ochavadas, en forma de prisma longo, enfeitadas con cravos dourados, con fitas, cordas ou correas pra prendelas no pulso. A bisarma, a un tempo instrumento de traballo e defensa, con alta mangueira e ferro, mistura de fouce e de lanza ou chuzo, era gran cousa pra andar polos camiños en tempos en que inzaban os lobos. Unha e outra usáronse, asegún testemoio de moitos autores, nas batallas das romerías.

Houbo un tempo, nos fís do século pasado e comenzos do presente, en que estas batallas foron un verdadeiro andacio, que derramaba todalas festas, das que soía saír a xente a correr pra escapar da alarma. Menos mal cando eran a paus, e cando a cousa se levaba noblemente; entón, como

dí Carré Aldao, "era de ver a destreza con que, pra se libraren dos golpes, escrimían aquelas armas". Mais despóis, o descamiño dos costumes, que xa encomenzaba, e como indica o mesmo autor, a baratura das armas de fogo, fixeron que encomenzaran a botar mau destas, e que houbera moitas veces mortos e feridos graves. A intervención da Guardia Civil impuña severamente as paces, polo xeneral, mentras duraba a festa; mais ó rematar, á hora da desfeita, volvíana a emprender nos camiños e sitios arredados.

Tocantes ós pretextos pra pelexaren, falan algús, como Carré, da "maldita pasión dos celos" e de rivalidades amorosas, e non quita que en ocasiós non sexan as que deran ocasión. Maila cousa responde a causas máis fondas, a unha tendencia radical da natureza humá, que se ve favorecida por certas circunstancias da vida da aldea. Non é inteiramente descamiñado o falar do "atavismo das loitas seculares" e máis de "impulsos ancestrás".

O pretexto pode ser cousa de tan pouca importancia como o que a un mozo que anda bailando lle pidan a parexa, e il se negue (o cual levábase moi a mal; agora, polo xeneral, prohíbese pedir a parexa, pra evitar iste pretexto); pode ser cousa de amores dalgún mozo co que os outros fagan causa común. Mailo pulo que os move é o de botar por ela, presumir de valentía e de forza, e quedar por enriba.

Moitas veces non xurde a pelexa na ocasión mesma, sinón que precede un desafío dun bando ó outro, a citación e o citárense pró sitio, e iren preparados.

Dende hai algún tempo, é xa moi raro que se arme unha destas.

A vida das mozas

As mozas —as mulleres en xeneral— en Galiza, traballan tanto e, si cadra, máis do que os homes. As mozas galegas ocúpanse das cousas da casa, axudando ou sustituíndo ás nais, coidan dos irmauciños pequenos e, por parte, traballan nos eidos igual que os homes. Aínda nas comarcas inteiramente labregas, as mozas andan coa aixada labrando na terra, xuntamente cos homes; axudan nos traballos rexos, como na seitura e na malla, na que limpaban o grau, denantes de viren as máquinas; andan na sacha das patacas, tanto prás axuntar, tras dos homes, como coeles, co sacho na mau; elas son as vendimadeiras; van apañar pra acomodaren a facenda, ou pra tragueren monte ou leña; andan coas vacas no monte; son, adoito, as que coidan os marráus e mailas pitas, as que recollen as coellas na horta, etc. Todo esto nas terras onde o principal da labranza é cousa dos homes.

Mais hai zonas importantes de Galiza onde os homes non traballan na terra, como son moitas da banda do mar e aínda algunhas do interior. Asegún Strabón refire dos celtas e Tácito dos xermáns, nistes pobos acontecía que as mulleres eran as que traballaban na casa, no campo e en coidar do gando, namentras que os homes ocupábanse somentes coa caza

ou coa guerra, polo cual, asegún o testemoio de Ammiano Marcelino, elas eran máis outas e fortes do que iles. Nas terras a que nos referimos, é como si se houberan conservado aquiles hábitos antergos, cousa que, naturalmente, non queremos traguer eiquí como hipótesis histórica, nin moito menos, como houberan feito os escritores do século XIX; mais si sería moito atrevimento supór unha continuidade histórica nos costumes, non é igual presumir a das predisposiciós e tendencias conxénitas da raza, e mesmo dos hábitos orixinarios, que poden persistir latentes e revivir cando as circunstancias veñen a xeito.

Da mesma maneira, os etnólogos que podemos chamar socioloxistas coidan que as orixes da agricultura veñen da división do traballo entre homes e mulleres, nos pobos cazadores: os homes serían, asegún iles, os que traguerían a mantenza de orixe animal e as mulleres a de orixe vexetal, que primeiro procedería da recolleita dos froitos naturás da terra, e máis tarde, nas longas estadas dun ano ou máis nun terreiro determiñado, as mulleres, asentadas nil, namentras os homes facían expediciós de moito tempo, emprincipiarían a cultivar, sementando axudadas dun pau, prantas de vida breve, como os cereás... Xa sería moito supór que as condiciós de división do traballo entre os dous sexos, que se atopan hoxe nalgunhas partes de Galiza —e noutros países— veñan dende aquela suposta orixe da agricultura, por máis que no caso dos antigos celtas e xermáns a hipótesis pudera ser relativamente máis dina de ter en conta.

O feito é que, hoxe en día, os nosos mariñeiros, polo regular, non traballan na terra, desprecian a labranza como cousa de mulleres e, cando non saen ó mar, pasan as horas do día sin facer nada —como dí Strabón dos antigos celtas— mesmo debruzados nos peiraos, mirando pró lonxe, e case sin falaren.

Tanto nos pobos mariñeiros como noutros onde hai industria, ou polo menos moita artesanía, as rapazas teñen en menos ós labregos e non queren casar coíles. Hai sitios onde o mozo que pretenda a unha rapaza tén que ter un oficio, si é que ha ser aceptado, que doutro xeito, non tén quen o queira.

As mozas na aldea soen ter menos tempo libre do que os mozos, mais gozaron sempre de moita máis libertá do que as rapazas das cidades e vilas. Entre elas, teñen poucos divertimentos. Fora dos fiadeiros, esfollas, bailes e festas, e algús traballos da terra, as súas xuntanzas principás soen ser nas fontes, onde se demoran, cando van pola auga, parolando unhas coas outras, sin que os mozos deixen de dar algunha volta por onde elas.

O gusto das mozas, na casa, mañifféstase principalmente en teren nos corredores ou nas ventás cacharros ou caixós con plantas de albahaca, miramelindros, bágoas de San Pedro, claveliñas e xeranios. Soen ter gusto por cantar, e abelencia pra improvisaren coplas, o mesmo sobre tema sentimental, que de pullas tan estrevidas e picantes como as dos homes, ou máis.

Sobre da estimanza das mozas por parte dos homes, tense estudiado o cancioneiro popular. Xaquín Lorenzo escolléu e interpretóu niste senso unha chea de cántigas, mais poucas son as características xenerás que se poden tirar distes estudos. Nas cántigas mañifestanse gustos moi diferentes, e pode que non todos espontáneos. Por exemplo, fálase bastante nelas da "moreniña morena"; mais, de feito, na aldea, o ideal de beleza é a rapaza branca e coorada. O ser morena apónse xeneralmente a andar ó aire e no traballo: é unha maneira de "poñerse bravo" o cutis e, polo tanto, o contrario do fino e da fermosura. A gabanza, si cadra puramente literaria, das morenas, pode vir de influencia portuguesa:

Chamasteme moreninha,
morena como a pimenta,
não sei que tem o moreno
que a tudo o mundo contenta.

ou castelá, mesmo da literatura erudita. Débese advertir que, en toda Europa, o ideal de beleza femenina foi sempre o tipo loiro e branco con meixelas rubas, e somentes na época romántica comenza en grande a gabanza das morenas, por efecto da descoberta estética de Andalucía, emparentada co gusto do exótico e co prestixio do árabe.

Tocantes ó ideal de beleza vixente aínda hoxe nas nosas aldeas, abonda lér os retratos literarios das heroínas dos libros medievás de cabaleirías —por eixemplo, o da Raíña Xinebra— pra vermos que é a mesma cousa. Pode que iste ideal comence arestora a debecer por efecto da moda, millor ou pior interpretada, nas nosas vilas e cidades, e da progresiva corrente de mimetismo característica dos galegos modernos.

Mozos e mozas. O sorteo

Un costume ó que os etnólogos soen dar bastante importancia é o que se chama, asegún os casos, *as cédulas, os estrechos, as estreias.*

Consiste en sortear, un día determiñado do ano, que vén ser en case todos lados o 31 de nadal ou o 1º de xaneiro, último ou primeiro do ano, as mozas entre os mozos do lugar ou da parroquia, a ver quen lle toca de parexa a cada un e a cada unha. Botan nunha pucha uns papeliños cos nomes das mozas e noutra os dos mozos, e van sacando un papel de cada pucha pra faceren as parexas. Iste costume existe tamén nas cidades, somentes que nestas fano, polo regular, en cada casa cos nomes dos coñecidos.

Daremos como exemplo do costume rural, unha relación das máis completas que temos, referente á vila de Bentraces, no concello de Barbadás, a 8 kilómetros de Ourense.

Ó rematar de cear, axúntanse os mozos no café pra faceren as *cédulas,* que son os papelciños cos nomes diles e os das mozas. Como non sempre hai tantos mozos como raparigas, os que faltan sustitúienos con "empleos parranderos", como "ir polo río abaixo", "lavar as tripas", etc. Logo bótanse polos patios e palleiras buscaren leña pra levala ó adro dunha capela, onde lle plantan lume pra armar unha fogueira onde se quentaren, e

arredor dela agardan que o reló da parroquia dea as doce —ou sexa, que estea acabando o ano vello, pois esto faise na noite do 31 de nadal ó 1º de xaneiro— e, coa primeira batelada, un diles rube ó campanario cun corno, e outro a un canasto, levando un funil. Os demáis quedan onda o lume.

Comenzan a cerimonia tocando as campás á agonía polo ano vello. Logo, o que está no campanario saca un papel, co nome dunha rapaza, e léeo berrando canto máis pode. Respóndelle o do funil: "E con quén?" O do corno dá entón o nome dun mozo, ou dun "empleo", si lle toca, e os do adro, rindo moito, aproban: "Vaiche ben! Vaiche ben! Vaiche ben!"

Rematado o das cédulas, ven o de andar ás cancelas, que en Bentraces faise nesta noite. Ó outro día, dende a saída da misa, non se oi máis que preguntaren as mozas unhas ás outras: "Quén che tocóu?" "E a ti?", todas moi divertidas e riseiras. Á tarde dan sempre unha festa pagada por mozos e mozas na que a primeira peza tena que bailar cada un con quen lle tocóu nas cédulas.

En Seixalbo, que é hoxe a primeira aldea que se atopa saíndo de Ourense pola estrada que aínda chaman de Castela, é costume dende antigo que a festa de primeiro de ano a paguen os mozos que caíron en quintas no ano anterior, e si algún non quer pagar, tén que dar cinco pesos. Antigamente era de rigor que nesa festa tocara un gaiteiro con clarinete, e nono habendo, un de Seixalbo que chamaban "O Tabao", que era tamén xastre, chanqueiro, zapateiro e incluso axudaba á misa. Iste Tabao emprincipiaba pola muiñeira e seguía por todalas pezas de baile habidas e por haber A festa consistía no folión do último día do ano e o baile do 1º de xaneiro seguinte.

Niste folión faise o sorteo de mozos e mozas. Enantes leen o *Parrafeo,* que é unha composición feita no pobo, en que se ridiculizan os costumes e critícase a vida particular dalgús veciños; vai escrita en galego, uns anos en verso, e outros en prosa, asegún as facultades do compositor.

Seguidamente faise o sorteo de mozos e mozas. Pra un mozo figurar nil, tén que estar comprendido na edá militar, e si é unha moza, tén que ter os 18 anos. Un mozo vai cantando o nome dunha rapaza e outro o do mozo que lle corresponde, asegún os van sacando dunhas bulsas. Cando sai unha parexa con moita diferencia de edá, toca o bombo. De que rematóu o sorteo, tocan unha muiñeira, que teñen que bailar de obligación cada un coa parexa que saíu. Namentras bailan, acenden fogueiras coa leña que rouban ós veciños nas palleiras e sitios semellantes.

Pró outro día, na misa parroquial, o mozo tén que ofrecer á moza a auga bendita. Iste día, o 1º de ano, poñen a lista xeneral no sitio onde máis se vexa, na praza, e vana ver e comentar tolos veciños. A música vai polas casas dos Manueles, que lle dan copas e pastas.

O cortexo

As ruadas de noite son xa unha maneira de querer emprincipiar o cortexo: o cortexo colectivo, a que se refire Hoyos Sáinz. As cántigas das

ruadas son moitas veces declaraciós que efectivamente podemos chamar *colectivas,* da pandilla que as canta ás mozas do lugar onde as cantan, ou ben *impersoás,* sin precisaren nada.

A relación persoal iníciase de dúas maneiras: Pola *petición da palabra de amor,* ou por *adonarse dunha prenda.*

O mozo, á moza da que está namorado e da que quer ser noivo, pídelle "a palabra de amor". Moitas veces, a esta petición precede un *parrafeo.* O parrafeo é unha conversa, un discreteo de amor, que tén a súa forma estereotipada, en prosa ou en verso, que os parrafeantes soen saber de memoria, e recitan cando lles ven a conto, ou facendo que lles veña a conto, cunha preparación máis ou menos improvisada. Hai unha chea de parrafeos distes, transmitidos por tradición, e incluso moitos andan ou andiveron impresos, pra que os que *andan na pretensión* (ou sexa os que andan a namorar unha rapaza) os deprendan pra decirllos á súa moza, e reciprocamente. Esto non quer decir que non haxa mozos e mozas capaces de os improvisar; fálase moitas veces dalgunha ou dalgún, que "saben parrafear moi ben": é bastante corrente que metan párrafos ou estrofes compostas por iles entre os que repiten de memoria. Os *Livros de namorar* son moi usados en Portugal; hainos tamén en castelán, usados en Galiza e Asturias, e moitas veces, as "razós de amor" ou polo menos a inspiración dos parrafeos veñen desas fontes.

Os parrafeos imítanse moito ós desafíos; os investigadores teñen tomado con frecuencia uns por outros. Mailo certo é que os parrafeos usan un estilo máis directo, mais de persoa a persoa. Veleiquí un exemplo recollido na Arnoia:

—Teña usted mui buenos días,
felices de madrugada,
Señora que anda na horta
collendo a maravallada.
—Sea usted mui bien venido,
sea usted mui bien hallado,
o anoxo do seu pai
xa lle vai medio pasado.
—Non teña ansia por meu pai
nin polo que lle haxa pasado;
teño eu por tí, miniña,
levarte conmigo ó lado.
—Levarme contigo ó lado
no é polo meu proveito,
esa razón, queridiño,
púdoche quedar no peito.
—Que me pudo quedar no peito,
queridiña, tés razón,
sempre me gustaba moito
a túa conversación.

—A miña conversación
nunca lle gustóu á nadia,
e si Dios así o quixo,
que non fose a túa dama.
—Que non foses miña dama,
causouno a túa sogra,
i o día que ti te cases
hei de pór monteira nova.
—S'as de pór monteira nova,
guapo, non é galanía,
que se che pode ir acabando
o diñeiro de Castilla.
—O diñeiro de Castilla,
queridiña, tés razón,
que m'axudache a gastar
na taberna do Torrón.
—Se o gastache, nono gastaras,
qu'eu non cho mandéi gastar,
de sete damas que tés,
dime cal has de lograr.

—De sete damas que teño,
a ti que che ven con éso;
de sete damas que teño,
ti és a de menos precio.
—Si eu son a de menos precio,
burrico de Barrabás,
si eu son a de menos precio,
ti és o menos rapaz.
—Botache cinta ó dengue
con intención de casar,
has de gastar outros sete
e solteiriña has de estar.

—Botache calzón de rizo,
coste de moito diñeiro,
i o que tés pros días santos
codelos polo fumeiro.
—No sé cómo no florece
la escoba con que usted barre,
siendo usted tan buena moza,
hija de tan buenos padres.
—No me alaude, caballero,
no me alaude tanto a mi,
que las palabras de la calle
se las lleva el aire así.

Non ha cumprir que digamos que no exemplo presente hai anacos de tres parrafeos diferentes, na intención, no idioma e no carácter. Así e todo, vése niles o feitío fundamental do parrafeo, o verso con *leixapren*, o discreteo, que quer ser unhas veces especioso, outras bulreiro. A nota humorística poucas veces falta. Nun anaco de parrafeo en prosa, moi antigo, do que soio chegóu a nós iste fragmento, díse:

A moza: —Si fuera usté tan rico, onde me pondería usté?
O mozo: —En lo alto de la catedral de Ourense.
A moza: —No me ruba usté tan alto, que canto más alto me ruba, mayor zoupada me levo...

Moi típico é o seguinte, recollido en Melide:

—Con permiso dos señores
e desta xente de ben
estimara de saber
este galán a qué ven.
—Este galán a qué ven,
él che dirá a verdá,
venche por pasar o tempo
a usos da mocedá.
—A usos da mocedá,
eso, galán, ben dixeches;
se non sabes máis camiño,
marcha por onde viñeches.
—O camiño ben o sei,
que ben o vexo d'aquí;
pero estimara levar
unha dama coma ti.
—Unha dama como eu,
galán, non che pode ser:
o que a min me levara
tiña que escribir e lér.
—Nin sei lér, nin escribir,
nin poñer o pé de roda;
o día da túa boda,
hei poñer monteira nova.

—Anque a poñas, galán,
non é grande maravilla,
qué fixeches do diñeiro
que trouxeches de Castilla?
—O diñeiro de Castilla...
(sigue como o da Arnoia, hasta
a seguinte)
—Si son a de menos precio,
galán, a ti qué che importa,
outros millores que ti
téñoos á veira da porta.
—Mandáchesme as maravallas
onde tanto me enclavóu.
Vai mandar as maravallas
ó curral que te crióu.
—O curral que te crióu
a ti non che debe nada;
pois si algo che debera,
eu moi pronto cho pagara.
—Teu pai rendas nonas tén
i o diñeiro non lle sobra.
—Si meu pai rendas non tén
i o diñeiro non lle sobra,
non ha de faltar, galán,
quen na falla nos socorra.

De todolos xeitos, istes parrafeos semellan ter un entronque lonxano xa, coa poesía dos trovadores, da que moi ben poden ser os seguidores dexenerados. No medio da disputa bulreira, que chega tantas veces á malcrianza, chouta eiquí e alá unha muxica que lembra a galantería medieval, un eco perdido do saber cortesán do amor.

A palabra de amor pídea o mozo, e a moza debe tardar en darlla; nunca debe darlla da primeira vez. A expresión "palabra de amor" tén tamén aire de compromiso sentimental do mesmo tempo dos trovadores e cabaleiros, cuios costumes sin dúbida imitaban os vilaos xa en tempos recuados.

Máis semellante ós costumes que reflexan os libros antigos é o da prenda: o mozo pode encomenzar quitándolle á rapaza "unha prenda", anque ela non queira, e sin decirlle nada, ou ben pedirlla. Si lla pide, ela fai como coa palabra de amor: non lla dá de momento, sinón ó cabo dun tempo. Si lla quita, sin pedirlla, si nono quer, mándalla pedir, pra que lla devolva, por outra persoa, xeneralmente por unha persoa da familia, unha muller de edá, a nai, unha tía, etc.

A prenda, polo regular é un pano de man, querse decir, unha prenda íntima, de usanza persoal, que tén contacto frecuente co corpo da muller amada, que trai consigo algo dela. Non podemos por máis de lembrar que o pano da dama —aínda moitas veces a camisa— figura nas novelas de amores e de cabaleirías do tempo do *amor cortés*. Hai casos en que o cabaleiro leva o pano da dama a quen *sirve* prendido na lanza. Por outra parte, o contacto íntimo coa persoa dá á prenda virtú pra establecer unha sorte de ligame máxico co seu feliz posesor.

Un pano é, moitas veces, o regalo que fai o noivo á súa rapaza, como si fose un símbolo de amor. En Portugal, onde os principios e usanzas do *amor cortés* semellan ter penetrado deica as camadas máis fondas da poboación, é moito costume o regalárense os namorados os chamados *lenzos de amor*, que xa se fabrican e se venden pra iste uso: son panos que levan adornos de frores e de paxaros e cuadras ou outros versos alusivos, como os seguintes:

Não ha prenda mais catita
de que um lenço galante
e quando a pessoa é bonita
torna até mais elegante.

E quando nos é offerecido
por pessoa de bom gosto
é sempre com o sentido
de dar um beijo no rosto.

Cando o pretendente é acetado, ou recibe a *palabra de amor*, obtén o dereito de falar coa rapaza, soliños os dous, e citándose pra elo. Poden falar no curral ou na porta da casa dela, na fonte, cando ela vai á auga, no paseo ou na volta da festa, indo il acompañándoa hastra a súa casa, procurando sempre que non sexa diante da xente: as cousas de amores han ser segredas.

Dáse o caso de que nas festas, estean a moza por un lado e o mozo por outro, bailando e parolando cada un diles con quen quer, a tarde in-

teira, e somentes á noitiña se axunten pra falaren os dous soios, principalmente na desfeita da festa, e entón a acompañe il á casa.

A moza, namentras non tén compromiso formal de casamento, pode ter a un tempo varios noivos; tén o dereito de probalos e de escoller o que millor lle pareza ou de non escoller ningún. Niste caso, que é corrente en moitos lados, os pretendentes respétanse uns ós outros; a rapaza dálles cita a diferentes horas e lugares, e acontez que estean un ou dous agardando que ela acabe de parolar con outro, pra ir o que lle toque despóis. Tamén, na maor parte dos sitios, pode un mozo ter máis dunha noiva, sabéndoo elas, e sin que lles pareza mal. Xa temos visto, nas cántigas, alusiós a esta circunstancia.

"Fensternl"

Damos iste nome alemán a un modo de cortexar que vai xa desaparecido, e pró que non temos outra designación a xeito, porque o que chaman *ceiba* na Cabrera de León (*xesteira* en certos lugares de Galiza) non é de ningún xeito a mesma cousa; a *ceiba* tén carácter colectivo, e o cortexo a que nos referimos é individual. Foi recollido e mentado por Murguía e outros autores. É cousa tan singular que tén habido moita xente que nono quer creer. Endemáis non é exclusivo da nosa Terra, sinón que a houbo en Portugal, en Asturias, León, outras partes de Hespaña, gran parte de Francia e de Alemaña, e está asegurada por testemoios ben serios.

Consiste en entrar o noivo, de noite, na casa da noiva, no sitio onde ela durmía, estando ela na cama, e deitarse coela, e estaren alí a noite enteira falando ambos a dous, castamente, honestamente, como nenos pequenos, como irmáus, sin nada de que se tiveran que arrepentir, nin avergoñar.

A iste xeito de cortexo referiríase a coñecida copla:

— Cantan os galos pra o día,
érguete, meu ben, e vaite!
— Cómo m'hei d'ir, queridiña,
cómo m'hei d'ir e deixarte!

Da parroquia de Amieva, en Asturias, asegura un autor dino de fe:

> Pódese afirmar tal cousa dunha maneira rotunda e termiñante co testemoio das persoas máis respetables e autorizadas, cuio atestado temos, si ben coa advertencia de que vai desaparecendo, e co plausible dato de que en toda a parroquia non hai un solo fillo ilexítimo, non obstante semellante uso...

Cousa semellante contan de Baviera e Selva Negra, polo menos, durante certo período: "O mozo non debe entrar na casa da moza pola porta... sinón pola ventá... falan... cando ela dorme, débese marchar..." Despóis di Fr. Chr. Fischer que veñen as *noites de proba*... Ben pode ser que o costume tivese dexenerado cando foi obxeto de estudo ou

ben pode ser que os investigadores o mirasen co prexuicio de confirmar unha das súas tesis: a do *matrimonio de proba.*

A pretensión na familia

Ésto indica na muller unha gran libertá, que, como hemos ver, non sempre se dá cando xa se trata do casamento. A maor parte distes amores son, como dí a xente, "pra pasal-o tempo". Canto mais pretendida é unha moza, millor, non somentes en concepto dela e das demáis, sinón en concepto dos mesmos pais da interesada; as nais botan moito por ela, e falan deso coas veciñas, sobre todo cando os pretendentes son de consideración.

Naquelas terras nas que desaparecéu ou non houbo a institución do *herdeiro,* ou *vinculeiro,* istes namoros pra pasalo tempo poden ir a ramo, e chegaren ás bodas, por iniciativa do rapaz, que nalgús lados pide il directamente, sin que interveña máis ninguén, a rapaza ós pais. Mais onde aínda está en uso o *réxime petrucial,* as bodas fanse, polo regular, por *concerto* entre os pais do futuro noivo e os da rapaza, moitas veces hastra sin sabelo os interesados. Tamén pode un herdeiro rico e independente ir pretender á casa da moza, mais sempre pra tratar cos pais. Sobre desto cóntanse contos dívertidos:

> Unha vez chegóu un pretendente de moito rumbo á casa dunha rica vinculeira. Levaba unha fermosa capa nova, e iba en compaña dun seu criado. Entraron na cociña e sentáronse onde o lume, coa rapaza e cos pais. Na conversa, o pretendente runfaba o que podía, mailo que o puña de rico era o criado. Chegóu un intre en que o pretendente fixo que durmía e, ó topenear, metéu no lume unha punta da capa. A señora da casa, asustada, chamouno:
> —Señor Fulano, que se lle queima a capa!
> Mailo criado, sin inquedanza ningunha, dícelle:
> —Deixe, señora, non pase pena, sete quedan na baranda!

A EDÁ DE HOME

A situación de "home", terceira das edades da vida que temos sinalado, non comenza tampouco própiamente cos anos, sinón co casamento. Co casamento é co que se chega á plenitude dos dereitos e á condición de "veciño", inda que, de cheo, nono sexan de todo máis que os cabezas de familia. O veciño tén todolos dereitos tanto dentro da familia, ou sexa, "na casa", como fora dela, na vida da parroquia.

O casado xa non é mozo; entróu noutra clás, na que non tén as libertades nin os costumes da mocedá, e tén, en troques, outra autoridade e outra responsabilidá. Sin deixar de ter os seus divertimentos, xa non lle están ben as toladas nin as bromas e troulas dos mozos, e gran parte da súa vida tén que estar adicada ás cousas serias, o mesmo no privado que no público. O que é "un home feito" é propiamente o "petrucio" ou pai de familia, mailo home casado está xa en condición de "home", anque viva cos seus pais e non teña a voz ou representación dunha "casa".

O casado, mais sempre principalmente o petrucio que tén casa de seu (entendendo por casa, a familia, do xeito que logo imos ver) entra noutra etape de relaciós dentro e fora da casa. Por iso, ó estudarmos ó individo na "edá de home", atopámonos coa vida colectiva da casa e da aldea, con outro xeito moi difrente que tratándose dos nenos ou dos mozos.

Diste xeito, corresponde tratar niste capídoo a "vida da casa" ou familia, e a "vida da parroquia", ou sexa da aldea.

Encomenzamos, naturalmente, polo "casamento", que determiña a entrada nunha nova edade da vida pró individo, e que é o feito creador da familia e, conseguintemente, da sociedade fundamental da vida galega: a freguesía ou parroquia.

O casamento

O casamento pode ser ou non "de trato". É de trato cando son os pais dos futuros casados os que o dispoñen e gobernan, ás veces aínda sin sabelo os que van ser marido e muller; o outro non semella ter unha designación especial, e é o que se fai por libre iniciativa dos noivos.

O primeiro é o corrente onde rexe o "sistema petrucial". Os petrucios, principalmente nas casas de abastanza, buscan pró "herdeiro" unha muller máis ou menos rica ou que teña outras condiciós dinas de estimanza, posto que ha ser a que ha vivir coeles na casa e, si poden, procuran prós outros fillos e fillas boas herdeiras e vinculeiros, pra deixalos ben acomodados.

Ésto require, naturalmente, tratar o asunto cos pais dos interesados e, unha vez que conseguiron, en principio, o asentimento, formalizar, de palabra e aínda, en casos, por escrito, os "concertos" ou capitulaciós matrimoniás: o que cada unha das casas ha dar ós fillos que van casar, con quen han vivir, as condiciós que han gardar, etc. Os tratos poden ser ben laboriosos, moitas veces.

Deiquí a intervención, a veces, de persoas achegadas que non son da familia: os padriños dos rapaces que queren casar, parentes ou veciños de edá e respetables, e aínda, en moitos lados, intermediarios que se poden chamar profesionás como o que, en terras de Arzúa e de Deza, chaman o *picante* e, noutros lados, especialmente na provincia de Lugo, o *chufón*. Iste, polo xeneral, non gaña nada polos seus servicios sinón que é, sinxelamente, un oficioso. Así e todo, o chamarlle en Melide "o que leva as botas", e a expresión usada pra quen se mete a arranxar casamentos: "has levar as botas", semella indicar que nalgún tempo pagábanlle polo menos cun par de botas; Carré Aldao asegura formalmente que o chufón gaña uns zapatos.

O chufón ou picante empeza por visitar, como quen non quer a cousa, as casas das dúas familias, co gallo de calquer choio, e vaise enterando das intenciós dos pais dos rapaces, de cómo andan as cousas da casa, do que podan ter determiñado de lle dar ós fillos, ou deixarlles no seu día.

e demáis condiciós que presenta o negocio. Logo, deixa pasar algús días, e, si encontróu a cousa doada, volve en compaña dun compadre ou veciño, e propón xa o asunto, encomenzando os tratos, que han ser despóis formalizados polas dúas familias, con axuda ou non do picante. Nas atribuciós diste están tamén as ponderaciós, moitas veces esaxeradas, das condiciós e máis do capital dos futuros esposos, o cual fan tamén outras veces veciñas entremetidas; cando é o mesmo noivo o que vai pretender —como no conto que referimos denantes— non deixa de buscar ou levar coíl quen lle conte ós futuros sogros o rumbo e a riqueza que ha levar.

Tamén é usanza, ou foina, que enantes de propór os tratos fose o pretendente coñecer á súa futura muller, visitando a casa como por un casual. Tocantes a esto, hai tamén contos paveros:

> Un matrimonio rico tiña tres fillas que falaban moi mal, e tiñanlles prohibido que falasen diante da xente de afora, nin aínda que se viran ben comprometidas, pra que se lles non coñecese o defecto. Un día que os pais iban fora, chegóu un mozo, herdeiro rico, a pretender. Fixérono pasar á cociña, mais nin lle respondían nin falaban nada. Estaban facendo o xantar, e a máis vella precisóu leña e díxolle á do medio:
>
> —Tame galabulo.
>
> A irmá respondeulle:
>
> —Me me me ten.
>
> Entón, a máis nova, ouvindo aquelo, dícelles:
>
> —Non xixo nanai que cando houbefe xente de fófelez que non falázedez?
>
> O mozo marchóu facendo fú como o gato.

Noutros lados, especialmente onde non rexe o sistema vincular, como na maor parte da provincia de Ourense e na beiramar, e onde os costumes queren estar "modernizados", dáse o outro xeito de matrimonio. En Velle, en Celanova, en Calbos de Randín, etc., a petición da rapaza faise polo noivo, que vai visitar ós pais dela; postos de acordo, o día que se leen as segundas municiós, o mozo vai presentar a noiva ós seus pais. Así e todo, sempre se precura que o casamento sexa do gusto das dúas familias.

Dun xeito xeneral, as bodas de trato están en razón directa co acomodo das familias: canto máis probes, menos intervención dos pais. Igualmente, a endogamia local é mais propia de terras e de xentes menos acomodadas; en troques, os máis ricos ou os vinculeiros ou segundós de familias que observan iste réxime, teñen ás veces que iren procurar herdeiros ou herdeiras ben lonxe da terra onde viven.

En todas partes dáse moita importancia ás *municiós*, balineas ou proclamas, que, ademáis do ritual canónico, teñen prá xente o valor de declaración oficial e pública do casamento que se vai celebrar. A ceremonia de irllas levar ó abade tén certo rito: polo regular, han ir os pais dun ou dos dous contraíntes, e ás veces istes mesmos tamén. Coíste motivo, na casa rectoral, o abade enderéitalles xa unha sinxela soflama chea de ad-

vertencias e consellos. Cando se van lér na igrexa, en moitos lados é de rigor que os noivos non vaian a aquela misa, ou fican a bastante distancia pra non estaren presentes á lectura. Pode ésto pertencer á "disciplíña do segredo" que debe rexir nas cousas do amor. O día que llas levan ó abade, hai xa, entre as dúas familias, en moitos sitios, como en Melide, unha miga de festa, xuntándose pró xantar ou prá merenda.

Nos concertos soe haber certas obligaciós consuetudinarias por parte dos pais, sobre todo, cando os que se casan van vivir aparte: adoitan, niste caso, dárenlle unha cama coa roupa, *cama arreada*, algús trebellos de cociña e de casa, e tamén cousas de xantar.

A despedida dos mozos

O que vai casar, vai pasar dunha clás de edade a outra. Ésto ha ter os seus "ritos de pasaxe", que son dobles: saída da clás en que está, e entrada na outra. Veleiquí a significación do que nas cidades chaman "despedida de solteiro", que consiste nunha convidada ós amigos. Na aldea pasa igual, somentes que o círculo dos amigos é (anque sexan menos) máis esteso, xa que inclui a toda a mocedá. Esta convidada non soe faltar nunca, mais varía moito na forma e en que unhas veces faise denantes e outras despóis do casamento, asegún os sitios. En moitos, o que nona dá, exponse á cencerrada, que a veces é cousa seria.

En moitos sitios, o mozo despídese da mocedá con copas e doces. Ou o que vai casar fora paga unha convidada ós mozos da parroquia da muller. En Laza tén que pagar música pra todo o pobo. En Sarreáus, a convidada ós mozos chámase *bebedeira* e tena que dar ós dous ou tres meses de casado, sendo a tasa establecida de dúas olas de viño branco. En Alongos, a noite da boda, dan unha festa ós mozos e repártenlles paquetes de pitos. En Ribadavia é a noiva a que tén que darlles unha cántara de viño, que beben, asistindo os recén casados. En Calbos de Randín, o noivo paga o baile o día da boda. En moitos lados van os mozos todos cos noivos á igrexa, e volven disparando tiros, e despóis, ós que non vaian convidados, repártennlles algo.

As bodas

Dende tempos antigos, as bodas en Galiza foron de moito rumbo, esaxerado e en moitísimas ocasiós desproporcionado cos posibles das familias que as celebraban e que nises días botaban a casa pola ventán. No século XV chegara o abuso onde podía chegar: axuntábase unha mau de xente, entre parentes das dúas familias, dos padriños, veciños duns e doutros e amigos convidados, como nas grandes festas; andaban a quen máis xantase e máis bebese, e tamén quen máis gastase, querendo facer cada un máis que calquer outro de quen ouvira falar, quedando, si pudera ser, por riba de todos. Era un costume ruiñento prás familias. Ésto fixo que os Reis Católicos ditasen a soada Premática de 1483, que limitaba o número de asistentes e os gastos que se podían facer en Galiza en bodas, bautizos

e misas novas, con castigos prós que contraviñesen o disposto, premática que logo tiveron que estender, en 1501, a todo norde de Hespaña, onde o costume era semellante. Non sabemos por canto tempo foi obedecido iste mandato. Inda hoxe gástase máis da conta en festas de boda en todalas clases sociás.

Os costumes varían moito, e entre os que están en vixencia, non é doado determiñar os que son verdadeiramente antigos e tradicionás. Iremos anotando aquiles dos que temos datos certos, con referencia ós lugares, sempre que se poda.

En moitos sitios do interior de Galiza, como en Melide, chegado o día da boda, pola mañá, cando os noivos van saír cada un da súa casa, é usanza que se poñan de xionllos diante dos pais, pra recibiren a súa bendición, cousa que se fai tendo acesa unha vela de cera, fermosa usanza que tanto dí do que foi e aínda é, por fortuna en moitos lados, a familia entre nós.

Logo saen prá igrexa, con todo o acompañamento, unhas veces cada un co seu, outras todos xuntos. Onde o noivo é forasteiro, e vén da casa dos pais, é moita usanza que veñan coíl os pais, os padriños e os convidados da súa parte, todos da cabalo, vestidos de festa, nas millores monturas que poden, e coas alforxas ben cheas de cousas de comer e beber, formando unha cabalgada rumbosa, que vén disparando tiros e botando foguetes, anque hai a creencia en moitos sitios de que non se deben botar foguetes nas bodas porque despóis lévanse mal os casados.

Enantes de pórse en camiño, tanto na casa dun como do outro, os convidados toman a *parva*, consistente en pan ou doces e augardente.

Os regalos recibíronse xa enantes do día da boda. É de rigor —ou era— que a Señora Madriña regale á noiva o pano da cabeza e ademáis a "rosca da boda", feita de pan con ovos, algunhas veces de doce. Na terra de Caldelas (Ourense) chaman á esta rosca o "ramo de boda", e din que arredor dela poñen todolos outros regalos, polo cual, cando mercan un regalo pra unha que vai casar, din que é pró ramo da boda. En Viana, hai os "ramos" que regalan á noiva as mozas. Iste ramo vai arredor dunha armadilla de pau, toda envolta en liño cardado, que é a ofrenda simbólica do traballo da muller —como na *Eva* de Laza, asegún hemos ver no seu lugar— e vai arrodeada de doces, levando no cima un roscón de biscoito e por riba unha rosca que chaman *o bico;* entréganse istes ramos na festa, despóis de xantar, levando cada moza seu ramo, que lle dá a un mozo co cual baila unha muiñeira, tendo il o ramo na mau; despóis il vólvello e ela dálle o bico e o demáis é prá recén casada.

Cando volven da eirexa, onde tamén houbo rebolicio, pois soe ser costume botar tiros e foguetes no istante en que a noiva dá *o sí*, hai gran convidada na casa da noiva, despóis dos parabéns dos amigos e convidados: "Que Diol-os faga bós casados, e que sea para ben"; séntanse a xantar unha comida de moitos pratos con moito postre e moita bebida, que

dura moito tempo. Os convidados érguense a brindar, botando discursos os máis ocurrentes, que poden seren de moita broma e do que soen chamar "subidos de color". No final, comen a rosca de boda, que nalgures chaman *regueifa* e era costume disputala cun desafío cantado por mozos e mozas, ou tamén, bailando arredor os casados vellos.

O baile sigue deica a noite, sin que deixen de tomar a merenda e aínda a cea.

Esto é o que chaman "a boda", que se fai na casa da noiva; mais tamén soe haber a "reboda", ó outro día, na casa do noivo.

Hai sitios onde os recén casados, despóis das bodas, vanse cada un prá casa dos seus pais, como sempre, e diste xeito están uns cantos días, oito polo regular, enantes de se axuntaren. Fan esto pra facer ver, a muller sobre todo, que non teñen ansia de se arredaren dos pais e da casa, anque de certo o estean desexando. Iste *paripé* non debe ser tomado como hipocresía, sinón que é un símbolo máis da forza que no noso pobo tén o vencello familiar; si non se sinte o que se quer facer ver, é que se sinte ó menos o respeto polo que debera ser.

Pasadas as bodas, encomenza prós casados, xa xuntos, unha vida de traballo e de coidados, aínda prós ricos, ben que vivan cos pais dun diles, traballando prá casa, ben que se constituian en amos de casa ou "petrucios". Entón veñen pró "home" que xa non é mozo, e prá "muller", que deixóu de ser moza, todolos dereitos, mais tamén todalas cárregas da vida.

O petrucio, principalmente, é o todo na casa, e, ademáis, é tamén un elemento directivo na parroquia. A muller petrucia é na casa galega tanto como o home, mais no réxime social da parroquia non tén participación directa, anque de viuda o poda ser tamén, como nai de familia, representada por un fillo, un xenro ou un irmáu menor.

A familia

A familia galega está formada polos "parentes" ou "familiares" (tamén as "familias"; e pra decir que un é parente doutro, din moitas veces: "é familia") por consanguinidá e por afinidá, por parte de pai e por parte de nai. Mais compre distinguir ben dúas clases de agrupamento familiar: a familia longa, que soen chamar *caste* ou *castimonia,* da que forman parte todolos parentes, achegados ou lonxanos, e a familia estricta, composta polos que viven en comunidade a mesa e mantel, ou na dependencia, máis ou menos avencellada, dun "pater familias", pai, abó ou outro ascendente, agrupamento que, as máis das veces, chámase "a casa".

A *castimonia* ven corresponder ó *Clan* céltigo, á *Sippe* xermánica ou á *Gens* dos románs, pouco máis menos, anque cáxeque sin dereitos nin obrigas xurídicas (quitando as que podan vir de dereitos hereditarios), sinón de costume, que impón, máis ou menos estreitamente, deberes de amistá e de valérense os uns ós outros nas ocasiós.

Iste vencello de sangue pode ser máis ou menos forte, asegún os casos, pro existe sempre, e cos parentes, polo menos cos que están a mau,

cóntase sempre, sexa nas ocasiós de contentamento (convites, festas da casa, regalos, padriñádegos, axuda nos traballos...), sexa nas de necesidá (cando hai que pedir cartos ou unha cousa que fai falla nun intre calquera, rogas, recomendaciós, etc.). É unha relación semellante á de veciñanza, anque, en comparación, máis estreita e preferente. Hai castimonias que se sinalan dun xeito especial polo xunguidos que son os seus membros: en San Cristóbal de Trepa, no Riós, por eixemplo, citan a parentela, moi longa, dos "Tenas" ou "Chapeleiros", de apelido oficial "Queixa", xente antiga no país, que forman un verdadeiro clan endogámico, moi unido: casan entre eles, uns cos outros, e manténense aparte; todos iles teñen o seu alcume persoal, ademáis dos dous comús a todolos da castimonia, e obedecen todos ó máis vello.

Non fallan, ás veces, casos nos que semella manifestárese unha supervivencia da vinganza familiar doutros tempos.

As xenreiras hereditarias soen darse principalmente entre familias emparentadas, por custión de partixas ou outras disputas de intereses, e duran ás veces, moitas xeneraciós. Os carraxes entre familias teñen dado lugar á mór parte das enconadas loitas políticas nas aldeas, vilas e cidades. Abondaba que os dunha das castimonias nemigas se arrimara a un bando ou partido pra que os da outra se fosen cos do partido contrario, séndolles de todo indiferentes as ideas e os programas dos bandos ós que se acollían, pois facíano somentes, en parte, polo proveito que poideran tirar da protección dos altos caciques e, máis aínda, pra atopal-a maneira de quedaren por riba da familia rival, e de "mallar niles" cando chegara a ocasión de estaren os seus no poder. Tamén as rivalidades, moi correntes, entre dúas poboaciós veciñas ou relacioadas, tiñan e teñen por orixe rivalidás de familias.

A antiga institución xermánica do *Wergeld*, "composición" ou "redención" por diñeiro dun homicidio, síguese usando bastantes veces, anque non se poda decir que estea ben vista; a opinión nona aproba, mais discúlpaa. A familia do homicida acorda coa familia do morto o pago dunha cantidá pra que non persiga en xuicio ó matador, nono denuncie ou nono acuse, si pode ser; non se persoe na causa; que o favoreza nas declaraciós, e aínda que recade as doutros. Nesto —como nos manexos que se facían cos xurados pra que libertaran a calquera criminal, anque todo o mundo estivera convencido da súa culpabilidá— rexía un principio antixurídico que aínda se oi formular moitas veces: "o morto, morto está", indicando que co castigo de queno matóu, nono volven á vida.

Estas cousas todas, tanto no que teñen de bo, coma no que teñen de ruín, indican a grande importancia e influxo que na vida galega tén o vencello familiar, base da pervivencia da nosa cultura tradicioal, enxebre. E si pra tanto val, non é contra natureza que teña as súas compensaciós en certas usanzas e costumes non tan dinos de aprobanza, que non deixarán de irse trocando ou desaparecendo.

A casa ven ser unhà sorte de comunidá familiar de pais e fillos, da que tamén poden formar parte os netos, si os hai(e aínda os fillos distes), as noras e os xenros, e máis ainda as irmás, solteiras ou viudas, do pai ou da nai, ou cecáis algún irmáu nas mesmas condiciós, todos debaixo do antepasado máis vello, ou si cadra, tamén, no caso, de quen sexa o "dono da casa", entendendo eiquí por casa o patrimonio, é decir unha explotación rural completa. A "casa", en canto agrupamento familiar —en canto ó "elemento persoal"— ven ser algo así como a familia *agnaticia* dos románs e dos xermáns.

É regular en Galiza que, polo menos os fillos e fillas solteiros, como non vaian traballar lonxe, vivan xuntos cos pais, e dáse adoito que estean na casa noras e xenros, vivindo todos do que a casa dá e traballando todos pra ela, ó mandado dos vellos: o "pater familias" e a súa dona.

Esta é a constitución tradicioal da familia galega, que tende de cote á "comunidade familiar" (traballo e consumo en común, vida en común, que se expresa na fórmula de "mesa e mantel"), comunidade que pode revestir formas difrentes, coma imos ver máis adiante.

A familia galega é "patriarcal", e semella telo sido sempre, sin que se teñan comprobado supervivencias dun réxime matriarcal en calquera tempo que fose, nin aínda nos máis recuados e medio esquecidos.

A posición da nai na casa é semellante á do seu home —o que ven ser, en realidá, pouco máis menos, o que os etnólogos soen chamar "patriarcado con igualdá de dereitos" —. O "pater familias" é il, sexa pai, abó ou ascendente máis lonxano e, por moitos anos que teña, conserva polo menos a preeminencia. En grande parte de Galiza chámaselle o petrucio e, nalgunhas partes, tamén o *patrón* ou *o vello*. Leva o tratamento de "Señor", que lle dan os veciños, de que ocupa a posición que tén. Tamén, algunhas veces, llo chaman os fillos e familiares. Lembremos a significación orixinal de "señor", do latín "senior", "o máis vello", en senso honorífico, como acontez en tantas partes (aínda hoxe, na China, o tratamento de "anciano", ainda ó que nono fose, é un tratamento de respeto). Cando en Galiza os fillos din, referíndose ós pais: "os vellos", fano seguindo por costume o significado respeitoso orixinal da verba. *Os vellos* en plural, son o pai e a nai, entendendo por tales os xefes da familia, que poden ser os abós, coma vimos.

A muller viuda, con fillos maores ou menores, ponse no canto do seu difunto como xefe da casa, polo regular, con moi boa disposición pra rexer todo. Igual acontez nos casos de emigración ou ausencia do marido, coaquelas que algúnhas veces foron chamadas polos literatos as "viudas dos vivos". No reximento da casa e da labranza fan o mesmo tamén as mulleres nas terras da beiramar e naquelas onde os homes non traballan a terra, sinón somentes nun oficio. É eiquí a ocasión de lembrarmos o que os escritores antigos din dos celtas en xeneral e dos galegos en particular: de que despreciaban o traballo da terra, coma cousa propia das mulleres.

pra adicárense iles nada máis que á caza e á guerra, que daquela eran verdadeiros oficios, en canto fontes de ingresos, ás veces ben importantes.

Réxime da propiedade

Enantes de ocupármonos dos diversos xeitos de estar constituída por adentro a *casa,* no senso de familia agnaticia, na nosa Terra, compre botar unha ollada sobre da orgaızación da nosa propiedá rural e da economía labrega tradicioal.

En Galiza, predomiña aínda na aldea, tanto entre paisanos como entre señores, a que os que pretenden saber destas cousas chaman, clásicamente, economía familiar pechada. O labrego traballa e produz e colle pra consumir, pra cobrir dun xeito directo as súas necesidades e as dos seus familiares, "pró gasto", coma iles dín, e non vende máis que o que lle sobra. A arela verdadeira do labrego é coller pan pró ano, ter ceba pró ano, viño pró gasto, leite na casa; come do que colle, si lle chega, e si non lle chega, merca, si pode. *Comer de tenda* é sinónimo de estar enfermo. Inda era así, hai ben poucos anos, nos mesmos arredores de Ourense.

Iste réxime implica a necesidá de poseer e traballar, propia ou allea, ou en parte propia e en parte allea, unha explotación rural completa. O labrego ha ter agros de pan, leiras ou cortiñas pra botar nabos e patacas, unha miga de horta, viña onde a poda haber, monte pró esterco, touza ou devesa prá leña, lameiros e pastueiros pró gando, unha xugada ou dúas de bois ou vacas, vacas de leite, unha parexiña de marráus, algunhas pitas, algunha besta ou burro, un cadelo, un carro... e a casa coas súas construcciós auxiliares: cortes, palleira, celeiros, hórreo, etc., e os trebellos e aparellos da labranza.

O conxunto de todas estas cousas forma o que en gran parte de Galiza, especialmente nas terras centrosas, collendo gran parte das provincias de Lugo e da Cruña e parte tamén da de Pontevedra, e na parte ourental da de Ourense, chaman, asegún os sitios, un *casar* ou *casal* —que dá moitas veces nome ás aldeas: Casar do Mato, Casar d'Ansola, Sacar de Bois (metátesis: Sacar por Casar), e que tamén anda en apelidos: do Casar, aglutinado en Docasar, Casar, Casal... — e tamén, sobre todo na provincia da Cruña, *lugar,* nos documentos *lugar acasarado,* de que se fala nos foros e escrituras outorgados polos mosteiros e polos señores. Un lugar é o obxeto xurídico do dominio útile dun vasalo feudal ou dun colono dun mosteiro ou eirexa, comprendendo unha casa con todolos bés precisos pra vivir unha familia labrega.

Os bés que compoñen o lugar ou casar, poden estar xuntos, formando *coto redondo,* ou espallados a máis ou menos distancia, pro, de todos xeitos, forma, no pensamento da xente, e moitas veces na realidá legal ou documental, unha unidade xurídica, coincidindo moitas veces co "patrimonio" ou *haber* dunha familia. Tamén un propietario pode ser dono de varios lugares; niste caso, si é un labrego, traballa il un, cos seus familiares, e

dá os outros de arrendo, polo regular á medias. A estensión do lugar varía, asegún as comarcas. En Melide, un lugar de arrendo pode ter dende dez ferrados a cada mau, hasta corenta ferrados os máis grandes.

Nas terras de minimifundio, onde a terra está esmigallada en leiras pequerrechas, cáxeque non aparez a denominación de "lugar" nin "casar" senón por excepción, e máis na toponimia. Pro emprégase moitas veces a verba *casa* pra designar o conxunto das terras dunha familia labrega. A verba *casa* anda tamén na toponimia, en nomes de aldeas: Casdanaia, Casdurraca, Casanova, Casasoá, Cachalvite, Cachaldora..., caracterizados polo elemento *Cas-*, modificado ás veces, e ligado as máis a un nome persoal: Anaia, Urraca, Alvite, etc.

Iste mesmo feito de apareceren os nomes de persoas dando nome a aldeas e vilas é unha das probas de que o sistema orixinal de explotación agrícola en Galiza debéu ser o de *casales* ou *lugares*, descendentes, como xa temos indicado, das *villae* romanas e suevo-góticas, que se perpetuaron nas *senras* ou *senaras* señoriás e máis nas *granxas* e *prioratos* dos mosteiros e das eirexas, que deron os modelos prás dos señores e as dos labregos, os cuales encomenzaron como *colonos* dos monxes e dos señores. Sábese que na Galiza prerromá, a agricultura era cousa secundaria, sendo a principal riqueza o gando e que os que trougueron o traballo sistemático da terra, e introduciron os cultivos principás entre os que aínda se practican, foron os románs. Continuáronos os conquistadores xermánicos, e anováronos e leváronos adiante os monxes da Edade Media. Aínda foron iles, os monxes, os que trougueron novos progresos agrícolas nos tempos modernos, especialmente no século XVIII.

Hai terras, como a mesma de Melide, en que a maor parte da propiedade rústica é de procedencia eclesiástica. Mailo minimifundio encomenzóu coa desamortización, e espallouse, por eixemplo na provincia de Ourense, e en moitas terras de beiramar, por culpa do Código Civil.

Nestas terras principalmente, anque tamén nas outras, aquil a quen non lle chegan pra vivir as terras que tén de seu, colle as que lle falten en arrendo si pode, de cote procurando arredondar a casa cos elementos precisos. Tamén pode coller gando alleo de medias, e aínda tamén rellos pra criar.

Caseiros e arrendatarios

O *caseiro*, máis propiamente dito, é o que "leva", pra traballar e vivir dela, terra allea, formando unha explotación máis ou menos completa, con casa e trebellos, gando, etc. Hainos por toda Galiza, pro son máis abondosos nas comarcas de propiedade *alugarada;* tamén lle chaman caseiros noutros lados ós que nono son propiamente, como acontez, ás veces, nas terras de viño.

Os caseiros que levan un lugar, son chamados, principalmente na provincia da Cruña, "caseiros de medias", porque o levan como aparceiros,

anque o contrato soe variar, sendo nas terras baixas "a medias", e nas de montana "ó tercio".

O contrato normal é, naquil país, o seguinte. O dono cede a casa e terras ó caseiro, por tempo indeterminado, coa obriga de, si o quer botar fora, avisalo cun ano de adianto. O dono pón a semente; o procedemento é que a adiante o caseiro e a desconte despóis, ó pagar as medias. O dono levanta a mitá do froito das terras de labradío, quitando as patacas, a horta, o monte, os pastos e a herba. Tamén cobra as medias das castañas, mais non da froita. O caseiro pón o traballo e paga as medias, descontando a semente, si a puxo. Non paga nada pola casa nin dependencias, mais paga a mitade dos trabucos, sendo usanza que pague dous trimestres o caseiro e dous o dono. Si o caseiro rompe unha estivada, non paga por ela máis que o tercio.

O gado pode ser do dono ou do caseiro; si é do dono, o caseiro non paga polos prados, senón somentes as medias do gado; si é do caseiro, paga *polas herbas*, polo regular, un tanto en diñeiro. Algús donos cobran pola horta dous capós ó ano. Na montana, o arrendo é por un tercio pró dono, nas mesmas condiciós. O contrato é "verbal" (a xente chama "contrato verbal" ó que se consigna en documento privado), sendo raro que se leve a escritura pública.

O tempo de sacaren os lugares a arrendo é polo San Andrés, o día 30 do mes de Santos; iste é tamén o día de avisaren ós caseiros, cando os queren botar. O contrato sóeno facer por un tempo de tres a cinco anos de duranza, ou por tempo indeterminado. As máis das veces o caseiro queda no lugar, ó menos, namentras vive, seguindo despóis os seus herdeiros, si deixa fillos que se podan encarregar da labranza, de maneira que moitos arrendos veñen hai moito tempo de pais a fillos. O botar un caseiro é cousa que acontez poucas veces. A xente fala do triste que é vel-a muda dun caseiro que foi botado e que deixa o lugar coa familia, levando no carro e ás costas as cousas da casa, os trebellos, o berce dos fillos, a roupa, o can, as galiñas... Din que é cousa que encolle a i-alma.

Iste réxime é o que se sigue nos partidos da Arzúa, Ordes e Lalín e nalgunhas outras terras arredor. Con variantes, existe esporádicamente en toda Galiza. Aínda nas terras de minimifundio, hai *casas, casares* e propiedades grandes, algunhas incluso formando coto redondo, que se dan a medias a caseiros. O raro é que se arrenden a diñeiro.

As leiras pequenas, que ás veces chaman *migas*, das terras de propiedá moi dividida, como na maor parte da provincia de Ourense, arréndanse tamén nalgús lados a medias ou a tercias, pero o máis corrente é que sexa por un tanto, o cual foi cáxeque sempre, noutro tempo, e aínda hoxe en moitos casos, en especie: pan, castañas, etc., e outras veces en diñeiro. O pago en especie, en cousas de consumo directo, caracteriza o noso tipo de economía familiar e non comercial, que é a tendencia natural da nosa tradición e da vida galega enxebre, tal como vén dende a Edade Me-

vinculeiro, maorádego ou, simpremente, *petrucio*) queda na obriga de manter ós seus pais. Moitas veces, cando o pai, por ir vello demáis ou por enfermedá, non pode levar o goberno da casa, encoméndallo ó herdeiro, o cual, dende entón, xa tén toda a autoridá de xefe da familia. Os irmáus poden quedar na casa pra axudar ó herdeiro nos traballos e vivir coíl.

Na terra de Bergantiños, o pai fai a millora a calquera dos fillos no dereito de labrar o poseer os bés, mailo herdeiro fica obrigado a levantar todalas cargas que pesen sobre dos bés e a dar ós demáis irmáus a súa parte de ganancia asegún tasen os péritos.

En Melide e outras terras da Arzúa, faise a misma millora de tercio e quinto a favor dun dos fillos, de preferencia ó máis vello, e si iste non quer, ó que queira quedar na casa no seu lugar. A millora pode variar algunhas veces do tercio e quinto, sendo o costume que cada un faga ó fillo que deixa por herdeiro a misma millora que lle fixeron a il os seus pais. O común é que sexa no tercio e quinto, anque o quinto, teóricamente, é prós gastos de enterro dos pais, do cual sempre sobra a maor parte. A millora sóena facer en vida, cando tratan de casar ó fillo que vai levala, mais nona recibe hastra a morte dos pais. Así e todo, dende que lle foi prometida solemnemente, dende que en realidade foi instituido herdeiro, por un verdadeiro pacto, anque sexa de palabra, xa se tén por dono da casa e encomenza a dispór os traballos e a pór en obra as súas ideas. Ó se casar, trai a muller prá casa, e ela, ó seu tempo, manda e dispón tamén. Os fillos non millorados quedan tamén na casa como enantes, namentras están solteiros; de que se casan, vanse coa lexítima que lles toque, e si son mulleres, van vivir prá casa do home, e si son homes prá casa da muller, si é herdeira ou tén de qué vivir, e si non, buscan un lugar ou outras terras en arrendo, ou van gañar un xornal, ou embarcan.

Na comarca de Lalín e terras de Deza e Trasdeza, o fillo máis vello recibe por millora de tercio e quinto a casa petrucial e as terras que están darredor, despóis da morte do pai, e sucede a iste como petrucio en bés e en honras.

En Cotobade, o pai millora en tercio e quinto a calquera dos fillos, dándolle a casa petrucial cos seus arredores, por acto inter-vivos, con ocasión do casamento do herdeiro. O herdeiro obrígase a manter a *mesa e mantel* ós seus pais namentras vivan e ós seus irmáus namentras estean solteiros e os irmáus obríganse a axudalo nos traballos.

Como se ve, trátase non somentes de manter a unidá do patrimonio e máis da explotación agrícola, sinón, no que se pode, da unidá e convivencia da familia de xeito que o patrimonio tén sempre certo caraute de copropiedá, inda que sexa temporal. Hai un refrán ben expresivo, que nos amostra a razón que teñen os nosos paisanos pra fagueren diste xeito: "Bés partidos, bés perdidos".

Sobre da orixe desta mellora de labrar e poseer hai difrentes pareceres. Murguia dí que o costume de vincular os bés dábase xa como anti-

dia. Nalgús lados, o arrendo diste xeito, sexa en diñeiro ou en froito, chámase *a sabido.*

O arrendar terras fano todos, os ricos e os que nono son: os que teñen leiras lonxe e nonas poden atender, os que se van prá vila cun oficio, un xornal ou un emprego, unha tendiña pequena, etc., e así outros.

De moita usanza é a aparcería de gando, *gando posto,* no senso de posto a render. O gando é a fonte principal dos ingresos en diñeiro que pode ter o paisano; regularmente, a aldea galega gobérnase ben cando tén bó precio a facenda e os marráus, e anda arrancada cando nono tén. O gando a medias dáse en difrentes condiciós; polo regular, as cabezas que o dono dá ó aparceiro, chámanse *o pé,* e estímase entre os dous no que custóu, ou no que conveñan; cando se vende, o dono levanta o pé, no precio estimado, e o que ruba do valor que se lle deu, pártese a partes iguás; a mitá das crías ou do seu precio de venta, na feira, ou na casa —preferíndose que se vendan na feira, por millor se poder controlar— é pró dono, e a outra mitá pró aparceiro. O leite das vacas é asegún, porque primeiro é o das crías, e logo varía conforme a facenda se manteña en prados ou pastueiros do dono ou do aparceiro; moitos aparceiros dan ó dono en manteiga a parte que lle corresponde, e así polo xeito.

Así como o ter terras arrendadas non soe ser tido como sinal de riqueza, en troques o ter gando a medias, como dono, estímase ás veces así; ás veces, dalgún que anda a pedir polas portas, dí a xente: "Ai, non lle é probe, que tén vacas a medias".

A medias lévanse tamén marráus, ovellas, cabras, etc.

O réxime petrucial

Hai dúas maneiras de conservar a constitución tradicioal da familia, a unidá da casa, a comunidade de que falamos: as *milloras de labrar e poseer* que perpetúan por costume o réxime petrucial puro, e máis a chamada *compañía familiar galega.*

Noutro tempo, nas terras luguesas, os que podían fundaban maorádegos e os outros, por medio de disposiciós testamentarias, fideicomisos e doutros xeitos procuraban a vinculación das terras da casa no seus descendentes. De que as vinculaciós non foron posibles por atopar impedimentos na lei, fixérono acudindo ás milloras en tercio e quinto, que duran aínda.

A usanza é que o petrucio vello millore no tercio e no quinto de todolos seus bés ó fillo máis vello, e si iste non está na casa ou foi casar fora ou se arredóu dos pais doutro xeito calquera, a outro dos fillos, naturalmente ó que se queira quedar, ou tamén a unha filla que case na casa e quede na casa. Ós outros fillos quédalles somentes a lexítima curta da lei antiga, que ás veces págalles o herdeiro por meio de *rentas en saco,* e danse casos de que os fillos non millorados renuncien de todo ás súas partes de lexítima por consideración á unidá da casa. O *herdeiro* (tamén

quísimo en Galiza a mediados do século XV; o ser Galiza unha terra predomiñantemente feudal puido traguer consigo o que as xentes imitasen as instituciós nobiliarias e, por outra banda, o certo é que a usanza da millora e a tendencia xeral a non desfaguer as "casas" é fondamente sentida por señores e paisanos.

Istes téñena tamén como remedio pra cando van vellos, como se expresa no dito de que o pai millora "a quen lle ate a cabeza", ou sexa ó fillo que lle valla nos anos da ancianidá. Outros fan derivar esta usanza das condiciós impostas nas escrituras de foro e de colonaxe, nas que os señores e os mosteiros querían impedir que as terras aforadas se dividisen, obrigando ó colono a facer que ditas terras aforadas pasaran somentes a un dos fillos, tanto que, si o pai non escollía o que as había levar, tíñano que escoller os herdeiros ou o dono do señorío directo. Así o dí Pérez Porto, mais non semella que unha institución que foi imposta fora á ser despóis tan querida dos paisanos e que a seguisen con tanto afán. Ben é certo que, como a institución é positivamente boa, imponse, como dí algún autor, pola súa propia bondade.

A compañía familiar galega

Esta "compañía", tan traguida e tan levada dende hai tempo polos nosos xuristas e máis por outros, uns a negala, outros a sostela, non deixa de ser unha variante do réxime petrucial, embora sexa, con seguranza, a forma máis antiga, cecáis a orixinal, da familia galega. Os tratadistas din todos á unha que a súa orixe "pérdese na noite dos tempos". É a forma que perdura dunha primitiva copropiedá familiar, que se conservóu polo costume, polo feito natural que vén de seu, de viviren e traballaren xuntos un lugar ou casal os familiares máis achegados, "os da casa", "a mesa e mantel".

Como institución consuetudinaria, semella ter vivido dende sempre, e vive aínda hoxe, e en moitos lados foi tida como cousa tan natural que se presupuña en todolos casos, por unha verdadeira presunción xurídica *juris tantum,* deica o punto que os que non querían rexerse por ela facíano constar expresamente en documento, decindo que, a pesares de viviren xuntos a mesa e mantel, non formaban compañía familiar.

A compañía familiar galega constitúiese algunha rara vez dun xeito expreso, con pauto e aínda con documento; as máis das veces, emporiso, tácitamente, presumíndose o consentimento dos que a forman polo feito de viviren xuntos e traballaren todos iles prá casa. Os xuristas defíñena como "compañía ou sociedade xeral de perdas e ganancias". O capital está formado polos froitos e máis polos intreses de todolos bés que poñen os que a forman, os que calquera diles adquire por título oneroso, namentras dura a compañía —entendéndose, por presunción *juris tantum,* que os mercados por calquera diles sono co diñeiro de todos—, polos froitos e intreses dos que calquera diles adquira por título lucrativo, e máis polo produto do traballo ou industria de cada un.

vinculeiro, maorádego ou, simpremente, *petrucio*) queda na obriga de manter ós seus pais. Moitas veces, cando o pai, por ir vello demáis ou por enfermedá, non pode levar o goberno da casa, encoméndallo ó herdeiro, o cual, dende entón, xa tén toda a autoridá de xefe da familia. Os irmáus poden quedar na casa pra axudar ó herdeiro nos traballos e vivir coíl.

Na terra de Bergantiños, o pai fai a millora a calquera dos fillos no dereito de labrar o poseer os bés, mailo herdeiro fica obrigado a levantar todalas cargas que pesen sobre dos bés e a dar ós demáis irmáus a súa parte de ganancia asegún tasen os péritos.

En Melide e outras terras da Arzúa, faise a misma millora de tercio e quinto a favor dun dos fillos, de preferencia ó máis vello, e si iste non quer, ó que queira quedar na casa no seu lugar. A millora pode variar algunhas veces do tercio e quinto, sendo o costume que cada un faga ó fillo que deixa por herdeiro a misma millora que lle fixeron a il os seus pais. O común é que sexa no tercio e quinto, anque o quinto, teóricamente, é prós gastos de enterro dos pais, do cual sempre sobra a maor parte. A millora sóena facer en vida, cando tratan de casar ó fillo que vai levala, mais nona recibe hastra a morte dos pais. Así e todo, dende que lle foi prometida solemnemente, dende que en realidade foi instituido herdeiro, por un verdadeiro pacto, anque sexa de palabra, xa se tén por dono da casa e encomenza a dispór os traballos e a pór en obra as súas ideas. Ó se casar, trai a muller prá casa, e ela, ó seu tempo, manda e dispón tamén. Os fillos non millorados quedan tamén na casa como enantes, namentras están solteiros; de que se casan, vanse coa lexítima que lles toque, e si son mulleres, van vivir prá casa do home, e si son homes prá casa da muller, si é herdeira ou tén de qué vivir, e si non, buscan un lugar ou outras terras en arrendo, ou van gañar un xornal, ou embarcan.

Na comarca de Lalín e terras de Deza e Trasdeza, o fillo máis vello recibe por millora de tercio e quinto a casa petrucial e as terras que están darredor, despóis da morte do pai, e sucede a iste como petrucio en bés e en honras.

En Cotobade, o pai millora en tercio e quinto a calquera dos fillos, dándolle a casa petrucial cos seus arredores, por acto inter-vivos, con ocasión do casamento do herdeiro. O herdeiro obrígase a manter a *mesa e mantel* ós seus pais namentras vivan e ós seus irmáus namentras estean solteiros e os irmáus obríganse a axudalo nos traballos.

Como se ve, trátase non somentes de manter a unidá do patrimonio e máis da explotación agrícola, sinón, no que se pode, da unidá e convivencia da familia de xeito que o patrimonio tén sempre certo caraute de copropiedá, inda que sexa temporal. Hai un refrán ben expresivo, que nos amostra a razón que teñen os nosos paisanos pra fagueren diste xeito: "Bés partidos, bés perdidos".

Sobre da orixe desta mellora de labrar e poseer hai difrentes pareceres. Murguia dí que o costume de vincular os bés dábase xa como anti-

A mantenza, vestido, gastos de enfermedades, etc. son de conta da casa. Igualmente as perdas e as débedas.

O que leva a adeministración e dirixe todo e figura como representante legal da casa é o petrucio, ou outro a quen il nomee, podéndolle quitar o mando si fose preciso.

Cada un dos socios pódese botar fora da sociedá cando lle pete, e daquela, a sociedá liquídase con respeito a il, podendo seguiren os demáis. Como cada un sabe o que tén, a cousa non deixa de ser doada. O que se sai, leva o seu coas milloras que se fixeran nos bés raíces, que ceden no favor distes, e máis co que lle corresponda de ganancias, desquitándolle o que lle toque nas perdas.

En caso de disolución total, os bés repártense, levando cada un os seus, do mesmo xeito, ou faguendo partillas do que estivese *pro indiviso,* e os produtos repártense por cabezas entre os que sexan maores de edá.

Casos de copropiedade familiar

Hai casos en que a copropiedá entre familiares consérvase por moito tempo, podendo durar varias xeneraciós, con regras consuetudinarias prá usanza e aproveitamento da cousa común.

Atales son os *muiños* e *fornos de herdeiros,* as *eiras de mallar,* certas servidumes de *regos, camiños, pastueiros,* etc.

Muiños de herdeiros son os que quedan *pro indiviso* ó partiren os herdeiros do que o construíu, sendo propiedá de todos iles e tendo todos iles dereito a moeren nil. A comunidá pode seguir entre os descendentes ou sucesores dos herdeiros por varias xeneraciós, chegando diste xeito a haber moitos que teñen partes difrentes, uns maores, outros menores, no muiño.

Todolos herdeiros, dunha ou de máis xeneraciós, son donos, cada un na parte que lle corresponda, e, asina, todos han contribuir á conservación, reparación e arranxo do muiño, cada un asegún a súa parte: pical-a moa, mercar unha nova, tellar o edificio, recompór o tremiñado, o rodicio, o moxega, as portas, limpal-a canle, etc. Cada un pón a súa parte de madeira, tellas, xestas ou colmo, anque os traballos, sobre todo os traballos miúdos, fanos moitas veces iles mesmos, entre todos.

Todos teñen dereito a moeren no muiño, asegún a parte que lles corresponda. Iste dereito repártese por días do mes: a un tócanlle, un supoñer, dez días, a outro, catro etc., indo sempre no mesmo orde, anque entre iles poden trocar a vez súa coa doutro. Namentras lle dura o turno, o herdeiro a quen lle toca tén a chave do muiño, ben sexa que o use ou que nono use e, rematado, entrégalla ó seguinte.

Cada herdeiro pode usar os días que lle tocan, pódeos emprestar, alugar, vender ou ceder a outra persoa, sexa coherdeiro ou non, do xeito que lle conveña; o cesionario fica subrogado nos dereitos do herdeiro e nas súas obrigas. Diste xeito, pode haber muiños de herdeiros nos que estean metidos, participando do condominio e disfroite, persoas estranas.

Non embargante, o fundamento na institución é de cote de dereito familiar.

O mesmo que pasa cos muiños, acontez cos fornos e coas eiras de mallar, dos que o condominio pode pasar *pro indiviso* a varios herdeiros, con iguás ou diversos dereitos. O mesmo nun caso que noutro, o réxime da comunidá é o mesmo que nos muiños, no tocantes ós dereitos e obrigas dos parceiros e á maneira de repartiren a usanza do forno pra coceren ou da eira pra mallaren.

Hai veces en que muiños, fornos e airas encomenzaron xa sendo de varios donos, que se axuntaron pra facelos e pra disfroitalos. Á morte diles, os seus dereitos poden pasar ós seus herdeiros do mesmo xeito que si fosen dun só.

Tamén hai hórreos, cabaceiros ou canastros de herdeiros. Niste caso, a copropiedá é mais doada de arranxar: non soe acontecer que un canastro poda ser de máis de dous ou tres; divídeno con reixas de pau, e fanlles portas independentes, e cada un usa a parte que lle tocóu. Canto ás reparaciós, etc. faise dun xeito semellante ó dos fornos e muiños.

Outros moitos dereitos pódense orixinar do réxime familiar, cando hai partixas. Polo regular, son repartos de regos e servidumes de pasos e camiños. As augas soen ir —é a regla— coas fincas: finca que sexa adxudicada a un herdeiro, adxudícaselle coas augas pra regala, e si se vende, véndese coa rega. Ás veces, o dereito de regar tén a condición de ser pra un cultivo determiñado, de maneira que, si a finca é adicada a outro que non precise rega, o dono perde o dereito de regar namentras a teña adicada a il, anque o volva recobrar si volve ó cultivo antigo.

Nas partixas onde unha leira se divide entre dous herdeiros, a parte de un pode quedar sin saída a ningún camiño, do cual orixínase unha servidume de paso sobre da outra parte. Estas servidumes sóense condicioar dun xeito estricto: determíñase por onde ha ir o carro, por onde han pasar as rodas, etc.

As partixas

O dito é: "Bés partidos, bés perdidos". Así e todo, hai estesas zonas de Galiza, especialmente na parte do sul, máis que nada na provincia de Ourense, nas que desaparecéu cáxeque de todo o réxime petrucial a base de milloras, e onde os bés pártense rigurosamente entre todolos herdeiros, a tenor, máis ou menos estricto, do Código Civil. Iste costume trouxo o esmigallamento da propiedá rural e un réxime progresivo de minimifundio, con leiriñas dunha estensión tan pequena que semella inverosímil.

Os herdeiros queren partir e levar cada un o seu; mais como, ó mesmo tempo, precisan conservar unha economía familiar compreta, cada un ha levar terras de pan, cortiñas de patacas, prados ou lameiros, monte, etc. e diste xeito van partindo e partindo as xeneraciós sucesivas, e as terras indo cada vez a máis pequeno, e todo vén a menos. O afán de partiren chega ás veces a dividir as casas de xeito que case non sirven pra nada;

vense, en ocasiós, un portal ou pasadeiro estreito, onde cabía unha persoa, dividido en dous cun esteo de pedra na porta e, a seguida, unha parede de ladrillo das que chaman de tamborete, que deixa a cada un dos que o partiron o sitio pra pasar de lado, xa que de frente non collen.

O mesmo entre os paisanos que entre os señores, as *partixas* ou *partillas* son as causantes da maor parte dos pleitos e das rifas entre irmáus e coherdeiros, das que as enemistades resultantes pasan moitas veces de pais a fillos, por moito tempo. Da división das fincas orixínanse tamén unha chea de servidumes, dereitos de rega, etc. que están de cote dando lugar a pleitos.

A poder de partillas, téñense desfeito moitas casas; fidalgos que runfaban víronse reducidos a viviren como probes labregos; fillos de labregos ricos chegaron a andar pedindo polas portas. Por esto hai o dito: "Quén te botóu abaixo, casa forte? A morte!" As terras onde se conserva o réxime de milloras, aínda son ricas; aquelas onde foi desaparecendo, son probes.

Onde hai réxime petrucial, as partixas teñen outro xeito: búscanse herdeiros ou herdeiras pra casaren coas fillas ou cos fillos non millorados, dáselles a istes un oficio, emprego ou carreira, págaselles a súa lexítima en diñeiro, ou —máis antigamente que agora— en *rentas en saco*, ou sexa en froitos ou especie, etc.

O herdamento en vida e maila "congria"

Esta usanza lévase agora moito, anque semella antiga pois hai contos e ditos que se refiren a ela, faguéndolle a crítica.

Consiste en que os pais, cando van vellos ou están doentes e non sirven xa pró traballo, dispoñen en vida do capital, repartíndollo ós fillos asegún lles pareza, sexa a partes iguás ou millorando a algún diles, ou, ás veces, todo pra un, *pasándollo por venta*, real ou simulada, estipulando determiñadas condiciós.

O *pasar por venta* úsase moito hoxe tamén no señorío, incluso nas cidades, por mor de evitaren o pago dos dereitos reás, que tanto cargan agora nas herencias, sobre todo cando os herdeiros son colaterás ou extranos.

O que se soe acordar entre pais e fillos, na aldea, nistes casos, pode ser o que queden os vellos a viviren cos fillos todos, ou cos fillos solteiros, ou cun fillo ou filla casados, ou co fillo ou filla millorados, pra que os manteñan e coiden namentras vivan, e lles teñan o enterro e honras despóis de mortos. Sexa en calquera distes casos, ou no de quedaren os pais vivindo aparte, pódese acordar que os fillos que non viven coíles lles pasen unha renta vitalicia, que chaman *congria* (da *congrua sustentatione* do dereito antigo), a cual pódese pagar, asegún conveñan, en diñeiro ou en froitos, sendo a máis común esta derradeira forma, que é a das "rentas en saco".

Esto fai pensar, ás veces, nunha sorte de retiro obreiro de caraute familiar, que, paradóxicamente, recai no xefe da casa.

Como a cousa poucas veces resulta ben —acontez a miudo que os fillos ó principio pórtanse como deben, mais logo, si os pais viven moito, encomenzan a cansar, e os agarimos vanse trocando en liortas e os coidados van quedando no que non pode menos de ser— iste costume foi, como dixemos, criticado dende antigo. O máis coñecido dos contos que a il se refiren é o seguinte:

> Un vello repartiulle ós fillos o que tiña, pra que o coidaran ben. Ó comenzo, así foi, mais despois cansaron, e dábanlle mal de comer, traguíano mal vestido, con roupa vella e esfarrapada, etc. Qué fixo o vello? Pedíu diñeiro emprestado a un seu compadre, metíase no seu cuarto, pechábase con chave e pasaba o tempo contando nos cartos. De principio, os fillos non repararon naquelo, mais de que se decataron, perguntábanse: "Qué demos fará o vello ahí metido?"... Puxéronse á espreita, e sentiron o ruido dos cartos. Un día abesullaron polo ollo da chave, e viron que andaba contando onzas de ouro... Un día que non estaba, entráronlle no cuarto, e atoparon un gran arcaz moi pechado, que pesaba como o diaño. "Chacho, dixeron, eiquí é onde tén os cartos, moito debe ter!". E dende aquela encomenzaron a mirar por il, fixéronlle roupa nova, dábanlle bo xantar e peperetes, agarimábano, bailábanlle a i-auga diante, todo por mor do que iban herdar dil... Morréu, enterrárono con moita honra, e logo foron abrir o arcaz, pra colleren os cartos: o arcaz estaba cheo de pedras, e enriba unha gran cachiporra cun letreiro que decía: "O que dá do que tén antes que morra, merez que lle dean coesta cachiporra".

As clases sociás

No que toca ás clases sociás, compre distinguir entre a cidá e a aldea. Nas dúas, as clases veñen determiñadas por circunstancias históricas, económicas i espirituás. Como en todalas partes do mundo, o fundamento das clases vén de tempo moi antigo, entre nós pódese decir que da Edade Media, que foi cando se constituíu a sociedade occidental. Sobre daquil plan viñeron despóis modificaciós que se levaron a cabo moi pouquiño a pouco, cecáis en Galiza máis a dispacio que en ningures, por ter quedado, casi deica hoxe, libre do réxime de capitalismo industrial.

Pasma, ás veces, cando se observa, aínda hoxe, ou, polo menos, non hai vinte anos, atoparmos na zona central de Galiza (partidos de Ordes e máis da Arzúa, na provincia da Cruña, de Lalín na de Pontevedra e os do centro da de Lugo), nas comarcas rurás, unha constitución social que se asemella moito á que nos revelan os documentos antigos que chegan deica o século XII, incluso cáxeque coa mesma nomenclatura: os *seniores*, que son os señores de hoxe; os *coloni*, que son os caseiros que traballan terra allea; os *cabanarii*, que son os que hoxe chaman caseteiros, que non teñen terra de seu nin de arrendo ou de medias.

Polo regular, nas cidades e vilas galegas, o bon senso popular distingue dúas clases: os *señores* e os *artesáns*. Os señores constituien o que nou-

tros lados soen chamar "clase media" e hoxe, por moda política, "burguesía", incluindo nela o que queda da nobleza. Nela están comprendidos os *fidalgos* (incluso, ás veces, os señores de título), os rentistas, as profesiós liberás, os empregados públicos e os comerciantes, tendeiros e industriás un pouco en grande. A burguesía medieval provén, como se sabe, dos *omes bóos* aveciñados nas cidades e vilas, ó amparo dos privilexios e dos foros, polos que tanto loitaron en Galiza, mesmo vertendo o seu sangue, dendo século XII ó XV. Dendo seculo XIV encomenzan a se xuntar a istes *omes bóos* —plebe de artesáns e mercaderes, algúns, como en Sant-Iago e nas vilas da beiramar (Cruña, Pontevedra), ricos e aínda poderosos e coíles os primeiros homes *de letras*— os *fidalgos e cabaleiros*, as máis das veces probes, que viñan á calor dos privilexios, anque istes lles prohibiran moitas veces apuntarse como veciños e aínda a entrada e a posesión de casas nas ditas cidades e vilas; e van formando, dentro delas un estado superior ó dos omes bóos que lles opuxeron resistencia de abondo. Xa dendo século XVI, polo costume de estudaren os *fidalgos* e obteren cárregos e oficios púbricos, e pola de adquiriren outros a fidalguía por carta ou por prescripción, principalmente as familias de profesión liberal, encomenza a confusión de entramalas clases, que chegan ó noso tempo formando unha soia, anque no antigo réxime existise unha distinción oficial que se non gardaba xa nos costumes e que desaparez, case por compreto, no século XIX. Entroques, os comerciantes e industriás quedaron ó principio nas camadas máis baixas; pro dispóis, e principalmente xa no século XVIII, en grande parte pola influencia das doutrinas económicas, os comerciantes un pouco en grande e os industriás que non traballaban persoalmente coas súas maus, chegaron a entrar na clase superior, moitos diles incluso con carta de fidalguía.

En canto á nobleza que podía runfar con títulos e non tiña rentas de abondo pra soster o seu rango, como non vivise na aldea ou fora de Galiza, non estivo nunca distanciada do trato da clase media, e hoxe cáseque non se pode considerar prácticamente, entre nós, ise elemento como unha clas aparte.

Os artesáns teñen como núcleo fundamental que lles dá o nome os traballadores manúas, sexan oficiás, mestres ou patronos, como agora se dí, con tal que traballen cas súas maus; mais tamén entran nesa clas moitos pequenos ferreiros, pequenos empregados e labregos propietarios dos arredores das cidades e vilas.

Prá clasificación das persoas nunha ou noutra clas, aténdese a moi difrentes consideraciós.

Dunha maneira xeneral, no século pasado, a vestimenta servía aínda de signo exterior, e moitas veces decisivo, prá distinción: vestían uns *de señoritos*, outros de *artesáns*. A usanza de levita e chistera nos señores, do sombreiro ou mantilla de blonda nas señoras, mantivo deica ben entrado o derradeiro tercio do século pasado as diferencias sociás; despóis se-

guiron sendo siñás decisivas a *bimba* e a cravata nos homes. Por moito tempo os artesáns non se estreveron a levar estas cousas, e as súas mulleres soio derradeiramente encomenzaron a levar sombreiro, e eso ben poucas, porque a súa decisión cáseque coincidíu coa usanza de andaren sin il as *señoritas;* a usanza da mantilla, entroques, é máis antiga nas artesáns. Hoxe a uniformización do vestido non somentes suprimíu iste signo externo sinón que, de feito, contribuiu moito a facer desaparecer as diferencias sociás. Doutra banda, a xente atende aínda moito máis do que se pensa á orixe das familias e máis ás profesiós liberás e tídoos universitarios, os cuales soen ter, principalmente entre o pobo, unha consideración equivalente á da nobleza do sangue. O que non tén, pra esto, tanta importancia como semella é o diñeiro, si non vai en compaña doutras cousas. Así, a xente bota aínda na cara a moitos ricos a súa orixe homilde, e hainos que tardan moito en seren admitidos na sociedá que se tén por algo.

Veleiquí unha anécdota que revela o sentimento popular niste punto. Un escolante tiña expricado, fará uns oito ou dez anos, ós nenos a usanza do "Don", decíndolles que se lle daba como tratamento ás persoas de autoridade e máis ós ricos. Oíu contar esto un paisano e rectificóu aixiña. "Non señor, —dixo— non é certo. O *Don* pode ser *herdado* e pode ser *gañado.* Herdado é o do que o tén de nacencia porque xa o tiñan os pais; o gañado é porque o gañóu il, estudiando, como o médico, o maestro e o abade, anque nono tiveran os pais. Mailo que non é mais que rico, nino herdóu, nino gañóu".

En xeral, considérase que os tídoos de Bachiller e de Maestro levan consigo o "Don".

Na aldea hai, naturalmente, tamén *señores:* fidalgos, propietarios antigos e xente de carreira. Os demáis son *labregos* ou *paisanos.* Agora ben, entre os paisanos pódense distinguir varias clases, polo regular fundadas na riqueza ou determiñadas polo réxime da propiedá. Na zona central que arriba indicamos, onde existe a tendenza á conservación do patrimonio familiar, por medio da institución do *herdeiro* ou *petrucio* e o réxime económico de *lugares* ou *casás,* existe unha distinción natural entre *propietarios,* que son donos da terra, que unhas veces traballan pola mau e outras arrendan ou dan a medias, e os *caseiros,* que non teñen terra de seu ou a que teñen non lles chega pra vivir e traballan lugares ou terras de arrendo ou de medias.

En moitas destas terras do corazón de Galiza, os donos da terra soen ser escasos. En moitas partes da provincia de Lugo, os principás propietarios son *herdeiros,* donos dun casal ou patrimonio que se tén ido conservando gracias ás milloras en tercio e quinto. A veces, chámanlles *vinculeiros* ou *maorádegos* en lembranza dos antigos vínculos. O patrimonio consiste, en moitas partes, nun lugar que, si o dono é paisano, traballa pola mau, cos seus familiares, anque tamén pode ter unha casa e herdades espalladas. Mais hainos que teñen dous ou máis lugares, en cuio caso tra-

balla il un e arrenda ou dá a medias os outros. Os propietarios soen ser os ricos da aldea, que teñen unha casa con todolos servicios da labranza e viven, polo regular, con desafogo.

En Trives distínguense, con tendencia a seren tidos cáseque coma fidalgos, aquelas casas onde hai algún familiar con carreira universitaria ou con carreira eclesiástica. O *estudiar os fillos,* usanza cada día máis corrente nas aldeas galegas, foi antano un recurso das casas ben abastadas pra daren saída ós segundós da familia que, por efecto da millora do herdeiro, non recibían máis que a lexítima rapada; mais esto viña tamén a aumentar a consideración social da familia. Na provincia de Lugo fomentábanse tamén con milloras e fideicomisos as vocaciós eclesiásticas.

Os *caseiros* son, en moitas partes, a clas máis abondosa. Así como nas terras de minimifundio (anque tamén hai caseiros de medias, que levan una explotación rural completa) os máis, cando non lles chegan as súas leiras, collen en arrendo eidos soltos pra co seu produto completar o que lles falla, nas comarcas centrosas soen arrendar un lugar enteiro, que traballan cos seus familiares e no cual viven. O caseiro saca moitas veces do lugar un bó produto, e hastra pode vivir bastante millor do que moitos dos donos de terras de minimifundio. Somentes tén a contra de vivir en casa allea e en precario posto que, en moitos lados, coa única condición de avisalo, polo regular, cun ano de anticipación, podíano botar, anque o máis frecuente era que quedase no lugar deica a súa morte. O malo era prós seus familiares, si, ó morrer o caseiro, non deixaba un fillo ou un xenro capaz de se facer cárrego da labranza a gusto do dono.

Caseteiros chaman na terra de Melide, *camareiros* na Terra Chá de Lugo, a aquiles homes ou mulleres solteiros ou viudos ou matrimonios sin fillos ou con fillos pequenos ou ausentes, que o máis que teñen é unha *caseta* mísera na que viven, unha cociña, un poleiro ou un cortello onde criar pitas ou algún relliño e, si acaso, unha pequena horta, mais gran parte diles nin aínda istas cousas teñen, sinón que viven nunha casoupiña de aluguer, terrea e medio destellada, que, si cadra, foi corte ou palleira. Son a clas ínfima na aldea e a súa condición a máis triste. Os que poden andan a xornal, manteñen algún marráu, seu ou de medias, tres ou catro pitas, e, si son mulleres, andan de *mandiqueiras* facendo recados ou pequenos traballos na casa dalgún propietario que as mantén ou lles da algo; outras tecen, cosen, fan rocas de fiar ou axudan ós veciños como poden. Nalgús lados repártenlles monte en tenzas como ós demáis, e, si son mulleres, trabállanllas outros e danlle o tercio do froito. Os que xa non poden traballar ou non lles chega o que gañan, andan a pedir polas portas. Naturalmente, ós homes e mulleres útiles ofrécenselles na aldea outros camiños: traballar nun oficio, na mesma aldea, iren traballar na vila ou na cidá ou servir como criados.

Nas terras de minimifundio, como son as do sul de Galiza e gran parte da beiramar, case non hai máis distinción entre os paisanos que a de probes e ricos.

Na beiramar veñen formar unha clase especial os *mariñeiros.* Nalgús lados, os mariñeiros soen ser tamén labregos, propietarios dalgunhas migas de terreo, mais non traballan na terra. No mar, son bos pescadores e arriscados navegantes; mais na terra, na maor parte dos sitios, non fan absolutamente nada: xúntanse nas tabernas e nos cafés, beben, xogan e falan a dispacio pero sin parar, e pasan horas e horas debruzados nos malecós dos peiraos, ollando pró mar, calados e facendo de cando en cando algún comentario sobre das nubes, do mar e do vento... O traballo agrícola fano exclusivamente as mulleres e estas desprecian ó varón que traballe na terra; o que case coelas ha ter un oficio, ha traballar como mariñeiro, ou como artesán ou obreiro. Esto é xeneral, sobre todo dende máis arriba de Pontevedra deica a boca do Miño.

Entre os mariñeiros distínguense tamén os *patrós de pesca* e os *homes.*

A aldea galega

Tocantes á orixe das aldeas galegas téñense feito moi difrentes suposiciós. Hai quen di que son as herdeiras directas dos primitivos *castros;* outros din que das *vilas* romás ou suevo-góticas; outros que dos *asentamentos* e *repoboaciós* do tempo da Reconquista; outros que dos *foros* máis modernos.

Nicolás Tenorio, xuez que foi de Viana do Bolo, nun libro que anda citado por ahí adiante, di o seguinte:

> A aldea galega en xeral... é un orgaismo social ben dino de ser estudiado. Forma a aldea un agrupamento de poboación pequeno de abondo: corenta a sesenta casas habitadas por outras tantas familias. A eirexa é onde se venera o santo patrón, preside o poboado, soendo ser edificios pequenos e de escaso mérito artístico, ós que arrodea unha estensión de terreo chamado *adro,* que é, ó mesmo tempo, camposanto dos aldeáns. As aldeas están fundadas nos sitios onde o terreo é mais froitoso, nas caídas dos montes, ó respaldo dos ventos, nos pequenos vales, perto das correntes dos ríos e regatos, cuias augas empregan no rego. Non hai dúbida que moitas poboáronse despóis da Reconquista; anque as máis da montana semella que teñen mór antiguidá.
>
> Polo actual sistema de orgaización administrativa, a vila ou poboado cabeza de auntamento preside certo número de aldeas que o compoñen; independentemente desa orgaización, a aldea tén a súa propia, rexida polo costume. Hai nela un concello director, propiedá comunal, prácticas determiñadas de cultivo, festas púbricas, e atópanse algunhas familias orgaizadas en forma distinta da común de dereito.
>
> Dos tres circos sociás da orgaización celtíbera, tribu, clan e familia, o segundo semella ter sido o proxenitor da aldea. O clan estivo constituído pola xuntanza de todalas familias de colaterás

que viñan dun soilo ascendente, agrupados arredor do seu xefe; a aldea procede dun pequeno número de familias que foron medrando polas uniós sucesivas de homes e mulleres e algún elemento estrano doutro agrupamento de poboación achegado que ven á aldea. Os individos do clan foron parentes entre sí e viñan todos dunha soila parexa; o parentesco áchase tan espallado entre os aldeáns de cada agrupamento que, nos máis dos casos, non poden casar canónicamente sin licencia, sendo cada vez máis achegado por pouco que se ruba na liña ascendente, do que vén que haxa aldeas nas que as dúas terceiras partes dos habitadores teñen un soilo apelido... O clan foi unha pequena poboación ou behetría situada nun outo ou touzal; de poucas casas se compón a aldea, estando fundadas nos outeiros ou vales onde a terra dá mais.

Formouse a aldea da xuntanza de varios *casares* e o casar foi a primeira vivenda e terra da familia. A fundación fíxose arredándose unha ou varias familias dun núcleo meirande de poboación e afincándose no sitio que atoparon máis doado, construíndo casas e rompendo a terra en estensión de abondo pra atendéren co produto á mantenza. O medro natural e a posesión seguida do chao fixeron o demáis. Iste sistema de poboar foi o empregado polos nobles galegos e polos mosteiros nas súas terras durante a Edade Media e parte da moderna, coa condición do foro e do vasalaxe, polo cual conservaron o dominio directo das súas propiedades e a xurisdicción sobre das persoas; maila orixe da casa é mais antiga.

O autor recoñece a existencia de aldeas ben antigas, incluso prerromás, e outras procedentes de asentamentos medievás, no cual vai atinado.

Certamente aldeas hóuboas sempre; polo tanto tén que haber aldeas de todolos tempos, e formadas por diversas causas. Aínda hoxe estámolas vendo formar, principalmente pola cobiza da xente de se achegar ás carreteras, campos de feira e cruces de camiño. Aínda hai pouco houbo unha liorta periodística en Ourense sobre de quen fora o fundador da moderna aldea de Porto-Quintela, perto de Baños de Bande, pois semella que a aldea se fundóu por iniciativa dun soilo veciño.

Nicolás Tenorio non fai, así e todo, unha distinción que compre facer: cando fala da aldea como orgaización comunal, vese que, en realidade, refírese á *parroquia* ou *freguesía* que, na nosa Terra, é a unidade social inmediatamente superior á familia. E ben sabido é que unha parroquia componse, cáseque sempre, de varios núcleos de poboación, de varios agrupamentos de casas que chaman *aldeas* e *lugares* (denomiñaciós que teñen estado oficial nos nomenclátores e nos documentos estadísticos). O cual responde a dúas necesidades: a de viviren preto das terras que traballan e, ó mesmo tempo, xuntos pra podérense axudar.

Asegún algús autores, nas terras europeas, nos primeiros séculos da Edade Media, a poboación rural vivía en granxas isoladas, continuadoras das *vilas* romás e xermánicas, e terían sido as incursiós e rapiñas dos normandos as que os forzaron a axuntárense en aldeas pra podérense defender. Non hai dúbida que en Galiza dábanse circunstancias semellantes aínda

despóis de quedaren lonxe os mouros, poilos normandos fixeron eiquí das súas ben de veces.

Tocantes ó avencellamento histórico das parroquias galegas cos clans céltigos, dos estudos que a istes asuntos adicóu Pierre David resulta que os que se fundaron a base dos primitivos agrupamentos xentilicios de Galiza e norde de Portugal non foron as parroquias, sinón os *arciprestádegos* que levan moitas veces nomes que o indican, como *Arros, Postmarcos,* etc. namentras que as *parroquias* foron postas polos donos das *vilas* pra faguéren cristiáns ós seus servos e colonos.

Tense observado que hai parroquias nas que os nomes dos lugares ou aldeas corresponden ás dependencias dunha vila antiga: *Pazo,* que representa a casa do dono; *Vila, Vilar,* as vivendas dos servos ou colonos; *Celeiros,* a chamada "villa frumentaria"; *Cima de Vila, Fonda de Vila,* indicando a situación dentro do dominio. Outras observaciós curiosas fixo Alberte Sampaio, ó estudar as vilas do norde de Portugal. Tamén o ser o nome da parroquia ou dunha aldea dela derivado dun nome persoal latino ou xermán: *Marcelle* de Marcelo; *Sabariz,* de Sabarico; *Mende,* de Menendo; o cual todo indica unha orixe non xentilicia sinón agrícola. Mais iste non é o caso de todalas parroquias, habendo, sin dúbida, moitas que veñen doutras circunstancias.

De todolos xeitos, así como os *arciprestádegos* non teñen máis que unha funcion eclesiástica, e non de importancia grande, as *parroquias* centran a vida espritual e social dos paisanos, asemellanse dunha maneira pasmosa ós antigos clans, e aínda dentro do moderno, chegan a ser, de feito, anque nono sexan de dereito, verdadeiras entidades administrativas.

A relación dos aforamentos e asentamentos medievás vese máis clara cos casares que non coas parroquias. En todo caso, documentos en que se conceden terras "pra edificar e plantar", en favor dunha familia, son difíciles de interpretar niste senso.

A relación de veciñanza, a comunidá de culto relixioso, o teren os seus mortos xuntos na mesma terra sagra do adro —xa vimos que mesmamente na *Estadea* ou *Santa Compaña* saen os difuntos *por parroquias,* tendo cada parroquia súa procesión onde van xuntos os que en vida foron veciños, detalle revelador, verdadeiro símbolo do vencello parroquial, cecáis como lembranza da súa orixe étnica— crean entre os veciños unha vida común, unha comunidade de intereses esprituás e materiás, un hábito de convivencia, un sistema de relaciós, que chegan a formar unha verdadeira "concencia de grupo".

A parroquia tende a ser unha *sociedade natural inteira, compreta* e *pechada,* incluso hai nela certa tendencia á *endogamia,* como se manifesta nas relaciós, moitas veces hostiles, coas parroquias veciñas.

Esta relación, que pudéramos chamar de *estranxeiría,* entre as parroquias, exprésase en moitos feitos dos que temos xa falado, como son: o facer *pagar o piso* ó mozo forasteiro que colle moza na parroquia; as *pe-*

lexas entre os mozos dunha parroquia e os doutra, nas festas; os *aldraxes, alcumes, ditos* e *contos* referentes a pobos, de que falaremos máis adiante.

Réxime da parroquia

A parroquia é rexida por un *Concello,* que vén representar o antigo *común de veciños* da Edade Media.

Compoñen o Concello todolos veciños maores de edá, ou sexa, na *edá de homes,* que representan cada un un *casar* ou familia, anque non estean casados, porque a voz que levan e o voto que dan non é, en rigor, o da súa persoa, sinón *o da casa.* Veñen ser os *veciños con casa aberta* de que se falaba nos tempos medievás.

Nicolás Tenorio di que van "representando cada un diles unha das familias de labregos que viven na aldea... forman parte diste orgaísmo os fillos de viudas maores e solteiros que viven coas nais". Compréndese que istes derradeiros van representando ás nais, que son as cabezas de familia.

As xuntanzas téñense, de adoito, os domingos e os días de festa no *adro da eirexa,* ben á saída da misa, como acontez en Viana do Bolo, ben a outra hora, por eixemplo, á tarde, como na Limia; ou en días soltos, como soen facer en todas partes cando hai apuro. Tamén nalgús lados, como na Limia, xúntanse *no forno comunal,* ou debaixo dun *pendello,* ou no *campo da festa* debaixo dun árbore.

A chamada faise en moitos lados *a son de campana tanxida,* como nos concellos medievás, asegún expresan os documentos. En Viana do Bolo, "dúas bateladas despois do segundo toque é o sinal de encomenzar a xunta"; na Limia dan un toque especial, que todos coñecen ben: *tocan a concello,* din.

Tamén se pode facer a chamada por medio dun *pregoeiro;* nalgús lados, chamábase cun *tambor* e aínda cun *corno* ou *trompeta.* Tamén hai casos de convocatoria feita un por un, ós veciños, polo *Vigairo,* indo casa por casa, ou por medio doutra persoa á que encarreguen do choio.

O *Vigairo* é chamado en Viana *Postor,* e noutros lados *Mordomo, Cuadrilleiro, Coteiro* ou *Costeiro, Cabo,* etc. O nome de *Vigairo* deriva rectamente de *vicarius,* que niste caso cecáis non siñifique "o que fai as veces doutro" como se soe empregar, sinón unha sorte de xefe de aldea, relacioado con *vicus,* "aldea", e non con *vice,* calquera que sexa a orixe da verba. Hoxe soen cubrir esta función os *Alcaldes de Barrio,* ou *Pedáneos,* os cuales, aínda despóis da orgaización administrativa moderna, designáronse "según o costume", como se vé na seguinte orde:

> No haviendo el cotero ó cavo pedaneo dela Parroquia del Burgo dado cumplimiento ala orden q.se le circuló p.º el nombram.to del cabo ó cotero q.deba sucederle *segun la costumbre antigua,* causando graves atrasos en el servicio publico. Luego q. reciva esta hara q. tenga efecto dicho nombram.to bajo su responsabilidad,

> ylo desempeñar las funciones de cabo mientras asi no lo cumple sin perjuicio delas demas providencias aq.su desobediencia de lugar; puesto q.no deben confundirse las facultades delos alcaldes pedaneos con las de los coteros, q.propiamen.te es una carga vecinal. Castro Caldelas Febrero 4 de 1846. Mende.

Os antigos eran, e son onde siguen, nomeados por *votación*, como acontez co *Postor* na parte de Viana do Bolo, a cual faise, en moitas partes, o día de San Xoán, elexindo casi sempre á persoa "que polo seu carácter e anos goza de mais autoridá e ascendente entre os demáis". Outras veces desígnase por *sorte;* outras vano sendo, un por un cada ano, todolos homes que forman parte do Concello, por *vez*.

O Vigairo, Mordomo ou como se chame, convoca, preside e dirixe as deliberaciós do Concello, dá ordes e mandamentos no nome diste, pon *adíutos* (edictos), vixía as obras e traballos comús, e coida de todo o que é da parroquia. En Viana e en moitos lados, o Postor ou Vigairo é o que garda as *pesas* e *medidas fieles* da parroquia. Estas, algunhas veces, gárdanse na sacristía da eirexa ou no forno comunal, e aínda poden estar marcadas na parede da eirexa. En Monterrei, por eixemplo, na parede da eirexa, hai unha raia ou risco marcado na pedra, polo cual se contrasta a *vara das tecedeiras*, que tén seis cuartas.

Na porta da eirexa é onde se poñen os *adíutos* e avisos de toda sorte: anuncios de venta de fincas, de puxas ou subastas, de cousas que se perden, etc. O costume de polos en castelán fai moitas veces ben paveros istes documentos. Veleiquí un, procedente da Limia:

> Adiuto. Se perdió el 27 una pollina color castaño herrada de las cuatro patas aparejada casi de nuevo con un cobertor por encima, estrivos y alforjas, y puede ser que le robaran los aparejos y el que la tiene no tiene la culpa la señal mas segura de la pollina es que esta preñada pronta para luego y hechandole una mano a la clin la llena de gordura que tiene y el que la encontrara pase razon a San Lorenzo de Porquera.

Nas xuntanzas do Concello están, polo regular, todos de pé e cubertos, co pucho posto, e o que dirixe, e preside ponse un pouco máis alto que os demáis, pra velos a todos. É il o que vai decindo os asuntos que se han tratar. Todos teñen dereito a decir o que pensan sobre de cada asunto, e os acordos tómanse por maoría, e moitos por unanimidá, todos a unha.

No Concello trátanse asuntos propios do común da parroquia: construcción, arranxo ou limpeza de fontes e camiños, da eirexa, do camposanto, dos edificios do común, si os hai; reparto da prestación persoal de traballo e das cantidades que tén que pór cada veciño pra estas obras; reparto de servicios comunás, como pasturaxe da avenza ou gado miudo, coidado do forno, etc.; asuntos que tocan ó aproveitamento dos montes: rozas, roturaciós, searas, decotas de leña, e máis co das augas pró rego, muiños, etc. Tamén tratan asuntos do municipio no que toca á parroquia:

dar conta dos acordos do Auntamento, bandos, participación en obras, reparto de trabucos e demáis.

Como eixemplo, poremos eiquí o que dí Nicolás Tenorio, referíndose á terra que il estudióu:

> ...ocúpase o Concello de todo aquelo que intresa ó ben común da aldea. Acorda cando e por quen se ha facer a compostura dos camiños veciñás e vereas do término; nomea os gardas pró campo, sinalando a cantidá en diñeiro ou en especie que ha pagar polo servicio cada veciño; reparte cuotas pra mercar ferramenta cando se precisa na aldea, e outras pra soster o forno onde todos cocen o pan; trata do arrendamento ou ordeamento dos pastos da *lama;* nomea, nos meses de abril, San Xoán e Santos, os veciños que, en compaña do Postor, han faguer o reconto da avenza e da cabría e formar a *tarxa;* acorda mercar os cás que han ir coa avenza pra defendela, e ocúpase doutros asuntos de menor importancia. Os acordos do Concello non se escriben, mais non por iso se deixan de comprir polos veciños.

En xeral, os acordos do Concello non se escriben en ningures. Os homes de poucas letras, e aínda máis si son analfabetos, soen ter, por eso mesmo, unha memoria feliz (a memoria é un don inmensamente apreciado, e con moita razón, polos nosos paisanos) e diste xeito non compre escribir esas cousas que iles ben saben. Por outra beira, algús Concellos conservan certa documentación referente a asuntos especiás, como os de Viana e os do antigo "Coto Mixto", dependente en parte de Hespaña e de Portugal, o seu arquivo. No caso dos acordos comúns dos Concellos parroquiás —xa non se pode decir o mesmo dos dos Auntamentos— polo regular, soen ser xustos e atinados, e por eso a xente os cumpre ben.

> Merez ser citado arredadamente —sigue Nicolás Tenorio— o costume de Pradorromisquedo, de Viana, referente á forma como o Concello da aldea reparte e paga os trabucos da contribución territorial e do consumo. Ó seu tempo, xúntase o Concello e escolle dous veciños que baixan da montana á vila, pagan o que lle corresponde á aldea por entramos trabucos e recollen os recibos do ano. Os comisionados compren o mandado, de volta na aldea dan conta do que rubíu a suma pagada, presentando os recibos; o Concello, na mesma xunta, reparte a cuota proporcionalmente á riqueza da cada un dos veciños sin ter en conta pra nada a cantidá que lle asignóu a Adeministración. Non hai memoria de protestas polo reparto, que todos acetan casi sin discutiren, e na práctica resulta máis equitativo do que o reparto oficial.

Cousa semellante faise noutras freguesías. E aínda hai algunhas, onde se conserva propiedá comunal de abondo, en que chegaron a pagar os trabucos de todolos veciños cos produtos da propiedá comunal, principalmente dos montes. Noutras partes de Hespaña, especialmente en Navarra,

teñen iste eixemplar costume, gracias a teren salvado da desamortización a súa propiedá comunal.

Terras e aproveitamentos comunás

Nas terras de ribeira poucas son as freguesías que teñen algo de comunás; nas da montana, a pesares do despoxo polo Estado dos bés dos pobos, e máis das *roturaciós* concedidas ou "arbitrarias" consolidadas, debidas á cobiza dos paisanos, aínda son moitas as que conservan algo, ás veces ben de abondo.

Estas propiedades do común son principalmente *montes* e *pastueiros*.

Os montes poden ter arboredo que dea leña e aínda madeira, ou poden ter somentes xestas e uces, e, ás veces, tamén, herbas de pasto. Aprovéitanse polo tanto pra *pasto*, pra *leña*, ou pra *searas* ou *estivadas*.

Pra pasto faise de dúas maneiras: levando todolos veciños, ou os que queiran ou o precisen, indistintamente o seu gando ó comunal, igual a facenda que a avenza, cabras e marráus, ou dividindo o comunal en sortes. En Viana e Vilariño de Conso, e noutras serras, reservan unha parte de comunal pra que poda pacer a facenda no vrau, e alí non pode ir outro gando. Na parte reservada, precuran herbas facendo *coutadas*, onde rozan e queiman o monte.

A leña, polo regular, cada veciño leva a que precisa, sobre todo cando son uces e xestas; destas é moi apreciada a xesta *limesa* (do val de Lemos) que tamén chaman *piorno*, a cual é cáxeque arborescente e emprégase moito nos fornos, non tanto nas lareiras, porque dá moito fume. Tamén recollen a *leña do aire* ou sexa das ponlas outas dos árbores, pois evítase cortar istes polo pé. Tamén é boa a dos *cozos* das uces.

Tocantes ás *rozadas, estivadas* ou *searas*, fanse tanto nos comunás da parroquia como nos montes do estado, pagando entre todos o canon dos montes. Repártense entre os veciños en anacos chamados nuns lados, *sortes*, noutros *tenzas*, noutros *coutadas*, noutros *meras*, etc. pra que as aproveiten por un ano, por dous ou por cinco, regularmente. É moi usado fagueren o reparto na primaveira ou no outono, e faina o Concello, unhas veces conservando a división que xa vén de costume, ou seguindo os informes de persoas entendidas que chaman pra elo, e unha vez determiñadas as meras, botan sortes, pra ver a que lle toca a cada un, poñendo nunha ola, nunha pucha ou nun chapéu, uns papés cos números das meras e noutro outros papés cos nomes dos veciños, e logo van asacando, cousa que fai, en moitos lados, un neno, pra que non haxa sospeita de trampa e a cousa vaia "legal" coma iles din. Tamén se pode facer de común acordo sin máis riquilorios.

Logo, cada un pode facer da que lle tocóu o que lle dea a gana: aproveitala il, cedela a outro, arrendala, dala de medias, ou deixala estar. Polo regular, o que nona traballa, dalla a outro pra que lle veña traballar de valde na casa.

Pra facer a estivada, rozan o monte e quéimano alí mesmo, faguendo o que chaman *queimadas, borreas* ou *toleiras*. As cinzas son un bó abono

prá terra. Logo aran e sementan centeo e moitas veces, de recollido o pan, botan patacas. Na mór parte das terras de montana, unha tenza destas dá dúas colleitas cada ano, e logo a terra queda moi boa pra dar herba de pasto.

De que pasaron o ano ou anos, aquelas tenzas déixanse pra que descansen e repártese a outra parte do monte.

Os *pastueiros* adícanse, de adoito, somentes a facenda. Unhas veces levan a súa todolos veciños por igual, ou os que queiran; outras veces o Concello acorda de arrendalos á puxa públicamente, o que se soe facer por xaneiro, e todolos veciños respetan o remate.

A renda cóbraa o Concello, e co que dá, axúdase pra obras do común: camiños, pontes e fontes, prá festa do santo ou pra outros gastos.

Si non se arrenda, é pra todolos veciños, xeneralmente dende o mes de abril deica que acaba o de san Xoán, mais divídense en partes que se van aproveitando unha por unha deica rematar, e deixando unha pró outono.

Nalgús lados teñen tamén pastueiros prós porcos.

Nas custiós de regos, o Concello pode intervir ou non intervir, apesares de haber, de feito, entre casi todolos veciños dun lugar ou aldea, cando non de varios ou da parroquia inteira, verdadeira "comunidá de regantes", que se rixe polo costume; mais cando falla o acordo e hai disputa, os interesados arranxan a cousa antre iles, convíndose, acudindo ó xusgado, e aínda pola forza e de mala maneira. Os asuntos de augas son os máis enconiados e os máis expostos a rifas e vinganzas entre os labregos. Cáseque se pode decir que a mór parte das xenreiras, pelexas, crimes e mortes que hai na aldea son por culpa das augas de rega. Moitas veces pelexan no sitio mesmo cando andan tornando a auga, ca aixada por arma.

O forno e a aira

O *forno comunal* pode ser un pra cada parroquia (onde o hai) ou pode haber máis, nos lugares que cadran lonxe. Todolos veciños da parroquia ou do lugar teñen dereito a coceren nil o pan.

Está nunha caseta terrea, onde gardan a leña pra quentalo, e onde hai tamén unhas táboas ou mesas pra pór o pan a levedar. Pode ter sido edificado atergo ou pode ter sido mercado ó seu dono. Corre coíl o Concello, e todolos veciños teñen que axudar ós gastos pra conservalo e arranxalo. O Concello acorda as obras que se han facer e a forma de facelas, e despóis reparte entre todos o que custóu.

O aproveitamento do forno pode ser de varias maneiras. Na parte de Viana e noutros lados, cada veciño coce o día que lle toca, cada día un, e o que lle toca quenta o forno pra si. Na Limia, hai sitios onde cocen varios o mesmo día, e as veces son pra quental-o forno, que cada día teno que facer un.

Polo regular, amasan na casa e levan ó forno xa feitos os bolos e as fogazas, anque rematen de levedar alí, namentras agardan que saquen a fornada anterior.

O forno é un dos sitios máis importantes de xuntanza que hai nas aldeas: é onde saen a relocir todolos contos e todolos sucedidos, os comentarios ás vidas alleas e as murmuraciós de toda caste. Pra saber o que acontez nunha aldea calquera, non hai cousa como ir ó forno púbrico, si o hai: alí entérase un de todo. É o que se chama a *rexouba*. No Castro de Caldelas, contan dun mozo que pasóu por diante dun forno —que non era comunal, que alí nonos hai, pero era púbrico— e ouvíu que estaban falando mal dunha súa irmá, e entón encomenzóu a berrar: "Auga, veciños, auga! Auga, veciños!" Viñeron todos con caldeiros, coidando que había lume, e de que os tivo xuntos, berróu: "Auga, veciños, que arde o forno da crítica!"

Pódese decir que todolos fornos púbricos de Galiza son "fornos da crítica".

Tamén van os mozos parolar coas rapazas. Inda sirve o forno comunal, en moitos lados, prás xuntanzas do Concello. O Vigairo ou Mordomo é o que tén a chave. E aínda tamén sóense axuntar alí os mozos pra trataren das súas cousas.

Non en todos lados hai forno comunal, nin onde o hai cocen nil todolos veciños, poilos que teñen de seu prefiren cocer na casa, e soen ceder a outros a súa vez pra coceren no do Concello.

O réxime das *airas do común* ven ser igual. En moitos lados teñen airas de pedra, ben sexa aproveitando a pena, que son as millores, como unha que hai en Allariz, onde a ponte de Vilanova, ben construídas atergo, con enlousado de pedra cadrado, arrodeado dun reborde pequeno pra que non marche o pan, como en Trasalba (Amoeiro).

Os veciños poñen alí as medas arredor, e despóis van mallando un por un conforme lles toca a vez.

Servicios comús. O gando.

En moitos lados, como acontez en Calbos de Randín e noutros lugares da raia de Portugal, hai o *touro do Concello*, mantido polos veciños e escollido entre os millores que poda haber, e alí é onde os veciños levan as vacas.

Andan a quen teña o millor touro e, ás veces, con ocasión dalgunha festa, ou sin ela, bótanos á pelexar, e hai apostas entre a xente a cual sexa o que máis poida.

Hai outros casos de propiedá comunal de animás, especialmente nas serras da beiramar, onde hai greas de cabalos bravos, das cuales moitas son de particulares, mais tamén hai —e sobre todo houbo— parroquias ou aldeas que teñen a súa, propiedá do común, ou propiedá do Santo Patrón, ou dun Santuario. Semella que noutro tempo houbo máis destas greas colectivas do que hoxe. Xa falamos denantes da *rapa das bestas*, ou

sexa a arriscada operación de escoller e marcar as cabezas, tanto no caso das greas de dono particular como veciñal.

O que é de moita usanza pró gado miúdo (ovellas e cabritas), que chaman tamén *avenza* ou *res,* é o pasturaxe en común.

Onde a avenza non é moita, como en bastantes parroquias da Limia, hai a institución da *veceira.* A avenza de todolos veciños lévase xunta ó monte, e cada día ou cada semán tócalle a unha casa o levala, e así van indo ó monte en roda, cada un cando lle toca. O que lle toca é o *veceiro,* e manda coa res un rapaz ou dous, que teñan conta dela.

Cando vai saír pró monte, toca un corno polos rueiros da aldea, e os veciños botan a avenza fora e o veceiro vaina recadando e lévaa pró monte. Ó voltar, toca tamén o corno pra avisar que abran os cortellos; o veceiro leva diante as ovellas ou cabras, e elas, conforme chegan, xa se van desviando cada unha prá súa casa.

Noutros lados, como acontecía no Castro de Caldelas, hai un *pastor* que xa o tén de oficio, ou pouco menos, e que leva o gado miúdo de todos.

A pasturaxe nas terras de Viana descríbea Nicolás Tenorio do xeito seguinte:

> ...os veciños do poboado xuntan todalas cabezas de gado miúdo que teñen e encarréganllas a un pastor e máis un zagal... O fato chámase *a res da aldea*... Todo o que se relacioa coa res é, a un tempo, coidado e atribución do Concello, e trata delo tres veces no ano: pola primaveira no mes de abril e día de San Marcos, no de San Pedro e no de Santos e día de San Martiño. Na primeira e na derradeira destas xuntanzas acorda o Concello o que fai referencia ó gando e garda dil, na outra ocúpase da reparación do *curro* que tén a aldea na serra, pra que se recolla polas noites no tempo que pace nela. Xuntolos veciños os días sinalados e coa asistencia do pastor, nomean unha comisión que forme o censo do gando da aldea. Polo regular, compóñena o Pedáneo ou Postor, dous dos que estiveron no Concello elexidos polos outros, e o pastor. Rematada a xuntanza, todolos nomeados xuntos fan a designación e reconto das cabezas de gando lanar e cabrío de que é dono cada veciño, sendo moi orixinal e primitiva a maneira como fan a cousa. Despóis de contadas as cabezas por calquera dos comisionados dediante dos outros e máis do dono, o alcalde de barrio anota nunha *tarxa* — anaco de pau que alisan coa navalla por un dos lados — en guarismos especiás, cantos *rixelos* posee cada un. Rematada a operación en todalas casas, queda o censo perfeito e o alcalde garda a tarxa coa conta, a cual van mirar, en caso de dúbida, habendo de cumprir cada un coa garda asegún o consignado nela, deica que o Concello ordee novo reconto da res o día sinalado pra elo. É usanza que o dono de sete cabezas ha manter un día ó pastor e ós cás e pór o zagal, que chaman *costeiro,* cando lle toque a rolda ou *velilla,* subindo a dous días por catorce en igual forma; mais si o número delas pasa de sete e non chega a catorce, corresponde ó dono da res un día máis por cada dúas veces. A soldada anual do pastor pá-

gana entre todolos veciños, como tamén os gastos precisos prá conservación do curro do monte.

É orixinal a maneira de formar o censo do gando, mais nono é menos a clás de procedemento que usan no caso de que calquera veciño non queira dar de comer ó pastor e máis ós cás, ou pór o costeiro o día que lle toque. O pastor dá coñecimento ó Concello e todos levan ó pastor e ós cás á porta da casa do que non queira dar a comida. Entéirase o paisano de que tén o pastor e os cás na porta da casa, sai dela e comparece diante do Concello, celebrándose unha sorte de xuicio onde se decide polo voto de todos. O veciño expón diante desta sorte de xurado as razós que tén pra non dar a comida, ben porque coide que non lle chegóu a vez, ben por outra causa; escoitan o que dí o pastor, consultan a tarxa, si compre, e como vai a velilla, e despóis o Concello decide o que coida xusto. Si os descargos son verdadeiros, enmendan o erro e pasan o pastor e os cás á casa do veciño que lle coresponda; caso de o non ser, oblígano a dar de xantar ó pastor e cás e máis a pór o costeiro. Os acordos do Concello acétanse por todos e teñen súa sanción. Ó que non obedece, bótanlle o gando fora da aldea e non permiten que pácia dentro do término.

A res sai todalas mañás xunta ó campo. Ó mencer o pastor toca a bocina no sitio máis outo pra que a oucen en todas partes; logo agarda cos cás no lugar de costume pra que se xunte. Alí acode o costeiro co fato; cada veciño manda ou leva o seu gando e despóis sai todo xunto ó campo deica a noite que volve a res á aldea. É curioso ver como a esa hora cada fato de animás vaise arredando dos demáis e marchan xuntos ó cortello a recollérense deica o día seguinte. Despóis de levantadas as colleitas, quitando as viñas e lameiros, a res pasta todalas terras da aldea, tanto nas dos veciños que teñen gando como nas dos que o non teñen; os pastos son comús, incluso os producidos polas lamas concellías, do mes de Santos deica o de Xaneiro.

No vrau a res rube á serra e, pró seu resguardo no tempo que bota nela, case todalas aldeas teñen seu curro no monte. O curro do monte é un recanto cadrado con paredes que o pechan e porta de entrar, paredes como de metro e medio de altor, o preciso pra que non poda choutar o cabrío de adentro pra fora, con bardas de uces no cima. Por San Pedro axúntase o Concello e trata da composición do curro da aldea; é o tempo de arranxar os danos das chuvias e das neves do inverno. A obra faise a prorrateo entre os veciños todos, sendo regular que se saque á puxa o mesmo día e que a leve o que a faga por menos. Pagan en froitos, cada veciño do que tén na casa, as máis veces castañas secas e centeo. Si non hai quen vaia á puxa, fai a compostura do curro o Concello ou sexa entre todolos veciños xuntos dirixidos polo Alcalde de barrio.

Rube o gando á serra o día de Santa Isabel, 8 de Sant-Iago, e está nela todo o vrau e parte do outono, deica o mes de Santos, despóis de recollel-as castañas. Cando a outonada vén temperá e veñen moitos días de chuvia, baixa antes. Namentras a res está no monte, o pastor volve moi raras veces á aldea, o costeiro é o que vai dende o sitio onde está o gando todolos días coa

comida, e como varía asegún a quen lle toca a vez, cada costeiro sai pró monte o serán anterior ó día que lle toca gardar ó seu amo, e leva o mantimento preciso pra todo o tempo.

O fato pasta indistintamente polo monte nas horas do día; á noite recólleno no curro, deixando fora os cás pra que o defendan e chamen en caso de perigo. O pastor e mailo costeiro teñen un chouzo na entrada do curro, pola parte de afora, unha habitación redonda e pequena na que se poden acoller dúas persoas sentadas ou deitadas, feito de pedras e cuberto delas e de terra, de maneira que non poda entral-a auga. Á chouza chámanlle *chavola;* adentro, no chao, estran de carqueixas e riba delas fan a cama do pastor e do costeiro, sin esquecer as mantas, que as noites da serra son frías e precísase abrigo.

O que se dí das terras de Viana pódese decir, dun xeito semellante, das terras de montana de toda Galiza, especialmente das provincias de Ourense e Lugo (serras do Imbernadeiro, Queixa, Enciña da Lastra, Caurel, Ancares, Cervantes, Cebreiro, etc.)

A vida pastoril, moito máis importante outrora en Galiza do que hoxe, somentes agora encomenza a ser estudiada, habendo aínda moi pouco pubricado e moi breve, e limitado a poucas localidás. Cando se teña feito un estudo a fondo, nos documentos escritos antigos, nas lembranzas dos vellos e nas usanzas que aínda duran, hanse descubrir detalles da vida antiga e primitiva dos galegos de moito interés.

Outras usanzas comunás

A axuda mutua entre os membros dunha parroquia mañiféstase aínda noutros costumes ben dinos de estudo. Atales son, en primeiro lugar, as que chaman *rogos* e *axudas.*

É raro que na aldea, entre veciños, se paguen xornás polos traballos do campo, especialmente polos da colleita, que requiren moita xente (seitura, malla, sega da herba, sacha das patacas, etc.). Practícase entón a *axuda,* que consiste en iren traballar os veciños pra un diles que o precisa, de valde, sin cobrar nada.

A axuda empréstase, en primeiro lugar, ás viudas e ás persoas impedidas que non teñen xente na casa de abondo pra traballar, e logo ós demáis veciños que o piden. O veciño pra quen traballan os demáis mantenos os días que dure o traballo, cousa que se fai, sempre que se pode, *a fartar,* habendo pratos que son obrigados pra ises días, como son o año ou o carneiro e máis as papas de arroz prá malla; a figadeira e as filloas prá matanza do porco, etc. O que recibéu a axuda queda obrigado a axudar á súa vez ós que lle axudaron.

Diste xeito pódese decir que, nos traballos que requiren moita xente, todo o lugar traballa pra cada veciño, e aínda veñen moitos doutros lugares da parroquia.

Prá seitura non se empregan tanto as axudas, porque hai moitos sitios onde faltan homes que o sábian facer, por mor de iren á sega a

Castela. Entón, teñen que chamar xente doutro país: os *seitureiros*, que hai terras onde se adican a eso, como acontez no val de Lemos e noutras partes, en que saen a segar polas terras arredor, orgaizados, pouco máis menos, como os que van ó centro de Hespaña.

Noutros lados, como nas terras de Viana, fano as mulleres, as *seitureiras*, que son mozas que se xuntan a oito ou a dez, cunha *maioral*, que é a que fai os axustes cos amos das terras, e segan elas, namentralos homes van atrás atando os mollos.

A malla, en troques, faise cáxeque sempre por xente do lugar ou da parroquia, por *axuda*. Antes mallaban con mallos, e esta labor facíana, naturalmente, os homes, o ó concluíren unha volta chamaban ás mulleres coa chamada clásica: "Mulleres á aira!" E viñan elas pra remoeren e quitaren a palla, e pra *erguer* ou *limpar* o pan, cando vai aire, con cribos ou peneiros. Hoxe faise, polo regular, con máquina, primeiro a que chaman *malladora* e despóis a *limpadora*, de maneira que homes e mulleres traballan xuntamente, e a operación require a mesma ou máis xente que cando se fai con mallos.

O dono do pan dalles a mantenza polos días que dure a malla, e procúrano facer de xeito que os que axudan fiquen satisfeitos, dando tamén de xantar ós da máquina inda que istes cobran o traballo en diñeiro e máis en especie. Como o traballo é forte, fan cinco comidas no día: a *parva*, o *almorzo*, o *xantar*, a *merenda* e a *cea*.

Moitas veces a malla, cando é a primeira ou cando é grande, tén certo carácter de festa. Rematan cantando e botando aturuxos.

Tamén se fan en común, axudando todos, as *esfollas* do millo, as *espadeladas* do liño e as *fiadas*.

Hai outras funciós comunás de importancia, como son o *aseguramento mutuo do gando* e certos aseguramentos *marítimos* nos pobos de pescadores e mariñeiros.

As enemistades entre parroquias e pobos

Como pasaba entre os antigos clans, tamén acontez hoxe entre as parroquias: hainas que tenden a se xuntaren e andaren sempre de acordo, e hai outras, pola contra, que están de cote en contra unhas das outras, que non se poden ver, arredadas por xenreiras herdadas dos antergos.

As xenreiras poden vir, aparentemente, de pleitos ou liortas vellas ou recentes, ás veces de séculos atrás, por mor dos montes, dos pastos —que duran en ocasiós centos de anos— ou dos regos, ou pola posesión dun santuario ou dunha imaxe milagreira (como temos visto casos noutro lugar), ou dun aldraxe ou feito criminal que non se esquece, ou de calquer outra causa. Estas xenreiras hainas tamén entre as vilas e as cidades.

Pode que algunha destas xenreiras veña, nalgunha ocasión, dun feito político accidental, mailo regular é o contrario: que as loitas políticas sexan sostidas polas xenreiras preexistentes doutra caste diferente. A xente divídese en bandos e cada bando arrímase ó partido político contrario ó

do bando nemigo; abonda que a parroquia á que queremos mal vaia, un supoñer, cos conservadores, pra que a nosa vaia cos liberás, téndolle sin coidado, tanto ós da unha coma ós da outra, as ideas políticas, que moitas veces son descoñecidas e sempre mal interpretadas. O que importa é ter un cacique que poda chegar a mandar no Auntamento pra favorecer ós deiquí e "mallar" nos dalá, e protectores con forza "arriba" pra que amparen o que eiquí se faga en beneficio noso.

Pódese decir que o puramente político, o que costitui o que se soe chamar "ideoloxía", non tén senso ningún na aldea, non tendo, como non tén, ó menos dun xeito que poda ser doadamente enxergado, relación cos intreses directos e coa vida dos paisanos. Istes non soen deixarse levar das propagandas —por máis que non lles disguste ouvir falar ós oradores, e que moitas veces os admiren, aínda sin entendelos, e os aplausen máis pola estética que pola doutriña—; o que os move son as amistades e os favores, as realidás ou as espranzas na influencia dos persoaxes outos ou baixos. Iles ó natural e ó práctico, ó que se vé e ó que se apalpa, embora se trabuquen moitas veces. Hai niles un fondo de desconfianza nos homes, un concepto pesimista de todo o que é "oficial" que os vai guiando na vida con certo bó senso de realidá.

E tampouco se pode decir que sexa moi difrente, no fondo, o que niste respecto acontez nas cidades.

Ditos e contos referentes a pobos

A tensión entre as poboaciós e parroquias mañiféstase nunha chea de ditos e contos bulreiros e aldraxantes que inventan os uns dos outros, dos que daremos algús eixempros.

Da parroquia de Santa Mariña do Monte (Ourense) din:

Parroquia de Santa Mariña
parroquia de zarrangallada,
casa caída, nunca levantada;
ventana acabada, con palla tapada;
moza solteira, ós quince anos preñada;
semana ganada, o domingo chapada.

De Larouco, partido de Trives, din que a gaita canta:

E nono araron e nono araron
nin colleron, nin sembraron.

E responde o tamboril

Larouco, pan pouco.
Larouco, pan pouco.

Dunhas aldeas da Limia:

Paradela é mala terra,
Pitelos lle dá combate,
Valín, máis ruin,
Casares é o remate.

Da xente do partido de Valdeorras:

Os que mataron a Cristo foron seis:
dous do Barco, dous da Rúa e dous de Fontei.

De varios lugares:

Home de Lugo, muller de Melide,
besta da Cruña e can de Furelos,
de todos iles Dios che me libre
como dos demos.

Outra:

De besta luguesa,
de muller coruñesa,
e de home pontevedrés.
líbrenos Dios dos tres.

Hai tamén *alcumes* ou *nomeadas* colectivas, que se lle aplican a todolos veciños dunha vila ou aldea, a todolos habitadores dunha terra ou a todolos forasteiros Veleiquí algús:

Ós de Vigo chámanlles *sardiñeiros.* Ós das terras de Pontevedra, Cotobade, etc. *barrosos,* por adicárense a canteiros e albañís. Ós de Ourense *paragüeiros* e, menos veces, *afiladores* ou *amolanchís;* recentemente deron os ourensás en levar na solapa unha insignia cunha roda de amolar e un paraugas. Ós de Allariz e tamén ós de Noia, *zapateiros.* Ós de Sant-Iago, *picholeiros* (de pichel). Ós de Viveiro, *chicharreiros* (por comeren moito chicharro).

Os da Póboa de Trives chaman ós do Castro *faroles,* porque din que botan moito por ela. Contan que dous señores do Castro perderon a misa, por estaren na porta da eirexa: "Pase usté", "Non, pase usté", etc.

Os de Allariz chaman ós de Requixo e Valverde *os da corna,* porque din que dunha casa forte de por alí chamábanos a xantar tocando un corno.

Na beiramar dinlle ás mulleres de terra adentro que van no vrau ós baños de mar: en Marín e Vilagarcía, *mantidas* (elas responden: *afamados;* pode que ese nome veña de elas levaren cousas pra comer); en Vigo e Pontevedra, *poubanas* (querindo decir que son "de pobo", ou sexa da aldea); na Cruña, *catalinas* ou *postales;* en Ribadéu, *postales, canouras* ou *bienvenidas;* en Viveiro *carrachentas* e *canónigas.*

A EDÁ DE VELLO

Chegamos á derradeira edade da vida, e á derradeira clás de edá: a dos *vellos.* Non se diferencia tanto esta clás da dos *homes* como as outras tres clases unha da outra. Os vellos continúan moitas veces a vida de homes, sin que se advirta diferencia.

Tampouco é tan doado determiñar o lindeiro da clás dos vellos. Dun xeito moi xeral, podemos considerar que un home chega a vello cando tén netos. Mais tamén vimos que ó acharse un home impedido pró traballo pono en certo respecto na condición de vello. E tamén, doutra banda, o costume de decir polos pais: *os vellos.*

Os vellos, polo regular, xa non traballan na terra, Están na casa, e si cadra, adícanse a traballos miúdos que non requiren esforzo. Nembargante, moitas veces dirixen a casa e impoñen o seu parecer, que soe ser respeitado. O vello sigue moitas veces sendo o petrucio, embora nono sexa máis que, como si dixéramos, en esprito, por medio da dirección e do consello. Sigue sendo o mestre dos homes da casa, o que sabe como se fan as cousas, como se han leval-os traballos, como se ha manexar un coa xente.

A tradición, en contos, ditos e refrás, amostra unha gran consideración e respeito prós vellos: "ditos dos vellos", "consellos dos vellos", "xa o decía meu abó", "máis sabe o demo por vello que por demo", "a esperencia é e mai da ciencia", "os anos dan moito saber"... Nos vellos está depositado todo o saber tradicioal, e a xente así o recoñece, anque non de cote obre en consecuencia; mais compre non esquecer que, nos máis dos casos, aínda remanece o respeito antigo.

Bouza Brey estudióu con empeño as pretendidas supervivencias dunha *euthanasia senil* que puido haber outrora en Galiza, como acontez algús pobos dos que chaman "primitivos". O punto de partida do seu estudo foi un conto, do cual coñecemos unha variante ouvida hai moitos anos, que é a seguinte:

> Eran un pai e un fillo, e eran probes, e o pai xa non podía traballar. O fillo determiñóu de levar ó pai ó monte e deixalo alí, porque nono podía manter. Díxollo, e o pai respondéu que, xa que non había máis remedio, que o levase. Conque, colléu unha fogaza de pan e máis unha manta, e marcharon os dous. Foron andando, andando, hasta que chegaron moi lonxe, a un monte moi apartado. Alí estiveron os dous unha miga falando, sentados, o pai decíndolle o que había faguer pra se gobernar, e o fillo preguntando e escoitando. Ó mesmo tempo, o fillo iba triste e o pai moi sereno. Por fin, o fillo ergueuse, e díxolle:
>
> —Bueno, papai, eiquí lle queda esta bola de pan e esta manta, que eu téñome que ir.
>
> —Adiós logo, meu fillo —respondéu o pai— e que che vaia ben.
>
> Encomenzóu a andar o fillo, e cando aínda non iba moi lonxe, o pai chamouno. Volvéu o fillo e preguntoulle:
>
> —E logo, que quer, papai?
>
> —Olla —respondéu o vello— quedéi matinando que é millor que leves a mitá da manta, pra cando te traian a ti, que a min chégame ben coa outra mitá.
>
> O fillo decatouse entón de que, cando fora vello, si cadra, tamén o traguerían a il pró monte, e dixo:

—Ai, non, papai! Veña, e volvámonos os dous prá casa.

E os dous volveron, e o fillo non volvéu pensar en levar o pai ó monte.

Iste é o tema do *abandono dos vellos,* que non é excrusivo de Galiza.

A variante de Bouza Brey engade que naquil tempo, naquela terra, cando os vellos non podían traballar, levábanos pró monte e deixábanos alí abandoados, e que dende que ocurríu o conto, non volveron levar ó monte ningún vello. Semella unha sorte de leenda etiolóxica pra expricar a desaparición dun costume que nalgún tempo tívose como moi natural, e logo chegóu un istante en que semellóu inhumán e ruín. Coidamos que diste conto, que puido ser importado, non é doado tirar a idea de ter existido tal costume na nosa Terra.

A pesares desto, hai, como diximos, unha cousa que fai pensar: é a sorte de *xubilación* dos pais vellos que lle pasan o capital por venta ós fillos coa obligación de mantelos coíles na casa, o de lles pasar unha *cóngria,* a que nos referimos cando falamos do réxime da familia. Semella non ter que ver co *abandono dos vellos,* e así e todo, non deixa de ser unha maneira de prescindir deles no goberno da casa. Xa vimos tamén que hai contos en contra diste costume.

A morte

Á morte témonos referido xa ó falarmos da relixión, ó falarmos das Ánimas e noutros lugares. Na morte remata a vida do home niste mundo; mais pódese decir moi ben que a morte, pró paisano galego, ven ser como un medro espiritual, poilo que morre rube na consideración dos seus parentes, dos seus veciños e dos seus amigos. Os respeitos e quereres que, ó millor, non lle tiveron en vida, téñenllos de que é un difunto; entra daquela nunha categoría espiritual superior á dos vivos, nun obxeto de lembranza, de ritos e de culto. Fálase dil de cote con piedade: "Diolo teña na gloria", "En paz descanse", e aínda, si foi ruín, "Diolo haxa perdoado". Compre rogar a Deus polos difuntos, mais iles tamén poden rogar por nós: son *as benditas ánimas,* ás que se lles ofrecen e se lles piden moitas cousas, que nos visitan moitas veces pra nos pediren misas e oraciós e pra nos fagueren adevertencias e dárennos avisos que precisamos. A comunicación dos vivos cos mortos pódese decir que é moito maor en Galiza do que noutros países; o galego semella moitas veces que os sinte arredor de sí, que os vé en soños ou desperto, que fala coíles, que tén pra esto unha especial sensibilidá que lle vén de recuados tempos. Ímonos ocupar brevemente do que á morte se refire.

O falecimento

Procúrase sempre que o que morre "vaia con todolos Sacramentos". De que os recibéu todos, din que "está despachadiño de todo", despedido xa desta vida e provisto de todo o que lle ha comprir na outra.

O moribundo áchase sempre arrodeado de xente: os da casa, os veciños, o abade sempre que pode, especialmente mulleres piadosas que teñen cáxeque como de obrigación asistir ós que van morrer, e que mesmo semella que gozan coelo. Póñenlle medallas e cousas boas, rosarios, escapularios, levan determiñadas imaxes prá habitación onde il está, alcenden moitas veces a vela das Candeas ou a do Santísimo ou outra que teña especial virtú, rezan coíl e danlle consellos.

Cando vai o Viático, acompáñano todolos veciños, e entran todos na casa deica o leito do doente, e rezan co abade e coíl, respondendo todos ás preces do sacerdote. Cando chega a hora da morte, recoméndanlle a i-alma, póñenlle na mau a vela dos agoniantes e, si a agonía é traballosa, póñenlle por riba un manto da Virxe ou a vestimenta dalgún Santo.

De que *deu as boqueadas*, que ven ser o signo que consideran máis certo da morte, *péchanlle os ollos*, péchanlle a *boca*, atándolle polo regular un pano dende debaixo da barba ata no cima da testa, *lávano* todo e *aféitano*, si é home; nalgús lados, *tapónano*, pechando con trapos os orificios do corpo, e logo *empánano*. O empanado faise vestíndoo de todo con roupa da millor que teña, ou ben póndolle un hábito relixioso, polo regular o de San Francisco prós homes e dos Dolores prás mulleres. Antigamente púñanlle a *mortaxa*, o hábito dos mortos, que se conserva, ó parecer, somentes prós que van coela ofrecidos nas romaxes, mais que outrora debéu ser a que estaba en usanza.

A habitación en que o poñen *de corpo presente*, si é persoa de anos, sóena colgar toda de panos negros, cobrindo as paredes, o cual sóese facer con panos de merino das mulleres da casa, e si non chegan, con outros que piden emprestados; nalgús sitios, as Irmandades teñen xa panos pra esto. O morto está riba da cama e cecáis, máis frecuentemente, no chao, metido xa na caixa, posta enriba dun pano negro. Arredor alcenden velas e lampariñas de aceite. Si é un rapaz pequeno ou unha moza, ou tamén ás veces muller nova e aínda mozo, fanlle un *cielo*, sorte de dosel, armado con sedas e gasas brancas e azúes, con adornos de papel dourado, estampas relixiosas e, ás veces, anxos de papel recortados, ou mesmamente bonecas pequenas ás que lle poñen unhas aas de papel de prata, procurando que estea ben adornado todo. A afición ás pompas fúnebres é ben grande: modernamente fan gran consumo de *coroas* das que venden nas funerarias, e tamén procuran levar unha caixa das millores. Non é milagre que esta industria teña medrado en Galiza como medróu, respondendo como responde a un pulo ancestral.

A familia arrodea ó difunto, posta toda de loito dende o primeiro instante, e veñen os veciños todos e amigos de lonxe pra asistiren ó *velatorio*, pasando toda a noite velando o cadavre, na casa onde morréu. Xúntase tanta xente nos velatorios que é caso que se dá moito o de afundírese o chan por non resistir tanto peso, e ir dar todos co morto nunha corte.

É usanza que os familiares máis achegados choren e berren de cando

en cando, e levanten a voz lembrando as virtudes e as cousas do difunto e expresando o seu sentimento pola inmensa perda. É o costume antigo do *pranto*. O nono facer indica non ter sentimento.

Durante o velatorio, as mulleres rezan rosarios e máis rosarios, e non comen nada, dende o intre da morte deica despóis do enterro. Os homes, chegada certa hora da noite, comen e beben, ás veces de abondo, polo regular pan, carne, viño e augardente, non sendo raro que algún pille unha pítima.

En Pontevedra, asegún Alfredo Brañas, facíase o velatorio dun xeito especial que se chamaba *o abellón*. Despóis de xantar e beber e aínda rir e xogar nunha habitación acarón daquela en que está o difunto, os asistentes van visitar a éste; e colléndose da mau e fungando antre os dentes, como un abellón, voltan arredor do morto. Non se podía dar fala nin deixar de fungar e moverse, pois elo sería sinal de morte.

O enterro

Pró enterro, é costume que os que poden manden propios, escriban ou poñan telegramas os parentes e amigos que teñan fora e, dun xeito ou doutro, é moi común que veña moita xente e que os de lonxe paren na casa do difunto. Tamén chaman cantos máis cregos podan, pra que veñan cantar no funeral, e ós que veñen hai que lles dar de xantar.

Cando a campá da parroquia dá as bateladas de costume, pechan a caixa do difunto, con grandes choros e prantos de toda a familia e das demáis mulleres.

Antigamente era raro que levasen ó morto nunha caixa propia. A parroquia ou a Irmandá, tiñán unha caixa común, *o cadaleito*, con angarelas pra levala, e nela iban todos deica a sepultura, onde depositaban o corpo sin caixa. Dahí quedoulle nalgús lados o nome de "cadaleito" a toda caixa de morto.

Ó chegaren os cregos coa cruz diante da casa, sacan a caixa, unhas veces os familiares, outras os criados, dependentes ou caseiros, e cando non outros homes ou mozos que buscan, que soen ser oito, pra se remudaren polo camiño. A cada un danlle unha peza de pano que chegue pra un traxe, ou polo menos pra un pantalón, a cual levan no enterro botada riba dun hombreiro e que chaman, nalgures, *loitosas*.

Ó morto despídeno na porta ou nas fiestras as mulleres faguendo o pranto con grandes berros: "Adiós, Fulano! Adiós amantiño! Adiós, que te fuches de onda nós! Mira como nos deixas. Ai! morte negra! Ai que eras o millor dos homes! Ai que eras o millor dos veciños! Adiós, pai dos probes! Adiós, home de ben!" Algunhas persoas hai que atopan niste momentos expresións verdadeiramente felices, inspiradas, altamente poéticas. Outras veces, pola contra, tristemente grotescas e aínda blasfemas. Nunha vila, decíanlle á un: "Adiós, Fulano, que xa te levóu o demo! Ai, morte negra! Morte puta! Casa negra, casa desgraciada!"

Antigamente había mulleres pagadas pra que fosen chorando após dos mortos nos enterros, e que chamaban *pranxideiras* ou *choronas,* entre as cuales habíaas verdadeiras artistas en faguel-o pranto. Hoxe nonas hai, mais así e todo, en moitos sitios, a familia fíxase moito nos que choran, danlle esmolas ou regalos e téñenllo en conta. En Villalba, danlles donativos en especie ós que van chorando no enterro, sin que llo pidan, sinón como en premio por quereren ó morto.

En moitos lados, no camiño que levan os mortos deica o adro ou camposanto hai un ou máis cruceiros, que ás veces teñen unha mesa diante, de pedra. Ó chegaren alí, o enterro detense e pousan o difunto na mesa de pedra, namentras lle botan responsos os cregos. En moitos lugares da parte de Ourense, especialmente na parte ourental da provincia, ben sexa alí, ben na eirexa ou no camposanto, é usanza que os asistentes todos, quen máis quen menos, dean responsos polo morto. Danlle os cartos ó sacristán, e iste vailles decindo ós cregos: un de *Recorderis,* un de *Memento.*

Chegados á eirexa, depositan a caixa no túmulo, ou nun pano negro con fachós acesos arredor, e cantan o funeral e a misa de *Requiem.* É usanza facer ós cregos diversas ofrendas, que varían en cada lado; o máis regular é que lles leven á sacristía unha bandexa con diñeiro, pra que iles, á vontade, collan cada un o que lle pareza pra misas, asegún os compromisos que teña.

Despóis da misa, e da beizón do túmulo, botan responsos e, por fin, dan terra ó cadavre, con novos choros e prantos. Os parentes e amigos é usanza moi común que collan unha presa de terra, a biquen e a boten riba da caixa. E alí queda o difunto cos seus parentes e veciños na terra sagra.

Logo van xantar todolos forasteiros que viñeron ó enterro e mailos cregos, á casa da familia do morto, onde hai unha comida como nas festas de rumbo pra facel-o millor obsequio que se poida ós que viñeron. Co gallo diste xantar, tense falado do *banquete fúnebre* dos antigos.

Tocantes ó culto dos mortos, xa falamos ó tratarmos das Ánimas.

2. FESTAS DO ANO

CICLO DE NADAL

En realidade, o ano vexetal, cósmico e antigo comenza na primaveira; mais encomenzamos polo ciclo de Nadal, pola razón de encomenzar o ano litúrxico co Adviento e o ano oficial o primeiro de xaneiro.

Nas festas de Nadal, xúntanse usanzas cristiás e usanzas precristiás. Algunhas destas foron tiradas do seu sitio pola atracción que, ás veces, unha festa nova exerce sobre as máis antigas pra concentralas nun ciclo determiñado. Probas desto hémolas atopar no curso da exposición.

Hai siñás de que as festas de Nadal tiveron en Galiza maor desenrolo e importancia da que teñen hoxe e de que influiron no resto de Hespaña.

A Noite Boa

A noite do 24 do mes de Nadal é a do nacimento de Noso Señor. Iste acontecimento dá nome ó mes e tocantes a esta noite hai unha chea de creencias das que somentes están recollidas algunhas. Unha vella creencia céltiga, que non temos atopado con expresión literal en Galiza, mais cuia influencia albíscase nalgús detalles vagos, asegura que durante esta noite, e máis en todo o tempo que vai dende ela deica pasado o día dos Reis, non se pode lograr ningunha obra de maxia ou de bruxedo, sinón que todas elas fracasan e pérdense. No concello do Rodeiro (Lugo) tense recollido a creencia antiga de que os árbores, na noite de Nadal, dan volta coas raíces pra riba e as ponlas pra baixo, sendo ésto, asegún dín, pra que as follas e as ponlas collan sustancia pra dar o froito no vrau. En moitos lugares dín que as ánimas dos difuntos da familia véñense quentar esa noite á lareira, polo cual non se debe deixar morrer o lume nin xiquera barrer a lareira arredor, porque dáselle pra tras ás ánimas coa basoira. Noutros lados dín que os difuntos veñen cear cos vivos e, polo tanto, hai que porlles unha mesa pra iles con todo o compango e os dulces de que coma a familia.

A cea da Noite Boa

En todalas casas procuran esa noite xuntarse pra cear todolos familiares e aquiles que están fora procuran vir ise día pra estaren xuntos.

Antigamente, por ser día de vixilia, a cea era o que se chamaba *colación,* a base de peixe e lacticinios. Pódese considerar como prato típico pra Noite Boa o *bacallao,* composto de diversas formas, principalmente guisado con patacas. Despóis, o máis abondoso son os dulces, que varían bastante dun lado a outro: nuns lados, o típico é a *sopa borracha,* feita con pan e viño tinto con azucre ou mel, cocida no pote; noutros, as *torrixas,* cortadas de pan mollado en leite e fritidas con manteiga e azucre; cómense moito as *roscas de cazo* de Allariz e os *almendrados,* a *tarta de almendra,* sendo notable unha que fan en Trives, con natillas, os *boleardos* de Tui, as tan soadas *encomendas* de Baiona, e outros moitos dulces polo

xeito; sírvense tamén adoito os *figos pasos, noces* e *avelás*, e casi universalmente *castañas verdes* e *secas* e é de moita usanza o *viño con mel*, que vén dunha antiga tradición medieval. Noutro tempo había licores e bebidas preparadas especialmente: *viño arroupado, mistelas, hipocrás, augardente de herbas*, etc.

O *turrón* e o *mazapán* son, polo menos na aldea, de introducción moderna, e aínda hoxe máis propios das cidades e vilas. A cea de Noite Boa, nestas poboaciós maores, tén mais variedá e abondan nela as larpeiradas mercadas na tenda.

A Misa do Galo

Despóis da cea, a xente toda adoita ir á Misa do Galo. O canto de pantoliñas na eirexa e o costume de daren a beixar o Neno Xesús pode que sexan usanzas novas, ou pode que sexan repeticiós doutras que se tiñan perdido.

Nalgús lados levan un galo á eirexa e fano cantar namentras a misa, costume que semella de orixe medieval ben marcado e que lembra costumes daquil tempo como a *Festa do Asno*. Noutros lados facíanse nesta misa bromas, algunhas delas incluso irreverentes, como as de botar tinta na pía da auga bendita, coser ás mulleres pola roupa unhas coas outras cun bramante enfiado nunha agulla gorda, de maneira que despóis non se podían separar, botar ou queimar xofre ou sustancias cheirentas, ou botar pós que fixeran espirrar ou de pica-pica.

Os vilancicos

Aínda é hoxe o día que en moitas aldeas, como por eixemplo en Castrelo de Miño e outras localidades do Ribeiro, os mozos e os rapaces arman rondallas e van polas casas dos veciños tocando pandeiros, cunchas, cubertos, e castañolas, e cantando vilancicos. En cada casa onde chegan ábrenlles as portas, inda que sexa ás tres da mañá, e danlles castañas, noces, avelás, uvas, figos pasos e bebidas: licor, viño tostado, augardente, etc.

De Castrelo de Miño vén o seguinte vilancico:

Noite de Natividad, noite de gusto e placer
porque nacéu en Belén quen por nós ha de morrer.
Un rei pequeniño chamado Jesús
que veo a este mundo por nos dar a luz.
Un rei pequeniño vamos a adorar
que é un papaciño que nacéu sin pai.
Chora co frío o miniño
naquel mezquiño portal
a súa nai tan pobriña non tén xiquera un pañal.
Corramos apresa, vámosllo levar
pra que o miniño pare de chorar
e de que te xuntes vámoslle adorar
que é un rapaciño que nacéu sin pai,

morréu na cruz o miniño prás nosas almas salvar.
Con prexuros e blasfemias pagámoslle nós tan mal,
ó pé do madeiro vámoslle adorar
que cando morramos Él conta terá,
ó pé do madeiro vámoslle adorar
que á sua direita nonos ha faltar.

Istes vilancicos levan en Galiza propiamente o nome de *Nadales.* O nome de vilancicos vén do castelán e refírese a seren cantados por "villanos", en lembranza dos pastores de Belén. Filgueira Valverde ouserva que se cantan pouco en galego en Galiza e, entroques, cántanse en galego noutras partes de Hespaña, como en Cádiz:

Da miña aldea
con presa veño
con moitas ganas
de ver a un neno...

Rodríguez Lapa apón orixe galego ós vilancicos hespañoles e portugueses: o galego foi a lingua oficial do vilancico na penínsua. Na antiga lírica galega e portuguesa, hai *cántigas de Natal* e nos tempos do Rei don Dinís faise notar unha volta á natureza que producíu *pastorelas, serranilhas* e *cántigas de vilão,* nas cuales nace propiamente o bucolismo peninsuar; no século XVI, daquelas cántigas de vilão surtiron as "villanescas" e "villancicos" que foron postos en boca de galegos por ser considerada Galiza, en certo xeito, como unha sorte de Arcadia rústica e pastoril. Un vilancico do ano 1641, con música de Patiño, dí:

Al son del Minho y del Mondego,
bailai, pois Deos nace já
galego, que pouco va
de galileo a galego.

E outro:

Ay, se noso Deus galego se faze
vamos cantar a chozinha en que nace.
Ay se a sua may é de Compostela,
vamos cantar a fermosa galega.
....
Pois nace en Galiza á falda da serra,
galego se face! é da nosa terra!

Os máis dos que hoxe se cantan son en castelán, debendo advertir que abondan moito máis as cántigas de Reis do que as cántigas de Nadal. A que sigue é destas derradeiras:

Ay que alta va la luna — como el sol del mediodía;
caminando va José — caminando va María,
eles van para Belén — y-a Belén chegar con día.
Cuando a Belén llegaron, — toda la gente dormía.
Llamaron por el portero — y el portero no abría,
llamaron por una niña — que le llamaban María.

Entonces vino el portero — todas las puertas abría.
—Tú que tienes, Virgen pura, — que tan afligida vienes?
Si no pares esta noche — ni tampoco la que viene.
A las doce de la noche, — la Virgen parido había;
tanta era su pobreza — que ni un pañal tenía.
Bajó un ángel del cielo —, ricos pañales traía,
unos eran de Holanda — otros de Holanda fina
y otros de seda bordada — para la Virgen María.
San Pedro partía piedras — y San Juan las componía.

Veleiquí outra versión que procede de Guimaréi, terra de Tabeirós.

Caminando vai José, — caminando vai María,
tanto caminan de noche — como caminan de día.
— Abre las puertas, puertero — puertero de puertería.
— Estas puertas no se abren — hasta que relumbre el día.
— Estas puertas se han de abrir — que quiere parir María.
— Aun no paire esta noche — si la otra que venía.
Allá por la media noche — la Virgen se halla parida.
Tanta era su pobreza — que ni un pañuelo tenía.
Bajó un ángel del cielo — ricos pañuelos traguía,
unos eran de Holanda — otros de Holanda fina.
En los altos cielos — ricos castillos había,
no los hizo carpintero — ni hombre de artillería,
que los hizo San José — para la Virgen María.

En moitos lados é costume por iste tempo de coceren uns bolos pequenos de pantrigo, chamados en Allariz *boliches,* en Piñor de Cea e no Irixo *moletes,* e xogalos á carteta, na taberna. O que gana moitos lévaos prá casa pra que coman os rapaces o día de Nadal.

O tizón de Nadal

É un cañoto grande dun árbore, que nas montanas do leste da provincia de Lugo, en moitos sitios da de Pontevedra, e noutras terras, botan ó lume na noite do 24 de Nadal, e deixan queimar deica a mitá, e o que queda gárdano pra cando hai treboada; entón, bótano de novo a arder na lareira, pra arredar o pedrazo e os raios. Nalgús lados, semella que aproveitan a borralla pra botaren nos eidos, o cual sí que é un verdadeiro rito fertilizante de maxia agraria. Mais tamén tén relación coa presencia das ánimas da familia na noite de Nadal, arredor do lume.

O tizón de Nadal é rito coñecido e usado en toda Europa, e faise tamén en moitas partes de Hespaña. En Cataluña vén ser o que chaman *tió,* no que baten os nenos da casa pra que lles bote dulces, que os pais lle meten dentro.

A súa orixe recúa con seguranza deica os tempos mais vellos.

O aguinaldo

Tanto os que na noite de Nadal, como na dos Santos Reis, andan cantando polas portas van pedindo o *aguinaldo* ou as *estreas:*

Déanos o aguinaldo,
anque sea pouco:
un touciño enteiro
e a mitá do outro...

e cando non llo dan, botan verdadeiras cántigas de maldizer, unhas veces tradicionás:

Esta casa é de palla,
esta casa non val nada...

ou como a que cantan nas de Reis:

Cantámosche os Reises,
guedellas de cabra,
cantámosche os Reises,
non nos deches nada.

e outras veces improvisadas e alusivas ás persoas da casa.

En Portugal, aínda chaman a esto *as xaneiras*, en lembranza da antiga festa pagá das *Calendas de Xaneiro*, en que andaban enmascarados con cabezas de boi e adornando as casas con ramallosa, cousa que foi prohibida polo Concilio de Lugo: "Non liceat iniquas observationes agere kalendarum neque lauro aut viriditate cingere domos". Istes costumes semella que duraron, polo menos en Portugal; deica o século XIV. Hemos ver como as testas de boi como carantoña consérvanse no noso Entroido, e o enfeitar as casas con verdura e froles aínda se fai na noite de San Xoán.

Os nacimentos

O costume de armar o "Nacimento" (en Portugal, *presépio*) con Portal de Belén entre montanas cubertas de carriza, e nil o Neno, a Virxe, San Xosé, a mula e o boi, os pastores vindo polos camiños coas ofrendas, o pazo do Rei Herodes, os Reis Magos alá lonxe, etc. semella cousa das cidades, e nas aldeas, si acaso, das eirexas e dos pazos.

O que soía haber nos conventos de monxas, sobre todo as que tiñan educandas, era representaciós de pasos da historia do Nacimento de Xesús, feitas polas nenas, como acontecía na Enseñanza de Sant-Iago.

Os Santos Inocentes

O día dos Santos Inocentes, 28 de Nadal, é o día dos *chascos e pegotas* que se fan ós uns os outros a ver quén "cai de inocente".

Consisten principalmente en noticias falsas que causen disgusto, o que logo convírtese en ledicia ó ver que non foi certo, ou pola contra, boas noticias que deixan frío ó interesado cando se entera de que non hai tal cousa; mais, principalmente, danse avisos que fagan andar a un ou que obliguen a calquera traballo pesado; tamén se mandan regalos moi envoltos, que despóis resultan ser cousas sin valor ou mesmamente porcalladas. Veñen chamar a un a toda presa pra facerlle emprender unha camiñata da que volve zurrado e avergoñado; métense nos galiñeiros e túrranlle ás pitas polas plumas pra que berren e a xente da casa crea que

anda o raposo e se levante de noite; fan carregar a un cun gran peso pra que o leve onde non fai falla, e así outras moitas cousas.

Non sempre é o día dos Santos Inocentes o día en que se fan estas cousas; fanse tamén polo Entroido; nalgús sitios, como en Entrimo e en Gomesende, o día de meter pegotas é o 1º de abril, (como en Francia, o sonado "poisson d'avril") porque hai un refrán que dí: "O primeiro de abril van os burros onde deben ir"; en Gomesende faise tamén o día de San Pedro.

Un costume antigo, que tén desaparecido, é a do *Obispillo*, que tivo moita sona. Consistía en escoller un rapaciño, polo regular entre os nenos de coro, pra que fixera de Bispo nise día, sendo obedecido de todos e facendo parodia das ceremonias relixiosas. Nas Constitucións do Obispado de Lugo, de 1669, no libro III, título XVI, constitución cuarta, dise:

> De algunas partes de este Obispado y lugares se tiene noticia que en días señalados del año, suelen hacerse en fiestas señaladas Obispillos y otros juguetes semejantes e invenciones ridículas, y con ocasión y color de tales juegos, representaciones, personajes y figuras impertinentes, causando risa, así por el día como por la noche, en otras mojigangas, usando para ello de vestiduras sagradas y otras que están dedicadas a la exhornación del Sacerdote y al Culto Divino... (mandamos) que ninguna persona... pueda usar, en tal fiesta de Obispillo de vestidura ninguna sagrada, ni de otra que lo parezca aunque no sea sagrada, como mitras, roquetes, alvas, manteles, ni se vista de semejantes apariencias, ni use de bendiciones.

Semella, polo dito, que esta festa non se celebraba somentes nas eirexas sinón tamén noutros lados, e hai noticias de que, a pesares das prohibiciós, seguíuse usando hastra fai relativamente pouco tempo.

Unha festa dos Inocentes facíase tamén en Oviedo, e na catedral de Ourense é ainda usanza que o día dos Santos Inocentes sexan os monaguillos os que mandan, os que dirixen os rezos e cantos do coro e todalas cerimonias mesmo as da misa.

Trátase dunha usanza da Eirexa medieval, que non representaba parodia irreverente sinón, pola contra, un homaxe á inocencia, simbolizada nos nenos. Usouse moito por toda Europa adiante. Fálase, por eixemplo, do *Bispo dos Inocentes* en Dax, e noutros lados, e moi principalmente da *Festa dos tolos*, en Francia, especialmente en París, onde escollían un *Papa dos tolos,* que gozaba de toda autoridade, mesmo con efectos xurídicos. Pedro de Corbeil, bispo de Sens, escribéu un Misal especial pra esta festa. Moitas veces, naquil tempo, o Bispo dos Inocentes ou dos tolos tiña o dereito de nomear prós beneficios eclesiásticos que quedasen vacantes durante o seu mando.

En Flandes houbo tamén o costume de que o día 28 de Nadal, nas casas foran os nenos pequenos os que tuveran autoridade, podendo invitar

ós amigos, dispor o que se debía xantar e os divertimentos, sendo obedecidos por todos, costume que duróu deica fís do século dazaoito.

O remate do ano

Na noite do 31 de Nadal, día de San Silvestre, dín que é cando se axuntan as bruxas pra iren a Sevilla. É unha broma que lle gastan a veces ás vellas a de preguntarlle o día 1º de Xaneiro que tal lles foi a noite anterior en Sevilla, habendo moitas que o levan moi a mal.

Do costume de botar as *cédulas* ou *estrechos* ocupámonos ó tratarmos das usanzas da mocedá.

En moitos lados na mesma noite de San Silvestre *queiman o ano vello.* Xa iste día soe levar o nome de *ano vello*. Iste represéntano nun monifate de palla, vestido con roupa vella, ó que poñen lume, polo regular ás doce da noite, ó dar o reló, si o hai, as doce badaladas, ou dándoas na campana da eirexa.

Noutros lados quéimano berrando de contento, e namentras fan un bonequiño pequeno de algodón, tinguido de encarnado, que representa o ano novo, o cual significa o principio e a festa do ano que vén. Tamén hai sitios onde fan de palla, xa pola mañá cedo do día 31, unha parexa de noivos, paséanos por todalas casas, onde lle dan chourizos, castañas, noces, etc. e á unha da tarde entréganllos á moza e máis ó mozo máis vellos que non dan mostras de se quereren casar, en señal de bulras, e á noite lévanos a un monte chamado Pena Gralleira onde os desfán á paus. En Vilaboa de Rubiós (Ramirás) fan o ano vello e lévanllo á casa ós noivos, póndollo, si poden, na chemineia e logo, moito despóis de media noite, mátano a tiros de escopeta decindo: "Morréu, morréu o ano vello". Consideran unha vergoña o que lle maten a un o ano vello na casa, polo cual hainos que non durmen e quedan á espreita, e así que llo deixaron, quítano e lévanllo a outros; as mozas que quedan de vela fan *a Mariana,* en figura dunha vella e póñenlla ós Manueles, procurando meterlla na cama pra que cando veñan se atopen alí coela e déixanlle papés con letreiros como iste:

Buenos días Manuel
dame unha copa de coñac
que che paséi moito frío
agora pola mañá.

En certos sitios, pasean o ano vello en procesión por varias aldeas, e despóis lévano ó medio dunha aira e quéimano nunha fogueira de leña moi verde, pra que faga moito fume, e namentras está ardendo, cantan e bailan arredor; e de que o lume se estiñóu, amorean as cinzas e, dende certa distancia, os mozos tíranlle cantazos e dín que o que primeiro lle dá é o que mais axiña se casa. Ou fán unha meda de palla dividida en doce partes, envolta cada unha nun papel de coor diferente, representando cada parte un mes do ano; despóis de andaren coela por todo o lugar, lévana a unha praciña, cóbrena con leña e préndenlle lume, e bailan todos arre-

dor a jota e a muiñeira, acompañados de gaita, e así que se apaga, rezan as tres Avemarías do Ánxelus, pra "remataren bén o ano vello" e encomenzaren o ano novo. En Cherucedo (Bierzo) dín que aquel a quen lle poñen no tellado o ano vello non pode quedar coíl alí, pois sinón traelle desgracias o ano novo, polo cual o boneco anda toda a tarde de tellado en tellado, deica as doce da noite, en que se axuntan todolos veciños na praza pra queimalo.

Esta queima do ano vello ven ter a mesma significación que a queima do Entroido da que nos ocuparemos no seu lugar.

O Aninovo

O mesmo 31 de Nadal pola tarde, e máis o 1º de Xaneiro, os rapaces e os mozos saen en moitos lados e van polas casas, felicitando o *Aninovo* e pedindo o *aguinaldo,* ou as *estreas,* cantando coplas tradicionás, unhas veces acompañados dunha gaita soia, sin tamboril nin bombo, outras veces sin ela. Pra istes cantos empregan melodías moi antigas e sinxelas, verdadeiras salmodias medievás, case sin ritmo. Damos algunhas como eixemplo.

Despedida d'ano vello,
entradiñas d'ani-novo;
os señores desta casa
as teñan con grande gozo.
(Indeterminado)

Ano novo, ano novo,
ano novo velo ahí ven,
veña polo noso ben,
polo de vosté tamén.
Estas puertas son de oro,
y-eiquí vive Don Antonio.
Estas puertas son de papel,
y-eiquí vive Don Manuel.
Dios lle dea tantas vacas
como no corral hai lapas, etc.
(Castro de Caldelas)

Aquí están cuatro mancebos,
todos cuatro muy cansados,
que vienen de lonxes terras
a buscar el aguinaldo.
(Terras da Ulla)

En la casa de los dueños
no caiga jamás el rayo,
ni desate el pañizuelo
la mujer del hombre honrado.
(Indeterminado)

Ano novo con ben veñas,
cos años e cas ovellas
e co sol por riba das tellas.
(Indeterminado)

Os escritores doutro tempo falan de tropas de cantores que levaban no chapéu follas de carballo, ou roldas de a catro, vestidos coas millores roupas. A ama da casa onde iban cantar dáballes unha ducia de ovos frescos, carne, calderilla.

Máis esteso semella hoxe un costume que, en certo modo, vén ser o mesmo e de que xa falamos: *os Manueles,* ou sexa a usanza de iren dar os días ós veciños que levan iste nome, cantándolle coplas alusivas. O "Manuel" a quen van cantar tén a obriga de convidalos, como todo aquil a quen van cantar tén a de lles dar o aguinaldo.

Estas usanzas son as que en Portugal chaman *as Xaneiras.* Semella que, en tempos, as roldas que andaban cantando levaban disfraces, e delas

quixeron algús derivar as comparsas de *cigarrós, guírrios,* etc. hoxe trasladadas ó Entroido.

Os Santos Reis

Como en toda Hespaña, nas cidades e vilas de Galiza hai o costume de que os Santos Reis, ó pasaren na noite do día 5 de Xaneiro, camiño de Belén, lles deixen xoguetes ós nenos nos balcós das casas. Pra elo, os nenos todos, enantes de se deitaren, deixan no balcón, hoxe, un zapato, por imitanza ó que se fai noutros lados, noutro tempo, unha cesta, pra recoller os regalos dos Reis. Iste costume semella que se vai espallando tamén por moitas aldeas.

Tamén é usanza, en moitas partes, que o marido regale algunha cousa á muller e a muller ó home.

O máis característico é o de *cantar os Reises.* Nas cidades e en moitas vilas xa van sendo somentes os nenos os que saen a cantalos. Nas aldeas saen os mozos, ou comparsas de mozos e mozas, unhas veces levando unha gaita, preferindo que sexa a gaita soia, outras veces tocando os mesmos cantarís pandeiros e pandeiretas, ferreñas, cunchas, castañolas, cubertos e aínda tixolas, testos dos potes, etc. cos que levan o acompañamento. Polo regular, a copla ou romance principal cántana coas voces solas, e o estribelo ou refrán é o que se acompaña cos instrumentos. A gaita, cando vai soia, vai seguindo o tema cos cantantes. As tonadas son, xeneralmente, moi antigas e sinxelas; delas pódese decir o dito das de Aninovo e dos vilancicos. Damos eiquí algunhas das recollidas.

Moitas veces teñen unha pequena introducción dirixida ós señores da casa:

Buenas entradas de Reises
tengan vuestras señorías.
Vállame Nuestra Señora
y la claridá del día.
(Guimarei, terra de Tabeirós)

Somos solteros
tenemos frío
y unas copitas
y unas copitas
no vendrían mal.
Porque licores
templan las voces
y anima el pecho
y anima el pecho
para cantar.
(Xuvencos, Carballiño)

San José e máis María
eles van para Belén.
Eles van cantal-os reises,
cantémolos nós tamén.
(Melide)

Oid con atención
que vamos a cantar
los reyes en unión
que es nuestro festival.
(Xuvencos, Carballiño)

Cantemos, pues, los reyes
para nuestra diversión.
(Id.)

Levántese Señora Juana
de ese banco dorado
levántese con gran prisa
véñanos dar o aguinaldo,
que vimos de largas tierras
e temos moito que andar.
(Indeterminado)

Despóis sigue o texto:

San José iba moi triste — porque iba polas montañas,
e María moi alegre — co seu fillo nas entrañas.
San Gabriel iba decindo — Viva o fruto de María!
Unha noite de Nadal — xuntáronse as tres Marías,
en busca de Xesu-Cristo — nono puideron hallar.
Foron dar con él a Roma — revestido no altar,
Misa nova quer decir — Misa nova quer cantar,
aquela paloma branca — que está sober do altar,
aquel é Noso Señor — que nos ven a visitar.

(Melide)

Ay, divina estrella,
ay divina luz,
amostrai la cara
del Niño Jesús.

La Virgen María
sí, les enseñó
bastantes cortinas
pero el velo, no.

(Melide, onde istes reises chámanse *Reises da Divina Estrella.)*

A cántiga remata coa petición do aguinaldo:

Déanol-o aguinaldo
anque sea pouco,
un touciño inteiro
e a mitá do outro.

(Ourense)

San Gabriel echó las redes
por riba de San Fernando.
Toma niña este pañuelo,
ínchanol-o aguinaldo.

(Melide)

San Miguel echa la rede
por riba de San Bernaldo,
toma niña ese pañuelo,
échame el aguinaldo.

(Guimarei)

Déanol-o aguinaldo
se nolo ha de dar,
que somos de lexos,
queremos marchar.

(Melide)

Señora casada,
señora solteira,
óvos e torresmos,
longaniza enteira.

(Melide)

Señora solteira,
señora viuda,
óvos e torresmos,
longaniza crúa.

(Melide)

Señora viuda, señora casada,
óvos e torresmos,
longaniza asada.

(Melide)

O ENTROIDO

Xeralidades

O "Carnaval" leva en Galiza o nome de *Entroido* (var. *Antroido, Introido, Entruido, Entrudo, Entrudio)*, que corresponde ó castelán *Antruejo*, e deriva do latín *introitus*, "entrada", "comenzo" do ano ou da primaveira. Soen chamar tamén *entroidos* ás máscaras, en especial ás mal vestidas, e aínda ás persoas de ruín facha ou ridículas; as comparsas de Entroido e as festas fachosas e grotescas chámanse *entroidadas.*

A orixe das festas do Entroido non tén sido determiñado dun xeito preciso. Teñen semellanzas ben grandes con certas festas pagás da Antigui-

dade, que recúan deica tempos prehistóricos. Deriváronas moitos directamente das *Saturnalia* dos románs, mais teñen tamén parentesco con usanzas gregas, como as das festas de *Dionysos*, e con outras dos celtas e dos xermáns, das que dá noticia Tácito, adicadas polos derradeiros á deusa *Nertha* ou *Hertha*. Mais non hai maneira de negar a fonda influencia do ciclo litúrxico cristián no noso Entroido e o seu caraute de *carnes tollendas*, despedida honrosa que se dá ás carnes, en especial á de marráu, nas vísporas da abstinencia cuaresmal, tan rigurosa noutro tempo.

O tempo do Entroido leva dúas semás e media: as de Septuaxésima, Sexaxésima e tres ou catro días da de Quincuaxésima. Os días sinalados do Entroido son: *Domingo Fareleiro, Xueves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xueves de Comadres, Domingo de Entroido*, ou *Domingo Gordo, Luns de Entroido, Martes de Entroido* ou *Terza Feira Gorda*, e (eventualmente) *Miércoles de Cinsas* ou *Ceniza*. As festas antigas a que fan remontar o Entroido podían ser noutros tempos, mais é sabido que as datas das festas desplázanse doadamente, e o noso Entroido, como o de todo o noso círculo cultural, suxetouse ó ano cristián.

As características do Entroido, atal como poden ser observadas na nosa Terra, veñen ser as seguintes:

Caraute ritual. O Entroido é unha festa ritual, cunha chea de cerimonias. É un rito o vestirse de máscara; é un rito o comer nises días a cachucha e o rabo do porco, as torrixas, as filloas, as orellas de frade e outras larpeiradas propias do tempo; son un rito, incluso, o botar farelos uns ós outros, as "bromas" e demáis chascos e pegotas. Mailo rito principal consiste en representar o Entroido nun boneco de palla vestido, pasealo trunfalmente nun carro ou da cabalo e, por fin, xusgalo, sacrificalo e enterralo (o chamado *Entroido, Meco)*.

Esto faise en moitas partes de Europa, e tén sido interpretado de diversas sortes; a escola de Mannhardt tende a considerar o equivalente do noso Entroido de palla como representación dos demos ou *espritos da vexetación* e as estremonías que fan coíl, como *ritos de fertilidade*, pra facer render as terras e a facenda. Outros, seguindo as ideas de Frazer, poñen en relación iste costume co *asesinato ritual do rei*, comprobado na África e practicado, asegún din, no antigo Exipto. Cecáis haxa que pensar máis ben nun rito relacioado co curso do ano: cecáis o *Meco* ou *Entroido* represente o inverno ou o *ano vello*, co cual non deixaría a cousa de ser un rito agrario de fecundidade.

Caraute de licencia e libertade. Os días do Entroido son, como os das *Saturnalia* dos románs, días en que está permitido o que nono está no resto do ano, en que se poden facer cousas que noutro tempo parecerían moi mal, serían faltas graves contra da boa crianza, e aínda contra das mesmas leis. Non xa o costume de emporcallarse os uns ós outros con borralla, chisnas, etc., as bromas pesadas, o roubar os potes das casas; o principal (que entra tamén noutro aspecto do Entroido) é o dereito das

máscaras a descobrirse defeutos e feitos da vida das persoas, sin que elas se podan encabuxar.

Coesto relacióanse outros dous carauteres do Entroido, que imos relatar:

Caraute xurídico. No Entroido caducan todolos preceptos, usanzas, costumes e leis do tempo ordinario; é un tempo de tolería, que dura o tempo que dura o boneco de palla. Maila tolería tén tamén a súas leis, tan estreitas e rigurosas, ou máis, do que as dos días correntes. Hai unha "lei", un "estatuto" do Entroido, con valor de dereito positivo.

As máscaras teñen os seus dereitos, que ninguén pode violar; están protexidas por unha sorte de *tabú*, que chega, en certos casos (como nos *cigarrós)*, a facelas intanxibles. Hai nos veciños a obriga de recibilas na casa; de obsequialas; de lles dar o diñeiro ou regalos en especie que sexa costume; de lles pagar viño ou merenda cando collen a un na rúa; de levar a ben as bromas por pesadas que sexan; de non traballar no luns e martes; de aturar que lle boten a un auga, farelos, borralla, tinta, ovos chocos, etc.

Esta lei do Entroido obriga a todolos veciños e aínda ás autoridades, que teñen que disimular nistes días faltas que noutro tempo terían que castigar. Trátase dun dereito ritual primitivo que, desbotado pola lei escrita, volve coller imperio durante uns cantos días no ano, requerido pola conciencia popular.

Caraute de inversión de valores. O Entroido presenta certo aspecto de "o mundo ó revés", unha sorte de contradicción coa vida corrente de todolos días. Nas nosas aldeas mañifístase esta inversión das cousas dun xeito inconscente, por eixemplo, na tendencia a vestírense os homes de mulleres e as mulleres de homes. Moita parte das manifestaciós caricaturescas do noso Entroido expresan, sin querer, a mesma idea. Atopámola tamén no dito, que temos ouvido comentando certas mascaradas, de que "No Entroido, o feo é o bonito".

Iste é, si ben o estudiamos, o senso da *arte grotesca* da Edade Media, que tanto desenvolvemento tivo na ornamentación gótica.

Caraute parodístico. O Entroido parodia a "vida seria" dun xeito caricaturesco. Arremeda grotescamente os diversos oficios, os cárregos públicos, as corporaciós, as procesiós e cortexos, a guerra, os días santos, a xusticia, mesmo as cerimonias da Eirexa.

Por baixo desto, hai unha intención inconscente de ridiculizar todalas cousas da vida, e tamén de crítica social, sempre polo xeito que o facían a literatura e a arte da Edade Media. Os paisanos critican e parodian, principalmente, aquelo que está por riba da vida da aldea e que, dalgunha maneira, gravita riba dela; mesmo sin se decataren, fan en broma o que non poden facer en serio.

A mesma vida dos veciños é materia de crítica social no Entroido. No "sermón do Entroido", en cantos e coplas, dáse unha sorte de mañifesta-

ción pública das parvadas, das picardías e das ridiculeces de tales ou cuales persoas. Sorte de "xuicio final", no que se fai patente, si cadra, o que cada un quixera que quedara segredo.

Caraute de representación dramática. É usanza en moitas aldeas de Galiza a representación, polo Entroido, de *entremeses* ou *comedias.* Aparte disto, os mesmos ritos do Entroido, os vestidos, ditos e feitos das máscaras e das comparsas, teñen un feitío moi marcado de representación teatral, máis ou menos improvisada: as máscaras soen ter sempre algo de *mimos.* A tendencia parodística leva de seu á comedia.

É sabido que as orixes do teatro, polo menos do teatro cómico, teñen sido postas en relación coas festas prehistóricas e antigas que son consideradas como precedentes históricos do Entroido, e semella que esta relación entre o Carnaval e o teatro mantívose dun xeito permañente.

Caraute igualitario. Polo derradeiro, na aldea mesma, o Entroido iguala, por un instante, a todos, suprime no posible as categorías sociás. Na cidá, exprésase iste caraute polo tuteo xeral das máscaras. O que leva unha carauta xa non é "Fulano", sinón unha máscara, un *felo,* un *charrúa,* ou como lle chamen. No Entroido non hai vellos nin mozos, casados nin solteiros, homes nin mulleres, todos son o mesmo, e non hai que gardar os respetos nin as distancias que nos outros tempos.

Esto todo pode ter orixe na "noite dos tempos", e teno, sin dúbida. Mais atal e como chegóu a nós, é, ó noso ver, marcadamente medieval, penetrado de ideas cristiás propias do noso círculo cultural.

Domingo fareleiro

O tempo de Entroido comenza no *Domingo Fareleiro* (Septuaxésima), mais, ás veces, xa antes se nota unha sorte de impacencia, de formiguexo ou de ganas de troula, precursores do Entroido. Toques de corno que se sinten dun lugar a outro, de moi lonxe, o estrondo dunha "lata de gas" empregada como tamboril, tocada con dous paus, anuncian na aldea, e antigamente na vila e na cidá, que xa ven ahí o Carnaval (máis frecuente *os Carnavales).* O corno é propio dos mozos, a lata dos rapaces. Rapaces, mozos, homes e vellos agardan con ilusión a chegada do Entroido, sexa pola troula, sexa pola enchenta.

O calificativo de *fareleiro* venlle ó primeiro domingo do Entroido dos farelos que se empregan nas bromas diste día.

Os mozos collen saquetas cheas de farelos, e aínda de fariña ou feila dos muiños, pra botarllos ás mozas, e ás mulleres todas, na roupa, canto millor vestidas vaian, millor, e tamén na cabeza, na cara, e si pode ser, na boca, meténdollos ás presas. Esto trai pelexa e loita da que as mozas saen acesas, mais tamén, moitas veces, vencedoras. Algús botan os farelos cos foles de azufraren as viñas; outros lévanos nunha saqueta de tecido floxo pendurada na punta dun pau, e coela baten na xente, pra que a saqueta guinde os farelos.

Pro, moitas veces, o que levan non son farelos, sinón borralla. Esta emprégase durante todo o Entroido, e as máscaras que a levan soen ser chamados *borralleiros, borrallosos* ou *cinseiros*. Os farelos chámanse pola parte de Monforte e de Bóveda, *fariñotes*.

Unha variante cidadá dos farelos era a dos *burros*. Os estudantes das escolas, colexios e Institutos recortaban en pano a figura dun burro e levábana prendida cun fío a un dos dedos da mau; pintábana con tiza e tirábanlla ás persoas no lombo: ó turrar polo fío, o burro quedaba pintado na roupa da víctima.

Outra das bromas do Domingo Fareleiro era a de *botar chisnas*, ou sexa chisnar na cara uns a outros con *sucario* dos potes, sarrio das chemineias ou do forno, betún dos zapatos, tinta, carbón, etc.

En lugar de farelos, usáronse en certos sitios, como Barbadás, Verín, etc., pinturas, serruxe, pemento moído. A usanza dos *papelillos* (confetti) é moderno, mais tivo moita acetación, e coíles, mozos e mozas faguían como cos farelos, sendo o máis divertido meterllos uns ós outros na boca.

Pola parte de Chantada, ó Domingo fareleiro chámanlle *Lambedoiro*.

Xueves de Compadres

O xeral e a usanza antiga parece ser que a primeira quinta feira do Entroido sexa o Xueves de Compadres, e a segunda, o de Comadres. Así e todo, en moitos lados cóntanos ó revés.

De todalas maneiras, nos dous danse ritos característicos, representación simbólica da *guerra dos sexos*.

No Castro de Caldelas, por eixemplo, o primeiro Xueves, as mozas faguían con palla e farrapos, uns bonecos, os *compadres*, paseábanos na punta dun pau, e logo queimábanos ou procuraban queimalos. Os mozos, con gran algueirada, querían quitarllos, pra que non lle podan pór lume, e armábase grande pelexa na que interviñan a auga, a borralla, as chisnas, etc. Hoxe son os rapaces os que fan esto, e os compadres soen ser de papel de seda de coores, ou de periódico; moitas veces tratan niles de imitar a figura dalgunha persoa coñecida, a cual non é raro que se enfurruñe pola broma. As persoas maores axudan a preparar os bonecos, e non se esquecen de lles dar intención. O Xueves de Comadres invírtese a cousa, e son os mozos ou rapaces os que fan e queiman as *comadres*.

Non sempre é a cousa diste xeito. Hai sitios onde é ó reves: os mozos fan os compadres e as mozas quérenllos queimar; e o Xueves seguinte pasa o mesmo coas comadres feitas polas mozas.

Un caso de transporte ou contamiñación semella ser o dalgunhas aldeas de Parada do Sil, onde o Domingo e o Martes de Entroido, os homes fan unha muller de palla, e as mulleres un home de palla, que lles chaman o *Compadre* e a *Comadre*, e despóis de pasealos por moitas aldeas, rematan por porlles lume. Istes bonecos veñen ser, niste caso, como os *Entroidos* ou *Mecos* doutros lados, que tamén, ás veces, preséntanse por parexas. Sin querer, esto tenta a un a pensar en supervivencias de estados sociás

prehistóricos, nun simbolismo das loitas entre patriarcado e matriarcado, na queima en efixie, por uns, da autoridade femenina, por outros, da masculina.

Domingo corredoiro

O domingo de Sexaxésima leva o nome de *corredoiro,* asegún dín porque ise día coménzase a *correr o Entroido.* O de correr o Entroido aprícase a calquera dos divertimentos diste tempo.

O emprego dos farelos, a borralla, as chisnas, sigue co mesmo entusiasmo. Noutro tempo o que comenzaba niste día era a usanza da auga. En Ourense, as señoritas botábanlle auga á xente dende os balcós, con xe-

Fig. 35. - Nenos do Castro de Caldelas levando, a neniña, un "compadre", e o rapaciño, unha "comadre".

ringas de folla de lata; por esta causa a xente levaba paraugas inda que fixese ben sol. Na aldea empréganse os *cichotes,* que os rapaces preparan cunha cana ou cunha ponla de sabugueiro e un émbolo feito dun pau con estopas. Hai sitios onde os rapaces agardan xa, en lugares adoito, a saída da misa pra encomenzaren a cichar auga na xente. A troula sigue pola tarde; en Sabadelle (Pereiro de Aguiar) as mozas da parte baixa da freguesía atentan ós mozos que veñen da parte alta coiste pareado:

Os mociños da montaña — non teñen auga nin borralla.

Os mozos fan honor a esta provocación con moito barullo e facéndoas correr.

Noutro tempo, o mesmo nas cidades que nas aldeas, tiraban ovos enteiros ás mulleres. Nas cidades, as rapazas soían estar asomadas ó balcón coa roupa pior que tiñan pra que nonas luxasen cos ovos que se viñan escachar nos seus corpos ou nas paredes, deixando chorretes brancos e marelos que escorregaban pra baixo. Nas aldeas era, a veces, inda pior, porque os mozos precuraban ovos chocos que deixaban un cheiro fedento.

Mais fino era encher as cascas valeiras dos ovos con auga de colonia que se vertía ó rompérense. Outras veces era auga natural, e máis tarde enchíanse tamén as cascas de ovos con papelillos.

Enantes de viren os papelillos, houbo a moda das almendras, que nun principio eran comestibles e despóis preparábanse pró Entroido con fariña e un pouco de zucre e hastra sin il. Unhas e outras eran duras e os mozos guindaban coelas ás presas contra dos balcós e das fiestras onde estaban as rapazas. Moitas veces as almendras mancaban ás persoas asomadas ou crebaban os cristás das vidreiras; por esta razón, nos sitios onde había moita pelexa, quitaban ises días as vidreiras, sobre todo si eran das que abrían pra fora.

Os señores finústicos, os polos chamados gomosos, sobre todo si eran noivos ou osos das agraviadas, botábanlles auténticas peladillas da dulcería, dulces, carambelos e bombós. Por ben que atinasen, sempre caían algús dulces na rúa, e os rapaces collíanos á rapañota; polo tanto, toda pandilla de polos correndo o carnaval iba seguido por unha chea de rapaces de todalas edades. A rapañota impedía o paso da xente, os rapaces metíanselle entre as pernas e, ás veces, facíanos caír. Algús bromistas aproveitaban esto botando dende os balcós dos casinos e sociedades carambelos ou candelas, sobre todo cando pasaban señoras e señores de calidá; algunhas veces un grupo de dúas ou tres señoras atopábase completamente arrodeado de rapaces, de xeito que non podían ir pra diante nin pra trás.

Os "confetti" ou papelillos apareceron, xunto cas serpentinas, a fís do século pasado e tiveron entusiasta acollida o mesmo na cidá que na aldea. Ó principio hastra se preparaban na casa picando papés de coores dos prospectos e dos anuncios; botábanse ás presas ou cos mesmos cartuchos nos que as vendían ou colléndoos na man e soprándolles. Na aldea gustaron moito e empregáronse igual que a fariña, procurando meterllos na boca á xente.

As serpentinas empregáronas moitas veces nas aldeas pra enfeitar os corredores e balcós e os sitios onde había festa.

Algunhas veces empregábanse uns vilanos que florecen por iste tempo, que se botaban soprando e apegábanse á roupa de tal maneira que semellaba que se metían no tecido. A mesma usanza tiñan e teñen en moitas aldeas os tascos do liño e o tamo que se pousa nos teares. Na Gudiña

(Viana do Bolo) fan coesto foguetes, ou sexa que lles poñen lume e os botan ardendo.

A arma máis temida do Entroido son as formigas. O seu emprego, actual ou pasado, sinálase en Allariz, San Pedro de Moreiras, Xinzo de Limia, Carballedo (Lugo), Laza e outros moitos sitios. Apáñanas vivas nos formigueiros, procurando de preferencia as meirandes, negras ou bermellas, das que chaman formigas lobas, que morden coma diaños e lévanas en saquetas pra botarllas ás mulleres. En Allariz facían esto noutro tempo polo Corpus, e a tradición asegura que esta usanza viña de tempos antigos, cando había xudéus na vila; plausibly dediante da procesión do Corpus iban dous homes con fardeliños cheos de formigas pra botarllos ós xudéus pra que se fosen, pois din que saían a ver pasar a procesión e que lle puñan os cornos coa mau cando pasaba a Custodia.

Outro costume era o de que os rapaces lle puxeran por atrás ás persoas maores, rabos ou lárgalos de papel ou de trapos, que lles prendían na roupa cun alfinete. Máis ben costume da cidá que da aldea, era un pouco exposta pois, a pouco que se descoidase o que pretendía pólo, podía apañar unha boa labazada. Despóis de posto o rabo, os rapaces apupaban en coro ó que o levaba, facendo rir á xente.

Os ferreiros, follalateiros e outros oficios que traballan con lume gastaban a broma de quentar, hastra que non se puidera resistir, unha moeda de prata e deixala cair na rúa diante da tenda. Logo maestro, oficiás e aprendices divertíanse co susto e cos visaxes dos que se baixaban a collela. Outros collían un duro falso e clavábano moi forte entre as pedras do enlousado da rúa. Si esta era de pouco tránsito, sempre había algún probe home que creéndose afortunado facía heroicos esforzos por erguer a moeda entre a chufla dos que estaban á espreita.

As bromas do Entroido son tantas que non se poden contar. Foi de moita usanza o convite con larpeiradas enganosas: dulces ós que lle botaban calquera cousa amarga ou picante, ou nos que metían pedras, paus, papelillos e, nalgús casos mais bárbaros, excrementos. Un dos pratos do Entroido son as orellas de frade, feitas cunha pasta de fariña, leite e ovos, fritidas na tixola; soénse preparar algunhas meténdolles estopa dentro, pra embromar á xente ou pra ver a quen lle toca a que leva as estopas; o que lle bota os dentes empeza a turrar, estirando as estopas e enchéndose o bico delas entre as risas dos demáis.

Un chasco brutal que adoitaban dar ós grandes borrachos consistía en metelos nunha aposta a que non eran capaces de beber dun gulapo un gran xerro de viño; de que a víctima aceptaba, botábanlle no viño, sin que il o vise, un rato morto, e de varios contan que tragaron o rato sin se decataren.

Nas aldeas adoitan tamén mandaren cartas de broma; por exemplo en Rodeiro (Lugo) dibuxan un burro nun papel e póñenlle debaixo a coñecida lenda:

Burro soy
patas tengo
mas burro es
quien me está leyendo.

Todas estas bromas do Entroido teñen un verdadeiro carauter *sagrado,* no terreo da boa crianza e do trato social, non somentes entre as persoas de clase superior sinón tamén entre as das camadas inferiores. As bromas do Entroido hainas que aturar, por pesadas que sexan, por máis que sexan procaces, ferintes, insultantes ou groseiras; a má educación consiste xustamente en levalas a mal ou enrabecharse por elas; non está permitido entre persoas ben criadas o desbotalas ou responder violentamente de palabra ou de obra. Unha das nosas informantes, referíndose á vila de Laza e máis ás aldeas veciñas, expresa esto moi ben: "polas rúas adiante botan fariña, farelos, feila e borralla uns ós outros co cual deixan o máis enloitado tan branco como a neve, e non hai que se queixar, anque por adentro quede a procesión; tén que pór cara de risa a quén tal obsequio lle faga. En cantas veces na borralla van tamén brasas! Mais son *cousas do Entroido* e hai que levar a broma e calar moi caladiño. Anque faga un sol que queime compre levar o paraugas aberto: dende os corredores e dende as ventás aquelo é un ataque contino de borralla, e si se ofrez tamén *chove* enriba, mollando a un de pés a cabeza. Pero son cousas do Entroido e hainas que rir".

Costume do Domingo Corredoiro, na cidá e na aldea, é o *xogo das olas.* Póñense en rolda homes e mulleres indistintamente (en Ourense témolo visto xogar sempre a mulleres soias), collen unha ola de barro das que sirven pra ir buscar auga á fonte e tírana uns a outros, debendo aquel a quen lla botan recollela sin que lle caia, poilo que a deixa caír e escacharse perde. Son moitos os que entreteñen diste xeito a tarde do Domingo.

Polo derradeiro, hai outra que tén bastante importancia: a de *correr o galo.* En moitos lados os que corren o galo son os nenos das escolas e a usanza tén moitísimas variantes.

Xueves de Comadres

Niste día repítese a cerimonia do Xueves de Compadres —como diximos— somentes que agora son as comadres as que se queiman.

Temos informes de que nalgures as mulleres tiñan que esconder as rocas de fiar e outros trebellos, pra que non llos queimasen.

Domingo de Entroido

É o primeiro dos tres días clásicos do Carnaval (os Carnavales). En moitos lugares (Lalín, Dozón, Castro de Caldelas, etc.) chámanlle *o Santo Entroido,* e nises tres días, en case todos lados, está prohibido traballar. Inda pode haber unha miga de licencia o Luns, mais de ningún xeito o Domingo e o Martes. A quen pillen traballando, póñenlle diversas penitencias; a máis común, unha multa consistente en pagar o viño ós que o des-

cubriron. Nos arredores da vila de Ribadavia, ó que colleron traballando, lévano deitado nunha escada de mau á súa bodega, e alí tén que lles dar ós aprehensores unha boa merenda e viño do millor que teña, a fartar. En Larouco (Trives), lévano en hombros, e tén que pagar a merenda a todolos mozos. En Meda (Castroverde, Lugo) lévano polas pernas á taberna e tén que pagar unha cuarta de viño e, si nono fai, lévano en procesión polos rueiros, "por non acetar a lei imposta polo pobo pra todos". A xusticia popular imponse diste xeito en defensa da tradición e das usanzas antigas, o cual dá a iste costume un senso profundo e sinificativo.

As festas do Domingo e do Martes distínguense moi pouco. O menos que pode haber nises días é unha miga de baile, con música, gaita ou pandeiro. Polo regular, o Domingo, os mozos andan polas casas recadando cartos prá música ou pró gaiteiro, e cousas de comer pra unha merenda. Moitas veces, á saída da misa do Domingo, xa encomenza a troula, e preséntanse xa as máscaras. Cando non, é despóis de xantar. Hai sitios onde a cousa redúcese a visitaren as casas e mailos fiadeiros.

Iremos describindo agora, cousa por cousa, as difrentes usanzas distes días.

Comidas do Entroido

O caraute de *carnes tollendas*, de despedida das carnes, do noso Entroido, que diste xeito insírese na liturxia cristiá, mañiféstase dabondo nos xantares do Domingo e do Martes.

En todalas casas, por pouco que se poida, o mesmo na aldea que na vila e na cidá, celébrase o Entroido en familia cunha ou dúas comidas de festa grande. Nalgús lados chámanlle *festa de pote*. Nelas predomiñan a carne e outros produtos do porco e algús postres especiás. Os principás son a cachucha e o rabo, que se reservan pra istes días, da matanza do ano anterior. A sentencia dí:

> Alegría, alegrote,
> que está o rabo do porco no pote.

Cómense tamén a soá, ás veces lacón con grelos, chourizos, como máis propio do Entroido, o *pedro* ou *pedrolo*, feito na tripa "cagadeira", e que pode ser de carne ou de cebola. Estas cousas cómense no cocido, en compaña do touciño, xamón, vitela, ás veces pita, patacas, garabanzos e verdura.

Cando o Entroido cadra coa matanza, cómense tamén as filloas de sangue; cando non, pódense preparar as filloas brancas ou *farandelas*. Como postre, son características as *flores* fritidas, modeladas nun ferro especial e as *orellas de frade*.

Hai outros platos e postres de Entroido, como a *bincha* ou *bandullo* da terra de Cotobade, masa de pan trigo, óvos, leite e azucre, metida na vexiga do porco e cocida nela.

As Máscaras

As máscaras atópanse nos días do Entroido en todalas cidades, vilas e aldeas. Chámanse, asegún os sitios, *máscaras, mascaritas, entroidos, felos, mecos, piliqueiros,* etc. Non é somentes a mocedá a que se viste, sinón tamén os casados e aínda os vellos, que soen ser os que máis gozan co Entroido. Os disfraces son, naturalmente, moi variados, mais existen tipos tradicionás de máscaras, case sempre os mesmos en cada lugar, que soen levar un nome especial.

Primeiramente hai, en todas partes, a máscara farrapenta, vestida con roupa vella, porca e fachosa. En moitos lados chámanlle *felo;* de calquera tipo ridículo ou moi feo, dícese: "parez un felo". Chámanse tamén esas máscaras *borrallosos, borralleiros,* ou *cinseiros,* por seren os que levan a borralla; *vellos* pola intención de caricaturizar ós anciáns, como



Fig. 36. - Máscaras. A primeira é unha "charrúa" de Allariz. A segunda un "borralleiro" ou "cinseiro", de Maceda; no pau vai a saqueta da borralla.

que nalgús lados, como na estación de Filgueira, á tropa de máscaras así vestida chámanlle a *vellada; charrúas* en Allariz; *paiasos* na Rabeda; *irrios* na Teixeira; *peliqueiros* en Pedrafita de Chantada, en Carracedo e noutras partes de Lugo; *farandulleiros* en Entrimo. Estas máscaras van moitas veces vestidas os homes de mulleres e as mulleres de homes, son as que fan as bromas pesadas, os chistes de mala crianza, o feo, porco e pouco sociable do Entroido. Os farandulleiros de Entrimo levan cagatías de ovella e tratan de emporcar ás máscaras ben vestidas; alí e noutros lados pretenden erguerlle a saia ás mulleres, botan borralla, auga e formigas,

fréganlle a cara ás mulleres con borralla ou cebola, entran nas casas pra que lles dean noces e avelás e baten á xente con mallos de trapos ou vexigas de marráu hinchadas. Hai sitios onde os corren os rapaces: na Teixeira bérranlle: "irrio farranguelo cas tripas ó carrelo", en Allariz insúltanos chamándolles "charrúa, charrúa". Así e todo, son os que fan máis chiste e os máis celebrados por grandes e pequenos.

Exprícase iste éxito polo caraute de inversión de valores que tén o Entroido e por responder a máscara fea a unha tendencia moi fonda da natureza humá, de onde xurdiu a arte da caricatura e do grotesco. Responden ó pulo ancestral que crióu a escultura surrealista dos capités románicos e góticos.

Entre as máscaras doutro tipo, a máis importante é o *cigarrón* do cual tense escrito moito. Chámase tamén *felo*, *piliqueiro*, *murrieiro*, *choqueiro* e *charrúa*. É a máscara característica dos vales de Laza e Monterrei, anque o seu centro de irradiación semella ser a vila de Laza. A súa vestimenta consiste nunha camisa branca, cravata encarnada, chaquetilla de seda igual á dos toreros, con reberetes, galós e alamares dourados, levando nos hombreiros unhas charreteras antigas de militares que se conservan dos antepasados nas casas, calzón curto de seda, cuberto pola parte de adiante con perneiras de trenzado de lá branco e de coor cheo de frecos e borlas, medias brancas e zapatos; na cintura leva unha faixa de seda e por riba un cinto de coiro no que van penduradas, pola parte de atrás, cinco ou seis chocas das vacas das maores que poidan encontrar; a cara vai tapada cunha carauta de pau tallada e pintada na que se afinca, pola parte de adiante, unha sorte de mitra de folla de lata, pintada con adornos e figuras entre as que non fallan cáseque nunca o sol e a lúa; por atrás desta mitra cai, deiquí ó medio do lombo do cigarrón, unha pelica de carneiro, de can, de raposa, de gato, con pelo e co rabo pra baixo; riba da chaquetilla cruza un ou dous panos de muller de merino rameado; na mau leva un mallo de pelica ou unha vexiga de porco. O vestido é brilante e fermoso; vese bén que é do século XVIII, sendo nil o máis raro e o menos doado de interpretar a mitra que tén na cabeza. A pelica que leva por atrás semella ter sido un dos fundamentos pra lle apoñeren ó *cigarrón* unha orixe prehistórica: a pelica sería un resto das vestimentas de bestas usadas polos homes primitivos nas súas danzas rituás. Non embargantes, esta coberteira da cabeza lembra certos morriós militares usados no século XVIII, que tiñan unha dianteira de metal e unha pelica caíndo por atrás; non debemos esquecer que Monterrei foi plaza forte e tivo guarnición durante moito tempo.

A tradición popular asegura que antigamente os *cigarrós* saían soilo da vila de Laza, xa dende principios do ano, e andaban longas distancias, chegando a Castela e meténdose por aquiles pobos. En Ourense, o Castro de Caldelas, Monforte de Lemos, chamábanlles *murrieiros*, porque decían que "sacaban as murrias das pernas", as murrias que se fan ó

lume da lareira ou do braseiro. O murrieiro aparecía, ó millor, na cidá de Ourense, calado, parábase nas portas das tendas e das tabernas, facendo que soasen as chocas, pra que lle deran diñeiro, pan, cousas de comer e viño. Hoxe non soen saír de Galiza nin case da provincia; en troques, hainos en Verín, Xinzo e outras vilas.

O cigarrón non fala; camiña a brincos, chouta e baila, facendo soar as chocas e bate nos que encontra co mallo ou ca vexiga; si se axuntan dous en parexa, collen ėn hombros a un home calquera e lévano á taberna e o home está obrigado a convidalos; preséntanse nas casas pedindo convite ou cartos. O cigarrón é sagrado, ninguén lle pode tocar; pódeselle berrar e aldraxalo, chamándolle as mil e quinientas, mais an-



Fig. 37. - O Cigarrón.

que o coñezan, ninguén pode pronunciar o seu nome; aquil en quen bate nono pode tomar a mal. O cigarrón non se pode enfadar nin levar a mal os aldraxes. Istes privilexios do cigarrón lembran, sin dúbida, os que protexían ós membros de moitas cofradías prehistóricas e antigas, sin ir máis lonxe os dos iniciados nos misterios de Eleusis, de que tanto se tén falado.

"Picadillo" menciona outra máscara semellante, o *choqueiro,* da que dí "viste polo xeral de señora e sírvelle de antifaz ben unha filloa ou

ben a pelica dun coello ou lebre. A súa característica é unha formidable borracheira de caña e entra no baile repartindo paus a un lado e a outro ... ó *choqueiro* estalle prohibido falar... pode pegar berros salvaxes, choutar por riba da concurrencia..."

Antigamente, os *charrúas* de Allariz iban vestidos de moitos coores, cun cinto de chocas e unha pelica e unha sorte de monteira e iban polas aldeas pra que lles deran caldo. Os rapaces corríanos chamándolles "charrúa, merda crúa". O nome, din algús que lles vén dun home de Xinzo que se vestía todolos anos e que tiña o alcume de charrúa. Non sabemos se pode ter algún avencellamento co dos indios uruguaios homónimos.

En Vigo había os *escabicheiros* ou *merdeiros,* vestidos con camisa, calzós e zapatillas brancas, chaleque bermello ou verde por dediante e branco por detrás cunha figura de pano bermello cosida na espalda, representando o sol, a lúa, un burro, un galo, unha galiña, etc.; na cabeza levan un pucho hemisférico de pano branco cunha tira bermella ou verde no borde e un sol ou unha lúa de pano cosidas no alto; dediante, pendurado dun cordel atado á cintura, levan unha basoira sin mango ou unhas cebolas e unha vara na mau; cobren a faciana cunha carantoña calquera. Van pola rúa choutando dediante da xente e botando pra diante o colgarexo. Algús levan no pucho, recortada en pano, unha cabeza de galo ou pita ou a cabeza e o rabo.

Hai outras máscaras finas vestidas con pretensión de rumbo e elegancia: *damas* e *galás, madamitas* e *madamitos, madamas, xigantes,* etc.

En Entrimo, as *damas* levan unhas enaguas brancas de muller con moitos bordados e encaixes, camisa do mesmo, pano cruzado no peito e atado atrás, un chapéu de palla enfeitado con cintas de coores e un veo tapando a cara. Os *madamitos* ou *xigantes,* camisa e cravata de home, faixa, pantalós bordados de muller, unha capa curta ou manteleta de coor vivo, carantoña con longos bigotes e, na cabeza, un carapucho de cartón con adornos de papel de seda e unha sorte de plumacho de papel no cume. Van por parexas, nun carro moi adornado, tirado por bois ou burros, cun gaiteiro untado de negro e bermello, tocando a muiñeira. Bailan choutando e brincando.

Damas e *galás,* con difrentes vestimentas, anque cáxeque sempre arremedando traxes antigos do señorío, a base de roupa interior, fitas de seda, chapéus, etc. cítanse en terras de Calbos de Randín, Toén, Celanova, Cotobade, etc.

A usanza da roupa branca e cinto con chocas é moi común. Fálase diste, con roupa interior de muller, pucho cónico e chocas no ban, en Moreiras de Toén, San Miguel de Berredo (Celanova), en Xunqueira de Espadañedo *(madamitas);* con camisetas e calzós de punto, campaíñas e un vergallo de boi na mau, en Xinzo de Limia; con encaixes e puntillas arredor en Allariz *(mecos);* con vestimenta indeterminada e chocallos, en Viana do Bolo *(boteiros),* etc.

Os *madamitos* de Cotobade, que son os mozos que millor bailan, levan o millor vestido que teñan na casa, aneles e cadeas de ouro; cada un vai coa súa parexa *(madamita)*, vestida tamén o millor que pode, estimándose moito un bó traxe de seda negra á moda dos comenzos do século, moitas veces emprestado. Van sempre moi serios, diferenciándose do estropicio das outras máscaras.

Logo veñen as máscaras que van representando os oficios e facendo a pantomima do traballo de cada un: *barbeiros*, levando unha caldeira de auga, unha basoira de xesta figurando a brocha e unha navalla de madeira; *sacamoas*, cunhas inmensas tenallas de ferreiro; *zapateiros* batendo no coiro ou nunhas zocas; *paragüeiros, afiadores, guardiascivís, mé-*

Fig. 38. - Máscaras de Entrimo. A da ezquerda é un "madamito" ou "xigante" cuia vestimenta responde, en parte, á da "madamita" e, en parte, lembra a dos danzantes e aínda a dos "cigarrós". A da dereita é unha "madamita", cicáis caricatura dos traxes da cidá.

dicos, militares (os uniformes vellos úsanse moito como disfraz), *cegos*, con violín e cartel, *labregos, escribanos*, etc.

Outras máscaras tradicionás son os *maragatos*, lembranza de cando viñan de arrieiros ou vendendo cousas cun mulo cangado, e andaban dun lado pra outro levando encárregos e facendo mandiques; *xitanos* con cabalerías e *xitanas* botando a "buenaventura"; *cubanos;* ás veces, anque

máis raro, *mouros* e *negros; vellos* con roupa esfarrapada e unha xoroba feita con trapos debaixo da chaqueta; *mulleres*, caracterizadas cáxeque sempre coa roca e o fuso.

Polo derradeiro, debemos dar conta dos disfraces de *paiaso* e de *dominó* (seguramente traguido de Italia á Hespaña) levados principalmente nas cidades, e o que se improvisa cunha *colcha* da cama, común a vilas, cidades e aldeas e tamén a *coroza* que, cando a poñen na cidá, soe ser con intención de caricaturizar ós labregos. É disfraz perigoso, pois moitas veces os chistosos púñanlle lume na coroza ós enmascarados.

Mención aparte, e por certo ben especial, merecen os disfraces de *animás*. O vestírense os homes de alimarias fai lembrar, anque non se queira, ritos prehistóricos e pagáns antiquísimos que, en parte, áchanse

Fig. 39. - Máscara vilega con chistera, coroza e basoira.

aínda vivos en gran parte da Europa, dalgús dos cuales hai referencias antigas en Hespaña.

En Cartelos (Carballedo, Lugo) teñen unhas *cabezas de touro*, que gardan dun ano pra outro, feitas cun armadelo de pau cuberto de pelica de ovella e con cornos de vaca, e lévanas na cabeza pra saíren botando as formigas. Hai outros lugares nos que adoitan disfraces semellantes.

Outra usanza moi repetida, e que non hai dúbida que pode representar un vello rito agrario, é o de poñérense dous homes con testas de vacas xunguidos a un arado, e andaren arando a praza ou o campo da

festa da aldea. Así en Moreiras de Toén. Esto fai lembrar a arada simbólica dos emperadores da China.

Por terras de Chantada, os disfraces de que máis se fala nos informes recollidos é dos de alimarias: "vístense de animás, de osos, da figura do demo e doutras feras". O *home do oso* que, ó que semella, imitando ós húngaros ou zíngaros que soían aparecer polos nosos pobos, sai adoito nas cidades, vilas e aldeas de Galiza, tamén pode ter, por outra banda, unha orixe ritual. Nas nosas aldeas, moitas veces, o *oso* preséntase soio, sin home que o leve e, niste caso, puidera ser o equivalente o *Erbsenbär* que, nacido asegún supoñen nas terras do Rhin, espallouse por toda Alemaña, formando parte das comparsas de Nadal, recolleita, festas da aldea, bodas e, sobre todo, do Entroido. Vai vestido éste coas pallas dos chícharos *(Erbsen)* de onde lle vén o nome e, ás veces, levando cadea e pau pra danzar; é un rapaz vestido, como algunhas veces o noso Maio; baten nil, arríncanlle pallas pra póren nos niños das pitas e, nalgús lados, queiman o disfraz como que queiman o Entroido. A escola de Mannhardt teno, como non podía menos, por un esprito da vexetación, e coíste gallo, lembran que en Roma, no século XII, paseaban polo Entroido un oso e matábano despóis.

Un disfraz que se usa moito é o de *demo,* i eso que existe a creencia de que, si un home morre levando esta figura, condénase sin remedio e vai ó inferno de cabeza. Lembramos hai moitos anos, en Ourense, unha comparsa de demos: iban catro levando a outro deitado nun leito coas súas roupas e todo, e outros darredor, con tridentes; de cando en cando, o que iba no leito, erguíase e guindaba ós balcós presas de almendras cunha forza tan tremenda, que faguía fuxir á xente. En Allariz, a un que iba vestido de demo déronlle unha puñalada que lle tronzóu a femoral; metérono nun portal pra lle valer, mais non houbo maneira, desangrouse aixiña e morréu, deixando á xente abraiada coa idea dun castigo de Deus e da súa condenación eterna.

Hai tamén máscaras da cabalo. En Filgueira-estación, alugan cabalerías pra formaren o que chaman *os Cabaleiros,* que van disfrazados a cabalo, chegan á festa, dan unhas voltas da cabalo e despóis báixanse e van bailar coas *madamas.*

En Garabás (Maside), tapan a cara e poñen uns pantalós de bó xénero cuns galós cosidos; chámanse *felos* e andan a cabalo de mulos, correndo sempre a galope. Andan así por todolos lugares arredor. Levan "grandes rodas de papel en tiras" (serpentinas?) e, ó chegaren ás festas, tíranllas ós rapaces e ás mozas.

En Cotobade hai *os Lanceros:* "Roupa de militar en día de gala ou un bó traxe blanco dun americano... Fitas de seda nos brazos, con mantón atravesado na espalda, unha capa encarnada... e na cabeza un pucho de cartón alto de forma trapezoidal, cuberto de papel de seda e adornado de fitas de papel... As pernas apretadas cunhas polainas negras,

FAC. HUMA
FERROL

que sirven, ó mesmo tempo, prá bandeira feita por algunha moza coas coores de Galiza ou de Hespaña e amarrada nunha cana; de remate, fai unha lata do feitío dunha lanza. A cara lévana tapada cunha carauta. Van da cabalo, tocando cornos..."

As máscaras da cabalo víanse moito noutro tempo. En Ourense rara era a comparsa que non levaba diante uns cantos *batidores* a cabalo, armados de lanza con punta de lata que lle servía pra poñer os papés impresos cos versos das cantiós que cantaban os da comparsa; os batidores entregaban istes papés, por medio da lanza, ás señoritas que estaban nos balcós. Vestían o mesmo disfraz da comparsa, ou tamén de "cabaleiros antigos", algunhas veces con armadura compreta, tamén de lata.

Comparsas, momadas e cortexos.

As máscaras andan moitas veces xuntas formando comparsas, sobre todo cando van visitar pobos forasteiros.

As comparsas da cidá eran cousa moderna. Compúñanse dunha rondalla con guitarras, bandurrias, violís, flautas e pandeiretas e máis un coro, compostos ambos de máscaras uniformadas, que moitas veces tocaban e cantaban pezas compostas especialmente pró caso. Visitaban ás autoridades, sociedades de recreo, centros de insino, etc., onde lles daban dulces e copas e, ás veces, daban funciós nos teatros. Estas eran as comparsas serias.

Endemáis había comparsas grotescas, acompañadas polo común dunha murga.

Tamén soía haber nas cidades grandes festas de Entroido (como en Pontevedra as do ano 1876, en que se celebróu a entrada do Urco, e en Ourense, polo 1890, as do Gran Tarantán). Nelas figuraba unha longa e lucida cabalgata, con máscaras da pé e da cabalo e moitas carrozas; en moitas delas iba unha comparsa representando ó Ilustre Ayuntamiento, con banda de música, pregoeiro, maceros e alguacís.

Aínda fora do Entroido, armábanse farsas carnavalescas, entre as cuales merecen citarse o enterro e velada necrolóxica en honra de "Rabachol", o soado loro do boticario don Perfecto Feixóo, fundador do primeiro coro galego, en Pontevedra; e en Vigo as bodas do Gran Duque do Berbés ca Princesa de Etiopía, das que quedóu abondosa literatura.

Nas aldeas orgaízan tamén paradas semellantes, derivadas, sin dúbida todas elas, igual que as da cidá, dun primitivo *cortexo do Entroido.*

En Cotobade e outros puntos da provincia de Pontevedra, chaman a istes cortexos *momadas,* verba derivada seguramente de Momo, que non semella de orixe popular. Van nelas todalas máscaras dun lugar *(madamitos, maragatos, vellos, oficios,* etc., indo dediante os lanceros; diles ocuparémonos ó tratar da guerra do Entroido.

Tamén se forman mascaradas sin saíren da mesma aldea. As máscaras tenden decote a xuntárense e gardaren un orden determiñado, como si se repartisen os papés nunha representación. O Entroido, que é un

rito social, tén na aldea un carácter oficial moi marcado. Como eixemplo pode servir a festa do Domingo en Carballal (Lugo):

> Ó comenzo da tarde, unha comparsa de rapaces metidos en sacos saen tocando con latas pra anunciar o Entroido. A xente xúntase na praza. Logo saen dez ou doce mozos vestidos do xeito seguinte. Fan uns puchos de cartón en forma de pirámide; dende a base ó cume van dous aramios grosos formando arco todo cheo de fitas de coores diferentes, e no cume forman unha fermosa cruz. A roupa consiste nun pantalón, o millor que atopan, da muller da máis alta categoría; logo poñen un pano de Manila ou crespón, case do mismo xeito en que usaba a capa o célebre Carlomagno; levan un cinto de correa con chocas e axóuxeres e tapan a cara cunha carauta de aramio. Estas máscaras cunha pelica de cabrito ou de año saen a correr tras de todos cantos encontran ó frente. Si por casualidá collen a un forasteiro, lévano á cantina pra que pague o viño que iles crean comenente; logo volven de novo a correr deica as catro da tarde. Despóis vén un burro cunha albarda de toxos e un xinete de palla; o conductor do burro invita ó que queira montar, e como soe suceder que sempre hai algús estrevidos, encóntranse apicarrazados sendo a irrisión dos que os ven; diste xeito veñen moitos pra facer rir á xente.

Despóis soe haber outros que representan farsas, etc. O martes uns cantos vestidos de soldados xuran a bandeira. Hai comparsas de xitanos, outros que forman unha corrida de touros, outros o oso, etc.

As bestas de máscaras

Falamos xa dos disfraces de animás. Tamén disfrazan ós animás mesmos. En Castelaos (Calbos de Randín) visten uns burros con farrapos e palla e despóis lévanos vestidos ó fiadeiro. Noutros lados visten os burros do lugar como si fosen persoas e paséanos polos pobos veciños cunha charanga improvisada.

Tamén hai bestas artificiás formadas por dous homes, unhas mantas e unha cabeza que imita a do animal.

No Castro de Caldelas había a *mula falsa*: dous homes formaban o corpo e as patas da mula, aparellada cunhas mantas; dediante levaban unha cabeza de mula feita con pelicas nunha armadura de pau. A mula iba levada por un *maragato,* vestido á usanza distes e falando castelán moi exaxerado; pra imitar os dentes blancos dos casteláns metía na boca dúas raxas de cebola. Invitaba ás mulleres a montaren na mula, cobrándolles unhas cadelas. En canto montaba unha muller, a mula encomenzaba a dar couces e tratar de guindala no chao; si nono lograba corría coela á taberna onde tiña que pagar uns vasos.

En Laza, o luns pola tarde saía a *morena,* que é a cabeza dunha vaca feita de pau e cuberta coa pelica dun carneiro negro con ollos e lingua de trapos encarnados e os cornos dunha vaca de verdá; naquela cabeza chántanlle un pau ó longo, bótanlle por riba un cobertor raxado, métese un

home por abaixo e vai escornar á xente. Nesto da *morena* tén dereito exclusivo de propiedá o barrio de Cima de Vila; facíana os vellos e nunca deixaron que os mozos puxeran mau nela, ni tan siquera cando chegaban á praza. O máis que lles permitían era acompañala, armados de toxos e covelleiras, pro tocarlle sería crimen de Entroido: era dos vellos e os vellos debían devolvela á corte.

A guerra do Entroido

Outro divertimento ritual do Entroido é o de simular unha guerra, usanza que semella propia das terras da provincia de Pontevedra (a Ulla, Deza e Trasdeza, Cotobade, etc.).

As da Ulla son descritas por Bouza Brey do seguinte xeito. Na vila da Estrada fórmase a mascarada, que é un exército da cabalo seguido de moitas máscaras da pé. Os da cabalo levan antigos traxes militares que se gardan nas casas de señores do país: sombreiros de tres picos, bicornios do XVIII, roses das guerras carlistas e de Cuba e Filipinas, charreteras douradas, bandas de moitas coores, cruces e placas e moita pruma de pavo real. A hoste dunha parroquia vai cos seus xenerás invadir a do lado, a cual prepara outro exército semellante, movilizado na mañá do Domingo. O xeneral tén que ser home chistoso e ocurrente, monta o millor cabalo e vai co Estado Maior tamén a cabalo. O exército invasor avanza; ás veces atopa francotiradores que preguntan un verso ó xeneral, o cual tén que improvisar uns versos pra deixar vencido ó guerrilleiro.

No lindeiro da parroquia agarda o outro exército. En canto os invasores o abesullan, mándanlle un *correo* a *pedir paso.* O xeneral do exército defensor dalle o alto:

—¡Alto! ¿Quien es el que ronda?

O correo entabla parlamento:

—Más alto no puedo estar;
las patas de mi caballo
por aquí vienen rondar.

Ó comenzo, o xeneral invadido nega o paso e sigue o diálogo en verso deica que o xeneral invasor érguese nos estribos e, levantando o sable, berra:

Avanza caballo mío,
por riba de esta muralla
y atropella al enemigo
que siempre nos asoballa.

Por fin o defensor pide *documentos* e acaban facendo as paces, abrázanse os xenerás e entran todos xuntos nos lugares da parroquia ós acordes dun pasodoble dunha murga. O xeneral invasor érguese nos estribos e berra: "Vivan los mozos y mozas de este lugar y sus familias". "Vivan!", responden todos, e o xeneral ordena: "Toque la música y siga".

Transcribimos un diálogo do Entroido de 1949:

General 1º — Aquí me tienes, cobarde,
frente a tus barbas tan tristes,
que solo con esta mano.
te voy a romper las narices.

General 2º — Su Majestad me está faltando
con palabras tan groseras.
Si no se calla la boca
le voy a cortar las orejas.

General 1º — Lo que es usted un canalla,
un carota sinvergüenza.
que está engañando al pueblo
con esos chulitos cuentos.

General 2º — No necesito al pueblo,
que es un valiente traidor.
¡Me quiero ver cara a cara
contra su bravo sudor!

En Cotobade vai a momada enteira, cos lanceiros dediante, que anuncian a chegada dos outros con toques de corno ás parroquias veciñas. As xentes desafíanse de aldea a aldea ou de parroquia a parroquia, por medio de embaixadores a cabalo que botan grandes discursos tan graciosos como disparatados; e semella que os do pobo visitado e desafiado quedan na obriga de corresponder á visita, sendo descortesía o non o facer.

Pola parte de Lalín as loitas do Entroido chámanse *piñatas.* Hai nelas un xeneral mouro e outro cristián, e con cada xeneral van os lanceiros e os oficios. Os lanceiros levan guerreras vellas, bandas e puchos altos moi adornados. Diante vai o *correo* e pide paso e contéstanlle en verso rimbombante; botan o desafío con versos feitos por iles e deprendidos. E despóis avanza o exército.

Antigamente, os mozos da terra de Deza e Trasdeza vestíanse de madamitas con moitas fitas de coores e bandas e iban a cabalo en comparsa. A comparsa, que representaba un exército, levaba unha sorte de xeneral ou guieiro que era o encargado de pedir paso cando se encontraban dúas comparsas, desafiándose e cruzándose entre os xefes longos é pomposos discursos.

En Corna, na provincia de Ourense, lindando con Dozón, había os *verseantes* que viñan de cabalo con panos das mulleres e decían versos de desafío un ó outro; eran versos de broma e variaban dun ano pra outro.

Os entremeses

O enlace do Entroido co teatro vese nas representaciós que se fan na aldea niste tempo, e que soen chamar *entremeses, comedias, farsadas,* etc. Hainas escritas e deprendidas e outras improvisadas no momento; incruso hai verdadeiras pantomimas sin diálogo nin parlamento. Trátase dun verdadeiro teatro popular de orixe medieval, que se asemella moito

ás pezas primitivas de teatro literario que se conservan. Moitas son representaciós caricaturescas da vida rural.

O "Meco", ou o "Entroido" persoificado

Un dos ritos que máis se repiten en toda Galiza é o seguinte, que xa temos anunciado como rito central e fundamental destas festas.

Nun ou noutro dos días clásicos, sempre enantes do Domingo de Entroido, fan un boneco ou monifate de palla do grandor dun home, vestido asegún lles peta, e que dura deica o Martes, día en que, á tardiña, mátano e quéimano. Toda a simbólica do Carnaval, ben sexa como final dun ciclo cósmico representado no ano, ben dun ciclo vexetativo, ben cun senso histórico-social conexionado con calquera dos dous ciclos ou cos dous a un tempo, semella estar niste sacrificio dunha sorte de "Rei das Saturnales", festa posiblemente importada en Roma doutras terras europeas, cecáis pasando por algún dos pobos da Italia primitiva.

Ás veces, istes monifates son dous: macho e femia, e un e outro siguen a mesma sorte.

Levan difrentes nomes: *Entroidos* (terras de Maside, Verín, a Limia, Laias, Lobeira, Viana do Bolo - *Entrudio* -, Cea, Filgueira - estación); *Mecos* (Allariz, Bóveda, Lemos, Vilarrubín, Vilafranca do Bierzo, Celanova); *Felos* (Pereiro de Aguiar); *Madamas* (Larouco); *Vellos* (Quintela de Leirado).

O máis común é pór o Entroido ou Meco no campo da festa, no alto dun pau ou atado a un árbore. Din que esto faise pra "anunciar o Entroido", ou, sinxelamente, "pra se divertir", por terse perdido, quen sabe canto tempo fará, o sinificado do acto.

Outras veces, o ceremonial é máis compreto. En Louredo (Maside), fan un mes antes os Entroidos de palla e farrapos, un home e unha muller, rúbenos a dous árbores do campo da festa e amárranos pola cintura, un por frente do outro. O día da festa, báixanos, póñenos montados da cabalo dunha ovella, ben atados, e lévanos polo campo adiante e, ó dar unha volta, quéimanos e entérranos. Despóis sai un "orador" a un balcón e bota "unha conferencia" sobre da vida que levaron amarrados ós árbores e da morte cruel que lles deron. Logo botan os versos que discurren uns, difrentes pra cada ano.

En Fiestras (Xinzo de Limia) atopamos xa o cortexo do Entroido. Varias parexas, unhas marchando da pé, outras montadas nas cabalerías máis ruís que encontran, custodian un *home de palla,* que pasean polo lugar. O Martes, despóis dun discurso do xefe da comitiva, no que sentencia á fogueira ó Entroido, quéimano, e no lume preparan a merenda. En Lamas, levan o Entroido de palla, vestido case sempre de militar, a cabalo dun burro, e ó remataren as festas, quéimano. En Santa Mariña da Ponte (Viana do Bolo), o Entroido de palla é o que *fardela* ás mulleres, que lle teñen moito medo.

En xeral, nas aldeas do partido de Viana, o *Día do Intrudio* é o Martes. A festa encomenza xa á mañá: mozos e vellos, casados e solteiros, levando cada un seu instrumento que meta barullo, un tamboril pintado de coores (contan que é costume roubar a pelica da ovella ou carneiro que se matóu o día do Santo Patrón pra armar iste tamboril), almireces de metal, pandeiros, gadañas e martelos, como si fosen á sega da herba (algús tocan tan ben a folla da gadaña co martelo que, arredados do conxunto, ben poderían pasar por instrumentos de música). Esto chámase *o folión*. Diante vai o *zamarreiro* ou *zamarreiros*, despóis *a vella:* outro home vestido de muller cun cesto de borralla no brazo pra ir botando na xente; outro cun corno de vaca espetado na punta dunha cana, co que fai un ruido ronco e longo; a istes siguen os outros levando no medio un *boneco de palla* do grandor dun home, vestido e montado nun burro, que é o *Introido.* Andan por toda a aldea ou vila e os arredores, metendo un rebumbio infernal, berrando cada un polo seu lado e tocando o seu instrumento como lle parece; e esto dura deica a hora do xantar. Á tarde, os mozos que puxeron a *Comadre* nun pau o Xueves de Comadres, tiran co pau, e dous vestidos de máscara, montados a cabalo, paséana polo lugar e quéimana despóis. Ó anoitecer repítese o folión, e cando acaba, encomenzan os foguetes e a fariña deica a hora da cea, e despóis desta, volve o folión: levan fachós de palla acesos, andan dando voltas unha hora ou pouco máis, e rematan nos fiadeiros.

Hai eiquí unha contamiñación, na cual, a *Comadre,* destiñada, como en todos lados a rematar no lume, ponse en lugar do *Entroido,* mailo sinificado do rito é o mesmo de sempre, e o trunfo grotesco do Entroido é, niste caso, ben expresivo.

En Vilarrubín (Vilafranca do Bierzo), o sábado de *Intruido,* á media noite, tran un pau ou dous de castiñeiro, o máis altos que encontran, e que chaman o *pau do Meco;* fan o *Meco* e a *Meca* e póñenos na punta dos paus deica o Martes. Iste día, despóis do xantar, xúntanse as máscaras *(carantoñas),* a xente e máis o gaiteiro e tiran cos Mecos ó chao. Despóis poñen o Meco nun burro e lévano polo pobo, con toda a xente detrás, ó que chaman a *procesión do Meco;* ó volveren ó sitio do baile, unha carantoña tíralle un tiro ó Meco, e a isto chaman *matar o Meco.* Unhas veces fan Meco e Meca, outras Meco soio.

Ás veces, ó sacrificio do Entroido precede un *xuicio* como os da audencia, con xueces, escribanos, acusador e defensor, no cual o Meco é condanado a morte, sendo esto unha parodia caricaturesca da xusticia, resto, posiblemente, dunha verdadeira farsa teatral, que poidéramos chamar "misterio do Entroido", semellante ou cecáis descendente dalgunha das representaciós bulreiras medievás. Temos referencias dos da Limia, comarca de Lalín, e doutras localidades.

En moitos lados, e seguramente antano en todos, despóis de morto ou queimado o Entroido, fanlle o *planto.* Aínda nas cidades adóitase a

miúdo chorar polo Entroido o Martes á noite. O *sermón do Entroido* é tamén algunhas veces unha oración fúnebre en gabanza do Carnaval. O *testamento,* que se lé en moitos lados, debéu ser sempre, noutros tempos, o testamento do Entroido mesmo.

O que non semella cousa inventada na nosa Terra, sinón importada, é o *enterro da sardiña* o Miércoles de Cinsa. Así e todo, fíxose moito inda hai poucos anos nas cidades e algunhas vilas. Chamaban á xente cun *bando,* no que se dispuña que quen quixera ir, se presentase no sitio envolto nunha sában branca e cunha vela de sebo. Saía o enterro de noite, con pendós e estandartes feitos con follas de bacalláu levadas en canas, unha gran choca, que arremedaba a antiga campaíña dos enterros, incensarios ou botafumeiros imitados con braseiros onde iban queimando zapatos vellos e cousas que cheirasen mal, deixando atrás do enterro un fedor que non se resistía; os cregos cantando; un sacristán cun caldeiro de auga de fregar e unha basoira facendo de hisopo; os agarrantes levando a caixa ou cadaleito; as pranxideiras ou choronas berrando detrás; os do duelo, moitas veces de chistera e coroza, e, por fin, o acompañamento.

A queima do Entroido é común a toda Europa. Hai descripciós dela con referencia ó Piamonte, Italia central, os Abruzzos, Palermo, Provenza, Vienne, as Ardenas, Normandía, Saint Lô, Bretaña, Saintonge, Inglaterra, Westfalia, Baviera, Suabia, Transilvania, Bohemia, etc.; en moitos dises lados (Koeniggraetz, Kissen, Normandía, etc.) celébrase o xuicio con moitos pormenores.

Non sempre se fai o Meco pra queimalo: hai sitios (Laias, arredores de Allariz, etc.) en que din que os fan "pra anunciar o Entroido"; outras veces, levan o monifate a unha aldea dalí preto, e déixanllo alí pra fastidialos, e os da aldea onde o puxeron, si poden, devólvenllo, ou lévano pra outra. En Viña (Cea, Carballiño), din que levan os Entroidos, chamados *o Vello* e *a Vella,* dun pobo pra outro, "a ver quen queda coíles", e o quedar coíles é quedar por abaixo dos outros, por eso non lles gusta nada. Outro tanto faise, ás veces, cos veciños do mesmo lugar, levándollos á casa e póndollos no corredor ou no tellado, pra que pró outro día lle aparezan alí e que todos os vexan. Algús oféndense moito cos Entroidos. Unha vez puxéronlle un, polo visto obsceno de abondo, a un veciño de Nogueira de Dozón, e il levouno tan a mal como si lle fixeran o pior aldraxe, como si lle deran na cara unha labazada, e houbo por motivo desto un gran disgusto.

O carro do Entroido

En moitas cidades europeas onde o Entroido é unha gran festa, como en Venecia, en Niza, antigamente en Roma, o Carnaval é paseado trunfalmente nunha carroza suntuosa, acompañada dunha gran cabalgata. Dalí veñen as *carrozas* do Entroido e das "batallas de flores", imitadas en todas partes.

Considérase que tal carroza trunfal do Entroido vén de moi antigo, posiblemente do barco con rodas que sacaban os celtas e máis os xermáns *(carrus navalis)* que, asegún unha teoría moi espallada, foi o que deu nome ó *Carnaval*.

Iste carro do Entroido atopámolo tamén, naturalmente, en Galiza.

O Entroido de palla é levado nun carro tirado por bois (Castelaos, Calbos de Randín, San Pedro de Moreiras, Entrimo), burro (Louredo de Maside, Macendo no Ribeiro, Viña en Cea), carneiros (Loiro), cabras ou ovellas (Maside); e lévano moi adornado con ramallosa, fitas e frores.

Hai casos en que o carro do Entroido non leva o boneco de palla, sinón que van nil as máscaras, a veces, botando serpentinas e papelillos, por imitanza do que se fai na cidá. Históricamente, o máis probable é que o carro pasara da aldea á vila ou cidá, e despóis, nos casos devanditos, emprendéu o camiño de volta e tornóu da cidá á aldea.

O sermón e os versos do Entroido

O sermón do Entroido é parte principalísima nos ritos do Carnaval galego. Noutro tempo non faltóu en ningures, sendo unha das millores ocasiós pra pór en xogo a inventiva e a sátira. Tén formas difrentes.

Unhas veces refírese á vida do Entroido, sexa en forma apoloxética, enumerando as súas virtudes, sexa, pola contra, condenatorio, botándolle na cara as suas falcatrúas, chamándolle "larpeiro", "larafuzán", etc. A acusación máis común é a de que lambe il a carne toda e que deixa á xente sin nada, e isto total pra tres días que vive.

Outras veces o sermón trata das cousas que pasaron na aldea polo ano adiante, sendo unha verdadeira crónica satírica da vida dos veciños ou dalgún suceso particular que teña chamado a atención.

Moitas veces colle a forma dun *testamento*, que pode ser o do Entroido mesmo, o dun burro ou de calquera outro animal ou persoa. Con seguranza, nos tempos antigos, tratábase sempre do testamento do Entroido, anque despóis fora sustituido polos outros, e tamén é probable que moitos romances tradicionás (o *testamento do gato*, o *testamento do galo*, etc.), teñan ista orixe. En calquera distes casos, o sermón soe servir de pretexto pra se laiaren, dun xeito humorístico, dos malos tempos, dos traballos dos labregos, da vida ruin que se leva na aldea, dos abusos das autoridades, recaudadores, xusticia, etc.

Istes sermós son improvisados ou escritos atergo por poetas da aldea, habendo sempre algún especialmente encargado do conto, por ser home acreditado polas súas ocurrencias. Veleiquí un botado en Meda (Castroverde, Lugo) en 1928:

Non extrañedes, rapaces, — que anque son vello e mal feito,
queira poñer en compase — o que hoxe me sinte o peito.
Obrigado a decir algo — nesta festa feiticeira,
pareceume moi do caso — contar cousas da lareira.

Pra espircarvos, pois, en prata — i entendáis o que vos digo
vinde conmigo á cociña — i escoitai polo postigo
dunha casa das da aldea — anque sea a do tío Mingos.
Escoitái de boa gana — e mirai polo zorrollo
cómo conta a tía Froilana — moitas cousas do mal de ollo.
Mais Mingos non lle fai caso, — que está tirando a caldeira,
e de veces, entre tanto, — chámalle faranduleira.
Mais ven logo a tía Xuana, — pra facer algo de cena,
i enseguida irse á cama — en arreglando a facenda.
Chega Farruco do monte, — empeza a baragundiar,
bota os cachelos na fonte: — "Caramba, quero cenar"
Sale Mingos: "Ai, Farruco, — eu de ti non cho creía
que tomases tanto o pulso — ó quedar sin a morcilla.
Has de saber meu Farruco — que mentras un beba e viva
non faltará nesta casa — bon chourizo e boa morcilla.
Porque na nosa pobreza, — que non fago ben decilo,
nunca nos faltóu na mesa — caldo bon, pan e touciño.
E xa nos meus antepasados — nesta casa así viviron,
ben fartos e ben honrados, — respetados dos veciños.
Desde Xan hasta o tío Mingos, — e si non foran as pagas,
tantos dotes i as manuicas, — esta casa iría arriba,
desempeñada de trampas". — Está Xuana ben sentada
tras do lume, nun mesote, — facendo grandes novelos
pra unha saia de picote. — Sempre foi ideia dela
marmular de todo o mundo, — pero agora que vai vella,
non deixa de man o fuso. — Moito fía, moito fala,
moito reñe cos pequenos, — que se toman a porfía
de marmular os temperos. — Non marmula a condenada
cando rezan o rosario, — pro sempre está topeneando,
sentada xunta o andámeo. — Pero é tan aforradora
que alabala non é moito, — pois sempre lle chega a carne
desde a matanza hasta o entroido. — Pasaremos a outra cousa,
xa é tempo de acabar, — porque o tío Mingos relouca
i o rosario vai rezar. — Pro como está costipado
limpa os mocos ó saleiro — e logo que está ben sonado,
bota mau ó tabaqueiro. — Funga ben, funga, tu Roque,
todos debemos fungar, — porque o rapé pola noite
eche manteiga de azar. — Ponse mentras ca rodilla
arrimada ó trafugueiro, — pra sacar pronto da almilla
o rosario e o mecheiro. — Rezan todos o rosario,
unhos mal e outros de gana, — i enseguida que se reza,
vaise todo o mundo á cama.

O noso Entroido tén literatura propia, consistente principalmente en cántigas que acompañan moitos dos seus divertimentos, na aldea, e na cidá outras que se escriben pra cantaren nas comparsas; endemáis hai as correspondentes á despedida do Entroido. Damos a seguida algunhas mostras.

En Dozón, as máscaras que visitan as casas cantan cousas como estas:

Este é o santo Entroido,
é o santo verdadeiro,
o que quere o santo Entroido
é que lle enchan o calleiro

Anque lle vimos aquí,
non é por facerlle mal,
vimos por lle anunciar
que estamos no carnaval

Este é o santo Entroido,
élle fillo de Marica,
hoxe non lle quere o pan
e mañá estima a vica.
Acudide ó santo Entroido
cunha xarriña de viño,
se queredes que este Santo
vos prepare un maridiño.
Pontas de rexo con carne,
pan pouco abondará,
a que se chame él de veras,
xa se nos casa mañá.

En Lobeira (Bande) cantan estas outras:

Cando querades mandar
avisaredes primeiro,
pra vos irmos acadar
con foguetes e gaiteiro.
Eu xa puxaba pra tras,
eu xa non quería vir,
había festa no pobo
sólo por me adivirtir.
O Entroido é moi goloso,
porque lle gusta o touciño,
de Zabariz foi contente,
que lle untaron o fuciño.
Zabariz e máis Torneiros
xogaban ó Carnaval;
sendo lugares veciños
e cousa moi natural.

De cántigas de despedida do Entroido damos as seguintes:

Adiós, martes de Entroido;
adiós meu queridiño;
hastra o día de Pascua
non se come mais touciño.
Adiós, Martes de Entroido;
adiós, meu queridiño;
hastra Domingo de Pascua
non volvo untar o fuciño.

A CORESMA

Chámase tamén *cuarentena,* porque se compón de corenta días, ou sexa sete semás menos dous días. Din que estas sete semás son sete irmás: *Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos,* e *Pascuas,* das cuales a primeira é coxa, porque lle faltan as dúas pernas, que son Lús e Martes de Entroido.

Niste tempo, antigamente, nas aldeas, iba a xente á *doutrina,* onda o abade. Ir á doutrina non soía consistir máis que en sufriren un examen que lle facía o abade, preguntando pola *Cartilla* do Padre Astete, que iles deprendían de memoria na casa, de maneira que fose como o pe a pa. Ó que nona sabía ben, o abade dáballe "calabazas", e tiña que volvela estudiar.

Logo encomenzaban os *preceutos,* ou sexa o cumprimento do preceuto pascual. Pra esto iban turnando as parroquias, cousa que aínda se fai, xuntándose primeiro nunha, logo noutra e así, cantos cregos se pudese, pra confesaren á xente. Aloxábanse na rectoral, e o abade procuraba obsequialos ben, e nas comidas falaban e estaban de broma, lembraban casos de cando eran estudantes, discutían puntos de teoloxía moral, que aínda é da que máis saben, e aínda botaban unhas maus de tresillo.

A Coresma aldeá non tén outros lances.

Nas cidades e vilas, antes, en tempo de Coresma non había bailes, e nas vilas episcopás, iba e xente os viernes ó *Miserere,* paseando despóis por algún lugar a xeito.

O domingo despóis do de Entroido, soía haber antano os *bailes de Piñata,* caracterizados pola piñata, pendurada do teito do salón, e que se abría turrando dunha fita, e ó abrir, deixaba caír dulces e regalos. Istes bailes hai xa tempo que desapareceron.

A SEMÁN SANTA

Non ofrece a Semán Santa en Galiza o interés que tén noutros lados, e que teñen eiquí outras festas. Seguramente perdéronse moitas usanzas antigas, deixando pouca lembranza. Hoxe soe ser devota e recollida, e de pouca ostentación.

Nas aldeas hai pouco lugar a procesiós e ceremonias fora da eirexa. A xente procura adornar e alaxar os moimentos o millor que pode, con colchas e cortinas emprestadas, con froles de papel, procurando que teñan follas douradas e prateadas e, sobre todo, con moita cera; os veciños mandan velas á eirexa pra que estean acesas dediante do Santísimo e recollen despóis os cabos e gárdanos na casa pra alcendelos en caso de tronada, namentras rezan o trisaxio. O Miércoles e Xueves vai a xente ós Oficios de Tinieblas, sobre todo os nenos que levan carracas pra armar estrondo cando se apaga a vela derradeira, e onde non levan carracas, ármano cos bancos ou batendo as maus.

Na tarde do Xueves Santo e o Viernes polo día, o exercicio que máis adoitan é o do Via Crucis, saíndo en procesión co abade e con cruz alzada, arredor do adro ou polos camiños; en moitos lados hai un camiño determiñado pró Via Crucis sinalado con tantos cruceiros, millores ou máis sinxelos, como estaciós; algús santuarios, como o dos Milagros do monte Medo, teñen un Via Crucis de pequenas capelas con figuras ou retábulos representando os feitos de cada estación.

Os Via Crucis van acompañados de cantos, entre os cuales áchase moi espallado o que comenza:

Lágrimas de corazón
de corazón las lloremos
para que todos logremos
los frutos de la Pasión.

con estrofas que se van cantando ó pasar dunha estación á outra. Cántase moito tamén o "Perdón, oh Dios mío" e outros semellantes. Tamén é propio diste tempo o romance da Pasión:

Viernes Santo, Viernes Santo — tres días antes de Pascua
cuando el Redentor del mundo — a sus discípulos llama
llamaba uno y uno — dos y dos se le juntaban
desde que los tiene juntos — cena de gloria les daba,
acabaron de cenar — a todos les preguntaba
¿cuál es el discípulo mío — que muera por mí mañana?
Miran unos para otros — ninguno respuesta daba

solo San Juan Bautista — predicador de montaña,
por vós moriré, Dios mío — por vós moriré mañana
esa muerte de amarguras — para mí está guardada.
Viernes Santo por la mañana — Jesucristo caminaba
con una cruz a cuestas — de madera muy pesada,
una corona de espinas — su cabeza traspasaba,
una soga a su garganta — por donde Judas tiraba,
cada vez que Judas tira — Jesucristo se arrodillaba,
descalciño pola neve — desnudo pola xiada
polas calles donde Él iba — rastros de sangre deixaba
en el Monte Calvario — tres Marías lo lloraban
una era Madalena — y otra Marta su hermana
y otra la Virgen pura — la que más pena le daba.
Unha lle lavaba os pés — otra su bendita cara
y otra recogía el sangre — que de Cristo derregaba.
La sangre que de Él caía — caía en cáliz sagrado
el hombre que de el bebiese — será bienaventurado
neste mundo será rey — no outro rey coronado.
Quien esta oración dixera — todolos viernes del año
saca unha alma de pena — i a súa de gran pecado;
el que la sabe y no la dice — y el que la oye y no la aprende
nel día del gran Juicio — no sabe lo que le conviene.

Ó Sábado de Groria levan botellas a eirexa pra tragueren á casa auga benta de novo, que usan pra bendeciren, mollando nela ramos de loureiro ou oliveira, as sepulturas dos difuntos, a casa e os eidos. Nalgús lados procuran tamén alcender un tizón no lume novo que se fai na eirexa, pra pólo despóis na lareira e que conservan sin amatar o máis tempo que poden. Ó soaren as campás do Sábado de Groria, en case todos lados se botan foguetes, e nalgunhas aldeas sai a gaita ou a música. As campás do Sábado de Groria teñen gran importancia nas creencias da xente, sendo propicias pra todalas cousas boas.

O Domingo de Pascua hai festa en moitos lados. Hai costume de se desexaren felices Pascuas os ús ós outros.

Niste dia, ou noutro diste tempo de Pascua, faise a *bendición dos campos* saíndo en procesión os veciños co párroco e o sacristán, cantando a ladaíña dos Santos, deica un alto onde se vexa toda a parroquia ou a maor parte dela, e dende alí, ditas as oraciós que a Eirexa dispón pra iste caso, o abade bota a bendición co hisopo ós catro ventos. Moitas veces, os veciños poñen despóis, cada un nos seus eidos, cruces, ramos benditos, ou bótanlle auga bendita pola sua conta.

É iste tamén o tempo da *bendición das casas*. O abade vai co sacristán casa por casa; leva pelliz e estola e o hisopo na mau, o sacristán leva a caldereta da auga benta. Cada veciño pón na porta ou noutro lugar axeitado da casa, unha mesa con mantel, un Crucifixo e dúas velas acesas, e máis unha bandexa cunha ou dúas dúcias de ovos, o cual é un dereito antigo do párroco. Noutro tempo, e con seguranza que hoxe tamén en moitos lados, o párroco recollía iste día as *papeletas* de teren cumprido co pre-

ceuto os da casa, as cuales soían botar na caldereta da auga benta. Logo benzoaba a casa, coas preces de ritual, e collía os ovos que lle parecese, polo regular, en proporción á riqueza da casa, ou somentes un ou dous, como acto simbólico, ou ás veces ningún; mais era mal visto que non llos puxesen.

Nas vilas e nas cidades, a Semán Santa tén moito máis lucimento. Fora da liturxia indispensable, as cerimonias de máis usanza, son: as *Tinieblas* do Miércoles; as cerimonias cívicas dalgunhas eirexas no *Encerro* do Santísimo; o *Lavatorio* dos pés a doce probes, feito polo bispo, o deián do Cabildo, o arcipreste ou o abade, asegún os casos; a *visita das eirexas* polas autoridades e a xente: todo esto, o Xueves Santo. E o Viernes, a representación do *Encontro*, á mañá cedo; a *adoración da Cruz;* o *sermón das Sete Palabras;* a representación do *Desenclavo;* a procesión do *Santo Enterro*, e a procesión da *Soledá*, chamada *dos caladiños*. O Sábado non soe ter máis solemnidá pública que o novo *Encontro* da mañá cedo.

Iremos reseñando agora as celebraciós principás da Semán Santa nas nosas cidades e vilas.

Sant-Iago

O Xueves Santo, ben cedo —dí Don Xesús Carro— xa se ven as criadas coas veliñas rizadas prós moimentos. Celébranse con moita concurrencia os oficios da mañá, a consagración dos Santos Óleos e a procesión do Moimento. Na catedral, a misa de pontifical, os coengos coas súas capas douradas, seus vestidos bermellos de capeláns de honor, acólitos, todo en movemento, pasma ós curiosos. O máis solemne é a procesión co Santísimo ó Moimento. O Moimento, púñase, enantes de quitado o coro, na nave mór, que se chamaba da Soledá. Agora móntase no brazo norde do cruceiro. É de estilo románico, feito de telós e gran efecto escenográfico obra do pintor Euxenio Villar.

A visita ós Moimentos, moitos e variados, é unha das notas saíntes de fervor. A certas horas da tarde e da noite, son milleiros os fieles que percorren as estaciós.

A intresante cerimonia do Lavatorio dos pés ós doce probes, xeneralmente polo arcebispo, faise na catedral, despóis de Vísperas, a eso das catro.

A xente vai ós arredores do convento de San Francisco pra ver a procesión da Cea do Señor. Esta procesión faina o Concello. En millores tempos, dáballe a cada invitado e persoa que quixera asistir, un fachón. Pero chegóu á ser tamén motivo de moitos abusos. Forma dúas partes: na primeira, figura o "paso", fermosa obra do escultor compostelano Sanmartín, da mesa redonda dos Apóstoles, todos arredor, atendendo ás verbas do Señor; diante van longas fías de xente con velas acesas. O Calvario, estimada xoia de ourivesaría, lévao o Alcalde. Na segunda parte van os estudantes do Seminario, a imaxe da Virxe dos Dolores, a orquesta e voces,

o clero e representación de todalas autoridades. A banda de música e a tropa de gala ó final.

A procesión entra na catedral pola porta do Obradoiro. Alí estana agardando un notario eclesiástico e máis unha comisión do Cabildo pra levantaren acta de impedirlle o paso. É unha cuestión de dereito que fai séculos veñen sostendo as dúas corporaciós. O Cabildo non quer que a procesión do Xueves Santo atravese polo templo e por dediante do Moimento onde está o Santísimo, pois teno como acto irreverente. E o Concello, por complecer á xente, con violencia ou sin ela, ordea que se faga o tránsito da súa procesión pola catedral. Deu lugar iste pleito a grandes algueiradas e loitas entre a cidá e mailo Cabildo. Como o paso da Mesa dos Apóstoles, levado por máis de vinte homes, non pode baixar polas escaleiras das Platerías, a procesión sai pola Porta Real, atravesa a Praza da Quintana, sigue pola Conga e vai desembocar no comenzo da Rúa do Vilar. O punto culminante desta procesión é o seu paso polo Toural.

O Viernes Santo, moi cedo, case ó abrente, o *Trompetero* enmascarado percorre as rúas da cidá anunciando a ceremonia do Encontro. Ás sete, na catedral, un coengo padrica o sermón da Pasión.

A seguidas, faise o Encontro, que se soe representar na Praza da Quintana, onde se axunta toda a cidá. O sermón dío polo regular un frade. Os pasos e imaxes son os seguintes: un grupo de Xesús coa Cruz, caído no chan, arrodeado de esbirros e saións, co Cirinéu, escultura de gran caracter popular, sin chegar a ser unha obra mestra; a imaxe vestida de San Xoán; a Verónica; e a Virxe. O tempo destas imaxes non pasa en antiguidade do século XVIII.

Rematado iste patético drama, orgaízase coas imaxes unha lucida procesión que se recolle na parroquia de San Miguel dos Agros.

Na catedral celébranse solemnemente os oficios.

Ó mediodía encomenza na Capela das Ánimas o sermón das Sete Palabras. Esta capela, de comenzos do século XIX, tén a particularidá que todolos seus altares están adicados a esceas da Pasión, compostos dunha sorte de cartón-pedra. Mailo que fai desexar máis ó público escoitar un sermón tan importante é o presenciar ó final a escea entre tronos e lóstregos, con intervención da orquesta e voces, da morte de Xesús.

Ás catro da tarde, na eirexa de Santo Domingo, é o Desenclavo, dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos a maoría dos fieles que enchen o fermoso templo. Antigamente, ó rematar o Desenclavo, as campás da Cofradía do Rosario doblaban pola morte de Xesús Crucificado. Iste piadoso costume, por telo por impropio, foi suprimido polo cardenal Martín de Herrera.

Xa tarde, a eso das sete, sai da capela da devandita Cofradía do Rosario e eirexa de Santo Domingo a impoñente procesión do Santo Enterro, a máis acompañada e a máis devota de todas. Acode, casi en pleno, o máis escollido dos homes da cidá, chamando tamén a atención a gran moite-

dume dos arrabaldos. Todos poñen o seu meirande interés en que esta procesión resulte o máis brilante que se poida. Cada ano, ademáis, encarrégase dela un cofrade o cual tén a obriga de sacala e levar o Calvario, que é tamén obra de mérito. Nesta procesión, moi longa e con moitas representaciós de nenos e nenas vestidos de ánxeles e figuras bíblicas, non van máis que o Santo Enterro e a Virxe dos Dolores. O Santo Enterro, cuia urnia é unha preciosa obra compostelá, de moita riqueza de ourivesaría, chama a atención polo seu elegante feitío. Vai na primeira parte, indo dediante as fías dos asistentes cos cirios e arrodeado por cofrades do Rosario. A Virxe vestida de loito riguroso e terciopelo vai ó final coas autoridades. Van tamén nesta procesión os estudantes de crego e unha escolta de tropa coas armas á funerala.

O percorrido é moi longo: Santo Domingo, Casas Reales, Cervantes, Azabachería, a catedral, as Platerías, Rúa do Vilar, Toural, Rúa Nova, Conga, Preguntoiro, Cervantes, Ánimas, Casas Reales e Santo Domingo.

A recollida, despóis das nove da noite, é do máis impresionante e conmovedor. A Virxe párase en case todalas prazas e a orquesta, namentras, executa motetes.

Ás dez e media, da mesma eirexa de Santo Domingo sai, dende fai uns anos, a procesión da Soledá, da Cofradía de señoras de Santa María Salomé. Tén o aquel da novedá. Non é mais que de mulleres e van moitas rapazas con mantilla hespañola. Atrai centos de curiosos. A súa seriedade crébase a veces pola intromisión, que non vai moi bén ca maneira de ser nosa, das famosas "saetas" propias de Andalucía. O mimetismo andalucista non se contentóu coesto; no ano 1952 restauraron unha antiga Cofradía compostelana, la "Venerable e Ilustre Cofradía de Nuestro Padre Jesús Nazareno y la Santísima Virgen de los Dolores", da primeira mitade do século XVIII, e na procesión do Encontro foron máis de cincuenta cofrades, asegún din, con túnicas penitenciás negras e carapucho encarnado. Non hai dúbida que se trata de restauración dunha vella institución compostelá, o cual, dende logo, está bén, mais tampouco colle dúbida que tal restauración non se houbera feito si non estiveran tan de moda as usanzas sevilláns.

Lugo

A Semán Santa luguesa é a festa que con maor solemnidá se celebra alí despóis do San Froilán.

Encomenza coa misa, bendición e procesión do Domingo de Ramos. Todalas persoas levan seu ramo: os maores unha ponla de oliveira ou loureiro e os nenos pequenos ramiños adornados con fitas, galletas, carambelos e laranxas que, ó saíren, gardan coidadosamente pra que os maores non lle saquen tan preciado adorno; os mozos andan a quen leve un ramo máis grande, hainos que son verdadeiros árbores e poñen en perigo as cordas das lámparas. A eirexa semella un verdadeiro bosque ese día.

No Miércoles Santo pola tarde, arranxan o millor posible os moimentos pró día seguinte, poilo Xueves Santo dan un premio a aquil que millor enfeitado estea.

O Xueves Santo é o día das grandes ceremonias. O altar mór, tapado cuns lenzos blancos adornados con frores, estampas e escapularios, tén no centro unha escaleira riba de cual ponse unha custodia de madeira labrada pra poñer o Santísimo; ó pé da escaleira a Virxe e San Xoán e no medio a cruz deitada nunha alfombra.

Á mañá hai misa ás dez, a cuio toque paran todolos traballos pra xuntárense os veciños na eirexa. Celébrase nun altar do lado e, ó final, lévase o Santísimo baixo palio á custodia do altar mór. Pola tarde dende as catro, hai varios viacrucis, algús non moi ben lídos por certo. Ás sete encomenzan os Oficios que cantan varios señores co párroco sentados en dous bancos postos formando ángulo; cada pouco tempo van apagando as velas da escadeiriña, unha por unha, e polo derradeiro as que hai nun trípode que sostén unha sorte de triángulo con varias. Cando todo quedóu ás escuras, aínda siguen cantando uns instantes e por fin, a uns golpes do abade riba do libro, comenzan a bater as maus. Algunhas persoas piadosas din que se pegan na cara.

Ás oito da noite sai a primeira procesión, chamada do Bon Xesús. Non poden ir máis que os homes, dos que cada un leva unha cruz grande de madeira ó lombo, e cando é moi grande lévana entre dous. Van presidindo esta procesión o gobernador civil, o gobernador militar e mailo alcalde coa súa cruz correspondente, siguen os demáis homes e ó final vai o señor bispo e algús coengos. Sai da catedral, percorre varias rúas e recóllese no mesmo sitio.

En Lugo, no Xueves Santo, no Encerro, tén lugar unha ceremonia especial: o alcalde o mailo secretario do Concello suben ó moimento e ensamiñan o Sagrario pra comprobaren e levantaren acta de que a Sagrada Forma áchase realmente alí, e despóis de pechar o Sagrario diante diles, a chave é entregada ó alcalde, o cual traina ó pescozo deica ó Viernes, á hora de volver a abrir. Iste costume di unha leenda que foi instituido porque un ano, hai moitísimo tempo, ó abriren o Sagrario, en lugar da Sagrada Forma atoparon un corno, feito sacrílego que foi aposto ós xudéus ou a algún cómplice diles no clero catedral. Entón o Concello da vila que se titula "Cidá do Sacramento", quixo intervir pra asegurarse de que non se repetira aquil feito. Ceremonia semellante faise tamén noutras vilas de Galiza, como Pontevedra e Vilagarcía, non sabemos si por imitanza do que se fai en Lugo.

Rematadas as ceremonias da mañá, encomenzan, asegún costume moderno, as "horas de vela" dediante do Santísimo. Ás catro da tarde faise o Lavatorio, con doce vellos do Asilo, ós que lle dan a cada ún un vestido novo e un peso; e despóis, hai Via Crucis no convento dos Franciscáns.

O Viernes Santo, á mañá, hai os Oficios e, ó faceren o Desencerro, volven o alcalde e o secretario a examiñaren o Sagrario e dar fé de que alí está a Sagrada Forma. Despóis hai a Adoración da Cruz en todalas eirexas.

Ás dúas da tarde encomenza o sermón das Sete Palabras nun convento de relixiosos, coa capela a escuras e no altar mór a cruz, a Dolorosa e máis San Xoán; remata iste sermón ás tres en punto, hora en que expira o Redentor.

Ás cinco é o sermón do Desenclavo na eirexa da Soledá, pedricado por un frade de San Francisco e despóis sai dalí a procesión do Santo Enterro. Nela van os fieles en dúas fías de tres en fondo, encomenzando as señoras e xóvenes de Acción Católica, a seguida as asociadas da Terceira Orden con escapulario e cordón, e polo medio van cregos que levan os diferentes pasos da Pasión escoltados por nenos vestidos de *nazarenos;* no medio destes vai a Urnia, escoltada por soldados zapadores, e detrás tres nenos vestidos representando a María Madanela e María irmá de Lázaro e a San Xoán; as fías que siguen son de homes, levando no medio a Virxe dos Dolores, escoltada pola guardia civil; despóis seminaristas e, ó final, o desfile.

O Sábado Santo é como en todos lados.

Enantes había persoas que non comían dendo toque do Xueves deica o toque do Sábado, ó que se chamaba *aúno do traspaso.*

O Domingo de Pascua é o día das merendas, e todo tén aire de festa.

Pontevedra

Sobre da Semán Santa en Pontevedra publicóu hai pouco un traballo Enrique Fernández-Villamil, mais refírese a tempos antigos e principalmente á procesión do Xueves Santo, atal como se facía no século XVII, con pasos e "disciplinantes", como tamén os houbo noutras vilas de Galiza, asegún a moda daquil tempo. Semella que eran os que formaban a Cofradía da Vera Cruz, que había en Pontevedra, en Sant-Iago e noutras partes. En Sant-Iago extinguíuse a mediados do XVII; no XVI facía unha procesión de noite, con "disciplinantes... penitentes ensabanados de ambos sexos", cometendo abusos que prohibéu o Concello e logo o arcebispo San Clemente. Os "disciplinantes" ergueron escándalos en toda Galiza, causando que o Real Consello, en 1700, prohibira que houbera procesiós de noite.

En Pontevedra, igual que en Sant-Iago e noutros lados, pra estas procesiós de noite alumeaban as rúas do camiño con fogueiras de leña dediante das casas, obriga que se impuña ós veciños, habendo devotos que puñan a leña da súa conta. Barreiro de V.V. interpretóu istes lumes de Semán Santa como lembranza druídica.

Hoxe celebran en Pontevedra o Encontro e o Santo Enterro con moita dignidá e ceremonia.

Da entrega da chave do Sagrario ó Alcalde, despóis da comprobación da presencia nil da Sagrada Forma, xa se fixo indicación, como tamén de que o mesmo rito obsérvase en Vilagarcía.

Ourense

O Domingo de Pasión, día en que se cobren os altares, é a festa do San Lázaro, santo de moita devoción niste país, no que a devoción popular axuntóu na mesma figura as de Lázaro, o irmáu de Marta e María, Lázaro o Leproso e mailo Lázaro da parábola do rico Epulón. A súa capela, homíldísima e de tipo inteiramente rural, estaba no campo da feira, hoxe Parque de San Lázaro; pequena e toda caleada, estaba chea de exvotos de cera, mortaxas e táboas pintadas figurando os milagres do santo. Despóis fixeron unha capela nova no esquinal oposto do campo, a cual foi recentemente desfeita e vendida, recolléndose o San Lázaro na eirexa dos Franciscáns.

A capela era propiedá do concello o cual corría cos cultos e coas festas.

Xa o sábado viñan moitos devotos e ofrecidos das aldeas, que iban a que lle tocaran o santo. Un guardia municipal, colocado diante do altar, daba a bicar unha imaxen pequeniña do San Lázaro e faguía coela unha cruz no lombo do devoto, decindo: "San Lázaro bendito nos libre de peste e de males extraños". Á tarde, traguían en procesión o San Lázaro prá eirexa parroquial de Santa Eufemia do Norde, chamada de Santo Domingo, acompañada dunha chea de xente. Á noite tíñase o folión, e o Domingo volvían levar o Santo á súa capela con gran acompañamento e tíñase a misa solemne e, á tarde, unha festa de carácter moi popular e típico.

Era tradicioal nistes dous días a venda de avelás e rosquillas de Ribadavia, que as vendedeiras tiñan en cestos culeiros, todo ó longo da rúa de Santo Domingo.

O Domingo de Ramos acodía a xente, principalmente á catedral con ramos de loureiro e de oliveira pra que os bendiciran. Hoxe predomiñan as palmas; noutros tempos non había máis que as dos coengos que eran sinxelas e a do señor bispo que era toda entrenzada e adornada; os coengos tiñan costume de regalaren as palmas bentas ós seus amigos pra que as puxeran nos balcós. A procesión das palmas daba a volta arredor da catedral. Os rapaces levaban ramos de loureiro canto máis grandes pudesen e iban batendo ús cos outros e metendo barullo. Case pode decirse que hoxe todo sigue igual. Á tarde, sai da eirexa dos Franciscáns a procesión do Ecce Homo. Enantes iban dúas fías de nenas con hábito nazareno atado á cintura cunha corda, o cabelo solto e coroas de espiñas, levando todolos atributos da Pasión. Agora sustituíronas por nenos vestidos de monaguillos. Aínda vai unha muller ou unha rapaza figurando a Verónica, a cual debe ir sin falar e sin mover os brazos, amostrando o pano da Santa Faz.

O Miércoles Santo iban os rapaces ás Tinieblas con carracas, e agardaban impacientes que se apagaran as luces pra empezar o estrondo. Da-

ban o siñal os coengos batendo cos sitiás do coro e, de súpeto, emprincipiaban a tocar todalas carracas a un tempo e saían á rúa faguendo estronicios.

O Xueves Santo á mañá iban as comisiós dos centros oficiás visitar os sagrarios. Era obligado iren de levita e chistera, polo cual saían a relucir chisteras e levitas de todalas modas de había cincuenta ou sesenta anos. Á tarde, iba a xente artesá e os señores ó anoitecer, sempre uns e outros en familia.

O Viernes Santo, ás cinco da mañá, había o Encontro na Praza Maor, que estaba completamente chea de xente, cheos tamén os balcós e as escaleiras da eirexa de Santa María Madre, o espolón e as bocacalles. Un pedricador nun púlpito iba narrando a escea que os que levaban as imáxenes, que eran de movimento, iban representando. Nunhas iba Noso Señor con dous xudéus feísimos, noutra San Xoán, noutra a Verónica e noutra a Virxen. A xente emocionábase moito e choraban as mulleres. Despóis, decaendo o fervor da xente e indo bastantes borrachos, incluso os que levaban as imaxes, a autoridade eclesiástica supriméu a ceremonia.

Á tarde, represéntabáse no mesmo lugar e do mesmo xeito o Desenclavo. Os que baixaban a Noso Señor da cruz e o metían nunha urnia de cristal pró Santo Enterro eran catro sacerdotes.

O Santo Enterro formábase alí mesmo e nil non iban máis que homes, figurando na presidencia o concello baixo mazas e as autoridades, e dando escolta un piquete de soldados coas armas a funerala e os tambores destemprados. O Santo Enterro atravesaba a catedral e iba polas rúas vellas da cidá a se recoller en Santa María Madre. Hoxe tén un recorrido máis longo.

Pola noite sai da eirexa da Santísima Trinidade a procesión da Soledá, chamada "dos caladiños", exclusivamente de mulleres. No tempo en que non había luz eléctrica, as casas do traiecto alumeaban con faroles postos nos balcós, con velas atrás dos cristás ou con cascas de ovos nas que botaban aceite e lamparillas; alumiadas as rúas daquil xeito e coa moitedume de velas acesas das que iban na procesión, o aspecto desta era fantástico.

Foi usanza durante certo tempo que fora na procesión un rapaz que, ó pasar polas prazas, cantara o "Ay de mí", unha copla desgarradora, seguramente importada, e moi curta:

¡Ay de mi!
¡ay de mi!
que al hijo de mis entrañas
en una cruz le ví.

O Sábado de Groria, ás tres ou catro da tarde, levan a imaxe de Santa María Madre da súa eirexa á catedral. O privilexio de leval-a imaxe era do antigo gremio dos xastres e hastra non fai moito tempo levábana efec-

tivamente catro xastres vestidos de frac, e iba acompañada somentes polo Cabildo e polo Concello baixo mazas; hoxe, restablecida a cofradía de Santa María Madre, vai nesta procesión moita xente.

A imaxe de Santa María Madre é a que sirve pra representar o Encontro con Noso Señor despóis da Resurrección, o cual faise na catedral o Domingo de Pascua, á mañá moi cedo. Máis tarde volven leval-a Santa María Madre outra vez prá súa eirexa. A Praza Maor está chea de xente vestida de festa e recollida a Virxen, o Concello tenlle alí unha misa.

Oimbra

Na vila de Oimbra, no partido de Verín e perto de Portugal, hai funciós de Semán Santa cheas de interés.

O Miércoles Santo, pra facer o moimento, divídese a xente en dous bandos e forman un terceiro cos do Rosal (anexo da parroquia). Fano cunha grade que hai xa disposta pra eso na eirexa, con columnas brancas e no centro unha de coor, cáseque sempre bermella. Esta grade súbena con catro roldanas deica o retablo e dos lados penduran sabas que colgan hastra o chao. Debaixo desto, e coincidindo coa mesa do altar, forman un escadoiro cuberto tamén de sabas brancas e poñen por el arriba dúas ringleiras de santos e no primeiro pendallo un crucifixo prá adoración da cruz.

O Xueves Santo á mañá hai os oficios e logo a procesión por adentro da eirexa, e cando a procesión chega por frente á porta principal, no intre de chegar a ela o Santísimo, ábrese a porta con estrondo e entran uns guardas que lle dan escolta namentras dura a procesión.

Os guardas van vestidos cun pano e mantón de crespón, millor si fose dos de Manila, botado cunha punta riba da cabeza, de xeito que a cara vaia tapada co freco pra que nono conozan, e suxeto cun chapéu adubado con frores de papel e arrodeado dunha gran fita de seda das coores máis vistosas. Levan lanzas ca aste coberta de fitas de seda presas nos cabos e atadas de maneira que non quede fora máis que o ferro da lanza, e sables desenvaiñados na mau.

De que se fixo o encerro, os guardas quedan en dúas fías custodiando o moimento, e siguen alí firmes toda a tarde, sin rebulir nin pestanexar e ca obriga de rezaren corenta credos, namentrala xente fai as cruces na eirexa. Fican no seu posto namentras se reza o oficio de Tinieblas, e non permiten que ninguén se chegue ó moimento agás os penitentes e os que han leval-a cruz. Cando se apaga a derradeira vela de Tenebreiro, en lugar de carracas e trécolas, os guardas baten cos contos das lanzas no enlousado. Nos contos das lanzas levan rellas de ferro, de xeito que meten un estrondo infernal e sacan moxenas nas pedras do enlousado, namentrala xente berra e asubía. Volven as luces, e sai a procesión cos penitentes do xeito seguinte: van os penitentes en ringleira e atrás diles tres homes nun frente coa cruz, as escadas e os fusís, custodiados polos guardas.

Os penitentes levan un pano coor de rosa atado ó pescozo por dúas puntas e abaixo polo tercio superior do muslo; o calzoncillo refucido hastra

o sitio onde acaba o pano, descalzos e coa testa cuberta cun chapéu ancho tapado cun pano de seda de maneira que as puntas lles tapen a faciana pra non seren coñecidos, e van de xionllos ou a gatas toda a proceción.

Os que levan a cruz visten unhas enaguas de muller atadas á cintura cun sedeño que lles dá dez ou doce voltas e o resto do corpo encoiro e descalzos e na frente unha coroa de espiñas e un trapo tapando a face. Un leva a cruz na que han poñer pró outro día ó Nazareno, outro as escadas do Desenclavo e o terceiro representa o Bon Ladrón. Os fusís son dúas escopetas atadas unha a outra polos canos e postas no lombo ispido do home, que leva os brazos atados ás culatas.

A función do día remata cando a procesión dos penitentes se recolle na eirexa.

O Viernes Santo, os guardas van de loito, con chapéu e pano de merino negro, e lanza con fitas negras. Asisten a media misa e, ó alzar, póñense xionllo en terra e tiran co sable, quedando diste xeito hasta consumir, e entón fuxen da eirexa.

Ás nove da mañá é o Encontro. Diante da rectoral poñen un púlpito. Sai o Ecce Homo nunhas andias e un xudéu cunha gran moca na mau. Levan as andias catro mozos con puchos de feitura cónica e cigarros puros. Detrás van tres rapazas novas vestidas con traxes de mahón, que van chorando (as tres fillas de Sión), e diante e por outros sitios ocultos, dous homes cos mesmos vestidos das fillas de Sión, tapadas a cabeza e a cara con gorros cónicos, un tocando unha bocina (que é o tubo dunha máquina de encher chourizos) e outro un tambor. Os guardas protexen ós da procesión e manteñen o orden.

O demáis é coma noutros lados. As imaxes son de certo valor e teñen cabeza e brazos articulados cos que fan varios movimentos que conmoven á xente, a cual, en canto ve mover a San Xoán ou abrir os brazos á Virxen, chora con gran desconsolo.

Á tarde, fan o Desenclavo na eirexa e os guardias van na procesión do Santo Enterro onda a urnia, a cual depositase na capela do Pilar, que está apartada da eirexa.

Os guardias e mailos penitentes son ofrecidos que van purgar os seus pecados.

A FESTA DOS MAIOS

A festa dos Maios é a festa da primaveira, ben sexa da súa chegada, ben do seu trunfo, e é propia de toda Europa, de punta a cabo, tendo lugar, asegún os sitios, nos meses de Marzal, Abril ou Maio. Siñifica o reverdecer das prantas, o comenzo do ano agrícola, a ledicia de ver erguerse o sol por riba do hourizonte e coller altura e forza; e tén difrentes formas: Árbore de Maio, Home cuberto de ramallos, armadilla de verduras e frores levada en andias, Raíña de Maio, Parexa de Maio, Cruz de Maio, enfeitar

as casas con ramallos, espetalos nas leiras, pedimento de gulódice ou diñeiro, e outras que iremos vendo.

Os partidarios da teoría de Mannhardt teñen esta festa, non por unha celebración da chegada do bon tempo e da renacencia da vida, senón por un rito agrario que asegura o desenrolo das prantas e dos animás, e as boas colleitas, ou sexa, un rito de fecundidade pra pórse a ben cos espritos da vexetación. "Os agrupamentos agrícolas sedentarios —din— cuia vida pende nas colleitas e na ordeada reproducción dos fenómenos naturás, estabreceron, nos istantes críticos da vida vexetal (sementeira, esfarna, recolleita), un ritual animista, ofrecendo homaxe ós espritos que presiden a vida das prantas, representados por figuras humás ou por ponlas de árbores ou ramallos". En Maio, o esprito da vexetación está representado polo árbore de Maio, ou por un home ou por unha nena enfeitados de frores e follas verdes (Mannhardt), porque pódese enxergar coma metido e incorporado no árbore, ou arredado dil e representado nunha persoa viva, nunha boneca, etc. (Frazer). Outras veces represéntano un rei e máis unha raíña, ou outra parexa, ou un rei soio ou unha raíña soia. O esprito fai medrar as prantas, e cando está representado por persoas —que naquil intre non son somentes imaxes, sinón que nelas vai o propio esprito, que é o mesmo que anima o árbore de Maio— lévanas en procesión, ou van recorrendo a aldea, e o seu paso tén un efecto fecundador e benéfico, polo cual compre faguerlle ofrendas, que é o que siñifica o feito de lle daren diñeiro ou gulódice ós reis ou parexas de Maio e máis ós que os levan. Naturalmente, hoxe, en ningures tén a festa dos Maios esa siñificación; ninguén cree nin xiquera pensa nos espritos da vexetación: o que foi un rito, convirteuse nun divertimento, un dos máis ledos e fermosos.

Citaremos, entre os que en Hespaña sosteñen a teoría de Mannhardt, a Enrique Casas Gaspar, que a leva cáxeque ó extremo, e, en Galiza, a Fermín Bouza Brey.

En Galiza existen casi todalas formas da festa dos Maios que se usan en Europa, e aínda algunhas máis. A festa é de cote nos comenzos do mes de maio; semella que o día propio dela foi o dia 1º, mais en moitos lados pasóu despóis ó día 3, por ter sido atraguida pola festa cristiá da Invención da Santa Cruz. Aponse iste feito ó siñificado simbólico do *Arbor Crucis*, que identificóu en certo modo a Cruz co árbore de Maio. Filgueira Valverde indica esto con referencia ó "Dictionnaire d'archéologie chrétienne et liturgique" de Leclercq, e cita a frase que se di da Cruz: "inter omnes arbor una nobilis", ademáis dunha chea de referencias e precedentes que se achan nos nosos Cancioneiros, das cuales non atopamos de concreto máis que a alusión do Rei Don Denis a "os que trovam no tempo da frol", a do Nº 1.055 do "Cancioneiro da Vaticana":

Demos-lhi non unha Maia
das que fazemos no Maio...

e a de Don Alfonso X nas "Cantigas de Santa María":

> Ben veñas, Maio, et con alegría
> por en roguemos á Santa María...

que, como se ve, tén un senso exclusivamente relixioso.

Imos ver logo as nosas usanzas na festa dos Maios.

O Árbore de Maio

O Árbore de Maio, que se trai do monte e chántase no sitio principal da aldea, enfeitado con fitas de coores, frores, bolos, roscas, ovos, chourizos, etc., está moi espallado por Europa: atópase na Alemaña (*Maibaum* ou *Maistenge:* Suabia, Saxonia, Oldenburg, Bavaria, etc.), en Inglaterra (*maypole)*, Irlanda *(maybush)*, Francia (Burdeos, París, etc.). É corrente na maor parte dos pobos de Castela.

En Galiza está comprobado en Entrimo, en Laza e pouco máis, anque os que noutros lados poñen polo Entroido e aínda polo Nadal, poden proceder do de Maio, como acontez con tantas usanzas que co tempo pasan pra outra data. O *Maibaum* alemán póñeno tamén, ás veces, por Pentecostés, ou na vípora do San Xoán.

En Entrimo, é un piñeiro, o máis outo que atopan, póñeno no sitio máis principal das aldeas, onde se vexa máis, e nil vai pendurada unha figura de home feita de palla, que é a que chaman o *Maio,* e queda alí todo o mes. Debe haber eiquí unha contamiñación co boneco do Entroido. Ademáis, os mozos, o 1º de maio, poñen, nas casas das mozas, *o ramo,* que é unha ponla de oliveira, polo regular; mais cando lle queren facer a bulra a algunha, póñenlle cañotos secos de berzas. Mannhardt relacioa istes dous costumes que se dan xuntos nas terras de Entrimo. Do árbore de Laza falaremos despóis.

Incenga fala de cruces ou fitoiros cubertos de frores postos nos quinteiros, nas prazas e nos patios, co nome de *Maios.* Das cruces —de usanza corrente en Andalucía, e outrora en Madrid— non temos atopado, en Galiza, máis eixemplo que esta referencia tan pequena.

O Rei de Maio

Tamén esta é usanza xeral na Europa. Chámase *Walber* en Bavaria, *Xurxo Verde* en Carintia, *Maikoenig* noutras partes de Alemaña, e, noutros lados, é *Conde de Maio, Conde das Frores* ou *Rei de Pascua...* Dí Sartorix que, entre os poetas da Edade Media alemá, Maio interpretábase como un Príncipe ledo e ben acollido, o que herdóu ó Rei de Maio. Iste leva croa de frores e vai coberto de follas verdes, nalgús lados píntanlle a cara de negro, expresando que é un esprito invisible, etc.

Moitas veces non é un só persoaxe, sinón unha parexa: os Reis ou os Noivos de Maio; anque esto é mais corrente en Inglaterra que en Francia e Alemaña. En Inglaterra chámanlle *Robín Hood e a súa amante, Lord e Lady, tía Cornelia e o tío Ambrosio,* etc. Nalgunhas partes de Alemaña, Suiza e Tirol chámanlle *o Vello e a Vella,* o cual lembra as parexas de

bonecos do noso Entroido; efectivamente nalgunhas partes de Alemaña están representados por bonecos cos nomes de *Hamsel und Gretel.*

En Galiza non temos atopado mais Reis de Maio que o que se chama *Maio* e vai representado por un rapaz cuberto de frores e follatos, usanza abondosa en gran parte de Galiza, e que, con seguranza, debéu ser a primitiva. Propiamente, é un Rei de Maio, anque non leve o nome; dil ocupámonos aparte, co nome *Maio,* que é o que lle dan.

O que non se atopa é a parexa de Maio (pois certa festa de nenos de que temos noticia, semella ser cousa moderna). Outrora quixemos ver unha parexa de Reis de Maio no Adán e na Eva que figuran na procesión do día 3, na vila de Laza, mais hoxe non nos estrevemos a soster iste pensar. Delo hemos falar máis adiante.

A Raíña de Maio

Chamada tamén *Rosa de Maio* ou *Maia,* atópase en Niederland, onde hai noticia dela dende o século XIII, en Francia e Alemaña, na Inglaterra, onde ás veces é unha boneca, na illa de Man, etc. Na Bresse, por eixemplo, vai coberta de ramallos, fitas e alfaias, da mau dun rapaz, diante dunha sorte de procesión; en Grenoble chámase *Noiva de Maio;* en Nimes, *Raíña Maia,* a cual é aclamada pola xente e posta nun lugar público, metida nun nicho de frores, namentras as compañeiras piden prá dote. Co nome de *Maia* e cerimonias semellantes ás de Grenoble, haina en casi toda Hespaña, asegún Mannhardt, pode que dende o século VIII, e dura aínda, anque, en tempos, foi prohibida por Carlos III e Carlos IV.

En Galiza non se tén atopado máis siñal dela do que a alusión que fai Cuveiro no seu "Diccionario", identificando as verbas *maia* e *penla;* Filgueira Valverde supón si as penlas de Redondela serán derivación das Maias, chegadas a Galiza por vía portuguesa.

Ramos nas casas e nas leiras

Señala Filgueira iste costume "en moitos lugares de Galiza, especialmente na provincia de Lugo —Meira, Quiroga— e na de Pontevedra, onde tamén enfeitan con xestas e codesos os carros de bois, costume que trascendéu ás festas do Corpus onde aparecéu o boi bento adobiado con ramallos — Redondela".

Coidamos que, namentras o chantaren ramos nos eidos é, con seguranza, un rito agrario de fecundidade, o de pólos nas casas debe ser unha sinxela mostra de galantería, pois, como vimos con referencia á terra de Entrimo, é un obsequio que lle fan os mozos ás mozas.

O chantar ponlas, especialmente de codeso, nos eidos semella usanza céltiga, practicada na Bretaña e na Vendée. Na parte de Pontevedra, vai en compaña dun desconxuro, que dí:

Cobras e sapos
bruxas e ratos
toupas e meigas,
fora das miñas veigas.

Tamén fan aspersiós na terra cunha pola de xesta ou codeso mollado en auga benta. Filgueira Valverde pón esto en relación coa usanza propia tamén diste tempo (29 e 30 de abril) de beizoar os campos con fachucos ardendo, da que deixamos falado ó tratarmos das supervivencias do culto do lume.

O Maio

a) O Maio vivente

O Rei de Maio que aparez en Galiza é o home ou rapaz cuberto de follatos e de frores, que leva por nome *o Maio*. Semella ser propio do norde e do leste da nosa Terra, pois nas outras partes, o Maio é unha sorte de pirámide feita de pau e cuberta de verduras e frores, que se leva en andias, o cual pode ser un sustituto do Maio vivente.

Iste que chamamos Maio vivente atópase ou atopouse —pois nalgús lados desaparecéu— en Sant-Iago, Cruña, Pontesdeume, Viveiro, Ribadéu, Mondoñedo, Lugo, Monforte, Castro de Caldelas, o Carballiño, Ribadavia, etc. É un rapaz cuberto de follas e frores, que sai polas rúas en compaña dunha pandilla de nenos ou mozotes, os cuales, de tempo en tempo, paran e cantan arredor do Maio cántigas axeitadas, que veñen xa de tradición, e piden as *maiolas*, ou *maias* que son castañas secas ou noces, e se cadra, máis modernamente, diñeiro.

En Sant-Iago, os que armaban a pandilla do Maio eran os rapaces de fora de vila. Iba vestido cunha faldamenta e unha esclavina feitas de espadana, fiuncho e lesta, enfiados en cordas e adornadas de frores, e na cabeza un ramo de fiuncho cos rabos pra riba e rematados en tres croas de frores e un frorón de lilios; na mau levaba un bordón frorido. Os do coro levaban paus e coeles marcaban o compás do canto. Paraban nas rúas e nas prazas: o Maio cantaba a estrofa e o coro a repetía. Principiaba il:

Cantarán o maio
Coro: E máis ben cantado!
. . . .

Cont.: Ehí ven o maio
pola porta Faxeira
. . . .

Este é o maio
o Maíño é
este é o Maio,
que mexa de pé
. . . .

Aquí vén o Maio
polo patio de Belvís
anque vén rico de flores
mirade o que lle pedís
. . . .

Ehí ven o Maio
polas Rodas abaixo
ehí ven o Maio
de roubar un refaixo
. . . .

Rodas arriba
Rodas abaixo
velehí ven o Maio
cortando nun refaixo
. . . .

Rodas abaixo
Rodas arriba
velehí ven o Maio
cortando nunha mantilla

Asegún o que "cadre en verso", ou sexa, faga consoante co sitio por onde ven o Maio (Porta Faxeira, Porta do Camiño, etc.) así vén "de roubar unha monteira", "bebendo un vaso de viño", ou o que sexa.

Déanolas maias
señora María
déanolas maias
que están bailando na criba.

Déanolas maias
señor capitán
déanolas maias
que están na ucha do pan

Déanolas maias
señor coronel
déanolas maias
que están na ola do mel

Cantarán o Maio
cantarano ben
cantarán o Maio
pra o ano que vén

Tamén había cántigas de maldizer prós que non desen nada. Os Maios de Sant-Iago desapareceron hai tempo. Igual pasóu na Cruña, onde era moi semellante, mais din que o día 3, os rapaces saen a cantar coplas como as de Pontevedra. Incenga fala dunha comparsa de nenos vestidos de azul e branco, que levaban o Maio nunha carroza.

En Pontedeume houbo Maios de nenas e de nenos, comparsas diles vestidos todos de frores, agás o que os dirixía, e cantando o seguinte:

Entre de Nego e xura
onde vai o Maio?
—Na Crus da Espada
—Qué reiniña está?
—Reina de Granada
—Xura, onde vai o Maio?
—Na crus da Mariña
—Qué reiniña está?
—Reina de Castilla

Sarracín, Sarrazás
que de noite virás,
Sarrazás, Sarracín
que de noite non vin.

Levántate Maio
n'ofendas a Dios
e ergue túas mans
a Noso Señor.

Filgueira atopa nesta letra, recollida por Incenga, un retrinco de romance histórico.

En Viveiro, o Maio é un rapaz vestido de ramallosa, e canta cos compañeiros.

Maio, Maio,
entra de crego
non revoival-o tempo
xurando
Maio, Maio,
na crus da Mariña.

Echelo Maio
a la bolsa
del Rosario
dineros venimos pedir
desde abril,
dineros venimos buscar
desde Nadal.
Echenolo Maio
señores caballeros
si no tienen Maio
échennos dineros.

Ehí ven o Maio
pola calle de arriba,
ehí ven o Maio
de roubar á Maravilla.

Ehí vén o Maio
pola calle do Medio
ehí vén o Maio
de roubar ó Velovelo.

Ehí vén o Maio
pola calle de abaixo
ehí vén o Maio
de roubar ó Tirabaixo.

Ehí vén o Maio
pola calle do sol
ehí vén o Maio
de roubar á Valledor.

Ehí vén o Maio
pola pescaduría
ehí vén o Maio
comendo pan e sardiña, etc.

A sardiña podre
o pan balorento
díanol-o maio
e que entre pra dentro

Anque soy el Maio
también traigo dientes
a mis compañeros
los trato de valientes.

Anque soy el Maio
también traigo flores
y a mis compañeros
los trato de señores, etc.

Angeles somos,
del cielo venimos
hambre traemos,
dinero pedimos.

Boten maiolas da ucha do pan,
boten maiolas, señor capitán.
Boten, boten maioliñas
boten, boten das uchiñas.

Ó rematar, o Maio déitase no chao pra que lle boten as maiolas enriba, e érguese cando lle din o "Levántate Maio" ou:

Erguete Maio
que tanto durmiches,
pasóu o burro
e tú nono viches

En Ribadéu, a cousa vén ser igual.

En Mondoñedo, andan en cada pandilla un ou dous Maios, cubertos de loureiro e salgueiro, asegún Filgueira, de frores e xestas, asegún Díaz Jácome; os cantos son do xeito seguinte:

Ehí ven o Maio
señor coronel
bótelle as maiolas
da ucha do mel.

Tírensenol-as maias
señor caballero
vale máis a honra
que todo o dinero.

Non demore moito
o seu donativo
si non ten maiolas
hai noces ou figos.

O Maio déitase, os compañeiros pillan as maiolas á rapañota, e cántanlle:

Levántate Maio
que tanto dormiche
xa pasóu o burro
e tí nono viche.

En Monforte de Lemos vestíase o Maio con ameneiro, bido e negrillo; no Castro de Caldelas, con musgo e frores; pola parte do Carballiño, con xestas e carrascos.

Nos lados en que funciona ou funcionóu o que chamamos Maio vivente, as cántigas tradicionales son, como dí Filgueira, formularias, con motivos constantes, que son, pouco máis ou menos: "Ehí ven o Maio", "Cantarán o Maio", o Maio vén de roubar algo, moitas veces propiedá da persoa a quen se piden as maiolas, foi feito con cousas roubadas, levouse moito

traballo pra facelo, saúda ó público, pide licencia pra cantar, "Escoiten señores", alusiós á Cruz de Maio, "Deánolas maias", "Levántate Maio", "Perdonen señores. . ." no cual atopamos, dende logo, algo *ritual,* mais un ritual humorístico e de cortesía, e non un ritual agrario.

As que semellan ter un senso agrario, ou polo menos "estacional", son as cántigas dos Maios que nos foron comunicadas do partido de Viana do Bolo. Tamén alí os Maios son dous rapaces cubertos cunha sorte de carapuchos feitos con ramas verdes de árbores e máis con edra, e tan envoltos van que apenas poden ver, de maneira que os teñen que levar da mau. Van pedindo e cantando, e danlles diñeiro e froitas verdes e secas, que logo reparten —dándolle unha parte de máis ós Maios polo seu traballo— e fan unha merenda. As coplas son de dúas castes: unhas referentes ó inverno que pasóu e máis á primaveira e o vrau que veñen, e outras especiales pró dono da casa onde cantan. Das primeiras temos os seguintes eixemplos:

Aiquí ven o Maio
vestido de flores.
Aiquí ven San Xoán
que as trai millores.

Levántate Maio
que tanto dormiches
xa pasóu o inverno
e nono sentiches.

Non estará de máis, así e todo, que lembremos, enantes de seguirmos adiante, que o se facer a festa dos Maios o día 1º do mes, como acontez en case todolos sitios onde reina o Maio vivente, poidera estar en relación co feito de ser ise día cando celebraban os románs a adicación anual do templo da *Bona Dea,* chamada *Maia,* patrona do mes, e en cuia honra tíñanse as festas chamadas *Floralia,* que remataban o día 3, festas da primaveira e das frores.

O Maio figurado

A área diste Maio colle as poboaciós de Allariz, Ourense, Pontevedra, Caldas de Reis, Vilagarcía e outras.

O Maio xa non é un rapaz vestido, sinón un armadillo de pau cuberto de follateira e de frores, levado en andias ou pariolas, que pousan no chao pra cantaren, meténdose debaixo o director ou guía do coro, o cual canta primeiro il soio cada estrofa, e logo repítena os da pandilla.

O Maio tén figura cónica ou piramidal, canto máis ergueito, millor. A vestimenta varía nos difrentes lugares.

Filgueira fai notar que é nesta zona onde se dan nos Maios as coplas de senso satírico e de comentarios ós acontecimentos do ano.

En Ourense, e o mesmo en Allariz, o Maio tén un feitío, polo regular, de pirámide, e máis raramente, de cono. A armadilla é de pau, e por riba soen porlle, polo menos modernamente, tea vella de sacos (arpilleira) pra asegurar nela o musgo tradicional que recobre todo, e riba do musgo póñenlle algunhas frores e espadanas. No cumio, o Maio leva unha cruz, e, ás veces, debaixo vai unha campaíña. Modernamente introducíuse adornar

os Maios con bugallos ou carrabouxos enfiados nun cordel, e tense dado o caso dalgún Maio cuberto exclusivamente de bugallos.

Istes son os Maios que hoxe chaman "tradicionales", mais xa enantes de ter sido instituída a festa oficial dos Maios, con Certame e premios, apareceron os que chaman "de fantasía", que representan torres, eirexas, castelos, muiños de vento, a "torre Infiel" (Eiffel) de París, a da catedral

Fig. 40. - O Maio de Ourense, no seu feitío tradícioal.

de Ourense, a Ponte Maior, as fontes da Burga, do Posío, da praza do Ferro, hórreos, palleiros e medas, casas..., hastra chegóu a haber un representando un carro con bois e o home coa aguillada; hóuboos de movimento, como recentemente un afiador cuia roda funcionaba e cuia perna movíase. Traballos moitos diles moi ben feitos, de verdadeira dificultá e inventiva.

Nas coplas, hai moito tempo que predomiñan as satíricas, de crítica social dos costumes e das modas, principalmente, censurando máis que nada as novedás e o señoritismo da xente artesá, meténdose moito sempre coas rapazas. Enantes, cando a poboación era máis pequena e todos se coñecían, abondaban tamén as alusiós a determiñadas persoas. Había tamén censuras pró Concello e aínda, ás veces, comentarios políticos. Hoxe fan

o gasto as rapazas e o fútbol. Naturalmente, consérvanse, no comenzo e no remate, estrofas tradicionales: o "Escoiten señores, se queren escoitar", o "Veloehí ven o Maio" e mailo "Levántate Maio" e ademáis, moitas veces, unha relación bulreira de como o Maio foi feito. Damos eiquí unha mostra recente, das máis lonxanas a toda literatura:

Fig. 41. - Maio de Ourense, dos chamados "artísticos", representando un cruceiro.

Escoiten señores
si queren escoitar
que unha cousa nova
lle vamos a contar.
En verdá lle digo
que poñan atención
que eiquí ven o maio
da calle de Colón.
Vamos a falar
algo das rapazas
que andan mui chulas
e non sei que lles pasa.
Conozco unha rapaza
que vive no xardín
faise tan presumida
i é tanto coma min.
Salen ó paseo
pra devertirse
gracias ás funerarias
poden lucirse.
Compran abrigos
e zapatos baixos
tamén levan vestidos
e non levan refaixos.
Vamos a falar
da Unión Deportiva

que según dicen
xa non vai arriba.
Colle o descenso
á Terceira División
con estes equipos
podía xogar millor.
Conozco unha leiteira
que sempre ven atrás
e vai buscar o leite
alá a Barbadás.
Veñen as leiteiras
pra vender o leite
tamén os tendeiros
venden o aceite.
Conozco nesta calle
unha frutería
que cando vende moito
tén moita alegría.
Pero cando
vende pouco
e non ten cartos
vólvese louco.
Levántate Maio
e ponte de pé
que si ganamos moito
imos tomar café.
Vólvete levantar
e non seas forrón
pídelle o premio
a esta Comisión.

A usanza tradicional en Ourense era que os Maios saíran á maña moi cedo, andiveran polas rúas deica mediodía, e despóis tiraran coíles pola barronca da Alameda (antiga Horta do Concello, que vai dar ó rio da Barbaña); agora tamén os botan dunha das pontes embaixo. Non embargante, unha copla do ano 1923 que di:

Levántate Maio
e non seas tolo
que te vamos queimar
no Ponte Novo.

semella lembrar un costume máis antigo. Debemos decir, verbo desto, que nun tempo, no norde de Europa, á festa de Maio chamóuselle "expulsión da morte" e consistía en representaciós escénicas que remataban na cerimonia de afogar ou queimar un boneco que representaba o inverno, a tristura, a doenza ou a morte, e, despoixas, viña o encumbramento da primaveira, representada nun mozo cuberto de follas... No noso Maio, perdido o senso primitivo do rito, pudéronse axuntar as dúas representaciós opostas, como suxire o feito de *afogar* o Maio no río, ou *queimalo*.

En Ourense, os Maios saen o día 3; en Pontevedra é o dia 1º. O Maio tradicioal de Pontevedra é case sempre de forma cónica, armado nuns *varales* fortes de bidueiro ou salgueiro, nos que dispuñan, de maor a menor, arcos de pipa e cordas; iba cuberto de fiuncho ou fiollo, adornado por riba con ristras de laranxas e de ovos, símbolos universales de fecundidade, e remataba, no cume, nunha croa de doce ou dazaséis arcos, enfeitada tamén con ovos e, ás veces, nunha madamita. Ó principio, o Maio iba levado en pariolas, despóis puxéronlle rodas.

Pra cantar, pousábano, o que guiaba metíase debaixo e cantaba a copla, e os demáis repetíana arredor, levando o compás con dous paus que baten un co outro, como nas danzas de *palitos*. O día 3 volven saír, somentes que ise día non levan croa sinón frores. O que lles dan é diñeiro, noces ou castañas.

Plancha III. - Manta de lá e liño.

Plancha IV. - Enriba: estilizaciós de figuras animás e humás no tecido das mantas (as derradeiras corresponden á da fig. 100). Embaixo: marcas de propiedade e datas nas mantas.

As cántigas encomenzan dicindo: "Principiamos a cantar"; logo piden licencia:

A cantalo Maio
señores acá vimos
e para cantalo
licencia pedimos.

Esperamos o premiso
que ustedes nos deben dar
e si queren que cantemos
xa lle vamos a empezar.

Angeles somos
del cielo bajamos,
si nos dan licencia
el Maio cantamos.

Angeles somos
del cielo bajamos
si nos dan licencia
a la reina cantamos.

O pedir licencia era cousa dos xograres medievales; a expresión "Angeles somos" repítese moito nas canciós dos Maios (Pontevedra, Viveiro e outras sin indicación de procedencia, recollidas por Milá i Fontanals) e

Fig. 42. - O Maio en Pontevedra, asegún dibuxo de Calros Sobrino. Vese o ornamento con ovos.

poidera sel-a lembranza dalgunha representación litúrxica na que os nenos fixeran de anxes, como van hoxe tantas veces nas procesiós e figuran nas funciós dos colexios. Non se pode desbotar a influencia que tiveron nos costumes, dende a Edade Media, as representaciós escolares, e cuasementes, nesto dos Maios, en moitos lugares da nosa Terra, andaban á retesía as escolas; en Pontevedra cita Filgueira: "Daquela —anos 1848 - 1853— os Maios eran a expresión das loitas entre os bandos das escolas de D. Francisco Estévez e D. Eduardo Damen. Cada un dos bandos estaba dirixido por un xefe: o Ruan e o Caballito; o primeiro da Virxe do Camiño, o segundo da Plaza da Leña".

En Caldas de Reis os Maios son como os de Pontevedra e saen o día da Santa Cruz.

En Vilagarcía non teñen rodas, sinón que os levan en angarelas, como

en Ourense. Están feitos con arcos de fiuncho e ristras de laranxas e cascas de ovos enfiadas; o día de Santa Cruz póñenlle unha cruz de frores. Das coplas cítanse as seguintes:

O Maíño Maio
é moi perillán
que quer que lle metan
as nenas na man.

Ahí ven o Maio
do pico de Lobeira,
vén a patadas
ca filla da Oleira

Ahí ven o Maio
pola punta de Rianxo,
vén a patadas
co fillo do Macanxo.

Os Concursos de Maios

Os Maios tiveron de cote a simpatía da xente maor, e espertaron o interés dos historiadores e dos poetas. Teñen unha longa bibliografía e, tocantes á súa orixe, expuxéronse ideas moi peregrinas, sendo curiosa a disputa entre Alvarez de la Braña, que o derivaba de "un montículo celta" e García de la Riega, que decía que era "o pedestal dunha estatua pagá". Pra conservar unha usanza que semellaba irse perdendo, orgaizáronse concursos de Maios con premios. En Pontevedra, o primeiro que os promovéu foi Rufino Rivera, director de "O Galiciano", e despóis, en 1904, Portela Pérez.

En Ourense, lembramos os orgaizados por Hixinio Ameixeiras, e logo por outras persoas e entidades, sendo de notar que tiveron de cote unha gran patrocinadora na Marquesa de la Atalaya Bermeja. Hoxe é o Concello o que dá os premios e dispón a festa.

Barcos de Maio

Filgueira describe, con referencia a Pontevedra e máis a Caldas de Reis, os *Barcos,* sin darlle demasiada importancia. Di que se poden derivar "da *nao* que percorría as rúas de Pontevedra na festa do Corpus Christi, chea de recendos mariñeiros, deica mediados do pasado século, aparellada polos mareantes, como símbolo da Eirexa e cicáis tamén como lembranza da fazaña de Chariño na toma de Sevilla". Mais si os pómos en relación co tempo do ano, non deixaría de ter parentesco co *Carrus navalis* do Entroido antigo.

> Os *Barcos* —dí Filgueira— ármanse con cartón e papel sobre varales de madeira. Hainos grandes, de andar sobre rodas, e pequenos de levar na man. Adobíanos de moitas bandeiriñas e frores... Os Barcos teñen a súa música especial, retrinco cicáis de calquer vello aire popularizado. Na letra alúdese á eles:
>
> Eiquí ven o noso Maio
> esta fragata valente
> con bandeiras e cañones
> que son o pasmo da xente.

As Cruces

As Cruces semellan propias de Pontevedra, e deben ser importación, si ben non moderna. Saen o día de Santa Cruz, e agora tamén o día 1º, e

lévanas case sempre as nenas. Feitas de maravillas, levan enroladas restras de frores pequenas. As cántigas son relixiosas:

Principiamos a cantar
o dia de Santa Cruz
principiamos a cantar
Dulce Nombre de Jesús.

La señora de esta casa
tiene la cama de oro
y a la cabecera tiene
el divino San Antonio.

Santa Cruz de Mayo,
¿qué haces ahí?

Esperando por Cristo
que venga por mí.
Angueles somos
del cielo venimos
....

La despedida le damos
con alegría muy noble
que para el año que viene
ya le cantaremos doble.

De todolos xeitos, estas *Cruces de Maio* non semella que teñan moito que ver coas doutras partes de Hespaña.

A Festa de Laza

Na antiga vila de Laza, no partido de Verín, celébrase o día 3 de Maio unha das festas mais interesantes da nosa Terra, na que se axuntan unha chea de elementos heteróclitos: o Maio, unha procesión da Virxe e do

Fig. 43. - Da festa do 3 de maio en Laza. No medio, Adán coa aixada ó lombo, e Eva fiando na roca; á dereita, dous danzantes.

Santo Cristo, con figuras que semellan sacadas dalgún "misterio" sacro medieval, a representación do Sacrificio de Isaac, unha danza, e un combate de mouros e cristiáns. Pódese supór que istes elementos terían lugar noutro tempo, arredados os uns dos outros, en diversas ocasiós do ano. O ciclo completo, atal como resultóu após de se xuntaren, é coma sigue:

O día 30 de abril, á noite, os mozos encomenzan a berrar pola xente, espertando a todos e alporizando á vila. De que se xuntan todos, van precurar o Maio á devesa dun veciño calquera, e alí arrincan o árbore máis outo e máis dereito que atopan, pra chantalo nun dos catro sitios da vila en calidá de Maio. Son catro os que poñen: un na praza que chaman a Picota, outro no Rigueiro, outro na Rúa e outro na Cerdeiriña. Van adornados con bandeiras e teñen que aparecer xa postos o 1º de maio, á mañá, e quedan nos seus sitios deica pasado o día 3. Ó pé do Maio da Picota, poñen un taboado pra representaren o Sacrificio de Isaac.

Días antes, os mordomos escollen un *Adán* e unha *Eva.* O Adán tén que ser un home xa feito, animado e chistoso; a Eva, unha mociña solteira, de boa sona e a máis bonita que atopen, mais ninguén ha saber quen vai ser, como non sexan os mordomos, a familia e as que a han vestir.

O día 3, sobre das dez da mañá, botan unhas cantas bombas, e a banda rube tocando deica a eirexa, buscar a Adán, o cual sai vestido cunha sorte de camisa branca deica debaixo dos xoellos, con mangas de puños cinguidos, e que leva prendidas follas de figueira, na cabeza un pucho branco, cónico, doblado pra diante e cunha borla que lle cai na frente e cunha aixada ó lombo (pra indicar o traballo que lle foi imposto polo pecado, como as follas representan o primeiro vestido dos nosos primeiros pais). Coíl veñen os danzantes, Abraham, Isaac e mailo Anxo.

Baixan de novo cara a Picota, nunha de cuias casas hase vestir Eva. Adán para diante da porta, agardando. O portal da casa áchase estrado cunha alfombra na que botan frores e espadanas. Eva vén vestida cunha túnica branca de raso de seda, longa deica os pés, co baixo coberto de encaixes, sin escote e con mangas, con sabelo longo do mesmo xénero e un manto que a cobre toda por atrás; leva o cabelo solto, moi rizo, artificialmente, perfumado e cinguido dunha diadema de tres fíos de pérolas de vidro dourado entretecido de frores de azahar. Leva cantas alfaias pode recadar: colares, gargantillas, pulseiras e aneles, unhas dela, outras emprestadas. Leva unha roca (atributo tradicional da muller, polo menos, dende a Edade Media) cunha estriga de liño, que vai fiando, bailando o fuso coa mau dereita, e, no brazo esquerdo, un queipiño con laranxas (se cadra, por non haber mazás no tempo, posto que as laranxas van representando o froito do Paraíso).

De que Eva sai pola porta, Adan emprincipia a facerlle carantoñas e chistes e parvadas, todo mímico, sin falar, pra facela rir, pois Eva non pode rir en todo o tempo; cando se cansa de velo colle unha laranxa e métella no bico... A comitiva volve coa música prá eirexa, onde se incorporan á procesión.

A orde da procesión é a seguinte: dous estandartes —o *Ramo,* que é de loureiro e leva prendidas laranxas, a rosca dos danzantes e un galo— a Cruz parroquial entre dous faroles de lata —a Virxe do Rosario levada por mozos— o Santo Cristo na cruz, que leva cruzado un pano bermello,

como se soe ver no Descendimento —os danzantes en dúas fías— Adán e Eva —os cregos— Abraham levando da mau á Isaac e o Anxo — a banda e a xente.

Ó recaír a procesión na Picota, para, e ruben ó taboado os que van representar o Sacrificio de Isaac. Abraham é un home vello, cun pano negro atado á cabeza e unha colcha bermella figurando un manto; na mau, unha espada. Isaac é un neno de cinco ou seis anos, vestido cunha túnica branca e un pano na cabeza como o de Abraham. O Anxo leva unha túnica igual e pano branco na cabeza. Os persoaxes non falan, non fan máis do que a mímica; quen fala é un "pedricador", un veciño calquera, sin vestimenta especial, que vai referindo a historia, asegún calquer libro devoto, ben deprendido, mais con emoción e con entonación forte e boa. Conforme fala, os outros van representando mímicamente a escea: rube Isaac, cun feixe de leña ás costas, Abraham átalle as maus cun pano, véndalle

Fig. 44. - Danzantes de Laza. Á ezquerda aparecen ca súa vestimenta antiga, trocada logo pola que se olla á dereita, de aparencia esportiva. Amostran eiquí a rosca simbólica que receben como premio.

os ollos, ergue a espada... mais entón, o Anxo fala e di as coñecidas palabras: "Detente, Abraham, no mates á tu hijo Isaac, que Dios se da por satisfecho con tu fe y obediencia"... Axiónllase Abraham, sigue o pedricador, e trán un carneiro, Abraham dalle coa espada nos cornos, e remata o misterio. Os persoaxes volven ó seu sitio na procesión.

De volta a procesión ó adro da eirexa, os danzantes van executando diante do Santo Cristo unha vistosa danza, de sinxelos pasos saltados, namentras a procesión dá a volta arredor da eirexa.

Os danzantes son seis, levan pantalón longo, branco, camisa branca, coa faldra solta pra fora, cinguida con faixa azul, na que levan o pano,

por mor do sudor, corbata de moda e un pucho ovoide de papel rosa con catro fitas azúes que van do baixo ó alto, onde rematan nunha borla. Os dous primeiros levan espadas na mau dereita e castañolas na esquerda, os outros somentes castañolas. Derradeiramente, a vestimenta dos danzantes foi trocada por outra de apariencia esportiva, con blusa, calzón curto atado no xionllo, media e boina, mais todo é branco coma dinantes.

Cando a procesión se vai recollendo, enantes de que o Cristo entre na eirexa, púxanse as andias pra entralo, e de que os que gañaron a puxa as collen, os dous danzantes da primeira parexa, que levan espadas, fan o combate do mouro e do cristián, co diálogo seguinte:

Cristián:
—Ánimo, soldados míos,
que nadie pierda el aliento
que vamos a defender
el Divino Sacramento.

Mouro:
—Al rigor de esta mi espada
tengo que ganar la batalla
o la muerte será mía
o la victoria ganada.

Cristián:
—Si tienes la confianza
en Mahoma que es tu dueño
pronto verás tu rigor
abatido por el suelo.

Mouro:
—Si tienes la confianza
en el que está en el Altar,
prepárate, cristiano,
que vamos a pelear.

Baten as espadas como si pelexaran, o mouro agáchase vencido, e o cristián ponlle a punta da espada na aranguelo, e dille:

Cristián:
Levanta, moro, levanta
y registra la batalla,
con la ayuda de María
la victoria está ganada.

Mouro:
—Yo me levanto, Señor,
puesto que lo habeis mandado,
que viva la cristiandad
y Jesús Sacramentado.

Non sabemos si hai nesta escea algunha referencia a algún episodio histórico ou lexendario propio ou alleo.

Os persoaxes todos que diximos entran na eirexa pra ouviren a misa en lugar preferente, e a Eva é na festa da tarde a moza máis obsequiada, todos queren bailar coela e faguerlle cortesías, habendo a creencia de que casa dentro do ano.

A asimilación do Adán e da Eva de Laza a unha parexa de Reis de Maio semellounos outrora millor fundamentada do que hoxe nos parez. Nin tan xiquera a semellanza da vestimenta coa de persoaxes desta clás abonda niste caso: o simbolismo dos atributos que levan é concordante co senso da tradición bíblica. Un dos ciclos fundamentales das representaciós populares da carácter relixioso na Edade Media foi precisamente a historia de Adán e Eva, chamada na Alemaña, onde aínda perduran vestixios, *Paradeisspiel*, representado na literatura polo *Protoplastos* de Hieronymus Ziegler e pola *Tragedia* de Hans Sachs. En Francia hai xa unha peza literaria do século XII, en francés e latín, a "Representation d'Adam". En Hespaña hóuboas tamén, mais parez que as primeiras amostras literarias

das conservadas son dúas do século XVI: "Auto del pecado de Adán" e "Farsa sacramental de la residencia del hombre". Lope de Vega tratouna despóis en "La creación del mundo". A dependencia da festa de Laza de calquera destas obras, ou doutras, semella imposible de determiñar. O que poda haber de contamiñación ou derivación cunha cerimonia de carácter agrario, tampouco.

Un motivo que podería haber pra sospeitar esto derradeiro é o feito de ir Adán acompañado dos danzantes, como os Reis de Maio en Inglaterra e en Bavaria; outras semellanzas con certas tradiciós do Delfinado e doutras partes son tan collidas polos pelos, que resulta arriscado tomalas en conta. A creencia de que a Eva de Laza casa no ano tén o seu reverso na de Ostergoetland, onde din que a Noiva de Pentecostés endexamáis ha casar; mais esto tampouco di nada en contra da hipótesis que discutimos.

A representación do Sacrificio de Isaac tén paralelos dentro da mesma Galiza, por eixemplo, polo xeito de o representaren, póndo en acción mímica un sermón, nas mesmas ceremonias do Encontro e o Desenclavo da Semán Santa de Ourense, Allariz, Viveiro, etc.

Moitas veces, o episodio de Isaac formóu parte do *Paradeisspiel* alemán e dos correspondentes doutras partes, e o ser Isaac imaxe simbólica de Cristo xustifica o que sexa no día da Santa Cruz. De Adán e Eva debemos lembrar que aparecen moitas veces representados nos nosos cruceiros.

O CORPUS CHRISTI

As noticias seguras tocantes á celebración do Corpus Christi en Galiza non van alén do século XVI. Aparez daquela como unha festa das que modernamente se chamaron "cívico-relixiosas", na que se interesaban moito os Concellos e na que participaban o Clero, os Gremios e Cofradías e maila Nobleza. Semella que arredor do Corpus acuguláronse toda sorte de solemnidades e divertimentos populares, cortesáns e litúrxicos, enxebres ou importados, que logo volvéronse espallar, pasando os máis diles ás festas dos Santos Patronos das cidades, vilas e aldeas.

Dende o século XVI hastra ben entrado o século XVIII, e aínda máis adiante, as festas do Corpus soían consistir no seguinte:

Á mañá, a *Procesión,* na que figuraban todalas Irmandades piadosas e todolos Gremios, levando as imaxes dos seus santos patronos e cada unha coa súa comparsa de danzantes e figurantes, e dediante ou no medio (sin que podamos decir ben cando encomenzaron, posto que hai quen dí que viñeron de Flandes á Hespaña, e outros ó contrario) os Xigantós, chamados en Galiza *Cocas, Almazonas* ou *Pantasmas.* Cada gremio ou cofradía levaba, naturalmente, seu gaiteiro.

A concurrencia á procesión con todas esas cousas era obrigada pra aquelas corporaciós, e a falla castigábase con multa. En 1565, o Concello de Sant-Iago de Compostela dispuxo que fosen os plateiros cunha danza

de xitanas, os acibecheiros levando o seu Sant-Iago cos dous discípulos e máis unha danza de *muchachos;* os xastres con danza de espadas; os correeiros co San Estebo cos seus discípulos e os seus cabalos; os zapateiros cunha danza pastoril e a *Coca;* os padreiros e carpinteiros con danza de arcos; os armeiros cunha danza de salvaxes (o disfraz de "salvaxes" usábase moito en toda Europa xa no século XIV, polo menos, en toda sorte de festas e divertimentos, e os "homes salvaxes" aparecen adoito na ornamentación arquitectónica dende o gótico); os ferreiros con San Xiao, seus paxes e capitás; os tecelás con danza de romeiros e romeiras; os carniceiros cunha fulia portuguesa; os forneiros coas súas *pelas* (con seguranza, como as de Redondela); e "os demáis oficios que soen levar figuras, que as leven".

Pró paso da procesión, enfeitaban as rúas. O costume actual de botar no camiño da procesión fiuncho, espadanas e follas e frores, era empregado xa entón, e antes, con seguranza. En Sant-Iago, en 1565, os pasteleiros eran os encargados de *enramaren* a fonte da praza do Campo e mandóuselles armar alí un castelo de papel con catro ducias de foguetes que estoupasen ó pasar o Santísimo.

Á mañá, despóis de recollida a procesión, ou ben a certa hora da tarde, en Sant-Iago, en Ourense e noutros lados, ben na Catedral ben na praza, representábanse autos sacramentales, comedias, entremeses e loas, pró cual traguían de afora compañías de comediantes (Francisco de Conte, Antonio de Mondragón, o italián Estefariel Bitargi, Juan Hurtado) os cuales traballaban tamén o día da Octava de Corpus. Noutros lados, como en Pontesdeume, en lugar de comediantes de oficio representaban veciños escollidos polo mordomo, os cuales tiñan pena de multa si non querían traballar. No Padrón, en 1566, representouse a "ystoria de la viña que pidió Acab a Nabod", en 1567, a de "Xudas Macabeu", en 1569, a "destrucción de Xerusalén".

Os persoaxes distes autos iban, obligatoriamente, na procesión, xa vestidos pra representar. Tamén iban outros individos vestidos de santos e de persoaxes da historia sagrada. En Betanzos iba un representando a San Sebastián e uns "flecheros" que o iban asaeteando, os doce Apóstoles, ánxeles, xustadores que se daban de paus, un camello, uns homes a cabalo xogando ós dados (os soldados xogando a túnica de Cristo?) e un *Gamachino (demachiño?).* Os nenos que hoxe van nas procesiós vestidos de ánxeles, de San Xoán, de María Madanela, de Verónica, etc. non maxinan que van perpetuando un fermoso costume antigo.

Na tarde de Corpus facíanse "comedias profanas" nas prazas, funciós de funámbulos e títeres, e principalmente corridas de touros, xogos de *cañas, xustas* e *sortija,* nos que os fidalgos e señores lucíanse e divertíanse, divirtindo ó mesmo tempo á xente do pobo, habendo así ledicia pra todos.

Con seguranza que o pouco que hai de tradición taurina en Galiza (en Noia, en Ribadavia, en Allariz) vén daquelas festas do Corpus, Tamén

gracias a elas debéronse conservar certos exercicios de Cabaleiría, como o *Estafermo* de Mondoñedo. O *toreo* que se usaba en Galiza nos séculos XVI e XVII era a cabalo, motivo de lucimento prá mocedade fidalga, segura importadora do costume. Mais debéu haber tamén touradas viláns e imitanzas e arremedos, como o boi de Allariz, e cecáis tamén touros artificiás, dos que pode ser lembranza a *Morena* do Entroido de Laza.

Case todas estas cousas foron desaparecendo, algunhas xa no século XVIII, en que a "Ilustración" trouxo un desprecio pedante por todo o que fose popular ou pintoresco, do que aquiles señores decían que eran cousas groseiras, cando non indecentes; os do século XIX chamábanlles *fachas* e *carnavaladas*.

Non hai moito tempo que a procesión do Corpus ficóu reducida ó puramente litúrxico, deixando de iren nela as imaxes dos santos; mais en obedencia a modas novas, volveron, en compaña das nenas e nenos de Primeira Comunión, outros nenos vestidos, como dixemos, de anxes e de santos.

Diremos agora algo do que se fai nas cidades e vilas máis importantes.

Sant-Iago

Cáxeque non hai que referir, no que interesa ó noso asunto, si non son as *Cocas* ou xigantes (armados en madeira, con cabeza de cartón pintado e vestidos de coores ledos, que son levados por homes que os fan bailar).

Son oito, representando, por parexas, as razas humás, e din que siñifican os pelengriños de todo o mundo que viñan veneral-o Sepulcro do Apóstol. Dous diles, os de raza branca, son chamados determiñadamente o *Coco* e maila *Coca;* van sempre vestidos asegún a moda derradeira, con intención satírica.

As parexas bailan dentro de Catredal, enantes de saír a procesión, e van logo dediante dela.

Ourense

En tempos antigos, o Corpus de Ourense tiña case as mesmas cousas que o de Sant-Iago (autos sacramentales, touradas, etc.). Nos primeiros anos diste século, iban dediante da procesión duas *almazonas* vestidas de encarnado con vivos marelos, e dous *cabezudos* cos traxes galegos antigos, bailando con gaita; e aínda figuraban unha chea de santos dos gremios e cofradías, cada un levando dediante o estandarte e unha gaita que tocaba unha marcha procesional característica.

Estrábanse as rúas con fiuncho, espadanas e frores, e dende os balcós, botaban riba dos santos, da custodia e do palio, follas de rosa.

Hoxe xa non van santos, e a procesión perdéu todo caracter popular. Hoxe o Corpus é a festa oficial de Ourense, que hastra comenzos do século fora o San Roque, e o que conserva tono popular é a devoción do Santo Cristo, que tén ise día un dos seus señalados, vindo visitalo xente da Arzúa,

de Portugal, de Castela, etc. que anda de xionllos arredor do camarín e lávase na Burga.

Pontevedra

A Cofradía de Mareantes da Moureira fai oito días de festa polo Corpus. O Irmáu Maor, o *Teucro*, leva nesta ocasión o seu cetro de prata, rematado nunha estatuíña e dan garda ó Santísimo òs Mareantes con remos ó lombo. As rúas éstranse con fiuncho e ramallosa e os balcós e fiestras pendúranse con colchas de todas castes, canto máis ricas, millor. É costume que os recén casados penduren as súas colchas ó paso da procesión de Corpus enantes de as estrear.

Redondela

Pódese decir que o Corpus máis interesante de Galiza é, hoxe en día, o de Redondela.

Fig. 45. - Danza de espadas e "Penla" en Redondela.

Na procesión de Redondela van aínda os santos todos que tradicionalmente se levaron, con gaitas e músicas, *xigantes* e *cabezudos*, e principalmente no que a nós interesa, a *danza de espadas*, cantada e bailada, as *Penlas* e a *Coca*.

As *Penlas* é unha das cousas máis belidas e vistosas das que nos ofrecen as festas galegas. Hainas noutros lados, e antigamente tuveron que ser máis abondosas. Son dúas ou máis nenas, de nove a dez anos, vestidas de seda azul ou rosa, co cabelo, as máis das veces, rizado artificialmente (escóllense sempre as nenas máis bonitas que se pode) e cheas de xoias, arra-

cadas, colares, cadeas de ouro, coral, pérolas... Cada unha vai de pé nos hombreiros dunha moza, polo regular, vestida co traxe do país, que, pra que a nena non caia, tena que levar collida polas pernas. As que levan ás penlas nos hombreiros chámanse *Burras*... A burra é a que vai bailando, e a vista que fan é brilante e fermosa.

A *Coca* é un dragón feito de madeira cuberto de tea apergamiñada e pintada, do feitío dun caimán, de coor anubado gris e verde, como unha salamántiga; tén unha boca moi grande, que se abre e se cerra por medio dun cordel forte. Os dentes son de pasta branca e os ollos de vidro encarnado. Está montado sobre rodas e lévano uns rapaces que van dentro, e cando lles parez, sacan un brazo e pillan o que lles leva o xenio nos postos dos vendedores da rúa: pezas de pan, presas de cereixas, froitas, roscas e



Fig. 46. - Estrados de frores frescas nas rúas de Ponteareas prá procesión do Corpus.

dulces, etc. Parez que a xente déixase roubar con cara de risa, e que os que levan a Coca din que aquelo é porque a teñen que manter todo o ano.

O significado que lle soen dar á Coca, é que representa o "dragón infernal" o demo, o "enemigo", que, vencido pola doutriña de Cristo, vai fuxindo dediante de El. Sendo así, tería o mesmo significado que os monstros que están debaixo das columnas do Pórtico da Gloria, de Sant-Iago, e que din representar as herexías e as relixiós falsas. Os eruditos téñena posto en comparanza coa *Tarasca* de Tarascón (que semella ser o dragón infernal encadeado por Santa Marta) e con representaciós catalás polo xeito; teñen feito derivar "Tarasca" do grego *theracca*, "amedrentar" porque pón medo ós rapaces, e teñen dito outras máis cousas que non tiran a un de dúbidas.

O certo é que a Coca tén unha importancia tal prá xente, que ó Corpus de Redondela chámanlle a *festa da Coca*, que todos a van a ver e andan rabo dela e que a todos pón contentos. Coñecido e moi repetido é o que se conta dunha muller que andivo toda a mañá atrás da Coca, e ó cabo non encontróu misa, e logo botouse a chorar, berrando con grandes laios; e cando lle perguntaron: "Por qué chora, tía muller?", respondéu: "Ai! que por mor da santa Coca perdín o demo da misa!"

Ponteareas

O dino de nota na procesión do Corpus en Ponteareas é o labor artístico de alfombrar as ruas con frores, combinándoas pra armaren grecas, dibuxos e aínda alegorías, do mesmo xeito que o fan nas Canarias, enfeitado dun efecto precioso, que chama moito a atención dos forasteiros. Debe ser usanza traguida de afora, maila xente pón nela o máis grande empeño.

Cecáis a imitanza do de Ponteareas, adubían as rúas nalgunha outra parte dun xeito semellante, mais non con frores, sinón con serruxe tinguido de coores, da mesma maneira que o fan na India con terras de tonos diferentes, tamén pró paso das procesiós.

Xinzo de Limia

A procesión de Xinzo tén moito que ver por outra causa: van nela unha chea de rapazas vestidas, figurando as Virtudes, anxes e outras representaciós, en moito número. As vestimentas que hoxe levan semellan inteiramente modernas, e incluso un pouco de "guardarropía". Da orixe precisa da usanza, non pudemos recadar noticias, mais coidamos que a inspiración, antiga ou moderna, é erudita.

Allariz

O máis saínte e dino de nota da festa de Allariz é o *Boi do Corpus*. O víspora e mailo día de Corpus, corren por todalas rúas da vila un boi bravo, atado polos cornos cun sedeño moi longo, que levan agarrado varios homes, os cuales déixano correr ou turran dil, asegún conveña. Córreo o pobo inteiro, homes, mulleres e nenos. É unha das cousas máis alegres que se poden ver. Semella un pobo de tolos; as mulleres andan esguedelladas, sofocadas, levan todas unha vara branca, sin tona, pra picaren no boi, corren, berran, rin, e acaban sin voz. Botan, sobre todo as mulleres, un berro especial: "Aaaaaaah!... u!... u!... u!..." Desafíanse unhas ás outras: "Señora Fulana, fágalle unha suerte!

Levan o boi por todalas rúas, párano dediante das casas das persoas de consideración, mais é de obriga pasalo polos arcos do chamado balcón do convento de Santa Clara onde, antigamente, as monxas daban ós que levaban a corda, asegún uns, un peso, asegún outro, unha onza de ouro. Tamén tén que parar de precisión en certos sitios onde xa hai nas paredes unhas argolas de ferro pra pasar a corda: alí é onde "lle limpan o cú coa rolla", que é outra das ceremonias que non poden faltar.

Cando semella que o boi vai canso, dánlle sopas de viño. Cando hai algunha señora entusiasta que non sai ise día e se asoma o balcón, súbenlle a corda do boi, e ela tén orgulo de amostrarlla á xente collida na mau.

Aponse a invención desta festa a un cabaleiro chamado Xan da Arzúa, que o fixo polo motivo seguinte. En Allariz había unha xudería importante, que ocupaba os barrios actuales do Couto e Subcastelo; os xudéus saían a ver a procesión do Corpus, e puñan os cornos coa mau cando pasaba o Santísimo, polo cual se instituíu o costume de que fosen dediante da procesión dous homes con sacos cheos de formigas lobas pra lle botaren ós xudéus. Mais como os xudéus seguían coa súa, un ano, Xan da Arzúa enrabechouse, montóu a cabalo dun touro bravo, e marchóu dediante da procesión, botándolle o touro ós xudéus e faguéndoos fuxir. Logo, pra que non se estiñara o costume cando il morrera, fixo unha fundación, deixando unha renda pra que tiveran todolos anos o Boi de Corpus. Os papés da fundación di a xente que estaban no Arquivo do Concello, mais arderon nun incendio.

Deiquí veu o costume de fagueren uns monifates de palla, que chaman *Xas da Arzúa*. Din que hai tempo levaban un a cabalo do boi, cando saía; outras veces, sacábano o víspora nun burro, anunciando a festa, e aínda algún ano vímolo no balcón da Auntamento, na Praza de Arriba. Despóis fan outros que poñen nunha corda atravesada na rúa, e súbenos e báixanos pra que os iscorne o boi. Son bastantes as casas que teñen o seu *Xan da Arzúa*.

Na procesión do Corpus iba outrora, dediante do Santísimo, unha comparsa de rapaciños moi ben vestidos de "paxes", executando unha danza sinxelísima cunha música especial, polo xeito.

Ferrol

Non é a única vila que esto fai; semella que tamén Pontevedra e outras o fixeron, ou o fan: levar o Santísimo, na procesión, nunha barca con rodas. No Ferrol, a barca para dediante de Capitanía pra recibir alí o homaxe das primeiras autoridades.

Pepin (Castrelo do Val, Verín)

Pódenos servir iste de eixemplo dun Corpus de aldea.

Un conxunto de gaita, clarinete, tamboril, bombo e cornetín, toca todo o día. Sai a procesión, co Santísimo baixo palio, da eirexa parroquial, e vai polo camiño de San Vicente, onde teñen unha cruz cun asento e onde chantan unhas estacas e forman un altar, cuberto todo arredor coas mellores colchas e no chao outras facendo de alfombras. O altar adórnase cunha chea de estampas e outras cousas, e a aquela cruz chámanlle a *Cruz del Señor*.

No camiño da eirexa á Cruz, botaban unhas cordas nas que extendían colchas. O Concello da parroquia encarrégase de preparar ben o camiño e os nenos e mozos van buscar ó monte frores *arzás*, ás que dan mais mérito do que ás outras e cubren coelas o camiño todo.

Ó chegar á Cruz, obsequian ó Señor con incenso, e despóis destas cerimonias volven á eirexa.

A FESTA DO SAN XOÁN

A noite do 23 ó 24 do mes de San Xoán, ou sexa a noite do víspora, e mailo día do santo, que é o 24, coincidindo co solsticio de vrau, cando o sol, chegado ó mais outo do ceo, vai encomenzar a baixar, cando se dá, nas nosas latitudes, o día máis longo do ano, dende o cual os días encomenzan a debecer, é a data, dun cabo ó outro da área xeográfica do ciclo cultural européu ou occidental, o instante cecáis mais sinalado pra revíviren todalas creencias e costumes dos nosos antergos máis remotos, conservadas na lembranza máis ou menos neboenta e nos degoros inconscentes da xente das camadas populares.

"Carballos bentos, —dí Salomon Reinach— herbas collidas no día de San Xoán, exvotos pendurados nas ponlas, curaciós conseguidas pasando a traverso do burato dunha peneda ou pola fendedela dun árbore, isto todo prolonga deica nós as ilusiós... do tempo que pasóu... Cando os paisanos choutan ou fan choutar as súas bestas a traverso das flamas das fogueiras do San Xoán, practican un vello rito céltigo..." O autor dí esto todo, falando precisamente dos celtas e das súas creencias e cerimonias. E calquera galego que o lea, non ha poder menos de se lembrar de cousas vistas facer ben veces na nosa Terra.

A noite de San Xoán é, en Galiza, a noite dos milagres e dos encantos; a festa de San Xoán tén unha importancia que se amostra no feito mesmo de que é a que lle dá nome ó mes en que cai: "o mes de San Xoán". Dende logo, o máis importante ritualmente é a *noite*. Iremos describindo os ritos e as usanzas unha por unha.

Ritos do San Xoán. As "cancelas"

Encomenzamos polo que semella sinxelo divertimento.

Na noite de San Xoán, nas máis das aldeas de Galiza, os mozos "andan ás cancelas". Consiste en iren uns cantos xuntos, ou todos, polas casas dos veciños, entraren nos curros, nos pendellos e nas cortes, colleren os carros, os xugos, os arados, grades, escadas, e trebellos de toda caste, sin que os donos se enteren, e levalos. O que fan coíles varía asegún os lugares ou asegún a idea que se lles veña á cabeza: o máis común é pólos todos xuntos nun sitio onde toda a xente os vexa á mañá, sexa no adro da eirexa, sexa na praza ou no campo da festa, sexa nun camiño por onde pase moita xente; ás veces, póñenos atrancando o camiño principal, pra que ninguén poda pasar, ou mesmo atrancan os camiños con árbores caídos, trabes, leña ou calquer impedimento. Ou meten os carros e os trebellos nun río; ou levan os dunha casa pra outra e ó contrario. O caso é facer rír á xente e que os donos leven ben traballo pra recoller as cousas e volvelas traguer

pró seu sitio. Dende logo, que ninguén se pode encabuxar por esta broma, sinon levala a ben e celebrala moito.

O primeiro de que botan mau os mozos é das cancelas dos currás e dos eidos, polo cual leva esta usanza o nome de *as cancelas.* Non sería difícile interpretala como rito social primitivo, mais seméllanos fantasía temeraria. Non en todos lados o das cancelas é cousa do día de San Xoán; hainos onde é na víspora do San Pedro, ou polo Entroido.

Esto presenta o problema de cal foi a data primitiva do costume, trasladada despóis a outra por calquera causa; cecáis a máis constante é a tendencia á concentración dos ritos, sendo regular que a festa máis importante absorba as ritualidades das outras.

Os "altares" de San Xoán

Nas cidades e vilas, principalmente, os rapaces fan *altares* nas portas das casas, e despóis andan polas rúas cunha fonte ou prato na mau, pedindo "pra alumbrar a San Juan".

Os altares, polo menos os que arestora vemos, son ben homildes. Unha mesa e por riba algunha banqueta ou caixón, tapado todo cunha curtina ou unha sában, e logo algunha imaxe, principalmente moitas estampiñas de santos. Hainos, naturalmente, de máis pretensiós, cunha colcha de seda e un mantel por riba imitando os dos altares, santos de bulto, candieiros con velas, algunha lamparilla de aceite, cacharros con frores, etc.

Enantes, en Ourense, por eixemplo, saía a xente a ver os altares, e os rapaces axuntaban unha presa de cadelas que chegaban pra mercar uns dulces. Modernamente, os Concellos, Ligas de Amigos, ou as Sociedades e os periódicos, anunciaban concursos de altares, con premios, costume que se debía seguir.

As fogueiras de San Xoán

Chámanse *lumes, lumeiradas, fogueiras, cachelas* ou *cacharelas.* Alcéndense xa nas primeiras horas da noite, despóis da cea; o costume é mais adoito no norde que no sul de Galiza, máis propio da aldea que das cidades e vilas, mais así e todo úsase na Cruña, Sant-Iago, Lugo, Chantada e outras poboaciós grandes. Na provincia de Ourense semella ter habido menos ou ter ido desaparecendo; mais existe en sitios como Louredo (Maside), Pena (Cenlle) e principalmente no partido de Viana do Bolo. Noutros lados desplazouse pra outros días, como no Castro de Caldelas, onde según dixemos faise na noite de San Sebastián; en Monforte, no día do santo Patrón.

En moitos lados alcenden iste lume con leña e ramallosa canto máis verde millor, de modo que dea moito fume, pois iste é bó pra afuxentar as bruxas e os espíritus ruís e pra purificar á xente. En Viana e aldeas do partido, queiman ponlas verdes, silvas e prantas frescas, entre elas as chamadas *marrubios,* e a xente toda, homes e mulleres, axúntanse arredor do lume, moitos cean alí e todos pasan a noite cantando a coros alternados,

dando voltas arredor do lume, deica que naz o sol. En Melide, botan ó lume as cancelas roubadas nos eidos.

Noutros lados, como en Sant-Iago, cada rolda fai o seu lume e a usanza máis común é a de brincar por riba da fogueira uns atrás dos outros, sin medo de se queimaren, facendo moitas veces a invocación seguinte:

Salto por enriba
do lume de San Xoán
pra que non me trabe
nin cobra nin can.
(Sant-Iago)

Sálvoche lume
de San Xoán,
que non me roa
cadela nin cán
(Lugo)

Pasal-os lumes de San Xoán
pra que non me morda cadela nin can,
nin cantos males han.
(Melide)

En Betanzos, hai anos, mozos e mozas collidos da mau brincaban e bailaban arredor do lume berrando e cantando.

Fig. 47. - A cachela de San Xoán, asegún Castelao.

En Silleda as mozas que brinquen por riba da fogueira, sin tocar nas flamas, din que se casan dentro do ano. A mesma tradición existe en Becerreá.

Pra ben ser, compre saltar varias veces, sempre en número impar, recitando a fórmula e saltando unha vez pra un lado y outra vez pra outro.

En Bembibre (Viana do Bolo), saltar a fogueira é obrigado; os que están alí hana choutar queiran non queiran, e si algún se nega cólleno dous mozos e pásano por riba das flamas.

O acto de saltar chámanlle en moito lados *salvar*. O millor, sobre todo prós que están enfermos, principalmente da pel, é brincar *en pelico*, ou sexa encoiro, pró cual os demáis que están alí, retíranse. Tamén pasan ós nenos por riba do lume, entre o padriño e a madriña, ou ben as consabidas tres Marías, empregando a coñecida fórmula: "Enfermo cho dou, devólvemo sano"; logo envólveno nunha saban de liño que non fora mollada.

De que o lume vai baixando e non quedan máis do que as brasas, sacan a facenda, a avenza, e aínda as cabalerías, e fanas pasar por riba das brasas, pra libralas de doenzas, meigallo, frida de ollo e curalas si están embruxadas. Tamén lles fai moito ben o fume, especialmente pra sanaren do mormo. En Melide, botan nas brasas herbas manciñeiras e recendentes, como fiuncho, sabugo e outras. En Viveiro, bótanlle os cañotos das berzas.

As virtudes do lume de San Xoán son purificatorias e apotropaicas: é bó contra maleficio, mal de ollo, envidia, meigallo, mordedelas de cás da rabia, cobras e bestas pezoñentas, contra varias enfermedades, principalmente as da pel, e aínda tén propiedades venéficas e casamenteiras.

Iste costume existe en toda Europa, principalmente nos países do norde, mais tamén nos do Mediterráneo. Da Italia, cítase un verso dos "Fastos" de Ovidio: "Per flammas saluisse pecus, saluisse colonos". Áchase tamén espallado en moitas partes de Hespaña. A súa orixe é aínda hoxe moi discutida. Hai quén pensa que a primitiva intención foi a de axudar e aumentar a forza do sol cando encomenza a súa declinación, no solsticio, por un procedimento de maxia simpática; esto expricaría máis ben os lumes que se fan nalgús lados polo Nadal, arredor do solsticio de inverno, que é cando o sol está máis debecido e cando precisaría que lle reforzasen o lume, mais non tanto os que se fan no solsticio de vrau, máxime cando o sol non deixa de baixar a pesares de lle ter apricado o rito máxico. Outros dano como rito agrario relacioado coa fecundidade da terra. O que semella máis atinado é telo polo que aínda dín que é, é decir, por un rito lustratorio ou de purificación.

Enfeitar as casas

Na terra de Melide, nas de Deza e Trasdeza, na de Verín e Monterrei, no partido de Viana do Bolo, nas montanas de Lugo, etc., poñen espetadas nas xuntas das pedras na parede das casas, penduradas nos corredores ou sinxelamente pousadas no peitoril das fiestras, herbas e frores do tempo, que aparecen alí á mañá cedo, semellando adornos.

A usanza tén varios sensos, asegún as expricadeiras que a xente dá. Nas terras de Verín e Monterrei, aseguran que é un obsequio que lle fan os mozos ás mozas. Un escritor daquil país dí o seguinte:

> O Santo Bautista é o patrón do lugar i é costume que na víspora da festa cada mozo poña á súa rapaza un ramo de cereixas depindurado nunha das ventanas da casa, i así que cada un

cumpre coa súa obrigación, xúntanse os mozos e van cantarlle as copras que a inspiración do momento lles fai saír das gorxas pro que ás veces non deixan de levar moitas fanegas de poesía enxebre.

Idéntica versión foi recollida en Melide, no partido de Lalín, en Bembibre e San Xoán de Carracedo (Viana do Bolo) e aínda nas montanas de Lugo. As herbas empregadas na derradeira comarca son, principalmente, sabugueiro e herba boa; na terra do Bolo *sanxuaes* (dixital) e arzáis (cantueso); en Verín ramos de cereixas e frores variadas.

Tamén se fai o mesmo, aínda nos mesmos sitios, con intención máxica, que pode ser apotropaica, pra escorrentar diaños e meigas, usando pra elo ramos de sabugueiro, fiuncho ou fiollo, rosmaniño, amenta, loureiro e herba da nosa señora (matricaria) etc.; ou apotelesmática, como nas montanas de Lugo, onde os sanxuaes póñense na parede da casa, pra ver si medra pra riba, o cual é bo sinal, ou pra baixo, en cuio caso anuncia desgracia.

O baño da media noite

Na noite de San Xoán envivécese e colle maores virtudes que nunca a auga das fontes santas e milagreiras. Polo tanto, esa auga vólvese como un remedio universal que compre aproveitar meténdose nela ou, sinxelamente, lavándose ás doce en punto da noite. En Cambados cúranse os enfermos de mal de ollo na fonte de Bexán.

O pior é que tamén as bruxas fan usanza da auga destas fontes. Na Gudiña dín que as bruxas van ás fontes pra mediren e repartiren a auga de cada veciño, mais si queren mal a algún bótanlle a auga polo lombo. Outras veces lévana pra prepararen os seus meigallos. Tamén din que si, ó romper o día, tocan na auga, descobren os seus segredos e quedan limpas da bruxería. Non son somentes as bruxas das que dín que andan soltas nesta noite milagreira sinón tamén os *encantos*, moitos dos cuales non se deixan ver máis que na amañecida de San Xoán, (moura da Fonte da Moza na veiga de Bolo; moura do Castro de Vimieiros en Cartelle etc.). Por esta causa, o doente que vai tomar os baños nestas fontes tén que ter coidado de non se deixar levar do medo que lle poñan os aparecidos que pode atopar no camiño.

A auga de nove fontes

Pra curar do bocio e doutras enfermedades é bó beber nesta noite, despóis das doce, auga de nove fontes.

A fror da auga

Un dos misterios máis extranos e máis poéticos da noite de San Xoán é iste da fror da auga.

A fror da auga é a que se colle ó raiar o sol a ras da fonte, como si fora a tona en que viñeran á superficie todalas virtudes e maravillas. De certas expresiós que aparecen en ditos e coplas deducen algús como si esta

fror da auga fora traguida por un paxaro no bico. Pode haber aiquí un trabucamento coa creencia de que a pinga de auga e de orballo que na amañecida de San Xoán trai un paxaro no peteiro e a deita nunha fror tén as mesmas virtudes que a fror da auga.

Tocantes a calquera das dúas cítase a seguinte fórmula:

Día de San Xoán, alegre,
meniña, vaite lavar,
pillarás auga do páxaro
antes do que o sol raiar.
Irás arrente do día
a i-auga fresca a catar
da auga do paxariño
que saúde che ha de dar.
Corre, meniña, — vaite lavar
alá na fonte — te has de lavar,
e a fresca i-auga — desta manecida
cór de cereixa — che tén que dar.
S'arraiar, — s'arraiará,
s'arraióu, — xa arraióu.
Todalas meigas — levóu.
Peladas eran, — peladas serán
todalas meigas — que andan polo chán.
Peladas son, — peladas eran
todalas meigas — que andan pola terra.

O romance da fror da auga foi pubricado por Murguía:

Colle, doncellita, colle,
collerás a flor da augua,
meterás xerra de vidro,
meterás xerra dourada.

As nove ondas

Tocantes ás nove ondas xa falamos ó tratarmos dos restos do culto da auga. As máis eficaces son as que se toman na praia da Lanzada, tan coñecida que, ademáis de ser un rito manciñeiro e curativo do meigallo, é tamén un rito de fecundidade que fai concebir ás mulleres esteris. Hanse bañar compretamente encoiro e as ondas que en realidade teñen valor, asegún dín, non son nove sinón sete. Cóntanas de dúas a nove, contando as nove pra colleren a ola grande, mais, en realidade, son sete as que toman. A conta lévana pra diante ou pra trás, asegún como llas recetara a saludadora (chaman saludadora a unha manciñeira calquera) e non deben pasar do número. Algús contan que nonas toman completamente en coiro, sinón en camisón.

Fundándose nos versos de Rodriguez del Padrón:

No cesando de rabiar,
no digo si por amores,
no valen saludadores,
nin las ondas de la mar.

teñen suposto algús que na Edade Media tomábanse tamén as ondas pra sanaren da rabia; mais esto pode ser unha falsa interpretación da verba "rabiar" empregada polo poeta: cando máis, parece que non se trata sinón de rabia nun senso psicolóxico.

As herbas de San Xoán

É usanza común a toda Galiza o recoller na tarde e na noite de San Xoán difrentes herbas e frores, botalas en auga e deixalas na auga ó sereno pra que collan o orballo desta noite prá mañá lavárense todos naquela auga.

As herbas que se collen pra iste uso son: os sanxoáns, alcroques ou abrulas (dixital); o fiuncho ou fiollo; o codeso; o fento macho; o trovisco; ponlas de nogueira; ponlas de ameneiro ou amieiro; espadana; sabugueiro; malvas; artemisa; arzáis; rosas de nabo; ágramo; herbas de San Pedro; rosas de sábrego; poutas de lobo; herba da nosa señora (matricaria); follas de carballo; rosmaniño; perpetua; roseiras.

Esta auga, en que estiveron de remollo as herbas, tén propiedades manciñeiras, máxicas, pra curaren dos aires lurpios, envidias, etc. e cosméticas, pra pór máis bonitas ás mozas e darlles bós coores e finura de pel.

Outras usanzas que teñen que ver coas prantas son as das terras de Verín de recoller nesta noite frores de malva e gardalas deica a noite de Nadal pra pólas aquil día na mesa, decindo que pró outro día, ou sexa o 25 de Nadal, volven estar louzás e verdecentes, e meter na noite de San Xoán un cardo seco debaixo da cama, que aparez frorecente pola mañá; e o costume de Laza de chantaren esta noite no lugar chamado Picota unha cerdeira que van roubar a un veciño.

Polo derradeiro é tamén a noite propicia pra curaren ós nenos do enganido e das esbrilladuras. Fenden en dous un carballo e pasan ó rapaz pola fendedela, intervindo dúas Marías ou unha María e un Xan, pasándollo un ó outro tres veces decindo: "Toma María —Daca Xoán— Doucho crebado — Darasmo Sán". Logo atan o árbore ben atado, asegún estaba, e si se solda é que o neno cura, sinón é que non cura.

Prácticas adiviñatorias

A noite de San Xoán é tamén propia pra adiviñar o porvir, moitas veces, tratándose de cousa de amores.

Carré Aldao cita o costume dos mozos e mozas solteiros de colleren á tardiña do día 23 unhas frores de cardo bravo, queimárenlle as estrías e logo poren en cada frol un papel co nome dunha rapaza, os mozos, e dun mozo as rapazas. Pró outro día van ver cal daquiles cardos frorecéu novamente e a persoa que diga o papel que leva posto é a que quer verdadeiramente.

Cas herbas bótanse outras moitas sortes destas. Xa citamos a das montanas de Lugo cas herbas espetadas nas paredes das casas. Outra é a de, pra saberen a sorte dun ausente, colgar no leito herbas de San Xoán e ver

pró outro día si están verdes ou si secaron; así iralle ó que está lonxe, ben ou mal. A máis usada é a sorte do ovo: ás doce en punto da noite de San Xoán cáscase un ovo e déitase nun vaso de auga que se deixa despóis ó sereo deica que amañece. Despóis, á mañá, vaise ver e o ovo tomóu a forma unhas veces dun barco, outras dunha capela, otras doutra cousa calquera, e polo que alí se vé adivíñase ben cal sexa a sorte que se ha ter no ano, deica o día de San Xoán do ano vindoiro, os acontecimentos e traballos que se han pasar, o oficio do home con quen a moza ha casar, carpinteiro, si aparece un martelo, militar, si un castelo, mariñeiro si un barco, e así polo xeito.

Outra sorte hidromántica practican esta noite as rapazas que teñen mozos en quen escoller: botan nun vaso de auga uns papeliños moi envoltos, que levan escritos os nomes dos pretendentes, e o que á mañá aparez desenvolto, é o do que ha ser o seu marido.

O orballo da noite de San Xoán

As mesmas virtudes, e aínda maores, que as da auga desta noite, tén o orballo. Cecáis as das augas, as das herbas, as dos árbores, lles veñan do orballo, como indica a condición de deixar as cousas ó sereo.

Pra curar a sarna, durmen os enfermos en coiro, antremedio do centeo, pra colleren o orballo da noite toda; ou métense polas searas molladas á mañanciña, enantes de saír o sol, como en Melide; ou embórcanse a esa hora na herba dos prados, como en Monterrei; ou refréganse contra dun carballo, ás doce da noite, deixando a roupa pendurada dunha ponla, como na provincia da Cruña.

Tamén as mozas de Viana do Bolo se emborcan ispidas nos lameiros, sin que teñan sarna (costume que existe tamén en Asturias, Soria e Navarra. Neste derradeiro país, chaman a esto *sanjuanarse*).

O orballo de San Xoán élle moi bó tamén á facenda, polo cual en moitas partes de Galiza sácana pra que o tomen.

O orballo desta noite dá virtudes, ou fai medrar as das herbas manciñeiras polo que, recollidas nese intre, son moito millores.

Aínda acontez que o que non teña escrúpulos en se valer das forzas endiañadas pódese facer doadamente, nesta noite, cun demiño familiar que o obedeza. Pondo un lenzo ou unha servilleta de lamanisco por riba ou por baixo dun fento, atópaa á mañá chea de demiños pequerrechiños. Esto debe ter relación co que se dí no "Ciprianillo" encol da "semente do fento". No "Ciprianillo", como nas "Gacetas" referentes ós tesouros, fanse moitas menciós da noite de San Xoán, incluso como a máis doada prós desencantamentos.

Polo derradeiro, o orballo de San Xoán favorez tamén ás cousas inanimadas: posta ó orballo de San Xoán a roupa de lá, non colle a couza ou traza, polo cual aconséllase, enantes de gardala nos almarios, póla á orballada desta noite.

Non é ocioso lembrar algunhas cousas que se teñen dito sobre das virtudes do orballo. Por unha banda, están os autores "ocultistas", como Eliphas Levi, que recollen tradiciós máis ou menos atinadas da Edade Media e do Renacimento; Eliphas Levi fala do orballo en relación co sol e máis cos astros, como si o orballo trouguera disolta a luz solar ou a "enerxía astral"; os alquimistas falaban do *ros coctus*, en relación coa pedra filosofal. Por outro lado, o orballo tén súa sinificación en certos sistemas de meiciña naturista e similares, como na hidroterapia do Abate Kneipp, o cual aconsellaba os paseos á mañá, cos pés descalzos, riba da herba mollada.

O baile do sol

É creencia fortísimamente entorgada en Galiza a de que o sol *baila* ó saír, na mañá do día de San Xoán. Algunhas veces dín que baila de alegría pola festa do santo. Son aínda moitas as persoas que o van ver bailar mirando por unha peneira. Ás veces, ruben ós montes pra millor o ver, como facían os de Sauteles (A Estrada), que na mañá de San Xoán iban *buscar o sol* ó cume do Monte da Coba, onde se xuntaban cos de Trobe e os de San Pedro de Sarandón, con moita broma e alegría.

A tradición do baile do sol tén literatura: romances, coplas, cántigas, proverbios:

Baila o sol
pola mañán
de San Xoán.

San Xoán pediulle a Cristo
que nono adormentase,
para ver bailar-o sol
o día da súa romaxe.

Un romance recollido por Murguía comenza:

Mañanciña de San Xoán,
Mañanciña a máis garrida,
que baila o sol cando nace
e ri cando morre o día.

AS FESTAS DAS PARROQUIAS

Como esta é materia ben coñecida e se tén escrito moito dela, e como ademáis os caracteres destas festas son bastante uniformes, deterémonos case somentes nas liñas xerás. Tratámolas niste lugar porque cáxeque todas elas celébranse polo vrau, por mor do tempo, habendo moitas que, sendo o día do santo no inverno, déixanas prós meses de tempo quente.

Por mor do traballo, procuran facer case sempre a festa en domingo, o seguinte ó dia do Santo, sendo iste en día solto. Diste xeito, os sábados e domingos cando un está na aldea, xa pola mañá, si un rube a un alto, raro

é que non sinta, eiquí e acolá, estoupar as bombas e os foguetes de catro ou cinco festas arredor. E si é pola noite, aínda pode un ver o fogo.

Inda temos que ter en conta que, en moitas parroquias, non hai somentes a festa do Santo Patrón, sinón outras doutros que teñen algunha capela ou ermida, ás veces con moita máis festa que a do Patrón mesmo.

Unha lista das festas das aldeas, nas que non puxéramos máis que as que teñen certa sona, non remataría nunca. Ó final diremos dalgunhas de especial importancia. Agora iremos expondo os caracteres máis constantes das festas da aldea.

O Mordomo e o Ramo

O tradicioal semella ser que a orgaización da festa estea nas maus dun veciño que dispón a festa, corre cos gastos, recada os cartos e responde de todo. É o *Mordomo* ou *Maiordomo*, que desempeña unha función pública comunal, coas obrigas e a autoridade que lle corresponde; chámase tamén, nalgús lados, *Funcionista* ou *Ramista.*

O Mordomo sóese escoller dun ano pra outro, sendo designado polo abade, ou polo Concello de veciños, ou correspóndelle por sorte, tendo que selo o que se casóu no ano, ou o casado máis novo, ou por rotación entre as casas, tocándolle cada ano a un petrucio, etc.

Hai tamén mordomos que o son por oferta ou por devoción ó Santo, e que pagan iles todo, sendo ricos, ou ofrécense a pedir prá festa. Os máis soen facer suscripción entre os veciños, indo polas casas.

A insignia do Mordomo é o *Ramo.* É unha ponla dun árbore, o máis dereita que se poida, á que lle quitan as ramiñas de abaixo deixándolle as de riba, nas que prenden fitas de coores, de seda ou de papel, adornos de papel dourado, globos de vidro azougado, dulces, roscas e froitos do tempo. Iste ven ser o Ramo primitivo, mais hai outros que xa non son propiamente ramos, sinón sinxelas e curiosas obras de arte popular, de figuras difrentes, mangadas nun pau. En Cariño (Ortigueira) é unha placa oval arrodeada de roscas e roscós de dulce, con moitas fitas, rematando nun ramo de frores, nunha cruz ou nun ostensorio. En Santa Cruz da Rabeda e San Pedro de Moreiras, o pau levaba no alto unha boneca vestida con longas enaguas bordadas e con encaixes, nas que prendían as cousas máis brilantes: bolas azougadas, espellos, xoias, galós e charreteras militares, etc. Hainos verdadeiramente artísticos, en figura de estandarte ou de roda, coa Ave-María; en figura de torre; con adornos de papel rizado, flecos cristaíños, cousas douradas; na raia de Portugal, hainos monumentás, con moitas rodas de froitas e dulces e flecos de liño penteado, sin fiar.

O Ramo vai na procesión, levado polo Mordomo, ou por un mozo escollido. Ás veces, en festa de importancia, van varios ramos, e, niste caso, andan a quen o fai millor.

Sendo o Ramo a insignia do Mordomo, a entrega do Ramo é a *investidura* do cárrego, e, polo tanto, faise con solemnidá. Moitas veces o Mordomo saínte fai a entrega do Ramo ó entrante dediante do Abade e da

xente, con convite de dulces e copas, sendo usanza que boten un baile cada un coa muller do outro, como obrigada cortesía.

Hoxe é moita usanza que sexan os mozos os que se encarreguen de orgaizar a festa, ou, polo menos, de recadar os cartos, e iles percorren en pandilla as parroquias arredor, pedindo á xente, levando moitas veces unha imaxe do santo, ou un peto.

O Folión

O víspora da festa, ás doce, encomenza a función. Botan unha ou dúas ducias de bombas, repican as campás, e principia a tocar a gaita ou a música. Xa aquela mañá chegaron, con seguranza, os primeiros *festeiros*,

Fig. 48. - Gaiteiros na festa.

nas súas cabalerías. Os festeiros son, polo regular, parentes ou amigos dos veciños, que veñen pasar as festas coiles. En todalas casas, hai atafego pra preparar as empanadas, o arroz en dulce, as roscas. Os mozos aínda andan pondo na espadana da eirexa e polas casas, as bandeiriñas e as cadenetas de papel de coores, e os farolillos prá noite.

Á noite é o *folión*. O campo da festa aluméase con faroliños de coores, con candís de carburo, onde hai eléctrica poñen algús focos. Arredor hai

postos de dulces, que enantes eran roscas bastante boas, como as de Silleda, as de Ribadavia ou as de cazo de Allariz, e hoxe son cousas cada vez máis ruís, e de licores, que antigamente era o augardente do país e o aceite de anís, de que tanto falaban os labregos, e hoxe soen ser dises venenos de fábrica; tabernas, reducidas ás veces a un carro de bois cun bocoi de viño, con empanadas cheas de azafrán, postas de carne, etc. e hoxe, cafés ó aire libre.

O chiste do folión é que haxa moitas luces de coores, que estoupen a pólvora e a dinamita e que haxa moitas rodas. Non colle dúbida que os estoupos alegran e as luces son lindas de ver.

O corrente é que toquen unha banda e máis unha gaita. Hoxe báilase sobre todo o *agarrado*, a pesares de teren feito gran forza os cregos pra nono deixar entrar. Algunha parexa que outra que baila o *solto*, faino por lucimento, e todos lle fan corro arredor, adicándolle loubanzas ou póndolle chatas.

Aínda hai sitios onde alcenden unha fogueira durante o folión, no campo da festa; aínda hai outros onde van botar os foguetes nun alto consagrado pola tradición, feito ó que Murguía deu gran importancia como resto de ritos antigos.

A Alborada

O día da festa espertan os veciños co estrondo dunha ducia de bombas, e sai a gaita polos rueiros tocando a *alborada*, que tén entón o seu momento. A veces saen as bandas tocando calquera trangallada.

A xente érguese, desaúnan forte, comenzan coas copas, vístense co millor que teñen, de estrena os que poden, e bótanse á rua.

A Misa e a Procesión

Toda a mañá estiveron os devotos entrando e saíndo na eirexa ou na ermida recibindo a comunión, rezando ó Santo, dando voltas de xoellos arredor do camarín, entregando na sacristía as ofrendas e esmolas de cera, velas, aceite prá lámpada, pan, froitos, pitos, años, diñeiro e obxetos (outros levan estas cousas na procesión e entréganas despóis).

A procesión anúnciase con repiques de campanas e estoupo de bombas. Dediante vai o pendón (ou máis dun) levados por mozos, que presumen de forza pra sostelos cando fai vento e semella que os van tirar, algús estandartes, que soen ser de Cofradías, a cruz parroquial, entre dous ciriales, que moitas veces son faroles de folla de lata ou doutro metal, mangados en paus torneados, e a xente, que é raro que forme fías; polo regular, van agrupados, sin orde, pois, ademáis, todos queren ir perto do Santo.

O santo (ou santos) vai en andias. Os paus das andias sóense puxar á quen dea máis sobre todo pra sacar o santo da eirexa, e pra metelo á volta. Os que ganan a puxa soen atar os panos do peto no pau que lles corresponde. Ás veces a imaxe leva atadas unhas fitas pra levaren collidas

os devotos, que pagan tamén por elo. Arredor ou debaixo das andias, van os ofrecidos, que se acollen diste xeito á protección do santo.

Por fin, vai o Mordomo co Ramo e cos seus amigos, os cregos de capa e capotes, a banda de música e o resto da xente.

Hai sitios en que van as Fillas de María con mantelos brancos na cabeza.

De que volve a procesión á eirexa ou ermida, esta énchese de xente, e a pouco encomenza a *Misa Maor* ou *Misote,* como din nalgús lados. Misa de *tres capotes,* que gusta moito ós paisanos. Pódena cantar cos cregos algús veciños que seipan, e aínda o poden facer con acompañamento de órgao, ou *expresivo,* si o hai; mais hoxe o corrente é que a canten os mesmos músicos da banda, acompañándose cos instrumentos. Esto fai o canto moi retorneado e reviricocado, con voltas e reviravoltas nos "Amén" e no "Et cum spiritu tuo" (que, naturalmente, pronuncian "tuó"). A misa cantada polos músicos é un dos encantos das festas da aldea.

Pra ben ser, na misa da festa tén que haber sermón, e case sempre o hai. Canto máis dure o sermón e máis voz poña o pedricador, máis gusta. Os sermós foron durante séculos a única escola da aldea.

Ó rematar a misa, era usanza indispensable botar unha muiñeira *repinicada,* que se bailaba no adro. Aínda se fai mais cáxeque ninguén a baila solto.

E dalí van xantar.

A festa da tarde

Os veciños xantan nas súas casas, cos amigos e parentes forasteiros que teñen de convidados. O xantar dura ben tres ou catro horas, entre os moitos servicios (sopa de abades, sopa de fideos, tan espesa, que se tén a culler nela, o cocido, o cabirto, os polos, as troitas, etc.); os postres (arroz en dulce, roscón, melindres, tarta de almendra, e hoxe tamén flan, "brazo de gitana", pasteles, e froitas); as bebidas (augardente, licor café, anís, e hoxe coñá, augardente de herbas, etc.), o café, os puros, a parola que non acaba...

Os forasteiros que non teñen amigos no lugar soen xantar do que iles trán, case sempre a base de empanadas, asados ou fritos (moita tortilla), sentados no chao, arredor dun mantel, no campo da festa, ou nunha carballeira que estea a mau. Levan o viño nun garrafón ou nunha bota, e as outras bebidas en botellas. Tamén poden xantar do que se vende no campo da festa, ou nos postos que hai debaixo de pendellos armados con paus e cubertos de sabáns ou de ramallosa, sentados en bancos ós lados dunhas mesas longas onde colle moita xente. Os que levan de xantar, o que mercan na festa é o *polbe* ou *pulpo,* que ofercen as pulpeiras nos seus grandes caldeiros de cobre con lume por abaixo, ben cortadiño con tesouras, e servido en pratos de madeira, botándolle por enriba aceite cru, sal, allo e pimento picante.

Os cegos soen andar arredor dos grupos dos que están xantando, co seu violín, como enantes coa zanfona, sendo de caixón que inventen coplas adicadas a iles pra que lles dean algo.

Os mendiños son un dos elementos típicos das festas galegas, tanto na aldea como na cidá. Póñense ó longo do camiño da festa, tanto cando a xente vai como cando a xente volve, ó paso da procesión, nos arredores da eirexa, etc., unha chea de coxos, mancos, lisiados, perléticos, impedidos, mudos, parvos, homes e mulleres con "males estranos", implorando a caridá da xente, e laiándose dos seus males con verbas ás veces elocuentes e poéticas.

Fig. 49. - Posto de pulpo.

A eso da media tarde, botan as bombas que avisan que vai encomenzar o baile; xúntase a xente e bailan, parolan e troulean deica a noite, sudan, teñen que beber de cando en cando cousas que os refresquen; enantes, e aínda algo agora, bebían "agua de limón fría y dulce", que mercaban a uns que levaban unha garrafa de lata envolta en cortiza e unha sorte de cesta de lata cos vasos, nos que botaban auga cunha pinguiña de limón e azucre moreno. Despóis púxose de moda a graciosa, da que aínda se fai moito consumo, e máis tarde os refrescos e aínda os helados de carriño.

Ó vir a noite, os festeiros que volven prás súas casas precuran de se axuntar os do mesmo lugar, e van polo camiño cantando deica chegaren.

Algunhas festas de sona

Aparte das que sinalamos noutros lados diste traballo, e aínda que repitamos algunhas, hemos enumerar, fora das que fan nas cidades, as festas e romaxes das *Marzas* de Celanova, que despóis foron *Maias,* de gran sona na provincia de Ourense; o San Benito de Allariz (con danza de *palitos* e *entrenzado* e xigantes); o *Cristal* de Vilanova dos Infantes (en Vilanova hai tamén danza de entrenzado, de mozos con vestidos de muller); as *Maravillas,* perto de Celanova; o San Xes de Lobeira; Santa Mariña

Fig. 50. - Danza dediante da Virxe, na festa das Mudaciós, en Xuvencos (Carballiño).

das Augas Santas, onde se axuntan varias parroquias pra facer a festa; as *Mudaciós,* en Xuvencos (Boborás) onde se representa nunha danza a Visitación de Nosa Señora a Santa Isabel, cada cinco anos polo mes de Maio, da que damos algunhas fotos; San Benito de Cova de Lobo, de Lérez, de Paredes, de Amarante, e de moitos outros sitios; os *Remedios,* en Ourense, no Santuario dos Milagros do Monte Medo, no Castro de Cal-

Fig. 51. - Outro xeito da danza das Mudaciós.

Fig. 52. - O "entrenzado", na danza das Mudaciós.

delas, nas Ermitas, en Mondoñedo, en Somoza da Estrada, etc. etc.; a *Pastora*, en Cambados, con pantasmas e danza de arcos; San Roque, en Ourense, Vigo, Viveiro, o Camiño, etc.; Santa Marta de Velle (Ourense); Sant-Iago, en Compostela, as Caldas (Ourense), Allariz, etc.; San Xulián do monte Aloia; San Guillelmo de Fisterra; San Xusto de Bemil; a Virxe de Vilar de Frores, o 15 de agosto, día que hai festa en casi toda Galiza; o San Vitoiro, con festa na Mezquita e noutros moitos sitios; o San Vintil en Punxín; o Cristo de Trives; o Carme en Mondariz; Santa Minia en Brión; e non contemos máis, advertindo que todalas ditas van collidas ó chou, sin sistema, por non haber modo de achar camiños niste laberinto.

O DIA DE DIFUNTOS

Digamos dúas verbas somentes sobre dunha devoción cecáis a máis importante en Galiza, en varios respectos.

Os difuntos reciben sufraxios durante todo o ano. Enantes da misa parroquial, é usanza que o abade salla ó presbiterio con alba e estola, cantar ou rezar os responsos que lle pidan. Como actos públicos de sufraxio, soe haber unha vez ó ano, nalgunhas parroquias, un funeral polos veciños mortos durante aquiles meses, ou por todos en xeral, ou polos dalgunha asociación ou cofradía, e o día de Difuntos, a *procesión das ánimas*, na que vai o crego con capa negra, con todolos feigreses, rogando polos mortos todos, dando a volta ó adro, e botando responsos que lle pidan e abenzoando con auga bendita as tombas.

Nas casas, na noite de Difuntos, soen pór unha fonte con aceite e tantas lamparillas como difuntos queiran honrar. Tamén hai sitios onde lles poñen a mesa con todo o servicio e unha peza de pan, pra que veñan cear, inda que sexa invisibles, cos seus familiares.

Nas cidades e nas aldeas, a tarde anterior e o día todo, están doblando á morto as campás, pra que a xente se lembre dos mortos e rece por iles, e en todos lados visítanse os camposantos e alcéndenlles luces. Tamén, nalgures, como en Viveiro, é costume facer neste día colares de castañas cocidas ca pelica (*zonchos*) que os rapaces xantan.

III

1. LITERATURA

O que soen chamar "literatura popular" é aquela que se pode considerar como propiedade común do que niste traballo e noutros semellantes adoitamos chamar "pobo". Pode ser de creación popular ou de orixe erudita acollida e repetida pola xente como si fora de fonte anónima; pode ser enxebre, creada no país, ou traguida de afora e "acculturada", ou sexa incorporada ó tesouro tradicioal de creaciós enxebres.

Aínda disputan moito os investigadores tocantes á natureza e máis á orixe das formas e das pezas literarias de usanza popular. Acontez que nestas cousas hai un trasego constante entre a literatura *escrita* da xente cuita dun pobo calquera e a literatura *oral* das camadas populares do mesmo pobo, entre a literatura *enxebre*, erudita ou popular, dun país e as dos países veciños ou lonxanos que, por circunstancias históricas, influiron nil. É precisamente nesta materia onde pode atopar máis argumentos a teoría da transmisión. Contos, eixemplos, comparanzas, imaxes, ritmos, formas poéticas, que adoitamos ter polas máis enxebres, polas máis nosas, poden ter vido de moi lonxe, de terras as máis afastadas, aínda doutros círculos culturales, traguidas por difrentes medios de transmisión (viaxeiros, soldados, tratantes, prisioneiros, fuxitivos), ás veces por unha casualidá que non se podería sospeitar. O que unhas veces sexan acollidas e outras non, depende de causas que non é doado determiñar. Igual pasa coas que veñen da creación erudita do noso propio país: hainas que se "popularizan" e hainas que o pobo non chega nunca a coñecer, como acontez entre nós coas poesías de Curros e de Pondal, respectivamentes.

Os caracteres que se soen asignar á obra literaria de creación popular son catro, principalmente: é *oral*, polo seu medio de transmisión; é *anónima* polo seu autor; é *tradicioal* pola súa forma; e é *natural*, ou sexa, sin requilorios retóricos, pola súa expresión.

O ser oral non quer decir que non poda chegar a nós a traverso dalgunha fonte escrita, por ter sido recollida posteriormente, nin que algunha vez non teña sido escrita de primeiras, como cando ha ser recitada por outros, por eixemplo, na representación dun entremés. De todolos xeitos, a tradición oral é de cote o seu medio normal de transmisión e conservación, que deixa sinal na composición mesma e máis pode ser causa da súa alteración polo tempo adiante.

O ser anónima non quer decir que non teña un autor individual determiñado. Os nosos escritores do século pasado teñen coñecido e citado homes e mulleres da aldea que improvisaban a letra das cántigas, feito que calquera pode observar; hainos, incluso, que o teñen pouco menos que por oficio e que nalgures chaman *fistores*, os cuales, con seguranza, abon-

daron máis noutro tempo. E todos temos ouvido a narradores de contos, sucedidos, chistes e anécdotas que os estaban discurrindo ó tempo de contalos. Índa hai sitios onde llos apoñen a algún vello ou vella coñecido de todos, sin que se poida determiñar si eles os inventaban ou os repetían. O que acontez é que os autores aldeáns son aixiña esquecidos, sin que iles se preocupen da propiedá literaria, e contos, cántigas, romances, etc. recítanos e cántanos como cousa de todos, "da xente", sin que importe a ninguén saber quen o fixo.

O ser tradicioal quer decir que se acomoda a formas herdadas dos antergos, que non se sabe de onde viñeron nin o tempo que teñen, somentes que "así é como se fai", porque así están impresas na memoria hereditaria do pobo, e porque así se veñen repetindo "dende sempre".

O ser natural indica que non están refeitas asegún modelos deprendidos na escola, nin dependen da moda, nin do enseño, nin do artificio.

Repetimos que modernamente tense porfiado moito, e aínda se está porfiando, sobre destas cousas, sobre todo arredor do problema capital de si o pobo crea ou non. Dun lado, temos o pensar de Hoffmann-Kreyer: "O pobo non produz, senón que reproduz"; doutro, o dos *Voelkerpsychologen* que aseguran que a pantesía popular adhírese ás concepciós que tén a mau e crea unha nova combiñación descoñecida, ou colle o dado como modelo pra novas formas. De todolos xeitos, os novos estudos de C. G. Jung sobre do "inconscente colectivo" abren novos vieiros pra inquéritos fondos e definitivos niste punto.

Outro asunto de importancia é o de si a actividade literaria (igual que a artística) do pobo responde, na súa orixe, a unha necesidade utilitaria. Tense pensado —e nós témolo exposto algunha vez— que as leendas nacen pra expricar os feitos naturás ou históricos cuia causa a xente non coñece; que mediante os contos, coplas, refrás, etc. transmítense as coñecencias dos antergos, e dahí naceron refrás, coplas e contos; que o verso, ca música, sirve pra axudar o ritmo do traballo, e dahí —por un taylorismo ou stakanovismo instintivo— nacéu o canto; que moitos cantos e danzas tiveron orixinalmente unha usanza máxica; que os trabalinguas son exercicios de pronunciación; que as adeviñas e acertixos son exercicios pedagóxicos; que os xogos dos nenos son ensaios preparatorios pró traballo, e así polo xeito. Non creemos hoxe tan doado soster esta idea. Non se pode botar pra un lado o rol do xogo, da brincadeira, do gusto que dá o exercicio libre, inútil, de luxo, de divertimento, de todalas facultades humás físicas e psíquicas. Considérase que o home goza pondo en xogo as súas forzas materiás e espirituás, vendo o que pode facer coelas, sentíndose coelo capaz de moitas cousas, liberando diste xeito a sobra de forzas que posee; iste placer non é somentes propio dos nenos senón tamén dos grandes e dos vellos. Despóis é cando descobre a utilidá que pode sacar delo, mailo primeiro é o xogo, o primeiro é o gusto, o "estético", o "deportivo",

Plancha I. - Colchas con motivos de tradición popular: espirás, estrelas, picos, cadeas, losangos, zig-zag, etc.

Plancha II. - Mantas de arte popular, que repiten difrentes motivos.

o "lúdico". A literatura, inda que teña despóis algunha aplicación utilitaria, é esencial e primordialmente puro xogo.

DIVISIÓN DA LITERATURA POPULAR

Unha división da literatura popular ha ser, naturalmente, pouco máis menos, como a da literatura erudita, polo menos, nas liñas xenerás. Esto compréndese ben posto que, no fondo, unha e outra veñen responder ó mesmo pulo radical, bifurcan dunha raíz común, e, como dixemos, endexamáis viven isoladas de todo unha da outra, aínda nos tempos de máis artificial clasicismo ou de servil imitanza do alleo. Polo tanto, non hai incomenente en que apriquemos á literatura popular a corrente división dos tres xéneros, e a dividamos en *épica, lírica* e *dramática.* Nótese que esta derradeira entre nós vai cáseque perdida, embora teña deixado abondo sinás de ter existido, e embora aínda se representen, nalgús lados, pezas de difrente natureza, por Nadal e Semán Santa e entremeses polo Entroido.

A ÉPICA

A épica popular é en Galiza moi importante. Pode que esto chame a atención mais compre ter en conta que eiquí non falamos da épica en verso, senón que comprendemos nela toda a épica fragmentaria, toda a literatura oral de carácter narrativo ou didáctico, ou sexa o que outros chaman "novelística popular". A novela sempre foi tida por xénero épico, e a didáctica, de tan grande desenrolo no Oriente e nos nosos períodos románico e gótico, sobre todo na Hespaña, pola influencia arábiga e xudaica, entra na épica tamén.

Na épica narrativa faremos dúas secciós: as leendas e os contos. Qué diferencias hai entre leenda e conto? Dúas fundamentás: a localización e maila creencia. A leenda está de cote localizada; o que nela se conta aconteceu nun lugar determiñado: no castro de Morgade, na fonte de Sabariz, no puzo do Inferno... O conto acontez en lugar e tempo indetermiñado: "Erat quidam rex in cuius imperio quidam pauper habitabat..." asegún o dito.

A leenda refírese pra que a crean os que a escoitan, quer ser a narración dun feito que aconteceu de certo: é a forma popular da historia. De feito, tén, moitas veces, un fundamento real, está baseada nun feito verdadeiro, máis ou menos alterado ou misturado con outros; compre non dar tanto tino á idea do ilustre Van Gennep de que a memoria popular, cando se trata de acontecementos históricos, é moi limitada, de que a lembranza dun feito histórico, cando a escritura nona fixóu, non dura máis de 150 ou 200 anos. Con seguranza, a memoria popular é imprecisa, neboenta, nela os detalles miudos esquécense e confóndense, mais, por outra banda, pasma moitas veces ós investigadores o duradoiro de recordos que

chegan ós milleiros de anos. Ora, no pobo, como nos individos, a lembranza é máis fiel canto de cousas máis antigas se trata, e o que se perde máis no esquecemento é o máis recente. Hai que ter en conta, ademáis, os fenómenos de contamiñación, falsa interpretación, lagoas, interpolaciós, trasposiciós, envellecimento, anovamento, incorporación.

O conto preséntase como pura creación literaria, como historia discurrida, que non ocurríu endexamáis, senón que se conta por divertimento. Son, como din os nosos paisanos, "contos que van de camiño" e que se contan "por pasal-o tempo".

Así e todo, pode acontecer que o que hoxe se conta como conto teña sido outrora unha leenda tida como certa, e, aínda máis, un mito. Houbo unha teoría, que aínda tén creto pra algús investigadores, que di que todolos contos e todalas leendas foron na súa orixe, mitos, cuios persoaxes eran deuses (persoificaciós dos astros, das nubes, dos ventos, dos raios, dos montes, etc.), que se foron humanizando, trasformándose en persoaxes históricos, e, por fin, en héroes literarios. Hoxe non nos podemos fundar nesta hipótesis.

LEENDAS

Non hai unha división das leendas que sexa aceptada por todos. Entre as que se fan, destacaremos tres castes das que se fala moito: as leendas etiolóxicas, as leendas haxiográficas e as leendas históricas.

As primeiras son as que foron inventadas pra expricar un feito do que a xente non coñece a razón ou a orixe (un nome: etimoloxía popular; un edificio; un accidente xeográfico: penedo, lago, cadoiro, furna). Soen ter caracter mítico.

As segundas refírense ás vidas dos santos: milagres, penitencias, fundaciós, ditos e sentencias.

As terceiras son referentes a feitos históricos, xeneralmente batallas ou fazañas.

Leendas que teñen orixe nunha etimoloxía popular, hai moitas. Daremos algús eixemplos.

Perto do Carballiño, hai un lugar que se chama Xurenzás. Enantes chamábase Zás mailo señor —outros din un mouro— dun castelo ou castro que alí había, prendéu alí a un seu nemigo, por mor dunha filla que lle roubara ou encantara, e fíxolle xurar que se daba por vencido, e il dixo: "Xuro en Zás que estóu vencido". E quedoulle ó lugar Xurenzás.

No castelo do Castro de Caldelas, había un conde que tiña tres fillas. Outro conde mandoulle pedir a mau dunha delas, e o conde preguntóu ó emisario: "Cal delas?" Dende entón, aquela terra chámase Caldelas.

A Pena de Francia chámase así porque cando os franceses foron derrotados naquil monte, e morreron moitos na batalla, "Francia tivo moita pena".

Chantada recibéu o seu nome do demo, que pasóu por alí levando á nai ó lombo, e canso de ir tan carregado, tiróu coela e dixo: "Ahí quedas chantada".

Entre dous pobos da comarca de Verín houbo unha gran pelexa; venceron os dun deles, e os vencidos dixeron: "Tú vencer, vences, pero yo ceder, no cedo". E quedoulle a un Vences e ó outro, Nocedo.

Melias chámase así porque tén unha froita tan doce, que "Quen dixo Melias, dixo mel".

Veleiquí agora algunhas leendas que exprican a orixe de fenómenos naturás.

De moitos penedos redondos, isolados no medio dunha campada, din que os trouxo "unha vella fiando na roca". Moitas veces, esta vella é unha moura, e non somentes traguía o penedo na cabeza, como si non fora nada, sinón que viña fiando na roca, ou cunha cesta coa comida pra todolos mouros que estaban alí traballando, ou aínda viña dando de mamar a un neno, ou dous, que traguía no colo.

Moitos lagos e lagorzas (Antela, Maside, Area de Estabañón) teñen unha cidá asolagada no fondo; o asolagamento débese a ter negado pousada á Virxe María, que viña co Neno, ou a un desprecio feito a algún santo ou a Cristo (leenda haxiográfica) sendo por elo maldecidas ou castigadas.

As leendas haxiográficas refírense ás vidas dos santos: milagres, penitencias, fundaciós, ditos e sentencias. Destas temos dado de abondo ó falarmos dos santos, e a elas nos remitimos.

As leendas históricas son referentes a feitos históricos, xeneralmente batallas, fazañas e acciós heroicas. Pudérase facer unha historia lexendaria de Galiza pondo por orden as leendas recollidas. Non faremos máis que dar uns cantos eixemplos.

Xa nos temos ocupado da poboación primitiva de Galiza polos mouros e da conquista dela por Carlomagno e os Doce Pares de Francia. Todalas versiós e variaciós referentes ó mito dos mouros pódense incluir nestas leendas.

Algús autores, como Carré Aldao, citan unha longa riola de persoaxes lexendarios: Hércules e Gerión, o rei Brigo, Artai, Hiar, Ouier, Gao ou Gall, Céltigo, Breogán, Ibérico, Arro, Brito, Noela, Teucro, Diómedes, Anfíloco, Samos, Gatelo, o rei Centoulo, a raíña Lupa, etc. Moitos distes non pertencen propiamente á tradición popular, sinón a versiós eruditas que se remontan, algunha delas, ás fábulas inventadas por Asclepíades de Mirlea; outros foron inventados polos cronistas locales, ou proceden dos falsos Cronicós, ou das executorias e nobiliarios.

As leendas de orixe clásica (fundación de Pontevedra por Teucro, de Tui por Diómedes de Atolia, de Ourense por Anfíloco, etc.) son posteriores ó Renacimento, e pódese decir que somentes a de Teucro chegóu á xente do pobo.

Antre as referentes á fundación de cidades, temos a leenda erudita da fundación da Cruña por Hércules, que alí vencéu e matóu a Gerión, enterrouno e erguéu riba da súa cova a torre que os antigos chamaron Farum Brigantium; e a leenda, máis popularizada, da fundación de Noia por Noé, que alí chegóu navegando na Arca, asegún reza o escudo de armas da vila. Tamén o da Cruña leva, debaixo da torre, unha calivera e dous ósos, que veñen ser os de Gerión.

Antre as leendas xenealóxicas hai unha chea delas que se refiren ó Tributo das Cen Doncelas; a máis notable e coñecida é a dos Figueroas que deu orixe á tan soada "Canción do Figueiral". Outra leenda desta clás é a de Alceo de Verial (que xa temos citado) na que funda a súa antiguidade a casa de Saavedra. Os Lousadas foron, entroques, matadores de lagartos grandísimos que había no seu tempo e que non volveron a aparecer en Galiza. Moitas destas leendas, máis que non sexan populares, fúndanse nun feito ben coñecido polos etnólogos: a interpretación imaxinativa das pedras de armas, feito paralelo ó das etimoloxías populares.

Doutras leendas de tipo histórico, daremos algús eixemplos.

En Castro Dozón, refiren a historia do rei Wamba do xeito seguinte:

> Iste auntamento chámase Castro Real Dozón porque dahí saíra na antiguedá unha muller que foi criada dun rei godo e caeo ocupada do rei i ó sabelo iste, botouna fora e nona quixo máis.
>
> Pasado tempo, o unico fillo do rei morréu, e como o rei sabía o que fixera, mandóu ó Castro a ver se tiña algún fillo e chamalo.
>
> Cando chegáron pró levar, estaba arando, e anque non foi de boa gana, tivo que ir, e como non quería ser rei tiveron que lle decir que o mataban.
>
> Iste rei chamábanlle Wamba.

No convento do Mosteiro sinalan unha inscripción e unha estatua que din ser daquil rei.

A historia millor composta que temos en Galiza, verdadeira epopeia galega, é a leenda xacobea, que tanto pode pasar por haxiográfica como por histórica. Nela figura a famosísima Raíña Lupa.

Non sabemos que relación pode ter coesta Raíña Lupa, a Reina Loba cuia historia cóntase aplicada a moitos lugares difrentes de Galiza. Esta reina facía que os seus vasalos lle trouxeran todolos días unha vaca pra matar e comer no seu pazo. Encabuxados os vasalos por teren que pagar iste trabuco que coidaban indebido, determiñaron de matala; e foi asín que cando lle tocóu de levar a vaca ós veciños dun lugar chamado unhas veces Figueirós, outras Pexeirós etc., llevando o millor que tiñan, rubiron onde a Reina e dixéronlle que saíse ó balcón pra ver qué boa vaca lle traguían: e cando saiu, collérona polas pernas e botárona do balcón embaixo. Dende entón dícese:

> Matastes a Reina Loba,
> pueblo de Pexeirós,
> matastes a Reina Loba,
> fidalgos quedastes vós.

Esta é unha variante da leenda, moi extesa polo mundo adiante, do "peito inxusto".

Xa nos temos referido á leenda, que se pode dar por haxiográfica, mais que tamén é histórica, de Xoán Tuorum.

A historia do bispo de Ourense don Francisco Alfonso, afogado no puzo Maimón, consérvase aínda na tradición popular. Os romeiros que veñen ós Milagros, ás Ermitas e máis ó Corpus, cando chegan ó puzo Maimón berran: "Morréu o bispo!"; e din que do río rube unha voz que dí: "Morréeeeu!" Asegún uns, quen responde é a i-alma do bispo, asegún outros é o demo, e aínda hai quen di que son as almas dos que o mataron. De noite hai alí aparicións do outro mundo.

Por seren coñecidas dabondo, non faremos máis que nomear as leendas monfortinas da "Proba caldaria" e da "Mitra de ferro candente". Citaremos somente algunhas leendas locás.

O monte do Castelo de Sande, en Vilar de Vacas (Cartelle), chámase asina por existir nil un antigo castelo que, asegún conta a xente, servía pra faceren sinás lumiosas de noite e ondear unha bandeira de día, pra que durante eses tempos se presentaran os colonos a pagaren as rendas ó señorío.

A aldea de Trebolle (Páramo, Lugo) pertencéu a un señor que había alí, o señor de Berlai, hoxe na terra de Pallares. Iste era dono, asegún contan, dun couto que se espallaba por onde hoxe se atopa o Agro do Couto, pro tiña máis extensión. En todo iste término non rexían as leis do estado, sinón as que o señor daba ós seus súbditos, polo cual, si algún que non fose do dito couto cometía algún crime ou delito que debera ser castigado, si lograba entrar no couto xa nono podían coller. Todolos veciños da devandita aldea, e ademáis moitos da de Parapar, hai pouco tempo que aínda eran caseiros do descendente diste, Don Juanito Berlai, o cual din que era señor de cubierto, "señor de soga y cuchillo". Iste señor contan que rematóu o seu domiño ou señorío da forma seguinte. Mandóu facer unha gran casa, a cual contratóu cun mestre de obras ca condición que si non quedaba segura non se pagase o contratado; anque a fixo ben, din que Don Juanito buscóu un inxeñeiro que tivo a ousadía de declarala falsa, e o probe mestre, encabuxado, maldixo: "Queira o ceo que nunca cuberta a vexa no seu poder." E así foi. Por unha chea de feitos, entre iles o ser xefe dos calristas daquela terra, despóis destes ser vencidos refuxióuse en Pallares na aldea de Pradela; e a pesares de estar escondido nunha cova, atopárono e tivo que dar, pra non perder a vida, oitenta mil réas, véndose obrigado a vender todolos bés que lle quedaban en Trebolle e coíles a casa aínda sin cubrir. O que entón a mercóu cubriuna e consérvaa hoxe servindo de local a dúas escolas e palleira pra il.

No sitio que ocupóu a capela da Conceución, acarón da eirexa de Esporís (Monterroso), áchanse dúas estatuas que din que son dos fundadores da capela, o presbítero Don Antonio Salgado Gundín e un seu paren-

te, o capitán Paio Salgado Gundín, señores do pazo de Podente, e semella ser certo pois unha está con hábitos sacerdotales e a outra con traxe militar. Outros din que o dito presbítero estivo agardando un día, pra decir misa, polo capitán, e como non aparecía, púxose a decila, e estando alzando, chegóu il todo furioso, con traxe militar e matóu ó crego co sable: por eso aparez na estatua o crego co cáliz na mau e o capitán co sable. Este é outro caso de interpretación popular de imaxes, que arma unha historia fundada nos atributos de dúas estatuas.

Da casa de Courel de Saa (Páramo, Lugo) contan que a súa orixe foi a seguinte. Había en Madrí un señor que lle roubaba a firma ó rei, e cortáronlle por dito delito o brazo dereito; mais ca mau esquerda roubáballa igual e víronse obrigados a desterralo do país. Preguntándolle onde quería ir desterrado, respondéu que ó máis baixo dos montes de Courel de Páramo. Mailos que o ouviron, que tiñan noticia das montanas do Caurel (preto de León), concedéronllo; mais el veu á súa propia terra e ergueu esa cas e mercóu moitas terras. Maila familia estiñouse e vendéronse os bés e a casa, que hoxe é escola de nenos.

En Laiosa contan que Napoleón mandóu catrocentos mil homes pra Hespaña, e foi a Italia ou a Roma onda o Padre Santo e que lle dixo: "Su Santidad póngase en su silla de oro y pida a Dios que no haiga más Reis en la tierra que uno y que lo sea yo". E que o Padre Santo tivo que facelo, porque si non que o mataba. E que cando perdera a guerra con todalas naciós que lle dixo ó Padre Santo: "Yo veo que usted es un hombre como yo".

O que se conta da "guerra dos franceses" (Guerra da Independencia), que é moito, son máis ben tradiciós históricas que non leendas, e aseméllanse moito unhas ás outras: roubos, martirios que facían ca xente, incendios, queima de documentos, profanación de eirexas, de cando en Allariz facían comer á xente o rancho que lles sobraba sin deixar nada, da xente que escondía o diñeiro pra que non llo levaran, das batallas que tiveron etc. En Dozón conta a xente que unha columna de franceses estiveron acampados na Pena de Francia e a xente de Dozón sitiounos e deuse alí a "batalla dos galaicos", que foi nun lugar chamado Cadaval, confirmando dita batalla un dolmen, unha estatua e unha inscripción que non se sabe o que siñifica, leenda que nos amostra un caso de contamiñación mañifesta.

Outro tanto pódese decir do referente ós calristas ou "fauciosos". Damos a seguinte leenda que se refire a un xefe famoso diles.

Na aldeia de Quintela de Piñeiro (Páramo, Lugo) hai unha casa, "a casa da Torre" que tén un escudo de armas e forma unha parte ergueita con dous pisos e o demáis máis baixo, cun soio piso.

A esta casa pertencían case todolos terreos que hoxe posee esta aldeia e foron vendidos polo seu derradeiro mourador, D. Vicente Sarmiento. Este era tenente na Cruña cando estralóu a guerra calrista, e despóis, re-

matada esta guerra, foi preso a Ceuta, e, pra saír, vendéu todolos bés de Quintela, anque tiña moitos máis, pois, asegún contan, tiña tantos patrimonios iste señor que, pra ir deica Madrí andando, soilo camiñaba tres días sin pisar terra súa e o máis grande era o que tiña en Astorga.

Iste señor, din os vellos, "era descendente doutro que vivía no tempo da mourindá, e foi tan rico porque o outro, cando Sant-Iago botóu ós mouros, el apoderouse de moitos tesouros que tiñan".

Diste D. Vicente Sarmiento refírese que, sendo tenente na Cruña e estando un día il con outros señores no casino, tocaron a falar que si Isabel, que si Don Calros, e il dixo que sempre fora mandado por un home e non quería ser mandado por ningunha puta. Por iste delito prendérono e metérono no Castelo de San Antón; mais ós tres meses puxérono en libertade, e unha noite, de acordo cos seus sarxentos, veuse con todalas forzas prá súa casa e mandado vir outro tenente amigo que tiña en Lugo, desta forma comenzan a súa campaña de calristas no país. A istes axuntáronse outros varios vountariamente e despóis, máis tarde, onde había dous homes, un ó menos facíano ir coíles á forza.

Atopándose istes perto de León, Sarmiento mandóu formar as tropas e dixo que si algún quería ir prá súa casa, que se fose apartando. E algús probes paisanos que se arredaron, foron afusilados aixiña.

Doutro Sarmiento, irmán diste, chamado Don Juanito, din que era moi ruin que cada persoa que atopaba mandábaa matar e dicía: "Hombre muerto no habla".

Despóis veu a gran derrota de Rioseco, en que o xeneral Maroto traicionóu ós seus soldados dándolles cartuchos de salvado e os realistas, que sabían a trampa, metéronse de tal modo nos calristas, dándolles fogo, que os derrotaron completamente.

> Despóis de todo esto, Don Vicente Sarmiento foi preso a Ceuta, Don Juanito Berlai tivo que dar ochenta mil reás pra que nono matasen, Don Juanito Sarmiento estudióu pra cura e así se acabóu a fonción.

Nas tradiciós históricas compre incluir tamén as referentes a piratas e ladrós. Entre as primeiras daremos a seguinte, recollida en Foz dunha muller de oitenta anos e que reproducimos tal como foi referida:

> Xan de García, que era dos das Casas Novas, foi o que desapareceú da casa e non se soupo máis dél... Foi na vida de mi madre. Unha fragata de tres palos chegóu á capilla de San Bartolo e embarrancóu e alí quedóu. E eran piratas. A madeira empleouse na igresia de Foz, cando veu Don José Chao, o que foi párroco. E foi a autoridá e a xente, e eles recibíronos con machetes e non sei que máis... Viña unha señorita moi guapa, que veu ó pueblo, moi guapa, e máis o capitán. Traían cabras e carneiros. Unha cabra non se quixo despedir do barco, por máis que fixeron, hastra que se desfixo. Xan de García viña

> con eles, e non se deu a conocer, mais veu arredor da casa, de noite; en cada terra do seu pai atóu un mollo, pra que se soupera que era él. Foi pola casa, pero falaba como os piratas pra que nono conoceran. Os pais decían: "Este parece meu fillo". Marchóu con eles e non se volvéu saber máis.

Abondan máis as historias de ladrós. Tén habido algús famosos, como Xan Quinto e Pepa a Loba, que non somentes deixaron leenda sinón que pasaron á literatura. Outros coñecidos e de moita sona foron Balseiro, o Volante de Maceda, o Venancio das Pitas.

Da Pepa a Loba contan que se botóu ó monte en venganza de ter sido deshonrada, non podía ver ós homes e era dunha crueldá tremenda. Andaba cunha gavilla mandaba por ela, que puña medo a toda a xente; din que picaba o tabaco prós seus homes na croa dos curas, que facía mortes e que impuña martirios ós que roubaba pra facerlles decir onde tiñan os cartos. Era valente como un home e tiña amigos e valedores entre a xente alta, frecuentando incluso algunhas casas fidalgas.

Entre as leendas compre clasificar os romances, chamados entre nós "historias", que son verdadeiramente leendas postas en verso, e que poden pertencer a calquera das tres castes que sinalamos prás leendas, con máis os que son de bulras. Por moito tempo pensouse que non había romances en Galiza, sinón que iste xénero literario era propio das terras de fala castelán. Carré Aldao expricao porque, cando os folkloristas iban preguntar ós paisanos si sabían "romances", os paisanos, que lles chaman "historias", non sabían qué lles preguntaban. Despoixas foise vendo que os había de abondo nos dous idiomas, dos casteláns, moitos importados e outros compostos no país. Carré dá a lista seguinte: Albuela, Silvanina, O xastre de Lomba, O testamento do gato, Martín Conde, O segador, Conde Iano, Duque cego, O Conde Nilo ou Gandoliños, A bela Infantina, A enfeitizada, Dama Xelda, Gaiferos de Mormaltán, A frol de auga, A noite de San Xoán, Claralinda, A Pelegrina ou A Romeira, Doncela que vai á guerra, Don Duardos, Rosalinda; entre os relixiosos: Os Nadales, O Anibó, Os bos reises, A fuxida, A Pasión, O Calvario, Polos camiños do ceo, Santa Catalina; entre os "xocosos": O sin ver que n'andaba, O casamento do gato, O testamento do galo, O testamento do Entroido; e entre os infantís: De Francia vengo Señora, Dame a mau, ven, irmauciño, Elas eran tres comadres, A frol do violar... Naturalmente que hai moitos máis, dos cuales hemos ver algús. A súa orixe ponse na fin do século XIV e comenzos do XV, e hainos que pasaron de Galiza a outras terras onde foron postos en castelán, e, ás veces, retornaron entre nós nesta derradeira lingua.

As características dos romances galegos son o idealismo e a sentimentalidade, o non seren cáxeque nunca históricos, sinón dos que chaman "novelescos". Tense sinalado a influencia das narraciós do ciclo bretón e máis do carolinxio.

Damos agora algús eixemplos dos máis enxebres:

Romance de Santa Irene

Estando cosendo — na miña corbata,
con agulla de ouro — i alferxes de prata,
chegóu un cabaleiro — pedindo pousada.
—Se meu pai lla dera — a min me gustaba.
Puxéronlle a mesa — no medio da sala,
con coitelos de ouro — cubiertos de prata.
Fixéronlle a cama — nun rincón da sala,
con colchós de seda — sábanas de Holanda.
Pola media noite — galán recordaba,
e de tres que éramos — solo en min pensaba.
—Levántate Irene — vámonos de marcha.
Chegando a unha serra — dixo como m'eu chamaba.
—Na casiña do meus pais — era rica i estimada,
agora me chamaréi — probe e desgraciada.
Colléu un coitelo — e alí a matóu,
cuberta de monte — alí a deixóu.
Dalí a sete anos — por alí voltóu.
—Pastoriños novos — que gado gardades
naquela capilla — a quen adorades?
—Adoramos a Irene — que o traidor matóu,
cuberta de monte — aquí a deixóu.
—Ai!... Santa Irene — meu amor primeiro,
vólveme a saúde — do lado dereito.
—Como cha hei volver — ladrón carniceiro
si do meu pescozo — fixeches talleiro,
e dos meus cabelos — fixeches diñeiro?

A Gallarda

Estando yo en mi ventana — en mi ventana florida
vi chegar un caballero — camino d'Andalucía.
—Apíese caballero, — que aquí sea su dormida.
—Con mucho gusto, señora, — si ese favor me facía.
Subindo por l'ascalera, — caballero bien las vía,
las cabezas de cien hombres — criadas con su orina.
—¿Qué es aquello, Gallarda — con toda su gallardía?...
—Son cabezas de lechones — criados con mi orina.
—Enremiente la Gallarda, — con toda su gallardía.
Una era de mi padre — más querido, que yo tiña,
y otra era de mi abuelo — que barbas blancas tenía.
Gallarda hizo la cena, — caballero bien la vía.
—Coma, caballero, coma, — coma, coma por su vida.
—Coma, Gallarda, usté coma, — que ben comesto traía.
Gallarda hizo la cama, — caballero bien la vía,
y entre sábas y colchones — cuchillos d'ouro metía.
Alá pola media noite — Gallarda se revolvía.
—¿Que buscas ahí, Gallarda, — con toda tu gallardía?
—¡Busco o meu rosario d'ouro — que rezalo eu quería.
—O teu rosariño d'ouro — nas miñas mans estaría...
E deron voltas con voltas — pra ver quen é o que podía;

el hombre como es varón — sempre quedaba por riba.
Y la sangre da Gallarda — toda la sala cubría.
—Abre las puertas, portero, — que marcharme eu quería.
—Las puertas son de hierro — non se abren, hastra el día,
que si viene la Gallarda — la vida me quitaría.
—No temas a la Gallarda — con toda su gallardía,
pois ela queda nun sueño, que nunca despertaría.

Malveliña

Malveliña se pasea — pola súa sala real.
—Qué remedio me dá madre — pra non pasar tanto mal?
—Vaite pra cás de túa nai — qu'os fillos en cás seu pai
nunca tanto mal lles vai.
—Don Calriños vai na caza, — quén ll'ha de dar d'almorzar?
—Don Calros é meu filliño, — eu lle poréi d'almorzar.
Poñeréi monteses d'ouro — cuchillos d'outro metal
y de la caza que traía — derecha se mandará:
de la paloma más mucha — y de la perdiz más poca.
Malveliña pola porta, — don Calros polo portal.
—Onde vai, madre, Malvela, — espello do meu mirar?...
—Meu filliño, esa ladrona — vaiche en casa de seu pai,
cun galán de par en par.
Estando con frai Mouro — debaixo do naranxal
ela estaba en alba camisa — i él en xubón de bozal.
Que si hoxe non ma matas, — nunca máis pan che hei de dar,
nin beberás do meu viño, — nin da miña carne comerás.
—Por Dios lle pido, mi madre, — m'arríe o cabalo de máis andar.
—Para meu filliño, para, — que che hei de dar d'almorzar.
—Maldito bocado quero, — hastra Malvela encontrar.
Llegando al medio camino — encontró con la cuñada.
—Buenas noticias, don Calros, — buenas las traigo pra dar.
Malvela queda parida — cun hijo de par y par.
—¡Malvela se caiga muerta — y el hijo no coma pan!
Que el hijo de dos maridos, — mal se poderá criar.
—¿Quén che dixo eso, don Calros?...— A ladrona de túa nai!...
Llegó a la puerta y petó. — Bájate abajo Malvela,
que si enriba che voi — a puntapés has baixar.
—Por Dios che pido, don Calros, — por Dios che hei de rogar,
que ma deixes quedar. — Por Dios lle pido, mi madre,
que me traia esa ropita, — que me quiero arropar;
que don Calros me quiere matar; — que m'arríe ese caballito
sea branco, sea negro, — sea de menos andar.
¡Adiós madre mía adiós! — que en vida non hei de ver!
¡Adiós mi hermana, adiós!... — que a tu casa non hei volver.
Sete leguas tiñan andado — sen un con outro falar.
Rompéu o neno a chorar.
—Abre los pechos Malvela — y al niño da de mamar.
—¿Qué ques que lle dea, don Calros, — se non teño que lle dar?;
parida de dúas horas — que leite ll'hei poder dar.
Que en la anca de mi mula, — los perros pueden larpar.
Por Dios lle pido, don Calros,
que me busques cura ou fraile, — que me quero confesar.

—Anda, Malveliña, anda, — hastra o primeiro lugar.
En estas buenas razones — rompió el niño a falar:
—Bautice, padre, bautice, — xa puido ter bautizado,
que a la buena de mi madre — cen santiños a levaron;
y a la buena de mi abuela — cen demonios la tragaron.
Vaise á fuente de mi madre, — santiños verá bailar;
váiase á de miña abuela — demos a corretear.
Quien lo sabe no lo dice, — quien lo oye no lo adeprende,
el día del san Juicio — verá que conta le tiene.

A volta do marido

Estando en mi ventana, — torcendo e fiando seda,
vi venir un caballero — por la alta sierra Morena;
atrevinme a preguntarlle: — ¿Que noticias hai da guerra?
—¿Por qué pregunta, señora, — por qué pregunta, doncella?
—Pregunto por mi marido, — sete anos hai que vai nela.
—Déame usté señora las señales — qu'o seu marido leva.
—Leva tres paxes consigo, — ....
o que máis delante iba, relumbra com'unha estrela.
—Su marido queda muerto, — muerto queda en la guerra
con las espaldas abajo, — la boca llena de tierra.
¿Cuánto diera, usted señora, — cuanto diera, usted doncella,
a quien lo trouxera vivo — e sano a esta terra...?
—Siete mulas me quedaron — camino de la ribera.
—Todo es poco, señora, — todo es poco, doncella.
—Sete fillas me quedaron, — escoja en cual quixera.
—Todo es poco, señora, — todo es poco, doncella.
—Márchese dahí, señor... — ¡Malas puñaladas muera!
Vou a cerrar mis ventanas — pra nunca máis porme nelas.
—Ábreme as portas, muller. — Ben sabía que o eras.
—Fixeches mui mal, marido, — tratarme desa maneira.
O curazón das mulleres — ben sabías como era:
fai como o vaso de vidro! — desde que cai logo quebra,
fai como a folla do olmo — que calquera vento a leva.

Rufina

—Ai Rufina hermosa, ti que fás ahí?
—Estóu gardando o gado; ben mo vides aquí.
—Ai Rufina hermosa, ti gardas o gado?
—Xa Dios me crióu pra este traballo.
—Ai Rufina hermosa, queres vir conmigo?
Neses montes sola correche peligro.
—Ai Xesús divino!, quen tal me desea!
Querer que se perda a facenda allea!
—Non che digo eso, nin tal como eso,
dígoche que veñas a tomar o fresco.
—A tomar o fresco non vou, nin iréi;
vou gardar o gado, que o perderéi,
—O gado, Rufina, non che dea cuidado:
que se ti o perdes, eu iréi buscalo.
—Ai Xesús divino, seica vés ufano?

Con mangas de seda gardar o meu gado!
—Mangas e vestidos teño que romper,
Rufiniña hermosa por che dar placer.
—Vaite dahi, humano non me deas pena.
Que ha de vir meu amo traerme a merenda.
—E se vén teu amo en qué te ocupaches?
veu un trobón d'auga, e que t'abrigaches.
—Sei contar verdá, eu mentir non sei,
vou gardar o gado, que o perderéi.
—O que estás de bravo e d'impertinente!
homes non son lobos que coman á xente.
—E se estóu de bravo, fago moito ben;
que se estóu de bravo, todo me convén.
—Todo che convén? dígoche eu que non.
Linda, m'has de ter no teu corazón.
—Vaite d'ahi, majo, non me deas tormento,
non te podo ter no meu pensamento.
—Xúroche, Rufina, a fé de quen son
que ti es miña irmá, i eu teu irmao son.
—Se ti es meu irmao, i eu túa irmá son,
de canto che dixen, pídoche perdón.
—Pídeme perdón; estache perdonado.
Dame a túa mao ponte d'acabalo.
—Xente de fuga
garde o meu gado,
qu'ahi vai a Rufina
co seu namorado.

Doña Silvana

—Pídeme, doña Silvana — pídeme, que ch'eu daría
—Mande chamar a don Conde — da súa parte e da miña,
e que me traia a cabeza — nunha dourada bacía,
e máis seus panos de seda — máis a roupa qu'ela tiña.
—Qué me quer su Señor Rei, — que me quer, súa señoría.
—Que mates á túa muller — e te cases coa miña filla.
—Cómo a hei de matar? Triste! — se non ma merecía.
—Mata á túa muller, Conde, — antes que ch'eu quite a vida.
Volveuse o Conde prá casa — con máis tristura que alegría.
—Ponme o xantar muller, — das once por medio día.
E miran un para o outro, — e ningún deles comía,
tantas eran as lágrimas — que pola mesa corrían.
—Manda chamar ó barbeiro — e que che dea unha sangría.
—Déixame dar un paseo — da sala para a cociña,
despedirme do meu fillo — o do peito que tiña.
Mamá meu filliño mama — este leite d'amargar;
que mañán destas horas — estarán pra me enterrar.
Mama, meu filliño, mama — este leite d'amargura,
que mañán destas horas — estaréi na sepultura.
Salíu o fillo máis novo — o de peito qu'ela tiña.
Tocan os sinos en Francia — Ai, Xesús! quén morrería?
—Morreuche doña Silvana — por delitos qu'ela tiña:

descasar ós bén casados, — cousa que Dios non quería.
Abrázanse un ó outro — na forza da alegría
por se volver a quedar — na mesma compañía.

Delgadina

Un Rey tenía tres hijas — más hermosas que la plata.
—Ahora Delgadina — vas a ser mi namorada.
—Ni que lo permita el Rey — ni la virgen soberana.
—Alto, alto, mis criados, — a Delgadina encerralla.
No le dar más de comer — sino comida salada,
no le dar más de beber — sino zume de naranja.
Y de allí a siete años — se asomó a una ventana.
Viendo a sus hermanitos — juega que juega en la barca:
—Por Dios os pido hermanitos, — que me deais un poco de agua.
—No te la doy, Delgadina, — no te la doy, perra mala;
si lo supiera mi padre, — la cabeza me cortara.
Y Delgadina llorando — se pasó a otra habitación,
y las lágrimas corriendo, — las tomaba ella por agua.
De allí a otros siete años, — se asomó a otra ventana,
viendo a su madrecita — sentadita en un sillón.
—Por Dios le pido, madrecita, — madrecita de mi alma,
por Dios le pido, madrecita, — que me dea un jarro de agua.
—Ne te la doy, Delgadina, — no te la doy, perra mala;
va hacer veintiún años — que por ti estoy mal casada.
Y Delgadina llorando — pasó a otra habitación,
y las lágrimas corriendo, — las tomaba ella por agua.
De allí a otros siete años, — se asomó a otra ventana,
viendo a su padrecito, — juega que juega a billarda.
—Por Dios le pido, mi padre, — que me dea un jarro de agua.
—No te la doy, Delgadina, — no te la doy, perra mala;
te la daré Delgadina — si me cumples la palabra.
—Se la cumpliré mi padre — aunque sea de mala gana,
—Alto, alto, mis criados...
darle agua a Delgadina, — en jarros de oro y plata.
Cuando fueron darle el agua, — Delgadina ya no estaba.
Dejó una carta escrita — que decía:
Delgadina va en el cielo, — va en el cielo coronada;
El alma de sus padres — a los infiernos bajara.

CONTOS

Dos contos pódense facer dúas clasificaciós: unha, que soemos atopar correntemente nos autores, atende á intención; e outra, que coidamos máis práctica, ó asunto. Logo fanse outras que somentes teñen interés pró estudo científico a fondo, e que non son tan propias dun traballo expositivo.

A primeira clasificación divide os contos en catro ou cinco castes, a saber: 1ª maravillosos, que teñen un xeito mítico ou lexendario. 2ª eixemplares, que se propoñen dar enseño moral ou eudemonolóxico, e que algús dividen en dúas clases: parábolas, cando os persoaxes son seres humáns, e apólogos, cando son bestas. 3ª humorísticos, ou de risas, que

se propoñen facer chiste. 4ª eróticos, que son de amores, moitas veces de picardía. Por fin, algús fan unha 5ª clase: os mnemotécnicos, que sirven pra axudar á memoria e que nos fan presente algo que temos que saber.

Polo asunto, e con máis especial aplicación á nosa Terra, podemos distinguir os contos de bruxas, do demo, do trasno e outros seres semellantes, de mortos, de ánimas, de lobos, de caza, de bestas, do raposo, de xastres, doutros oficios, de cregos e sacristás, de camiñantes, de reis e príncipes, de seres encantados, sin esquecer os contos porcos e os pornográficos.

Contos de Noso Señor cando andaba polo mundo

Os malfalados

Dunha vez iba San Pedro e noso Señor Xesucristo e viron a dous homes rozando, e un falaba moi mal e o outro non tanto, e San Pedro díxolle a Xesucristo que mirase como un falaba tan mal e o outro non, e nesto foi Xesucristo e deulle a San Pedro un crucifixo e un peso e díxolle:

"Vai alí e dilles que o que lle dea unha bofetada ó crucifixo que lle das o peso".

E San Pedro foi onde o que falaba mal e díxollo e nesto díxolle o home:

"Sácate d'ahí, c. . . ou pensas que lle vou bater a noso Señor?"

E logo foi San Pedro onde o outro e tamén llo dixo, e o outro díxolle:

"Bueno, querer non quería, pero o peso non me vén mal".

E cando lle iba pegar, desapareceulle San Pedro.

Por qué a lúa está marxada

Cando Dios e San Pedro andaban polo mundo seique lles escurecéu nunha senra. Como a noite viña nubra non se vía miga, inda que houbese luar, e San Pedro dou tal costenada que cuasi racha a dida dun pé. Laiando, destocouse: "Vállame San Pe. . ., digo, vállame San Xoán! Esa lúa non alumea. . ."

E encarándose ó ceo, dixo deste xeito: "Vaite lúa, faite sol / e escrarece este arredor".

No pronto unha albeira craridade deluróu sobre da terra. Noso Señoriño, que iba diante, ollóu no Apóstolo por derriba do lombo dicíndolle moi mansiño: "Pero home, seique eres parvo, non vés que estoncias non habería noite?"

E collendo unha presa de xabre, guindoullo á lúa. Noso Señoriño afitaba; o xabre dou de cheo e a lúa quedouse esmorecida e escarapolada.

O pan debemos ós cás

Cando andaba Xesucristo cos discípulos padricando o Evanxeo, vendo tan corrompida á xente quíxoa castigar, outando por quitarlle o pan que, asegún a creencia, tiña cada pranta a virtude de multiplicarse innumerablemente.

Ouvida que foi a sentencia por San Pedro, achegouse a il e supricoulle: "Pai Mestre, deixe siquera un pé prós cans".

Polo que a xente di que debemol-o pan a quen menos veces o comen, que son os cáns.

Contos do demo

Nunha ocasión coméu certo peisano nunha taberna unha tortilla. E ó ver a conta que lle presentóu a taberneira, viu con pasmo que lle pedía moito máis do que valía o consumo que fixera. Pedíu a explicación, e ela respondéu: "Media ducia de ovos postos a unha pita choca, poderían dar outros tantos polos; istes, se resultaban pitas, poderían dar, ó seu tempo, outros tantos pitos; e se istes resultaban tamén galiñas, poderían dar outros tantos polos; e vaia contando!. . ."

O paisano rindeuse á evidencia e non tendo con qué pagar, fuxíu da taberna. A taberneira demandouno, e o peisano non sabía como saír do apuro.

Nesto presentóuselle un individo de facha rara que, coñecendo o seu apuro, ofrecéuselle a defendelo no xuicio, mais adevertíndolle que gardara segredo, pois era o demo.

Chegado o xuizo, estiveron moito tempo agardando polo defensor, o cual chegóu ridiculamente vestido e con zocas, polo cual o tribunal amonestouno, preguntándolle por qué tardara tanto, ó que respondéu: "Estiven cocendo un pote de fabas pra sementar".

Entón preguntoulle o tribunal: "Home, e as fabas nacen despóis de cocidas?" "Ai, señor! e os ovos, despóis de cocidos e comidos, dan polos?" "Tés razón".

E ganoulle o pleito o peisano á taberneira.

Era un home que estaba retellando a eirexa, e pasóu o demo por alí, e díxolle: "Ah, parviolo! Se foras roubar o peto das ánimas, que ha ter moito diñeiro!"

O home baixóu do tellado e foi roubar o peto das ánimas. Despóis, o crego demandouno e queríao levar á forca. Metérono en capilla e foron dous frades confesalo, mais il non se quería confesar, e decíanlle os frades: "Encoméndate a bó santo que vas ir á forca".

E levárono á forca, mandáronlle decir o Credo, e respondéu o condanado: "Asegurádevos vós, que boa falta vos ha faguer, que eu ben seguro che estóu".

E colléu polas pernas ó buxéu e botouno da forca embaixo. E dixo o buxéu: "Nunca outra me pasóu!"

E respondéu o condanado, que resultaba ser o demo: "E a min tampouco!"

(Recollido San Fiz de Varón, Carballiño)

O demo fíxolle o amor a unha rapaza maila nai desconfiaba dil; pero chegóu o día en que o demo pidía a man da moza. A nai desconfiaba moito, mais accedéu e celebrouse a ceremonia e os dous, filla e xenro, quedaron ca nai. Mailo demo, que é un traste, non sei que trasnada lle debéu faguer á sogra que dixo: "Arrenegado che sea o demo, xa me parecía a min que non era cousa boa".

E o demo salíu fuxindo coma disparado polo burato da porta. Logo colleuno e meteuno nun frasco e levouno a un monte e elí cho deixóu.

Con isto pasaron sete anos, e un rapaz que viña do servicio ó ver aquil home preguntoulle que faguía. E o demo díxolle que si o sacaba daquil sitio lle daría o quil quixese.

O rapaz que amargáballe traballar pideulle diñeiro. O demo accedéu, e o Bartolo, que así se chamaba, sacouno daquela prisión; pero, temendo que se lle escapara, agarrouno do rabo. O demo díxolle quil non tiña diñeiro mais que se metería no corpo da filla do rei e que se presentase coma médico disposto a curala, que lle puxera escapularios e lle fixera o sinal da cruz, e entón il sairía fora do corpo da princesa e sanaría; e entón que lle pedira unha boa suma ó rei.

Esí fixeron, e o Bartolo presentouse no palacio a curala. O primeiro día non quixo o demo saír, o segundo tampouco e o rei díxolle que soio lle daba vintecatro horas e ó cabo delas, si non sanaba, se lle cortaría o pescozo.

Faltáballe uns minutos pra ser aforcado e o demo inda non saía. Entón o Bartolo xa vía as cousas mal paradas e, canso de faguerlle remedios, comprendendo que o demo o había enganado, mandóu tocar todalas campás do pueblo coma último remedio. E as campás repicaban coma se fora un día de festa. Entón o demo, ó ouvir aquelo, preguntóu: "E logo que é eso?"

E o Bartolo contestóu: "É que se anuncia a chegada da túa sogra".

E o demo, ó ouvir aquelo, fuxiu do corpo da princesa porque lle tiña moito medo á sogra. E o Bartolo foise moi contento cos cartos no peto.

(Canabal)

Contos de bruxas

En Cambeo había unha viuda que era bruxa, que casóu segunda vez cun home honrado que non coñecía o poder da súa muller. Ela deixaba todalas noites quil se deitara primeiro, e cando durmía, decíalle: "Por enriba da túa cara, pásoche o meu cú pra que, en canto vou a Sevilla, non despertes tú".

Mais a ouvidos do home chegaron rumores do que facía a súa muller, e unha noite quedóu desperto pra ver se era certo; e ó ver que efectivamente era certo, colléu unha fouce e díxolle: "Por enriba da túa cara pá-

soche a miña aixada, pra que non volvas pasar o cú por enriba da miña cara".

E matouna.

(Cambeo)

Un home pedíu pousada a unhas mulleres que eran bruxas. Mandárono deitar, e cando pensaban que estaba durmindo, untáronse cunha untura que estaba nun cabo e voaron pola chemineia.

O home quería saber como era, untouse e tamén voóu pola chemineia e foi dar a Sevilla onde elas, e atopouse co capitán bruxo; iste cheirouno e dixo: "Gente nueva... por poco tiempo".

E despóis acabóuselle a virtude da untura e tívose que vir dende Sevilla a pé.

(Vilarrubín, Peroxa)

Unha muller tiña unha criada e díxolle: "Tén que ir ó San Silvestre a Sevilla, mais non descubra quen a mandóu".

A criada foi a Sevilla, e, ó chegar, todalas bruxas se puxeron pra un lado e o demo ó outro, e o demo empezóu a montar en todalas bruxas, e así chega onde a criada, dixo ela: "Ai, Jesús de Nazarén, que rabo che tén!"

(San Fiz de Varón, Carballiño)

Contos de ladrós

Andaban unha vez, ús ladrós azoroñando unha eirexa, i entón o cura puxo gardas dos homes da parroquia; mais unha noite tocoulle a dous mozos, que a todo trance querían ir ás mozas e non sabían como poder escurrirse. Chegaron nesto por alí un xastre e un zapateiro, que, mediante unha boa paga, quedaron no lugar dos outros mozos na garda da eirexa. Subíronse prá tribuna e puxéronse a traballar cada un no seu oficio. Aló pola media noite ouviron que os ladrós chegaban, e moi quedos deixáronos entrar con toda libertade. Tenderon os ladrós no medio da eirexa unha saba e nela puxeron todo canto traían pra partir entre iles. Mais neste momento en que non pensaban nada na outra vida, érguese o xastre e berra con toda a forza do seu peito: "Acudide aquí difuntos".

E o zapateiro, que non se deixaba agardar prás respostas, ciscando todolos seus trebellos, contestóu: "Aló vamos todos xuntos".

Os ladrós tal medo colleron que nin un minuto pararon; fuxiron como chispas pola aldea embaixo, deixando todo o seu bén no medio da eirexa, o que souperon aproveitar o xastre e o zapateiro.

Logo que pararon os ladrós, dixo un deles: "Ben sería ir ver o que alí había, pois se cadra foi cousa do demo".

Astreveuse un e foi á eirexa e púxose a escoitar o que dentro pasaba. Pero naquil instante disputaban fortemente o xastre e mailo zapateiro por

un real e, santo Dios, non habia camiño pra el; e ó chegar xunto dos outros compañeiros, díxolles: "Ai meus amigos!: moitos deben ser os que alí foron, pois aínda non lles toca a real".

Os ladrós que tal ouviron marcharon como lóstregos daquelas terras.

Vivía unha vella soila na súa casa e unha noite solprendérona os ladrós asomando pola chemineia, pola que querían entrar.

Ela decatouse, mais tamén comprendéu que non podía pedir auxilios, pois se berraba, matábana. Co medo discurríu porse a traballar na devandoira ó tempo que cantaba:

> Cantade, miñas devandoiriñas
> que eu cando era noiva tamén cantaba
> i o meu maridiño me zorraba
> i eu berraba: Ai de Dios!

O que abondóu pra que fuxiran os ladrós.

Unha vez eran dous irmáus moi probes, e un era parvo. Embargoulles todo a xusticia e tiveron que marchar polo mundo. Cando marchaban, o parvo empeñouse en levar a cancela do eixido; o irmáu a que non e il a que sí, o parvo cargóu ca cancela. Foron camiñando e á noite botáronse a durmir debaixo dun carballo. Mais viron que viñan us homes, tiveron medo e subíronse ó carballo pra que nonos viran. Efectivamente, eran os ladrós, os cuales pararon debaixo do carballo e puxéronse a guisar a cea e repartiren os cartos. Os dous irmáus, derriba do carballo, non se estrevían a rebulir, mailo ladrón, que estaba facendo a cea, probóu o guiso e dixo: "Está ben rico; mais si Dios nos mandara un pouco caldo limpo..."

O parvo díxolle ó irmáu: "Ai chacho, eu vou mexar". "Non fagas eso que somos perdidos".

Mailo parvo non fixo caso e mexóu, e os mexos caíron na cazola dos ladrós. Os ladrós quedaron pasmados do milagre, e o que facía de cociñeiro dixo: "Pois agora tamén nos podía mandar Dios unha miga de manteiga".

O parvo díxolle ó irmáu: "Ai chacho, eu vou cagar".

O irmáu, cheo de medo, respondeulle: "Non fagas eso, por Dios, que somos perdidos".

Mailo parvo non fixo caso e botóu o que lle cadróu na cazola dos ladrós.

Os ladrós quedaron aínda máis pasmados, vendo que Dios lles mandaba todo o que lle pedía o cociñeiro.

Un deles díxolle: "Ai home: dache Dios canto pides! Pídelle raíos a ver si che veñen".

O parvo díxolle o irmáu: "Eu vou tirar ca cancela". "Non fagas tal cousa que somos perdidos".

Mailo parvo guindóu ca cancela, que caéu batendo nas ponlas dun carballo, faguendo un estrondo de mil demos e os ladrós, cheos de medo, botaron a correr, deixando todo. Entón baixaron os dous irmáus. Un dos ladrós, ca présa, caíu alí mesmo; o parvo botouse a il e ca navalla cortoulle a lingua. O ladrón botóu a correr chamando ós compañeiros: "Ajaldai, ajaldai que zon dous".

Mais co mal que falaba, sin a lingua, os ladrós nono entendían e cada vez corrían máis, berrando: "Ai que di que é fogo de Dios!"

Os dous irmáus colleron os cartos dos ladrós e volveron ricos prá casa.

Contos de cregos e sacristás

O crego dunha aldea había tres días que tiña unha criada e mandoulle, pra cando volvera da misa, que lle tivera preparada unha boa sopa de allo.

Marchóu o crego e non se lle acordóu á criada perguntar o que se lle botaba, e foi á eirexa correndo; mais cando chegóu xa estaba o crego no altar dicindo a misa, e entón chamóu ó sacristán e díxolle que lle preguntara ó amo que lle había botar ás sopas. Díxollo, e o cura, coma se non ouvira, deu media volta e dixo: "Allo allorum, pemento pementorum. Dóminus vobiscum".

Dunha vez foi un sacristán decirlle ó cura que sentía moito ruido na igrexa, e que non sabía que podía ser, e foi o cura, colléu un libro e díxolle ó sacristán: "Bueno, vamos alá, e ti, a todo o que eu diga, dis amén".

Entraron na igrexa, foron cara a sacristía e cando abriron a porta salíu un porco a correr e metéuselle por entre as pernas ó cura, e escapaba coíl ó lombo, e o cura decía: "De Dios, que me leva o demo!" E o sacristán decía: "Amén, amén".

(Dozón)

Había unha vez un cura que notóu que o sancristán lle iba ó horto coller a froita, e un día chamouno pra que se confesara, e ver se puña termo por meio da confesión ós seus ladronicios; e efeitivamente, estando xa o sancristán confesándose, perguntoulle o cura: "Quen é o que roubóu a froita do horto?" Ó que respondéu o sancristán: "Non se oie ben dende eiquí, señor cura, faga o favor de berrar máis". "Home eche unha cousa ben rara —díxolle o cura— dígoche que quen é o que rouba a froita no horto". "Ser, será unha cousa rara —respondeulle o sancristán— e hastra parez cousa do demo, pero a fé que non se escoita nada dende iste sitio". "Pois eu nono creo", díxolle o cura. "Pois si nono cree, véñase pra onde estóu eu, e xa verá como non se oie".

E entón o cura, querendo ver se era certo o que dicía o sancristán, consentíu en cambiar de sitio, e cando xa estaban de novo colocados, perguntoulle dende adentro o sancristán ó cura: "Quen é o que anda ca

muller do sancristán?" "Que é o que dís?", respondeulle o cura. "Dígolle —volvéu a decir o sancristán— que quen é o que anda ca muller do sancristán". Entón respondéu o cura: "Home, tiñas ti razón e aínda che sobra, porque dende afora non se che oie nada".

Contos de xastres

Viña un xastre de coser todalas noites e tiña que pasar por un camiño que cruzaban as silvas, e ó chegar alí agarrábanselle á roupa e estaba anque fose toda a noite dicindo: "Deixádeme, que non teño que vos dar!"

Así que se soltaba dalí, chegaba un pouco máis adiante e pasáballe o mesmo, de maneira que cando chegaba á casa era xa moi tarde, e a muller perguntáballe: "Pero home, como tardas tanto?" E il respondía dicindo: "Estiven pelexando cos ladrós".

Vendo a súa muller que esto repetíase todolos días, visteuse un día de home e saliulle ó camiño. Ó atopalo díxolle: "Ou me deixas a tixeira, ou me cheiras o cú". Mailo xastre, vendo que non tiña outra tixeira, acetóu o outro. Nefeuto baixóu os calzós a muller e realizouse o seu propósito, e despóis marchouse para seu sitio, mais sin que o xastre coñecera á súa muller. Cando chegóu á casa o xastre, dícelle a muller: "Onde te parache?" "Estiven pelexando cos ladrós", respondéu il. Entón dícelle ela: "Ah, burro, burro! que me cheiraches o meu cú!" E responde il: "Por tanto! que me cheiraba ás berzas da nosa horta!"

(Loiro)

Viña un xastre de coser nun lugar, prá súa casa, atopóu cun lagarto que se paróu pra il ca boca aberta, e a il parecíalle que era un home cunha capa verde, polo que estivo dúas horas parado, decíndolle: "Señorito da capa verde, déixeme pasar... Señorito da capa verde, déixeme pasar".

Hastra que o lagarto marchouse á súa vida, e o xastre pasóu.

Á casa dun matrimonio sen fillos, que andaba daquela o home na sega en Castela, chamaron un xastre pra facer unha capa ou un carrick. A dona da casa tiña que atender a outros homes que traguía no campo, así que antes de saír á hora oportuna sirviulle o almorzo ó xastre. De que iste rematóu, díxolle que, coma tiña que saír, se lle era igual, podería tomar tamén o xantar das doce, que ela servíallo de boa gana, e non levaba o coidado de ter que volver tan cedo á casa. O xastre acetóu gustoso, mais, namentras xantaba, pensóu a boa da ama que non lle debía quedar tampouco o coidado da cea, e resolvéu de proporlle ó xastre se querería tamén cear ó mesmo tempo. O xastre acetóu sen vacilar, e a ama, satisfeita, preparóu tamén a cea, e o xastre comeuna.

Cando a señora se dispuña a marchar, o xastre chamouna e, en boa forma, díxolle: "Señora, acordéi unha cousa". "Vosté dirá, señor". "Pois

que me pague o xornal do día e que me marche, pois eu entendo que: De que un home almorza e cea/non fai nada en casa allea".

(Trasariz)

Contos de barrosos

Pasaban ús barrosos unha noite por unha ponte, e viron a lúa alá embaixo que espellaba no río. E un deles dixo: "Ai hó, olláí que fogaza hai aló embaixo: ímola coller?" "Imos", responderon os demáis. E o que faguía de mestre, dixo: "Pois imos faguer o garamallán".

E púxose agarrado cas dúas maus ó pretil da ponte, pola parte de afora, outro agarrado ás súas pernas, outro ás do segundo, outro ás do terceiro, e asina pendurados os ús cos outros, que é o que chaman faguer o garamallán, até que o de máis abaixo chegaba preto do río.

Entón berroulle o de enriba: "Estira unha miga que caxe lle chego!" E o que estaba collido ó pretil respondéu: "Agarda, déixame cuspiñar as maus!"

Soltóu as maus pra cuspir nelas pra se asegurar ben, e foron todos ó río...

(Castro Caldelas)

Outra vez estaba outro barroso comendo unha cebola e unha codela de centeo e díxolle outro: "Ei hom, como te coidas!" "Eu coidar coido, pero os cartos vanse que é un gusto. Inda non fai sete días que cambiéi un peso e agora xa teño soilo catro pesetas, dous realiños e outros poucos cartos máis".

Outra vez eran cinco barrosos que iban xantar e querían gastar pouco, agás un que era máis espréndido; pro non prevalecéu a súa opinión e pidiron catro sardiñas prós cinco. Entón o espréndido, que era o máis listo, ó repartilas, dixo: "Cinco barrosos, catro sardiñas, tocamos a dúas, e eu vou coas miñas".

E colléu as dúas millores, deixándolles ós outros catro dúas somentes.

(Valdeorras)

Contos varios

O home que paríu

Un home quería ter un fillo, e decíalle á muller: "Ai, quen me dera a min parir, que cando tí dás a lús comes as galiñas e eu nonas como". "Boeno —respondíalle a muller— se ti parises, eu comía o caldo e ti comíal-as galiñas".

E veu por alí o compadre, e a muller contoulle o conto. E díxolle o compadre ó home: "Se quere parir, eu fágoo parir; póñolle un corcho no cú, e tén que botar nove días sen desocupar".

E púxollo i el soio pudo aturar tres días, e pasados tres días díxolle á muller que fora buscar ó compadre que xa non resistía máis. E veu

o compadre e díxolle: "Pois tén que porse a xeito que o imos preparar agora". E foi o compadre e pillóu unha lagartiña e, ó sacar o corcho soltóu a lagartiña no meio da basura, e díxolle: "Oi, compadre, mire como rabelea, eso que non tén máis que tres días; se tivera nove!" E díxolle o home á lagartiña: "Ai, que bós dentiños trás, que lle querías morder o cú ó teu papaciño!" E díxolle o compadre que había que collela e levala e póla a mamar, e púxoa no peito, e a lagartiña deu en rabelear no seo, e dixo o home: "Eu xa non quero parir máis".

(Pías, Ponteareas)

Os da nabiña

Eran unha vegada dous que viñan vendendo nabiña de nabos polas aldeas de porta en porta e, ó chegaren á soma duns carballos, pousaron os sacos e sentáronse a descansar.

Ó pouco rato un deles foi en busca de auga pra beber pois estaba que esligaba coa sede, e díxolle ó outro que tivese conta dos sacos namentras voltaba.

Tan axiña como marchóu, foi o seu compañeiro e rouboulle catro cuartillos de nabiña. Chegóu o outro e díxolle ó que quedara: "Agora podes ir tí, que eu che teréi conta mentras".

E aproveitando tamén a súa marcha, rouboulle o que quedara tres cuartillos de nabiña do outro saco.

Un home que viu agachado os dous roubos foi hastra él e preguntoulle: "Ai homiño de onde sodes?" "E nós somos de Allares", contestoulle o que ficara ó pé do carballo. Destoncias o home repricoulle: "Nas condiciós ben vos semellades. / Sácalle outro cuartillo e quedades iguales".

(R. Oroso, Cruña)

O neno que nacéu do seu tempo

Dunha vez era un home e unha muller i estaban casados; entón foi a muller e mandóu o home pra América, i en canto ela amigouse con outro que por alí había. O home estivo na América cerca de catro anos e así que veu, dalí a tres meses, foi a muller e deu a luz. Entón a il parecíalle moi axiña, pero desto de contas estaba mal. E vai o que fixera o pequeno e veuno ver.

"Antón, —díxolle o que viñera da América— chacho, non che parez que a miña muller deu a luz moi axiña, que paréceme que inda non hai tres ou catro meses que vin e non tiña tempo de traer un rapaz tan criado como trai, que parez que xa tén dous anos". "E logo tu cando viñeches?" "Eu vin nos primeiros de abril". "Pois mira, abril, mexil, i o mes que vén tras dil, son tres; maio, maiolo i o mes que vén logo, son outros tres, e xa son seis; San Xoán, San Pedro i o mes en que nacéu o neno, outros

tres e son nove; entón non veu antes de tempo". "E tés razón, pero eu como contaba abril, maio e San Xoán, parecíame pouco".

A muller segreda

Unha vez pasada había un mozo, fillo do señor alcalde, era moi bo mozo, e a todalas mozas que falaba coelas as enganaba; e entón un día púxose a pensar e dixo pra il mesmo: "Pois todas son por un xeito, xa non vexo muller pra casar coela que eu lle teña confianza".

Estonces volveuse pensar que había unha na parroquia que era coxa, fea e probe; entón dixo il: "Voulle falar segredamente, que esa teño a seguridá que non é como as outras".

E faloulle e casóu coela, e unha noite, estando na cama, díxolle ela: "Ai Manoeliño, quérote moito!" E dixo il: "Porque dis eso muller?" Entón dixo ela: "Porque tiñas mozas tan boas mozas e ricas e nonas quixeches, pra casares comigo, coxa, fea e probe".

Entón contestoulle il: "Pois eu quíxente porque figúraseme que és unha muller segreda". Entón ela contestoulle: "Manoeliño, tan segreda coma min non hai outra, pois parín sete veces, e ningueno sabe, soilo o sabes tí que cho digo eu".

As rapazas que falaban mal

Nun lugar cuio nome non fai ó caso, vivía unha probe viuda con tres fillas casadeiras de moi boa aparencia pero que falaban con dificuldade, trabucando letras e palabras.

Recibiron un día a visita de tres pretendientes, e elas de antemao conviñeron coa nai en que non falarían nada durante a visita, pra que non se descobrira o seu defeito ó falaren. Durante a visita tiñan un pote con leite ó lume a ferver e unha das mozas encargábase de ir a coidar dil. Mais cando fervéu o leite, sen se lembrar da presencia dos mozos, dixo: "O xerriño tele". E respondeulle unha irmá: "Mételle a cullefe". E pra reprendelas diz a outra: "Non dixo a mamá que non falafe sinón que non casafe?"

Os mozos marcharon asustados e non volveron máis onde aquelas mozas que por non falaren ben perderon a boda.

(Marcelle, Serra de San Mamede)

O cego e mailo xordo

Apostaron un cego e máis un xordo a quen dixera a mentira máis grande, e aventuraron alá o seu, e entón o cego puxo a man diante dos ollos, e dixo: "Vai que ninguén vé o que vexo?... Pois vexo aló, atrás daquela serra dacolá, vexo carrear as formigas pra un formigueiro". E o xordo puxo a man na orella, e dixo: "E máis é certo, que tamén lle oio as pisadas".

O narrador di que aínda é maior a mentira do xordo, poilas formigas, ó fin, vense na terra, mais non hai quen lles oia as pisadas.

(San Pedro de Sabariz, Rairiz de Veiga)

Os tres padrenuestros

Un rapaz foise confesar, e o cura púxolle de penitencia que rezase tres padrenuestros.

Conque, a nai perguntoulle despóis: "Cumpliches a penitencia?" "Non señora". "E porqué?" "Porque, cómo a había cumplir? O siñor cura mandoume rezar tres padrenuestros e eu non sei máis que un".

Galo ou coello

Un día foi un home ó mercado e levaba un galo nunha carabela pra vender. Entróu, e entón puxéronse de acordo uns cantos, e puxéronse en distintos puntos do camiño que o home había levar, e cando il pasaba por dediante do primeiro perguntoulle: "Canto quere polo coello, tío home?"

O home non fixo caso e siguéu adiante, e atopóu co segundo que lle preguntóu: "Oia, tío home, canto quere polo coello?" E así pasóu co terceiro, ata que chegóu ó cuarto, e tamén lle preguntóu: "Ai tío home, canto quere polo coello?"

Entón o home, xa enrabechado, tiróu coa carabela, e dixo: "Pois que sea galo que sea coello, quero seis reás!"

O caso pasóu en Celanova.

(San Pedro de Sabariz, Rairiz de Veiga)

O raposo, a melra e a pega

Estando un día unha melra deitada cos seus filliños nun niño que pendurara nas ponlas dun salgueiro, chegóu por alí un raposo famento que así lle falóu á melra: "Melra, cacha-pelra, cantos fillos tés, ou melra?" E contestoulle ela: "Teño tres". "Pois bótame un", dixo o raposo. "Non boto, non, que meus fillos son".

Entón o raposo arremetendo contra o albre onde estaba a melra, dixo: "Meu rabo mazaroqueiro, pínchame este salgueiro".

A paxara, ó ouvir esto, tivo medo e berroulle ó raposo: "Toma o pirmeiro, mais non me pinches este salgueiro".

Marchóu o raposo co melriño moi ledo e con anceios de enganar por segunda vez á melra. Mais logo aparecéu por xunto desta unha pega, á quen lle contóu a melra o seu quite co raposo. Rematado o conto dixo a pega: "Mira comadre: non fagas caso ás verbas do raposo, e cando volte co mesmo tufo, diraslle: Ai burro, burro, que sin ferro nin aceiro, non se pincha o salgueiro. E logo voóu. Dito meu feito. Voltóu o raposo ó pé do salgueiro, pedindo outro melriño; e ó decirlle a melra que non llo daba escomenzóu como denantes: "Meu rabo mazaroqueiro, pínchame este salgueiro".

Pro inda ben o dixo, xa saltóu a melra co dito da pega: "Ai burro, burro, que sin ferro nin aceiro non se pincha o salgueiro". "Quen cho

dixo?", perguntoulle o raposo metendo o rabo entre as pernas. "Díxomo a pega". "Déixame ver". E marchouse en percura da pega.

Inda non ben a ollóu, berroulle: "Comadre pega, queres vir a unha festa?" "Vou", repuxo moi leda a pega, mentras baixaba cascarexa que te cascarexa. Cando xa estaba beira del, perguntoulle ónde iban, e o raposo díxolle que a un corgo inzado de troitas.

Alá se foron os dous, alegres coma dúas pascuas; mais como estaba o corgo cheo de auga, dixo o raposo: "Ouh comadre, valeiremos pirmeiro o corgo, pra despóis comer a fartar". "Moi ben", respondéu ela. E puxéronse coma dous negros a tirar da auga. O raposo larpaba como un desesperado nela; maila pega, como tiña o peteiro longo, en vez de beber e guindar fora, metíase ó fondo e comía nas troitas ás mil maravillas.

Decatouse o raposo desto e chamoulle a atención, pro non fixo nada. Con todo puido valeirarse o pozo e as troitas quedar ó descuberto; mais dunha vez que a pega enterróu toda a cabeza na lama buscando o cebo, foise o raposo e, con toda a coraxe, colleuna entre os dentes.

Ía coela así, pra facer unha festa rachada, e topouse coa melra que lle dixo ó raposo: "Ai compadre, a que non botas unha risada como eu?... Ja... ja... ja... ja..."

O raposo, por non quedar por baixo, botóu unha risada pro sin abrir a boca temendo que a pega lle fuxira.

Pero a melra insisteulle: "Ai, e non sabes compadre, non sabes rir á larga coma min. Ja... ja... ja..."

Encheuse o raposo de envexa, e quiso arremedar a risada forte da melra, abrindo a boca de catro cuartas; maila pega non esperóu a ouvilo e fuxeu como un lóstrego.

O coello e a raposa

Era no tempo en que falaban o coello e a raposa.

Andaba un home rozando; pasóu por alí un coello, por onde o rozador, e díxolle ó rozador: "Así que veña por aquí a zorra, dille que a hei de fastidiar".

Pasóu a raposa, e o home díxolle: "Pasóu por aquí o das cabras brancas e dixo que te había fastidiar".

Dixo a raposa: "Cá, que había decir!" E dixo o home: "Pois decir, dixo". E dixo a raposa: "E logo onde vai?" Dixo o home: "Vai por ahi enriba".

E foi a raposa e foi atrás dil e viuno, e quíxoo comer, porque non pensaba que lle iba facer o que lle fixo. Botouse a escape detrás dil, e levaron unha carreira longa, a raposa atrás do coello, volados.

Resulta que había unha cortiña grande, e o coello iba medio avanzado e a cortiña tiña unha cancela cunhas burandixas e foi o coello, me-

teuse e pasóu prá cortiña, e foi a raposa e tamén pasóu e quedóu entalada na burandixa, e o coello deu volta pra trás e púxose riba dela e dixo: "O que digo, fago; o que digo, fago".

E cagóu riba dela, e ela berrando, entalada.

(San Pedro de Sabariz, Rairiz de Veiga)

Bodas no ceo

Ía unha vez unha raposa polo monte e víu voar unha aguia moi outa. "Ai —berroulle— onde vas?" "Vou ás bodas ó ceo, respondeulle a aguia". "E logo, hai bodas hoxe?" "Hai; e moi boas, por certo". "Pois eu quería ir. Como faremos?" "Eu te levaréi". Entón a aguia pousouse no chao, a raposa subíuselle ás costas e botaron a voar.

Ó ir xa moi outos, a aguia fixo un recorte e chimpóu a raposa embaixo. E a raposa, ó ver que ía caír por riba dun penedo, púxose a berrar: "Fuxe laxa que te esparelo; / que si saio desta / non torno ás bodas dơ ceo!"

(Lobeira)

O galo e o raposo

No tempo en que falaban os animás, achóu unha vez un raposo moi carpeiro a un galo ergueito na ponla dun carballo e púxose a parolar coel diste xeito: "Bos días nos dé Deus amigo, como che vai?" "Ben e a tí?" "Non che oio ben; por qué non baixas?... Seique desconfías? Non sabes que hai unha orde que di que agora nin os gatos poden comer ós ratos, nin os raposos ós galos, nin os cás ós raposos?... Baixa home que non che hei facer nada". "Xa sei ho, mais agora que me decato non son cás aqueles que veñen pra eiquí?" "¡E máis son!" —dixo o raposo; e dicindo esto dou en correr namentras que o galo, rindo a gargalladas, lle cantaba: "Aaamostralle a ooorde! Aaamostralle a ooorde!".

(Beiro)

Unha vez pasada iba o lobo andando e chegóu a un campo; andaban dous carneiros e díxolles: "Vouvos comer". Os carneiros dixéronlle: "Comerasnos, pero primeiro tés que nos axudar a partil-o campo".

Mandárono pór no medio e iles viñeron a correr e déronlle unha atopada, e o lobo marchóu rabeando, e foi andando e chegóu a outro campo. Andaba alí unha besta coa cría, e díxolles: "Vouvos comer ou a tí ou a teu fillo". Entón a besta díxolle: "Comerás; pero primeiro quería que me sacases un pico que teño nun pé".

Il vai sacarllo, i ela deulle un couce i él foi onde estaban unhas cabras fiando e díxolles: "Vouvos comer". "Tés que nos cantal-a misa primeiro".

E púxose a cantar a misa i elas entón botáronse a escurnichalo e non tivo máis remedio que escapar, e foi polo camiño andando, chegóu onda un carballo e púxose pensando, dicindo: "Cando eu fun partidor de campos... Cando eu fun sacador de espiñas, e cantador de misas, se viñera un raio e me partira, xa me daría a risa!"

Un carpinteiro que estaba por riba do carballo deixoulle caír o machado e cortoulle o rabo, e o lobo marchóu máis enfadado.

As dúas ovellas e o lobo

Andando unha vez dúas ovellas, nai e filla, pastando nun monte, vendo que xa era hora de marchar prá casa, dixo a filla: "Madre vamos, / que virá o lobo e comeranos".

E a nai decía: "Pace filla, pace, que mañá choverá / ou nevará, ou sabe Dios o que fará".

Nesto achegouse o lobo, e dícelles: "Vouvos comer". E a ovella nai respondéu: "Comerá, si señor, mais antes tén que ir afiar os dentes a aquil penedo que se vé, que eu sonlle xa moi vella e non lle entrarán así".

E il vendo a razón obedecéu e, ó revolver as espaldas, elas escaparon con tanta presa que, arrombando a porta dun forno, metéronse dentro, volvendo pechar de maneira que o lobo non poidera entrar. O lobo chegóu onde o penedo que lle dixeran e, ó revolverse pra preguntar si era aquil, viu que iban escapando a toda presa, e botóu a correr atrás delas, chegóu á porta do forno, e non podendo entrar, dixo: "Dende que vou vello roán / non levéi mor carreira en van".

E a ovella respondéu: "Dende que son vella ruza / non levéi mor escaramuza".

(Freixo, Sarreaus)

O lobo e o raposo andaban xuntos, e o raposo era máis pillo, e andando xuntos, viron estar nunha ventá unhas tazas de papas e o lobo dixo: "Hai que subir por elas".

E entón o lobo púxose debaixo da ventá e o raposo riba dil subiu e coméu as papas, e así que acabóu, untóu a cabeza cas papas e díxolle ó lobo: "Póñase e non suba, que andiveron a paus comigo, mire como me puxeron, que me botaron os miolos fora.

E despóis o lobo levóu ó raposo, e iba o raposo acabalo do lobo decindo: "Tuntunduriña, tuntunrundeiro, / comín as papas e vou cabaleiro!"

(San Pedro de Sabariz, Rairiz de Veiga)

A DIDÁCTICA

Deixando os contos que chaman eixemplares e mnemotécnicos, abrangue dúas secciós principás: a das que soen chamar sentencias e que incluie os proverbios, os refrás e os ditos (expresiós figuradas, comparanzas, alcumes, frases feitas, etc.); e outra na que poremos as adeviñanzas os problemas, os exercicios de aprendizaxe, como trabalinguas, contos de repetición como proba de memoria, fórmulas que compre recitar aprésa

ou sin coller folgo, e aínda outras moitas brincadeiras dos rapaces e dos maores, como certos xogos de prendas, etc.

A LÍRICA

Vén logo a lírica. Verdadeiramente, a lírica debera ser estudiada conxuntamente coa música, pois a lírica popular, especialmente en Galiza, como si cadra toda a lírica primitiva, está feita pra ser cantada, e, orixinalmente, depende da música nos seus metros e ritmos.

Tamén hai que ter en conta a ocasión en que se cantan as cántigas. A cántiga e o caso en que se canta —observa Van Gennep—, o acto pra que foi composta, forman un todo cuios elementos compre considerar xuntamente: "O recitado dos contos, fábulas e leendas non se fai en calquera instante do día. Ben é un da riola de actos propios pra se esparexer dos traballos do día; ben sirve pra intensificar a acción (no camiñar polo deserto ou na selva) ou preparar prá acción (a caza, a batalla, etc.)". Si tal cousa dí Van Gennep das leendas e dos contos, con máis motivo será coas cántigas. Hainas pra soster coa música o ritmo do traballo (espadeladas; cántigas de arada, pra animar ós bois; de arrieiro, pra facer o camiño máis levadeiro; incluso tense querido facer derivar a muiñeira dunha imitanza do ritmo do movemento da moa e da caneta); pra adormentar ós neniños coa súa melopea monótona as de arrolo; e logo hai as que podemos chamar ceremoniales, prás festas e celebraciós relixiosas ou profáns (vilancetes, Aninovo, Reises, Entroido, Semán Santa, Maios, bodas, felicitaciós dos Santos, etc.) ou pra celebrar o remate dos traballos de recolleita (seitura, malla, vendima, etc.). Da orixe litúrxica (ceremonial) do canto e da música tense falado moito. Non estará de máis observar que as verbas "ritmo" e "rito" téñense feito derivar da mesma raíz indo-europea, que no sánscrito védico dá *ritam* e pódese cecáis relacioar coa raíz *rc*, "cantar", sin meternos arestora en máis fonduras.

O cadro que imos facer da lírica, fundado no rito, ou sexa no destino das cántigas, nono damos por perfeito, senón únicamente pra marcar un camiño, xa que esto tense estudado relativamente pouco na nosa Terra. Faremos as seguintes categorías:

1ª Cántigas correspondentes ás festas do ano, de carácter relixioso ou profano, supervivencias algunhas de vellos ritos pagáns.

2ª Cántigas de romaxe, que se cantan no camiño das romerías, unhas de carácter relixioso (que, na nosa Terra, fan descer algús das dos romeiros de Sant-Iago), outras de troula e brincadeira.

3ª Cántigas de divertimento, das que podemos facer dúas castes, asegún sexan ou non pra acompañar o baile. Entre as primeiras temos as muiñeiras, ribeiranas, fandangos, carballesas, etc. e moitas veces as pan-

deiradas e cántigas de pandeiro. Entre as segundas as alboradas, alalás, cántigas de regueifa e desafío, folia.

A DRAMÁTICA

O teatro popular galego tamén é, como outras moitas cousas, campo ermo prá investigación. Tense dito, incluso, que nono hai, e é certo que no século XVI, tanto prós autos sacramentales do Corpus, como prás comedias profáns, nas nosas cidades contrataban compañías de representantes vidos de afora, casteláns e italiáns, e soio moi tarde os houbo do país. Mais non debemos tomar por teatro somentes o que se representa nun taboado. Temos noticias doutras representaciós nas eirexas, como o *argadelo* do día dos Santos Reis, e de festas paródicas como a do *obispillo*, que eran verdadeiras representaciós. Nas páxinas que van dediante sinalamos moitos eixemplos de representaciós populares, como as comedias ou entremeses do Entroido, as loitas de mouros e cristiáns, o Sacrificio de Isaac en Laza, as representaciós con imaxes do Encontro e do Desencravo pola Semán Santa, e así polo xeito. Incluso as visitas de imaxes unhas ás outras teñen carácter de representación dunha escea, e, do mesmo xeito, as danzas e comparsas da procesión do Corpus e outras danzas de espectáculo.

Eso todo amostra, polo menos, un teatro rudimentario que compriría estudiar non somentes nas formas, sin dúbida decadentes, que tén, sinón nas que noutro tempo tivo.

Sabemos de varios sitios onde representaban episodios da vida e do martirio dos Santos. En Seixalvo, perto de Ourense, representaban outrora o martirio de Santa Ádega. O facer a representación en castelán, mal sabido e pior pronunciado, facía rir á xente e ocasionaba bulras, que, con seguranza, tiveron moita parte en que desaparecese o costume. En Ourense, remedábanos; contaban que o Procurador román decía á Santa: "Ádega, ya que los idólos no quisiste adorar, / los peitos te mandaré cortar!" E respondía o pobo román: "Que se los cuerten! Que se los cuerten!"

Cousa semellante decían doutra representación que facían pola parte do Carballiño, somentes que alí era a Santa a que berraba: "Que me los cuerten!"

Tocantes ás representaciós de mouros e cristiáns, temos falado das de Laza, a Franqueira e a Saínza, e vimos que nelas o principal é o diálogo, a forma dramática. Pero hai moitas máis, e non de todas temos noticias.

En Mouroás (San Xoán de Río) fana, en anos alternos, polo día de Sant-Iago. O xefe dos cristiáns é Carlomagno, vestido, como os demáis cristiáns, cun uniforme de raiadillo e un képis do mesmo. Os seus compañeiros son Oliveros, Roldán, Reinaldo de Montalbán e outros Pares de Francia; coíles vai un anxo que os protexe. Os mouros son tan pronto árabes, como turcos, como africáns; o seu vestido é de gran fantasía: pan-

talón encarnado moi estreito, camisa cruzada de bandas e fitas de seda de coores, e un pucho cónico con adubíos semellantes, todo do máis ledo e vistoso. Van uns e outros da cabalo, e nos millores cabalos que poden levar.

A representación faise en tres ou catro sitios distintos, dentro do lugar, e consiste casi exclusivamente nos parlamentos, sin que cheguen tan xiquera á cruzaren as espadas: é unha guerra verbal, en verso castelán, cuios manuscritos non pudemos conseguir. Nunha das esceas, chega a procesión, co Santo Apóstol da cabalo e a Virxe, e entón decídese a victoria dos cristiáns; siguen grandes disputas, pra que os mouros se convirtan, pois anque o Sultán querse bautizar, hai un xeneral que se opón e que o trata de medrán e cobarde; mais, ó fin, todos reciben o bautismo. A pesares de non haber verdadeira batalla, nin tiros, nin nada,

Fig. 53. - Representación de Mouroás. Á ezquerda, o xeneral dos mouros, quen, vencidos istes, oponse a que se bauticen. Á dereita, o xefe dos cristiáns, Carlomagno.

resulta máis lucida que a da Saínza. Van moito millor vestidos, e recitan moito millor os papés.

En Río de Muiños, en Quintela de Leirado, representan outra que tén o interés de se referir ó Tributo das Cen Doncelas, tradición que ben podemos dar por galega. Chámase esta representación "Semulados de la guerra del Clavijo" e o argumento é o seguinte.

O Almirante Balán, xefe dos mouros, manda tres partes seguidos a Carlos Magno, pra reclamar o trabuco. Eran tres doncelas as que tiñan que entregar os cristiáns pra que as levaran pra África, e tocáralle a sorte á filla de Carlos Magno, o cual, naturalmente, négase a entregarlas, e racha os papés que Balán lle manda. Un xeneral "africano" desafía a un

cristián que veña pelexar coíl, e, vendo a imaxe de Cristo, pregunta si é cousa de feiticeiría; entón o xeneral cristián rifa coíl fera batalla e logo arrédanse e vai cada un coa súa hoste. Entón Carlos Magno manda un parte ó alcalde do pobo pra que faga medir o campo prá batalla, e o alcalde avisa un agrimensor, e póñense a medir o campo.

Veñen as tres doncelas, entre medio de ramallos verdes, "vestidas con el traje típico de aquella época, traje de gallega", en compaña da gaita, que vén tocando unha alborada; uns soldados mouros quérenas roubar, mais veñen os paisanos, con sachos e aixadas, e nonos deixan. Rematada a medida do campo, forman os cristiáns, o xeneral pásalles re-

Fig. 54. - O rei dos mouros de Mouroás, que ven ser o Almirante Balán. Á súa beira vense as súas hostes; frente por frente, os cristiáns con uniformes modernos.

vista, o crego bendíceos e vén Carlos Magno pórse ó frente, mais son vencidos, e Carlos Magno recóllese nunha chouza.

Nesto, aparez o Apóstol nun cabalo branco e vai espertar a Carlos Magno. Sai o emperador, e volven á batalla, e cando semella que perden os cristiáns, volve Sant-Iago, e da primeira pasada, desfai a terceira parte dos mouros, da segunda, outra terceira parte, e os que quedan, préndenos os cristiáns.

Esta representación, chea de lembranzas misturadas de relatos históricos e dos libros de Cabaleirías, é das máis completas que coñecemos. Faise o día da Santa Cruz de Maio.

O "facer comedias" é tamén un dos divertimentos dos fiadeiros e doutras xuntanzas da aldea. Incluso hai persoas que teñen un xeito especial pra estas cousas.

O que acontez é que se tén recollido desto tan pouco, que somentes se poden faguer unhas cantas indicaciós que podan servir pra futuros estudos.

2. ARTES PLÁSTICAS

Así como é rica e de grande valencia estética a nosa literatura popular e tanto ou máis a música e cecáis a danza, non acontez igual coas artes plásticas. Indica esto, con seguranza, que no noso pobo teñen máis forza morfoxenética as representacións acústicas e, deica certo punto, as motrices, que non as ópticas, o cual pode tamén, de certo xeito, testemuñar un carácter introvertido.

Polo regular, o paisano galego, nas cousas materiás, amóstrase puramente utilitario e pouco curioso, ás veces cun desprecio absoluto da estética. O feito tan común de levaren o paraugas pendurado ás costas, coa caxata enganchada no cuello da chaqueta, é un verdadeiro símbolo da pouca curiosidá que teñén pró ben parecer. Nos instrumentos e nos trebellos da casa, no mobiliario, etc. empregan formas das máis primitivas e sumarias, puramente funcionás; o caso é que vaian servindo pró uso que se lles dá, ás veces, nin aínda eso. A afición moderna polas cousas mercadas nas tendas, sin beleza nin persoalidade, e por remedaren o que ven na vila e que lles parez de moda, soendo escoller as máis das veces o pior estéticamente, é outra mostra elocuente do que dixemos.

Non embargante, hai algunhas poucas obras plásticas do pobo que nos poden facer matinar que, si cadra, non sempre foi así, e que o pobo galego exprimentóu cicáis no plástico unha sorte de dexeneración, a cual ben pode vir dun verdadeiro "complexo de inferioridá" formado ó se pór frente á civilización moderna, que tanto seduz ás mentes un pouco primitivas.

Iremos dando conta, moi brevemente, das formas artísticas que podemos escolmar nas obras do noso pobo rural.

A ARQUITECTURA

Da casa galega fálase ó tratar da cultura material. Poucos detalles de ornamento atopamos nela: deseños feitos con cal no encintado das paredes, balagustres recortados ou torneados nos corredores, algunhas chaminés de certa pretensión arquitectónica.

O encintado das paredes ofrez, algunha vez que outra, combiñación de liñas de certa expresión e dun efecto decorativo que, nalgunhas ocasiós, aparéntaas coa arte chamada "de vanguardia", e que non se pode pensar de ningún xeito que estean inspiradas nela... como non sexa nalgún xénero de tecido visto nalgunha tenda. De todalas maneiras, hainos que se poden destacar. Outras veces teñen pequenas composiciós relixiosas ou humorísticas, ou dunha inxenua intención ornamental: cruces, a veces con escaleiras ó pé, ou en compaña dos atributos da Pasión, ostensorios redondos, monogramas da Ave María, etc.; paxaros dun deseño infantil, moi abondosos, unha pita con pitos, un burro, outros animás, cabalerías con xinete, o esbozo dalgunha escea, instrumentos de labranza,

Fig. 55. - Encintado de cal decorativo na parede dunha casa do lugar da Ventosa que lembra certas composiciós do arte abstracto actual.



Fig. 56. - Dibuxos co cal na parede dunha casa de Ponte Ceballos. Presentan os motivos xeométricos máis sinxelos e correntes na arte popular: ondas combinadas, zigzag, a rosácea de seis puntas inscrita nun circo, etc.

etc.; a rosácea de seis puntas e outras composiciós xeométricas semellantes ás das tallas en madeira, e que teñen seu precedente na arte das citanias, vense tamén moito, soltas ou en compaña das outras figuras.

Dos balagustres, hai máis variedade e máis imaxinación nos recortados que nos torneados. Istes soen ser bastante uniformes e non de moita gracia. Os outros teñen, a veces, formas e calados caprichosos e con chiste. Hai niles vagas lembranzas de balagustres e columnas da arte erudita, principalmente barrocos. Outras veces volven aparecer niles a rosácea e outros temas decorativos ancestrás.

Fig. 57. - Fonte de arte popular.

Nas chaminés, cando teñen certa inventiva, procuran imitar unha torre, como xa acontez nas chaminés de pedra, ás veces monumentás, dos pazos. Hainas que teñen un chapitel piramidal cun remate na punta, ou pináculos pequenos nas esquinas, e outros adornos semellantes collidos da arquitectura corrente.

Nalgunhas chaminés, poñen, no remate, figuras grotescas, pra que fagan gracia ós que as vexan: cabaleiros de chistera, militares, etc. Tameno fan nos pesos que soen pór nos cumios dos tellados, que a miudo son olas ou potes de barro cheos de pedras, pra asegurar as tellas, que nonas leve o aire. É unha mostra máis do gusto polo grotesco que teñen os nosos paisanos, e non menos os nosos escritores e os nosos artistas. Non está fora de lugar o lembrarmos que un dos máis grandes dos nosos artistas modernos, Castelao, encomenzóu pola caricatura, e nona abandonóu endexamáis de todo.

Nas portadas de certas pretensións dalgunhas fincas e eixidos das casas, reprodúcese moitas veces unha sinxela portada barroca cunha cruz

Fig. 58. - Remate do Consistorio da Cañiza, co reló e maila campá enfeitados con esculturas populares de inspiración barroca, policromadas en parte.

no medio, posta entre dous piñáculos herrerianos: un dado, unha escocia e unha pirámide no remate.

Non debemos esquecer un detalle decorativo de certa beleza propio das casas do Valadouro e das terras entre Mondoñedo e Ferreira: unha riola de remates piramidás, chamados *picos* —cecáis a imitanza do Convento dos Picos, de Mondoñedo, ou cecáis o convento os teña por telos as casas— que dan unha prestancia moi característica.

Nas eirexas aldeás, probes e sin grande aparencia as máis das veces, hai, non embargante, moito que estudiar tocantes ás nosas artes rurás, mais iste é un estudo que pouco máis fixo que encomenzar e do que poucos resultados se poden tirar polo de agora. A eirexa aldeá é moi sinxela: unha nave cuberta de madeira, a dúas augas, tellada con tella ou con louxa, asegún o país, fachada con remate triangular cunha espadana máis ou menos sinxela no cumio e unha porta que pode ser adintelada ou de arco, incluso nalgunhas imitando unha porta románica ou barroca, e, ás veces, cun nicho enriba coa imaxe de Santo Patrón; en

Fig. 59. - Reló de sol da eirexa de Hío. Son de notar a cabeza humá que tén no cume, e maila corda con que o portador suxeta a cadrante, aproveitada como elemento decorativo.

moitas, no cabo da nave, o presbiterio, feito despóis, érguese por riba do tellado, e tén outro a catro augas; tamén acontez que a sacristía estea aparte, adousada á nave ou ó presbiterio. Por adentro soe ter tres altares, cada un co seu retábulo, polo regular barroco, millor ou pior imitado.

Nestas eirexas atópanse detalles esparexidos cuio estudo había ser de moito proveito: portas de escocia entre dous baquetós que descansan en cabezas de home, tímpanos con cruces ou figuras e aínda esceas tra-

balladas na pedra, fiestras de formas pouco comús, como unha de dous buratos enlazados, como si fora uns anteollos, que se repite moito na Limia, en eirexas e pazos, e que temos atopado en Viana do Castelo; pías da auga benta, etc. Xa non digamos o seu interés prá imaxinería popular e a talla dos retábulos.

Os hórreos ou cabaceiros, de pouco xeito artístico, polo regular, nas terras do interior, ofrecen formas artísticas interesantes nas de beiramar, especialmente na zona das Rías Baixas. Os remates máis constantes dos cumios son un pináculo e unha cruz, a cruz por onde está a porta. Estas



Fig. 60. - Un hórreo de pedra.

cruces son as máis delas ben sinxelas, mais hainas tamén finamente feitas e adornadas, ou repousan nunha esfera ou nunha pirámide, ou van acompañadas dunha media lúa, dunha roda, unha frol ou de dous anxiños ós lados.

Entre as cruces dos hórreos que recolléu Castelao no seu libro, hainas que imitan as cruces que chaman *antefixas* das eirexas, e responden mesmamente ó tipo que o propio Castelao chama celto-británico, cruz equilátera grega de orixe, e de gran variedá de formas: frorenzada, vaciada, cadrada, e, en moitos casos, metida nun circo.



Fig. 61. - Remates de hórreos. 1ª ringleira (dende enriba), Vilela, Trasulfe e Trasulfe; 2ª, Rodeiro, Fabián e Alperiz; 3ª, Bermés, Alperiz e Latiza; 4ª, Latiza, Lebozán e Lebozán. Os de Rodeiro e primeiro de Lebozán presentan o remate posterior máis usado: un pináculo herreriano. A infruencia barroca óllase en todos. A cruz, sinxela en moitos casos, lembra noutros a cruz antefixa das eirexas románicas; nalgún caso leva a imaxe de Xesús; noutro dúas figuras axionlladas que lembran os anxos da coñecida cruz de Oviedo. Nos dous primeiros é evidente a imitanza do viril cecáis alusión eucarística ó pan que se ha gardar no hórreo.

Di o mesmo Castelao que o hórreo é a peza de luxo da casa galega, e tén razón. Principalmente na zona que citamos enantes, atópanse hórreos todos de pedra, ou de pedra cos lados de madeira, que son verdadeiras pezas arquitectónicas, feitas con coidado e primor, con pedras ben labradas e descansando en verdadeiras columnas que, cando o hórreo tén moitos tramos, fan unha fermosa perspectiva.

Fig. 62. - Hórreo ou cabaceiro da parte de Lalín, coa madeira pintada, de xeito que semella moi moderno. A escultura agachada que tén debaixo da cruz é unha lembranza do "Agnus Dei" das eirexas románicas.

OS CRUCEIROS

Os moimentos máis dinos de nota na nosa arte popular son os *cruceiros*, que inzan por toda a nosa Terra cunha profusión que somentes é igualada na Bretaña peninsuar, ou Armórica.

Castelao distingue atinadamente en Galiza, dúas castes de cruces monumentás ou arquitectónicas: as cruces antefixas de forma grega, ou sexa equilátera, derivadas das cruces outas de pedra celto-británicas, "que, a través do ciclo carolinxio, chegaron a Galiza como aditamento crucial das eirexas, onde non deixaron descendencia", e as cruces exentas de forma latina, ou sexa de brazos desiguás, da que dí: "...a ruda cruz dos camiños cicáis fose orixinada nas frorestas xermánicas do *Limes Romanus,* e que, á través do ciclo bretón, chegóu a Galiza coroando os milia-

Fig. 63. - Cruceiro gótico de Melide, cecáis o máis antigo de Galiza, visto polo reverso.

rios e guiando ós pelengrins santiaguistas... a que por sucesivas evolucións enxendróu o sinxelo moimento que na Galiza se chama cruceiro". Refírese á cruz que puxeron nos menhires e nos miliarios, pra cristiaizalos, e máis ó *pedrón* román (o *lech* bretón), que pasóu ó camiño de Sant-Iago con escadarías, formando o "humilladeiro" ou "cruz dos pelegríns", cruz á que se engadéu o fuste chantado no pedrón, co que quedóu criado o cruceiro, o cual dá como creación post-románica impulsada polo afán de imitar as cruces procesionás. Non semella ir moi escamiñado, si temos en conta a imitanza do fuste ou columna do cruceiro coa haste

da cruz procesional, do capitel, cos atamentos que soe ter, coa piña das cruces portátiles, e logo a presencia na cruz das imaxes do Noso Señor por un lado e da Virxe polo outro.

Os cruceiros máis antigos, de feitío gótico, o de Melide, o do Home Santo de Bonaval, que foi trasladado do seu sitio, o de Meixón Frío, etc. son, ó parecer, do século XIV, e hai outros do XV e do XVI, mailos de arte realmente popular son os barrocos, do XVII deica hoxe.



Fig. 64. - Un dos cruceiros do grupo Allariz-Seixalbo.

Istes cruceiros, polo regular, todos se asemellan e todos se diferencian, non habendo dous iguás. Hai algús casos, non embargante, de verdadeira copia repetida dun modelo primeiro: así acontez con dous, por certo moi fermosos, que hai en Seixalbo, perto de Ourense, un nunha praza do lugar e outro onde a capela de Santa Ádega, reproducción compreta un do outro; pois ben, os moitos que había na vila de Allariz, dos que han quedar uns cinco ou seis, son todos iles copias máis ou menos logradas dos de Seixalbo: cruz con moito labor, cuns discos esculpidos

nos brazos, que non se ve ben o que representan, Cristo crucificado e Virxe das Angustias no reverso, cunha sorte de toca monxil por baixo do manto, capitel de catro follas que semellan como de acanto en forma cadrangular suavizada, con cabezas de anxes, varal estriado con medias canas entrantes e saíntes alternadas, e, na parte central, unha sorte de coroa de espiñas estilizada que as cingue... Son dos cruceiros máis artísticos daquela banda, todos da mesma escola artesá, si non da mesma mau.

Fig. 65. - Cruceiro sinxelo, caleado e pintado, sin imaxe da Virxe, e en compaña dun peto das Ánimas, dos arredores da Guardia.



Fig. 66. - Cruceiro do Porriño, dun tipo sinxelo: base cadrada, varal prismático, capitel composto moi modificado, cruz lisa con crucifixo e Virxe. Tén a particularidá da policromía, que vén xa dende abaixo, ornamentando o varal.

Xa dixemos cuales son os elementos do cruceiro. Niles, as cruces amostran unha variedade grandísima: lisa e simpremente escadrada, o mesmo coas esquinas matadas, octógona, cilíndrica, imitando tronco de árbore, ben dun xeito naturalista (as menos), ben dun xeito estilizado (as máis), imitando columna acanalada, ou de mil figuras de pantasía, que non se poden determiñar; os remates o mesmo: florenzados, bifurcados

en difrentes formas, con adornos de follas, de florós ou doutros caprichos decorativos. Os capiteles, hai algús que lembran e imitan de bastante lonxe o capitel xónico, pero os máis son da maor pantasía, con molduras ou follas entre as que soe haber figuras simbólicas, moi a miudo cabezas de anxes ou querubíns, naturalmente o querubín barroco: cabeza de neno entre dúas aas.

Fig. 67. - Cruceiro dos arredores de Pontevedra. Capitel composto, con catro cabezas de anxos. No reverso a coroación da Virxe co Neno no colo e tres cabezas de anxos ós pes. As figuras están policromadas.



Fig. 68. - Cruceiro do Carballiño, de grande elegancia e delicado traballo. Pedestal barroco sinxelo; longo varal prismático, cos atributos da Pasión, figuras adosadas e capitel fermoso.

As figuras simbólicas principás son: a caaveira, moitas con dous ósos cruzados, que se soe pór ós pés dos Cristos; a lúa ós pés da Nosa Señora; os anxes nos capités ou ós pés das imaxes; e a figuración do Pecado Orixinal. Esta, moitas veces, redúcese a unha caaveira, representación do home, e unha serpe ou unha píntiga representando o pecado, que se poñen ós pés do Cristo, ou no varal, ou ben no basamento. A pín-

tiga ou salamántiga, obxeto de horror prós nosos paisanos, representa o pecado por creela becho pezoñento.

Outras veces, a representación do Pecado Orixinal é de tipo máis naturalista: aparecen as figuras de Adán e de Eva, e do lado desta vai a serpente, que soe revestir formas estilizadas e pantásticas, ou estar retorta dun xeito expresivo e vivente. A escea do Paraíso aparez, como nos cadros dos pintores primitivos e na iconografía medieval, resumida dun xeito simultaneísta: inda está a serpe falándolle á muller ó ouvido (á veces meténdolle a lingua nil), e xa se están tapando ela e mailo home coas follas de figueira.

O varal vai chantado nun pedestal forte, a miudo sin basa, e niste pedestal, sempre de liñas moi sinxelas, é onde, polo regular, levan a inscripción os cruceiros que a teñen. O tipo mais comûn da inscripción soe ser: "Hizo esta obra Fulano de Tal por su devoción, año de ..." e á veces: "Una oración por su alma".

Hai cruceiros que están policromados. Castelao pensa que o estiveron todos, somentes que as choivas barreron as pinturas dos que nono están. Cecáis sexa moito supoñer. Onde están, as pinturas son, naturalmente, de coores gaios, cando non dos que o gosto clásico tén por estridentes, o cual, ó noso ver, máis tén de virtude que non do contrario.

A presencia de santiños no varal (San Francisco, San Pedro, etc.) dáse moito. A figura dun anxe recollendo o sangue da ferida do costado do Señor dáse moito; noutros lados (Mourente, Lérez, Salcedo, Cotobade) é un frade, con seguranza San Francisco. Anxes coroando á Virxe aparecen en Salcedo, Campañó, Xeve, Marín, Poio Grande, Marcón, etc. Soen ser anxes barrocos, encoiro, e, pola posición, vese que reproducen un mesmo modelo.

O Desencravo está figurado tamén nalgús, poucos, dos cuales os máis soados, e ben o merecen, son os de Hío e Noia, debidos ó mestre Calviño.

Hai tamén Calvarios con tres cruces, os máis sin figuras, ou somentes coa do Redentor. Nos de Beade e de Bueu, están figurados os dous Ladrós, cravados no primeiro e atados con grosas cordas no segundo.

O fermoso moimento de Abegondo tén un cruceiro sinxelo e elegante, cecáis clásico de máis, cruz con crucifixo e Virxe no reverso, sobre varal octógono con capitel de molduras e catro cariñas de anxes, e vai acompañado de catro pedestales con Santos, pedestales que teñen no alto uns nichos con santos e esceas en releve. Os pedestales van asegurados ó varal con barras de ferro de fermosa curva, e a cruz tén tamén remates de ferro.

Polo derradeiro, temos os cruceiros chamados "de Loreto", propios dunha zona pequena da beiramar occidental, e que Castelao pón en relación coas *Marienhäuschen* do Rhin e con outros semellantes da Pro-

venza. Son cruceiros que, en lugar de capitel, teñen unha capeliña da Virxe, significando a Casa de Loreto. A Virxe de Loreto é abogosa contra ladrós e piratas. Un de Taragoña (Rianxo) tén releves nas paredes de afora da capeliña, un diles un Sant-Iago da cabalo.

Fig. 69. - Iste cruceiro de Pías (Mondariz) é do tipo que chaman "Calvario", por representar, con todalas figuras: as Tres Marías, Lonxinos, etc. a escea da morte do Salvador, por certo con grande perfeición artística.

Fig. 70. - Cruceiro de Hío, obra mestra da arte popular galega. Pé barroco de moita finura e belida composición; varal con tres ordes de imaxes; remate representando o Desencravo, con figuras de bulto e as escadas traballadas ó ar.

OS PETOS DE ÁNIMAS

Dos moimentos populares de Galiza, os petos das ánimas —tamén (principalmente en Portugal) *almiñas*— son dos máis conmovedores e tamén dos máis reveladores. Xa nos referimos a eles ó tratarmos da Relixión.

Di Castelao que nonos tén atopado anteriores ó século XVIII, e suponos de orixe postridentino.

O tipo máis corrente é un nicho de pedra cun retábulo en releve, posto riba dun pedestal máis ancho onde está furado o oco do peto, cu-

berto cunha plancha de ferro asegurada con candado e que leva unha fura pra meter os cartos.

O retábulo representa as almiñas, encoiro, coas maus dereitas antremedias das flamas do Purgatorio; entre elas soe haber cregos e bispos caracterizados polo bonete ou pola mitra. Por riba, aparecen no aire, a veces entre nubes, a Virxe do Carme, que lles bota o escapulario pra que

Fig. 71. - Peto das Ánimas do Mesón do Cavadoiro (Celanova) que reproduz o feitío dos edículos que os románs adoitaban pór nos camiños.

Fig. 72. - Peto das Ánimas, perto de Bande, tamén imitanza dos edículos románs. Iste peto, o mesmo que o da figura anterior, áchase acarón da vía romá.

se collan a il pra saíren do Purgatorio, ou San Francisco, que lles bota o cordón. Tamén poden estar os dous, e o ceo, ou Noso Señor na cruz e os santos a rezar polas almas.

Os petos soen ter estas esceas policromadas; polo común, o lume vai pintado de bermello e as almas de coor de carne, cos ollos e os cabelos escuros. Hai, ás veces, outras composiciós, nas que soe aparecer San Miguel coas pesas pra pesar as almas no Xuicio. Non todolos releves son de pedra, sinón que tamén os hai tallados en madeira.

Fig. 73. - San Francisco sacando as ánimas do Purgatorio, no peto de Ourantes (Puxín, Ourense).

Fig. 74. - A Virxe do Carme sacando as ánimas do Purgatorio, no peto de Touza, na Rabedə (Taboadela, Ourense)

Fig. 75. - Peto de Coto Tomiño, de moi bo traballo. Dediante tén unha reixa de ferro que foi aberta pra facel-a foto.

A talla soe ser primitiva e inxenua; nela procúrase máis a expresión que a perfección; mais precisamente por eso, a forza expresiva que teñen é grande.

Hainos que rematan nun frontón triangular cunha cruz sinxela ou con crucifixo. Outros hai con tellado de pedra que se continúa pra diante, repousando en pilares ou columnas, dun xeito semellante ó dos "edículos" románs. Hainos tamén apostos a un cruceiro ou cunha reixa de ferro por diante ou con adubíos barrocos ó redor.

Fig. 76. - Peto dos arredores da Guardia. As ánimas en posición orante; no medio, un bispo, con mitra, pra indicar que a xusticia de Deus colle tamén a xente de eirexa. Enriba, unha figura con aas, que non se enxerga ben.

Cousa que se imita ós petos das ánimas, son as capeliñas da Virxe da Guía, que hai, nas saídas dalgunhas poboaciós, pra protexeren ós camiñantes, polo xeito da Virxe do Carme chamada "Virxe da Burga", en Ourense, consistentes nun nicho máis menos decorado, coa imaxe exenta dentro.



Fig. 77. - Estelas en forma de casas, nos cimiterios de Moaña e Bouzas.

ARTE FUNERARIO

Cando os traballos do Seminario de Estudos Galegos en Melide e Lalín, encomenzamos a recolleita de dibuxos das tampas funerarias no adro das eirexas. Enantes xa foran estudadas as famosas lápidas gremiales do camposanto de Noia. Das nosas recolleitas saíu despóis un traballo do noso compañeiro Xaquín Lorenzo. É un estudo de verdadeiro interés, que non está, como tantos outros, máis que encomenzado.

Hai moita variedá de emblemas e de adornos nas tampas funerarias: hainos tradicionás, mais tamén os hai que imitan os dos marmolistas, e que, polo tanto, non teñen significación etnográfica.

É bastante común, nos lugares investigados, a tendencia a unha lonxana esquematización da figura do home semellante a como resulta no oco dos sartegos chamados antropoides. Está, nistes casos, reducida a unha liña esculpida en insculturа ou en releve, que marca pouco máis menos a figura da cabeza e dos hombreiros no cabo dun rectángulo ou dun trapecio máis estreito abaixo que arriba. Unhas veces, o deseño achégase máis, outras menos, á figura antropoide. De todalas maneiras, fai pensar nunha supervivencia dina de nota.

As tampas levan en moitas ocasiós, unha cruz, con coroa ou sin ela, e a coroa semella moitas veces querer imitar a coroa de espiñas. O resto



Fig. 78. - Dous panteós de feitío típico, nos camposantos de Guillamil, na Limia, e Ribas de Sil.

dos adornos son figuras moi sinxelas, máis ou menos caprichosas, entre as que se repiten unha vez e outra certos temas: a rosácea de seis puntas, tan coñecida, aparece nos ángulos da tampa, ou a un lado e a outro da cruz; frores de seis ou oito pétalos, nos mesmos sitios; árbores estilizados, de dous xeitos: uns que son como a silueta dun alcipreste, símbolo funerario moi espallado, de orixe clásica (anque en Galiza non semella ter esa significación, xa que é o arbore dos pazos, e non dos camposantos), e outros que consisten nunha recta da que saen angularmente pra riba outras, como estilización ou indicación das ponlas, signo que tan ben pode ser un árbore (que nos tén feito matinar no árbore da vida) como unha

palma, signo tamén funerario e atributo dos mártires, anque non se trate de mártires niste caso; a roda, de senso impreciso; o corazón, que se esprica moi ben; etc.

Algunhas tampas do camposanto de Noia recibiron o calificativo de "gremiales" polo feito de levaren a xeito de insinia heráldica os trebellos



Fig. 79. - Enriba: pretendidas estilizaciós da figura humá (a derradeira da dereita tén unha semellanza curiosa cunha barbantesa) nas tampas do camposanto de Noia. Debaixo: sinos non descifrados do mesmo lugar, imitantes ós que se atopan nos líbros de astroloxía e alquimia. O derradeiro é o símbolo do planeta Urano, invertido.

ou atributos do oficio do difunto: unhas grandes tesouras, pra un xastre; unhas chancas ou solas de zapatos, pra un zapateiro; un martelo e máis unha zafra ou bigornia pra un ferreiro; unha picaraña pra un canteiro, etc.

Tamén se atopan noutros cimiterios atributos dos cárregos ou oficios dos difuntos pois asín cando se trata da tampa dun crego sóenlle poñer o bonete ou un cáliz ou os dous, e aínda un libro e unha estola.



Fig. 80. - Tampas de cregos (enriba) en que aparecen o bonete, o cáliz, o libro aberto e a estola. Abaixo, tampas con símbolos cristiáns: a cruz, a áncora, o viril... Nunha atopamos a "cruz ansata" dos exipcios, símbolo da vida, cicáis introducido na nosa Terra no século IV.

Hai tamén en Noia outras tampas con estilizaciós humás e outras figuraciós que non se entenden, e tense recurrido pra interpretalas ós moimentos prehistóricos. Antre elas hai algunhas que teñen certa imitanza cos

sinos que se atopan nos libros de astroloxía e alquimia. Tamén poideran atoparse semellanzas, en certos casos, cos chamados sinos "masónicos" que aparecen nas construcciós da Edade Meia, eirexas e castelos, e cuio ver-



Fig. 81. - Enriba: tampas en que aparecen estilizaciós da figura xacente ou a lembranza dos sartegos antropoides. Abaixo: tampas con motivos vexetás, probablemente, simbolizando (anque non, si cadra, dun xeito consciente) a idea da resurrección, indicada na renacencia da vida das prantas.

dadeiro senso e sinificación aínda está por se descobrir. Desas figuras témolas atopado esimesmo noutras partes, máis toda interpretación verbo

disto é moi aventurada e poidera doadamente caír no absurdo. De todolos xeitos, este estudo dos dibuxos das tampas funerarias dos adros das eirexas áchase aínda nos comenzos, coma denantes dixemos, e compre recoller todo o material existente pra logo tirarmos as concrusiós e consecuencias do caso.



Fig. 82. - Tampas do camposanto de Noia, das chamadas "gremiales", levando a xeito de insinia heráldica os trebellos do oficio do difunto. Vense dúas de zapateiro (coas solas dos zapatos), unha de ferreiro (coa bigornia), outra de canteiro (coa picaraña), outra de xastre (coas tesouras), e outras tres dubidosas.

A IMAXINERÍA

Unha das artes populares de Galiza é a talla en madeira. Tamén está sin estudiar, principalmente no que toca á imaxinería, por ter sido

inteiramente despreciada. Os Santos feitos polos carpinteiros ou tallistas de aldea son ruís *a priori,* cáxeque se pode decir que pra toda a xente, incluso, hoxe en día, prós paisanos que, entroques, debecen polos santos de pasta, pintados de coor salmón e azul de feira, que se venden nas tendas.

Os santiños aldeáns antigos eran de inspiración barroca, pintados con coores discretas que imitan como poden o estofado das imaxes do XVII. Por outra banda, nos que a xente de media cultura tén por defectos, siguen, en realidá, a tradición medieval das proporciós, póndolles

Fig. 83. - Imaxe de Sant-Iago tallada en madeira, da eirexa de Lebozán, fermosa obra de arte popular.

a veces cabeza grande de máis, ou talle moi outo ás figuras sentadas, caracteres que veñen xa das imaxes románicas. Os santos coñécense, moitas

Fig. 84. - Imaxes da eirexa de Lebozán. Virxe do Rosario de inspiración gótica, e San Cristobo co Neno, levando vestimenta medieval.

Fig. 85. - Imaxes da Madalena e de San Xoán Evanxelista, de Facós (Lobeira), caracterizadas polo bote de perfume e polo libro, respectivamente.

veces, máis polos seus atributos que pola súa figura. Outros detalles, como o tratamento dos cabelos e das barbas lembran tamén a tradición románica.

A TALLA DECORATIVA

No moblaxe da casa labrega, de formas decote sumarias e sin pantasía, atópanse a veces ornamentaciós de talla xeométrica incisa en que se repiten motivos que se encontran en pedra en moimentos protohistóricos e da época visigótica, chegando nalgunha ocasión a estilizaciós de frores e de paxaros. Moi raramente se atopa algunha talla de bulto que

imita motivos artísticos doados, dos que o tallo serpeante semella ser o máis arriscado.

Parez que estas tallas eran máis empregadas nas "arcas de noiva", feitas pra levar a roupa da casa a que iba casar. Temos visto algunha na que o decorador imitóu en talla puramente lineal as gravuras dun libro de zooloxía, cubrindo de alimarias e peixes raros a tapa toda da arca.



Fig. 86. - Tallas de follas de portas e fiestras, con ornamentación xeométrica e de molduras.



Fig. 87. - Balagustres recortados, moitos diles imitando os de bulto e os de pedra.



Fig. 88. - Mesas.



Fig. 89. - Cadeiras.



Fig. 90. - Camas, algunha con decoración de talla semellante á dos xugos de bois.

O máis ornamentado que se atopa nos obxetos de usanza son as cangas dos bois onde xunguen diste xeito, que é o propio de Galiza, e que deixa ver o xugo inteiro. Da parte da Arzúa, Deza e Trasdeza e terras de Lugo, téñense recollido deseños de xugos decorados con orixinalidade e beleza, sempre cos mesmos motivos.



Fig. 91. - Xugos de canga tallados con motivos vexetás en releve; o de abaixo, cunha cabeza humá que lembra as das ánimas de Baltar, e aínda as "cabezas cortadas" prehistóricas.

Istes motivos son: a eterna rosácea de seis puntas, convertida ás veces en estrela de seis picos ou fror de seis pétalos; rosáceas de catro,



Fig. 92. - Xugos con talla xeométrica incisa e estilizaciós vexetás e animás.



Fig. 93. - Xugos con talla xeométrica incisa sinxela, cos motivos tradicionás.

oito ou máis puntas; estrelas de cinco e frores de moitos pétalos; zigzagues en oco ou en releve; bandas dentadas de moi diversos feitíos; riolas de incisiós de diverso xeito; sogueados; corazós; letras iniciales do dono; cruces; estilizaciós de árbores, paxaros, palmas, follas, frores e outros motivos vexetales, cunchas, rodas, cadriculados e outras figuras, algunhas enigmáticas.

Fig. 94. - Petador de Larouco (Trives), en figura de home.

Os motivos, como se ve, son do máis sinxelo, mailas combinaciós decorativas son, ás veces, compricadísimas, e hainas dunha fermosura sorprendente.

OBRAS DE FORXA

Os ferreiros teñen tamén seu xeito e inventiva. As súas millores obras soen ser os petadores das portas. Hainos sinxelos de lamia retorta en es-



Fig. 95. - Petadores das portas. As tres fías de enriba, de feitío xeométrico, de doble voluta, algús en lamia retorta. Os de abaixo, de feitío animal, un diles con figura humá (un labrego vestido á antiga usanza) que semella unha momia exipcia.



Fig. 96. - Petadores, os de enriba de tipo de argola. A derradeira fía: caravillas de torsión.



Fig. 97. - Enriba, caravillas. Debaixo, espellos de pechaduras e de petadores, co tema da cruz, o do curazón, o da doble aguia e outros.

pirás, ás veces ben elegantes; ou que non son máis que unha breve barra de remate piriforme, si cadra cunha boliña na punta, que pode ser descendente dun petador ityfálico román; hainos en figura de serpe, de lagarto ou doutro animal, a miudo na figura, pouco doada de recoñecer, dun león coroado, que soe tel-a lingua fora. Hainos con figuras de home, máis ou menos estilizadas, cáxeque sempre grotescos e con gracia. En



Fig. 98. - Barandas de balcós (as de abaixo) en lamia de ferro, inspiradas no estilo "rococó". Vilagarcía de Arousa.

Melide recollimos un que semella, a primeira vista, unha momia exipcia enfaixada, coa cabeza en releve: fixándose, resulta que representa un galego co vestido antigo, do cual non está formada máis que a monteira, e o demáis está riscado no ferro, figurado cunha liña sinxela.

As caravillas das portas teñen tamén intrés. Hainas de torsión e de presión, asegún o sistema pra erguer o pecho. As primeiras teñen moitas

veces unha agarradeira que sirve, ó mesmo tempo, de petador. Soe ser unha anela pendurante, moitas veces de doble curva, máis ou menos elegantemente resoltas e máis ou menos ornamentás.

Os espellos de caravillas e fechaduras soen ter tamén formas artísticas: cadrado, losango, de lados rectos ou curvos, cadrifolios, circos lisos, dentados ou festoneados, escutiformes, e asina polo xeito, deica chegar á figura de aguia bicéfala con coroa. Temos atopado algún en figura de ostensorio ou viril, e hainos que teñen cruces.

As barandas de ferro dos balcós son moi variadas, dende as señoriás, de balagustres máis ou menos traballados, ás máis homildes de balagustres lisos. Cecáis teñan máis intrés os de lamia retorta, ás veces de curvas moi ben feitas. Os máis soen ter enriba unha banda e no baixo outra, postas entre ferros horizontás, e unha zona media, na que a disposición dos ferros soe ser vertical; a de enriba e a de embaixo teñen moitas veces riolas de círculos. Na zona media hai moitos con combiñaciós de arcos de círculo que se cortan, disposición que inzóu nas cidades.

Atópanse, ás veces, trasfugueiros e outros aparellos da cociña e da casa con formas que se poden dar por artísticas.

Fig. 99. - Colcha tecida no lugar de Cotarelo en Xazán, con deseño en azul de motivos populares de prantas, paxaros e cacharros con frores, en fondo bermello.

Fig. 100. - Colcha de Facós (Lobeira) con orla de figuras humás levando os trebellos de diversos oficios. Tema e feitío enteiramente popular.

A FOLLA DE LATA

Arte, ó parecer, moderna a dos latoeiros, produz, ás veces, faroles principalmente e algunhas outras pezas xeitosas. Os máis interesantes soen

ser os faroles de alumear ó Viático, mais tamén faroles procesionás que se levan no canto de ciriales, cando fai vento ou nas eirexas probes. O gusto está na forma e máis nos calados recortes da folla de lata ou no rizado que lle dan.

AS XOIAS

Das xoias galegas tense falado máis que das cousas de que deica agora nos ocupamos. Son principalmente as arrecadas e medias lúas prás orellas e os broches pró peito chamados "sapos". Son traballos en prata sobredourada, feitos por diversos procedimentos, intervindo o da filigrana, nos que se conservan lembranzas sorprendentes das xoias prehistóricas da nosa Terra. Non se sabe ben hasta que punto se poidan dar por populares, anque sexan tradicionás.

Por outra banda, temos os traballos dos acibecheiros, cos cuales acontez o mesmo.

A CERÁMICA

En xeral, pouco tén de artística a cerámica galega. É casi sempre ruda e utilitaria, sin ningunha intención de beleza nin de ornamento. As formas, ó seguiren unha tradición, aínda ás veces teñen algo de airosas, pero nada máis.

Somentes de Buño coñecemos algunhas pezas graciosas, como as formas con combiñaciós de círculos tubulares, e cun baño verdoso.

OS TECIDOS

Iste é outro cantar. As colchas da casa, tecidas de liño e lá, son verdadeiramente fermosas, e andan hoxe ben buscadas nas casas ricas como pezas dinas de estimanza.

Estas colchas teñen perdido moito por mor dos tintes industriás que agora se empregan; cando se tinguían as lás con tintes vexetás, eran coores que duraban pra sempre, moito máis brilantes e fermosos. Tamén acontez que as tecedeiras remeden moitas veces os deseños que ven nos figurís e nas revistas, perdendo as colchas o seu verdadeiro interés. Non embargantes, aínda empregan deseños inventados por elas ou, millor dito, herdados dos antigos.

As coores empregadas polas tecedeiras son coores puras e cheas: azul, encarnado e negro principalmente, moito menos o verde, e raras veces o marelo. A combiñación soe ser de dúas coores somentes, ou dúas coores sobre fondo branco, ás veces dúas coores na manta e outras dúas na cenefa, mais é moi rara a que tén máis de tres.

Os motivos son xeométricos ou estilizaciós moi xeométricas de prantas, frores, xarrós con frores ou paxaros, máis raramente outros animás,

e aínda as coñecemos con estilizaciós de homes, por certo de xeito lineal, semellante ó das estilizaciós das gravuras rupestres. Os motivos xeométricos son meandros, zigzagues, cadros, cruces, aspas, dentes, puntos, cadros con diagonás, e pouco máis. O mérito, como nas outras cousas, está na maneira de os combiñaren.

Na parte de Viana, hai colchas tecidas con prumas, probable importación de América, mais que fan lembrar certos cobertores que facían outrora nas cidades, con trapos de coores recortados prendidos na trama, que faguían un afelpado groso de moito abrigo.

Dos encaixes do norde de Galiza fálase ó tratar da cultura material.

3. MUSICA E DANZA

POR EMILIO PITA

ANTECEDENTES

Non é posibel precisal-a orixe da música galega. Cecáis o folklore musical da Galiza fórono creando polos camiños mozas e mozos que ían de romería ou en devoto pelerinaxe, homes e mulleres nas angueiras da terra e da casa.

Históricamente, a poesía e a música galegas teñen o seu arrinque evolutivo nos trovadores e xograres galegos medievás: na súa poesía de líricos e delicados conceitos e na súa música, de infruxo popular e relixioso. Boa parte da música popular galega refuxiada nas aldeas, que escomenzóu a se recoller e catalogar na segunda mitade do século XIX, conserva aínda o contido puro e esencial das cancións litúrxicas medievás, alevianadas polo vó lírico da cantiga popular.

A i-alma galega é pagán e cristián; cos símbolos da Eirexa conviven, diluidos, cultos, mitos, tradicións ancestrás. No antergo e lexendario monte hai agora capelas románicas e barrocas onde romeiros e peleriños, á saída da misa, respiran o ar bretemoso da mitoloxía popular, da superstición e da danza. Non podendo a Eirexa tronzar as prácticas e costumes entorgados na i-alma do pobo galego, asimilounos, santificándoos; e algo semellante pasóu coa música.

No século XIII chegaban a Galiza, polo Camiño de Sant-Iago, novas e líricas cantigas trovadorescas; reises e xentes do pobo, homes e mulleres, adicáronse a compor versos amorosos e música pra ises versos, poilo trovador poseía os dous coñecimentos, o poético e o musical, axeitando a melodía á creación poética, nunha fonda unidade creadora. A melodía medieval tiña que sere fácil, "boa de dizer", como cantóu o trovador Martín Soares, ou que tivese "son lexeiro de dizer", como tamén cantóu Alfonso o Sabio.

O lirismo provenzal prendéu na i-alma galega porque aló vivía, lene e souril, a frol da lírica. Xa no ano 1136, denantes que chegaran a Galiza os primeiros ventos provenzás, hai un xograr compostelán, Palla, que canta cantigas en galego na corte de Alfonso VII. Oito anos despóis, no mes de xulio de 1144, cando ese mesmo rei casa a súa filla doña Urraca con García de Navarra, mozas e xograres entoan cantigas galegas con acompañamento de frautas, cítaras e salterios. As melodías desas cantigas perdéronse pra sempre.

Na música medieval, escomenza a apuntarse o ritmo da alborada e da suposta muiñeira, e a melodía desas primeiras cantigas está envolta de zume litúrxico, poilos trovadores recollían nos seus cantos o són que escoitaban nas eirexas.

Foi xa amostrada a relación da tonalidade e do ritmo entre a música do "Codex Sancti Jacobi", ou sexa o chamado Códice Calixtino, que data

do século XII e que se conserva na Catedral de Sant-Iago de Compostela, e a cantiga popular que aínda hoxe cantan os galegos e que comenza:

O cantar do galeguiño
é un cantar que nunca acaba.

A música do Códice Calixtino desenrólase dentro da liña do canto gregorián, mais existe unha filiación galega nalgunha das súas melodías, por eixempro, no conductus "Ad superni regis", que orixinariamente parez unha muiñeira primitiva pra gaita, e, de xeito principal, na tidoada "Regis perennis glorie", composta "a quodam doctore galleciano", esto é, por un anónimo doctor galego, que tén íntima identificación ca música popular galega.

Ise lirismo anónimo conservóu, deica os nosos días, unha esvaída liña melódica e rítmica das vellas trovas medioevás. Deixan isas cantigas a impresión de cousas que coñecemos, de sentimentos que perduran ó longo do tempo, sóns e melodías que non morreron, que cecáis non morrerán endexamáis.

A única música medieval que chegóu deica nós, coa soia esceición das melodías contidas no Códice Calixtino, é a das Cantigas do rei Alfonso o Sabio e a do trovador Martín Códax.

Alfonso o Sabio creóu, entre os anos 1255 e 1279, o libro "Loores e Milagros da Nosa Señora", onde celebra as grorias da Virxe María a quen chama, líricamente, "vella e meniña, nai e doncela, rosa de beldade, frol de ledicia, rosa de rosas e frol das froles". A primeira miniatura do códice do Escorial parez amostrar o xeito de se executar a música marial alfonsina. O rei, no centro, dirixe a música; catro xograres tocan instrumentos, dous a cada banda do rei; detrás deles, un grupo de catro cantoras entoa a cantiga.

Asegún Hixinio Anglés, a quen debéselle a súa máis compreta transcripción en notación moderna, moitas das cantigas alfonsinas recenden a incomparabel fondo popular; aló aparecen mostras de toda a gama líricomusical do medioevo: melodías de danzas e vellos romances, cancións de romería, bailes populares ós que apricaron un texto mariano os trovadores do sabio monarca. O repertorio das Cantigas de Santa María abrangue 423 melodías.

O trovador Martín Códax, que vivéu na segunda mitade do século XIII, deixóu nas súas cantigas a historia dos seus amores. As melodías galegas de Martín Códax son o único eixempro de cancións amorosas nos beizos da namorada conservadas con música de cristaíño lirismo popular. Sete cantigas de amigo enteiran o tesouro musical que nos deixóu; foron descobertas no ano 1915.

As "cantigas de amigo" dos cancioneiros medioevás galegos son isas cantigas manseliñas onde as raparigas, pingadas de amor, cantan ó seu amado e choran as coitas do seu corazón pola ausencia alongada do ben

querido. O tono sentimental e saudoso da poesía consérvao a música, na que apréciase todo o encanto, en estado pristino, das cantigas que aínda hoxe cántanse en Galicia: idéntica cadencia, tonalidade e xiros melódicos.

Dende a música galega medioeval deica o século XIX téndese unha ponte neboeira. Dende a música dos xograres e trovadores do século XIII deica Xosé Pacheco, mestre de capela da Catedral de Mondoñedo, quen pecha e escomenza un novo ciclo, a música galega mantén un estado semellante á poesía. A tradición musical refúxiase nas catedrás, onde os mestres de capela tiñan que compor música prós oficios relixiosos e tamén prás festas e romerías, especialmente o Nadal. As panxoliñas pra cantar na Noite Boa debían expresar a esencia e presencia dos aires populares.

O rexurdimento musical galego escomenza a fins do século XVIII polo camiño da panxoliña. No anterior, Baquedano xa había composto corenta e cinco, e logo Melchor López deu a coñecer algunhas moi belidas, chegando a tratar as voces como instrumentos. Mais foi Xosé Pacheco, morto o ano 1865, quen deixóu unha notabel coleición de panxoliñas encol de temas populares de muiñeiras e alboradas, que aínda hoxe canta o pobo sin saber quen foi o autor. Os orixinás desas panxoliñas consérvanse no arquivo da Catedral de Mondoñedo.

INSTRUMENTOS

Os instrumentos musicás tradicionás do pobo galego son, en primeiro termo, a gaita e a zanfona. Mais usa tamén outros, todos eles de percusión ou fricción: pandeiro, pandeireta, tamboril, cunchas, ferreñas, castañolas, etc.; a algúns deles faise referencia noutro lugar (vol. II, páx. 638). Rosalía Castro alude a varios instrumentos musicás galegos e ó seu són nunha poesía de "Cantares gallegos":

> redobre das castañetas,
> xas-co-rras-chás das cunchiñas,
> xurre-xurre das pandeiras,
> tambor do tamborileiro,
> gaitiña, gaita galega.

O *pandeiro* consiste esencialmente nun bastidor de madeira cunha pelica cravada nel todo darredor. Pode ter variantes. A veces leva, nuns ocos escavados no interior do bastidor, uns grosos axóuxeres ou "arxóuxeles". Tócase apoiándoo no peito e sosténdoo nos dous brazos dobrados cara riba, de xeito que as dúas mans batan na pelica. Serve pra acompañar, especialmente, os cantos que, por él, se chaman de pandeiro.

A *pandeireta* é un aro de madeira cunha pelica por un dos lados e uns discos de latón, *ferriñas*, na beira. Soe levar nesta tamén un burato pra metel-o dedo groso da man ezquerda co que se sostén pra tocala; os dedos groso, índice e maior da man dereita son os que, dadoito, producen o són ó bater e esbarar na pelica.

O *tamboril* serve pra acompañal-a gaita, como tamén o *bombo*, e non presentan cousa especial.

As *cunchas* son, sinxelamente, dúas cunchas de vieira que se fregan unha escontra da outra. As *ferreñas* son como a pandeireta mais sen a pelica.

A *gaita* tén moi recuadas orixes pois fora xa coñecida na antiguidade crásica e tivo grande espallamento. Son moi abondantes as representacións iconográficas medievás da gaita. Aparez nas ilustracións do códice das Cantigas de Alfonso o Sabio e na ornamentación dalgunhas eirexas galegas. Nos tempos modernos, agás certos pobos da península balcánica, a gaita é, fundamentalmente, instrumento característico dos pobos de orixe celta.



Fig. 101. - *Gaita* sen ronquillo.

A gaita galega pode ser de tres crases, asegún a súa tesitura: *tumbal* en si bemol, *redonda* en do e *grileira* en re. O inesquecibel investigador Don Casto Sampedro e Folgar deixóu unha precisa descripción da gaita que terá de servirnos de guieiro.

Consiste a gaita nun pequeno odre ou saco de pelica, o *fol*, de forma ovoidea, con catro buratos dos que arrincan catro tubos polos que entra ou sai o ar. Ises tubos son o *punteiro*, o *roncón*, o *ronquillo* e o *soprete*.

O *soprete* é o que o gaiteiro pón antre os beizos, intermitentemente, pra infral-o fol. No *punteiro* prodúcense os sóns ou puntos. É un tubo torneado, de xeito cilindrocónico, feito de buxo, pau de rosa, ébano ou granadillo, duns trinta centímetros de longura, asegún a cras de gaita, algo acampanado na parte inferior e exterior, e fina na superior cun espigo. Ofrez un primeiro grupo de oito buratos: seis por diante, outro despóis

do máis baixo e un pouco desviado á dereita, e outro na parte de atrás, o da nota máis outa; hai logo outros dous máis, abaixo de todo, un a cada banda. O gaiteiro manéxao con entrambal-as mans e, abrindo e pechando os buratos cos dedos, obtéñense as notas. É, pois, a peza principal da gaita.

O *ronco, roncón* ou *vara maior*, segunda peza principal da gaita, destiñado probabelmente noutrora a ser tocado por distinto gaiteiro, é un tubo de setenta e cinco centímetros de longor, composto de tres anacos feitos das mesmas madeiras que o punteiro e que se chaman: *prima*, aquel en que se produz o són, *tercio, segundo tercio* ou *tercio do medio*, o inmediato, e o terceiro *copa*, sen dúbida porque remata nunha forma semellante, estando os tres xunguidos por longos espigos. O roncón serve de baixo continuo e tamén prá afinación, e póusase sobre do hombreiro ezquerdo do gaiteiro. Enféitase cun freco de seda ou lá de vivas córes, preso nos cabos, e cunha borla que pendura no meio, a *perilla;* ó conxunto deste adorno chámaselle o *farrapo.*

O *ronquillo* é aditamento moderno, descoñecido na época medieval. En moitas parte de Galiza a gaita non tén ronquillo poilos gaiteiros crásicos coidan que o ronquillo embarulla o són cristaíño da melodía e tocan somentes cun ronco. Dá un són continuo e máis agudo que o ronco. Non se emprega máis que nas gaitas tumbal e redonda poila grileira nono tén; pendura debaixo do brazo ezquerdo.

No ano 1955, Cobas Pazos pubricóu en Sant-Iago de Compostela un longo estudo onde trata da organografía, paleografía, paremioloxía, iconografía e etimoloxía da gaita galega.

A *zanfona*, instrumento que xa utilizaban os xograres e troveiros da Edade Meia, foi ficando esquencida nas mans dos vellos e case sempre cegos cantores de romances.

A zanfona foi restaurada modernamente por Fernando Santalices, quen, no ano 1956, pouco denantes de morrer, pubricóu un "Método relativo a este ancestral instrumento y breve estudio histórico-literario y técnico con esquemas e ilustraciones para su aprendizaje".

Son cinco cordas que cantan,
que suspiran, rin ou choran,
son a i-alma de Galicia
morriñenta e soñadora.

Si a gaita, di Santalices, fíxose para cantar a ledicia popular, debaixo da bóveda do ceo, a zanfona foi creada para expresalo todo: o bucólico, o sentimental e o humorístico. É un instrumento íntimo que soa pouco, que fala baixiño, e que hai que escoitar recollidamente.

A zanfona, coas súas cordas cantantes e os seus pedales, deita un són campestre e crea un crima bucólico. Aparez eisí como instrumento popular; pero é mestér tamén consideralo como instrumento íntimo, pra música de cámara, pola súa doce voz, pola súa afinación delicada. Por

iso, non é apta para aledar as danzas populares, sinón para acompasar as cantigas, entoadas con voz manseliña.

A zanfona axéitase prós romances, os alalás, as cantigas de cego, de seitura, e todo o tesouro lírico dos Cancioneiros que envoltan o ar musical de Galiza informando co seu ritmo ceibe e as súas cadencias o non aínda ben exprorado tesouro dos nosos cantos populares.

Fig. 102. - Don Faustino Santalices, anovador da *zanfona,* tocando este instrumento.

A zanfona consiste nun corpo de viola, un disco de madeira que, en lugar do arco, frega nas cordas, actuado por unha manivela e o sistema de tecras que pisan as cordas en vez de faguelo direitamente os dedos.

Con respeito á súa construcción, engade Santalices, somentes sábese que as facían en Lalín, Arzúa, Monforte, Sarria e Samos. Habíaas de 3 e 4 cordas por dentro, de doce e trece tecras, chamadas zanfonas de sostido.

O escritor pontevedrés Xan Manoel Pintos, deixóu unha detallada nomencratura dos nomes galegos das pezas que forman a zanfona: *chave, gar-*

dapolvos, roda, cordoeiro, ferro do cordoeiro, castillete, cordas, dúas *primas* e unha *terceira, bordón, bordoneta* ou *quintilla, tempereiros, especas, teclas* ou *técolas, puntos, folla de diapasón, porta ponte, segunda ponte, cravixeiro, tempo de diante, tempo de trasveo* ou *agulla, corredores, pía, caixonciño* ou *secretiña, zapatilla, asas alzas, correón, cravixas* e *resina.*

CANTIGAS

Ó són da gaita e da zanfona, do pandeiro e das ferreñas, do chascarraschás das cunchas e do tambor do tamborileiro, canta e baila o pobo galego. Xa no mundo matinal dos nosos antergos atopamos, na súa gracia pristina e virxinal, o culto ó canto e o culto á danza.

Cántanse alalás e pandeiradas; cántase ó neno no berce e ó Neno na noitiña de Nadal; cantan no traballo, cantan nas festas ou cando, polos camiños, se achega a frol dos Maios; e bailan a muiñeira, ou a ribeirana, ou as danzas ancestrás afincadas na Terra: as de palitroques, de espadas ou de arcos con ritmos e sóns esencialmente distintos doutras músicas populares, como esencialmente distinto é o seu esprito do noso.

Na parte adicada á literatura (páx. 718) Vicente Risco fai unha crasificación das cántigas populares e ó que alí se dí queremos remitirnos.

As cantigas galegas foron compostas pra distintas ocasións e, endemáis, cada rexión presenta as súas propias caraiterísticas. Asegún ese criterio, teremos:

Cantigas das festas do ano, nas que se agrupan as de Aninovo, Reises, Maios, Nadal.

Cantigas de romaxe, que se cantan nos camiños das romerías e que descenden, sin dúbida, dos cantos dos peleriños que ían a Compostela.

Cantigas de divertimento, como muiñeiras, ribeiranas, fandangos, cantos de pandeiro, alboradas, regueifas, alalás e foliadas.

Cantigas pró acompañamento do traballo, esto é, de sega, espadeladas, de arrieiro, de vendima, etc.

Cantigas de berce, que non presentan moita diferencia cos arrolos doutros pobos do mundo, agás do seu arume musical esencialmente galego.

O ritmo métrico destas cantigas é, as máis das vegadas, a cuadra octosílaba con rima asonantada ou consonantada do segundo verso co carto; hainas tamén, escasamente, de rima perfeita nos catro versos. As tríadas ou cantos de pandeiro son tercetos octosílabos, asonantados ou aconsonantados o primeiro e terceiro versos, ficando ceibe o segundo. Dícese que teñen a súa orixe no ternario céltico, inda que este era monorrítmico, como o fixeron notar algúns investigadores.

Escomencemos pola *alborada.* Tócase, especialmente na mañán dos días de festa, con gaita e tamboril, mantendo éste sempre seu ritmo inva-

riable. A orixe da alborada é oscura mais debe sere moi antiga xa que tameno é o instrumento que a executa. É un canto ó sol, ó día que naz, á vida que escomenza, se desenrola e morre mais que volta a rexurdir.

Inda que a "Alborada gallega" de Pascual Veiga é a máis coñecida fora de Galiza, non tén un xeito verdaderamente popular. O tono de fa, no que está composta, é menos enxebre, porque é menos redondo, encheito, ledo e campesiño que o de do maior ou re maior en que están as alboradas auténticamente populares que se escoitan no noso agro.

Damos, a seguir, unha mostra de alborada:



O *alalá* é o canto máis fermoso, elemental e primitivo de Galiza, empurrado polo medieval vento litúrxico. Ós comenzos non tiña letra; era a xeito dun lento neuma no que o cantor desafogaba os seus sentimentos de paz, de morriña, de amor á natureza. Logo aparez con letra de metro variado, inda que o máis común é o octosílabo.

O alalá cántase sempre soio, sin acompañamento, nin siquer de gaita. É un canto dilatado, de ritmo ceibe, como os cantos de arrieiro, e tamén algúns de sega e de vendima, de xiros melódicos encheitos de malenconía. Como di Xesús Bal e Gay a súa tesitura é sempre moi aguda e os seus matices dinámicos redúcense ó fortísimo. É un canto de inmensidade, un canto para encher ó infindo, que vai choutando de val en val, de montana en montana, de foula en foula, deica esvaírse nunha sonoridade silandeira, na quedanza tremelucente do mar. Canto de saudade, de soedade prá soedade, de fonda nostalxia, de inquedanza e desacougo.

A libertade rítmica do seu movimento, recrama unha notación non compaseada, do mesmo tipo que a empregada na liturxia. Rasgo estilístico é o vibrato que o cantor imprime á voz, premendo ouvido e meixela coa man.

A alalá é o canto ancestral dos homes e as mulleres de Galiza, cando o corazón síntese envolto dunha infinda tristura. Cecáis sexa o laído, o queixume nostálxico da Terra enteira, chorando pola súa dór, e chamando

coa voz da raza, a todolos seus fillos espallados polo mundo. Veleiquí dúas amostras:





O *canto de pandeiro* é tamén un dos cantos máis típicos galegos. A vella tríada céltica e bárdica é de ritmo endexamáis ceibe, de 5 por 8, atopándose tamén eixempros en compás binario e de 3 por 8. O ar do canto de pandeiro é vivaz, a unha soia voz, e logo o coro glosa a cantiga ó xeito de ritornello. Como o seu nome o indica, acompáñase do pandeiro, e ás vegadas engádense cunchas e ferreñas; a miudo, nembargantes, o pandeiro sustitúiese pola pandeireta. Véxase un eixempro:



A *foliada* é un derivado da xota e a menos enxebre do noso acervo lírico popular, pero conserva unha inconfundibel esencia galega. Como di Bal e Gay, pertence ó tipo de baile cantado, e esta dualidade de funcións dalle un ar peculiar e característico.

Moitas das súas melodías están en compás de 3 por 4, de acordo coa acentuación, namentras que a percusión que se acompaña, pandeiro ou redobrante, prodúcese cun ritmo de 3 por 8. A superposición destes dous sistemas rítmicos produz, sin dúbida, unha sensación interior de pulo e movimento. A foliada ademite, anqüe non sempre, un sinxelo acompañamento de terceiras e sextas.

En Galiza cántanse tamén *romances* populares, que a xente chama "historias", e dos que se falóu denantes (páx. 698) no seu aspecto literario. Veleiquí a música de dous ben coñecidos:

ROMANCE DE SANTA IRENE



ROMANCE DE XAN QUINTÁN *MELIDE*



A música das panxoliñas ou *cantos de Nadal* (véx. páx. 603 ss.) e *dos Maios* (véx. páx. 652 ss.), anque de temática xeral, tén na Galiza tamén un característico acento. Eis dous eixempros de panxoliña:





Como canto de Maio daremos o de Sant-Iago:



Antre os cantos que o pobo galego tén creado pra acompañal-o labor, imos referirnos somentes ós de arrieiro, de seitura e de espadelada, por seren os tipos máis intresantes, comúns e coñecidos.

Cando as distancias eran máis largacías, nas viaxes por todolos camiños, o arrieiro galego botaba o seu canto no meio da soedade. Os *cantos de arrieiro* son cáseque sempre octosílabos, musicalmente de ritmo ceibe, de movimento moi lento, con tonalidade variada e heteroxénea, con frecuencia no modo menor que corresponde, asegún o P. Luis Fernández, ó cuarto tono dos gregorianistas, terminando o canto na dominante. Veleiquí temos un canto de arrieiro:



Os *cantos de seitura* cántanos os seitureiros cando segan. Un bo eixempro ó o seguinte, que procede de Monforte:

MONFORTE, Lugo.



O labor do liño, que abrangue moitas e variadas tarefas, áchase acompañado de cantigas axeitadas a cada unha (véx. vol. II, páx. 624 ss.). Cicailas máis abondosas e belidas sexan as *de espadelada,* da que damos a seguir dúas amostras:

MOURENTE. Pontevedra.



RIBADAVIA, Ourense.



Díxose noutra parte (páx. 566) que nas bodas faise algunhas vegadas a *regueifa,* roscón que se disputa nunha sorte de desafío, cantado por mozas e mozos. Pra estas regueifas hai melodías especiás, unha das cuales, procedente de Ribadavia, damos a seguir.

RIBADAVIA, Ourense.



E pra rematar esta parte imos transcribir unha *cantiga de berce:*



A DANZA

A danza, que entra na categoría de arte do tempo, na compaña da música e da poesía, está representada na Galiza, de xeito principal e típico, pola *muiñeira*.

As orixes das danzas populares galegas pérdense no pasado máis remoto da nosa Terra. Conta Estrabón, na parte do seu tratado de xeografía correspondente á peninsua ibérica, que "despóis de beber, os homes púñanse a bailar en roda, ó son da frauta e da trompeta, como saltando un a un, loitando pra erguerse máis no ar e caír de xoenllos con máis gracia".

Fig. 103. - *Muiñeira* (asegún unha litografía de Luis Seoane).

O musicólogo vasco Rodrigo A. de Santiago, que vén de editar na Cruña un libro en col da música popular galega, ó citar esas verbas de Estrabón, engade: "isa danza en roda sería o ritmo nai da actual muiñeira? A graciosa caída de xoenllos eisí parez indicalo".

Maila nosa muiñeira aparentemente é un produto de asimilación relativamente recente, xa que non hai testemuños escritos da súa existencia anteriores ó século XIX. Non embargantes, nalgunhas cantigas mariales, no medioevo, xa se atopan ritmos pausados que semellan de muiñeira, e no século derradeiro, bailábase, principalmente na provincia de Ourense, a chamada muiñeira das vellas ou dos vellos de que se fala noutro lugar, cun ritmo máis lento e souril do que tén a muiñeira común (véxase vol. II, páx. 639).

A muiñeira é típica da montana, inda que tamén báilase, con outras variantes, en toda Galiza. É unha danza nada cicáis ó ritmo da moa movida polo río chouteiro e algareiro, encheito do quente arume do loiro gran. O seu ritmo anapéstico fica dentro dun ben equilibrado, invariabel esquema métrico, en contraposición co alalá.

O ritmo da muiñeira, moi movido, é de 6 por 8, e báilase ó son da gaita e tamboril. A muller leva ou non castañolas, e baila con movimentos mesurados, a ollada baixa e fixa nos pés do mozo, sin cáseque movel-os brazos ninos pés, recibindo o amoroso homaxen varonil que ofrenda a súa áxil movilidade con puntos e figuras nun ledo xogo de pés a testa. Porque todolos movimentos da muiñeira —como sucede tamén cos movimentos da danza e contra-danza de Darbo, e doutras danzas nosas—, non son outra cousa que unha longa elipsis preparatoria do sinxelo acto dun home que arela conquerir a unha muller.

Os outros bailes populares galegos como a *muiñeira de roda*, a *ribeirana*, máis vivaz e rápida de movimentos, igual que a *carballesa*, e as *regueifas* ou *enchoiadas*, coas súas belidas variantes, arrincan todos do albre común. As peculiaridades de cada un deles foron sintética e craramente expostas por Francisco Fernández del Riego, en "Danzas populares gallegas", editado en 1950.

Daremos, como eixempro, a música dunha muiñeira pra baile e a dunha muiñeira con letra.



SAXAMONDE, Pontevedra.



As *danzas de cintas, palitroques, de espadas* e *de arcos,* que se bailan en Galiza (véx. páx. 668) atópanse tamén en moitos outros pobos. As danzas de palitroques e de espadas dan a impresión de ser xogos de guerra. Mais é mester lembrar a anterga danza de paus, non galega, de "un soio home", que excruie toda idea de combate armado. Os homes de Nova Irlanda baten entre sí os seus machados e os cameróns de Togo, espadas, en lugar de paus, e nono fan como alusión á batalla. É evidente pois, que na ronda da espada europea poden trocarse, a vontade dos bailaríns, o pau de madeira e a espada, que simbolizan a arma como defensa contra os espritos e a arma como conxuro fálico de fecundidade, según opinión de Curt Sachs.

Estas danzas, de plástica vigorósa e belida, ó afincarense na terra galega, ó son da gaita e tamboril, co seu rápido ritmo binario ou de 6 por 8, ofrendan unha manifestación típica inconfundibel.

ÍNDICE

Páx.

Prólogo V

XEOGRAFÍA por *Ramón Otero Pedrayo*

I

1. Posición e relaciós xeográficas 3
2. Dúas leis de esencial valor na temática das formas 12
3. Un primeiro enxergar da fisiognómica xeográfica da Galiza 20

II

1. Terras do outo Miño ou Miño lucense 38
2. Terras do Miño centroso ou ourensán 63
3. O baixo Miño ou Miño galaico-portugués 88
4. Os temas xeográficos da Galiza ourental 98
5. A Galiza cantábrica 144
6. As Mariñas e os vales cinguidos coelas 155
7. Terra de Bergantiños 165
8. O Tambre e seus tempos 178
9. O val ullán 183
10. O val do Lérez, Pontevedra e súa ría 209
11. Os temas xeográficos de Vigo cos artellamentos da súa badía e co Miño inferior 220

XEOLOXÍA por *Isidro Parga Pondal*

1. Consideraciós xerás 225
2. Desenrolo histórico do coñecimento xeolóxico da Galiza 227
3. Esquema da historia xeolóxica de Galiza 243

XEOGRAFÍA FITO-ZOOLÓXICA por *Luis Iglesias Iglesias*

Capídoo único 247

ETNOGRAFÍA: CULTURA ESPRITUAL por *Vicente Risco*

Expricadeira previa 255

Páx.

I

1. Mitoloxía 268
2. Relixión 333
3. Superstición 446

II

1. As edades da vida 488
2. Festas do ano 602

III

1. Literatura 689
2. Artes plásticas 723
3. Música e danza (por Emilio Pita) 763

COLECCION AREALONGA

X. Alonso Montero
Informe —dramático— sobre la lengua gallega. 232 págs.
Luis Belló
Viaje por las escuelas de Galicia. 304 págs.
M. Vitoria Moreno Márquez
Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega. 332 págs.
Bernardo Barreiro
Brujos y astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso libro de San Cipriano. 300 págs.
Rosalía de Castro
Obra gallega completa. 376 págs.
J. A. Durán
Crónicas, I: agitadores, poetas, caciques bandoleros y reformadores en Galicia. 392 págs.
X. Alonso Montero
Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas y otras áreas conflictivas: Cataluña, Puerto Rico... 248 págs.
Manuel Murguía
Política y sociedad en Galicia. 232 págs.
Antonio Tovar Bobillo
Poesía gallega completa. 180 págs.
Celso Emilio Ferreiro
Obra Completa, I. 348 págs.
Castelao
Obra Completa I: Narrativa e teatro. 425 págs.
Celso Emilio Ferreiro
Obra Completa, II. 484 págs.
Alfonso Alfonso Bozzo
Los partidos políticos y la autonomía en Galicia (1931-1936). 425 págs.
J. A. Durán
Castelao en «El Sol». 168 págs.

Galeuzca
Escolma posible / Antología posible. 218 págs.
Ramón Cabanillas
Da terra asoballada. 104 págs.
Castelao
Obra Completa, II: Sempre en Galiza. 448 págs.
Obra Completa, II: Sempre en Galiza.
(Versión en castellano.) 472 págs.
Santiago Alvarez
Ensaio encol do problema nacional galego. 144 págs.
Xosé Neira Vilas
Aqueles anos do Moncho. 128 págs.
M. F. Castroviejo Bolíbar
Aproximación al carlismo gallego.
La primera guerra carlista en la provincia de Lugo. 232 págs.
J. A. Durán
Crónicas, 2: Entre el anarquismo agrario
y el Libre-pensamiento. 330 págs.
Luis Alonso Alvarez
Industrialización y conflictos sociales en Galicia. 240 págs.
Comisión Estudios Galegos
Plataforma pola industrialización de Galicia, unha alternativa democrática pra economía galega. 136 págs.
Isabel Beceiro
La rebelión irmandiña. 176 págs.
Xesús Alonso Montero
Lingua, literatura e sociedade en Galicia. 304 págs.
Basilio Alvarez
Abriendo el surco. Manual de lucha campesina.
Edición de J. A. Durán. 168 págs.
Francisco Carballo/Alfonso Magariños
La Iglesia en la Galicia contemporánea. 600 págs.